



I.1. Narradores galegos

I. Narrativa

I. 1. Narradores galegos



Alcalá, Xavier, *Código Morse*, Vigo: Edicións Xerais, col. Narrativa, 1996, 276 pp. (ISBN: 84-7507-984-9).

Código Morse, a última novela de Xavier Alcalá (Miguelterra-Ciudad Real, 1947), recolle “o intento persistente de desvela-lo misterio que encerra entre as súas paredes” o pazo do Rosario, pertencente ós Tizón-Rocha. Será o pequeno da familia, o herdeiro do pazo, quen descifrará o misterio e nos irá mergullando nun mundo, entre lendario, mítico e real, no que o tataravó, pirata e negreiro, e o tío, mariño e espía, se mesturan con artesáns, meigas, caseiros, fillos lexítimos e fillos naturais. A solución do enigma, na que conflúen as distintas tramas argumentais, configura a obra como unha novela de estrutura circular e pechada.

Recensións:

-Xosé M. Eiré, “Seis en un”, *A Nosa Terra*, nº 731, “Guieiro Cultural”, 20 xuño 1996, pp. 23-24. Xosé M. Eiré comeza facendo unha descrición das historias que se contan nesta novela, na que hai cabida para o elemento máxico, o tema do amor e o da ambición. Sen embargo, o crítico considera que o lector pode perderse no transcorrer da súa lectura, pois “o narrador pon moi pouco coidado no tratamento das personaxes”. Afirmar que se trata “dun proxecto ambicioso e complexo”, narrado con clara economía lingüística, aínda que “esa mesma economía pode levar a desconcerto e perda”. Sobre o deseño editorial, salienta que se caracteriza polo parágrafo breve e remata reprochando a inclusión de acontecementos de pouca importancia que non permiten “degustar compracidamente o desenlace”.



-X. G. G., "Demasiadas cordas para un violino", *Galicia Internacional*, nº 12, 1996, p. 86. Lóase a técnica e criticase a disposición argumental. O recensionista considera que Xavier Alcalá tentou combinar demasiados elementos -demasiadas cordas de violino- e que ó produto final máncalle a unión necesaria para mante-la tensión argumental.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, "Técnica novelística e desfrute literario", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 27 maio 1996, p. 48/p. 4. Conde etiqueta *Código morse* como "novela de pazo" e de "aventuras". Salienta desta obra que está escrita sen complexidade estrutural, narrada dun xeito liñal e que non implica un esforzo de vontade de lectura, senón que proporciona o desfrute de ler. Tamén di que supón unha volta á novela realista, logo da fartura subxectivista.



Aleixandre, Marilar, *Lobos nas illas*, Vigo: Edicións Xerais, col. Narrativa, 1996, 157 pp. (ISBN: 84-7507-982-2).

Lobeira, unha imaxinaria vila mariñeira da Costa da Morte galega, serve de marco espacial para os vintetrés relatos que integran esta obra de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947). A morte da octoxenaria avoa serve de motivo para que se reúna todo o clan familiar en Lobeira. Cada un dos protagonistas contará en primeira persoa unha historia da que é testemuña directa ou indirecta. Os relatos teñen unha boa dose de misterio e sitúanse a medio camiño entre o soñado e o realmente vivido.

Recensións:

-Eduardo Estévez, “*Lobos nas illas*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXX, 22 xuño 1996, p. 3. A narración repousada e vagarosa é o primeiro elemento da obra de Marilar Aleixandre que apunta o crítico. A seguir di estar en desacordo con quen denomina a esta obra “colección de relatos” xa que, por momentos, dálle a impresión de estar diante dunha novela aínda que algo inconexa. Céntrase logo no uso que a autora fai dos distintos narradores, se ben lle critica o non acabar de diferencialos formalmente. Como conclusión afirma que o máis atraente son “as pequenas historias contadas coa lentitude da vida vilá, coa parsimonia dunha noite de velatorio” e o feito de estar escrito nunha prosa fluída, engaiolante e ó mesmo tempo sinxela e sincera.



-Xosé M. Eiré Val, "Indo a máis", *A Nosa Terra*, nº 733, "Guieiro Cultural", 4 xullo 1996, p. 23. Abre Xosé M. Eiré este artigo facendo referencia a Lobeira, lugar que serve de referencia ós relatos de *Lobos nas illas*, e afirmando que máis que un modelo é un exemplo, e pode ser, polo tanto, a aldea de cada calquera. Mostra a continuación o paralelismo existente entre esta obra de Marilar Aleixandre e *Código Morse* (1996) de Xavier Alcalá: as dúas son historias dunha saga, agachan un misterio e teñen unha casa como referencia. Afirma a seguir que os vintetrés relatos compoñen "unha novela coral onde os distintos episodios están moi ben engarzados entre si" e conclúe analizando a "maneira de contar" da autora, coa incorporación do diálogo ó texto, os diversos estilos, perspectivas e narradores.

Referencias varias:

-A. G. N., "Xerais presentó en la Feria del Libro de Santiago *Lobos nas illas*", *Diario de Pontevedra*, 4 maio 1996, p. 24. Sucinto comentario de carácter informativo no que o articulista comenta que se trata dun conxunto de vintetrés relatos que se desenvolven na vila imaxinaria de Lobeira e fai ó mesmo tempo un breve perfil bibliográfico da autora.

-E. C., "*Lobos nas illas*: palabras tenras para historias duras", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 4 maio 1996, p. 36/12. Breve noticia da presentación de *Lobos nas illas* na que se recollen unhas palabras de Manuel Rivas que definen a obra como un conxunto de "relatos fortes, inesquecidos, fundamente humanos que describen con palabras tenras historias moi duras".



-Francisco J. Gil, "La ficción suele parecer más verosímil que la verdad misma", *Faro de Vigo*, 16 maio 1996, p. 48. Con ocasión da presentación en Vigo da obra de Marilar Aleixandre *Lobos nas illas* (1996), o xornalista preséntalle unha serie de cuestións á autora tales como qué é *Lobos nas illas* ademais dun libro de relatos, cá é o vínculo común entre todos eles, canto tempo estivo dedicada a este proxecto e, finalmente, se lle parece que o relato é un xénero menor en comparación coa novela.

-M. R., "Os lobos de lobeira, entre o soño e a realidade", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano I, nº 67, 6 xuño 1996, p. 6. O comentarista anota que o estado entre o soño e a realidade no que se encontra a protagonista é un dos fíos que une as diversas historias de que se compón o libro. Tamén di que se trata do primeiro libro de relatos curtos da autora, quen ten cultivado xa outros subxéneros literarios.

-Anxo Tarrío Varela, "Marilar Aleixandre: médranos o patrimonio", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 16 xuño 1996, p. 3. Comentario no que se salienta o feito de seren narrados os contos por voces maioritariamente femininas e desinhibidas que describen, cunha lingua rica e moi coidada, unha realidade familiar e recoñecible, de xeito que se penetra no mundo sensible e sensual, e tamén no onírico, facendo uso da fantasía en cantidades ben administradas e sen afán de minoriza-lo lector.

-Xoán Acuña, "Unha escritora en terra de lobos", *Atlántico Diario*, 21 xuño 1996, p. 40. Entrevista con Marilar Aleixandre na que se comparan as dúas últimas publicacións da autora: *A expedición do pacífico* (1994) e *Lobos nas illas* (1996). Centrándose na máis recente, comenta que o imaxinario popular, as lendas e historias turrán pola súa imaxinación á hora de artella-los relatos e que lle interesa sobre todo o xogo da perspectiva. Opina a continuación sobre a diferenza entre literatura infantil



e literatura para adultos e o problema da lingua, sinalando a falta dunha verdadeira planificación da Administración galega. Finalmente fai referencia ó *boom* da literatura infantil e ó carácter cíclico da literatura en xeral.



Alonso, Fran, Ramón Caride Ogando, Xosé Cid Cabido, Chesi, Francisco X. Fernández Naval, Camilo Franco, Antonio García Rodríguez, Xerardo Méndez e Xavier Queipo, *Narradores de cine*, limiar Miguel Anxo Fernández, Vigo: Edicións Xerais, col. Narrativa, 1996, 140 pp. (ISBN: 84-8302-016-5).

Volume que recolle unha escolma de nove relatos curtos precedidos por un limiar de Miguel Anxo Fernández, titulado “Encontros e desencontros da imaxe coa verba, do cine coa palabra”. A nota común a todos eles é a estreita relación que existe entre esta maneira de facer literatura e o cine. Trátase, en fin, dunha homenaxe á sétima arte, dun labor levado a cabo por un grupo de “narradores de soños rendendo agarimo e honra á arte centenaria do cine”. Os relatos que compoñen a obra son:

-Fran Alonso, “O bar de Sam”, pp. 15-24. Neste conto, Fran Alonso (Vigo, 1963) ofrece catro episodios da vida dun acomodador que estivo a traballar no cine da cidade ata que se pechou definitivamente. Dende entón, dedica a súa vida a visita-lo bar de Sam, a contempla-la xente da vila sentado nun banco da praza e a vivir das lembranzas dun pasado xa lonxano.

-Ramón Caride Ogando, “Snuff-movie”, pp. 27-52.



“Snuff-movie”, de Ramón Caride Ogando (Cea- Ourense, 1957), narra a vida dos locais clandestinos nos que se filman películas pornográficas, sempre dende a óptica de Lalo, “un morto de fame” ó que lle propoñen gravar unha destas películas. O conto, seguindo a estrutura propia do cine, divídese en seis secuencias, cunha breve acoutación escénica en cada unha delas.

-Xosé Cid Cabido, “Impasse”, pp. 55-59. Breve relato de Xosé Cid Cabido (Xunqueira de Ambía, 1959) centrado nunha única secuencia, que describe unhas horas na vida dun contable; este pasa unhas horas esperando pola súa moza coa intención de chegar a tempo ó cine, sen conseguilo.

-Chesi, “Sempre abril e domingo”, pp. 63-70. “Sempre abril e domingo”, de Chesi (Valdeorras, 1952), describe a rodaxe dunha secuencia nunha película na que os dous protagonistas, Nuria e Pablo, se coñecen nun vagón do metro. Esa tarde, un domingo de abril, remataron de rodar definitivamente esa secuencia.

-Francisco X. Fernández Naval, “Belinda”, pp. 73-83. Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) ofrece a historia dunha moza xordomuda chamada Belinda, filla dun muiñeiro. Un día, un estranxeiro que pasou polo muiño secuestrouna e violouna nun monte; máis tarde, o home atopou a morte no interior dun cine da cidade.

-Antonio García Rodríguez, “Rodando”, pp. 93-111. Antonio García Rodríguez (Ourense, 1959) conta a historia dun mozo que viaxa cun descoñecido que se ofrece a levalo ó seu destino. No camiño, atópanse cun control policial pero conseguen superalo e continuar coa súa viaxe.



-Xerardo Méndez, "Legends of the falls", pp. 115-125. Xerardo Méndez (Colón-República de Panamá, 1964) comenta, neste conto, a película "Lendas de paixón", dende a óptica do narrador, que acode a vela ó cine cunha amiga.

-Xavier Queipo, "Nove metraxes", pp. 129-140. O relato que pecha o volume, de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957), describe o contido de varias películas a través dos ollos dun afeccionado ó cine

Recensións:

-X. A., "Narradores de cine: celebrando o centenario da chegada a Galicia", *Atlántico Diario*, 4 agosto 1996, p. 36. Pequeno comentario no que X. A. pon de relevo o desexo de nove autores novos de conmemora-la chegada a Galicia do cine. Afirma o comentarista que con esta recompilación "Edicións Xerais vén de editar unha excelente escolma con nove relatos doutros tantos autores galegos, enfeitizados coa arte cinematográfica, a palabra visual".

-Xosé M. Eyré, "Máis cine, por favor", *A Nosa Terra*, nº 746, "Guieiro Cultural", 3 outubro 1996, p. 24. Iníciase esta recensión cun longo parágrafo dedicado a pór en claro qué é unha antoloxía e a tratar do perigo que estas supoñen para a literatura. A continuación, refírese a esta obra como un conxunto de relatos que teñen ó cine como criterio integrador e destaca o prólogo a cargo de Miguel Anxo Fernández. Segue facendo unha breve análise de cada un dos relatos, "uns relatos que tratan de poñernos en contacto coa polisemia afectiva que o nome cine esperta en cada un de nós". Por último gaba o labor do



coordinador a quen se debe, en boa parte, o mérito desta obra, que completa a homenaxe ó cine no seu centenario.

-F. Martínez Bouzas, "O cine, ese soño", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 133, 14 novembro 1996, p. 6. Valoración do feito de que Edicións Xerais conmemore o centenario do cine en Galicia coa publicación de dous libros, o volume que nos ocupa e *Amor dos quince anos, Marilyn* (1995), de Agustín Fernández Paz. Polo que respecta ó primeiro deles, coméntanse brevemente algúns dos relatos que o compoñen. Da segunda das obras salientase a pegada que o mundo do cine deixa na nosa memoria.



Álvarez Cáccamo, Alfonso, *O espírito de Broustenac*, VIIIº Premio de Novela Manuel García Barros 1996 (ex aequo), Vigo: Edicións Xerais, col. Narrativa, 1996, 158 pp. (ISBN: 84-8302-055-6).

Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) conta a historia dun grande ser crestado que foi abandonado no momento de nacer, alá no 1835, nunha praia, ás portas de Sta. María de Oia, e que foi acollido polos dez frades do mosteiro. Os relixiosos manteñen entre si longas dialécticas sobre qué clase de criatura pode se-lo bebé, ó que bautizan co nome de Broustenac. Broustenac, que se alimenta de algas, presenta cualidades sobrenaturais como o don da palabra prematura ou o da sabedoría, e pronto se converte en parte indispensable da vida dos frades, ós que axudará a resolver graves e complicados problemas que penden sobre a vida cotiá do mosteiro.

Recensións:

- Carina Regueiro, "Alfonso Álvarez Cáccamo e a maxia de Broustenac", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 114, 27 xuño 1996, p. 5. Fálase da novela e ofrécense informacións diversas sobre a súa xénese e sobre as opinións do autor acerca da literatura. Refírese ó feito de que a obra estea escrita "en ton de humor anque máis próximo ó cinismo e á crítica que á gargallada" e de que nela se recrea unha historia que mestura datos reais con lendas inventadas que lle "serven para resolver situacións narrativas". Finalmente, salienta a atracción que o escritor sentiu polo Mosteiro de Oia.



Álvarez Cáccamo, Xosé María, *A luz dos desnortados*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 5, abril 1996, 95 pp. (ISBN: 84-88137-77-X).

A luz dos desnortados, de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), contén un conxunto de sete relatos breves, protagonizados por personaxes en certa maneira marxinados pola sociedade debido ás súas diferencias con respecto ós cánones establecidos pola mesma. Os relatos, titulados “Falcón”, “Banda verde”, “A noticia”, “Chesterfield”, “Hostal Península”, “O arrecendo” e “Anser Anser”, narran as historias, unhas veces insólitas e outras triviais, dunha nena que recibe un premio extraordinario, dun tolo ou dun grupo de nenos que xogan ás canicas na rúa, entre outras.

Recensións:

-Francisco P. Lorenzo, “Cáccamo Norte ou o lume branco da literatura”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 12 maio 1996, p. 8. O articulista analiza fundamentalmente a linguaxe, “unha prosa cargada de emoción, de brillo e de forza”, coa que o autor logra crea-los seus relatos. O artigo conclúe salientando o estilo poético da obra, co que se consegue “apreixar toda a vida e beleza que, antano, xa expresaran os seus versos”.

-Carmiña Castromil, “O facho que ilumina a outra cara de Álvarez Cáccamo”, *O Correo Galego*, “Revista das Letras”, nº 113, 20 xuño 1996, p. 5.



A medio camiño entre a entrevista ó autor e a recensión da obra, Carmiña Castromil aborda neste artigo unha análise de *A luz dos desnortados*. Lembra, en primeiro lugar a anterior entrega en prosa deste autor que “nunca abandonará a súa actividade poética”. A continuación céntrase en aspectos como a temática, a técnica estilística ou a riqueza lingüística e, pasando polo motivo do título (“unhas personaxes e unhas situacións que teñen que ver coa perda de norte, de orientación”), remata sinalando a tendencia do autor ó realismo máxico.

Gonzalo Navaza, “*A luz dos desnortados*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXIX, 15 xuño 1996,

1. Gonzalo Navaza describe esta segunda mostra de prosa de ficción de Xosé María Álvarez Cáccamo. Comenta que se trata dun conxunto de sete narracións artelladas sobre a fronteira do mundo da fantasía e do mundo real, o que lle confire unidade a estes textos narrativos. Cre que do enfrontamento de ámbolos dous mundos nace o conflito que dá lugar ó discurso narrativo. Fala tamén dunha “narratividade que engloba (...) a difusa fronteira entre a realidade e a irrealidade ou recrea as consecuencias da irrupción da segunda na primeira, entroncando con formas propias do surrealismo”. Relaciona así esta poética co realismo máxico de Rulfo ou García Márquez, con Kafka e con narradores da Nova Narrativa Galega, sen deixar de lado os trazos propios da poesía do autor. Conclúe cun resumo argumental de cada un dos relatos que constitúen o libro.

-Manuel Vidal Villaverde, “Tucho Calvo e Xosé María Álvarez Cáccamo, en Espiral Maior”, *Atlántico Diario*, 28 xuño 1996, p. 40. Comentario conxunto dos libros *A luz dos desnortados*, de Xosé María Álvarez Cáccamo e *Telúrico*, de Tucho Calvo. No primeiro deles vaise debullando, segundo a opinión do crítico, un mundo posible, real e máxico. O título “é coma un navío transportador de significados e significantes, unha silueta móbil” que



nos permite adentrarnos nos diversos relatos. O autor da recensión salienta, deste conxunto, o título “Chesterfield”, considerándoo un “relato digno de Poe”.

-X. M^a Castro Erroteta, “Buscando novos rumos sen perder o norte”, *A Nosa Terra*, nº 737, “Guieiro Cultural”, 1 agosto 1996, p. 23. O recensionista fai fincapé na rareza que supón *A luz dos desnortados* dentro do contexto literario actual, definido como “light”. Describe a estrutura da obra ofrecendo unha panorámica dos seus elementos temáticos de maior relevo. Clasifica a obra entre a literatura fantástica e o surrealismo, sen por iso deixar de recoñecer influencias como as de Cortázar ou Hawthorne. Louva a coidada linguaxe e a liberdade individual no trazado dos personaxes. Finalmente, cualifícase a obra de excelente.

Referencias varias:

-Carmen Parada, “Quise hacer una defensa de personajes con vidas no regladas”, *La Voz de Galicia*, 15 maio 1996, p. 7. Fai alusión Xosé María A. Cáccamo ó seu libro *A luz dos desnortados* (1996) e di que está composto por sete relatos de personaxes que están a camiño entre a realidade e o soño, máis que marxinados persoas fóra de xogo pero todos dotados de luz. No fondo di que quixo facer unha defensa de personaxes de vidas non regladas. Son relatos non lineais, comenta, moi coidados en canto á linguaxe literaria, que pretendeu que fora moi lírica. Di, por outra banda, que en Galicia existe o lector militante, non no sentido político, senón no de compromiso co país.



Álvarez Gándara, Darío, *O fracaso de Lázaro Evia*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Cómplice, nº 12, 1996, 103 pp. (ISBN: 84-8289-034-4).

Darío Álvarez Gándara (Tui, 1936) emprega o clásico artificio literario do “manuscrito encontrado” para tirar do prelo *O fracaso de Lázaro Evia*. Ó longo de vintedous capítulos numerados e un epílogo relátanos as pesquisas que dous investigadores non profesionais, o doutor Lázaro Evia e o antropólogo Avelino Avelleira, teñen que realizar para dar co paradeiro do Cristo da Victoria de Vigo, secuestrado por unha banda de delincuentes. No seu traballo teñen que superar numerosos problemas: as inxerencias policiais, as continuas ameazas e chantaxes dos secuestradores, a proximidade da data da procesión do Cristo e as presións políticas. O presumible fracaso que supuxo a aparición da imaxe roubada, unha vez pagado o rescate esixido, vese reducido cando se coñece o fin humanitario dado polos secuestradores ós trescentos millóns.

Referencias varias:

-Xoán Acuña, “O corazón da novela detectivesca galega”, *Atlántico Diario*, 5 xullo 1996, p. 33. Entrevista a Darío Álvarez Gándara con motivo da publicación da súa novela. Despois dunha introducción na que o articulista ofrece unha serie de datos biográficos do autor, este responde a unhas preguntas nas que salienta os aspectos a ter en conta na súa obra: personaxes principais, escenario, orixe da anécdota argumental, etc., ó mesmo tempo que valora a evolución que representa este libro na súa traxectoria literaria.



Amigo Souto, Julia, Ángel Martín González e Javier Sánchez, 13º Concurso de cuentos galaico-leonés, (inclúe o primeiro premio da modalidade de lingua galega: “Os de A Bazana”; o primeiro premio na modalidade de lingua castelá: “Después de la playa” e o accésit: “Historia verdadera de Jorge”), León: Casa de Galicia, 1996, 41 pp. (sen ISBN nin Depósito Legal).

Recolle tres contos premiados no 13º Concurso de cuentos galaico-leonés complementados cunhas notas biográficas de cada un dos autores. O escrito por Julia Amigo Souto, “Os de A Bazana” (pp. 9-16), conta en galego a historia de Emilio e Xosefa, un matrimonio de velliños que vivían moi felices ata que a muller sofre a agresión do seu consogro. Para non orixinar problemas familiares, silencian o acontecido ata a morte de Xosefa.



Araújo, Emilio, *Tempos serodios*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Narrativa, nº 14, 1996, 196 pp. (ISBN: 84-8289-018-2).

Emilio Araújo (Coles-Ourense, 1946) preséntanos nesta obra un conxunto de personaxes que actúan como narradores e, ó tempo, son protagonistas das historias narradas. Trátase de vintedous relatos titulados e independentes dende o punto de vista argumental nos que o autor pretende imita-lo discurso oral restrinxindo o uso de signos de puntuación e empregando ditos e expresións populares. En *Tempos serodios* a descrición e a reflexión pausada cédenlle privilexio ó fluír espontáneo da palabra, que por veces semella vir dun mundo soñado ou imaxinado. O marco espacial no que se circunscriben os relatos é o mundo rural oprimido e afectado polos máis variados problemas.

Recensións:

-R. G., "Unha poética materialista da historia da Galicia mártir", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 56, 21 marzo 1996, p. 6. Neste comentario salientase o feito de que o libro de Emilio Araújo sexa unha colección de 22 relatos que reflicten diversas visións do mundo galego. Araújo -moi influenciado por outros franceses como Alain Badiou, Natacha Michel e Francois Regnault- demostra, segundo o crítico, amplos coñecementos de etnografía con referencias a costumes, crenzas, falas e maneiras de ser e facer dos galegos.



Xurxo Álvarez Yagüez, "Un mundo desde Nós", *A Nosa Terra*, nº 734, "Guieiro Cultural", 11 xullo 1996,

23. Álvarez Yagüez inicia esta recensión afirmando que *Tempos serodios* é un libro que "non pode pasar desapercibido" e que está "chamado a perdurar". Tras estas palabras fai unha gabanza do traballo do autor e, así, fala da unidade de contido e estilo dos relatos, da temática (un exercicio de memoria), dos personaxes (con frecuencia femininos) e da lingua, empregando cualificativos como "feliz combinación de certos modos de contar", "unha perfecta fusión... de fondo e forma", etc.

-Jaime Varela Sieiro, "*Tempos serodios*: un libro de testemuña", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 21 xullo 1996, p. 9. Comentario que salienta a difícil clasificación deste libro "a medio camiño entre a recreación e a etnografía enmarcada baixo o extenso concepto de ficción". Destácase o feito de que os vintedous capítulos, marcados todos eles por un manifesto carácter oral, poderían ser lidos como relatos independentes e "O penedo da nugalla", o primeiro deles, funcionaría a modo de introducción. Afírmase que esta obra é un intento de dignificación da nosa historia e que está composta de pequenas pezas que reflicten situacións e personaxes da historia anónima de Galicia. Finalmente, salientase o feito de que *Tempos serodios* é un libro "de non esquecemento e da fidelidade á teimosía do noso pobo por acadar o que aínda non é".

-F. Martínez Bouzas, "Felos en Arnúide", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 124, 5 setembro 1996, p. 6. Critica o autor da recensión o feito de que este libro estea a pasar desapercibido para a crítica, a pesar da súa autenticidade. Segundo o crítico, a "voz multiplicada e multicolor do pobo galego" aparece en cada un dos relatos do libro, e cómpre remontarse ós clásicos "para atopar tanto sabor e seducción ó escoitar



como se pensaba, como se falaba e como se vivía nos lugares galegos da montaña ourensá” ou tanta autenticidade na descrición das protagonistas femininas.

-Manuel Outeiriño, “As auroras de Emilio Araújo”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 28, Tomo IV, ano VII, outubro-novembro-décembro 1996, pp. 109-114. Iníciase esta recensión destacando o que ten de novo (o rexistro coidado e efectivo da fraseoloxía galega) e de vello (a fidelidade á retórica dos relatos orais e o coidado etnográfico co que se reproduce a fala popular) e, sobre todo, o seu valor documental. Manuel Outeiriño fai un percorrido polos vintedous relatos que compoñen a obra enfocando a análise dende os postulados de Bakhtine. A “cosmovisión carnavalesca unitaria pero complexa do pobo” é un dos aspectos sobre os que incide o crítico, afirmando que “o libro de Araújo dános imaxes ambivalentes e contradictorias que consideradas dende a estética da vida cotiá preestablecida e perfecta parecen deformes, monstruosas e horribles”.

Referencias varias:

-Miguel Anxo Fernán-Vello, “Catro obras para ler”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 9 maio 1996, p. 3. Refírese á saída ó mercado de catro obras: *Cómaros de mel e rosas* (1996), de Manuel López Foxo, *Tempos serodios* (1996), de Emilio Araújo, *O demo á orella* (1996), de Xosé Miranda e *Lugar* (1995), de Raúl Dans. A propósito da obra de Emilio Araújo, comenta que se trata dunha mostra da “última narrativa galega” composta por vintedous relatos nos que o autor recupera a memoria colectiva galega. Recolle as palabras de Xulio Calviño sobre este libro, nas que deixa claro que a obra “quere ser unha poética materialista da historia”.



Beiras, Ricardo, *O rectángulo de sol*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Medusa/Narrativa, 1996, 113 pp. (ISBN: 84-7824-278-3).

Primeiro libro de relatos de Ricardo Beiras (Santiago de Compostela, 1965) que recolle sete historias: “Carmen e o Mula”, “Cristal”, “O derradeiro de Laura”, “Xulio en liña recta”, “Ollos de galiña”, “Vagas” e “Better Things”. Os relatos titulados “Xulio en liña recta” e “Vagas” apareceron publicados con anterioridade en *El Correo Gallego*, mentres que o titulado “Ollos de galiña”, vira a luz na revista *Dorna*. A maioría dos contos teñen como denominador común o ambiente estival e praieiro no que trascorren as accións e a intriga amorosa, como eixo argumental e temático ó redor do cal xiran as historias. Trátase de amores difíciles, contrariados ou imposibles, que debuxan personaxes preocupados polas súas problemáticas relacións e o complexo mundo dos sentimentos no que se moven.

Recensións:

-Susos de Toro, “A enfermidade e o amor”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio-xuño 1996, pp. 149-150. Comeza o artigo interrogándose acerca da natureza da literatura, e expoñendo as súas opinións ó respecto. Entre outros comentarios, afirma que para os novos narradores “abonda con contar algo”, porque o narrado, existindo, xa xustifica a súa existencia, pero el non concorda con esta opinión e sinala que aínda sendo un artificio da lingua, a literatura está ó servizo dunha procura da verdade. Ó se referir



ó primeiro libro de contos de Ricardo Beiras opina que é literatura, mellorable pero literatura en fin. Desta obra valora a linguaxe narrativa contemporánea que emprega o autor e o tema das narracións que tratan sempre dos “sentimentos, analizados cun certo narcisismo e a dor humana”. Conclúe comentando que “continúa a liña central da nosa narrativa” pero sen caer na moralina e que, en definitiva, “son narracións elegantes e contemporáneas, nada máis e nada menos”.

F. Martínez Bouzas, “A esfera interior”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 116, 11 xullo 1996,

6. As ficcións deste autor aseméllanse, tal como manifesta o crítico, a outras moitas que na actualidade enriquecen a lingua. Trátase dunha literatura reflexiva, que reflicte e testemuña o punto de vista interior, en especial a evolución interna de emocións e pensamentos, que trae ó recordo do crítico o cine de autor de hai dúas décadas.

-M. Quintáns S., “Descubri-la verdade dun universo confuso e confundido”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 6 outubro 1996, p. 6. Pon de manifesto o crítico o feito de que este libro se convirta nunha mostra de ousadía creadora, unha colección de relatos nos que o autor, dende perspectivas ou temas diferentes, logra configurar un universo que fai sentirse partícipe ó lector. O autor sente descubri-la verdade dun universo confuso e confundido, afirma Quintáns, que se confunde co lector, ollado dende a sinceridade dun observador comprometido.



Referencias varias:

-María Xosé Porteiro, "Ricardo Beiras. Non hai que esquecer a parte sentimental da vida", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", "Corte e Confección", ano I, nº 69, 20 xuño 1996, p. 5. A escolla maioritaria do protagonismo feminino para as historias do seu libro *Rectángulo de sol* (1996) débese, tal como o propio escritor indica, a que a muller posúe unha maior riqueza sentimental, nun tempo en que a esfera sentimental das persoas se encontra reprimida e se lle dá unha importancia desmesurada ó economicismo. Segundo se manifesta, a preocupación pola transmisión da lingua e do patrimonio cultural galego constitúe unha das inquedanzas deste escritor, que tamén transvasa ó seu labor de investigador, que ten como propósito, di Porteiro, contribuír con algo a prol da transformación da realidade.



Bergantiños, Xosé, *Arredor do meu río (para amantes dos ríos, das fontes e dos camiños)*, ilustr. J. González Collado, Vigo: Ir Indo, 1996, 95 pp. (ISBN: 84 7680-184-X).

En *Arredor do meu río*, Xosé Bergantiños Miragaya (Guitiriz, 1936) recolle un conxunto de vinteseis relatos breves relacionados, dunha maneira ou doutra, co río. Trátase dunha serie de anécdotas intrascendentes protagonizadas por persoas do mundo cotián: pescadores, unha vella cun can, un tolo, habitantes da aldea, etc. Nelas, o autor ofrece vinteseis cantos á natureza nos que mestura a tenrura, a nostalgia e a ironía. A maioría dos contos, ilustrados polo pintor ferrolán J. González Collazo, rematan cuns versos directamente vencellados ó argumento dos mesmos.



Borrazás, Xurxo, *Eu é*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Medusa, 1996, 218 pp. (ISBN: 84-7824-286-4).

Nesta novela, Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) presenta a historia de Venancio Prada, un traductor da T.V.G. e profesor de Filosofía, que nunha viaxe en coche en dirección a Ourense, recolle a Carmen, unha autoestopista de 19 anos coa que principia de contado unha apaixonada relación. Xuntos, deciden ir a Lisboa, a cidade á que dende o comezo se dirixía a moza. Alí sucede o imprevisto: Venancio atópase de súpeto en pleno século XVII, nunha Lisboa que trata de recuperarse do terrible terremoto que acaba de sufrir. No medio da catástrofe, coñece a unha serie de curiosos personaxes, algúns deles escapados dunha obra de Voltaire.

Recensións:

-Dolores Vilavedra, "Unha novela posmoderna", *Grial*, nº 132, outubro-novembro-décembro, Tomo XXXIV, 1996, pp. 553-554. Dolores Vilavedra pretende facer unha "reseña posmoderna" para unha "novela posmoderna". Sinala como a medida que se avanza na lectura "un xa non sabe qué é certo (...) e qué é imaxinado", para rematar amarrándose ó "cabo que o libro lle lanza": "se todo é ficción, se todo é literatura, todo é posible porque todo está por escribir". Atoparemos pois na obra, en palabras da autora, "labirintos, sexo, narradores politicamente correctos, brincadeiras narratolóxicas, xogos de palabras, presentes e futuros, panópticos que nos asexan, Manuel Antonio e Philip K. Dick, a vida como un inmenso calidoscopio desde o que mergullarnos na literatura (¿ou ó revés?)".



Cabana, Darío Xohán, *Morte de Rei*, Vigo: Edicións Xerais, col. Narrativa, 1996, 410 pp. (ISBN: 84-8302-069-6).

Dous anos despois de gañalo premio Xerais por segunda vez coa recreación dunha futura Galicia, Darío Xohán Cabana (Roás-Terra Chá, 1952) volve á literatura coa crónica novelada dunha parte do pasado galego: a vida e a morte do último rei de Galicia, Don García (1042-1090). Non é esta unha figura allea á literatura deste autor, posto que xa aparecía nos poemas de *Patria do mar* (publicado en 1989, pero escrito varios anos antes), e repítese en boa parte da súa obra última. A estrutura narrativa alterna a voz do propio rei dende o seu encerro na Torre da Lúa coa do narrador, para reconstruí-la historia do antigo Reino de Galicia.

Referencias varias:

-Miguel Olarte, "Darío Xohán Cabana: 'Galicia segue con cadeas aínda que non se vexan'", *El Progreso*, 17 decembro 1996, p. 61. Dá conta da presentación da última novela de Darío Xohán Cabana, *Morte de rei* (1996) que, segundo o seu autor, narra a vida e a morte de don García, que reinou en Galicia entre os anos 1065 e 1073. Afirmar que "o ocorrido con este rei é un símbolo do que aconteceu con Galicia. Estivo preso e encadeado durante 17 anos (...). Esas cadeas son o símbolo do que anos despois lle ocorría a Galicia, que perdeu a súa independencia para pasar a integrarse nunha entidade superior".



Calvo, Tucho, *Telúrico*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 6, abril 1996, 176 pp. (ISBN: 84-88137-80-X).

Tucho Calvo (La Guaira-Venezuela, 1954) regresa ó mundo narrativo cunha novela de misterio e intriga. A acción desenvólvese ó longo de cento dezasete secuencias, nunha sucesión de breves escenas que achegan a obra á estrutura cinematográfica. O lector asiste á entrada do terror nas vidas dos habitantes da Coruña. A terra está a expulsar do acougo eterno ós mortos, transformados en fósiles vivintes, en voces sinistras, en potenciais asasinos desencadeantes dos máis inefables pesadelos.

Recensións:

-Manuel Vidal Villaverde, "Tucho Calvo e Xosé María Álvarez Cáccamo, en Espiral Maior", *Atlántico Diario*, 28 xuño 1996, p. 40. Comentario conxunto dos libros *A luz dos desnortados*, de Xosé María Álvarez Cáccamo e *Telúrico*, de Tucho Calvo, como xa anotamos ó trata-la primeira obra. A segunda, do xornalista e escritor de orixe venezolana Tucho Calvo, supón, segundo o comentarista, a súa reaparición despois de trece anos de silencio, no panorama das letras galegas. Continúa apuntando Manuel Vidal Villaverde que a novela, dividida en 117 capítulos, narra unha historia salferida de misterio e acción contada "a través dunha linguaxe directa e intelixente".



Referencias varias:

-L. V., “Na miña nova novela trato de que o lector se divirta e chegue ó final”, *La Voz de Galicia*, 16 maio 1996, p. 7. A respecto da súa nova novela, *Telúrico* (1996), indica Tucho Calvo que a súa idea era facer algo lexible, que o lector lera de principio a fin e se divertira. Di que en Galicia se fixo unha literatura que, aínda que non fose mala, si era moi hermética e densa e que logo chegou a etapa dos premios literarios, e as editoriais cometeron o erro grave de publicitaren moito os premios e frustrar ó lector. Isto, na súa opinión, creou un rexeite cara moitos autores.

-Alfredo Conde, “O pracer de ler, e máis se é en galego”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 28 maio 1996, p. 48/p. 4. O articulista empeza falando do pracer e da pulsión do ánimo que dende pequeno lle produciu a lectura. O último libro con que sentiu dito pracer foi con *Telúrico* (1996), de Tucho Calvo, e considéraa unha historia horrible, fermosamente escrita e do xénero da intriga. Tamén pensa que se trata dun exemplo do bo uso do galego, tanto polo tratamento da linguaxe, coma pola fraseoloxía e léxico dos que fai gala.

Antón Reixa, “As curvas dos días”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 66, 30 maio 1996,

16. Breve comentario de *Telúrico*, “unha mestura de thriller e de ciencia-ficción”. Antón Reixa louva a obra de Tucho Calvo na que atopamos, segundo o articulista, “capítulos ultrarápidos de páxina e media, planos narrativos en paralelo e, ó mesmo tempo, unha prosa (e un galego) extraordinariamente elaborada”.

-Salvador García-Bodaño, “Alerta: ¡Telúrico!”, *El Correo Gallego*, 9 xuño 1996, p. 3.



I.1. Narradores galegos

O autor saúda a aparición da novela e trala súa lectura cre que se trata “dunha singular narración plena de frescura expresiva e que subxuga a atención páxina a páxina”. A ciencia-ficción e o terror intégranse nesta obra, que recomenda para o verán. Así mesmo lembra a presentación da entrega anterior de Tucho Calvo na Galería Sargadelos de Compostela.



Campo, Marica, *Confusión e morte de María Balteira*, A Coruña: Bahía Edicións, col. Bahía Narrativa (Relatos), nº 5, xuño 1996, 135 pp. (ISBN: 84-87674-71-2).

Marica Campo (Val do Incio, 1948) recolle o seu labor no eido da narrativa nesta colección de doce relatos. O conxunto ábrese co texto que dá título ó libro, "Confusión e morte de María Balteira" e péchase con "A contadora de contos", unha invitación á reivindicación do ser feminino. Establécese neles un diálogo coa historia, coa natureza, coa realidade e a fantasía, materializado en toda unha galería de personaxes -meigas, fadas, soldadeiras, tragos, cabaleiros, trobadores, peregrinos- que agroman do universo e do imaxinario popular galegos.

Recensións:

-Xosé M. Eiré Val, "Extraordinario, extraordinario", *A Nosa Terra*, nº 735, "Guieiro Cultural", 18 xullo 1996, p. 23. O crítico comeza confesando non ter lido ata este momento ningún traballo de Marica Campo no eido da narrativa. O primeiro que lle chama a atención a Xosé M. Eiré é o trasmundo basicamente feminino e profundamente poético da obra, así como a sensibilidade que reborda e a perfección do microestilo. En canto ó tema, apunta que estes relatos son representativos das crenzas máis fondas e telúricas dun pobo. Outros aspectos comentados son a visión cíclica, o didactismo e o fragmentarismo. Conclúe o recensionista facendo unha valoración positiva da obra, da que afirma que "se trata dun dos mellores libros de relatos escritos nos últimos vintecinco anos".



-Xavier Castro R., "A lenda e a historia como recreación", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 27 outubro 1996, p. 7. Breve comentario no que Castro aprecia un conxunto de relatos que teñen na brevidade a súa característica externa principal. Algúns deles, sinala o crítico, foron premiados en diferentes convocatorias do Certame Literario Meigas e Trasgos, o que evidencia unha liña temática común. Conclúe anotando que estes relatos reflicten un mundo feminino no que prevalece a reflexión, a incompresión dos outros e o interiorismo.

-Francisco M. Bouzas, "Mulleres despeiteadas", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 135, 28 novembro 1996, p. 6. Comenta o crítico que o libro contén un mostrario de mulleres xenuínas que se erguen das horas máxicas da memoria ancestral ateigada do lendario, dos soños meigos populares, que Marica Campo recupera e ensina. Afirmar estamos diante dun realismo máxico en versión galega, capaz de asolagar nas máis fermosas crenzas deste país, nos abismais reigaños telúricos do seu pobo, en tódolos séculos e noites de inventiva das súas xentes.

Referencias varias:

-M. R., "Unha ducia de viaxes por un mundo máxico", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 70, 26 xuño 1996, p. 6. Afírmase que o conxunto de narracións curtas que compoñen o libro son viaxes ó mundo das lendas galegas e un intento de encarnar e materializa-los personaxes que están no maxín popular, a cabalo entre a realidade e a fantasía.



-Carme Vidal, "Marica Campo: Está a fallar a conexión entre músicos e poetas", *A Nosa Terra*, nº 732, "Guieiro Cultural", 27 xuño 1996, p. 26. Con motivo da publicación do primeiro libro de relatos de Marica Campo *Confusión e morte de María Balteira*, Carme Vidal entrevista á súa autora quen manifesta que este é un libro escrito ó longo de dez anos e que tódolos relatos teñen en común a presenza como protagonista dunha muller singular e algún elemento máxico. Protagonistas recollidas da tradición oral ou de Bouza Brey, Taboada Chivite ou de Otero Pedrayo mais cun proceso de elaboración que dá lugar a relatos totalmente novos. De María Balteira di que foi unha muller con personalidade propia, que non viviu á sombra de nada nin de ninguén. Na actualidade ten en proxecto un novo libro de poesía e o proxecto de facer unha novela. En canto á calidade da literatura escrita por mulleres di que si se publica moita poesía escrita por mulleres, cousa que non ocorre no eido da narrativa tal vez porque "en moitos casos hai unha menor dedicación de tempo á escrita". Pensa que esta non é unha literatura distinta pero si que existe un punto de vista distinto. Polo que respecta á súa colaboración con *Fuxan os Ventos* di que é unha colaboración moi grata xa que esta é unha maneira de achega-la poesía a moitas máis persoas. Na actualidade está a colaborar co grupo A Quenlla.



Casares, Carlos, *Deus sentado nun sillón azul*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 138, marzo 1996, 271 pp. (ISBN: 84-8288-038-1).

Unha muller asiste, dende a súa fiestra, á vida cotiá dos seus veciños de enfronte, un matrimonio de idade avanzada. Moitos anos atrás, a muller mantivo un romance apaixonado con aquel home ó que contempla agora dende a ventá. Ó longo desta novela de Carlos Casares (Ourense, 1941), mestúranse a historia pasada e presente do protagonista, que foi de novo un mozo brillante e atractivo, cun futuro prometedor e unha grande seguridade en si mesmo, e que se converteu cos anos nun ancián triste e temeroso, consciente da degradación moral que o tempo e os acontecementos -moi en especial, os relacionados coa Guerra Civil- obraron na súa vida.

Recensións:

-N. C., "Os perigos da neutralidade", *El Mundo*, "Galicia", 14 abril 1996, p. 5. Coméntase acerca desta obra o feito de estar construída cunha perfección demasiado recta, sobre todo debido ás circunstancias do relato, que motivan o predominio descritivo. Isto, unido á estrutura da novela, segundo o crítico, provoca unha sensación de modorra. Conclúese afirmando que estamos diante dunha novela de feitos, na que o escritor ten a oportunidade de escribir unha novela de conceptos, pero non chega á análise dos acontecementos presentados.

-Xosé Manuel Eiré, "O narrador manda", *A Nosa Terra*, nº 724, "Guieiro Cultural", 2 maio 1996, pp. 23-24.



O espacio onde se desenvolve a acción, os protagonistas (El, perfectamente configurado psiquicamente, e Ela sempre en función da vida del), o narrador omnisciente que controla toda a historia (un dos meirandes logros do discurso) e o estilo empregado (formas frásticas sempre correctas ó servizo dun realismo evidente) son algúns dos aspectos da obra de Carlos Casares tratados neste artigo. Sinala tamén Eiré que a obra parece perder interese cara á metade (ó que axuda a difícil lectura resultante dos constantes cambios de perspectiva e saltos no tempo) polo que podería ter sido unha boa novela curta. Conclúe afirmando que o resultado é, en definitiva, “mellorábel pero satisfactorio”.

Xosé M^a de Castro, “O solpor dun deus”, *A Nosa Terra*, nº 726, “Guieiro Cultural”, 16 maio 1996, p. 24. Coa afirmación de que poucos escritores ourensáns non caeron na tentación de retratar na súa escrita á cidade das súas vivencias, comeza Xosé M^a de Castro este artigo no que analiza a obra de Carlos Casares, *Deus sentado nun sillón azul*. Tras facer un breve resumo da trama argumental, o crítico salienta o texto espeso, complexísimo e ricaz que corresponde ás grandes novelas. Comenta tamén que “se orixinal é o seu estilo, tanto ou máis vaino ser a súa técnica narrativa”. En palabras do crítico, “con esta obra o autor non só acadada a madurez necesaria para entrar na categoría de gran escritor... senón mesmo para se situar entre as dez mellores novelas da literatura galega”.

Xosé Manuel Enríquez, “*Deus sentado nun sillón azul*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXVI, 25 maio 1996, p. 1. No inicio deste artigo, Xosé Manuel Enríquez fai unha valoración positiva do texto, afirmando que é “unha extraordinaria novela que nos satisfai plenamente como lectores e nos engrandece como galegos”. A partir de aí, o crítico vai apuntando os distintos motivos nos que se basea, afirmando, por exemplo, que é “unha creación moi ambiciosa no seu planteamento e moi traballada tecnicamente” coa que consegue un resultado profundamente novo e impactante elaborado cunha literatura audaz, literariamente comprometida e intensa. Analiza ademais a trama argumental e sinala que a lectura non existe só como



interpretación da materia escrita senón como porta de entrada a unha variedade de visualización que constrúe os “aportes necesarios para a composición definitiva do retrato dun home”.

-F. Martínez Bouzas, “Casares, a narración”, *El Correo Gallego*, “*Revista das Letras*”, nº 114, 27 xuño 1996, p. 6. O crítico declara que o autor ten como estilo o traballo de xeito repetido, tanto na superficie da materia formal coma na cerna do contido, sen por iso perder claridade o relato. Apunta ademais que esta novela xira sobre un asunto intranscendente, aínda que o perfil da figura de Risco se transluzca con nitidez, como é que este home do grupo Nós sexa ou non o protagonista.

-Franck Meyer, “Carlos Casares, *Deus sentado nun sillón azul*”, *Galizien Magazin*, nº 2, outubro 1996, pp. 33-34. Saliéntase que as lembranzas e reflexións da protagonista nos ofrecen unha ollada retrospectiva do pasado a partir da visión do seu Deus particular que senta nun sillón azul e a través das columnas que este escribe no xornal. Sublíñase tamén que o marco narrativo foi construído dende unha perspectiva de ‘voyeur’ case cinematográfica e que sorprende a carencia de diálogos e de nomes para os protagonistas.

Manuel Veiga, “Carlos Casares e Astarot”, *A Nosa Terra*, nº 747, “Guieiro Cultural”, 10 outubro 1996,

23. Coméntase que Casares exerce unha vez máis, como xa fixera en *Os mortos daquel verán* (1987), de Astarot literario na súa nova novela. O primeiro que lle chama a atención ó crítico é a escritura minuciosa que dá credibilidade ó narrado, a costa de ralentiza-la acción, ás veces en exceso. Este artificio permítelle espallar por toda a obra un halo de obxectividade e distanciamento. Indica que, aínda que o novelista é libre de escribi-lo que desexa, o exercicio desa liberdade non pode ser arbitrario cando se tocan feitos históricos, e sobre todo nesta novela redactada nun estilo máis notarial que fantástico. A



pretensión de neutralidade atinxe, segue a dicir Veiga, tamén ó tema central da obra, pois o profesor que testifica nun tribunal militar contra un ex-compañeiro de universidade, resulta redimido polo autor, quen o converte en vítima dun atentado da guerrilla.

-Xurxo Sierra Veloso, "Deus sentado nun sillón azul", *Revista Galega do Ensino*, "Reseñas", nº 13, novembro 1996, pp. 245-246. Tras reflexionar sobre o labor realizado nos anos de silencio que separan a publicación da obra de Carlos Casares *Os mortos daquel verán* (1987) e a obra que nos ocupa *Deus sentado nun sillón azul* (1996), Xurxo Sierra Veloso pon de relevo o carácter innovador desta nova novela e preséntanos un resumo do contido deste "relato ben artellado, ameno para un lector que, na maioría das ocasións, non busca nas páxinas dun libro máis ca unha historia coa que pasa-las horas de lecer".

-X. G. G., "Deus sentado nun sillón azul", *Galicia Internacional*, nº 11, 1996, p. 82. Faise especial fincapé na análise demorada do argumento e das técnicas de escritura, que o recensionista cualifica como de enganosa sinxeleza.

Referencias varias:

- Xan Carballa, "O PSOE galego estase equivocando de maneira dramática", *A Nosa Terra*, nº 720, "Galiza e mundo", 3 abril 1996, p. 12. Longa entrevista con Carlos Casares que se inicia tratando de cuestións políticas e continúa centrándose no seu labor editorial e tomando como punto de referencia o recente *Diccionario de Autores* (1995) e as polémicas mantidas con Díaz Castro, Alfredo Conde ou Sixto Seco. A seguir, a planificación lingüística e a guerra das normativas, son os temas sobre os que opina, para rematar referíndose á súa



última novela *Deus sentado nun sillón azul* (1996), na que salienta a presenza da guerra e a figura do protagonista sobre o que afirma que se trata dun arquetipo e non dunha persoa real.

-Luís Ventoso, "Sempre concebín a literatura como claridade e sinxeleza", *La Voz de Galicia*, 11 abril 1996, p. 6. Carlos Casares fala da súa última novela. Do título di que é unha metáfora "non se trata de Deus con maiúscula, senón dun deus, é dicir, dunha persoa". Tamén afirma que o personaxe principal nada ten que ver con Vicente Risco, xa que "don Vicente era un nome bondadoso e humano, mentres que este outro é un individuo soberbio, bastante inhumano". Con respecto á súa relación cos lectores manifesta que é moi grata e que escribe un artigo igual que un conto ou unha novela, xa que sempre escribe literatura. Neste eido afirma que sempre perseguíu a claridade, incluso na súa primeira novela, de tipo experimental, *Cambio en tres* (1969). Finalmente, Luís Ventoso pregúntalle pola base da súa sona de ameno contertulio ó que contesta que el conta historias dunha maneira espontánea porque "é o meu modo de expresarme".

-Nacho Chao, "Carlos Casares: Non me estimula a literatura sobre feitos contemporáneos", *El Mundo*, 14 abril 1996, p. 5. O xornalista entrevista a Carlos Casares e este explica que escribe a intervalos espaciados e con certa parsimonia, porque cre que a capacidade dunha persoa de dicir cousas é limitada. Respecto da obra, comenta algúns dos aspectos destacados como a técnica e o punto de vista, o narrador e mesmo o título. Afirma a continuación que non lle atraen os feitos contemporáneos e ó mesmo tempo confesa que os anos 30 o obsesionan bastante. Por último opina sobre o futuro da nosa cultura e fala do seu labor como editor.

-I. G., "Carlos Casares critica la soberbia intelectual", *El Ideal Gallego*, 27 abril 1996, p. 20.



Referencia á presentación da nova obra de Carlos Casares, na que se esconde unha “crítica velada sobre el mundo en el que se mueve la profesión intelectual”.

-Albino Mallo, “Casares: O fundamental é contar unha historia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 27 abril 1996, p. 43/13. Faise eco da presentación da última novela do ourensán, na que se narra unha historia “xurdida na mente dunha muller, a auténtica protagonista da obra, estudante en Santiago” e que formará parte dun triángulo amoroso.

Xesús Alonso Montero, “Vicente Risco ¿é Deus?”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 2 maio 1996,

9. Trala lectura da novela de Carlos Casares, Xesús Alonso Montero comenta o seu carácter de homenaxe a Vicente Risco, figura á que o autor desta obra está vencellado como cronista, biógrafo e novelista. O crítico confesa que a súa lectura da novela está mediatizada polo coñecemento dos feitos que nela se narran.

-Quique Chuvieco, “Carlos Casares presentó su último libro en la Facultad de Filología”, *El Ideal Gallego*, 29 maio 1996, p. 11. Dá conta da presentación da novela *Deus sentado nun sillón azul*. Resume brevemente as declaracións de Carlos Casares neste acto, nas que o autor da obra reflexiona sobre as semellanzas e diferencias entre o personaxe principal e Vicente Risco. Para rematar, sitúa este libro dentro do estilo cinematográfico.

-E. C., “Casares di que o protagonista de *Deus sentado nun sillón azul* non é Risco”, *O Correo Galego*, 29 maio 1996, p. 44.



Recolle as declaracións de Carlos Casares nas que nega calquera relación de identidade entre o protagonista principal de *Deus sentado nun sillón azul* e Vicente Risco. Sintetiza o argumento e comenta o proceso de xestación da obra. Para rematar, cualifica a novela como “realista e de referencia ó pasado”.

-M. O., “Carlos Casares: outra vez en Orense”, *La Región*, 8 xuño 1996, p. 13. Recolle as palabras laudatorias de Basilio Losada na presentación da novela *Deus sentado nun sillón azul*. O autor, Carlos Casares, comenta o proceso de xestación da mesma e as semellanzas e diferencias entre o protagonista e Vicente Risco.

-Marcos Valcárcel, “De feiras e de libros”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 14 xuño 1996, p. 3. O articulista, a propósito das feiras do libro que se están a celebrar en toda Galicia, recomenda algunhas lecturas, como *En malos tempos* (1995), de Camilo Franco; *Erros e Tánatos* (1996), de Gonzalo Navaza; *¿Que me queres, amor?* (1995), de Manuel Rivas; *Deus sentado nun sillón azul* (1996), de Carlos Casares, e a *Antoloxía do conto galego de medo* (1996), preparada por Silvia Gaspar.

-Xavier Costa Clavell, “*Deus sentado nun sillón azul*”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 1 xullo 1996, p. 2. Comentario sobre esta última entrega narrativa de Carlos Casares, á que relaciona con *Ilustrísima*. Destaca a boa construción narrativa e a concepción e evolución do personaxe, impregnado de melancolía e nostalxia, e marcado pola dúbida e a reflexión constante en tódolos aspectos da súa vida. Conclúe apuntando a hipótese de que o autor “tentase na súa novela facer unha radioscopia non só do drama da Europa en guerra, senón tamén da vida humana ollada desde as canles do nacemento e da morte, do ser e do non ser”, ademais de destacar que “non é unha novela fácil: é unha obra cunha lectura que obriga a pensar sen angueiras triviais”.



-Emilio Cid Fernández, "Literatura e compromiso", *A Nosa Terra*, nº 757, "Guieiro Cultural", 19 decembro 1996, p. 24. Tras reivindicar a validez das opinións do lector ante os textos que se lle presentan, Emilio Cid pasa a salientar a importancia de Xosé Luís Méndez Ferrín na literatura galega das últimas décadas. Cre que se trata dun "escritor sobeño, de estirpes, categorial, rexo como o buxo". Propón buscar a calidade nos propios textos máis que na publicidade ou na sonda de certos escritores moi promocionados. Expón tamén a súa opinión sobre *Deus sentado nun sillón azul*, de Carlos Casares, que na súa opinión "é unha gran obra ambigua" pola que non comparte "o entusiasmo unánime que está levantando". Pola contra, considera *Arredor do non*, de Camilo Gonsar "unha obra espléndida, amena, profunda" que "está pasando desapercibida".



Chesi, *En perigo de extinción*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, maio 1996, 61 pp. (ISBN: 84-87783-38-4).

Chesi (José María Pérez Álvarez, Barco de Valdeorras, 1952), estréase en galego coa obra *En perigo de extinción*, introducindo, nun breve limiar, as principais claves do libro. O autor emprega un narrador transcritor, un “simple recopilador”, para darnos a coñece-la obra dun suposto investigador valdeorrés -de quen se dá información biográfica-, o profesor Anxo Folla Arias. No momento da súa morte, este estaba a traballar nunha miscelánea de termos galegos dos que ofrecía definicións alternativas que lle permitisen “acadar a vía da imaxinación partindo (...) do cemiterio dun dicionario”. O transcritor, ó que só pertencen as notas a pé de páxina, presenta ó lector, ordenadas alfabeticamente e respectando a lingua orixinaria, as fichas que puido salvar da destrución. Partindo deste xogo narrativo, o autor ofrécenos trinta e tres definicións de tipos e comportamentos humanos, imaxinativas e caricaturescas, tralas que observámo-la crítica dos máis variados ámbitos da realidade.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Gracioso e alternativo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 125, 12 setembro 1996, p. 6. Tras un esbozo da concepción argumental deste libro, alúdese á cuestión do finximento narrativo e cuestiónase a posibilidade do emprego de tal artificio nesta obra, cualificada de pequeno bestiaro. A



respecto das etnias que aparecen no libro, o autor da recensión opina que nada teñen de extraterrestres e agradece o intento do escritor por ser gracioso e alternativo.

Referencias varias:

-R. F., “En perigo de extinción”, *La Región*, 2 xuño 1996, p. 17. Recóllense declaracións do autor nas que sinala que a obra xurdiu “a partir dunha exposición de pintura que fixo Terrachán na sala A Fábrica, de Allariz”, no ano 1994”. Realízase tamén un percorrido por outros títulos do autor -*Los siete signos*, *La vida innecesaria* e *Las estaciones de la muerte*-e sinálase a súa vinculación coa literatura fantástica, o seu gusto polos personaxes marxinados e perdedores que se atopan “en perigo de extinción” e os problemas de léxico cos que se enfrontou ó aborda-la súa primeira narración en galego.



Cid Cabido, Xosé (coord.), *Unha liña no ceo. 58 narradores galegos 1979-1996*, Vigo: Edicións Xerais, outubro 1996, 622 pp. (ISBN: 84-8302-000-9).

Con motivo da publicación número 1.000 de Edicións Xerais de Galicia, saíu á luz este extenso volume coordinado por Xosé Cid Cabido (Casasoá-A Limia-Ourense, 1959) no que se recolle unha ampla escolma dos autores que se teñen achegado á narrativa galega. Os relatos pertencen a obras publicadas, aínda que nalgúns casos son inéditos. O libro conta cun limiar no que se realiza un percorrido pola andaina desta editorial e se presenta o volume co propósito de “crear unha nova luz, debuxar unha longa liña no ceo coa palabra galega tendida polos narradores e narradoras galegos que foron construíndo, dende 1980, o catálogo narrativo de Xerais”. Ó final inclúese un Índice de autores, en galego e en inglés, no que se recolle información biobibliográfica de cada un deles. Expoñemos un breve resumo argumental de cada un dos cincuenta e oito relatos que conforman o libro:

-Xavier Alcalá, “L. A. Flash”, pp. 9-27. Relato pertencente a *Contos das Américas* (1992), de Xavier Alcalá (Miguelturra-Ciudad Real, 1947), no que un narrador en primeira persoa realiza unha viaxe a Los Ángeles para visitar os seus vellos amigos Archie e Silvia, unha parella separada que refixo a súa vida en América, lonxe das súas verdadeiras orixes. O relato da vida destes personaxes e os cambios que conleva o paso do tempo vai acompañado da descrición da cidade.

-Marilar Aleixandre, “Lobos nas illas”, pp. 29-34.



Relato pertencente ó volume *Lobos nas illas* (1996), de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947). Cada verán Amalia e Rita disfrutaban apaciblemente das súas vacacións na illa ata que chega á casa por voz dun veciño o rumor da presenza dos lobos. A partir de entón a excursión converterase nunha viaxe cara ó prohibido e a paixón.

-Fran Alonso, "07.00 AM", pp. 35-40. Relato, en terceira persoa, dun insomne, no que se describe a obsesiva e tortuosa existencia do personaxe a partir da morte de Quique. Asistimos a unha situación límite na que o protagonista remata por "amarra-la vida polo pescozo". Este conto foi publicado por Fran Alonso (Vigo, 1963) no libro *Cemiterio de elefantes* (1994).

-Alfonso Álvarez Cáccamo, "Asesoría literaria", pp. 41-50. Un escritor falto de ideas dende hai meses, le un curioso anuncio nun xornal que informa da apertura en Santiago da "Asesoría Literaria Prudencio Cerqueira e Fillo". Desconcertado polos servizos que ofrecen decide ir consultalos. Este relato pertence a *Catapulta* (1995), de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952).

-Anxo Angueira, "Redondela", pp. 51-70. A protagonista, de orixe catalana, está en Redondela pasando uns días estupendos coa súa amiga Rosario. As chamadas insistentes do seu ex-compañeiro lévana a escribirlle unha carta na que lle roga que non volva a molestala. Sen embargo, unha serie de sucesos inesperados van converter-la carta nunha especie de diario onde lle conta todo o que lle vai pasando. O relato foi publicado no libro *Bágoas de facer illas* (1997), de Anxo Angueira (Manselle, 1961).



-Xosé Ballesteros, "A raia de xiz", pp. 71-88. Relato pertencente ó volume colectivo *Contos eróticos-eles* (1990), no que participou Xosé Ballesteros (Vigo, 1956). Sebastián Varela cumpre seis anos de condea por roubo. No cárcere manifesta unha intensa obsesión sexual pola súa mestra, que intentaba axudalo. O intento de violación pecha toda posibilidade de cambio na vida rutinaria do cárcere.

-Xoán Bernárdez Vilar, "Homo sapiens", pp. 89-102. Relato ambientado nunha Galicia futurista, que conta a historia de Karl Overath, un xermano afincado en Galicia, que intenta convencer ó presidente da Xunta para poñer en marcha un proxecto informático que no futuro controlará o país e anulará practicamente a capacidade do home para decidir. A narración de Bernárdez Vilar (Marín, 1936) está datada en 1984.

-Darío Xohán Cabana, "O vello da montaña", pp. 103-110. Ó remate da guerra contra os franceses, Salustiano volve á casa e crea, gracias ó seu valor e prudencia, unha grande familia que irá medrando ó seu redor. Co paso dos anos, a súa riqueza aumenta e os sete fillos van casando. En 1846, réúneos a todos e decide dicta-lo seu testamento. Trala morte do patriarca "só quedan pedras caídas e medran queirogas e herbas rastreiras onde noutrora se ergueu tanto orgullo". O texto está recollido en *Vidas senlleiras* (1992), de Darío Xohán Cabana (Roás-Costeiro-Terra Chá, 1952).

-Xosé Carlos Caneiro, "Trinta e sete días sen verte, Laura", pp. 111-118. Dende que Desiderio Sánchez, un profesor de historia xubilado por problemas psíquicos, ve a Laura, unha das empregadas de Renfe na estación de Madrid, esta convértese para el no único



aliciente da súa vida e na única solución para o seu triste destino. Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) participa neste volume con este relato inédito.

-Ramón Caride Ogando, "Por Eve", pp. 119-128. Historia dunha entrañable amizade entre Bernardino e Arturo que comezara na infancia pero que quebra pola presenza nas súas vidas dunha fascinante e perversa muller chamada Eve. O relato foi incluído por Ramón Caride Ogando (Cea-Ourense, 1957) en *Os ollos da noite* (1990).

-Carlos Casares, "O suicidio de Jonas Björklund", pp. 129-132. Jonas Björklund, famoso economista sueco e homosexual recoñecido, leva demasiado lonxe a súa afección pola personalidade de Ernest Hemingway, e o día 2 de xullo de 1971 aparece morto dun tiro na cabeza, tal e como fixera o famoso escritor anos atrás. O comisario Bertel Jensen encargárase da investigación e reconstrución dos feitos. O relato foi publicado por Carlos Casares (Ourense, 1941) na revista *Grial*, nº 100 (1988).

Xosé Cermeño, "A verdade, toda a verdade e nada máis que a verdade", pp. 133-138. Este relato pertence ó volume de Xosé Cermeño (A Coruña, 1959) *Os nervios da cabeza* (1994). Trátase dunha historia colectiva dos pasaxeiros dun autobús que comezan a conversar no transcurso dunha viaxe. Os ánimos íranse quentando a medida que pasa o tempo e as historias converteranse case en confesións persoais. Todo remata traxicamente co asasinato dunha muller.

Xosé Cid Cabido, "Pataghorobi", pp. 139-146.



O relato constrúese a partir dunha carta que recibe o personaxe asinada por Sual Arttic Croop, na que se lle pide que a envíe a outras persoas antes de noventa e seis horas. Despois de le-la misteriosa carta, o protagonista vai tomar unhas copas. Esa mesma noite verase envolto nun episodio trágico. Trátase dun conto incluído por Xosé Cid Cabido (Casasoá-A Limia-Ourense, 1959) no volume colectivo *Sede Central. Relatos 2* (1990).

-Alfredo Conde, “A casa de Adara”, pp. 147-165. Alfredo Conde (Allariz, 1945) desenvolve neste relato, pertencente ó libro de contos titulado *A casa de Adara* (1996), a historia dunha parella distanciada polo paso do tempo. El soña con voar, algo que vai conseguir no instante da súa morte.

-Xosé de Cora, “Exercicios espirituais en Gandario”, pp. 167-176. Mentres no internado se están a realizar unhas xornadas espirituais e de reflexión baixo o lema “Fe e castidade”, Miguel e Crehuet descóbreanse a si mesmos e a súa sexualidade. Foi publicado no libro de Xosé de Cora (Lugo, 1951) *Pecados manuais* (1992).

-Xabier P. Docampo, “O espello do viaxeiro”, pp. 177-184. Relato pertencente a *Cando petan na porta pola noite* (1994) co que Xabier P. Docampo (Rábade-Lugo, 1946) conseguiu o Premio Nacional de Literatura Infantil en 1995. Durante unha fría noite de inverno un viaxeiro achégase a unha casa a pedir refuxio. Alí decátase de que o dono é un home idéntico a el. Un feito inesperado vai muda-lo destino do viaxeiro.

-Xosé Fernández Ferreiro, “Formigas”, pp. 185-188.



A viúva Amelia non pode entender por qué as formigas invaden o seu bebé, ata que este morre e a nai descobre que o neno nacera cun formigueiro na cabeza. O relato pertence ó libro de Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931), *Co medo nas mans* (1997).

-Francisco Xosé Fernández Naval, “Soidade cor de rosa”, pp. 189-196. Relato de Francisco Xosé Fernández Naval (Ourense, 1956) no que a solitaria existencia dun home vai mudar cando coñece a Guillermina, coa que ten pensado reface-la súa vida. Desgraciadamente, alguén o esperta do seu soño.

-Agustín Fernández Paz, “Un problema de ósos”, pp. 197-210. Relato pertencente ó libro de A. Fernández Paz (Vilalba, 1947), *Amor dos quince anos, Marilyn* (1995). Un 27 de outubro o doutor Castiñeiras recibe unha misteriosa chamada telefónica dun paciente que se di chamar Vlad Tepes, decimoquinto conde de Dracul. Este personaxe pretende que o doutor o cure da súa doenza de ósos causada pola humidade da Coruña, cidade na que vive dende hai algún tempo.

-Ramiro Fonte, “O segundo outono”, pp. 211-238. A chamada de Aurelio Ribas, agora afamado escritor, coa noticia do suicidio de César fai que o protagonista da historia volva a súa mirada ó pasado para lembra-lo transcurso da súa vida dende o nacemento da amizade que xurdira entre os tres personaxes “naqueles días do segundo outono”, durante os anos da universidade. Este relato pertence ó libro de Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957), *Catro novelas sentimentais* (1988).



-Manuel Forcadela, "Gasoi" (Fragmento de novela inédita), pp. 239-248. Manuel Forcadela (Forcadela, 1958) colabora neste volume cun relato onde unha fermosa moza se achega a unha gasolineira na que traballan o Fiambre e o Xestoso, co propósito de atopar alguén que a leve a Madrid. Ante a sorpresa dos homes, a moza atraca a gasolineira. A historia relátase dende dous puntos de vista diferentes, o do Fiambre e o dun motorista que estaba enchendo o depósito.

-Camilo Franco, "Discurso da moviola", pp. 249-252. Relato pertencente a *En malos pasos* (1995), de Camilo Franco (Ourense, 1963), no que o autor constrúe unha narración na que recolle unha reflexión, dende un punto de vista persoal, sobre o significado do mundo do fútbol.

-Víctor Freixanes, "Anxos custodios", pp. 253-260. Relato de Víctor Freixanes (Pontevedra, 1951), que se desenvolve na época da guerra civil. Nun convento das clarisas gárdase un cofre e unha carta na que se revela a hora e o día da fin do mundo. Ante o medo que provocan os acontecementos, Don Teodoro, o párroco, anuncia ó gobernador e á abadesa que vai desvela-lo contido da carta en tres días, pero misteriosamente ó segundo día incéndiase o convento e con el tódalas probas sobre o documento.

-Camilo Gonsar, "De troitas e de guerra", pp. 261-268. Este relato pertence a *Arredor do non* (1995), de Camilo Gonsar (Sarria, 1931). Un narrador en primeira persoa, tras unha xornada de pesca, reelabora unha historia protagonizada polo pai dun



dos seus compañeiros nos tempos da guerra civil a quen o narrador chama M. Destaca ironicamente a covardía do fillo, que non consegue acabar co asasino do pai.

-Bernardino Graña, "O mar que chama", pp. 269-278. Dulia e Manuel non se poñen de acordo co futuro que desexan para o seu fillo Lisandro. Mentres ela está disposta a deixar que se faga mariñeiro, o pai prefire que atope un traballo en terra. Esta discusión lévaos a lembrar a tódolos familiares que, dende hai xeracións, morreran no mar. Bernardino Graña (Cangas do Morrazo-Pontevedra, 1932) incluíu este conto na segunda edición de *Fins do mundo* (1988).

-Manuel Guede Oliva, "Calígula", pp. 289-290. Relato de Manuel Guede Oliva (A Guaira-Venezuela, 1956) no que dous amigos deciden montar un grupo de teatro e piden a colaboración de Lázaro Suatore, un camareiro que en tempos fora un actor de prestixio. El acepta coa condición de que a obra sexa Calígula, e a partir de entón comezan os ensaios, nos que Suatore mostra tal talento que parece fundirse co personaxe. A estrea da obra resulta ser un éxito, pero a pesar dos dezasete minutos que duran os aplausos, Suatore non sae a saudar, xa que desaparece do teatro e da cidade. Anos máis tarde, reencóntrano en Avignon, interpretando de novo Calígula.

-Úrsula Heinze, "O mar", pp. 291-294. Úrsula Heinze (Colonia-Alemaña, 1941) colabora neste volume cun conto lírico sobre a fascinación que unha muller sente ante a contemplación do mar.



-Bieito Iglesias Araújo, "Aventura en Nassau", pp. 295-302. Durante un dos seus breves períodos de vacacións nun cruceiro polas Bahamas, Farraluque séntese fascinado por unha fermosa muller que vai acompañada dunha amiga. O encanto desaparece cando descobre que se trata dunha parella homosexual, e dende ese momento Farraluque pasa o tempo lendo unha novela no seu camarote. O relato pertence ó volume de contos do autor (Quintián, 1957) titulado *Aventura en Nassau* (1991).

-Jaureguizar, "Baixo a lúa nova", pp. 303-304. Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965) colabora neste volume con este relato inédito de curta extensión. Toño e Olivia foxen a toda velocidade nun coche coa intención de escapar do pai dela e compartir xuntos o seu destino.

-Margarita Ledo Andión, "Mamá-Fe", pp. 305-324. Relato de Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, 1951) ambientado na Coruña e construído arredor do encontro entre unha enigmática muller de idade, Mamá-Fé, e un xove "intelectual *fin de siècle*". O fío argumental dá pé para a descrición, por veces paródica, dos modos de vida, da estética e do sistema de valores da sociedade urbana dos oitenta. Introdúcense ademais os acontecementos do pasado familiar de Mamá-Fé, que estivera casada cun masón. O desenlace vén marcado polo descubrimento por parte de Vicente Segura da verdadeira identidade de Mamá-Fé: unha muller nacida no século pasado e falecida había case corenta anos. O relato pertence a *Mamá-Fe* (1983).

-M. Lourenzo González, "A noite mil dúas", pp. 325-334.



Trátase dun relato inédito de Manuel Lourenzo González (Vilaboa, 1953). Emmaiam coñece a Ildanir, un estranxeiro vendedor de alfombras procedente de Armenia. De seguido establecen unha amizade que se converte en amor. Antes de poñer data ó seu casamento, deciden adia-lo acontecemento un ano e nese tempo, os seus destinos separaranse para sempre.

-Paco Martín, "Encontro", pp. 335-342. Relato pertencente ó volume de relatos de Paco Martín (Lugo, 1940), *Dende a muralla* (1990). Rosa lembra a súa vida cando se reencontra con Pedro, un antigo amor, cando xa é demasiado tarde, cando xa "a ilusión fora escorrendo coas augas do vertedeiro".

-Xosé M. Oca, "O artigo mortal", pp. 343-350. Un escritor "gris e descoñecido" acada de súpeto o éxito coa publicación da súa última novela, *O vento nas rochas de Marzo*. Na celebración da décima edición do libro, o director dun xornal ofrécelle unha colaboración no suplemento dominical, baixo o título "De corpo enteiro", onde vai retratar personaxes públicas. Sen embargo, unha macabra coincidencia escurece a súa recente fortuna, xa que os retratados morren unha semana despois da aparición do artigo que se lles dedica. Xosé M. Oca (A Estrada, 1942) colaborou con este conto no volume colectivo *Sede central. Relatos 2* (1990).

-Marina Mayoral, "A man de neve", pp. 351-358. "A man de neve" pertence ó libro de Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942), *Querida amiga* (1995) e relata, en primeira persoa, a historia que un home conta ó seu psiquiatra. A súa tranquila vida



como conductor de autobús vese alterada cando se lle aparece unha fría man de neve que de súpeto muda para sempre o seu destino.

-Carlos Mella Villar, "A morte do Lobishome", pp. 359-362. Carlos Mella (O Foxo-A Estrada, 1930) colabora nesta colectánea cun relato no que o personaxe de Xan Bendoiro, o máis novo dos sete fillos de Xan Bendoiro e Felisa Salgueiro, aparece comido polos lobos na fraga da Gargalleira. A partir do seu enterro o narrador recupera o seu pasado. Xa de neno descubrira a súa condición de lobishome, feito que o conduce a morrer comesto polos lobos da manada.

Xosé Luís Méndez Ferrín, "Xeque Mate", pp. 363-366. Este relato está incluído en *Crónica de nós* (1980), de Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938). No ano 1840, chega ó Liceo de Ourense un cabaleiro para xogar unha partida de xadrez con Sandro Fioravanti. A partida é presenciada pola fermosa Carlota, muller pola que o cabaleiro sente un fervente desexo que lle fai xogar a mellor partida da súa vida. Tralo seu triunfo, foxe con ela e Sandro Fioravanti suicídase.

Xosé Miranda, "O outro", pp. 367-378. Durante unha noite de insomnio, o protagonista do relato imaxina un artigo para a sección de opinión de *La Voz de Galicia* sobre a defensa dunha "literatura de aventuras ou do fantástico cotián ó estilo de Cortázar e Borges". Para a súa sorpresa, á mañá seguinte, aparece un artigo de semellantes características e con idéntico título ó que el pensara, asinado por un tal S. Curtis



Estelo. Este relato está incluído no libro de Xosé Miranda (Lugo, 1955) titulado *A biblioteca da Iguana* (1994).

-Estro Montaña, “Lévao ti no Masseratti”, pp. 379-384. Relato de Estro Montaña (Betanzos, 1956), estruturado en forma de diario dende o 18 ata o 25 de Nadal. O narrador en primeira persoa recibe a noticia de que o seu pai está a piques de morrer. Con grande fastidio colle o avión e reúnese coa súa familia. Cando morre o pai, o protagonista descobre que fóra desherdado e decide marchar antes de que remate o enterro.

-Gonzalo Navaza, “Tinta chinesa”, pp. 385-394. Este conto pertence a *Erros e Tánatos* (1996), de Gonzalo Navaza (Lalín, 1957). A Artur M. Morgan, un escritor galés, asígnaselle un mozo para que o atenda e faga de guía pola cidade durante os preparativos do encontro do Pen Clube Internacional en Santiago de Compostela. Ambos establecen unha certa amizade e Artur confésalle que, para o premio desta asociación, son el mesmo e Cecil Hiraeth-Llewellyn, os máis firmes candidatos, polo que lle propón desfacerse deste escritor e poder acadar así o premio con maior facilidade.

-Xosé Neira Vilas, “Unha sombra”, pp. 395-396. Un miliciano castrista relata en primeira persoa como unha noite de chuvia á saída do traballo, persegue a un pasaxeiro do autobús no que se dirixía á súa casa, porque cre recoñecer nel ó asasino de Lalo, o seu mellor amigo. Xosé Neira Vilas (Gres, 1928) incluíu este relato en *Tempo novo* (1987).



- Xosé Ramón Pena, "O reverso do espello" (Fragmento), pp. 397-402. En febreiro de 1809, a cidade da Coruña está a ser bombardeada pola artillería francesa, mentres os británicos embarcan en retirada. Nunha carta, un oficial británico relata os acontecementos que están a suceder. Trátase dun fragmento da novela de Xosé Ramón Pena (Betanzos, 1956), *O reverso do espello* (1984).

-Alfonso Pexegueiro, "Fantasía (extracto) do xefe dos lagartos", pp. 403-406. Texto de Alfonso Pexegueiro (Angoares, Pontearreas, 1948) no que se mestura a realidade e a fantasía, a través das imaxes que ó narrador lle suxire unha relación sexual. Está datado en 1988.

-Xavier Queipo, "A casa da tinta", pp. 407-418. Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) xoga neste relato inédito co recurso do manuscrito encontrado. Un naufraxio conduce ó protagonista ás terras de Namibia, onde descobre o amor. Trala morte da muller no parto, el marcha na busca de sosego para os seus remordementos abandonando ó fillo coa familia da nai.

-María Xosé Queizán. "As botas", pp. 419-428. As botas do pai dan sentido á vida de tres mulleres que comparten durante anos unha existencia estraña nun espacio abafante e cheo de recordos, entre os que domina a obsesiva presenza da figura paterna. Este relato de M^a Xosé Queizán (Vigo, 1939) pertence ó volume colectivo *Contos eróticos/elas* (1990).

-Román Raña, "O último hexagrama", pp. 429-444.



Relato de Román Raña (Vigo, 1960) que nos presenta a Alexis Webb, personaxe que descobre nunha viaxe no trasatlántico Freedom, ademais dos misteriosos asasinatos que suceden no barco cunhas insólitas mensaxes que só el é quen de descifrar, ó asasino de seu pai.

-Carlos G. Reigosa, “O tesouro de Pedro Xesto”, pp. 445-456. Pedro Xesto volve á súa aldea despois de moitos anos na emigración. Un día, acompañado de dous veciños, decide ir esconder un cofre ó monte. A xente do pobo dará en pensar que nese cofre agacha parte das súas riquezas e durante anos todos teimarán en dar con el. Cando Pedro morre, é o neto quen atopa o cofre baleiro. Este conto de Carlos G. Reigosa (Pastoriza, 1948) pertence ó volume *Homes de Tras da Corda* (1982).

-Manuel Rivas, “Primeiro amor”, pp. 457-458. Este conto de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) pertence a *Un millón de vacas* (1989). Trátase dun relato escrito en primeira persoa que se centra no encontro entre Gaby, unha rapaza que volveu á aldea tras estar en Barcelona, e un rapaz que desexa viaxar a Australia.

-Manoel Riveiro Loureiro, “Caladamente”, pp. 459-467. Andrés Lozao é un home que posúe o don de se anticipar co pensamento ós feitos que van suceder. Por iso non dubida en asasinar á señora Mónica para protexela a súa filla dun enorme perigo que presinte. O relato pertence ó libro de relatos de Manoel Riveiro Loureiro (A Coruña, 1933), *Caladamente* (1990).

-Antonio Rodríguez Baixeras, “Estranha forma de vida”, pp. 467-480.



Neste relato incluído en *Dous fados* (1995), Antonio Rodríguez Baixeras (Ribadeo, 1950) desenvolve a historia dunha profesora de inglés que sofre unha crise no seu matrimonio cando coñece a Carlos, un novo compañeiro do instituto. A relación entre os dous desenvólvese e remata parellamente á dun alumno problemático polo que ela sente unha especial debilidade.

-Claudio Rodríguez Fer, “A raposa boreal”, pp. 481-488. Trátase dun relato inédito de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) no que un guía islandés relata ós membros dunha expedición a historia de Marie-Loup de Beauport, unha islandesa que marcha a París, onde se converte en Brigitte Rimbaud, unha artista moi admirada pola súa sensualidade e pola forza das súas provocacións.

-Antón Rodríguez López, “Doses de amor ou sobredoses de amor”, pp. 489-494. Antón Rodríguez López (Monforte de Lemos, 1961) colabora neste volume cun relato inédito que trata da historia de dúas relacións entre homosexuais nas que inflúen de maneira decisiva as drogas e a dependencia dunhas persoas con outras.

-Euloxio R. Ruibal, “Pé de foto”, pp. 495-506. Este relato de fasquía fantástica pertence ó libro de relatos, *Corpo enteiro* (1994), de Euloxio R. Ruibal (Ordes-A Coruña, 1945). O protagonista conta a curiosa historia que lle sucedeu a partir do momento en que decidiu fotografar un pé. Nunha carta que recibe na súa casa, o pé cóntalle a súa desgraciada vida e pídelle axuda ante o triste final que presinte.

-Xurxo Souto, “Xogadores de cartas. Trunfa en bastos, quen perda paga o gasto”, pp. 507-512.



Como o mesmo Xurxo Souto (Lugo, 1966) indica, trátase dunha paráfrase do artigo “Xogadores de cartas”, de Vicente Risco. Recria unha partida de cartas na que, ante a sorpresa dos homes, resultan gañadoras dúas rapazas. O relato pertence a *A tralla e a arroutada* (1995).

-Miguel Suárez Abel, “O Quiquiriquí”; pp. 513-538. Miguel Suárez Abel (San Estevo do Campo-Arzúa, 1952) publicou este conto en *Selva negra* (1993). Conta a historia de Estevo, alcumado o Quiquiriquí, un rapaz que marcha a traballar a Barcelona, onde vive a súa irmá. De súpeto, o seu cambio de personalidade, xa un tanto rara dende neno, lévao a verse envolto nun misterioso accidente. O relato desenvólvese a partir da viaxe do pai a Barcelona, para ver de amaño-los feitos, e de dúas cartas, a que Estevo dirixe a unha psiquiatra e a que a irmá dirixe á nai.

-Susó de Toro, “Aquí somos así positivamente”, pp. 539-560. Conto ambientado en Santiago, onde Nano, o protagonista, vai debullando no marco dunha verborreica conversa cun vendedor de xelados a historia da vida en Compostela dende a súa particular perspectiva. Susó de Toro (Santiago de Compostela, 1956), incluíu este relato en *Caixón desastre* (1983).

-Xesús M. Valcárcel, “Terceira agrupación guerrilleira”, pp. 561-568. A aparición dunha misteriosa muller trastorna a relación de tres homes envoltos nunha guerrilla. O capitán decide defender á rapaza a pesar de que descobre que é unha urca. O relato pertence a *O capitán Lobo Negro* (1995), de Xesús M. Valcárcel (Lugo, 1955).



-Miguel Vázquez Freire, "O romano"; pp. 569-574. A traxectoria vital dun rapaz, a quen a nai teima en chamar Ben-Hur (polo protagonista da sonada película) e a quen todos alcuman O Romano, cambia de súpeto cando aparece na súa vida unha moza alemana. O conto está incluído no libro do autor (Corcubión, 1951), *Galería de esquecidos de Feliciano Lobelos* (1993).

-Andrés A. Vila, "Olinda", pp. 575-584. Xoán instálase en Olinda para se dedicar á pintura, aínda que tras algún tempo na vila, non consegue facer nada. Un día coñece a Teresa, unha fermosa camareira que o invita á súa casa. Xoán comeza a sentir unha grande angustia e foxe por medo a comezar unha relación. Andrés A. Vila (Vigo, 1958) publicou en 1995 *Os nerviosos elegantes de Raoul Dufy*, libro ó que pertence este relato.

Recensións:

-Francisco J. Gil, "A narrativa galega celebra a súa festa", *Faro de Vigo*, 26 outubro 1996, p. 52. Coméntase o feito de que esta obra non é unha antoloxía da narrativa curta galega senón a "aportación de 58 autores" á "festa literaria dunha editorial que acada o primeiro milleiro de títulos". Segundo Francisco J. Gil, é un paseo pola literatura dos anos oitenta e noventa e, polo tanto, polo tempo. Sinálase que, a pesar dos diferentes estilos, este libro "emblemático" ten como fío conductor a palabra escrita en galego. Considérase de interese a inclusión, nas últimas páxinas, de referencias biobibliográficas de cada un dos autores.



Xosé M. Eiré, "Mil primaveras no ceo", *A Nosa Terra*, nº 753, "Guieiro Cultural", 21 novembro 1996, 23. Tras felicitar á narrativa galega polo ano de boaventura en canto a premios, faise mención dos autores recentemente galardoados, Manuel Rivas e Fina Casalderrey. Coméntase logo o volume *Unha liña no ceo*. Afirmase que se trata dunha coidada edición, na que participan 58 narradores, vencellados a Edicións Xerais, con relatos escollidos por eles mesmos e ás veces inéditos, de xeito que cada narrador é antólogo de si mesmo. O crítico considera que este volume "eríxese na maior antoloxía da narrativa actual" e remata salientando que os relatos, que aparecen ordenados alfabeticamente polo nome dos diferentes autores, ofrecen unha variedade de estéticas, temáticas e xéneros.

X. M^a de Castro Erroteta, "Un fachendoso Arco da Vella", *A Nosa Terra*, nº 756, "Guieiro Cultural", 12 decembro 1996, p. 25.

M^a de Castro Erroteta fai unha proposta de utilización didáctica deste volume indicando que é imprescindible en calquera biblioteca que teña relación co ensino da narrativa galega de hoxe. Considera que, como antoloxía da narrativa actual, poucos son os autores que quedan fóra, indicando que se trata dunha útil mostra de estilos, temáticas, técnicas etc., e tamén dos distintos rexistros lingüísticos. Por último salienta que o índice de autores está "moi actualizado" e remata felicitando á editora polo traballo.

Francisco M. Bouzas, "Unha liña no ceo", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 138, 19 decembro 1996, p. 6. Comeza o artigo salientando a importancia deste libro e afirmando que seguramente é o mellor mostrario da narrativa galega. Indica o crítico que, a pesar dalgunha que outra excepción, no libro atópase o universo narrativo galego actual dende os máis famosos (Ferrín, Alfredo Conde, Casares, Suso de Toro e

Rivas), ata plumas que case fan a súa estrea neste volume (Andrés Vila, Estro Montaña). Salienta os contos que son ou semellan inéditos e comenta que disfrutou especialmente con "aqueles relatos ben



atullados de asunto e substancia fabuladora que non encobren o suceso banal e intrascendente cun esmerado exercicio de estilo". Fai fincapé nos relatos de Fernández Ferreiro, Víctor Freixanes, M. Lourenzo González, Xavier Queipo, Antón Rodríguez López e Estro Montaña e, ó se referir ós narradores das xeracións máis novas, afirma o seguinte: "¡que ben escriben e que insulsas e eslamiadas son as historias que nos contan!".

Referencias varias:

-Francisco J. Gil, "Xerais presenta Unha liña no ceo, el número 1000 de su catálogo", *Faro de Vigo*, 24 outubro 1996, p. 48. Dá a nova da aparición de *Unha liña no ceo*, obra coa que Edicións Xerais de Galicia chega ó número mil. No artigo dábanse as características da mesma, tanto no aspecto do contido coma na presentación. Recolle tamén os comentarios de Manuel Bragado e Xosé García, nos que os responsables da editorial salientan a vocación xeneralista deste traballo, que permitiu agrupar textos de 58 narradores galegos contemporáneos.

-Anxo Tarrío Varela, "Mil títulos", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 27 outubro 1996, p. 3. Anxo Tarrío chama a atención sobre a abundancia de narradores representativos da xeración de 1945-1959, fronte á escaseza dos nados entre 1960 e 1975. Nas fichas bio-bibliográficas que aparecen ó final do volume, detecta algúns erros nas datas de nacemento. Ó seu ver, este libro permite confrontar cómo as diferentes xeracións foron concibindo o relato.

-Alfredo Conde, "Vender máis duns poucos escritores ou menos de moitos outros", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 14 novembro 1996, p. 56/p. 4.



Describe o libro e comenta que se deben regula-las subvencións ou a política editorial, de xeito que non se impongan nin as medidas neoliberais que pretenden suprimi-las subvencións, nin as políticas editoriais restrictivas que favorecen o amiguismo.

-A. G. N., “La editorial Xerais saca a la calle su libro 1000 en el año que celebra su 17 aniversario”, *Diario de Pontevedra*, 27 novembro 1996, p. 25. Informa da chegada ás librerías de *Unha liña no ceo*, volume que recolle relatos de 58 autores galegos e co que Edicións Xerais de Galicia chega ó número 1000 no seu catálogo. Nomea os obxectivos que a editorial pretende acadar con esta obra e fai un breve percorrido polo traballo desenvolvido pola mesma ó longo dos seus 17 anos de existencia.

-Miguel A. Seixas, “Mil milagres”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 9 decembro 1996, p. 3. Seixas salienta non só as publicacións da editorial, senón tamén a convocatoria de premios de novela e o “Merlín” de literatura infantil.



Coira, Pepe (coord.), *Contos de cine*, A Coruña: Centro Galego de Artes da Imaxe/Xunta de Galicia, col. Difusión, serie Ensaaios, n^o 10, setembro 1996, 115 pp. (ISBN: 84-453-1766-0).

Volume conmemorativo, coordinado por Pepe Coira (Rábade-Lugo, 1963), do centenario da primeira exhibición do cinematógrafo en Galicia que recolle trece relatos que fan referencia, de modo central ou tanxencial, ó mundo do cine. O libro, prologado polo Conselleiro de Cultura e Comunicación Social, Jesús Pérez Varela, contén contos de:

-Xavier Alcalá, "Discurso do novo século", pp. 9-16. Xavier Alcalá (Miguelturra-Ciudad Real, 1947) presenta unha parábola futurista na que un orador se sitúa na Compostela do ano 2025 para narrar ó seu auditorio a historia dos feitos cinematográficos acaecidos ó longo de todo o século XX.

-Gonzalo Allegue, "Relato (clásico) para voces e harmónica", pp. 17-33. Neste relato de Gonzalo Allegue (Vilanova de Arousa, 1946), o narrador lembra as súas vivencias de infancia ó redor dun pequeno cine de barrio e a súa relación coa comunidade moura que nel vive. Precisamente, un destes estranxeiros morre, causando grande expectación entre a rapazada do lugar.

-Xosé Cermeño, "A gabardina de Bogart", pp. 35-39.



Relato erótico de Xosé Cermeño (A Coruña, 1959), de final sorpresivo onde se producen referencias ó universo fílmico de Humphrey Bogart, que o protagonista masculino da historia semella emular.

-Xabier P. Docampo, "Crime perfecto", pp. 41-46. Neste relato de Xabier P. Docampo (Rábade-Lugo, 1946) cóntase a historia dun asasinato perpetrado mentres se roda nuns estudos unha serie. O móbil resulta se-la necesidade dun dos actores de "quitar do medio" a outro para seguir no seu papel na serie. O asasinato, ademais, é levado a cabo de xeito tan aparentemente accidental que resulta ser un "crime perfecto".

-Xavier Lama, "Non convén fiarse dos guionistas (Divertimento narrativo)", pp. 47-60. Conto de Xavier Lama (Santa Euxea-Lugo, 1962) ambientado no mundo do cinema no que interveñen empresarios da sétima arte, guionistas, etc. e onde se describen as ferozes envexas e as numerosas traizóns que se producen neste mundo.

-Aníbal C. Malvar, "Ninguén sabe nada da vida", pp. 61-66. Historia *underground* de Aníbal C. Malvar (A Coruña, 1964) na que un fillo desnaturalizado acaba asasinando a súa nai, vella ex-actriz, namentres vive uns fogosos episodios amorosos coa súa noiva.

-Paco Martín, "O noso home no cine", pp. 67-71. Paco Martín (Lugo, 1940) elabora unha narración en *flash-back* na que o protagonista rememora vivencias de neno, coa súa asistencia ó cine e a fascinación que nel exercía Severino, o home



que proxectaba as películas e que ó morrer deixa un estraño baleiro na vida del e dos seus amigos daquel entón.

-Miguel-Anxo Murado, “O díaño do outono”, pp. 73-85. Neste relato Miguel-Anxo Murado (Lugo, 1965) sitúanos na época dos inicios do cinematógrafo para contárno-la historia dun proxector ambulante daquel espectáculo que, coas súas chegadas esporádicas á cidade, produce unha estraña revolución nela e, que ó se marchar, provoca na vida cotiá da urbe profundas crises. Por esta razón, o dono do cinematógrafo é equiparado na historia ó “díaño do outono”.

-Manuel Rivas, “Cando chorou Charo”, pp. 87-89. Manuel Rivas (A Coruña, 1957) cóntanos nesta historia o relatorio dun personaxe que acode a unha reunión de ex-alcohólicos e que narra a historia da súa propia nai, quen ó ver unha película rememora, por identificación, a morte do seu home en Terranova, e rompe a chorar desconsoladamente.

-Claudio Rodríguez Fer, “A puta filósofa”, pp. 95-103. Relato de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) narrado en formato de guión cinematográfico no que se reproduce unha entrevista a unha afamada pensadora que, aguilloada polas preguntas do entrevistador, reflexiona sobre os problemas do sexo e da arte, sobre a literatura e os seus xéneros, etc.

-Euloxio R. Ruibal, “Noite americana”, pp. 105-108.



Nesta historia de Euloxio R. Ruibal (Ordes-A Coruña, 1945), narrada de xeito plasticamente cinematográfico, cóntaseno-la reacción do protagonista ó descubrir que seu pai é un ladrón. Defraudado, o fillo foxe entolecido pensando no suicidio. A fuxida é narrada como se dunha secuencia fílmica se tratase, con descrições en primeiro plano, fundidos, etc.

-Suso de Toro, "Por amor a Gena Rowlands", pp. 109-115. Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) narra a peripecia dun encargado de cine que decide, "por amor a Gena Rowlands", cambia-la orde das cintas de proxección dunha película, alterando así o seu final. Deste xeito, a personaxe que interpreta G. Rowlands -que morría no decurso fílmico- continúa viva despois da manipulación do encargado, platonicamente namorado da actriz.

Recensións:

-Manuel Darriba, "Cinema escrito", *El Progreso*, "Taboa Redonda", nº 1, 26 outubro 1996, p. 3. Coméntase o feito de que o centenario da sétima arte na Península servise de escusa para a publicación de dúas compilacións de relatos de cine: unha, editada pola Consellería de Cultura; a outra, por Edicións Xerais. Neste comentario trata da primeira delas. O articulista sinala o "investimento xeneroso" e a "interesante nómina de autores" da obra e analiza brevemente cada conto. Distingue entre os que "acadan a calificación de notable para arriba" (os de Gonzalo Allegue, Miguel Anxo Murado, Aníbal C. Malvar, Manuel Rivas e Claudio Rodríguez Fer) e os que non (os relatos dos outros oito autores), criticando estes últimos.



Referencias varias:

Anxo Tarrío Varela, "Contos de cine", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 22 setembro 1996,

3. Tarrío Varela fai un breve comentario sobre cada un dos relatos e denuncia a presenza de fallos de lingua nalgúns deles, a pesar de considerar que se trata dun libro de agradable lectura.



Conde, Alfredo, *A casa de Adara*, Vigo: Edicións Xerais, col. Narrativa, 1996, 142 pp. (ISBN: 84-7507-985-7).

Volume de Alfredo Conde composto por oito relatos, escritos en primeira e terceira persoa, nos que asoma a experiencia persoal do autor xunto a outros de temas fantásticos: “Confesión de parte”, “A morte de Blas”, “O loro de Baracaldo”, “A cidade da alameda”, “Aires de triunfo”, “O proído”, “Cubita la bella” e “A casa de Adara” que dá título á obra. Ábrese cun limiar do propio Alfredo Conde (Allariz-Ourense, 1945), no que fala da súa volta a Edicións Xerais e do feito de como, independentemente da entidade literaria, é necesario o recoñecemento ou o éxito para ser escritor. Libros e autores poden sufrir abandonos ou exaltacións sublimes. Recoñece que só toma en serio o seu traballo como escritor e á súa literatura só lle pide que o seu exercicio o siga divertindo.

Recensións:

-Reyes Recio, “A memoria necesaria”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 2 xuño 1996, p. 10. Principia este longo comentario Reyes Recio afirmando que Alfredo Conde, con *A casa de Adara*, “entra no mundo da literatura coa frescura que lle outorga o xénero literario ó que pertence e o indiscutible talento do seu autor”. Resalta a crítica que os sete contos que conforman o libro están unidos polo fío sutil da rememoración de diversos episodios vitais. Continúa dicindo que, nesta última entrega narrativa, Conde amosa o seu universo literario persoal, o gusto pola reflexión, a busca constante da introspección,



o diálogo permanente co lector, a descrición minuciosa das sensacións, a utilización das elipses e o humor. Finalmente, salienta como característica máis destacada da obra a mestura entre os planos da realidade e da fantasía.

-Ana M^a Platas Tasende, "A casa de Adara, contos de Alfredo Conde", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 2 xullo 1996, p. 10/p. 2. Comentario no que se indica que o libro contén un conxunto de breves narracións xa coñecidas, das que o autor ofrece unha nova variante. Remárcase o gusto polo amargo que, di, non é alleo ó resto da súa obra, amais dunha ollada "entre misericorde e retranqueira". Entre os méritos do libro salientáanse o coidado da prosa, o sorprendente dos temas e a forza con que cada pequena peza arrastra ó lector.

-Xosé M^a Eiré, "Vanitas, vanitatis", *A Nosa Terra*, nº 736, "Guieiro Cultural", 25 xullo 1996, pp. 23-24. O comentario de *A casa de Adara* sérvelle a Xosé M. Eiré para facer unha durísima crítica do seu autor, Alfredo Conde, tanto pola obra en si coma pola capacidade ou cualidade literaria do mesmo. Palabras como "descorazonar", "moi inferior", "gracia desgraciada", "suficiencia narratorial... inoportuna, burlona e pedante" aplícanse ós distintos capítulos do libro, dos que o único que parece salvarse é o titulado "Cubita la bella". A continuación, e a raíz do limiar, o crítico ataca a Conde afirmando que "non é unha figura literaria" para proseguir nunha liña ascendente de descualificacións ata rematar afirmando que "Xulgado polo visto aínda lle cumpre para chegar a promesa".

F. Martínez Bouzas, "Cubita, la bella", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 123, 29 agosto 1996,

6. Manifesta o crítico que cada vez resulta menos doado ler a Alfredo Conde dunha forma neutra, calma e desapaixonada. O limiar do libro e o primeiro conto sérvেনlle ó autor, en palabras do crítico, para



exercita-la súa teima de xustifica-lo que fai e sentar doutrina, actitude persoal que contribúe, en opinión do autor da crítica, a que “ferretes varios aguilloen nel sen dó nin compaixón”.

-Ana María Platas Tasende, “A casa de Adara”, *Revista Galega do Ensino*, “Reseñas”, nº 13, novembro 1996, pp. 239-242. Recensión na que se informa que a obra está composta por un “Limiar”, unha “Confesión de parte” -na que se “xuntan os elementos subxectivos e autobiográficos co afecto ós lectores” e a reflexión do autor “sobre o xénero do conto”- e sete relatos. Agás o que dá título ó volume, os outros foran xa publicados -Ana M^a recompila os datos editoriais- e “figuran agora en novas versións”. A autora da recensión salienta a “orixinalidade temática e compositiva” de “A casa de Adara” e sinala certas “constantes diferenciais da produción do autor”: o punto de vista en primeira ou terceira persoa e unha maneira de narrar “influída pola quinésica teatral ou cinematográfica”. A renuncia “ás descrições ambientais” en favor das persoais e a redución das “inserencias autorais” favorecen, segundo a autora, a “tensión e condensación propias do xénero”. As secuencias “temporais e temáticas (nenez, adolescencia, xuventude, matrimonio, morte,...)” cítanse como fío unificador dos contos. “Por riba deles” a ollada do autor na que “emerxen toques de melancolía”.

Referencias varias:

-Xaime Calviño, “Soy el tipo más rechazado de Galicia”, *Faro de Vigo*, 19 maio 1996, p. 3. Entrevista con Alfredo Conde a raíz da publicación de *A Casa de Adara*, onde afirma que é un contista regular pero que ás veces soa a flauta por casualidade como neste caso. Trata tamén da súa saída de Galaxia e apunta entre outros motivos, o de non acepta-la competencia desleal. O resto do artigo



céntrase nos premios literarios (os que ten, os que non ten, aqueles nos que estivo de xurado, etc.) e no seu paso pola política.

-L. R., “Siete cuentos de Alfredo Conde en *A casa de Adara*”, *La Región/Atlántico Diario*, 25 maio 1996, pp. 59-60. Nota informativa que dá conta da aparición do libro de relatos de Alfredo Conde. Indícase que os sete contos dos que se compón están unidos por un fío rememoratorio de diversos episodios vitais da infancia e da memoria. A carón dun breve esbozo argumental dos relatos, faise un pequeno percorrido polos galardóns que a produción narrativa deste escritor ten xerado.

-J. B. Salgueiro, “Alfredo Conde presenta en Santiago su último libro, *La Casa de Adara*”, *Faro de Vigo*, 31 maio 1996, p. 54. Informa da presentación de *A Casa de Adara*, un libro de relatos de Alfredo Conde. Ó breve comentario argumental séguenlle unhas declaracións do autor nas que reflexiona sobre a fantasía e o mundo da imaxinación. Finalmente, o articulista nomea os premios obtidos polo escritor de Allariz ó longo da súa traxectoria literaria.

-E. C., “Alfredo Conde volve a Xerais con oito contos ‘de aquí e acolá’”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 31 maio 1996, p. 33/p. 10. Informa do acto de presentación da obra *A Casa de Adara*. Salienta a volta de Alfredo Conde a publicar en Xerais despois de catorce anos. Resume as manifestacións de Manuel Bragado, director da editorial e comenta brevemente algunhas das características dos personaxes. Recolle tamén as declaracións de Conde nas que fala do proceso creador deste libro e da elección do título.



-A. G. N., "Alfredo Conde presentó en Santiago su último libro *A casa de Adara*", *Diario de Pontevedra*, 31 maio 1996, p. 30. Noticia que informa da presentación da obra de Conde e inclúe comentarios sobre ela. Infórmase que o libro consta de sete contos que "son historias de vidas" e que supón unha volta do autor ó seu "universo literario", marcado pola reflexión, a ironía e a mestura entre realidade e fantasía. Ademais, tamén figura unha breve nota sobre a presentación da obra *Erros e Tánatos*, de Gonzalo Navaza.



Couceiro, Mario, *A primeira fase e outras narracións*, limiar Luís Alonso Girgado, ilustr. Siro López, Perillo-Oleiros: Tambre, col. Narrativa, marzo 1996, 119 pp. (ISBN: 84-88681-33-X).

Primeira achega de Mario Couceiro (Ferrol, 1920) á narrativa galega. No limiar, a cargo de Luís Alonso Girgado, apúntanse certas liñas creativas deste “narrador madurecido”. A obra está constituída por cinco relatos: “Xan o da Sara”, “No comedor”, “O coche vermello”, “Os trescentos días de Mr. Maloy” e, dando título ó libro, “A primeira fase”. A mestura das dimensións real e fantástica e o contrapunto humorístico á traxedia, vencellan os relatos coa tradición contística galega -Castelao, Dieste, Cunqueiro, Fole. Os seus protagonistas son homes caracterizados pola perda da identidade, a tolemia, a fuxida do pasado, a nostalxia da infancia ou o autoillamento, enmarcados no medo ó paso do tempo, ó desamor e á morte. Os debuxos de Siro López ilustran a portada e cada un dos relatos.

Recensións:

-J. V., “O pedigree de Couceiro”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 68, 13 xuño 1996, p. 6. Dáse conta da aparición desta obra composta por cinco relatos de contido e técnica narrativa diferentes, que evidencian o amplo rexistro literario e creador do autor. O comentarista afirma que Mario Couceiro



non é un escritor serodio, xa que leva escritos ó longo da súa vida numerosos poemas e artigos que viron a luz na revista ferrolá *Aturuxo* e noutras publicacións.

-M. Quintáns S., "Recuperación dun narrador inédito", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 1 setembro 1996, p. 8. O comentarista pon de relevo as palabras coas que o autor do limiar caracteriza a obra de Couceiro, "a teima, a propensión case enfermiza do escritor a pulir, corrixir e refacer". Salienta Quintáns o testemuño histórico no que se converte o libro, a pesar do predominio do fantástico, dadas as mostras do mundo íntimo do autor, a vida cotiá, o pasado e a guerra civil que se poden rastrexar nas súas páxinas.

-Vicente Araguas, "Ás veces non é tarde", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 128, 3 outubro 1996, p. 6. Cunha lembranza dos seus primeiros pasos como lector, abre Vicente Araguas este artigo no que analiza o "libro de relatos inicial" de Mario Couceiro. A "escéptica" xeración á que pertence o autor, a variada temática presente nos relatos, a vis humorística, a fantasía "suavemente dosificada" e a linguaxe "elegante e precisa" son, entre outros, algúns dos aspectos tratados polo crítico, que remata afirmando que a súa "aprendizaxe lectora se iniciou con Marius; sigo con el (con Mario Couceiro) preparando a miña reválida".

-Xurxo Sierra Veloso, "Mario Couceiro, narrador serodio", *O Correo Galego*, 25 novembro 1996, p. 17. Indícase que Couceiro nunca publicara ata agora ningunha mostra das súas posibilidades narrativas, pois debido á súa meticulosidade, someteu a súa obra a un coidadoso proceso de revisión. Acerca de *A primeira fase e outras narracións*, menciónase o feito de que inclúan cinco relatos que captan a atención e o interese do lector, salientase o estilo, claro e directo que funciona como unha fiestra a través da que se pode asistir a unhas historias que, a pesar da presenza nalgunha do elemento fantástico, sorprenden pola súa sinxeleza e pola inmediata reflexión que suscitan. Dos personaxes afírmase que están atrapados pola sombra da soidade, da desesperanza absoluta, predominando unha sensación de derrota e anguria.



Creus Andrade, Estevo, Antón **Riveiro Coello**, Rocío **Moreiras Plaza**, Pablo **Vázquez Pereira**, *Historia da pusilanimidade e catro contos máis*, XIIº Premio Ourense de Contos para a Mocidade 1995, Ourense: Agrupación de Libreiros de Ourense e Casa da Xuventude, 1996, 87 pp. (ISBN: 84-921613-0-2).

“Historia da pusilanimidade” (pp. 15-31), de Antón Riveiro Coello, foi o primeiro premio do certame e relata as aventuras nocturnas dun home tímido. Os accésit foron para os outros catro contos. Estevo Creus Andrade (Cee, 1971), en “Alguén matou a Bambi” (pp. 33-46), presenta un relato no que se *contrapón* a dureza da realidade fronte á inocencia infantil. Rafa Villar (Cee, 1968), con “O trazo rebelde” (pp. 47-50), desenvolve as reflexións dun escritor que se enfrenta á dura tarefa de relata-la súa estadia no cárcere por insumiso. Rocío Moreiras Plaza conta a historia dun vagabundo manco que consegue a fama como violinista despois dun transplante de mans, en “Mans de violinista” (pp. 51-66) e Pablo Vázquez Pereira reflexiona acerca do mundo das drogas con “Un vieiro deica a morte” (pp. 67-84).



Docampo Regengo, Chencho, *Glas*, Santiago de Compostela: Finisterre

Ediciones, col. Contos de Compostela, nº 1, 1996, 56 pp. (D. L.: C-519-1996).

Chencho Campos (A Estrada, 1961) achéganos neste relato breve, que ten como escenarios Santiago, o Castro de Baroña e Noia, a un inquietante ambiente de misterio marcado polo enigmático suicidio da personaxe feminina, Glas, continuamente evocada en cada unha das páxinas. Glas controla a vida de César sen que cheguemos a saber o por qué deste poder. A súa presenza envolve todo o relato e orixina a transformación total da personalidade e da vida de César, mesmo a morte de Celia, a súa esposa. A narración, en terceira persoa, presenta unha estrutura circular, de tal xeito que as palabras escritas por Glas antes de morrer afogada e espida nas augas de Baroña, abren e pechan o volume. César, que non é quen de recupera-lo control, intenta volver á normalidade da súa profesión de escritor pero, inexplicablemente, esvaécese tamén nas augas do mar de Noia.



Fernández Pérez, Antonio, *Don Gabino*, Vigo: Galaxia, decembro 1996, 163 pp.
(ISBN: 84-8288-058-6).

O protagonista da novela -que asiste a recoller un galardón concedido ó seu amigo Senén Bentraces-, relata a vida deste último -mestre republicano no pasado e escritor de éxito no presente- durante a Guerra Civil e a inmediata posguerra. Senén Bentraces refúxiase ó inicio da Guerra en Portugal, nun principio en Chaves e posteriormente en Lisboa ata que volve a España aínda non rematado o conflito bélico. A narración pode ser definida como unha crónica ou memoria do protagonista, en moitos puntos coincidente coa vida do propio autor, Antonio Fernández Pérez (Río de Janeiro, 1909).



Fole, Ánxel, *O tesouro*, Vigo: Galaxia, 1996, 169 pp. (D. L.: VG-699-1996).

Este volume de pequeno formato reproduce, en edición non venal, na súa integridade o relato de Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986) *O tesouro*, que posteriormente sería obxecto dunha versión fílmica na nosa lingua. Un narrador, que parece identificarse co autor, cóntanos en terceira persoa a súa visita ó val do Cabe e as historias que alí descobre ou lle son contadas. Sorprendido pola presumible maxestuosidade dun pazo señorial daquelas terras, en estado ruinoso dende as loitas irmandiñas, e impulsado por un soño, decide investiga-lo pasado do pazo de Louxío. Será don Sebastián, o cura do lugar, o que recupere unha historia na que se mesturan lendas transmitidas oralmente de xeración en xeración, vellos manuscritos achados e unha serie de elementos que pretenden dálle verosimilitude ó relato. Teñen cabida en *O tesouro*: unha historia de amor adulterino e romántico entre dona Violante e un cabaleiro templario francés, un crime paixonal, unha traizón ás tropas francesas e, sobre todo, un encontro cos devanceiros. No referente ó estilo, cómpre salienta-lo esforzo foleano por achegarse á tradición popular e por reflecti-la fala da montaña luguesa.



Fole, Ánxel, *¡Xantamos a carón dun esquelete!*, ilustr. Lázaro Enríquez, Vigo: Xerais, 1996, [34 pp]. (ISBN: 84-8302-08-5).

Edición non venal do relato “¡Xantamos a carón dun esquelete!”, xa publicado anteriormente, e que se presenta agora nun pequeno volume de formato cadrado, pastas duras, e no que alternan as páxinas de texto coas de ilustración. Ademais da devandita narración, a obra coa que Edicións Xerais de Galicia “quere agradecer ás súas persoas máis queridas o seu apoio e colaboración” inclúe: a introducción a *Contos de lobos e outros relatos* (1989) na que Claudio Rodríguez Fer fai un percorrido pola vida de Ánxel Fole e unhas notas biográficas do ilustrador.



Forcadela, Manuel, *A Armada invencible*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Narrativa, nº 16, 1996, 149 pp. (ISBN: 84-8289-033-6).

Nesta nova entrega de Manuel Forcadela (Forcadela, 1958), un antropólogo algo excéntrico narra, en primeira persoa, as súas aventuras na busca dalgunha pista sobre o seu avó, don Timoteo Díaz. O antropólogo está interesado na historia e na lenda que rodea a vida do seu avó e investiga para saber qué hai de certo nos comentarios que circulan sobre as artes amatorias do vello don Timoteo, alcumado Armada invencible.

Recensións:

-L. V., "O sorriso cervantino de Manuel Forcadela", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 83, 29 setembro 1996, p. 6. Comentario no que se pon de manifesto o ton culturalista de moitas das obras de Forcadela para salientar, en cambio, a busca do grande público que en repetidas ocasións, se propón o narrador. Séguese indicando que esta nova novela é case unha obra de humor, se ben o autor indica que constitúe unha crítica ó conservadurismo e está ligada á linguaxe cervantina, á desmesura do ideal quixotesco fronte á cutre realidade. A grande baza do libro é a linguaxe barroca do protagonista.

-Francisco M. Bouzas, "De volupias e fornicios", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 139, 26 decembro 1996, p. 6.



O crítico comenta que o título do libro é o alcume do quimérico avó don Timoteo, arquetipo de tódolos vicios, que empregaba os anos finais da súa vida en “acalma-los ardores e fogacidades luciferinas, frenéticas e volcánicas da femia chamada Isolina”. O recensionista cuestiónase o carácter de novela picaresca do libro, no que, segundo di, se olla o mundo da xoldra e o trouleo burgueses e donairosos, e que imita, ademais, á perfección a linguaxe cervantina, provocando por veces a gargallada.



Gonzalves, Pedro, *Manuscrito de poeta con suicidio final*, e **Cándido Duro Domínguez**, *O xardín das matanzas*, Cambados-Pontevedra: Asociación Cultural Santa Compañía, col. Dobre Espacio, nº 1/nº 2, 1996, 57 pp./56 pp. (ISBN: 84-921671-0-6).

O *Manuscrito de poeta con suicidio final* xa fora publicado anteriormente en forma de manuscrito pola Casa da Xuventude de Ourense. Na primeira parte da obra, Pedro Gonzalves (Aveiro, 1964) mestura poemas e prosa poética de difícil clasificación. A segunda consta de tres relatos finais, nos que están presentes o sentimento de morriña e a forza da natureza.

Ver ademais no apartado de Poesía deste *Informe*, Duro Domínguez, Cándido, *O xardín das matanzas*.



Hortas, Daniel, *As leiras do Leiras (o contador de historias)*, Madrid: Ediciones Ángeles Martínez Rodríguez S. A., 1996, 227 pp. (ISBN: 84-87612-05-9).

Libro composto de vinte e catro historias marcadas polo humorismo que, segundo afirma o autor (Lugo, 1935), na súa "Nota do autor, que convén ler", "compoñen un mosaico, unha soa e mesma historia". O narrador ten varios encontros en Madrid con Xosé Leiras "O Garabullo", galego como el, e estes encontros permiten que os dous falen de asuntos relacionados con Galicia -a lingua, gastronomía, vida nas cidades, lembranzas doutros tempos, contrabando, familia, emigración. Ademais, Leiras entrégalle ó narrador historias escritas sobre personaxes galegos e diversas anécdotas que este le e, coas conversas que manteñen entre os dous, conforman o libro.

Referencias varias:

-Fernando Ramos, "As leiras de Hortas", *O Correo Galego*, "Rúa Nova", 27 xaneiro 1996, p. 3. Ramos refírese a esta primeira obra en galego de Daniel Hortas. Informa de que está constituída por un conxunto de relatos curtos nos que se reflicte a dobre personalidade do autor.

-José de Cora, "Xosé Leiras", *El Progreso*, "Apunte de hoy", 28 xaneiro 1996, p. 3. Refírese á presentación do libro en Lugo, acto ó que asistiron o articulista e Paco Rivera como presentadores. Coméntase tamén o feito de que o libro non fose galardoado co Premio Cidade de Lugo e que Daniel Hortas fixo algunha referencia a este feito.



-Xosé Díaz Jácome, "As *lerias do Leiras* contadas por Daniel Hortas", *La Voz de Galicia (Edición da Mariña)*, "Lembradoiro", 24 febreiro 1996, p. 42. Breve artigo no que se dá conta da publicación do libro *As lerias do Leiras* do escritor e periodista lugués Daniel Hortas. O Leiras é un narrador de historias que conta, nun galego popular, lembranzas da mocidade ó xeito dos contos de vellos.



Jares, Xesús R. (coord.), *Construír a paz. Cultura para a paz*, Vigo: Educadores pola paz/Edicións Xerais, decembro 1996, 350 pp. (ISBN: 84-8302-060-2).

Volume que desenvolve o motivo da paz a través de 31 ensaios de temática diversa, non sobre literatura, 43 obras plásticas e 37 colaboracións literarias. Entre as colaboracións literarias atópanse poemas e relatos, tanto para público adulto coma para o lectorado infantil, en catalán, castelán, portugués, vasco e galego. Entre a presenza narrativa, co tema central do volume xeral, os problemas da guerra e a paz, atópanse relatos de Xulio Valcárcel ("As termitas", p. 91), Xosé Cid Cabido ("Ollo presenza", pp. 108-110), Pilar Pallarés ("Construíran por entón a paz perfeita", p. 125), Xosé Neira Vilas ("Fábula do can doente", pp. 187-188), José Ángel Valente ("Paxaro de prata morta", pp. 214-215), Suso de Toro ("Tés que durmir", p. 227) e Marilar Aleixandre ("Comparecencia ante o nomeador", pp. 232-233) para os lectores adultos, mentres que para os máis pequenos escribiron relatos Xavier P. Docampo ("Déixame a min de símbolos", pp. 291-292) e Agustín Fernández Paz ("Querida avoa", pp. 308-311). Todo o complexo interxenérico aparece enriquecido co material gráfico (ilustracións e fotografía) tanto de artistas galegos coma españois.

Referencias varias:

-José Luís Álvarez, "Intelectuales y artistas de todo el mundo, unidos en un proyecto gallego por la paz", *Diario 16 de Galicia*, 7 novembro 1996, p. 7.



I.1. Narradores galegos

Informa da publicación dun libro titulado *Construír a paz. Cultura para a paz*, unha iniciativa de Xesús Jares, profesor da Universidade da Coruña. O libro conta con 31 ensaios, 37 colaboracións literarias e 43 reproducións de obras plásticas.



Lorenzo Tomé, Xavier, *O paxaro que canta un nome*, Premio Blanco Amor de Novela 1996, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 146, decembro 1996, 173 pp. (ISBN: 84-8288-094-2).

O paxaro que canta un nome, primeira novela de Xavier Lorenzo Tomé (Madrid, 1961), está artellada en catro partes tituladas “Os paus da baralla”, “Pan, queixo e marmelo”, “O paxaro que canta un nome” e “Remate, e chaves”. Na obra, o protagonista narra os seus recordos da infancia cando, xa adulto, regresa outra vez á Casa Lamela, en Albareda, na que vivira de neno coas súas tías. Despois de que os seus pais marcharan a vivir a outra cidade, o neno queda ó coidado de tres tías solteiras, Antonia, Pura e Esperanza. Alí pasa a súa infancia entre os seus días na escola, os xogos co seu amigo Ánxelo e os recordos dos augueiros que se hospedaban na Casa Lamela durante o verán para disfrutar das augas da fonte de San Brais e curar desta maneira as súas múltiples enfermidades.

Referencias varias:

-Darío Janeiro, “Lorenzo Tomé: infancia e memoria do Blanco Amor”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 129, 17 outubro 1996, p. 3. O gañador do último premio Blanco Amor de novela di do seu libro que é unha novela sobre a infancia e máis en concreto sobre a memoria na que recolle o sentir da súa propia nenez e doutras persoas. Do



título do libro, *O paxaro que canta un nome*, indícase que pretende ser unha aposta por unha voz que fale, que conte esa relación co pasado. Comenta Lorenzo Tomé que a consecución deste premio lle abre as portas para publicar e reconfortarse, xa que lle fai saber que non perdeu o tempo escribindo. Di tamén que considera positiva a súa condición de *amateur* no terreo das letras xa que deste xeito non está sometido a presións de ningún tipo.

-E. Estévez, "Xavier Lorenzo Tomé, gañador do Premio Blanco Amor", *A Nosa Terra*, nº 748, "Guieiro Cultural", 17 outubro 1996, p. 25. Neste artigo, E. Estévez informa de que o profesor de literatura galega, Xavier Lorenzo Tomé, acaba de gañalo premio Blanco Amor de novela longa, pola súa obra titulada *O paxaro que canta un nome*. Trátase, segundo o articulista, da primeira obra de Lorenzo Tomé e xira ó redor da infancia, "un tempo sobre o que nunca pensamos dun xeito razoábel. É mítico e está cheo de tópicos na nosa mente", en palabras do seu autor. No artigo ofrécese, así mesmo, un breve perfil biográfico do galardoado na XVª edición do Premio Blanco Amor.



Lourenzo González, M., *As paisaxes compartidas*, Premio de narración curta no Vº Certame Carvalho Calero 1994, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Narrativa, nº 72, xullo 1996, 132 pp. (ISBN: 84-87847-77-3).

Manuel Lourenzo (Vilaboa-Pontevedra, 1955) retoma o relato curto co obxectivo de recoller, segundo afirma nunha breve introducción, “algunhas páxinas do libro da Memoria”, “os relatos do noso pasado”, relatos que “ficarán como verdadeiros” na nosa memoria ou como “xogos inocentes para entreter as noites de longa invernia”. Ofrécensenos así nove narracións curtas, nove “paisaxes” nas que Galicia se resolve en fío conductor, en lugar común no que converxen tódalas historias. O exotismo e a lenda mestúranse coa realidade, de xeito que a “nosa historia” remata por universalizarse. Unha princesa neomía namorada dun viaxeiro galego, o Gobernador de Monforte prendado dunha muller enfeitizada, o visir de Adishén unido á condesa de Montalvo pola común afección ós paxaros, un arquitecto galego, Oracio de Teis, capaz de pecha-la soberbia nun labirinto, namorados aztecas transformados en lampreas para venceren o poder do Fillo do Sol, o pobo dos hunos refuxiados no Pico Sacro, a fermosísima princesa Kadvína transformada en serea, a cidade aérea de Muamba flotando sobre a Mariña luguesa e un bardo druída que tivera por nais a unha muller, unha cabra e unha serpe, conforman a paisanaxe deste Libro da Memoria que mereceu, en 1994, o Primeiro Premio do Vº Certame de Narración Curta “Carvalho Calero” promovido polo Concello de Ferrol.



Recensións:

-X. M^a de Castro Erroteta, "Non foi así mais poidera ter sido", *A Nosa Terra*, nº 738, "Guieiro Cultural", 8 agosto 1996, p. 23. Revela Castro Erroteta nas primeiras liñas deste artigo a renovación que se está a producir na nosa literatura, que anda "á procura de novos camiños", feito que debe interpretarse como sinal de madurez e, polo tanto, tamén motivo de ledicia. A raíz desta observación, comenta o crítico a obra de Manuel Lourenzo González e destaca o ton, a grande imaxinación e a fina ironía presentes en tódalas narracións. Conclúe incidindo na necesidade de le-la contraportada e o prólogo, "dúas chaves (...) que iluminan o texto".



Manteiga, Xavier, *Sinfonía inacabada*, Santiago de Compostela: Edicións

Positivas, col. Narrativas, abril 1996, 123 pp. (ISBN: 84-87783-35-X).

O influxo da técnica cinematográfica e a tensión narrativa desencadeante do suspense agroman de novo nesta segunda novela de Xavier Manteiga (Santiago de Compostela, 1968), tras *Morrer na herba* (1995). Ambientada en Santiago de Compostela e desenvolvida en a penas dous días, a acción céntrase no proceder dun funcionario de mediana idade, atormentado por dúas teimas: o dominio incontrolado da música sobre a súa mente e a necesidade de salva-lo seu xefe dunha suposta conspiración. Convertidas en motivos temáticos centrais catalizan a traxedia final, a “sinfonía inacabada”.

Recensións:

-R. G. “A Sinfonía inacabada do señor Troncoso”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 73, 18 xullo 1996, p. 6. O crítico informa de que Xavier Manteiga en *Sinfonía inacabada*, co escenario de Santiago de Compostela como fondo, conta os problemas dun vello funcionario, Santiago Lorenzo Troncoso, que “xunto con algún intre de ledicia, vive nunha aguria case constante”. Conclúese esta pequena recensión coas palabras dos responsables da publicación, que afirman que con esta novela “Xabier Manteiga confírmase como narrador que é, sen aderezos alleos á propia escrita”.



-M. Quintáns S., "Sinfonía inacabada: unha nova entrega de Xavier Manteiga", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 21 xullo 1996, p. 8. O crítico informa da data na que foi rematada a obra, 1992, e do feito de que permanecese inédita dende entón. Afirmo que se trata do froito dun creador mozo pero xa dono dun universo poético propio polo que circulan uns personaxes que participan dunha existencia humana moi trágica. Sen caer na trampa do discurso fácil, o autor, dísenos, fai ó lector cómplice dunhas vidas sentidas en moitas ocasións como algo próximo á propia experiencia persoal.

-F. Martínez Bouzas, "Promesa literaria", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 121, 15 agosto 1996, p. 6. Un libro novo, posuído pola ledicia e o frescor de quen narra sen experimentacións e con poucos aderezos é a primeira cualificación que se fai deste texto. A pesar do leve e inxel da entidade da historia, segundo manifesta o crítico, a habelencia narrativa do escritor convértea nunha trama abondo expositiva, que culmina nun desenlace magnífico e sorprendente.



Marcos, Xesús Manuel, *En terra perigosa*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 7, agosto 1996, 86 pp. (ISBN: 84-88137-87-7).

Xesús Manuel Marcos (Seoane do Courel, 1967) ofrece unha *road-movie* que se desenvolve non nas estradas de Arkansas senón nas corredeiras da Galicia profunda, entre curandeiros, churrascos, igrexas románicas e hidroeléctricas. E como boa *road-movie* o relato ten moitas estradas violencia e sexo servidos á velocidade de vértigo, polo que remata case coa mesma rapidez que comezara, ofrecéndonos o retrato duns personaxes marxinais vivindo ó límite e levando por diante todo aquilo que se cruzou no seu camiño.

Recensións:

-L. V., "Xesús Manuel Marcos, un curmán de Tarantino", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 84, 6 outubro 1996, p. 6. "Os resultados dos nosos novos escritores están máis cerca de *Pulp Fiction* que das cunqueiradas e os millóns de vacas" é a aseveración coa que o crítico principia o seu comentario acerca do libro de Xesús Manuel Marcos. Manifesta tamén que evoca perigosamente o guión de Quentin Tarantino no filme *Asasinos natos*, pero que o tempo se encargará de dotar ó autor dun mundo propio.



Mateo, Francisco J. (coord.), *Espidos os teus ollos*, Premios do XXIIIº Certame Literario Minerva 1995, limiar Luz Pozo Garza, Santiago de Compostela: Publicacións do Colexio Manuel Peleteiro, 1996, 132 pp. (D. L.: C-215-1996)

Tras dunha relación dos compoñentes do xurado e do limiar de Luz Pozo Garza, o volume recolle os textos premiados no XXIIIº Certame literario “Minerva”. Na primeira parte recóllense os textos de poesía e na segunda os de narrativa. Cada unha das creacións premiadas vén introducida por unha breve recensión do autor. A maquetación e o deseño da obra correron a cargo dos alumnos da aula de deseño do Colexio Manuel Peleteiro.

No “Limiar” (pp. 7-11), Luz Pozo Garza alenta ós novos autores na tarefa do cultivo da poesía e fai un percorrido por algunhas das interpretacións que a cultura occidental fixo desta arte. Inclúe tamén unha relación dos narradores e poetas que interveñen na obra.

A parte correspondente a “Narración” abrangue as pp. 67-132. Inclúense os relatos: “Areis en ton menor”, de Ester García Gómez (Primeiro Premio), “Maxia sobre o papel”, de Héctor Iglesias Corrales (Segundo Premio), “A serea no alén”, de Iria González Panizo (Terceiro Premio), “Cando a terra trema”, de Raquel Pensado Turnes, “Cousas que pasan”, de Manuel López Barreiro, “Espiral”, de Manuel Sicart Vila, “Nunha man unha bágoa e na outra o ceo”, de Rocío Leira Castro e “O día máis grande”, de Manuel Núñez Armas (Accésit). Neles, salienta a temática sobre o mundo visible e o invisible, as tribulacións dun poeta, as lendas, a esmorga, o namoro, os soños e a soidade.



Referencias varias:

-Lois Fernández, “Nombres propios”, *La Voz de Galicia*, 13 marzo 1996, p. 46. Informa Lois Fernández da presentación do libro de Carlos Barros, *Viva El-Rei* (1996) e da saída do volume que recolle os traballos de poesía e narrativa curta premiados no Certame Minerva e publicados baixo o título xenérico de *Espidos os teus ollos*.



Miranda Ruíz, Xosé, *O demo á orela*, Vigo: Edicións Xerais, col. Narrativa, 1996, 122 pp. (ISBN: 84-7507-963-9).

O demo á orela, nova entrega de Xosé Miranda Ruíz (Lugo, 1955), reúne unha escolma de dezaioito relatos breves. Trátase dun conxunto de narracións de temática variada, caracterizados pola súa sucesión no tempo. O primeiro deles, titulado “Sombras na caverna”, recrea a vida das civilizacións primitivas; o último, “Boa vontade”, narra unha historia próxima no tempo á época actual. En conxunto, o volume constitúe un itinerario pola historia da civilización galega, dende tempos prehistóricos ata un período relativamente recente, a través dunha ampla tipoloxía de personaxes dedicados a toda clase de oficios e profesións.

Recensións:

-M. R., “O demo á orela de Xosé Miranda”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 58, 4 abril 1996, p. 6. O fío argumental dun dos 18 relatos curtos que integran o libro de Xosé Miranda constitúe o motivo principal do comentario do recensionista. Tamén se fai referencia á ambientación das narracións, inspiradas en distintas épocas da historia.

-Ignacio Chao, “A lírica da barbarie”, *El Mundo*, “Biblioteca”, 21 abril 1996, p. 4.



“Nace a literatura de Miranda da comunión entre unha turbillenta vocación e unha rexa concepción do oficio”. Con estas palabras abre Ignacio Chao o seu artigo centrado na obra *O demo á orella*, de Xosé Miranda. Salienta ademais o continuo proceso de experimentación literaria do autor que acolle estilos, escenarios e tempos diferentes, sempre sen renunciar ó constante exercicio dunha fantasía dominada pola lírica. Nestes relatos, continúa Chao, o autor xoga a imaxinar cómo puideron ser certas vidas recoñecibles só a grandes trazos e dende a parcialidade de “urdilas en base á barbarie de cada época”.

Xosé M. Eiré, “Preséncia do tempo”, *A Nosa Terra*, nº 726, “Guieiro Cultural”, 16 maio 1996, p. 23. Ábrese este artigo indicando que o tempo é o protagonista deste “mosaico no que se reflecte a historia da nosa humanidade” que é o libro de relatos de Xosé Miranda. Pero é, apunta o crítico, un tempo con tres misións diferentes: se-lo fío conductor, posibilitar unha interpretación unitaria do conxunto dos relatos e ser soporte de cada unha das vidas ficcionadas. En referencia ó estilo da obra, Xosé M. Eiré salienta a variedade narrativa e a brevidade na oración. Comenta ademais o papel da relixión nos relatos (como axente explicativo da realidade humana).

Xosé Manuel Enríquez, “*O demo á orella*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXVII, 1 xuño 1996,

3. A escrita tersa e xusta de Xosé Miranda é o primeiro que chama a atención de Xosé Manuel Enríquez, quen afirma que este é un escritor con oficio. Respecto da obra comenta que se trata dun libro de biografías que, a partir da peripecia individual, leva a un percorrido literario pola nosa historia común, que remata abocándonos a unha desesperanza certa. Non se trata pois dun canto vitalista senón todo o contrario: unha sucesión inevitable de desgracias. Anota tamén o desafortunado do título que non se corresponde co contido da obra. Por último anima ó autor a “ousar a aventura fóra das praias, no mar alto, para probarse a si mesmo e a nós, lectores, que é quen de nadar e non afogar”.



F. Martínez Bouzas, "Chea de arrepíos", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 115, 4 xullo 1996,

6. Indícase que a estrutura do libro consiste nun conxunto de relatos curtos que conteñen historias de medos, espantos e arrepíos. As ficcións deste autor, salienta o comentarista, ademais de confirma-la guerra de todo home contra todo home e do *homo sapiens* face o *homo demens*. A eiva que o crítico lle indica ó autor é a de que non penetre na época actual, que é, ó seu ver, a de maior asaño e violencia da historia.

Amelia Rodríguez Esteves, "Unha historia da Historia", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 21 xullo 1996,

8. Comentario que salienta o predominio da narración breve sobre calquera outro tipo de xénero narrativo. *O demo á orella* componse de dezoito relatos breves independentes nos que vemos avanza-la Galicia dende a Prehistoria ata a Idade Moderna, pasando pola época castrexa, a romanización e a Idade Media. Este percorrido está conformado por unha multitude de oficios, profesións e personaxes diversos que viven marcados "por algunha sorte de desgracia que remata nun trágico final". No conxunto chama a atención o conto "O gran pavor", no que se narra a mesma historia de dúas maneiras distintas. Por último destácase o feito de que esta última entrega narrativa de Xosé Miranda é "unha idea orixinal que se resolve nun libro desigual tanto na forma como nos contidos".

Referencias varias:

-Antón Grande, "Mañá preséntase en Lugo o libro de relatos de Xosé Miranda *O demo á orella*", *El Progreso*, 23 abril 1996, p. 52.



Informa da presentación da obra de Xosé Miranda *O demo á orella*, “un libro de relatos, en realidade, vidas imaxinarias de persoas contadas moi brevemente en seis ou sete páxinas, en distintas épocas históricas, empezando na prehistoria e rematando no século XIX”, en palabras do seu autor.

-Miguel Anxo Fernán-Vello, “Catro obras para ler”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 9 maio 1996, p. 3.
Ver Araújo, Emilio, *Tempos serodios*, nestas páxinas.



Navaza, Gonzalo, *Erros e Tánatos*, Vigo: Edicións Xerais, col Narrativa, 1996, 126 pp. (ISBN:84-7507-981-4).

Gonzalo Navaza (Lalín, 1957) achéganos nesta obra un conxunto de dez textos narrativos breves nos que alternan os narradores testemuños en primeira persoa cos narradores omniscientes en terceira persoa. Un dos temas centrais, que aparece na maioría dos relatos, é o engano, nas súas diversas manifestacións, tendo ós protagonistas ben como axentes ou ben como pacientes do mesmo. O desenlace, tamén provocado polo tema antes mencionado, é case sempre imprevisible e sorprendente, por veces violento, chegando á morte dalgún dos personaxes. O espacio e o tempo varían dun a outro relato, alternando ambientes galegos con europeos e americanos. O autor, apoiándose na intriga, na ironía e nas estruturas narrativas, consegue mante-la atención do lector ó longo de toda a narración.

Recensións:

-Ramón Gutiérrez Izquierdo, "O sabor do conto. Acerca de *Erros e Tánatos*, de Gonzalo Navaza", *A Trabe de Ouro*, "Publicacións", nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio-xuño 1996, pp. 145-147. Comeza o crítico cunha cita de Wittgenstein, "Todo o que se pode dicir, pode dicirse con claridad" que, segundo el, semella servir de norte para a planificación literaria de *Erros e Tánatos*, obra que "aparece con vocación de clásico". Indica, en primeiro lugar, o tema xenérico da obra, os retallos de vidas que se volven memorables por mor dunha equivocación e nos que subxace certa ironía e un perfilado tratamento



do espacio. Tamén observa unha inversión dos valores comúns atribuídos a diferentes arquetipos e finalmente analiza brevemente as distintas historias e afirma que esta obra “contén relatos dignos de figurar en calquera antoloxía do conto galego”.

-Carlos L. Bernárdez, “*Erros e Tánatos*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXVII, 1 xuño 1996, p. 1. O crítico afirma que “non é só un magnífico libro”, senón que ademais é “un dos máis estimulantes conxuntos de relatos”, “solidamente estruturado e escritos nunha lingua de enorme calidade e precisión”. Sinala tamén o uso que o autor fai do engano, do equívoco e da estrutura de fórmula clásica así como a utilización irónica do clímax, características todas elas xa rastrexables nos seus anteriores libros, segundo Bernárdez.

-Xavier Castro R., “Eros e destrucción”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 9 xuño 1996, p. 7. Destaca o autor da recensión a prosa breve “que o lector saberá agradecer” así como a liña equilibrada na composición e interese dos relatos. Trátase, en opinión de Xavier Castro, dun traballo magnífico no que se mestura atinadamente a claridade narrativa, a dosificación da traxedia e os finais imprevisibles. Conclúe Castro afirmando que hai moito de homenaxe nesta obra, “especialmente ó tempo pasado (...) e cara ó individuo en xeral”.

-Xosé M. Eiré, “O imprevisto ameno”, *A Nosa Terra*, nº 730, “*Guieiro Cultural*”, 13 xuño 1996, p. 23. Tras facer unha introducción sobre a situación da literatura actual, Xosé M. Eiré céntrase en *Erros e Tánatos*, do que sinala que se trata de relatos “ben contados”, que resultan “amenos”, debido á súa “leitura sinxela”, sen efectismos, e que todos eles teñen en común o desenlace imprevisto pero lóxico. Apunta, sen embargo, que non existe uniformidade na cualidade dos mesmos e conclúe que “é unha obra coidada, sen alardes e ben resolta”.



-X. A., "A chamada dos clásicos", *Atlántico Diario*, 28 xuño 1996, p. 40. Análise conxunta dos libros *A da Alba Sería*, de Lalo Vázquez Xil e *Erros e Tánatos*, de Gonzalo Navaza. Sinala o comentarista que Gonzalo Navaza, no título, deste seu primeiro volume de relatos, continúa o xogo de palabras do anterior poemario *A torre da derrota*. O libro, composto por dez "esquisitas historias breves, na mellor tradición dos grandes autores do relato curto", caracterízase fundamentalmente polo seu humor e sutil ironía, aspectos que salienta no primeiro dos relatos configurado por unha viaxe esclarecedora na que os erros e a impostura conducen inexorablemente cara ó tanatos da sorpresa final.

F. Martínez Bouzas, "Gozosa literatura", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 120, 8 agosto 1996,

6. A boa vertebración da estrutura narrativa deste libro de relatos converte, en opinión do crítico, a claridade expositiva na máxima virtude do libro. A seguir, ponse de manifesto a substancia dunhas historias ateigadas de sobriedade narrativa, de acontecementos que se suceden ata unha realización final sempre sorpresiva, por veces, nos territorios da morte. A significatividade do xogo de palabras do título apúntase como compendio sobranceiro do contido da publicación.

Referencias varias:

-Anxo Tarrío Varela, "Os simpáticos Erros de Gonzalo Navaza", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 28 abril 1996, p. 3. Refírese á colección de contos de Gonzalo Navaza, *Erros e Tánatos*, que considera un bo exemplo de literatura galega entretida, xa que ofrece historias doadamente recoñecibles e próximas ó lector no contexto do relato urbano con algunhas incursións no ámbito rural.



-A. D., "Dos obras literarias se presentan mañana en Vigo", *Atlántico Diario*, 29 abril 1996, p. 4. Breve referencia ás presentacións en Vigo das obras *Erros e Tánatos*, de Gonzalo Navaza e *Os nomes da terra de Vigo* (1996), de Gerardo Sacau Rodríguez.

-María Xosé Porteiro, "Gonzalo Navaza. A finalidade primordial da literatura é proporcionar pracer", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano I, nº 63, 9 maio 1996, p. 5. Diálogo con este escritor, a raíz da publicación do seu último libro, *Erros e Tánatos* (1996), do cal se indica a súa feitura clásica e ton irónico. O escritor manifesta que botou man de elementos da Cábala e do Tarot para a simboloxía doutro libro seu, *A torre da derrota* (1992). Indícase que o trazo definitorio deste escritor é a súa profesión de filólogo. A conciencia na singularidade propia de Galicia como pobo e a extensión da súa lingua son apuntadas por Gonzalo Navaza como elementos fundamentais no labor de contribución dos galegos.

-E. C., "Gonzalo Navaza: Pretendo facer unha literatura gozosa", *O Correo Galego*, 31 maio 1996, p. 35. Artigo que reproduce parte dos comentarios de presentación en Santiago da obra de Gonzalo Navaza *Erros e Tánatos*. En primeiro lugar figuran as palabras do editor, Manuel Bragado, quen salientou a mestría da construción argumental da obra; a continuación interveu o propio autor que sinalou que o humor é a nota predominante, indicou en qué consiste para el facer un conto e negou a intencionalidade no estilo. Pecharon o acto Camino Noia, quen se referiu ós ingredientes fundamentais do conto, e Manuel Outeiriño, que analizou brevemente o estilo.

-A. G. N., "Alfredo Conde presentó en Santiago su último libro *A casa de Adara*", *Diario de Pontevedra*, 31 maio 1996, p. 30. Ver Conde, Alfredo, *A casa de Adara*, nestas páxinas.



-Alfredo Conde, "De onte a hoxe, vai un libro", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 3 xuño 1996, p. 48/p. 4. Conde comenta a súa lectura de *Erros e Tánatos* (1996), de Gonzalo Navaza, influído pola obra do mesmo autor, *A torre da derrota* (1992), obra que considera un exemplo de brillante exercicio léxico e de equilibrio arquitectónico, aínda que non a considera unha obra do seu gusto, precisamente pola súa desmesura. Lamenta que *Erros e Tánatos* chegase con atraso a un concurso para narracións galegas, xa que iso determinou que non fose premiado, o que constitúe un erro, segundo Conde.

-Olga Osorio/I. G., "*Erros e Tánatos*: un irónico achegamento narrativo á morte", *El Ideal Gallego*, 8 xuño 1996. Alude o escritor a que o título do seu libro de relatos vén a conto dos contidos, xa que en tódolos relatos declara que hai algunha morte ou que pode habela, provocada por algunha confusión ou erro. Di que empregou no libro unha linguaxe simple, unha economía de linguaxe, xa que lle interesaba máis a narratividade que a reflexión. Confesa empregar Gonzalo Navaza os trucos da narrativa detectivesca, a intriga, sobre todo na dosificación da historia.

-Carina Regueiro, "As fábulas erráticas de Gonzalo Navaza", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 112, 13 xuño 1996, p. 4. Dise que Navaza é un escritor, traductor e grande lector, de estilo transparente que procura a palabra limpa e sen subterfuxios poéticos, e que en *Erros e Tánatos* se estenden os límites reais de vivencias propias e alleas coa súa fantasía e ensoñación, converténdoo en literatura. Para Carina Regueiro o libro é un xogo de acción, vida e morte, no que o autor envolve os seus personaxes nunha aura mortal á que se ven arrastrados polos seus propios erros. Pola súa banda, o escritor di que lle interesa o humor como antídoto contra o fanatismo e a intolerancia e que intenta que as palabras se manifesten a si mesmas sen que haxa ruidos, polo que o mellor é que a palabra sexa o máis transparente posible.



I.1. Narradores galegos

-Marcos Valcárcel, "De feiras e de libros", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 14 xuño 1996, p. 3.
Ver Casares, Carlos *Deus sentado nun sillón azul*, nestas páxinas.



New, Isy, *Por unha presa de machacantes*, ilustr. Quique Bordell, A Coruña:
Edicións Positivas, col. Popular, nº 3, 1996, 142 pp. (ISBN: 84-87783-41-4).

O libro de comeza cun limiar onde o propio autor nos introduce na obra cun pequeno resumo no que presenta o personaxe Chuchy Race e afirma que nada do que está escrito “é verdadeiramente verdade” pero podería servir de base “para o guión do primeiro ‘nabo-westen’ que alguén atrevido queira levar nun futuro á pantalla”. O texto préntase dividido en 15 capítulos que contan coas ilustracións de Quique Bordell. Neles vai artellando as aventuras de Chuchy Race, que constrúen unha historia con tódolos ingredientes do xénero do Far West. Os distintos personaxes van desfilando por lugares como Hollywood City, Holyspring (Fonsagrada), Country Castle (Campo Castelo) ou o Rancho R&R (Rubio e Roldán).



Pérez Lapique, Patricia, *As columnas de Excelsio Expósito*, xustificación Isaac Díaz Pardo, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa, xuño 1996, 88 pp. (ISBN: 84-7492-804-4).

Nesta novela de Patricia Pérez Lapique (Canarias, 1965), o protagonista, Excelsio Expósito, narra en primeira persoa todo tipo de circunstancias que poden pasar pola mente humana. Por medio dunha redacción en dúas columnas, Excelsio fala da súa vocación de escritor, da vida cotiá, da incomunicación, da pseudointelectualidade, da soidade, das relacións entre o home e a muller no contexto familiar, etc. Aínda que se declara depresivo, o protagonista proporciona consellos, a modo de sentencias, sobre como disfruta-la vida. Por último, reflexiona sobre a mesma novela que escribe e sobre o rol do escritor e remata anunciando que superou a súa depresión e que espera servir de axuda ó lector.



Queipo, Xavier, *O paso do noroeste*, ex aequo ó VIIIº Premio de Novela Manuel García Barros 1996, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Medusa, 1996, 176 pp. (ISBN: 84-7824-287-2).

O paso do noroeste, de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) narra a historia dunha expedición do navío francés L'Épée na busca dun paso polo noroeste que leve a Xapón e á China. O relato iníciase cun comentario do compilador da historia e preséntase como “un compendio das notas do capitán Christophe de Simonet, barón de Duchesnoy”. Trátase dunha novela de aventuras, dividida en trece capítulos, que se inicia coa partida da fragata do porto de Brest e remata coa morte do seu capitán na abadía de Saint-Michel, en Normandía. No decurso da viaxe, sofren unha serie de tempestades violentas, quedan illados polo xeo preto da baía de Hudson, atópanse con animais descoñecidos, visitan algún porto baleiro e naufragan nas proximidades do arquipélago das Azores. Pasado o tempo, o capitán Duchesnoy morre a consecuencia dunha longa enfermidade, despois de redactar unha crónica detallada da súa viaxe. A obra remata cunha nota do compilador, un “relatorio presentado á Academia das Ciencias polo profesor De Vremont sobre a desaparición do navío” e unha comunicación á citada Academia dunha serie de descubrimentos científicos.



Queipo, Xavier, *Mundiños*, debuxos de Ce Tomé, Vigo: Edicións Xerais, col. Ferros, nº 10, 1996, 97 pp. (ISBN: 84-8302-079-3).

O volume está constituído por unha serie de apuntamentos de curta extensión ordenados polo azar da vida, segundo manifesta Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) no limiar. Neles, entre outros temas, o narrador reflexiona sobre o canibalismo da cultura occidental, as diferentes representacións do maligno, a simboloxía dalgúns elementos da natureza, a existencia de Pernambuco ou o sexo na terceira idade. En xeral, a partir dun dato relacionado co mundo natural o autor artella un texto narrativo que fluctúa entre o relato ficticio e o científico.



Reigosa, Carlos G., *A guerra do tabaco*, Vigo: Edicións Xerais, col. Negra, nº 11, 1996, 216 pp. (ISBN: 84-8302-061-0).

Carlos G. Reigosa (Pastoriza, 1948) engade con *A guerra do tabaco* un terceiro título á serie de novelas negras protagonizadas polo detective Nivardo Castro -*Crime en Compostela* e *O misterio do barco perdido*. Coas rías galegas como marco, a novela recrea o mundo do contrabando do tabaco no noso país. Varios mortos e un suposto intruso no negocio desencadean unha “guerra do tabaco” entre os “amos do fume”. Estes acontecementos serán o punto de partida para as investigacións do xornalista Carlos Conde e o detective Nivardo Castro. Ámbolos dous veranse inmersos nunha acción vertixinosa, transformados en cebo dunha operación policial que culmina a obra.



Riveiro Coello, Antón, *Parque central e outros relatos*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 8, agosto 1996, 111 pp. (ISBN: 84-88137-88-5).

Colectánea de cinco relatos de Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia-Ourense, 1964), caracterizados polo especial manexo do recurso da intriga, a proximidade ó xénero negro e a elaboración dunha particular linguaxe chea de lirismo. O amor, o crime, a vinganza e a paixón son os temas fundamentais deste libro. “Parque central” narra de xeito envolvente, en sete partes, o asasinato e vinganza dun vendedor de droga. “Vikings” achéganos a unha historia de amores, traizóns e vinganzas. “Historia da pusilanimidade” preséntanos a un estraño personaxe que procura a liberación da súa timidez nas veas escuras da noite. “O poster de Inés” é un breve relato que ten como temática unha peculiar paixón amorosa. Finalmente, “Os corvos” preséntanos a un excéntrico protagonista que non logra distinguir entre o plano da realidade e o da ficción.



Rodrigues Fernandes, José Ramom, (Moncho do Fidalgo), *Contos do outono*,
ilustr. Áureo da Piedade Mendes, Madrid: Renovação Edições-Embaixada
Galega da Cultura, 1996, 54 pp. (ISBN: 84-605-4692-6).

José Ramóm Rodrigues Fernandes (Penaxubeira, O Incio) presenta un volume que reúne cinco relatos, dous deles xa publicados con anterioridade en *Cadernos do povo* (“Na procura das moedas perdidas” e “Neologismo metafísico”). O libro ábrese cunha presentación do narrador, Jorge Luís Argís da Pena, que recolle as historias que lle proporciona o “Serenio”. O tema máis reiterado é a vellez, que aparece en tres dos relatos, protagonizados por personaxes que senten a morte moi preto. Así, responden a este esquema “Anastasinho, o da filarmónica” -protagonizado por un vello emigrado na Arxentina que constrúe os seus recordos sobre un regalo de Reis da súa nenez-, “Na procura das moedas perdidas” -un vello que volve á súa terra dende o Brasil facéndose pasar por pobre, probando así a xenerosidade dos seus parentes- e “A derradeira primavera” -historia dun vello fidalgo que espera a morte no pazo familiar e compara o presente de Galicia co seu pasado. Inclúense, ademais, un relato localizado na guerra de Bosnia e un relato alegórico.



Rodríguez Baixeras, Antonio, *Días de pedra*, Vigo: Nigra, col. Tusi Tala, 1996,
132 pp. (ISBN: 84-87709-49-4).

Trátase dun relato no que o autor (Ribadeo-Lugo, 1950) nos presenta ó personaxe Pedro López, un acaudalado home de negocios secuestrado por un grupo de descoñecidos. Os captores lévano a unha cova natural da que só se pode saír gabeando pola parede, case lisa, dunha montaña. López, con grande tesón e constancia, prepara concienzudamente a súa fuxida. Pola súa mente van pasando as circunstancias da súa vida: a esposa, os fillos, o traballo... Todo se volve secundario nun momento en que tódalas enerxías do secuestrado se centran no intre, tan perigoso coma desexado, de agatuñar pola parede, na procura desesperada da liberdade ou da morte.



Rodríguez Troncoso, Manuel, *Raíces rurais*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Narrativa, 1996, 194 pp. (ISBN: 84-7492-777-3).

Raíces rurais é unha novela que ten a súa orixe nas observacións que Manuel Rodríguez Troncoso (Guntín-A Cañiza, 1926) fixo sobre o medio rural galego. Está artellada en vintedous capítulos, un limiar do poeta chairego Manuel María e un epílogo. No “Limiar”, preséntase a obra como “un canto emocionado a un xeito de vida que desaparece, substituído non sabemos ben como nin de que xeito, nin porqué”. Os vintedous capítulos teñen como protagonista colectivo ós habitantes dunha aldea da Cañiza, representante de calquera pobo galego. A historia comeza ó remate da guerra civil española e chega case ata os nosos días; trátase dunha crónica vivida que se achega ós costumes, tradicións, crenzas, traballos e, sobre todo, ás vidas cotiás duns homes e mulleres fondamente marcados pola monotonía e a conformidade. Finalmente, no “Epílogo”, alúdese ó carácter ficticio do protagonista colectivo desta obra que axuda a comprender a realidade galega e contén un valor literario, testemuñal e etnográfico.



Salgado, Victoria e Paulino **Pereiro**, *Entre dous. Entre ouro e olvido*, A Coruña: Bahía Edicións, col. Bahía Narrativa (Novela), nº 6, xuño 1996, 190 pp. (ISBN: 84-87674-97-6).

Relato de Victoria Salgado (*A Capela*, 1960) e Paulino Pereiro (*A Coruña*, 1957), escrito a dúas mans, que conta a historia dun home e dunha muller, ou quizais a historia de tódolos amores e das dificultades para levalos a bo porto. Unha psiquiatra, Xulia, e un pintor, Alberte, empezan un xogo, a medias psicolóxico, a medias amoroso, ensaiando unha nova forma de amar que queda niso mesmo, nun ensaio, nun intento fracasado. Deste fracaso, vital e amoroso, participan outros personaxes, artistas na súa maioría, como Alberte, que unen ós seus propios fracasos amorosos o fracaso da súa arte.



Santos Cabanas, Xosé Luís, *De noxos e de brétema: contos*, ilustr. Xan Pardiñas, Perillo-Oleiros (A Coruña): Ed. Noroeste, col. Narrativa Galega, 1996, 118 pp. (ISBN: 84-921561-9-8).

Trátase da primeira publicación individual de Xosé Luís Santos Cabanas (Santiago de Compostela) e nela recolle un conxunto de dez contos breves titulados “Crónica”, “Luns”, “Ano vello”, “Corpo no espello”, “A Meiga Vermella”, “Solpor: conto sen mar”, “Cirurxía”, “Remember Vietman, please”, “Algún día iremos á antiga cidade de Antioquía” e “Na brétema”. Neles, o autor amosa a súa preocupación e preferencia pola xente máis sinxela e humilde, unha fonda inquietude socio-política e un desexo de chegar a disfrutar dun mundo mellor. Para isto, ofrece unha serie de anécdotas triviais, dende a sensación que se pode experimentar un luns pola mañá, a imaxe da praza da Quintana nun día chuvioso ou a visita dun amigo polo ano vello ata os recordos dun pasado máis agradable que o presente.



Seijas, María Otilia, *Ninguén suspira por ela*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Narrativa, 1996, 124 pp. (ISBN: 84-7492-794-3).

Ninguén suspira por ela é a primeira novela en galego de Otilia Seijas (Lugo, 1936), ata o de agora escritora en castelán. A obra está precedida dun prólogo no que se avoga pola toma de conciencia sobre a marxinação da vellez, e está dedicada ás xovas mestras de aldeas arredadas. Un narrador omnisciente conta como unha rapaza orfa sobrevive nunha poderosa casa labrega, na que a nai tenta eliminar canto herdeiro haxa do legado polo seu home. Neste ambiente degradado, interveñen o médico e un garda civil, que axudarán á rapaza a desensarillala situación. O ton folletinesco vese complementado por varias relacións ilícitas. A novela vai seguida dun conto infantil titulado "O neno rey", no que se xoga con motivos bíblicos.

Referencias varias:

-Aníbal C. Malvar, "Otilia", *El Mundo*, "Galicia aberta", 18 xaneiro 1996, p. 7. Crítica da primeira novela en galego de Otilia Seijas. Irónizase sobre o feito de que autora comentase que a novela era "una parte melancólica y otra escandalosilla" e de que confesase que lle prexudicaba literariamente que o seu marido fose o Conselleiro de Cultura.

-Antón Fraguas Fraguas, "A novela de Otilia Seijas", *O Correo Galego*, "Lecer", 16 xuño 1996, p. XX.



Presentación da novela de Otilia Seijas, *Ninguén suspira por ela*, na que o profesor Fraguas, despois de reproducir-la dedicatoria coa que se inicia o libro, fai unha semblanza de cada un dos personaxes principais e, ó mesmo tempo, destaca os aspectos argumentais máis interesantes da novela. Sinala así mesmo que o libro remata cun conto.



Seixas, Manuel, *A velocidade do frío*, Premio Xerais de Novela 1996, Vigo:

Edicións Xerais, col. Narrativa, 1996, 293 pp. (ISBN: 84-8302-068-8).

Manuel Seixas (Vilagarcía de Arousa, 1961) acadou con *A velocidade do frío* o Premio Xerais de Novela 1996. Obra de intriga e de profundización nas relacións humanas, céntrase en dúas liñas argumentais paralelas que se unifican ó media-la novela para converxer nun único núcleo temático. Xabier, traballador do vidro nunha fábrica de Vigo, sofre as mortes da súa muller e da súa filla nun accidente de tráfico. Moncho, empresario lugués, está torturado polo asasinato e violación da súa muller cando esta ía no coche ó traballo. O instinto maquinal asasino, personificado nos coches e na estrada, toma corpo nestes homes e tórnase fío conductor e xermolo da novela.

Referencias varias:

-Xoán Acuña, "Manuel Seixas, un roqueiro da literatura galega", *Atlántico Diario*, 28 outubro 1996, p. 47. Entrevista con Manuel Seixas na que o autor confesa que para el foi unha sorpresa gaña-lo Premio Xerais e mesmo pensou que se tratara dunha broma. A respecto da obra comenta que se sente en certo xeito identificado cun dos seus personaxes, pois "todos temos un pouco de Jekyll e Hyde" e que a súa obsesión polos coches se debe a que non son máis que un reflexo da soedade e da deshumanización do mundo actual. Conclúe afirmando ser, ante todo, profesor e que só comezou a escribir como unha especie de terapia ocupacional.



Seixas, Manuel, *Viñeron do espacio interior*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativa, maio 1996, 157 pp. (ISBN: 84-87783-37-6).

Libro de relatos estruturado en tres partes que levan como títulos: “Despegue”, “Voo” e “Ateraxe”. Baixo estas tres denominacións agrúpanse relatos nos que se mestura a narrativa en primeira e terceira persoa, parecen relatos independentes pero ó final desvélese unha certa conexión entre eles. O autor mergúllanos nun mundo actual que flúe a unha velocidade de vertixe. Detense momentaneamente en diversos aspectos da vida, das relacións humanas, do poder, das institucións, do amor, da morte, da vida, dos roles que xoga cada individuo na nosa sociedade e da impotencia deste fronte ó sistema asoballador. Os recordos vividos mestúranse cun presente confuso, as historias lineais confúndense co discurso racional/irracional da palabra inmediata, a experiencia persoal é vivenciada en cada liña, en cada palabra do discurso narrativo. Co relato “Cemento”, Manuel Seixas (Vilagarcía de Arousa, 1961) gañou o premio de novela curta do concello de Marín en 1994.

Recensións:

-R. G. “Relatos que viñeron do espacio interior”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 69, 20 xuño 1996, p. 6. Neste breve comentario sobre este libro de relatos salientase que constitúe a primeira contribución de Manuel Seixas ó panorama da narrativa galega actual e que os nove relatos que compoñen o libro



estean, á súa vez, agrupados en tres apartados “que son os de despegue, voo e aterraxe”. Continúa a análise destacando a presenza continua da violencia cotiá, ademais doutros factores como a compoñente intimista, a reflexión, o cuestionamento do incuestionable, a tenrura, o amor e o desamor xunto coa crítica sutil ou descarnada. Menciónase tamén que co relato “Cemento, os do 5º A” gañou o Premio de Novela Curta do Concello de Marín na edición de 1994.

-F. Martínez Bouzas, “Literatura pringadilla”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 134, 21 novembro 1996, p. 6. Realiza o crítico unha reflexión sobre aqueles libros nos que non se conta unha trama cos elementos canónicos, senón só impresións efémeras e fuxidías. Afirmo que este libro de Manuel Seixas foi o que motivou a súa reflexión e que non resulta da súa devoción, xa que, na súa opinión, a narrativa debe empolicarnos nun ceo de sensacións pracenteiras ou salferir con algunha das súas migalliñas. Sen embargo, engade que libros como este teñen dereito a existir, xa que se ensaian novas rutas e camiños e gaba que unha pequena editora se atreva con esta sorte de literatura.



Toro, Suso de (coord.), *Berra liberdade*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 137, febreiro 1996, 206 pp. (ISBN: 84-8288-034-9).

Preséntase esta obra como un “vehículo de transmisión dos ideais de xustiza e liberdade”. Os autores que se inclúen, algúns noveis e outros cunha dilatada traxectoria na literatura galega, decláranse no limiar moi comprometidos coa “utopía humanista “ que representa Amnistía Internacional. A antoloxía péchase cun “Anexo” no que se explican as actividades da antedita organización humanitaria e que inclúe a Declaración Internacional dos Dereitos Humanos. *Berra Liberdade*, coordinado por Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956), recolle quince textos narrativos e tres poéticos doutros tantos escritores galegos que cederon os seus dereitos a beneficio de Amnistía Internacional. A parte correspondente ós textos narrativos desglósase do seguinte xeito:

-Xavier Alcalá, “O petiso Montotto”, p. 11-32. Este relato de Xavier Alcalá (Miguelturra-Ciudad Real, 1947), xa publicado en *Contos das Américas*, é a historia de Juan Francisco Montoto Veiga, un emigrante galego na América que morre nunha revolución obreira.

-Xosé M^a Álvarez Cáccamo, “Por apoio á rebelión”, pp. 33-38. Texto recollido do libro *Microtopofanías*, de Xosé M^a Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), no que o protagonista corentón lembra a súa estancia no instituto en tempo da posguerra.



- Ricardo Beiras García-Sabell, "Ida e volta", pp. 39-51. Relato de Ricardo Beiras (Santiago de Compostela, 1965), predominantemente descritivo que tenta contrapoñe-la vida no medio rural á vida urbana.
- Xosé Manuel Blanco, "A parábola de Matías Crouso", pp. 53-57. Recolle a historia de Matías Crouso, un home que foxe da súa terra e gasta os seus aforros, vivindo só por e para a fe.
- Guillermo Chorén, "O pano azul", pp. 59-63. Un mozo é golpeado por unha banda de "cabezas rapadas" nas rúas de Compostela.
- Francisco X. Fernández Naval, "...E un mencer", pp. 65-73. Está incluído en *Sete noites e un mencer*, de Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956). Relata o progresivo deterioro das relacións entre unha muller e o seu irmán, que conducirá a que el a "alugue" para a prostitución.
- Bieito Iglesias, "Conta os latexos", pp. 75-107. Este relato de Bieito Iglesias (Quintián-Ourense, 1957) recolle a visita dun galego a Cuba para disfrutar da paisaxe e facer "turismo sexual".
- Paco Martín, "O estadio", pp. 109-117. Os feitos narrados en "O estadio", de Paco Martín (Recatelo-Lugo, 1940) sitúanse nunha época de guerra e teñen como marco espacial un estadio deportivo.



-Xosé M. Martínez Oca, “Un arrecendo de rosas”, pp. 119-144. Publicado xa polo veterano autor (A Estrada, 1942) en *Os chapurros*, é a historia dun home só, que lembra a súa mocidade e os seus compañeiros. Para supera-la soedade refúxiase no alcol.

-Miguel-Anxo Murado, “Insomnio”, pp. 145-148. O autor lugués (Lugo, 1965) publicara este relato en *Ruído*, e está ambientado na guerra dos Balcáns.

-Xavier Queipo, “O xardín das ideas circulares”, pp. 149-155. Este relato de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) desenvolve unha historia de amor con final infeliz, que ten como peculiaridade o espacio pechado e privado de liberdade no que transcorre.

-M^a Xosé Queizán, “O vendedor de alfombras”, pp. 157-161. M^a Xosé Queizán (Vigo, 1939) ofrécenos unha recreación de poemas do libro *Fóra de min* na que describe a situación dos vendedores ambulantes africanos no noso país.

-Xesús Rábade Paredes, “Do presidio de Branca en Martiño Pinarío de Santiago, con audiencias, inquisicións e torturas que practicou con ela o Santo Oficio”, pp. 163-168. Este fragmento de *Branca de Loboso*, de Xesús Rábade Paredes (Cospeito-Lugo, 1949) recolle a comparencia da protagonista da novela diante do tribunal da Inquisición e a posterior condena á que é sometida.



-Suso de Toro, "Ruídos de gato", pp. 169-176. O relato de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) achéganos á inseguridade na que vive o novo inquilino dun piso debido ós misteriosos ruídos que escoita e ós estraños personaxes que o perseguen.

-Xelís de Toro, "Descrición dun cuarto" pp. 181-186. Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) colabora neste volume cun relato centrado na descrición pormenorizada dunha habitación.

Recensións:

X. Luís Fernández Pérez, "Escritores galegos por Amnistía Internacional", *Grial*, nº 130, abril-maio-xuño 1996, Tomo XXXIV, 1996, pp. 263-264.

Luís Fernández recensiona o conxunto de quince relatos e tres poemas de diversos autores da actualidade galega que conforman a obra *Berra liberdade*. Na súa opinión, a obra é un "voto directo á organización Amnistía Internacional", unha aposta polos "vellos valores que acometen (...) no estancamento das inxustizas e privacións dos dereitos humanos"; sinala ademais algúns dos temas tratados: a emigración, a dor polo desterro, a guerra ou o fracaso do amor son algúns dos temas tratados e menciona outras obras dos autores que participan no libro.

Teresa Monteagudo, "Axudar a Amnistía Internacional", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 14 abril 1996, 6.



Indícase o heteroxéneo do conxunto de textos, na maioría relatos breves, que compoñen este volume. A carón dunha sucinta caracterización temática dos relatos, indícase, como común denominador o fío conductor composto pola denuncia dalgún tipo de opresión social.

-F. Martínez Bouzas, “De utopistas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 111, 6 xuño 1996, p. 6. Ponse de manifesto a aposta por ideais e utopías humanistas de cada un dos autores que participa no libro. No que se refire á cualidade literaria da mostra, o articulista considera que esta é irregular, tal como corresponde a unha publicación miscelánea que amalgama relato curto con poesía e recreación poética.

-Susó Amado, “Escritores galegos por Amnistía Internacional”, *Ar!*, “*Cultura*”, nº 7-8, primavera-verán 1996, p. 57. Recensión do volume colectivo *Berra liberdade* (1996) que contén narracións, poemas e ensaios de 18 autores galegos. Entre tódalas colaboracións destaca Suso Amado o conto “Un arrecendo a Rosas”, de Xosé Manuel Martínez Oca, no que se relata a persecución, violencia e tortura á que é sometido o protagonista principal do relato, polo que Suso Amado o considera “acertado” para a inclusión neste libro.

Referencias varias:

-P. X. Blancollano, “Berra Liberdade”, *O Correo Galego*, “No poleiro”, 16 marzo 1996, p. 3. Comentario sobre o volume *Berra liberdade* editado por Galaxia coa colaboración de dezoito escritores galegos, de xeito que os beneficios obtidos sexan destinados a Amnistía Internacional. O articulista considera esta publicación como “unha variada mostra dos pensares e das interpretacións que un feito desta transcendencia ten para cadaquén”. Agradece o esforzo dos participantes no seu berro pola liberdade nun momento no que predomina a insensibilidade social.



-M. R., "Un berro de liberdade dos escritores galegos", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 59, 11 abril 1996, p. 6. Comentario que dá conta da saída ó mercado deste libro, escrito por dezaioito autores, coñecidos ou noveis, en apoio a Amnistía Internacional. Manifestan todos eles o seu desexo de que tal institución chegue a desaparecer pola falla de casos de abusos que denunciar. No anexo do mesmo figura a Declaración Universal de Dereitos Humanos.

-A. G. N., "*Berra liberdade* recoge textos de 18 autores gallegos", *La Región*, 3 maio 1996, p. 58. Informa da recente publicación do libro *Berra liberdade*, coordinado polo escritor Suso de Toro, que recolle quince relatos e tres poemas dun grupo de escritores galegos que cederon os seus dereitos de autor a beneficio de Amnistía Internacional.



Toro, Suso de, *Eterno retorno*, fotografías de Xurxo Lobato, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1996, 119 pp. (ISBN: 84 8121-477-9).

Volume no que se unen a narración de Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) coas fotografías de Xurxo Lobato (A Coruña, 1956), baixo o tema común da vida dos estudantes en Compostela. Suso de Toro imaxina unha historia de recoñecemento, de repetición constante, a través da aparición dos dobres de nós mesmos. A narración sitúase en Santiago, no primeiro día do curso 95, ano no que se está a celebra-lo Centenario da Universidade. Tres personaxes (Antía, Antón e Don Antonio) artellan o discurso a través da técnica da simultaneidade narrativa e do estilo indirecto libre, procedementos ensamblados coa temática da repetición de pensamentos e de situacións que os tres están a vivir nas rúas e nas facultades de Compostela. A vida santiaguesa semellante ano tras ano, con persoas diferentes nas que sempre pode ser posible recoñece-lo que un xa foi, suxire narrativamente ese eterno retorno mediante o peche cun final aberto. As fotografías, pola súa parte, dan conta de diferentes momentos da vida dos estudantes.

Referencias varias:

-A. G. N, "Presentado en Santiago el libro *Eterno Retorno*", *La Región*, 26 xuño 1996, p. 59.



I.1. Narradores galegos

Dá conta da presentación da obra *Eterno Retorno*, editada pola Universidade de Santiago con motivo do Vº Centenario e realizada por Suso de Toro e Xurxo Lobato. O rector da Universidade salienta a imaxe dinámica e aberta que de Santiago se ofrece no libro.



VV. AA., *Testemuñas. Exposición Fotográfica*, Vigo: Asociación Galega de Axuda ó Sáhara/Fundación Paz e Solidariedade, 1996, s. pp. (sen ISBN).

Catálogo que contén fotografías de Xulio Rodríguez, Xosé Abad, Manuel G. Vicente, Xosé Garrido, Mundo Cal e Matías Rodríguez, expostas na Sala de Exposicións Salvador de Madariaga da Coruña do 1 ó 7 de xullo de 1996. As fotografías van acompañadas de textos en prosa de Xavier P. Docampo (Sen título), Suso de Toro (“O deserto en tí e en mín”), Francisco Alonso (Sen título) e Marilar Aleixandre (“Memoria de area”) e de versos de Luísa Villalta (“Sahara”) e Lino Braxe (“Martín Saharauí”), que serven de apoio ás fotografías e comparten unha visión de denuncia da opresión que sofre a poboación do Sáhara.



Vázquez, Pura, *Os Aldán foron a América*, Ourense: Deputación de Ourense, 1996, 138 pp. (ISBN: 84-87575-44-7).

Nesta novela, Pura Vázquez (Ourense, 1918) recrea a vida dunha familia de emigrantes que chegan a Caracas despois dunha longa viaxe en barco, iniciada no porto de Vigo. Na primeira parte, "A viaxe", Felipe Aldán e os seus fillos, Estela, Ros Marí e Quin, emprenden unha aventura que os levará ata a capital venezolana. Na segunda parte, titulada "A conquista de Caracas", a autora narra a vida da familia Aldán na cidade, durante os anos de emigración. Para rematar, na terceira parte, "Pasaporte a Madrid", conta como Estela, despois de casar, chega á capital española na súa viaxe de lúa de mel.



Vázquez Xil, Lalo, *A da alba sería*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Narrativa, nº 15, 1996, 382 pp. (ISBN: 84-8289-031-X).

Bernardo Vázquez Xil (Cotobade, 1927) presenta en *A da alba sería* -título tomado da primeira frase do relato, que á súa vez é tradución do inicio do capítulo IVº da 1ª Parte da novela de Cervantes-, a terceira parte das aventuras do “Enxeñoso Fidalgo Don Quixote da Mancha”. A historia constrúese como unha continuación das anteriores demostrando que Don Quixote non morreu, tal e como se aseguraba ó final da segunda parte, senón que continuou exercendo a súa profesión de cabaleiro andante. Para a redacción do relato, o autor asegura ter recibido en Ribadavia un manuscrito de mans de Xaime Cid Bejarano, un descendente do “verdadero” artífice das aventuras do fidalgo manchego Sidi Hamete Berenxeni. Nestas páxinas recóllese a viaxe por terras galegas de Don Quixote e Sancho, un percorrido no que tomarán contacto con grande cantidade de personaxes -históricos boa parte deles-, que recoñecerán ó cabaleiro e ó escudeiro e lles farán vivir novas aventuras e degusta-los pratos típicos da gastronomía galega. A ironía, o humor, a anacronía, a crónica de feitos históricos e a intertextualidade manifesta -como ocorre coas páxinas dedicadas ós asasinatos no mosteiro de Cebadeiro-, constitúen as principais claves desta historia.

Recensións:

-X. A., “A chamada dos clásicos”, *Atlántico Diario*, 28 xuño 1996, p. 40.



Comentario conxunto dos libros *A da alba sería*, de Lalo Vázquez Xil e *Erros e Tánatos*, de Gonzalo Navaza. Saliéntase do primeiro o feito de presentar de novo, nun “ameno e divertido libro” á figura do Enxeñoso Fidalgo don Quixote. Con este pretexto Lalo Vázquez, que se define sobre todo como humorista, asegura que don Quixote non morreu como se afirma na 2ª parte da novela de Cervantes, senón que seguiu vivo devezando coñecer Galicia, cousa que realiza nas páxinas desta divertida narración.



I.2. Reedicións comentadas e facsímiles

I. Narrativa

I. 2. Reedicións comentadas e facsímiles



Alonso Ríos, Antón, *O Señor Afranio*, prólogo e notas Xosé María Álvarez

Blázquez, limiar Bieito Alonso, Vigo: A Nosa Terra, col. O fardel da memoria, nº 1, 1996, 158 pp. (ISBN: 84-89138-43-5).

O presente volume recolle o relato persoal de Antón Alonso Ríos (Camporrapado, 1887-1980) sobre a súa fuxida e a persecución que sufriu nos anos da guerra civil española. Trala súa participación na defensa da vila de Tui para evitar que esta caese en mans dos sublevados, Alonso Ríos vese obrigado a agacharse, durante tres anos, nos montes galegos, disfrazado de pobre e realizando múltiples traballos para sobrevivir. Este feito levarao a crear unha nova personalidade. Elixiu o nome de Afranio de Amaral, personaxe ó que dotou dunhas orixes e dunha vida propia para facer totalmente crible a súa identidade. O relato remata cando o señor Afranio consegue por fin marchar a Lisboa e logo a Buenos Aires. O volume ábrese cun limiar de Bieito Alonso Fernández, biógrafo de Alonso Ríos e cun prólogo asinado por Xosé María Álvarez Blázquez, no que ademais de achegar datos biográficos sobre o deputado agrarista, conta o momento do seu encontro en Buenos Aires e cómo xurdiu a iniciativa de converter en relato as vivencias persoais destes anos, publicadas logo en Edicións Castrelos. Como apéndice inclúese o limiar que Castelao escribiu en 1942 para o libro de Alonso Ríos, *Co pensamento na patria galega*.



Recensións:

-X. C., “O *Siñor Afranio*, a épica fuxida do deputado Antón Alonso Ríos”, *A Nosa Terra*, nº 736, “Guieiro Cultural”, 25 xullo 1996, p. 32. Infórmase de que con este libro se inaugura a colección “O fardel da memoria” de Edicións A Nosa Terra. Faise unha descrición da fuxida do deputado pontevedrés polos montes galegos e salientase o carácter dramático daquela etapa histórica que levou a Alonso Ríos a ter que esquence-la súa identidade e adopta-la de Afranio de Amaral. Recóllense as palabras de Xosé María Álvarez Blázquez no prólogo, lembrando o encontro con Alonso Ríos en Buenos Aires no 1969.

-Xosé M^a de Castro Erroteta, “Tres libros da nosa historia de onte mesmo”, *A Nosa Terra*, nº 740, “Guieiro Cultural”, 22 agosto 1996, p. 24. Recensión conxunta de tres libros de historia que presentan, cada un deles, un distinto enfoque: *Manuel García Barros* (1995) de Xoán Carlos Garrido -en opinión do crítico, unha biografía que vai máis alá do propio personaxe para mostra-la historia da Estrada e de Galicia en xeral-; *Crónica de Fonseca* (1996) de Carlos Morais -da que sinala que está estruturada seguindo os cánones da metodoloxía marxista da historia- e a obra de Antón Alonso Ríos, *O siñor Afranio*. A propósito desta última destaca o prólogo de Xosé M^a Álvarez Blázquez e diversos aspectos do texto como a estrutura narrativa, a personalidade do narrador e a linguaxe empregada.



Carro, Xavier, *As calexas do cigurat*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 144, novembro 1996, 140 pp. (ISBN: 84-8288-091-8).

A obra de Xavier Carro (Santiago de Compostela, 1942) *As calexas do Cigurat*, saíu do prelo por vez primeira en 1973. Segundo consta na lapela, “apareceu moi estragado pola acción da censura franquista” e agora “comparece de novo, restaurado e íntegro”. As “Palabras para un libro”, do propio autor abren o volume a xeito de limiar e explican as circunstancias que rodearon a creación e a publicación do mesmo. Tal e como aquí se nos adianta, o libro recolle unha colección de contos escritos dende 1868, unha escolma de “diferente factura tanto narrativa como temática” na liña da “liberdade creadora”, propia da nova narrativa galega. O conxunto ofrécenos trece relatos nos que, partindo desa variedade temática e constructiva anunciada, atopamos espionaxe -“Marcel Gross”-; a amargura das eivas burladas -“O peitiños”-; a decadencia dunha moza fidalga -“Señorita Rosario”-; as arelas truncadas -“Mil oitocentas cincuenta”-; o misterio da tolemia -“As formigas”—; a espera da morte e a saudade do pasado -“Cando o tempo é unha fiestra pecha”-; as liberdades perseguidas -“Xan Garamelo, vendedor de quilovatios”-; a metáfora poética trala ciencia -“O caleidoscopio”-; travestismo e asasinatos -“O segundo venres de Julia Kefer”-; os primeiros amores -“O primeiro venres”-; a acollida dos avances técnicos -“A chegada da primeira bicicleta”-; e a descuberta adolescente do corpo e o desexo -“O suspenso”. Todo isto nun escenario que vai dende Alexandría ata Santiago de Compostela, e nun tempo que abrangue dende o século XVIII ata un entón afastado ano 2.000.



Referencias varias:

-Anxo Tarrío Varela, "As calexas de Xavier Carro", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 15 decembro 1996, p. 3. Lembra a presentación, en 1973, do libro de Xavier Carro, *As calexas do cigurat*, do que acaba de saí-la segunda edición, que restitúe os detalles suprimidos pola censura franquista. O articulista comenta que no 1973 a aparición dun libro en galego era algo realmente novidoso e esperado con ansiedade.



Fole, Ánxel, *Historias que ninguén cre*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 145, novembro 1996, 125 pp. (ISBN: 84-8288-092-6).

En véspera do ano dedicado á celebración da obra e figura de Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986) como homenaxeado no Día das Letras, recupérase nesta edición a súa obra *Historias que ninguén cre*, publicada por primeira vez en 1985. Está composta por vinte relatos de temática diversa pero que comparten elementos comúns característicos da narrativa do autor: ambientación galega rural e en moitos casos luguesa, o medo, o humor, a superstición, o asasinato e un narrador en primeira persoa -testemuña, protagonista, coprotagonista, confidente que transforma sucesos incríbeis en feitos presuntamente reais, nunha combinación de imaxinación e verosimilitud. Debuxos do autor, entre os que atopamos un supostamente realizado por Luís Seoane, ilustran a obra.



Fole, Ánxel, *Contos da néboa*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 97, 3ª ed., novembro 1996, 173 pp. (ISBN: 84-8288-089-6).

Terceira edición do libro de relatos foleanos publicado por vez primeira nesta editorial no ano 91, e posteriormente no 93, que agora ve a luz na renovada colección Literaria de Galaxia. Esta nova edición só presenta como novidade en relación coas anteriores, a nota final na que ó lado das eleccións lingüísticas tomadas por Fole aparecen as correspondentes ó estándar actual. O volume componse dunha introducción do propio autor, datada no 1970, e de dezaioito historias de néboa e misterio.



Labarta Pose, Enrique, *Contos*, ed. Xosé M^a Lema Suárez e Xosé Manuel

Varela Varela, Vigo: Galaxia, col. Narrativa de onte, nº 3, febreiro 1996, 151 pp.

(ISBN: 84-8288-033-0).

O presente volume contén a reedición de oito contos de Enrique Labarta Pose (Baio, 1863-Barcelona, 1925): “O sacreto do tío Sanfona”, “O tío miseria”; “A língua pequena”, “O rei que rabiou”, “A compañá”, “O libro de San Ciprián”, “Na romaría da Barca” e “Alegría que pasa”, rescatados das páxinas da prensa periódica. Os catro primeiros foron publicados na revista pontevedresa *Galicja Moderna*; “A compañá”, “Libro de San Ciprián” e “Na romaría da Barca” apareceron no semanario de Caldas *Fray Prudencio* e “Alegría que pasa” na revista de Buenos Aires, *Aires da miña terra*, entre 1897 e 1908. Cinco deles foran xa recollidos polo fillo do autor, Enrique Labarta Martínez nunha edición de *Cuentos Humorísticos* de 1929 pero os retoques realizados na lingua e que se perpetuaron en edicións sucesivas, fixo que os editores recorresen á súa edición príncipe. Os textos van precedidos dunhas notas biográficas sobre Labarta Pose, dos datos sobre edicións anteriores, dun breve achegamento ó contexto histórico no que se produciron estes textos, así como da análise da presenza de riscos da narrativa tradicional e do humorismo, todo isto baixo a responsabilidade dun dos editores, Xosé Manuel Varela Varela. Do comentario lingüístico e da explicación dos criterios da edición ocupouse Xosé M^a Lema Suárez.



Recensións:

-Manuel Dourado Deira, "Enrique Labarta Pose. *Contos*", *Encrucillada*, nº 97, marzo-abril 1996, p. 219. O articulista salienta a importancia das notas dos dous editores: Xosé M^a Lema Varela, quen ofrece un perfil biográfico do autor situándoo no seu contexto histórico, e Xosé Manuel Varela Varela, que se encarga do comentario lingüístico. Remata o artigo recomendando encarecidamente "a lectura destes oito contos, porque nos achegan e nos ilustran sobre as peripecias daquela sociedade carente das mínimas condicións para unha vida digna e que Labarta Pose coñecía moi ben".

Ramón Nicolás, "Os contos de Labarta Pose", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXII, 20 abril 1996,

3. Destácase de Labarta Pose o papel como creador e divulgador de numerosas revistas literarias. Segundo Ramón Nicolás, o carácter ruralizante de cada un dos oito relatos que compoñen o libro determina a falta de orixinalidade no contexto da literatura do seu tempo. O humor e a fidelidade á lingua do século XIX son algúns dos trazos que tamén se indican deste volume.

-Xermán G. Cortázar, "Unha recuperación necesaria. Reedicións de Enrique Labarta", *A Nosa Terra*, nº 723, "Guieiro Cultural", 25 abril 1996, p. 23. Xermán G. Cortázar trata conxuntamente as dúas edicións críticas de que foi obxecto Labarta Pose no presente ano, *Obra completa* e *Contos*, ambas ó coidado de Xosé Manuel Varela Varela. Nunha breve aproximación á segunda delas destaca a fidelidade labartiana á tradición contística popular galega e comenta, así mesmo, que se tomou como base para esta obra a primeira edición dos contos, aparecida na prensa da época.



-Teresa Monteagudo, "A narrativa breve de Enrique Labarta Pose", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 28 xullo 1996, p. 8. Realízase unha enumeración dos contos que contén este volume e indícase o interese da súa recuperación, dado que non se publicaran na recompilación feita en vida do autor. Afírmase que ó seu interese lingüístico, engádese unha pintura da sociedade da época, que contén unha chea de datos de valor etnográfico e antropolóxico ofrecidos nunhas páxinas cargadas de ironía e imbuídas da tradición popular galega.

Referencias varias:

-M. R., "O bo humor do tío Miseria", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", nº 60, 18 abril 1996, p. 6. Breve comentario que fai referencia á aparición deste volume de Enrique Labarta Pose. Indícase que os relatos de contido humorístico se publicaran en diversas revistas de finais do pasado século e comezos deste, como ocorre co titulado "O tío misería".



López Ferreiro, A., *O castelo de Pambre*, ed. Manuela Álvarez Lozano, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 16, 1996, 170 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-21-5).

Nova edición desta novela de Antonio López Ferreiro (Santiago de Compostela, 1837-Vedra, 1910), ambientada no século XIV, que ten como texto base a primeira publicación en libro da mesma, feita polo xornal *El Pensamiento Gallego* no ano 1895. Nos "Criterios de Edición", Manuela Álvarez Lozano anuncia as modificacións ortográficas introducidas con respecto á primeira aparición do texto, que non van máis alá da simple adaptación gráfica e acentual ás normas vixentes. Xustifica estes cambios baseándose nas afirmacións que fai López Ferreiro no prólogo á súa primeira novela: "estou prestes a adoutar e seguir ao pé da letra as regras que dalgún modo oficial se poñan e esteblezan".



Méndez Ferrín, Xosé Luís, *Retorno a Tagen Ata*, introd. Antón Capelán, epílogo Ramón Nicolás, Vigo: Edicións Xerais, col. Narrativa, 1996, 123 pp. (ISBN: 84 7507-964-4).

Ábrese esta nova edición cunha introducción de Antón Capelán na que se fai un seguimento da actividade intelectual e política do autor en relación co Centro Galego de Buenos Aires e coa realidade intelectual, cultural e ideolóxica da Galicia da década dos sesenta e setenta, salientando o compromiso social de Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938). De seguido achégase á traxectoria narrativa do autor e á renovación técnico-formal que asume. A relación de Ferrín coa xustiza, a loita contra o franquismo, os varios encadeamentos que sufriu por mor do compromiso de liberación da Galicia fronte ó estado Español, son, en opinión do prologuista, as claves para entender *Retorno a Tagen Ata*. No epílogo, Ramón Nicolás fai unha recompilación de críticas e outras publicacións ó redor do libro: dúas recensións á primeira edición, unha de Ramón Piñeiro publicada en *Grial*, e outra de José Luís García Mato publicada en *Galicia*, ambas do ano 1971; unha recensión á segunda edición de María Camiño publicada en *La Voz de Galicia* no ano 1972 e unha da terceira edición correspondente a X. R. Quintana publicada en *Historia 16* no 1987. Inclúense outros comentarios críticos sobre a obra de Carlos Casares, X. M. Beiras, Salinas Portugal, Sonsoles López, Anxo Angueira, Carmen Blanco, Manuel Forcadela, Víctor Freixanes, Xosé M. Salgado, Anxo Tarrío e Dolores Vilavedra, e dous fragmentos de entrevistas co autor ourensán, unha feita por V. F. Freixanes en *Unha ducia de galegos* (1976), e outra por Xosé M.



Salgado e Xoán M. Casado en X. L. Méndez Ferrín, de Sotelo Blanco. Péchase o epílogo con dúas recensións publicadas en *La Voz de Galicia* e *Diario 16 de Galicia* en 1990, sobre a adaptación teatral de *Retorno a Tagen Ata* feita por Eduardo Alonso e Manuel Guede, dirixida por Eduardo Alonso e producida por Producións do Noroeste e Teatro Caritel.

Recensións:

-M. R., "Méndez Ferrín retorna a Tagen Ata", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 57, 28 marzo 1996, p. 6. Breve comentario sobre a reedición deste libro, que contén un estudio introductorio de Antón Capelán sobre o contexto político e histórico no que se escribiu a novela. Saliéntase o feito de que o autor, dun xeito poético e fantástico, evidencia as tensións entre os distintos movementos nacionalistas e os seus posicionamentos.

-N. C., "Panfleto de diversas lecturas", *El Mundo*, "Galicia", 31 marzo 1996, p. 4. Recensión sobre esta reedición de *Retorno a Tagen Ata*, que contén un estudio sobre o contexto histórico e político no que foi creado o libro e mais unha recolleita das críticas que suxeriu o texto. Indícase a contraposición entre a defensa da lectura meramente literaria proposta polo escritor e a fábula política de ataque ó culturalismo vixente naquel entón, que fende o mapa nacionalista.

M. V. V., "Méndez Ferrín, 25 anos despois do *Retorno a Tagen Ata*", *Atlántico Diario*, 3 maio 1996, 60. Apunta o crítico que Ferrín é o creador dun universo mítico no que o lector avisado percibe a realidade incuestionable da nación galega. Séguese a indica-la resistencia ó paso do tempo deste libro, publicado



por primeira vez en 1971 e agora reeditado, cun engadido introductorio de Antón Capelán e un epílogo compilatorio de crítica, a cargo de Ramón Nicolás.

-Rubén Quinte, "Retorno á memoria de Tagen Ata", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXIII, 4 maio 1996, p. 3. Indícase en primeiro lugar que "nada hai no relato ferriniano de profecía senón certa análise da realidade" e que neste libro se contempla a historia política e literaria de Galicia. Rubén Quinte sinala que, na súa opinión, non hai nada "de panfleto político ou literario, senón que X. L. Méndez Ferrín co talento que lle é propio, traza unha historia o máis literaria posible, pero sen perder en ningún caso nin o norte nin o rumbo da realidade" tanto política coma social. Remata o seu comentario salientando as contribucións de Antón Capelán e Ramón Nicolás.

-F. Martínez Bouzas, "Entender a Tagen Ata", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 109, 23 maio 1996, p. 6. Comentario sobre a reedición deste libro no que se indica o carácter premonitorio do mesmo, no que se mata simbolicamente a Ramón Piñeiro e á súa política culturalista. Outros valores que contén este libro, segue a indica-lo crítico, son a lectura universal da liberación dunha terra oprimida, a intertextualidade da obra de Ferrín e a elaborada feitura estilística. Son merecentes tamén de gabanza para o comentarista o texto introductorio de Antón Capelán e o epílogo de Ramón Nicolás.

Referencias varias:

Miguel Anxo Fernán-Vello, "Novo retorno a Tagen Ata", *O Correo Galego*, "A Fenda", 28 marzo 1996, 3.



Sauda a aparición dunha nova edición, na Editorial Xerais, de *Retorno a Tagen Ata*, cun estudio introductorio de Antón Capelán e un epílogo de Ramón Nicolás. Este último recolle recensións, comentarios críticos, entrevistas e textos informativos sobre a obra de Ferrín. Salienta o articulista que esta reedición permite “situar a Ferrín como un gran mestre ético-estético da narrativa galega” e que nas súas páxinas se advirte, ademais da influencia da tradición literaria galega, “a paixón do escritor, a súa absoluta vontade artística, o seu fervor humano, a súa poética política vibrando como alto designio”.



Otero Pedrayo, Ramón, *O señorito da Reboraina*, ed. Xosé Manuel Salgado, Vigo: Galaxia, col. Literaria (Obras de Otero Pedrayo, nº 10), nº 140, xuño 1996, 289 pp. (ISBN: 84-8288-063-2).

O profesor Xosé Manuel Salgado presenta unha edición crítica de *O señorito da Reboraina*, a única novela en galego que publica Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Trasalba, 1976) despois da Guerra Civil. No estudio que precede ó texto inténtase desbotar algúns lugares comúns sobre esta novela que viñan circulando entre a crítica e ofrécese unha aproximación á figura histórica de Juan Manuel Pereira, utilizada polo autor para elabora-lo personaxe do señorito da Reboraina.

Recensións:

-L. V., "A derradeira novela do señor de Trasalba", *La Voz de Galicia*, "Revista Cultura", ano II, nº 75, 1 agosto 1996, p. 6. Segundo o articulista *O señorito da Reboraina* foi a única novela escrita en galego trala guerra e a derradeira do autor, logo de inicia-lo duro exilio interior. Menciónase tamén que neste libro Otero parodia o mundo da fidalguía valéndose da figura histórica dun diplomático burleiro e amigo do viño e as mulleres. Critícase o feito de que fora cambiado o texto orixinal, cuestión, segundo manifesta, abondo habitual.



-Xavier Castro R., "A derradeira novela de Otero Pedrayo", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 13 outubro 1996, p. 6. Tras unhas palabras de felicitación dirixidas a Galaxia pola iniciativa de reedita-las obras de Ramón Otero Pedrayo, Xavier Castro lamenta non poder dispoñer dunha edición do texto orixinal. Respecto da obra sinala que se trata dunha das máis "rotundas" da ampla produción oteriana e que foi a única que escribiu en galego na posguerra. Indica ademais que a obra está artellada dende "unha historia mínima (...) perfectamente asentada a partir da habilidade e bo quefacer dun prosista e fabulador inigualable" e salienta o labor do editor, Xosé Manuel Salgado.



I.3. Narradores traducidos ou versionados

I. Narrativa

I. 3. Narradores traducidos ou versionados



Auster, Paul, *Mr. Vértigo*, (*Mr. Vertigo*, 1994), trad. Xosé Antón L. Dobao, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Medusa, 1996, 262 pp (ISBN: 84 7824-285-6).

Novela de aprendizaxe do escritor estadounidense Paul Auster (Newark, 1947), de estrutura pechada e circular, organizada en tres partes nas que o protagonista, Walter Claireborne Rawley, conta a historia da súa vida. As dúas primeiras partes da obra reproducen os anos de adolescencia e xuventude, nos que, guiado polo Mestre Yehudi, coñece o sufrimento, a amizade, o cariño e o éxito, acadado coa dominación da arte de voar que o convertera no famoso Neno Marabilloso. Desorientado trala morte do seu adoutrinador e compañeiro dos anos de xuventude, convértese nun xove vagabundo ansioso de vinganza ata rematar entrando no mundiño da mafia dos anos vinte. Levado polo amor intégrase na sociedade. A morte da persoa amada levará a compartí-los seus días finais coa única persoa sobrevivinte daqueles anos de xuventude e a lembrar, dende a vellez, as súas orixes. Con *Mr. Vértigo*, Paul Auster lévanos da man nunha viaxe pola historia dos Estados Unidos e pola propia experiencia do vivir.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, "A importancia da fala e da búsqueda da beleza", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 20 decembro 1996, p. 48/p. 4.



Refírese á traducción da novela *Mr. Vértigo*, de Paul Auster, que fixo Xosé Antón L. Dobao, editada por Sotelo Blanco. Opina que o galego utilizado nesta traducción fai fermosa unha novela máis ben intrascendente e reiterativa.



Cela, Camilo José, *A familia de Pascual Duarte* (*La familia de Pascual Duarte*, 1942), trad. Vicente Risco, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia/Dirección Xeral de Cultura, abril 1996, 171 pp (ISBN: 84-453-1657-5).

Pascual Duarte, un campesiño extremeño, escribe a historia da súa vida dende o cárcere, onde se atopa condenado a morte. A súa andaina persoal marcada pola infelicidade comeza xa na infancia, pragada dos acontecementos máis truculentos: uns pais insensibles, unha irmá prostituta e un irmán anormal, e así continúa durante a súa madurez, con dous matrimonios desgraciados. Á fin, o protagonista mata a súa nai, á que culpa da súa desgracia persoal. A presente edición da obra foi realizada con motivo do 80 aniversario do nacemento de Camilo José Cela (Iria Flavia-Padrón, 1916) e adapta ás *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* vixentes en 1996 a tradución que Vicente Risco realizara en 1962. Vai presentado o volume cun prólogo do Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne, que salienta a importancia de que unha obra clásica das letras españolas, fora traducida ó galego por un intelectual galeguista como Risco.



Cruz, Bento da, *O Lobo guerrilleiro, (O Lobo guerrilheiro)*, trad. Moncha Fuentes Arias, Vigo: Edicións Xerais, col. Narrativa, 1996, 329 pp (ISBN:84-8302-038-6).

O lobo guerrilleiro, de Bento da Cruz (Peirezes-Montalegre, 1925), narra as intrigas dun grupo de habitantes das terras do Limia. Trátase dun conxunto de contrabandistas, funcionarios, comerciantes e labregos galegos e portugueses, liberais e conservadores, ricos e pobres, que habitan estas terras nos anos posteriores á Guerra Civil española. As historias de contrabando, violencia e morte combínanse cunha descrición detallada da vida dos labregos da cidade de Montalegre, sometidos ós poderes caciquís da época.

Referencias varias:

-Fernando Ramos, "Portugués e galego", *El Correo Gallego*, 7 novembro 1996, p. 2. Comenta que a Primeira Feira do Libro Portugués e Galego, inaugurada en Vigo, axuda a fomentar a cooperación que enriquece a ámbolos dúas culturas irmás. Entre os actos que se celebraron durante a Feira, salienta a presentación do libro *O lobo guerrilheiro* (1996), de Bento da Cruz, no que interviron Méndez Ferrín e o xornalista lusitano Viale Moutinho.

-Pablos, "Presentada la traducción gallega de una novela de Bento da Cruz", *Faro de Vigo*, 30 novembro 1996, p. 48.



Informa do acto de presentación de *O lobo guerrilleiro*, traducción galega feita por Moncha Fuentes. O artigo recolle as palabras dirixidas por Méndez Ferrín a Bento da Cruz, autor da obra. O director de Xerais, Manuel Bragado, anuncia unha colaboración máis estreita co país veciño para dar a coñecer máis obras portuguesas en Galicia.

-Pablos, "Bento da Cruz. Mis libros testimonian un Portugal que ha desaparecido", *Faro de Vigo*, 1 decembro 1996, p. 17. Pon de manifesto o entrevistado que no Estado español non se ten unha idea moi clara da literatura portuguesa actual. A respecto do seu último título, *O lobo guerrilleiro* (1996) di que a crítica teno sinalado como a súa mellor obra, aínda que el discrepa desta opinión. A respecto da xeografía imaxinaria de Gostofrío, creada por el, di que é Barroso, a súa aldea, unha terra fría e moi rural. Di que quen máis lle interesa é Camilo Castelo Branco, aínda que recoñece tamén o seu interese por Aquilino Ribeiro.



France, Anatole, *A illa dos pingüíns*, (*L' île des pingouins*, 1908), trad. Rafael Chacón Calvar, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Narrativa, nº 67, abril 1996, 276 pp (ISBN: 84-87847-70-6).

Anatole France (París, 1884-La Béchellerie, 1924) deseña nesta novela a evolución da historia dos pingüíns -trasunto do devir da humanidade- a partir do momento en que estes, bautizados por San Maël, son transformados en homes. A obra está estruturada en oito libros, que recollen as diferentes épocas e principais acontecementos desta “civilización”. Así, dende os tempos antigos e pasando pola Idade Media, o Renacemento e os Tempos Modernos, o autor lévanos ós Tempos Futuros, nos que a destrución da sociedade pingüína inicia un novo ciclo dunha “historia sen fin”.



Huxley, Aldous, *Un feliz mundo novo*, (*Brave new world*, 1932), trad. Anxo Romero Louro, Vigo: Edicións Xerais, col. Grandes do noso tempo, nº 18, 1996, 257 pp (ISBN: 84-8302-056-4).

Nesta novela de Aldous Huxley (Godalming- 1894-Hollywood, 1963) preséntase o estado do mundo uns seiscientos anos despois da composición da obra (1932). Trátase dunha visión antiutópica que satiriza un mundo futuro, tecnificado e asepticado, onde o individuo non pode pensar por si mesmo e onde a base da estabilidade reside no perfeccionamento da fecundación humana artificial que programa individuos con cualidades determinadas. Esta visión futurista concibe un mundo organizado ó redor dun Estado mundial baixo o lema “Comunidade, Identidade, Estabilidade”, onde triunfa o consumismo e o benestar libre de guerras, de patriotismos e mesmo de emocións e de sentimentos.



Lueiro Rey, Manuel, *Manso*, (Manso, 1968), trad. M^a Xesús Vidal Alves, prólogo Xesús Alonso Montero, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 143, novembro 1996, 245 pp. (ISBN:84-8288-090-X).

Traducción da novela do mesmo nome, escrita en castelán, que fora merecente do Premio de Novela Ciudad de Oviedo no 1966. A traducción está feita a partir da edición publicada en Buenos Aires en 1968, ó non verse esta afectada polas tesouras da censura. A obra de Manuel Lueiro Rey (Fornelos de Montes, 1916-O Grove, 1990) toma o seu título dun cabalo que fora requisado polas tropas franquistas, que actúa, máis que como protagonista, como fío conductor da historia, que transcorre durante os anos da contenda e a posguerra, nos que o cabalo fora vendido por un xitano ó dono dunha telleira, quen o obriga a realizar duros traballos físicos. O cabalo é un pretexto para dar coherencia narrativa a unha serie de personaxes e anécdotas. Mais, por outra banda, podemos ver tamén nel, en palabras de Alonso Montero, ó protagonista dunha “alegoría, unha parábola, ó seu modo, do pobo español”.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “Manso, de Lueiro, en galego”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 28 novembro 1996, p. 9.



Alonso Montero comenta a aparición en galego de *Manso*, de Manuel Lueiro Rey, e lembra como en 1966 esta novela foi galardoada co Premio de Novela Ciudad de Oviedo. Sinala tamén o carácter alegórico deste relato, que “non é unha historia inocente”. A través do fío conductor do cabalo Manso, constrúese unha novela que, na opinión de Alonso Montero, “é a obra máis feita e lograda de Manuel Lueiro”.



Manera, Danilo (ed.), *Álvaro Cunqueiro. L'arte di cammninare*, Roma: Besa Editrice, col. Lune Nuove, nº 16, febreiro 1997, 94 pp. (D. L.: 1996).

Recompilación de dezaseis relatos de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981), publicados en xornais e revistas e traducidos ó italiano por Simona Geroldi e Manuel Zanirato. As versións van precedidas dun prólogo de Danilo Manera titulado “Don Álvaro di Galicia: la scrittura di un sognatore”, no que se ofrecen unhas notas biográficas do escritor e se salienta que a poética cunqueiriana rompe os paradigmas dos xéneros fundindo características do conto, do teatro e da novela e deixa ó descuberto os mecanismos narrativos en ton paródico. Apúntase ademais que a súa obra se serve dunha grande pluralidade de formas discursivas e rexistros e que nela practica o anacronismo voluntario, o sincretismo cultural, a mestura do inverosímil e do concreto e do mundo galego e do fabuloso exotismo. Por último, ofrécese en nota a pé de páxina a procedencia dos textos: “Meditaciones del barquero”, de *La Noche*; “Alguien canta en Chittor”, “Sobre el arte de andar”, “La lejana Avalon”, “La seducción de Samarcanda”, “De la estrella polar”, “Un poeta vagabundo”, “El laberinto del Imperio Secreto” e “Los lugares fatales”, de *Faro de Vigo*; “Los falsos países”, de *Sábado Gráfico*; “Antioquía de Galicia”, de *La Voz de Galicia*; “Veneno en un retrato” e “Los sesenta nombres”, de *Bazaar*; “San Patricio”, “El reloj loco de Henz”, “Los dos visires” e “Paganini y el diablo”, do libro *El Envés*; e “Los mapas de Clam’aorthen” e “Viajes a Jerusalén”, do libro *Fábulas y leyendas de la mar*.



Manzoni, Alessandro, *Os noivos (I promessi sposi, 1840-1842)*, trad. Xavier Rodríguez Baixeras, Vigo: Galaxia, col. Literaria (Obras universais, nº 6), nº 142, xullo 1996, 749 pp. (ISBN: 84-8288-065-9).

Alessandro Manzoni (Milán, 1785-1873) sitúa esta historia na Lombardía do dominio español nos anos 1628-1630. Nun pobo sobre o lago de Como, prepárase o matrimonio entre o artesán Renzo Tramaglino e Lucía Mondella, unha campesiña modesta e piadosa. Pero o cacique do lugar, o malvado Don Rodrigo, coa complicidade do crego Don Abbondio, oponse por capricho ó enlace. Os dous noivos deben fuxir e separarse, axudados por Frei Cristóforo, un relixioso de nobres sentimentos. Renzo marcha a Milán, onde acaba participando na revolución pola carestía do pan, e despois foxe a Venecia. Mentres tanto, Lucía é acollida nun convento de Monza, xunto a súa nai Agnese, onde recibe o apoio de Gertrude, a nai superiora, pertencente a unha familia nobre que a obrigou a ingresar no convento. Don Rodrigo non desiste no seu capricho por Lucía que acaba por converterse nunha cuestión de honor. Pide axuda ó Innominato, un rico e poderoso señor, que rapta a Lucía coa complicidade de Egidio, o amante de Gertrude, a cal permite que se cometa o acto a pesar do afecto que sente pola rapaza. Lucía, prisioneira no castelo do Innominato, fai voto de castidade para se salvar do perigo que corre, pero entón O Innominato, atormentado polos remordementos arrepiéntese e tras un encontro co cardeal Federico Borromeo, libera á xove que é recollida na casa duns señores de Milán. Nese momento, Lombardía sofre as invasións dos “lansquenetes”, que deixan tras de si saqueos, estragos e sobre todo a peste. A epidemia esténdese e Renzo aproveita para volver a Milán e buscar a Lucía. Encóntanse no



lazareto, onde se recollen tódolos moribundos da tremenda epidemia e onde se atopa Frei Cristóforo, enfermo, e tamén Don Rodrigo a quen Renzo perdoa. Frei Cristóforo libera a Lucía do voto de castidade e os dous noivos renovan o seu soño de matrimonio, mentres a epidemia remata. Tras algún tempo, no seu pobo de orixe, o cura Don Abbondio casa a Renzo e Lucía, que van vivir a Venecia con Agnese. Renzo retoma o seu traballo de tecedor e moi pronto veñen os fillos que reforzan a unión da parella tralos acontecementos vividos. A novela vai precedida dun “Limiar” a cargo do traductor, Xavier R. Baixeras, no que este ofrece uns apuntamentos biográficos de Manzoni e sinala a estrutura da narración.

Recensións:

-Paco Fernández Rei, “Manzoni en galego: *Os noivos* de Xavier R. Baixeras”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 28, Tomo IV, ano VII, outubro-novembro-décembro 1996, pp. 121-125. Artigo no que, punto por punto, se fai unha análise pormenorizada da obra de A. Manzoni, *Os noivos* e da súa tradución ó galego por Xavier R. Baixeras. O crítico trata en primeiro lugar a importancia desta obra no marco da literatura italiana do XIX e o valor lingüístico da novela por ser fundamental no proceso de elaboración e codificación da lingua italiana literaria moderna. A continuación, céntrase no labor de tradución de Baixeras e fai unha valoración xeral da mesma afirmando que se trata dunha “excelente tradución”, aínda que mostra algúns dos seus erros e acertos máis representativos.

-Xavier Castro R., “Tensións e contraste”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 24 novembro 1996, p. 9. Salienta Xavier Castro as palabras do traductor da obra, Xavier Rodríguez Baixeras, cando se sorprende do descoñecemento que se acostuma ter dun narrador que en estudos e investigacións só é superado



pola figura e obra de Dante. Comenta a continuación que se trata dunha obra redactada en dous momentos, que foi revisada por Manzoni e que este simulou a súa procedencia dun manuscrito do século XVII. Sinala tamén que con esta obra se inicia unha nova maneira de concibir, de sentir e de recrear que a eleva, segundo Goethe, moi por riba do que, en xeral, chamamos novela.

-F. Martínez Bouzas, "Reconciliarse con *Os noivos*", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 137, 12 decembro 1996, p. 6. Sinalase que se trata dunha novela romántica, histórica e seguramente moitas cousas máis, pero sen truculencias góticas nun argumento comprensible que remata co triunfo dos bos. Afírmase que recrea un mundo no que a relixión é hipertrófica, obsesiva, sen correspondencia coa condición real da sociedade italiana do XIX. Maníéstase tamén o recoñecemento ás empresas editoriais e ós tradutores que ofrecen na nosa lingua clásicos doutras literaturas como este, que están a poñer algo máis cós asentos e alicerces dunha lingua en proceso de normalización.



Marín Estrada, Pablo Antón, *Xente deste mundo e do outro*, (*Xente d'esti mundu y del otru*), trad. Carlos L. Bernárdez, Vigo: Edicións do Cumio, col. Narrativa, nº 17, 1996, 111 pp. (ISBN: 84-8289-049-2).

Traducción do bable da primeira obra narrativa do escritor asturiano Pablo Antón Marín Estrada (Llangreu, 1966). Trátase dun libro de relatos breves que presentan unha galería de personaxes curiosos, cotiáns e cheos, por veces, de misterio. En xeral, os relatos que conforman o volume están a medio camiño entre o conto e a semblanza. Polo que respecta ás coordenadas espacio-temporais, a acción sitúase na Asturias de hoxe en día. O narrador elabora un discurso áxil, desenfadado, cheo de frescura, introducindo en ocasións a intriga, o misterio, e o humor e concibindo a súa figura como a dun “autor realista, costumista, mentirán, recopilador do folclore social e persoal”.



Poe, Egdar Allan, *Contos de Edgar Allan Poe*, selec. e trad. Equipo Tris Tram, prólogo Carlos Casanova, ilustr. Lomarti, Lugo: Tris Tram, 1996, 219 pp. (ISBN: 84-89377-05-7).

Volume que inclúe, traducidos ó galego, doce relatos de Edgar Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849), cada un acompañado dunha pequena nota na que se dá conta do seu percorrido ecdótico. Trátase dunha selección dos máis consagrados contos de misterio e averiguación poeianos nos que se pode atopar unha epitomización do resto da súa actividade narrativa. Os contos seleccionados polo equipo Tris Tram para a súa tradución son “Sombra”, “A caída da casa Usher”, “William Wilson”, “O home da multitude”, “Os asasinatos da Rue Morgue”, “Un descenso ó Maelström”, “Eleonora”, “O corazón delator”, “O enterramento prematuro”, “O trasno da perversidade”, “A verdade sobre o caso M. Valdemar” e “Hop-Frog” e van acompañados dun prólogo de Carlos Casanova no que se comentan algúns aspectos da vida de Poe e se fai unha lectura interpretativa dalgún dos contos e poemas do bostoniano.

Referencias varias:

-Carlos Casanova, “Poe, lido enriba dun armario”, *El Progreso*, “Táboa redonda”, 2ª época, nº 4, 16 novembro 1996, pp. 4-5.





I.3. Narradores traducidos ou versionados

Reprodúcese nas páxinas do xornal a introducción que Carlos Casanova fixo para a edición dos contos de Edgar Allan Poe publicados en 1996 pola Editorial Tris Tram.



Sabino, Fernando, *Un cadelo menos e 29 historias máis*, trad. Nuria Andión Rodríguez, Inés Banet Santamaría, Ana Costas Vila, Eugenia López Gil, Eva María Lozano Carpenente, Alfonso Rodríguez López, Ángela Sola Bravo, María Sola Bravo, Vigo: Edicións Xerais, col. Ferros, nº 9, 1996, 108 pp. (ISBN: 84-8302078-5).

Conxunto de trinta relatos de Fernando Sabino (Belo Horizonte, 1923) traducidos por oito alumnos da primeira promoción de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo, coordinados por Gonzalo Navaza. As narracións, caracterizadas pola brevidade e por un estilo humorístico e mesmo irónico en ocasións, artéllanse a partir de anécdotas cotiás sobre as que se constrúen as historias, nas que predominan os finais abertos e suxestivos.



Sand, George, *Diario íntimo*, (*Journal intime*, 1926), trad. Antonio Pichel, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Narrativa, nº 74, agosto 1996, 153 pp. (ISBN: 84-87847-73-0).

Diario de George Sand, pseudónimo de Amandine-Aurore-Lucie Dupin, baronesa de Dudevant (París, 1804-Nohant, 1876). O libro recolle a experiencia vital de George Sand e revela a súa intimidade máis oculta. Preséntase baixo a estrutura dun diario cunha linealidade diacrónica, na que a autora denuncia e reivindica o dereito da muller a ser independente e libre, a poder vivi-lo amor en toda a súa intensidade. As declaracións da autora aparecen sempre solapadas nas múltiples sensacións que describe a través dunha narración desacougante. A muller constitúe o núcleo central de toda a narración, xa que ela é a que sente, a que sofre, a que ama e quere ser amada, en definitiva baixo a cal se interpreta a relación desta co universo que a rodea.

Recensións:

-M. Q. S., "Un diario íntimo", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 13 outubro 1996, p. 7. A obra literaria da baronesa de Dudevant, apunta o crítico, sufriu dalgún xeito as consecuencias da moral formalista que dominaba os tres primeiros cuartos do dezanove. Esta obra foi incapaz de provocar na crítica unha lectura próxima ó seu verdadeiro contido, sinala Quintáns, polo que aínda posúe un efecto de



sorpresa para o lector de hoxe, ó descubri-lo seu pensamento rebelde, as ideas e preocupacións socio-políticas dunha verdadeira adiantada da loita pola igualdade entre ambos sexos.

F. Martínez Bouzas, "Bradar penas", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 136, 5 decembro 1996,

6. O que o lector atopará nesta amálgama de escritos íntimos, comenta Martínez Bouzas, é o ideal do amor romántico, unha paixón eterna e exclusiva, sempre deturpada e abaixada ó prosaísmo do fastío cotián polas normas sociais. Compara, por outro lado, a George Sand con Rosalía, xa que non aceptou ser unha resignada esposa tradicional, sendo a súa vida unha permanente provocación contra o sistema establecido, contras as súas guías e convencionalismos. Engade que a escritora testemuña os dereitos das mulleres a teren sensacións e experiencias vitais intensas, incendios pasionais e nomeadamente a independencia e un pensamento forte.



Stendhal, *Vermello e negro*, (*Le rouge et le noir*, 1830), trad. Antonio Pichel, Vigo: Galaxia, col. Literaria, (Obras universais, nº 5), nº 141, xuño 1996, 650 pp. (ISBN: 84-8288-043-8).

Henry Beyle, "Stendhal" (Grenoble, 1783-París, 1842), achéganos unha crónica dos costumes da sociedade francesa baixo a restauración borbónica, rexida pola hipocresía e o imperio do diñeiro. Na sociedade da Verrières sitúa ó protagonista, Xulián Sorel, un personaxe constantemente enfrontado a si mesmo, nunha loita entre a vontade e a espontaneidade, entre a dignidade e a ambición e obsesionado en todo momento coa obriga da victoria. Nas dúas ocasións nas que se lle presenta o amor -con Madame de Rênal e con Matilde de La Mole-, acepta o desafío. Con Madame de Rênal, a conquista supón o triunfo sobre os remordementos da muller e sobre o escándalo que se produce na cidade; con Matilde, supón a victoria sobre un inimigo forte e poderoso. Cando todo parece que vai rematar na voda de Matilde e Xulián, unha carta de Madame Rênal, pinta a personalidade do xove como un ambicioso desmedido na busca de fortuna. Xulián enfurecido, sorprende a Madame de Rênal na igrexa de Verrières e dispara sobre ela. Tras este suceso é encarcerado e é entón cando Madame de Rênal loita por conseguilo indulto para o seu amante. Pero ó final Xulián morre, ós vintetrés anos, o que supón máis que o triunfo da sociedade contra a que se rebelara, o final lóxico da súa psicoloxía, marcada por unha excesiva sensibilidade. Xulián atopa a felicidade durante a súa estancia no calabozo de Besançon, porque se libera do deber de triunfar e de vencer e atopa o verdadeiro amor en



Madame de Rênal, quen morre tres días despois da execución de Xulián, mentres Matilde, enloitada ante a sociedade de Verrières, pretende enterra-la cabeza do seu amante.

Recensións:

Xavier Castro R., "Grandiosa crónica de 1830", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 10 novembro 1996, 7. Cunha cita da anterior obra de Stendhal traducida ó galego (*A cartuxa de Parma*, 1995) abre o crítico este artigo no que comenta o intento do autor de amosar todo canto se desenvolveu ó redor da cultura e da sociedade da Restauración. Salienta Xavier Castro a prosa áxil que nos conduce cara á traxedia final. Por último sinala que a tradución de Antonio Pichel achega ós lectores de hoxe unha historia con máis de 160 anos pero que estes saberán comprender.



Tabucchi, Antonio, *Nocturno hindú*, (*Notturmo indiano*, 1984), trad. Onofre Sabaté, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, nº +15, 1996, 95 pp. (ISBN: 84-87783-32-5).

Situada a medio camiño entre a novela e o libro de viaxes, esta obra de Antonio Tabucchi (Pisa, 1943) conta as aventuras que lle ocorren a un escritor da Europa Occidental cando visita a India para buscar a un colega portugués, Xavier Janata Pinto. A primeira persoa narrativa, unida á descrición pormenorizada dos lugares polos que pasa (Goa, Bombai, Madrás) son indicios dun coñecemento directo por parte do autor, corroborado na introdución co “Índice dos lugares deste libro”. Tabucchi estrutura *Nocturno hindú* en tres partes, cada unha dividida en capítulos ata completar un total de doce. Aproveita ese percorrido pola India para achegarnos aspectos variados da cultura, da sociedade e das relixións hindús.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Unha viaxe, unha metáfora”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 112, 13 xuño 1996, p. 6. Indícase que Antonio Tabucchi é moito máis ca un grande coñecedor e solidario con Portugal, un mosaico complexo que pode lerse de xeito global. O seu universo é sombrizo, atormentado e próximo ós dominios



do ambigüo, á vez que cosmopolita. Pola súa banda, afirma que o libro que dá pé ó comentario representa a vella idea da metáfora como metáfora da vida.

-Xosé Manuel Freire, “*Nocturno hindú*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXX, 22 xuño 1996, p. 3. Para X. M. Freire esta é unha obra de difícil clasificación xenérica (a medio camiño entre a novela e o libro de viaxes). Considera o crítico a Tabucchi un narrador “fino, elegante e dunha aparente sinxeleza” aínda que a complexidade está sempre presente nas súas obras, como neste caso acontece co argumento (dunha viaxe planeada pásase a unha busca case surrealista). Remata o artigo salientando o que de xogo existe neste *Nocturno hindú*: xogo nas palabras, xogo na falsificación dos contextos e, finalmente, xogo de posicións (entre o que mira, dende ónde mira e cómo mira).



I.4. Antologías

I. Narrativa

I. 4. Antologías



Alonso Girgado, Luís (ed.), *Plumas e letras en La Noche (1946-1949)*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1996, 560 pp. (ISBN: 84-453-1656-7).

Está composto este volume, coordinado por Luís Alonso Girgado (Ferrol, 1946), por unha selección de textos da considerada primeira etapa do xornal compostelán *La Noche*, clasificados en función da lingua empregada, xa sexa galego, portugués ou castelán. A temática dos artigos escolmados é literaria, se ben nun índice xeral que figura na fin da publicación indícanse os textos referidos, neste período, preferentemente á temática cultural galega. O libro iníciase cun capítulo de presentacións no que Borobó, Luz Pozo, Manuel María e Pura Vázquez dan conta de aspectos relativos a este xornal e á súa xénese, dende a experiencia vital de cada un destes personaxes. Segue, nunha introducción que precede á selección textual, os responsables da publicación realizan unha introducción na que se estudia a composición do xornal, os colaboradores e outras cuestións relativas ó interese que presenta a materia seleccionada, debuxándose tamén unha traxectoria textual da lírica galega nestes anos do xornal.

Recensións:

-Alvarado, “*La Noche* hace 50 años. Escritores del famoso diario son ahora rescatados”, *La Región*, 16 outubro 1996, p. 11.



Coas palabras de Luz Pozo na presentación da obra inicia Alvarado este comentario descritivo de *Plumas e letras en La Noche*. Recorda, entre outros datos, aqueles anos nos que apareceu o xornal e a algúns dos seus colaboradores. Sinala o crítico que este diario constituíu “una gran experiencia del periodismo gallego, atrevida, luchadora” e que soubo aglutina-lo máis destacado da cultura galega de posguerra. Respecto da edición, indica que se trata dunha homenaxe con motivo do cincuenta aniversario da aparición de *La Noche* e que trata dunha tarefa de reactualización e redescubrimiento.

-Carlos L. Bernárdez, “Plumas e letras desde a escuridade da noite”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 27 outubro 1996, p. 6. En opinión de Carlos L. Bernárdez a obra obxecto deste comentario é unha das publicacións do Centro Ramón Piñeiro que ofrece maior interese. Comeza o crítico sinalando o contido da antoloxía e o momento no que os textos foron publicados (“un dos momentos máis escuros da nosa historia política e cultural”), para centrarse posteriormente na panorámica do estado da poesía galega nos anos corenta: as composicións históricas (Rosalía, Curros, etc.), os discursos poeticamente conservadores (neotrobadorismo, imaxinismo e paisaxismo), os discursos intimistas non exentos de preocupación intelectual, o clasicismo e o culturalismo e, por último, as pequenas pegadas da preocupación existencial que marcará a poesía da década seguinte.

Alfredo Iglesias Diéguez, “La Noche e as súas estrelas”, *Revista Galega do Ensino*, “Reseñas”, nº 13, novembro 1996, pp. 257-259.

Iglesias reflexiona sobre o volume publicado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro con motivo do quincuaxésimo aniversario de *La Noche*, facendo unha descrición do seu contido. Considera ademais que as reflexións dalgún dos colaboradores destas páxinas -Raimundo García Domínguez, Luz Pozo, Manuel María e Pura Vázquez-, así como a introducción e o limiar,



preparados polos colaboradores de Luís Alonso Girgado, “darnos cumprida información da historia do xornal” e “serve de introito a unha traballada escolma da *Plumas e Letras en La Noche*”.

-Vicente Araguas, “Recuperar *La Noche*”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 138, 19 decembro 1996, p. 6. Comeza o crítico afirmando que *La Noche* foi un xardín no deserto, un sosego no ermo cultural dos anos máis escuros. Continúa apuntando as amplas resonancias poéticas que ten este xornal e fai unha especial mención do seu director, Raimundo García Domínguez, “Borobó”. Céntrase, a seguir, no contido desta antoloxía e chama a atención sobre a presenza poética, tan ampla como variopinta, que vai dende autores do XIX ata os que comezan a dá-los seus primeiros pasos nestas datas e agora son poetas consagrados, pasando polos escritores de mérito recoñecido xa nesa época e nos que simplemente foron “flor dun día”. O feito de recuperar poemas e artigos é un dos posibles atractivos que Araguas sinala como conclusión.

Referencias varias:

-E. C., “*La Noche*: o xornal que serviu de ponte entre a cultura e o pobo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 16 xullo 1996, pp. 34-35/p. 76. Informa da presentación en Santiago de *Plumas e Letras en La Noche*, un volume realizado polos investigadores do Centro Ramón Piñeiro que pretende ser “unha homenaxe á esencia do xornalismo galego”. Sitúa esta obra como a primeira parte dun proxecto que terá continuidade con edicións facsimilares de “O parladoiro” e do “Suplemento de Cultura”. Recolle as declaracións das personalidades asistentes: Manuel Regueiro Tenreiro sinalou a *O Correo Galego* como referente para a convivencia lingüística; Luís Alonso Girgado lembrou o papel pioneiro de *La Noche*; para Manuel María e Uxío



Novoneyra esta edición supuxo unha volta á mocidade e Borobó evocou a figura de José Goñi Aizpúrrua e lembrou os seus artigos.

Alfredo Conde, "Todo o mundo cre en nós, agás nós mesmos", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 20 xullo 1996, p. 48/p. 4. Comenta a publicación, por parte do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", de *Plumas e Letras en La Noche (1946-1949)*, libro que recolle traballos escritos por diversos autores daquela época e que permiten explicar algúns movementos poéticos posteriores. Por outra banda, Conde salienta a calidade das publicacións científicas galegas, máis valoradas ás veces polos visitantes estranxeiros que polos propios galegos.

Alfredo Conde, "Que dure a calor, a calor dos nosos corazóns", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 21 xullo 1996, p. 64/p. 4. Neste artigo, por un lado, coméntase a presentación do libro *Plumas e Letras en La Noche (1996)*, na sede de *O Correo Galego*, en Santiago de Compostela. Por outra banda, faise unha referencia á conmemoración do pasamento de Rosalía de Castro na Casa da Matanza, onde ofreceron unhas palabras Carmen Blanco e Agustín Sixto Seco e participaron algúns visitantes estranxeiros, como Kathleen March, de USA, e Roy C. Boland, de Australia.

-Marcos Valcárcel, "Voces de posguerra", *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), "De sol a sol", 4 agosto 1996. Comenta a publicación de *Plumas e Letras en "La Noche" (1946-1949)*, editado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", e salienta a presenza dos escritores ourensáns nese diario compostelán, como foron Otero Pedrayo, Risco, etc.



Manuel María, “Plumas e letras en ‘La Noche’ de 1946 a 1949”, *El Correo Gallego*, 18 setembro 1996,

10. Manuel María comenta a presentación do volume *Plumas y letras en “La Noche”*, á que asistiu Raimundo García Domínguez (Borobó) e comenta o contido do libro que antoloxa textos de autores, tanto consagrados coma novas daquel momento.

-M. A. Fernán-Vello, “Dúas edicións magníficas”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 31 outubro 1996, p. 3. Refírese ás publicacións do Centro Ramón Piñeiro, *Informe de literatura 1995 e Plumas e Letras en La Noche (1846-1949)*. A propósito da segunda, salienta o acerto do director da publicación, Luís Alonso Girgado, de poñer en circulación un material importante sobre o noso pasado. Repasa a nómina dos colaboradores de *La Noche* e destaca a calidade dos ensaios que presentan o volume, a cargo de Borobó, Luz Pozo, Manuel María e Pura Vázquez. Anuncia tamén os dous próximos proxectos do Centro: a edición facsimilar deste xornal compostelán e a recompilación de artigos de D. Ramón Otero Pedrayo na sección “Parladoiros”.

-Xosé Lois García, “Memorando poético de Xoán Neira”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 8 outubro 1996, p. 4. O articulista comenta o primeiro poemario de Xosé Neira, *Memoria e soño*. Salienta que se trata dun bo comezo para este poeta e apunta tres liñas básicas nesta obra: o mundo do rural, a cidade de Lugo e a beiramar. Sinala tamén a presenza dunha poética social, reivindicativa e popular que converte o volume nun produto harmónico e cheo de modernidade.



Brekilien, Y., A. Elder, Th. Keightley, C. Croker, E. Waring, J. Rhys, F. Groome, J. Jacobs, J. Train, G. Waldron, H. Miller, J. F. Campbell e J. G. Campbell, *Contos celtas. Historias tradicionais de: Bretaña, Illa de Wight, Irlanda, Gales, Illa de Man, Escocia, Illas Hébridas,* selec., trad. e prólogo Equipo Tris Tram, ilustr. Ismael López Fernández, Lugo: Tris Tram, col. Tris Tram. Relatos, 1996, 128 pp. (ISBN: 84-89377-03-0).

Ofrécesenos neste volume a traducción de 17 relatos de países celtas, precedidos dun prólogo no que se nos indica a procedencia de cada un deles, as súas posibles orixes e o seu autor ou (no seu defecto) o responsable da súa recolleita do fondo popular do que proceden. Están presentes neles tódolos elementos clásicos da literatura celta: mestura de realidade e ficción, presenza constante de elementos máxicos -fadas, espíritos, deuses, demos, etc.-, especial sentido da relixiosidade e recurso á Materia de Bretaña.



García Negro, María Pilar e Anxo Gómez Sánchez, *A literatura galega do pre renacemento (1808-1863)*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 9, 1996, 306 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84 89679-14-2).

A presente antoloxía inclúe un conxunto de textos en galego de diferentes xéneros, anteriores a 1863, data da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, isto é, anteriores ó chamado *Primeiro Renacemento*. Nela aparecen, ademais de textos anónimos, Pedro Cima de Vila, José Fernández y Neira, Ramón González Senra, Xan de Mingucho, Manuel Pardo de Andrade, Antonio Benito Fandiño, Pedro Boado Sánchez, Nicomedes Pastor Díaz, Antonio Castro, Vicente Turnes, Francisco Fernández Anciles, Xoán Manuel Pintos, Francisco Añón, José García Mosquera, Antonio Camino, Alberto Camino, Antonio de la Iglesia, José López de la Vega, Marcial Valladares, Domingo Camino, Francisco M^a de la Iglesia, Manuel Murguía, Antonio Fernández y Morales, Antonio Santiago Somoza e Antonio Benito Fandiño. Os editores aclaran no limiar que no caso de Francisco Añón se recolle toda a súa produción, polo que se sobrepasa o límite cronolóxico fixado, incluíndo poemas posteriores a 1863. Sinalan tamén as fontes empregadas na recolleita destes textos e aclaran as modificacións realizadas na súa lingua orixinal, que se limitan á modernización ortográfica e acentual.



García Negro, María Pilar, Anxo **Gómez Sánchez**, e Francisco **Rodríguez Sánchez**, *Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 12, 1996, 250 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-18-5).

Ver apartado II. 4 Antoloxías (Poesía), neste *Informe*.



García Negro, María Pilar, Anxo **Gómez Sánchez**, e Mercedes **Queixas Zas**,
Valentín Lamas Carvajal. Obra literaria e xornalística. Antoloxía, Vigo: A Nosa
Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 15, 1996, 300 pp. (ISBN da colección:
84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-20-7).

Esta edición antolóxica da obra de Valentín Lamas Carvajal recolle os seguintes textos: a versión completa de *Cartas ós gallegos* e unha escolma de *Espiñas, follas e frores*, *Saudades gallegas* e *A musa das aldeas* na poesía, a reedición íntegra do *Catecismo do labrego* e unha escolma de *Gallegada* no eido da prosa, así como algúns dos máis importantes artigos xornalísticos publicados en *O Tío Marcos da Portela*. Na “Nota preliminar”, os editores, M^a Pilar García Negro, Anxo Gómez Sánchez e Mercedes Queixas Zas, xustifican as escollas feitas para esta antoloxía, explicitan os criterios de edición seguidos e, finalmente, dan conta dos textos empregados para antologar ó xornalista e escritor ourensán.



Gaspar, Silvia, *Antoloxía do conto galego de medo*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 139, maio 1996, 218 pp. (ISBN: 84-8288-035-7).

Escolma de contos na que, como afirma a autora (Montevideo, 1960) na presentación preliminar da obra, se “intenta recoller un *corpus* representativo de todos os aspectos que o terror pode adoptar nas nosas letras”. Trátase dun conxunto de dezaseis relatos breves de autores que van dende o decimonónico Antonio de la Iglesia ata Carlos Vila, pasando por Uxío Carré Aldao, Hipólita Muíño, Alfredo Canalejo, Xosé Filgueira Valverde, Rafael Dieste, Ánxel Fole, Carlos Casares, Paco Iglesias, Xosé Miranda, Marilar Aleixandre e Xelís de Toro. Na “Introducción”, a autora ofrece un achegamento ó xénero de terror por medio dun intento de definición do mesmo; analiza o concepto de medo, a presenza do terror na literatura, aqueles aspectos relacionados coa credibilidade destes relatos, a identificación do lectorado con esta temática, etc. Céntrase, logo, nas características do xénero en lingua galega e fai un repaso histórico polas contribucións de autores como o trío formado por Uxío Carré Aldao, Álvarez de Nóvoa e Pérez Placer ata Xesús Valcárcel ou Carlos Casares, na actualidade. Cómpre engadir que cada conto vai precedido dun breve perfil biográfico do autor do mesmo e dunha sucinta explicación sobre os recursos empregados nos diferentes relatos.



Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "Nas poutas do medo", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 131, 31 outubro 1996, p. 6. Ponse de manifesto o feito de que un dos eixos máis acreditados das narracións populares galegas estea consolidado na fartura e luxo de relatos de aparecidos, premonicións, bruxería e cantares de cego, de temática tétrica e aterrecedora. Afírmase que nun soberbio estudio introductorio, cheo de erudición, claridade e matizacións, Silvia Gaspar efectúa o repaso histórico da produción galega de medo, tentando amosar na posterior antoloxía un corpus representativo das distintas modalidades que o terror utiliza nas nosas letras. Afirmar tamén o crítico que, fóra dos autores escolmados, quedaron manifestacións sobranceiras do terror, que ten en Méndez Ferrín o mellor cultivador nas nosas letras.

Xavier Castro R., "Contos galegos de medo e terror", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 3 novembro 1996,

7. Con esta nova antoloxía complétase, segundo Xavier Castro, o panorama da nosa literatura na liña común do medo. Salienta o crítico a heteroxeneidade dos temas escollidos, a identificación entre lector e historia narrada e o marco temporal abarcado, que vai dende autores do século pasado ata os máis modernos narradores. Sinala ademais as tres estruturas narrativas básicas da historia de terror para Silvia Gaspar: a popular, a semiculta e a culta.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, "De feiras e de libros", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 14 xuño 1996, p. 3. Ver Casares, Carlos *Deus sentado nun sillón azul*, nestas páxinas.



Gómez Sánchez, Anxo, M. Lourenzo González, Luís, Obelleiro e Laura Tato

Fontaiña, (eds.), *A prosa do Primeiro Renacemento. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 10, 1996, 267 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-15-0).

Recóllese nesta escolma un conxunto de textos do Rexurdimento galego: *En pro do país* (1858), discurso de Xosé Domínguez Izquierdo; *Reseña stórica* (1861), de Antonio de la Iglesia González; *Diálogos* (1864), de Francisco Mirás; *O ouro do Sil* (1878), de Mariano Roche y Frejas; a primeira das nosas novelas, *Maxina ou a filla espúrea* (1880), de Marcial Valladares; os dous *Discursos nos Xogos Frorais de Tui* (1891), pronunciados por Manuel Murguía e por Alfredo Brañas; e catro pezas teatrais de Laureano Guitián Rubinos, Francisco M^a de la Iglesia y González, Ramón Armada Teixeira e Leandro Pita Sánchez Boado que son, respectivamente, *Unha noite na casa do tío Farruco do Penedo* (1877), *A fonte do xuramento* (1882), *¡Non máis emigración!* (1882) e *Apuntes al carbón* (1897). Nas páxinas que abren o volume preséntase unha caracterización lingüística destes textos, enuméranse as edicións anteriores e expóñense os criterios seguidos para a presente edición. Para *Maxina*, prefírese o texto de *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1880) coas oportunas correccións ortográficas. No resto das obras escolmadas, realízanse diferentes eleccións. Para *En pro do país*, *Reseña stórica* e *O ouro do Sil*, tómase como punto de referencia o volume *Prosa galega 1* (Galaxia, 1976) e lévase a cabo



unha revisión da acentuación. Con respecto ós *Discursos* de Murguía e Brañas, acódesse ós orixinais publicados en *La Patria Gallega*, de Santiago en 1891. No texto de Mirás, considérase directamente a primeira edición (1864). Para os textos teatrais, a peza de Laureano Guitián edítase seguindo o *Almanaque de Galicia*, de Buenos Aires no que apareceu en 1909; para *A fonte do xuramento*, a reprodución facsimilar da Biblioteca 114 de *El Correo Gallego* (1991); de *¡Non máis emigración!*, escóllese a súa segunda edición e *Apuntes al carbón* tómase da edición de 1897.



Hoffmann, *Contos de Hoffmann*, selec., trad. e prólogo Marta Ares Fontela e M^a Xesús Lama López, Lugo: Tris Tram, col. Tris Tram. Relatos, 1996, 242 pp. (ISBN: 84-89377-06-50).

Compilación de seis dos contos de E.T.A. Hoffman (Königsberg, 1776-Berlín, 1822): “O ermitán Serapion”, “O home de area”, “As minas de Falun”, “O conselleiro Krespel”, “A sorte do xogador” e “A señorita Scuderi”. No prólogo á selección, Marta Ares e M^a Xesús Lama fan, nun primeiro momento, unha aproximación á biografía e obra do narrador, salientando a súa importancia ó ser un dos mestres iniciadores do relato de misterio, a través dos contos dos seus volumes *Escenas nocturnas* (*Nachtstücke*, 1816-1817) ou *Os irmáns Serapions* (*Die Serapions Brüder*, 1819/1821), para, posteriormente, facer un pequeno comentario do argumento, motivos e historial de cada un dos contos seleccionados.



Murguía, Manuel, *En prosa. Textos en galego*, limiar Francisco Fernández del Riego, Oseiro-Arteixo: Asociación VV. Manuel Murguía, 1996, 196 pp. (D. L.: C-616-1996).

Volume homenaxe da Asociación de Veciños “Manuel Murguía” de Oseiro-Arteixo a Manuel Murguía (Froxel-Arteixo, 1833-A Coruña, 1923), nado nese Concello. No limiar, Francisco Fernández del Riego refírese á influencia de Murguía nos escritores da época, á súa actitude “patriótica”. Considera que a súa obra en prosa aínda non foi estudada como debía e por iso salienta a importancia desta recompilación. A seguir, o volume dividíase en tres partes. Na primeira e na segunda reproducense os textos casteláns e na terceira os galegos: “Discurso nos xogos froráís de Tuy”, no que se exalta a identidade do pobo galego e os elementos que o definen e no que Murguía presenta a lingua como pilar básico do pobo galego e resalta a existencia dunha literatura propia. Así mesmo busca unha confraternización de identidade con Portugal, pobo co que compartimos o berce das nosas primeiras poesías medievais e co que camiñamos xuntos en diversas ocasións da nosa historia.; en “Eduardo Pondal e a súa obra”, fai unha análise da obra de Pondal, autor que nos presenta como o bardo da nosa poesía e do que resalta o seu valor lírico e o seu compromiso co seu pobo, omnipresente nas súas composicións; finalmente reproducense os poemas “A Curros” e “Nena das soledades”.



Recensións:

-M. Rodríguez, "O orgullo e a modestia dos paisanos de Murguía", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano I, nº 65, 23 maio 1996, p. 6. Pequeno comentario sobre *En prosa. Textos en galego. Manuel Murguía*, libro publicado polos veciños de San Tirso de Oseiro, lugar onde naceu Murguía no ano 1833. No limiar deste volume, que recolle unha parte da obra de Murguía, Francisco Fernández del Riego afirma que se trata dunha das obras máis significativas do escritor, destacando o interese que reporta por "amosar en conxunto, por primeira vez, os textos murguianos en lingua galega".

-Xavier Castro R., "Textos de Manuel Murguía", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 15 setembro 1996, p. 7. Comeza este artigo sinalando o feito de se-la figura de Manuel Murguía unha fonte constante de comentarios, sobre todo na súa faceta de historiador e intérprete da Galicia do seu tempo. Segue o crítico coa afirmación de que os seus traballos de creación literaria son moito menos coñecidos, eiva que se pretende solventar co labor emprendido coa publicación desta obra. Conclúe anotando o interese do prólogo de Francisco Fernández del Riego.



II.1. Poetas galegos

II. Poesía

II.1. Poetas galegos



Alonso, Fran, *Tortillas para os obreiros (Secuencias)*, ilustr. Francisco Souto, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 19, agosto 1996, 53 pp. (ISBN: 84 88137-84-2).

Fran Alonso (Vigo, 1963) ofrece un poemario no que a voz lírica desenvolve dúas historias paralelas que están a acontecer en dous espacios diferentes, aínda que cada vez máis próximos da ría de Vigo: a dunha muller que acode, como tódolos días, ó seu traballo de facer tortillas para os obreiros (“secuencia A”), e a da enfermidade dun home nun hospital (“secuencia B”). O sufrimento, a dor, a miseria e a sobrevivencia son algúns dos temas que están presentes nestes poemas, concibidos como “secuencias tipográficas. Secuencias piratas ensarilladas e apañadas entre as mallas da loucura. Triste náusea urbana que che enche os cabelos de esparto”.

Referencias varias:

-R. Sotelino, “Miña obra ten o xe de marxinal”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), 9 outubro 1996, p. 46. Entrevista co escritor vigués Francisco Alonso con motivo da publicación do seu último libro de poemas *Tortillas para os obreiros*. O autor fala do contido deste libro, dos seus obxectivos e do seu método de traballo. Ó mesmo tempo infórmase ó lector da próxima celebración en Bruxelas dun Colloque sur la jeune littérature européenne no que participará dito escritor.



Amado, C., L. Gómez, R. Martínez Conde, A. Quintela, A. Rodríguez López, A. Romaní, I. Santiago, R. Villar, Chineses, Santiago de Compostela: Editorial Compostela S. A., Edicións *O Correo Galego*, col. AFA, nº 2, setembro 1996, 64 pp. (D. L.: C-373-1996).

Con motivo da saída do número 1000 de *O Correo Galego* publícase esta obra que recolle poemas dos xoves autores galegos Isolda Santiago (Mazaricos, 1960), Antonio Rodríguez López (Monforte, 1961), Rafa Villar (Cee, 1968), Carlos Amado, Lupe Gómez (Fisteus, 1972), Anxo Quintela (Vigo, 1960), Ana Romaní (Noia, 1962) e Ricardo Martínez Conde (Aldariz-Sanxenxo, 1951). Estes poemas foron publicados ó longo dos anos 95 e 96 no suplemento mensual “Chineses” de *O Correo Galego*. Na última parte do libro aparece unha breve síntese biobibliográfica destes poetas.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Afa 2 -Chineses”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 136, 5 decembro 1996, p. 6. Araguas sinala o feito de que este libro se publique precisamente cando *O Correo Galego* cumpre mil números, un xornal que se ocupa moi a miúdo da poesía galega. Comenta que esta antoloxía, formada a base das separatas que ese xornal publicou no suplemento “Chineses”, recolle a obra de oito autores e autoras que escriben unha poesía “vigorosa, variada, antichoromiqueira, con vontade de estilo, provocativa pero sobre todo orgullosa”.



Angueira, Anxo, *O valo de Manselle*, debuxos Andrés A. Vila, Vigo: Edicións Xerais, col. Ferros, nº 8, 1996, 101 pp. (ISBN: 84-8302-077-7).

Volume dividido en cinco apartados: “O valo de Manselle”, “A placa”, “O liño de María”, “A Bernardino Graña” e “O mar e o río do regreso”. Os tres primeiros constitúen unha homenaxe que Anxo Angueira (Manselle, 1961) dedica a tódolos habitantes de Manselle. “O val de Manselle” recibiu un accésit no Certame de Poesía Camiño de Santiago no ano 1994 e, segundo explica o autor na nota preliminar, trata de reflectir poeticamente o esforzo dos veciños na recuperación dun campo de xogos situado en terreos da comunidade. En “A placa” e “O liño de María”, a voz poética recupera as súas raíces familiares e as tradicións que recibiu da man dos seus paisanos. O libro complétase cun poema dedicado a Bernardino Graña e cunha composición premiada no Certame Poético Ruta do Mar de Arousa e río Ulla no 1992, centrada na paisaxe destes dous lugares.



Araújo, Emilio, *Cinsa do vento. Libro da Ribeira Sacra*, Santiago de Compostela: Noitarenga, 1996, 209 pp. (ISBN: 84-921096-3-7).

Emilio Araújo (Coles, 1962) canta neste poemario á paisaxe da Ribeira Sacra ó longo dun amplo conxunto de composicións cunha temática recorrente. No libro reúnense poemas de moi diferente extensión e mesmo algúns textos en prosa. En todos eles, preténdese dar unha visión de diversos aspectos da vida cotiá da devandita zona: a paisaxe, a flora e a fauna, os oficios, a emigración, etc. Dende o punto de vista lingüístico, cómpre destaca-la tendencia ó descritivismo e á enumeración, as estratexias de oralidade e a recorrencia á toponimia, ós hipocorísticos e á fraseoloxía popular.



Arias, Xela, *Darío a diario*, Vigo: Edicións Xerais, decembro 1996, 55 pp. (ISBN: 84-8302-080-7).

Xela Arias (Lugo, 1959) presenta neste libro unha voz lírica feminina que aborda como tema central a maternidade. Trátase dunha poesía da experiencia arredor do nacemento dun fillo. Os textos, dirixidos ó ti que dá título ó poemario, expresan sentimentos, dúbidas, reflexións, etc., sobre a figura da nai e a súa condición de muller, reafirmada polo feliz acontecemento. A procura dun ton familiar, entrañable e, por veces, lúdico, logrado mediante un particular traballo lingüístico, reforza a idea de cotidianidade que se percibe ó longo de todo o volume.



Beiras, Ricardo, *Idolatría*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 20, agosto 1996, 54 pp. (ISBN: 84-88137-85-0).

Poemario de Ricardo Beiras (Santiago de Compostela, 1965) que contén 35 composicións de temática amorosa divididas en tres seccións: “Esperanzas”, onde a voz lírica nos presenta un amor correspondido; “Derrotas”, na que se debuxa o desencanto amatorio e “Ectoplasma”, fase de resolución da tensión amorosa, síntese evolutiva na que os poemas se tinguen de imaxes surrealistas e -ó igual que ocorría nalgúns composicións de “Esperanzas”- abunda o poema en prosa. Antecedendo o *corpus* lírico descrito preséntase unha composición que serve de preludio e presentación das tres seccións.

Recensións:

-Yolanda Castaño, “Dende a ética máis íntima”, *A Nosa Terra*, nº 752, “Guieiro Cultural”, 14 novembro 1996, p. 23. Sinala Yolanda Castaño que neste autor se poden descubrir moitas das características dos poetas novos. Así, tras comenta-la obra dende unha perspectiva temática e estrutural, céntrase no punto de vista formal que é, nas súas palabras, “onde se atopa o verdadeiro valor do poemario”. Neste sentido sinala a grande e orixinal riqueza das imaxes, a linguaxe sinxela e directa e a simplicidade sintáctica e léxica no que supón

o abandono da ampulosidade formal dos tradicionais canons artísticos. Por último, salienta a modernización dos campos léxicos na última poesía, a través da formación de palabras novidosas e orixinais a partir doutras existentes no idioma.



Bouzas, M., C. Carracedo, D. Creus, E. Creus, M. Fraga, F. L. Santalla, X. Rodrigues Fidalgo, X. Tedín, R. Traba Velay, M. Villar, e R. Villar, *As armas da solidaridade*, Cee: Colectivo antimilitarista Costa da Morte, abril 1996, 25 pp. (sen ISBN).

Caderno poético que contén 22 composicións de once poetas. As creacións presentan como fío común a loita ideolóxica contra o exército e a favor da solidariedade. Na presentación do libriño o mesmo colectivo manifesta que as únicas armas coas que queren manifestarse son “a palabra, a solidariedade, a amizade...”. Participan nesta iniciativa con dous poemas cada creador: Moncho Bouzas, César Carracedo, David Creus, Estevo Creus (Cee, 1971), Modesto Fraga (Fisterra, 1974), Federico L. Santalla, Xavier Rodrigues Fidalgo, Xandra Tedín, Roberto Traba Velay, Miro Villar (Cee, 1965) e Rafa Villar (Cee, 1968).



Braxe, Lino, *Entre ruínas*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 49, 1996, 57 pp. (ISBN: 84-88137-91-5).

Poemario significativamente dedicado a Lois Pereiro no que Lino Braxe (Mugardos, 1962) leva a cabo un exercicio de intertextualidade, fundamentalmente co mundo do cine e da música. Estructurado en catro partes, “Días de gloria”, “Baladas”, “O martirio do dragón” e “A deusa branca”, o libro é unha constante evocación de moitos dos mitos que están presentes na poética do escritor, como o celtismo ou outros pertencentes á modernidade. Por outra banda, o poemario pretende ser un intento de recuperación do pasado. A derrota, o absurdo, o mundo da noite e o propio mito son algúns dos temas que están presentes neste libro no que, a miúdo, a voz lírica xustifica a necesidade da súa existencia como transmisor da memoria dun pobo (“Mentres haxa un home desgraciado/non terei dereito ao retiro absoluto/deverei cantar os nosos lamentos/eu son deste sitio e da vosa carne”).



Bugallo, Rosa e outros, *Verbas máis quentiñas*, Santiago de Compostela:

Estudiantes Solidarios, 1996, 61 pp. (D. L.: C. 173-1996).

Libro colectivo que reúne poemas coa intención de loitar “contra o frío mercantilismo da arte que nos queren impór”, segundo se afirma no limiar. O volume recolle composicións dos seguintes autores: Rosa Bugallo, Carolina Casal Chico, María Díaz Cabeza, Carlos Hernández Ares, Paulino Martín, Olga Novo, Uxío Novoneyra, Anxo Quintela, Baldo Ramos e Xoán Lois Vázquez. O libro péchase cunha nota da organización Estudiantes Solidarios na que esta dá a coñece-la súa traxectoria dende que nacera en 1989.



Cabada, Cristina, *Sombra acesa*, IVº Premio de Poesía Espiral Maior, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 51, novembro 1996, 50 pp. (ISBN: 84-88137-94-X).

Poemario co que Cristina Cabada (Vigo, 1963) conquistou o IVº Premio de Poesía Espiral Maior. Ofrece unha particular visión da natureza, na que ten unha especial importancia a percepción sensorial. O libro preséntanos un eu lírico que habita harmonicamente o seu medio, integrando nel a un ti que se perfila como unha sombra acesa na tarde. As composicións recrean unha simboloxía pechada e coherente, que dá unidade ó conxunto.



Carballeira, Johán, *Cartafol de poesía*, Pontevedra: Colexio Público A Pedra de Bueu, 1996, s. pp. (ISBN: 84-8499-908-4).

Poemario de José Gómez de la Cueva (Bueu, 1903-1937), coñecido co pseudónimo de Johán Carballeira, que reúne máis de corenta composicións en galego e en castelán publicadas en diferentes revistas e xornais galegos entre os anos 1923 e 1934, que o autor pensaba recompilar en dous títulos, *Cartafol* e *Con la frente en la noche*, que nunca chegaron a ve-la luz. O traballo de edición e recuperación dos poemas foi realizado por mestres e alumnos do Colexio Público A Pedra de Bueu e constitúe un número especial da revista do colexio *O Candil*, coordinado por Arturo Sánchez Cidrás.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, "El Colegio 'A Pedra' presentó un libro de poesía de Carballeira", *Diario de Pontevedra*, 13 decembro 1996, p. 20. Recolle información sobre a presentación de *Cartafol de poesía* (1996), unha recompilación de parte da obra poética do que fora alcalde de Bueu, José Gómez de la Cueva, "Johán Carballeira", informando que se trata dunha edición especial de *O Candil*, do Colexio Público "A Pedra".



Carlos, Helena de, *Alta casa*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 45, 25 xuño 1996, 48 pp. (ISBN: 84-88137-82-6).

Conxunto de 23 composicións poéticas que levan por título dúas palabras da *Eneida* de Virxilio e que constitúen a primeira singradura creativa unitaria da profesora Helena de Carlos (Barbantes-Cenlle, 1964). Trátase de poemas nos que se amosa a aventura dun eu lírico que volta ás súas orixes, moi en contacto coa paisaxe natal, cargada de nostalgia e transmite vivencias relacionadas co amor e a felicidade pero tamén coa tristeza e a dúbida.

Recensións:

-Vicente Araguas, "Raíces", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 125, 12 setembro 1996, p. 6. Comeza Araguas refiríndose ó poema que dá título ó libro e considera que "podería ser o comezo pero tamén o remate dun libro que ten como característica sobranceira a da intercambiabilidade". Este feito que, segundo o crítico, non implica xuízo pexorativo lévao a afirmar que os poemarios "deberan tender a unha actitude monográfica máis ca a simple recompilación de elementos". Comenta tamén que este libro é sobre todo unha volta ás raíces ou "un xogo sen fronteiras que leva ás orixes". Anota, finalmente, que quedará atento a esta poesía "sutil, viaxeira e calorosa".

-Teresa Seara, "Serpe", *A Nosa Terra*, nº 749, "Guieiro Cultural", 24 outubro 1996, p. 24. Tras facer un pequeno percorrido polos primeiros pasos literarios de Helena de Carlos, destaca a recensionista a "elegancia clásica" coa que esta "nos convida a percorrer as diferentes estancias desa *alta casa* que conforma a existencia humana". Existencia que se configura a través da viaxe pola biografía,



lugares, persoas e horas que a transitaron e configuraron. Conclúe salientando a coincidencia da fin da viaxe coa chegada da morte que se nos presenta como mundo sombrizo da nada.

-Helena González Fernández, "Intimismo e outredade en Helena de Carlos", *Grial*, nº 132, outubro-novembro-décembro, Tomo XXXIV, 1996, pp. 554-556. Helena González salienta como "trazos principais" da obra a "interioridade, as experiencias vividas e presentadas como autobiográficas e a omnipresencia da morte". Esta "consegue que (...) as palabras renazan novas e asemade cangadas polo arrecendo a tradición, núas e asemade revestidas por un imaxinario simbólico xa coñecido". A recensionista sinala a presenza no poemario de "tres ingredientes típicos da poesía feminina recente": a compoñente simbólica, a tradición cultural e a narratividade lírica. Para ela, *Alta casa* é "unha proposta renovadora e prometedora dentro da poesía intimista (...) e, sobre todo, significa o rescate para a literatura dunha voz lírica fresca e persoal".



Costa Beiro, Alfonso, *O espello de papel*, Muros: Toxosoutos, col. Nume, 1996, 199 pp. (ISBN: 84-89129-17-7).

Neste libro ofrécenos o pintor noiés Alfonso Costa (Noia, 1943) unha antoloxía da súa obra poética entre os anos 1987 e 1995 dividida en seis apartados: “Os aneis do tempo (1987-1990)”, “Sinfonía de porcelana (1991-1992)”, “Soiedade desherdada (1992-1993)”, “Anacos (1993)”, “Nas cabidades da noite (1994)” e “Desgaste íntimo (1995)”. Estes apartados, de diferente extensión, teñen en común o uso do verso libre e da variedade métrica, a presenza de elementos da natureza e o case omnipresente tema amoroso, que expresa tanto o gozo de amar coma a dor pola ausencia do ser amado. Temas colaterais a este son o enigma da creación e o paso do tempo. A antoloxía está prologada pola profesora Aurora Marco, quen ofrece a súa opinión sobre os poemas deste autor e as liñas temáticas que se poden destacar neles.

Referencias varias:

-Rocío Cortés, “O pintor noiés Alfonso Costa publica un poemario sobre o amor”, *O Correo Galego*, 3 febreiro 1996, p. 34. Informa da presentación do poemario *O espello de papel*, de Alfonso Costa, “un noiés polifacético e de alma renacentista”. Comenta as bases temáticas da obra, a estrutura e o período de tempo que abarca. Salienta a participación de Paco Souto e de Aurora Marco, ademais do propio autor, como principais impulsores da editorial Toxosoutos. No remate, Alfonso Costa xustifica o título deste poemario, relaciona a poesía coa soidade e fala dos proxectos de futuro.



-Xavier Costa Clavell, "O espello de papel", *O Correo Galego*, "No Faiado", 27 febreiro 1996, p. 3. Comentario que salienta a faceta artística do autor, cunha destacada e coñecida obra como pintor e escultor. Con respecto á súa presentación como poeta, advirte o crítico como riscos que o identifican, o seu vencellamento coa plástica e a calidade da expresión na poesía amorosa, chea de suxestións e con matices que lembran as cantigas galaico-portuguesas. Sinala que estes versos descubren "a voz dun poeta de corpo enteiro".

-Alfredo Conde, "Xeitos gozosos de deixar que se nos vaia a vida", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 1 agosto 1996, p. 56/p. 4. Fai referencia ó pintor Alfonso Costa e á súa publicación dun libro de poemas, titulado *O espello de papel* e afirma que non é mala cousa que os pintores pinten e ó tempo lean e mesmo escriban.



Creus, Estevo, *Poemas da cidade oculta*, Vigo: Edicións Xerais, col. Ablativo Absoluto, nº 3, outono 1996, 85 pp. (ISBN: 84-8302-021-1).

Estevo Creus (Cee, 1971) presenta un libro concibido como un conxunto formado por cinco "itinerarios", nos que un eu lírico ficcionalizado deixa constancia da súa experiencia mediante un verso que a miúdo bota man do ton narrativo. Estas cinco traxectorias poéticas desenvolven de maneira singular os seus respectivos fíos argumentais, que teñen como motivos de fondo universos temáticos da poesía de tódolos tempos: a soidade, o amor, a morte, o retorno, a infancia e a memoria.



Cribeiro, Xosé Alexandre, *A sebardade no puño*, limiar Xosé Manuel Beiras, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 50, novembro 1996, 60 pp. (ISBN:84 88137-93-1).

Edición póstuma precedida dun limiar no que Xosé Manuel Beiras recorda algunhas vivencias persoais con Xosé Alexandre Cribeiro (Pontevedra, 1936-1995). O libro vén ser unha lembranza do ambiente vivido polo poeta na súa mocidade, á beira daqueles homes con quen formara o grupo Brais Pinto. A angustia existencial, o amor, o paso do tempo, a historia ou a solidariedade son os temas que están presentes neste conxunto, onde por veces a voz lírica adopta unha actitude crítica e de denuncia. O recordo orixina na maior parte dos textos unha reflexión sobre temas universais.



Dacosta Alonso, Marta, *Pel de ameixa*, Premio de Poesía Miguel González

Garcés, 1995, A Coruña: Deputación Provincial, 1996, 67 pp. (ISBN: 84-89652 02-3).

Poemario polo que Marta Dacosta (Vigo, 1966) recibiu o Premio de Poesía González Garcés do ano 1995. A obra consta de composicións de medida moi desigual e con ilustracións de Xavier Correa Corredoira. A partir de referencias á infancia, a autora fai unha profunda reflexión sobre a vida, a liberdade, o tempo, a loita cotiá do vivir de cada día, o sórdido da vida. Nunha confrontación entre a natureza e a cidade, coa auga como elemento omnipresente en todo o poemario, presenta a loita como a busca da liberdade, en definitiva, da dignificación do ser humano.

Recensións:

Teresa Seara, "O retorno é unha flor vermella", *A Nosa Terra*, nº 716, "Guieiro Cultural", 7 marzo 1996,

26. Teresa Seara considera que este poemario reflicte a singradura involuntaria da infancia ó sur, símbolo do comezo inmediato dun camiño antagónico ó edén. Aflora, neste percorrido, a consciencia da propia fragilidade e a ferida de indefensión perante a realidade cruel que nos ultrapasa. Continúa a crítica apuntando o feito de que a "pel de ameixa" non é quen de protexer contra os golpes que chegan ó corazón, mais o eu poético desexa avanzar cara ó norte loitando contra o tempo e o contorno. Pero, gracias á poesía, afirma Teresa Seara, desaparece a soidade, triunfa a dor pola terra, a poesía faise



bálsamo e o eu poético atopa un lugar de paz no que reclina-la cabeza e soñar co xardín arrebatado das flores vermellas do retorno.

-Eduardo Estévez, “*Pel de ameixa*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXI, 12 abril 1996, p. 3. Compáranse neste artigo as obras de Marta Dacosta *Crear o mar* (1993) e *Pel de ameixa*. Segundo o crítico, ámbalas dúas presentan versificación clásica principalmente hendecasílabos e alexandrinos e un coidadoso traballo metafórico, pero varían os intereses temáticos, centrándose neste último título nunha poesía máis intimista e fundamente contemporánea. Sinala a este respecto que aparecen dous momentos perfectamente diferenciados: no comezo, os textos teñen un cariz amoroso ou erótico que pasa logo á toma de conciencia da dor persoal e social e da imposibilidade da felicidade. Destácase, finalmente, a coidada edición.

-Xavier Castro R., “O presente e as ausencias”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 16 xuño 1996, p. 7. Descubre Xavier Castro “boas maneiras” en Marta Dacosta e “un mellor quefacer que apunta cara a unha personalidade que debemos lembrar de agora en diante”. Respecto á súa obra, *Pel de ameixa*, premiada en 1995 no certame de poesía Miguel González Garcés, o crítico afirma que se trata dun sinxelo mural poético, non exento de certas claves íntimas da autora, onde percorre os seus mundos máis suxestivos e persoais sen esquecer-la experiencia da colectividade.

-Vicente Araguas, “Amar é combater”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 116, 11 xullo 1996, p. 6. “Non morreu a poesía belixerante”. Con estas palabras inicia Vicente Araguas o comentario de *Pel de ameixa* de Marta Dacosta, poeta disposta, segundo o crítico, a dar unha de amor e outra de loita. Saliéntase a linguaxe “fresquiña” e as raíces telúricas que choutan xunto co erotismo, o intimismo, o compromiso político e o ecoloxismo ó longo da obra.



Referencias varias:

-Alfredo Conde, "Unha luz insuficiente, pero ante todo nosa", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 5 decembro 1996, p. 56/p. 4. Comenta os tres libros que está lendo: *Rotación violeta* (1996), de Vázquez Pintor, *Contra saudade* (1996), de Xosé Manuel Vélez e *Pel de Ameixa* (1996), de Marta Dacosta. Tamén di que ten intención de ler *Confesión e morte de María Balteira* (1996), recomendado por Francisco Martínez Bouzas.

-Xavier Costa Clavell, "Premio González-Garcés", *O Correo Galego*, "No faiado", 22 decembro 1996, p. 3. O articulista comenta brevemente, trala súa lectura, dous poemarios que o sorprenderon, *Pel de ameixa*, de Marta Dacosta e *Contra saudade*, de Xosé Manuel Vélez, accésit do Premio. Con respecto a *Pel de ameixa*, sinala a presenza do amor, da elexía, da saudade e da rebeldía, xunto a un "pensamento cheo de dor solidaria" e ás veces un ton pesimista.



Duro Domínguez, Cándido, *O xardín das matanzas*, e Pedro **Gonzálves García**, *Manuscrito de poeta con suicidio final*, Cambados-Pontevedra: Asociación Cultural Santa Compañía, col. Dobre Espacio, nº 1/nº 2, 1996, 57 pp./56 pp. (ISBN: 84-921671-0-6).

Estas dúas obras, coas que inicia a súa andaina a Asociación Cultural Santa Compañía, están incluídas nun mesmo volume pero encadernadas á inversa, feito que posibilita que cada unha teña portada propia. O poemario de Cándido Duro (Pontecesures, 1965) está formado por 27 composicións de temática variada, preferentemente amorosa e reivindicativa. Na súa poesía hai evocacións á infancia, á paz, ó amor feliz, e tamén denuncia de situacións inxustas para a sociedade galega: a emigración e a droga, todo isto expresado cunha linguaxe sinxela e unhas brillantes imaxes.



Fernán-Vello, Miguel Anxo, *As certezas do clima*, Vº Premio de poesía Martín Codax 1996, limiar Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Vigo: Galaxia, col. Dombate, nº 28, outubro 1996, 84 pp. (ISBN: 84-8288-083-7).

Este poemario, gañador do Vº Premio de poesía Martín Codax, está prologado por Xosé María Álvarez Cáccamo, quen analiza a traxectoria poética de Fernán-Vello (Cospeito-Lugo, 1958), comparando esta obra coas anteriores. Fala de *As certezas do clima* como “culminación climática de todo o discurso erótico-terrestre-celebrativo anterior”, e fai unha completa análise temática e estilística desta obra. *As certezas do clima* está estruturado en dúas partes; a primeira agrupa a nove poemas e a segunda ós dezasete restantes, todos eles titulados. Son constantes a presenza dos elementos da natureza, que por veces son empregados polo poeta para demostrar a súa soidade fronte a ese mundo natural hostil. Fernán-Vello demostra a preferencia polo verso longo, especialmente na parte final do poemario. Péchase a obra cun capítulo de dedicatorias de poemas a personalidades do mundo da nosa cultura.

Recensións:

-E. Neira, “Fernán-Vello interpreta coa poesía os avisos da natureza”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 109, 23 maio 1996, p. 5. A madurez, o léxico, o dominio lingüístico e as formas son as calidades que o xurado destacou na valoración deste libro. A grande unidade do poemario, unha linealidade neosimbolista, con influencias do



surrealismo é a cualificación que o autor lle outorga ó seu libro, do que tamén se di que é un exercicio extremo de percepción da natureza dende o punto de vista físico e urbano. Apunta, así mesmo Fernán-Vello que, de se facer unha lectura sociolóxica do libro, poderíase dicir que a destrución da natureza é parella ó empobrecemento cultural e que este texto significa unha reflexión sobre o home contemporáneo.

Teresa Seara, "Falar do tempo incerto", *A Nosa Terra*, nº 756, "Guieiro Cultural", 12 decembro 1996,

23. Fálase do limiar con que Xosé M^a Álvarez Cáccamo nos introduce nun clima propicio para a lectura do libro. Sinálase que Fernán Vello abandona definitivamente a expresión totalizadora do gozo absoluto que dominaba noutras obras súas, para dar paso á presenza dunha dor existencial aguda. Segundo Teresa Seara, o frío e a desolación da viaxe sen retorno do eu poético sobrecólleno, desgarrado polos dentes dunha soidade radical e inmutable. O vento será o seu compañeiro que, de xeito oracular, descifre as realidades que ultrapasan a condición humana, rebelándolle as máis dolorosas profecías, as certezas do clima que debe transmitir ós seus coetáneos.

-Vicente Araguas, "As certezas do clima", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 139, 26 decembro 1996, p. 6. Distingue o crítico entre os poetas que andan sempre a dar voltas sobre si mesmos e os que optan por explorar novos camiños e, seguindo nesta liña, anota que o último poemario de Fernán-Vello "non soamente supón outra volta ao tornelo dunha poesía polo demais ben vizosa", senón que tamén é unha "fuxida cara a diante dun dos nosos poetas mellor dotados". A continuación, analiza Araguas brevemente

o estilo e a temática da obra e conclúe afirmando que é "xa por dereito propio un dos cumios da nosa poesía máis recente".



Referencias varias:

-Rodri García, "Escribo desde unha radical experiencia da soidade", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", "Corte e confección", ano II, nº 92, 1 decembro 1996, p. 6. Miguel Anxo Fernán Vello analiza brevemente nesta entrevista a súa obra *As certezas do clima* (1996), gañadora do Premio de poesía Martín Codax, e fala dos motivos que o levaron a presentala ó premio, do seu estilo de poesía neosimbolista e explica tamén o seu título. Fai tamén unha acendida defensa da poesía. No artigo inclúense ademais unhas palabras de Xosé M^a Álvarez Cáccamo respecto da obra premiada da que afirma que é "un dos libros máis perturbadores, lúcidos e sabios da nosa lírica".

Pura Vázquez, "As certezas do clima", *O Correo Galego*, "Verba na hedra do vento", 17 decembro 1996,

3. Refírese a Miguel Anxo Fernán-Vello, ó poeta premiado co "Martín Codax", e salienta o seu labor como fundador e director da editorial "Espiral Maior". A seguir, comenta o libro *As certezas do clima* (1996), no que observa un ton elegíaco e un tratamento profundo e poético do clima.



Fernández Naval, Francisco Xosé, *Ara Solis*, trad. Luz Dasilva, gravados

Jacqueline Ricard, París: Editions Raíña Lupa, febreiro 1996, 11 pp. (sen ISBN).

Edición bilingüe galego-francesa, en formato despregable, dun conxunto de nove poemas inéditos de Francisco Xosé Fernández Naval (Ourense, 1956), traducidos ó francés por Luz Dasilva e con debuxos de Jacqueline Ricard. Trátase dunha selección de textos nos que a pedra se converte en símbolo e testemuño do amor, da nostalxia, dos soños e do inevitable paso do tempo.

Recensións:

- F. I., "Fernández Naval reencóntrase coa poesía en *Ara Solis*", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano I, nº 63, 9 maio 1996, p. 6. Coméntase, a respecto de *Ara Solis*, que se trata dun libro editado polo colectivo Raíña Lupa e que mestura xentes de Galicia e Francia. Incídese sobre o contido do volume no que aparecen oito textos de Francisco Xosé Fernández Naval (o que supón, en palabras do crítico, o reencontro deste autor coa poesía) e diversos gravados de Jacqueline Ricard. Conclúese sinalando que a encadernación segue dentro desta liña de intercambio cultural entre artistas e escritores de Galicia e París, correndo a cargo de Rocío Santa Cruz, unha coruñesa afincada na capital gala.



Fonte, Ramiro, *Poemas*, Palma de Mallorca: Caixa de Balears “Sa Nostra” e Universitat de les Illes Balears, col. Poesía de Paper, 1996, 29 pp. (sen ISBN).

Escolma de poesía na que Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957), recolle poemas do libro *Luz do mediodía* e dos inéditos, *Capitán Inverno* e *O cazador de libros*.

Recensións:

Vicente Araguas, “Memoria dun recital”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 122, 22 agosto 1996,

6. Vicente Araguas recensiona o libro *Poemas*, de Ramiro Fonte que, na súa opinión, constitúe “unha miniescolma da produción poética” do autor, “agardando esa necesaria antoloxía” da súa obra. Sinala que o libro está composto por poemas tomados de *Luz do mediodía* e de *Capitán Inverno* e *O cazador de libros*. Sobre os poemas pertencentes a *Capitán Inverno*, Araguas menciona a presenza de temas como a nostalxia polo paso do tempo e a presenza da memoria. Sobre os poemas escollidos de *O cazador de libros* sinala que supoñen “unha festa rachada en versos (e conceptos) posmodernistas”. Remata mencionando que estes *Poemas* foron lidos no Centro de Cultura Sa Nostra de Mallorca e gaba a idea de que os recitais teñan unha prolongación nos libros.



García, Xosé Lois, *Rostro incompleto*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 42, xaneiro 1996, 68 pp. (ISBN: 84-88137-74-5).

Poemario composto por cincuenta e dous textos nos que se percibe unha contención formal e expresiva, predominando o verso curto. Os motivos fundamentais da obra de Xosé Lois García (Lugo, 1945) son a reacción ante a inxustiza, a vida do espírito e, especialmente, a experiencia da dor e a morte, sentida como liberación ou comezo da liberdade. Destacan as referencias bíblicas presentes no libro, explícita ou implicitamente, que van conformando un clima espiritual que se pecha na comunión coa terra requerida no poema final.

Recensións:

-R. G., "Os poemas incompletos de Xosé Lois García", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 58, 4 abril 1996, p. 6. Saliéntase a forte vinculación do poeta coa súa terra natal, a pesares de residir en Barcelona, cidade na que desenvolve un importante labor de divulgación da cultura galega. Ponse de relevo, ademais, a súa faceta de traductor e de especialista na poesía portuguesa -ten publicado antoloxías da poesía portuguesa, mozambiqueña e angloana. Finalízase apuntando que dende 1974, ano no que publicou *Borralleira pra sementar unha verba*, cultiva o xénero lírico e que anos despois apareceu *Xente de inverno* (1995), a súa primeira incursión no eido da narrativa.

-Vicente Araguas, "Liña clara", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 109, 23 maio 1996, p. 6.



Achegamento á nova entrega lírica de Xosé Lois García que non supón, para Araguas, ningún paso adiante na súa traxectoria rectilínea. Trátase, en opinión do crítico, dun libro relixioso, un percorrido pola relixión dende unha perspectiva artística que o autor aborda sen ningunha implicación, pero que remata con toda unha declaración de principios. Tamén se incide nos elementos telúrico e histórico presentes nesta obra que, segundo o recensionista, ten na sinxeleza a súa maior virtude.

Referencias varias:

-Chao Rego, "A morte como ideal de sosego", *El Mundo*, "Biblioteca", 24 marzo 1996, p. 4. *Rosto incompleto* é, segundo Ignacio Chao, "un libro lineal e con estrutura dramática ou narrativa: o punto final coñécese desde o principio e o poeta vai buscando co lector as rotas para chegar alí".



Gómez Alfaro, X. C., *As labaradas da lembranza*, ilust. Alicia Alonso, Tui:
Mancomunidade do Baixo Miño, maio 1996, 64 pp. (ISBN: 84-605-5089-3).

Segundo se nos adianta no prólogo que introduce a obra, as vintecinco composicións que a forman, escritas entre 1987 e 1995, están presididas polo eixo temático da morte do fillo de Gómez Alfaro (Ribadavia, 1949). Efectivamente, un grande número de composicións responden a este sentimento, evocando a figura do neno ausente mediante a lembranza, a nostalxia, a dor e mesmo o berro desesperado de impotencia. Estes sentimentos, nembargante, preséntanse mediante unhas estruturas formais pechadas e rigorosas.



Jares, Xesús R. (coord.), *Construír a paz. Cultura para a paz*, Vigo: Educadores pola paz/Edicións Xerais, decembro 1996, 350 pp. (ISBN: 84-8302-060-2).

Volume que desenvolve o motivo da paz a través de 31 ensaios, 43 obras plásticas e 37 colaboracións literarias. Entre as colaboracións literarias atópanse poemas e relatos, tanto para público adulto coma para o lectorado infantil, en catalán, castelán, portugués, vasco e galego. Os poemas galegos dirixidos ós adultos son da autoría de Antón Reixa (“Obxectos en guerra”, p. 45), Ramiro Fonte (“Unha petición”, pp. 72-73), Román Raña (“A cidade das cúpulas como lanzas”, p. 80), Xabier Rodríguez Baixeras (“Non aquela da casa onde non hai”, p. 169), Xosé M^a Álvarez Cáccamo (“A paz como un cristal”, p. 182), Fran Alonso (“Besmelh, filla da nube”, pp. 195-196), Manuel María (“Proclamación de guerra”, p. 204), Miguel Anxo Fernán-Vello (“Os que queren a paz”, p. 237) e Ana Romaní (“No xardín os argazos”, p. 282), mentres que os dedicados ós nenos se deben a Antonio García Teijeiro (“A terra durmida”, p. 302) e Gloria Sánchez (“Un soldado detrás dun fusil”, p. 304). Todo o complexo interxenérico aparece enriquecido co material gráfico (ilustracións e fotografía) tanto de artistas galegos coma españois.



Leira López, Xosé, *Canto custa instalarse no amor*, prólogo. X. L. Méndez Ferrín, epílogo Fermín Bouza Álvarez, A Coruña, Espiral Maior, col. Poesía, nº 43, 20 xaneiro 1996, 83 pp. (ISBN: 84-88137-73-7).

Poemario dividido en seis seccións nas que se indaga sobre o proceso amoroso: ausencia da amada, encontro, relación e consolidación do amor. O volume conta cun prólogo de X. L. Méndez Ferrín no que se dá a benvida ó primeiro libro de poemas de Xosé Leira López (Lago-Valdoviño, 1951) e cun epílogo de Fermín Bouza Álvarez, no que fai algunhas precisións sobre o poemario en xeral decodificando algúns poemas como o que comeza, "Xuntos atopamos a Grial".

Recensións:

R. G., "Poemas para instalarse no amor", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 59, 11 abril 1996, p. 6. Para comentar este primeiro poemario de Xosé Leira López, recóllense as opinións de X. L. Méndez Ferrín e Fermín Bouza Álvarez. O primeiro salienta que "quen saiba ouvir o seu berro agre será dono da clave última que lle confere e o sitúa no centro da cidade que apisoa, ao anoitecer, o malestar". Pola súa banda, Bouza Álvarez destaca "é un libro de amor escrito entre os espazos abertos e os silencios brancos das páxinas que falan nos seus ocos".

Teresa Seara, "Itinerarios e xeografías", *A Nosa Terra*, nº 723, "Guieiro Cultural", 25 abril 1996, p. 24.



Comentario sobre a primeira entrega poética de Xosé Leira López. Teresa Seara fai un percorrido polas distintas partes do libro, que se inicia con “Andiven a buscarte na túa ausencia”, preámbulo lírico onde o eu poético busca a amada na interpretación das pegadas que ela deixa. É este ser feminino, necesario para o eu poético, o que marca o seu itinerario. Finalízase esta análise apuntando o feito de estar representada a muller como coa forza planetaria primixenia que rexe o mundo poético, sendo ela a que conforma os itinerarios circulares continuamente iniciados coas rutas do amor.

-Vicente Araguas, “O silencio da neve”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 107, 9 maio 1996, p. 6. Araguas sinala neste artigo o feito de estarmos diante dunha obra humilde (minimalista e fráxil) composta por poemas que parecen escritos hai algún tempo. Este feito motiva que certos enfoques resulten resesos, en opinión do crítico, se ben esta deficiencia vese superada coa dimensión humana dos textos, centrados no terreo amoroso e no espacio ferrolán.

-Eduardo Estévez, “Instalarse no amor”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXVIII, 8 xuño 1996, p. 4. Comézase sinalando que, malia ser este o primeiro libro individual de Xosé Leira López, a súa lectura amósanos unha voz asentada e madura, que nos presenta, en opinión do crítico, un material de atractivo indubidable no que destaca ante todo a medida: unha poética sinxela, espida, aberta, nunha voz sólida e claramente consciente do material co que está a traballar. Comenta ademais o fondo contido poético dunha historia de amor urbano, presente na obra e conclúe que se trata dun “libro gratificante” co que “poucos quedarán decepcionados”.



López, Antonio R., *Om*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 44, xuño 1996, 51 pp. (ISBN: 84-88137-81-8).

Breve conxunto de composicións do poeta, narrador e xornalista lugués, Antonio R. López (Monforte de Lemos-Lugo, 1961). Inclúe unha dedicatoria e unha escolma de poemas agrupados en seis libros titulados "Os ciclos da vida", "O espertar", "No Paraíso", "Imitación á vida", "A fuga e os prodixios" e "Outro extremo do Paraíso". Os poemas, precedidos por unha cita introductoria de Lao-Tse, son de temática variada, aínda que se centran, sobre todo, nas diversas manifestacións da vida.

Recensións:

-Vicente Araguas, "Diferente", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 126, 19 setembro 1996, p. 6. "Novidoso" e "fresquiño" son os dous apelativos que asigna Araguas ó novo libro de Antonio R. López. Trátase, en palabras do crítico, dunha obra que "colle o touro polos cornos e refunda unha vez máis a poesía galega última". Destaca o brillante xogo de espellos deste "libro encrucillada" que pretende deixar que o pensamento ataque á intelixencia do seu receptor.

Referencias varias:

-A. G. N., "El escritor monfortino Antón López presentó dos libros en Santiago", *El Progreso*, 24 outubro 1996, p. 63.



Informa da presentación das obras *Om* e *Libro dos amados* de Antón Rodríguez López. Comenta as características temáticas e de contido das obras, ademais de dar conta dos actos culturais que acompañan a esta presentación.

-E. C., "Da man do poeta, unha 'rave' de palabras, música e futuro", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 24 outubro 1996, p. 45. Fai referencia á presentación das dúas últimas obras de Antonio R. López: *Om* e *O libro dos amados*. Describe con detalle o ambiente e as intervencións que tiveron lugar durante o acto poético celebrado no Centro Galego de Arte Contemporánea. Recolle as opinións de Herminio Barreiro sobre as influencias que recibe Antonio R. López.



López, Antonio R., *O libro dos amados*, Santiago: ed. de autor, 1996.

Trátase dunha edición de autor que consta de trinta exemplares con portadas diferentes, dos que tan só se puxeron á venda cinco. No libro inclúense poemas recentes de Antón R. López (Monforte de Lemos-Lugo, 1961), ademais dunha selección de textos, todos inéditos agás un deles.



Manuel María, *O Miño canle de luz e néboa*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, abril 1996, 70 pp. (ISBN: 84-88137-76-1).

O escritor chairego Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) achéganos á xénese do libro no “Aviso” que, a xeito de limiar, abre a obra. Da presenza do Miño como tema e teima na vida e produción do autor xorde este novo poemario. Trátase, segundo Manuel María, de “dicirlle ó Miño o seu apaixonado amor”, de poñer “un graíño da semente do Grande Poema ó Miño”. Canto, pois, ó “Grande Pai Fluvial”, ó río deus, sabio e humanizado, “que sabe da luz, dos arados, das silveiras, das abidueiras, dos carballos, dos freixos, dos paxaros, do silencio e da morte”. O poemario péchase cun apéndice no que se recolle unha selección de “vellos poemas” de anteriores volumes.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Paixón fluvial”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 130, 24 outubro 1996, p. 6. Nesta obra de Manuel María, Vicente Araguas percibe unha mestura de saudade e reivindicación e sinala que cómpre lelo coa “paixón telúrica” que nel puxo o autor. Menciona que se trata dun poemario que constitúe un paseo polo amor, a vida e a morte e, polo tanto, un libro auroral e cenital e apunta que esta obra é unha especie de “lección maxistral” que leva como complemento un apéndice con poemas xa aparecidos noutros libros. Remata salientando a concepción do poemario como divertimento, xa que nel “hai erudición pero tamén ganas de enredar”.



Mateo, Francisco J. (coord.), *Espidos os teus ollos*, Premios do XXIIIº Certame Literario Minerva 1995, limiar Luz Pozo Garza, Santiago de Compostela: Publicacións do Colexio Manuel Peleteiro, 1996, 132 pp. (D. L.: C-215-1996).

Tras dunha relación dos compoñentes do xurado e do limiar de Luz Pozo Garza, o volume recolle os textos premiados no XXIIIº Certame literario "Minerva". Na primeira parte recóllense os textos de poesía e na segunda os de narrativa. Cada unha das creacións premiadas vén introducida por unha breve recensión do autor. A maquetación e o deseño da obra correron a cargo dos alumnos da aula de deseño do Colexio Manuel Peleteiro.

-Luz Pozo Garza, "Limiar", pp. 7-11. Neste limiar alenta ós novos autores na tarefa do cultivo da poesía e fai un percorrido por algunhas das interpretacións que a cultura occidental fixo desta arte. Inclúe tamén unha relación dos narradores e poetas que interveñen na obra.

-"Poesía", pp. 15-63. Neste apartado inclúense os poemas de Luís López Alonso (Primeiro Premio), Xosé A. Alonso Carballeira (Segundo Premio), Iria Belenguer Castromán (Terceiro Premio), Ánxela Folgueira Fariña, Paula Lanza García e Rodrigo Costas Freijeiro (Accésit). Os temas máis frecuentes nas composicións poéticas son o erotismo, a creación, o amor, a evasión, a familia e a crítica.



Miranda, Xosé, *Sonetosfera*, Accésit do XV^o Premio Esquíu de Poesía en Lingua Galega, A Coruña: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquíu de Poesía, febreiro 1996, 60 pp. (ISBN: 84-86046-77-7).

O volume, cun limiar de Juan Antonio Martínez Cueva, componse dun conxunto de 52 sonetos que, segundo consta na lapela, Xosé Miranda (Lugo, 1955) escribiu entre 1979 e 1992. O amor e o pracer, nun diálogo establecido entre a voz poética e a amada, nomeada ás veces como Isa ou Sabela; a reflexión sobre as raíces persoais e profundas das que xorde a poesía, na que o poeta recoñece un vencellamento con Rimbaud nalgúns dos sonetos; o tempo e o seu paso coas derrotas vividas, as reivindicacións perdidas no camiño, a tristura, a resignación, a dor; a xustiza e a inxustiza, son algúns dos temas fundamentais do poemario. Hai unha presenza dominante da primeira persoa e un desexo de profundar e afirma-la personalidade poética.

Recensións:

Vicente Araguas, "Soneto que non cesa", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 113, 20 xuño 1996,

6. Recensión do "sonetario" de Xosé Miranda na que o crítico destaca a lingua ampla e dúctil do autor e a irregularidade da obra na que, xunto a poemas excelsos de beleza, de pranto combativo e de exaltación do amor, aparecen poemas "como minas esquecidas" que non engaden nada senón que mancan ó resto. Son composicións que, en opinión do recensionista, de puro desnortadas, perden mesmo o sentido musical. Considérao, en definitiva, un libro descompensado.



Miranda, Xosé, *Amantes e viaxeiros*, VIIIº Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, xuño 1996, 59 pp. (ISBN: 84-7492-803-6).

Xosé Miranda presenta neste volume un conxunto de poemas escritos no ano 1980, ademais doutros de data posterior, divididos en dúas partes encabezadas polos epígrafes “Tristán” e “Ulises”, figuras lendarias coas que a voz poética parece identificarse. Ó longo de todo o poemario, e como anuncia xa o seu título, aparecen desenvolvidos os temas do amor e da viaxe. Recupéranse dende o presente os amores do pasado, “amores sen regreso”, fontes de “doces derrotas”. Domina nos poemas un ton de tristura e de despedida, habitual nas viaxes.

Recensións:

Vicente Araguas, “O caso Miranda”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 133, 14 novembro 1996,

6. Comentario no que salienta o proceso mediante o que Xosé Miranda consegue que cada libro seu sexa un paso cara adiante, unha fuxida. Así, se *Sonetosfera* é, segundo Araguas, irregular, nesta nova obra comeza xa “a concretar un autor vigoroso, dono dunha linguaxe ricaz e ben expresiva”. Sinala, por último, que o autor “é quen de combinar a lírica cunha certa épica”.



Neira, Xoán, *Memoria e soño*, prólogo Manuel María, Viveiro-Lugo: Edición de autor, 30 maio 1996, 45 pp. (ISBN: 84-605-5179-2).

Primeiro poemario de Xoán Antón Neira López (Meilán-Lugo, 1953) que recolle composicións premiadas con anterioridade en diversos certames literarios como o Premio Meigas e Trasgos, de Sarria; o Chao Ledo, de Vilalba e o Premio Rosalía de Castro, de Barcelona. O volume aparece dividido en catro seccións: as tres primeiras (“Abrazando a infancia”, “Auga de maio” e “Lugo... memoria e soño”), conformadas por un único poema longo, que trata respectivamente os motivos da evocación da infancia, a lembranza do mundo rural da Terra Chá e o amor pola capital luguesa. A cuarta sección, co título xenérico de “Das últimas lúas”, contén catro poemas nos que hai unha forte presenza do mar da mariña luguesa. O *corpus* poético vai prologado por Manuel María, quen fai unha descrición das diferentes creacións definidas como “poesía auténtica e necesaria na que a beleza descriptiva está ateigada da emoción, dun temblor lírico fondo e delicado”.



Novo, Olga, *A teta sobre o sol*, Santiago de Compostela: Edicións do Dragón, 1996, 27 pp. (sen ISBN).

Poemario de Olga Novo (Vilarmao-Pobra do Brollón, 1975) que consta de vintecinco composicións moi desiguais en canto á súa medida. O tema central é o amor e o desamor. Establécese un continuo diálogo directo entre o *eu* poético e o *tí* interlocutor. A entrega amorosa, o sexo, a imposibilidade de fuxir ó amor e ó apaixonamento constitúen unha constante. O descubrimento do amor e do amado supón o cambio decisivo na vida, acádase unha nova dimensión da percepción da vida e do contorno despois de sucumbir ó irremediable amor. O diálogo constante entre os amantes fainos camiñar xunguidos de sentimento e corpo. Trala ruptura non resta máis ca unha ollada ós tempos fuxidos de exaltación amorosa.

Recensións:

-L. B., "Poemas manuscritos e autógrafos", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 71, 4 xuño 1996. A iniciativa do xurdimento de Edicións do Dragón e as súas particularidades principian o comentario do crítico sobre o libro de Olga Novo, sexta aventura editorial da empresa. Indícase que a única orde que pode existir en *A teta sobre o sol*, vén imposta pola carpeta de cartón para garda-las súas páxinas, deseñada na súa portada polo artista Antón Caamaño.

-Teresa Seara, "Plenitude", *A Nosa Terra*, nº 733, "Guieiro Cultural", 4 xullo 1996, p. 24.



Segundo Teresa Seara, “*A teta sobre o sol* (...) retoma o ancestral tema do erotismo para falarnos, desde a locura e a vertixe do sexo, desa vivencia aniquiladora”. Continúa subliñando o feito de que a vivencia deste sentimento pode ser destructiva para o eu poético, de aí que deba furtarse á onda expansiva desa explosión vital que pode acabar aniquilándoa. Finalmente, salienta o total ofrecemento que o eu poético fai de si mesmo, tralo que remata por derramarse sobre o orbe e, dende entón, “a busca das sensacións perdidas realizarase en todos os ámbitos do cosmos sensorial como alimento para a plenitude”.

Vicente Araguas, “Isto non é un xogo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 121, 15 agosto 1996,

6. Araguas salienta, en primeiro termo, a provocación existente nestes “poemas de sexo explícito” que contan, na súa opinión, cun evidente dramatismo. Comenta tamén o carácter “vulvócrata” dos poemas ós que a autora confire a “categoría do rabiosamente vivo”. Conclúe gabando a ilustración de Antón Caamaño.



Otero Cebreal, Xosé Luís, *Os sons da alba*, limiar Fernando Cabanas López, Santiago de Compostela: Noroeste, col. Poética, nº 1, 1996, 68 pp. (ISBN: 84 921561-3-9).

No seu segundo poemario, Xosé Luís Otero (Vilouriz, 1957) ofrece un conxunto homoxéneo de composicións, case todas elas sonetos, nas que a natureza xoga un papel fundamental como marco no que o autor presenta as súas emocións, ó tempo que describe cada un dos seus elementos. Así, terra, mar, ceo, vento ou lume sérvenlle ó autor como privilexiados interlocutores. Pecha o libro un subconxunto poético que exalta a liberdade e a unión en paz dos homes.

Referencias varias:

-Xabier Coucelo, "A poesía realmente está ligada á miseria do pobo", *El Ideal Gallego*, "Entrevista con...", 26 novembro 1996, p. 64. Con motivo da presentación de *Os sons da alba*, Xabier Coucelo entrevista ó seu autor e pregúntalle pola mensaxe da obra e polos aspectos vitais ós que recorreu á hora de escribila, pedíndolle tamén que a defina. Segue preguntándolle diversas cuestións relacionadas coa poesía: se se pode seguir defendendo

o compoñente de denuncia social ou se non hai escaseza de vías de innovación. Conclúe o escritor confesando que non lle tenta a narrativa.



-Pilar García Cheda, "Otero Cebal aborda temas de adultos dende a visión infantil", *El Progreso*, 27 novembro 1996, p. 61. Dá a noticia da presentación da obra *Os sons da alba*, de Xosé Luís Otero Cebal. Sintetiza a temática e explicita as motivacións que levaron ó autor a compondor este poemario. Recolle as opinións de Otero Cebal sobre a poesía e de Xerardo Pardo de Vera, presidente da asociación Valle-Inclán sobre a obra presentada.



Pallarés, Pilar, *Livro das devoracións*, limiar Luciano Rodríguez, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 46, 1996, 54 pp. (ISBN: 84-88137-83-4).

Nova entrega poética de Pilar Pallarés (Culleredo, 1957) caracterizada pola brevidade da obra e pola súa particular forma de expresión. Trátase dun conxunto de trinta e cinco poemas, fundamentalmente breves, nos que o ermo, o vacío, as marcas da desposesión ou a soidade se repiten unha e outra vez. Predomina un sentimento de conformidade coa vida humana, de resignación e de pasividade.

Recensións:

-Carina Regueiro, "As palabras de Pilar Pallarés foxen da boca do tempo", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 120, 8 agosto 1996, p. 5. Para a recensionista, Pilar Pallarés "renega das máscaras que se impoñen nas relacións sociais e, desde a súa poesía, busca a esencia do seu eu, espido de artificios, para chegar á pureza da parte animal". Afirmar tamén que o presente poemario simboliza o paso do ser humano dende a absoluta destrución ata a súa rexeneración elevándose, desta maneira, a "contramorte" nun vitalismo co que supera "as inclemencias e o paso do tempo".

-Teresa Seara, "Entre a estatua e o escriba", *A Nosa Terra*, nº 740, "Guieiro Cultural", 22 agosto 1996, pp. 23-24. Neste artigo, Teresa Seara dá a benvinda á última publicación de Pilar Pallarés, *Livro das devoracións*, publicado por Espiral Maior, logo de doce anos de silencio editorial da autora despois de *Sétima soidade*



(1984). Así mesmo, a articulista ofrece unha breve recensión da obra, centrándose na situación que está a atravesalo eu poético despois da perda do ser amado. Salienta a importancia que lle outorga á figura da nai a través da evocación dos recordos da infancia, así como o seu desexo de transmitir a súa experiencia persoal para que permaneza algo despois do seu paso pola vida.

-Vicente Araguas, "O tigre no outro lado", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 129, 17 outubro 1996, p. 6. Araguas enumera os diversos temas presentes en *Livro das devoracións* e destaca a tensión entre a contención expresiva e a radicalidade conceptual. Afirmar ó respecto que "a súa pretensión de transcendencia (...) vén acompañada dunha calidade expresiva á que non lle fai ningún dano a economía de medios empregados". O recensionista salienta ademais a unidade temática existente, mesmo a pesar dos poemas máis aparentemente ocasionais como os que pechan a obra.



Pato, Chus, *A ponte das Poldras*, Santiago de Compostela: Noitarenga, 1996, 49 pp. (ISBN: 84-921096-1-0).

Poemario de Chus Pato (Ourense, 1955) no que a voz lírica reflexiona sobre temas como a súa propia orixe, a historia familiar, a condición de muller ou o concepto de nación, reapropiándose ademais de motivos lendarios autóctonos como o da lagoa de Antela. Este suxeito reflexiona ademais sobre a propia linguaxe poética. Dende o punto de vista da estrutura compositiva, o libro consta dunha primeira parte “Érebo”, de menor extensión, e dunha segunda que dá título ó libro, “A ponte das poldras”. Ó longo da obra predomina o ton narrativo dos textos, así como un constante exercicio da intertextualidade e a práctica dun culturalismo que volve, por veces, hermética a mensaxe. Polo que respecta á lingua, cómpre salienta-la destrucción da sintaxe, a fragmentación e a recorrencia a procedementos como o paralelismo e a acumulación.



Pato, Chus, *Nínive*, Vigo: Edicións Xerais, col. Ablativo Absoluto, nº 2, outono 1996, 85 pp. (ISBN: 84-8302-025-4).

Nova entrega poética da escritora ourensá na que a voz lírica, valéndose da mestura de rexistros e a destrución da sintaxe, reflexiona sobre temas relativos ó eu e ó seu contexto. O poemario está composto por textos de grande extensión, construídos moitos deles mediante a técnica do paralelismo e a fragmentación, sen respecta-las convencións ortográficas. Os poemas teñen unha clara propensión ó narrativo. Na súa temática rastrexase a presenza de referencias culturais heteroxéneas (á Biblia, ós mitos clásicos, á literatura, ó cine, etc.). A autobiografía (a infancia, a aprendizaxe, a experiencia, a escrita, etc.), a historia, o conflito lingüístico e a reivindicación feminista son os eixos temáticos sobre os que se ergue o poemario.



Pozo Garza, Luz, *Vida secreta de Rosalía*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 48, 1996, 74 pp. (ISBN: 84-88137-90-7).

Poemario no que Luz Pozo (Ribadeo, 1922) pretende facer unha reconstrución poética da vida de Rosalía, recuperando, ademais dalgúns tópicos, feitos fundamentais da súa biografía e claves da súa poética. A intertextualidade, ben sexa mediante a incorporación de citas, ben mediante a recreación de motivos, é un dos principios compositivos da obra. O libro estrutúrase en oito partes, de diferente extensión: “Coroa de sombras” -que inclúe poemas dedicados a Rosalía de Pimentel e Lorca, ademais doutras citas-, “Unha camelia agora”, “Fábula da vida”, “Xardín do pazo”, “En San Domingo de Bonaval”, “Mar insumiso”, “O nome da rosa” e “O que acorda de nós”. A temática central do libro confórmana, por tanto, a recreación de elementos biográficos e motivos rosalianos e a reflexión sobre cuestións diversas, de entre as que destaca a influencia da lectura da obra rosaliana na propia autora.

Referencias varias:

Beatriz Pallas, “No podría ser más que amante”, *La Voz de Galicia* (Edición da Coruña), 12 marzo 1996,

37. Entrevista á poeta Luz Pozo Garza na que resposta a preguntas relacionadas coa poesía e co amor, tema recorrente na súa obra. Fala tamén de *Vida secreta de Rosalía* (1996), libro no que introduce un monólogo no que a poetisa relata a súa vida a Rosalía de Castro, a quen vai dedicada a obra.



- A. Estévez, "A xuntanza coas novas poetas é unha transfusión de sangue recíproca", *A Nosa Terra*, nº 733, "Guieiro Cultural", 4 xullo 1996, p. 25. Luz Pozo Garza fala da súa experiencia persoal durante a posguerra, do seu paso do castelán ó galego como lingua de expresión, das distintas xeracións na poesía galega, do seu último libro de poemas, *Vida secreta de Rosalía de Castro* (1996) e das distintas revistas que dirixiu e dirixe. Comenta por último a súa incursión no mundo do ensaio.

-Pura Vázquez, "Íntimo canto a Rosalía", *O Correo Galego*, "Verba na hedra do vento", 16 novembro 1996, p. 3. A articulista reproduce parte dos versos que Luz Pozo Garza dedica a Rosalía de Castro no libro *Vida secreta de Rosalía* (1996). Para Pura Vázquez, a obra de Rosalía é unha bandeira e o símbolo espiritual de tódolos galegos de Galicia e do mundo.

-X. L. Méndez Ferrín, "Luz Pozo Garza", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", 29 novembro 1996, p. 2. Co gallo do ingreso na Real Academia Galega da poetisa Luz Pozo Garza, X. L. Méndez Ferrín fai un breve percorrido pola traxectoria vital e poética da autora luguesa, dende que publicou o seu primeiro libro en galego, *O paxaro na boca* (1950), ata a actualidade, en que deu ó prelo *Vida secreta de Rosalía* (1996), que é definido como "libro solemne, no que a voz de Luz se enguedella coa de Rosalía en contrapunto".



Quintela, Anxo, *O asasino estrábico*, Vigo: Edicións Xerais, col. Ablativo

Absoluto, nº 4, outono 1996, 99 pp. (ISBN: 84-8302-018-1).

Libro dunha marcada estrutura formal, no que asistimos á ficcionalización dunha voz lírica que evoca e ó tempo reflexiona sobre diversos aspectos da condición humana. O poemario de Anxo Quintela (Vigo, 1960) presenta unha grande coherencia dende o punto de vista métrico. Trátase dun conxunto de décimas brancas, ás que se lle engade un verso de volta que serve de conclusión. A obra está estruturada en tres partes, “O asasino e o seu dobre”, “O dominio dos anxos” e “As hordas”. Ó longo da mesma asistimos a unha mirada múltiple sobre a realidade que se detén en escenas, secuencias e imaxes para plasmalas, evocalas ou mesmo interpretalas. Por outra banda, a voz lírica dilúe sutilmente unha serie de referencias culturais no seu discurso.



Rodríguez Fer, Claudio, *Extrema Europa*, ilustr. Sara Lamas, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-Versos, 1996, s. pp. (ISBN: 84-87783 33-3).

Poemario que Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) divide en seis partes que se corresponden cos títulos “Manifestos vitais”, “Blues metropolitanos”, “O rapto de Europa”, “Secretas declaracións de amor ante o universo”, “Ágata proletaria” e “Na procura do tapiz vermello”. Os poemas conforman un crisol de vivencias nun mundo contemporáneo, urbano e alternativo. O amor camiña parello ó desexo, ó sexo, á loita, á insumisión. O referente inmediato é Galicia, a Galicia extrema. O mundo descrito é un mundo tanxible, son vivencias recordadas. Na contraportada indícase que “...este libro non é un libro, senón tan só unha acción materialista formulada nunha linguaxe vivida que aposta polo coñecemento e pola radicalidade, pola investigación e pola vida”.

Recensións:

-Olga Novo, “Eros pero non Tanatos. *Extrema Europa* de Claudio R. Fer”, *A Nosa Terra*, nº 720, “Guieiro Cultural”, 3 abril 1996, p. 19. A poesía móbil que rompe cos moldes tradicionais do libro é un dos trazos que se indican a respecto desta obra. Coméntase tamén que a muller é fronte e principio da subversión dun universo poético capaz de



esfrangullar calquera tipo de poder, así como o feito de se-lo amor como eixo principal da súa visión poética do autor.

-Olga Novo, "Uni-versos de *Extrema Europa*", *Galicia Internacional*, nº 9, 1996, p. 83. Recensión na que a autora comenta o carácter continuador da liña temática desenvolvida nos libros anteriores polo poeta: a constituída polo erotismo e a poesía comprometida. Salienta tamén o seu carácter rupturista cos moldes clásicos, xa que os poemas veñen acompañados dunha serie de despregables ilustrados ofrecendo unha poesía en interacción co debuxo.

-Vicente Araguas, "Caixas chinesas", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 103, 11 abril 1996, p. 6. Tras gaba-lo traballo que vén realizando Edicións Positivas, Vicente Araguas sinala que se trata dunha obra a modo de caixa chinesa ou boneca rusa composta por un libriño, dous dípticos, un despregable, un panfleto e unha tarxeta. Un xeito orixinal para enviar unha mensaxe poética novidosa. Sinala o crítico que á calidade dos textos se deben suma-las excelentes ilustracións de Sara Lamas, que dan idea da festa dos sentidos que supón esta nova achega de Claudio Rodríguez Fer.

-Armando Requeixo, "Nas estremas", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 19 maio 1996, p. 9. Despois de facer un sucinto percorrido pola produción poética do poeta e crítico lugués, Armando Requeixo analiza esta última entrega na que descubre "unha *plaque* vital e neovangardista, intelixente artefacto lírico perfectamente (com)patible, no que os trípticos e desplegados que a compoñen manifestan, de por si, a esencial radicalidade do autor e a súa vontade de ruptura cos moldes preestablecidos". Por último, destaca o carácter urbano e cosmopolita destes poemas ateigados de erotismo e sensualidade.



Referencias varias:

-Antón Reixa, "Libros-cousa", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", nº 59, 11 abril 1996, p. 16. Descripción dos "libros-cousa", como a colección de poemas *Extrema Europa*, de Claudio Rodríguez Fer. O articulista informa sobre este libro, con aparencia de sobre, proporcionado por unha axencia de viaxes, cos billetes e as reservas de hotel, aínda que, en realidade, contén folletos-poema, postais-poema e unha edición miniatura con máis versos.



Romeo, Anxos, *A estatua*, Accésit IV^o Premio de Poesía Espiral Maior, limiar
X. L. Méndez Ferrín, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 52, novembro 1996,
60 pp. (ISBN: 84-88137-95-8).

Poemario co que Anxos Romeo (A Estrada, 1965) mereceu o Accésit do IV^o Premio de Poesía Espiral Maior. A obra está precedida dun prólogo de Méndez Ferrín no que o poeta salienta a estrutura labiríntica da mesma, así como a súa vontade de vangarda. Trátase dun libro intimista, construído mediante a acumulación de imaxes pouco habituais, onde un eu lírico atomizado reflexiona sobre temas como a infancia, o medo, o paso do tempo, a morte, o amor, a terra e a figura da nai. O libro estrutúrase en tres partes de desigual extensión: “Esmorecer”, “A Nena” e “Murchas están as flores de Mamá Marfil”. A presenza do motivo da infancia e o medo, así como unha constante presenza do paso do tempo, reforza a coherencia do poemario.



Romero Lorenzo, F., D. Xiráldez, Saúl, M. Domínguez Senlle, A.G. Pato, A. Teijeira e M. Álvarez Jorge, *Baldío*, ilustr. Xosé Paz Antón, limiar Marga Romero, Porriño: Edicións do Louro, maio 1996, 77 pp. (ISBN: 84-605-5272-1).

Baldío reúne unha escolma de poemas da autoría de sete escritores e escritoras menores de trinta anos: Felín Romero Lorenzo (Mosende, 1971), Diego Xiráldez (San Benito, 1976), Saúl (O Porriño, 1974), Manuel Domínguez Senlle (Sanguñeda, 1972), Alfonso G. Pato (Cans, 1968), Ana Teijeira (Torreiros, 1970) e Moisés Álvarez Jorge (Saguiñeda, 1979). Trátase dunha antoloxía da nova poesía da Louriña cunha temática variada, aínda que centrada na realidade galega actual. Nas sucesivas páxinas do libro aparecen obreiros, esmolantes, pensionistas, emigrantes retornados, vendedores ambulantes e algúns personaxes moi coñecidos como Marylín, o subcomandante Marcos ou os Rolling Stones. A maioría dos autores practican o verso libre, Ana Teijeira e Alfonso G. Pato ensaian a prosa poética e todos eles recorren ó surrealismo entre a imaxe e o símbolo; falan de liberdade, de relixión, dos movementos sociais ou da incomunicación.

Recensións:

-M. R., "Sete novos autores para un terreo baldío", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", nº 72, 11 xullo 1996, p. 6.



II.1. Poetas galegos

Despois de se referir ó prólogo de Marga Romero que precede ós poemas, M. R. comenta que nas páxinas deste libro “non hai ningún tipo de conexión e de ligazón común entre os sete autores”. O nexo común, segundo o parecer do comentarista, é o seu hábitat.



Romón, Manuel M., Alberto de **Sousa**, Julián **Hernández**, *Nadir*, Santiago de Compostela: Grupo Tinta, decembro 1996, 49 pp. (I.S.B.N.: 84-605-5942-4).

O libro consta de once textos poéticos e preséntase acompañado por un CD titulado *Bonus Track*, no que se mesturan os poemas recitados polo autor con música de Julián Hernández. As composicións en verso libre e de curta extensión, alternan con ilustracións abstractas de Alberto de Sousa. O abismo, o silencio previo que media entre o concepto e a palabra é a idea sobre a que o poeta constrúe o conxunto de imaxes que percorre estes versos.



Rúa, Xosé Lois, *O lobo nos outeiros (1993-1995)*, XVIº Premio de Poesía Cidade de Ourense 1995, Ourense: Concello de Ourense/Concellería de Cultura, 1996, 116 pp. (ISBN: 84-87623-30-1).

Primeiro libro de poemas que sae do prelo do xornalista e profesor ourensán Xosé Lois Rúa Núñez (Campobeceros-Castrolo do Val, 1951). Vai precedido dun limiar de Víctor Campio Pereira no que se fai un pequeno estudio da métrica, dos temas e das fontes utilizadas. O libro divídese en nove partes cada unha delas co seu propio título: “O Cerne da historia”, “Mergullado na nova Apocalipse”, “Boas noites, Europa”, “A chamada de terra e da palabra”, “As vésperas da sega”, “¿Qué foi de Paradiña?”, “O regreso á Terra do lobo e dos ananos”, “Reencontro en Saraievo” e “As nacións oblíquas”. O libro está ilustrado por Mané Boán.



Sánchez Iglesias, Cesáreo, *A escrita da luz. O rostro da terra*, intr. Xulio L.

Varcárcel, A Coruña: Bahía, col. Bahía Blanca Poesía, nº 4, marzo 1996, 82 pp.

(ISBN: 84-87674-74-7).

O poemario ábrese cun texto de X. L. Varcárcel no que salienta a poesía “como vía de coñecemento”, como “revelación”, ó tempo que introduce un dos motivos centrais da obra: o fugaz e o permanente, a eternidade. O conxunto está integrado por setenta e oito poemas nos que o autor, Cesáreo Sánchez (O Carballiño-Ourense, 1951), interrógase sobre a existencia, o tempo e o home. O poeta pensa o universo. A luz, a neve, o vento, as estacións, a chuvia, as flores, as nubes ou o mar son “rostro da terra”, forzas telúricas que se transforman en inadvertida escrita do eterno silencio que o poeta tenta interpretar.

Recensións:

-Anxo Tarrío Varela, “Cesáreo Sánchez Iglesias: mirada e brisa”, *O Correo Galego*, 21 abril 1996, p. 3. Despois de salienta-las poucas concesións que Sánchez Iglesias (O Carballiño, 1951) fai en toda a súa poesía “ó trillado e ós automatismos da nosa percepción verbalizada”, o recensionista deixa constancia do minimalismo que adoita exercer-lo poeta, próximo á poesía oriental e ó aforismo, así como a mirada telúrica e a contemplación silenciosa e asombrada da natureza que definen a súa sensibilidade poética.

Vicente Araguas, “Heroe do silencio”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 134, 21 novembro 1996,

6.



Vicente Araguas considera que de puro calado, Cesáreo Sánchez Iglesias corre o risco de quedar “no maior silencio”, poeticamente falando. Tamén apunta o crítico que este autor é merecente dun seguimento singular, “como singular é a súa poesía”, que cualifica como sobranceira mostra de poética minimalista. Céntrase, a seguir, na obra *O rostro da terra*, na que insiste sobre o tema do silencio e anota o contido erótico, ambiguo e difuso. Como peche salienta o proemio de Xulio Valcárcel, tamén de carácter minimalista.

-Fidel Vidal, “O esplendor do vacío no rostro da terra”, *A Nosa Terra*, nº 754, “Guieiro Cultural”, 28 novembro 1996, p. 24. A palabra *vacío* é para o crítico a que mantén a estrutura profunda do sentir da totalidade do texto. Trátase dun baleiro cheo de vida interior onde caben as ausencias e os porvires. Dise que o baleiro poético de Cesáreo pertence ó ser da plenitude da luz cegadora que o fai desaparecer de todo. Tamén se comenta que, ó igual que sucede nos artistas chineses, que buscan traduci-lo tempo vivido en espacio vivente, na obra de Cesáreo, é onde se desenvolve a verdadeira vida. Alúdese ademais ós poemas escritos dende a tristeza do amor, onde o tempo permanece vertical; un amor que non chega porque non apareceu na espera ou porque desapareceu na ausencia, ou porque aínda presente, non chega, non farta.

Referencias varias:

-Salvador García-Bodaño, “Voces emerxentes do Atlántico”, *El Correo Gallego*, 17 novembro 1996, p. 3. Comentario sobre dous libros de Cesáreo Sánchez Iglesias, *O rostro da terra*, cun prólogo de Xulio López Valcárcel, e *Mar da fin da terra*. A propósito do primeiro sinala García-Bodaño que nel se percibe “a multiforme presenza da terra, o miragre múltiple da natureza e a súa íntima lectura, esas paisaxes que se sinten como unha prolongación do íntimo, evidéncianse na luz (...), na luz da palabra que crea imaxes dende o misterio...”. En *Mar da fin da terra*, salienta a inexcusable presenza do mar como “unha illa de



II.1. Poetas galegos

versos a se esvaer nas rompentes ondas do silencio...”. García-Bodaño refírese tamén á influencia do mar na obra doutros poetas que dan a coñece-los seus versos dende o Batallón Literario da Costa da Morte ou dende o grupo que lideran Miro e Rafa Villar en Cee. Saúda ademais, neste “outono feliz” para a literatura galega, ós premiados Fina Casalderrey e Manuel Rivas.



Santiago, Carlos, *Metalurxia*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-Versos, decembro 1996, (s.n.). (ISBN: 84-87783-40-6).

Poemario innovador que recorre, como principios compositivos, ó xogo tipográfico, á intertextualidade (coa música, o cine, a novela negra) e á mestura de rexistros (xornalístico, publicitario, panfletario, etc.). O libro concíbese como un conxunto de tipogramas nos que se aborda unha temática de actualidade onde están presentes, ademais dalgúns mitos, motivos como a marxinalidade, a droga, a noite, o racismo, etc.

Recensións:

Manuel Darriba, "Poemas do kaos", *El Progreso*, "Táboa Redonda", 2ª época, nº 6, 30 novembro 1996,

3. Sinálase a aparición deste primeiro poemario de Carlos Santiago na colección cualificada como a máis audaz da lírica galega. Trátase, segundo este artigo, dunha obra inusual, un discurso que parte do propio desacougo e apunta a provoca-lo alleo en riadas de conceptos aparentemente inconexos e con abundantes recursos visuais. Audacia e provocación, tanto visual coma conceptual, son os ingredientes que compoñen esta obra "que non fai moitos méritos para entrar na historia da literatura, pero cando menos logra que o lector se interese un intre polas cousas que di".



Seoane, Xavier, *Umbral de vida*, XVº Premio Esquío de Poesía en Lingua Galega, limiar Juan Antonio Martínez-Casanueva, A Coruña: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío de Poesía, nº 62.b, febreiro 1996, 96 pp. (I.SBN: 84-86046-75-0).

Na introducción titulada “A celebración da palabra de Xavier Seoane”, Juan Antonio Martínez-Casanueva analiza a temática e os recursos estilísticos deste libro a través do comentario de fragmentos breves de cada unha das sete partes en que se divide a obra. *Umbral de vida* acolle 45 poemas nos que está moi presente a natureza. Xavier Seoane (A Coruña, 1954) convida ó lector a enumerar los elementos da natureza con entusiasmo, de tal maneira que poidan servir para reafirmarse como ser integrante dese mundo natural. Como trazos de estilo, cómpre salienta-la enumeración e a repetición.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Don dos sentidos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 110, 30 maio 1996, p. 6. Destaca o crítico o orixinal proxecto que constitúe a poesía de Xavier Seoane no contexto da lírica actual: unha celebración da vida servida cunha linguaxe de primeira man. Analiza, a continuación, a estrutura da obra, dividida en sete seccións que se organizan sobre dous eixos fundamentais: os catro primeiros xiran arredor do ciclo vital, os tres restantes entran no faiado da memoria. Con moito de poeta bucólico, Seoane constrúe, en palabras de Araguas, unha festa para os sentidos.



Eduardo Estévez, "Trascendencia cursi", *A Nosa Terra*, nº 742, "Guieiro Cultural", 5 setembro 1996, 24. Eduardo Estévez afirma que, nunha primeira lectura, a obra lle produciu sensacións agradables, chegando a crer que estaba diante dunha poética de fonda tradición galega. Mais, como confesa te-lo "mal hábito" de rele-los libros de poesía, atopou novos perfís cos que xa non estaba tan de acordo. Trátase, segundo o crítico, dunha poética baseada na busca cosmogónica, que lle confire ós textos un cariz xenesiaco e un certo ton bíblico que o incomoda. Continúa sinalando que o poeta se instalou en Deus e, nese camiño, comezou a encadear tópicos que mesmo chegan, nalgún momento, a resultar cursis. Comenta tamén que o resultado é "unha oración infantil desas do catecismo". Laméntase por último de que obras deste tipo sexan galardoadas nun concurso como o Premio Esquíu, que deba apoiar economicamente traballos que poidan servir de alicerces da nosa literatura.

Referencias varias:

-Xavier Costa Clavell, "Umbral de vida", *O Correo Galego*, "No Faiado", 29 xullo 1996, p. 3. Comentario eloxioso deste poemario de Xavier Seoane, que o crítico considera "un dos mellores da poesía galega dos escritos nos dous últimos decenios". Sinala o seu lirismo, o vencellamento coa maxia da vida e o seu ton optimista.



Toro, Suso de (coord.), *Berra liberdade: escritores galegos por Amnistía Internacional*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 137, febreiro 1996, 206 pp. (ISBN: 84-8288-034-9).

Preséntase esta obra como un “vehículo de transmisión dos ideais de xustiza e liberdade”. Os autores que se inclúen, algúns noveis e outros cunha dilatada traxectoria na literatura galega, decláranse no limiar moi comprometidos coa “utopía humanista “ que representa Amnistía Internacional. A antoloxía péchase cun “Anexo” no que se explican as actividades da antedita organización humanitaria e que inclúe a Declaración Internacional dos Dereitos Humanos. *Berra Liberdade* recolle quince textos narrativos e tres poéticos doutros tantos escritores galegos que cederon os seus dereitos a beneficio de Amnistía Internacional. A parte correspondente ós textos poéticos desglósase do seguinte xeito:

-Xavier Manteiga, “Efrén”, pp. 181-186. Inclúe sete poemas titulados de Xavier Manteiga (Santiago de Compostela, 1968), metricamente variados e de temática pacifista e antimilitarista.

-Manuel Rivas, “Red rose, proud rose, sad rose”, p. 187. Poema de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) composto por dezaioito versos longos, de tema ecoloxista e pacifista.

-Helena Villar Janeiro, “Para un debuxo de nenos tras dunha fiestra”, p. 189.



II.1. Poetas galegos

Chamamento poético de Helena Villar (Becerreá-Lugo, 1940) á solidariedade coa infancia máis desfavorecida.



VV. AA., *Testemuñas. Exposición Fotográfica*, Vigo: Asociación Galega de Axuda ó Sáhara/Fundación Paz e Solidariedade, 1996, s.p. (sen ISBN).

V. apartado I. I. Narradores galegos, neste *Informe*.



VV. AA., *Mirando cara ó Miño*, Lugo: Plataforma pola Defensa do Miño, 1996, 70 pp. (ISBN: 84-605-4730-2).

Libro colectivo que reúne traballos en prosa e verso en defensa do Río Miño dende varias perspectivas: histórica, xeográfica, evocadora, sentimental, reivindicativa. No apartado de agradecementos que abre a publicación menciónase que o libro xurdiu a partir dun acto poético que tivo lugar o 10 de xuño de 1993 no salón de actos da Escola de Maxisterio de Lugo; ás poesías que se recitaron neste acto, sumáronse logo colaboracións doutros autores, fotógrafos e artistas gráficos. Na obra participan cos seus textos os seguintes poetas: Lino Braxe (“Despidenme as follas das árbores sobre o río...”), Darío Xohán Cabana (“María Castaña mandounos bañar no río ó bispo e señor” e “Os muiñeiros das aceas do Miño moíamos amorosamente o pan prá cidade veciña”), Marica Campo (“Noticia da xacia Nilfe e do seu oráculo”), Lois Diéguez (“Mais pode haber outra cidade viva...” e “Cando xa non aturo máis”), Manuel María (“O Minho”), Xosé Miranda (“Se asolagan as ribeiras, se estragan as ribeiras...”), Manuel Xosé Neira (“O río de Pessoa”), Xavier Rodríguez Barrio (“A luz da miña infancia nácese...”), Fiz Vergara Vilariño (“Sempre serás hospicio xeneroso...”), Eloi Caldeiro (“¡Chuvia coida o río!...”), Bernardino Graña (“O gran río Miño”), Isidro Novo (“Auga que hei de ver e beber”), Claudio Rodríguez Fer (“Como un leopardo (Quen non está coa vida está coa morte)”). Ademais, conta coa colaboración doutros autores como Felipe Arias Vilas (“O río Miño na vella historia”), Xosé de Cora (“Todo por inventar”), Antón Grande (“Problema de cultura”), Paco Martín (“Firmemente chantados na ribeira”), Manuel Xosé Neira (“Entre a memoria e o olvido”), Xulio Xiz (“De neno”), Carmen Blanco (“Algún día beberemos no río”), Miguel-Anxo Murado (“O



II.1. Poetas galegos

mundo a carón do Miño”), Xurxo de Vivero (“Un río chamado destino”) e Anduriña (“Adiviña”). O libro complétase coa inclusión de debuxos e fotografías do río e co poema de Rosalía de Castro “Pasa, río, pasa, río”..



Valcárcel, Xesús Manuel, *Aurum*, Lugo: Sons Galiza Libros, col. Ara-Solis.

Poesía, nº 3, abril 1996, 260 pp. (ISBN: 84-88007-06-X).

Baixo o título de *Aurum* reúnense, por primeira vez, os sete libros que compoñen esta nova entrega poética de Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955). Na introducción, reproducése un fragmento da “Autopoética” do autor, publicada con anterioridade no número 9 do *Boletín Galego de Literatura* (maio 1993). Nela afirma que, partindo das limitacións da linguaxe para expresa-la realidade, a súa poesía é fundamentalmente alegórica. Ofrece unha reivindicación do significado, especialmente dos sentimentos e pretende levar a cabo unha revolución temática, centrándose nos sentimentos humanos. Así, en “Murallas”, describe unha viaxe persoal que se inicia cunha demanda urxente de respostas por parte do heroe; “Tránsito” asiste ás contradicións persoais do protagonista que comeza a súa viaxe; en “Emaín”, ofrécense os diferentes lugares que conforman o universo persoal do Eu; “Rosa clandestina” presenta a batalla que se orixina entre a razón e a intuición; en “A porta de lume”, descríbese unha profundización no tempo a través da memoria, co fin de atopar as respostas ás cuestións iniciais; “Areas do fondo” achégase ós instrumentos necesarios para atopar esas solucións ignoradas dende o comezo da viaxe e, por último, “Manual para aprendices” remata a obra, ironicamente, cunha conclusión provisional definitiva e cunha reivindicación do silencio. O autor, consciente da dificultade do texto e do esforzo que supón por parte do lector, ofrece unha serie de claves que clarifican as súas intencións ó escribir-la obra e o itinerario percorrido.



Referencias varias:

C. V., "Aurum", nuevo libro del poeta Xesús Manuel Valcárcel", *Diario de Pontevedra*, 25 maio 1996,

12. Artigo no que se dá noticia da publicación do poemario *Aurum* de Xesús Manuel Valcárcel e na que figuran unha breve biografía do autor e unha referencia á estrutura da obra.

-Carina Regueiro, "A alquimia de Xesús Valcárcel", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 11, 6 xuño 1996, p. 4. Con motivo da publicación de *Aurum*, Carina Regueiro afonda na poética e recolle as opinións de Xesús Valcárcel con respecto á poesía. Comeza por se referir á estrutura deste poemario que se abre "con *Murallas*, as preguntas, e vai avanzando por ese camiño de aprendizaxe sentimental ata chegar á recomendación final de *Manual para aprendices*". A seguir, refírese á teima máis profunda do autor, presente en toda a súa obra: "a procura da harmonía e do equilibrio entre os sentimentos" e sinala que a súa obra hai que contextualizala no marco da poesía dos 80 "como antagonismo ó exceso de estética e de vacuidade", características que, en opinión de Valcárcel, "presidían moitas das obras dos seus coetáneos". Menciónase ademais que o autor considera que os poetas da súa xeración "caeron nun baleiro retórico que non aporta nada á poesía galega nin á arte da palabra" e finalmente sinálase que Valcárcel expresa o seu agrado pola irrupción de poetas novos.



Vázquez Naval, Edelmiro, *O rito do regreso*, ilustr. José Luís de Dios, Ourense: Consellería de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia, 1996, 71 pp. (ISBN: 84-453-9750-4).

Trátase do segundo poemario de Edelmiro Vázquez Naval (A Peroxa, 1949) tras *As voces da saudade* (1988). O libro preséntase dividido en cinco epígrafes -"O rito do regreso", "Soños e fumaredas", "Desexos", "Gaivotas desplumadas" e "Falo de ti, de min, do home só"- que constitúen unha reflexión, dende o punto de vista da memoria, sobre a angustia e a soidade que provoca o paso do tempo, sobre as lembranzas e a distancia temporal que separa a realidade vivida no pasado do presente. O eu lírico tan só atopa salvación ante a soidade e as ilusións perdidas na experiencia do amor, que pervive con forza no tempo.



Vázquez Pintor, Xosé, *Rotación violeta*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 47, 1996, 68 pp. (ISBN: 84-88137-89-3).

Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) estrutura este poemario en dúas partes ben diferenciadas, tomando o seu título dunha concepción cíclica do tempo (“chegas de regreso á rotación/violeta (a definitiva cor que nos asiste)/moito antes de soñar”). A primeira parte do libro, “Horas”, composta por 24 poemas, un prólogo e mais un epílogo, vén ser un percorrido ó longo das horas do día, que dá pé á reflexión e á memoria. No texto que pecha o conxunto, advírtese sobre o carácter ficticio do anecdotario poetizado. A outra parte, “Segundos”, é un conxunto de poemas de temática amorosa, por veces erótica, que rematan cun verso resaltado en maiúsculas a modo de sentencia. Na obra recórrese a miúdo a unha linguaxe desenfadada e chea de prosaísmo. Salienta tamén unha certa vontade innovadora por parte do autor no que se refire á disposición visual dos textos.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, “Unha luz insuficiente, pero ante todo nosa”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 decembro 1996, p. 56/p. 4.

Ver Dacosta Alonso, Marta, *Pel de Ameixa*, nestas páxinas.



Vélez, Xosé Manuel, *Contra saudade*, Accésit do Premio de Poesía Miguel González Garcés, 1995, ilust. Cruz Pérez Rubido, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, col. Miguel González Garcés, nº 10, xaneiro 1996, 113 pp. (ISBN: 84-89652-01-5).

Este novo poemario de Xosé Manuel Vélez (Ourense, 1963) acolle cincuenta e unha composicións da súa obra máis recente e foi galardoado cun accésit no Premio de Poesía Miguel González Garcés, na convocatoria de 1995. A primeira parte, cunha complexa estrutura interna pois reparte 29 poemas en catro subapartados é de temática amorosa e deixa entrever certa preocupación formal, cada grupo de poemas ábrese e péchase con cadanseu soneto. Na segunda parte, co mesmo título que a obra completa e con vinte poemas, a forma subordínase ó contido.

Recensións:

-Eduardo Estévez, “*Contra saudade*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXIV, 11 maio 1996, p. 3. Destaca Eduardo Estévez deste segundo poemario de Vélez a súa complexidade, pois trátase dun libro no que se entrecruzan variados tons e temas e tamén moitas estruturas e voces. Respecto a este último punto, as voces poéticas, o crítico distingue dúas: unha voz culta ou culturalista e outra voz máis sinxela e non por iso menos interesante ou con menos recursos. Polo que se refire á temática, o grande motivo deste libro é o amor. Por último apunta o recensionista a presenza dalgunhas referencias irónicas.



Vicente Araguas, "Dun tempo e dun país", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 117, 18 xullo 1996,

6. Iníciase este artigo coa mención do accésit que se lle concedeu a esta obra comparándoa despois coa gañadora do certame (*Pel de ameixa* de Marta Dacosta). A continuación céntrase na análise do contido do libro "tan medido e clasificado" onde, segundo o crítico, se codifican poeticamente "os argumentos patrióticos dun sector da nosa lírica". Finalmente, non deixa de sinala-la insistencia no soneto - un soneto "distinto"- por parte do autor.

Vicente Araguas, "Volvendo en Vélez", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 131, 31 outubro 1996,

6. Segunda volta crítica de Araguas sobre o libro de Xosé Manuel Vélez, *Contra saudade*, na que se destaca a rechamante fusión entre os argumentos culturais e os da propia experiencia, que dá lugar a "un traxe tan ben finalizado". A continuación, o recensionista analiza a estrutura da obra distinguindo entre as dúas partes nas que se divide: da primeira parte, "Sen e folía", salienta o carácter erótico e o feito de que constitúe un círculo pechado; da segunda, que dá título á obra, comenta que se trata dun axuste de contas entre a patria e un corazón libertario; e, por último, do epílogo, cualificado de "irónico e xusticieiro", apúntase que subliña un camiño no que Vélez "semella sentirse cómodo e no que seguramente debería afondar".

Referencias varias:

-Alfredo Conde, "Unha luz insuficiente, pero ante todo nosa", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 5 decembro 1996, p. 56/p. 4.

Ver Dacosta Alonso, Marta, *Pel de Ameixa*, nestas páxinas.



-Xavier Costa Clavell, "Premio González-Garcés", *O Correo Galego*, "No faiado", 22 decembro 1996, p. 3. O articulista comenta brevemente, trala súa lectura, dous poemarios que o sorprenderon: *Pel de ameixa*, de Marta Dacosta e *Contra saudade*, de Xosé Manuel Vélez, accésit do Premio de Poesía González-Garcés. Con respecto a este último, Costa Clavell salienta a calidade de Vélez como poeta, cualificándoo de "excelente sonetista" e destacando a tenrura e a paixón contidas en *Contra saudade*.





II. Poesía

II.2. Reedicións comentadas e facsímiles



Cabanillas, Ramón, *Da terra asoballada*, ed. Xosé M. Millán Otero, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 18, 1996, 128 pp. (ISBN da colección: 84 921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-23-1).

Na “Nota Preliminar” desta edición, Xosé M. Millán Otero refírese ás tres ocasións nas que Ramón Cabanillas (Cambados, 1876-1959) empregou o título *Da terra asoballada* para agrupalos seus poemas e que corresponden a tres datas diferentes: 1915, 1917 e 1926. Da primitiva sección do volume *Vento Mareiro* (1915) na que aparecían oito poemas, xorde un libro con este mesmo título (1917), que contén “vinte poemas de loita”. A considerada segunda edición (1926) de *Da terra asoballada* constitúe, segundo explica o editor, un volume completamente diferente, pois nos vintecinco poemas que inclúe tan só catro pertencen á edición de 1917. Tras estas indicacións, Millán Otero explica os criterios adoptados na presente edición: a súa escolla baseouse no poemario de 1917 porque, na súa opinión, presenta “unha maior unidade temática e estrutural”. Elimina o poema “A un cacique”, xa desbotado noutras ocasións polo mesmo autor, e inclúe os 21 poemas novos pertencentes á edición de 1926. De seguido, comenta as variacións introducidas nos textos de Ramón Cabanillas, nas que tratou de respectar ó máximo as escollas do autor, limitándose á modernización da ortografía.



Castro, Rosalía de, *Follas Novas*, ed. Xosé Lois Bouzas Millán, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, 1996, 190 pp. (ISBN: 84-921126-4-6).

Reedición da obra de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885) seguindo a primeira edición de 1880. Inclúense tódolos poemas que aparecen na edición príncipe, incluso as dúas versións da composición que comeza co verso “Para a vida, para a morte”. Non aparece pois o prólogo de Emilio Castelar. Utilízase como criterio básico a actualización da ortografía e da acentuación seguindo as normas oficiais, salvo en raros casos. Márcase o seseo gráfico cun “s”, seguindo a edición de Carballo Calero, e respéctanse as formas morfolóxicas e léxicas da autora. Especificanse os poemas que levaban título propio na primeira edición.

Recensións:

-M. Veiga, “Tres artigos, síntoma dunha nova época”, *A Nosa Terra*, nº 729, “Guieiro Cultural”, 6 xuño 1996, p. 24. Recensión conxunta sobre os traballos “Portugal-Galicia, Galicia-Portugal: un diálogo asimétrico” (*Coloquio e Letras*, nº 137-138), de Pilar Vázquez Cuesta; “Sobre as orixes da cuestión nacional galega” (*A Trabe de Ouro*, nº 25), de Camilo Nogueira, e “História da literatura galega” (1º fascículo da *Historia da Literatura Galega* que edita a AS-PG), de Francisco Rodríguez. No presente traballo salientase o feito de que os tres estudos coincidan no ton analítico, nos puntos de partida internos ó propio país e mesmo nos obxectivos “un futuro que poida ser pensado dende aquí”. M. Veiga apunta do estudio de Camilo Nogueira



que “continúa as investigacións para a publicación dun libro sobre a cuestión nacional”, ó tempo que contribúe a dilucida-lo papel que podemos xogar fronte a outras nacións.



Castro, Rosalía de, *Cantares Gallegos*, ed. Anxo Gómez Sánchez, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 11, 1996, 164 pp. (ISBN da colección: 84 921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-16-9).

Anxo Gómez Sánchez ofrece unha reedición do poemario de Rosalía (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885), *Cantares Gallegos*, baseándose na edición de 1872, a última realizada en vida da autora. O editor decidiu mante-la mesma numeración orixinal así como o poema de Ruíz Aguilera “La Gaita Gallega”. Sen embargo, non inclúe os textos engadidos posteriormente na edición de 1909. En canto ó tratamento do texto, Gómez Sánchez optou por non introducir modificacións a nivel léxico, morfosintáctico e estilístico. Levou a cabo, sen embargo, un reaxuste a nivel gráfico, substituindo o “y” por “i”, regularizando as formas “b” e “v”, actualizando a acentuación e o sistema de puntuacións, etc. Nunha fe de erratas que acompaña a edición sinalase que pertence a Anxo Gómez Sánchez, como figura na portada interior, e non a M^a Pilar García Negro, como aparece na capa exterior.



Cela, Camilo José, *Poesía completa*, prólogo José Ángel Valente, Barcelona: Círculo de Lectores, col. Galaxia Gutenberg, 1996, 318 pp. (ISBN do Círculo de Lectores: 84-226-6059-8; ISBN de Galaxia Gutenberg: 84-8109-086-7).

Edición da poesía de Camilo José Cela (Iria Flavia-Padrón, 1916) organizada en sete apartados - "Poesía lírica", "Poesía triste o amable", "El campo y la ciudad", "Cante y baile", "Farsa y cachondeo", "Soliloquios" e "Coplas de ciego"- a través dos que se dispoñen os diferentes poemarios e series poéticas do escritor coruñés. Entre as composicións líricas atópanse tres poemas galegos: "Romaxe da Historia Natural", "Canzón pra unha muller aldraxada po-lo tempo" e "A unha rapariga garatuxeira" coa súa correspondente versión castelá. O compendio vai prologado por José Ángel Valente que comenta a creación de Cela e que entende os tres poemas galegos como "una última fidelidad a la poesía que es, al propio tiempo, testimonio de un hilo umbilical no desprendido de la lengua y de la tierra nativas".



Curros Enríquez, Manuel, *Aires da miña terra*, ed. Pedro Dono López, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 13, 1996, 171 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-17-7).

Edición elaborada a partir da de 1886, a terceira e última sobre a que Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908) puido intervir, tomando ademais como referencia especial a edición de Carlos Casares (Galaxia, 1992). Na edición consérvanse as “notas” finais a algúns poemas da autoría do escritor de Celanova. No que respecta á lingua, adóptase un criterio de igualación ortográfica que consiste na modernización do texto respectando as escollas do autor.



Fundación Rosalía de Castro, *Rosalía de Castro. Obra Completa*, Padrón:

Fundación Rosalía de Castro, 1996, 796 pp. (D. L.: C-1010-1996).

Edición da obra de Rosalía de Castro elaborada, segundo consta no libro, por un equipo de especialistas baseándose nas edicións anteriores máis autorizadas. No apartado de "Prosa" recolle *La hija del mar*, *Flavio*, *El caballero de las botas azules*, *El primer loco* e "Prosas varias" - *Lieders*, *Las literatas*, *El cadiceño*, *Padrón y las inundaciones*, *Costumbres gallegas*, *El domingo de Ramos* e *Conto gallego*. No apartado de "Poesía" reproducense *La Flor*, *A mi madre*, *Cantares Gallegos*, *Follas Novas*, *En las orillas del Sar* e "Poesías varias" en galego e castelán.



Lorenzo Baleirón, Eusebio, *Gramática do silencio. Obra poética*, ed. Paulino Vázquez e Manuel Lorenzo Baleirón, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 53, decembro 1996, 161 pp. (ISBN: 84-88137-96-6).

Volume que con motivo de se cumprir-lo décimo aniversario da morte de Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro, 1962-1986) recolle toda a súa obra poética publicada en tres libros: *Os días olvidados*, *O corpo e as sombras* e *A morte presentida*. Incorpora ademais como novidade o capítulo “Poesía reunida”, que recolle poemas dispersos e inéditos. O libro vai precedido de dous limiares, un do irmán do poeta, Manuel e outro do seu amigo Paulino Vázquez nos que se lembran aspectos persoais.



Pondal, Eduardo, *Queixumes dos pinos*, ed. Miguel Mato Fondo, Vigo: A Nosa Terra/A.S.-PG, col. A Nosa Literatura, nº 14, 1996, 146 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN: 84-89679-19-3).

Edición elaborada directamente a partir da de Manuel Ferreiro (Sotelo Blanco, 1995). Nesta obra de Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835-A Coruña, 1917) sométese o texto a un proceso de estandarización da lingua que afecta basicamente ó plano ortográfico.



Vázquez, Dora, *Irmá (Poemas Galegos)*, Ourense: Autora, 1996, 55 pp. (D. L.: OR-181-1996).

Segunda edición deste poemario de Dora Vázquez (Ourense, 1913), publicado por primeira vez en 1970, ó que se engaden catro novas composicións. Ó longo dos catorce poemas, a autora sitúase nun espazo subxectivo cargado dunha simboloxía persoal moi relacionada co mundo natural, dende o cal reflexiona sobre a dor e a nostalxia que lle produce a ausencia da súa irmá, destinataria única dos textos. No libro inclúese ademais, a tradución dos poemas ó castelán, xunto a tres artigos publicados no xornal santiagués *La Noche* nos anos 1961 e 1963, dedicados igualmente á súa irmá ausente.



Vázquez, Pura, *Maturidade*, Trasalba (Ourense): Fundación Otero Pedrayo, xuño 1996, 115 pp. (ISBN: 84-920781-0-3).

Reedición deste poemario de Pura Vázquez (Ourense, 1918), publicado por primeira vez no 1955 por Ediciones Galicia do Centro Galego de Buenos Aires. Desta edición, con sinxelas adaptacións lingüísticas á norma oficial, fixéronse dúas tiradas: unha ordinaria de mil exemplares e outra especial dun só exemplar encadernado en pel. Esta última entrégaselle á autora no acto de homenaxe organizado pola Fundación Otero Pedrayo en Trasalba.

Recensións:

-Vicente Araguas, "*Maturidade*", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 124, 5 setembro 1996, p. 6. Comeza Vicente Araguas este comentario sobre *Maturidade*, de Pura Vázquez, facendo unha breve introducción ó momento da súa primeira edición (1955). Respecto a esta obra declara que está chea "de dor de vivir, de inseguridade, de dúbidas, de continuas invocacións ao eu", con poemas "reivindicativos" e provistos dunha certa "carga política". Remata o crítico afirmando que esta poeta "é quen de escribir poemas como coitelos".

Referencias varias:

-Óscar González, "Ourense es mi cuna y mi fuente de inspiración", *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), 19 maio 1996, p. 44.



Breve entrevista con Pura Vázquez con motivo da concesión do premio Trasalba. Despois dun reconto da súa produción literaria feito polo xornalista, a autora fala do significado que para ela ten o premio, comenta as súas relacións con Otero Pedrayo e outros intelectuais da época, reflexiona sobre o que representa a poesía na súa vida, opina sobre a situación actual da poesía galega e, por último, dá noticia da preparación das súas memorias e da reedición dun dos seus libros, *Maturidade* (1996).





II.3. Poetas traducidos ou versionados

II. Poesía

II.3. Poetas traducidos ou versionados



Alposta, Luís (ed.), *Lorca en lunfardo. Los “Seis Poemas Galegos” en edición bilingüe*, trad. Luís Alposta, estudio preliminar Antonio Pérez-Prado, Bos Aires: Ediciones Corregidor, 1996, 39 pp. (sen ISBN).

Traducción ó lunfardo dos seis poemas galegos de Lorca. O libro comeza cun breve estudio de Antonio Pérez-Prado no que se dá conta da orixe da idea da traducción, explícanse certos aspectos lingüísticos do lunfardo e coméntase a polémica ó redor da autoría real destes poemas lorquianos. Segue un prólogo do traductor no que este comenta os principais problemas cos que se atopou para acomete-lo seu traballo.

Referencias varias:

-E. C., “Os seis poemas galegos de Federico García Lorca tradúcense ó lunfardo”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 25 agosto 1996, p. 11/p. 51. Dá conta da recente publicación, na Editorial Corregidor, da traducción ó lunfardo, a xerga porteña de La Plata, dos seis poemas de García Lorca. A idea xurdiu no primeiro Congreso de poetas alófonos en lingua galega celebrado en Santiago de Compostela no ano 1993. Os encargados de levala a cabo foron o médico arxentino Antonio Pérez-Prado e o poeta lunfardés, Luís Alposta.

-Anxo Tarrío Varela, “Lorca, do yoyega ó lunfardo”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 6 outubro 1996, p. 3.



Dáse noticia do libro *Lorca en lunfardo*, edición bilingüe (galego-lunfardo) a cargo de Luís Alposta, dos *Seis poemas galegos* (1935) de Federico García Lorca. Infórmansenos de que esta obra contou co asesoramento de Antonio Pérez-Prado, no tocante ó galego, e do feito de que se inclúa nela un vocabulario no que se recollen as equivalencias españolas de certas palabras lunfardas.



Fitzgerald, Edward, *As rubáiyát de Omar Khayyám (The Rubáiyát of Omar Khayyám, 1959)*, ed. bilingüe, trad. e introd. Plácido R. Castro, prólogo Antonio R. de Toro Santos, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 21, agosto 1996, 53 pp. (ISBN: 84-88137-86-9).

Antonio R. de Toro é o responsable desta edición bilingüe, galego-inglés, das *Rubáiyát* do poeta persa do século XI Omar Khayyám. Este volume respecta a traducción galega publicada no ano 1965 na revista *Grial* por Plácido R. Castro, realizada a partir da versión clásica inglesa de Edward Fitzgerald (Bredfield-Suffolk, 1809-Merton-Suffolk, 1883), de 1859. As *Rubáiyát* son setenta e cinco cuartetos nas que se aprecia o paganismo e o simbolismo exóticos propios da atmosfera oriental. Así mesmo, están presentes o hedonismo gozoso, a melancolía e a idea da transitoriedade da vida. Esta edición bilingüe está acompañada por un prólogo de Antonio R. de Toro e pola introducción de Plácido R. Castro. Por último, unha sección de notas aclara moitos puntos sobre o contido e a traducción de *As Rubáiyát de Omar Khayyám*.



Heaney, Seamus, *Traballo de campo*, (*Field Work*, 1979), trad. Vicente Araguas, Vigo: Edicións Xerais, col. Ablativo Absoluto, nº 1, outono 1996, 134 pp. (ISBN: 84-8302-057-2).

Nunha nota previa do traductor, titulada “Razón de Amor”; expóñense algunhas das claves do poeta irlandés Seamus Heaney (Castledawson, 1939) e dáse conta das dificultades para traducilo. Sen embargo, tamén se manifesta que se trata dunha poesía que deixa pegada: “non se traduce a Heaney impunemente”. Na obra están presentes os temas habituais do autor, que van dende a relación do home e a terra ata a temática social e política, así como poemas de tema amoroso ou intimista. A edición bilingüe permite le-los versos orixinais do Premio Nobel 1995 e a traducción ó galego realizada por Vicente Araguas.



Padrón, Justo Jorge, *Os círculos do inferno* (*Los círculos del infierno*, 1976), ed. bilingüe, ed., introd. e trad. Luís Alonso Girgado e Xurxo Sierra Veloso, Santiago de Compostela: Consellería de Educación da Xunta de Galicia, 1996, 147 pp. (ISBN: 84-453-1654-0).

Este poemario, dividido en catro apartados (“Mutacións”, “As visións”, “O inferno na terra” e “Os labirintos”), amosa unha visión horrorizada da existencia humana, transformada nun inferno. Nel, a presenza da morte, a crise individual e a sociedade adversa son unhas constantes que conducen ó sentimento de culpabilidade no home, como responsable do inferno na terra. Así mesmo, a abundante simboloxía onírica e a riqueza visionaria achegan este conxunto de poemas á estética surrealista. Esta edición bilingüe, a cargo de Luís Alonso Girgado e Xurxo Sierra Veloso, inclúe unha introducción sobre Justo Jorge Padrón (*As Palmas de Gran Canaria*, 1943) e a súa obra, así como catro apéndices que informan da bibliografía do autor, das traducións de *Los círculos del infierno* e dos premios literarios e doutras distincións de Padrón.



Valente, José Ángel, *Cántigas de alén*, trad. César Antonio Molina e José Ángel Valente, Barcelona: Biblioteca Literaria Compostelana del Consorcio de Santiago, 1º ed. marzo 1996, 93 pp. (ISBN: 84-921371-2-6).

Edición bilingüe desta obra de José Ángel Valente (Ourense, 1929) estruturada en tres apartados, que inclúe gravados de Eduardo Chillida. Ábrese cunha introducción de Claudio Rodríguez Fer quen define *Cántigas de alén* como “unha obra en marcha que foi medrando paulatinamente”. Esta edición deixa fóra os versos publicados nos anos xuvenís e engade cinco textos ausentes das anteriores. Rodríguez Fer sinala ademais as diferencias existentes entre a produción castelá e a galega do autor. Destaca a constante presenza de Galicia e de Ourense na obra de Valente, poeta entroncado con diversas tradicións europeas e tamén coa lírica galaica, sobre todo coa lírica medieval galega, coa popular e con Rosalía.

Referencias varias:

-E. C., “Valente: Estou fondamente afincado na tradición rosaliana”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 novembro 1996. p. 37/p. 28. Informa da presentación en Compostela de *Cántigas de Alén*, obra que recolle toda a produción poética, agás a considerada inmadura, de José Ángel Valente na nosa lingua. Claudio Rodríguez Fer, Eduardo Chillida e outras personalidades da cultura e da política do noso país coinciden en salienta-la profundidade da poesía do autor ourensán.



-J. B. Salgueiro, "José Ángel Valente presenta su poesía escrita en gallego en *Cantigas de Alén*", *Faro de Vigo*, 27 novembro 1996, p. 51. Dá a nova da presentación en Santiago de *Cantigas de Alén*, a edición máis extensa dos poemas galegos de José Ángel Valente. Recolle as declaracións do autor da introducción, Claudio Rodríguez Fer, e do ilustrador, Eduardo Chillida, nas que valoran moi positivamente a obra do poeta ourensán. Valente lembra os seus inicios na literatura en galego e cita a Rosalía, Risco, Manuel Antonio e Dieste como os autores que máis lle influíron.



II. Poesía

II.4. Antologías



Alonso Gírgado, Luís (dir.), *Plumas e letras en La Noche (1946-1949)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1996, 560 pp. (ISBN: 84-453-1656-7).

Ver apartado I. 4. Antoloxías (Narrativa), neste *Informe*.



Alonso Montero, Xesús (ed.), *Cancioneiro da loita galega*, Sada-A Coruña:

Ediciós do Castro, col. Facsimilar, serie Documentos, nº 127, 1996, 156 pp. (e 27 de estudio numeradas á parte) (ISBN: 84-7492-805-2).

Reproducción facsimilar do *Cancioneiro da loita galega*, editado polo Partido Galeguista en México no ano 1943, no que participan Ramón Cabanillas, o seu fillo Ramón Cabanillas Álvarez, Emilio Pita e Ramón Rey Baltar, ademais daquelas outras sinaturas que corresponden a pseudónimos como Nadel (Florencio Delgado Gurriarán, responsable editorial do volume), R. Miño, B. Lárez ou C. Lamas. O volume leva un prólogo, de 27 páxinas numeradas á parte, de Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928), no que lamenta o esquecemento que sufriu o libro “que constitúe, na nosa historia, un acontecemento bibliográfico e, asemade, un acontecemento político”. Realiza un percorrido polos contidos da publicación, na que sinala tres partes diferentes: as páxinas preliminares -nas que se inclúen as dedicatorias, unha cantiga de escarnio de Alfonso X e un prólogo de Ramón Cabanillas Álvarez-, os “Poemas civís”-integrada por oito composicións “patrióticas ou agrarias” anteriores á guerra civil, poemas dedicados ás vítimas do franquismo e contra os excesos falanxistas- e o apartado titulado “A gaita a falare” que recolle once poemas de Ramón Rey Baltar tomados do libro do mesmo título publicado en 1939. Péchase este prólogo cun apéndice no que se rexistran o lugar e data de publicación dos textos recollidos no *Cancioneiro*, que son anteriores á súa data de publicación (1943).



Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, "Cancioneiro da loita galega", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 7 novembro 1996, p. 9. Comenta a publicación en edición facsimilar, do *Cancioneiro da loita galega*, tras 53 anos de ocultamento. Recolle unhas palabras do profesor sardo Pietro Molteni nas que este sinalaba que era unha vergonza que, por causas políticas, este poemario permanecese agachado durante tanto tempo. Alonso Montero destaca a presenza do poema de Ramón Cabanillas, "Romance de loita", de "A un miliciano", do seu fillo Ramón Cabanillas Álvarez e tamén dos poemas de Florencio Delgado Gurriarán, merecedor dunha homenaxe, por parte dos escritores galegos, na localidade de Guadalajara (México), cidade na que morreu.



Alonso Montero, Xesús (ed.), *Coroa poética para un mártir. 35 poemas á morte de Alexandre Bóveda (1936-1994)*, Vigo: Edicións Xerais, 1996, 94 pp. (ISBN: 84 8302-015-7).

Volume composto por 35 composicións de diferentes poetas dedicadas á morte e fusilamento de Alexandre Bóveda. O libro ábrese cun prólogo no que o autor da edición fai unha brevísima introducción ós poemas -33 dos cales están en galego-, e sinala a necesidade de recoller nun volume os textos dispersos do escritor e político. Comenta que o seu propósito foi ofrecer tódolos poemas que coñecía sobre Bóveda, independentemente do seu valor literario.

Recensións:

-Francisco J. Gil, "Poemas para un fusilamiento", *Faro de Vigo*, 4 agosto 1996, p. 35. Longo artigo no que se tratan os distintos traballos realizados por Xesús Alonso Montero ó longo deste ano, prestando maior atención á antoloxía *Coroa poética para un mártir*. Sobre esta obra o crítico explica que recolle trinta e cinco poemas escritos en recordo de Alexandre Bóveda e que sae á luz poucos días antes do 60 aniversario da súa morte. Acompaña ó texto unha nota na que se anuncia o próximo traballo do profesor Alonso Montero que consiste na recompilación de poemas escritos en Galicia sobre Franco (a favor e en contra).

-Xosé M. Eiré Val, "Trinta e cinco poemas á morte de Alexandre Bóveda", *A Nosa Terra*, nº 745, "Guieiro Cultural", 26 setembro 1996, p. 24.



Comeza o artigo facendo algunhas consideracións sobre os problemas das antoloxías, recoñecendo, con todo, “o pesado traballo de esculca que supón adentrarse nas esvaradizas sendas do pasado”. A respecto da obra, comenta que, a pesar de tódalas críticas que lle poidan facer, o que realmente interesa é o seu contido, eses vinteoito poetas que ergueron o seu pranto por Bóveda. O comentario remata louvando o carácter de homenaxe desta contribución, homenaxe que sempre será significativa se temos en conta o noso pasado.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, “Os poetas e Bóveda”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 15 agosto 1996, p. 9. Tras comenta-lo asasinato de Alexandre Bóveda, refírese á publicación dun volume, que el mesmo anotou e prologou, que leva como título *Coroa poética para un mártir*: unha recompilación de poemas de autores como Luís Seoane, Emilio Pita, Celso Emilio Ferreiro, García-Bodaño e outros, todos eles dedicados a Bóveda e que foron publicados, na meirande parte dos casos, na clandestinidade ou no exilio.

-Alfredo Conde, “¡Se a historia fose Historia!”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 23 agosto 1996, p. 48/p. 4. Refírese á colección de 35 poemas elegíacos en honra e lor de Alexandre Bóveda, titulada *Coroa poética para un mártir* e compilada por Xesús Alonso Montero, na que se inclúe un poema de Conde, aparecido por primeira vez na revista *Nova Galicia* nos anos setenta.

-Víctor F. Freixanes, “Outra vez a memoria”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 24 agosto 1996, p. 8. Refírese Freixanes á presentación en Pontevedra, polo profesor Alonso Montero, deste volume que pretende homenaxear-la memoria de Alexandre Bóveda. Comenta tamén o acto, organizado pola Fundación que leva o seu nome, no monte da Caeira. Recupérase ademais a nómina dalgúns dos



fusilados ou paseados en agosto do 36: Víctor Casas, Lustres Rivas, Álvarez Limeses, Ánxel Casal, Camilo Díaz Valiño, Enrique Botana, Eugenio Carré, Antón González López e outros. Recóllense tamén as palabras de Alonso Montero no acto de presentación, quen salientou “que o máis grave nestes casos é o silencio, moito máis que a difamación ou a aldraxe”, silencio, conclúe Freixanes que “acaso nos acompaña aínda, coma unha negra sombra”.

Mª Xosé Queizán, “A purísima concepción da nación”, *A Nosa Terra*, nº 743, “Galiza”, 12 setembro 1996,

6. Nun artigo no que se trata sobre a terminoloxía relixiosa presente no discurso nacionalista, coméntase como neste ano o nacionalismo de esquerdas recoñeceu oficialmente o Día da Patria Galega Mártir, coincidindo cunha homenaxe que se fixo na memoria de Alexandre Bóveda, na que X. Alonso Montero leu dous poemas do libro *Coroa poética para un mártir* (1996).



Frateschi Vieira, Yara (ed.), *Antologia de Poesia Galega*, Campinas (Brasil): Editora da UNICAMP (Universidade Estadual de Campinas), col. Matéria de Poesia, 1996, 377 pp. (ISBN: 85-268-0389-1).

Consta o volume dunha introducción na que se realiza un breve percorrido pola poesía galega ó longo da historia ó que segue unha bibliografía mínima sobre a literatura galega. Neste estudio dáse conta dos principais fitos sociopolíticos e culturais que haberían de ter repercusión no ámbito poético galego, en especial do presente século. A seguir realízase unha antoloxía de poetas galegos e a correspondente selección de textos da súa produción poética. Un primeiro grupo comprende algúns dos trobadores do período medieval. Esta nómina vese continuada co groso da publicación, unha antoloxía e selección de textos dalgúns autores da poesía do século XX -agás Rosalía de Castro e Eduardo Pondal-, precedidas das respectivas fichas biobibliográficas, aparecendo mesmo ás veces un fragmento de autopoética do autor antologado. Os poetas antologados son os seguintes: Manuel Antonio, Luís Amado Carballo, Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro, Luz Pozo Garza, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Antón Avilés de Taramancos e Salvador García-Bodaño.



Freixeiro Mato, Xosé R. (ed.), *Os séculos escuros e a Ilustración galega*.

Antoloxía, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 7, 1996, 180 pp.

(ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-12-6).

Escolma da produción literaria galega dos séculos XVI, XVII e XVIII. O volume divídese en dúas seccións. Na primeira, recóllese a produción dos denominados por Xosé R. Freixeiro Mato (Cances-Carballo, 1951) “Séculos Escuros” (ss. XVI, XVII). Trátase de poesía anónima, pero tamén poesía académico-renacentista da autoría de Xoán Gómez Tonel, Pero Vázquez de Neira etc., e composicións relixiosas na forma de vilancetes. Inclúense ademais mostras de teatro (*A contenda dos labradores de Caldelas*) e prosa. Na segunda das seccións atópase a produción do Século da Ilustración Galega (s. XVIII) coas composicións de Anselmo Feijoo, Noguerol Camba, o Padre Sarmiento, O Cura de Fruíme, etc. Acompáñase a escolma dunha nota preliminar de Xosé Ramón Freixeiro Mato onde se explican os criterios da edición e o interese dos textos, máis polo seu contido filolóxico que literario, por servir de apoiatura para a explicación da evolución do galego nesa etapa da lingua coñecida como “galego medio”.



Freixeiro Mato, Xosé R. e Francisco **Pillado Mayor**, (eds.), *A poesía e o teatro interseculares*. Antoloxía, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 17, 1996, 186 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84 89679-22-3).

O volume recolle a obra de varios poetas situados no período de transición entre o século XIX e o XX, grupo nomeado por Méndez Ferrín como xeración “Antre dous séculos”, como se afirma na nota preliminar que abre o libro. Están representados na antoloxía os seguintes poetas: Antonio Noriega Varela, Francisca Herrera Garrido, Xerardo Álvarez Limeses e Gonzalo López Abente. A edición respecta a lingua dos autores, efectuando só alteracións ortográficas e de puntuación. Baixo os mesmos criterios de edición que na poesía inclúese no volume a obra de teatro *A Ponte*, de Manuel Lugrís Freire, como representante do teatro intersecular. Esta obra, que foi representada por primeira vez en 1903 e está dividida en dous actos, inaugura a tradición do teatro galego en prosa.



García Negro, María Pilar e Anxo **Gómez Sánchez** (eds.), *A literatura galega do pre-renacemento 1808-1863*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 9, 1996, 306 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 8489679-14-2).

Ver apartado I. 4. Antoloxías (Narrativa), neste *Informe*.



García Negro, María Pilar, Anxo **Gómez Sánchez** e Francisco **Rodríguez Sánchez** (eds.), *Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 12, 1996, 250 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-18-5).

Antoloxía na que se recolle unha boa parte da produción de autoría feminina da segunda metade do século pasado, incluíndose algúns textos que ultrapasan estas fronteiras. A escolma, que recolle textos de xéneros diversos fundamentalmente en galego, dedica un espazo á parte á figura de Rosalía de Castro, destacando a “prevalencia do suxeito feminino” na súa obra, así como a aqueles textos dedicados á escritora, xa sexan de autoría masculina ou feminina. Na antoloxía recóllense mostras literarias de mulleres como Nicolasa Añón, Constanza Vereas, Clara Corral, Valentina Lago Valladares, Ramona de la Peña Salvador de Castro, etc. Por outra banda, inclúense textos de dous escritores que recorreron á pseudonimia feminina, como Amador Montenegro Saavedra -Esperanza Roca- e Valentín Lamas Carvajal -Arminda Flora Serrano. Nun anexo inclúense aínda outros escritos significativos pertencentes a Benito Jerónimo Feijoo, Olympe de Gouges, John Stuart Mill, Emilia Pardo Bazán, Manuel Castro López, Mercedes Bieito Bouza e José Vía Golpe.



García Negro, María Pilar, Anxo **Gómez Sánchez** e Mercedes **Queixas Zas** (eds.)
Valentín Lamas Carvajal. Obra literaria e xornalística. Antoloxía, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 15, 1996, 300 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-20-7).

Ver apartado I. 4. Antoloxías (Narrativa), neste *Informe*.



Heinze de Lorenzo, Úrsula (ed.), *Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia,* Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1996, 382 pp. (ISBN: 84-453-1777-6).

A escritora Úrsula Heinze (Colonia-Alemaña, 1941) ofrece neste libro a traducción ó galego dunha selección de poetas da Ex-Iugoslavia e de Bulgaria, acompañada dun breve estudio sobre a poesía de cada un dos países citados e dunha síntese biográfica de cada un dos autores citados. Con esta antoloxía a autora pretendeu “construír, no medio do terror, do estrago, da desesperación e da morte, unha casa de convivencia pacífica, confiando en que medre, paseniño mais continuamente, coa axuda dos lectores deste libro, concienciando a cada un da súa responsabilidade.”

Recensións:

-María Xesús Nogueira, “Terra, mar e lume”, *Grial*, nº 131, xullo-agosto-setembro, Tomo XXXIV, 1996, pp. 426-427. A obra de Úrsula Heinze supón unha “nova liña na traxectoria editorial do Centro Ramón Piñeiro”, ó engadirse ó catálogo unha traducción ó galego de textos poéticos de culturas tan “afastadas” e “descoñecidas”. María Xesús Nogueira centra o interese desta publicación principalmente no seu “carácter pioneiro” e no “significado extraliterario da escolla, ó procederen estas voces poéticas de países que



coñeceron unha situación difícil nos últimos tempos”. A “temática variada” e resumida no título da obra é “unha ampla mostra de textos que deixan constancia da riqueza descoñecida destas literaturas”, constituíndo, en palabras da recensionista, “unha contribución máis ó diálogo das nosas letras coa literatura universal”.

Referencias varias:

-Anxo Tarrío Varela, “Terra, mar e lume”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 20 outubro 1996, p. 3. Refírese a *Terra, mar e lume* (1996), tradución de Úrsula Heinze que recolle poemas de escritores de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia. Tarrío considera esta tradución de poemas pertencentes a países decote castigados pola guerra e polo fanatismo unha homenaxe á literatura e un monumento á tolerancia.

-Alfredo Conde, “Compromiso con poucas bromas e moito traballo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 20 outubro 1996, p. 48/p. 4. Refírese ó libro de Úrsula Heinze, *Terra, mar e lume*, no que aparecen traducidos ó galego poemas de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia. Agradece o feito de que Úrsula Heinze nos ofrezca a posibilidade de que falemos de poesía galega sabendo de qué van as outras e salienta a actitude de compromiso coa cultura galega por parte da traductora deste libro.

-Agustín Sixto Seco, “Da alemana de Roxos e o arxentino do Irixo”, *El Correo Gallego*, “De portas para fóra”, 2 novembro 1996, p. 3. Comenta a presentación do libro *Terra, mar e lume* (1996), de Úrsula Heinze, editado polo Centro de Investigacións “Ramón Piñeiro” e no que aparecen traducidos ó galego poetas bosnios, croatas, búlgaros, eslovenios, macedonios, etc. Tamén comenta a aparición da obra *Estación Marítima* (1996), de Luís Tosar.



Kruckenberg, M^a do Carme, *Poemas inevitables*, Vigo: Concello de Vigo/Concellería de Cultura, Educación e Muller, 1996, s. pp. (ISBN: 84-87637 33-7).

Libro de M^a do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926), inicialmente escrito en castelán e comezado a finais dos anos cincuenta dentro do contexto do existencialismo francés, “as guerras frías e as guerras quentes” que se desenvolven no mundo, a fame e “o amor que está lonxe dos corazóns”, como explica a autora no texto titulado “A maneira de limiar”, que abre o poemario. A dor, a morte, o baleiro interior, a indefensión ante o mundo e as súas inxustizas, o desamor, son motivos recorrentes nesta obra estruturada a xeito de abecedario, no que a cada letra lle corresponde un poema, conformando así un “abecedario do noxo, da incompreensión e da desesperanza”.



Lois Dosil, Gustavo Adolfo, *Ansias de vento*, escolma e notas Marica Campo e Bernardo Penabade, Burela-Lugo: Familia Lois Dosil, 1996, 85 pp. (D. L.: LU-267 1996).

Escolma de textos do xove poeta Gustavo Adolfo Lois Dosil (Santiago de Compostela, 1975-1995), falecido prematuramente. O volume inclúe unha nota introductoria onde se dá noticia do escritor, á que segue un texto elexíaco de Marica Campo. No libro, do que tanto a estrutura coma o propio título son responsabilidade dos editores, atopamos unha poesía da experiencia na que predomina a temática amorosa, as continuas referencias á música, a rebeldía, o paso do tempo e a derrota. O volume recolle ademais algúns textos en prosa do xove escritor.

Referencias varias:

-R. C., “*Ansias de vento* a emotiva lembranza a Gustavo Lois”, *O Correo Galego*, 30 xuño 1996, p. 52. Comenta a presentación do libro póstumo *Ansias de vento*, do poeta noiés Gustavo Adolfo Lois Dosil. Nomea os escritores asistentes ó acto e anota algunha das características do poemario.



Rivas, Manuel, *O pobo da noite. Antoloxía poética*, prólogo Xesús González Gómez, Vigo: Edicións Xerais, 1996, 166 pp. + CD (ISBN: 84-8302-039-4).

Precedida dun limiar do crítico Xesús González Gómez, titulado “Oito razóns e unha coda para ler a poesía de Manuel Rivas”, ofrécese ó lector unha escolma dos seus libros *Libro do Entroido* (1980), *Balada nas praias do oeste* (1985), *Mohicania* (1986), *Ningún cisne* (1989) e *Costa da Morte Blues* (1995); quince anos da obra poética de Manuel Rivas da que sen embargo queda excluído *Anisia e outras sombras* (1981), escrito en colaboración con Xavier Seoane. É unha antoloxía entendida como un punto e á parte e un resumo no camiño poético dun dos autores galegos máis recoñecidos polo público e a crítica. O CD que acompaña o libro é a gravación de trece poemas, lidos (ou incluso cantados) polo propio autor, con acompañamento musical.

Referencias varias:

-Lois Fernández, “Nombres propios. Manuel Rivas”, *La Voz de Galicia*, 6 decembro 1996, p. 50. Ofrece un breve perfil biográfico do escritor coruñés, Manuel Rivas e informa da publicación da súa obra *O pobo da noite, 1980-1996*, que tivo lugar no Centro Galego da Arte Contemporánea.

-D. L., “O’ Rivas rende contas consigo mesmo con ‘O pobo da noite’/“As camisas de pel de O’Rivas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 14 decembro 1996, p. 33/p. 12. Informa dun recital poético celebrado no Centro Galego da Arte Contemporánea, no que participou Manuel Rivas lendo algúns dos poemas da súa última antoloxía, *O pobo da noite*. O escritor afirmou, segundo se nos informa, que na súa obra “hai unha certa melancolía, si, pero serve como un desconxuro para librame



das outras persoas que fixeron aqueles libros”. O libro complementábase cun disco compacto con trece cortes, no que Rivas recita unha escolma da súa poética.

-I. G., “El último trabajo de Manuel Rivas incluye un disco compacto con trece poemas”, *El Ideal Gallego*, 14 decembro 1996, p. 38. Informa da presentación da última obra de Manuel Rivas, *O pobo da noite* (1996), na que o escritor aposta polas novas tecnoloxías para revivi-la poesía que, na súa opinión, está relegada a un campo marxinal. O poemario vai acompañado dun disco compacto no que César C. Morán pon a música a trece dos poemas que aparecen na obra. O seu autor definiuno como “un exercicio necesario de memoria” no que se inclúen poemas doutros autores e algúns pertencentes a outras obras de Rivas.

-Aníbal C. Malvar, “Meter o mar nun só verso”, *El Mundo*, “Galicia”, 14 decembro 1996, p. 7. Informa da presentación da obra de Manuel Rivas, *O pobo da noite* (1996), no Centro Galego da Arte Contemporánea de Santiago. A obra, editada por Edicións Xerais de Galicia, reúne poemas escritos entre 1980 e 1996. Afirmo que para el, publicar este poemario é “aceptarse xa como escritor maduro, renunciar a ser promesa, recoñecerse nos anos”.

-J. B. Salgueiro, “Manuel Rivas reúne en ‘O pobo da noite’ toda su producción poética”, *Faro de Vigo*, 14 decembro 1996, p. 48. Dá conta da presentación do último poemario de Manuel Rivas, *O pobo da noite* (1996), unha antoloxía que recolle toda a súa creación poética. Afirmo que para el escribir poesía é unha maneira de escapar do éxito das súas novelas: “nadie te mete prisa para que acabes un libro de poemas. Es un género marginal”.

-Marita Vázquez de la Cruz, “De venres a venres”, *Atlántico Diario*, 20 decembro 1996, p. 25.



Refírese á presentación, en Vigo, do libro-disco de Manolo Rivas, *O pobo da noite* (1996), escolma de poemas publicados en varios libros do autor. Segundo a articulista, Rivas reflicte lirismo e poesía, tanto a través da súa prosa coma da súa poesía.

-Ujué Foces, “Estoy más descolocado que nunca, tengo que volver a mi corredoira de vagalumes”, *Faro de Vigo*, 22 decembro 1996, p. 52. Entrevista con Manuel Rivas na que fala do Premio Nacional de Narrativa e como este afectou á súa vida; da poesía e da súa participación en recitais poéticos coa intención de “levar a poesía ás prazas”; da súa recente antoloxía poética *O pobo da noite*, acompañada de CD onde musica parte das composicións recollidas na obra, do seu traballo como xornalista e da relación que mantén con determinados escritores de lingua castelá e portuguesa. Por último, comenta como valora a aceptación que ten entre o público feminino e comenta cáles son os seus proxectos futuros.



Rodríguez, Luciano (ed.), *Ámbito dos pasos (Antoloxía poética)*, selección, introd. e ed. Luciano Rodríguez, ilustr. Pepe Barro, Pontedeume: Concello de Pontedeume, 1996, setembro 1996, 133 pp. (ISBN: 84-921952-0-7).

O libro ábrese cunha presentación do alcalde de Pontedeume á que segue unha introducción na que se fai unha aproximación ós escenarios poéticos e á obra de Ramiro Fonte, composta por seis títulos editados e dous inéditos. A antoloxía, que toma o título dun poema de *Pasa un segredo*, recolle unha mostra de todos eses libros. Inclúe tamén unha bibliografía do autor.

Recensións:

-Teresa Seara, "Calidez dos ámbitos", *A Nosa Terra*, nº 746, "Guieiro Cultural", 3 outubro 1996, p. 24. Comeza destacando o acerto do antólogo, Luciano Rodríguez, na selección dos poemas que nos conducen "cara o cerne poético dun autor que xa figura entre os grandes da poesía galega dos oitenta"; de seguido Teresa Seara fai un percorrido pola produción poética de Ramiro Fonte, sinalando que *As cidades da nada* (1983) e *Designium* (1984) son os dous poemarios inaugurais do poeta de Pontedeume, libros que, na súa opinión, conforman un xogo intertextual con elementos culturalistas. Con *Pensar na tempestade* (1986), *Pasa un segredo* (1988) e *Adeus Norte* (1991) a introspección achégao "cara ó seu centro expresivo e íntimo" e con *Luz do mediodía* (1995), Ramiro Fonte "compila toda a mestría das obras precedentes".



-Vicente Araguas, "Ouro para Ramiro Fonte", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 135, 28 novembro 1996, p. 6. Salienta o crítico a actuación, "nuns tempos rematadamente malos para a lírica", do Concello de Pontedeume con Ramiro Fonte, que foi galardoado coa medalla de ouro da vila e que, posteriormente, ve publicada nunha fermosa edición, a cargo deste organismo, unha "antoloxía cabal que recolle unha selección pouco discutible" dos seus poemas. Aproveita Araguas para facer unha valoración positiva do poeta e da súa poesía da que sinala algunhas das súas claves como o estilo sutil e elegante.

Referencias varias:

-P. Nemo, "No fondo, os poetas son sempre maioritarios", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 86, 20 outubro 1996, p. 6. Ramiro Fonte expresa a súa satisfacción polo recoñecemento que o Concello de Pontedeume lle tributou ó lle edita-lo libro *Ambito dos pasos* (1996). Manifesta a súa fe na poesía e di que a boa sempre se evidencia, ó tempo que se define como poeta culto, por se recoñecer un poeta lector. Por outra parte, di defende-la poesía que arranca do Romanticismo europeo, pero que tamén lle gusta soste-la razón coa poesía.



Rodríguez, Luciano e Antonio **Jiménez Millán** (eds.), *Poesía gallega contemporánea*, *Litoral*, nº 209-210, Málaga: *Litoral/Universidade da Coruña*, 1996. (ISSN: 0212-4378).

A revista de poesía, arte e pensamento *Litoral* -fundada en Málaga en 1926 polos poetas Emilio Prados e Manuel Altolaguirre e dirixida por José María Amado e Lorenzo Saval- dedicou no ano 1996 un número dobre (209-210) á poesía galega contemporánea, que foi coordinado por Luciano Rodríguez e Antonio Jiménez Millán. O volume aparece dividido en dúas partes: unha primeira na que os editores seleccionan como preámbulo ó cerne da publicación, composicións poéticas -traducidas ó castelán- de autores clásicos contemporáneos dos séculos XIX e XX. Entre os escolmados figuran Rosalía de Castro, R. Cabanillas, Manuel Antonio, L. Amado Carballo, E. Montes, L. Pimentel, F. García Lorca, A. Iglesia Alvariño, R. Carballo Calero, A. Cunqueiro, C. Emilio Ferreiro, X. M. Díaz Castro, L. Varela, M. González Garcés, A. Tovar, L. Pozo Garza, Manuel María e U. Novoneyra. Acompañan ós poemas desta primeira sección gravados e ilustracións de Castelao, M. Mallo, C. Maside, A. Souto, M. Colmeiro, U. Lugrís, L. Seoane, X. Quessada, E. Granell, J. Castillo, B. Cáccamo, A. Acosta, R. Patiño, J. Freixanes, T. Grandío, M. Pailós e Laxeiro. A segunda parte -que constitúe o eixo da publicación- contén tres artigos introductorios, da autoría de Antonio Jiménez Millán, Ramiro Fonte e Luciano Rodríguez, ós que seguen unha escolma de composicións -no orixinal galego e traducidas ó castelán- de autores contemporáneos como X. Torrés, B. Graña, S. García-Bodaño, A. Avilés de Taramancos, X. L. Méndez Ferrín, A. López Casanova, X. Rodríguez Baixeras, X. M. Álvarez Cáccamo, X. López Valcárcel, X. Seoane, C. Rodríguez Fer, P. Pallarés, R. Fonte, M. A. Fernán



Vello e E. Lorenzo Baleirón. Acompañan a esta segunda sección ilustracións e gravados de A. Sucasas, A. Lago, Suso de Marcos, R. Baixeras e E. Granell. Conclúe o volume cunha nota final de José María Amado na que explica as causas que levaron á revista *Litoral* a dedicar un dos seus números á literatura galega.

Referencias varias:

-Heriberto Bens, "Linchar a Pexegueiro", *A Trabe de Ouro*, nº 27, "Crónica", ano VII, Tomo III, xulloagosto-setembro 1996, pp. 153-154. Denuncia da persecución por parte da AELG de Afonso Pexegueiro. O motivo do disgusto do autor deste artigo é a antoloxía da poesía galega contemporánea que apareceu como número extraordinario da revista malagueña *Litoral*. Nesta antoloxía non aparece Pexegueiro pero tampouco aparecen Darío Xohán Cabana, Xosé Luís Franco Grande e Alexandre Cribeiro, entre outros. Este feito provoca afirmacións en boca do articulista do tipo "estes antólogos son ignorantes" ou "esta é unha de Dereita Incompetente", referíndose á antoloxía, e á denuncia da mala crítica e da escolma partidista.

-Teresa Seara, "Derrubando fronteiras", *A Nosa Terra*, nº 751, "Guieiro Cultural", 7 novembro 1996, p. 24. Iníciase o artigo cunha enumeración de poetas seleccionados, pasando a falar posteriormente do percorrido polo noso pasado histórico e literario que realiza Antonio Jiménez Millán, do que se di que é bastante clarificador para un lector afastado da nosa realidade intrínseca. A seguir, faise referencia á reflexión sobre as interrelacións da nosa poesía coas peninsulares e foráneas, asinada por Ramiro Fonte. Luciano Rodríguez pon a nota máis académica, segundo manifesta Teresa Seara, e no seu artigo traza as rutas precisas para que un lector alleo se poida introducir na poesía dos 80. A selección de textos traducidos centra a parte posterior do comentario, ademais das notas pictóricas do máis granado dos nosos artistas.



Sierra Veloso, Xurxo, (ed.), *Agustín González López Escritor Muradán*, limiar Xosé Lago Hermida, Muros: Concello de Muros, col. Historia de Muros, nº 2, serie Poesía, 1996, 126 pp. (ISBN: 84-606-2763-2).

Volume no que se recolle unha selección de 40 poemas, realizada por Xurxo Sierra Veloso, que Agustín González López (Louro, 1923-A Coruña, 1989) dedicou á bisbarra de Muros. Inclúe tamén un limiar do alcalde, Xosé Lago Hermida, no que se salienta a universalidade da poesía de González López. Ademais, contén un apartado biográfico, que segue ós poemas, no que se realiza un percorrido pola traxectoria vital do autor homenaxeado, un ex-franciscano, natural de Louro, que dedicou grande parte da súa vida ó cultivo da etnografía e da literatura. Con esta publicación, o Concello de Muros pretende recoñece-los méritos dunha personalidade ilustre da localidade.

Recensións:

-Amelia Rodrigues Esteves, "Agustín González, un autor inédito", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 15 decembro 1996, p. 57. Na descrición deste libro comézase por indica-la longa dedicatoria á viúva do poeta e o limiar do alcalde de Muros, quen salienta, segundo di a comentarista, o talante viaxeiro do autor, o escenario da súa obra e a súa filosofía vital. A seguir alúdese ó *corpus* de textos dos que se di que teñen a natureza por protagonista, centrada na zona de Muros e Louro. Por último faise referencia á biografía do poeta, feita a partir dunhas notas autobiográficas redactadas por Xurxo Sierra.



Varela Varela, Xosé Manuel (ed.), *Do Courel ó Monte Branco. Escolma poética*, Ponteceso: Asociación Cultural Monte Branco, maio 1996, 24 pp. (D. L.: C-718-1996).

Escolma poética na que se recollen 31 composicións representativas do conxunto da produción de Uxío Novoneyra, poeta nado na Serra do Courel no ano 1930. O libro inclúe unha breve introducción bio-bibliográfica e un apéndice con obras por el publicadas.



Zernova, Elena (coord.), *Entre dous silencios. Poesía galega do século XIX primeiro tercio do século XX. Antoloxía da literatura galega*, Tomo II, prólogo Basilio Losada, San Petersburgo: Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo, 1996, 240 pp. (ISBN: 5-88407-001-X).

Antoloxía bilingüe ruso-galega a cargo da profesora Zernova que recolle poemas pertencentes ó período que vai dende 1850 a 1936. Os poetas presentes en dita antoloxía son: Rosalía de Castro, Francisco Añón, Eduardo Pondal, Lamas Carvajal, Salvador Golpe, Curros Enríquez, Alberto García Ferreiro, Noriega Varela, Valle-Inclán, Cabanillas, Otero Pedrayo, Luís Pimentel, Blanco-Amor, Manuel Antonio, Amado Carballo, Cunqueiro e Lorca. A antoloxía vai precedida dun pequeno estudio de Basilio Losada no que se resume brevemente a historia da poesía galega durante eses anos, subliñando a importancia que esta tivo para a recuperación da identidade de Galicia como pobo.

Referencias varias:

-Anxo Tarrío Varela, "Galego en Rusia", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 26 maio 1996, p. 3. O articulista infórmanos da publicación da antoloxía bilingüe galego-rusa titulada *Entre dous silencios*, que abrangue poesía escrita dende Rosalía ata os *Seis poemas galegos* (1935), de Federico García Lorca, e que foi preparada por Elena Zernova, directora do Centro Galego da Universidade de San Petersburgo.



Xesús Alonso Montero, "Dezasete poetas en ruso", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 30 maio 1996,

9. Comentario sobre a publicación de *Entre dous silencios*, segundo volume da antoloxía bilingüe galegorusa, coordinada por Elena Zernova, dende o Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo. Sinala que o presente volume, prologado por Basilio Losada, recolle 17 poetas dos séculos XIX e primeiros anos do XX, facendo honor ó seu título, porque vai dende o final dos Séculos Escuros ata o comezo da Guerra Civil, os dous silencios máis significativos da nosa literatura. Destaca tamén que os poemas foron traballados a partir dunha traducción literal que foi explicada a poetas rusos actuais polas tradutoras e que son estes os que se encargan de dar forma a unha versión literaria. Lamenta a ausencia de Vaamonde Lores, "o mellor poeta noso do XIX" e agradece a inclusión da poesía de Otero Pedrayo. Remata anunciando o terceiro volume desta serie, que recollerá a obra poética de 1936 ata a actualidade, e unha antoloxía de poesía popular.

-G. Luca, "Elena Zernova, traductora de poesía galega ao ruso", *A Nosa Terra*, nº 729, "Guieiro Cultural", 6 xuño 1996, p. 25. Despois dunha breve presentación de Elena Zernova e das dúas antoloxías de poesía galega -*Antoloxía de poesía medieval* e *Entre dous silencios*- que coordinou, xunto con outros catedráticos e poetas rusos, reproducése unha entrevista na que Elena Zernova fala dos problemas económicos cos que se atoparon para levar a cabo o proxecto de traducción e publicación das antoloxías, das semellanzas entre a poesía rusa e a galega e da situación cultural e económica de Rusia.



III.1. Dramaturgos galegos

III. Teatro

III.1. Dramaturgos galegos



Cadaval, Quico e outros, *Como en Irlanda*, Santiago de Compostela: IGAEM, col. Centro Dramático Galego, nº 12, outono 1996. (ISBN: 84-453-1776-8).

O presente libro ábrese coas presentacións de Manuel Fraga Iribarne e Jesús Pérez Varela. *Como en Irlanda* é unha proposta teatral que reúne dous textos diferentes aínda que con evidentes relacións entre si: *Xinetes para o mar* (1902), do escritor irlandés John Millington Synge (Rathfarnham, 1871-Dublín, 1909) e *Nouturnio de medo e morte* (1935), de Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936). Acompáñanse os textos dun estudio de Manuel F. Vieites (“O contexto”, pp. 49-167). Nel, o seu autor expón a situación cultural na que xurdiron estas dúas pezas, poñendo de manifesto as conexións entre a recuperación cultural irlandesa e a galega, entre a segunda metade do século XIX e o primeiro tercio do século XX. Por outra banda, a adaptación destes textos e a súa posta en escena polo Centro Dramático Galego explícase no apartado “A Montaxe” (pp. 23-48) mediante os testemuños do director, do escenógrafo, do músico e da encargada do vestuario.



Cortezón, Daniel, *Castelao ou a paixón de Galiza. III. Intermezzo bufo*

(*Traxicomedia-épica*), Madrid: A-Z Ediciones, setembro 1996, 126 pp. (ISBN: 84 86575-62-1).

Formando parte da tetraloxía dramática *Castelao ou a paixón de Galiza*, Daniel Cortezón (Ribadeo, 1927) escribe este *Intermezzo bufo* como terceira entrega. A obra ten un “Introito” no que se sitúa ó lector nos anos da posguerra, explícase a actividade de Castelao no exilio e as dificultades para entenderse co goberno da República, tamén no exilio. Tamén se inclúe unha “Addenda” lembrando a importancia de Suárez Picallo como compañeiro de Castelao nos anos máis difíciles. A acción dramática comeza cando Castelao está preparando a estrea de *Os vellos non deben namorarse* en Buenos Aires, e prolóngase ata finais do 1946. *Intermezzo bufo* fai un percorrido polos debates, discusións, loitas polo poder, acusacións mutuas e, en xeral, falta de entendemento entre os membros do goberno da Segunda República no exilio, que o levaron ó fracaso no obxectivo de acabar coa dictadura franquista. Salienta a presenza de personaxes populares ó lado doutros históricos, como Tarradellas, o lehendakari Aguirre, Negrín, Indalecio Prieto, ou os galegos: Castelao, Ramón Suárez Picallo e Portela Valladares.



García, Xosé Lois, *A proclama*, Oleiros-A Coruña: Elsinor Teatro, col. Cadernos de Teatro, nº 8, 1996, 12 pp. (D. L.: C-558-1995).

Peza breve en tres actos na que se conta a historia de como o señor George Borrow, un proclamador do evanxeo pertencente á Sociedade Bíblica Británica e Estranxeira, é sometido a un consello de guerra no concello de Fisterra por ser confundido co príncipe Carlos. A brigada anticarlista de Fisterra acaba transferindo o xuízo ó alcalde de Corcubión, un madrileño afincado na vila que chega a acadar un maior entendemento co procesado debido á súa alta preparación intelectual.



Lama, Xavier, *O serodio remordemento do amor (Fantasía tráxica en once escenas dun tempo ido de plenitude e cinza)*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, col. de Teatro Rafael Dieste, nº 5, 1996, 97 pp. (ISBN: 84-89652-00-7).

Xavier Lama (Santa Euxea-Lugo, 1962) conseguiu con esta obra o Premio de Teatro “Rafael Dieste” da Deputación da Coruña na convocatoria de 1994. Nela retrátase unha traxedia na que se recollen os usos dunha aristocracia rural galega en decadencia, relegada polos indianos enriquecidos á volta da emigración. Baixo este fondo social de dominio case feudal do señor sobre os seus serventes, cóntase unha historia de amor entre unha filla do señor, Ifixenia, e o indiano regresado. Mais non será esta a que case con Simón Portas, o indiano, senón unha criada súa, a costureira Malvela. Finalmente, S. Portas compra o pazo hipotecado dos Pedralonga, rematando co seu abolengo. Ifixenia, á que todos consideraban tola, é a que se vinga no home que a deshonrou e restablece o honor da súa estirpe cun final tan sorprendente coma tráxico.

Recensións:

M. Quintáns. S., “Un contexto histórico moi tradicional”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 20 outubro 1996, 6.



Comentario a propósito da publicación da obra de Xavier Lama *O serodio remordemento do amor*, texto galardoado co premio de Teatro Rafael Dieste, 1995. O articulista critica o sistema de distribución dos libros que edita a Deputación e fai un percorrido polo currículo do autor. Do *Serodio remordemento do amor* coméntase que é a consumación dun texto teatral, ben artellado e cunha linguaxe de elevados valores poéticos que supón un importante logro no panorama dramático galego actual. Resalta o contexto histórico tradicional no que se ambienta a obra e sinala que existe unha certa preocupación antropolóxica.



Lourenzo, Manuel, *Veladas indecentes*, Santiago de Compostela, Laiovento 1996, 94 pp. (ISBN: 84-87847-83-8).

Triloxía que contén as obras *A velada de Londres* (1991), *Cando chega Decembro* (1994), *A velada espectral de Mister Peabody* (1995), de Manuel Lourenzo (Ferreira de Valadouro, 1943). As tres pezas recóllense dentro do xénero que o autor denomina “velada”, que supón unha imersión no rito do encubrimento. *A velada de Londres* céntrase no mito do vampiro. Os personaxes entran nun xogo no que se confunden os que están xa posuídos polo seu poder os que aínda non o están. Ademais dilúense sen poder traspasa-la barreira que lles permite transgredi-la propia personalidade e así gozar plenamente do amor. *Cando chega Decembro* xira ó redor da organización dun nacemento vivente nun psiquiátrico baixo as ordes do doutor Lagartos. Os personaxes entran nunha loita por conseguilo papel que máis desexan: as mulleres o de virxe, pois isto supón o visado para pasar a se-la nova esposa do doutor; os homes o do neno Xesús, aínda que este papel xa está adxudicado e correspóndelle a Coconut, o negro máis desexado de todo o hospital. *A velada espectral de Mister Peabody* recrea o proceso de investigación que se leva a cabo dende o xornal *O Eco-Gráfico* ó coñece-la nova de que o convento que cela a Santa Momia vai ser vendido a especuladores co fin de montar unha multinacional.



Referencias varias:

-E. C., "Manuel Lourenzo publica a obra dramática *Veladas indecentes*", *El Correo Gallego*, 16 decembro 1996, p. 10. Informa da recente publicación da obra de Manuel Lourenzo, *Veladas indecentes*, formada por un conxunto de tres pezas. Explica ademais que a primeira delas, *A velada de Londres*, aínda está parcialmente inédita; a segunda titúlase *Cando chega Decembro* e foi estreada no ano 1994 pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago; a terceira parte, *A velada espectral de Mister Peabody*, foi encargada para conmemora-lo Vº Centenario da Universidade de Santiago.



Pereiro, Paulino, *O leitor de Goethe*, A Coruña: Elsinor Teatro, col. Cadernos de Teatro, nº 6, 1996, 16 pp. (D. L.: C-558-1995).

Obra dramática en sete escenas na que se conta a historia de Alberte, un home parado que dedica todo o seu tempo a ler a Goethe, ata tal punto que chega a creerse un personaxe máis dos libros que le e confunde a realidade coa ficción. Ó non poder discerni-la vida real da imaxinaria vaino conducir a un final dramático, tanto para el coma para tódolos que o rodean.



Pisón, Xesús, *Teatro-Minuto*, A Coruña: Elsinor Teatro, col. Cadernos de Teatro, nº 5, 1996, 20 pp. (D. L.: C-558-1995).

Contén seis textos breves de Xesús Pisón (Ferreira do Valadouro, 1954). O primeiro deles, *Tatuaxes* consta de dous monólogos que se entrecruzan e fan referencia ó mesmo tema. Os protagonistas, un Irmán maior, músico, e un Irmán pequeno, drogadicto, reencóntranse despois de moito tempo e reprocháchanse mutuamente as causas dos seus fracasos e rivalidades persoais. O segundo, *Caricias* é un guión de accións sen texto no que os personaxes, un xenérico El e unha xenérica Ela, realizan accións paralelas que só no final se interrelacionan. *Guión para cinéfilos* é un breve guión de accións físicas e estados emotivos do personaxe chamado Alguén. *Breviario Hamlet* é unha descrición-guión de accións ambientadas nun mercado polo que pululan diversos personaxes: a cuidadora dos lirios, o poeta, a leiteira, o administrador, a igrexa e o franco-tirador. *A paixón de Transilvania* é un diálogo entre un home e unha muller no que se mesturan personaxes reais con personaxes de cine e mitolóxicos. *O Imortal* é un monólogo dun individuo que se debate coa morte despois de ter tomado veneno e, durante os derradeiros minutos da súa vida, cavila na forma máis cruel de vingarse dos seus achegados e conseguir levar con el tódolos bens materiais, para asegurarse de que os seus herdeiros non reciben ningunha propiedade. Hai unha sucesión de pensamentos mesquiños e malévolos que provocan no moribundo a ansiedade de ser inmortal co fin de poder contempla-las desgracias que lles desexa ós seus familiares e vixiar cautelosamente todo o que é del.



Valenzuela Otero, Ramón, *As bágoas do demo*, ed. Luís Pérez Rodríguez, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Teatro, Teatro galego na Arxentina, 1996, 91 pp. (ISBN: 84-7492-809-5).

Recóllese a peza teatral *As bágoas do demo*, de Ramón Valenzuela Otero (Bandeira, 1914-Adina de Sanxenxo, 1980) representada en Buenos Aires en agosto de 1964 e dirixida por Blanco-Amor. O texto intenta reflectir a vida política dunha vila galega da época, na que un candidato á alcaldía acolle na súa casa a un pobre para impresionar a todos coa súa caridade e abandonalo unha vez que consegue os seus propósitos políticos. O texto vai precedido dun estudio, a cargo do editor Luís Pérez Rodríguez, centrado na vida de Valenzuela Otero, no seu labor cultural no exilio en Buenos Aires e na vida cultural galega durante eses anos na cidade arxentina.



Villar Ponte, Antón, *Os evanxeos da risa absoluta*, ed. Emílio Xosé Ínsua, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 20, 1996, 132 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-86979-25-8).

A colección *A Nosa Literatura* pon á disposición do lector un texto non reeditado dende a súa publicación no ano 1934. Trátase dunha obra teatral, organizada en tres tempos e un epílogo, ambientada na Galicia rural e na que se combinan a denuncia da pobreza dos campesiños coa exaltación de determinados valores intrínsecos do ser galego. Tralo texto inclúese un colofón do autor no que este sinala que a peza pretende ser unha homenaxe ó teatro e á lingua galega.



III.2. Reedicións comentadas e facsímiles

III. Teatro

III.2. Reedicións comentadas e facsímiles



Cabanillas, Ramón, *Obra dramática*, ed. Carlos L. Bernárdez e Manuel

F. Vieites, Vigo: Xerais, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 41, 1996, 250 pp.

(ISBN: 84-7507-999-7).

Carlos L. Bernárdez e Manuel F. Vieites reúnen neste novo volume os textos máis representativos da obra dramática de Ramón Cabanillas. A edición vén acompañada dun estudio introductorio no que, tras dun apartado bio-bibliográfico, Carlos L. Bernárdez e Manuel Vieites analizan a obra dramática de Cabanillas no marco da dramaturxia do momento. Unha nota sobre a edición e unha relación bibliográfica dan paso ás catro obras que conforman a publicación: *A man da santiña* -comedia que rompe coa liña do teatro ruralista, da que Cabanillas aproveita o “conflicto creado por un vello casamenteiro” para introducir unha serie de temas relacionados coa situación sociopolítica de Galicia-, *O Mariscal*, -drama histórico recreado na figura do Mariscal Pardo de Cela-, as pezas *Romance do Cristiano e do mouro na Franqueira* e o *Diálogo do Mouro i o Cristiano* -vencelladas á dramaturxia popular- e, pechando a selección, *A ofrenda das fadas no portal de Belén*, inscribible nunha suposta tradición dramática do ciclo de Nadal. Son todas elas obras que tentaban achegar novos vieiros á dramaturxia galega.



Recensións:

-Xosé Ramón Pena, "Ramón Cabanillas: *Obra Dramática*", *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, nº 14, "Libros", decembro 1996, pp. 112-113. Xosé Ramón Pena inicia o seu comentario cunha referencia á creación en 1918, do Conservatorio Nazonal de Arte Galego e á primeira obra a representar *A man de Santiña*, escollida "con especial cuidado". Sinala que esta peza constitúe "a obra inaugural dun dos períodos máis trascendentais na historia da dramática galega". Segue cunha enumeración das outras contribucións de Cabanillas ó teatro, *Romance do cristiano e do mouro*, *Diálogo do mouro i o cristiano* e *A ofrenda das fadas no portal de Belén*, reunidas nesta edición da súa obra dramática. Comenta os diferentes capítulos que integran o volume centrados no estudio do papel que xogou a creación teatral para os membros das Irmandades da Fala e do labor de Cabanillas no seu tempo, ademais dunha bibliografía e dun glosario. Conclúe dicindo que se trata "dun traballo importante, un texto realizado con rigor" e "un punto de referencia obrigada para todos aqueles que queiran coñecer mellor o desenvolvemento do noso teatro, en xeral, e da obra de Ramón Cabanillas, en particular".



Cotarelo Valledor, Armando, *Hostia*, dir. e adapt. Manuel Lourenzo, Santiago de Compostela: I.G.A.E.M., col. Centro Dramático Galego, nº 11, marzo 1996, 189 pp. (ISBN: 84-453-1618-4).

O Centro Dramático Galego rescata este texto teatral de Cotarelo Valledor (Vegadeo, 1879-Madrid, 1950), o único do autor que permanecía sen representar, e no que Cotarelo relata os últimos momentos de Prisciliano na cidade de Treveris, rodeado da súa amiga Prócula, de ~~Prisciliano~~ Prisciliano traidor e do poeta Latroniano. A obra foi adaptada para a súa posta en escena por Manuel Lourenzo, quen inclúe ademais un texto inicial *O Canto de Vilavella*, concibido como un “prólogo á peza cotareliana”. Nela preséntasenos unha vila galega á que un “sabio borrachuzas” pretende rescatar da súa aletargada e inmóbil realidade mediante a estrea dunha obra teatral alusiva ás orixes do lugar no que supostamente naceu Prisciliano. O epílogo, tamén de Manuel Lourenzo, supón unha volta á realidade, unha chamada de atención ó feito de que o teatro é só teatro. O texto da representación vai precedido de dúas seccións: unha dedicada ó equipo artístico e ó elenco e outra á montaxe da obra, dándose nela a coñece-la escenografía e os signos icónicos e musicais utilizados na posta en escena. Por outra banda, inclúese un achegamento á obra realizado por Dolores Vilavedra, que se centra no estudio das fontes, na presenza do priscilianismo en Galicia e nos aspectos máis destacados de *O Canto de Vilavella*. O volume remata cun facsímile da primeira edición de *Hostia*, un nomenclator e un glosario.



Recensións:

M. F., "Armando Cotarelo Valledor: *Hostia*", *A Trabe de Ouro*, "Publicacións", nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio-xuño 1996, pp. 143-144. Breve comentario da publicación por parte do IGAEM do volume *Hostia* no que se inclúe ademais do texto, con modificacións de Armando Cotarelo Valledor, e o Epílogo de Manuel Lourenzo, outra información de interese para os amadores do teatro. O articulista límitase, practicamente, a facer unha análise do contido da obra con mínimos toques críticos referidos, sobre todo, a senllos prólogos, de Manuel Fraga e Vázquez Portomeñe, que "luxan coa impronta da política soez este libro" e a algunha lagoa informativa no ensaio histórico presente na obra.

M. Quintáns Suárez, "Hostia', o drama histórico de Cotarelo Valledor", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 1 setembro 1996, p. 9. Recensión da publicación do número once da colección Centro Dramático Galego, na que se informa acerca do seu contido: a obra que leva por título *Hostia*, de Cotarelo Valledor, e o texto de Manuel Lourenzo *O canto de Vilavella*, así como o estudo crítico de Dolores Vilavedra.

Referencias varias:

-Manuel Lourenzo, "A casa de baños dos mitos", *A Trabe de Ouro*, "Acoutacións", nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio-xuño 1996, pp. 95-98. Con motivo da estrea en Ferrol da obra de Armando Cotarelo Valledor, *Hostia*, Manuel Lourenzo reflexiona sobre a función do teatro a respecto da historia e dos mitos, explicando que a historia segue a ser contada mitificada, "interesadamente traducida á linguaxe máis conveniente". Lamenta ademais o



autor a inexistencia dun teatro xenuinamente histórico en Galicia. Ó longo do artigo fai tamén numerosas referencias á figura de Prisciliano, o protagonista da obra representada, e ó seu papel na historia de Galicia, preguntándose acerca de determinadas cuestións relativas ó seu esquecemento.



Seoane, Luís, *A soldadeira*, ed. X. L. Axeitos, estudio introductorio M^a Fe González e Armando Requeixo, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Teatro, 1996, 142 pp. (ISBN: 84-7492-797-8).

Esta reedición foi preparada por X. L. Axeitos. Precede ó texto un estudio introductorio realizado por M^a Fe González e Armando Requeixo, que foi galardoado co VI^o Premio 17 de Maio de Investigación Lingüística e Literaria convocado polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago. A edición está feita a partir do orixinal mecanografado, respectando tódalas variantes léxicas e morfosintácticas do autor, os arcaísmos e as formas coloquiais.

Recensións:

-Manuel F. Vieites, "Luís Seoane: *A soldadeira*", *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, nº 14, "Libros", decembro 1996, pp. 116-117. Con motivo da publicación de *A soldadeira*, de Luís Seoane en Edicións do Castro, Manuel F. Vieites comenta algunhas das cuestións que se presentan no estudio introductorio, como a relación cos posibles modelos que influíron na súa escrita, xa que a peza supón unha ruptura respecto da dramática galega anterior e cos modelos que Seoane utilizara nos traballos publicados ou radiados en Galicia Emigrante, ademais de empregar-la dimensión dialéctica na liña defendida por B. Brecht. Comenta tamén as razóns que impediron a súa representación. En opinión do recensionista, trátase dun texto "condenado ó



silencio” por ser terriblemente crítico “para unha sociedade que presenta aínda problemas ben similares a aqueles que padeceron os labregos que loitaron contra o poder feudal”.



III.3. Traduccions ou versións

III. Teatro

III.3. Traduccions ou versións



Aragon, Louis e **Breton**, André, *O tesouro dos xesuitas*, trad. Xesús González Gómez, A Coruña: Elsinor Teatro, col. Cadernos de Teatro, nº 9, 1996, 16 pp. (D. L.: C-558-1995).

Tradución ó galego dunha breve peza dos autores surrealistas Louis Aragon (París, 1897-1982) e André Breton (Tínchebray, 1896-París, 1966). A obra componse dun prólogo e tres cadros nos que interveñen personaxes xenéricos xunto a outros individualizados polo seu nome.



Koltès, Bernard-Marie, *A noite xusto antes dos bosques/Combate de Negro e de cans*, (*La nuit juste avant les forêts*, 1988; *Combat de Nègre et des chiens*, 1989), trad. Henrique Harguindey Banet, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Teatro, nº 66, 1996, 122 pp. (ISBN: 84-87847-69-2).

O presente volume contén a tradución ó galego das dúas primeiras obras teatrais de Bernard-Marie Koltès (Metz, 1948-París, 1989), *A noite xusto antes dos bosques* -estreada en 1977- e *Combate de Negro e de cans* -en 1982. A primeira das pezas presenta un monólogo dun único personaxe. Nas súas palabras expresa a angustia e a soidade ante un mundo que afoga e o desexo de saír del na procura dun bosque idealizado. *Combate de Negro e de cans* é unha reflexión ó redor do medo, trazo que domina a personalidade e a vida dos catro personaxes fundamentais, perdidos en África nunha construción interminable. Tras esta peza, inclúese un apartado co título “Cadernos de Combate de Negro e de cans”, no que se recollen os máis íntimos pensamentos dos personaxes, Leonia, Cal, Horn e Albury, nos momentos máis importantes da acción.



Recensións:

-R. G., "Un rapaz fascinado por María Casares", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 57, 28 marzo 1996, p. 6. Comentario que, con motivo da publicación de *A noite xusto antes dos bosques/Combate de Negro e de cans*, en versión de Henrique Harguindey Banet, pon de relevo a toma de contacto do seu autor, Bernard-Marie Koltès, co teatro. Salienta R. G. o feito de que Koltès, nestas dúas obras e en consonancia co resto da súa produción, amosa uns personaxes atormentados, vítimas da soidade, en busca constante dunha imposible fuxida.

-Henrique Harguindey Banet, "Bernard Marie Koltès: A palabra da noite", *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, nº 13, xullo 1996, pp. 50-55. Harguindey, traductor ó galego de *A noite xusto antes dos bosques* e *Combate de Negro e de cans*, obras ámbalas dúas do francés Koltès, fai un breve resumo da obra teatral deste escritor, destacando sobre todo o feito de que o seu teatro vai dirixido tanto á lectura coma á representación. Ademais, presenta unha análise das dúas obras traducidas, centrándose nos seus personaxes, argumentos e sentido destes. Sinala que o tema fundamental do teatro de Koltès é a "falta de respecto ás diversas identidades, a intolerancia fronte á diferenza, o que enxendra o medo e a inseguridade, o conflito, a persecución".

-F. Martínez Bouzas, "Nos lindes do medo", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 119, 1 agosto 1996, p. 6. Recensión do texto de Bernard-Marie Koltès *A noite xusto antes dos bosques*, traducido por Henrique Harguindey. O libro contén dúas obras: *A noite xusto antes dos bosques* e *Combate de Negro e de cans*. A primeira cualifícase como un soliloquio hermético no que tal vez o autor tentara reflecti-lo hermético da



vida; a segunda denomínase unha comedia convencional en canto á súa estrutura formal, e como un reflexo da soidade, do medo, da marxinação.

-María Cajigal, "Bernard-Marie Koltès: *A noite xusto antes dos bosques, Combate de Negro e de cans*", *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, nº 14, "Libros", decembro 1996, p. 114. Refírese a recensionista, á especial forma de entende-la escritura dramática de Koltès "diametralmente oposta ás tendencias que predominan nun amplo sector da dramática contemporánea". Salienta que se trata dunha obra renovadora que reivindica un teatro "no que a palabra recupera o protagonismo perdido durante as décadas dos setenta e os oitenta". De seguido realiza un percorrido pola súa traxectoria e comenta os dous textos publicados por Laiovento, *A noite xusto antes dos bosques* e *Combate de Negro e de cans*, dos que salienta a dureza temática e a complexidade formal, aspectos que pretenden denuncia-lo "integrismo occidental".

Referencias varias:

-Alex Mene + Buxán Bran, "A noite xusto antes dos bosques", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 111, "Latexos", 6 xuño 1996, p. 8. Refírense á traducción ó galego destas dúas pezas teatrais de Bernard-Marie Koltès. Logo dunha referencia á morte do autor, ocorrida en París en 1989 a causa da sida, infórmase de que o conxunto da súa obra se compón de seis pezas, unha das cales, *Na soedade dos campos de algodón*, foi representada pola Factoría Teatro en traducción de Dolores Vilavedra. Sinálase, así mesmo, a coherencia temática que presentan as obras de Koltès, marcadas polo sentimento de soidade dos personaxes e a diferenza que se percibe entre o Wilde de *A importancia de chamarse Ernesto* e Koltès, pois se Wilde "quixo aí, co seu estilo enxeñoso, acerado e culto, darlle a viravolta a esa sociedade



benpensante, reivindicando o sumidoiro urbano”, o personaxe de Koltès, “xa aboiado no sumidoiro, loita, nun estilo moito máis cru, por saír del e marchar cara a ese campo que aborrece o personaxe de Erensto, o mundano e cosmopolita”.



Parra, Marco Antonio de la, *A secreta obscenidade de cada día*, trad. e adapt. Cándido Pazó, A Coruña: Talía Teatro, col. Talía. Textos teatrais, nº 2, 1996, 61 pp. (ISBN: 96-395-4013-2).

Segundo número da Colección Talía de Textos Teatrais, publicado polo grupo Talía Teatro. Trátase dunha tradución e adaptación feita por Cándido Pazó do texto do autor chileno Marco Antonio de la Parra. A peza foi estreada polo grupo Talía, baixo a dirección do propio Pazó. Dous son os personaxes en *A secreta obscenidade de cada día*, Sigmund e Carlos. Ámbolos dous son exhibicionistas que agardan á porta dunha escola de rapazas para poder exercita-lo seu costume de mostra-los seus xenitais. A partir da coincidencia dos dous personaxes no mesmo colexio, comezan a facer unha profunda reflexión do sistema, da sociedade desacougada da última etapa do século que está agonizando.



Pirandello, Luigi, *Henrique IV*, (*Enrique IV*, 1922), trad. e notas Antonio

Colmenero Cal, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Teatro, nº 68, maio 1996, 84 pp. (ISBN: 84-87847-71-4).

A traducción desta obra do dramaturgo italiano Pirandello (Agrigento, 1867-Roma, 1936) achéganos, na nosa lingua, o xogo da realidade e a ficción a mesturarse, a loucura e a cordura da representación escénica. A suposta loucura dun individuo é animada por aqueles que o coñecen durante vinte anos ata que a loucura se revela cordura para facernos dubidar sobre quén estaba verdadeiramente tolo neste xogo: o tolo ou os que sostían a súa tolemia no seu propio interese. Ó final, a verdade fala por boca do tolo para amosa-la crueldade e a vinganza que opera nos que, aparentemente, están no seu san xuízo.

Recensións:

-M. R., "Pirandello, entre o que queremos ser e o que somos", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano I, nº 69, 20 xuño 1996. Indícase que o autor amosa na súa obra a confrontación entre o mundo sublime da historia e o mundo cotián, co emprego da loucura como máscara fronte á xente. Dise que se trata dunha traxedia que rompe coas estruturas tradicionais das técnicas dramáticas do seu tempo e mostra un desartellamento que reflicte a descomposición do universo psicolóxico dos personaxes.



-M. Quintáns, “*Henrique IV* de Pirandello”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 25 agosto 1996, p. 5. Recensión da publicación da obra *Henrique IV*, de Luigi Pirandello. Infórmase de que a tradución corre a cargo de Antonio Colmenero Cal, quen considera a obra como unha das máis importantes do autor e sinala a indiscutible inspiración do protagonista da peza na figura do emperador alemán Henrique IV (1056-1106).

-F. Martínez Bouzas, “A tolemia en busca de autor”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 130, 24 outubro 1996, p. 6. Recensión na que se fai un resumo do argumento desta obra de Pirandello. Sinálase que unha vez máis o autor recorre ó seu motivo predilecto “o teatro do teatro”. A tolemia é neste caso o tema do que bota man o autor para reflecti-lo mundo do engano, da farsa, da máscara.

A. Yllanes Alfeirán, “Luigi Pirandello: *Henrique IV*”, *Revista Galega de Teatro. Información Teatral*, nº 14, “Libros”, decembro 1996, p. 111.

Yllanes comeza situando a Pirandello nunha “xeración transnacional” á que pertencen Maeterlinck, Butler, Yeats, Schnitzler, Claudel ou von Hofmannsthal, autores que reaccionan “fronte ó naturalismo imperante no momento en que principian a súa andaina creativa”. Considera a Pirandello como o creador dun novo paradigma teatral e sinala tres tendencias fundamentais dentro da súa produción: o drama grotesco, o drama do “espello” e “o teatro dentro do teatro”. De seguido, refírese a *Henrique IV*, en versión galega de Antonio Colmenero Cal. Salienta que nesta obra, unha das máis representativas de Pirandello, “se deixa sentir o drama persoal que o propio autor sofre durante os quince anos que malvive coa súa muller, que toleara pouco despois de casar”, ademais de temas como “a fenda entre ilusión e realidade, a máscara, a vida como un xogo de roles (...), a incomunicación, a soidade, o tempo ou a morte”.



Yeats, W. B., *A ola de caldo e O gato e a lúa*, prólogo e trad. Manuel F. Vieites, A Coruña: Elsinor Teatro, col. Cadernos de Teatro, nº 7, 1996, 28 pp. (D. L.: C-558-1995).

O libro consta dunha introducción, de Manuel F. Vieites, na que fala do que se denominou a cuestión central irlandesa, ofrece breves pinceladas biográficas sobre Yeats (Sandymount, Dublín, 1865-Roquebrune-Cap Martin, 1939) e sitúa as dúas pezas teatrais reproducidas a continuación no seu contexto histórico-cultural. A primeira, *A ola de caldo* (1904), recrea a historia de John e Sibby Connely, personaxes que, debido á súa cobiza, resultan enganados por un vagabundo que chega á súa casa e déixalles unha pedra “máxica” a cambio de comida. A segunda, *O gato e a lúa* (1926), conta a historia de dous mendigos, un cego e un tolleito, representantes da alma e do corpo, que se dirixen a unha fonte na que se aparece un santo que curará as súas doenzas. Así mesmo, reproduce un poema cantado por uns músicos sobre un gato e a lúa.

Recensións:

-Carlos L. Bernárdez, “W. B. Yeats e o teatro galego”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 10 novembro 1996, p. 6.



Recensión na que se informa sobre o contido do número sete dos Cadernos de teatro: a tradución de dúas obras do que foi Premio Nobel de Literatura no ano 1923, William Butler Yeats, *A ola do caldo* e *O gato e a lúa*. Informa de que tanto a tradución coma o prólogo foron realizados por M. F. Vieites, quen intentou establece-la liña de conexión entre a experiencia irlandesa e o movemento teatral galego das Irmandades da Fala. Por último sinalase o alto poder do teatro como instrumento de normalización lingüística tanto en Galicia coma en Irlanda.



III.4. Antologías

III. Teatro

III.4. Antologías



Freixeiro Mato, Xosé R., *Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 7, 1996, 180 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-12-6).

Ver apartado I. 4. Antoloxías (Narrativa), neste *Informe*.



Freixeiro Mato, Xosé R. e Francisco **Pillado Mayor**, *A poesía e o teatro interseculares*. *Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 17, 1996, 186 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 8489679-22-3).

Ver apartado II. 4. Antoloxías (Poesía), neste *Informe*.



García Negro, María Pilar e Anxo **Gómez Sánchez**, *A literatura galega do pre-renacemento 1808-1863*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 9, 1996, 306 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-8967914-2).

Ver apartado I. 4. Antoloxías (Narrativa), neste *Informe*.



Gómez Sánchez, Anxo, M. **Lourenzo González**, Luís **Obelleiro**, e Laura **Tato Fontaiña**, *A prosa do primeiro Renacemento*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 10, 1996, 267 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-89679-15-0).

Ver apartado I. 4. Antoloxías (Narrativa), neste *Informe*.



Vieites, Manuel F., *Manual e escolma da Literatura dramática galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Literatura e crítica, nº 11, 1996, 193 pp. (ISBN: 84-7824-282-1).

Estudio da literatura dramática galega no que se ofrece unha periodización da mesma, partindo da dramática medieval ata a xeración dos noventa. A periodización faise seguindo unha sistematización de cada época, período, movemento, grupo ou xeración. Nunha segunda parte do libro faise unha escolma de textos dramáticos galegos. Segundo os obxectivos que apunta o autor da obra, o criterio de selección é esencialmente "cualitativo". Remata o libro cunha serie de indicacións e actividades didácticas coas que se pretende tirar un maior partido didáctico da escolma no ensino da actividade teatral.

Recensións:

-Xavier Castro R., "Textos de teatro galego", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 17 novembro 1996, p. 7. Comentario acerca do libro, *Manual e escolma da Literatura dramática galega* de Manuel F. Vieites na colección de Literatura e Crítica da Editorial Sotelo Blanco. Sinálase que o libro inclúe unha reflexión sobre a diferenza entre teatro e literatura dramática, unha periodización do teatro galego dende o grupo de Ribadavia á xeración dos oitenta, e unha escolma de textos dramáticos galegos.



-Noemí Pazó, "Manual e escolma da literatura dramática galega", *Grial*, nº 132, outubro-novembro-decembro, Tomo XXXIV, 1996, pp. 556-558. Noemí Pazó tras dá-la benvinda á nova publicación da colección "Literatura e crítica" da Editorial Sotelo Blanco, *Manual e escolma da literatura dramática galega*, informa da estrutura do estudo, distribuído en dúas partes: unha periodización -"Dramática medieval", "Os séculos escuros" e "A creación dramática contemporánea"- e unha escolma de textos formada por "fragmentos de obras situadas entre o período denominado "A dramática rexionalista" (...) e os autores da "Xeración dos 90" e acompañada dunha guía didáctica. A autora salienta a claridade da periodización e a "experiencia de Vieites na didáctica teatral", se ben recoñece como "interesante renunciar a estas propostas didácticas para ampliar a parte teórica", debido á menor "saída editorial" dos estudos dramáticos con respecto ás obras de tipo didáctico.



III.5. Postas en escena

III. Teatro

III.5. Postas en escena



Achádego (1): A sogra, de Publio Terencio, adapt. e trad. Apolinar Vecino.

Dirección: Apolinar Vecino. Interpretación: Antón Sampaio, Berta Barcia, Jesús Illán, Marco Abeledo, Suso Meilán, Tareixa Campo, Esther Pedrouzo.

-V. L. V., "Los 'Circuitos Culturais' concluyen con una obra teatral en Portomarín", *El Progreso*, 10 decembro 1996, p. 14. Infórmase da actuación do grupo en Portomarín como colofón dos circuitos culturais do ano 96, organizados polo Concello de Lugo e a Xunta de Galicia.



Achádego (2): *Os simulados da caravilla*, de Manuel María.

Dirección: Tareixa Campos.



Alba, Compañía de Teatro: *As criadas*, de Jean Genet, versión galega Paco Campos.

Dirección: Elina Luaces. Interpretación: Ana Santos, Carmen Castro, María Liaño. Escenografía: Antonio Simón. Vestuario: Ánxela Abalo. Iluminación: Manuel Areoso. Producción: Alba Compañía de Teatro.

-Albino Mallo, "As criadas", *O Correo Galego*, "Visións", 25 xaneiro 1996, p. 4. Crítica da posta en escena de *As criadas*, de Genet, adaptada por Francisco Campos, no Concello de Oleiros. Salienta o traballo do tratamento da linguaxe e da introducción de xiros populares; a interpretación das actrices -Ana Santos, Carmen Castro e María Liaño-, procedentes do mundo da dobraxe e dirixidas por Elina Luaces; a escenografía a cargo de Antonio Simón; as luces, responsabilidade de Manuel Areoso, e o vestuario de Ánxela Abalo. Lembra outras postas en escena da mesma obra e conclúe coa valoración positiva desta iniciativa que demostra "que con poucos medios, pero moita sensibilidade, se pode facer un teatro de alta calidade".

- Francisco Souto, "As criadas da alba", *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, "Documentos", nº 13, xullo 1996, pp. 90-91.



Crítica á representación da obra de Genet, *As criadas*. Fálase da lectura realista que Elina Luaces fai do texto, da perfección das psicoloxías dos personaxes por parte dos actores e da escenografía da representación.

-Henrique Mariño, "As *criadas*, abren la Mostra de Cee", *La Voz de Galicia*, 24 agosto 1996, p. 36. Informa da inauguración da novena Mostra do Teatro de Cee que abre a compañía Alba coa montaxe *As criadas*, de Jean Genet. A versión galega de Paco Campos recibiu eloxios da crítica. A Mostra conta ademais coas escenificacións de *A estratexia do narco*, de Manuel Lourenzo, *As voces do mar*, protagonizada polos Quinquilláns, e *Cargar co morto*, obra de Alfonso Paso representada polo grupo Badius.

-V. IXª Mostra de Teatro de Cee.



Áncora Producións: *Ladraremos, comedia de amor e medo*, de Gustavo Pernas Cora.

Dirección: Gustavo Pernas Cora. Axudante de dirección: Mon Santiso. Interpretación: Ánxela G. Abalo, Gustavo Pernas Cora. Escenografía, atrezzo e cartel: Suso Montero. Vestiario: Anxelo G. Abalo. Iluminación: Paco D'Pink. Son: Kachet, S. L. Producción: Áncora Producións.

-Óscar Losada, "Teatro da televisión e do feminino", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 55, 14 marzo 1996. Descrito en Espello Cóncavo (1): *Vapores*, nestas páxinas.

-Albino Mallo, "O dramaturgo Gustavo Pernas estrea esta noite *Ladraremos* no Rosalía", *El Correo Gallego*, 22 marzo 1996, p. 28. Noticia da estrea da última produción da compañía Áncora Producións, *Ladraremos*, escrita, dirixida e interpretada por Gustavo Pernas. Fai un resumo da trama da peza e dá conta de como esta obra vén ser



un reflexo da sociedade actual, retratando algúns dos efectos máis importantes que produce a televisión sobre os espectadores adictos.

- C. F., "Queríamos falar da incomunicación", *La Voz de Galicia* (Edición do Carballiño-O Ribeiro), 24 xullo 1996, p. 40. Entrevista a Ánxela Abalo e Gustavo Pernas, actriz e actor de *Ladraremos*. Comentan a obra que reflexiona sobre a televisión e os seus efectos nas persoas. Apuntan ademais a precaria situación económica da produción teatral en Galicia. Botan de menos produtores profesionais e a ausencia da Feira do Teatro Galego.

O. D., "As noites de teatro de Cariño rematan con *Ladraremos*", *O Correo Galego*, 21 agosto 1996,

35. Despois de se referir ás Noites de Teatro que se celebraron en Cariño dende o sábado 17 de agosto coa representación da *Esmorga*, fálase de que Áncora Producións pon punto final coa obra *Ladraremos*, unha historia de amor e medo.

- Camilo Franco, "Somos os que disparan", *La Voz de Galicia*, (Edición do Carballiño), "Festival de Teatro Galego", 13 setembro 1996, p. 42. Artigo no que Camilo Franco comenta distintos aspectos da obra *Ladraremos* representada en O Carballiño.

-L. B., "El teatro que nos viene", *La Voz de Galicia*, 8 outubro 1996, p. 44. Informa da representación de varias obras que terán lugar no teatro Principal de Santiago. Entre elas destacan: *Negro é negro*, de Matarile Teatro; *Ladraremos*, de Áncora Producións e *Entre bastidores*, de Teatro da Lúa.



-Fernando Franco, “*Ladraremos*’, un viaje teatral e irónico por el paisaje de la televisión”, *Faro de Vigo*, 9 outubro 1996, p. 13. Infórmase da presentación da peza no Auditorio Caixavigo. O autor, director e actor do espectáculo, Gustavo Pernas, fala do contido temático da súa obra e da historia do grupo.

- Begoña Soteliño, “Al teatro gallego le falta actualidad” *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), 10 outubro 1996, p. 46. Entrevista con Gustavo Pernas Cora con motivo da representación da súa comedia *Ladraremos*. O dramaturgo, director e actor critica a programación da televisión, fala do argumento da súa obra e reivindica a necesidade de facer un teatro conectado coa realidade actual.

-Quique Chuvieco, “Ancora estrena hoy su nuevo montaje teatral ‘*Ladraremos*’”, *El Ideal Gallego*, 17 outubro 1996, p. 9. Presentación da obra no Teatro Principal de Santiago. Os membros da compañía falan da súa pretensión de achegarse ó público con esta peza e analizan a temática da incomunicación que hoxe en día se apodera de moita xente que se deixa absorber polo mundo da televisión e dos medios de comunicación. Contan o argumento da obra e a traxectoria da compañía dende a súa creación en 1989.

-Pablo G. Quintas, “Áncora presenta hoy una obra teatral contra la violencia en televisión”, *El Correo Gallego*, 17 outubro 1996, p. 32. Informa da presentación da obra no Teatro Principal de Santiago e conta o argumento da mesma.

-Albino Mallo, “Cando os homes ladran enriba dun escenario”, *O Correo Galego*, 4 novembro 1996, p. 48.



Reportaxe sobre a peza *Ladraremos*, de Gustavo Pernas, a última montaxe de Áncora Producións. Fálase da xénese da obra e do método de traballo así como da recepción por parte do público que está a te-lo espectáculo na xira que levan a cabo por toda Galicia.

-Santiago Fernández, "Invitación ao teatro", *La Voz de Galicia*, "La Voz de la Escuela", 6 novembro 1996, p. 3. Comentario da obra *Ladraremos*, que presenta a compañía no Forum Metropolitano da Coruña, no que se fai un chamamento á xente xove a acudir ó teatro e a non se deixar absorber polas obsesións que nos depara a sociedade actual como a televisión, Internet e outro tipo de ocupacións que nos anulan como individuos críticos e racionais. Salienta o interese do texto escrito por Gustavo Pernas e fai boas consideracións con relación ó espectáculo.

Raquel Feijoo, "Vinde ó teatro ou acabaredes ladrando", *La Región*, 10 decembro 1996, p. 13. Representación da obra no Teatro Principal de Ourense. Ademais do argumento, os membros do grupo falan do tema da peza que denominan "comedia de amor e medo". Menciónase tamén a próxima montaxe da compañía, *Fábula*, unha comedia sexual.

Raquel Feijoo, "Reivindico un teatro comprometido", *La Región*, 12 decembro 1996, p. 13. Entrevista con Gustavo Pernas, autor, director e actor, xunto con Ánxela Abalo de *Ladraremos*. Co gallo da representación da obra no Teatro Principal de Ourense, fálanos do proceso de traballo que realizou a compañía para levar a cabo este espectáculo e da amplitude de crítica social que encerra a peza.

- V. Festival de Teatro do Carballiño.
- V. XIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.
- V. Noites Teatrais de Cariño.
- V. Xª Xornadas de Teatro de Burela.



Ancoradouro, Teatro: *No cuarto consentido*, de Xosé Vázquez Pintor.

Dirección: Xosé Vázquez Pintor. Interpretación: Mari Carmen González Otero, Mónica Fernández García.



Aneis: O cego de Fornelos, de Manuel Varela Buxán.

-Sindo Martínez, "Una cuadra, esporádico escenario teatral", *La Región*, 10 decembro 1996, p. 14. Informa da actuación do grupo afeccionado Aneis na aldea de Zapeaus coa obra de Varela Buxán, *O cego de Fornelos*.

-Sindo Martínez, "Teatro, danzas, música y un parque de atracciones en el programa de Navidad", *La Región*, 22 decembro 1996, p. 48. Actuación do grupo de teatro Aneis dentro da programación de nadal do concello de Xinzo coa obra de Varela Buxán, *O cego de Fornelos*.



Antorcha: *Triste chegada, Pista ou peste*, de Manuel Varela Buxán e *O Estebiño*, de X. P. Rodríguez Lameiro.

-A. B., "El grupo de teatro juvenil Antorcha debutó en Ponteareas", *Atlántico Diario*, 10 marzo 1996, p. 19. Artigo breve da actuación do grupo Antorcha no auditorio Reveriano Soutullo de Ponteareas coas obras: *Triste chegada* e *Pista ou peste*, de Manuel Varela Buxán e *O Estebiño*, de X. P. Lameiro. A actuación recaudou fondos para a Asociación pro disminuídos do Condado ASPRODICO.



Arre Produccións: *A historia/histeria de Lili Brown*, de Carlos Blanco.

Dirección: Alfredo Conde Mariñas.

Interpretación: Lili Moreno, Carlos Blanco

Vila. Iluminación: Paco A. Santos. Vestuario:

Alfredo C. Marinas. Atrezzo: Anabel Alonso.

Montaxe musical: Nacho Besteiro.

A. D., "Teatro do Aquí lleva el fútbol a escena con su obra *Oé, oé, oé*", *Atlántico Diario*, 18 xuño 1996,

58. Descrito en Teatro do Aquí (2): *Oé, oé, oé*, nestas páxinas.



Artello Teatro: *A do libro. Aventuras de Perello Chora-que-logo-bebes*, baseada nun conto de José Gomes Ferreira.

Dirección: Manuel Pombal. Dramaturxia: Manuel Pombal, Rosa Hurtado, Santiago Montenegro. Interpretación: Rosa Hurtado, Santiago Montenegro. Escenografía, vestiario, atrezzo, iluminación, música, grafismo: Rosa Hurtado, Santiago Montenegro. Son: Manuel Pombal. Producción: Wotan Promocións, S. L.

-E. C., "Cómo contar un conto con actores a escala 1:5, ou as Aventuras de Perello", *O Correo Galego*, 18 xaneiro 1996, p. 44. Refírese á actuación do grupo Artello-Teatro alla scalla 1:5 no Teatro Principal de Compostela coa obra para monicreques *A do libro*, subtitulada *Aventuras de Perello Chora-que-logo-bebes*, dirixida por Manuel Pombal e interpretada por Rosa Hurtado e Santiago Montenegro. Os integrantes do grupo falan do espectáculo.

-Quique Chuvieco, "Artello interpreta un cuento para el gran público en su última pieza teatral", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 18 xaneiro 1996, p. 9. Informa da actuación no Teatro Principal de Santiago do grupo de teatro Artello coa obra *A do libro*, guión escrito polos dous actores da obra, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, a partir de narracións



fantásticas do autor portugués Ferreira. Faise unha análise do espectáculo no que se combinan os actores cos monicreques nun espazo creado a unha escala de 1:5. Dáse unha breve historia da traxectoria artística do grupo dende o seu nacemento no ano 1978.

C. V., “Esta tarde, representación de la obra de Fernando Arrabal “Pic-nic”, *Diario de Pontevedra*, 12 marzo 1996, p. 10. Noticia do inicio do Festival, organizado polo Colexio Los Sauces, coa actuación do grupo Artello que puxo en escena *A do libro* no Teatro Principal de Pontevedra. Informa dos outros grupos que participarán no Festival.

C. V., “II Festival de Teatro” organizado por el colegio “Los Sauces”, *Diario de Pontevedra*, 11 maio 1996. Informa do inicio do festival organizado polo Colexio Los Sauces coa actuación do grupo Artello no Teatro Principal de Pontevedra coa obra *A do libro*, da que se fai unha sinopse, un comentario da posta en escena e do reparto. Inclúese unha axenda cos demais grupos que participarán no Festival.

C. V., “Destacada actuación teatral de los alumnos de “Los Sauces” de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 13 maio 1996. Dá conta da actuación inaugural do grupo vigués Artello, comenta o éxito que obtivo coa obra *A do libro* e adianta a programación do Festival.

C. G. G., “Actuación del grupo de teatro Artello en Soutomaíor”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1996,

15.



Breve nota de prensa sobre a actuación do grupo Artello coa obra *A do libro (Aventura de Perello Chora-que-logo-bebes)* na casa da cultura de Arcade, Soutomaior, con motivo da celebración do “Día das letras galegas”.

-E. F., “Artello” abre en Viana do Castelo o “Festival de Teatro do Eixo Atlántico”, *O Correo Galego*, 3 outubro 1996, p. 43. Noticia da actuación do grupo en Viana do Castelo no Teatro Sá de Miranda, como acto inaugural do Festeixo, Festival de Teatro do Eixo Atlántico. Dá conta doutros grupos galegos que tamén están incluídos no programa do devandito festival e das actividades a realizar, como por exemplo, reunións “para discutir cuestións teatrais e de cooperación galaico-portuguesa”.

V. Festeixo.

V. Festival de Teatro Los

Sauces.



Atrezzo Teatro: *Os tempos que corren*, de Joaquín Amoedo López.

Dirección: Chelo Pampillón.

Interpretación: 14 actores nobeis.

-E. F., "Atrezzo Teatro sale a escena", *Diario 16 de Galicia*, 11 xullo 1996, p. 16. Estrea da obra *Os tempos que corren*, de Joaquín Amoedo polo grupo Atrezzo Teatro no auditorio do Centro Cultural Caixavigo. O artigo contén algunhas opinións da directora, Chelo Pampillón, e do autor do texto sobre a peza, o proceso de montaxe e o grupo.



Aula de Formación de Actores de Pontevedra: *Historia do zoo*, de Edward Albee.

Dirección: Celso Bugallo. Interpretación: Sebastián Anxo Rozas, Satur Segade. Escenografía: Mario Iglesias. Iluminación: Celso Bugallo. Vestuario: Satur Segade.

-D. P., "El AFAP, pone hoy en escena la obra de Edward Albee 'Historia do zoo'", *Diario de Pontevedra*, 9 setembro 1996, p. 7. Nova da actuación da Aula de Formación de actores de Pontevedra coa obra de Edward Albee *Historia do zoo*, no Teatro Principal de Pontevedra dentro da programación das X^{as} Xornadas de teatro afeccionado do Concello de Pontevedra. Resúmese o argumento da obra e dáse o nome dos outros grupos que participarán na mostra: Grupo de Expresión, Bacharel, Arume, Madrigal, Entrañas e Xenio.

-V. V^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra.



Aula de Teatro, Campus de Lugo: *Deire, a coitada*, de J. M. Synge, trad. e adapt. Manuel Bermúdez.

Dirección: Tareixa Campo. Escenografía, atrezzo e vestuario: Taller Tecnoloxía, coordinado por Poli Vecino, Mani Vergar e Marica Campo. Interpretación: Beatriz Prieto, Marta Ballán, Susana de la Cruz, Xosé Luís Martínez, Salvador Justo, Conchi Pérez, Manolo Araújo, Ventura Blanco, Quique Rey, Luís Pena, Xosé Carlos Alonso, Emilio Xosé Suárez, Rubén Feijoo, Silvia Losada, Mijail Ghanime. Música: Xosé Manuel Freire e Baldomero Iglesias.

-El Ideal Gallego, "Un grupo teatral lucense interpreta la obra de Synge *Deire, a coitada*", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 18 abril 1996, p. 7. Informa da representación da peza pola Aula de Teatro de Lugo, baixo a dirección de Tareixa Campo, dentro do IIº Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela na sala NASA. Tamén dá conta da representación da obra *Os cravos de prata* polo grupo Nus da Facultade de Xeografía e Historia de Santiago, dirixido por Patricia Piñeiro.

-D. P., "El Aula de Teatro del Campus de Lugo representará hoy *Deire, a coitada*", *Diario de Pontevedra*, 3 xuño 1996, p. 8. Representación da obra *Deire, a coitada*, de J. M. Synge pola Aula de Teatro de Lugo dentro da programación da IIIª Mostra de Teatro Universitario Galego, organizado pola Universidade de Vigo.



Relátase o contido da obra e dáse a ficha técnica facendo mención da traxectoria do grupo. Tamén inclúe un avance da programación da Mostra.

-Pilar García Cheda, "O teatro é un amante tirano", asegura a directora Tareixa Campos", *El Progreso*, 24 outubro 1996, p. 67. Informa da actuación do grupo universitario de Lugo dentro do Certame "Xuventude 96". A directora do grupo expresa o esforzo que supón levar a cabo unha obra de teatro, pero tamén expresa as recompensas que conleva. Anúnciase a actuación do grupo Elsinor Teatro no devandito certame coa obra de Manuel Lourenzo, *O avión paranoico*.

V. IIº Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

V. IIIª Mostra de Teatro Universitario Galego.

V. Iª Mostra Ibérica de Teatro Universitario.

V. Iª Mostra Intenacional de Teatro Universitario.



Aula de Teatro, Campus de Pontevedra: *Andersen ou o conto da 'súa' vida*,
de Hans Christian Andersen.

Dirección: Manuela Rodríguez e Xoán Couto. Interpretación: Xacobe Rodríguez, Luís Martínez, Tareixa Alonso, Dolores Hermida, Xurxo Cortaza, Andrea Vayer, Olga Rodríguez, Cecilia Jiménez, Raquel Méndez, Luís Anxo Gómez, Ismael Calvo, Xosé Ballesteros, Manuel Solla, Alicia Suárez, Mar Tejero. Escenografía: Ana Payo, Xulia Miranda, Alfonso Palmeiro. Iluminación: Alfonso Palmeiro. Vestiario: Ana Payo, Xulia Miranda. Música: Xosé Liz, Elena Paz.

D. P., "El ATP interpretará 'Andersen, ou o conto da 'súa' vida", *Diario de Pontevedra*, 18 abril 1996,

8. Anúnciase a sesión de contacontos baseada en textos de Andersen, que se realizará na clausura do "Primeiro Congreso de Teorías do Teatro: texto e representación". Ademais, anúnciase que está en preparación a peza *Andersen ou o conto da 'súa' vida* e que será estreada no IIº Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago.

D. P., "Con 'Andersen ou o conto da 'súa' vida', remata hoy la Mostra", *Diario de Pontevedra*, 12 maio 1996, p. 12.



Informa que coa actuación do grupo finaliza a Iª Mostra Internacional de Teatro Universitario. Fala do argumento da obra e finaliza anunciando a conferneia que Ana Mª Matute pronunciará o luns ás cinco da tarde no Auditorio da Caixa de Pontevedra.

D. P., "Actuación del Aula de Teatro del Campus de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, 7 xuño 1996,

10. Última actuación da terceira Mostra de Teatro Universitario Galego organizada pola Aula de Teatro do Campus de Pontevedra, a cargo do devandito grupo coa obra *Andersen, ou o conto da 'súa' vida*, de Hans Christian. Ana María Matute, como estudiosa do autor danés, fai algunha valoración da súa obra. O articulista fai un breve seguimento da traxectoria do grupo dende a súa creación.

D. P., "El Aula de Teatro del Campus de Pontevedra inicia sus actividades", *Diario de Pontevedra*, 12 outubro 1996, p. 12. Refírese ó programa de actividades deste grupo que xa conta dez anos de vida, que depende do Vicerrectorado de Relacións Exteriores da Universidade de Vigo e dirixe Xulio Pardellas e que desenvolve o seu traballo na Escola de Maxisterio de Pontevedra. Nesas actividades salienta o interese por integra-las titulacións do campus (Belas Artes, Maxisterio, Ciencias Sociais, Forestais, etc.) atendendo "a su eje básico de trabajo: las relaciones Teatro-Educación" e a organización de varios cursos.

-D. P., "El Aula de teatro de Pontevedra, participa en la Feria del Libro Portugués", *Diario de Pontevedra*, 10 novembro 1996, p. 15. Informa da actuación da Aula de Teatro de Pontevedra na Estación Marítima de Vigo dentro do programa da "Feira do Libro Portugués".



-D. P., "Presentación en Vigo de la ATP, con 'Andersen ou o conto da 'súa' vida", *Diario de Pontevedra*, 23 outubro 1996, p. 10. Noticia da actuación da Aula de Teatro de Vigo -Campus de Pontevedra-, coa obra *Andersen ou o conto da 'súa' vida* dentro do programa dos actos organizados por Edicións Xerais co motivo da celebración dos premios "Xerais" e "Merlín".

V. IIIª Mostra de Teatro Universitario Galego.
V. Iª Mostra Internacional de Teatro
Universitario.



Aula de teatro, Universidade de Ourense. V. Maricastaña.



Aula de Teatro, Universidade de Santiago: *A velada espectral de Mister Peabody*, de Manuel Lourenzo.

Dirección, diseño de luces e dramaturxia: Roberto Salgueiro. Axudante de dirección: Manuela Romero. Interpretación: Xosé Manuel Esperante, Ibán Toxeiro, Mónica Camaño, Artur Trillo, Ramón Chamadoira, Enma Gallego, Iolanda Colmenero, Begoña Chouciño, Charo Varela, Xosé Lois Quintela, Nieves Nieto, Cristina Carro. Escenografía, atrezzo e vestuario: Marcelino de Santiago. Iluminación: Roberto Salgueiro. Grafismo: Robert Bass, Gerardo Fuentes. Maquillaxe: Purificación Pereira. Producción: Área de Cultura da Universidade.

-I. Barral, "El Aula de Teatro de la Universidad ultima los ensayos para estrenar este mes", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 9 xaneiro 1996, p. 9. Informa da próxima estrea do grupo dentro dos actos conmemorativos do Vº Centenario da Universidade de Santiago da obra de Manuel Lourenzo, *A velada espectral de Mister Peabody* e comenta o proceso de traballo.



-A. O., "El Aula de Teatro presentará el martes una obra encargada a Manuel Lourenzo", *La Voz de Galicia*, 26 xaneiro 1996, p. 40. Breve nota informativa sobre a estrea da obra de Manuel Lourenzo *A velada espectral de Mister Peabody*, a cargo da Aula de Teatro da Universidade de Santiago. Trátase dunha obra, aínda inédita, que Manuel Lourenzo escribiu con motivo do Vº Centenario da Universidade de Santiago.

-Alejandro Orois, "La ilusión mueve montañas" *La Voz de Galicia*, "Libro de ruta", 26 xaneiro 1996, p. 40. Noticia que fai un breve percorrido pola traxectoria da Aula de Teatro da USC, menciónanse tódalas montaxes do grupo e resáltase a calidade e seriedade con que traballa o equipo.

-Darío Janeiro, "A velada espectral de mister Peabody", *O Correo Galego*, 29 xaneiro 1996, p. 18. Noticia sobre a estrea da obra *A velada espectral de Mister Peabody*, de Manuel Lourenzo pola Aula de teatro da USC no Principal de Compostela. Roberto Salgueiro fai diversas consideracións acerca do proceso de traballo, do contido da peza e mesmo da creación do texto. Infórmase dunha futura mostra de teatro universitario e das prazas onde se porá en cartel a última montaxe da Aula de Teatro. Contén ficha artística.

-A. I., "Comedia satírica y cabaretera", *El Correo Gallego*, 30 xaneiro 1996, p. 31. Noticia sobre a estrea da obra *A velada espectral de Mister Peabody*, de Manuel Lourenzo no Principal de Santiago a cargo da Aula de Teatro da USC. Ofrece algunha consideración do director sobre a obra e inclúe o elenco de actores que participan no espectáculo.

-Quique Chuvieco, "El Aula de Teatro invita a pasar una velada muy especial con Mister Peabody", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 30 xaneiro 1996, p. 9.



Artigo no que se informa da presentación da peza no Principal de Santiago e na que Roberto Salgueiro e os integrantes do grupo fan diversas apreciacións sobre o traballo que se pon en escena.

-Quique Chuvieco, "Grupos teatrales universitarios actuarán en abril en Santiago", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 4 febreiro 1996, p. 10. Noticia da posta en escena da obra de Manuel Lourenzo *A velada espectral de Mister Peabody* pola Aula de Teatro da USC, dirixida por Roberto Salgueiro. Fálase da creación dunha escola de arte dramática en Galicia e dos grupos nacionais e estranxeiros que participan no IIº Ciclo de Teatro Universitario, enmarcado nos actos da conmemoración do Vº Centenario.

D. P., "A velada espectral de Mister Peabody, hoy en el Principal", *Diario de Pontevedra*, 5 xuño 1996,

13. Comentario sobre a representación da obra no teatro Principal de Pontevedra dentro da programación da IIIª Mostra de Teatro Universitario Galego organizada pola Universidade de Vigo e coordinada pola Aula de Teatro do Campus de Pontevedra. A noticia conta a traxectoria da Aula de Teatro da USC e comenta os métodos de traballo que ten o grupo.

-R. Soto, "Mostra Ibérica de Teatro Universitario", *Faro de Vigo*, 7 xuño 1996, p. 2. Noticia da actuación da Aula de Teatro da Universidade de Santiago no Teatro Principal de Ourense coa obra *A velada espectral de Mister Peabody* de Manuel Lourenzo como acto final da Mostra Ibérica de Teatro Universitario.

-L. B., "Puro teatro", *La Voz de Galicia, Aula Magna*, "V Centenario", p. 10.



Comentario da estrea da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela da obra *A velada espectral de Mister Peabody*, escrita por encargo para a celebración do Vº Centenario polo dramaturgo Manuel Lourenzo.

- V. Iª Mostra Ibérica de Teatro Universitario.
- V. IIIª Mostra de Teatro Universitario Galego.



Axóuxere Teatro (1): *En pecado bancario*

Dirección e dramaturxia: Xosé Manuel Pazos. Interpretación: Mundo Villalustre, Pilar G. Gracia, Antón Lamapereira, Xosé F. Dalama, María Mallo.



Axóuxere Teatro (2): *A nai pasota*, de Darío Fo.

Dirección: Antón Lamapereira.

Interpretación: Elvira G. Comesaña.



Axóuxere Teatro (3): *Os perxuicios do tabaco*, de A. Chejov.

Dirección: Etlvino Vázquez, Xosé Manuel Pazos. Interpretación: Xosé Manuel Pazos.



Bacharel (1): *Wonderball Circus*, creación colectiva.

Dirección: Anxo Lourido, Óscar Viéitez. Interpretación: Tania Crego, Mercedes Collazo, Chus Ruíz, Diego Álvarez, Esther Álvarez, Xulio Abonjo, Carlos Márquez, Dani Abollo, María Xosé Pita, Irene Lourido, Lucía Viéitez, María Peón, Manuel Albariño, Olalla Barcala, Xulio Corcoba. Producción: Isabel Fernández.

-D. P., "Bacharel Teatro" presenta, "Wonderball Circus", *Diario de Pontevedra*, 11 setembro 1996, p. 10. Informa da actuación do grupo coa obra de creación colectiva, baixo a dirección de Anxo Lourido, dentro das representacións programadas polo concello de Pontevedra para celebra-las Xornadas de Teatro Afeccionado. Ofrece o argumento da obra, o elenco e a historia do grupo dende a súa creación en 1992.

V. IX^a Mostra de Teatro de Cee.

V. V^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra.



Bacharel (2): *Mirahd, un neno de Bosnia*, de Ad de Bont.

Dirección e dramaturxia: Ángel Lourido.
Interpretación: Elisa R. blanco, Julio Iglesias
Graña. Escenografía e iluminación: Oskar Viéitez.
Vestuario: colectivo. Música: Patricia Iglesias,
Delsa Claid. Son: Isabel Fernández. Producción:
Isabel Fernández.

D. P., "Héroes de Pontesampaio' y 'Vieira do Río' organiza actos culturales", *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1996, p. 8. Actuación do grupo na Casa da Cultura de Pontesampaio coa obra *Mirahd un neno de Bosnia*.

D. P., "Teatro Bacharel pone en escena la obra 'Mirahd, un neno de Bosnia'", *Diario de Pontevedra*, 21 maio 1996, p. 10. Noticia da actuación do grupo, coa obra ambientada no conflito de Bosnia, no Teatro Principal de Pontevedra.

-V. V^{as} Xornadas de Teatro Aficionado do Concello de Pontevedra.



Bacharel (3): *Cemiterio de autom6viles*, de Fernando Arrabal.



Balea Branca Producións: *O auténtico Oeste*, de Sam Sheppard,
trad. Damián C. Orero e Paco Campos.

Dirección: Manuel Lourenzo. Axudante de dirección: Matilde Blanco.
Interpretación: Damián C. Orero, Paco Campos, Tucho Lagares, Feli
Manzano. Escenografía, vestuario: Balea Branca Producións. Música: Pedro
Díaz. Maquillaxe: Raquel Fidalgo.

-Alvarado, "Balea Branca Producións', una nueva compañía teatral", *La Región*, 20 outubro 1996, p. 16.
Comentario da obra despois do seu paso por Ourense. O crítico fala do director da obra, Manuel Lourenzo,
e despois analiza pormenorizadamente o texto, a acción, a escenografía, o ritmo, a dicción dos actores, a
interpretación e a reacción do público.



Balteira, A (Grupo de Teatro da Universidade da Coruña): *Madrecoraxe*, de Bertolt Brecht.

Dirección: Francisco Nodar, María Juste. Interpretación: Montse Vázquez, Nuria Bernárdez, Xoán Udaondo, Xosé Carlos Mejuto, Adolfo Vázquez, Xosé Antonio Garrido, Roberto Gómez, Anxo Mangas, Eva Castro, Mingos Outón, Mabel Caínzos, María Torres, Cristina Torres. Vestuario: D' Sastre. Maquillaxe: Pablo Vila.

-D. P., "El grupo 'A Balteira', de A Coruña, representará 'Madrecoraxe", *Diario de Pontevedra*, 29 maio 1996, p. 12. Noticia do grupo coruñés dentro da Mostra coa obra de Bertolt Brecht, *Madrecoraxe*. Coméntase a traxectoria do grupo e anúncianse os demais grupos que participarán na Mostra.

V. I^a Mostra Internacional de Teatro Universitario.

V. III^a Mostra de Teatro Universitario Galego.

V. VII^{as} Xornadas de Teatro Universitario, Universidade da Coruña.



Berenguela: *Melocotón en almíbar*, de Miguel Mihura.

Dirección: José Arca. Interpretación: Lucía Martínez, Ana Mariño, Miguel Villaverde, entre outros.

-C. B., "El colectivo nicrariense Afonso Eans promoverá actividades teatrales", *El Correo Gallego*, 8 novembro 1996, p. 36. Noticia da actuación, na casa da Cultura de Nigrán, do grupo Berenguela coa obra *Melocotón en almíbar*, do grupo Trasmonte coa obra de Varela Buxán, *Se o sei non volvo* e do grupo Badius coa peza *Cargar co morto*.



Berrobambán: *Auto*, de Ernesto Caballero.

Dirección: Artur Trillo Sendón. Interpretación: Ibán Toxeiro, Mónica Camaño, Begoña Chouciño, Iolanda Colmenero. Escenografía e vestuario: Berrobambán teatro. Iluminación e música: Chiqui Pereira.

- H. M. e M. V., "Cuatro personajes relatan en *Auto* su versión sobre un accidente de tráfico", *La Voz de Galicia*, (Edición de Fisterra), 28 agosto 1996, p. 36. Infórmase da estrea da compañía santiaguesa Berrobambán da peza *Auto* no marco da IXª Mostra de Teatro de Cee. Trátase da súa primeira posta en escena, unha historia con toques de comedia de Ernesto Caballero e dirixida por Artur Trillo, tamén responsable da mostra, quen comenta as humildes condicións económicas xa que non reciben subvencións nin recoñecemento da administración. Menciónanse tamén os grupos participantes nesta mostra: Alba Teatro, Elsinor, Bacharel, Teatro de Aquí, Teatro improviso, Os Quinquilláns e Talía.

-V. IXª Mostra de Teatro de Cee.



Bustofrío: *Cando a morte baixa a Milrrosas e neva a retortoiro*, de Fiz Vergara Vilariño.

Dirección: Pepe do Campo.
Interpretación: Veciños de Lóuzara.

-Uxía Rodríguez Núñez, "Unha obra de Fiz Vergara Vilariño representase mañá en Bustofrío", *El Progreso*, 24 agosto 1996, p. 69. Informa da representación da obra de Fiz Vergara dirixida por Pepe do Campo e interpretada polos veciños de Lóuzara. A obra constitúe a terceira montaxe do grupo que actúa sempre dentro da programación das festas en honor á virxe dos Remedios. Dáse unha pequena siphose da peza.



Caroza Teatro (1): *Cento voando*

Dirección: José Luís Prieto Roca. Interpretación: J. L. F. Sacha, Yoli Muíños, Carlos Mosquera “Mos”, Javier de Fornos, Silvia de Bieito, Juanín Ares Gondell, José L. P. Roca. Escenografía: J. L. F. Sacha. Vestuario: Caroza Teatro.



Caroza Teatro (2): *Sursum Corda*

Dirección: José L. P. Roca. Interpretación: J. L. Sacha, Silvia de Bieito, Juanín Ares Gondell, Carlos Mosquera "Mos", José L.

P. Roca, Yolanda Paredes, Javier de Fornos.

Escenografía: Talleres Caroza.



Casa da Bola, A: A sala de espera, de Xosé Vázquez Castro.

Dirección: M^a del Carmen González Otero. Interpretación: Avelina Fandiño, Xosefa Sotelo, Agustina Mariño, Carmen Álvarez, Antonio Pena, Elena Corbacho, Xosé Santos.

-Verísimo, "El grupo de Teatro Casa da Bola actuará mañana en la Casa Rosada", *Diario de Pontevedra*, 15 marzo 1996, p. 18. Noticia da posta en escena da obra *A sala de espera*, de Xosé Vázquez Castro, dirixida por M^a del Carmen González Otero, a cargo do grupo de Cangas do Morrazo "A casa da Bola", un grupo constituído na súa maioría por persoas de máis de setenta anos.



Catrabucha (1): Vén, Hur, creación colectiva.

Dirección: Catrabucha Teatro. Interpretación: Pablo Raso, Carlos Sante, Paula Tomé, Mamen Rivera, Fran Negreira, Joaquim Domínguez, Jesús Fornos, Pablo Sánchez. Escenografía: Jesús Martínez-Saumurot Gilles. Vestuario: Lorena Tomé, July López, Mari Carmen Freaza. Iluminación e Son: María Torres, Alfonso Pérez.

-Quique Chuvieco, "El grupo Catrabucha abre con *Vén, Hur* la programación de la NASA", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 3 maio 1996, p. 10. Presentación da obra *Ven Hur* a cargo do grupo Catrabucha da Coruña na sala Nasa de Compostela. O redactor informa da programación da sala para o mes de maio.

-A. I., "Catrabucha trae al Aula de Cultura 'Ven, Hur', una parodia del mítico film", *El Correo Gallego*, 8 decembro 1996, p. 28. Nova da actuación do grupo na Aula de Cultura da Caixa Galicia coa obra *Ven Hur*, unha parodia da mítica película na que se conserva o fío argumental e se busca salienta-los elementos cómicos da mesma. Á parte do elenco cóntase o argumento da obra e falan do premio que vén de gaña-la compañía no Certame Galego de Teatro.

-Quique Chuvieco, "La obra teatral 'Ven-Hur' se despide hoy de la tarima del Aula de Cultura", *El Ideal Gallego*, 13 decembro 1996, p. 11.



Informa da última actuación da compañía na Aula de Cultura da Caixa Galicia de Santiago, os membros do grupo falan do éxito obtido nas funcións e contan as razóns que os levaron a facer esta parodia do film de Cecil B. Mille. Ofrécese tamén o argumento da obra.

-V. VII^{as} Xornadas de Teatro Universitario, Universidade da Coruña.



Catrabucha (2): *Game over*

-L. D., "Inaugúrase en Rianxo a XV edición da Semana do Teatro", *O Correo Galego*, 13 de agosto 1996, p. 35.

-V. XVª Semana de Teatro de Rianxo.



Centro Dramático Galego (1): *Nau de amores*, de Gil Vicente.

Dirección, dramaturxia, actualización lingüística e versión: Cándido Pazó. Axudante de dirección: Mara Sánchez. Interpretación: Luís Tosar, Santi Pintos, Laura Ponte, X. Manuel Oliveira "Pico", Luís Castro Zaera, Lino Braxe, Vicente Montoto, Susana Dans, Andrés Pazos, Mela Casal, Maxo Barjas, Teresa Horro, Rebeca Montero, Xan Cejudo, Margarita Fernández. Escenografía, vestuario e cartel: Carlos Alonso. Iluminación: Alfredo Laforet. Música: Francisco M. Barreiro. Maquillaxe: Ana Méndez. Montaxe baile das fitas: María Xosé López. Estudio crítico: Rexina Vega. Xefe de Producción: Francisco Oti. Producción: C. D. G.

-El Ideal Gallego, "El Centro Dramático Galego presenta en el Xelmírez *Nau de amores*", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 12 xaneiro 1996, p. 9. Presentación da obra no instituto Xelmírez con motivo da celebración do 150 aniversario do centro.

-I. Barral, "El Xelmírez rendirá un homenaje al teatro durante la próxima semana", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 13 xaneiro 1996, p. 9.



Nova da presentación da obra *Nau de amores*, de Gil Vicente dentro dos actos que o instituto Xelmírez programa co motivo do 150 aniversario do centro. A presentación correu a cargo do director do centro, Manuel Portas, polo director do C. D. G., Manuel Guede, polo director do IGAEM, Xosé Manuel García Iglesias e mailo director da montaxe, Cándido Pazó. Tamén presentan a lectura dramatizada da obra de Xabier Lama *El peregrino errante que cansou ao demo*, peza gañadora do primeiro concurso de textos teatrais "Camiño de Santiago".

El Ideal Gallego, "El Centro Dramático inicia hoy las representaciones en el Xelmírez", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 16 xaneiro 1996, p. 9. Breve nota sobre o inicio das representacións da obra *Nau de amores* no instituto Xelmírez de Compostela co motivo da conmemoración do 150 aniversario do centro docente máis antigo da cidade.

El Ideal Gallego, "La obra *Nau de amores* participará en el festival internacional de Oporto", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 22 maio 1996, p. 11. Noticia da representación da obra no Festival Internacional de Teatro de Expresión Ibérica (FITEI) no Porto polo Centro Dramático Galego.

-R. P., "A *Terra de lobos* de Ferrín chega ó Fitei portugués", *O Correo Galego*, 31 maio 1996, p. 33. Descrito en Teatro de Ningures, nestas páxinas.

-El Ideal Gallego, "El Centro Dramático galego pone fin a la temporada con *Nau de amores*" *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 27 xuño 1996, p. 10. Noticia da reposición no Teatro Principal de Santiago da obra de Gil Vicente *Nau de amores* coa que se pon fin á tempada teatral do C. D. G. correspondente ós anos 95/96.



-A. G. N., "El CDG cierra la temporada con la reposición de *Nau de amores*", *Diario de Pontevedra*, 27 xuño 1996, p. 25. Breve nota de prensa sobre a reposición da obra no Teatro Principal de Santiago como colofón da tempada 95/96 do C. D. G.



Centro Dramático Galego (2): *Hostia*, de Armando Cotarelo Valledor.

Dirección e dramaturxia: Manuel Lourenzo. Axudante de dirección: Cristina Domínguez.
Interpretación: Xan Cejudo, Laura Ponte, Lino Braxe, Susana Dans, Maxo Barjas, Luís Tosar, Rebeca Montero, Santi Pintos, Luís Catro Zaera, Mela Casal, Vicente Montoto, Andrés Pazos, Margarita Fernández, Xosé Manuel Olveira "Pico", Teresa Horro. Escenografía: Rodrigo Roel.
Iluminación: Francisco Veiga. Atrezzo e vestuario: Carlos Alonso. Música: Manuel Balboa.
Grafismo: Permuy Asociados. Maquillaxe: Dolores Centeno. Producción: C. D. G.

-A. G. N., "El Centro Dramático Galego pone en escena la muerte de Prisciliano en 'Hostia', *Diario de Pontevedra*, 10 marzo 1996, p. 35. Noticia da estrea da peza do C. D. G. no teatro Jofre de Ferrol, e da xira que a compañía realizará por diversos teatros de Galicia. Analízase o tema desta obra de Cotarelo, que ata o momento estaba sen estrear, ó redor da figura e mitificación de Prisciliano. Con respecto á posta en escena coméntase o recurso metateatral ó que recorre o director da obra ó escribir como prólogo da obra *O Canto de Vilavella*. A montaxe preséntase como unha dobre homenaxe, por un lado a Cotarelo e por outro á



celebración do Vº centenario da USC, institución da que formou parte durante moitos anos o autor da obra.

-I. G., “El Centro Dramático Galego estrena la obra de Cotarelo Valledor ‘Hostia’ en Ferrol”, *El Ideal Gallego*, 11 marzo 1996, p. 19. Noticia da estrea absoluta da obra de Cotarelo no teatro Jofre de Ferrol. Tamén informa da reposición da obra *Nau de amores* polo C. D. G. no mesmo teatro.

-Agustín Sixto Seco, “Prisciliani Hostia in scaena”, *El Correo Gallego*, “De portas para dentro”, 16 marzo 1996, p. 3. Referencia a *Hostia*, o drama histórico que no 1924 narrara Cotarelo Valledor e que o Centro Dramático Galego levou ó teatro en 1996 da man de Manuel Lourenzo.

-A. D., “El Centro Dramático Galego presenta en Vigo su último montaje, ‘Hostia’”, *Atlántico Diario*, 19 marzo 1996, p. 49. Nova da presentación da obra no Centro Cultural Caixavigo, fálase da temática priscilianista da obra e de como Manuel Lourenzo, o director da montaxe, respectou integramente o texto de Cotarelo, que ata o momento aínda nunca fora representado.

-M. Sío Dopeso, “Un acto de culto priscilianista”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 56, 21 marzo 1996, p. 13. Crónica da obra ó seu paso polo C. C. Caixavigo. Coméntase que a montaxe supón unha homenaxe a Cotarelo dentro dos actos de celebración do Vº Centenario da USC. A ambientación e actualización da obra que trata o enxuizamento de Prisciliano no século VI polo Concilio de Tréveris considérase acertada e apúntase que o pobo recreado no espectáculo podería representar a calquera pobo da Galicia actual.



Javier D. Campa., "Manuel Guede: 'Pensar en Prisciliano es pensar en la historia de Galicia'", *Atlántico Diario*, 22 marzo 1996, p. 50. Presentación en Vigo da última montaxe do C. D. G. polo director da compañía, Manuel Guede, polo director do espectáculo, Manuel Lourenzo e polo concelleiro de cultura do Concello de Vigo, Manuel Garrido. Ademais dunha siphose da obra, preséntase a montaxe como unha continuación do intento do C.

G. de recupera-los nosos clásicos.

-R. F., "Unha homenaxe a Prisciliano", *La Región*, 28 marzo 1996, p. 13. Presentación da obra no Teatro Principal de Ourense, fálase do intento do C. D. G. de recupera-los clásicos da literatura dramática galega e de que esta montaxe supón unha homenaxe a Prisciliano.

-R. F., "Sempre quisen facer teatro", *La Región*, 31 marzo 1996, p. 15. Comentario da obra ó seu paso polo Teatro Principal de Ourense. Recóllense algunhas opinións do director da obra en relación á obra de Cotarelo e ó prólogo e epílogo que o propio director escribiu para situa-la peza *Hostia*. Faise fincapé na temática priscilianista que abrangue a obra. Por último unha referencia á escenografía que, segundo o director, vén a reflecti-la vida de Vilaboa e, por extensión, a vida dos galegos de hoxe.

-Alvarado, "Una obra que ha saltado de las bibliotecas a los escenarios", *La Región*, 4 abril 1996, p. 11. Comentario da obra tralo seu paso por Ourense, despois dun longo preámbulo ó redor da vida artística do director da obra, Manuel Lourenzo, o periodista comenta a acertada execución do espectáculo e a conxunción nunha mesma montaxe da obra orixinal de Cotarelo, *Hostia* e da obra de Lourenzo, coa que se abre o espectáculo, *O canto de Vilavella*.



-Manuel F. Vieites, "Cotarelo e o teatro afeccionado", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXIII, 4 maio 1996, p. 2. Crítica do espectáculo presentado polo C. D. G. Despois dunha introducción de contextualización da obra e do seu autor, fala da segunda peza que integra o espectáculo, *O canto de Vilavella*, de Manuel Lourenzo. Cualifícase a montaxe como a reconstrucción dun feito historicista e fálase de que o teatro se converte nun instrumento de dinamización sociocultural. Refírese ó espectáculo como un produto a medio camiño entre o teatro afeccionado e un intento de retoma-la estética a medio camiño entre o naturalismo escenográfico e o realismo interpretativo. Critícase a falta de metodoloxía de traballo dos actores e acaba dicindo que, de tódolos xeitos, é importante que o C. D. G. se encargue de recupera-los nosos clásicos.

-El Ideal Gallego, "El Centro Dramático Galego presentó ayer *Hostia* en el Teatro Principal", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 12 maio 1996, p. 10.

-M. T., "Segundo Manuel Guedes o teatro en Galicia converteuse en algo cotián", *El Correo Gallego*, 16 maio 1996, p. 42. Entrevista co director do C. D. G., Manuel Guede Oliva, en forma de reportaxe na que se explican os cambios introducidos na compañía dende a súa formación en 1984, ata a súa consolidación como compañía estable de repertorio. Analízase tamén o seu modelo de financiación e rendabilidade e as lecturas dramatizadas en colaboración coa Fonoteca Teatral de Galicia.

-El Ideal Gallego, "La obra de teatro *Hostia* se despide hoy en Compostela", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 18 maio 1996, p. 7. Noticia da última representación da obra no Teatro Principal de Compostela para emprende-la xira por Galicia. A representación enmárcase dentro dos actos da celebración do Vº Centenario da Universidade



Compostelana. Fálase do tema da obra e do intento por parte do C. D. G. de recupera-los textos de autores importantes da literatura dramática galega.

-Antón Costa Gómez, “Prisciliano, príncipe do delirio”, *O Correo Galego*, 25 maio 1996, p. 4. Comentario da peza do C. D. G. no que se salienta o acerto da dirección de Manuel Lourenzo e o bo facer dos actores da obra. Exáltase a figura de Prisciliano e cualifícase de “aburrido e discursivo” o texto de Cotarelo.

-E. C., “O Centro Dramático renova a súa compañía estable”, *O Correo Galego*, 25 xullo 1996, p. 63. Noticia da presentación da tempada 96-97 do Centro Dramático Galego polo seu director, Manuel Guede Oliva, o Conselleiro de Cultura Xesús Pérez Varela e o director do IGAEM, X. M. García Iglesias. Na presentación trataron o tema das obras a representar, autores e directores, o novo elenco actoral e fixeron valoracións sobre a política de representación e as novas perspectivas da compañía institucional.

-J. B. Salgueiro, “El Centro Dramático Galego representará tres nuevas obras la próxima temporada”, *Faro de Vigo*, 25 xullo 1996, p. 46. Presentación da programación teatral do C. D. G. para a tempada 96-97. O artigo inclúe as obras que se van representar, o orzamento co que conta a compañía e o novo elenco do grupo. O director do C. D. G., Manuel Guede Oliva, o Conselleiro de Cultura e Comunicación Social, Xesús Pérez Varela e mailo director do IGAEM, Xosé Manuel García Iglesias valoran o novo proxecto da compañía institucional.

-I. G., “O CDG porá en escea tres novas produccions a vindeira tempada con novos actores”, *El Ideal Gallego*, 25 xullo 1996, p. 20. Breve nota de prensa presentando a nova programación do Centro Dramático Galego para a tempada 96-97.



-Quique Chuvieco, "El CDG presentó sus tres nuevos espectáculos para la próxima temporada", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 25 xullo 1996, p. 8. Presentación da programación teatral do C. D. G. para a vindeira tempada en rolda de prensa cos responsables da Consellería de Cultura. A reportaxe aborda os temas da política de representación e elección dos textos a representar, o tema orzamentario e unha valoración dos actores e directores da compañía renovada.

-X. V., "El Centro Dramático Galego prepara tres nuevas obras para la próxima temporada", *La Voz de Galicia*, 25 xullo 1996, p. 6. Presentación da programación do C. D. G. na tempada 96-97. Inclúe obras, directores, presupostos e xira programada.

-A. G. N., "El Centro dramático galego presentó las tres obras teatrales para 96-97", *Diario de Pontevedra*, 25 xullo 1996, p. 26. Presentación por parte do director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede, do Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, e do director do IGAEM, J. Manuel Iglesias, da programación para a tempada teatral 96/97. Anuncian a posta en escena de tres obras, *Lisístrata*, de Aristófanes, *O peregrino errante*, de Xabier Lama e *Como en Irlanda*, de J. M. Synge e Antón Vilar Ponte, dirixidas por Eduardo Alonso, Andrés Pazos e Quico Cadaval respectivamente.



Centro Dramático Galego (3): *Como en Irlanda*, de Antón Vilar Ponte e John Millington Synge.

Dirección: Quico Cadaval. Axudante de Dirección: Xepe Casanova. Interpretación: Laura Ponte, Susana Dans, Josefa Barreiro, Patricia Vázquez, María Barcala, Xan Casas, Xosé Manuel Olveira "Pico", Salvador del Río, Xavier Estévez, Andrés Pazos, Lino Braxe, Marcos Viéitez, Luísa Martínez, Rebeca Montero, Rosa Álvarez. Escenografía e iluminación: Rodrigo Roel. Vestuario: Belén Naverán. Música: Bernardo Martínez. Grafismo: Permuy Asociados. Maquillaxe: Dolores Centeno. Producción: CDG.

-Damián Villalaín, "*Como en Irlanda*, un conto e un poema escénicos", *Grial*, nº 131, xullo-agostoseptembro 1996, pp. 441-443. Menciónase que Quico Cadaval fixo efectiva a idea do Centro Dramático Galego de "realizar un espectáculo baseado na unión de *Nouturnio de medo e morte*", de Antón Vilar Ponte e "a peza de Synge *Xinetes para o mar*". O resultado foi *Como en Irlanda*, que recolle os "vencellos étnicos e culturais entre Galicia e Irlanda" e a importancia que o teatro irlandés tivo para os homes das Irmandades na súa



“procura dun teatro galego digno”. Damián Villalaín salienta o carácter rupturista desta obra, en tanto que supón “un novo modo de ver o teatro galego de vocación máis popular (...) desvinculándose da tradición costumista” e optando por “un espectáculo moi plástico e sofisticado”. O recensionista analiza o paso da “pura acción dramática do *Nouturnio*” ó “poema escénico” de *Xinetes para o mar*, sinalando as “magníficas interpretacións do corpo actorial”, entre as que destaca a de Rebeca Montero. Conclúe que a obra é “un interesante experimento teatral que non deixa de ter un aquel de entrañable homenaxe ás culturas populares de Galicia e Irlanda”.

-Quique Chuvieco, “El Centro Dramático inició los ensayos de ‘Como en Irlanda’”, *El Ideal Gallego*, 23 agosto 1996, p. 9. Crónica sobre os ensaios que leva a cabo o C. D. G. no Instituto Xelmírez I da obra *Como en Irlanda*, baixo a dirección de Quico Cadaval, e que será estreada o 21 de setembro dentro do Iº Congreso Internacional da Lingua Galega. Asemade informa das próximas montaxes que realizará a compañía na tempada 96-97, *Lisístrata*, de Aristófanes e *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xabier Lama.

-A. G. N, “La obra ‘Como en Irlanda’ abrirá la temporada del Centro Dramático Galego”, *El Progreso*, 30 agosto 1996, p. 53. Breve que dá conta do inicio dos ensaios da primeira produción do C. D. G. para a tempada 96-97, *Como en Irlanda*, baseada en textos de Vilar Ponte e John Millington Synge e que será presentada ó público o día 21 de setembro no Teatro Principal de Santiago.

-E. F., “O CDG estrea o día 21 ‘Como en Irlanda’”, *O Correo Galego*, 30 agosto 1996, p. 34. Nova da obra *Como en Irlanda*, dirixida por Quico Cadaval e cunha dramaturxia que parte de dous textos, *Nouturnio de medo*, de Vilar Ponte e *Xinetes para o mar*, de Synge. Esta obra constitúe a primeira montaxe do C. D. G. para a tempada 96-97 e será estreada.



-Pancho Tristán, "El Centro Dramático presenta en el Principal un montaje 'realista e sinxelo", *La Voz de Galicia*, 20 setembro 1996, p. 45. Noticia da estrea da obra a cargo do C. D. G. no Teatro Principal de Santiago. O director, Quico Cadaval, e o co-autor da dramaturxia da montaxe e axudante de dirección, Xepe Casanova, falan das dúas pezas nas que se fundamenta o espectáculo e dos contidos de cada unha delas, así como das adaptacións que sufriron para integrárense nun só espectáculo.

-Carme Vidal, "Quico Cadaval estrea co Centro Dramático Galego Como en Irlanda", *A Nosa Terra*, nº 45, "Guieiro Cultural", 22 setembro 1996, p. 21. Crónica da obra do C. D. G. dirixida por Quico Cadaval, gábase o labor levado a cabo polo director e polo elenco de actores que participan no espectáculo. Analízase como as dúas pezas que integran se complementan perfectamente temática e culturalmente. Apúntase o acerto da escenografía e da iluminación en consonancia coa montaxe. Quico Cadaval comenta a súa primeira experiencia como director do C. D. G. e o que supón traballar cun grupo tan numeroso de actores. Por último faise fincapé na traxectoria artística do director e na importancia das salas alternativas na saúde do teatro galego.

-Alfredo Conde, "Recordatorio de que nós tamén somos emigrantes", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 22 setembro 1996, p. 48/p. 4. A propósito dos artigos que Luís Tosar escribiu en *Estación Marítima* (1996) sobre a emigración galega, Conde argumenta que a lectura destes artigos proporciona a posibilidade de recoñecermonos e de constatar que a literatura fai válidos ós países.

-Quique Chuvieco, "Como en Irlanda", una crónica de luces y sombras existenciales", *El Ideal Gallego*, 1 outubro 1996, p. 9.



Comentario do espectáculo que presentou a compañía no Teatro Principal de Santiago no que o articulista louva o traballo do director e a intensidade dramática que acadou a obra nalgúns momentos. Pola contra, salienta a ralentización da acción que por momentos é excesiva, e cuestiona o trasfondo existencial da obra e o fatalismo que non deixa lugar á esperanza nin á remisión.

-Raquel Feijoo, "Diálogo entre a cultura galega e a irlandesa", *La Región*, 1 outubro 1996, p. 11. Artigo sobre a representación da obra no Teatro Principal de Ourense no que se destaca que o Delegado de Cultura do Concello de Ourense, Felipe Ferreiro, resaltou o labor levado a cabo polo director do C. D. G., Manuel Guede. Exponse ademais o proceso de traballo da montaxe; indícase que Quico Cadaval, director do espectáculo, se refiriu ó encontro de dúas culturas: a galega e a irlandesa.

A. M^a Platas Tasende, "Como en Irlanda", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 2 outubro 1996, 38/p. 11. Comentario da obra no que se resalta a mestría coa que se conxugan tódolos elementos que integran o espectáculo: a escenografía, a música, a iluminación, a interpretación e a dirección. Equipárase a calidade do teatro galego co que nos chega de fóra.

-Lois Blanco, "El teatro también puede ser celta", *La Voz de Galicia*, 6 outubro 1996, p. 4. Informa da xira que o C. D. G. realiza polas distintas cidades de Galicia despois de estrear en Santiago. Fai un breve comentario sobre a montaxe que é caracterizada por unha *sinxeleza teórica*. Informa da edición do libro que contén as claves do espectáculo e que fai o número doce da colección do C. D. G.

- Camilo Franco, "Corte e confección", *La Voz de Galicia*, (Edición de Ourense), "Entreacto", 6 outubro 1996, p. 40.



Crítica de Camilo Franco á representación por parte do Centro Dramático Galego de *Como en Irlanda*. O articulista critica o feito de que se xuntasen dous textos de diferentes autores para esta montaxe e a aparición no escenario de coros que non engaden nada novo ó xa contado.

-Alvarado, "Una aventura demasiado ruidosa", *La Región*, 10 outubro 1996, p. 11. Crítica á obra do C. D. G. na que se salienta un desaxuste total entre os textos e a posta en escena. Critícase tamén a actuación dos actores que, segundo o comentarista, por momentos afóganse e presentan serios problemas de dicción. Por último tilda a obra de estar sometida a unha concepción efectista.

-M. Quintáns S., "Como en Irlanda', dúas obras nunha representación teatral", *El Correo Gallego*, 13 outubro 1996, p. 6. Crónica do espectáculo na que se reflexiona sobre o acerto da elección do director á hora de elixi-las dúas obras e na execución do traballo final e da posta en escena. Concédese certa importancia ó feito de que a realización deste espectáculo supón a recuperación dun clásico galego do noso teatro.

-Carlos G. Vizcaíno, "Artificiosa sencillez", *El Ideal Gallego*, 13 outubro 1996, p. 26. Comentario da obra no que se afirma o acerto da conxunción dos dous textos que conforman o espectáculo e no que se critica a incongruencia que supón a utilización de efectos sobrecargados nunha obra na que predomina a sencillez e a desnudez dos personaxes.

-D. Faro, "El director teatral Quico Cadaval bucea en las afinidades entre Galicia e Irlanda", *Atlántico Diario*, 25 outubro 1996, p. 42.



Noticia da actuación do C. D. G. no Auditorio Caixavigo. Saliéntase o intento que hai neste espectáculo de unificar e busca-las afinidades entre Galicia e Irlanda. Preséntase a xira que a compañía está a levar a cabo por toda Galicia.

-Pablos, “Dos estilos dramáticos para una escenificación de mimo brillante”, *Faro de Vigo*, 27 outubro 1996. p. 14. Comentario da obra no que se critica actuación dos actores. Pola contra gábase insistentemente o traballo do director, Quico Cadaval, ó que se lle atribúe un traballo moi ben realizado, cunha unidade plástica ben concibida e grande destreza á hora de entrelaza-las obras de Vilar Ponte e Jonh Synge dentro dunha unidade. O comentarista fai referencia ás carencias históricas do teatro galego e chega a compara-lo espectáculo do C. D. G. coas coreografías do Ballet Rei de Viana.

-C. V., “De los próximos espectáculos destaca la actuación del CDG”, *Diario de Pontevedra*, 1 novembro 1996, p. 10. Presentación da programación cultural do último bimestre do ano en Pontevedra pola Concelleira de Cultura do concello na que se anuncia a próxima actuación do C. D. G. coa obra *Como en Irlanda* e da compañía A Factoría Teatro.

-D. P., “Como en Irlanda”, espectáculo del Centro Dramático Gallego del IGAEM”, *Diario de Pontevedra*, 19 novembro 1996, p. 13. Informa da actuación do C. D. G. no Teatro Principal de Pontevedra dentro dos actos da programación correspondente a tempada 96/97.

-C. V., “La obra ‘Como en Irlanda’, se estrena hoy en el Teatro Principal”, *Diario de Pontevedra*, 20 novembro 1996, p. 12.



Presentación da obra en Pontevedra a cargo do director do C. D. G., Manuel Guede, e do director do espectáculo, Quico Cadaval. Preséntase tamén a axenda que terá a obra nesta praza.

D. P., "Mañana última representación en el Principal de 'Como en Irlanda'", *Diario de Pontevedra*, 21 novembro 1996, p. 12. Nova da actuación do C. D. G. no Teatro Principal de Pontevedra. Resúmese o argumento das dúas pezas que integran o espectáculo e faise un seguimento da carreira artística do director da obra, Quico Cadaval.

D. P., "La obra del CDG 'Como en Irlanda', se representa hoy por último día en el Principal", *Diario de Pontevedra*, 22 novembro 1996, p. 13. Breve de prensa que dá conta da última actuación da compañía no Teatro Principal de Pontevedra.

-Damián Villalaín, "Como en Irlanda: un enxebrismo renovado", *Revista Galega de Teatro. Información Teatral*, nº 14, "Opiniós desde a butaca", decembro 1996, pp. 109-110. Segundo Damián Villalaín, *Como en Irlanda* é un espectáculo difícil, dada a diferente especie dos textos nos que se basea, xa que esixen achegamentos distintos que Cadaval, director da posta en escena, acometeu desvencellándose da tradición costumista. Comenta tamén a construción e a posta en escena dunha obra que considera unha homenaxe ás culturas populares de Galicia e Irlanda.



Centro Dramático Galego (4): *Lisístrata, ou de cando as mulleres reviraron*, de Aristófanes, versión Eduardo Alonso e Manuel Guede Oliva.

Dirección: Eduardo Alonso. Axudante de dirección: Rosa Míguez. Auxiliar de dirección: Belén Arnejo. Meritorios de dirección: Ignacio Vilar, Mara Rodríguez. Interpretación: Andrés Pazos, Laura Ponte, Susana Dans, Rosa Álvarez, Luísa Martínez, Rebeca Montero, María Barcala, Patricia Vázquez, Xosefa Barreiro, Marcos Vieitez, Xosé Manuel Olveira "Pico", Xavier Estévez, Lino Braxe, Salvador del Río, Xan Casas. Escenografía e vestuario: Paco Conesa. Iluminación: Eduardo Alonso. Selección musical: Fernando Alonso. Grafismo: Alberte Permuy. Maquillaxe: Dolores Centeno. Xefe de produción: Francisco Oti. Producción e distribución: C. D. G.

-E. C./A. N. E., "Lisístrata': a metáfora do CDG", *O Correo Galego*, 16 decembro 1996, p. 18. Noticia sobre a preparación e ensaios da próxima produción do C. D. G., *Lisístrata, ou cando as mulleres reviraron*, baseada nos textos de Aristófanes *Lisístrata* e *Asamblea de mulleres*, baixo a dirección de



Eduardo Alonso. Anúnciase a próxima estrea para o vinte e catro de xaneiro no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

-V. Festeixo.



Centro Dramático Vilalbés (1): *A importancia de chamarse Ernesto*, de Oscar Wilde e *Tres na corda frouxa*.

Dirección: María Xosé Lamas. Interpretación: María Xosé Lamas, Paulo Naseiro, Emilio Castro, Cristina Prieto, Toni Orosa.

-Moncho Paz, "Teatro con denominación de orixe", *El Progreso*, 31 agosto 1996, p. 43. Reportaxe sobre o Centro Dramático Vilalbés na que se comenta a situación precaria na que se atopa o grupo que non está respaldado por ningunha institución. Fálase da historia do grupo e das montaxes que levaron a escena dende a súa creación en 1994.

-V. Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Sarria.



Centro Dramático Vilalbés (2): *Tres na corda frouxa*, de Luigi Lunari.

Dirección: María Xosé Lamas.



Iº Certame de Teatro Intercentros

Realizouse en Santiago de Compostela dende o 15 ó 19 de abril. Nel participaron os grupos de teatro dos Institutos de Bacharelato Antón Fraguas, Eduardo Pondal, Pontepedriña, Rosalía Castro, Xelmírez I e II, Son, Fontiñas, Lamas de Abade e Politécnico de Conxo.



Ciclo de Teatro en Padrón

Organizado polo concello de Padrón no mes de marzo. Nel participaron os seguintes grupos: Atepa (Aulas da Terceira Idade Padronesa) coa peza *A Tía Nicasia* e *Doña Frasquita y el Sacristán*, A Mámoa, de Luou-Teo con *Se o sei... non volvo a casa*, o Liceo Marítimo Rianxeiro con *A venganza de don Mendo*, a Compañía Marías con *Squash-Sinopse*, Feirantes, Balboas con *Proceso en Jacobusland* e Airiños con *A Farsa do Avogado*.

-Ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

Castro Cajaraville, "El teatro, centro de la cultura", *El Correo Gallego*, "Carta padronesa", 2 marzo 1996,

38. Refírese ó comezo do Ciclo de Teatro en Padrón e recolle os nomes dos grupos e obras representadas.



IIº Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela (Vª Centenario)

Desenvolveuse do 15 de abril ó 20 de maio no Campus de Santiago. Enmarcouse no programa de actividades conmemorativas do Vº Centenario da Universidade de Compostela. Incluíu vintedúas montaxes de agrupacións teatrais procedentes de distintas universidades galegas, españolas e latinoamericanas. As postas en escena realizáronse en cinco idiomas: galego, español, francés, inglés e alemán. Desenvolveuse nas seguintes salas: Sala Nasa, Teatro Principal de Santiago e Auditorio Gustavo Freire de Lugo. As obras representadas en galego foron *Deire, a coitada*, de Synge (Aula de Teatro do Campus de Lugo); *O desengano do prioiro*, de Ramón Otero Pedrayo (Teatro do Aquí); *Tres por tres*, de Gabriel Penabade (Grupo de Teatro da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago); *Terror e miseria de nación poderosa* (Maricastaña), e *Berna*, de Eis.

-Quique Chuvieco, "En algo menos de quince días se subirá el telón del encuentro estudiantil", *El Ideal Gallego*, 3 abril 1996, p. 8. Noticia do IIº Certame de Teatro Universitario organizado pola USC, infórmase da dotación económica coa que conta o certame e dos grupos dos distintos países e das universidades españolas que participarán no encontro. A Mostra celebrarase no Teatro Principal e na Sala Nasa.



-E. C., "Manuel Lourenzo: 'O teatro, como a sociedade, ten a súa identidade diluída'", *O Correo Galego*, 4 maio 1996, p. 35. Artigo que recolle diferentes opinións dos directores que participaron na mesa redonda para analiza-la situación actual do teatro celebrada na Galería Sargadelos dentro da programación do IIº Encontro de Teatro Universitario. Entre outras recóllense as opinións de Manuel Lourenzo que cualifica a situación do teatro galego como penosa; José Monleón, director do Instituto Internacional do Teatro do Mediterráneo, quen fixo tamén unha valoración pouco positiva do teatro actual; Antonio Cabido, director do teatro da cidade portuguesa da Almada, apuntou a necesidade de buscar un público e Ahmed Massaia, director do Instituto de Arte Dramática de Rabat, afirmou que nos países árabes o feito teatral como se concibe en Occidente é algo novo e alleo.

-M. N., "Dos obras de teatro para una celebración", *El Correo Gallego*, 26 setembro 1996, p. 58. Dá conta da participación nos actos da conmemoración do Vº Centenario da Universidade de Santiago do C. D. G. coa obra *Nau de amores*, dirixida por Cándido Pazó e baseada en textos de Gil Vicente, e da Aula de Teatro da propia universidade coa organización do Ciclo-Mostra Internacional de Teatro Universitario. Nesta Mostra participaron, ademais da Aula de Teatro da Universidade compostelá coa obra *A velada espectral de Mister Peabody*, de Manuel Lourenzo, outros grupos estatais e internacionais. Por outra banda informa dos cursos organizados polo grupo universitario.

-V. Sala NASA.



Clube Deportivo O Grove: *O señor feudal*, de Francisco Franco Calvete.

Dirección: Jacobo Caneda.

Música: Carlos Otero Padín.

-Sen sinatura, "O Clube Deportivo O Grove porá en escena *O señor feudal*", *O Salnés/Siradella*, ano III, nº 40, 29 abril-13 maio 1996, p. 29. Entrevista a Jacobo Caneda, director da montaxe, na que conta as razóns que os levaron a representar esta peza no 65 aniversario, cómo foi a experiencia e cántas funcións vai te-la obra.



Compañía Marías (1): *Squash*, de Ernesto Caballero, adapt. e trad. Xepe Casanova.

Dirección: Quico Cadaval. Dramaturxia: Xepe Casanova. Interpretación: María Bouzas, María Pujalte e Luís Tosar. Escenografía: Quico Cadaval. Iluminación: Baltasar Patiño. Vestuario: Xavier Picallo.

-Manuel F. Vieites, "Producción teatral e control de calidade", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXI, 13 xaneiro 1996, p. 4. Trala representación da peza *Squash* pola Compañía Marías, Manuel Vieites invita ó debate sobre o teatro galego actual e sinala que se cae habitualmente nos mesmos estereotipos e propostas interpretativas que xa foran rexeitadas por Rafael Dieste nos anos vinte, por consideralas reduccionistas e pintoresquistas. A propósito de *Squash* sinala que o espectáculo "funciona, que "engancha" porque se trata "dun espectáculo ben actuado e dirixido, dunha montaxe "divertida", pero "a obsesiva insistencia na dimensión cómica impide que irrompa esa outra realidade trágica que afoga ós personaxes". Sinala que nese aspecto radica a diferenza entre o que a peza é e o que puido ter sido.

-Raquel Feijoo, "E tí, ¿de que ris?", *La Región*, 7 marzo 1996, p. 13.



Entrevista a Quico Cadaval, director da obra *Squash*, de Ernesto Caballero que se presenta no Principal de Ourense a cargo da Compañía Marías. Recolle consideracións do director e do elenco: Mónica García, María Bouzas e Manuel Millán, acerca do motivo que os levou a elixir esta obra e de cáles son os obxectivos que perseguen con esta montaxe. Ofrece unha siphnose da obra.

-S. Mella, "Una cita con el mejor teatro gallego", *Diario 16 de Galicia*, 21 marzo 1996, p. 12. Nota sobre a representación de *Squash* pola compañía de teatro Marías no Foro Metropolitano da Coruña.

V. Ciclo de Teatro en
Padrón.

V. Noites Teatrais de
Cariño.



Compañía Marías (2): *A voda dos moinantes*, de John Millington Synge, versión Xepe Casanova.

Dirección: Quico Cadaval. Axudante de dirección: Xepe Casanova. Interpretación: María Bouzas, Manuel Millán, Xan Cejudo, Pilar Pereira, Bernardo Martínez, Olga Fernández. Escenografía e vestuario: Ivan Thompson. Iluminación: Antón Vázquez. Música: Bernardo Martínez. Grafismo: 1 MEDIA. Producción: Compañía Marías.

-R. F., "Unha farsa que une a diversión coa violencia", *La Región*, 13 decembro 1996, p. 16. Noticia da representación da obra *A voda dos moinantes*, de Synge no Teatro Principal de Ourense, os integrantes da compañía falan dos motivos que os levaron a escoller esta obra e da amplitude social que acada, pois as conviccións da sociedade convencional son contrapostas ás dos moinantes.

-Raquel Feijoo, "Implicación en corpo e alma", *La Región*, 14 decembro 1996, p. 16.



Entrevista con María Bouzas, integrante da Compañía Marías, que fala do espectáculo que están a representar no Teatro Principal de Ourense, das razóns que levaron á compañía a eleixir esta obra irlandesa e das características de cada un dos elementos que integran o espectáculo.

-Óscar Losada, "Os autores irlandeses están de moda no teatro galego", *La Voz de Galicia*, 27 outubro 1996, p. 5. Descrito en Espello Cóncavo, nestas páxinas.



Comité pro autores perseguidos: *A importancia da chamarse Ernesto*, de Óscar Wilde.

Dirección, iluminación e son: Patricia Piñeiro, María Leira. Interpretación: Francisco X. Salgado, Ron Hijouk, Isabel Becerra, Claire Sabatier, Françoise Bouve, Wendy García, Beatriz Nervión, Pilar Rey, guadalupe Vázquez, Magdalena Pombo, Lorena Pallares, Patricia Viveiro, Montserrat Méndez, Gema Sanjurjo, Paula Méndez. Escenografía: María Lorenzo, Alfonso Pazos, Pablo Majo.



Curtas de Teatro Galego

Cuarta edición das xornadas teatrais que organiza a Sala Galán en Santiago de Compostela para dar a coñecer curtos teatrais realizados por compañías profesionais ou actores e actrices que queren expoñer un traballo de forma individual. Con estas xornadas, celebradas a fin de semana do 4 ó 7 de xullo, pecha esta sala a tempada. Os participantes foron os seguintes: Factoría Teatro, Lef Casemelle e César Martínez con *Perfume*; Santi Prego (de Ollomoltranvía) con *Habríame caer a cara coa vergonza*; Quico Cadaval e Roger Colom con *Ohio impromptu*, de Samuel Beckett; Cristiane Boullosa con *Entre o amor e o medo*, dirixida por Carlos Neira; Claudia Campos cunha colaxe musical; Carmen Ares (de Espacio Aberto) con *O pero da memoria*; Patricia Vázquez, Rebeca Montero e Mara Sánchez con *Ven e vai*, de Samuel Beckett, dirixida por Quico Cadaval; Matarile Teatro tomou como pretexto un extracto de *Corazón tan blanco*, de Javier Marías; os alumnos de Espacio Aberto presentaron *Rostros*; Gena Baamonde, *María a parva*; Elsinor Teatro, *Galeguidade*, dirixida por Manuel Lourenzo. Pechouse esta edición cunha proposta de Kukas titulada *O método Stanislaski*.



Chévere (1): *Annus horribilis*, de Pepe Sendón e Fran Pérez.

Dirección: Carlos Santiago. Interpretación: Miguel de Lira, Patricia Lorenzo, Manuel Cortés, Pepe Sendón, Fran Pérez. Música: Fran Pérez e Suso Alonso.

-Quique Chuvieco, "La compañía de teatro Chévere representa su obra *Annus horribilis*, *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 8 febreiro 1996, p. 9. Reposición na Sala Nasa da comedia musical *Annus horribilis* polo grupo Chévere ó fin da súa xira por España coa obra, que leva como subtítulo "Pícola Ópera Portábil". Trátase dunha peza fundamentalmente musical e o libreto da obra e a música son de dous membros do grupo, Pepe Sendón e Fran Pérez respectivamente. O grupo fala de que o seu propósito nesta peza é divertir ó público e que cando foi representada aquí por primeira vez non tivo moita aceptación. Apuntan tamén a posibilidade de edita-la banda sonora do espectáculo.

-Nacho Chao, "A aprendizaxe da heterodoxia", *El Mundo*, "Galicia", 11 febreiro 1996, p. 4. Reportaxe na que se conta o nacemento, o funcionamento e as distintas transformacións que sufriu un proxecto inicial de busca dun espazo alternativo, fóra dos circuitos institucionais, ata converterse nunha Nave de Servicios Artísticos (NASA). Fálase da traxectoria da sala dende a súa creación no ano 92 ata hoxe e apúntanse algunhas das actuacións máis significativas. O artigo recolle tamén a actuación de Chévere coa súa oitava produción, *Annus horribilis* como fin da xira que fixeron co espectáculo por toda España. Fálase tamén de cómo se fixo o espectáculo e do seu argumento.



-Aníbal C. Malvar, "Chévere ou a teima de dar o 'bel' cante", *El Mundo Galicia*, 18 febreiro 1996, p. 5. Breve nota sobre a Ópera Piccola *Annus horribilis*, de Chévere. O articulista destaca a enxeñosidade do grupo á hora de facer este espectáculo.

-Ana Iglesias, "Un género lírico sin fronteras", *El Correo Gallego*, 10 decembro 1996, p. 33. Noticia da celebración en Santiago da segunda parte do Festival de Ópera de Peto organizada por Chévere, o Teatro Malic de Cataluña e o Teatro Principal de Santiago. Neste festival actúa a compañía galega co espectáculo *Annus horribilis*, coa que obtivo un grande éxito na súa actuación en Barcelona.

-C. Vidal, "Homenaxe e paródias de Chévere á ópera", *A Nosa Terra*, nº 758, "Guieiro Cultural", 26 decembro 1996, p. 17. Comentario encol da peza *Annus horribilis*, galardoada en Barcelona como mellor musical do ano. Exáltase o labor levado a cabo pola compañía tanto dende a Sala Nasa coma dende a Compañía Chévere, salientase o feito de ser unha obra realizada sen ningún apoio institucional e acadar unha calidade moi aceptable. Tamén se resalta a alta dose de humor que tingue toda a peza. Os membros do grupo apuntan novos traballos que acometerán en breve.

V. Festeixo.

V. Festival Ópera de

Peto.



Chévere (2): Resaca, de Pepe Sendón.

Dirección: Pepe Sendón.

-Quique Chuvieco, "La Nasa presenta esta noche la obra Resaca en el 'Festival de Ópera de Peto'", *El Ideal Gallego*, 6 novembro 1996, p. 10. Presentación da obra *Resaca* na Sala Nasa pola compañía Chévere dentro do programa do "Festival Ópera de Peto", que organiza o local alternativo en colaboración coa sala catalana Malic.

-Ana Iglesias, "La ópera do peto' vuelve a la cartelera con el recital de la soprano Yrene Martínez", *El Correo Gallego*, 8 decembro 1996, p. 28. Actuación do grupo Chévere na Sala Nasa coa nova obra *Resaca* e reposición da obra *Annus horribilis*, dentro do Festival Ópera do Peto.

-V. Festival Ópera de Peto.



Elsinor Teatro (1): *A estratexia do narco*, de Manuel Lourenzo.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación: Iván Toxeiro, Pablo Rodríguez, Cilla Lourenzo, Manuel Lourenzo. Escenografía: Elsinor Teatro. Iluminación: Brandán Lourenzo. Producción: Elsinor Teatro.

Iván Cociña, "O teatro recórdache as cousas", *La Voz de Galicia* (Edición da Mariña), 13 agosto 1996,

32. Conversa con Manuel Lourenzo con motivo da presentación en Sargadelos da súa obra *A estratexia do narco*, co Clube Teatral Elsinor. O autor e director dramático fala da montaxe, cunha trama psicolóxica que inclúe o tema do narcotráfico. Afirmo ademais que "fai teatro para entende-la súa época".

-V. IXª Mostra de Teatro de Cee.



Elsinor Teatro (2): O regreso, de Manuel Lourenzo.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación: Pablo Rodríguez, Manuel Lourenzo. Escenografía: Rodrigo Roel. Iluminación: Manuel Lourenzo. Son: Brandán Lourenzo. Producción: Monserrat Mória.

-Quique Chuvieco, "Manuel Lorenzo presenta en Santiago su montaje 'O regreso'", *El Ideal Gallego*, 12 decembro 1996, p. 11. Informa da actuación na Sala Galán do grupo Elsinor Teatro; os intérpretes da obra falan do argumento, do trasfondo da peza e do éxito que están a ter na xira por Galicia. Os integrantes do grupo explican que a obra aborda dende un prisma humano o tema da morte, que moitas veces é tratado como un tema tabú dentro da nosa sociedade; o director comenta a crecente afección de xente nova ó teatro e analiza como un respiro, pois están "baqueteados por terminadores... e mensaxes insulsos".

-A. I., "El dramaturgo Manuel Lourenzo estrena en la Galán su obra 'O regreso'", *El Correo Gallego*, 12 decembro 1996, p. 30. Noticia da presentación na Sala Galán da obra *O regreso*, de Manuel Lourenzo polo grupo Elsinor Teatro. Informa que esta obra foi ensaiada en substitución de *A estratexia do narco* do mesmo autor que foi suspendido tralo falecemento do actor Ibán Toxeiro.



-V. Curtas de Teatro Galego.



Elsinor Teatro (3): *A velada de Londres*, de Manuel Lourenzo.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación: Alfonso Pérez, Cilla Lourenzo, Xesús Balboa, Iván Toxeiro. Escenografía e vestuario: C. T. Elsinor.



Enxebre: *Soño dunha noite de San Xoán*, de William Shakespeare, trad. e adapt. Manuel Guede e Eduardo Alonso.

Dirección: Jacobo Otero Garrido. Interpretación: Ángela Sena, Lanzada Calatayud, Pacucho Álvarez, Abel Óscar Fernández, Víctor Martínez, Alberto Vila, Loli Araújo, Loli Lores, Carmina López, Luís Escalante, Tere García, Daniel Radrío, Ernesto Otero, Marga Fontoira, Jorge David Magdalena, Robilo Cacabelos, Anita Domínguez, Nieves Caneda, Chiruca Míguez, Almudena Abalo, Liliana Barral, Ángela Fernández, Carlos Caneda, Montse Álvarez, Margarita Otero, Miriam Chaves, Laura Ribeiro, Cristina López e Susana Raposo. Escenografía: Tere García, Miguel Otero, Marta Álvarez, Rosi Campos, Manchu Prieto, Mónica Caneda. Vestiario: Loli Garrido. Iluminación: Robillo Cacabelos e Juan Antonio. Grafismo: Santiago Ximénez. Son: Solana. Xefe de Producción: Viky Fernández.



Escoitade: *Os peixes vermellos*, de Jean Anouilh, trad. Manuel Dasilva.

Dirección e dramaturxia: Raúl Alonso. Interpretación: Manuel Dasilva, Alicia Vila, Alberto Alonso, Dolores Comesaña, Sergio Martínez, Hugo Costas, Sofía Martínez, Raquel Orge, Raúl Alonso Rodríguez. Escenografía, vestuario: Escoitade. Iluminación: Manuel Dasilva. Son: Xoán Alonso.

-A. D., “El grupo teatral Escoitade estrena su último montaje”, *Atlántico Diario*, 27 xaneiro 1996, p. 75. Breve nota sobre a presentación desta obra no centro cultural Valadares de Vigo polo grupo Escoitade. Ofrece o elenco e unha breve siphnose da obra.

-Fernando Franco, “*Os peixes vermellos*: nueve actores y una obra de humor”, *Faro de Vigo*, 27 xaneiro 1996, p. 43. Noticia sobre a posta en escena da obra *Os peixes vermellos*, comedia de Jean Anouilh traducida por Manuel Dasilva e dirixida por Raúl Alonso. Faise unha breve mención da historia do grupo dende o seu nacemento en 1973 ata hoxe.

-Ana R./Eva R., “Cuando el arte viaja en furgoneta”, *Faro de Vigo*, “Especial Ciudad”, 6 febreiro 1996, p. 8. Noticia da representación da obra *Os peixes vermellos*, de Jean Anouilh polo grupo teatral Escoitade no Centro Cultural Valadares de Vigo. Os comentaristas resumen o argumento da obra e fan un seguimento da historia do grupo, do seu ámbito de traballo e da procedencia e formación dos membros da compañía. Resaltan o uso do galego como único idioma nas montaxes do grupo.



Espello Cóncavo (1): *Vapores*, de Nell Dum, trad. Miguel Pérez Romero.

Dirección: Arturo López. Interpretación: María Mosteiro, Rosa Álvarez, Patricia Vázquez, Mercedes Castro, Mara Sánchez, Flor Maceiras, Lino Braxe. Escenografía: Marcelino de Santiago "Kukas". Iluminación: Arturo López. Son: Francisco Gómez Pena. Gráfico: Marcelino de Santiago "Kukas". Maquillaxe: Carmela Montero. Producción: Teresa Horro.

-Óscar Losada, "Teatro da televisión e do feminino", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 55, 14 marzo 1996. Noticia que dá conta da estrea de dúas obras, *Vapores*, de Nell Dum pola compañía Espello Cóncavo e *Ladraremos*, de Gustavo Pernas polo grupo Áncora Producións. A primeira dirixida por Arturo López que describe a ambientación da obra e o proceso de traballo do grupo. *Ladraremos* é cualificada como comedia de amor e medo que trata o tema da incomunicación. O articulista analiza o proceso de creación do texto e o contido da peza, na que o autor participa como protagonista. Arturo López e Gustavo Pernas fan unha valoración do teatro galego no marco do teatro estatal.



-Beatriz Pallas, "El hombre no puede pensar como mujer", *La Voz de Galicia* (Edición da Coruña), 15 marzo 1996, p. 41. Entrevista a Arturo López, director da compañía teatral "Espello Cóncavo", con motivo da representación da obra de Nell Dunn, *Vapores*. Fala da compañía e do que significa dirixir unha obra como *Vapores* na que só hai personaxes femininos. Sinala ademais o retraso sen xustificación que sofre o teatro galego en contraste co interese do público que é cada vez maior.

- J. A. Martínez Sevilla, "Almas desnudas", *La Voz de Galicia*, (Edición da Coruña), "Teatro", 19 marzo 1996, p. 33. Crítica de *Vapores* con motivo da estrea no Teatro Rosalía de A Coruña. Sinala o desafío e a audacia dos desnudos e a técnica dramática, e inclúe uns breves comentarios sobre as seis personaxes femininas e as actrices que os representan.

-R. F., "Desnudo interior a escena", *La Región*, 11 abril 1996, p. 13. Infórmase nesta noticia sobre a presentación da obra *Vapores* da autora inglesa Nell Dunn, no teatro Principal de Ourense. O articulista fai mención ó universo no que se ambienta a peza e ofrece diversas consideracións da obra dende o punto de vista das actrices protagonistas e do director do espectáculo, Arturo López.

-Raquel Feijoo, "Unha partitura contemporánea", *La Región*, 14 abril 1996, p. 23. Entrevista con Arturo López, director da obra, e con Rosa Álvarez e Flor Maceiras, dúas das actrices, despois do seu paso polo Teatro Principal de Ourense. Os compoñentes da compañía falan do porqué da elección desta obra, da importancia da escenografía, da iluminación, do texto e dos temas que se tratan na peza. O director resalta a universalidade da temática, mentres que as actrices analizan o proceso de traballo e os problemas que supuxo para cada unha encarna-la súa personaxe.



-A. I., “Espello Cóncavo traerá al Aula de Cultura una tragicomedia sobre mujeres”, *El Correo Gallego*, 25 maio 1996, p. 30. Breve nota sobre a presentación da montaxe *Vapores* pola compañía Espello Cóncavo en Santiago na Aula de Cultura de Caixa Galicia. Arturo López, o director, analiza brevemente o contido e os personaxes da obra.

- Beatriz Pallas, “El problema de la mujer no ha cambiado”, *La Voz de Galicia* (Edición de A Coruña), 28 maio 1996, p. 41. Recolle as palabras de María Mosteiro, actriz da compañía Espello Cóncavo, quen reflexiona sobre o seu papel na peza *Vapores*, de Nell Dunn. A obra, protagonizada por mulleres, pon de manifesto que a problemática da muller aínda non cambiou. Recoñece que actúa con ganas e ilusión a pesar da escaseza de traballo. As compañías pequenas son, segundo ela, a única saída.

-Carme Vidal, “Cenário de mulleres”, *A Nosa Terra*, nº 729, “Guieiro Cultural”, 6 xuño 1996, p. 23. Artigo no que a comentarista subliña o traballo das seis actrices galegas que actúan na obra e fai unha análise do contido e trasfondo social que encerra. Resáltase a proximidade da peza ó espectador que, segundo a comentarista, non pode permanecer alleo ó que está a ver no escenario, unha profunda análise do papel que xoga a muller na vida cotiá retratado a través de seis personaxes tipo. Menciónase tamén o importante labor do director do espectáculo, Arturo López e a importancia do espacio escénico creado por Kukas.

- Camilo Franco, “Os matices que nos distinguen”, *La Voz de Galicia*, (Edición do Carballiño-O Ribeiro), “Entreacto”, 27 xullo 1996, p. 54. Crítica de *Vapores*, obra de Nell Dunn escenificada por Espello Cóncavo. Comenta os desequilibrios existentes entre as actrices e a falta dun tratamento máis profundo do conflito personal que se presenta.





-V. XIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.



Espello Cóncavo (2): *Bailando en verán*, de Brian Friel, trad. Miguel Pérez

Romero.

Dirección: Arturo López. Interpretación: Xavier Pan, Mercedes Castro, Flor Maceiras, Belén Constenla, Mónica García, Teresa Horro, Xosé Vilarelle, Luís Castro. Escenografía: Marcelino de Santiago "Kukas". Vestuario: Marcelino de Santiago "Kukas". Iluminación: Arturo López. Música: Nani García. Maquillaxe: Carmela Montero.

-Óscar Losada, "Os autores irlandeses están de moda no teatro galego", *La Voz de Galicia*, 27 outubro 1996, p. 5. Comentario encol das pezas irlandesas que están a ser montadas por compañías teatrais galegas. No caso de Espello Cóncavo, o director da obra *Bailando en verán*, Arturo López, fala do espectáculo e da situación das compañías galegas con respecto ás axudas que dá a administración. No caso da Compañía Marías, Quico Cadaval fala do reto que supuxo para el dirixi-la peza irlandesa *A voda dos moirantes*, de Synge, e intenta atopa-las semellanzas que unen a obra irlandesa coa sociedade galega.



A. G. N., "Espello Cóncavo' presenta su último espectáculo", *Diario de Pontevedra*, 14 novembro 1996,
25. Breve nota sobre a actuación da compañía no Teatro Rosalía de Castro coa obra *Bailando en verán*.
-V. X^{as} Xornadas de Teatro de Burela.



Espello Cóncavo (3): *Un día calquera*, de Eugene O'Neil, adapt. de Before Breakfast).

Dirección: Agustín Vega. Interpretación:
Teresa Horro, Arturo López. Escenografía:
Marcelino de Santiago "Kukas". Iluminación:
Arturo López. Son: Miguel L. Soto.



Factoría Teatro: *Na soidade dos campos de algodón*, de Bernard Marie Koltès,
trad. e adapt. Dolores Vilavedra.

Dirección: Cristina Domínguez Dapena.
Interpretación: César Martínez e Alfredo Rodríguez.
Escenografía e vestuario: Carlos Alonso.
Iluminación: Antón Ferreiro.

-Nakane Requejo, "A Factoría teatro", *Diario de Pontevedra*, 24 novembro 1996, p. 6. Nova da actuación da compañía no Teatro Principal de Pontevedra. Indícase que a obra aborda a relación dialéctica entre un *dealer* e un cliente; o comerciante negocia cos desexos do comprador ata chegar a un enfrontamento físico. Koltès trata unha vez máis seres que se atopan á marxe das convencións sociais establecidas.

-D. P., "A Factoría Teatro, ofrece hoy en el Principal, 'Na soidade dos campos de algodón'", *Diario de Pontevedra*, 27 novembro 1996, p. 11. Actuación do grupo compostelano no Teatro Principal de Pontevedra. Os membros da compañía falan da obra como unha grande metáfora das relacións humanas, dentro dos códigos establecidos entre un comerciante e un cliente.



Festival Ópera de Peto

Tivo lugar nos meses de novembro e decembro. Organizado pola Sala Nasa, o Teatro Malic de Cataluña e o Teatro Principal de Santiago, coa intención de impulsar novas montaxes relacionadas coa ópera dentro dunha perspectiva máis festiva e lúdica cá tradicional. A historia deste festival comezou coa representación de *Annus horribilis*, do grupo Chévere, en Barcelona, dentro do programa Intersalas. Daquela pensaron en continua-lo festival de ópera en Compostela. Neste festival participou, representando a Santiago, o grupo Chévere coas pezas *Annus horribilis* e *Resaca*. Para máis información ver Chévere (1) e (2) nestas páxinas.



FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico

Realizouse no mes de outubro por iniciativa do Teatro do Noroeste (de Viana), co apoio do Concello de Viana do Castelo, o Ministerio de Cultura portugués e a Asociación Eixo Atlántico, que reúne a concellos portugueses e galegos. Contou coa participación dunha ducia de grupos galegos: Artello, Chévere, Sarabela, Matarile, Ollomoltranvía, Teatro do Aquí e o Centro Dramático Galego. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.



Festival de Teatro do Carballiño

Tivo lugar do 7 ó 14 de setembro, organizado pola Asociación Cultural Orballo. Celebrouse no Auditorio Municipal do Carballiño. Acudiron sete montaxes, das cales seis son galegas: a compañía valenciana Imprebis cun espectáculo de improvisación; Máscara Producións con *É perigoso asomarse ó interior*; Producións Teatrais do Sur con *Sempre Ubu*; Áncora Producións con *Ladraremos*; Sarabela con *A Esmorga*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.



IIº Festival de Teatro Los Sauces

Festival organizado polo Colexio “Los Sauces” que tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra. Nel participan os seguintes grupos: o grupo de teatro do colexio Los Sauces de Torrelodones coa obra *El lindo Don Diego* e Artello con *A do libro*. Para máis información ver, nestas páxinas, a posta en escena do grupo Artello.



Fontevella (1): *Os vellos non deben namorarse... das rapazas novas*, adapt. do texto de Castelao.

Dirección: Chelo Pampillón. Interpretación: Carlos Rafael González, Jesús Álvarez, Marcelino Rodríguez, Lalo Leirós e Aníbal Alonso Pereiro.

-Eva González, "El teatro: eleixir para los 'setentones", *Faro de Vigo*, 3 xaneiro 1996, p. 12. Noticia acerca da presentación da obra no centro social de Porriño. Chelo Papillón, a directora do grupo, dá conta da adaptación do texto de Castelao e do proceso de traballo que seguiu o grupo para levar esta obra a escena. Resalta a directora a importancia que ten a actividade teatral na terceira idade.



Fontevella (2): *As árbores morren de pé*, de Alejandro Casona.

Dirección: Chelo Pampillón. Interpretación: Marina Tellado, Elena Blanco, Marcelino Rodríguez Santiago, Jesús Álvarez, Amparo Tellado, Carmiña Fernández, Aníbal, Laureano, Herminia Vázquez, Flor Torres, Francalina Ramiro.

Eva González, "Los jubilados de 'Fontevella' sólo conocen éxitos", *Faro de Vigo*, 29 novembro 1996,

5. Noticia da estrea da obra no Centro Cultural do Porriño. A directora do grupo comenta os pormenores da montaxe que sinala como unha das máis complicadas que levou a cabo a compañía e fala da participación da montaxe nos circuítos culturais da Xunta. Infórmase do elenco e do argumento da obra.



Fulano e Mengano: *Cheiro de estrelas*, de Manuel A. Botana e Xosé M. Conde.

Dirección: Xosé M. Conde e M. A. Botana.
Interpretación: Manuel A. Botana, Xosé M. Conde. Escenografía: Manuel A. Botana.
Iluminación e son: Manoel López. Vestiario: Alberto Moldes. Música: Günter Breitenbach.



Grupo de Expresión: *Mourenza*, de Armando Cotarelo Valledor.

Dirección: Manuel Solla. Interpretación: Estefanía Ramallo, Berta Carballo, Manuel Solla, José L. Denis, Lorenzo Tilve, Raquel Méndez, Andrea Bayer. Iluminación e son: José María Solla.

-Beatriz Pallas, "El teatro no tiene nada que inventar", *La Voz de Galicia*, (Edición de A Coruña), 19 marzo 1996, p. 33. Conversa con Xosé M. Rabón a propósito da representación no Teatro Rosalía de Coruña, de *Mourenza*, escrita por Armando Cotarelo Valledor nos anos 30. Xosé Rabón, que é o director de escena, considéraa a mellor obra galega dende o punto de vista da traxedia. A obra, que segue os cánones clásicos da traxedia grega, desenvólvese nunha noite de tormenta na costa da Morte polo que mantiveron a linguaxe mariñeira típica da zona. Fala ademais da necesidade de coordina-las salas públicas e as privadas. Cre que o crecente interese polo teatro galego é unha coincidencia e que hai que facer tamén teatro clásico, universal.

-D. P., "Grupo de Expresión' pone hoy en escena la obra 'Mourenza'", *Diario de Pontevedra*, 10 setembro 1996, p. 10. Actuación do grupo no Teatro Principal de Pontevedra dentro da programación das V^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello, ofrécese unha sinpese da obra, fálase do tema, do reparto e da historia do grupo.

-V. V^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra.



Grupo de Teatro C. C. Dep. A Feira: *Coidado coas persoas formais*, de Alfonso Paso.

Dirección: Antón Álvarez González. Interpretación: Miguel Martínez, Loli Fernández, Xoán Carlos Troncoso, Conchi Fernández, María Xesús González, Antonio Pérez, Cristina Troncoso, M^a Luz Troncoso, Francisco Troncoso, Miguel Blanco.



Grupo de Teatro da Asociación de Mulleres: *O menciñeiro á forza*, de Molière.

Dirección e escenografía: Pedro P. Riobó. Interpretación: Ana M^a Blanco, Dora Sequeiros, Emma Ferverza, Isabel Rodríguez, M^a Carmen Alonso, Sita Villaverde, Fina Pastoriza, Teresa Bermúdez, M^o Carmen Pérez, Leo Alonso.



Grupo TNT Producións Teatrais (Grupo de Teatro da Facultade da Universidade de Vigo): *Azzurro il pomeriggio*, de María Raimúndez, Ana Rus, Maite Veiga.

Dirección: Conchi Costas, Ana Luna, Esther Sánchez. Interpretación: Álvaro García, María Raimúndez, Santi Lopo, Víctor Vizoso, Jorge Mosquera, Emilio Pérez, Mónica Narciandi, Marta García, María Lorenzo, Ana Rus, Cruz Palacín, Maite Veiga, Liliana Valado, Lola Pérez. Escenografía: Lupe Núñez. Vestiario e maquillaxe: Teresa Vidal.

V. Iª Mostra Internacional de Teatro Universitario.



Grupo de Teatro da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago:

Tres por tres (ou comedia de balcón), de Gabriel Penabade.

Dirección: Gabriel Penabade. Interpretación: Laura Fernández, M. V. Mateo-Morales, Ánxeles Goás, Ana Justo, Idoia Jarabo, Ana Belén Lage, Elena Armesto, Mónica Leal, Francisco Montoto, Jorge Vázquez, Fernando González. Escenografía e vestuario: Grupo de teatro da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago. Música: Francisco Montoto e Ánxeles Goás.

V. IIº Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.



Luzada: *O testamento do tío Lele*, de Roger Martin du Gard, trad. e adapt. Xulio Cuns.

Dirección: Colectivo Luzada. Axudante de dirección: Pilar Candamio. Interpretación: Olga Patiño, Manuel Basoa, Xulio Cuns. Escenografía e vestuario: Colectivo Luzada. Iluminación: Francisco Teixeiro.

-J. A. Martínez Sevilla, "La intrigante intrigada", *La Voz de Galicia*, (Edición de A Coruña), "Teatro", 22 setembro 1996, p. 43. Informa do funcionamento da Escola Galega de Teatro que forma parte das actividades do curso 96-97 da asociación cultural coruñesa "Niké", durante a presentación de *O testamento do tío Lele*, polo elenco betanceiro Luzada. O articulista destaca a traducción e adaptación feita por Xulio Cuns da farsa do Premio Nobel francés Roger Martin du Gard, e salienta o bó facer do grupo Luzada.



Maricastaña, Aula de Teatro Universitario de Ourense: *Terror e miseria da nación poderosa*, de Bertolt Brecht.

Dirección, dramaturxia e adaptación: Fernando Dacosta. Axudante de dirección: Anxo Blanco. Interpretación: Cristina Ponce, Miguel Freire, Pablo García, Paz Grande, Ruth Díaz, Juanjo García, Eva Aguilera, Mónica González, Laura González, Anxos Cabada, Ana Montero, María López, Elisa Anta, Maite Gómez, Lidia Gómez. Escenografía e vestuario: Mónica González. Música: Arturo González.

C. V., "Comienza la 'III Mostra de Teatro Universitario Galego'", *Diario de Pontevedra*, 27 maio 1996,

8. Informa do comezo da Mostra na que participarán as Aulas de teatro de Ourense, Lugo, A Coruña, Santiago, Pontevedra e cinco grupos das facultades de Santiago e Vigo. Remata a noticia co anuncio da actuación da Aula de Teatro de Ourense que porá en escena a obra *Terror e miseria da nación poderosa* de Bertolt Brecht, e cunha breve historia deste grupo.

V. IIº Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

V. IIIª Mostra de Teatro Universitario Galego.

V. Iª Mostra Ibérica de Teatro Universitario.



Máscara Producións: *É perigoso asomarse ó interior*, versión de Clacson, Trombette e Pernachi, de Darío Fo, trad. Antón Casal.

Dirección: Xerome Calero e Antón Casal. Interpretación: Ricardo A. Indio, María López, Xerome Calero, Antón Casal, Ana Quinteiros, Xan L. Goberna, Pablo Puga. Escenografía e vestuario: Carlos Alonso. Iluminación: Xerome Calero.

-Fernando Franco, "Máscara producións volve y revuelve el teatro con Darío Fo", *Faro de Vigo*, 29 xuño 1996, p. 12. Nova da reaparición de Máscara Producións cunha obra de autor e baixo un equipo de dirección abandonando a "creación colectiva" que tanto practicara o grupo dende a súa aparición no ano 71. A obra coa que voltan ó escenario é *É perigoso asomarse ó interior*, de Darío Fo, os intérpretes falan da experiencia que supuxo esta montaxe.

-G. Luca de Tena, "Tramas transparentes", *A Nosa Terra*, nº 733, "Guieiro Cultural", 4 xullo 1996, p. 24. Comentario da última montaxe de Máscara Producións no que se fai un resumo do argumento e unha análise do contido da obra de Darío Fo *É perigoso asomarse ó interior*.

-V. Festival de Teatro do Carballiño.



Matarile Teatro (1): Zeppelin nº 7, de Ana Vallés.

Guión e dirección: Ana Vallés. Interpretación: Gena Baamonde, Leonardo Fernández Campos, Claudia Campos, Pasky Marvel, Ana Vallés. Iluminación e música: Baltasar Patiño. Vestuario: Matarile Teatro. Espacio sonoro e musical, iluminación, espacio escénico, axudante de dirección: Baltasar Patiño.

-E. C. , "A Sala Galán libera hoxe as súas portas cos ensaios abertos da montaxe *Zeppelin Nº 7*", *O Correo Galego*, 19 xaneiro 1996. Nova sobre o inicio dos ensaios abertos e gratuítos da produción *Zeppelin Nº 7* de Matarile Teatro, cos que o grupo pretende achega-lo teatro de vangarda ó público máis novo. A obra céntrase nas relacións humanas e neste caso como fío conductor no eterno desexo do home de voar. Parte de fragmentos de *Os ollos azuis pelo negro* de M. Duras e conta con música de sons americanos dos anos 50 e tamén do grupo Cronopios, formación da propia compañía. Ademais faise un breve resumo da programación do primeiro trimestre da Sala Galán.

-Quique Chuvieco, "Matarile Teatro presenta su último trabajo escénico *Zeppelin nº 7* en la Sala Galán", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 7 febreiro 1996, p. 10. Nota previa á presentación da última montaxe do grupo que rexenta a Sala Galán. Baseada no texto *Os ollos azuis pelo negro*, de M. Duras, os membros deste grupo queren reflecti-los desexos humanos por voar, por supera-la finitude propia da súa condición, como xa se enunciaba no mito de Ícaro; en definitiva,



de plasma-la natureza humana libre de ataduras e de abundar na idea do imposible como meta humana. Aseguran que esta montaxe supón unha viraxe na traxectoria do grupo e anuncian que a sala Galán, pasará a chamarse Sala de Arte e Ensaio.

-C. R. , “O *Zeppelin nº 7* de Matarile Teatro despega esta noite de Santiago”, *O Correo Galego*, 7 febreiro 1996, p. 46. Oitavo espectáculo deste grupo que celebra o seu décimo aniversario con esta obra, na que o soño de voar, de elevarse sobre a realidade e as ansias de intensifica-la vida constitúen o seu núcleo temático. Adopta como fío argumental unha relación de parella. O elenco de actores constitúeno Gena Baamonde, Leonardo Fernández Campos, Minke Lap e Ana Vallés. O grupo mantén en cartel tres espectáculos: *Museo*, *Zepellin nº 7* e *33 co que viaxarán a Cuba*.

-I. G., “Matarile Teatro iniciará una gira por España y Europa en mayo”, *El Ideal Gallego*, 22 abril 1996, p. 15. Presentación na Sala Galán da última produción da compañía Matarile *Zeppelin nº 7*, de Ana Vallés. A compañía fala da xira que fará por distintas cidades de Europa: Madrid, Viana do Castelo, Portugal, Utrech, Holanda. Os membros do grupo falan do tema do espectáculo, dirixido por Ana Vallés e sinalan a xestión que levan a cabo os integrantes do grupo da Sala Galán, unha das dúas salas alternativas de Galicia, que se vén de acoller ó programa de intercambio “intersalas” coas restantes salas alternativas de España.

- Manuel F, Vieites, “Zeppelin nº 7, un espectáculo (teatral) necesario”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, “Opiniós desde a butaca”, nº 13, xullo 1996, pp. 92-93. Crítica á representación na Sala Galán da obra *Zeppelin nº 7* por parte do grupo compostelán Matarile. Destácase, sobre todo, o feito de que nesta obra a forza da palabra é substituída “pola forza expresiva e suxestiva das imaxes, dos corpos en movemento, dos acenos...”. Recoñécese a innovación que supoñen obras deste tipo no tocante á recepción por parte do espectador.



Matarile teatro (2): *Negro é negro*, de Ana Vallés, sobre textos de J. M. Alejandro.

Dirección: Ana Vallés. Axudante de dirección: Baltasar Patiño.
Interpretación: Gena Baamonde, Olalla Salgado, Ana Vallés, Pasky Marvel. Escenografía: Baltasar Patiño. Atrezzo e vestuario: Matarile Teatro. Iluminación: Baltasar Patiño. Música: Juan Carlos Martínez Fontana. Grafismo: Ninfa e Riveiro, María Esteirán, Malasartes & Matarile. Producción: Matarile Teatro.

-P. G. D., "Matarile inicia os seus ensaios abertos"/"Matarile Teatro inicia sus ensayos abiertos en la Sala Galán", *O Correo Galego/El Correo Gallego* 27 setembro 1996, p. 36/p. 30. Anuncia o comezo dos ensaios abertos na Sala Galán coa obra *Negro é negro*. Fai tamén un avance da programación da sala.

-L. B., "El teatro que nos viene", *La Voz de Galicia*, 8 outubro 1996, p. 44.
Descrito en Áncora Produccións: *Ladraremos*, nestas páxinas.



-P. G. Quintas, "Matarile estrea hoxe a peza 'Negro é negro'"/"Matarile Teatro vuelve al Principal con el estreno de 'Negro é negro", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 15 outubro 1996, p. 35/p. 30. Presentación da obra *Negro é negro*, baseada nun texto do autor Javier Martínez Alejandre, no Teatro Principal de Santiago. Cunha trama amorosa o espectáculo artéllase cun elemento predominante, o espacio.

V. Curtas de Teatro
Galego.

V. Festeixo.

V. Sala Galán.



Matarile Teatro (3): Museo, de Ana Vallés.

Dirección e dramaturxia: Ana Vallés. Interpretación:
Eugenia Iglesias, Gloria Rico, Ana Vallés. Escenografía,
iluminación, música e son: Baltasar Patiño.



Maxia vermella: *Pedro e o capitán*, de Mario Benedetti.

Dirección: Fernando Morán.

Yose, “Unha das funcións principais do teatro é a denuncia social”, *El Ideal Gallego*, 26 outubro 1996,

64. Entrevista con Fernando Morán, director da montaxe *Pedro e o capitán* que está producida pola compañía Maxia Vermella en colaboración con Amnistía Internacional, e que se representa no Teatro Rosalía de Castro. O entrevistado expresa os motivos que o levaron a esta colaboración e á elección deste texto, tamén se pronuncia encol da situación actual do teatro galego.



Migallas Teatro (1): *O cantante e as mulleres*

Dirección: María Campos. Dramaturxia:
Migallas. Interpretación: Carlos Yus,
María Campos. Iluminación: Migallas.
Son: Luís Felipe Fraile.



Migallas Teatro (2): *Canta conosco*

Dirección: María Campos. Dramaturxia:
Migallas. Interpretación: Carlos Yus,
María Campos. Iluminación: Migallas.
Son: Luís Felipe Fraile.



Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Sarria

Organizada pola Asociación Monte Oribio e patrocinada polo Concello de Sarria. O programa iniciouse o 26 de decembro co grupo de Taboada, O Carballo, que representou a obra *O enfermo imaxinario*. Ademais participaron os seguintes grupos: Telerín Teatro de Sarria con *Prólogo*; o grupo da Asociación Monte Oribio con *O vello miño*; o Centro Dramático Vilalbés con *Tres na corda frouxa* e Faro Miño de Chantada con varios gags agrupados baixo o título *Catro contos*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.



XIIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

Tivo lugar do 2 ó 7 de setembro e contou coa dirección de M^a Xosé Mariño. Compaxina o teatro de rúa co de sala e tódalas pezas presentan como trazo común o seu carácter cómico. No transcurso desta mostra celebráronse -entre o 6 e o 8 do mesmo mes- os I^{os} Encontros de Teatro Galicia-Portugal (Teatragal) e a entrega dos premios da Asociación Xiria ó labor e “deslabor” teatral. Nesta edición participaron, entre os grupos galegos, Producións Teatrais do Sur con *Sempre Ubu*; Teatro do Aquí con *Oé, Oé, Oé*; ademais das representacións na rúa realizadas por Teatro dos Duendes, Teatro da Esmorga, Tanxarina e Axóuxere Teatro para o público infantil e en diversos pubs de Cangas por Iván de Sousa e Teatro do Axóuxere. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

-M. Sío Dopeso, “O Morrazo entra en escena”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 80, 5 setembro 1996, pp. 14-15. Crónica da mostra organizada polo Concello de Cangas. Saliéntase a real precariedade económica que está a sufrir-lo certame, que nesta edición conta coa terceira parte do presuposto do ano 1984, e a falta de infraestrutura para poder acolle-las actuacións da mostra. Ofrécense os criterios de selección das compañías participantes e anúnciase a actuación dos grupos galegos: Producións Teatrais do Sur con *Ubu encadeado*, de Alfred Jarry; Teatro do Aquí con *Oé, Oé, Oé* na modalidade de teatro de sala e na de teatro de rúa e pubs, Teatro dos Duendes e Teatro do Axóuxere, respectivamente.



IXª Mostra de Teatro de Cee

Desenvolveuse do 24 ó 30 de agosto na localidade de Cee, baixo a dirección de Artur Trillo. Organizouna a Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade coas subvencións do Concello de Cee e a Deputación da Coruña. As actuacións tiveron lugar no salón de actos da Fundación Fernando Blanco. Participaron nesta Mostra: Compañía Alba con *As criadas*, Elsinor Teatro con *A estratexia do narco*, Os Quinquilláns con *As voces do mar* (destinado ó público infantil), Teatro do Aquí con *Oé, oé, oé*, Bacharel con *Wonderball Circus*, Berrobambán con *Auto*, Teatro do Improvisto con *Historia dun saltimbanqui* e Talía Teatro con *A secreta obscenidade de cada día*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.



Mostra de Teatro na Pedreira

Tivo lugar na Área Comercial Zona Monumental de Pontevedra entre os meses de xullo e agosto, coa colaboración do Concello de Pontevedra, a Deputación e a Consellería de Cultura. Os actos, que inclúen ademais de representacións teatrais unha feira artesanal, realízanse na Praza da Pedreira. Participaron os seguintes grupos: Teatro Descoñecido con *Voando á casa ou Unha historia de trasnos*; Teatro Kaos con *Amor e crimes de Juan Pantera* e Teatro do Morcego con *Os patios da memoria*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

J. G., "Teatro y ferias en A Pedreira durante los meses de julio y agosto", *Atlántico Diario*, 10 xullo 1996,

20. Dá conta da nómina de grupos participantes da programación cultural da Mostra de Teatro na Pedreira, que programa o Concello de Pontevedra en colaboración coa Asociación de comerciantes da zona monumental e a Consellería da Cultura.



Iª Mostra Ibérica de Teatro Universitario

Organizada pola Aula de Teatro da Universidade de Ourense co patrocinio do Vicerrectorado de Relacións Exteriores da Universidade Sur e a Concellalía de Cultura do Concello de Ourense. Tivo lugar en Ourense do 29 de maio ó 7 de xuño, dirixida a poñer en escena obras representadas por grupos de ámbito universitario. Participaron grupos de Sevilla, Lugo, Lisboa, Santiago, País Vasco, Pontevedra e Zaragoza. Os grupos galegos que tomaron parte nesta mostra foron: a Aula de Teatro Universitario de Santiago de Compostela coa peza *A velada espectral de Mister Peabody*; a Aula de Teatro do Campus de Lugo con *Deire, a coitada* e o grupo organizador, Maricastaña con *Terror e miseria da nación poderosa*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.



XIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Tivo lugar en Ourense do 20 ó 28 de xullo. O director desta Mostra é dende os seus inicios no ano 1973, Rubén García. Nesta edición participaron doce compañías: catro galegas, seis do resto de España e dúas estranxeiras. Os grupos galegos participantes foron Teatro do Vilar con *María a Mosca*, Áncora Producións con *Ladraremos*, Espello Cóncavo con *Vapores*, Teatro do Aquí con *Oé, oé, oé* e Monicreques de Kukas. Ademais organizouse por primeira vez o día do afeccionado e un taller de animación na rúa. A Mostra conta coa subvención da Consellería de Cultura e a Deputación de Ourense. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

-C. Paradela, "La Mostra de Teatro tendrá igual subvención que en la última edición", *La Región*, 27 xuño 1996, p. 20. Artigo que resume o encontro das autoridades do concello de Ribadavia co conselleiro de Cultura do Goberno autonómico co fin de cerrar un trato para fixa-lo orzamento da MIT deste ano, que segundo o artigo non variará con respecto á convocatoria do ano anterior.

-A. Estévez, "Ribadavia cumple doce anos como cenário teatral", *A Nosa Terra*, nº 734, "Guieiro Cultural", 11 xullo 1996, p. Artigo dedicado á duodécima edición da Mostra de Teatro de Ribadavia, celebrada no Auditorio do Castelo do 20 ó 28 de xullo. Coméntase o difícil traballo da organización de cada ano, segundo sinala o director da Mostra, Rubén García. Faise un repaso polo programa no que destacan, entre as obras de



teatro galego, Oé, oé, oé, de Teatro do Aquí, ademais dun taller de animación para nenos a cargo do grupo Kukas.

-Camilo Franco, "Ribadavia: cercados pola economía", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 73, 18 xullo 1996, p. 14. Informa das penurias económicas que está a pasar a MIT nesta convocatoria que os levou a ter que prescindir de grupos que non estaban ó seu alcance, como a maioría das compañías catalanas que soían recalar na mostra. O director da mostra, Rubén García, comenta que neste ano non haberá tanta comedia como nos anteriores pero que chegarán compañías novas na MIT como Espello Cóncavo, Áncora Produccións, Teatro do Aquí e Kukas, que guiará un taller de animación destinado ós rapaces.

V. R., "Hoy se clausura la XII edición de la Mostra de Teatro de Ribadavia", *El Mundo*, 28 xullo 1996,

7. Noticia da clausura da XIIª MIT coa actuación de Teatro do Aquí, coa obra *Oé, Oé, Oé*. A noticia recolle algunhas declaracións do director da mostra, Rubén García, que expresa a súa satisfacción pola afluencia regular do público ás funcións e polo equilibrio que conseguiron ó programar teatro clásico e teatro alternativo.

-Carla Ruano, "Se atasca el telón", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", 1 agosto 1996, pp. 2-4. Comentario sobre a última entrega da mostra, da que se fai unha valoración da calidade e da evolución da mesma segundo foron avanzando os anos; faise tamén un seguimento do teatro galego actual que, a xulgar polo artigo, atópase inmerso nunha etapa onde as institucións a través de subvencións no canto de estimular un teatro de máis calidade o que fai e corta-la súa creatividade e desenvolvemento. Analízanse tamén as repercusións que tivo a creación do C. D. G. no panorama teatral de Galicia e a perda do Premio de Teatro *Álvaro Cunqueiro*, feito que conleva que o único Premio que queda para



promociona-la escrita dramática é o *Rafael Dieste* promovido pola Deputación da Coruña. Por último faise unha reflexión sobre a participación das compañías galegas nos circuítos estatais de teatro e do interés que subscitan os textos de teatro Galego alén das nosas fronteiras.



IIIª Mostra de Teatro Universitario Galego

Tivo lugar do 27 de maio ó 7 de xuño no Teatro Principal de Pontevedra. Estivo organizada polo Vicerrectorado de Relacións Exteriores da Universidade de Vigo e coordinado pola Aula de Teatro do Campus de Pontevedra, contando cos apoios económicos de Caixa Pontevedra, da Deputación de Pontevedra, do Concello, de Edicións Xerais e Kalandraka Teatro. Colaboran así mesmo a Escola de Maxisterio e a Escola de Belas Artes de Pontevedra. Participaron nesta mostra as Aulas de Teatros da Coruña, Santiago, Ourense, Lugo e Pontevedra, ademais de cinco grupos das facultades de Santiago e Vigo. Abriuse co grupo Maricastaña, da Aula de Teatro do Campus de Ourense, que representou a peza *Terror e miseria da nación poderosa* á que seguiron *Madrecoraxe* do grupo A Balteira da Universidade da Coruña. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

-D. P., "El campus local concentrará la tercera Mostra de teatro Universitario Galego", *Diario de Pontevedra*, 25 de maio 1996, p. 6. O director da Escola de Maxisterio de Pontevedra, o director da Aula de teatro de Pontevedra e a concelleira de cultura do concello pontevedrés presentan a IIIª Mostra que se celebrará no Teatro Principal e no Auditorio da Caixa de Pontevedra. Nesta Mostra participarán grupos de teatro universitario das tres universidades galegas.



IIª Mostra de Teatro no Barrio de San Pedro

Comezou o día 2 de marzo e tivo lugar na sede do Centro Cultural Don Bosco. Foi organizada polo grupo de teatro deste centro, Carauta Teatro e a Asociación de Veciños A Xuntanza e nela participaron seis compañías que representaron comedias, musicais e dramas. A obra coa que se iniciou a mostra foi *Mary Poppins*, representada pola Asociación de Teatro Infantil de Vigo. A continuación interviron o Grupo Candilejas de Foz con *Farsa y justicia del corregidor*; o grupo do fogar da terceira idade da Porta do Camiño con *Os cravos de prata*; o Teatro Anónimo de Vilagarcía con *Cabodano*, de Euloxio Ruibal; o grupo de Teatro Boscp con *Jesucristo superstar*, e por fin, o 30 de marzo Carauta Teatro pechou a mostra con *O enfermo imaxinario*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.



Iª Mostra Internacional de Teatro Universitario

Tivo lugar entre os días 2 e 12 de maio no Teatro Principal e no Auditorio da Caixa de Pontevedra e foi promovida pola Aula de Teatro do Campus de Pontevedra e a Universidade de Vigo coa colaboración do Vicerreitorado de Relacións Exteriores da Universidade de Vigo, o Concello da cidade, a Deputación de Pontevedra, Caja de Madrid, Edicións Xerais, a facultade de Belas Artes e a Escola de Maxisterio. Nela estiveron representados estudantes de distintas facultades de Madrid, Navarra, Lisboa, México e San Juan de Puerto Rico, así como de diferentes universidades galegas. Representáronse dez obras, entre as que destacan: *Andersen ou o conto da súa vida*, pola Aula de Teatro de Pontevedra; *Deire, a coitada*, pola Aula de Teatro do Campus de Lugo e *Azzurro, il pomeriggio*, polo grupo TNT de Vigo. Tamén participaron o grupo A Balteira da Coruña, o Grupo de Teatro da Universidade Autónoma de Madrid e o Grupo da Universidade Técnica de Lisboa. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

D. P., "Presentan la 'I Mostra Internacional de Teatro", *Diario de Pontevedra*, 26 abril 1996, p. 15. Noticia da presentación da mostra polo director da Aula de Teatro do Campus de Pontevedra, Xan Couto e pola concelleira de Cultura do Concello de Pontevedra, Blanca Rodríguez. Adiántase que a mostra contará coa presenza de grupos de México, Puerto Rico, España e Portugal.

D. P., "Arranca la 'I Mostra Internacional de teatro universitario", *Diario de Pontevedra*, 2 maio 1996, 8.



Dá conta do inicio da Mostra na Escola de Maxisterio de Pontevedra e adianta a nómina de grupos estranxeiros e estatais que participarán nela.

-C. V., “Con *Andersen ou o conto da ‘súa’ vida*, remata hoy la mostra”, *Diario de Pontevedra*, 12 maio 1996, p. 12. Artigo sobre a representación da obra *Andersen ou o conto da súa vida* baseada en textos de Hans Christian Andersen pola Aula de Teatro do Campus de Pontevedra como última actuación da Primeira Mostra Internacional de Teatro Universitario. Resúmese o contido da obra.

-C. V., “Ana M^a Matute remató los trabajos de la ATP sobre Andersen”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1996, p. 10. Informa da última actuación da Mostra a cargo da ATP coa obra *Andersen ou o conto da súa vida* no Teatro Principal de Pontevedra, e da charla que Ana M^a Matute deu despois de finaliza-lo espectáculo baixo o título “Una infancia de papel”, na que se referiu ó autor da obra que puña en escena a ATP, Hans Christian.

-V. Aula de Teatro de Pontevedra.



III.5. Postas en escena

Noites teatrais de Cariño

Desenvolvéronse entre o 17 e o 20 de agosto e nelas participaron o grupo Sarabela coa representación de *A esmorga*; o Teatro do Noroeste con *Noite de reis*; a Compañía Marías con *Squash*; o grupo Talía Teatro con *Ai Carmela* e Áncora Producións con *Ladraremos*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

-O. Dopico, "As mellores compañías de Galicia nas noites de Cariño", *El Correo Gallego*, 21 agosto 1996, p. 11. Noméanse as compañías que participan nas Noites Teatrais de Cariño.



Nus (Facultade de Xeografía e historia): *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela.

Dirección: Patricia Piñeiro. Interpretación: Javier Naya, Teresa Grande, Mariela Ríos, Cristina García, Marta Casteleiro, Marta Rodríguez, Olga Conde, Lucía Vázquez, Iria Reigosa, María José Marzoa, Juan Luís Castro, Borja Fresco. Iluminación: Patricia Piñeiro. Vestuario: Cristina García, Patricia Piñeiro. Maquillaxe: Mariela Ríos. Son: Javier Naya, Borja Fresco.

-El Ideal Gallego, "Un grupo teatral lucense interpreta la obra de Synge *Deire, a coitada*", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 18 abril 1996, p. 7. Descrito en Aula de Teatro, Campus de Lugo, nestas páxinas.



Obradoiro de Teatro Luces de Bohemia: *Catuxa a de...*, de W. B. Yates.

Verísimo, "Representación da obra de teatro *Catuxa, á de ...*", *Diario de Pontevedra*, 1 marzo 1996,

17. Anúnciase a presentación da obra do autor irlandés na Casa Rosada polo grupo da Sociedade Cultural Deportiva de Raxó. Fálase da traxectoria do grupo dende o seu nacemento en 1994 e do contido da obra.

Verísimo, "Con la puesta en escena de *Katuxa a de...* comienzan las fiestas de Campelo", *Diario de Pontevedra*, 26 xullo 1996, p. 16. Resumo da programación das festas de Campelo, Pontevedra. Destácase que comezan coa representación desta obra de Yates, de carácter costumista, baseada na loita pola independencia de Irlanda a finais do século pasado. Os responsables de *Luces de Bohemia* adaptárona ós costumes e feitos galegos.

Verísimo, "O grupo teatral "Luces de Bohemia" da S.C.D. Raxó comenza unha nova tempada", *Diario de Pontevedra*, 27 outubro 1996, p. 15. Informa da apertura da nova tempada de actividades teatrais do grupo na S. C. D. de Raxó.



Ollomoltranvía: (1) *Commedia, un xoguetete para Goldoni*, de Carlo Goldoni,
adapt. Cándido Pazó.

Dirección: Cándido Pazó. Dramaturxia: Suso Montero. Interpretación: Avelino González, Marcos Orsi, Santiago Prego, Evaristo Calvo, Víctor L. Mosqueira, Nuria Sanz. Iluminación: Alfredo Laforet. Vestiario: Suso Montero. Música: Fernando Reyes. Son: Alberto Pazó.

-Rubén Leivas, "Teatro y música centrarán en Mondoñedo los circuitos culturales", *El Progreso*, 8 marzo 1996, p. 14. Actuación da compañía Ollomoltranvía coa obra *Commedia, un xoguetete para Goldoni* dentro dos circuitos culturais organizados polo concello de Mondoñedo.

-I. G., "Ollomoltranvía presenta su versión de la "Commedia", *El Ideal Gallego*, 26 xuño 1996, p. 20. Posta en escena da obra *Commedia un xoguetete para Goldoni* no Teatro Rosalía da Coruña. O artigo ofrece unha sinopse da peza e algunha consideración dos integrantes do grupo acerca do espectáculo.



Ollomoltranvía: (2) *O rei nu* de Quico Cadaval e Cándido Pazó, baseado nun conto de Andersen, adapt. Cándido Pazó e Quico Cadaval.

Dirección: Cándido Pazó. Axudante de dirección: Patricia Vázquez. Adxunto á dirección: Quico Cadaval. Interpretación: Evaristo Calvo, Avelino González, Víctor L. Mosqueira, Marcos Orsi, Santiago Prego, Nuria Sanz. Escenografía, vestuario: Suso Montero. Atrezzo: TOGT. Iluminación: Alfredo Laforet. Música: Fernando Reyes. Son: Piti Sanz. Composición e dirección musical: Fernando Reyes. Producción executiva: Carne Varela.

E. C. , "Ollomoltranvía vai ó XIII Festival de Teatro de Málaga", *O Correo Galego*, 21 xaneiro 1996, 52. Representación da peza *O rei nu* pola compañía galega no XIIIº Festival de Teatro de Málaga no teatro andaluz Teatro Cervantes. A noticia dá un avance da xira que ten proxectada a compañía en Galicia.



E. C., "O teatro de Galicia súmase ó balbordo cultural de febreiro", *O Correo Galego*, 18 febreiro 1996,

50. Resume a actividade das catro compañías teatrais galegas que máis están a traballar neste momento: Teatro do Noroeste, Ollomoltranvía, Sarabela e o Teatro do Aquí. Entre as representacións destacan *A Esmorga*, de Sarabela Teatro, en varias cidades galegas; *O desengano do prioiro*, dirixida por Vidal Bolaño do Teatro do Aquí; *O rei nú*, de Ollomoltranvía e, por último, *Noite de Reis*, representada polo Teatro do Noroeste baixo a dirección de Eduardo Alonso.

-Quique Chuvieco, "La Compañía Ollomoltranvía escenifica la sátira *O rey nu*", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 22 febreiro 1996, p. 11. Informa da estrea da última montaxe da compañía compostelana no Teatro Principal de Santiago. Os compoñentes do grupo falan da adaptación que ofrecen do texto de Christian Andersen e de cómo, xunguindo texto e números musicais interpretados polos propios actores, conseguen acadar unha comedia satírica cargada de dobres sentidos.

-A. I., "Ollomoltranvía recrea a maxia de Andersen", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 22 febreiro 1996, p. 42/p. 34. Actuación da compañía no Teatro Principal de Compostela coa obra *O rei nu*, recreación feita por Cándido Pazó e Quico Cadaval, do conto de Andersen "O traxe do emperador". O director do espectáculo, Cándido Pazó e os membros da compañía manifestan a súa opinión con respecto á evolución do espectáculo dende a estrea en Redondela e caracterízana de "sátira".

-Aníbal C. Malvar, "*O rei nu* revisa e actualiza as claves da 'commedia dell'arte'", *El Mundo*, 23 febreiro 1996, p. 9.



Crítica do espectáculo recén estreado en Compostela e declaracións do director da montaxe, Cándido Pazó, con respecto á xénese da peza, ó proceso de traballo e á dinámica da compañía neste último proxecto. Infórmase tamén da próxima montaxe que realizará a compañía baixo a dirección de Fabio Mangolini, *Escola de bufóns*, de Michel de Ghelderode.

-Lupe Gómez, "A inseguridade do rei contento coa súa imaxe", *A Nosa Terra*, nº 715, "Guieiro Cultural", 29 febreiro 1996, p. 25. Crítica da montaxe que representa a compañía Ollomoltranvía en Santiago, logo de estar en varias vilas de Galicia. Resáltase do espectáculo *O rei nu*, baseado no conto de Andersen e dirixido por Cándido Pazó, a importancia que recobra o traballo dos actores tanto a nivel interpretativo coma corporal. Saliéntase a sinxeleza do espectáculo e o acadamento da expresividade da linguaxe dos contos. Despois de nos facer unha sinopse da peza a comentarista sinala unha falta de interacción do público no espectáculo, aínda que fai fincapé na total conexión do público co ilarante da comedia que lle ofrece a compañía compostelana.

-V. Outono Teatral Carballés.



Ollomoltranvía: (3) *Escola de bufóns*, de Michel de Ghelderode.

Dirección: Fabio Mangolini. Interpretación: Avelino González, César Martínez "Goldi", Marcos Orsi, Cándido Pazó, Santiago Prego, Nuria Sanz, Luís Tosar, Víctor L. Mosqueira. Escenografía, vestuario e máscaras: Suso Montero. Iluminación: Fabio Mangolini, Antón Vázquez. Música: Fernando Reyes. Son: Piti Sanz. Producción: Carne Varela.

-Quique Chuvieco, "Ollomoltranvía cambia la comedia por la crítica social", *O Correo Galego*, 1 outubro 1996, p. 9. Nota de prensa que informa da estrea da peza *Escola de bufóns*.

V. Curtas de Teatro Galego.
V. Festeixo.
V. Semana Internacional de Teatro de Carballo.



Os Quinquilláns (1): *As viaxes fantásticas*, de Gabriel Penabade.

Dirección: Gabriel Penabade. Interpretación: Xosé Penabade, Uxío Ferrás, Fina Méndez, Gabriel Penabade, Francisco Nogueiras, Nazareth Davila. Escenografía: Xosé Penabade. Vestuario: Fina Méndez, Nazareth Davila. Música: Francisco Nogueiras.



Os Quinquilláns (2): Tacatá, de Gabriel Penabade.

Dirección: Gabriel Penabade. Interpretación: Fina Méndez, Francisco Nogueiras, Uxío Ferrás, Nazareth Davila, Xosé Penabade, Gabriel Penabade. Escenografía: Xosé Penabade, Xaquín Rei. Vestuario: Fina Méndez, Yeliné Valdés. Música: Francisco Nogueiras.



Os Quinquilláns (3): *As voces do mar*, de Lucho Penabade.

Dirección: Lucho Penabade. Interpretación: Francisco Nogueiras, Nazareth Davila, Lucho Penabade, Xosé Penabade, Uxío Ferrás. Escenografía: Rodrigo Roel. Vestuario: María Gaitero.



Outono Teatral Carballés

Está organizado pola Asociación Telón e Aparte e o Concello de Carballo, coa colaboración da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e Caixa Galicia. Tivo lugar no citado concello coruñés entre os días 28 de outubro e 1 de novembro. Nel participaron as seguintes compañías: Ollomoltranvía coa obra *O rei nu*; Teatro do Noroeste con *Noite de reis*; Teatro do Aquí con *Oé, oé, oé*; La Quimera de Plástico con *Los cuernos de don Friolera* e Teatro Estudio de Cuba con *Yo grito*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.



Outono Cultural de Arteixo

Organizado cada ano polo concello coruñés de Arteixo. Contará coa colaboración das compañías Talía Teatro, Danthea e Teatro do Aquí. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.



Porta aberta: Os vellos non deben de namorarse, de Castelao.

-D. P., "Representación en la Uned de la obra teatral *Os vellos non deben de namorarse*", *Diario de Pontevedra*, 25 abril 1996, p. 6. Nota da representación da obra de Castelao polo grupo Porta Aberta, no salón de actos do Centro Asociado de la Uned en Montepío.

-F. F. "¿Quén matou a Mari Lauri?, una jocosa parodia del cine de acción", *Faro de Vigo*, 29 novembro 1996, p. 12. Descrito en Teatro Avento, nestas páxinas.



Porta do Camiño, Grupo de Teatro do Fogar da Terceira Idade (1): Os cravos de prata de Nicolás Bela, adapt. Francisco Pillado.

Dirección: José Caveiro. Interpretación: Benito Calvo, Remedios García, Lourdes Cancela, Santiago Pazos, Pura Cancela, Clarisa Romero, Modesto Pérez, Manolo Caamaño, Pilar Arzamendi, Carmen Montero, Lola Riveiro. Escenografía: Basilio Vidal. Vestuario: Manuela Gigirey.

-Ana Iglesias, "El 'gusanillo' de actuar", *El Correo Gallego*, 26 marzo 1996, p. 33. Artigo sobre a representación da obra *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela, polo grupo Porta do Camiño na Residencia Fogar da Terceira Idade situada na rúa Rodas. Ofrécese unha sinopse da obra.

-Quique Chuvieco, "Llegar al atardecer de la vida para vibrar encima de un escenario", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 18 maio 1996, p. 10. Informa da representación da obra de Nicolás Bela polo grupo de Teatro da Terceira Idade Porta do Camiño na Residencia Fogar que leva o mesmo nome. Os protagonistas da montaxe, Remedios García e Benito Calvo, falan da súa experiencia de ser actores a unha idade avanzada sen ter feito teatro antes e confesan a paixón polas tablas.



Porta do Camiño, Grupo de Teatro do Fogar da Terceira Idade (2): *A tía lambida*, de Eduardo Blanco Amor.

V. IIª Mostra de Teatro no Barrio de San Pedro.
V. IIª Semana Cultural de Ames.



Produccións Librescena: *Mourenza*, de Armando Cotarelo Valledor.

Dirección e dramaturxia: Xosé M. Rabón. Interpretación: Luísa Merelas, Concha Parga, Xosé A. Porto "Josito", Tuto Vázquez, Miguel Pernas. Escenografía: Xosé Méndez, ESCENOSSET. Iluminación: Xosé M. Rabón. Vestuario: Avelina Lamas. Son: Iván Rabón. Gráfico: Xosé Méndez. Producción: Produccións Librescena.

-X. A., "Cotarelo Valledor volve a Vigo coa obra *Mourenza*, de Produccións Librescena", *Atlántico Diario*, 29 marzo 1996, p. 49. Breve nota sobre a presentación da obra no Centro Cultural Caixa Vigo polo grupo Produccións Librescena. Comenta o contido da peza e cita o elenco que traballou baixo a dirección de Xosé M. Rabón. A nota tamén anuncia a actuación do grupo Fulano e Mengano coa obra *Cheiro de estrelas* no Centro Cultural Caixa Vigo e a do grupo Latirili Teatro coa obra *Cocktail sin fónico* no café Antares.

-G. L. T., "Cotarelo, naturalmente. Estrea de *Mourenza*, polo teatro Librescena", *A Nosa Terra*, nº 720, "Guieiro Cultural", 3 abril 1996, p. 20.



Indica o crítico que *Mourenza* é a máis irlandesa das pezas dramáticas das que é autor Armando Cotarelo e lembra a obra de Synge e Yeats. O autor galego indagou nos mitos e nos soños sen se desprender na realidade por non se rendir ó pesimismo. Coméntase tamén a montaxe teatral que o director levou a cabo, sen introducir elementos externos ó tempo en que se escribiu a obra e sen concesións ó sentimentalismo.



Produccións Teatrais do Sur: *Sempre Ubu* baseada na obra *Ubu encadeado*, de Alfred Jarry.

Dirección: Etelvino Vázquez. Interpretación: Celso Parada, "Tatán", Mundo Villalustre, Miro Magariños, Casilda García e Sonia Rúa.

-F. V., "Ubú' gustó al público", *Faro de Vigo*, 4 setembro 1996, p. 16. Dáse noticia da representación desta peza no transcurso da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas e do éxito acadado entre o público asistente. Saliéntase a escenografía, a iluminación, a música e o traballo de dirección e interpretación.

-Camilo Franco, "Ejercicios de estilo", *La Voz de Galicia*, (Edición do Carballiño), "Festival de Teatro Galego", 10 setembro 1996, p. 42. Artigo no que Camilo Franco louva o bo facer dos actores que interviron na representación de *Sempre Ubú*, que tivo lugar no Festival de Teatro Galego que se celebra en O Carballiño.

V. Festival de Teatro de Carballiño.

V. XIIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.



Rúa viva: *Pasiño a pasiño*

-Raquel Feijoo, "Pasiño a pasiño", *La Región*, 2 xaneiro 1996, p. 9. Entrevista con Manuel Vidal, director do grupo Rúa Viva, que fala do último espectáculo do grupo e da súa historia dende os seus comezos en 1978 ata hoxe. Resalta a importancia de facer dende a súa compañía de teatro afeccionado obras que sexan cercanas ó pobo para que este se identifique co que está a ver no escenario.



Sala Galán

Sala independente de Santiago de Compostela que forma parte do circuío das salas alternativas españolas e na que se organizan actividades teatrais, debates e cursos teóricos sobre o teatro. A encargada da programación, Ana Vallés, é a directora do grupo Matarile Teatro, quen sustenta a sala. Esta sala tamén acolle danza.

-I. Barral, “Los secretos y técnicas teatrales serán protagonistas este mes en la Galán”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 14 xaneiro 1996, p. 11. Anúnciase a programación desta sala para o primeiro trimestre do ano. En xaneiro, comezarase un curso de iluminación organizado pola Universidade compostelá e dirixido por R. Vidal Bolaño amais de realiza-la compañía Matarile varios ensaios abertos da súa montaxe, *Zeppelin número 7*. En febreiro, prevense as actuacións de Teatro del Norte con *Medea*, Teatro Galileo con *Nenerías* e o café concerto de Los Danzones. Para marzo, está prevista a actuación dos grupos de teatro Minerva e Atrezzo Danza amais do coreógrafo Francesc Bravo.

-Quique Chuvieco, “La sala Galán abre los entresijos de una obra teatral a los compostelanos”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 19 xaneiro 1996, p. 8. Presentación da programación para o primeiro trimestre do ano. Entre as diversas actividades destácanse os ensaios abertos ó público da obra *Zeppelin nº 7*, un curso de iluminación impartido por R. Vidal Bolaño, as actuacións do Teatro do Norte, do Teatro Galileo, do colectivo amateur Minerva, cunha adaptación de *La casa de Bernarda Alba*, montaxes de vídeo danza e un curso desta especialidade impartido por Francesc Bravo.



-A. I., "La Galán celebra su tercer aniversario con un espectáculo dedicado a la mujer", *El Correo Gallego*, 10 abril 1996, p. 34. Resumo da programación do segundo trimestre do ano durante o que se cumpre o terceiro aniversario da sala. En abril, conforman as actividades un ciclo de cine ruso, o espectáculo *Teatro de operacións* (no que participan M. Okú, Rut Masó, Ana Vallés e Cristina Sicilia) dedicado á muller e a reposición de *Zeppelin nº 7*. Para maio, está programado o espectáculo *Cantos contos contos* de Factoría Teatro, unha mesa redonda coordinada por Xavier Picallo, *Ultimísimos ou derradeiros* e as instalacións de Cristina Sicilia. Durante o mes de xuño, celebrarase a segunda edición de *En pé de pedra* e Luís Paniagua presentará un novo disco.

-E. C., "O minifundismo galego reflíctese tamén no teatro", *O Correo Galego*, 25 maio 1996, p. 44. Infórmase da celebración dunha mesa redonda que tivo lugar na Sala Galán co título *Ultimísimos ou derradeiros*. Entre os participantes destacaron Xavier Picallo, coordinador do evento, a pintora Rosa M. Hernández, o autor Gustavo Pernas, o director Cándido Pazó, a autora e directora Ana Vallés, Quico Cadaval, Cristina Domínguez e Inma Souto. Todos eles coincidiron en afirmar que existe unha indiferencia manifesta na sociedade galega cara ás representacións teatrais e que non se pode falar da existencia dunha xeración de actores e directores de teatro.

-V. Curtas de Teatro Galego.



Sala NASA

Creouse no 1994 co nome de Nave de Servicios Artísticos. É unha sala alternativa na que se desenvolven espectáculos teatrais, musicais e debates. O responsable da programación foi Xesús Ron. Vive dos socios (oitenta no 1996) e de subvencións. Non só ofrece actuacións teatrais senón que oferta espectáculos varios e publicacións como o Boletín Informativo da Sala (1994-1995). No 1996, á parte de ofrecer diversos espectáculos, organizou o Festival Internacional de Títeres e foi sala de actuacións dos Grupos Universitarios que participaron no IIº Ciclo de Teatro Universitario.

-Quique Chuvieco, "La NASA, una nave de propulsión a chorro y un local con mucha marcha", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 28 xaneiro 1996, p. 11. Reportaxe da actividade de canalización de propostas alternativas que leva a cabo a Nave de Servicios Artísticos (NASA) dende que despegou hai tres anos.

-A. I., "La Nasa apuesta en abril por el teatro universitario y el flamenco de 'Sorderita'", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 27 marzo 1996, p. 43/p. 34. Informa da celebración na Sala Nasa do IIº Ciclo de Teatro Universitario organizado pola Universidade de Santiago, ademais doutras actividades a desenvolver. Dánse os datos do Ciclo e os nomes dos grupos teatrais que van participar.

-J. B. Salgueiro, "Despega con la NASA", *Faro de Vigo*, "Fin de semana", 12 abril 1996, p. 8.



Reportaxe que fai un seguimento das actividades e da programación que ofrece a Sala Nasa como espacio alternativo dende a súa creación ata hoxe.

-V. IIº Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.



Sarabela (1): *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, adapt. Begoña Muñoz e Carlos Couceiro.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Axudante de dirección: Quico Cadaval. Dramaturxia: Begoña Muñoz, Carlos Couceiro. Interpretación: Fernando Dacosta, Elena Seijo, Suso Díaz, Serxio Pazos, Pilar Pereira, Fina Calleja, Sabela Gago. Escenografía e máscaras: Xesús Costa. Iluminación: Antón Rodríguez, Suso Díaz. Vestiario: Carmela Montero. Música e son: Arturo González.

-Raquel Feijoo, "Unha alma que latexa con forza", *La Región*, 3 febreiro 1996, p. 11. Reportaxe da última montaxe da compañía ourensá que segundo a directora do grupo, Ánxeles Cuña, é o traballo máis ambicioso de cantos emprenderon. No artigo explícase a xénese da obra, detállase o argumento, a ficha artística e técnica e infórmase das actuacións que terá no Teatro Principal de Ourense trala estrea.

- C. F., "A *Esmorga* no teatro 'verité'", *La Voz de Galicia*, (Edición de Ourense), 4 febreiro 1996, p. 40.



Noticia que anuncia a presentación da obra no Teatro Principal de Ourense pola compañía Sarabela. Os seus integrantes ven o teatro en Galicia como unha cuestión de subsistencia. Consideran *A esmorga* a obra que mellor representa ós ourensáns, ademais de ser universal. Segundo Ánxeles Cuña, a directora, intentaron facer unha esmorga directa e reveladora. Para ela o concepto de autoría no teatro é difuso e non se poden facer comparacións entre a obra teatral e o libro. Manifesta o respecto pola linguaxe e a historia de Blanco Amor e destaca o labor e o espírito colectivo do grupo Sarabela.

-Marcos Valcárcel, "O Milhomes á escena e a arte de contar", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 9 febreiro 1996, p. 3. Comentario sobre a primeira adaptación teatral de *A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, por parte do grupo de teatro Sarabela e coa axuda de Quico Cadaval. Sinala a dificultade de adaptar un clásico, xa que, aínda que é doadamente recoñecible, tamén ocorre que cada un de nós ten a súa propia lectura.

-A. D., "La compañía Sarabela estrena en Vigo *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor", *Atlántico Diario*, 14 febreiro 1996, p. 58. Estrea da última produción da compañía no Auditorio do Concello de Vigo. Infórmase do equipo que integra o espectáculo e faise un seguimento da historia da compañía.

-Alvarado, "Entre atrevido y parrandero", *La Región*, 15 febreiro 1996, p. 11. Crítica da representación da obra *A esmorga* pola compañía Sarabela Teatro en Ourense. O crítico louva tanto a adaptación coma a dirección e a interpretación. Apúntase tamén o caluroso acollemento que tivo a peza por parte do numeroso público que asistiu ás representacións.

-Camilo Franco, "*A esmorga* converte a Auria en actriz", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano II, nº 51, 15 febreiro 1996, p. 13.



Crónica da estrea da obra de Blanco Amor adaptada por Begoña Muñoz e Carlos Couceiro. O cronista salienta o dificultoso labor do grupo ó emprende-la montaxe do que el denomina “a novela” e recolle as opinións de Ánxeles Cuña, directora da obra, nas que fala da proximidade entre a peza e a novela, e de como se respectou integramente o texto do autor ourensán.

-A. D., “A *esmorga*, obra cume de Eduardo Blanco Amor”, *Atlántico Diario*, 16 febreiro 1996, p. 57. Representación da obra de Blanco Amor *A esmorga* a cargo do grupo Sarabela no auditorio Cidade de Vigo. O artigo inclúe a ficha artística.

E. C., “O teatro de Galicia súmase ó balbordo cultural de febreiro”, *O Correo Galego*, 18 febreiro 1996,

50. Ver Ollomoltranvía (2): *O rei nú*, nestas páxinas.

-G. Luca, “Outra forma de ver e contar o arrabaldo da morte”, *A Nosa Terra*, nº 714, “Guieiro Cultural”, 22 febreiro 1996, p. 23. Crónica da representación da obra de Blanco Amor *A esmorga* por Sarabela Teatro. Coméntase como a adaptación da novela está feita con acerto e como a directora da montaxe soubo trazar un deseño de dirección que garantiu salientar toda a materia dramática da novela sen afastarse do texto orixinal. Por outra parte, analízase cómo os actores encarnan os distintos personaxes e faise unha mención ós elementos escénicos.

-J. A. Martínez Sevilla, “Diversión trágica”, *La Voz de Galicia*, (Edición de A Coruña), “Teatro”, 24 febreiro 1996, p. 45.



Breve nota con motivo da estrea no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña de *A esmorga* pola compañía Sarabela. Destaca a boa posta en escea e o labor dos compoñentes do elenco. Sinala ademais as colaboracións coas que contou a compañía.

D. P., "El jueves *A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor", *Diario de Pontevedra*, 26 febreiro 1996, p. 8. Actuación do grupo Sarabela coa obra *A esmorga* de Blanco Amor, adaptada para teatro por Begoña e Carlos Couceiro e dirixida por Ánxeles Cuña, no Teatro Principal de Pontevedra. O articulista fai mención da xira que realizará a compañía por Galicia e fala da obra.

D. P., "Mañana en el Principal, *A Esmorga*, de Blanco Amor", *Diario de Pontevedra*, 28 febreiro 1996,

10. Representación da peza pola compañía Sarabela no Teatro Principal de Pontevedra. Inclúe ficha artística e técnica.

D. P., "Sarabela representará esta tarde en el Principal, *A Esmorga*", *Diario de Pontevedra*, 29 febreiro 1996, p. 10. Noticia da representación da obra no Teatro Principal de Pontevedra pola compañía ourensá. A directora do espectáculo fai algunha consideración sobre a adaptación teatral da novela levada a cabo por Begoña Muñoz e Carlos Couceiro.

-Quique Chuvieco, "*A esmorga* o el destino ciego surcando un valle de pasiones humanas", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 21 marzo 1996, p. 8. Nova da actuación de Sarabela no Teatro Principal de Santiago. Ademais da ficha técnica e artística contén as declaracións de compoñentes do grupo acerca do que supuxo esta nova montaxe para a compañía. Faise un percorrido por tódolos elementos que compoñen a obra, baseada na novela



homónima de Eduardo Blanco Amor, e adaptada para a ocasión por Begoña Muñoz e Carlos Couceiro. A directora, Ánxeles Cuña fala de que o argumento da montaxe aúna tres espazos: o espazo narrativo, o de pensamentos e o de sucesos.

A. G. N., “Sarabela trae a Santiago *Esmorga* de Blanco Amor”, *Diario de Pontevedra*, 21 marzo 1996,

19. Actuación do grupo de teatro Sarabela coa primeira adaptación teatral da novela de Blanco Amor *A esmorga* no Teatro Principal de Santiago.

A. G. N., “Sarabela comienza una gira por Galicia y Portugal”, *Atlántico Diario*, 21 marzo 1996, p. 60. Noticia da xira que o grupo Sarabela programa para distintas cidades de Galicia e Portugal. A directora da obra, Ánxeles Cuña fai algunhas observacións da montaxe e da acollida que tivo en distintas actuacións.

-E. C., “O enigma de *A Esmorga* chega a Santiago de mans de Sarabela”, *O Correo Galego*, 21 marzo 1996, p. 45. Infórmase sobre a representación da obra no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Os membros da compañía falan desta produción como unha porta que abre novos camiños para a arte dramática galega, posto que parte dunha adaptación dunha novela. Sinalan tamén o seu intento de facer unha obra “atemporal, recoñecible en calquera parte do mundo” e falan da temática que encerra esta peza.

-A. Iglesias, “Sarabela pone en escena la primera adaptación gallega de *A Esmorga*”, *El Correo Gallego*, 21 marzo 1996, p. 29. Nova sobre a representación da obra pola compañía ourensá Sarabela no Teatro Principal de Santiago despois de ter tido moito éxito de público en diversas prazas. A directora da montaxe, Ánxeles Cuña, e un



dos adaptadores da novela de Blanco Amor, Carlos Couceiro, falan do proceso de traballo e resaltan a colaboración de Arturo Baltar, amigo do propio Blanco Amor, para chegar a coñecer mellor “o universo mítico e poético do autor”. Afirman te-lo propósito de facer un “traballo veraz e emocionalmente tenso”.

C. V., “Sarabela pondrá de nuevo en escena *A esmorga*”, *Diario de Pontevedra*, 5 abril 1996, p. 8. Reposición da obra *A esmorga* de Blanco Amor pola compañía Sarabela no Teatro Principal de Pontevedra coincidindo coa XIIIª Semana de Filosofía que organiza a Aula Castelao de Pontevedra.

C. V., “El próximo día 26, entrega de los premios ‘Julio Camba’”, *Diario de Pontevedra*, 11 abril 1996,

10. Breve da actuación do grupo Sarabela en Pontevedra coa obra *A esmorga* de Blanco Amor.

C. V., “Sarabela vuelve”, *Diario de Pontevedra*, 12 abril 1996, p. 11. Informa da reposición da obra no Teatro Principal de Pontevedra tralo éxito obtido nesta praza durante a primeira presentación. Recolle declaracións da directora da obra e detállanse os compoñentes do equipo de traballo.

-A. D., “Sarabela Teatro actuará en Vilagarcía”, *Atlántico Diario*, 18 abril 1996, p. 16. Participación na IVª Mostra de Teatro Armando Cotarelo Valledor, organizada pola concellería de cultura do concello de Vilagarcía, do grupo Sarabela coa obra *Cama dous por dous para dous* de Sergi Belbel.

-P. P., “O Centro Cultural adica a súa programación de maio ó Día das Letras galegas”, *Faro de Vigo*, 8 maio 1996, p. 15. Actuación da compañía Sarabela coa obra *A esmorga* de Blanco Amor no Centro Cultural do Porriño dentro da programación do Día das Letras Galegas.



-Manuel F. Vieites, "Teatro e heroísmo", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXV, 18 maio 1996, p. 1. Comentario sobre a posta en escena que o Grupo Sarabela realizou da novela de Eduardo Blanco Amor *A esmorga*. Comeza apuntando Vieites que o espectáculo teatral presenta, igual có texto literario homónimo, dous tempos -o da narración e o da situación actual- que na escena quedan reducidos a unha serie de secuencias escenificadas que ilustran un discurso por veces monocorde. Continúa o crítico apuntando que o resultado é un espectáculo "excesivamente fragmentado, con demasiados espacios mortos". Finalmente remata coa suxestión de que hoxe, máis que a adaptación de textos non dramáticos, é realmente necesaria a recuperación do texto dramático. Pezas como *Proceso de Jacobusland*, tamén de Blanco Amor, *Un escenario chamado Frederico*, de João Guisan ou *The homecomig*, de Harold Pinter están esperando ser escollidos por directores e directoras para acrecentar así "a dignidade e a riqueza da nosa (por galega) posta en escena".

-Raquel Feijoo, "Imprebis': un salto ó vacío", *La Región*, 4 setembro 1996, p. 11. Noticia da celebración da Mostra de Teatro do Carballiño na que se fala do apoio recibido pola Deputación de Ourense. Anúnciase a participación de grupos de teatro galegos. De Ourense estará a Compañía Sarabela coa obra *A esmorga*.

-R. P., "Sarabela Teatro leva *A esmorga* a Portugal", *O Correo Gallego*, 12 outubro 1996, p. 75. Dá conta da actuación da compañía no teatro Sá de Miranda de Viana do Castelo no FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.

-Raquel Feijoo, "10 mil espectadores vibraron con 'A esmorga'", *La Región*, 12 novembro 1996, p. 15. Crónica do seguimento e do éxito que tivo a obra nas diferentes prazas polas que pasou. Dáse un informe pormenorizado do público que asistiu á representación por provincias e chégase á conclusión de que foi un dos espectáculos máis vistos en Galicia na tempada.



- V. Festeixo.
- V. Festival de Teatro do Carballiño.
- V. Noites Teatrais de Cariño.



Sarabela (2): Os trasnos da noite

Dirección: Fernando Dacosta. Interpretación: Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seixo.



IIª Semana Cultural de Ames

Celebrouse entre os días 16 e 21 de setembro organizada polo Concello de Ames. Entre outras actividades tivo lugar un taller de teatro para nenos e dúas conferencias sobre a creación de grupos de teatro. A compañía Urgue e Bluff (Teatro do Lilo) representou as obras *O principiño* e *Cómicos*; o grupo de teatro afeccionado de Agrón puxo en escena *Se o sei... non volvo a casa*; o grupo de teatro da terceira idade Porta do Camiño *Os cravos de prata* e Danthea Teatro Coruña S. L. *O principiño*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

-C. Botrán, " Mamá, quiero ser artista", *El Correo Gallego*, 22 setembro 1996, p. 76. Noticia da celebración da Semana Cultural de Ames na que se desenvolveu un taller de teatro dirixido por Pitusa e María Gollanes no que participaron máis de corenta e seis nenos, actores das súas propias obras. O taller centrouse na iniciación ó teatro dos cativos.



Semana Cultural de Cee

Celebrouse entre os días 7 e 14 de agosto na localidade de Cee, organizada pola Concellalía de Cultura. Ademais dun recital de poesía e de varias actividades musicais, puxéronse en escena as seguintes obras: *Cantos contos contas*, de Factoría Teatro e *Pedro e o capitán* de Talía Teatro. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

-J. M. Ramos, "Teatro, música y baile, centrarán el programa de la nueva semana cultural de Cee", *El Correo Gallego*, 4 agosto 1996, p. 60. Noticia dos actos da Semana Cultural de Cee na que se anuncia a actuación dos grupos teatrais, Factoría Teatro e Talía Teatro, coas obras *Cantos contos contas* e *Pedro e o capitán* respectivamente.



Semana Internacional de Teatro de Carballo

Celebrada entre os días 28 de outubro e 1 de novembro. Contou coa presenza do grupo vallisoletano La Quimera de Plástico, que representou *Los cuernos de Don Friolera*. Participaron, así mesmo, Teatro Estudio de Cuba e os galegos Ollomoltranvía, Teatro do Noroeste e Teatro do Aquí. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.



IVª Semana de Teatro “Ben veñas maio” de Pontevedra

Organizada pola Coordinadora de Normalización Lingüística dos Institutos de Pontevedra coa colaboración da Consellería de Cultura. Tivo lugar os días 22, 23 e 24 de abril no Teatro Principal de Pontevedra. O grupo Fiuncho do Instituto de FP Luís Seoane de Monteporreiro representou *O achado do castro*, de Manuel Núñez Singala; Ailaleira do Instituto A Xunqueira I representou *Despexa a incógnita*, baixo a dirección de Manuel Solla e Francisca de Heredia; Obradoiro de Teatro do Instituto Sánchez Cantón, dirixido por Xulio Aián, levou ó escenario tres pezas breves de Chekhov, *O oso*, *Petición de man* e *O aniversario*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

-A. D., “Hoy comienza la Semana Teatral ‘Ben veñas Maio’”, *Atlántico Diario*, 22 abril 1996, p. 8. Anuncia o inicio da semana teatral, que se celebrará no Teatro Principal de Pontevedra, coa actuación do grupo Fiuncho que porá en escena a obra *O achado do castro*, de Singala.

D. P., “Comenzó en el Principal la Semana de Teatro ‘Ben veñas, maio’”, *Diario de Pontevedra*, 23 abril 1996. Noticia do inicio da semana teatral organizada pola Coordinadora de Normalización Lingüística dos Institutos de Pontevedra, coa participación do grupo Fiuncho, Ailaleria e Obradoiro de teatro.

D. P., “La Cuarta Semana de Teatro, ‘Ben veñas, Maio’, Finaliza hoy”, *Diario de Pontevedra*, 24 abril 1996, p. 10.



Informa do remate da semana coa actuación do "Obradoiro de Teatro" do Instituto de bacharelato Sánchez Cantón coas pezas de A. Chekhov *O oso*, *Petición de mán* e *O aniversario*, e do grupo Ailaleria do I. B. A Xunqueira I coa obra *Despexe a incógnita*. Ámbolos dous grupos actúan no Teatro Principal de Pontevedra.



XVª Semana de Teatro de Rianxo

Celebrouse do 13 ó 16 de agosto na localidade de Rianxo. Conxuga na escena grupos afeccionados e profesionais. Nesta Xª edición participaron os seguintes grupos: Teatro do Morcego con *Os patios da memoria*; Monicreques de Kukas con *A culpa foi de Mozart*; Catrabucha Teatro con *Game over* e Talía Teatro con *Rezagados*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

-L. Dourado, "Música, máxia e teatro na oferta estival de Rianxo, *O Correo Galego*, 7 xullo 1996, p. 52. Informa da celebración da Semana de teatro de Rianxo e tamén dos grupos que participarán na devandita mostra.

-Manuel Méndez, " Rianxo: una villa que respira cultura", *Faro de Vigo*, 9 agosto 1996, p. 4. Dá conta dos grupos que participan nesta Semana de Teatro.

L. D., "Inaugúrase en Rianxo a XV edición da Semana do Teatro", *O Correo Galego*, 13 agosto 1996,

35. Noticia do inicio da XVª Semana de Teatro de Rianxo que se inaugura coa obra *Os patios da memoria* a cargo de Teatro do Morcego. Anuncia tamén a programación da mostra na que van participar: Monicreques de Kukas, Catrabucha Teatro, Talía Teatro e o grupo local do Liceo Marítimo Rianxeiro, que finalmente suspendeu a súa actuación.



Solpor: *Vostede pode ser un asasino*, de Alfonso Paso.

Dirección: Luísa Martínez Giráldez.

-Maite Rodríguez, "El grupo de teatro Solpor busca hombres para nuevos personajes", *La Región*, 17 agosto 1996, p. 18. Crónica do único grupo teatral de Celanova na que se fai un repaso da súa historia dende o seu nacemento en 1973 ata hoxe, ademais de informar das comedias que tiveron en cartel e de cál é a dinámica de traballo do grupo. Informa tamén do financiamento do mesmo e da necesidade que ten de que se integren máis homes no grupo para poder optar a un abano de posibilidades máis grande á hora de elixir unha comedia, posto que é o único xénero que traballan.



Talía Teatro (1): *A secreta obscenidade de cada día*, de Marco Antonio de la Parra.

Dirección: Cándido Pazó. Interpretación:
Artur Trillo, Francisco Lestón. Escenografía
e vestuario: Carlos Alonso. Iluminación:
Víctor Trillo. Música: Fernando Fraga. Son:
Roberto Blanco, Manuela Romero.
Maquillaxe: Martina Cambeiro.

A. I., "Talía Teatro estréase hoxe como compañía profesional"/"Talía Teatro se estrena hoy como compañía profesional con una obra sobre Chile", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 xuño 1996, 36/p. 30. Presentación da última montaxe da compañía Talía Teatro no Principal de Santiago, peza coa que se estrea como grupo profesional despois de sete anos como afeccionado. A dirección corre a cargo de Cándido Pazó e a interpretación a cargo de Artur Trillo e Francisco Lestón. Os integrantes do espectáculo dan a súa opinión sobre o que supón para eles este novo reto de profesionalizarse.

- V. IX^a Mostra de Teatro de Cee.
- V. X^{as} Xornadas de Teatro de Burela.



Talía Teatro (2): *Rezagados*

-V. XVª Semana de Teatro de Rianxo.



Talía Teatro (3): *Ai Carmela*, de José Sanchis Sinisterra.

Dirección: Roberto Salgueiro.
Dramaturxia: Francisco Lestón.
Interpretación: Mari Couto, Artur Trillo. Escenografía: Talía Teatro.
Iluminación: Víctor Trillo. Vestuario: Martina Cambeiro. Son: Francisco Lestón.

V. Teatro do Morcego.
V. Noites Teatrais de
Cariño.



Talía Teatro (4): *Pedro e o capitán*, de Mario Benedetti.

V. Outono Cultural de
Arteixo.
V. Semana Cultural de Cee.



Teatro Anónimo de Val do Salnés (1): *O cabodano*, de Euloxio Ruibal.

Dirección: Fernando Oubiña González. Dramaturxia,
escenografía, vestuario: Teatro Anónimo.

Interpretación: Lucio, Popeta, Eva Villanueva.

Iluminación e son: Fernando Oubiña.

-El Ideal Gallego, "El grupo Teatro Anónimo representa *O cabodano* en el centro Don Bosco", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 16 marzo 1996, p. 9. Anuncia a representación desta peza no Centro Xuvenil Don Bosco dentro da IIª Mostra de Teatro do barrio de San Pedro. Resume brevemente o argumento e fala da xénese do grupo.

-V. IIª Mostra de Teatro no Barrio de San Pedro.



Teatro Anónimo do Val do Salnés (2): *Laudamuco señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: Fernando Oubiña González. Interpretación: Rouco, José Luís Domínguez "Lucio", Fernando Oubiña, Minia, Fátima María García Doval. Dramaturxia, escenografía, iluminación, vestuario: Teatro Anónimo. Música: Treixadoura. Son: Fernando Oubiña García.

-D. P., "Actuación del 'Teatro Anónimo'-Val do Salnés-en el Principal", *Diario de Pontevedra*, 8 setembro 1996, p. 12. Informa da actuación do grupo no Teatro Principal de Pontevedra.

-Curro Volta, "Fátima García, una joven actriz con un futuro prometedor", *Diario de Pontevedra*, 16 setembro 1996, p. 10. Entrevista con Fátima García, actriz integrante do grupo Teatro Anónimo do Salnés, que pon en escena a obra de Roberto Vidal Bolaño *Laudamuco, señor de ningures* no Teatro Principal de Pontevedra. A actriz cualifica o seu grupo de afeccionado e fala do seu funcionamento interno, do porqué do nome e dos apoios que reciben da Deputación. Salienta que para o grupo o primordial é actuar non os aspectos económicos.



Teatro Aurín: *Nai coraxe e os seus fillos*, de Bertolt Brecht.

Dirección: Pedro P. Riobó. Interpretación: Pedro P. Riobó, Sante Cortegoso, Iria Méndez, Roberto Budiño, Abel Sánchez, Elena Maya, Lisi Fernández, Fran Paredes, Mae Rodríguez, Paula Costa. Escenografía: Pedro P. Riobó. Música: Alberto Barreiro "Warren", Manuel Cobas.



Teatro Avento: ¿Quén mató a Mari Lauri?, de Xoán Abreu.

Dirección e dramaturxia: Xoán Abreu. Interpretación: Benito A. Correa, Xoán Abreu, Carlos R. Roca, Juan Ferrón, Marcos Alonso. Escenografía, iluminación e vestuario: Teatro Avento. Música: Varios. Son: Gustavo Loira.

-F. F., "¿Quén matou a Mari Lauri?, una jocosa parodia del cine de acción", *Faro de Vigo*, 29 novembro 1996, p. 12. Noticia da actuación no auditorio Caxavigo dos grupos Porta Aberta coa obra de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*, e o grupo Avento coa obra *¿Quén Matou a Mari Lauri?*, que se basea nunha parodia de varias películas coñecidas como *El fugitivo*, *El silencio de los corderos*, *Alien* e *Apocalypse Now*.



Teatro Bruto: *Cachorros sen domesticar*, de Xavier Picallo.

Dirección: Xavier Picallo. Interpretación: Gloria Rico, Xavier Picallo, Pablo Rodríguez. Escenografía, vestuario, música e maquillaxe: Teatro Bruto. Iluminación: Xabier M. Oro.

-Francisco P. Lorenzo, "Remover estruturas ou o teatro como continuidade", *O Correo Galego*, 14 outubro 1996, p. 18. Iníciase o artigo cunha breve referencia á traxectoria profesional do actor Pablo Rodríguez. A continuación, recóllese as súas impresións sobre o estado do teatro galego na actualidade. Propón a creación dunha escola dramática na que "se sistematice o ensino e a investigación teatral". Remata afirmando que, para el, o teatro é unha "profesión de continuidade".



Teatro da Lúa: *Entre bastidores*, de Dorotea Bárcena.

Dirección: Ovidio L. Blanco, Dorotea Bárcena. Interpretación: Cristina Domínguez Dapena, Beatriz Graña Barcia, Dorotea Bárcena, Alfredo Rodríguez. Deseño de escenografía e vestuario: Ovidio L. Blanco. Escenografía e atrezzo: Teatro de la Medianoche S. L. Iluminación: Manuel Núñez Romaniega. Grafismo: María Esteirán, Juliana González, Berta Álvarez Cáccamo. Producción: Teatro da Lúa S. L.

- Eva Mejuto, "Pronto el teatro será pieza de museo", *La Voz de Galicia*, (Edición de Arousa), "El Verano en la Ría", 27 xullo 1996, p. 53. Conversa con Dorotea Bárcena con motivo da estrea en Vilagarcía da obra *Entre bastidores* por Teatro da Lúa. Fala da obra, que foi escrita e dirixida por ela e na que ademais actúa. Salienta a crise da compañía e do teatro galego, o que a levou a traballar tamén en cine e televisión fóra de Galicia. Recorda a súa etapa como directora do C. D. G. e sinala o dirixismo cultural que hai en Galicia, que programa un estilo teatral deixando fóra outras compañías que non sobreviven só co apoio do público.

-L. B., "El teatro que nos viene", *La Voz de Galicia*, 8 outubro 1996, p. 44.
Ver Áncora Produccións: *Ladraremos*, nestas páxinas.



-Quique Chuvieco, "Teatro da Lúa representa la obra dramática 'Entre bastidores", *El Ideal Gallego*, 27 outubro 1996, p. 9. Presentación da obra no Teatro Principal de Santiago logo de ter estreado en Vilagarcía. A autora, actriz e codirectora da obra, Dorotea Bárcena, explica a intriga da obra e o seu argumento.



Teatro de Ningures (1): *Terra de Lobos*, de António Torrado, baseada no conto de Xosé Luís Méndez Ferrín “Lobosandaus”, versión Antonio Torrado.

Dirección: José Martíin. Interpretación: Casilda García, Celso Ribeiro, Francisco Costa, Luís Barroso, Manuel Geraz, Salvador del Río, Teresa Mónica, Xosefa Barreiro. Escenografía: José Rodrigues. Vestuario: Catarina Amaro. Música: João Lóio.

Fernando A. Fernandes, “Alexandre Passos”, *A Nosa Terra*, nº 714, “Guieiro Cultural”, 22 febreiro 1996,

26. Entrevista con Alexandre Passos, Secretario da Dirección Artística, que fala de como xurdiu o proxecto de colaboración entre as compañías, Teatro de Ningures de Cangas e Teatro do Noroeste de Viana do Castelo; explica as causas que os levaron a elixir esta compañía galega e os apoios institucionais cos que contan para esta coproducción.

-X. L. Méndez Ferrín, “Corpos abertos”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 29 marzo 1996, p. 2. O escritor ourensán dá conta da posta en escena polo Teatro do Noroeste da obra de Antonio Torrado *Terra de lobos*, baseada no conto “Lobosandaus”, do propio Méndez Ferrín. O conto inspírase na crenza popular do “corpo aberto”, aínda viva no triángulo Celanova-Montalegre-Arcos de Valvédez.



-A. D., "Teatro de Ningures estrena en Portugal", *Atlántico Diario*, 2 abril 1996, p. 49. Breve nota de prensa sobre a estrea no Teatro Sá de Miranda de Viana do Castelo, en Portugal, da obra *Terra de lobos* baseada no conto de X. Luís Méndez Ferrín "Lobosandaus", que supón a primeira coproducción entre a compañía galega Teatro de Ningures e a compañía lusa Teatro do Noroeste.

Xoán Luaces-Fandiño, "Demasiada traxédia", *A Nosa Terra*, nº 723, "Guieiro Cultural", 25 abril 1996,

24. Coméntase a posta en escena da obra *Terra de Lobos*, peza teatral inspirada no relato de Xosé Luís Méndez Ferrín que leva por título *Lobosandaus*. Saliéntase a concepción naturalista da escenografía desta peza representada pola compañía do Centro Dramático de Viana e Teatro de Ningures. O crítico indica a non consecución por parte do director da conduction do texto ós parámetros da traxedia, que contrasta co notorio papel dos actores.

-A. D., "Vigo acoge el estreno en Galicia de la obra *Terra de lobos*", *Atlántico Diario*, 7 maio 1996, p. 48. Noticia da estrea en Galicia, no Centro Cultural Caixavigo, da obra *Terra de lobos* coproducida pola compañía galega Teatro de Ningures e pola compañía lusa Teatro do Noroeste de Viana do Castelo. Ademais do argumento, que se centra nas relacións transfronteirizas galego-portuguesas, ofréceneso-lo elenco, a ficha técnica do espectáculo e maila axenda de actuacións en Galicia.

-E. Fernández, "Teatro de 'corpos abertos", *Diario 16 de Galicia*, 9 maio 1996, p. 48. Presentación da estrea no Centro Cultural Caixavigo da obra *Terra de lobos*, de António Torrado polas compañías Teatro do Noroeste de Portugal e Teatro de Ningures de Galicia, que nesta ocasión traballan en coproducción. O articulista cóntano-lo argumento da peza e facilita a axenda programada para a xira do espectáculo en Galicia.



-D. P., "Teatro de Ningures representa *Terra de lobos*", *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1996, p. 10. Noticia da última representación no Principal de Pontevedra da obra de António Torrado polas compañías Teatro de Ningures (Produccións Teatrais do Sur) e Teatro do Noroeste (Centro Dramático de Viana). O autor da obra salienta esta iniciativa de coproducción entre as compañías galega e portuguesa como o inicio dunha colaboración sociocultural dos dous países e fala do alcance histórico que ten a peza.

- J. A. Martínez Sevilla, "Fonema y sonido", *La Voz de Galicia*, "Teatro", 24 maio 1996, p. 41. Noticia sobre a representación no teatro Rosalía de A Coruña de *Terra de lobos*, coproducción dos grupos Teatro do Noroeste e Teatro de Ningures sobre un conto de Ferrín e escrita polo portugués António Torrado. O autor do artigo fai unha valoración positiva aínda que sinala que se resinten os parlamentos dos actores portugueses e que ten unha longa duración.

-R. F., "Unha historia de corpos abertos", *La Región*, 25 maio 1996, p. 18. Crónica da obra *Terra de lobos* con motivo da última representación no Teatro Principal de Ourense. Os actores da primeira coproducción teatral galego-portuguesa fan declaracións acerca da experiencia que supuxo esta colaboración nunha obra que trata a crenza dos "corpos abertos", segundo a cal o espírito dun defunto apodérase do corpo dun vivo para poder conseguir algo que non puido lograr de vivo.

-Rosa Domínguez, "A raia dos 'corpos abertos'", *La Voz de Galicia*, "*Revista de Cultura*", ano II, nº 66, 30 maio 1996, p. 14. Artigo de opinión sobre a obra de António Torrado *Terra de lobos*, baseado no conto de Méndez Ferrín "Lobosandaus" no que se trata a crenza popular dos corpos abertos. Faise unha análise pormenorizada da peza, do argumento, do reparto e dos personaxes que integran esta coproducción galego-portuguesa entre as compañías Teatro de Ningures e Teatro do Noroeste.



-R. P., "A *Terra de lobos* de Ferrín chega ó Fitei portugués", *O Correo Galego*, 31 maio 1996, p. 33. Noticia da actuación das compañías en coproducción Teatro do Noroeste e Teatro de Ningures coa obra *Terra de lobo*, de António Torrado, baseada nun conto de Xosé Luís Méndez Ferrín, no Festival Internacional de Teatro de Expresión Ibérica (FITEI), no Porto. Tamén dá conta da actuación no devandito festival do Centro Dramático Galego coa obra *Nau de amores*, dirixida por Cándido Pazó.

-Manuel F. Vieites, "Terra de lobos", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXVIII, 8 xuño 1996, p. 2. Crítica sobre o espectáculo *Terra de lobos*, coproducido por Teatro de Ningures e Teatro do Noroeste de Viana do Castelo. Despois dunha ampla disertación da importancia que pode ter este novo roteiro de colaboración para o teatro de ámbalas dúas marxes do Miño e da convivencia das dúas linguas nun mesmo espectáculo teatral, o articulista critica a montaxe desdeñando a dirección, dramaturxia, escenografía e nalgúns casos a interpretación, mais salienta en todo caso a feito de que esta experiencia pode servir para abri-las portas a novas iniciativas de colaboración en proxectos culturais das dúas comunidades.



Teatro de Ningures (2): *Tic-Tac*, de Suso de Toro.

Dirección: Etelvino Vázquez. Dramaturxia: Etelvino Vázquez e Xosé M. Pazos. Interpretación: Sonia Rúa, Casilda García, Mundo S. Villalustre. Escenografía: Antonio Graña. Iluminación e son: Paco Alfaro, Warren. Vestiario: Sonia Rúa. Música: Mike Cohen. Producción: Teatro de Ningures-Produccións Teatrais do Sur.

-Irene Calzado, "La obra 'Tic-Tac' de Suso de Toro, mañana en el Auditorio de Tui", *Atlántico Diario*, 9 agosto 1996, p. 12. Informa da posta en escena da obra no Auditorio da Alameda de Tui a cargo da compañía Teatro de Ningures-Produccións Teatrais do Sur.

-Camilo Franco, "Algo de ningures", *La Voz de Galicia*, 19 setembro 1996, p. 44. Camilo Franco comenta a posta en escena da obra *Tic-Tac* por parte da Compañía Teatro de Ningures no Carballiño. A súa crítica céntrase sobre todo na comparación entre o texto teatral e o texto orixinal da obra de Suso de Toro.



Teatro Descoñecido: *Volvendo á casa ou unha historia de trasnos*

D. P., "La obra 'Volvendo a casa' inicia hoy la Mostra de Teatro na Pedreira", *Diario de Pontevedra*, 23 xullo 1996, p. 6. Dá conta do inicio da Mostra coa participación do grupo Teatro Descoñecido. Informa tamén da actuación do Teatro Kaos e de Teatro do Morcego. Faise unha breve sipse das obras e da historia dos grupos.

D. P., "Miro Magariños y 'Volvendo á Casa' iniciaron la Mostra de Teatro na Pedreira", *Diario de Pontevedra*, 24 xullo 1996, p. 4. Comentario sobre a obra *Volvendo á casa* que presentou o grupo Teatro Descoñecido como inicio da Mostra. Anuncia a actuación na segunda xornada da mostra a cargo de Teatro Kaos.

-V. Mostra de Teatro na Pedreira.



Teatro do Aquí (1): *O desengano do Prioiro*, de Ramón Otero Pedrayo.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño. Interpretación: Xaquín García Marcos, Roberto Vidal Bolaño, Xoán Carlos Mejuto, Ursia Gago, Anabel Gago, Rubén Ruibal, María López, César Martínez. Escenografía e vestiario: Julia Brens. Iluminación: Roberto Vidal Bolaño.

D. P., "Teatro do Aquí, interpretará *O desengano do Prioiro*", *Diario de Pontevedra*, 4 febreiro 1996,

10. Posta en escena da obra de Otero Pedrayo no Teatro Principal de Pontevedra. Resáltase a importancia desta obra dentro do *corpus* da literatura dramática galega e considérase como unha das obras máis destacadas xunto con *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas e Vilar Ponte.

-G. Luca de Tena, "A indústria da morte contra o paradiso, ou a fábula da nación agredida", *A Nosa Terra*, nº 712, "Guieiro Cultural", 8 febreiro 1996, p. 24. Análise da obra de Otero Pedrayo facendo fincapé na importancia que ten dentro da literatura dramática galega e reflexionando sobre a acollida que tivo o texto nos anos cincuenta cando foi escrita. Critícase a adaptación que fai Roberto Vidal Bolaño da obra para Teatro do Aquí e apúntase que soubo calibrar entre recursos plásticos e movementos para que brillase o texto de Otero. O comentarista dá conta da estrea da obra e resalta o valor que adquiren os símbolos na obra e na montaxe.

-A. D., "Teatro do Aquí representa *O desengano do Prioiro*", *Atlántico Diario*, 8 febreiro 1996, p. 58.



Breve nota de prensa sobre a actuación no Teatro Principal de Pontevedra da compañía Teatro do Aquí coa obra de Otero Pedrayo *O desengano do Prioiro*.

E. C., “O teatro de Galicia súmase ó balbordo cultural de febreiro”, *O Correo Galego*, 18 febreiro 1996,

50. Ver Ollomoltranvía (2): *O rei nú*, nestas páxinas.

-Raquel Feijoo, “A arroutada dun poeta”, *La Región*, 24 febreiro 1996, p. 12. Entrevista con Roberto Vidal Bolaño, director e actor da última montaxe de Teatro do Aquí, que fala dos atrancos e das satisfaccións que supuxo levar ós escenarios a obra de Pedrayo, do proceso de adaptación do texto para o espectáculo e do argumento da obra.

- Dolores Vilavedra, “*O desengano do prioiro* ou cómo desfrutar dun clásico”, *Grial*, nº 130, abril-maiouxño, Tomo XXXIV, 1996, pp. 289-290. Dolores Vilavedra acolle con satisfacción a posta en escena da obra *O desengano do prioiro ou o pasamento da alegría co grande auto epilodal e xusticieiro dos féretros de Floravia*, de Otero Pedrayo, a cargo da compañía Teatro do Aquí. Segundo a autora, Vidal Bolaño, constrúe a partir do texto oteriano un “espectáculo modesto nos seus medios”, pero “prudente e atinado nos seus obxectivos”. Esta salienta o labor de adaptación realizado, co que se acada o achegamento “á sensibilidade dun público contemporáneo”. No conxunto actoralponse de relevo a “versatilidade de César Martínez”, “o dominio corporal do actor que interpreta ó escasulante” e a “habelencia” de Balbanera na declamación. Sobre o espacio da representación -a sala de abaixo do Centro Cultural Caixavigo- reivindica “sensibilidade” e “respecto” polo “teatro galego como profesión e como produto artístico”.



-Camilo Franco, "Otero reflexiona no cambio de época", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 58, 4 abril 1996, p. 14. Crítica da montaxe da peza de Otero Pedrayo *O desengano do prioiro* que leva como subtítulo *O pasamento da alegría co grande auto epilodal e xusticieiro dos féretros de Floravia*. Subliña a importancia de rescatar esta obra do autor de *A Lagarada* para ofrecer un Otero non coñecido ó espectador. Roberto Vidal Bolaño, o director e adaptador da obra, resalta que, como di o poeta Manuel María, "é unha das obras maestras do teatro galego" e ademais está cargada de humor e sorna galegos.

-El Ideal Gallego, "La obra de Otero Pedrayo *O desengano do prioiro* estará en el teatro Principal", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 13 abril 1996, p. 10. Presentación da obra no Teatro Principal de Santiago pola compañía Teatro do Aquí como fin da xira polas capitales galegas e algunhas vilas da comarca compostelana.

A. Iglesias, "Teatro do Aquí regresa al Principal con la obra más vanguardista de Otero Pedrayo", *El Correo Gallego*, 16 abril 1996, p. 32. Presentación das representacións que se celebrarán no Teatro Principal de Santiago dentro do programa de difusión teatral organizado polo departamento de educación e cultura do Concello de Santiago e que vai destinado ós alumnos de ensino medio da cidade.

A. Iglesias, "Bolaño denuncia a desidia do CDG polo Pedrayo 'máis vanguardista'", *O Correo Galego*, 16 abril 1996, p. 35. Dá conta da actuación en Santiago da compañía coa obra de Otero Pedrayo *O desengano do Prioiro*. Bolaño, director da obra, denuncia o total desinterese que o C. D. G. mostrou pola obra "máis vanguardista" de Otero, e agradece a colaboración que recibiron de moitas empresas privadas de Galicia.



-Quique Chuvieco, "O *desengano do Prioiro*, una metáfora ácida de la sociedad industrial", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 16 abril 1996, p. 10. Recolle algunhas declaracións de Roberto Vidal Bolaño sobre a primeira das adaptacións que se fan en Galicia da peza de Otero Pedrayo, unha das máis importantes do teatro galego, segundo o director da montaxe. Ademais do argumento da obra infórmase das actuacións que haberá no Teatro Principal de Compostela, unhas con marcado carácter didáctico destinadas ó público escolar e outras abertas ó público xeral.

-Agustín Sixto Seco, "Teatro do aquí e do máis alá", *El Correo Gallego*, "De portas para dentro", 27 abril 1996, p. 3. Valoración positiva sobre a posta en escena da obra de Otero Pedrayo *O desengano do Prioiro*, a cargo do Teatro do Aquí, baixo a dirección de Roberto Vidal Bolaño.

-A. D. , "El Teatro do Aquí presenta en Vigo un texto dramático de Otero Pedrayo", *Atlántico Diario*, 2 maio 1996, p. 59. Artigo que informa da actuación da compañía Teatro do Aquí no Auditorio Caixavigo coa obra *O desengano do Prioiro* incluída dentro do denominado "teatro de máscaras" de R. Otero Pedrayo. Resúmese o argumento da peza e faise un breve percorrido pola traxectoria da compañía dende o seu nacemento hai cinco anos.

-F. F., "*O desengano do Prioiro*, farsa sobre el trust mundial del ataúd", *Faro de Vigo*, 2 maio 1996, p. 8. Dá conta da representación da obra en Vigo. Conxúganse comentarios sobre a peza e as razóns que levaron a Otero Pedrayo a escribila con outros sobre a posta en escena baixo a responsabilidade de Roberto Vidal Bolaño, que tamén participa como actor.



-E. Fernández, "Otero Pedrayo sobre las tablas", *Diario 16 de Galicia*, 2 maio 1996, p. 40. Noticia da representación da obra no Centro Cultural Caixavigo, unha das prazas que a compañía visita na súa xira por Galicia. Informa da historia do grupo, da anterior compañía que fundara Roberto Vidal Bolaño, Teatro Antroido, e das actividades paralelas que promoven os membros da compañía Teatro do Aquí para dinamizar e descentraliza-lo teatro en Galicia.

-L. R. V. , "Teatro do Aquí representó *O desengano do Prioiro* para el público barquense", *La Región*, 19 maio 1996, p. 13. Informa da representación da obra de Otero Pedrayo *O desengano do Prioiro* pola compañía Teatro do Aquí dentro da programación da Semana das Letras Galegas que organiza a Concellería de Cultura en colaboración co IGAEM, a Fundación Caixa Galicia e Edicións Xerais.

-V. IIº Ciclo de Teatro Universitario de Santiago de Compostela.



Teatro do Aquí (2): Oé, oé, oé, de Maxi Rodríguez.

Dirección e iluminación: Robert Vidal Bolaño. Interpretación: Roberto Vidal Bolaño, Xoán Carlos Mejuto, Rubén Ruibal. Escenografía e vestuario: Julia Brens.

-Quique Chuvieco, "Oé, oé, oé, o una comedia *grosa* para un país de sainete", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 9 maio 1996, p. 9. Anuncia a estrea desta última produción do grupo Teatro do Aquí na Sala Nasa de Compostela. A obra, dirixida por Roberto Vidal Bolaño, é subtitulada como "comedia grosa para un país de sainete". O director fai algunhas valoracións da temática e da actualidade do tema que trata a obra e fala da volta a un xénero con marcado carácter de crítica social.

-Maxi Rodríguez, "Oé, Oé, Oé", *O Correo Galego*, 9 maio 1996, pp. 1-4. Especial humorístico sobre o espectáculo que presenta a compañía santiaguesa Teatro do Aquí, que comeza cunha presentación dos tres personaxes que integran a obra. Segue cun artigo do autor da obra, Maxi Rodríguez, baixo o título "Crise, que crise? Home, fai o favor... Se somos os mellores, Oé, Oé, Oé", no que se enxalza o deporte nacional e se xustifica a súa necesidade como elemento evasivo da sociedade. Segue a este artigo outro co título, "A selección levanta unha inusitada expectación", no que se fai unha crónica sobre a selección española ante as expectativas que crea para o clube un próximo encontro coa selección de Dinamarca. En "Milleiros de persoas quedan sen entrada para ver á selección" faise un seguimento da situación no estadio Sánchez Pizjuán ante a avalancha dos siareiros da selección. Nesta páxina aparece tamén un currículo do escritor da peza, Maxi Rodríguez, e unha nota de



prensa co título “Kiko recibirá unha mortadela se consegue un gol a Dinamarca”. Por último, no artigo asinado por Jorge Valdano, “O fútbol a escena”, coméntase a adaptación que fai a peza do mundo do fútbol ó mundo da escena teatral; e en “Un bon número de roligans daneses xa están en Torremolinos” coméntase a expectación dos daneses hospedados en Torremolinos.

-Ana Iglesias, “Teatro do Aquí vuelve a Santiago con una comedia sobre el fútbol”, *El Correo Gallego*, 6 xuño 1996, p. 29. Informa da reposición da obra en Santiago no Café Rúa Nova, conta a traxectoria do espectáculo, a liña argumental, e fala da xira que realizará a compañía por Galicia. Resáltase a importancia que ten o tratamento dun tema tan cercano á sociedade actual como é o fútbol.

-José Luís Losa, “Oé, oé, oe: Oda grasa a Caminero”, *El Correo Gallego*, 7 xuño 1996, p. 31. Comentario sobre a temática e fío argumental da obra de Maxi Rodríguez *Oé, Oé, Oé*, dirixida por Roberto Vidal Bolaño e representada no Café Rúa Nova por Teatro do Aquí.

A. D., “Teatro do Aquí lleva el fútbol a escena con su obra *Oé, oé, oé*”, *Atlántico Diario*, 18 xuño 1996,

58. Noticia da actuación do grupo Teatro do Aquí no Café Liceo do Porriño coa obra de Maxi Rodríguez *Oé, Oé, Oé*. Coméntase o fío argumental da peza dirixida por Roberto Vidal Bolaño e dáse conta da próxima actuación, dentro da programación da sala, do grupo Arre Producións coa obra *A historia de Lili Brown*.

-G. Luca, “Esperando a Golot”, *A Nosa Terra*, nº 732, “Guieiro Cultural”, 27 xuño 1996, p. 24. Extenso comentario da obra do asturiano Maxi Rodríguez, *Oé, Oé, Oé* adaptada e representada por Teatro do Aquí, baixo a dirección de Roberto Vidal Bolaño. Analízanse os personaxes-tipo tratados na



obra e conclúese que “todos os perigos do teatro próximo están compensados pola visión crítica e recoñecíbel de nós mesmos”.

-A. I., “Teatro do Aquí convertiú ayer en carcajadas la pasión por el fútbol”, *El Correo Gallego*, 19 xullo 1996, p. 29. Breve comentario da representación da obra de Maxi Rodríguez *Oé, Oé, Oé* pola compañía Teatro do Aquí na praza do Toural, interpretada por Xoán Carlos Mejuto, Rubén Ruibal e Roberto Vidal Bolaño, tamén director do espectáculo.

-H. Mariño, “Oé, oé, oé ahonda en las desmesuradas pasiones que provoca el mundo del fútbol”, *La Voz de Galicia*, “Mostra de Teatro de Cee”, 27 agosto 1996, p. 36. Noticia da representación da obra en Carballo. Realízase un percorrido pola trama argumental e destácase a xuventude e proxección de Roberto Vidal Bolaño. Faise tamén referencia á versión castelá do texto, que fora nominada para o Premio Nacional de Literatura e cítanse algúns dos lugares nos que Teatro do Aquí leva representado a obra. Inclúese un breve repaso á traxectoria da compañía.

-J. M. Ramos., “O grupo ‘Teatro do Aquí’ actuará hoxe na localidade de Cee”, *El Correo Gallego*, 27 agosto 1996, p. 38. Noticia da actuación do grupo Teatro do Aquí na Mostra de Teatro de Cee coa obra de Maxi Rodríguez *Oé, oé, oé*. Informa tamén das próximas actuacións dos grupos: Os Quinquilláns coa obra *As voces do mar*, Bacharel coa obra *Wonderball Circus*, Berrobambán con *Auto* de Ernesto Caballero, Teatro do Improvisto con *Historia dun saltimbanqui* de Michel Ende e Talía Teatro con *A secreta obscenidade de cada día* de Marco Antonio de la Parra.



-Ricardo Gil Vigueret, "Oé, oé, oé, o fútbol a escena", *La Voz de Galicia*, "Mostra de Teatro de Cee. Patio de butacas", 29 agosto 1996, p. 37. Comentario sobre a Mostra de Teatro de Cee, organizada pola entidade Domingo Antonio de Andrade. O articulista salienta o éxito acadado polo citado certame na súa novena edición e céntrase na representación de Teatro do Aquí, *Oé, oé, oé*. Para rematar, ofrece algúns datos biográficos de Roberto Vidal Bolaño, director da obra, e dos actores Xoán Carlos Mejuto e Rubén Ruibal.

-Raquel Feijoo, "¿Crise?, ¿Qué crise?, Se somos os mellores", *La Región*, 19 setembro 1996, p. 11. Noticia da actuación da compañía no Teatro Principal de Ourense, na que se fala da escenografía da obra, do argumento, do tema, das razóns que fixeron que a compañía escollese esa peza e da acollida que tivo a obra nas distintas prazas nas que actuou.

V. Festeixo.

V. IXª Mostra de Teatro de Cee.

V. XIIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de

Cangas.

V. XIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

V. Outono Cultural de Arteixo.

V. Outono Teatral Carballés.

V. Semana Internacional de Teatro de Carballo.



Teatro do Atlántico (1): *Casa de bonecas*, de Henrik Ibsen, trad. Manuel Lourenzo.

Dirección: Xulio Lago. Axudante de dirección: Flor Maceiras. Interpretación: María Barcala, Rosa Álvarez, Flor Maceiras, Antonio F. Simón, Gonzalo M. Uriarte, Marcos Viéitez. Escenografía, atrezzo e vestuario: Suso Montero. Música: Nani García.

A. D., “*Casa de Bonecas*, una tragedia de Ibsen por el Teatro do Atlántico”, *Atlántico Diario*, 9 xaneiro 1996, p. 50. Artigo que informa da representación da obra no Centro Cultural Caixavigo, fálase dos temas que trata o texto, do reparto e da historia da compañía dende o seu nacemento en 1985.

A. D. , “El Teatro do Atlántico estrena *Casa de bonecas*”, *Atlántico Diario*, 11 xaneiro 1996, p. 57. Breve nota de prensa sobre a estrea da obra *Casa de bonecas*, de Ibsen, no Centro Cultural Caixavigo polo grupo Teatro do Atlántico. O artigo recolle unha sinpouse da obra, o elenco, o traductor e o director.

A. D. , “*Casa de Bonecas*, a modernidade de Ibsen”, *Atlántico Diario*, 12 xaneiro 1996, p. 48.



Noticia da representación da peza no Centro Cultural Caixavigo, ademáis do elenco apúntase a quen vai dirixida a obra, faise unha sinpese da mesma e resúmese a traxectoria do Teatro do Atlántico dende a súa creación en 1985.

G. Luca de Tena, "A casa dos autómatas", *A Nosa Terra*, nº 709, "Guieiro Cultural", 18 xaneiro 1996,

25. Crónica da peza de Ibsen e do espectáculo realizado por Xulio Lago. A partir do texto, resúmese o argumento da peza facendo referencia á temática que aborda e salientase o tratamento dun teatro realista dende parámetros interpretativos realistas en consonancia co método de Stanislavski.

-Manuel F. Vieites, "Casa de bonecas", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXIV, 3 febreiro 1996, p. 1. Crónica do texto de Ibsen *Casa de bonecas* e do espectáculo homónimo realizado por Teatro do Atlántico baixo a dirección de Xulio Lago. Lóuvase o texto realista do que se ofrece unha análise e salientase o traballo de dirección e interpretación dentro das coordenadas naturalistas, salientando o logro de mante-lo ritmo e a tensión dramática nunha continua liña ascendente ó longo de toda a representación.

Ana María Platas Tasende, "Casa de bonecas no Teatro Principal", *O Correo Galego*, 10 marzo 1996,

4. Crítica do espectáculo presentado no Teatro Principal de Santiago. Despois dunha análise da temática e do contido social e feminista que encerra a obra, faise un percorrido por cada un dos elementos que integrou o espectáculo, dirixido por Xulio Lago, e lóuvase tanto o traballo de dirección coma a interpretación, a escenografía e vestuario, sen esquecer-la versión en galego do texto noruegués, que correu a cargo de Manuel Lourenzo.



-Raquel Feijoo, "A credibilidade dos actores", *La Región*, 14 marzo 1996, p. 11. Entrevista con Xulio Lago, director do Teatro do Atlántico e do espectáculo *Casa de bonecas*, de Ibsen, que fala das razóns que o levaron a facer esta montaxe, da tradución feita por Manuel Lourenzo, do traballo dos actores como soporte básico da obra e de tódolos elementos que conforman o universo recreado no espectáculo pola compañía coruñesa.

-Sen sinatura, "La obra de Henrik Ibsen *Casa de Bonecas* retorna a la ciudad", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 21 abril 1996, p. 9. Nova sobre a reposición da obra por parte da compañía Teatro do Atlántico na Aula de Cultura de Santiago. Contén un comentario sobre o texto e sinala as datas de actuación e o elenco.

-Diego Bernal, "La vida es siempre una Casa de Bonecas", *El Correo Gallego*, "Escritorio de Bordóns", 22 abril 1996, p. 64. Refírese á representación na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Santiago, da peza *Casa de Bonecas*, de Henrik Ibsen, a cargo do grupo Teatro do Atlántico, dirixido por Xulio Lago. Do labor de tradución de Manuel Lourenzo, Diego Bernal salienta a súa "maestría". Louva tamén a calidade dos actores e actrices encargados da posta en escena e eloxia a preocupación polo teatro galego deste grupo e do seu director. Lembra tamén a desaparecida figura de Andrés Fernández, un home de teatro que compartiu experiencias no grupo Ditea con Agustín Magán.

-Quique Chuvieco, "*Casa de bonecas* es una reflexión vigente sobre la pareja", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 24 abril 1996, p. 9. Entrevista con María Barcala, protagonista da última montaxe do Teatro do Atlántico, *Casa de bonecas* de H. Ibsen dirixida por Xulio Lago. A actriz subliña algunhas das carencias do teatro galego e salienta a importancia de pór en escena unha obra realista nos escenarios galegos, pois considera que é un xénero



moi pouco traballado en Galicia. Cualifica a obra como “unha reflexión vixente sobre a parella” e como unha obra feminista.

- Aurora Marco, “Casa de bonecas”, *La Voz de Galicia*, “Cartas compostelanas”, 24 abril 1996, p. 8. A estudiosa Aurora Marco comenta a representación polo Teatro do Noroeste do drama de Ibsen *Casa de bonecas*. Saliéntase da representación o traballo dos actores e faise fincapé no papel central da protagonista, Nora, unha muller que vive circunscrita ó contorno do fogar.



Teatro do Atlántico (2): *A noite das Tríbades*, de Per Olov Enquist, versión Inés Ruibal.

Dirección: Xúlio Lago. Interpretación: Gonzalo M. Uriarte, Casilda García, Sonia Rúa, César Cambeiro. Escenografía: Antonio F. Simón. Iluminación: Xulio Lago. Música: Nani García. Son: Antonio Arias, Xosé M. Molinos. Gráfico: Tino Viz. Unidade didáctica: Alexandrina Fernández Otero, José Eugenio Mateo Rodríguez.

-P. S., "Teatro do Atlántico estrea unha comedia sobre Strindberg", *O Correo Galego*, 3 novembro 1996, p. 53. Noticia da estrea no Teatro Rosalía de Castro da decimosegunda produción de Teatro do Atlántico. Ofrécese unha pequena sипnose da peza.

-Carlos C. Vizcaíno, "August Strindberg en 'A noite das Tríbades', de Enquist", *El Ideal Gallego*, 10 novembro 1996, p. 53. Comentario sobre a obra representada por Teatro do Atlántico, *A noite das Tríbades*. Ofrécese un comentario da temática da peza e de como os actores xogan a facer crer ó público que se atopa diante



dun ensaio e non dunha representación. Analiza a importancia da luz, da música e da integración dos actores no espazo, destacando a actuación de Gonzalo Uriarte, Critica a excesiva tensión de Casilda García, se ben resalta a súa perfecta dicción.

-R. F., "Penso que a obra conquista ó espectador", *La Región*, 24 novembro 1996, p. 19. Entrevista con Xulio Lago, director de *A noite das tribades*, a última montaxe de Teatro do Atlántico. Declara xa ter dirixido esta peza hai doce anos, pero se antes traballaba con presupostos expresionistas, agora traballa dende o realismo. Expón as razóns que o levaron a abordar de novo esta obra e relega a escenografía, a música e a iluminación a un segundo plano en detrimento da interpretación e da historia.

-E. C., "Teatro do Atlántico realiza en galego 'A noite das Tribades'", *O Correo Galego*, 4 decembro 1996, p. 42. Noticia breve sobre a última montaxe da compañía coruñesa, *A noite das Tribades*.



Teatro do Curro (1): *O proceso en Jacubusland*, de Eduardo Blanco Amor.

Dirección: José Víctor Vez Vilar. Directora artística e de escenografía: Teresa Rodríguez Rodríguez. Interpretación: Puri Fernández.

-R. C., "Teatro do Curro': o nacemento dunha escola de arte dramática", *O Correo Galego*, 21 agosto 1996, p. 37. Infórmase do nacemento e das características do grupo Teatro do Curro, que depende da Asociación de Mulleres Rurais de Noia. Así mesmo, coméntase a súa última representación, *O proceso en Jacubusland*, de Eduardo Blanco Amor. Entre os proxectos inmediatos da compañía, dirixida por José Víctor Vez e formada por actores afeccionados entre 7 e 75 anos, está o de representar algunha obra de Ánxel Fole.



Teatro do Curro (2): *Un refaixo para Celestina*, de Eduardo Blanco Amor.



Teatro do Curro (3): *Pista ou peste*, de Manuel Varela Buxán.



Teatro do Morcego (1): *Os patios da memoria*, de Ever Martin Blanchet.

Dirección: Bernardo Galli.

Interpretación: Celso Parada.

A. I., "Celso Parada presenta en el Principal un tierno cocktail de humor y lirismo", *El Correo Gallego*, 13 marzo 1996, p. 30. Comentario a propósito da obra *Os patios da memoria* que presenta o Teatro do Morcego no Teatro Principal de Santiago.

A. G. N., "Teatro do morcego representa *Os patios da memoria*", *Diario de Pontevedra*, 13 marzo 1996,

20. Nota sobre a presentación da obra no Teatro Principal de Santiago á volta da súa estancia en Barcelona.

-D. P., "La obra 'Volvendo a casa' inicia hoy la Mostra de Teatro na Pedreira", *Diario de Pontevedra*, 23 xullo 1996, p. 6. Descrito en Teatro Descoñecido, nestas páxinas.

-S. Lado, "Celso Parada leva a Boiro un novo monólogo", *O Correo Galego*, 11 outubro 1996, p. 76. Actuación do grupo na Casa da Cultura Ramón Martínez López de Boiro.

-C. B., "Os patios da memoria' inauguraré el viernes el ciclo teatral nicrariense", *El Correo Gallego*, 22 outubro 1996, p. 36.



Actuación no Auditorio Municipal de Negreira do grupo de Cangas coa obra *Os patios da memoria* interpretada por Celso Parada. Anuncia tamén a actuación de Talía Teatro con *Ay Carmela*.

V. Mostra de Teatro na
Pedreira.

V. Semana de Teatro de
Rianxo.



Teatro do Morcego (2): *Misterio cómico*, de Darío Fo.

Dirección: Julio Cardoso.
Interpretación: Celso Parada.
Iluminación: Suso Piñeiro.



Teatro do Noroeste: (1) *As vodas de Figaro*, de Caron de Beaumarchais, trad. e versión Eduardo Alonso e Cándido Pazó.

Dirección: Eduardo Alonso. Interpretación: Belén Constenla, Xavier Estévez, Ernesto Chao, Luma Gómez, Xosé Vilarelle, Inma Antonio, Diego Varela e Raúl Varo. Escenografía e vestuario: Paco Conesa. Iluminación: Eduardo Alonso. Música: Fernando Alonso, Raúl Varo.



Teatro do Noroeste (2): *A Gaiola*, de Alfredo Conde.

Interpretación: Xosé Vilarelle, Xosé A. Porto, Ernesto Chao, Diego Varela, Balduino Almozara, Belén Constela. Dirección: Eduardo Alonso.

-A. G. N., "Alfredo Conde: 'es una osadía enfrentarse al género teatral'", *Diario de Pontevedra*, 17 xaneiro 1996, p. 21. Noticia sobre a presentación da obra *A gaiola*, de Alfredo Conde, a primeira obra teatral do autor, escrita por encargo da empresa Litonor. Menciónase o elenco de actores que recrean a imprenta Nós e resáltase a importancia que pode ter este tipo de iniciativas de teatro por encarga e mecenazgo. No artigo tamén se fai mención da obra *As leiras do Leiras*, de Daniel Hortas, representada na Aula de Cultura da Fundación Caixa Galicia na Coruña e organizada pola Asociación da Prensa da Coruña e a editorial A. M. Ediciones. Analízase o contido da obra e fálase doutros traballos do autor.

-C. C., "A peza teatral de Conde recrea a imprenta Nós", *O Correo Galego*, 17 xaneiro 1996, p. 44. Noticia que informa da presentación, en Santiago, da obra teatral *A gaiola*, escrita por Alfredo Conde para conmemora-lo centenario do nacemento de Ánxel Casal, fundador da editorial Nós. Trátase dunha "peza curta de quince minutos de duración, escrita nun só acto". A representación da obra, "primeira incursión no xénero dramático" do autor, contará coa dirección de Eduardo Alonso.



C. C., “Un galpón do Tambre convértese por un día na editorial ‘Nós’/“A empresa Litonor convértese por un día na editorial ‘Nós’ de Ánxel Casal”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 19 xaneiro 1996,

33/p. 12. Resúmese o argumento desta obra coa que se pretende homenaxear a Ánxel Casal polo seu labor á fronte da imprenta “Nós” nos decisivos momentos de debate-lo noso primeiro Estatuto. Finalmente, nomea os persoeiros do mundo da cultura que asistiron á posta en escena.



Teatro do Noroeste (3): *Noite de Reis* de William Shakespeare, trad. e adapt.

Eduardo Alonso e Inma Antonio.

Dirección: Eduardo Alonso. Interpretación: Belén Constenla, Xavier Estévez, Ernesto Chao, Luma Gómez, Xosé Vilarelle, Inma Antón e Diego Varela. Escenografía, vestuario e atrezzo: Paco Conesa. Realización vestuario: Celsa Brouzón. Iluminación: Eduardo Alonso. Selección musical: Fernando Alonso. Son: Miguel López Soto. Fotografía: Tino Viz. Técnicos de Escena: Miguel López Soto, Francisco Gómez Pena e Roberto García.

-Damián Villalaín, "Noite de Reis: unha comedia sen mal", *Grial*, nº 129, xaneiro-febreiro-marzo, Tomo XXXIV, 1996, pp. 141-143. Tras reflexionar sobre a "conveniencia" da división xenérica da obra dramática de Shakespeare en "comedias, historias e traxedias", Damián Villalaín comenta a recente posta en escena da comedia shakesperiana *Noite de Reis*, en versión de Teatro do Noroeste. O recensionista salienta a harmonización acadada entre a "desacougante confrontación coa ambigüidade, coa universalidade do desexo" que dominan os personaxes, co "ton de comedia amable e elegante" do "conxunto da



representación". Advirte da continuación da liña de traballo do director do espectáculo, Eduardo Alonso, caracterizada por "montar (...) espectáculos *sobre* textos de Shakespeare", que o van conformando como "un dos grandes impulsores da difusión" da obra do escritor británico en Galicia. Sen embargo en *Noite de Reis* "hai elementos novidosos (...) como a descontextualización escenográfica e indumentaria do espectáculo". Damián Villalaín subliña o labor do equipo actoral, con mención especial das actuacións de Xosé Vilarelle, Belén Constenla e Inma António.

E. C., "O teatro de Galicia súmase ó balbordo cultural de febreiro", *O Correo Galego*, 18 febreiro 1996,

50. Descrito en Ollomoltranvía (2): *O rei nú*, nestas páxinas.

-Ana Iglesias, "Teatro do Noroeste trae al Principal una comedia shakespeariana de enredo", *El Correo Gallego*, 25 febreiro 1996, p. 32. Noticia da próxima estrea no Teatro Principal de Santiago da obra de William Shakespeare *Noite de Reis*. Informa tamén do éxito que tivo a compañía Ollomoltranvía no seu paso por Compostela coa súa última montaxe *O rei nu*.

A. G. N., "Teatro do Noroeste estrena en Santiago la comedia *Noite de Reis*", *Diario de Pontevedra*, 28 febreiro 1996, p. 21. Nova da estrea en Compostela da peza *Noite de reis* pola compañía do Noroeste. Os membros da compañía comentan o trasfondo e falan dos temas que se tratan nesta "comedia romántica", segundo a cualifican os actores da montaxe.

A. G. N., "Teatro do Noroeste estrena hoy en Santiago *Noite de Reis*", *Diario de Pontevedra*, 29 febreiro 1996, p. 23.



Presentación da montaxe que se vai estrear no Teatro Principal de Santiago. Sinálase que a peza supón para a compañía seguir co intento de recupera-los textos clásicos e volver a traballar cun autor xa coñecido, pois en anos anteriores xa montaron *O rei Lear* e *Macbeth*. O director da montaxe, Eduardo Alonso fala do tema da comedia e dos xogos que se establecen nela.

-Ana Iglesias, "Teatro do Noroeste regresa a Shakespeare", *O Correo Galego*, 29 febreiro 1996, p. 47. Informa da estrea de *Noite de reis* no Teatro Principal de Santiago pola compañía Teatro do Noroeste, baixo a dirección de Eduardo Alonso que fala dun intento do grupo de recupera-los clásicos universais.

-Beatriz Quintero, "Teatro do Noroeste trae al Principal la irrealidad de William Shakespeare", *El Ideal Gallego*, "Noticias de Compostela", 29 febreiro 1996, p. 10. Noticia da estrea de *Noite de reis* no Principal de Santiago. A compañía explica cáles foron os motivos que os levaron a interpretar esta obra, entre eles figura o propósito de recupera-los clásicos.

-A. I., "El juego de las apariencias", *El Correo Gallego*, 29 febreiro 1996, p. 32. Nova da estrea no Principal de Santiago da obra *Noite de reis*. O elenco xunto co director da montaxe, Eduardo Alonso, afirma que esta montaxe supón a continuación do propósito da compañía de recuperalos textos clásicos. Falan da temática da peza e do xogo da aparencia que domina toda a obra.

M. M., "Teatro do noroeste representa en el Principal *Noite de reis*", *La Voz de Galicia*, 17 marzo 1996,

40. Informa da representación no Teatro Principal de Ourense desta comedia romántica. O director da montaxe, Eduardo Alonso, destaca o argumento amable con personaxes namorados e o xogo verdadementira que hai na obra.



-A. I., "Una triunfal *Noite de Reis*", *El Correo Gallego*, 17 abril 1996, p. 32. Artigo sobre a reposición na Aula de Cultura da Caixa Galicia en Santiago da comedia *Noite de reis* representada pola compañía Teatro do Noroeste. Os actores refírense brevemente ó tipo de público que os segue.

- Ana Gerpe, "Fuera artificios", *La Voz de Galicia*, "Arriba el Telón", 1 novembro 1996. Crítica de *Noite de reis*, na que se salienta a atmosfera romántica, a interpretación de Belén Constenla e Inma Antón e a eliminación do verso.

V. Noites Teatrais de
Cariño.

V. Outono Teatral
Carballés.



Teatro do Noroeste (4): *Historias peregrinas*, de Miguel Anxo Murado.

Dirección: Eduardo Alonso. Interpretación: Belén Constenla, Ernesto Chao, Luma Gómez, Inma Antonio e Raúl Varo. Escenografía: Paco Conesa. Iluminación: Eduardo Alonso. Música: Emilio Cao.

-I. G., "Teatro do Noroeste recalará diez días en La Coruña con tres comedias clásicas", *El Ideal Gallego*, 8 abril 1996, p. 15. Breve nota de prensa sobre a estancia da compañía santiaguesa no teatro Rosalía de Castro da Coruña con tres obras, *As vodas de Fígaro* de Beaumarchais, *Noite de reis* de Shakespeare e *Historias peregrinas* de Miguel Anxo Murado.

-Camilo Franco, "Comedia en sesión continua", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura" ano II, nº 59, 11 abril 1996, p. 14. Noticia da representación no Teatro Rosalía de Castro das tres últimas producións do Teatro do Noroeste: *Noite de reis*, *As vodas de Fígaro* e *Historias peregrinas*. Trátase dun intento de manter en cartel unha compañía por máis tempo do habitual.

-A. G. N., "El Colegio La Estila organiza unas jornadas sobre la narrativa gallega", *Diario de Pontevedra*, 19 abril 1996, p. 22.



Nova da representación das obras: *As vodas de Fígaro* de Beaumarchais, *Noite de reis* de Shakespeare e *Historias peregrinas* de Miguel Anxo Murado pola compañía Teatro do Noroeste na Coruña.

Beatriz Pallas, "El teatro configura a un país", *La Voz de Galicia*, (Edición de A Coruña), 27 abril 1996,

41. Entrevista a Eduardo Alonso, director da compañía Teatro do Noroeste con motivo da representación no teatro Rosalía de A Coruña de *Historias peregrinas* de Miguel Anxo Murado. Fala da compañía que dirixe que combina a posta en escena de pezas clásicas e contemporáneas. Móstrase moderadamente optimista respecto ó rexurdimento do teatro en Galicia porque a xente, segundo el di, non entende que o teatro configura a un país.

-V. Semana Internacional de Teatro de Carballo.



Teatro do Vilar (1): *María a Mosca*, de Miguel Sierra.

Dirección: Rubén García. Interpretación: Aurelio Touza, Manolita Estévez, Elvira García, Rosi Andrade, Viruca, Merchi Rodríguez, Manuel Estévez, Beatriz Cendón e Víctor J. Corral.
Escenografía: Teatro do Vilar. Iluminación e son: Carlos Jurchick.

-V. XIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.



Teatro do Vilar (2): *O achado do castro*, de Manuel Núñez Suigale (Premio Xiria de Creación Teatral 1987) e *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela.



Teatro Entrañas: *O único punto positivo*, de Fernando Lodeiro.

Dirección: Ismael Calvo, Fernando Lodeiro. Interpretación: Ismael Calvo, Fernando Lodeiro, Estela Mariño, Diego Peón, Ángel Rodríguez, Iván Solla, Rodrigo Torres. Escenografía, iluminación: Ismael Calvo, Fernando Lodeiro. Producción: ACE (Entrañas).

-C. V., "Teatro Entrañas' ofrecerá hoy 'O único punto positivo', de Lodeiro", *Diario de Pontevedra*, 16 setembro 1996, p. 11. Nova da participación do grupo nas Xornadas de Teatro afeccionado do Concello de Pontevedra, os membros falan do tema que trata a obra e do reparto, adiántase a programación das xornadas para os próximos días.

-V. V.^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra.



Teatro Galileo (1): *Nenerías*, de Fefa Noya.

Dirección: Pedro Rubén Garrido. Interpretación: Libertad Culebras, Fefa Noya, Óscar Durán, Roberto Leal. Escenografía: Pedro Rubén Garrido, M^a Eugenia Bermejo, Rosa Sampedro. Iluminación: Pedro Rubén Garrido. Gráfico: M^a Jesús Martínez. Producción: Teatro Galileo.

-A. I., "El grupo Galileo llena la Sala Galán de vivencias infantiles", *El Correo Gallego*, 29 febreiro 1996, p. 32. Galileo, os integrantes da montaxe falan do universo infantil que domina a peza. Presentación da obra de Fefa Noya *Nenerías* na sala Galán polo grupo Teatro Galileo.



Teatro Galileo (2): *O xardín dos contos*, de Manuel Lourenzo.

Dramaturxia: Pedro Rubén Garrido, Roberto Leal. Interpretación: Gonzalo Cortizo, Óscar Durán, Libertad Culebras, Jesús Alonso. Escenografía e vestuario: Marcelino de Santiago "Kukas". Iluminación: Pedro Rubén Garrido. Música: Jesús Alonso.



Teatro Galileo (3): *Trasnos*, de Rafael Dieste.

Dirección: Pedro Rubén Garrido. Interpretación: Óscar Durán, Libertad Culebras, Fefa Noya, Pedro Rubén Garrido. Escenografía: José Tojo. Iluminación: Pedro Rubén Garrido. Vestuario: Belén Castiñeiras. Música: Michel Canadá e outros.



Teatro Galileo (4): *Descubri-la lectura é un espectáculo*, de Pedro Rubén Garrido.

Dirección: Pedro Rubén Garrido. Interpretación: Óscar Durán, Libertad Culebras, Fefa Noya. Escenografía: Manuel Rei, Raúl Vilar. Iluminación: Pedro Rubén Garrido. Vestuario: Belén Castiñeiras.



Teatro Trasmonte: *Se o sei non volvo*, de Manuel Varela Buxán.

-C. B., "El colectivo nicrariense Afonso Eans promoverá actividades teatrales", *El Correo Gallego*, 8 novembro 1996, p. 36. Descrito en Berenguela, nestas páxinas.



Teatro Trébede: *La importancia de llamarse Ernesto*, de Óscar Wilde.

Dirección: Rodrigo Fernández Estévez.

-Celso R. Fariñas "*La importancia de llamarse Ernesto*, por Trébede", *A Peneira*, ano XIII, nº 198, 1ª quincena maio 1996, p. 19. Breve nota sobre a representación da obra no Cine Avenida da Guarda polo grupo afeccionado da Asociación de Mulleres Rurais Santa Tegra. Coméntase a traxectoria do grupo dende a súa creación no ano 1994 baixo a dirección de Rodrigo Fernández Estévez.

-Antón Ferreira, "Teatro femenino con 'Trébede'", *Atlántico Diario*, 2 agosto 1996, p. 15. Noticia da reposición da obra no Teatro-Cine Avenida da Guarda despois do éxito obtido na tempada anterior.



Teatro Xenio (1): *Pares e nines*, de Alonso de Santos.

Dirección: Manuel Solla. Interpretación: Roberto Cortázar, Carlos Solla e Nines. Montaxe: Teatro Xenio. Iluminación e son: José María Solla.

D. P., "Teatro Xenio' pone hoy en escena 'Pares e Nines", *Diario de Pontevedra*, 17 setembro 1996,

10. Informa da participación do grupo Teatro Xenio nas V^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello, que tiveron lugar no Principal de Pontevedra. Nesta ocasión representaron a obra *Pares e nines*. Ofrécese un breve resumo do contido da obra e remata cunha alusión á traxectoria profesional do grupo.

-José Estévez, "Xenio', 20 años de teatro", *Diario de Pontevedra*, 14 decembro 1996, p. 13. Noticia da celebración do vixésimo aniversario do grupo de teatro Xenio que naceu no ano 1936 e que suspendeu a súa actividade ata 1976, ano dende o que vén estreando unha obra por ano. Os actos de celebración están programados polo propio grupo e pola Sociedade Deportiva e Cultural de Mourente en colaboración coa sección xuvenil Leña Verde e coa Sociedade Cultural Os Carballiños. Neles intervirán varios grupos de teatro afeccionado ademais do grupo homenaxeado. TVX da Xunqueira, Incógnita de Pontevedra, Áncora D'Ouro de Cangas e Ay, la leria de Bueu, serán os outros grupos que participen no certame. Ademais da historia do grupo explícase a dinámica de traballo desta compañía que foi respaldada polo escritor Varela Buxán.



-D. P., "Teatro Xenio representa la obra 'Pares e nines", *Diario de Pontevedra*, 28 decembro 1996, p. 5.
Actuación do grupo na sede da Sociedade Cultural e Deportiva Mourente con motivo do vixésimo aniversario do grupo.

-V. V^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra.



Teatro Xenio (2): *Xogos de inverno*, de Jaime Sal3n.

Direcci3n: Teatro Xenio. Interpretaci3n: Mar3a Andrade Mir3n, Jos3 Luis Den3s Portela, Iv3n J. Navas, Rosa Mar3a Regueira, M. Solla, Sonia Mar3a Couto, Marcos Castro, David Neira, Jos3 M. Valc3rcel. Iluminaci3n e son: Jos3 Mar3a Solla.



Trasnada: Azos de esguello, de Euloxio Ruibal.

Dirección: Froiña García.

-Javier D. Campa, "Funcionarios y escenarios", *Atlántico Diario*, 27 xaneiro 1996, p. 12. Actuación do grupo integrado por funcionarios do Concello de Vigo coa obra de Euloxio Ruibal *Azos de esguello* no Auditorio do Conservatorio Superior de Música. Os compoñentes do grupo falan da importancia que ten para eles divertirse con esta actividade e axudar á difusión do idioma galego.

-D. Faro, "Los funcionarios hacen teatro", *Atlántico Diario*, 18 outubro 1996, p. 42. Actuación do grupo de funcionarios do concello de Vigo no Centro Cultural Caixavigo coa obra de Euloxio Ruibal *Azos de esguello*.

-Pablos, "Trasnada', grupo de actores que son funcionarios del Ayuntamiento", *Faro de Vigo*, 18 outubro 1996, p. 15. Noticia da representación da obra no Centro Cultural Caixavigo, o articulista fai unha crónica da situación deste grupo afeccionado que aínda que non conta con ningún tipo de apoio institucional, pensa continuala súa actividade posto que hai moita xente implicada e interesada na actividade que estes funcionarios realizan despois da súa xornada de traballo. Os membros do grupo comentan cá é o seu esquema de traballo e cáes son os seus proxectos máis inmediatos.



Uvegá teatro (1): *Pá*, de Vicente Montoto.

Dirección: Manuel Lourenzo. Axudante de dirección: Pablo Rodríguez.
Interpretes: Vicente Montoto, Iván Toxeiro, Mónica Camaño, Xesús Balboa. Escenografía e atrezzo: Rodrigo Roel. Música: José Luís González. Grafismo: Jacobo Remuñán, Arturo López, P. A. Estévez.
Producción: Uvegá Teatro.

-E. C., "Uvegá celebra con 'Pá' o seu décimo aniversario", *O Correo Galego*, 11 outubro 1996, p. 76. Estrea da obra na Casa da Cultura de Betanzos, obra coa que a compañía celebra o seu décimo aniversario xunto cunha exposición que recolle tódolos traballos realizados dende 1987, ano no que se estreou *Cochos*, a súa primeira produción.



Uvegá Teatro (2): *Copenhage*, de Andrés A. Vila e Xosé Cid.

Dirección: Manuel Lourenzo. Axudante de dirección: Xoán M. López Eirís.

Interpretación: Iván Toxeiro, Xesús Balboa.

Escenografía e vestuario: Xoán M. López

Eirís. Iluminación: Manuel Lourenzo.



X^{as} Xornadas de Teatro de Burela

O colectivo Buril foi o encargado de celebrar estas xornadas para homenaxear á actriz Marisa Soto. Celebráronse entre o 15 e o 24 de novembro e nelas actuaron os seguintes grupos: Áncora Teatro con *Ladraremos*, Talía Teatro con *A secreta obscenidade de cada día*, Espello Cóncavo con *Bailando en verán*. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.



V^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra

Son promovidas polo Concello de Pontevedra para incentivar ás agrupacións teatrais non profesionais existentes en Pontevedra. Celebráronse no mes de setembro e nelas participaron sete grupos: Aula de Formación de Actores de Pontevedra, Grupo de Expresión, Bacharel, Arume, Madrigal, Entrañas e Teatro Xenio que ademais de actuar en Pontevedra levaron as representacións a catorce parroquias do concello. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.



VII^{as} Xornadas de Teatro Universitario, Universidade da Coruña

Celébranse tódolos anos no teatro Rosalía e no Forum Metropolitano (Parque Europa) da Coruña. Están organizadas polo Clube de Teatro da Universidade e patrocinadas pola Universidade da Coruña coa axuda do Concello. A súa pretensión é fomenta-la creación de grupos independentes e mante-los grupos xa consolidados. Realizáronse no mes de abril e nelas participaron os seguintes grupos: Hipógrifo Violento con *Luces de Bohemia*, A Balteira con *Madre coraxe*, Catrabucha con *Vén-Hur* e Baralocas Teatro. Para máis información ver, nestas páxinas, as postas en escena de cada un dos grupos participantes.

-S. Mella, "Comienzan las VII Jornadas de teatro universitario", *Diario de Pontevedra*, 3 abril 1996, p. 34. Informa sobre a presentación das xornadas por parte do Vicerrector de Extensión Universitaria.

-I. G., "Los universitarios suben a escena en las jornadas coruñesas de teatro", *El Ideal Gallego*, 8 abril 1996, p. 15. Informa da celebración das VII^{as} Xornadas de Teatro Universitario, celebradas no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Recóllense os nomes dos grupos e as pezas que serán representadas nestes días.



Outras representacións

Damos noticia daquelas outras postas en escena das que só temos referencia do título ou ben da participación do grupo teatral en festivais ou mostras.

-Agarimo: As cousas de Fidela e Os campos dos bois, de Andrés Picallo.

-Agrupación Cultural Samoeiro: O Limpachimeneas e A carreira do Manoel.

-J. A. Parga, "La representación de dos obras conmemora las 'Letras' en Brollón", *El Progreso*, 25 maio 1996, p. 15. Actuación da Agrupación Cultural Samoeiro no salón de actos do colexio co motivo da celebración do Día das Letras Galegas. O Grupo pon en escena dúas obras, *O Limpachimeneas* e *A carreira do Manoel*.

-Agrupación Teatral Coruñesa: *Melocotón en almíbar*, de Miguel Mihura.

-Agrupación Teatral Estróupele: *A merenda dos xenerais*, de Boris Vian, dirixida por Andrés Vila.

-Agrupación Xuvenil T. Dorneda: *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor e *Linda flor*.

-Ailaleira, grupo do Instituto A Xunqueira: *Despexa a incógnita*. V. IVª Semana de Teatro "Ben veñas maio" de Pontevedra.



- Airiños: *A farsa do avogado*. V. Ciclo de Teatro en Padrón.
- A Liorna: *Xoguetes para unha guerra*, de Medina Vicario, dirixida por Carlos Basoa Basoa.
- Amistad: *Na casa do ciruxán*, de Roxelio Ribeiros, dirixida por Manuel Basoa Vizoso.
- Amistade Xove: *A pousadeira*, de Goldoni e *Xantar de memoria*, de Manuel Basoa Vizoso.
- Annulus (compañía de teatro da Asociación de mulleres): *A coleccionista de sombras*, sobre un texto de Cortizas, dirixido por José Arca.
- A Pombiña: *O achado do castro*, de Manuel Núñez, dirixida por Iolanda Muíños.
- Arume. V. V^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello de Pontevedra.
 - Asociación de Alumnos da Escola Oficial de Idiomas: *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao.
 - Asociación Cultural Airiños do Xunco: *Nos anos bisiestos os animais tamén falan galego*.
- Atepa (Aulas da Terceira Idade Padronesa): *A tía Nicasia*. V. Ciclo de Teatro en Padrón.
- Aula Zhero: *Un actor sen traballo*.



-Avantar: *A tía lambida*, de Eduardo Blanco-Amor.

-Axuvi Teatro: *A balada dos tres inocentes*

-Badius: *Cargar co morto*, adapt. sobre o texto de A. Paso, dirixida por Alberto Villar.

-C. B., "El colectivo nicariense Afonso Eans promoverá actividades teatrales", *El Correo Gallego*, 8 novembro 1996, p. 36. Descrito en Berenguela, nestas páxinas.

-Baralocas Teatro. V. VII^{as} Xornadas de Teatro Universitario, Universidade da Coruña.

-O Baúl: *A Tenreira do Satán*.

-Carauta Teatro: *O enfermo imaxinario*, de Molière. V. II^a Mostra de Teatro no Barrio de San Pedro.

-O Carballo: *O enfermo imaxinario*, de Molière, dirixida por Carmen Vila Fontao. V. I^a Mostra de Teatro Afeccionado de Sarria.

-Clavi Teatro: *A petición de man* e *O aniversario*, de A. Chejov.

-Clube de Xubilados de Santiago: *Todo ten goberno*.

-Colexio Público Doctor López Suárez: *Non chores Sabeliña*.



-Colom e Cadaval: *O viaxeiro afortunado*.

-Chelo Licetti: *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor, dirixida por Jorge Gómez Rodríguez e *Unha espiña de toxo chamada Berenguela*, de Manuel María.

-Churuleta Teatro: *Picnic*, de Fernando Arrabal, dirixido por Marta Mouriño Taboada e *O papá e a bruxa*, de Darío Fo, dirixida por Marta Mouriño Taboada e interpretada por Carlos Fraga González, Marta Mouriño Taboada, Selena González, José Manuel Breijo, José Luís Rodríguez.

-Emeigual: *Lux perpetua* e *Canas ó aire*.

-Envite Teatro: *Tres sombreiros de copa*.

-Esguello: *Amor e crimes de Juan Pantera* e *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor, dirixidas por Pilar Saavedra.

-Eis: *Berna*, de Lluisa Cunillé. V. IIº Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

-Encontro de Teatro Pedroso de Narón. Organizado pola asociación A Pombiña e o Padroado de Cultura de Narón. Participaron os grupos Talía Teatro con *¡Ai Carmela!*, o Grupo Infantil Farfaina con *O maquinista Antón* e o Grupo Teatral Carozza con *Sursum corda*.

-Envite Teatro: *Tres sombreiros de copa*.



-Faro Miño: *O Limpachemineas e Catro contos*. V. Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Sarria.

-Feirantes e Balboas: *Proceso en Jacobusland*. V. Ciclo de Teatro en Padrón.

-XVIIº Festival Irmandiño de Moeche.

Dirección: Roberto Casteleiro Fernández.

-Susana Lis, "De 'vendedores de queixo' a actores", *La Voz de Galicia*, (Edición de Moeche), 16 agosto 1996, p. 34. Veciños da localidade representan no castelo de Moeche a obra *Os Irmandiños*, de Daniel Cortezón na XVIIª edición do festival Irmandiño de Moeche. Roberto Casteleiro Fernández, o director da peza, comenta a montaxe e fala do seu traballo cos veciños da zona.

-Fiuncho: *O achado do castro*, de Singala. V. Semana de Teatro "Ben veñas Maio".

-Grupo de Afeccionados da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla: *Almas sinxelas e Todo ten amaño*, de Xabier Prado Lameiro.

-Begoña Mouriño, "Nenos e maiores de Antas de Ulla, en escena hoxe con varias pezas teatrais", *El Progreso*, 25 decembro 1996, p. 17. Actuación do grupo con varias obras, unhas a cargo do grupo dos nenos da compañía e outras a cargo dos maiores do grupo.

-Grupo de Teatro Afeccionado de Agrón: *Se o sei... non volvo a casa*. V. IIª Semana Cultural de Ames.



- Grupo de Teatro Afeccionado da Asociación Cultural Monte Oribio: *O vello muíño*, de Fiz Vergara Vilariño, dirixida por Eduardo Rey. V. Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Sarria.
- Grupo de Teatro A Mamoá: *Comedia de enredo*.
- Grupo de Teatro A Serna: *A lenda de Xan Bonome*, de Agustín Magan.
- Grupo de Teatro Algarabía: *Que noite, señor, que noite*, de Loly Fernández.
- Grupo de Teatro Amado Lar: *O menciñeiro á forza*, de Molière.
- Grupo de Teatro Andaravia: *Historias peregrinas*, de Miguel-Anxo Murado.
- Grupo de Teatro As Neves: *O achado do castro*, de Manuel Núñez.
- Grupo de Teatro Atlántida de Matamá: *Bourbon e aspirinas*, de Woody Allen, dirixida por Xoán Costas.
- Grupo de Teatro Candilejas: *Comedia Musical*.
- Grupo de Teatro Cristiñade: *Pola nosa culpa*, de Manuel Varela Buxán.
- Grupo de Teatro da Asociación Cultural Ullán: *O rei aborrecido*, de Xesús Pisón.
- Grupo de teatro do Instituto Val de Miñor de Nigrán: *Anxélica no umbral do ceo*, de Blanco Amor.



Grupo de Teatro Faro-Miño: *Catro Contos*, dirixida por Ramón Rodríguez Porto e Paco Maciñeiras.
 Grupo de Teatro Nosa Terra de Pereiras: *Melocotón en almíbar*, de Miguel Mihura.
 Grupo de Teatro Novo serán: *Coplas de desafíos* e *Testamento do galo*, de Ilda Amoedo.
 Grupo de Teatro Os atrevidos: *O cego de Fornelos* e *Se o sei non volvo á casa*, de Manuel Varela Buxán, dirixidas por María Romero Lago.
 Grupo de Teatro Os de Triana: *De Blanca a Gato* e *O amor non se compra*, dirixidas por Marcos Javier Vila Rodríguez.
 Grupo de Teatro Rueiro: *Azos de esguello*, de Euloxio Ruibal.
 Grupo de Teatro Sísifo: *Lexionaria*, de F. Quiñones, dirixida por Manolo Camba e interpretada por Ricardo Soaxe.
 Grupo do Hospital Xeral de Lugo: *O Cego de Fornelos*, de Manuel Varela Buxán.

-Liceo Marítimo Rianxeiro: *A venganza de Don Mendo*, de Pedro Muñoz Seca. V. Ciclo de Teatro en Padrón.

-Luís Boyano: *Maxia por narices*.

-Madrigal. V. V^{as} Xornadas de Teatro Aficionado do Teatro de Pontevedra.



-A Mámoa: *Se o sei... non volvo a casa*. V. Ciclo de Teatro en Padrón.

-Metátese: *Lóstregos*.

-J. A. Penín, "O grupo Metátese de Palas de Rei presenta a obra *Lóstregos*", *La Voz de Galicia*, (Edición da Ulloa), 24 agosto 1996, p. 38. Dez mozos afeccionados de Palas de Rei escenifican *Lóstregos*, adaptación de catro contos formada por "En col da morte de Bieito" de Rafael Dieste, "Solidão" de Miguel Torga, "Paixón" de Edward Bond, e "Sam" un fragmento da obra *Os comedores de patacas*, de Manolo Rivas.

-Mofa e Befá: *Para ser exactos* e sketches *Cociña Económica* e *Fazañas bélicas*.

-Monte Medela: *A espiña do toxo*, de Manuel María e *A farsa das zocas*, de Ricardo Carballo Calero.

-Nove-Dous: *Sobre o dano que fai o tabaco*.

-Obradoiro de Teatro do Instituto Sánchez Cantón: *O oso*, *Petición de man* e *O aniversario*. V. IVª Semana de Teatro "Ben veñas maio" de Pontevedra.

-Oeste: *O milagre que nunca sucedeu*, de Julio Lorenzo.

-Okú, Rut Massó, Ana Vallés e Cristina Sicilia: *Teatro de operacións*.

-Orballo: *Parella aberta*, de Darío Fo.



- Pavís Pavós: *Érase unha vez*, interpretada por Luís Antonio Martínez e Pepe Ballesteros.
- Pequeño Zoc: *Nenos non facer trampas*, de Eduardo Alonso.
- A Picoña: *Meu pai*, *Os tres lacazáns* e *A tía lambida*, de Blanco Amor.
- Os Rompeosos: *Collage*.
- San Cibrao: *A Balada dos santos inocentes*.
- Santa Eulalia: *Os vellos non deben...* e *Todo é un conto*, de Castelao, dirixida por Marité Rey.
- Secretaría da Muller de CC.OO: *A nai pasota*.

Taller de Teatro Clámide: *O veneno do teatro*, de Rodolf Sidera, dirixido por José Luís Alba González.

Taller de Teatro de Carballiño: *Historias mínimas*, de Javier Tomé.

Teatro da Mallante: *Carta de apremio*, *Pallasín sorprende a pallasete*, dirixida por Francisco Cambeiro Mayo e *Novas historias de trasnos*, dirixida tamén por Francisco Cambeiro Mayo.

Teatro de Cámara Ditea: *Beiramar*, de Armando Cotarelo Valledor.

Teatro dos Duendes. V. XIIIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.



Teatro do Improvisto: *Historia dun saltimbanqui*, adapt. Michael Ende. V. IXª Mostra de Teatro de Cee e *Actores e marionetas*.

Teatro Experimental da Arte: *Fausto e Margarida*, de Manuel Linares Rivas. Dirección: Fidel Criado e Alfredo Rodríguez.

Teatro Tranghallada: *Anxélica no umbral do ceo*, de Eduardo Blanco Amor.

-Telerín Teatro: *Prólogo*, dirixida polo Grupo de Teatro do Colexio Monte Oribio. V. Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Sarria.

-Tic Tac: *Tururú, o terreo de Mambú*, de J, González Torices.

-Títeres e Gultrapas: *Mário o planetario e Familia Malasangue*.

-Tócalle o nabo: *Para o amor non hai idade*.

-Toxos e Flores: *O achado do castro*, de Manuel Núñez Singala.

-Tramoia Teatro: *O verde escurecido*.

-O Trasnovo Teatro: *Vacacións para sempre e Grito de Esperanza*, dirixidas por Xaime Costas.

-Valacar: *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela.



-O Veciño do lado: *A senda*.

-Os xeitosos: *Menciñeiro á forza*, de Molière e *O carteiro do rei*, de R. Tagore.

-Xente Nova: *Maios*, unha historia viva.





IV.1. Creación

IV. Día das Letras Galegas

IV.1. Creación



Ferro Couselo, Xesús, *Obra selecta*, Vigo: Galaxia, marzo 1996, 314 pp. (ISBN: 84-8288-032-2).

Volume que reúne algúns dos traballos máis relevantes de Xesús Ferro Couselo (Valga, 1906-Ourense, 1975), publicados en xornais e revistas. Ábrese cun limiar sen sinatura no que se destaca o seu labor no Museo Arquelóxico Provincial e no Arquivo Provincial, indicándose o dobre obxectivo do libro: poñer ós lectores en relación con Xesús Ferro Couselo, escritor mal coñecido, e renderlle unha merecida homenaxe. O volume consta de cinco seccións compostas por traballos sobre toponimia, onomástica e investigación sobre arte e arqueoloxía: "A lingua e os nomes", "Casas, persoas e liñaxes", "Arqueoloxía e arte", "Traballos de Historia" e "Varia" no que se inclúe un breve artigo titulado "A miña cativa lembranza de Castelao".

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "Ferro Couselo traducido", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 108, 16 maio 1996, p. 6. Saliéntase o labor intelectual de Ferro Couselo en contra da perda da memoria colectiva, así como a inclusión e reactualización no volume ofrecido por Galaxia dalgúns dos froitos deste traballo. Critícase a tradución ó galego de moitos dos estudos e investigacións que compoñen esta escolma, así como a corrección lingüística á que foron sometidos sen indicar quen é o responsable dos cambios introducidos.



Ferro Couselo, Xesús, *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, limiar Olga Gallego, Vigo: Galaxia/Fundación Penzol, maio 1996, 709 pp. (ISBN: 84-8288-051-9).

Reproducción facsimilar desta obra que recolle, nun só volume, os dous publicados co mesmo título por Ferro Couselo no 1967. No breve "Limiar", Olga Gallego inclúea dentro da preocupación que moveu ó escritor por "facer historia seria de Galicia coñecendo ben as fontes e documentos cos que contamos". Sinala as principais dúbidas e problemas con que se atopou Ferro á hora de traballar cos documentos presentados neste libro. Compara os dous volumes da obra orixinaria e dá conta das diferencias básicas, salientando a mellor estrutura do segundo deles, por proceder tódolos documentos do Concello de Ourense. Comenta a progresiva separación entre o galego e o latín que podemos observar nos documentos, así como a continua penetración do castelán en Galicia. Finalmente, valora moi positivamente esta escolma de Ferro Couselo por "traballar con rigor científico e con sentido crítico", laiándose de non poder contar coa interpretación que o paleógrafo e historiador de Valga tería acerca dos documentos que recolle.

Recensións:

F. Martínez Bouzas, "Raigaños do pobo", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 117, 18 xullo 1996, 6.



Sinala o articulista que a edición facsimilar de *A vida e a fala dos devanceiros* sobresairá no conxunto de actos dedicados a homenaxear a Xesús Ferro Couselo porque se trata dunha “obra magna” na que o autor pretendeu facer unha conciliación co noso pasado, recuperando documentos esquecidos. Menciona que o libro recolle un total de catrocentos setenta e cinco documentos “nos que latexa coa forza do seu abrollar primeirizo a fala dos devanceiros que estaba a balbucir os seus primeiros sons”.

-Xavier Castro R., “Reedición dun traballo cimeiro”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 28 xullo 1996, p. 8.

Xavier Castro inicia o seu artigo co comentario de que son moitas as editoriais que ofrecen nestes meses algúns traballos de Ferro Couselo. Nel analiza a edición facsimilar que vén de aparecer de *A vida e a fala dos devanceiros*. O crítico fai unha aproximación ó contido da obra e unha valoración da importancia que esta tivo tanto no momento da súa publicación coma na actualidade.





IV.2. Monografías e libros colectivos

IV. Día das Letras Galegas

IV.2. Monografías e libros colectivos



Fandiño Veiga, Xosé Ramón (coord.), Xesús Ferro Couselo. Día das Letras Galegas 1996, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, maio 1996, 139 pp. (ISBN: 84-453-1667-2).

Libro colectivo que reúne diversos traballos ó redor da figura de Xesús Ferro Couselo. Divídese en tres apartados: o primeiro deles recolle unha biografía e unha bibliografía do autor, o segundo é unha relación de artigos de varios autores sobre diferentes aspectos da obra do homenaxeado, o terceiro apartado é unha escolma de traballos de Ferro Couselo arredor de distintas cuestións (etimoloxía, historia, etc.). Os artigos incluídos no volume son os seguintes:

-Xosé Ramón Fandiño Veiga, "Biografía dun tempo desvivido", pp. 13-39. Biografía que recolle os acontecementos máis destacables da vida de Ferro Couselo, dende o seu nacemento, primeira formación en Compostela e inicio do seu interese pola historia, ata o comezo da súa actividade docente, o estalido da guerra civil, que el pasa en Madrid, e o seu regreso a Galicia, onde dirixirá o Museo e Arquivo Histórico de Ourense, desenvolvendo sempre múltiples actividades culturais e participando na creación de institucións como o Partido Galeguista ou a Editorial Galaxia.

-Xoán Carlos Rivas Fernández, "Relación dos traballos publicados por Ferro Couselo", pp. 41-52.



Bibliografía de Ferro Couselo que comprende a publicación de tódolos seus traballos entre os anos 1931-1932 e 1995. Recóllense libros, artigos, conferencias sobre aspectos moi diversos: arte, historia, xeografía, etnografía, etc.

-Alfonso Mato, "Ferro Couselo, historiador", pp. 55-63. Primeiramente, o artigo remóntase ó "contexto historiográfico español e galego do primeiro tercio do século" pois a comezos de século naceu a historiografía como ciencia autónoma. Nesta análise destaca o papel da Universidade e o Seminario de Estudos Galegos, que inician un labor lento que se verá truncado co comezo da guerra. Logo coméntase a actividade de Ferro Couselo como historiador seguindo, co transcorrer da súa vida, a produción que levou a cabo, para afirmar que os seus artigos "son o produto típico da erudición profesional".

-Xosé Carlos Valle Pérez, "Xesús Ferro Couselo, o Museo de Ourense e a historia da Arte Galega", pp. 65-72. Artigo que empeza sinalando a vinculación de Ferro Couselo co Seminario de Estudos Galegos para logo pasar a revisa-la súa actividade "como museólogo e como historiador da Arte Galega", dende o Museo de Ourense. Finalmente analízase a produción bibliográfica relativa á historia da arte galega que Ferro desenvolveu ó longo da súa vida.

-Olga Gallego, "D. Xesús Ferro Couselo, arquivista", pp. 73-85. O artigo salienta que o polifacetismo de Ferro ocultou o seu valor como arquivista e pasa a facer un comentario pormenorizado da actividade arquivística do erudito, centrándose nos labores de organización, recuperación, difusión e espallamento da información contida nos arquivos



(mediante conferencias, exposicións, publicación de artigos) e tamén no seu traballo de bibliotecario, dende o que reivindica unha potenciación das bibliotecas públicas.

-Carme Hermida Gulías, "Ferro Couselo e a Lingua Galega", pp. 87-97. Na introducción do artigo preséntase a figura de Ferro Couselo e a súa relación coa lingua galega. A seguir coméntase o texto "Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego", que contén información básica "para a correcta análise da historia externa do idioma", e maila obra *A vida e a fala dos devanceiros*, sobre a que se afirma que ten grande valor documental e tamén lingüístico, aínda que se inclúen críticas sobre a verdadeira utilidade filolóxica da obra.

-Gonzalo Bouza-Brey Villar, "Ferro Couselo, o seu tempo e o Ateneo do Ullán", pp. 99-105. O artigo pretende "dar a coñecer algúns feitos da vida persoal e intelectual do noso homenaxeado vencellado directamente cos homes e coas cousas da súa bisbarra natal". Lembra as xuntanzas de intelectuais e artistas en cafés, así como as reunións en Portugal durante o período dictatorial. Finalmente, fala da fundación do Ateneo do Ullán e as súas actividades, das que participaron moitos intelectuais, entre eles o propio Ferro Couselo.

-Xesús Ferro Couselo, "Escolma", pp. 109-137. Selección de artigos de Ferro Couselo entre os que figuran algúns dos máis coñecidos e nos que trata de temáticas diversas. Os textos que recolle esta escolma están incluídos en publicacións varias e abarcan dende o ano 1932 ata o 1975. Os títulos son os seguintes: "O Xénese e as primeiras dispersións dos pobos", "Vemposta", "Rúas vellas de Tui", "O mar chamado da Arousa", "O Deus Bandua da Veiga", "Cómo e por qué os escribanos deixaron de



empregar o galego”, “Doña Tereixa, fundadora e raíña de Portugal” e “A miña cativa lembranza de Castelao”.

Recensións:

-M. Rodríguez, “Como e por que os notarios deixaron de escribir en galego”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 64, 16 maio 1996, p. 12. Recensión sobre o libro colectivo *Xesús Ferro Couselo*, na que se informa acerca do seu contido. Coméntase que Carme Hermida Gulías realiza un traballo sobre a relación do polígrafo ourensán no que insiste na importancia do seu labor “para axudar na tarefa de eleva-lo galego ó nivel de uso que tivo noutrora”. O coordinador do libro, Xosé Ramón Fandiño, realiza o traballo “Biografía dun tempo desvivido”, Carlos Rivas fai un percorrido polos traballos publicados por Ferro Couselo e finalmente infórmase tamén de que Alfonso Mato, Xosé Carlos Valle Pérez, Olga Gallego e Gonzalo Bouza-Brey Villar analizan aspectos históricos da vida do estudioso ourensán.

-Xavier Castro R., “Publicación institucional”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 14 xullo 1996, p. 9. Xavier Castro comeza o seu artigo comentando que “A Xunta de Galicia ofrece a súa particular e interesante homenaxe” a Xesús Ferro Couselo mediante a publicación dun libro, pasando logo a analiza-la súa estrutura: unha parte biográfica, cinco aproximacións complementarias sobre temas diversos e un apartado final que recolle varios textos do autor.



Fariña Busto, Francisco, *Xesús Ferro Couselo. Ensinante, activo galeguista, arqueólogo, erudito, investigador. O protector do noso patrimonio cultural*, Vigo: Ir Indo, col. Galegos na Historia, nº 5, 1996, 64 pp. (ISBN: 84-7680-228-5).

Breve achegamento á figura de Xesús Ferro Couselo nas súas facetas de animador cultural, fundador de editoriais, revistas e asociacións, colaborador na prensa, erudito, investigador, político comprometido co galeguismo nacionalista. O seu biógrafo, Francisco Fariña Busto, inclúe, ademais, un conxunto de fotografías e reproducións de diferentes documentos, unha bibliografía dos libros e artigos publicados polo autor pontevedrés e unha cronoloxía xeral sobre a súa vida e obra.



Gay Parga, Tonina, *Xesús Ferro Couselo. Un devanceiro*, Lugo: Citania, 1996, 142 pp. (ISBN:84-8231-015-1).

Trátase das transcricións e das gravacións en dúas casetes dunha serie de programas dedicados a Xesús Ferro Couselo nas emisoras da Cadena Ser de Galicia, dirixidos por Tonina Gay Parga. Recolle as opinións sobre o homenaxeado de Xulio Francisco Ogando Vázquez, Manuel Ferro Couselo, David Otero, Francisco Fernández del Riego, Olga Gallego Domínguez, Felipe-Senén López Gómez, Francisco Fariña Busto, Felipe Arias Vilas, Xesús Alonso Montero, Xosé Carlos Sierra Rodríguez, Manuel María, Xulio Rodríguez González, Álvaro Álvarez Blázquez, Carmen Blanco, Gumersindo Campaña Ferro, Xaime Isla Couto, Clodio González Pérez, Juan Carlos Rivas, Frei Xosé Isorna Ferreirós e Xosé Filgueira Valverde.



Gallego Domínguez, Olga, Xesús Ferro Couselo. Vida e obra, A Coruña:

Publicacións da Real Academia Galega, maio 1996, 90 pp. (ISBN: 84-87987-2).

Selección de 20 textos de Xesús Ferro Couselo -que inclúe unha entrevista ó autor e unha carta deste a Francisco Fernández del Riego-, publicados con anterioridade en volumes colectivos e revistas (*Logos, Tude, Posío. Artes y Letras, Grial, BRAG*, etc.) sobre temas históricos e lingüísticos. Na colectánea hai un texto relacionado coa literatura, o titulado "A miña cativa lembranza de Castelao". A recolleita vai acompañada dun limiar de Olga Gallego Domínguez, no que se fai un achegamento á peripecia vital de Xesús Ferro Couselo, referíndose ós seus antecedentes familiares, estudos, traballos desempeñados, etc., e á súa obra centrada no eido histórico, para rematar sinalando os diferentes cargos que ocupou e distincións das que foi obxecto o autor durante a súa vida. Finaliza o libro cunha bibliografía que recolle os traballos de Ferro Couselo en galego e castelán ordenados cronoloxicamente.



González Pérez, Clodio, *Xesús Ferro Couselo*, limiar Francisco Fernández del Riego, Muros: Toxosoutos, marzo 1996, 44 pp. (ISBN: 84-89129-19-3).

Precedido dunha breve introducción de Francisco Fernández del Riego, aparece esta contribución á vida e á obra do homenaxeado no Día das Letras Galegas 1996. Componse dunha aproximación á súa vida e obra, unha bibliografía dos seus traballos organizada cronoloxicamente e outra bibliografía de estudos sobre a súa figura.



González Rajo, Javier (coord.), *Xesús Ferro Couselo. Letras galegas 1996*, ilustrado.

Tokyo, A Coruña: Xunta de Galicia, 1996, 141 pp. (ISBN: 84-453-1672-9).

Volume didáctico de grande formato, elaborado a partir dunha idea do Centro de Recursos de Pontevedra, no que o guión, as fichas de investigación e as fotografías son responsabilidade de Anxo Cabada Álvarez, Xosé Luís López Penas, Xosé Benito Rei Dovalo e Antón Rozas Caeiro, equipo coordinado por Javier González Rajo. O libro ábrese cun apartado titulado “Xustificación” no que, ademais dunha cita de Lucrecio, extraída de *De rerum natura*, se atopan unhas palabras de presentación de Antón Rozas nas que salienta o labor continuo de Ferro Couselo para dar a coñece-la arte galega nos seus diferentes momentos históricos. De seguido, comezan as “Fichas de Investigación”, que aparecen divididas en cinco períodos: “Prehistoria”, “Idade Antiga”, “Idade Media”, “Idade Moderna” e “Idade Contemporánea”. En todas elas, tras unhas palabras introductorias e explicativas de Ferro Couselo, que nos conduce nas páxinas do volume a través dos debuxos de Tokyo, o lector pode achegarse a través das fotografías ás diferentes manifestacións artísticas da historia. As fichas presentan modelos de análise e de estudo a través de preguntas clave, adaptables a calquera forma de arte. O volume péchase co apartado “Marco conceptual” no que aparece un resumo esquemático das principais características de cada período da historia.



Grupo Marcelo Macías (coord.), *Xesús Ferro Couselo. Lembranzas, actividade, inquedanzas*, *Boletín Auriense*, Anexo 21, Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial/Concello de Ourense, marzo 1996, 260 pp. (ISBN: 84-88522-05-3/ISSN: 0212/3185).

Anexo do *Boletín Auriense* dedicado ó intelectual ourensán Xesús Ferro Couselo no que se pretende un achegamento á súa vida e obra a través das tres seccións nas que se divide o monográfico: “Lembranzas”, “Actividade profesional” e “Inquedanzas”. En “Lembranzas” recóllense artigos de Francisco Fernández del Riego, Manuel Ferro Couselo, Antón Fraguas Fraguas, Xaime Illa Couto, José Isorna, Xoán Carlos Rivas Fernández e Luís Taboada sobre diferentes aspectos da vida de X. Ferro Couselo, mentres que no apartado “Actividade profesional” atópase un achegamento ó labor de arquivista, historiador e mestre do intelectual ourensán gracias ós artigos de Yolanda Barriocanal López, Mercedes Durany Castrillo, Francisco Fariña Busto, Olga Gallego Domínguez, Xulio Francisco Ogando Vázquez, Ángeles Castro, M. Luisa Padrón, M. del Carmen Garza, Pedro Díaz, Xulio Prada Rodríguez, Xulio Rodríguez González, Francisco Fariña Busto e J. C. Sierra. Na terceira sección, “Inquedanzas”, encóntranse colaboracións de Segundo Alvarado, Nemesio Barxa, Carlos Guitián, Anselmo López Morais e Fernando e Federico Román Alonso. O volume conta ademais cun “Limiar”, unha relación de “Fitos Cronolóxicos” e unha bibliografía activa e pasiva de Xesús Ferro Couselo a cargo do colectivo organizador, o Grupo Marcelo Macías. As colaboracións gráficas da publicación pertencen a Eugenia Cañedo Pérez, Xosé Conde Corbal, Xaime Illa Couto e Xaime



Quesada Porto. Entre os traballos do *Boletín* centrados na vida e na relación do autor coa literatura cómpre sinalar:

I. Lembranzas

-Francisco Fernández del Riego, “Unha traxectoria de servicio a Galicia”, pp. 35-42. Achegamento á vida e obra de Xesús Ferro Couselo: datos biográficos e vínculos familiares, estudos de Teoloxía na Universidade Pontificia de Santiago e de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Refírese, ademais, ó seu labor docente, primeiro no Colexio Labor de Vigo e máis tarde no Instituto de Ensino Medio de Tui, a súa entrada no Partido Galeguista e a súa marcha durante a Guerra Civil. Coméntase, así mesmo, o seu traballo como arquivista e museólogo.

-Manuel Ferro Couselo, “Recordos sobre o meu irmán Xesús”, pp. 43-54. Na liña da colaboración anterior de Fernández del Riego, Manuel Ferro Couselo fai un percorrido pola vida e obra do seu irmán Xesús. Repasa a súa infancia e xuventude, o comezo da súa carreira docente, a posición que mantivo durante a Guerra Civil, etc. Como intelectual, lembra a súa actividade como paleógrafo e perito calígrafo, ademais de historiador.

-Antón Fraguas Fraguas, “O amigo Xesús Ferro Couselo”, pp. 55-59. Antón Fraguas refire a súa relación persoal con Xesús Ferro Couselo e céntrase nos seus traballos como historiador e autor de *A vida e a fala dos devanceiros* (1967).



-Xaime Illa Couto, “A miña relación con Ferro na militancia galeguista”, pp. 61-67. Comenta o autor como coñeceu a Ferro Couselo en 1931, cando o intelectual ourensán foi traballar a Vigo e como xa, a partir de 1933, mantén con el un contacto máis estreito a causa da participación de ambos nas Mocidades Galeguistas. A partir disto, faise un achegamento á militancia galeguista do historiador ourensán.

-José Isorna, “Unha vida na lembranza. Xesús Ferro Couselo, vivente na miña memoria de neno”, pp. 69-80. O colaborador achégase ós seus recordos de Ferro Couselo, que proveñen da súa infancia, cando Ferro Couselo contaba 23 anos. Isorna foi discípulo seu na catequese parroquial, onde o intelectual de Cordeiro ilusionaba ós nenos contando grande número de sucesos e ensinanzas que quedaron gravadas na mente do neno José Isorna, quen as relata neste artigo.

-Xoán Carlos Rivas Fernández, “Lembranzas da miña amizade con un grande home”, pp. 81-91. O autor fai unha aproximación á personalidade e pensamento de Xesús Ferro Couselo, amais de tracea-lo seu quefacer na última década da súa vida: publicación de *Vida e fala dos devanceiros* (1967), defensa do patrimonio histórico-artístico da provincia de Ourense, campañas de excavación en Castromao, fundación do *Boletín Auriense* en 1970, etc.

-Luís Taboada, “Recordos e anécdotas de D. Xesús Ferro Couselo”, pp. 93-96. Luís Taboada refire algúns sucesos e anécdotas que viviu con Xesús Ferro Couselo, a quen coñeceu nos anos 30 nos locais das Mocidades Galeguistas de Ourense.



II. Actividade Profesional

-Julio Francisco Ogando Vázquez, “A vocación docente de Xesús Ferro: Esquema dun ensaio”, pp. 147-158. O colaborador repasa a traxectoria profesional como docente de Xesús Ferro Couselo, dividíndoa cronoloxicamente en dúas etapas: unha inicial na década dos trinta no Colexio dos Xesuítas e no Colexio Labor de Vigo, e unha segunda no Instituto de Tui, onde foi profesor de Filosofía e Latín. O autor vai desnobelando as actividades do intelectual ourensán en cada un destes centros, entre as que cómpre sinala-la creación da revista *Tude*.

-Ángeles Castro, M. Luisa Padrón, M. del Carmen Garza e outras, “Ferro Couselo, mestre”, pp. 159-162. Neste artigo recóllense diferentes opinións de alumnas de Ferro Couselo -do Colexio das Carmelitas e do Instituto de Posío- sobre a súa actividade docente. Salientan da personalidade do mestre ourensán a “confianza que inspiraba, a súa proximidade, a súa humanidade, a súa tolerancia”.

-Pedro Díaz, “Xesús Ferro Couselo: profesor en Tui”, pp. 163-172. Pedro Díaz fai un achegamento ó Instituto de Ensino Medio de Tui na etapa da República en que Xesús Ferro Couselo foi profesor do centro.



III. Inquedanzas

-Segundo Alvarado Feijóo-Montenegro, “Don Xesús, ‘Posío’ e os faladoiros do café”, pp. 219-224. Segundo Alvarado comenta a relación de Xesús Ferro Couselo coa revista *Posío. Artes y Letras*, que el fundou, e cos diversos faladoiros que frecuentaba na cidade de Ourense, como os que se reunían no Café Miño, no Bar Tucho ou na peña do Roma, entre outros.

-Nemesio Barxa, “Don Jesús e a ‘Auriense””, pp. 225-232. Nemesio Barxa coñeceu a Ferro Couselo a través duns cursiños que o intelectual de Cordeiro impartiu na Cámara de Comercio de Ourense. Este labor, sumado a outros como a recuperación do Museo Arqueolóxico ou, sobre todo, a axuda á creación da Agrupación Cultural Auriense, son algúns dos aspectos que quere recorda-lo autor desta colaboración.

-Carlos Guitián Rodríguez, “A miña relación con Don Xesús na Agrupación Cultural Auriense”, pp. 233-241. Carlos Guitián lembra a súa relación con Ferro Couselo, máis directa durante os cinco primeiros anos da fundación da Agrupación Cultural Auriense. Informa de que o primeiro acto público da mesma correspondeu ó propio Ferro Couselo, cunha conferencia titulada “Nacemento da cidade de Ourense” e, a partir de entón, celebrou numerosas actividades: cursos de lingua e literatura galegas, de arte e arqueoloxía, creación dunha comisión de toponimia, etc.



Monteagudo, Henrique (ed.), *Xesús Ferro Couselo. Días das Letras Galegas 1996*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario Sur (Departamento de Filoloxía Galega), 1996, 116 pp. (ISBN: 84-8121-457-4).

A Universidade de Santiago de Compostela edita, con motivo da conmemoración da figura e obra de Xesús Ferro Couselo, a obra *Día das Letras Galegas 1996*, dirixida por Carme Hermida e Henrique Monteagudo. Ábrese esta cun limiar de Xesús Alonso Montero no que, tras dunha breve semblanza do homenaxeado, se adentra na descrición do volume que nos ocupa, ó tempo que gaba o traballo dos seus organizadores. A obra está dividida en catro apartados. O primeiro, "Vida, obra e pensamento de Xesús Ferro Couselo", recolle dous "retratos" do autor realizados por Xesús Taboada Chivite e Francisco Fernández del Riego en 1975. O segundo apartado é unha compilación de oito artigos do propio Ferro Couselo -"O Xénesis e as primeiras dispersións dos pobos", "Grandeza e fin da Casa e Torre de Marceo", "Los romances y los libros de caballerías en la onomástica personal gallega de los siglos XV y XVI", "O Deus Bandua da Veiga", "Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego", "Dona Tereixa, fundadora e raíña de Portugal", "A miña cativa lembranza de Castelao" e "O castelo de Maceda". Baixo o epígrafe "Outros Textos", ofrécensenos a "Carta de X. Ferro Couselo a Francisco Fernández del Riego" e o artigo de Salvador Lorenzana "O noso pasado histórico, visto por Ferro Couselo". Tres recensións de Ricardo Carballo Calero, Hipólito de Sá e Miguel González Garcés sobre a aparición en 1967 de *A vida e a fala dos devanceiros* pechan o conxunto.



Recensións:

-Xavier Castro R., "Homenaxe a Ferro Couselo", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 7 xullo 1996, p. 7. En opinión de Xavier Castro, tódolos anos aparece un importante número de traballos que "tentan abeirar un pouco máis o coñecemento tanto da vida como da obra do creador homenaxeado". O recensionista menciona algúns dos artigos que aparecen na obra e comenta a estrutura da mesma.



Navaza, Gonzalo e Xosé Ramón Pena, Xesús Ferro Couselo. A cultura dos devanceiros, Vigo: Xerais, col. Letras galegas, 1996, 91 pp. (ISBN: 84-7507 983-0).

Achegamento á vida e á obra de Xesús Ferro Couselo. O volume consta dunha cronoloxía na que Gonzalo Navaza fai un percorrido polas datas fundamentais da vida do escritor. A seguir, inclúese un estudio sobre as diferentes etapas da súa vida e obra e do labor cultural por el desenvolvido. Xosé Ramón Pena continúa cun traballo sobre *A vida e a fala dos devanceiros* e algúns dos textos alí recollidos. O volume conclúe cunha "Bibliografía de e sobre Xesús Ferro Couselo".

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Ferro Couselo: a cultura dos devanceiros", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXIII, 4 maio 1996, p. 4. Dáse conta das distintas publicacións sobre a figura de Ferro Couselo aparecidas ó longo do ano, para se centrar na análise do libro feito por Gonzalo Navaza e Xosé Ramón Pena. Do labor efectuado polo primeiro dos autores salientase o desenvolvemento e interpretación da actividade intelectual levada a cabo por Ferro, destacando as súas constantes conviccións galeguistas, o interese pola onomástica e a esculca en diversos campos. Do labor que realiza o segundo dos autores remárcase a visión que se ofrece da Idade Media galega, a teor dalgúns textos que se conteñen no libro *A vida e fala dos devanceiros*.



Otero Fernández, David, *A vida de Xesús Ferro Couselo*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, serie Letras Galegas, 1996, 84 pp. (ISBN: 84-8288-029-2).

Na liña de traballos anteriores, David Otero achéganos ás circunstancias socio-culturais que acompañaron os momentos máis salientables da vida e o labor do profesor, arqueólogo e investigador, Xesús Ferro Couselo. O estudio desenvólvese ó longo de doce capítulos. O retrato de “Don Xesús”, que ocupa o primeiro deles, inicia un percorrido pola infancia e os anos de estudio e traballo do profesor, para afondar, na parte final da obra, nas súas actividades no museo de Ourense e nos eidos da investigación, a cultura, o galeguismo e a Real Academia Galega. O volume conforma “unha introducción útil e sintética, escrita nunha prosa amena e clara que facilitará o achegamento dos estudantes galegos á vida e á obra de Xesús Ferro Couselo”.

Recensións:

- Xavier Castro R., “Xesús Ferro Couselo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 31 marzo 1996, p. 7. O crítico salienta o feito de que David Otero faga unha biografía de Xesús Ferro Couselo enfocada cara ós máis novos. Comenta tamén que é este un interesante traballo no que, dun xeito sinxelo e sintético, se nos presenta a traxectoria tanto vital coma cultural deste ourensán.



Senén, Felipe e Carlos **Díaz Martínez**, Xesús Ferro Couselo. *A búsqueda da identidade e o encontro cos devanceiros*, A Coruña: Espiral Maior, col. Didáctica, febreiro 1996, 106 pp. (ISBN: 84-88137-75-3).

Volume que reconstrúe a vida do homenaxeado no Día das Letras e no que se fai un seguimento das obras, publicacións e labor cultural e científico realizado por Ferro a prol da recuperación da memoria histórica de Galicia. Inclúe un capítulo de textos do autor e sobre o autor. Complétase cunha serie de propostas didácticas dirixidas a estudantes e cunha bibliografía.

Recensións:

-M. R., "O encontro cos devanceiros en Ferro Couselo", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 56, 21 marzo 1996, p. 6. Reprodúcense as palabras dos autores do libro, segundo os cales, Ferro Couselo non se axusta ó modelo de figura á que se lle vén dedicando o Día das Letras Galegas, xa que non se trata dun "creador de fórmulas literarias", senón dun "arquivoiro, arqueólogo e museólogo, ensaísta, investigador e un compilador de testemuños do pasado", así como "animador cultural e difusor da cultura galega en momentos de marxinación e silencio". Conclúe sinalando que o libro reconstrúe a vida de Ferro Couselo e analiza o seu labor cultural e científico.



-R. G., "Un mestre nas técnicas da metodoloxía histórica", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano I, nº 64, 16 maio 1996, p. 6. Breve comentario sobre este libro, no que o recensionista salienta o labor de recompilación de datos efectuado polos autores do traballo para remarca-los feitos máis destacados da biografía de Ferro Couselo. Destácase, así mesmo, a oportunidade de adxuntar algúns textos que falan da vida e obra do arqueólogo ourensán, así como a pertinencia de incluí-las palabras que o seu amigo e veciño José Isorna de Ferreirós pronunciara na homilía do seu funeral.

Referencias varias:

E. C., "Xesús Ferro: o elo entre 'Nós' e a xeración da posguerra galega", *O Correo Galego*, 2 abril 1996,

31. Fai referencia á presentación do libro, destacando o feito de que a obra estea artellada en oito partes e que inclúa unhas propostas de traballo centradas en cuestións como o Día das Letras Galegas, a historia persoal do homenaxeado, a dignificación e divulgación das humanidades e a identidade galega.

I. G., "La biografía de Ferro Couselo fue presentada ayer en Santiago", *El Ideal Gallego*, 2 abril 1996,

32. Sucinto comentario sobre a presentación da obra conxunta de Felipe Senén e Carlos Díaz. Infórmase que se trata da primeira biografía publicada neste ano sobre o historiador galego.



Taboada, Pepe e Matías Cuba, *Letras Galegas. Lugo, 17 de maio. Caderno didáctico: X. Ferro Couselo*, Lugo: Patronato de Cultura do Concello de Lugo, 1996, 48 pp. (D.L.: LU-197/969).

Tralos apartados dedicados á biografía e á obra do homenaxeado no Día das Letras Galegas de 1996, Xesús Ferro Couselo, este caderno contén propostas didácticas para os alumnos, apoiadas en visitas a museos, excursións, investigacións e xogos dramáticos. Os espazos escollidos para a realización destas actividades son o Castro de Viladonga, o Museo Provincial de Lugo, o Museo Fortaleza de S. Paio de Narla e o Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Acompañan ó texto debuxos e gravados dalgunhas das pezas que se atopan nestes lugares.



Valcárcel, Marcos, *Xesús Ferro Couselo, 1906-1975. Unha fotobiografía*, Vigo: Xerais, 1996, 116 pp. (ISBN: 84-7507-978-4).

Enmarcado dentro da homenaxe que a literatura e a cultura galega en xeral tributa a Xesús Ferro Couselo, Marcos Valcárcel ofrécenos esta edición especial para o Día das Letras Galegas 1996. Á biografía cronolóxica do autor de Valga séguelle “1906-1975. A memoria dos devanceiros”, unha colección de escritos, fragmentos de artigos ou de libros, de autores diversos, acompañada de documentación fotográfica, e coa que pretende amosarnos a importancia de Ferro Couselo para a cultura galega. A obra de Marcos Valcárcel vese complementada e enriquecida coa presenza de tres artigos: “Ferro Couselo e máis eu á procura do infinitivo conxugado”, de Xesús Alonso Montero, “Ferro Couselo, historiador” de Ramón Villares e “Xesús Ferro Couselo e a historiografía lingüística de Galicia” de Henrique Monteagudo. Esta fotobiografía péchase cunha bibliografía estruturada nos seguintes apartados: “Libros e monografías”, “Homenaxes e colaboracións”, “Artigos en prensa e revistas” e “Biografía sobre Ferro”.



Xesús Ferro Couselo tralas pegadas de Galicia. Exposición bio-bibliográfica, Valga: Concello de Valga/Patronato Xesús Ferro Couselo/Asociacións culturais de Valga, 1996, 20 pp. (D.L.: VG-304-1996).

Con motivo da celebración dunha exposición bio-bibliográfica ó redor da figura de Ferro Couselo, publícase este folleto que recolle as datas e feitos biográficos máis destacados na vida deste estudioso xunto con outras datas e feitos de relevancia histórica e cultural.





IV.3. Publicacións en revistas

IV. Día das Letras Galegas

IV.3. Publicacións en revistas



Alonso Girgado, Luís, “Xesús Ferro Couselo no Día das Letras 1996”, *Revista Galega do Ensino*, nº 12, maio 1996, pp. 43-47.

Alonso Girgado abre este artigo, dedicado a Xesús Ferro Couselo, cunha reflexión sobre a historia do Día das Letras Galegas e a dinámica cultural que hoxe implica a citada celebración. Recoñecendo a existencia de factores positivos vencellados a este evento, Alonso Girgado critica “a competición cultural” que desencadea, ó amorearse as publicacións, “nalgúns casos precipitadas, pouco perfiladas, non pouco reiterativas”, que fan “imposible” nos anos seguintes “publicar nada sobre a figura”. Tras dun breve percorrido pola traxectoria biográfica de Ferro Couselo, o autor declara a súa disconformidade coa elección deste investigador para protagonizar o Día das Letras, en tanto que “racha claramente coas inmediatamente anteriores (...) que recaeron sobre escritores nos que o amplo abano da creación literaria (...) é fundamental”.



Bande Rodríguez, Enrique, “Retazos de biografía de D. Jesús Ferro Couselo”,
Raigame, “Especial Ferro Couselo”, nº 2, maio 1996, pp. 72-75.

O articulista percorre a traxectoria académica e profesional de Xesús Ferro Couselo. Describe o seu labor á fronte do Museo Arqueolóxico de Ourense e a súa actividade docente no Instituto de Ensino Medio desa cidade. Tamén lembra a faceta de Ferro Couselo como escritor e como fundador de revistas e de asociacións culturais.



Dios Martínez, Manuel de, “Breves apuntes sobre a personalidade de X. Ferro Couselo”, *Raigame*, “Especial Ferro Couselo”, nº 2, maio 1996, pp. 81-83.

Céntrase no labor de Ferro Couselo como impulsor do Museo Arqueolóxico de Ourense, salientando o seu espírito inqueda en prol da propagación da cultura ourensá e galega, o que o levou en numerosas ocasións a oporse a determinados posicionamentos políticos e xurídicos que non tiñan en conta o patrimonio cultural común a tódolos galegos.



Fariña Busto, Francisco, “Libro a libro, pedra a pedra”, *Galicia Internacional*, “Xesús Ferro Couselo. A voz da acción”, nº 10, 1996, pp. 53-55.

Repaso do intenso labor realizado polo autor no Arquivo de Ourense, onde foi destinado en 1941: creación do Arquivo Histórico Provincial, do Grupo Marcelo Macías, do *Boletín Auriense*, excavacións, recolleita de documentación, etc.



Fernández del Riego, Francisco, “A actividade galeguista”, *Galicia Internacional*, “Xesús Ferro Couselo. A voz da acción”, nº 10, 1996, pp. 43-46.

Percorrido biobibliográfico pola figura de Xesús Ferro Couselo, centrado especialmente no seu labor no Seminario de Estudos Galegos e no Proxecto Galaxia.



Monteagudo, Henrique, “Erudición e compromiso”, *Galicia Internacional*, “Xesús Ferro Couselo. A voz da acción”, nº 10, 1996, p. 47.

O autor dubida da pertinencia de lle dedicar a Xesús Ferro Couselo o Día das Letras, xa que entre o seu vasto labor non destaca precisamente o cultivo ou estudio da lingua galega. Para reforzar esta afirmación, fai un repaso dos seus traballos sobre o galego, chegando á conclusión de que ofrecen moi pouco á nosa historiografía lingüística.



Pérez Grueiro, M., “Ferro Couselo: Un animador cultural” *Ferrol análise*, nº 9, xullo 1996, pp. 154-159.

O autor comeza facendo referencia a algúns dos trazos biográficos máis importantes de Ferro Couselo para pasar, posteriormente, a destaca-lo seu labor científico e cultural a prol da construción da identidade de Galicia e a súa actividade como galeguista. Remata xustificando a elección por parte da Real Academia Galega de dito autor como homenaxeado no Día das Letras Galegas.



Portas Ferro, Xesús e Gumersindo A. **Campaña Ferro**, “Xesús Ferro Couselo: un home do pobo para o pobo”, *Encrucillada*, nº 97, marzo-abril 1996, pp. 120-138.

Amplio artigo que se inicia cun detallado perfil biográfico de Xesús Ferro Couselo, co fin de recuperar do esquecemento a súa vida e obra. Ofrece, así mesmo, unha análise dalgunhas das características máis sobresaíntes e das constantes máis relevantes na súa vida. Fai referencia ó seu vencellamento cos homes da Xeracións Nós; alude ó seu amplo labor de investigación, sempre dende unha óptica independentista e crítica e menciona, por último, a súa faceta de home cristián, bo cidadán e amigo incondicional dos seus amigos.



Rodríguez González, Xulio, “Unha crónica a pé de obra”, *Galicia Internacional*, “Xesús Ferro Couselo. A voz da acción”, nº 10, 1996, pp. 58-59.

Repaso do labor realizado polo autor no eido da arqueoloxía e da investigación sobre a Prehistoria galega e a Idade Media.



Senén, Felipe, “Salvar o patrimonio e a identidade”, *Galicia Internacional*, “Xesús Ferro Couselo. A voz da acción”, nº 10, 1996, pp. 50-52.

Este artigo é unha descrición das actividades de Xesús Ferro Couselo encamiñadas, todas elas, a conservar, recuperar e salvagarda-lo patrimonio cultural e artístico galego das constantes agresións sufridas na época. Coméntase o carácter innovador de Ferro no eido da docencia, así como o apoio constante nos seus alumnos, amigos e coñecidos para levar a bo fin a tarefa colectiva de defensa do patrimonio. Péchase o artigo lembrando a importancia das “xeiras” por Galicia para dar a coñecer todo aquilo que estaba defendendo.



Valcárcel, Marcos, “No asociacionismo popular de base”, *Galicia Internacional*, “Xesús Ferro Couselo. A voz da acción”, nº 10, 1996, pp. 48-49.

Artigo no que se estudia o labor de Xesús Ferro Couselo como animador e dinamizador cultural, sobre todo a través da Agrupación Cultural Auriense, fundada en 1967.



Villares, Ramón, “Un exemplo de erudición local”, *Galicia Internacional*, “Xesús Ferro Couselo. A voz da acción”, nº 10, 1996, p. 58.

Ramón Villares equipara a figura de Xesús Ferro Couselo á dos historiadores e arquiteiros da segunda metade do século XIX que recuperaron documentos históricos en diferentes países europeos. Na súa opinión, foron persoas como Ferro Couselo, as que realizaron tardiamente este traballo de recuperación histórica.





IV.4. Publicacións en xornais: estudos e recensións

IV. Día das Letras Galegas

IV.4. Publicacións en xornais: estudos e recensións



Senén, Felipe, “A semente de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 64, 16 maio 1996, p. 6.

Comeza destacando que Ferro Couselo fixo chegar ata hoxe “a semente de ‘Nós’ na súa pureza”, e salienta o seu labor en iniciativas como a dignificación do idioma ou a reinterpretación de gravados rupestres. Felipe Senén sinala o maxisterio que exerceron, neste home polifacético, Castelao e seu tío Couselo Bouzas e recolle toda unha serie de logros como a apertura de canles para o estudio, a divulgación, a conservación e o enriquecemento do patrimonio, subliñando que “Ferro estivo en todo e levou Galicia a todo”: a misa en galego, as tertulias, as colaboracións en revistas, o seu papel na instauración do Día das Letras Galegas e na fundación da Editorial Galaxia ou a súa participación nas “xeiras”, herdo da Xeración Nós.



Sierra Rodríguez, Xosé Carlos, “Na procura da memoria”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 64, 16 maio 1996, p. 7.

Artigo no que se comenta que Ferro Couselo captou as pulsións do devir e sufriu en carne propia a incuria e o cinismo cultural dos que consideran que a chave do progreso está no pulso que hai que botarlle á tradición para construí-la modernidade. A concepción do patrimonio cultural que el defende non é, segundo o autor do artigo, inmóbil, ó inscribi-la historia na modernidade. Saliéntase ademais o seu compromiso persoal mantido ó longo da vida para recupera-la tradición cultural dun país sometido historicamente ó combate da desmemoria.



Valcárcel, Marcos, “A Real Academia devolve o Día das Letras a un dos seus creadores”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 64, 16 maio 1996, p. 2.

O autor realiza un percorrido por algunhas das facetas destacadas de Ferro Couselo como a de salvagarda do noso patrimonio monumental, histórico e cultural. Marcos Valcárcel inscribe este labor dentro do seu compromiso galeguista, que o vencellou ó Seminario de Estudos Galegos, levouno a estar na fundación do Partido Galeguista e a formar parte da Federación de Mocidades Galeguistas. así como á colaboración en numerosas publicacións nas que divulgou interesantes traballos. Remata destacando a importancia dos seus estudos sobre o noso idioma e a súa historia, e refírese o seu labor no asociacionismo cultural nos anos 60 e primeiros 70.





IV.5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

IV. Día das Letras Galegas

IV.5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas



Alonso Montero, Xesús, “Ferro na guerra”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
9 maio 1996, p. 9.

Artigo no que Alonso Montero recupera os anos da Guerra Civil española da biografía de Xesús Ferro Couselo. Infórmase nel de que en xullo de 1936, Ferro estaba en Madrid realizando oposicións a profesor de instituto e foi alí onde se decidiu a loitar no bando republicano. Lamenta a pouca atención que os seus biógrafos conceden a estes anos, así como ás súas reaccións ante os asasinatos de Francisco Vega Ceide, Alexandre Bóveda ou Díaz Baliño. Finalmente, considera unha mágoa que non teñamos memorias escritas de Ferro Couselo ou de Ramón Piñeiro, do estilo da novela *Scórpio*, de Carballo Calero.



Alvarado, “La ciudad de Ferro”, *La Región*, “Buenos días”, 23 maio 1996, p. 2.

O articulista salienta a importancia que ten Ourense na vida de Ferro Couselo. Co nomeamento do escritor como fillo adoptivo da cidade, recoñécese, na súa opinión, a defensa que fixo de cuestións como a reconstrucción da casa da Praza do Trigo, a fundación do Museo e Arquivo Histórico, etc. No texto infórmase tamén doutras iniciativas nas que o escritor demostrou o seu interese pola súa cidade natal.



_____, “El silencio de don Jesús”, *La Región*, “Buenos días”, 24 maio 1996, p. 2.

Entre todo o conxunto de datos que se divulgan este ano sobre Ferro Couselo, Alvarado bota en falla as referencias á súa fe. Opina que “se dice poco, pues, de que era un hombre de profunda fe cristiana. Era cristiano de profesión más que de procesión”. Apunta algúns datos biográficos que marcan a relación de Ferro coa Igrexa e o catolicismo e conclúe afirmando que é obrigado recordar que, debido ó seu “arraigado sentido cristiano de la vida”, foi un home “circunspecto, sensato, comedido y poco hablador de sí. Nunca habló de sí. Nunca habló mal de otros”.



Barrio Barrio, Monseñor Julián, “No abrente do Día das Letras”, *O Correo Galego*, 17 maio 1996, p. 46.

O arcebispo de Santiago sinala a especial significación que ten o Día das Letras Galegas para el, ó sé-la festa da lingua, da Palabra do pobo galego e da súa identidade. Refírese ó seu desexo de “entrar en comunión persoal con esta fala” e adquire-la harmonía da de Rosalía. Comenta uns versos de Curros sobre o galego nos que se cualifica á nosa lingua como “idioma en que garulan os paxaros, en que falan os ángeles ós nenos” e manifesta a intención, nos vindeiros anos, de “falarlles en galego ós nenos de Galicia igual que lles falan ou cantan ós anxos”. Ademais, salienta a importancia de homes como Antonio López Ferreiro ou Ánxel Amor Ruibal, tamén sacerdotes, e as relacións familiares de Xesús Ferro Couselo coa igrexa e a Diócese de Santiago.



Cabana, Darío Xohán, "Ferro Couselo", *A Nosa Terra*, nº 725, 9 maio 1996, p. 32.

Breve artigo no que Darío Xohán Cabana felicita a quen decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas a don Xesús Ferro Couselo, valorando positivamente as edicións da súa obra que se están a facer. Considera que se debe reeditar *A vida e a fala dos devanceiros*, conxunto de documentos en lingua galega dos séculos XII ó XIV que Ferro Couselo transcribiu e publicou hai trinta anos.



Carro, Xavier, “O pai do meu amigo”, *La Voz de Galicia*, 27 maio 1996, p. 6.

Xavier Carro recupera unha lembranza persoal compartida con Xesús Ferro Couselo e o seu fillo na súa casa de Cordeiro. Sinala algunhas das características da súa fonda humanidade, comentando ó respecto “nunca lle vin descalificación algunha. Era xeneroso, prudente e sabio. Ilustraba a nosa ignorancia, como quen non quere a cousa, de igual a igual”. Tamén lembra con tristura o momento do seu enterro.



Conde, Alfredo, “Complementos dunha boa ou dunha mala comida”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 27 xuño 1996, p. 56/p. 4.

Refírese ó traballo publicado no suplemento cultural de *O Correo Galego*, titulado “Ferro Couselo e o racismo”, asinado por Alfredo Iglesias Diéguez. Conde salienta o contido deste traballo, que convida á reflexión e á debida contextualización das figuras históricas galegas, para ser conscientes da orixe e da formación da realidade cultural.



Couselo, Xosé M., “O mestre de Cordeiro”, *O Correo Galego*, “Poio do alén”,
17 maio 1996, p. 6.

O articulista menciona o seu posible parentesco cos Ferro Couselo e recorda que a familia é oriunda de Cordeiro. Así mesmo, chama a atención acerca dun artigo do Padre Isorna, publicado no *Boletín Auriense*, no que este recorda como Ferro guiou durante a súa mocidade a nenos das escolas de Canle e Ferreirós que ían facer xiras culturais pola zona.



_____, “Escolmas e carencias”, *O Correo Galego*, “Poio do alén”, 18 maio 1996,
p. 6.

No marco dun artigo no que se reflexiona sobre o Día das Letras Galegas, menciónanse tódolos homenaxeados dende Rosalía de Castro, e dise de Xesús Ferro Couselo que “era templo de bonhomía e coherencia”.



Fernández Otero, José Carlos, “Recuerdos de Ferro Couselo”, *La Región*, “Mis reflexiones”, 23 maio 1996, p. 37.

Artigo dedicado á tenacidade de Xesús Ferro Couselo na defensa do Patrimonio ourensán. O autor conta unha anécdota que demostra a enérxica vontade do escritor neste propósito.



García Iglesias, José Manuel, “Letras Galegas e Universidade”, *El Correo Gallego*, 15 maio 1996, p. 3.

Comenta a inauguración, no Colexio de Fonseca, da exposición “Letras Galegas e Universidade”, que pretende subliñar a importancia da literatura e da lingua galegas ó longo da festividade que xa leva 34 edicións, dende Rosalía ata Ferro Couselo. Salienta, no decorrer destes anos, as adquisicións da Biblioteca Xeral, os esforzos da Universidade e a relación que mantiveron os personaxes homenaxeados con ela. Insiste no compromiso e na necesidade de seguir na mesma liña e destaca a actividade da Facultade de Filoxía, do Instituto da Lingua Galega e do Servizo de Normalización Lingüística.



Isorna, Xosé, “Doce mulleres falan de Ferro Couselo”, *O Correo Galego*, “Ante o día das Letras Galegas”, 17 maio 1996, p. 2.

Valórase neste artigo o labor que diferentes mulleres están desenvolvendo con traballos que teñen como obxectivo estudar a obra de Xesús Ferro Couselo: Olga Gallego Domínguez, Yolanda Barriocanal López, Mercedes Durany Castrillo, Maribel Outeiriño, etc.



_____, “O valor da amizade na vida de Xesús Ferro Couselo”, *O Correo Galego*,
“No faiado”, 18 maio 1996, p. 4.

O Padre Isorna lembra nesta colaboración de prensa algúns dos moitos amigos de Xesús Ferro Couselo. Entre eles a figura de Ramón Otero Pedrayo, quen en 1953 escribiu un libro titulado *O libro dos amigos*, no que falaba do valor da amizade.



Lezcano, Arturo, “Home de ferro”, *La Voz de Galicia*, “As catro lúas”, 13 maio 1996, p. 7.

Arturo Lezcano fai unha valoración da personalidade de Xesús Ferro Couselo, ó que considera por riba incluso dos seus valores intelectuais, e defíneo como un “home de ferro ben temperado” que estaba ó lado dos máis novos, a pesar do seu traballo que non lle deixaba moito tempo libre.



Manuel María, “Un traballo de Ferro Couselo”, *El Correo Gallego*, 3 maio 1996,
p. 3.

A partir dun comentario sobre o traballo de Xesús Ferro Couselo “Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego”, faise unha reflexión sobre a historia e idiosincrasia da lingua galega.



Marco, Aurora, “Un día ao ano”, *La Voz de Galicia*, “Cartas compostelanas”,
15 maio 1996, p. 10.

Carta na que Aurora Marco salienta aspectos positivos do Día das Letras Galegas, a publicación de estudos sobre o autor homenaxeado, recordando ademais a Xesús Ferro Couselo e unha das súas obras máis importantes *A vida e a fala dos devanceiros* (1967).



Otero, David, “Un ano oportuno”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”,
17 xaneiro 1996, p. 3.

Tracexa David Otero a vida de Xesús Ferro Couselo reparando en feitos como a súa primeira vocación sacerdotal ata o abandono da mesma e o seu paso pola Universidade, a asistencia ós faladoiros do Seminario de Estudos Galegos, a fundación da revista *Tude*, o traballo como dinamizador da Asociación Cultural Auriense, etc.



_____, “Xesús Ferro Couselo”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Láíño”, 27 abril 1996, p. 4.

Artigo no que se fai un percorrido pola vida e traxectoria intelectual de Xesús Ferro Couselo, do que se afirma que “fixo da súa vida unha dedicación solidaria na concreción de proxectos de dignidade”.



_____, “De Ourense”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 29 maio 1996,
p. 3.

O escritor lembra algúns dos momentos e intervencións do Congreso que se celebrou en Ourense en homenaxe a Xesús Ferro Couselo, entre elas a do pintor Corbal, que tivo, segundo o crítico, “momentos de alta cualificación”.



Penedo Rodríguez, José María, “El gran ignorado”, *El Correo Gallego*, 8 marzo 1996, p. 2.

Con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas 1996 a Xesús Ferro Couselo, o articulista quere chama-la atención sobre a importancia que José Fontenla Leal tivo na creación da Real Academia Galega, polo que, merecería, a xuízo de Penedo Rodríguez, unha homenaxe como esta.





IV.6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

IV. Día das Letras Galegas

IV.6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios



A. D., “A Real Academia Galega homenaxeou en Valga ó investigador Ferro Couselo”, *Atlántico Diario*, 18 maio 1996, p. 57.

Nota que informa dun acto que tivo lugar na Igrexa parroquial de Santa Comba de Cordeiro, en Valga, no Día das Letras Galegas e que consistiu nunha homenaxe ó profesor e investigador Xesús Ferro Couselo, a cargo dos membros da Real Academia Galega, na que se descubriron unha placa e un busto. Así mesmo, os asistentes ó acto realizaron unha visita á mostra bibliográfica sobre o autor de Valga.



A. F., “A Universidade celebrou o acto do Día das Letras”, *Atlántico Diario*,
15 maio 1996, p. 8.

Nota na que se informa de que a Universidade de Vigo celebrou o Día das Letras Galegas cunha conferencia de Xosé Neira Vilas titulada “Os nenos galegos trinta e cinco anos despois”, na que o autor fala da súa obra *Memorias dun neno labrego* (1961).



A. G. N., “Galaxia edita la primera biografía de Xesús Ferro Couselo”, *Diario de Pontevedra*, 24 xaneiro 1996, p. 21.

Breve nota que informa da chegada ás librerías da primeira obra coa que Galaxia homenaxea a Xesús Ferro Couselo, *A vida de Xesús Ferro Couselo*, de David Otero. Ofrécese unha idea xeral do contido da mesma e do público ó que vai dirixida. Infórmase de que a seguinte publicación dedicada a Ferro Couselo será un volume no que se recollerá unha selección de artigos e traballos do escritor de Valga.



_____, “La Universidad de Santiago organizará homenajes a Ferro Couselo”,
Diario de Pontevedra, 14 maio 1996, p. 23.

Infórmase brevemente acerca das actividades que terán lugar en Santiago con motivo da celebración do Día das Letras Galegas: un acto literario presidido polo rector Darío Villanueva, unha conferencia titulada “Universidade e Letras Galegas”, pronunciada polo profesor Xesús Alonso Montero e a inauguración da exposición “Letras Galegas e Universidade”.



A. O., “Un home entregado ós demais”, *La Región*, 26 maio 1996, p. 4.

Texto que dá conta do acto de clausura do Congreso dedicado a homenaxear a Xesús Ferro Couselo. Nel recóllense as palabras pronunciadas pola súa viúva, M^a Teresa Delgado Piñar, que ofrecen algúns datos sobre a biografía do homenaxeado. Así mesmo, fálase da súa amizade con Cuevillas, Otero Pedrayo e Risco, entre outros escritores ourensáns da época.



Álvarez, Juan Carlos, “O Clube Faro homenaxea a Ferro Couselo”, *Faro de Vigo*, 14 maio 1996, p. 46.

Noticia dunha mesa redonda sobre Xesús Ferro Couselo que celebrou o Clube Faro na que participaron Olga Gallego, Francisco Fariña, Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego.



Álvarez, Serafín, “O mestre don Xesús”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 15 maio 1996, p. 2.

Ó facer un percorrido pola profesión de Xesús Ferro Couselo, Serafín Álvarez salienta a súa vocación de mestre, que exerceu en centros públicos e privados como o Colexio dos Xesuítas de Vigo, o Instituto de Ensino Secundario de Tui, etc.



Atlántico Diario, “Herdanza de Ferro”, *Atlántico Diario*, “Día das Letras Galegas. 17 de maio de 1996”, 17 maio 1996, pp. 29-35.

Suplemento especial dedicado a Xesús Ferro Couselo que se abre cunha nota biográfica co título “Unha vida dedicada a Galicia”. Na última páxina deste suplemento especial reproducése o “Bando institucional da alcaldía co gallo da celebración do Día das Letras Galegas”. Inclúe os artigos dos seguintes autores:

Manuel Vidal Villaverde, “Vida, fulgor, morte e breve resurrección de Xesús Ferro Couselo”,

30. Indícase que Ferro, pese a non ter obra literaria, deu pulo a moitos labores no eido da investigación histórico-arqueolóxica e publicou numerosos traballos en revistas especializadas. Resáltase tamén o seu papel na fundación de Galaxia, a fidelidade ó goberno legal durante a guerra civil, a fundación da revista *Tude* e a dirección do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

-Xoán Acuña, “Ferro Couselo na defensa da identidade de Galicia”, p. 31. Póñense de manifesto as dúas premisas básicas con que se instituíu o Día das Letras Galegas: a recuperación da identidade do pobo galego a través dun novo rexurdimento da súa literatura e da súa lingua e, a homenaxe ós fillos de Galicia que se entregaron ó fortalecemento da identidade propia. En relación con estes puntos, sublíñase a figura de Ferro Couselo, “loitador incansable (...) a prol dos aspectos máis esquecidos do patrimonio galego, da nosa memoria



histórica”. Destácase a recuperación e difusión da cultura tradicional do noso país, por parte do que fora director do Museo Arqueolóxico de Ourense, “dende a súa experiencia como investigador, arqueólogo e especialista en paleografía ou epigrafía, museólogo ou arquivista”.

-Pura Vázquez, “Xesús Ferro Couselo, Fillo Adoptivo de Ourense”, p. 32. Fala das tertulias do Café Roma e das que as continuaron. Así, entre elas, cítanse as das revistas *Posío* e *Posío. Arte y Letras*. Saliéntase o papel de Ferro Couselo como director da agrupación que leva este mesmo nome, na que xogou un importante papel cultural. A continuación, destácanse as súas obras, en especial no campo da Arqueoloxía, e a súa pertenza a numerosas corporacións: Corpo Facultativo de Archivos, Bibliotecas e Arqueoloxía, Real Academia Galega, director do Arquivo Provincial e do Museo Arqueolóxico de Ourense. Tamén se di que foi nomeado Fillo Adoptivo da cidade de Ourense.

-Xoán Acuña, “Xesús vivirá sempre se non se esquece o seu grande labor”, p. 33. Entrevista coa viúva de Ferro Couselo, M^a Teresa Delgado Piñar, na que esta destaca o labor silandeiro do seu home e subliña como o seu maior mérito, o de abrir canles a toda a xente nova que traballaba con el no Museo Arqueolóxico, así como a defensa do idioma galego en tempos moi difíciles. Afirmo que a creación do Museo e do Arquivo Histórico en Ourense tivo unha importante repercusión, xa que arredor deles xurdiron unha serie de intelectuais e amigos que dinamizaron a cultura. Tamén indica a relación de Ferro cos homes de Nós e, en especial, a súa amizade con Otero Pedrayo.

-Javier D. Campa, “Vigo iniciou o Día das Letras coa lectura do bando institucional”, p. 34.



Dáse noticia do inicio da celebración do Día das Letras Galegas no Concello de Vigo coa lectura do bando oficial, redactado polo escritor Víctor Freixanes. Neste texto destacouse a publicación de *Cantares gallegos* e o que supuxo de inicio simbólico da recuperación da consciencia nacional de Galicia e a necesidade de emprega-lo galego, con orgullo e sen complexos.

- Xoán Acuña, "Ferro Couselo e a súa relación con Vigo", p. 35. Indícase que o vencellamento deste científico e investigador coa cidade se remonta ó comezo dos anos trinta, ó entrar en 1931 como profesor nun colexio da cidade. Informa tamén de que en 1932, foi delegado do Grupo Autonomista de Vigo, con Valentín Paz Andrade e Xerardo Álvarez Gallego, na xuntanza de fundación do Partido Galeguista, en Pontevedra e destácase a súa participación na reconstitución do Partido Galeguista en 1943, nunha asemblea celebrada en Coruxo e na fundación da Editorial Galaxia.



Barreiro, Vicente, “A Real Academia Galega homenaxea a Xesús Ferro Couselo na súa terra natal, Valga”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1996, p. 39.

Comentario e relación dos actos que se celebraron en Valga o 17 de maio na honra de Xesús Ferro Couselo. Infórmase que os académicos Xesús Alonso Montero, Carlos Casares e Francisco Fernández del Riego, disertaron sobre a figura do homenaxeado.



Beiro, Masito, “Viacrucis cultural dunhas festas floridas”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del Domingo”, 7 abril 1996, p. II.

Artigo que comeza cunha breve referencia ó Día das Letras Galegas, centrándose logo na figura do homenaxeado nesta ocasión. Conclúe cunha alusión a distintas personalidades do mundo da cultura galega.



Calzado, Irene, “Tui acoge unha charla sobre Xesús Ferro Couselo”, *Atlántico Diario*, 19 abril 1996, p. 21.

Nota que dá noticia da charla celebrada no Instituto de Tui, sobre o perfil humano de Xesús Ferro Couselo, na que interviron Xaime Isla Couto, Álvaro Álvarez Blázquez e Pedro Díaz Álvarez.



Charamuscas, C., “Xesús Ferro Couselo”, *O Correo Galego*, 2 maio 1996, p. 4.

Anotación sobre a actividade investigadora, lingüística e histórica e de animación cultural -á fronte da Asociación Cultural Auriense- que levou a cabo Ferro Couselo.



Chuvienco, Quique, “Fonseca homenaxeó a Ferro Couselo en el día das Letras Galegas”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 16 maio 1996, p. 9.

Breve comentario sobre un acto de homenaxe ó profesor e investigador Xesús Ferro Couselo, no Día das Letras Galegas. Nel infórmase do acto que tivo lugar no salón nobre de Fonseca e que contou coa presentación dun libro sobre a figura humana e intelectual de Ferro Couselo, coordinado polo profesor Xosé Henrique Monteagudo, e a inauguración da mostra “Letras galegas e Universidades”, na que se atopan fotografías, documentos, cadros e todo tipo de material relacionado con diferentes personalidades do mundo da cultura galega. Así mesmo, o profesor X. Alonso Montero pronunciou unha conferencia titulada “Universidade e Letras Galegas”, na que ofrece un percorrido pola historia do galego na institución universitaria.



D. P., “A Real Academia Galega celebra actos no Día das Letras Galegas en Valga”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1996, p. 22.

Relación dos actos que a Real Academia Galega en colaboración co Concello de Valga celebrou co gallo do Día das Letras Galegas, entre os que destacan as intervencións de Xesús Alonso Montero, Carlos Casares, Francisco Fernández del Riego e Domingo García-Sabell.



_____, “El historiador Fortes Bouzán pronuncia en Salcedo una charla sobre Ferro Couselo”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1996, p. 9.

Noticia sobre unha conferencia organizada pola Asociación de Veciños de Salcedo “Héroes do Campo da Porta” acerca da figura de Xesús Ferro Couselo. No texto infórmase de que no mesmo acto foi entregado o premio dun concurso literario realizado sobre a figura do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.



_____, “Continúan no Instituto os actos organizados co gaio das ‘Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 24 maio 1996, p. 16.

Nota que informa dos actos conmemorativos que se están a celebrar no Instituto Johan Carballeira de Bueu, con motivo do día das Letras Galegas. Nesta ocasión, consistiron nunha exposición do libro galego, unha maqueta que representa a Península do Morrazo e as actuacións do grupo de teatro “Comediantes Anónimos”, do propio centro.



E. C., “Ferro Couselo retornou á memoria da Universidade compostelá”, *O Correo Galego*, 16 maio 1996, p. 43.

Nova sobre o acto que celebrou a Universidade de Santiago de Compostela para conmemorar a figura de Xesús Ferro Couselo, no que participaron como oradores Henrique Monteagudo, que presentou o libro dedicado ó homenaxeado que publicou a Universidade, Xesús Alonso Montero, Xosé Manuel García Iglesias, quen explicou o contido da mostra “Universidade e Letras Galegas”, e Darío Villanueva.



_____, “Galicia con Ferro Couselo”, *O Correo Galego*, 17 maio 1996, p. 41.

Noticia sobre as diversas actividades que se celebraron en Cordeiro (Ourense) no Día das Letras Galegas ó redor da figura de Xesús Ferro Couselo: inauguración dun busto e unha placa, presentación do Iº Premio de Investigación “Ferro Couselo”, sesión extraordinaria da Real Academia Galega na Igrexa de Santa Comba de Cordeiro, etc.



_____, “Ferroglifo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Chineses” 17 maio 1996, pp. 1-8/pp. 29-36.

Suplemento especial integrado por un longo artigo no que se fai unha biografía de Xesús Ferro Couselo, intercalando comentarios de diversos personaxes (Raimundo García Domínguez, Padre Isorna, Felipe Senén, Gumersindo Campaña Ferro, Monseñor Barrio, Antón Fraguas, Francisco Fernández del Riego, Alfredo Iglesias Diéguez, Clodio González Pérez, Manuel María, Xosé Filgueira Valverde e Manuel Ferro Couselo) relacionados dalgún xeito co estudioso. Inclúese tamén o extracto dunha bibliografía cronolóxica do autor e a guía de actos do Día das Letras.



_____, “O escritor Ánxel Fole protagonizará o Día das Letras Galegas de 1997”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 3 xullo 1996, p. 35/p. 9.

Nota que informa da decisión da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas 1997 ó escritor Ánxel Fole. Ofrece, así mesmo, un breve perfil biográfico do escritor lucense.



F. C., “Carlos Casares quedou fascinado por un sabio ‘con cucurucho e variña máxica”, *El Correo Gallego*, 18 maio 1996, p. 10.

Infórmase da intervención do escritor Carlos Casares nun acto dedicado a Xesús Ferro Couselo, no que lembrou a imaxe que, sobre o homenaxeado, tiña de neno.



_____, “A figura de Xesús Ferro Couselo grávase na memoria histórica de Galicia”, *El Correo Gallego*, 18 maio 1996, p. 10.

Noticia dos actos que se celebraron en Cordeiro, no Concello de Valga, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado, en 1997, ó historiador e investigador Xesús Ferro Couselo: unha Misa na igrexa parroquial de Cordeiro, a inauguración do busto no adro parroquial e as conferencias de Xesús Alonso Montero, Carlos Casares e Francisco Fernández del Riego.



F. F., “Coa lectura do bando, celebrouse en Castrelos o Día das Letras”, *Faro de Vigo*, 17 maio 1996, p. 7.

Sucinto comentario sobre a celebración dun acto de homenaxe ó investigador Ferro Couselo, que tivo lugar no Pazo Quiñones de León, en Vigo. Nel, o alcalde da cidade lembrou o día no que “dous cidadáns vigueses e o ourensán Ferro Couselo, a quen este ano vai dedicado precisamente este Día das Letras, solicitaban da Real Academia que sinalase o 17 de maio como obrigado referente para a celebración e reivindicación da lingua”. Así mesmo, na súa intervención, o alcalde recordou a publicación do libro de Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*, “libro que inaugura o Rexurdimento das nosas letras e marca un fito irreversible na nosa historia contemporánea”.



Faro de Vigo, “Día das Letras Galegas. Ferro Couselo”, *Faro de Vigo*, 17 maio 1996, pp. 1-8.

Suplemento dedicado á figura de Xesús Ferro Couselo, de quen se afirma no encabezamento destas páxinas que “a traxectoria da súa vida foi unha biografía que non tivo agachadas nen fraquezas”. Contén os seguintes artigos:

-X. M. del Caño, “Garante do patrimonio”, pp. 2-3. Artigo no que se recollen distintas opinións de personalidades da cultura galega (Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero, Carlos Casares, Claudio Rodríguez Fer, Carme Hermida e Enrique Bande) sobre diversas facetas da figura de Xesús Ferro Couselo: a súa vida, o seu labor, a súa dimensión política, a súa obra, a polémica creada arredor das súas teorías, así como a posible xustificación ou non do seu nomeamento como autor do Día das Letras Galegas. Faise, deste xeito, un pequeno esbozo da importancia ou transcendencia que este estudioso tivo para as letras galegas.

- Felipe Senén, “Arqueólogo da identidade de Galiza”, p. 4. Defende a figura de Xesús Ferro Couselo e o interese que representa o feito de que se lle dedique o Día das Letras Galegas, facendo especial fincapé no seu labor de recuperación e conservación da nosa cultura que, segundo o director do Museo Arqueolóxico da Coruña,



“estaba encaixado nas mesmas ansias de Castelao”: dignificar Galicia, abrir camiños e revela-la grandeza das súas raiceiras.

-X. M. del Caño, “María Teresa, ‘Andaba sempre metido nos arquivos’”, p. 5. Con motivo do Día das Letras Galegas X. M. del Caño entrevista a María Teresa Delgado, viúva de Xesús Ferro Couselo, preguntándolle, entre outras cousas, pola súa faceta como erudito, como profesor e como político. A estas declaracións engade M^a Teresa que Ferro nunca se sentiu atraído pola literatura porque non lle interesaba a popularidade. Remata a entrevista comentando as relacións que o estudioso mantivo con Risco, Otero, Cuevillas e Xocas.

Francisco Fernández del Riego, “Unha traxectoria de servizo a Galicia”, pp. 6-7. Fai unha semblanza do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Xesús Ferro Couselo, a quen cualifica como un “idealista xeneroso”. Lembra, en primeiro lugar, o nonaxenario do seu nacemento e prosegue coas distintas peripecias da súa vida. Céntrase despois no seu labor á fronte da Biblioteca Provincial e no seu propósito de crear un Arquivo Histórico, recoñecendo que “exerceu de arquivista por vocación e por convicción”. Continúa lembrando o seu exemplar traballo de recuperación da identidade de Galicia, ocupándose na protección do noso patrimonio artístico. Fai tamén un percorrido pola súa obra e remata valorando a súa figura coa seguinte afirmación: “Revelouse como valor intelectual, moral e mesmo político. Evidenciou, cunha intelixencia natural, preparación profesional e inestimable capacidade de traballo”.

Francisco Fariña, “Un home e un museo”, p. 8.



Mediante unha breve historia dos avatares polos que discorreu a vida do Museo Provincial de Ourense, Francisco Fariña pon de relevo a figura de Xesús Ferro Couselo e o seu labor á fronte da recuperación do Museo, lembrando unha serie de decisións de grande importancia: a proposta de incorporación dos investigadores ó traballo no Museo e no Arquivo coa creación dun grupo de colaboradores para as tarefas científicas, a proxección da súa actividade nunha publicación -o *Boletín del Museo Arqueológico Provincial*-, e a adquisición dun edificio que permitira albergar dignamente os dispersos restos do Museo, a Biblioteca Pública e o Arquivo Histórico.



Feijoo, Raquel, “Unha homenaxe a Ferro Couselo”, *La Región*, 16 maio 1996, p. 20.

Texto que informa das homenaxes a Xesús Ferro Couselo que tiveron lugar, no Día das Letras Galegas, nas diferentes comarcas da provincia de Ourense. Cita, ademais dalgúns dos actos celebrados nos colexios, un recital poético na Casa da Cultura de Ribadavia, a cargo do Grupo Dolmen, un concerto e un recital poético no Carballiño, unha conferencia sobre “A búsqueda da identidade de Ferro Couselo”, etc. Fai tamén referencia ó acto central do Día das Letras Galegas que terá lugar en Valga, vila natal do escritor.



Fernández, Bieito, “Enteireza e valentía”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 64, 16 maio 1996, p. 5.

Artigo no que Bieito Fernández lembra a impresión que lle causou Xesús Ferro Couselo a primeira vez que falou con el, afirmando que podía parecer “un home insignificante ou incluso algo vulgar”, que a medida que se ía desenvolvendo a conversa, “fase agrandando ante o interlocutor”. Recordamos tamén o modo de ser de Ferro noutros campos da vida pública: como orador -pouco brillante pero claro, convincente e profundo-; como ensinante -un dos máis queridos e respectados polos alumnos-; e como promotor de excursións -“verdadeiras e amenas leccións de arte e historia”. Remata o artigo lembrando algunhas anécdotas da vida do estudioso, como a visita que realizou á diocese de Pons Sorolla.



Fernández, Elena (coord.), “Xesús Ferro Couselo”, *Diario 16 de Galicia*, “Suplemento Especial 17 maio”, 17 maio 1996, pp. 1-24.

Suplemento no que se reproducen algunhas fotografías que pertencen ós volumes *Xesús Ferro Couselo. Unha fotobiografía* e *Xesús Ferro Couselo. A Cultura dos devanceiros*. Inclúense tamén nel unhas notas biográficas acerca de Xesús Ferro Couselo e unha bibliografía que inclúe algunhas das súas publicacións, ademais dos seguintes artigos:

-Alberto Alonso, “Ferro Couselo luz e memoria”, p. 2. Afírmase que Ferro Couselo foi un dos únicos académicos que acolleron con entusiasmo e apoiaron a proposta de Fernández del Riego para instituír en 1963 o Día das Letras Galegas. En opinión do comentarista, a iniciativa de Ferro Couselo no estudio do período medieval, en *A vida e a fala dos devanceiros*, é hoxe aínda unha contribución fundamental ós historiadores empeñados en descubrir algúns dos acontecementos populares do país.



-Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, "O exemplo de Xesús Ferro", p. 4. Para Vázquez Portomeñe, a personalidade multidisciplinar de Ferro Couselo é un exemplo sobranceiro para a xente que hoxe en día ten responsabilidades na protección e promoción do inmenso patrimonio cultural de Galicia. Congratúlase da homenaxe a Ferro Couselo, ó mesmo tempo que da entrada en vigor da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. Destaca o labor investigador e perseverante de Ferro dentro do Museo Arqueolóxico de Ourense, que di que é un centro museístico exemplar no conxunto de Galicia.

-Manuel Fraga Iribarne, "Conciencia e proxección dun país", p. 5. Lembra o comezo da celebración do Día das Letras Galegas e salienta o papel que lle dá o Goberno de Galicia a esta conmemoración, como homenaxe á lingua e á literatura deste país. Indica que a celebración debe servir a todos para unha maior autoidentificación como galegos e sinala que a figura de Ferro Couselo é un exemplo de intelectual preocupado por rescatar e dar a coñecer as raíces profundas onde se asenta a condición do ser galego. Afirmo que a súa inxente obra de arqueólogo, especialista en epigrafía e paleografía, arquivista e museólogo, animador de empresas culturais e galeguista exemplar, estivo encamiñada a estudar e desvelar os firmes alicerces que sustentan a identidade de Galicia.

-Felipe Senén, "Ferro, forxador da identidade de Galicia: coñecer para querer", pp. 10-11. Artigo que destaca a figura de Ferro como humanista integral, militante das causas xustas e da lealdade a Galicia e ós que a labraron. Afirmo que a súa é unha visión de Galicia desde Galicia, e subliña a admiración que Ferro sentía por Castelao e a súa ansia de abrir camiños. Fala da estada de Ferro en Ourense e da súa íntima relación co cerne da Xeración Nós, da súa



participación en numerosas empresas culturais. O espallamento e afianzamento da identidade de ser galegos, apunta Felipe Senén, están tamén na creación, en Ourense, do Museo Arqueolóxico e mais do Arquivo Provincial.

-Francisco Fariña, “Na lembranza de Ferro”, p. 12. Opina que Ferro Couselo transcribiu unha realidade intuída e fixoa real, descubriendo e revalorizando nos ollos e saberes dos estudantes universitarios dos anos sesenta e setenta a vida e a fala dos devanceiros, na que recoñecerse e sentirse como galegos. A esta valoración engade o comentario de que o investigador contribuíu co seu coñecemento á comunidade, á defensa dos bens colectivos e á procura da identidade. Para Fariña, o alento e a incorporación de novos investigadores no traballo común da historia galega e a procura dunha sede digna para as coleccións públicas do Museo Arqueolóxico Provincial, foron algúns dos obxectivos do seu traballo.

-Xulio Francisco Ogando Vázquez, “Claves interpretativas da aventura intelectual de Ferro”, pp. 14-15. Artigo no que se destaca o carácter integral de Ferro e se salienta a súa orixe rural, a vocación docente e o inicial pulo de investigador que lle vén de seu tío Xosé Couselo Bouzas. Tamén fai referencia Ogando ó clima cultural e ideolóxico que acompañou o seu decurso vital e que influíu na súa obra: nado no ano da fundación da Real Academia Galega, correspondeulle vivi-lo ambiente das Irmandades da Fala, para logo asistir á creación do Seminario de Estudos Galegos, en 1923.



-David Otero, "Xesús Ferro dende a nenez", p. 16. Polas facianas dos seus, na súa lectura, salienta o articulista, soubo dos segredos dos seus corazóns, e así nos corazóns dos sucesos do seu pobo tratou de busca-las razóns da existencia do seu país, da súa historia, lingua e cultura. Comunicou con forza as emocións que Galicia lle espertaba, segue a dicir, e dende o mundo escuro que lle tocou vivir, aprendeu da vida, das ideas, das palabras e fixo el por ter un mundo interior enorme e unha fe grandiosa que lle provocaba de continuo un entusiasmo amoroso pola vida e sucesos do seu pobo. Ofreceu, engade David Otero, a súa vida de traballo á nosa historia global e arriqueceuna, para que nós poidamos facernos preguntas tamén e buscar solucións.

-Gonzalo Navaza, "A fala dos devanceiros", pp. 18-19. Destaca a vinculación de Ferro Couselo co Ourense que vai dos anos corenta ós setenta e o labor xigantesco que desenvolveu en favor da cultura galega. Di que tal vez sexan o propio Ferro e Xaquín Lourenzo, os que merezan ser considerados herdeiros do núcleo ourensán do grupo Nós. Subliña Navaza a función de salvagarda do patrimonio que se lle encomendou ó homenaxeado á fronte do Arquivo de Ourense. Salienta ademais os dous volumes de *A vida e a fala dos devanceiros* (1967), de interese non só historiográfico senón tamén propagandístico da dignificación do idioma galego.

-Julián Barrio, "No abrete do Día das Letras", p. 21. O articulista resalta o significado particular que para el posúe a celebración do Día das Letras Galegas, xa que "a festa da lingua dun pobo vén se-la festa da palabra dese pobo". Alude á súa vontade persoal de comunicarse na lingua de Curros e Rosalía, a pesar de non ser galego



falante, como xa o fixeran os seus antecesores no arcebispado de Santiago e outros sacerdotes como Antonio López Ferreiro ou Ánxel Amor Ruibal. Finalmente, destaca tamén a vinculación de Ferro Couselo coa diócese compostelana, tanto dende o punto de vista persoal coma familiar.

-Xosé Isorna, "A presenza de Galicia no pensamento e na obra de Xesús Ferro Couselo", p. 23. Afirma que Galicia está presente, xa dende os primeiros anos, no pensamento e na obra de Xesús Ferro Couselo. Logo de lembrar algúns datos da súa traxectoria vital, o autor repara no seu regreso a Ourense, en 1941, para traballar arreo pola nosa cultura.



Fernández, Lois, “El padre José Isorna dedicó una poesía a Xesús Ferro Couselo”,
La Voz de Galicia, 18 maio 1996, p. 42.

Breve nota de prensa na que se reproduce un texto poético que o franciscano José Isorna dedicou a Xesús Ferro Couselo.



Fernández Pazos, Xosé María, “Semana das Letras na Galeguidade”, *O Correo Galego*, 12 maio 1996, p. 16.

Nota que dá conta da celebración de numerosos actos de homenaxe á persoa de Xesús Ferro Couselo, que tiveron lugar en máis dun cento de centros espallados por tres continentes. Ofrece información sobre as diferentes xornadas conmemorativas celebradas en Centroamérica, Uruguai, Arxentina e Europa.



_____, “O día das letras espállase polo mundo”, *O Correo Galego*, 19 maio 1996, p. 14.

Artigo no que se dá noticia da celebración de distintos actos culturais para conmemora-lo Día das Letras Galegas. Os actos tiveron lugar en centros galegos de todo o mundo, entre os que destacan a Fundación Sabino Arana e a Federación de Sociedades Galegas no País Vasco, a Casa de Galicia en Eibar, o novo Centro Galego de Andorra, o Centro Galego de Mallorca e outras institucións similares en Oceanía e América.



_____, “Castela e Cataluña réndenlle homenaxe a Galicia”, *O Correo Galego*, 26 maio 1996, p. 14.

O articulista alude ós actos de homenaxe a Galicia que se están a celebrar en Castela-León, Cataluña, Baleares, Euskadi e Francia, con motivo do Día das Letras Galegas.



Franco, Fernando, “Ferro da lingua”, *Faro de Vigo*, 14 maio 1996, p. 46.

Comentario sobre algúns aspectos da vida de Xesús Ferro Couselo, no que se sinalan algunhas das virtudes que sempre amosou: o galeguismo, o patriotismo e a ausencia de vaidades. Tamén se menciona na mesma noticia o ingreso na Real Academia Galega de Xesús Ferro Ruibal.



García Iglesias, Xosé Manuel (dir.), “Letras Galegas e Universidade”, en *Gallaecia Fulget*, nº 1, monográfico editado por *El Correo Gallego*, 17 maio 1996, 24 pp.

Neste monográfico editado por *El Correo Gallego* e coordinado dende a comisión organizadora da exposición do Vº Centenario da Universidade de Santiago, inclúense, á parte das presentacións realizadas por Darío Villanueva Prieto (Rector da Universidade) e de Xosé Filgueira Valverde (Presidente do Consello da Cultura Galega), os seguintes artigos:

-D. V., “Trinta e catro días das Letras Galegas”, pp. 5-9. Comeza coa afirmación de que “en Galicia a primavera comeza o 17 de maio” e reparando na historia e na evolución da festividade do Día das Letras Galegas. O artigo desenvolve un percorrido polos distintos homenaxeados, destacando a súa diversidade e remata lembrando a Rosalía de Castro, inspiradora destas xornadas de “defensa da lingua galega”.

-H. M., “Xesús Ferro Couselo, erudito galeguista”, pp. 9-13. Breve achegamento á figura do estudioso Xesús Ferro Couselo no que se destaca a intensidade e calidade do labor dun investigador que tiña a intención de supera-las “eivas tradicionais da erudición galega”. Ponse de relevo a súa obra *A vida e a fala dos devanceiros*, considerada



verdadeiro fito nas nosas letras. Finalmente ofrécese unha cronoloxía “na que se pretende debuxar o seu itinerario vital”.

- C. V. O., “Letras Galegas: un patrimonio recuperado”, pp. 13-16. O artigo comenta a creación da Sección Galicia da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago dende a súa orixe ata a actualidade, destacando a organización dos fondos bibliográficos, as dificultades para a adquisición de moitas obras, o tratamento, conservación e restauración do patrimonio. Finalmente, alude á automatización e modernización da biblioteca e ó incremento dos fondos do que xa constitúe “o máis importante catálogo informatizado de bibliografía galega”.

-H. M., “A Universidade de Santiago e a Lingua Galega”, pp. 17-23. Trata da relación mantida entre a Universidade de Santiago e a lingua galega nos últimos anos. O artigo estrutúrase en dúas grandes partes correspondentes a dúas etapas, e os datos están presentados a modo de cronoloxía. A primeira etapa (1963-80) destaca polas tentativas de “institucionalización do saber científico sobre a lingua e a literatura galegas” coa creación da Cátedra de Lingüística Galega e do Instituto da Lingua Galega. A segunda etapa (1981-1996) continúa co labor anterior e avanza no proceso “cara á normalización do uso do galego na Universidade”. O artigo péchase cunha serie de datos estatísticos sobre coñecemento, docencia e publicacións na nosa lingua.



González, Eva, “Ferro Couselo permanece vivo en las aulas”, *Faro de Vigo*,
26 abril 1996, p. IX.

Noticia sobre a charla que impartiron Xaime Isla Couto, Álvaro Álvarez Blázquez e Pedro Díaz Álvarez. no Instituto San Paio de Tui, sobre a figura de Xesús Ferro Couselo. Menciónase que Xaime Isla Couto cualificou ó historiador como “un sabio y un maestro”. Ó final da noticia faise unha sinopse da vida do intelectual ourensán.



I. G., “Conde e Alcalá reclaman un 17 de Maio laborable no eido literario”, *El Ideal Gallego*, 17 maio 1996, p. 17.

No Día das Letras Galegas, os escritores Xavier Alcalá e Alfredo Conde reivindicaron o carácter literario desta xornada, aspecto que, segundo eles, se pode ver infravalorado polo carácter festivo do Día das Letras Galegas, que se está a promocionar nos últimos anos.



_____, “Nova 33 celebrará el ‘Día das Letras Galegas’ el próximo viernes”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 18 maio 1996, p. 8.

Nota que anuncia a celebración do Día das Letras Galegas pola Biblioteca Nova 33, co obxectivo de intentar “entende-lo significado que tivo e ten este día tan importante para Galicia”.



_____, “El Día das Letras Galegas de 1997 estará dedicado a Ánxel Fole”,
El Ideal Gallego, 3 xullo 1996, p. 15.

Con motivo da decisión da Real Academia Galega de homenaxear a Ánxel Fole o próximo 17 de maio, ofrécese un breve perfil biográfico do escritor lucense. Así mesmo, Juan Soto, cronista oficial da provincia de Lugo e albacea testamentario do autor, rememora algúns dos momentos vividos na súa compañía.



Isorna, José, “O Día das Letras Galegas do ano 1996 está dedicado a Xesús Ferro Couselo”, *O Correo Galego*, “Lecer. Homes das Letras do Ullán”, 12 maio 1996, p. X.

Evocación da figura de Ferro Couselo, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, na que se lembran as súas impresións do convento de Herbón, que visitou na súa infancia. Fálase ademais do seu ingreso no Seminario.



_____, “Galicia no Día das Letras Galegas, 1996”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1996, p. 14.

Poema que José Isorna lle dedicou co gallo das Letras Galegas a Xesús Ferro Couselo.



L. R., “Tres días para Ferro Couselo”, *La Región*, 24 maio 1996, p. 4.

Dá conta da celebración dun Congreso, dedicado a Xesús Ferro Couselo na Aula de Cultura de Caixa Galicia, no que participaron trinta especialistas. Infórmase das once conferencias e catro mesas redondas nas que se trataron diferentes aspectos da vida e obra do homenaxeado no Día das Letras Galegas.



IV.6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

_____, “Ferro, home humanista”, *La Región*, 25 maio 1996, p. 4.

Breve referencia á segunda xornada do Congreso dedicado a Xesús Ferro Couselo, celebrado en Caixa Ourense, e no que se falou sobre a súa defensa da lingua galega, o seu labor como investigador, a súa formación humanista e a “cientificidade” coa que levou a cabo os seus traballos.



Legazpi, R. B., “Apretado programa de ‘Letras Galegas’ en Castro Ribera de Lea”,
El Progreso, 16 maio 1996, p. 15.

Relación das actividades culturais que se celebraron no Colexio Público Veleiro do Campo, de Castro Ribeiras de Lea.



Luaña, Susana, “A Real Academia Galega salientou de Ferro Couselo a sinxeleza e sensibilidade”, *La Voz de Galicia*, 18 maio 1996, p. 3.

Alude, brevemente, ó acto de homenaxe a Xesús Ferro Couselo, celebrado en Valga, a súa vila natal, informando que nel, Xesús Alonso Montero pronunciou unha conferencia titulada “Ferro Couselo e mais eu á procura do infinitivo conxugado”; Carlos Casares salientou a sensibilidade de Ferro Couselo e Fernández del Riego enumerou os diferentes traballos de investigación do homenaxeado enmarcados, “nun profundo galeguismo”.



Macía, Mónica, “Trinta expertos analizarán en Ourense a obra de Xesús Ferro”,
La Voz de Galicia, 9 maio 1996, p. 5.

Breve alusión á presentación do programa do Congreso dedicado a Xesús Ferro Couselo, que terá lugar na cidade de Ourense, entre os días 23 e 25 de maio. Nel, segundo a articulista, participarán, entre outros, Xoán Carlos Rivas, Carlos Otero e José Couselo Bouzas. Así mesmo, infórmase de que Xulio Ogando Vázquez disertará sobre a relación entre Ferro Couselo e Ourense, mentres que Carme Hermida falará sobre a súa contribución á lingua galega. Para rematar, alúdese á publicación dunha fotobiografía de Xesús Ferro Couselo, coordinada por Marcos Valcárcel, e do libro *Xesús Ferro Couselo: a cultura dos devanceiros*, de Gonzalo Navaza e Xosé Ramón Pena.



Malvar, Aníbal C. (coord.), “Ferro Couselo. Día das Letras Galegas”, Suplemento Especial *El Mundo*, 17 maio 1996, pp. I-IV.

Ademais dunha “Bibliografía selecta” e dunha selección de fotografías, cedidas por Edicións Xerais, contén os seguintes artigos:

-Gonzalo Navaza, “Detector de falsificacións”, p. II. Indica que un dos moitos cargos desempeñados por Ferro Couselo foi o de perito calígrafo dos tribunais e considera que o seu mellor traballo foi o titulado “Gente Ilana con ventura. Os Boán”, no que se dá noticia desta familia, que pretendeu fabricar para si unha orixe ilustre, falsificando manuscritos, inventando cronicóns e tecendo toda unha rede de documentos apócrifos e creando unha impresionante rede de falsificacións.

-Xosé Ramón Pena, “Devanceiros”, p. II. Considera que Ferro Couselo, por formación e traxectoria, ben pode ser incluído dentro da ideoloxía apadriñada polos homes do grupo Nós, de aí que nos seus traballos latexe un afán por demostrar que houbo unha vez un tempo no que Galicia se artellou como unha comunidade na que as relacións entre os que a conformaban se integraban nun proxecto común perante a historia. Segundo Ferro Couselo, temos unha tradición que nos afianza na historia e o futuro haberá de sé-la tarefa dos que amen e sintan tal patrimonio.



IV.6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

-Marcos Valcárcel, "Cando non calan os poetas", p. III. Conta como disertou diante duns rapaces do último ciclo de E. X. B. sobre o Día das Letras Galegas, falándolles de Otero e de Castelao, da tenrura e paixón que puñan en tódolos seus traballos e do alento galeguista que sostíña os seus esforzos, da renovación e modernización de Galicia no período de 1910 a 1936, do machado da guerra civil e da resistencia dos continuadores do espírito da Xeración Nós, entre os que cita a Fernández del Riego, Ferro Couselo, Antón Fraguas e Ramón Piñeiro. Finalmente subliña o papel de Ferro Couselo como presidente da Agrupación Cultural Auriense.



Mateo, Xabier F., “Lembranza dun animador cultural na Ditadura”, *A Nosa Terra*, nº 730, “Guieiro Cultural”, 13 xuño 1996, p. 27.

Subliña o papel xogado por Xesús Ferro Couselo na Agrupación Cultural Auriense, lembrando a outros activos colaboradores como Ramón Otero Pedrayo, Xaquín Lourenzo, Xulio F. Ogando Vázquez, Manuel Taboada Chivite ou Eleuterio Sánchez, a defensa da cultura galega levada a cabo pola asociación e as actividades promovidas no seu seo. Fálase tamén da importancia de Ferro Couselo entre os anos 1969 e 1974, como presidente da Agrupación.



Monteagudo, Henrique, “Erudición e compromiso”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 64, 16 maio 1996, p. 9.

Apunta que as razóns polas que Xesús Ferro Couselo é o protagonista dunha celebración como o Día das Letras Galegas non se deben buscar na cantidade ou cualidade da súa obra en galego nin na importancia dos seus estudos sobre o galego. Ferro considerou a Lingüística e a Filoloxía como simples auxiliares da Historia e, así, o seu traballo máis importante neste terreo é a edición de *A vida e a fala dos devanceiros* (1967-1968), que debe ser apreciado polo que significa como reivindicación da lingua galega e polo material que presenta para o coñecemento da historia social do idioma, crendo tamén que, no mesmo sentido, se debe considera-lo seu artigo “Cómo e por qué os escribáns deixaron de empregar o idioma galego” (1958). Conclúe afirmando que a vida e a obra deste galeguista poden ser consideradas como un síntoma da precariedade tradicional da Lingüística galega e da escura resistencia que conseguiron manter persoas comprometidas cun país.



Novoa, Pilar V., “Pérez Quintana cre que Ferro Couselo axudou a crear a identidade galega”, *O Correo Galego*, 24 maio 1996, p. 35.

Sucinto comentario sobre os contidos do Congreso que terá lugar en Ourense para homenaxear a Xesús Ferro Couselo. Entre as diferentes intervencións, destácase o relatorio titulado “Ferro Couselo e Ourense”, de Xulio Francisco Ogando Vázquez ou o de Xoán Carlos Rivas, titulado “Ourense antigo a partir dunha das teses de Ferro Couselo”.



Osorio, Olga, “O encontro cos devanceiros”, *El Ideal Gallego*, 17 maio 1996, p. 16.

Ofrécese un breve perfil biográfico de Xesús Ferro Couselo. Recórdase o seu labor de investigador, a súa loita pola normalización do idioma galego “nuns anos escurecidos pola censura”, o traballo que realizou dende a Real Academia Galega, etc. Entre as súas obras, a articulista destaca *A vida e fala dos devanceiros*, que recolle “o máis destacado do patrimonio galego para abrir así camiño a futuros traballos de investigación”.



Palmeiro, Santi, “Conferencia en Valdeorras sobre Ferro Couselo en el Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia* (Edición de Valdeorras), 19 maio 1996, p. 40.

Breve noticia da conferencia *Búsqueda da identidade de Galicia*, que a filóloga M^a Rosa Enríquez pronunciou no Barco, e na que, ademais de resalta-lo importante traballo investigador de Ferro Couselo nos máis variados campos, fala da relación deste polifacético home coa comarca de Valdeorras.



El Progreso, “Día das Letras Galegas”, *El Progreso*, 17 maio 1996, pp. 36-46.

Suplemento especial que inclúe varios artigos, asinados pola redacción, dedicados ó autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 1996. O primeiro, “Ferro Couselo, un intelectual comprometido co galeguismo” é un percorrido descritivo pola vida e obra do historiador de Valga; en “Un amplo proxecto de revalorización da cultura galega” faise unha enumeración das súas obras e propónse unha clasificación temática, salientando *A vida e a fala dos devanceiros* pola súa importancia histórica e lingüística; “Unha vida consecvente e comprometida coa historia de Galicia” é unha xustificación da dedicación do Día das Letras Galegas a Ferro Couselo; en “A historia foi unha preocupación central na obra de Ferro Couselo” revísase a concepción da historia no autor de Valga e valórase positivamente o seu carácter autodidacta e polifacético. Sen relación directa co Día das Letras Galegas, pero tamén incluídos neste suplemento, aparecen outros artigos, nos que, entre outras informacións, se dá conta da publicación de obras como *Deus sentado nun sillón azul*, de Carlos Casares; *Nocturno Hindú*, de Antonio Tabucchi; *Retorno a Tegen Ata*, de Méndez Ferrín; *Manuel Antonio e a vangarda*, de Xosé Ramón Pena; *Poesía de amor e enfermidade. 1992-1995*, de Lois Pereiro; *Extrema Europa*, de Claudio Rodríguez Fer; a biografía de Lorenzo Varela feita por Fernando Salgado; e *Rosalía non estaba alí*, de Teresa Pàmies. Ademais, anúnciase a aparición da editorial Tris Tram de Lugo e achéganse breves sínteses argumentais de *Nogard*, de Marilar Aleixandre; *Bandido*, de Xoán Farias; *Nicolasiño*, de René Goscinny e *Sempre quente o sol*, de Antonio García Teixeiro, obras todas elas dirixidas a un público de entre dez e catorce anos.



La Región, “Especial 17 maio. Día das Letras Galegas”, *La Región*, 17 maio 1996, pp. 29-44.

O suplemento especial que *La Región* lle dedica a Xesús Ferro Couselo con motivo do Día das Letras Galegas 1996, comeza cunha cronoloxía que inclúe os feitos máis sobranceiros da vida do autor de Valga. Inclúe o texto dunha conferencia pronunciada polo homenaxeado na inauguración da Agrupación Cultural Auriense e ademais, baixo o epígrafe “Dixeron del...”, aparecen recollidas as opinións verquidas pola súa secretaria e por amigos e coñecidos. En “A procura de documentos”, lémbrese a tarefa esculcadora de Ferro Couselo que permitiu a recuperación e conservación de moitos documentos, así como a súa insistencia e o seu interese na creación do Arquivo Histórico Ourensán. Contén ademais as seguintes colaboracións:

-Jesús de Juana e Xulio Prada, “Ferro e a historia contemporánea de Galicia”, p. 30. Artigo no que se analiza o traballo de Xesús Ferro Couselo “Constitucionales y realistas”. Este traballo segundo os autores do artigo transcende o simple relato histórico e representa o primeiro paso na introducción da análise de clases sociais nos estudos historiográficos. Para concluír consideran a Xesús Ferro o verdadeiro pioneiro da historia social en Galicia, lembrando as palabras de Fernández del Riego nas que afirma que “unha das maiores teimas de Ferro foi a de libera-la nosa historiografía do gosto polo anecdótico”.

-Francisco Fariña, “Rúas vellas de Tui”, p. 31.



Breve lembranza na que salienta o seu quefacer na recuperación do patrimonio artístico de Galicia e o seu labor de dignificador dunha lingua que, ata pouco antes, procuraban presentar como “inferior e servil”.

-Xoán Carlos Rivas Fernández, “O Petouto dos sarillos de Amariz”, p. 32. Artigo no que se estudia unha “antiquísima e venerada pedra insculturada”, o Petouto dos Sarillos, sobre a que Ferro informaba en 1952, na súa tese doutoral *Los petroglifos de término y las insculturas rupestres en Galicia*.

-Ángel Pérez López-Eire, “Un home apaixonado pola investigación, conservación e difusión da cultura galega”, p. 33. Comenta que o Día das Letras Galegas se dedica este ano a unha figura que sae do estereotipo dos personaxes obxecto desta homenaxe. A continuación, destaca na figura de Ferro Couselo a súa calidade humana, tal como demostrou na creación do Grupo Marcelo Macías ou no seu compromiso cristián que lle demandaba un labor de axuda desinteresada, máis visible na súa estadía en Madrid. Conclúe tratando o seu compromiso coa cultura galega, que se demostra no traballo “serio, meticuloso e constante” no Museo Arqueolóxico, na súa participación en terturlias culturais, nas súas colaboracións en publicacións periódicas e nos traballos de investigación que nos deixou.

-Xesús Ferro Couselo, “Orixe e formación da cidade de Ourense”, pp. 35-39. Reproducción da conferencia inaugural da Agrupación Cultural Auriense, “Orixe e formación da cidade de Ourense”, de Xesús Ferro Couselo, pronunciada no Colexio Médico de Ourense o 6



de marzo de 1968. Inclúense tamén as preguntas, coas súas respectivas respostas, que seguiron á mesma.

-X. Carlos Sierra, “O patrimonio cultural como memoria e como moral”, p. 41. Aproximación á figura de Xesús Ferro Couselo, centrada en tres aspectos: a maridaxe entre historia e memoria presente na obra do investigador; o avance dado por Ferro á sistematización e recuperación de fontes para o desenvolvemento da historiografía galega contemporánea e, por último, a idea que este autor tiña sobre a tradición, que “non é máis que a arquitectura formal, moral e simbólica do tempo” e polo tanto “configura o cerne da verdadeira modernidade”.

-M. Xosé Sierra Rodríguez, “Bibliotecas para nenos”, p. 41. Lembrando un artigo de Ferro no ano 1943 no que falaba sobre as bibliotecas para nenos (tema non de moita actualidade nese momento) e rescatando algunha das súas afirmacións, M. Xosé Sierra Rodríguez aproveita para reclamar ás autoridades mellores instalacións, amplas e ben acondicionadas, máis fondos e mellor calidade no servizo. En suma: ofrecer un bo servizo público bibliotecario acorde cos tempos.

-Xulio Rodríguez González, “Raíces da súa xeografía vital”, p. 42. Artigo no que Xulio Rodríguez González fai un seguimento dos lugares que foron obxecto de estudo por parte de Xesús Ferro Couselo, afirmando que unha das preocupacións deste era coñecer a orixe dos lugares que lle resultan máis familiares. Así, a súa terra natal, Santiago de Compostela, Tui e, sobre todo, Ourense aparecen nos seus traballos como temas predilectos. Outras vilas como Ribadavia, Carballiño ou Celanova tamén están presentes na súa obra.



-Olga Gallego Domínguez, "Un soño de Ferro", p. 42. Recreación poética dun "posible" soño de Xesús Ferro Couselo despois dun día moi canso. No decorrer do soño conversa con Cuevillas sobre as orixes de Ourense; logo fai un percorrido polas rúas da cidade, nun momento do pasado, para volver máis tarde ó presente e atoparse con Conde Corbal e "os artístiñas que saían do Volter". Conclúe o relato no momento en que Ferro esperta e está con Deus vixiando ós ourensáns.

-Carlos Baldwin, "Xesús Ferro Couselo y la artesanía cultural", p. 43. Artigo que comeza salientando a minuciosidade de Ferro e poñendo esta característica en relación coa modestia propia do estudioso. Carlos Baldwin considera que a súa obra parece pertencer a esa concepción "deliberadamente modesta" de certos eruditos que saben que a cultura é un labor artesanal, un desafío interminable no que calquera esforzo dun só home non deixa de ser insignificante xa que tal vez importe máis que a obra a súa actitude ética e o seu compromiso de autenticidade.

-Xosé Anxo Vázquez Urtiaga, "Un home trezado coas imaxes de Galicia", p. 43. Breve artigo que se suma ás homenaxes de que foi obxecto don Xesús Ferro Couselo con motivo do Día das Letras Galegas. Aínda que o autor non coñeceu persoalmente ó erudito, si quere, como membro do Grupo Marcelo Macías, lembra-la súa figura destacando ó Ferro "que naceu e que creceu entre nós" e afirmando que foi un home que se ten trezado, a miúdo, coas imaxes de Galicia.



Rodríguez Rodríguez, Claudio, “Xesús Ferro Couselo”, *La Región*, 9 maio 1996, p. 28.

O articulista reflicte o seu asombro ó ver que nos carteis do Congreso, organizado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, o nome de Ferro Couselo aparece escrito en castelán. Na súa opinión, a pesar de que a produción en galego do homenaxeado é pequena, na obra *A vida e a fala dos devanceiros*, publicada no ano 1967 en vida do autor, aparece o nome de Xesús Ferro Couselo.



Sánchez Bargiela, “Xesús Ferro Couselo, profesor en Tui”, *Faro de Vigo*, 13 abril 1996, p. 39.

Artigo no que se precisa o labor que Xesús Ferro Couselo desenvolveu en Tui como profesor no Instituto da vila. Tamén se fai un pequeno comentario sobre o organigrama e actividades que se levaban a cabo nese centro de ensino naqueles anos nos que o investigador traballou nel.



Varela Varela, Xosé Manuel, “Xesús Ferro Couselo”, *Faro de Vigo*, “Cartas”,
12xuño 1996, p. 31.

Carta na que Xosé Manuel Varela Varela dá conta da súa asistencia a unha charla de Don Cándido, o cura de Cores-Ponteceso, amigo e veciño de Xesús Ferro Couselo. Salienta o acerto da Asociación Cultural Monte Branco do Couto ó invitar a este ponente que, na súa opinión, proporcionou un “aire fresco (...) despois de seren lidas as publicacións que sobre Ferro Couselo se teñen publicado”. Comenta que durante a charla, Don Cándido sinalou que Ferro Couselo era un “home miúdo, de entendemento agudo e de gran corazón” e que aludiu a algúns episodios da vida de Ferro durante a súa etapa escolar.



Verísimo, “Celebración del ‘Día das Letras Galegas’ en el Municipio con diversos actos”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1996, p. 16.

Comentario dos actos que o Concello de Poio celebrou ó redor da figura de Xesús Ferro Couselo, entre os que destacaron a actuación da compañía de títeres “Spaguetti” e o recital de poesía a cargo de Jaime Marín.



_____, “Álvarez Blázquez e Xaime Illa, dos oradores de lujo en Raxó”, *Diario de Pontevedra*, 20 maio 1996, p. 12.

Informa das intervencións de Álvaro Álvarez Blázquez e de Xaime Illa Couto nun acto en homenaxe a Xesús Ferro Couselo celebrado en Poio. O primeiro recordou os seus anos como alumno de Ferro Couselo no Instituto de Tui; Xaime Illa, pola súa banda, fixo un percorrido por diferentes textos do homenaxeado analizando o seu labor cultural.



X. C., "Adican a Ferro Couselo o ano cultural", *A Nosa Terra*, nº 709, "Guieiro Cultural", 18 xaneiro 1996, p. 23.

Recolle un breve perfil biográfico do investigador Xesús Ferro Couselo, nado en Valga e pioneiro nun grande número de investigacións nos diferentes campos das artes e das letras.



Xiráldez González, Manuel Xesús, “Xesús Ferro Couselo e a normalización cultural”, *Faro de Vigo*, “Cartas”, 17 maio 1996, p. 31.

Carta na que Manuel Xesús Xiráldez comenta que a homenaxe a Ferro Couselo o Día das Letras Galegas, debería permiti-lo achegamento á súa ampla e dispersa obra e a valoración da mesma nunha época de grandes atrancos como foi a franquista. Considera a Ferro como un dos defensores da institucionalización, en 1963, do 17 de maio, salientando o papel de enlace que xogou con persoeiros como Florentino Cuevillas, Xoán Vicente Viqueira ou Antón Losada Diéguez. Apunta, finalmente, que a súa importancia como creador radica tanto na súa obra escrita coma na dedicación prestada a diversos proxectos encamiñados ó coñecemento e progreso de Galicia.





V.1. Monografías e libros colectivos

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografía

V. 1. Monografías e libros colectivos



Alonso Girgado, Luís (coord.), *La Noche “Suplemento del Sábado”*. Santiago de Compostela 1949-1950, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, nº 19, 1996, 305 pp. (ISBN: 84-453 1849-7).

Reproducción facsimilar dos dezaseis números de que consta o Suplemento del Sábado do xornal compostelán *La Noche*, no que participaron, ademais de Luís Alonso Girgado (Ferrol, 1946) como coordinador do proxecto, os seus colaboradores: Xabier Castro Rodríguez, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara, Manuel Quintáns Suárez e Amelia Rodrigues Esteves. A publicación contén ademais un volume independente no que se inclúen un capítulo de presentacións, o estudio do suplemento e os índices respectivos de textos e colaboradores do mesmo. Francisco Fernández del Riego, Borobó e Baldomero Cores escriben dende a súa experiencia e os seus coñecementos sobre a xénese e particularidades de tal publicación. Na introducción, pola súa banda, trázase un percorrido polas publicacións da década na que se insere o nacemento do xornal e mais do suplemento para logo, entre outros datos, analizárense a estrutura e contidos do suplemento, así como unha relación dos seus colaboradores, de quen se realiza posteriormente un repertorio biobibliográfico. Antes do capítulo destinado ós índices -sumarios, colaboradores, títulos e ilustracións-, nun anexo titulado “Cincuentenario do xornal *La Noche*”, realízase un estudio no que se dá conta do xurdimento deste xornal no seo de Editorial Compostela e no que se analizan as diferentes etapas do seu desenvolvemento ó longo dos trinta



anos da súa vida así como a súa principal significación nun tempo de precariedade absoluta. As colaboracións que inclúe son as seguintes:

-Francisco Fernández del Riego, “Breve historia do Suplemento”, pp. 11-13. Comenta del Riego o comezo da súa relación con Xosé Goñi Aizpurúa, director do xornal *La Noche* e como empezou a manda-los primeiros artigos ó periódico. Tamén fala das reunións, conxuntamente con Xaime Illa Couto, que xestaron o Suplemento del Sábado. Dáse conta asemade da progresiva incorporación de intelectuais galegos ás páxinas desta publicación, á vez que se sinalan aspectos do seu contido e, por último, se indican as causas da súa desaparición.

-Borobó, “Os sábados de *La Noche*”, pp. 15-22. Infórmase de moi diversos aspectos relacionados coa historia do Suplemento. O primeiro deles é a noticia do pasamento de Castelao e as repercusións que tivo no xornal. Como fala da súa escasa colaboración no suplemento, alude, por contra ás de Risco, Cunqueiro ou Fole. Especial atención merécenlle os ilustradores do suplemento, entre os que se citan a Urbano Lugrís, Maside, Xosé Sesto e os irmáns Granell.

-Baldomero Cores Trasmonte, “A codificación da galeguidade en anos difíciles (1949-1950)”, pp. 23-34. Alude ó contexto de tentativa de apertura internacional por parte da dictadura franquista no tempo de publicación do Suplemento do Sábado. Ó tempo que se formaba este suplemento fálase dalgún importante escritor que contribuía coa súa pluma en *La Noche*. Di que de enmarca-lo suplemento dende a percepción do lector podería definirse como mostra de literatura de evasión. Fai



referencia tamén a outros acontecementos relacionados co mundo no que se forxaba o suplemento e, finalmente, di Baldomero Cores que o suplemento dá conta da creación da Editorial Galaxia.



Alonso Montero, Xesús, *Ben-Cho-Shey. Mestre, político galeguista, etnógrafo, bibliófilo, erudito, xornalista. O valedor da lingua galega*, Vigo: Ir Indo, col. Galegos na Historia, nº 6, 1996, 63 pp. (ISBN: 84-7680-227-7).

Nas páxinas iniciais desta obra de homenaxe o profesor Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) reconece a súa débeda con Xosé Ramón e Fernández-Oxea, Ben-Cho-Shey, que foi “o primeiro á hora de defende-la lingua galega e certos valores da galeguidade”. De seguido, ofrece un estudio da vida e da obra do polifacético autor ourensán. Realiza un primeiro achegamento á súa persoa e céntrase no seu labor como home de letras, especialista en etnografía, arqueoloxía, heráldica e arte. Fai referencia ás numerosas cartas que deixou escritas e ós seus proxectos literarios e eruditos. O libro péchase coa reprodución de cartas, documentos e fotografías que corresponden a diferentes momentos da vida de Ben-Cho-Shey, cunha “Bibliografía (esencial)” e cunha cronoloxía.

Recensións:

-Xoán Acuña, “Ben-Cho-Shey, biografía ilustrada do valedor da lingua galega”, *Atlántico Diario*, 14 xuño 1996, p. 59. Semblanza de Xosé Ramón e Fernández-Oxea na que se salienta que non foi un dos maiores escritores galegos pero si un grande animador cultural e lingüístico. Considerado por Xoán Acuña como un autor á



marxe da ideoloxía política, os seus traballos etnográficos merecenlle ó recensionista algo máis que silencio e para rescatalos deste silencio, conclúe, aparece esta biografía obra de Xesús Alonso Montero.

-R. G., "Ben-Cho-Shey, un galego con nome de mouro", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 72, 11 xullo 1996, p. 6. Recórdase cómo e por qué Ramón Fernández-Oxea empregou o pseudónimo Ben-Cho-Shey, como fai Xesús Alonso Montero na obra que sobre este escritor publicou a editorial Ir Indo. Deste traballo salientase a débeda que Galicia e o propio autor teñen con Ben-Cho-Shey. Para finalizar, R.G. pon en dúbida que esta homenaxe fose do agrado de Fernández-Oxea debido ó que deixou escrito no seu epitafio: "Todas as homenaxes *post-mortem* quedan suprimidas, pois as cousas ou se fan ao seu tempo ou non se fan".



Alonso Montero, Xesús, *Ensaaios breves de literatura e política*, Vigo: Nigra, col. Ensaio, nº 3, 1996, 202 pp. (ISBN: 84-87709-52-4).

Volume no que se compilan 142 artigos breves publicados nas páxinas do xornal *La Voz de Galicia* entre fins de 1992 e fins de 1996. Os textos apareceron nas dúas seccións que Xesús Alonso Montero mantivo nel: unha primeira sen título que tería vida entre o 1 de novembro de 1992 e o 18 de decembro de 1994, e unha segunda que, baixo o título de "Beatus qui legit", se iniciou o 5 de xaneiro de 1995. Tematicamente os artigos ocúpanse, principalmente, de temas literarios e, en menor medida, de cuestións ou reflexións de natureza lingüística. Entre os numerosos artigos dedicados á literatura galega (a práctica totalidade do compendio), o autor percorre unha extensa gama de subtemas e autores, que van dende os clásicos das letras galegas da Galicia de aquí (Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Manuel Leiras Pulpeiro...) e alén mar (Eduardo Blanco-Amor, Rafael Dieste, Luís Seoane...) ata as máis variadas problemáticas literarias, como as relacións entre o poder político e as institucións culturais e o esquecemento de certas efemérides literarias.



Álvarez Gallego, Xerardo, *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, prólogo Alfonso Álvarez Cáccamo, limiar Xosé Sesto, Vigo: A Nosa Terra, col. O Fardel da memoria, nº 2, 1996, 278 pp. (ISBN: 84-89138-44-3).

Transcorridos 25 anos da súa publicación, *A Nosa Terra* reedita o libro de Xerardo Álvarez Gallego (Ourense, 1899-Miami, 1986) sobre a vida e a obra do seu cuñado Alexandre Bóveda. O autor ofréceno-las súas lembranzas sobre as circunstancias que rodearon a redacción do estatuto de Autonomía de Galicia, o golpe militar de xullo de 1936 e o xuízo militar que condenou a morte a Alexandre Bóveda poucos días despois. No libro ofrécensenos tamén emocionadas lembranzas do carácter e a personalidade do biografado destacando, sobre todas, o seu insubornable amor a Galicia.

Referencias varias:

-Alex Mene e Buxán Bran, "Haxiografía de Bóveda", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 124, 5 setembro 1996, p. 8. Dáse información sobre algún dos actos celebrados ó redor do 17 de agosto con motivo do sesenta aniversario da morte do galeguista Alexandre Bóveda. Entre os actos de homenaxe destacan a inauguración dun monumento na subida á urbanización da Caeira, en Poio, e a reedición do libro *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, de Xerardo Álvarez Gallego, cun prólogo de Alfonso Álvarez



Cáccamo e un limiar de Xosé Sesto. A continuación, ofrécese un breve resumo do libro, que se compara cunha haxiografía polo título e pola maneira de iniciar a obra: “un punto de partida pouco estimulante este de enfocar a vida dun intelectual, pioneiro e bandeira do galeguismo, como se fose un santo”.



Ansede Estraviz, Alberte e Cesáreo **Sánchez Iglesias** (dirs.), *Historia da literatura galega*, vols. I e II, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, 1996, pp. 1-320/pp. 321 640. (ISBN: dos fascículos: 84-89679-01-0; ISBN: da obra completa: 84-89679 00-2; ISBN: do volume I: 84-89679-02-9; ISBN: do volume II: 84-89679-03-7).

O primeiro volume está composto por dez fascículos realizados polos seguintes autores:

-Francisco Rodríguez Sánchez, “Definición, características e periodización da literatura galega”, pp. 1-32. Neste primeiro fascículo, que abre a *Historia da literatura galega*, Francisco Rodríguez expón os criterios que a definen, basicamente o emprego da lingua galega como característica imprescindible á hora de aborda-lo estudio das obras que pertencen á nosa literatura. De seguido, enfoca a literatura galega como literatura da periferia e literatura colonizada e salienta o marcado cariz social, político e instrumental que tivo nos seus comezos, a importancia do xénero lírico e da prosa (no período comprendido entre 1914 e 1936), o desenvolvemento da prosa didáctica e doctrinaria e a primacía da literatura sobre a teorización crítica sobre ela. A continuación, expón a división en períodos a ter en conta no conxunto da obra: etapa medieval, que comprende o “esplendor da lírica trobadoresca (1200-1350)” e o “período posttrobadoresco” -1350-1500; séculos escuros (XVI-XVII) e Ilustración galega (XVIII)-; e etapa contemporánea (séculos XIX e XX), onde inclúe o “período precursor” (1808-1863), o “primeiro Renacemento” (1863-1891) e a



“depresión intersecular” (1891-1913). No século XX, distingue o “segundo Renacemento: As Irmandades da Fala, o Grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos” (1914-1939) e a “literatura máis recente”, do período 1940-1990. Nesta última etapa sinala as diferencias entre os anos 1940-50, “silencio interior e exilio”, 1951-1958/1959-1980, “Unha nova e lenta eclosión” e os anos que median dende 1981 ata a actualidade, nos que se produce unha “encrucillada” e unha “loita polo futuro”. Establece unhas liñas xerais explicativas de cada un destes períodos, salientando os autores e obras máis relevantes e conclúe destacando o valor literario de *Follas Novas* na nosa produción e propoñendo unhas pautas para a lectura e mellor comprensión dos poemas. Acompañan a este fascículo unha antoloxía de cantigas de amigo e *Follas Novas*, de Rosalía (recensionados nos apartados medieval e reedicións deste *Informe*).

Laura Tato Fontaiña, “Caracterización xeral. Cantigas de escarnio e maldicir”, pp. 33-64. Con este fascículo dá comezo, na *Historia da Literatura Galega*, a parte dedicada á Etapa Medieval. Ofrece a autora unha contextualización histórica e literaria e unha caracterización xeral da lírica medieval: o corpus, o status de koiné literaria do galego, o carácter oral desta lírica... Outros aspectos abordados pola autora son os da periodización da lírica, a tipificación socio-literaria dos autores e intérpretes, a tradición manuscrita e a música. Céntrase, a seguir, no estudo das cantigas de escarnio e maldicir: a distinción entre cantigas de escarnio e cantigas de maldicir que fai a Arte de Trovar, a clasificación temática seguindo a Kenneth Scholberg, a estrutura formal, para rematar cunha “Valoración e pervivencia”.

Laura Tato Fontaiña, “Cantigas de amor. Cantigas de amigo”, pp. 65-96.



A lírica medieval de carácter amoroso, é dicir, as cantigas de amor e de amigo, centran o fascículo tres deste manual literario. O amor cortés, o concepto e as distintas explicacións abren o estudio sobre as cantigas de amor. Máis brevemente repásanse a clasificación das cantigas (as dirixidas á *senhor* e as que falan dela), a súa estrutura formal, os lais e faise unha valoración. No tocante ás cantigas de amigo, o xénero “máis representativo da lírica galegoportuguesa”, ofrécese unha caracterización xeral (tematicamente afín á cantiga de amor, voz feminina, paisaxe ambiental...), unha clasificación (pola forma; en base ó recurso do paralelismo; pola súa temática). Ó igual que coas cantigas de amor, remátase cunha valoración e un repaso á súa pervivencia.

-Laura Tato Fontaiña, “Cantigas de Santa María. Prolongacións da escola trobadoresca”, pp. 97-128. Despois de situalas no seu contexto histórico, ofrece a autora un estudio das 427 composicións que conforman a colección mariana das *Cantigas de Santa María* de Afonso X. Ese estudio inclúe: os códices; a autoría, non só do rei, senón tamén de colaboradores como Airas Nunes ou Pero de Ambroa; as fontes, como as coleccións latinas de lendas e milagres e as coleccións en romance; a estrutura e clasificación, cantigas líricas e narrativas; a lingua, de grande riqueza léxica e forte naturalidade; a métrica variada; as motivacións, tanto internas (como marioloxio, exemplo e colección) coma externas (de carácter político); e unha valoración destas composicións como “compendio de arte medieval, porque abranxe literatura, música e pintura”. Estúdanse tamén neste capítulo as prolongacións da escola trobadoresca, textos compostos na fase de transición entre a escola galego-portuguesa e as denominadas escola galego-castelá (*Cancionero de Baena*) e escola castelán-portuguesa (*Cancioneiro Geral*). Apúntanse as causas



da decadencia da lírica trobadoresca e as características da Escola Galego-Castelá (emprego de galego e castelán, simbiose da lírica trobadoresca e da italianizante).

-Xosé Ramón Freixeiro Mato, "Prosa literaria medieval", pp. 129-160. Tras delimita-lo obxecto de estudio, a prosa narrativa de ficción como as dos ciclos artúrico e clásico, os *Libros de liñaxes*, os *Miragres de Santiago* e a *Corónica de Santa María de Iria*, e que incluírían non só as obras claramente galegas, senón tamén "as versións paneuropeas que na época circulan con profusión", sitúanos o autor no contexto histórico e literario-cultural. Divide o período medieval en dúas épocas: a trobadoresca (de principios do s. XIII a 1350) e a posttrobadoresca (de 1350 ata finais do s. XV) e indica as características e feitos importantes de cada unha delas, centrándose na produción prosística. A prosa literaria en romance non comeza a aparecer significativamente ata 1255 e pode darse por concluída a fins do s. XIV. A seguir, realiza un estudio completo e detallado das distintas mostras de prosa literaria: os libros de liñaxes, o ciclo do Graal ou ciclo artúrico, as lendas de Troia ou ciclo clásico e a prosa xacobeá, analizando as obras que se conservan.

-María Begoña Campos Souto e Mar Campos Souto, "Prosa histórica, relixiosa e xurídica medieval", pp. 161-192. Comezan as autoras por contextualizar, dende diversas perspectivas (histórica, política, económica e social), o mundo no que se orixinaron as primeiras manifestacións de prosa histórica, relixiosa e xurídica no medievo de ámbito galego-portugués. No eido historiográfico principian por unha visión panorámica, salientando que as primeiras mostras historiográficas no occidente peninsular son os *anais*, escritos en latín (*Annales Portucaleses Veteres*; *Chronicon*



Alcobacense...). No reinado de Don Denis nace unha produción historiográfica en lingua galego-portuguesa que consiste, en esencia, en traducións de obras producidas no escritorio de Alfonso X (*Crónica de Castela; Crónica General*). Con Don Pedro, Conde de Barcelos, asístese, segundo as autoras, ó pulo dunha literatura de corte histórico co *Livro de Linhagens* e coa *Crónica Geral de Espanha de 1344*. As autoras subliñan o feito de que toda esta literatura se dá en territorio portugués, mentres que no galego só temos un testemuño, a *Crónica de Santa María de Iria*. Unha aproximación ós principais textos historiográficos galego-portugueses completa o apartado dedicado á historiografía. As estudiosas rematan este capítulo cun achegamento á literatura pragmática, que estruturan en catro apartados: prosa xurídica, prosa lexislativa, prosa tabeliónica e tratados técnicos.

-Xosé Ramón Freixeiro Mato e Laura Tato Fontaiña, "Os Séculos Escuros e a Ilustración Galega", pp. 193-224. Achegamento á historia literaria galega da Idade Moderna (ss. XVI-XVIII), que se pode dividir, segundo Xosé Ramón Freixeiro e Laura Tato, en dúas etapas: Os Séculos Escuros (ss. XVI-XVII) e a Ilustración (s. XVIII). Antes de acomete-lo estudio literario, faise unha aproximación ó contexto histórico (dende unha perspectiva relixiosa, política, social e cultural) da época. Afirmar os autores que nos Séculos Escuros non se pode falar dunha verdadeira literatura galega -tan só quedan unha serie de mostras de poesía anónima tradicional, de poesía renacentista e barroca e de poesía relixiosa na forma de vilancetes, ademais de breves pezas prosísticas e teatrais-, mentres que no século XVIII, a situación comeza a cambiar coas figuras dos Padres Feixoo e Sarmiento, Xoán F. de Castro, Xosé Andrés Cornide Saavedra, o Padre Xoán Sobreira, Diego



Antonio Cernadas e Castro (Cura de Fruíme), Pedro A. Sánchez e X. Lucas Labrada, dos que se estudia a súa contribución á Literatura Galega.

-Domingo Blanco Pérez, "A literatura popular", pp. 225-256. Domingo Blanco comeza o seu estudio sobre a literatura popular galega cunha introducción na que comenta como se manifesta - a través da fala, da música ou da representación escénica- e os trazos que a definen: "execución e transmisión oral", variacións en canto ós textos orixinais, "aceptación colectiva", autoría anónima e funcionalidade múltiple no grupo social no que xorde. Segue cun apartado dedicado ó noso patrimonio popular, e sinala as contribucións máis cuantiosas a prol da súa recuperación en forma de "recolleitas e estudos". Analiza logo "A creación e transmisión e as súas circunstancias", as formas de transmisión, o público e a oralidade. Sinala os cambios experimentados a fins do século XIX e principios do XX e caracteriza os distintos xéneros: as formas en prosa, en verso, o teatro popular e as formas semiliterarias como adiviñas e refráns.

-María Pilar García Negro, "A emerxencia da literatura galega na primeira metade do século XIX (1808-1863)", pp. 257-288. Pilar García Negro divide o seu estudio en seis apartados principais nos que desenvolve as características fundamentais do período comprendido entre 1808 e 1863. En primeiro lugar, ofrece datos sobre o contexto histórico desta primeira metade do século XIX para, de seguido, referirse á crise que vive nestes anos a lingua galega, que se ve substituída polo español. Sinala que unha das reivindicacións fundamentais do Primeiro Rexurdimento galego será precisamente a defensa do idioma como emblema do país. Ofrécese logo unha panorámica sobre a prensa e o



ambiente cultural, apartado no que destaca a importancia dos primeiros xornais, canle para a publicación de textos en galego, entre os que cita *El Catón Compostelano* (1800), *El Iris de Galicia* (1841), *El Idólatra de Galicia* (1841-1942), *La Aurora de Galicia* (1845), entre outros. Tamén recolle a importancia das asociacións, liceos e academias como puntos de reunión dos intelectuais, como a Academia Literaria de Santiago, creada en 1840 e o Liceo de la Juventud de Santiago, que xorde no 1847. Entre os primeiros textos escritos en galego, García Negro enumera o romance anónimo *Un labrador que foi sarxento aos soldados do novo alistamento* (1808), as *Proezas de Galicia* (1810), de Xosé Fernández Neir, *Os rogos dun gallego* (1813), de Manuel Pardo de Andrade e o *Diálogo entre dos labradores gallegos*, de Pedro Boado Sánchez. No eido da poesía destaca os nomes de Nicomedes Pastor Díaz, Francisco Añón, Alberto Camino e sobre todo, Xoán Manuel Pintos, “autor principal deste período”, con *A Gaita Gallega* (1853). Sobre o teatro, a autora matiza que xa antes das primeiras achegas ó teatro coñecidas, *A Casamenteira* (1849), de Bieito Fandiño e *A Fonte do Xuramento* (1882), de Francisco M^a de la Iglesia, existiron representacións durante a guerra contra os franceses o que confirma unha tradición popular para o teatro galego.

-Manuel Lourenzo González, Luís Obelleiro e Laura Tato Fontaiña, “A xeración dos Restauradores e o seu contexto histórico: a prosa e o teatro”, pp. 289-320. Panorámica da produción cultural da segunda metade do século XIX, que vai precedida dun resumo do contexto político español nestes anos, que se corresponde en Galicia con tres momentos diferentes -o provincialismo (1840-1885), o rexionalismo (1886-1915) e o nacionalismo (1916 en adiante)-, e da análise dos problemas económicos e sociais galegos, sobre todo da emigración. Sinálase como o rexurdir da cultura e da literatura supón unha toma de



conciencia global e unha reacción contra os intentos de uniformación da política centralizadora, a través do emprego do castelán primeiro e logo, xa na etapa rexionalista, do galego. A partir da celebración dos Xogos Florais da Coruña en 1861 e da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía, en 1863, moitos escritores e intelectuais comezan a ter unha participación activa na vida cultural de Galicia como Murguía, Brañas, Antonio e Francisco de la Iglesia, Marcial Valladares, Saco y Arce, Waldo Álvarez Ínsua, Valentín Lamas Carvajal e moitos outros. No apartado dedicado á prosa do Rexurdimento, os autores deste traballo apuntan o carácter eminentemente poético da nosa produción e destacan a aparición de grande cantidade de revistas e xornais que inclúen xa a lingua galega nas súas páxinas. Outro dos acontecementos culturais que destacan é a fundación da Biblioteca Gallega, no 1885, por Andrés Martínez Salazar e Juan Fernández Latorre. Entre as obras máis salientables cítase *Maxina ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares, publicada no 1880, e dedícase por último un apartado especial ó teatro onde se apunta a vontade de crear, a partir de 1880, unha dramaturxia galega. Algúns dos títulos recollidos nesta análise son *A fonte do xuramento* (1882), de Francisco María de la Iglesia; *Unha noite na casa do tío Farruco do Penedo* (premiada en Lugo en 1877), de Laureano Guitián Rubinos; *Non máis emigración* (1885), de Ramón Armada Teixeira; *Mari Castaña* (premiada en Pontevedra en 1884), de Emilio Álvarez Giménez, etc. Tamén se considera significativa a aparición do primeiro texto teórico sobre o teatro, a *Memoria acerca de la Dramática Gallega*, de Galo Salinas, publicada en 1896.



O segundo volume contén outros dez fascículos realizados polos seguintes autores:

-Kathleen March, “A obra de Rosalía de Castro: *Cantares Gallegos*”, pp. 324-352. Nesta ocasión, Kathleen March súmase ó proxecto da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), co patrocinio da Comisión das Comunidades Europeas e A Nosa Terra, ofrecendo un achegamento a Rosalía de Castro a través da súa obra *Cantares Gallegos*. Comeza o traballo cunha lembranza da época na que viviu e escribiu a autora de Padrón e céntrase logo nunha análise exhaustiva da citada obra. Presenta as teorías dalgúns autores como Marina Mayoral, K. Kulp, R. Carballo Calero, J.M. Posada, Emilia Pardo Bazán, Unamuno ou Salvador de Madariaga, que ofrecen as súas opinións sobre as características e as influencias posteriores da obra rosaliana. Nun segundo apartado dedica unhas páxinas ó estudio detallado da estrutura de *Cantares Gallegos* e remata o seu traballo cunha mención da recepción da obra na época de Rosalía e a súa vixencia na actualidade. Por último, ofrece un breve apartado bibliográfico.

- María Pilar García Negro e Francisco Rodríguez Sánchez, “Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX”, pp. 354-384. O estudio aborda a notable presenza da muller na literatura na segunda metade do século XIX, comezando, a modo de introducción, cunha análise dos antecedentes históricos e filosóficos dende o Padre Feijoo e a Revolución Francesa, reparando en figuras destacadas como Olympe de Gouges, Mary Wollstonecraft ou Jonh Stuart Mill. O estudio céntrase no debate público ó redor da cuestión da muller xurdido a finais da década dos 50, analizando a eclosión de escritoras galegas na época e identificando algúns trazos comúns a elas. Finalmente, estúdase a figura de



Rosalía de Castro como símbolo de Galicia e alicerce da nosa literatura, considerando a súa obra “unha escrita desde o epicentro da marxinalidade”.

-Carlos Casares, “A obra literaria de Manuel Curros Enríquez”, pp. 385-416. Estudio que presenta un achegamento á biografía de Curros, así como unha caracterización do seu contexto social, cultural e político, que permite situa-la figura do poeta celanovés no Rexurdimento da nosa literatura. O traballo analiza ademais a súa obra *Aires da miña terra*, centrándose, en cuestións temáticas, na súa historia editorial e en aspectos relativos á recepción.

-Miguel Mato Fondo, “A obra literaria de Eduardo Pondal”, pp. 417-448. Fascículo dedicado, de xeito monográfico, ó escritor bergantiñán. Comeza cunha introducción ó contexto cultural, que se detén en aspectos como a importancia da prensa no momento, o nacemento da colección Biblioteca Gallega, o xurdimento de ideas acerca da creación dunha Academia Galega e o auxe experimentado pola música ou os estudos históricos. A seguir, ofrécese unha avaliación da recepción da obra pondaliana. A última parte do estudio ocúpase da poesía do escritor, centrándose na súa evolución dende *Rumores de los pinos* ata *Queixumes*. A análise atende, de xeito especial, a cuestións como o bardismo, a conciencia do pobo, a melancolía ou a lingua do escritor.

-María Pilar García Negro, Anxo Gómez Sánchez e Mercedes Queixas Zas, “A obra literaria e xornalística de Lamas Carvajal”, pp. 449-480. Este estudio sobre a vida e a obra de Valentín Lamas Carvajal estrutúrase en catro apartados temáticos e unhas conclusións finais. Iníciase cun detallado “Perfil biográfico” acerca do antedito



autor, onde se achegan os datos biográficos considerados máis importantes para a posterior comprensión da obra do escritor ourensán. Incídese especialmente na súa prematura cegueira como condicionador do seu carácter e tamén do da súa obra. Inclúese neste primeiro apartado un percorrido cronolóxico por tódalas obras de Lamas, indicando de cada unha o ano da primeira edición, as posteriores reedicións e o contido das mesmas. En “O Universo Lamasiano” analízase a temática do autor de *O Catecismo do Labrego* acudindo a numerosas citas da obra. Salientan o vencellamento existente entre a súa obra literaria e a xornalística. No seguinte apartado, “O papel de Lamas na xeración dos restauradores”, estudian o labor de concienciación social que realizou dende as páxinas de *O Tío Marcos da Portela*, e adscribénolo á corrente realista, rexeitando anteriores traballos que vían a este autor máis próximo ó “costumismo” ou ó “ruralismo”. A recepción da obra de Lamas está recollida no último dos apartados temáticos, “A fortuna crítica de Lamas Carvajal”. Céntranse en comenta-las relacións con Manuel Murguía.

-Manuela Álvarez Lozano, “A crise finisecular. A narrativa de López Ferreiro”, pp. 481-512. Os catro primeiros apartados en que se divide este fascículo están dedicados a explica-las causas, consecuencias e repercusións que no eido da Literatura Galega tivo a crise de finais do século XIX. Coméntase a estrutura do sistema político galego, a importancia dos “caciques”, a evolución das ideas rexionalistas, a influencia da perda das colonias na emigración galega e a decadencia definitiva da fidalguía. Na segunda parte deste fascículo fálase da vida e obra de Antonio López Ferreiro. Merece especial atención por parte da autora o rigor do compostelán na investigación histórica, e a introducción deses datos históricos nas súas novelas. Analiza a temática, a técnica, e fai un resumo argumental das tres novelas de López Ferreiro: *A Tecedeira de Bonaval*, *O Castelo de Pambre* e *O Niño de Pombas*. Para rematar, comenta brevemente a



acollida das obras deste autor por parte da crítica da época e a vixencia que seguen a ter na actualidade.

Xosé Ramón Freixeiro Mato e Francisco Pillado Mayor, “A poesía e o teatro interseculares”, 513-544 pp. Fascículo que aborda o estudo da produción lírica e teatral do período de “transición intersecular entre o Primeiro e o Segundo Renacemento da literatura galega”. O traballo ofrece unha panorámica da poesía desta época, centrándose nos catro escritores que considera máis relevantes: Noriega Varela, Francisca Herrera Garrido, Xerardo Álvarez Limeses e López Abente. A segunda parte do fascículo presenta un achegamento ó teatro intersecular, dedicando un espacio importante ó estudio da peza *A ponte* de Luguís Freire.

Xosé M. Millán Otero, “O anuncio dos novos tempos: Ramón Cabanillas”, pp. 545-576. Comeza Millán Otero facendo unha sucinta análise da situación política e cultural da Galicia de finais do século XIX e comezos do XX, época na que o rexionalismo como movemento político vai esmorecendo ó mesmo tempo que xorden as Irmandades da Fala. Neste contexto sitúase a meirande parte da produción literaria de Ramón Cabanillas, do que o crítico analiza os problemas que existen para o seu encadramento xeneracional e estético. Sinálase a súa relación co movemento modernista hispano e co saudosismo portugués e establécense catro etapas fundamentais na súa evolución literaria indicando as obras e as características de cada unha delas. Por último, preséntase un pequeno estudio da recepción da obra do escritor e faise unha valoración da consideración que, na actualidade, os lectores galegos teñen da obra de Cabanillas.



-Emilio Xosé Ínsua, "O teatro das Irmandades da Fala", pp. 609-640. Emilio Xosé Ínsua introduce o seu estudio sobre o teatro da época das Irmandades cunhas referencias á recuperación funcional da lingua, á música, á sociedade, á cultura e á situación da muller nas primeiras décadas do século XX. Céntrase a continuación no teatro e ocúpase, nos diferentes apartados, dos problemas para a constitución dunha tradición teatral en Galicia, das orientacións estéticas do teatro da época e da difusión do teatro en galego. Ademais, ocúpase dos principais autores e obras do teatro das Irmandades e remata cunha análise da figura de Antón Villar Ponte e da súa peza *Os evanxeos da risa absoluta*, escrita no ano 1934, que nunca foi representada.

Referencias varias:

- Xan Carballa, "A literatura galega hai que explicala desde si mesma e coñecendo o contexto histórico no que se fai", *A Nosa Terra*, nº 719, "Guieiro Cultural", 28 marzo 1996, p. 27. A raíz da publicación en fascículos da *Historia da Literatura Galega*, da AS-PG, Xan Carballa fala con dous dos seus responsables: Laura Tato e Xosé Ramón Freixeiro. Ambos responden a preguntas tales como qué carencias cobre esta nova obra, qué lle debe a Carballo Calero, cáles son os criterios metodolóxicos, etc. Salientan a pluralidade da obra e o feito de estar contextualizada e centrada nas figuras principais e comentan os problemas á hora de unificar criterios de periodización e terminoloxía. Finalmente destacan o carácter divulgativo.

-E. C., "A AS-PG reuniu en 50 volumes e fascículos a *Historia da Literatura Galega*", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 11 abril 1996, p. 25/p. 14.



Informa de que a Asociación Socio-Pedagóxica Galega presentou onte en Santiago a súa *Historia da Literatura Galega*. A obra, realizada en colaboración con Edicións A Nosa Terra e a Comisión das Comunidades Europeas, consta de cincuenta volumes con cadanseu fascículo.

-Arantxa Estévez, "A AS-PG apresentou a *História da Literatura*, unha obra para achegar a cultura ao grande público", *A Nosa Terra*, nº 721, "Guieiro Cultural", 11 abril 1996, p. 27. O mércores 10 a Asociación Socio-Pedagóxica Galega presentou no Pazo de Fonseca a súa *Historia da Literatura Galega*, proxecto co que pretende cubrir "un valeiro dentro do panorama literario". Trátase de cincuenta volumes con cadanseu fascículo no que se recollerán "as mellores páxinas da literatura galega". Colaboran coa AS-PG neste proxecto, Edicións A Nosa Terra e a Comisión das Comunidades Europeas. A AS-PG afirmou que para eles era "un deber continua-la tarefa de Casal como Editor", sobre todo, nun momento no que se vén de conmemora-lo centenario do seu nacemento.

-X. C., "O 17 de Maio comeza a publicarse a primeira *História da Literatura Galega* en fascículos", *A Nosa Terra*, nº 726, "Guieiro Cultural", 16 maio 1996, p. 22. Dá conta da posta á venda da *História da Literatura Galega* en fascículos, proxecto da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega e apoiado por *A Nosa Terra*. Informa sobre como se levou a cabo e comenta o contido do primeiro fascículo: "Definición, características e periodización da Literatura Galega", no que Francisco Rodríguez tenta demostrar que a Literatura Galega é un "producto cultural xenuíno" con características que a separan da Literatura Española. Tamén lle dá moita importancia á existencia en Galicia dunha sociedade non normalizada. Recolle as declaracións de Goretti Sanmartín, Manuel María e Xosé Manuel Millán, todos eles colaboradores desta obra, nas que salientan a importancia da mesma.

-E. C., "Editan por fascículos a historia da escrita galega", *O Correo Galego*, 17 maio 1996, p. 43.



Dá conta da aparición do primeiro volume da colección *Historia da Literatura Galega* editado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega e a editorial A Nosa Terra. Informa das características desta obra e comenta brevemente a primeira entrega, *As cantigas de amigo*, acompañada dunha antoloxía de *Follas Novas*.

-Víctor Vaqueiro, "A nosa literatura", *A Nosa Terra*, nº 727, "Guieiro Cultural", 23 maio 1996, p. 21. Critica a ausencia de apoio institucional e económico ó proxecto da *Historia da Literatura Galega*, rematado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega e no que participou dende Xosé M^a Álvarez Cáccamo e Kathleen March a Carlos Casares e Francisco Rodríguez.

-A. D., "Presentación de *Historia da Literatura Galega* en Vigo", *Atlántico Diario*, 11 xuño 1996, p. 57. Infórmase da presentación da *Historia da Literatura Galega*, nomea as asociacións colaboradoras e as persoas que intervirán no acto. Dá o título e a autoría dos primeiros volumes ademais dos obxectivos que pretenden acadalos promotores.



Axeitos, Xosé Luís (ed.), *Luís Seoane. Tres hojas de ruda y un ajo verde o las narraciones de un vagabundo*, Edición facsimilar, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa, 1996, 160 pp. (ISBN: 84-7492-784-6).

Edición facsimilar da obra de Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979), *Tres hojas de ruda y un ajo verde o las narraciones de un vagabundo*, publicada en Buenos Aires pola editorial Botella al Mar, no ano 1948. A edición vai precedida dun prólogo do profesor Xosé Luís Axeitos no que sitúa a publicación da obra no contexto socio-cultural no que vivía e se desenvolvía Seoane no seu exilio bonaerense. Menciona o seu prolífico labor pictórico daqueles anos e recorda a súa contribución ó ámbito editorial coa fundación dalgunhas coleccións como Hórreo, Dorna, Buen Aire, da editorial Emecé, etc. Salienta, así mesmo, o seu labor como investigador e céntrase logo na descrición do presente libro, un conxunto de once relatos breves que responden ó desexo de “representar o mundo mítico do noso pasado como unha forma máis de realismo”.



Axeitos, Xosé Luís (coord.), *Congreso Rafael Dieste*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Difusión Cultural, nº 3, xullo 1996, 318 pp. (ISBN: 84-453 1740-7).

O volume recolle as Actas do Congreso Rafael Dieste celebrado na Coruña os días 25, 26 e 27 de maio de 1995, acto que serviu de colofón ó Ano Dieste. As palabras de presentación de J. Pérez Varela e H.J. Pérez Quintana preceden o limiar de X.L. Axeitos, coordinador do Congreso, no que se salienta o “enriquecemento persoal producido polo intercambio interdisciplinar” e a “heteroxeneidade” dos traballos presentados. A lección inaugural a cargo de Carlos Gurméndez (“Rafael Dieste y su horizonte filosófico europeo”, pp. 15-28), sobre o “horizonte filosófico europeo” en Dieste e a lección de clausura, na que Darío Villanueva (“Rafael Dieste, narrador”, pp. 297-318) afonda no Dieste narrador, enmarcan un conxunto de ponencias distribuídas en dúas seccións, a sección Biográfica e a sección Literaria. A seguir detállanse os textos:

Sección Biográfica:

-L. Rei Nuñez, “Contra a amnesia”, pp. 29-33. Rei Núñez retrata a un Rafael Dieste a quen as humanidades e a ciencia lle foron dadas no seo da familia e a quen o tempo que lle tocou vivir, “movemento sísmico continuo”, o fixo espectador e actor en feitos que condicionaron a súa evolución persoal e literaria: Marrocos, o fascismo, a



Guerra Civil, a emigración, a epidemia de gripe do 18, e ata un longo exilio e o abafamento pola dictadura de Franco.

-Otero Urtaza, "Rafael Dieste e as Misións Pedagóxicas", pp. 35-39. Otero Urtaza achéganos ó labor de Rafael Dieste nas Misións Pedagóxicas da IIª República, no contexto cultural creado pola Institución Libre de Enseñanza. Iniciouse o xove rianxeiro na misión da creación dun teatro de guiñol, que acadaría co tempo o nome de "Retablo de Fantoques". Co seu traballo neste proxecto, percorreu vilas e aldeas de España levando a cultura ó mundo rural.

-X. Neira Vilas, "Rafael Dieste no exilio", pp. 41-44. Neira Vilas fai un percorrido pola actividade cultural e a loita por Galicia levadas a cabo por Rafael Dieste dende 1939 ata 1961, período que abrangueu o seu exilio.

-Isaac Díaz Pardo, "O Compromiso e a Universalidade na obra de Rafael Dieste", pp. 45-46. O compromiso e a revolución ideolóxica protagonizadas pola xeración de intelectuais da que formou parte Rafael Dieste, constitúen o obxecto da intervención de Isaac Díaz Pardo neste congreso, quen salienta a débeda que a sociedade galega actual ten para con estes homes e o seu labor.

-Francisco F. del Riego, "A personalidade de Rafael Dieste", pp. 47-51. A personalidade diesteana é o tema tratado por Fernández del Riego, da que reconece como "nota singularizadora" a súa "insaciable" e "universal curiosidade". Tralo seu labor nos eidos da narración, o teatro, a poesía, o ensaio, o xornalismo, e mesmo trala súa conversa, atopábase, en



palabras de Fernández del Riego, “un aguzado esculcador das formas vitais e intelectuais da época que lle tocou vivir”.

Sección Literaria:

1.- A cuestión xeracional.

-Ramón Nicolás, “Entre dúas literaturas”, pp. 55-63. A intervención de Ramón Nicolás no Congreso Rafael Dieste tenta emprazar xeracionalmente a actividade literaria do escritor rianxeiro. Dita análise organízase en dous apartados, “O marco teórico” e “Rafael Dieste como teórico xeracional desde as súas crónicas dos anos vinte”. O autor salienta en todo momento a condición de escritor bilingüe de Dieste, ó tempo que se reafirma no emprazamento do mesmo na xeración do 27, no eido da literatura española, e na xeración do 25, no da literatura galega, tal e como tiña recoñecido o propio escritor, todo isto no marco singular da chamada “Época Nós”.

2.- Arte e comunicación.

-Anxo Tarrío Varela, “Periodismo e literatura”, pp. 67-81. Anxo Tarrío fai un percorrido polo labor xornalístico de Rafael Dieste durante a Época Nós, poñendo de relevo o valor literario do mesmo, en tanto que recoñece como “empeño inútil e estéril” a tentativa de diferenciar ambos quefaceres diesteanos.



-M^a Antonia Pérez, “Rafael Dieste: Crítica de arte e medios de comunicación”, pp. 83-99. Rafael Dieste “avogaba por unha arte galega en consonancia coa estética imperante en Europa”, e como intelectual, tratou de lle dar “corpo teórico” ó movemento renovador. É precisamente esa faceta a que centra a ponencia de María Antonia Pérez. As súas reflexións organízanse ó redor de tres eixos conformados polas tres grandes “preocupacións estéticas diestenianas”, formuladas polo intelectual rianxeiro na “Carta a un joven pintor y a todos los aprendices del mirar” -*El pueblo gallego*, (1926)- : a pureza, o tema como pretexto e a pintura como expresión e comunicación.

-Luís Suñén, “La conciencia de estilo en los artículos del joven Dieste”, pp. 101-107. Luís Suñén rastrea os pasos de Dieste á procura da que sería a súa poética, o seu estilo, na obra *Antre a terra e o ceo*, reeditada por Edicións do Castro e formada por unha recompilación dos artigos publicados nos xornais *Galicia* e *El pueblo gallego*, entre o 6 de decembro de 1925 e o 16 de xullo de 1927.

-Claudio Rodríguez Fer, “Rafael Dieste ante o escándalo Gide”, pp. 109-121. O escándalo Gide é escollido por Claudio Rodríguez Fer como tema “ilustrativo e representativo” da actitude intelectual de Dieste. Tras afondar nas circunstancias que provocaron o devandito escándalo, Claudio Rodríguez Fer salienta a “valente posición de Dieste” ante esta situación, opoñéndose á expulsión de Gide da Alianza de Intelectuais antifascistas, “fundamentada na súa insumisión ó servilismo esixido polos soviéticos” e “o seu agradecido recoñecemento do compromiso gideano para coa causa republicana española”, poñendo así de relevo a súa “ética da independencia e da lealdade”.



-Xesús Alonso Montero, "A palabra e o silencio na obra de Rafael Dieste", pp. 123-135. Xesús Alonso Montero afonda "na palabra e o silencio" de Rafael Dieste, dun "intelectual puro", "fiel á súa ética, comprometido, liberal e democrático", no marco da Guerra Civil española.

3.- *A lingua.*

-Xosé Ramón Freixeiro Mato, "A lingua en Rafael Dieste", pp. 137-188. A lingua empregada por Rafael Dieste é obxecto desta extensa análise de X.R. Freixeiro Mato. Esta divídese en tres apartados. O primeiro, "Galego e español en Dieste", trata o bilingüismo inicial do autor, a súa loita pola dignificación do galego no período 1924-1927, as causas do afastamento do país e o abandono case definitivo do galego e a dificultade do retorno ó uso literario do galego. O segundo apartado, "Dieste, teórico da lingua galega", afonda nos estudos do autor sobre a lingua popular e a lingua culta, a corrección lingüística, a ortografía e certas cuestións lingüísticas concretas. Por último, no terceiro apartado, "Caracterización do galego de Dieste", X.R. Freixeiro Mato analiza, tras dunha aproximación ó contexto histórico-lingüístico do autor, os niveis gráfico, fonético, morfosintáctico e léxico-semántico da súa escrita, para rematar cunha síntese valorativa.

4.- *Dieste e a xeometría.*

Da man de Gabriel Zaid aproximámonos a unha nova faceta no labor de Rafael Dieste, a xeometría, plasmada polo autor rianxeiro nas súas obras *Nuevo tratado del paralelismo* (1956) e *Testamento geométrico* (1975).



5.- *Dieste autor dramático.*

-Manuel Aznar Soler, "Farsa y guiñol en el teatro de Rafael Dieste", pp. 199-235. Manuel Aznar Soler vencella a dramaturxia diesteana á tradición cervantina e salienta a "imaxinación plástica e a plasticidade idiomática" coa que o autor desenvolve "o conflito dramático entre ilusión e realidade". Partindo desta premisa, Manuel Aznar Soler analiza a farsa e o guiñol no teatro de Dieste. Organiza o seu estudio nos seguintes apartados: "Teoría e historia del teatro", "El guiñol de Pinturillas y Salerosa en el *Viaje y fin de Don Frontán*", "Las farsas para guiñol de Rafael Dieste" e "Cervantes e Dieste".

-Manuel Guede Oliva, "Viaxe e fin de Rafael Dieste: unha travesía inaugural", pp. 237-243. Na súa intervención, Manuel Guede Oliva dá noticia da decisión do Centro Dramático Galego de poñer en escena a obra de Dieste *Viaxe e fin de Don Frontán*, baixo a dirección de Antonio Simón, ó tempo que expón as razóns que condicionaron esta escolla.

-Euloxio R. Ruibal, "Breve aproximación á poética teatral de Dieste", pp. 245-256. Euloxio R. Ruibal afonda no labor teórico desenvolvido por Dieste sobre a dramaturxia, recollido nas súas obras e artigos, declarando lamentar que as súas teorías non chegasen a influír "o que deberan".

-Antonio Simón, "Dirixir por encargo", pp. 257-266. Da man do director de *Viaxe e fin de Don Frontán* para o Centro Dramático Galego asistimos ó proceso que xestou a posta en escena desta obra de Dieste.



6.- Poesía.

-Luz Pozo Garza, "Rafael Dieste: Diálogo estético coa Xeración do 27", pp. 267-278. A poetisa Luz Pozo Garza analiza a pegada da Xeración do 27 na obra de Dieste, concretamente en *Rojo farol amante* (1933), diferindo así do afirmado por Javier Alfaya no prólogo da edición que en 1983 fixera Hiperión.

7.- A narrativa.

-Estelle Irizarry, "Del realismo mágico al realismo mitopoético: Félix Muriel", pp. 279-291. Partindo do realismo máxico que une *Dos arquivos do trasno* e *Historias e invenciones de Félix Muriel*, Estelle Irizarry analiza as diferencias entre ambas obras, fundamentadas basicamente no "realismo mitopoético" que caracteriza o segundo dos volumes citados.



Bernal López, Diego, Quiroga Palacios, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Cultura, col. A nosa memoria, nº 5, febreiro 1996, 55 pp. (ISBN: 84-453-1589-7).

Neste quinto volume da colección A nosa memoria, patrocinada pola Xunta de Galicia, Diego Bernal López (Santiago de Compostela, 1940) achéganos á vida e ó labor do Cardenal Quiroga Palacios. Na presentación da obra, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe defíneo “como unha das máis importantes figuras da Igrexa histórica galega”, “empresario, de profunda relixiosidade, de ampla cultura e de continuo e sólido apostolado”. Nesta liña desenvólvese o estudo de Diego Bernal, no que se salienta, no eido da literatura, a fundación da revista *Compostelanum* -1956- e a defensa do emprego da lingua galega na liturxia.



Braxe, Lino e Xavier Seoane, *Luís Seoane e o teatro*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, xullo 1996, 257 pp. (ISBN: 84-7492-808-7).

Neste volume, Lino Braxe (Mugardos, 1962) e Xavier Seoane (A Coruña, 1954) ofrecen unha completa recompilación de datos sobre o labor teatral de Luís Seoane. Inician o libro cun prólogo no que analizan as súas características como autor dramático e ofrecen unhas breves pinceladas sobre as dúas obras teatrais do autor, *A soldadeira* (1957) e *El irlandés astrólogo* (1959). Así mesmo, aluden ó seu papael como escenógrafo, como ilustrador, deseñador gráfico, editor de teatro, ensaísta e xornalista. A continuación, presentan unha importante parte de todo o material que Seoane escribiu en relación co teatro, organizándoo en catro apartados principais: os textos publicados na revista *Galicia Emigrante* (1954-1959); as audicións de radio do programa “Galicia Emigrante”, no que Seoane participou entre os anos 1954 e 1971; os textos relacionados co teatro da serie “Figuracións” e, por último, algúns traballos editados en diversas publicacións. Para rematar, no apéndice, reproducése a obra *Esquema de farsa*, un pregón de carácter teatral, a entrevista realizada a Maruja Boga, un artigo sobre Mony Hermelo, outro dedicado a Carolina Otero e tres “figuracións” breves sobre Nacha Guevara, Gila e Maia Plisetskaia.



Caeiro, Lois, *Aquel mundo*, Santiago de Compostela: Editorial Compostela, Colección de Autores, nº 10, 1996, 96 pp. (D. L.: C-1277-1996).

Conxunto de relatos e comentarios, observacións e reflexións, cada un co seu correspondente título e a maioría deles xa publicados en *O Correo Galego*. A temática é moi variada xa que vai dende lembranzas dos vellos episodios da infancia nunha Galicia rural, comentarios acerca do mundo de hoxe con temas de grande actualidade como as loitas polas audiencias televisivas, as saídas nocturnas da xuventude, etc. O libro vén precedido dunha síntese biográfica de Lois Caeiro (Sobrado dos Monxes-A Coruña, 1951), pseudónimo de Luís Rodríguez, seguida dunha presentación da obra feita polo propio autor.



Capelán Rey, Antón, *Contra a Casa da Troia (e II)*, Santiago de Compostela:

Laiovento, col. Ensaio, nº 78, novembro 1996, 210 pp. (ISBN: 84-87847-82-X).

O subtítulo do libro (*Cultura e sociedade no Santiago dos anos trinta*) dáno-la clave do ámbito espacio-temporal no que se insire esta obrad e Antón Capelán (Mesoiro-A Coruña). Xa anunciados no primeiro volume -co mesmo título- publicado en 1994, os ensaios históricos incluídos neste son os seguintes: “O *affaire* de Álvaro de las Casas (1933) e outros enfrontamentos ideolóxicos no paraninfo santiagués” e “A celebración do Sant Jordi no Santiago da II República”. O primeiro deles trata sobre os conflitos acontecidos no entorno universitario por mor das tentativas de galeguización levadas a cabo por Álvaro de las Casas e doutros debates suscitados na época. Refírese primeiramente á etapa republicana aínda que logo fala dunha “paréntese bélica” para chegar finalmente á época actual. A outra crónica histórica fai referencia á celebración do Sant Jordi por parte dos cataláns residentes en Santiago nos anos trinta, actos culturais nos que “colaboraron moi activamente os intelectuais galeguistas novos”. Logo de establece-lo contexto político da época analízase a celebración ano tras ano ata 1936, “derradeira celebración do Sant Jordi por parte dos cataláns de Santiago” debido ó inicio da Guerra Civil.



Casado Velarde, Manuel (coord.), *Scripta philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*, A Coruña: Servicio de Publicacións da Universidade da Coruña, 1996, 2 vols., 1034 pp. (ISBN da obra completa: 84-88301-25-1; ISBN do volume I: 84-88301-23-5; ISBN do volume II: 84-88301-24-3).

Compendio de artigos en homenaxe ó lingüista Manuel Taboada Cid reunidos en dous volumes coordinados por Manuel Casado Velarde (Don Benito-Badaxoz, 1948) e ordenados atendendo á súa temática. Desta forma, un primeiro grupo (recollidos no primeiro volume) trata temas de Lingüística Xeral, Metodoloxía e Historia da Lingua Española; un segundo (no volume II) aborda a Lingua e Literatura españolas e un terceiro grupo (tamén no volume II) está dedicado ó estudio doutras filoloxías entre as que se atopa a galega. Neste último apartado pódense atopar artigos monográficos de Luísa Blanco Rodríguez, Xosé María Dobarro Paz, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Constantino García, José Luís Rodríguez, Luciano Rodríguez Gómez e María Rosario Soto Arias sobre aspectos relacionados con temas e autores da literatura galega.

-Luísa Blanco Rodríguez, “La música en la narrativa de Alfredo Conde. Estudio léxico”, vol. 2, pp. 805-812. Estudio sobre a presenza na obra narrativa de Alfredo Conde (con especial atención á novela en castelán *Los otros días*) do léxico pertencente ó campo da música. A análise divídese en dous grandes apartados, “Léxico musical *strictu sensu*” e “Léxico musical con sentido metafórico”, nos



que se tratan respectivamente os vocábulos musicais con referente claro ó mundo da música e aqueloutros utilizados con fins estilísticos.

Xosé María Dobarro Paz, “Algunhas notas sobre o papel de Antonio de la Iglesia na conformación da lingua e da literatura galegas do século XIX”, vol. 2, pp. 813-835. Exposición do labor que como mediador cultural, editorial e textual desenvolveu Antonio de la Iglesia a partir de 1861 e precisión de tódalas interferencias lingüísticas que exerceu sobre a edición do primeiro dicionario galego de Francisco Javier Rodríguez e sobre as composicións incluídas no *Album de la Caridad*.

Xosé Ramón Freixeiro Mato, “Os diminutivos na poesía en galego de Rosalía de Castro”, vol. 2, pp. 837-862. Análise das formas, funcións e valores máis importantes dos diminutivos (con especial atención ó sufixo -iño) na obra poética galega -*Cantares Gallegos* e *Follas Novas*- de Rosalía de Castro. Evidénciase a abundancia de diminutivos en *Cantares Gallegos* e nos poemas máis afíns a este libro presentes en *Follas Novas*, fronte á escasa presenza destes no resto dos poemas de *Follas Novas*.

-José Luís Rodríguez, “Mesóclise e ênclise nos futuros (luso-) galegos medievais”, vol. 2, pp. 979-1014. Estudio nos textos medievais trobadorescos (cantigas profanas, *Cantigas de Santa María* e outros textos epigonais) da presenza porcentual da mesoclise e da enclise para concluír que a



enclise (forma que triunfaría no castelán) daquela tiña unha menor presenza nos textos galego-portugueses cá mesoclise (forma adoptada despois polo portugués).

-Luciano Rodríguez, "Lectura de autopoéticas da xeración do 1936", vol. 2, pp. 1015-1021. Percorrido polas poéticas da Xeración de 1936 que amosa como resultado o feito de que algúns dos movementos de preguerra (neotrobadorismo e hiloísmo) se seguen a cultivar por esta xeración, ó mesmo tempo que o paisaxismo de raíz humanista terá presenza na obra de Aquilino Iglesia Alvariño ou Xosé María Díaz Castro. Por outra banda, a poesía social ou de denuncia verase reflectida na obra que daquela publicaban Luís Seoane ou Lorenzo Varela no exilio e Celso Emilio Ferreiro en Galicia. Á par disto, aparece unha poesía de corte intimista, con grande preocupación filosófica e existencial, representada por *Anxo da terra*, de R. Carballo Calero, *Canle segredo*, de X.M. Álvarez Blázquez ou *A realidade esencial*, de E. Moreiras, etc.

-M^a Rosario Soto Arias, "Da presenza de Roldán en Galicia", vol. 2, pp. 1023-1030. Análise da pegada da tradición da lenda-mito de Roldán na cultura galega. Partindo da edición do cantar francés na versión de Oxford (que aparece firmada por Turolde), compáranse os diferentes elementos do mesmo presentes en certas lendas galegas como a de "Roldán e as tres donas" localizada na beira do Sil. Así, pásase revista ó elemento da espada (presente na versión do cantar transcrito por Turolde) ou do salto prodixioso (que aparece noutras versións non relacionadas coa materia de Turolde).



Casares, Carlos (coord.), *Congreso Vicente Risco*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Difusión Cultural, nº 4, novembro 1996, 426 pp. (ISBN: 84 453-1808-X).

O volume-libro ábrese coas presentacións de Jesús Pérez Varela (Conselleiro de Cultura e Comunicación Social) e de Homero Pérez Quintana (Director Xeral de Promoción Cultural). A continuación, segue un limiar do coordinador Carlos Casares (Ourense, 1941), que introduce a personalidade de Vicente Risco e a importancia da súa obra. Refírese, entre outras cousas, a que “non se podería entender a historia do galeguismo, nin sequera na súa vertente política doutrinaria, sen a presenza dun home que foi a súa verdadeira alma durante cerca de dúas décadas decisivas”. Recóllense logo as ponencias do Congreso, que tivo lugar en Ourense en outubro de 1995 e que xiraron ó redor das diferentes facetas do homenaxeado. Presentamos aquí unha selección de artigos que teñen en común o feito de se centraren na obra literaria de Vicente Risco:

-Xosé F. Filgueira Valverde, “Vicente Risco de *La Centuria* a Nós”, pp. 13-22. Tras considerar a Risco como un investigador universalista que agromou ó lado doutras liñas de investigación máis enxebristas, estrutúrase o artigo en sete epígrafes: “Orientalismo e teosofía”, “A chamada do futurismo”, “Risco en Ourense. *A Centuria*”, “*O Preludio a toda estética futura*”, “Risco e Losada Diéguez”, “Da aprendizaxe á controversia con Roso de Luna” e “A saída do



Nós". Nestes apartados, Filgueira Valverde salienta a evolución ideolóxica e intelectual de Vicente Risco, sempre dende unha perspectiva innovadora que mostra a reivindicación da cultura oriental como "ideoloxía redentiva da decadencia da cultura occidental"; as influencias de Marinetti, que rematan cun desengano que o leva a "un novo camiño, o do "actualismo"; a dirección no 1917 da revista *La Centuria. Revista Neosófica*, "a publicación galega máis "á la page" daqueles anos"; a escrita do *Preludio a toda estética futura*; a súa amizade con Losada Diéguez; a ruptura de relacións co seu mestre Roso de Luna por discrepancias sobre o uso do galego e, por fin, o nacemento de *Nós*, o 30 de outono. Salienta ademais que a súa decisión lingüística supuxo a renuncia "ó brillante porvir que podía abrírlle (...) o cultivo do castelán". Conclúe o artigo coa reprodución das "Primeiras verbas" publicadas en *Nós*.

-Dolores Vilavedra, "Enunciación e parodia en *O porco de pé*", pp. 39-54. Comeza con "Algunhas consideracións previas", nas que a autora expón o obxectivo do seu traballo: demostrar que en *O porco de pé*, de Vicente Risco existen "unhas determinadas estratexias enunciativas para conseguir o efecto paródico". De seguido, adianta as conclusións da súa análise, reivindicar esta obra como a primeira novela moderna e demostra-la "organización xerárquica da súa visión do mundo". Precisa o significado do concepto "enunciación literaria", para se centrar na enunciación e parodia en *O porco de pé*. Entre outros aspectos, que van incidir nas conclusións que se anunciaron previamente, Dolores Vilavedra destaca a ausencia do autor empírico do discurso, aspecto que cualifica como un "síntoma da súa madurez" como narrador; a actitude selectiva cara ó lector implícito, que debe ser competente para "activar os mecanismos que o texto acolle para a creación do senso paródico"; as características do narrador elixido para a creación da novela e as técnicas da mesma; as



innovacións metadiscursivas; a utilización do “discurso bivocálico” e a imposición absoluta dun único sistema ideolóxico, que corresponde ó autor implícito, trasunto de Vicente Risco.

-Fernando Serrano Valverde, “Risco y las referencias a Irlanda y lo irlandés”, pp. 55-66. A partir da referencia á publicación da primeira versión duns fragmentos traducidos do *Ulysses*, de James Joyce na revista *Nós*, no número 32 (agosto de 1926), analízanse os fragmentos elixidos -o capítulo 17, “Itaca” e unha breve sección do capítulo 12, “Los Cíclopes”-, traducidos do inglés ó galego, segundo consta na revista, por Otero Pedrayo e reflexiónase sobre o porqué desta selección, preguntándose cómo nunha publicación como *Nós*, “de carácter eminentemente formativo y programático, los fragmentos traducidos aparecen sin el menor comentario, ni siquiera una localización dentro de la novela”. Ofréñense algunhas conclusións, baseándose no estudio crítico realizado por X.M. González-Millán, así como noutras traducións que corresponden ás mesmas datas de publicación en *Nós* e percórrese a sección “Letras irlandesas”, dedicada pola revista á literatura irlandesa, mencionando ós escritores e temas que foron obxecto de análise, sobre todo por parte de Vicente Risco. O articulista destaca que os obxectivos desta difusión de *Nós* foron principalmente “traer al conocimiento del lector esta literatura (...) por su ejemplaridad”, “resaltar aquellos rasgos que al ser comunes sirven como señas de identidad a los dos pueblos” e “mostrar hasta dónde se pueden utilizar las obras de estos escritores para la aventura paralela: búsqueda del celtismo”.

-Xosé M^a de Castro, “Literatura e mensaxe ideolóxica no derradeiro Vicente Risco”, pp. 145-155. O artigo pretende analiza-la ideoloxía de Vicente Risco, dende dous puntos de vista: os seus textos literarios derradeiros e a súa práctica vivencial cotiá. Con respecto ó primeiro punto



diferencia varias etapas na evolución do seu posicionamento ideolóxico, sinalando o pensamento risquiano en cada unha delas. Destaca as influencias das súas primeiras lecturas de mozo, tanto literarias -Verlaine, Rimbaud, Tagore, etc.- coma filosóficas -Nietzsche, Schopenhauer, Bergson-, xunto ó krausismo, o cristianismo e o orientalismo. Xosé M^a de Castro a partir de dous textos - *Leria* (Galaxia, 1961) e *Doce años después* (*Obras Completas*, tomo II)-, trata de demostrar que a ideoloxía de Risco segue a se-la mesma antes e despois do estalido da guerra civil. Con respecto ó segundo aspecto (a vivencia cotiá), distingue tres niveis diferentes: a súa relación co sistema, coa igrexa e a familia e con amigos e compañeiros e destaca a importancia das tertulias ourensás de Vicente Risco, sempre abertas á discusión, e o apoio a actividades culturais como exposicións, conferencias, obras de teatro ou cineclubes.

-Anxo Tarrío Varela, "Introducción á obra literaria de Vicente Risco", pp. 187-200. Despois de excluír da súa análise a produción poética e ensaística de Risco, así como a peza dramática *O bufón de El Rei* e a narrativa en castelán, introduce a súa reflexión apoiándose na teoría dos polisistemas de Itamar Even-Zohar e sinalando a súa validez para o sistema literario galego. A continuación, seguindo este modelo teórico, estudia como Risco "incorpora un lector que non sexa aquel ser pasivo das narracións decimonónicas a quen se lle daba todo trillado e a quen a penas se lle daba lugar para a cooperación". Anxo Tarrío distingue varias vertentes no conxunto da produción narrativa risquiana. No seu primeiro conto "Do caso que lle aconteceu ó Doutor Albeiros", observa unha liña modernista e considera que se trata dun texto no que "o lector ten que entrar no xogo (...) e colaborar cun autor abondo rexoubeiro para que o disparate da ficción poida ter lugar con toda a verosimilitude textual". Na produción que xira ó redor do nacionalismo e ó sentimento da terra, entre 1919 e 1927 ("A trabe d'ouro e a trabe d'alquitrán" e



“O lobo da xente”), “xorde o ideólogo, o etnógrafo e o mitógrafo, o estudioso da arqueoloxía galega empeñado nunha literatura que ten moito de tese”. Por último, a partir de 1927, nace o mellor Risco, o de *O porco de pé* e *Os europeos en Abrantes*, onde elabora un estilo de literatura “de xogo”. Tarrío refírese tamén ó conto “Meixelas de rosa”, no que Risco se mostra plenamente vangardista. Conclúe retomando a oposición establecida por Roland Barthes entre texto de goce/texto de pracer e aplícaa á obra de Risco.

-Franklin García Sánchez, “Formas da fantasía na obra narrativa de Vicente Risco”, pp. 201-212. Este artigo céntrase no estudio da produción narrativa de Vicente Risco en castelán, isto é, *La puerta de paja* (1953), *La verídica historia del prodigioso niño de dos cabezas de Promonta* (1981), *Doce años después* (1994), *Gamalandalfa* (1981) e *La tiara de Saitaphernes* (1994), baixo a perspectiva do simbolismo. Despois de aclaralo que significa o concepto, Franklin García fai unha análise de cada unha das obras, co propósito de establece-las formas que asume a fantasía e o xogo coa dimensión mimética.

-Marcos Valcárcel, “Risco na prensa ourensá”, pp. 213-234. Percorrido pola andaina xornalística de Vicente Risco dende as súas primeiras colaboracións en *El Miño* (1910), *Mi Tierra* (1911), *Azul* (1913), *A Nosa Terra*, *Rexurdimento*, ata *La Centuria* (1917), *Nós* (1920), *Misións* (dende 1937), *Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense*, *Posío* (1945), *Catequesis Antoniana* ou *Fin de Semana*, estes últimos dos anos corenta e cincuenta. Céntrase sobre todo nos artigos periodísticos de *La Región*, publicados entre 1936 e 1963. Refírese ó humor como principal característica do Risco xornalista, trazo que lle serve para reflectir a súa visión do mundo. Entre os temas fundamentais dos artigos sinala os praceres da



vida na cidade, a vivencia da paisaxe e a comunión coa natureza, o poder dos mitos e a cultura popular, a reflexión sobre as artes, a literatura, a relixión e a historia de Ourense e dos seus personaxes. Conclúe referíndose ó estilo destas colaboracións, ás débedas de Risco con outros autores entre os que menciona a Eugenio D'Ors ou Josep Plá e, por fin, ás valoracións críticas que mereceu este labor de Risco.

-X. M. González Reboredo, "Vicente Risco e a antropoloxía galega", pp. 235-254. Este relatorio céntrase na faceta de antropólogo de Vicente Risco quen, en opinión de González Reboredo, "mantivo fiel ata a fin da súa vida o estudio da cultura do pobo, converténdose no máis importante etnógrafo galego da primeira metade do noso século". O estudio divídese en dous apartados. No primeiro, sinálanse as influencias directas e indirectas na concepción dos estudos etnográficos de Vicente Risco entre as que se atopan tanto o labor dos historiadores, escritores e estudiosos do XIX, coma as correntes europeas de principios do XX. No segundo, estúdanse os conceptos e a temática da obra de Risco dende a aparición en *Nós* do apartado "Arquivo filolóxico e etnográfico de Galicia" onde se recollían noticias sobre cantigas, costumes, ditos, etc. de diversas localidades galegas, ata o seu programa de estudio da literatura popular galega. Entre os temas máis presentes na súa obra destaca os referidos á sociedade, ás festas, á literatura popular, ás lendas e mitoloxía e ás crenzas. Conclúe recoñecendo en Vicente Risco "a un etnógrafo eficaz para o seu tempo" e sinalando que "algunhas das súas propostas e afirmacións seguen a ser válidas nos nosos días".

-M^a Jesús Lama, "Alemaña e *Mitteleuropa*", pp. 269-282.



Analízanse os textos que Vicente Risco dedicou a Alemaña trala súa viaxe, realizada entre maio e setembro de 1930, cunha bolsa para realizar estudos de etnografía e folclore: unha primeira parte titulada *Da Alemaña* e recollida en volume pola editorial Nós en 1934 co título de *Mitteleuropa* e unha segunda parte, con este mesmo título, que recolle as viaxes a Berlín, Praga e Viena, publicada en números soltos na revista entre febreiro do 34 e maio e xuño do 35. M^a Jesús Lama cre que Risco puido escribir esta crónica ben como un diario ou ben a partir das notas que ía tomando e que este corpus pode considerarse como diario ou crónica de viaxe ou mesmo como ensaio, análise social ou manifesto ideolóxico. Analiza as fontes de información a partir das cales se conforma a imaxe de Alemaña que proporciona Risco -observación e experiencia, contactos co mundo académico e opinións e comentarios dos galegos ou españois que visita-, os obxectos de interese -espacios, xentes, artes, ideas, ciencia, organización social, visitas a museos, etc.- e as formas discursivas que emprega. Como conclusión, sinala que *Mitteleuropa* constitúe un xénero novo na literatura galega e que “nel xoga cunha pluralidade discursiva que vai dende a descrición á reflexión e á valoración con intencións didácticas, do discurso especulativo ó narrativo e case ficcional” e comenta que existen intertextualidades con outras obras de Risco publicadas con anterioridade.

-Franck Meyer, “Os alemáns vistos por Risco, visto por un alemán. Exemplo dun contacto intercultural”, pp. 283-300. Comeza indicando o marco hermenéutico no que se desenvolve este traballo, “intentar aclarar afirmacións dunha persoa estranxeira sobre o mundo de quen agora estudia estas afirmacións fronte a compatriotas da persoa estranxeira”. Sinala as distancias temporais e culturais que separan a Alemaña de Risco da actual e centra despois a súa análise no libro *Mitteleuropa*.



Comenta que o interese do libro se reduce ó ámbito galego e analiza a escolla do título e o tipo de texto do que se trata, na súa opinión, “un libro de viaxes no senso lato da palabra, pero, e sobre todo, é un texto bastante híbrido”. Menciona que Risco escribe para galegos, que se relaciona con galegos e que o seu interese se dirixe a todo o que distingue a vida de Alemaña con respecto á vida galega. Ademais, nas poucas semanas que pasa no país non pode conseguir un coñecemento completo, polo cal recorre a tópicos e a explicacións xerais sobre aspectos dos que carece da información suficiente. Na conclusión do artigo aduce sen embargo dous puntos para a apreciación de *Mitteleuropa*: Risco segue a arela da Xeración Nós de ligar a Galicia coa realidade europea contemporánea e ademais o libro constitúe un fito importante na literatura galega porque ofrece por primeira vez unha visión do estranxeiro en lingua galega.

-Ignacio Soldevila Durante, “Historia e ficción en *La puerta de paja*”, pp. 301-320. Comeza cunha reflexión sobre a relación entre os conceptos de novela e de Historia, tradicionalmente considerados antinómicos. Na súa opinión, non hai “tal incompatibilidad entre los términos”, pois ambos discursos non se distinguen dende o punto de vista narrativo e autorial. Ofrece unha clasificación das novelas históricas en catro tipos, co propósito de adscribi-las obras narrativas en castelán de Vicente Risco a cada un deles. Distingue en primeiro lugar, as narracións históricas cun autor que ten como referente exclusivo un mundo real; as que presentan unha referencialidade que apunta a un mundo real e a un mundo imaxinario construído con efectos de realidade; aquelas nas que o narrador establece un modelo de mundo verosímil pero sen referencias ó mundo real verificable e, por último, aquelas narracións históricas que teñen como referente un modelo de mundo imaxinario.



-Basilio Losada, "Vicente Risco na cultura galega", pp. 321-329. Comeza sinalando a coherencia da personalidade de Risco ó longo de toda a súa vida e a súa mentalidade "da dereita civilizada, da burguesía liberal do seu tempo" que representa en diferentes ocasións, sobre todo a través das súas constantes contradicións, tanto "nas súas ideas políticas" coma "nas súas actitudes relixiosas". Despois sitúa a Risco na cultura galega e indica que persoalmente o considera "un burgués tímido de provincias que ve en crise tódolos elementos que daban solidez ó seu mundo", un home culto que pretende revitaliza-lo seu mundo como intelectual que é "sementando o desconcerto". Basilio Losada refírese tamén á súa etapa no galeguismo e ó seu labor nestes anos (1918-1936), nos que foi recoñecido como mestre da súa promoción, e a súa teima por crear unha cultura urbana en Galicia e loitar contra o complexo de inferioridade dos galegos. Destaca o seu programa político, relacionándoo coa súa idea do cultural, a súa faceta de etnólogo e conclúe valorando a súa obra narrativa en galego e en castelán.

-Juan Ribera Llopis e Olivia Rodríguez González, "Relacións entre Risco e Joan Maragall", pp. 331-351. Dende as perspectivas da literatura comparada, analízanse as conexións entre Joan Maragall (1860-1911) e Vicente Risco, entre os que existiu unha relación de mestre finisecular e discípulo. Sínálase que Risco compaxinou a influencia de Maragall coa lectura dos textos do seu discípulo e principal opositor Eugenio d' Ors. A continuación, estúdiáanse os reflexos da estética maragalliana en Risco, analizando cada unha das etapas do ourensán, "para pescuda-las constantes e as rectificacións ó longo da súa vida intelectual". As primeiras pegadas obsérvanse na revista *Mi Tierra* -nuns artigos dedicados a repasa-la literatura galega contemporánea, publicados en 1911-,



nas referencias ó tipo de poetas da raza ou da alma galega; no *Preludio a toda estética futura* (1917) cando Risco di que “toda a arte é amor” e nos conceptos de beleza, inspiración, definición da arte, orixinalidade fronte a artificio e mesianismo das elites artísticas. Na etapa galeguista de Risco menciónanse as conexións e diferencias con Maragall na elaboración dos presupostos que sustentan o intento de creación da cultura galega: a influencia da terra na inspiración, a literatura popular e a lingua galega. Na etapa do paso ó catolicismo integrista, Risco xa “pouco ten que ver co panteísmo de Maragall”. Conclúese que os puntos en común entre ambos “en ocasións deixan de ser meras coincidencias de época e ambiente para converterse (...) nunha idéntica ‘disposición espiritual’, cando non transmisións directas de mestre a discípulo”.

-Joaquim Ventura, “Lingua e identidade en Vicente Risco”, pp. 353-370. Percorrido polas ideas de Vicente Risco a propósito da función da lingua como sinal de identidade. Joaquim Ventura analiza en primeiro lugar, as obras narrativas e sinala que en *Do caso que lle aconteceu ao Doctor Alveiros*, a identidade reside unicamente no nome do protagonista; en *Os europeos en Abrantes* o protagonista é a marca da galeguidade; nos contos *O lobo da xente*, *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán* e *A Coutada*, “a lingua galega serve de continente, sen máis marcas internas”. Sen embargo, en *O porco de pé*, Risco presenta os tres códigos lingüísticos presentes en Galicia. De seguido, analiza as alusións a lingua presentes na teoría nacionalista do autor. Refírese ó momento no que Risco dedica máis forzas á recuperación da lingua galega, que coincide coa súa etapa de plena madureza e sinala que o achegamento ó galego é parello ó achegamento ó nacionalismo e que Risco “defende a lingua galega na medida en que é a lingua da Galicia rural, preindustrial e tradicional”. Risco sitúa a lingua trala literatura, a música e o folclore e progresivamente concibe o seu prestixio no uso por parte dos sectores da



elite, dos nacionalistas, dos estudantes e da xente de cultura, adoptando así unha actitude “autoritaria e paternal”.

-Damián Villalaín, “Risco e o teatro”, pp. 371-394. Analiza o contacto de Vicente Risco co teatro que, na súa opinión, vai máis alá da escrita da peza *O bufón de El Rei*. Refírese á relación entre as súas ideas teatrais e o pensamento europeo de finais do XIX, que implica “o rexeitamento sen concesións do mundo burgués”, ós contidos do *Preludio a toda estética futura*, onde sintetiza as correntes artísticas europeas. De seguido, ofrece unha panorámica do contexto teatral finisecular salientando as influencias de Wagner, Ibsen, Wilde ou Nietzsche. Analiza tamén o artigo “Teoría e historia do drama” publicado en *A Nosa Terra* o 1 de outubro de 1921, no que Risco “esboza un esquema interpretativo da historia do teatro a través dos seus grandes ciclos”, dende o teatro grego, medieval, renacentista e romántico ata o teatro do seu tempo. Con respecto ó teatro galego, Damián Villalaín, tras indica-lo estado das representacións en Galicia nos primeiros anos do XX, destaca as intervencións de Risco nos debates do seu tempo, nos que defendeu a necesidade dun teatro en lingua galega cunhas características propias. Comenta as súas opinións sobre outras obras, a evolución das súas ideas e conclúe referíndose ás características da peza *O bufón de El Rei*, entre as que sinala as influencias de Maeterlinck, Beardsley e Wagner.

-Antón Risco, “Vicente Risco, análise e testemuño”, pp. 407-422. Comeza a súa colaboración agradecendo a tódolos organizadores a celebración deste congreso xa que considera que se lle fai xustiza a un home que dedicou a Galicia o seu esforzo intelectual; denuncia tamén a descontextualización das súas ideas e dos seus escritos, feito que levou a



crear ó redor da súa figura unha sorte de “paranoia risquiá”. A continuación, recoñece as súas débedas con Vicente Risco: a afectiva como pai, a de mestre e a de amigo e lembra as diferencias de pensamento entre ambos, acentuadas na época da súa mocidade e acentuadas co arredamento relixioso de Antón Risco. Manifesta a súa vontade de amosa-lo que aínda se pode extraer do pensamento e da obra do seu pai analizando os mitos que teñen unha maior presenza na súa obra e sinalando as relacións da súa obra literaria e do seu pensamento. Centra o seu comentario nas referencias ó lobishome ou a concepción do home, Dionisos ou a concepción da Historia, a Santa Compañía ou Alén ou a metafísica e, por fin, a Gran Nai ou a visión de Galicia.

-Francisco Fernández del Riego, “Risco na lembranza”, pp. 423-426. Lembra o significado da figura de Vicente Risco para os que o coñeceron sendo aínda mozos. Fernández del Riego confesa que o escritor o apaixonou dende que leu os seus primeiros artigos, fundamentalmente por dúas razóns: “a visión de Galicia, ofrecida con claridade de ideas” e “as características de estilo” e a súa facilidade “para tirar rexistros precisos da nosa lingua”. De seguido, fai un percorrido pola súa traxectoria e salienta o maxisterio intelectual para a súa xeración para a que foi “un bó pedagogo, amigo maior, ensinante dos novos na idade máis plástica, decisiva, para a saúde do sentimento e da razón”.



Casares, Carlos, Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A nosa memoria, nº 9, novembro 1996, 75 pp. (ISBN: 84-453-1844-6).

Tras unha presentación de Jesús Pérez Varela (Conselleiro de Cultura), Carlos Casares presenta unha biografía de Ramón Piñeiro dividida en oito capítulos, que supoñen un percorrido en orde cronolóxica lineal dende a súa infancia en Láncara ata a súa morte. Ademais de recoller anécdotas sobre o Piñeiro neno e adolescente, Carlos Casares destaca a súa intelixencia e bondade excepcionais, o seu precoz interese polos clásicos, a súa toma de contacto co galeguismo da man de Otero Pedrayo, Peña Novo, Paz Andrade, Castelao e outros e a súa participación na vida política ata o estalido da guerra civil. Trala guerra, durante a cal sempre o acompañou un afortunado destino para fuxir das mans dos falanxistas, refire a súa estancia no cárcere ata 1949 e a súa destacada participación na fundación da Editorial Galaxia en xullo de 1950. Menciónase tamén a publicación do seu ensaio *Significado metafísico da saudade*, as súas viaxes ós Estados Unidos e a presidencia do Consello da Cultura Galega ata a súa morte en 1990.



Conde, Alfredo, *Os outros días, os días de viaxe*, Santiago de Compostela:

Editorial Compostela, col. de Autores, nº 1, 1996, 96 pp. (D. L.: C.: 1268-1996).

Este volume abre a “Colección de Autores”, editada por Editorial Compostela. Consta das seguintes partes: “Billete de ida e volta”, a modo de introducción, onde se di que Alfredo Conde (Allariz-Ourense, 1945) foi o seleccionador dos artigos para logo situalo dentro dunha “tradición que exerceron coa nobreza das mellores verbas algúns grandes dos escritores galegos que viron nos artigos para o periódico unha prolongación das súas actividades literarias”. A seguir faise unha biobibliografía do alaricano e logo reproducense os artigos que apareceron na sección “Os outros días”, dos xornais *El Correo Gallego* e *O Correo Galego* durante 1995 e 1996, que teñen como temática común algunhas das viaxes realizadas por Conde.



Cora, Xosé de e Xulio **Pardo de Neyra**, *Pascual Veiga*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Cultura, col. A nosa memoria, nº 6, marzo 1996, 65 pp. (ISBN: 84-453-1593-5).

Este libro, precedido dun limiar do Conselleiro de Cultura, supón un pequeno achegamento á vida do músico e compositor mindoniense Pascual Veiga, centrándose en aspectos como os seus anos de formación, as polémicas xornalísticas nas que participou, o seu labor a prol da música en Galicia, a estrea e éxito da célebre *Alborada* e as súas relacións e contactos con Pondal para que o poeta lle proporcionase a letra para compoñe-lo himno galego. Recóllese ademais unha antoloxía de citas e poemas dedicados ó músico. Remata o libro cunha cronoloxía na que se recollen as datas máis significativas da súa vida e cunha lista das súas pezas musicais máis importantes.

Recensións:

-M. R., "O músico do himno de Pondal", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano I, nº 67, 6 xuño 1967, p. 6. Salienta que este libro detalla cómo foi o proceso compositivo da música do himno e maila vida do músico que o compuxo. Lembra que o himno foi estreado no Gran Teatro do Centro Galego da Habana o 20 de decembro de 1907.



Referencias varias:

-Xosé Manuel Varela Varela, "Pascual Veiga e Eduardo Pondal", *La Voz de Galicia* (Edición de Bergantiños), "Terra e xente", 3 outubro 1996, p. 45. Breve resumo do contido do libro *Pascual Veiga* do que son autores Xosé de Cora e Pardo de Neyra. Préstase especial atención ás relacións entre Pascual Veiga e Eduardo Pondal.



Fernández Castro, Xoán Andrés (coord.), *Manuel Reimóndez Portela na lembranza*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1996, 244 pp. (ISBN: 84-7492 824-9).

Libro-homenaxe a Manuel Reimóndez Portela (A Estrada, 1916-1994), médico, galeguista, escritor ou alcalde da Estrada, entre as moitas cousas que se poderían dicir del. No libro hai 47 contribucións, testemuñais ou simplemente gráficas, para coñece-los diferentes aspectos da súa figura. Entre estas, hainas de xente tan coñecida no mundo das letras galegas como Xesús Alonso Montero, Xosé Neira Vilas, Xosé Manuel Martínez Oca ou David Otero, pero tamén colaboracións de autores doutros moitos dos campos humanos e científicos dos que Manuel Reimóndez participou.



Fernández del Riego, Francisco, *A Xeración Galaxia*, Vigo: Galaxia, col. Agora aberta, nº 21, marzo 1996, 208 pp. (ISBN: 84-8288-037-3).

Obra a modo de libro de memorias na que Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913) afirma que quere, como un testemuño, “debuxar un proceso cultural”. Distribúese en vintetrés apartados, practicamente independentes, acompañados de diversas fotografías e reproducións de libros. “A xeito de limiar” e “Primeiras mostras de recuperación” constitúen unha especie de introducción xeral ó contexto socio-cultural do momento no que aparece a Editorial Galaxia. Tres novos apartados achegan ó lector ó feito fundamental da fundación da editorial e, a continuación, ó longo de sete apartados desenvólvense aspectos concretos da chamada Xeración Galaxia, é dicir, as diversas circunstancias da creación e funcionamento da editora do mesmo nome (os seus obxectivos, a política editorial, a economía, a lingua, a nómina de escritores e artistas, etc.), se ben estes capítulos alternan con outros relativos a diferentes temas: a colección e a revista Grial, a Fundación Penzol e mesmo as promocións existentes na literatura galega posteriores ó que se denomina Xeración Galaxia. Os dous capítulos que restan son senllas homenaxes á cidade de Vigo, lugar onde se empraza a editora, e ós homes esenciais na creación de Galaxia: Xaime Illa Couto, Ramón Piñeiro e o propio Francisco Fernández del Riego. A conclusión que se extrae desta obra é que baixo o epígrafe “Xeración Galaxia” non se esconde unha das etapas da literatura galega senón que é simplemente a denominación elixida para designa-lo “labor por equipos” que supuxo a editora, a reunión arredor dun fin común de distintas personalidades da cultura galega.




Recensións:

-R. G., “Unha aventura chamada Galaxia”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 63, 9 maio 1996, p. 6. Comentario que, despois de facer unha evocación do ambiente que se vivía en Santiago de Compostela nos momentos inmediatamente anteriores á fundación da Editorial Galaxia, destaca a importancia da constitución deste organismo no panorama cultural galego de principios da década dos cincuenta. Así mesmo, salientase o feito de que estivera presidida por Ramón Otero Pedrayo en calidade de testigo da Xeración Nós e representante da continuidade truncada polo pronunciamento militar de 1936.

-Joaquim Ventura, “Historia aínda viva”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXVIII, 1 xuño 1996, p. 4. Comentario no que se manifesta a oportunidade da publicación do presente estudo sobre a editorial Galaxia, traballo que vén paliar, en certa medida, o baleiro existente ó redor da resurrección da literatura galega no interior e da súa presenza nas décadas centrais do noso século. *A xeración Galaxia* é considerado por Joaquín Ventura máis que como unha historia exhaustiva, como unha memoria colectiva do esforzo editorial que tiveron que face-los protagonistas da empresa naqueles “escuras anos cincuenta”. Catorce anos despois do estoupido da Guerra Civil entronca coa cadea formada pola revista *Nós* e o Seminario de Estudos Galegos. Conclúe dicindo que a historia de Galaxia está aínda por facer e formula unha proposta ós licenciados en galego para que aborden este necesario labor.

Xavier Castro, “A Xeración Galaxia, un camiño no tempo”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 2 xuño 1996,

9. “Unha parte moi importante da nosa historia e da nosa cultura ... aínda permanece viva”, con esta afirmación inicia Xavier Castro a análise da obra de F. Fernández del Riego, *A Xeración Galaxia*. Continúa o crítico cunhas palabras sobre o autor para pasar, a seguir, a tratar aspectos propios da obra



como a finalidade (unha homenaxe feita dende dentro), a esencia do traballo e algunhas claves fundamentais do mesmo.

-F. Martínez Bouzas, "Na tona de Galaxia", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 122, 22 agosto 1996, p. 6. Afirmo o crítico que, se ben non foi Fernández del Riego o inventor da expresión Xeración Galaxia, si é súa a idea de modula-la realidade enteira de Galicia, cando menos a cultural, en tons galaxiáns. Un libro que mergulla, por veces, segue a dicir Martínez Bouzas, o testemuño coa intención laudatoria, pero é o propio Fernández del Riego, prosegue manifestando, quen debe introducir ó lector na verdadeira cerna do que foi Galaxia. Pero o testemuño do autor do libro só fica na tona de todo o que supuxo Galaxia, di Martínez Bouzas, xa que, entre outros aspectos, o xeito da batalla cultural galaxiana consistiu en acalar completamente ó nacionalismo revolucionario de esquerdas e unhas relacións moito máis belixerantes e complexas das que amosa o autor.

Referencias varias:

-Carmen Parada, "Nuestra generación se manifestó alrededor de la editorial Galaxia", *La Voz de Galicia*, 21 abril 1996, p. 8. Con motivo da publicación de *A Xeración Galaxia* Francisco Fernández del Riego fala do contido deste o seu último ensaio que xira ó redor desta iniciativa cultural "porque nuestra generación se manifestó como unidad de acción alrededor de la editorial". Afirmo que este proxecto naceu nun momento no que o idioma ou as manifestacións culturais galegas eran perseguidos e a xente descoñecía os valores galeguistas do pasado por iso pretendían incorpora-los valores xurdidos da xeración Nós: "Nuestro intento era reactualizar el pasado y darle un aire actual y universal". De entre a xente integrada nesta xeración, que



cronoloxicamente aparece en 1950, destaca como herdeiros da xeración a Ramón Piñeiro, Fernández de la Vega, Álvaro Cunqueiro, Domingo García-Sabell, Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, Illa Couto, Carballo Calero e a el mesmo. Finalmente fala das orixes da asociación, que xurdiu o 25 de xullo de 1950 no Hotel Compostela de Santiago, da creación da colección Grial e os problemas con Juan Aparicio que prohibía a publicación de libros e case que ningunha librería de Galicia os quería ter.

-Xavier Costa Clavell, "Xeración Galaxia", *O Correo Galego*, "No Faiado", 2 maio 1996, p. 4. Con motivo da publicación deste volume, Costa Clavell lembra a importancia de Francisco Fernández del Riego nesta importante empresa cultural e na consolidación da nosa cultura, "a pesar de tódolos rexeitamentos que anos despois se lles fixeron ós galaxianos, especialmente a Ramón Piñeiro, un dos homes base desta empresa. Foron acusados de culturalistas e de abandona-la loita política". Salienta a importancia do capítulo dedicado polo autor á "Precedencia do exilio", o labor de Luís Seoane en Buenos Aires e o traballo de Castelao, Dieste e outros.

-Ramón Nicolás, "As novas xeracións coñeceron a Castelao a través de Galaxia", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXV, 18 maio 1996, p. 2. Entrevista con Francisco Fernández del Riego, con motivo da aparición do seu libro, *A Xeración Galaxia* (1996). Fala da súa relación con Ferro Couselo e subliña especialmente o labor historiográfico por el desenvolvido. Polo que se refire a este último libro, indica que o obxectivo básico que induciu á súa elaboración foi o de dar a coñece-lo proceso de desenvolvemento de Galaxia e mais o seu significado de descubri-la realidade cultural galega anterior á guerra e de incorporación de novos valores, en especial na colección "Illa nova".

-Agustín Sixto Seco, "Dende a xeración Nós á de Galaxia sen misoxinia", *El Correo Gallego*, "De portas para dentro", 6 xullo 1996, p. 3.



O articulista móstrase de acordo con Carmen Blanco en que a misoxinia cultural está en retroceso, tal e como demostra o feito da continua presenza de mulleres nos diferentes actos culturais galegos. Como exemplos, salienta o discurso de salutación pronunciado pola concelleira de cultura de Vigo, Maite Fernández, no acto de presentación do libro *A Xeración Galaxia* (1996), de Francisco Fernández del Riego; así mesmo, lembra o premio concedido a Pura Vázquez na Festa de Trasalba e o ingreso de Luz Pozo na Real Academia Galega.

M. J. Bruzón, “Biológicamente tengo cincuenta años”, *Atlántico Diario*, “El personaje”, 7 xullo 1996, 64. Francisco Fernández del Riego responde nesta entrevista a preguntas de carácter político e persoal. Do primeiro punto afirma que é progresista porque é coherente coa súa historia e que pretende ser un home en certo modo social-demócrata. No que respecta ó plano persoal salienta a súa asombrosa tolerancia, comenta que Rosalía, Murguía, Castelao e Otero Pedrayo o impresionaron enormemente e conclúe sinalando que está moi satisfeito da súa vida e que o único problema é que ten un futuro moi perecedeiro e que non lle vai chegar para facer todo o que el quería.



Ferreiro, Manuel, *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*, Santiago de Compostela: Laiovento, marzo 1996, 55 pp. (D. L.: C-432-1996).

Estudio de reconstrucción, a partir de criterios diacrónicos, do texto orixinal do himno Galego. Partindo da xénese do propio texto faise un seguimento das transformacións que sufriu ó longo do tempo. Xogan un papel importante neste estudio os manuscritos e documentos que pasaron recentemente ós fondos da Real Academia Galega como legado testamentario que lle fixo o autor á institución. O libro de Ferreiro Fernández (Saavedra-Begonte, 1955) consta de dous anexos, no primeiro confróntase o texto oficial co texto real, trala reconstrucción do mesmo. No segundo publícanse manuscritos do texto do Himno Galego.

Recensións:

-Vicente Araguas, "Da hímnic", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 119, 1 agosto 1996, p. 6. A publicación do libro de Manuel Ferreiro *De Breogán aos Pinos* sérvelle a Vicente Araguas como excusa para reflexionar sobre a creación do noso himno e as vicisitudes polas que tivo que pasar. A este respecto, inicia o seu comentario afirmando que "levaba uns anos ... cantando un himno Galego moderadamente falsificado" para proseguir anotando o curioso hermetismo desta composición. Destaca así mesmo o crítico o acerto total do seu compositor, o mindoniense Pascual Veiga.



Referencias varias:

-Anxo Tarrío Varela, "Non eramos valeroso chan", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 31 marzo 1996, p. 3. Comentario sobre o libro do profesor Manuel Ferreiro *De Breogán aos pinos* (1996), que constitúe un estudio filolóxico sobre a restauración da letra do Himno Galego. Tarrío sinala algúns dos exemplos analizados no libro de Ferreiro, nos que se aprecian diferencias entre a letra da versión oficializada e a da orixinal de Eduardo Pondal.

-Arantxa Estévez, "Confín dos verdes castros e valeroso clan", *A Nosa Terra*, nº 721, "Guieiro Cultural", 11 abril 1996, p. 32. Fai referencia ós erros que, segundo se deduce dun traballo de Manuel Ferreiro, amosa a versión oficial do himno galego. O filólogo Manuel Ferreiro, experto na obra pondaliana, intenta, co seu traballo titulado *De Breogán aos Pinos. O texto do himno galego*, publicado por Laiovento, recupera-la orixinalidade do texto de Pondal.

-Xesús Alonso Montero, "Himno galego", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 23 maio 1996, p. 9. Comentario sobre algúns dos versos do noso himno, que acaba de ser obxecto dunha revisión ecdótica que ofrece algunhas variantes, no traballo de Manuel Ferreiro, *De Breogán aos pinos. O texto do Himno Galego* (1996). Sinala Alonso Montero a necesidade dun maior coñecemento do himno, por ser un texto literario complexo e mesmo a urxencia dunha edición escolar que recolla as notas fundamentais do texto de Pondal.



Figueroa, Antón, *Lecturas alleas*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Estudios e Investigacións, 1996, 155 pp. (ISBN: 84-7824-284-8).

Lecturas alleas é unha obra na que o catedrático de Filoloxía Francesa da Universidade compostelana, Antón Figueroa (Lugo, 1943) analiza as relacións que se establecen entre un sistema literario considerado “débil”, como é o galego, e a literatura francesa -que sería o sistema “forte”-, a través da correspondencia que mantiveron os nosos escritores do primeiro tercio do século XX co escritor e crítico francés Philéas Lebesgue (1869-1958). Estrúcturase a obra en tres partes diferenciadas polo contido . En “O sistema literario e as relacións exteriores”, aproveitando a súa experiencia docente no eido dunha literatura estranxeira, achéganos unhas consideracións xerais acerca das relacións que se poden dar entre sistemas literarios distintos, reflexiona sobre as condicións de lectura, recepción e ensino dos textos dunha literatura estranxeira. En “Philéas Lebesgue e os escritores galegos” fai un percorrido pola vida e obra deste escritor francés, deténdose especialmente en comenta-la súa relación cos nosos literatos, que permitiu a proxección internacional da Literatura Galega. Saliéntase o seu papel como intermediario entre os escritores galegos e as revistas francesas *Revue de l'Époque* e *Mercure de France*. A parte final da obra, titulada “Os textos”, acolle unha escolma ordenada cronoloxicamente da correspondencia galega achada na biblioteca de Lebesgue, así como os criterios ortográficos seguidos na edición dos mesmos.



Recensións:

-Arturo Casas, "Antón Figueroa: *Lecturas alleas*. Sobre das relacións con outras literaturas", *A Trabe de Ouro*, "Publicacións", nº 28, Tomo IV, ano VII, outubro-novembro-décembro 1996, pp. 129-134. Comentario á obra de Antón Figueroa, *Lecturas alleas* (1996) que segue na liña dos estudos do autor que primeiro investigou a realidade sistémico-funcional das literaturas de linguas non normalizadas e logo a súa preocupación pasou a se-la delimitación do concepto de literatura nacional, derivando finalmente a obra na que apunta a audacia do autor na apertura de novos camiños para a teoría e a literatura comparada na presente obra centrada nas relacións intersistémicas asimétricas. O corpus empregado polo autor para a fundamentación teórica son as cartas dirixidas ó crítico francés Philéas Lebesgue por autores galegos a partir de 1920. Salienta o crítico o carácter metodolóxico da obra e como característica menos favorable sinala certa arritmia expositiva nacida das vacilacións sobre o alcance do seu proxecto. A base teórica da obra consiste na afirmación de que a lectura dos textos estranxeiros comparte moitas características da "lectura a destempo" por distanciarse daquilo que o texto presupuña culturalmente, distorsionando así a súa carga informativa e o poder significativo. Por último o crítico fai unha valoración da "audacia na apertura de camiños novos para a teoría literaria e a literatura comparada".

-Xavier Castro R., "P. Lebesgue e a súa relación coa literatura galega", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 22 decembro 1996, p. 44. Comenta en primeiro lugar o crítico o tema xeral do estudio, a problemática das literaturas en contacto nunha situación de desequilibrio, o que lle fai lembrar outra obra deste autor, *Diglosia e texto* (1988). Sinala Xavier Castro que se parte dun caso concreto: a relación dos escritores galegos con Philéas Lebesgue. A raíz de aí analiza a estrutura da obra en función do contido salientando o apartado final que



recolle a correspondencia galega do escritor e crítico francés, entre a que figuran nomes como os de Vicente Risco, Amado Carballo, Noriega Varela, etc.

Referencias varias:

E. C., "Antón Figuroa achégano-las mellores 'Lecturas alleas'", *O Correo Galego*, 12 decembro 1996,

45. Dá conta da recente publicación da obra *Lecturas alleas. Sobre das relacións con outras literaturas* (1996), do catedrático de Filloxía Francesa, Antón Figuroa. Na obra, segundo se comenta no artigo, analízanse "os contactos entre literaturas débiles, como pode se-lo caso da galega, con literaturas máis fortes coma a inglesa ou a castelá". A obra complétase coa publicación de correspondencia inédita entre escritores galegos como Antonio Noriega Varela, Francisca Herrera Garrido, Vicente Risco ou Amado Carballo e o escritor e crítico literario francés Philéas Lebesgue.

E. C., "Figuroa e a súa visión sobre literatura estranxeira en 'Lecturas alleas'", *El Correo Gallego*, 12 decembro 1996, p. 12. Informa, brevemente, da publicación da obra de Antón Figuroa, *Lecturas alleas. Sobre das relacións con outras literaturas* (1996), editada por Sotelo Blanco. Con respecto a Galicia, o autor afirma que atopamos "unha ameazante literatura española, unha descoñecida literatura portuguesa, unha irmandade coa catalana ou occidental, ó tempo que unha sorte de unión 'mítica' e 'mística' coa irlandesa e coa bretona".



Filgueira Valverde, Xosé, *IX Adral*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio, novembro 1996, 249 pp. (ISBN: 84-7492-819-2).

Este derradeiro *Adral* deseñado por Xosé F. Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996), que sae do prelo dous meses despois do seu pasamento, recolle artigos publicados en prensa con anterioridade, ademais dos textos de conferencias e ponencias pronunciadas polo prolífico estudioso galego nos últimos anos da súa vida. Estrúctúrase esta compilación en cinco apartados temáticos. O primeiro, titulado “Da lingua galega e dos tempos de esplendor”, acolle artigos dedicados á lingua galega e referidos ás variacións que sufriu o noso idioma no referente ó seu estatus social, ademais de analiza-la importancia do galego na Corte de Alfonso X. O segundo e terceiro bloque de artigos tratan de historia, etnografía, antropoloxía e arte. O cuarto, “Da Xeración ‘Nós’ e dos tempos do ‘Seminario’”, está dedicado integramente a lembra-la importancia da Xeración “Nós” e do Seminario de Estudos Galegos na universalización da cultura galega, a través de estudos parciais sobre aspectos concretos da obra de Vicente Risco e Luís Seoane. Péchase este *IX Adral* coa sección “No eido das lembranzas”, un conxunto heteroxéneo de artigos que teñen como característica común a de facer referencia a personaxes ou entidades que son homenaxeados con motivo dalgunha efeméride. Inclúe, deste xeito, artigos dedicados a Álvaro Cunqueiro no 1991, a Elena Quiroga, a Gómez Ledo e a outros.



Recensións:

-Rodri García, "Filgueira pecha o seu adro", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 95, 22 decembro 1996, p. 6. Comentario do noveno adral que Xosé Filgueira Valverde deixou no prelo antes do seu pasamento en setembro deste ano. O articulista fai referencia en primeiro termo ó significado dos adrais "conversas pausadas, tranquilas e cheas de sabedoría popular" para pasar a analiza-la estrutura, trinta e oito traballos recollidos en cinco apartados, e o contido da obra. Rodri García anota o feito de estar dedicado este volume a Celso Paz de Lema e Xavier Pereira García-Tizón, os dous doutores que trataron a don Xosé na súa doenza. Conclúe o artigo sinalando que Filgueira faltou á súa cita habitual coa Deputación Provincial: un traballo sobre pontevedreses ilustres que publicaba tódolos 12 de outubro e que desta vez non puido rematar.



Figueira Valverde, Xosé, *Arredor do libro. Artigos de bibliofilia*, selec. introd.

José Daniel Buján Núñez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia,
col. Bibliofilia de Galicia, nº 10, decembro 1996, 329 pp. (ISBN: 84-453-1847-0).

Selección de artigos que pretende ser unha mostra da contribución intelectual do profesor Figueira Valverde á cultura galega e ó mundo do libro. Dividida en catro apartados de diferente extensión, recolle artigos relacionados co libro, a imprenta e os facsímiles. Vai precedida dunha presentación de Manuel Fraga Iribarne e dunha introducción de J. Daniel Buján na que destaca o amor que Figueira Valverde sentiu polos libros, o que impulsou o seu labor como bibliófilo e editor de textos.



Fortes Alén, M^a Jesús (ed.), *O Dr. Filgueira Valverde, nos seus noventa anos (1906-1996).* *Bibliografía. Traballos. Eloxios,* Pontevedra: Caixa de Aforros de Pontevedra, outubro 1996, 205 pp. (sen ISBN; D. L.: PO-369-1996).

Volume de homenaxe ó polígrafo Xosé Filgueira Valverde, con motivo do seu 90 cumpreanos. No libro recóllense semblanzas e textos a el dedicados, de distinta natureza e autoría: Eugenio D'Ors, Gerardo Diego, Fraguas, Ramón Otero Pedrayo, Fernández del Riego, Antonio Blanco Freijeiro, Freixanes, Ferro Ruibal, Rodrigues Lapa, Basilio Losada, Xesús González Gómez, Xavier Carro Rosende e Jesús Precedo Lafuente. O libro inclúe tamén unha bibliografía do escritor, onde se dá noticia, ademais das súas publicacións, de cursos e conferencias pronunciadas en distintas ocasións. En capítulo á parte, infórmase tamén sobre anteriores intentos de elaboración dunha bibliografía. A obra complétase con senllos índices, onomástico e temático.

Referencias varias:

-C. V., "Fraga Iribarne presidirá el homenaje a Filgueira Valverde", *Diario de Pontevedra*, 25 outubro 1996, p. 12. Informa brevemente dunha homenaxe póstuma ó polígrafo pontevedrés Xosé Filgueira Valverde, organizada pola Obra Social de Caixa Galicia de Pontevedra. Entre os actos previstos menciónase a presentación do libro *O doutor Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996)*, editado pola citada Obra Social. Na publicación inclúese unha catalogación da prolífica obra do autor.



Fraguas, Antonio, *As cousas de Antonio de Insuela*, Santiago de Compostela:
Editorial Compostela, col. de Autores, nº 3, 1996, 96 pp. (D. L.: C-1268-1996).

Como é habitual nesta “Colección de Autores”, publicadas por *El Correo Gallego*, ábrese o volume cun comentario introductorio titulado “Nada menos que todo un mestre”, onde se salienta que Antón Fraguas (Loureiro-Cotobade, 1905) sempre soubo conxuga-lo humor e a ironía coa investigación ó redor de Galicia e da súa cultura. Séguelle unha biobibliografía do escritor e a recompilación dos artigos que o autor foi publicando en *El Correo Gallego* e *O Correo Galego* entre os últimos meses do ano 95 e os primeiros do 96 (dentro da serie que lle dá título ó libro). Fraguas aborda nestes textos diversas cuestións relacionadas coa cultura galega, entre as que destacan especialmente o folclore e a literatura. Moitos destes artigos son recensións de publicacións de recente aparición, así como de diversos feitos relevantes da actualidade cultural galega.



Freire Lestón, Xosé Vincenzo, *A prensa de mulleres en Galicia*, Lisboa: Arte Composta, col. Edições Universitárias Lusófonas, 1996, 179 pp. (ISBN: 972 8296-19-3).

Tras un prólogo asinado por Manuel Fernández Areal, o estudio ábrese cun capítulo introductorio no que se expoñen os obxectivos -a análise das características da prensa feminina dende a súa aparición ata 1994 e do seu papel como fonte reveladora de datos sobre a historia das mulleres e os criterios de estruturación do traballo. Os seguintes capítulos ofrecen en primeiro lugar unha introducción histórica ó período correspondente, seguida do estado da cuestión feminina neses anos e do estudio das publicacións femininas aparecidas tanto en España, Portugal e outros países europeos, coma en Galicia. Con respecto ó caso galego analízanse os contidos e colaboracións das seguintes publicacións: *El Iris del Bello Sexo* (Santiago, 1841), *Cupido* (Santiago, 1883), *El Ángel del Hogar* (Pontevedra, 1894-1896), *La Estrella Galaica* (Santiago, 1896-1898), *Juventud Católica Femenina* (Santiago, 1928-1934), *Luz de Aurora* (Ferrol, 1927), as revistas de Acción Católica feminina aparecidas durante a Guerra Civil e o primeiro franquismo, *Eucaristía* (A Coruña, 1932-1945), *Ecce Ancilla* (A Coruña, 1958-mediados dos 60), *Fragancias* (A Habana, 1931), *Cénit* (A Habana, 1938-1960), *Santa Zita* (Vigo, 1953), *Alborada* (A Coruña, 1967), *Muller e loita* (Vigo, 1971), *Andaina* (Santiago, 1982-1898; 1991-1994), *A Saia* (Santiago, 1982-1983) e *Festa da Palabra Silenciada* (Vigo, 1983).



Freixeiro Mato, X. Ramón (ed.), *Sebastián Martínez-Risco, Ensaísta e poeta* (*Obra inédita e esquecida*), Sada-A Coruña: Edicións do Castro, serie Ensaio/Filoloxía, 1996, 487 pp. (ISBN: 84-7492-827-3).

O volume pretende recupera-la figura de Sebastián Martínez-Risco (Ourense, 1899-A Coruña, 1977), intelectual que traballou arreo a prol da cultura galega e que hoxe se atopa esquecido pola crítica. Freixeiro Mato (Cances-Carballo, 1951) empeza facendo unha pequena síntese biográfica de Martínez Risco. Na segunda parte do libro recolle indicacións de recensións e artigos de prensa que dan conta, tanto da vida persoal do autor coma do seu labor á fronte da Real Academia Galega. Pasa posteriormente a recoller dez ensaios inéditos nos que Martínez-Risco fala da posibilidade de facer unha antoloxía da poesía galega baseada na plástica, estudia a gaita e a súa presenza na literatura galega e estranxeira, fai un pequeno estudio da paisaxe en Rosalía de Castro, establece concordancias entre os cancioneros populares galego e castelán e entre o galego e o arxentino, fai un breve percorrido pola Terra Chá recollendo poemas que fan referencia a este lugar e, por último, presenta un estudio da obra de Cabanillas. Na parte seguinte recóllense poemas inéditos da época xuvenil do intelectual ourensán. A quinta parte está dedicada á reprodución da correspondencia que mantivo con distintas personalidades. Por último, inclúese unha bibliografía do autor e sobre o autor.



Gil Hernández, Antónío, *Silêncio Ergueito*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/Filosofía, 1996, 315 pp. (ISBN: 84-7492-795-1).

A. Gil Hernández (Valladolid, 1941) realiza neste traballo unha recolleita dos seus artigos espallados pola prensa diaria galega. Polo que atinxe a este *Informe*, interesan especialmente as chamadas “Parte segunda” e “Parte terceira” do libro, dedicadas a comentar diversos temas sobre a literatura galega, aínda que hai máis noutros puntos do libro. Inclúense reflexións sobre a obra de Carlos Casares, Xosé Luís Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana ou Xosé Manuel Martínez Oca.

Recensións:

-Carlos Durão, “Escolma reintegrada”, *A Nosa Terra*, nº 743, “Guieiro Cultural”, 12 setembro 1996, pp. 23-24. Carlos Durão emprega a aparición de *Silêncio Ergueito* de Antónío Gil Hernández como excusa para facer un discurso a prol do reintegracionismo. Poucas son as referencias á citada obra que se reducen a unha breve descrición do contido (“uma série de seminais trabalhos publicados, ou ignorados, pela imprensa galega desde finais do decênio de 1970”) e a comentarios sobre a actitude do autor (“un demolidor *J’acusse* lançado com contundente força argumentativa e fundo amor á Galiza”). Remata o artigo cunha felicitación para Ediciós do Castro “pelo seu acerto em ter publicado na escrita, por fim!, reintegrada desta nobre língua, nossa e universal”.



González Millán, X., *A narrativa galega actual (1975-1984). Unha historia social,* Vigo: Xerais, col. Universitaria, 1996, 394 pp. (ISBN: 84-8302-017-3).

Xoán González Millán ofrécenos, neste libro, o primeiro volume da súa “Historia social da literatura galega” ou, o que é o mesmo, a súa análise da produción e recepción do que foi o discurso narrativo galego no período 1975-1984, tramo cronolóxico que el considera inserido nos distintos cambios sociopolíticos experimentados pola sociedade galega. Non é, nembargantes, nada novo respecto do seu libro anterior, *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)* (1994), onde xa estaban os presupostos sobre os que se basea este libro e a maioría das conclusións ás que chega.

Recensións:

-Francisco Martínez Bouzas, “Prosas voandeiras”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 128, 10 outubro 1996, p. 4. Martínez Bouzas amosa a súa discrepancia coa opinión que defende Xoán González Millán, en *A narrativa galega actual (1975-1984)*, de que na década dos noventa se consolida a progresiva relevancia da novela sobre o relato. Di que só uns poucos escritores non teñen “acovardamento de se enfrontar coa complexidade da novela longa, con obras que aguantan o tipo con dignidade abondo, sen seren as obras mestras dunha tradición literaria e outras dignas de compaixón polo esforzo baldío”. O que hoxe se leva é un produto fronteirizo entre cento cincuenta e duascenas páxinas, que debuxan



situacións e caracteres pero que non abundan para afondar neles e, especialmente, a narrativa do relato curto e do conto. No que respecta ó libro de ensaio indica que se dá unha mirada presencia, onde os autores se arriscan co pensamento e propoñen enunciados e respostas singulares para o noso tempo, alicerzados na ilustración crítica e na revolta intelectual.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, "As cousas dos científicos sonlles así", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 9 outubro 1996, p. 56/p. 4. Comenta o libro *A narrativa galega actual (1975-1984). Unha historia social*, escrito por Xoán González-Millán, e que consiste nunha recompilación de opinións críticas verbo das obras da literatura galega escritas entre 1975 e 1984. Informa que se comentan arredor de cincocentas obras de creación e quere deixar claro, respecto do que se di nese libro sobre el mesmo, que toda a súa narrativa foi escrita orixinalmente en galego, mesmo a letra da *Gran Cantata Xacobeá*, o longo oratorio ó que lle puxo música o Mestre Groba.

-P. Nemo, "A narrativa galega actual está totalmente por estudar", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 85, 13 outubro 1996, p. 6. A respecto do último estudio de González-Millán, sobre a narrativa da penúltima década, di o crítico que o libro pisa un terreo virxe para a nosa crítica académica. Confesa González Millán, pola súa banda, a tentativa por romper nas súas aulas a visión monolítica da cultura española e manifesta, por outra parte, que a narrativa galega é cada vez máis cosmopolita.



González Millán, Xoán, *Fantasía e desintegración na narrativa de Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, col. Autoidentificación, nº 14, 1996, 69 pp. (ISBN: 84-88051-63-8).

Recóllese o texto da conferencia do profesor González Millán, pronunciada no marco do seminario *Cunqueiro e a Literatura fantástica*, celebrado en Poio no ano 91. Trátase dun estudo da vontade desintegradora sobre a que se asenta a poética cunqueiriana, e que afecta ós distintos niveis textuais.



Henríquez Salido, M^a do Carmo (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional da língua galego-portuguesa na Galiza, 1993 (en homenagem a Ferdinand de Saussure)*, A Coruña: Associação Galega da Língua, 1996, 447 pp. (ISBN: 84 87305-10-5).

-Gladstone Chaves de Melo, "A língua poética de Ernesto Guerra da Cal, modelo de reintegração", pp. 233-240. Despois dunha pequena introducción biográfica, o autor do artigo analiza varios aspectos léxicos, sintácticos e morfolóxicos da lingua do poeta ferrolán co fin de mostrar que esta é un perfecto modelo de reintegracionismo.

-Henrique da Costa Lopes, "Contributos para a análise da poesía de Ernesto Guerra da Cal", pp. 241-251. Comeza o autor facendo unha breve síntese biográfica e profesional do poeta ferrolán para pasar posteriormente a falar sobre a xeración, o estilo e os influxos que caracterizan a obra poética de Guerra da Cal.

-Joel R. Gómez, "Espectáculos sobre textos portugueses e brasileiros na Galiza", pp. 253-259. Fai unha descrición das postas en escena en Galicia de obras de autores portugueses e brasileiros dende 1966 ata a data de celebración do citado congreso. De cada peza dá a data da



representación, o nome da compañía, do director de escena, actores, persoal técnico, etc. Critica a escasa presenza de textos portugueses na época de expansión que se vive no teatro galego actual.

-J. Carlos Quiroga Díaz, "Pessoa miserável, Ferrín? (à volta de Ortografía, Vocabulário e questons lexicométricas)", pp. 289-306. Este artigo de J. Carlos Quiroga xorde como resposta a unhas declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín nas que o escritor ourensán restaba méritos á obra de Fernando Pessoa polo escaso léxico co que traballaba. O autor do artigo fai unha serie de contrastes numéricos entre o corpus lírico pessoano e as obras de Ferrín: *Con pólvora e magnolias*, *Poesía enteira de Heriberto Bens* e *O fin dun canto*, tendentes a demostra-la maior riqueza e coherencia léxica do poeta portugués fronte ó galego. Fai un cómputo dos nomes propios, das variantes acentuais, das variacións no paradigma dos demostrativos, das diferentes solucións para a terminación latina "BILIS", etc., en cada obra das anteditas de Ferrín.

-Henrique Rabunhal, "Blanco Amor no teatro galego", pp. 307-332. Comeza o artigo con dous índices cronolóxicos: un de obras de teatro en galego publicadas por Eduardo Blanco Amor, e outro das representacións de que foron obxecto esas pezas. De seguido, describe a relación de Blanco Amor co teatro dende a IIª República ata a súa morte, pasando pola longa etapa do exilio americano. Henrique Rabunhal estudia a obra teatral do autor ourensán estruturándoa nos seguintes epígrafes: "Farsas", "Autos" e "Teatro". En cada un destes apartados fai un resumo argumental das obras que o integran, describe as influencias que



recibe Blanco Amor e recolle a opinión da crítica. En “O proceso do proceso” ocúpase de analizar *Proceso en Jacobusland*. Péchase o artigo cunha bibliografía sobre o tema.

- Ramon Reimundo Noreña, “Os anos en Lugo do profesor Carvalho Calero”, pp. 333-344. Artigo centrado na figura de Carballo Calero e os anos que pasou en Lugo para intentar demostrar que foron fundamentais na súa vida e na súa obra. Na introducción, o autor manifesta a súa búsqueda da verdade sen eludir un posicionamento crítico, e fai referencia á opción lingüística reintegracionista que tamén empregou Carballo Calero. Continúa logo coa chegada do escritor e investigador a Lugo na posguerra, a súa vida social cos amigos e as tertulias e o seu prestixio docente en Fingoi. Comenta brevemente as súas actividades literarias e de investigación e a marcha de Lugo a Santiago por desexo e méritos propios. Inclúe ademais un texto seu titulado “*As pitas baixo a choiva*”, datado en Lugo, 1952 e que reflexa un feito da infancia.



Lezcano, Arturo, *Vicente Risco*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Cultura, col. A nosa memoria, nº 7, marzo 1996, 65 pp. (ISBN: 84-453-1629-X).

Obra biográfica e ensaística de Arturo Lezcano (Ourense, 1939) sobre Vicente Risco inserida na serie *A nosa memoria*, patrocinada pola Xunta de Galicia. Víctor Manuel Vázquez Portomeñe gaba na presentación a contribución de Risco ós diferentes eidos da nosa cultura. O volume estrutúrase en catro apartados: “De fóra a dentro” rememora a “existencia exterior do escritor ourensán -os anos de formación, o seu labor no grupo Nós e no Seminario de Estudos Galegos-; “De dentro a fóra” achéganos ás súas liñas ideolóxicas -a natureza, a saudade, a civilización, a relixión-; “O noso nacionalismo” salienta as liñas mestras do seu galeguismo -atlantismo celtista, a lingua, o carácter, o Estado-; o último dos catro apartados, “Pensamentos” recolle os textos ensaísticos *Mitteleuropa*, *Libro de las horas* e *Satanás. Historia del diablo*, xunto cun apéndice bibliográfico. A obra vén ilustrada con fotografías e debuxos do escritor ourensán.

Referencias varias:

-Anxo Tarrío Varela, “¿Que pasa con Vicente Risco?”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 9 xuño 1996, p. 3.



Comentario sobre o libro de Arturo Lezcano *Vicente Risco* (1996), onde se ofrece un retrato físico, intelectual e espiritual do intelectual ourensán quen, segundo Tarrío, segue vivo pola forza do seu pensamento e pola impronta que deixou no proceso de formación do discurso nacionalista galego. Así mesmo, refírese á edición, en sete volumes, das obras completas de Risco, que a editorial Galaxia acaba de publicar.



Llorca Freire, Guillermo, *Ferroláns*, Ferrol: Edicións Embora, col. Biblioteca de Ferrolterra, decembro 1996, 258 pp. (D. L.: C-1697-1996).

Recompilación das biografías de cen ferroláns ilustres que destacaron polo seu labor no eido da ciencia, da política, das artes, das letras e da cultura en xeral, precedidas por un prólogo de Carlos Miragaya. O autor, Guillermo Llorca Freire (Ferrol, 1950) afirma que o seu obxectivo é “ofrece-lo estudio dun abano de persoeiros, presentados por orde alfabético, que tiveron en común como lugar de nacemento Ferrol, que xa forman parte da Historia porque todos eles morreron e que, salientaron nalgunha actividade da súa vida profesional ou polo seu labor creativo que desenvolveron ó longo da súa existencia”. No eido da literatura galega destacan, entre outros, Francisco Cabo Pastor, Alberto Camino Siguet, Ricardo Carballo Calero, Camilo Díaz Baliño, Ernesto Guerra da Cal, José Manuel López Nogueira, José López de la Vega, Adelardo Novo ou Xosé María Sánchez Hermida, que contribuíron coas súas obras a incrementar o corpus da literatura galega.



López, Siro, *Castelao humorista*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, 1996, 117 pp. (ISBN: 84-453-1778-4).

O libro ábrese cunha presentación de Celso Currás Fernández (Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria) e do propio autor, onde explica o obxectivo deste traballo, que presenta estruturado en dúas partes. Na primeira, “O humorista literario”, Siro López (Ferrol, 1943) comeza por sinala-las características da comicidade, da sátira e do humorismo para adentrarse de seguido na análise do humorismo na obra literaria de Alfonso R. Castelao, na que sinala unha serie de claves significativas a partir das cales se desenvolve o humor, tales como o protagonismo das xentes humildes que inspiran simpatía nos lectores, o ambiente rural e o reflexo da cultura popular galega. Sinala tamén o carácter benévolo do humorismo na meirande parte da produción do autor, fronte ó *humorismo negro* que aparece en *Un ollo de vidro*. A continuación, desenvolve os esquemas máis comúns na plasmación do humorismo e refírese á similitude das técnicas narrativas empregadas por Castelao coas súas caricaturas e á importancia da memoria como motivo inspirador para o autor. Na segunda parte do libro, “O humorista gráfico”, Siro López centra a súa atención na relación da creación artística de Castelao coa arte europea do seu tempo, en especial coa caricatura modernista. Péchase o volume coa reprodución dalgunhas ilustracións de Castelao e doutros caricaturistas como Annibale Carracci, Daumier, Wilhelm Philippon e Gulbransson.



López Carreira, Anselmo, *Martiño de Dumio. A creación dun reino*, Vigo:

Edicións do Cumio, col. Biografías Históricas, nº 1, 1996, 121 pp. (ISBN: 84 8289-044-1).

Primeira entrega da colección “Biografías Históricas” coa que Edicións do Cumio pretende achegarnos a algúns dos personaxes que protagonizaron os feitos máis relevantes da nosa historia. Ó longo dos oito capítulos de que consta a obra, Anselmo López Carreira fai un percorrido pola vida e pola obra de San Martiño, un bispo chegado dende a Panonia ata Dumio (Portugal) para dirixi-la relixiosidade, e tamén a diplomacia do noroeste peninsular durante o reinado suevo, ó longo do século VI. Será Martiño o encargado de organiza-lo reino, fortalece-la monarquía de Miro e favorece-las relacións diplomáticas con Bizancio e Francia. O autor tenta demostrar que é esta a época histórica na que Galicia está máis cerca de constituír un reino independente. Na introducción a esta obra, López Carreira xustifica a vixencia da biografía como o xénero máis prestixioso da Historia.

Recensións:

-Francisco Carballo, “*Martiño de Dumio, a creación dun reino*”, *A Nosa Terra*, nº 747, “Guieiro Cultural”, 10 outubro 1996, p. 23.



Comeza o crítico comentando que a biografía de Martiño de Dumio lle serve a Anselmo López Carreira de fío conductor para narra-lo acontecer histórico do século VI galisuevo. Sinala a continuación os distintos puntos de mira da obra e salienta o amplo “aporte documental” empregado. Francisco Carballo opina que esta biografía satisfai as esixencias máis rigorosas pois é áxil e coidadosa co detalle e precisa nas referencias históricas e nela non se disimula a valoración persoal. Como peche, felicita a Edicións do Cumio polo magnífico comezo desta serie de biografías históricas.



Lorenzo, Ramón e Rosario **Álvarez**, (coords.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*, Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, 829 pp. (ISBN: 84-8121-476-0).

-Lidia Fontoira, “Algúns problemas textuais de *Follas Novas*”, pp. 401-405. Lidia Fontoira sinala e analiza algúns dos máis salientables problemas textuais de *Follas Novas*, obra de Rosalía de Castro, na que considera que é necesario o labor de editor.

-M. C. Ríos Panisse, “Un precursor: Domingo Díaz de Robles (1812-1867)”, pp. 585-603. Resumo da traxectoria vital e literaria de Domingo Díaz de Robles, autor do Rexurdimento, acompañado da presentación da súa obra en galego inédita: trece poemas que se reproducen no artigo.

-Xosé Xove Ferreiro, “As edicións da *Gaita Gallega* de Juan Manuel Pintos”, pp. 605-622. Breve estudio das edicións da *Gaita Gallega*, obra de Juan Manuel Pintos que sae no 1853 e destaca pola súa importancia para a lingua e a defensa do galego. O artigo inclúe dous apéndices: “Relación cronolóxica da obra de Juan Manuel Pintos (ata 1876)” e “Correspondencia entre Antonio de la Iglesia e Juan Manuel Pintos relacionada coa segunda edición de *Gaita Gallega* (1857-1858)”.

-Danilo Manera, “Note sui romanzi galeghi di Eduardo Blanco-Amor”, pp. 669-680.



Breve estudio sobre dúas novelas de Blanco-Amor: *A esmorga* e *Xente ao lonxe*, centrado en aspectos tales como o argumento, o tema, o aspecto lingüístico e os personaxes.

- M^a Xesús Nogueira, “O país das naves e das flotas. Achegamento á presenza da cultura portuguesa na obra de Cunqueiro”, pp. 681-699. Estudio da presenza da cultura portuguesa na obra narrativa, ensaística e parte da xornalística de Cunqueiro, prestando especial atención ós seus comentarios sobre a literatura e a lingua portuguesa e a súa relación co galego, as traducións e a presenza da paisaxe, da historia e da gastronomía portuguesas na produción do escritor mindoniense.

- Dolores Vilavedra, “*Chiquinho* e *Memorias dun neno labrego*: Dous casos de recorrencias temáticas nas literaturas colonizadas”, pp. 715-723. Baseándose en dúas obras pertencentes a literaturas desenvolvidas baixo coordenadas de opresión política e cultural, a caboverdiana *Chiquinho* e a galega *Memorias dun neno labrego*, Dolores Vilavedra fai unha análise comparativa das dúas obras centrándose en recorrencias temáticas como a morte, o traballo infantil, o familiar, a presenza do folclore popular e a emigración.

- Carmen Blanco, “Pilar Vázquez Cuesta: a muller e a memoria”, pp. 817-829. Semblanza biográfica e profesional da ilustre filóloga e profesora da Universidade de Santiago, Pilar Vázquez Cuesta. Destácase o seu labor como consolidadora do lusitanismo que segundo Carme Blanco “tiña a súa raíz, por unha banda na súa orixe galega e, por outra, nunha vocación universalista, relacionadas ambas coa feminina xínea universitaria da súa familia materna e coa veta galeguista liberal da liña paterna”.



Selección de artigos que Manuel María (Outeiro de Rei-Lugo, 1929) publicou no xornal santiagués *El*
Manuel María, *Homes, feitos e palabras*, Santiago de Compostela: Editorial

Compostela, col. de Autores, nº 7, 1996, 93 pp. (D. L.: C-1274-1996).

Correo Gallego, entre o 10 de abril de 1994 e o 30 de agosto de 1996. Deles os relativos á literatura galega do ano 1996 aparecen descritos neste *Informe*, nos apartados correspondentes. Nestas colaboracións xornalísticas o autor lugués fai tanto reflexións sobre a actualidade do momento coma apreciacións que indagan no pasado e proporcionan perfís concretos sobre situacións e personaxes doutras épocas. Grande parte dos 53 artigos que contén o volume tratan, pois, de autores e temas da Literatura Galega. Entre os autores aparecen as figuras de Luís Pimentel, as mulleres precursoras da escrita galega, Luís Seoane, Xosé María Chao Rego, Xosé María Díaz Castro, Moncho Valcarce, Aurelio Aguirre, etc. Entre os diversos temas trátanse o Día da Patria Galega, o mes de maio na literatura popular, os vilancetes galegos, o papel da revista *Posío* na literatura de posguerra, a paisaxe na obra de autores galegos, etc.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, "As prosas de Manuel María", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 20 decembro 1996, p. 3. Salienta toda a obra literaria de Manuel María e comenta o seu libro *Homes, feitos e palabras* (1996), publicado na "Colección de Autores" de *O Correo Galego*, onde reflexiona sobre os segredos do escritor e da poesía, sobre a amizade e sobre a situación de Galicia.



Martínez-Risco Fernández, Antón, *Cunqueiro e a historia*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, col. Autoidentificación, nº 12, 1996, 70 pp. (ISBN: 84-88051-61-1).

Conferencia pronunciada por Antón Martínez Risco (Allariz-Ourense, 1926) no marco do seminario *Cunqueiro e a Literatura fantástica*, celebrado en Poio no ano 1991, na que estudia a narrativa cunqueiriana dende os presupostos da novela histórica. Neste senso, a contribución do mindoniense radicaría, na súa opinión, entre outras cousas, no esforzo pola deconstrución dunha formulación historicista da novela, capaz de devolvela ás súas orixes míticas.



Martínez Torrón, Diego, *O outro rostro de Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, col. Autoidentificación, nº 13, 1996, 85 pp. (ISBN: 84-88051-62-X).

Texto da conferencia pronunciada por Martínez Torrón no seminario *Cunqueiro e a Literatura fantástica*, celebrado en Poio no ano 1991. O estudioso presenta un achegamento ó libro cunqueiriano, nunca publicado como tal, *Los otros rostros*. Trataríase dun volume que recollera os artigos aparecidos na serie que leva este nome, aparecida nas páxinas de *Sábado Gráfico*. Ó final do traballo inclúese un listado dos artigos que conformarían o volume.



Millán, Xosé Manuel (coord.), *Os mártires do 36*, Vigo: Promocións Culturais Galegas-A Nosa Terra, col. A Nosa Historia, nº 7, xullo 1996, 52 pp. (ISBN: 0213 3105).

Componse de 13 artigos dedicados á memoria daqueles galegos asasinados no 1936, a consecuencia da súa relación co galeguismo e da súa participación na política. Ábrese cunha presentación titulada "O exterminio de 1936", na que se denuncia a ausencia de interese por recupera-la memoria de todos aqueles que sufriron o exterminio falanxista. Sinálase así mesmo a inexistencia de estudos universitarios sobre a guerra civil e a necesidade de "completar ate o máximo o estudo dos feitos acaecidos desde o 18 de Xullo de 1936 á morte do último guerrilleiro". Os artigos referidos a personaxes relacionados coa literatura galega son os seguintes:

-Xosé Manuel Millán, "Johán Carballeira. Crónica dunha vida inconclusa", pp. 4-9. Tras comenta-lo esquecemento do que foi vítima o poeta Johán Carballeira (pseudónimo de Xosé Francisco Gómez de la Cueva, 1902-1937) na historiografía literaria, ofrece algúns datos sobre a súa biobibliografía. Nela, destacan, entre outros aspectos, as súas primeiras colaboracións poéticas nas páxinas de *Faro de Vigo*, *Vida Gallega* e *Céltiga*, moi valoradas polos seus contemporáneos; a súa actividade xornalística, estreitamente vencellada ó xornal *El Pueblo Gallego*, onde publicou ademais de varios artigos dedicados á lingua e á política, entrevistas con destacadas personalidades galegas, etc. De seguido, o articulista destaca a súa participación no



Partido Galeguista, do que é elixido secretario en Bueu en 1934 e Conselleiro en 1935, así como o seu posto de alcalde, tamén en Bueu. Neste momento vive o alzamento do 36 e as consecuencias posteriores, que o levarán a ser fusilado en abril de 1937.

-G. Luca de Tena, "Manuel Lustres Rivas, o xornalismo democrático borrado sobre o mármore", pp. 12-14. O articulista cualifica a Manuel Lustres Rivas como un xornalista "solidário, agrarista, democrático e nacionalista" e relaciona a súa actividade coa de Roberto Blanco Torres, Ramón Fernández Mato, Johán Carballeira e Antón Vilar Ponte. Comenta que morreu "por facer cabalmente o seu traballo" e denuncia o ocultamento de datos sobre os feitos que a provocaron. De seguido, fai un percorrido pola súa traxectoria xornalística dende os seus comezos en 1908 no *Faro de Vigo* (do que foi expulsado por estar en desacordo coa defensa da sublevación do exército de África realizada polo xornal) e lembra a súa etapa de estudante en Santiago, xunto a Castelao, Xabier Montero ou Luís Vilardefrancos, no Café Colón da Rúa do Vilar, onde eran coñecidos como "os artistas". Menciona como Castelao pintaba constantemente no mármore das mesas do café e que é precisamente Lustres Rivas quen o anima a publica-los seus debuxos e o recomenda a Jaime Solá para que o acolla en *Vida Gallega*. Indícanse tamén as publicacións nas que participou Lustres Rivas -*Vida Gallega*, *Galicia Nueva*, *Gaceta de Galicia*, *Galicia Moza* ou *El Heraldo Gallego*-, a súa adhesión ó manifesto da *Liga de Acción Gallega* (1912) e a súa colaboración coas Irmandades da Fala e co Partido Galeguista. Sinala o articulista que a súa popularidade lle facía sentirse seguro, o que non evitou que aparecese morto o 1 de novembro de 1936.

-Xoán Carlos Garrido Couceiro, "Roberto Blanco Torres", pp. 15-18.



O autor do artigo comeza coa lembranza da morte de Roberto Blanco Torres, ocorrida o 4 de outubro de 1936 e sinala que foi “probablemente o intelectual galego máis coñecido e recoñecido do seu momento”. Refírese a algunhas das confusións que circularon con respecto a este escritor, como por exemplo que foi asasinado no momento de fuxir a Portugal, cando en realidade foi detido na súa casa de O Amido e a súa execución foi levada a cabo “con toda a premeditación, nocturnidade e aleivosía”. Tras estas matizacións, o articulista realiza un percorrido pola vida de Roberto Blanco Torres, destacando a súa actividade como xornalista, a súa estancia en Cuba, o contacto con intelectuais como Cabanillas e Vilar Ponte, a súa participación en 1917 na fundación das Irmandades da Fala, etc. No que respecta á súa relación coa literatura, sinálase que nos anos 30, Roberto Blanco promove unha asociación galega de escritores que chamará no 36, ano no que consegue reunir ós escritores máis relevantes do momento para aprobar un texto de defensa do galego e do ensino na nosa lingua. Menciona tamén a publicación do seu poemario *Orballo de media noite* (1929) e a recompilación de artigos titulada *De esto y de lo otro* (1930). Tralo artigo, inclúese un relato de Roberto Blanco Torres titulado “O derradeiro viaxe”, publicado no libro *Grabados en linoleum por Xaime Prada* en 1927.

-Santiago Prol Blanco, “Benigno Álvarez, as dúas mortes dun comunista”, pp. 34-39. Tras se referir á necesidade de recupera-la memoria de Benigno Álvarez (1900-1937) e analizar con rigor a súa personalidade, ofrécense algúns datos biobibliográficos, entre os que destacan as súas primeiras colaboracións con artigos literarios e de pensamento en *La Zarpa*, de Basilio Álvarez e os traballos publicados en *Escuela de Trabajo* e *ATEO*, dirixidas por Luís Soto. Destácase a súa traxectoria política como militante do Partido Comunista, a súa defensa da lingua galega en actos políticos, mesmo fóra de Galicia, a súa candidatura ás eleccións do 36



xunto a Alexandre Bóveda na Fronte Popular e as vivencias tralo estalido da guerra civil ata chegar á súa detención o 13 de marzo de 1937. Inclúese tamén un apartado titulado “Matar a toda a familia” onde se dá conta dos asasinatos de toda a familia de Benigno Álvarez.



Monteagudo, Henrique (ed.), *De viva voz. Castelao: conferencias e discursos*, Santiago de Compostela: Fundación Castelao, xullo 1996, 306 pp. (ISBN: 84 9222417-0-5).

Henrique Monteagudo (Muros, 1959) compila neste volume a obra oratoria de Alfonso Rodríguez Castelao, organizando a mesma en seis bloques que responden a un criterio cronolóxico: “Textos sobre arte (1911-1932)”, “Discursos parlamentarios (1931-1933)”, “Discursos sobre a guerra de España (1937-1939)”, “Conferencias na Universidade de La Habana (1938)”, “O exilio na Arxentina, París e Uruguay (1940-1949)” e “Alba de Groria”. A práctica totalidade dos textos - excepto os inéditos “O novo esprito na arte” e “A caricatura”- foran publicados en vida por Castelao en diversas revistas e folletos. Sen embargo, para a fixación textual dos ensaios, Monteagudo contrasta os mesmos coas versións que dalgúns deles se conservaron no Fondo Castelao do Museo de Pontevedra. Para o estudo do corpus ensaístico do autor rianxeiro o editor conxuga os criterios cronolóxicos e temáticos e así contextualiza e examina os ensaios de estética sobre a arte e a técnica da caricatura; as intervencións parlamentarias sobre temas relacionados coa dignificación da lingua; a produción durante a Guerra Civil en defensa da democracia no exilio, e toda a súa produción oratoria de textos plenamente políticos no exilio posbélico. O último texto, recollido en Apéndice, é o titulado “Alba de groria” -“cume da oratoria castelaiana, e quizais da oratoria en lingua galega”- do que se comenta a súa xénese e estrutura. Toda esta produción oratoria documenta, segundo o editor, os dous ciclos da biografía adulta do rianxeiro: ata 1930 o “Castelao artista” e, dende 1931, o “Castelao político”.



Neira Vilas, Xosé, *Memoria da emigración III*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, serie Documentos, nº 126, 1996, 353 pp. (ISBN: 84-7492-798-6).

Terceiro volume da serie *Memoria da emigración*, na cal Xosé Neira Vilas (Gres-Vila de Cruces, 1928) recompila as crónicas que vén publicando “dende hai catro anos no *Faro de Vigo*”. A obra ábrese cun breve limiar, declaración de obxectivos e intencións: a “mellor comprensión das consecuencias” da nosa diáspora americana e a “gratidade” para os galegos que marcharon e para os cidadáns americanos que os acolleron. A continuación, na liña dos dous anteriores volumes -1994 e 1995-, recolle corenta e unha semblanzas e reflexións sobre xentes e feitos, ilustradas con fotografías e reproducións de documentos, que ofrecen ó lector novos vieiros á comprensión do noso pasado recente.



Otero, David, Castelao. *Debuxante, médico, escritor, artista, activo político. O home e o mito. Ideólogo e símbolo do nacionalismo galego*, Vigo: Ir Indo, col. Galegos na Historia, nº 5, 1996, 64 pp. (ISBN: 84-7680-181-5).

Tracexa David Otero (Santiago de Compostela, 1946) a vida e actividade intelectual de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao a través de seis capítulos nos que se achega e describe o seu nacemento e nenez en Rianxo, a primeira emigración a Buenos Aires cando contaba nove anos, os anos adolescentes e estudiantís, a estancia en Pontevedra e os inicios da súa plena actividade nacionalista, ademais do seu último exilio en América. Remata o volume cunha "Cronoloxía", na que se recollen as datas e fitos máis importantes da vida do escritor rianxeiro.



Pàmies, Teresa, *Rosalía non estaba alí* (*Rosalía no hi era*, 1982), trad. do catalán Andrés Xosé Pociña López, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, marzo 1996, 202 pp. (ISBN: 84-7492-786-2).

Nesta obra, estruturada en once capítulos, Teresa Pàmies emprende unha longa viaxe, iniciada en agosto do 1981, na procura de Rosalía de Castro. Narra as súas vivencias e andaduras pola paisaxe galega co fin de atopala; mergúllase nas profundidades da terra galega, nos seus costumes, na súa chuvia, nas súas xentes. Proporciona un detallado coñecemento da vida, da obra, dos sentimentos e da sensibilidade da autora de *Follas Novas*. Sen embargo, á volta das 202 páxinas do libro, afirma “Non a atopei, mais existe. Morreu, mais está viva. Dixéronmo os xoves poetas galegos que teñen pistas máis fiables que as miñas para atopala”.



Pena, Xosé Ramón, *Manuel Antonio e a vangarda*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Estudios e investigacións, 1996, 202 pp. (ISBN: 84-7824 277-5).

No presente estudio Xosé Ramón Pena (Betanzos, 1956) reflexiona arredor das coordenadas sobre as que se asentaron as chamadas vangardas históricas do noso país, ó tempo que sitúa a obra de Manuel Antonio no seu seo, en consideración ó feito de constituí-la obra do rianxeiro a súa principal representación entre nós. Parte o estudio da análise e proxección no mundo cultural galego do manifesto “¡Máis Alá!”, proclama cualificada, case unanimemente, como lugar de partida dunha nova sensibilidade no conxunto da literatura galega. Interesante é o capítulo dedicado a Ramón Cabanillas considerado daquela o poeta arelado, cualificativo que serve para considera-lo seu papel como definidor dunha estética nacional. Fronte a isto, o hilozoísmo de Amado Carballo ou algunhas das posibilidades do neotrobadorismo constituíron a doutrina estética nacional para os novos, unha estética enxebre e conveniente que non renunciaba á modernidade. En definitiva, no que se refire ó estudio do propio movemento de vangarda pártese do concepto de vangarda artística e da caracterización do papel anovador e rupturista da obra de Manuel Antonio, para poñelo en relación coa tradición literaria galega, delimita-las consecuencias desa obra e da actitude estética e vital que implicaba. Á fin, Xosé Ramón Pena chega á conclusión de que Manuel Antonio si representa un esforzo vangardista coherente, que fai que poida ser considerado como un autor excepcional no conxunto global das vangardas.



Recensións:

-Carlos L. Bernárdez, "Manuel Antonio e a vangarda", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXVI, 25 maio 1996, p. 3. Do libro que suscita o comentario maniféstase que introduce ó lector no proceso renovador que seguiu a poesía galega nos anos 20 e 30, estudiando a súa relación co movemento das vangardas históricas internacionais. A evolución do nacionalismo cultural galego daqueles anos resulta imprescindible para comprender tal proceso, en palabras do crítico, aí está a figura dialogante de Vicente Risco que modera o radicalismo vangardista. E así, séguese a indicar, a carón da solución matizada do hiloísmo amadocarballista, a procura de novidade e o afán rupturista e modernizador de Manuel Antonio, sen renunciar á autenticidade galega, nun proxecto de liberación nacional.

Vicente Araguas, "Racialidade, paisaxe", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 112, 13 xuño 1996,

6. Recensión de *Manuel Antonio e a vangarda*, obra onde o autor refunde parte da súa tese de doutoramento, combinando rigor e amenidade. Xosé Ramón Pena ten ideas propias e lévaas cara adiante ó longo dun libro apaixonado e apaixonante en opinión de Araguas. Salienta este crítico a análise polo miúdo das circunstancias políticas e sociolóxicas e o remate no que se ergue en protagonista decisivo o autor rianxeiro que levou as nosas letras ó porto da modernidade mediante un triple eixo: novidade, racialidade e paisaxe.

Román Raña, "*Manuel Antonio e a vangarda*", *A Nosa Terra*, nº 733, "Guieiro Cultural, 4 xullo 1996, 24. Comeza referíndose ó autor deste ensaio, ó que cualifica de experto en traballos de investigación. A continuación, fai un percorrido polos diferentes contidos do mesmo e analiza, entre outras cousas, os



problemas que se presentan no estudio como por exemplo, a ubicación de Ramón Cabanillas na vangarda de entreguerras, a caracterización dos ismos galegos ou a adscripción da obra poética de Manuel Antonio. Remata facendo unha valoración persoal sobre a importancia do labor literario desta investigación “sobre un dos períodos máis apaixonantes da nosa historia literaria”.

-Ramón Nicolás Rodríguez, “A revisitación dun clásico: *Manuel Antonio e a vangarda*”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 27, Tomo III, ano VII, xullo-agosto-setembro 1996, pp.147-149. Coa mención das recentes achegas sobre o poeta rianxeiro Manuel Antonio, inicia Ramón Nicolás a recensión da obra de Xosé Ramón Pena, *Manuel Antonio e a vangarda*, na que afirma que se trata dunha refundición da tese de doutoramento do autor. Salienta o recensionista a perspectiva empregada por Pena coa que persegue harmoniza-lo espírito crítico e científico e a accesibilidade a todo tipo de lectores, outorgándolle ó seu estudio unha orientación que engloba a literatura galega nas circunstancias sociopolíticas, socioculturais e sociolingüísticas do seu tempo. A continuación, céntrase na estrutura da obra e anota unha serie de cuestións de interese sobre cada apartado: o concepto de vangarda, a renovación política e estética do galeguismo, as literaturas galegas de vangarda (o hiloísmo e o neotrobadorismo), o bloque central dedicado a Manuel Antonio no que se fai unha nova lectura dos seus textos e unha cumprida análise do seu poemario, e, por último, as conclusións e unha “pertinente” bibliografía.

-Helena González Fernández, “A vangarda galega: a prol dunha nova etnopoética”, *Grial*, nº 131, xullo-agosto-setembro, Tomo XXXIV, 1996, pp. 423-425. Recensión da obra de Xosé Ramón Pena *Manuel Antonio e a vangarda* (1996). Helena González Fernández fai unha breve descrición da obra, da que salienta a análise que o autor realiza das vangardas “integrándoas no contexto ideolóxico galeguista do momento e no propio decorrer do discurso galego”. Ambos factores explicarían, segundo a autora, “o demorado estudio” realizado sobre Cabanillas e o papel



das vangardas “dentro do ideario nacionalista”, previos á reflexión sobre os textos programáticos e poéticos de Manuel Antonio. En palabras de Helena González, o estudio “camiña por novas rutas interpretativas” e ofrécese un importante “acopio de textos da época” para os “interesados neste período”.

Referencias varias:

-Quique Chuvieco, “Un libro reivindica a Manuel Antonio como el líder de las vanguardias”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 21 maio 1996, p. 9. Entrevista con Xosé Ramón Pena a raíz da publicación de *Manuel Antonio e a vangarda* (1996), na que fala da xénese desta obra e da figura de Manuel Antonio: a súa importancia, a visión que el tiña do medio galego, os instrumentos dos que se servía, o seu xeito de mira-la realidade, a opinión que lle merecían os escritores da terra e, por último, cómo influíu a súa obra na súa época.



Pena, Xosé Ramón, *De catro a catro de Manuel Antonio*, Vigo: Xerais, col. Unha lectura de..., 1996, 40 pp. (ISBN: 84-8302-059-9).

Xosé Ramón Pena estrutura este achegamento á obra poética de Manuel Antonio en seis partes. En “A renovación do galeguismo” describe a evolución nas ideas galeguistas e a situación socio-política que se vivía na Galicia da época. No eido da literatura, céntrase en comenta-la poesía de Ramón Cabanillas como escritor que serviu de ponte entre o Rexurdimento e a época “Nós”. O segundo apartado está dedicado a estudia-las orixes e as diversas tendencias dos movementos vangardistas en Europa, ademais de fixa-lo concepto de “vangarda”. De seguido, trata a chegada do vangardismo á nosa literatura e a incidencia exercida no mesmo pola eclosión do nacionalismo. No cuarto e quinto apartados desta obra, Xosé Ramón Pena estudia as características poéticas do autor rianxeiro, as principais ideas do manifesto “Máis alá” e as liñas estruturais e temáticas seguidas no poemario *De catro a catro*. Péchase o traballo con nove “Lecturas recomendadas”, fragmentos de obras que o autor considera importantes para chegar a entender plenamente ó poeta rianxeiro.



Pérez Rodríguez, Luís, *Fernando Iglesias “Tacholas”, un actor auriense na Galicia ideal*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, serie Documentos, nº 129, 1996, 312 pp. (ISBN: 84-7492-822-2).

Nesta obra, Luís Pérez Rodríguez ofrece un achegamento á figura e á obra de Fernando Luís Iglesias Sánchez, Tacholas. No prólogo, Ricardo Palmás realiza unha breve análise diacrónica do teatro galego, dentro e fóra das nosas fronteiras, centrándose no labor de Fernando Iglesias en Buenos Aires. A continuación, Luís Pérez Rodríguez presenta un percorrido pola vida de Tacholas, dende o seu nacemento no Ourense de comezos de século, o 25 de agosto de 1909, ata a súa morte en Buenos Aires, no ano 1991. Cita moitas das súas actividades na capital arxentina como a fundación da “compañía de Comedias Galegas Boga-Tacholas” con Maruxa Boga, no ano 1941; a fundación da audición galega “Recordando a Galicia”, no ano 1945 ou a representación de numerosas obras teatrais en diversos locais bonaerenses, actividades que sempre compaxinou coa súa militancia galeguista.



Raña, Román, *A noite das palabras (Unha aproximación á poesía galega de posguerra)*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Estudios e investigacións, 1996, 242 pp. (ISBN: 84-7824-274-0).

Volume no que Román Raña (Vigo, 1960) estudia a produción poética de posguerra no que atingue á liña intimista, fundamentalmente a partir da publicación de *Cómaros verdes* (1947), de Aquilino Iglesia Alvariño e ata *Longa noite de pedra* (1962), de Celso Emilio Ferreiro. Con anterioridade a esta parte central do libro, no capítulo "Os precedentes" analízanse as principais figuras do Rexurdimento, dos escritores da promoción Entre dous séculos e mais da Xeración do 22 no que supuxo a súa contribución a esta liña poética. Xa dentro do capítulo central do libro, titulado "A poesía galega de posguerra", abórdanse algunhas cuestións referidas ós problemas xeracionais para se centrar logo, nas correntes principais de cultivo poético, caso do paisaxismo, imaxinismo, neopopularismo e neotrobadorismo e na mención dalgúns autores que as cultivaron. Pero é a obra de Luís Pimentel, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Xosé M^a Díaz Castro e Celso Emilio Ferreiro a que o autor do libro analiza máis polo miúdo, en función dos que el considera os libros preeminentes de tal liña poética e escollendo a tendencia estilística como método de aproximación ó fenómeno literario. Por último realiza unhas pequenas observacións sobre a corrente social-realista, enumerando unha serie de títulos e autores que a cultivaron.



Recensións:

-Miro Villar, "Unha aproximación á poesía galega de posguerra", *Grial*, nº 130, abril-maio-xuño, Tomo XXXIV, 1996, pp. 267-271. Recensión do ensaio *A noite das palabras. Unha aproximación á poesía galega de posguerra* (1996), de Román Raña. Miro Villar elabora unha crítica da obra citada seguindo cada un dos apartados que a estruturan: o prólogo, no que se explica o título escollido, sitúase o ámbito cronolóxico do estudio e sinálanse algunhas das directrices do estudio; o apartado "Nota xustificativa e metodolóxica", no que o autor desbota "dun golpe", en palabras do recensionista, "a maioría das escolas contemporáneas da teoría literaria", en prol dunha "tendencia estilista" -Miro Villar salienta que a escolla non é "a máis acertada"-; séguese un achegamento ós que o autor denomina "antecesores" -poetas do Rexurdimento, da xeración Entre dous séculos, da Xeración do 22 e autores do XX, pero que por "formación e por identificación estética encádranse no XIX"-; tras deste "longo preámbulo", Román Raña entra definitivamente a analiza-la poesía galega de posguerra que pecha cun compendio de conclusións. Miro Villar considera "arriscada" a proposta de estudio de Román Raña, na que atopa "eivas metodolóxicas e conclusións parcialmente insatisfactorias", coa "virtude esencial de recuperar algúns escritores menores que a crítica adoito esquece ou minusvalora".

-Xosé Ramón Pena, "A noite nas palabras", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", 1 xuño 1996, p. 3. Manifesta o crítico que Raña leva a cabo a súa aproximación á lírica galega entre 1947 e 1962 dende a perspectiva estilística por considerar inadecuadas ou escasamente pragmáticas outras posibilidades de análise. Esta escolla, segue a dicir Pena, leva ó autor a establecer tres tendencias fundamentais na lírica, coas obras e autores que cada unha abrangue. Á marxe de apuntar certas cuestións que debería trata-lo presente volume, o crítico salienta a súa importancia pola necesidade de estudos como o presente que clasifiquen e deseñen cáles foron as estratexias e cáles as que triunfaron en cada ocasión.



-R. G., “*Dos Cómáros verdes a Longa noite de pedra*”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 70, 27 xuño 1996, p. 6. Breve comentario que se abre cunha cita de Darío Villanueva na que afirma que a poesía é “linguaxe feita prodixio”. Román Raña, neste seu último ensaio, tenta describi-la poesía “na longa noite” da dictadura e estudia as obras comprendidas entre a publicación de *Cómáros verdes* (1947), de Aquilino Iglesia Alvariño ata *Longa noite de pedra* (1962), de Celso Emilio Ferreiro. Ademais fai un percorrido crítico, que inclúe épocas anteriores e posteriores, no que considera as vinculacións estéticas e os títulos considerados antecedentes dos estudados no libro.

Vicente Araguas, “O peso do íntimo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 118, 25 xullo 1996,

6. Comentario da obra de Román Raña *A noite nas palabras*, no que se salienta o longo e rigoroso percorrido polas xeracións e grupos poéticos posteriores á guerra civil. Sinala tamén Araguas a análise que se fai dun dos aspectos menos percorrido pola crítica: o interiorismo, o máis lírico. Discrepa, por último, o recensionista co autor en determinadas afirmacións pero non deixa de recomendar-la lectura desta obra “que vén poñer moitas cousas no seu sitio”.

Xavier Castro R., “Literatura galega de posguerra”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 13 outubro 1996,

7. Comentario sobre *A noite nas palabras*, un “bo traballo de investigación” dun polifacético Román Raña. Anota o crítico que se trata dun “abeiramento clarificador dun período moi concreto e dun tempo ben complexo” que tivo como principal dificultade a falta dunha bibliografía clave e rigorosa deste período (entre a data de publicación de *Cómáros verdes*, en 1947, e de *Longa noite de pedra*, en 1962). Finalmente apunta os tres trazos principais dos que se partiu para a realización deste traballo (os criterios temáticos, a corrente intimista e o chamado social-realismo).



-Xoán Carlos D. Alberte, "Román Raña Lama, *A noite das palabras*", *Boletín Galego de Literatura*, "Libros", nº 15-16, 1º e 2º semestres 1996, pp. 238-242. O recensionista fai un percorrido polos diferentes capítulos que conforman o volume de Román Raña, *A noite das palabras*, comentando os capítulos contextualizadores e o capítulo nuclear do volume "A poesía galega de posguerra", no que se analizan as principais liñas poéticas, poemarios e autores da poesía desta época. Cualifícase o traballo como "meritorio", aínda que se sinalan algunhas eivas, como a escasa referencia que fai Román Raña ós acontecementos que mudaron a situación cultural da Galicia de preguerra ou a ausencia dunha perspectiva cultural que dera conta da aparición nos anos da posguerra de revistas literarias como *Alba*, *Mensajes de poesía* ou *Aturuxo*.

-Olga Novo, "Máis luz sobre *A noite das palabras*", *Galicía Internacional*, nº 11, 1996, p. 83. Recensión do libro de Román Raña, *A noite das palabras*, análise da poesía galega da posguerra. A recensionista pon de manifesto a análise basicamente temática utilizada polo autor que o leva a considerar catro correntes na poesía desta época: cívica, costumista, intimista e paisaxística, e a adscribi-los poetas do momento a unha ou outra tendencia. Salienta tamén o espacio dedicado neste libro á figura de Aquilino Iglesia Alvariño.



Rei Romeu, Manuel, *Castelao e Sempre en Galiza*, Santiago de Compostela:

Laivento, col. Ensaio, nº 70, xuño 1996, 243 pp. (ISBN: 84-87847-75-7).

O profesor Manuel Rei Romeu (Berres-A Estrada, 1964) ofrece un novo achegamento á obra de Castelao que xa iniciara coa monografía *Arte e Verdade. A Obra literaria de Daniel Castelao* (Edicións do Cumio, 1991). Nesta ocasión, o seu estudio céntrase en *Sempre en Galiza*, concretamente, na parte dun prólogo que axuda á súa contextualización. En primeiro lugar, analízanse os anos da República nos que xorde Castelao como figura política, as demandas do partido Galeguista que el representaba ou a elaboración de Estatuto de Autonomía de Galicia. Nun segundo momento, glósanse as ideas políticas de Castelao (características diferenciadas de Galicia como nación, entre elas, a lingua como valor fundamental) reflectidas en *Sempre en Galiza* e, xa nunha terceira parte do estudio, repásase a recepción deste texto e as lecturas que sobre el se fixeron.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, "Unha cousa é a teoría e outra distinta a praxe", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 19 xullo 1996, p. 48/p. 4. Comentario sobre o libro de Manuel Rei Romeu, *Castelao e Sempre en Galicia* (1996), editado por Laivento e retirado das librerías porque aparecen textos de Castelao baixo un selo editorial que non ten



V.1. Monografías e libros colectivos

os dereitos necesarios. Conde pregúntase se o volume será editado de novo pola cada editorial reclamante ou non, no caso de que o texto non estea de acordo coa liña editorial.



Renales Cortés, Juan, *Celtismo y Literatura gallega. La obra de Benito Vicetto y su entorno literario*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996, vol. I, 556 pp., vol II, 557 pp. (ISBN da obra completa: 84-453-1577-3; ISBN do vol. I: 84-453-1619-2; ISBN do vol. II: 84-453-1620-6).

Productu da súa Tese de Doutoramento, presentada na Universidade Autónoma de Madrid, é este volume de estudio da vida e da obra de Benito Vicetto. Ó longo das máis de mil páxinas desta obra o seu autor contextualiza a obra literaria, histórica e xornalística, deste autor decimonónico. O primeiro volume está dedicado á contextualización do autor no momento histórico e literario no que xorde a súa obra, e a perfila-las grandes liñas da súa construción da Historia de Galicia, a medio camiño entre a ficción literaria e a pretensión histórica. O segundo volume céntrase na construción do mito celta elaborada por este autor e algúns dos seus coetáneos e na análise das consecuencias políticas desta construción mítica. Faise especial fincapé na influencia exercida por Vicetto nos escritores galegos do Rexurdimento -Rosalía, Pondal- e, por medio destes, nos da Xeración Nós como Ramón Otero Pedrayo ou Vicente Risco.



Recensións:

-Ramón Nicolás, "Celtismo e literatura galega", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXIX, 15 xuño 1996, p. 4. Gaba o crítico o presente estudio por se achegar con rigor e espírito científico ós precedentes históricos máis inmediatos da narrativa galega contemporánea. Nesta obra, ofrécese unha análise pormenorizada da evolución estética de Benito Vicetto e da pegada que esta exerceu, para pasar con posterioridade a analiza-las bases do celtismo deste autor, unha opción, di o crítico, ideolóxica e estética, dependente de fontes literarias de xínea romántica.

Referencias varias:

-Albino Mallo, "O celtismo de Benito Vicetto", *O Correo Galego*, "Visións", 25 abril 1996, p. 3. Comentario do libro de Juan Renales Cortés *Celtismo e Literatura Galega*. O estudio céntrase no primeiro rexurdimento galego do século XIX e no celtismo na obra de Benito Vicetto, que destaca nos sete volumes da *Historia de Galicia* do autor ferrolán.

Anxo Tarrío Varela, "Celtismo e literatura", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 23 xuño 1996,

3. Refírese á obra de Juan Renales Cortés *Celtismo y literatura gallega. La obra de Benito Vicetto y su entorno literario*, publicada pola Xunta de Galicia en dous volumes. Segundo Anxo Tarrío, nesta obra faise un completo repaso a toda a obra de Vicetto, á denominada Xeración de 1846 e á prensa da época.



-Anxo Tarrío Varela, "Boas cousas na Casa de Galicia", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 13 outubro 1996, p. 3. Comenta a obra *Celtismo y literatura*, de Juan Renales, presentada na Casa de Galicia de Madrid e na que o autor aprecia a influencia que Benito Vicetto exerceu sobre diversos novelistas como Rosalía, Murguía e mesmo Valle-Inclán e Pío Baroja.

-Pedro Rielo Lamela, "Volver a Vicetto", *O Correo Galego*, "Bosquexos", 4 decembro 1996, p. 2. Referencia á tese doutoral do profesor e poeta madrileño Juan Renales, *Celtismo y literatura gallega* (1996), sobre as orixes e a ideoloxía do celtismo. Rielo informa que esta obra parte de Benito Vicetto para logo analiza-la posterior difusión do celtismo. Tamén di que Renales se refire a Vicetto, en cualidade de novelista e mesmo de precursor de movementos como o naturalismo e o modernismo.



Requeixo, Armando, Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego, prólogo Claudio Rodríguez Fer, Vigo: Edicións do Cumio, col. Ensaio, nº 5, 1996, 140 pp. (ISBN 84-8289-050-6).

Volume dividido en cinco capítulos que supón un achegamento á personalidade vital e creadora do autor lucense Ánxel Fole. Os tres primeiros capítulos (“Apuntamentos para un perfil biobibliográfico de Ánxel Fole”, “A problemática xeracional” e “O estado da cuestión dos estudos foleanos”) tratan da traxectoria vital do lugués, da súa adscrición xeracional e do estado actual dos estudos críticos ó redor de Fole. No cuarto (“A narrativa galega de Ánxel Fole. Caracterización xeral”) Armando Requeixo (Mondoñedo, 1971) fai unha descrición bibliográfica de *Á lús do candil* (1953), *Terra brava* (1955), *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981) e acomete unha tipificación temática dos contos en galego do lucense -varios deles do nonnato *Auga lizgaira*- non compilados en volume. No último dos capítulos (“Universos temáticos na tetraloxía contística de Ánxel Fole”) abórdase o problema das orixes argumentais dos relatos foleanos e opérase unha clasificación temática atendendo, fundamentalmente, a aqueles temas máis esquecidos pola crítica literaria: a paisaxe, a música, a lingua, a literatura dentro da literatura, o humor, a muller e o amor. O volume vai acompañado dun prólogo de Claudio Rodríguez Fer onde se explica o contido do volume e se presenta ó seu autor.



Rielo, Nicanor, *Libros impresos en Lugo*, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, 1996, 143 pp. (ISBN: 84-8192-064-9).

Catálogo de Nicanor Rielo Carballo (Arcos de Frades-Pol-Lugo, 1932) que inclúe un conxunto de case douscentos regulamentos, estatutos, ordenanzas municipais, circulares, folletos, obras de texto e de creación de diversas áreas, etc. En galego, rexistra a publicación de dúas obras: *Frol de diversos* (p. 119), que contén poemas de Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro e Rimbaud e *Xesteirazos* (p. 122), de Farruco de Furco, publicado pola imprenta J. Valín no ano 1936.

Recensións:

-Pedro Rielo Lamela, "*Libros impresos en Lugo*", *O Correo Galego*, "Lecer", 26 maio 1996, p. XIX. (B). Recensión na que se comenta o segundo traballo que Nicanor Rielo Carballo realiza sobre o conxunto das publicacións editadas na provincia de Lugo. Suplemento, pois, do anteriormente publicado *El Libro Lucense* que contén 200 novas entradas, na súa maioría regulamentos e estatutos de asociacións de ámbito local, títulos de libros, algunhas publicacións semiperiódicas e folletos como memorias ou programas de festas. Finalmente anótase que a pescuda non remata aquí, senón que o autor promete continuar con este labor de investigación "de grande utilidade para os estudiosos das nosas publicacións".



**Ríos Panisse, María do Carme, *Os señores da terra de Ramón Otero Pedrayo*,
Vigo: Xerais, col. Unha lectura de..., 1996, 64 pp. (ISBN: 84-8302-058-0).**

M^a do Carme Ríos Panisse achégase, nesta nova entrega da colección de guías de lectura de Edicións Xerais dirixida por Dolores Vilavedra, á obra de Ramón Otero Pedrayo *Os camiños da vida*, partindo do estudio da primeira das tres partes en que esta está dividida, “Os señores da terra”. A guía iníciase cunha “Introducción literaria” onde se sintetiza o panorama da novela europea e galega de fins do século XIX e principios do XX. Un apartado sobre o contexto histórico-social da época, no que se fai especial fincapé na evolución do galeguismo e o grupo Nós, dá paso ó estudio especial da vida e obra de Ramón Otero Pedrayo. A biobibliografía do autor, o seu pensamento, o Otero poeta, dramaturgo, ensaísta, orador e narrador, introdúcennos na análise de “Os señores da terra”. A autora afonda na estrutura, personaxes, espacio, tempo, o punto de vista, a realidade e o ideal e, finalmente, o culturalismo. A última parte está constituída por unha escolma de lecturas complementarias que ofrece “puntos de vista críticos diverxentes” dos ofrecidos por M^a do Carme Ríos Panisse no seu estudio e unha sección de bibliografía básica.



Rodríguez, Manuel F., *Manuel García Barros*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A nosa memoria, nº 3, xaneiro 1996, 81 pp. (ISBN: 84-453 1588-9).

Biografía na que se fai consta-lo obxectivo de lembra-la personalidade humana e literaria de Manuel García Barros (Berres-A Estrada, 1876-Pousada-Callobre, 1972), coñecido tamén polo pseudónimo *Ken Keirades*. Sinálase que a súa vida, vencellada á Estrada, de onde só saíu en dúas ocasións, estivo marcada pola súa vocación de mestre, polo seu achegamento ó xornalismo e pola paixón cara á literatura. Trala presentación de Víctor Vázquez Portomeñe, na que salienta os obxectivos da colección "A nosa memoria", Manuel F. Rodríguez comeza a desenvolver os contidos do libro nas páxinas introductorias. A continuación, baixo o epígrafe "Unha biografía vital", percorre a infancia e a mocidade do autor e resume as ideas políticas e literarias de García Barros. Refírese tamén ós sucesos tristes polos que tivo que pasar, como a prisión por ideas políticas e a separación do servizo da súa profesión de mestre. En "O escritor", achéganos á súa obra literaria, o volume de relatos *Contiños da Terra* (1931-1952) e a novela *As aventuras de Alberte Quiñoi* (1972). Péchase a publicación cun apartado titulado "García Barros hoxe" onde o autor comenta o recoñecemento póstumo deste autor. Trala súa morte, a Xunta rehabilitouno simbolicamente para a docencia e bautizou co seu nome o Instituto de Bacharelato da Estrada. Ademais, este concello creou, en 1989, o Certame de Narrativa Manuel García Barros. Ofrece



tamén un resumo esquemático no que se recollen as datas e feitos fundamentais da vida de *Ken Keirades* e unha bibliografía onde sinala as edicións existentes da súa obra.

Referencias varias:

-M. F., "Amor por A Estrada, paixón por Galicia", *La Voz de Galicia* (Edición de Lalín-A Estrada), "Especial", 26 xuño 1996, p. 5. O xornalista dá noticia da publicación do libro *Manuel García Barros* que trata sobre a vida e obra de dito escritor e do que é autor Manuel F. Rodríguez. Presenta, así mesmo, un resumo de cada unha das partes nas que se divide o libro que atende tanto a aspectos persoais do escritor coma á súa dimensión pública en calidade de mestre, xornalista e escritor.



Rodríguez D., José Pablo, “El teatro clásico griego y latino en Galicia a partir de la posguerra”, *Actas do Congreso Internacional Teatro Clásico en traducción: texto, representación, recepción 1995*, Universidade de Murcia, 1996, pp. 123-130.

Comunicación presentada no devandito congreso dentro do apartado *Teatro griego y latino en España e Inglaterra*. A comunicación é un estudio descriptivo das obras greco-latinas que foron adaptadas, versionadas, traducidas e representadas en Galicia a partires da posguerra. Despois dunha nota introductoria ofrécese unha análise da presenza dos mitos clásicos no teatro galego e o corpus das obras que os adaptan, os recrean ou os traducen.



Rodríguez Fer, Claudio, *Acometida atlántica (por un comparatismo integral)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, 1996, 315 pp. (ISBN: 84-7492-800-1).

O presente volume reúne un conxunto de estudos literarios de carácter comparatista que o profesor Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) publicara en diversas revistas especializadas galegas e foráneas. Aparece o compendio organizado en dúas seccións "Conexións literarias" e "Relacións referenciais". Na primeira aparecen organizados atendendo a diversas conexións (temáticas, formais, estruturais, histórico-literarias, histórico-sociais, antropolóxico-etnográficas, ideolóxico-filosóficas e biográfico-psicolóxicas) unha serie de artigos que poñen en relación textos da literatura galega con textos da literatura castelá, mentres que a segunda sección contén diversos artigos que relacionan a literatura con diferentes referentes extraliterarios como sexo, nación, extraterritorialidade, poder, arte, cine ou prensa.

Referencias varias:

-P. S., "Rodríguez Fer compara literaturas no estudio 'Acometida Atlántica'", *O Correo Galego*, 17 novembro 1996, p. 55. Informa da nova entrega de Claudio Rodríguez Fer, *Acometida Atlántica. (Por un comparativismo integral)* (1996), publicada por Edicións do Castro. Trátase, segundo o seu autor, do "primeiro estudio de



literatura comparada publicado en galego que relaciona a literatura galega con outros referentes e con diversas literaturas foráneas". Rodríguez Fer levou a cabo unha análise da literatura galega comparándoa con outras literaturas a nivel interlingüístico, sociolóxico e ideolóxico; achégase, así mesmo, ás relacións da nosa literatura con temas contemporáneos como o cine, o sexo ou o poder. Por último, o articulista informa de que o libro dedica unha pequena parte a aqueles escritores galegos que, por diversas razóns, escribiron en castelán.



Rodríguez Fer, Claudio (ed.), *Cartafolio galego*, Vigo: A Nosa Terra, col. Prensa & Criación, nº 3, decembro 1996, 209 pp. (ISBN: 84-89138-66-4).

Claudio Rodríguez Fer presenta nesta edición a obra ensaística galega que o autor lucense Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986) publicou en diferentes medios xornalísticos durante a súa vida. Trátase dunha serie de artigos, prólogos e discursos -entre eles o de ingreso na Real Academia Galeganon recompilados con anterioridade, que agora aparecen clasificados temática e cronoloxicamente e, no que respecta á lingua, mantendo con fidelidade a vontade estilística do autor, labor que realizou o xove filólogo Armando Requeixo Cuba, como explica Claudio Rodríguez Fer na introducción ó volume. Son, en definitiva, 69 textos organizados en 12 bloques temáticos que responden ós seguintes contidos: "O galego e a defensa da lingua", "Rosalía e a cultura galega", "Pondal e a tradición céltica", "Castelao e a conciencia galeguista", "Otero Pedrayo e a revista *Nós*", "Pimentel e os tempos da República", "Galaxia de amizade e bibliofilia", "Recensións e prólogos", "Admiracións foráneas", "Galería de pintura", "Paisaxes e estacións" e "Estampas do Lugo vello".



Rodríguez Fontela, M^a de los Ángeles, *Poética da novela de Autoformación.*

O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico, Santiago de

Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”,
1996, 311 pp. (ISBN: 84-453-1815-2).

Froito dunha revisión do texto orixinal da tese de doutoramento de M^a de los Ángeles Rodríguez Fontela, neste libro percórrese a modalidade narrativa da “autoformación”, ou “Bildungsroman”, termo alemán usado para defini-lo tipo de narración que amosa a busca da identidade por parte dun personaxe, a través da formación intelectual dende a mocidade ata a madurez. Na Introducción, faise unha análise das bases antropolóxico-míticas do “Bildungsroman” e analízanse as distintas configuracións históricas deste xénero. Na segunda parte deste estudio elabórase a fundamentación teórica da Poética da novela de “autoformación” dende catro perspectivas: a modalización, a temporalización, a espacialización e a semántica. A seguir, estúdiáanse catro novelas hispánicas do século XX que manifestan diversas tendencias da autoformación do protagonista: *Lo rojo y lo azul* (1932), de Benjamín Jarnés; *La forja de un rebelde* (1951), triloxía de Arturo Barea; *Arredor de si* (1930), de Ramón Otero Pedrayo e *La Habana para un infante difunto* (1979), de Guillermo Cabrera Infante. Polo que respecta á novela galega de Otero Pedrayo, a autora establece varios puntos comúns entre *Arredor de si* e *Wilhelm Meisters Lehrjahre* (1795-1796), polo que o carácter autoformativo desta novela galega permite proclamar



a Otero como o Goethe das letras galegas. Por último, Rodríguez Fontela sistematiza as conclusións acadadas ó longo desta investigación sobre a novela de “autoformación” e facilita unha bibliografía, ademais de notas explicativas a pé de páxina que permiten afondar nos diferentes aspectos tratados en relación co “Bildungsroman”.



Rodríguez Lema, Guillermo, *Herminia Fariña*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A nosa memoria, nº 4, febreiro 1996, 55 pp. (ISBN: 84-453 1591-9).

Guillermo Rodríguez Lema preséntanos un estudio sobre a vida e a obra da escritora compostelá, Herminia Fariña. Editada pola Xunta de Galicia, a obra vén introducida por unhas palabras de louvanza á escritora, do Conselleiro de Cultura, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe. O volume iníciase cun achegamento á biografía de Herminia Fariña. A continuación, tras dun “relembro” do autor a D. Isaac Sánchez, o home da escritora, Guillermo Rodríguez recolle os apartados “A súa primeira obra”, “Herminia vista por outros autores” e “Recoñecemento de concellos galegos a Herminia Fariña”. O listado da produción completa da autora pecha o libro. Poemas e fotografías ilustran o traballo.

Recensións:

-R. G. “Son aldeana: amiga dos astros e dos ventos”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 65, 23 maio 1996, p. 6. Breve comentario sobre *Herminia Fariña*, libro que, publicado pola Consellería de Cultura, recolle unha pequena biografía desta poetisa santiaguesa. Guillermo Rodríguez Lema, autor do traballo, destaca a precocidade desta autora que publica o seu primeiro libro, *Cadencias*, cando contaba tan só 20 anos; así



V.1. Monografías e libros colectivos

mesmo, salienta que continuou escribindo ata o final da súa vida e que boa parte da súa produción quedou sen publicar, valla como exemplo o poema “Gabanza e prego á miña aldea”.



**Rodríguez Valcárcel, M^a José, *Aureliano J. Pereira no Rexurdimento galego*,
10º Premio Literario Ánxel Fole, Lugo: Fundación Caixa Galicia, 1996, 124 pp.
(ISBN: 84-89231-23-0).**

Este libro é a publicación do traballo gañador da décima edición do premio Ánxel Fole, dedicado, nesa ocasión, á figura de Aureliano J. Pereira de la Riva. Despois dunha breve presentación das coordenadas sociopolíticas nas que este autor desenvolveu a súa obra, preséntase unha análise das distintas facetas do seu labor: xornalismo, política e literatura, atendendo especialmente ós seus traballos como crítico e creador na literatura galega. Concretamente, da súa obra literaria ofrécese unha análise ecdótica e outra temática e un anexo cunha mostra da súa poesía.



Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 1995*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, 1996, 453 pp. (ISBN: 84-453-1706-7).

A publicación ábrese cunha “Presentación”, de Anxo Tarrío Varela, Director Técnico de Literatura do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, na que salienta o desexo do Centro de ofrecer un material ós estudiosos que estes deben sistematizar e empregar segundo os seus propios criterios e a vontade de que o *Informe* sexa unha publicación anual. De seguido, vai unha “Nota previa”, asinada por Blanca-Ana Roig Rechou e M^a Isabel Soto López, na que se ofrecen as pautas para a comprensión da distribución do volume e os criterios explicativos que xustifican a estruturación do material presentado. A pretensión do libro é dar conta das publicacións do ano 1995, en tódolos eidos que se refiran á literatura galega, tanto da creación (narrativa, poesía, teatro, monografías, libros colectivos) coma da crítica aparecida en revistas e xornais, fundamentalmente de ámbito galego, aínda que tamén se inclúen algunhas referencias tomadas de medios de ámbito non galego. Completan a información un repertorio das revistas galegas, no que se inclúe unha pequena biografía de cada unha delas e os números aparecidos ó longo do ano, e un compendio dos premios literarios nos que ademais das bases de participación, se sinalan os autores e/ou obras premiadas no 1995. Dedicase un apartado especial á produción centrada no homenaxeado no Día das Letras Galegas, Rafael Dieste, á literatura infantil, á literatura de transmisión oral e ás publicacións de literatura medieval.



Recensións:

-G. M., "El Centro Ramón Piñeiro acaba de editar el Informe de literatura de 1995", *Galicia en el mundo*, 24-30 setembro 1996, p. 20. Breve nota na que se dá conta da publicación do *Informe de Literatura 1995* e onde se reproduce un fragmento da presentación do mesmo no que a coordinadora Blanca Ana Roig Rechou se refire á tarefa primordial dun centro de investigación: a adquisición de información certa. Anota o xornalista finalmente a presenza no Informe de gráficos indicativos da produción literaria galega.

-Alvarado, "Informe de literatura 1995", *La Región*, 2 outubro 1996, p. 11. Dá conta Alvarado neste artigo da publicación do *Informe de Literatura 1995* salientando a súa exhaustividade e a súa utilidade para futuros investigadores e estudiosos. Sinala o articulista, en primeiro termo, a distribución dos contidos nos distintos apartados da obra e fai a continuación unha relación dos redactores da mesma. Por último comenta a presenza no Informe de breves resumos que acompañan a cada publicación e as noticias da súa recepción.

-M^a do Carme Lamela Villaravid, "Informe de literatura", *Revista Galega do Ensino*, "Reseñas", nº 13, novembro 1996, pp. 261-262. As palabras coas que Filgueira Valverde agradecían o nacemento do *Informe de Literatura 1995* (1996) "¡Quen nos dera esto polo menos desde 1990!"- foron escollidas por M^a do Carme Lamela Villaravid para abri-la súa recensión e descrición desta nova publicación do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", coordinada por Blanca-Ana Roig Rechou e M^a Isabel Soto López. O traballo, de "documentación exhaustiva e ben ordenada", agrúpase baixo "os apartados xerais: "Narrativa", "Poesía", "Teatro", "Día das Letras Galegas", "Ensaio. Teoría Xeral. Crítica", "A literatura infantil e xuvenil", "Literatura de transmisión oral", "Revistas", "Premios" e "Publicacións de Literatura Medieval",



precedidos por uns “gráficos estadísticos reveladores do índice de produción e repercusión na prensa da creación galega”. Tras analizar cada un destes apartados a autora sinala a existencia “dalgunha carencia”, principalmente de obras que “pecan de mala distribución” ó tempo que recolle a solicitude de colaboración das coordinadoras dirixida a escritores, críticos, editores e animadores culturais “para que problemas desta índole se resolvan satisfactoriamente en sucesivas publicacións”. M^a do Carme Lamela Villaravid finaliza a recensión cunha reflexión que salienta o deseño “innovador” do volume e o cualifica como “libro de consulta obrigatoria para todo investigador ou estudioso da literatura galega”.

Referencias varias:

-Salvador García-Bodaño, “Informe de literatura 1995”, *El Correo Gallego*, 28 xullo 1996, p. 3. Tras unha referencia ós actos lúdicos, culturais e políticos celebrados o 25 de xullo en toda Galicia, comenta a aparición do *Informe de Literatura 1995*, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou e publicado polo Centro de Investigacións “Ramón Piñeiro”. Salienta o seu carácter de “obra pioneira” e considérao “un exemplo de exhaustividade, rigor e equidade”. Defende a necesidade de apoiar institucionalmente este proxecto para que teña continuidade en anos sucesivos.

-Alfredo Conde, “Desapaixonada descrición dun ano de literatura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 agosto 1996, p. 64/p. 4. Reflexión sobre o *Informe de Literatura. 1995 (1996)*, publicado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro” e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou. Para Conde, consiste nun material impagable para os estudiosos da literatura, en forma de narración de todo canto sucedeu na literatura galega ó longo de 1995. O articulista fai unha descrición deste *Informe*, que



cualifica de intenso, imparcial e desapaixonado da produción narrativa, poética, dramática, ensaística e teórica en galego, sen conformar en ningún momento o criterio do lector.

-Alfredo Conde, "Algúns datos que poñen a cada un no seu sitio", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 5 agosto 1996, p. 48/p. 4. Conde comenta a área dedicada ós artigos de opinión que aparecen recensionados no *Informe de Literatura 1995* e constata que o xornal *O Correo Galego* é o que máis atención lle presta ós estudos de opinión sobre Galicia. Así mesmo, alédase de que as páxinas galegas máis culturais estean incluídas nun xornal de expresión galega e en galego.

-E. C., "Anxo Tarrío: 'Soamente con voluntarismo non se fai un país'", *O Correo Galego*, 20 setembro 1996, p. 34. Fala da presentación do *Informe de Literatura 1995*, editado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro". Así mesmo, ofrécese un resumo do contido da obra e dos seus datos estatísticos sobre a creación en galego durante o ano 1995.

A. G. N., "La narrativa acapara la mitad de la producción literaria gallega", *La Región*, 20 setembro 1996,

36. Breve comentario sobre a presentación, en Santiago, do *Informe de Literatura 1995*, publicado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro" e coordinado pola profesora Blanca-Ana Roig-Rechou. Ofrécense algúns datos sobre o contido da obra e sobre os seus obxectivos, entre os que destaca a súa intención de facilitar un material de consulta e de documentación ós investigadores do tema. Así mesmo, anúnciase a incorporación dun índice temático nos sucesivos informes e a súa futura incorporación á rede Internet.



M. Regueiro Tenreiro, "Aceptación do debate sobre o Voluntarismo", *El Correo Gallego*, 26 setembro 1996, p. 2. O articulista acepta o debate iniciado por Anxo Tarrío sobre o voluntarismo na vida do traballo cultural galego, xurdido na presentación do *Informe de Literatura 1995* (1996), editado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro". Opina que con "só" voluntarismo non se constrúe un país, pero "sen" voluntarismo tampouco, xa que tralo voluntarismo vén o pragmatismo, pero non ó revés.

M. A. Fernán-Vello, "Dúas edicións magníficas", *O Correo Galego*, "A Fenda", 31 outubro 1996, p. 3. Refírese ás publicacións do Centro "Ramón Piñeiro", *Informe de Literatura 1995* e *Plumas e Letras en La Noche (1846-1949)*. A propósito da primeira delas, sinala que a reunión de todo o publicado no ano 1995, suporá un punto de referencia importante para todo aquel que desexe coñecer-la nosa literatura máis actual. Desexa tamén a continuidade do proxecto.

-Miguel Anxo Seixas, "Libro de libros", *O Correo Galego*, "A Maltrana", 30 decembro 1996, p. 3. Comentario sobre o *Informe de Literatura 1995*, editado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", sobre a produción bibliográfica durante o ano 1995 en Galicia. Co fin de mellorar este valioso traballo, Seixas propón que se clarifique o criterio da selección das obras, xa que tanto dentro coma fóra de Galicia se publica en galego, castelán e mesmo portugués sobre tema galego e non galego. Tamén suxire a incorporación das teses e tesinas e de "Bendado. Boletín de información cultural galego-portuguesa", editado bimensualmente.



Salvador Miguel, Nicasio, *A tradición medieval na novelística de Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, col. Autoidentificación, nº 10, 1996, 40 pp. (ISBN: 84-88051-59-X).

Texto da conferencia pronunciada por Nicasio Salvador no marco do seminario *Cunqueiro e a Literatura fantástica*, celebrado en Poio no ano 1991. Trátase dun achegamento á presenza do mundo medieval na narrativa cunqueiriana. O autor salienta a escasa relación argumental das obras do mindoniense cos seus modelos medievais, indicando ademais a súa condición de “novelas de evocación literaria” antes que de “novelas de historia”.



Sánchez Iglesias, Cesáreo (coord.), *Manuel Antonio: "Embarcados nun cantar"*, Vigo: A Nosa Terra, col. A Nosa Cultura, nº 16, abril 1996, 104 pp. (ISBN: 0213 3105).

Neste monográfico editado por A Nosa Terra e coordinado por Cesáreo Sánchez Iglesias (O Carballiño, 1951), inclúense artigos sobre a vida e a obra de Manuel Antonio dende diversos puntos de vista e por parte de distintos autores. Os artigos son os seguintes:

-Xesús Santos, "Manuel Antonio 'ite misa est'", pp. 5-7. O artigo fai un percorrido pola vida de Manuel Antonio, dende o seu nacemento e a infancia marcada pola falta de entendemento coa nai ata a súa morte en 1930. Destácase o carácter rebelde do poeta, que se manifesta xa nos primeiros anos da súa vida, a experiencia mariñeira e diversas anécdotas do transcorrer vital en Asados e Rianxo, cara ó final dos seus días.

-Xosé Antonio Durán, "Tempo de amor e malenconía. Do meu diario 9/15 abril 1979", pp. 8-12. O autor do artigo reproduce fragmentos do seu diario e inclúe ademais outros engadidos posteriormente. No artigo faise mención ós ambientes políticos no tempo de Manuel Antonio e analízase o grao de implicación dos pais do poeta nestes ambientes. Contémplanse, pois, as relacións familiares, o noivado que Manuel Antonio mantivo con Mercedes, verdadeira protagonista dos anacos de diario aquí reproducidos, e aspectos diversos da personalidade do



poeta rianxeiro. Tamén se fan referencias á vida cultural do momento, tanto en Rianxo coma no resto de Galicia.

-Dionisio Pereira, “O mar dos galegos no tempo de Manuel Antonio”, pp. 14-23. Estrúctúrase o artigo en varias partes e analiza a situación do mar na época de Manuel Antonio. Na parte titulada “A Navegación” fala dos distintos tipos de embarcacións e afirma que Manuel Antonio viviu a etapa da transición entre navegación a vela e propulsión mecánica. En “O Lecer” lémbrense os diferentes divertimentos levados a cabo nos portos galegos -regatas, combates navais, etc.- durante as festas patronais. “A pesca”, “Andazos” e “A loita” refírense, respectivamente, á produción pesqueira da época, ós frecuentes naufraxios e enfermidades como a tuberculose (que finalmente acabaría coa vida de Manuel Antonio) e ás reaccións sindicais reclamando melloras no sector mariñeiro.

-Antón Capelán, “Un autor nunca esquecido (Da frustrada homenaxe de 1936 á de 1960)”, pp. 25-46. Na introducción do artigo maniféstanse os contidos que vai tratar facendo especial fincapé no papel que García Sabell xoga como depositario do legado de Manuel Antonio. Seguidamente, no apartado titulado “De 1930 á frustrada homenaxe popular de 1936”, analízanse as reaccións á morte do poeta incluíndo notas necrolóxicas en xornais e revistas, poemas homenaxeando a figura do rianxeiro e opinións sobre os seus valores literarios por parte dalgúns contemporáneos. Segue o artigo contando con detalle os pasos que levaron a que a homenaxe prevista para 1936 se vise frustrada (fundamentalmente polo inicio da Guerra Civil) e ofrecendo datos e testemuños de distinto signo para configurar unha valoración de Manuel Antonio na época de posguerra.



Finalmente, constata a celebración dunha homenaxe en 1960 en Rianxo e recorda un poema de Celso Emilio Ferreiro dedicado a Manuel Antonio, que “non foi recompilado na *Obra completa* do celanovés. O autor do artigo chega á conclusión de que Manuel Antonio non era “un poeta coma quen di esquecido e non valorado pola minoría intelectual de Galicia” entre 1930 e 1960.

-Carlos L. Bernárdez, “Os ‘manifestos’ e a renovación poética galega. *O prólogo dun libro de poemas que ninguén escribiu*”, pp. 69-72. O autor do artigo lembra a escasa tradición, na literatura galega, da escrita de manifestos. Destaca os que escribiu Manuel Antonio, *¡Más Alá!* e *Prólogo dun libro de poemas que ninguén escribiu* como textos “programáticos da vangarda galega”. A seguir fai unha análise deste segundo texto extraendo os seus aspectos fundamentais e reproduce integramente o mesmo.

-Román Raña, “Manuel Antonio e o entorno vangardista. Breves notas para un confronto”, pp. 73-74. Primeiramente establécese unha semellanza entre Manuel Antonio e Amado Carballo que é ollada non como froito de intercambios entre os dous senón debida “a un *entorno* e a unha *época* que propiciaron o xurdimento dunha nova linguaxe poética”. A seguir lévase esta comparación a outros autores atopando ecos similares e delimitase a contribución de Manuel Antonio no “panorama de ebulición literaria” que constituía aquel tempo.

-Manuel Forcadela, “O heroe contempla o mar”, pp. 76-82. O artigo establece varias dimensións na obra de Manuel Antonio, obra que, segundo o autor, “está orfa, como tantas obras poéticas da nosa tradición, dunha análise libre de prexuízos”. As citadas



dimensións refírense a *De catro a catro*, na que observa un plano real e outro imaxinario que se corresponden coa denotación e a connotación, a navegación exterior e a interior, o realismo e o creacionismo, como planos enfrontados. O autor afirma que na obra do rianxeiro dáse máis o simbolismo que o creacionismo, contra a maioritaria opinión da crítica. O artigo complétase coa inclusión de diversas táboas numéricas que recollen as cantidades de versos, palabras, signos, etc. de cada poema e do libro en total.

-Xosé Ramón Pena, “Manuel Antonio e o anarconacionalismo”, pp. 48-52. O autor do artigo achégase ás conviccións políticas de Manuel Antonio utilizando como material a correspondencia privada do poeta. Chega á conclusión de que o rianxeiro é nacionalista “desde a súa primeira mocidade” e mesmo condiciona a saída do manifesto *¡Más Alá!* a motivos políticos. O artigo conta con numerosos testemuños procedentes de cartas asinadas por Manuel Antonio ou a el dirixidas nos que se tenta proba-las afirmacións sostidas no mesmo.

-Miguel A. Mato Fondo, “Iconografía e cenografía románticas na poesía de Manuel Antonio”, pp. 53-61. No artigo, trala presentación de distintas visións da obra de Manuel Antonio por parte de diversos autores, propónse unha interpretación que leva a considerar que a súa poesía está inscrita na vangarda europea da época mais mantendo, en motivos e temas, débedas coa tradición romántica. Considérase que “a paisaxe de *De catro a catro* é máis unha paisaxe interior”, unha abstracción, e non un mar real do que se fai descrición. Recórrese a diferentes aspectos da lírica manuelantoniana (o mar, a noite, o barco) relacionándoos con manifestacións artísticas de



variado signo para concluír que a súa poesía está “na liña que nos transporta desde o Romantismo nórdico até a literatura de entre dous séculos e as vanguardas”.

-Fidel Vidal, “O saber de Manuel Antonio”, pp. 63-67. Comeza o artigo falando do ambiente cultural no Rianxo de comezos do século XX para continuar con diversas interpretacións da biografía de Manuel Antonio en clave psicolóxica (o papel do pai, da nai...), consideracións sobre o tratamento do sol en *De catro a catro*, a importancia do lugar de orixe e o goce que o saber provoca. Exemplifica tódolos comentarios con fragmentos da obra poética de Manuel Antonio.

-X. L. Axeitos, “De Jean Epstein a Manuel Antonio: A ironía como recurso”, pp. 83-86. No artigo analízanse os textos non poéticos de Manuel Antonio na procura de datos que confirmen que “esta vía reflexiva foi decisiva no tránsito da tradición á modernidade poética en Galicia”: Considérase que o manifesto *¡Más Alá!* reúne tódalas características propias deste xénero da vangarda destacando a influencia que tivo nestes textos teóricos a obra do francés Jean Epstein. Finalmente afirmase que toda esta obra teórica (o manifesto, artigos, etc.) vai constituí-lo prelude para o poemario *De catro a catro*.

-María Antonia Pérez, “Manuel Antonio: información e plástica do século XX”, pp. 88-90. Artigo centrado na relación de Manuel Antonio coas artes plásticas onde se revela que “non se lle advirte especial preferencia” por elas. Sen embargo, nas súas concepcións coincidiría coas vangardas de comezos de século. Manuel Antonio foi coñecedor da teoría da relatividade de Albert Einstein, a novidade da cal a autora do artigo relaciona coa da vangarda artística.



Finalmente, afirma que “Manuel Antonio, ó defender a innovación rupturista, a identidade nacional e o individualismo, tanto para as artes como para Galicia, reclama unha idea de futuro aberta e dinámica”.

-Eduardo Dieste, “Navegación de altura”, pp. 92-96. Fragmento da obra *Buscón Poeta y su teatro*, de Eduardo Dieste no que navegan Buscón e Manuel Antonio por alta mar e manteñen un diálogo no que intercalan recitados de poemas do rianxeiro e doutros poetas.

-X. L. Axeitos, “Un poema de Luís Seoane para Manuel Antonio”, pp. 97-98. Breve artigo que presenta un poema que Luís Seoane dedica a Manuel Antonio en 1933 e non está incluído na obra completa do primeiro. Como se afirma no texto, “o poema é un extenso diálogo co poeta morto a través dos seus versos máis coñecidos”, o que indica que Seoane coñecía ben a obra do rianxeiro. Reprodúcese o poema integramente.

-Xosé Manuel Fernández Costas, “Biografía”, pp. 99-102. A biografía de Manuel Antonio estrutúrase en tres apartados. O primeiro, titulado “1900-1913. A educación por influencia familiar”, vai dende o nacemento do poeta ata os seus primeiros anos de formación, marcada polo signo conservador da familia ante o que el se rebela. A morte prematura do pai supón un feito de importancia nos anos iniciais da vida de Manuel Antonio. O segundo apartado, “1913-1920. Bacharelato e toma de conciencia”, fala das súas primeiras tomas de contacto co entorno do nacionalismo e o comezo do desenvolvemento dunha actividade epistolar que non abandonaría ata a morte. O terceiro leva por título “1921-1930. As viaxes mariñas e a



consolidación do poeta” e recolle os acontecementos fundamentais na vida de Manuel Antonio (a publicación do manifesto e da obra *De catro a catro*, o asentamento no nacionalismo, a experiencia mariña) ata chegar a 1930, ano da súa morte.

-F. C./X. M., “Cronoloxía”, pp. 103-104. Cronoloxía que abarca dende o ano 1900 ata o 1930, anos entre os que viviu Manuel Antonio, e que recolle aqueles acontecementos máis destacables, dentro dos ámbitos cultural, político, etc., acaecidos no mundo.



Sixto Seco, A., *Entre Portas*, Santiago de Compostela: Editorial Compostela, Colección de Autores, nº 5, 1996, 96 pp. (D. L.: C-1268-1996).

Conxunto de 51 artigos que Agustín Sixto Seco (Mugardos-A Coruña, 1926) publicou entre o 22 de xuño de 1991 e o 27 de xullo de 1996. Entre a cincuenta de ensaios que tratan os máis diversos temas sociais, políticos e culturais do momento, cómpre sinalalos dedicados a figuras e acontecementos vencellados á literatura galega, como os titulados “Os elocuentes silencios de Ramón Piñeiro”, “Rosalía CX anos despois”, “Sempre houbo unha voz”, “Fuxindo do ‘lóstrego da tristura”, “Da ‘emigración’ á ‘galeguidade”, “Castelao, profeta laico”, “25 anos despois”, “Trasalba” ou “Romaría da galeguidade”.



Suárez Suárez, Manuel, *Lonxe de Montevideo*, Santiago de Compostela:

Coordenadas, 1996, 102 pp. (ISBN: 84-87222-19-6).

Conxunto de 40 artigos xornalísticos centrados na cultura do pobo uruguaio e a súa relación coa cultura galega, como por exemplo os textos “Dous cruceiros” ou “Un gaicho das terras de Ribadeo”. Contén, ademais, colaboracións sobre a presenza da comunidade galega no país hispanoamericano, como as tituladas “Montevideo, 30 de agosto de 1879”, “Os nosos retornados”, etc. O volume está prologado por Agustín Sixto Seco, quen comenta a peripecia vital de Manuel Suárez Suárez (Tines-Vimianzo-A Coruña, 1953) nas terras uruguaias e a súa volta definitiva a Galicia.

Recensións:

-Xosé M. Varela Varela, “Aproximación galega a Montevideo”, *A Nosa Terra*, nº 741, “Guieiro Cultural”, 29 agosto 1996, p. 24. Breve recensión da primeira obra do secretario técnico do Consello da Cultura Galega e coordinador do Patronato Rosalía de Castro, Manuel Suárez Suárez. Trátase do libro titulado *Lonxe de Montevideo* que recolle unha escolma de corenta artigos que o autor publicou en páxinas de diferentes xornais e na revista *Encrucillada*. Segundo o articulista, “o fío de recordo da súa experiencia como emigrante desde neno” é o que vai unindo este conxunto de artigos “unhas veces acentuados cun forte espírito crítico, outras adobados de nostálxia”. Así mesmo, Xosé M. Varela reproduce algunhas palabras do autor do libro que nos achegan un pouco á súa biografía, marcada pola súa condición de emigrante en terras uruguaias.



Tarrío, Anxo, *Recanto do Cataventos*, Santiago de Compostela: Editorial

Compostela, col. de Autores, nº 9, 1996, 94 pp. (D. L.: C-1276-1996).

Como nos outros títulos da “Colección de Autores”, dánse primeiramente unhas notas sobre o modo de facer do autor. Neste caso díse que Anxo Tarrío (Santiago de Compostela, 1945) leva ó diario uns escritos que constitúen un nexa de unión entre literatura e xornalismo e neles verque o seu saber, “ofrécenos claves coma quen cata o vento, que sen a súa axuda nos pasarían desapercibidas ós mortais”. Despois ofrécese datos biobibliográficos para rematar coa escolma dos artigos de opinión que Anxo Tarrío ten publicado habitualmente nos xornais *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, baixo o título “Recanto do cataventos”. Os artigos aquí seleccionados aparecen divididos nos seguintes bloques temáticos: “De libros” (sobre teoría literaria, autores, obras e historia literaria universal e galega; deles os relativos á literatura galega do ano 1996 aparecen descritos neste *Informe*, nos apartados correspondentes), “Música e arte” (artigos sobre pintores, exposicións e relacións entre música e literatura), “Lingua e país” (reflexións sobre a lingua como conformadora das estruturas mentais dos falantes e sobre a lingua popular, etc.), “Políticas” (cuestións de tipo político, social e actual, especialmente as relativas ó ámbito galego) e “Cousas miñas” (experiencias e percepcións persoais de diversos aspectos da realidade que lle preocupan a Tarrío).



Toro, Suso de, *Parado na tormenta*, Vigo: Galaxia, col. Agra aberta, nº 22, xullo 1996, 225 pp. (ISBN: 84-8288-061-6).

A medio camiño entre o ensaio e a reflexión literaria e acompañadas sempre dun contrapunto irónico que busca a complicidade do lector, Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) ofrécenos neste libro as súas opinións sobre Galicia en xeral e a literatura galega en particular. Os cambios sufridos na vida cotiá dos galegos, a chegada das novas tecnoloxías ou a inversión dos valores tradicionais son temas que se mesturan coas opinións sobre algúns dos autores clásicos da literatura galega, a reflexión sobre o feito literario ou a constitución de Galicia como nación.

Recensións:

-X. M^a de Castro Erroteta, "O valor de ser ti mesmo no medio da tormenta", *A Nosa Terra*, nº 736, "Guieiro Cultural", 25 xullo 1996, p. 24.

Mostrando a intención de Suso de Toro comeza Castro Erroteta unha análise detida da obra *Parado na tormenta*, obra segundo este último a cabalo entre a crónica e o ensaio filosófico. Comenta o crítico entre outros aspectos a fácil lectura da obra, gracias tamén á "excelente prosa de Suso de Toro e ise chisco de ironía" presente en todo o escrito. Continúa afirmando que se pode ou non estar de acordo co autor nas opinións expostas pero ninguén lle pode nega-la seriedade e rigorosidade das súas propostas. Remata sinalando que ademais da orixinalidade, esta obra ofréceno-la oportunidade de pensar.



-Xavier Castro R., "Estampas, palabras e evocacións", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 3 novembro 1996, p. 6.

Comeza o crítico afirmando que dende os seus primeiros traballos Suso de Toro é un narrador clave no grupo de creadores dos últimos tempos e que posúe un inconfundible estilo, se ben a súa obra resulta desigual canto á temática e á estrutura, pois este autor semella non deixar de experimentar coas distintas posibilidades que lle ofrece a palabra escrita. Respecto desta nova entrega da súa produción sinala que se trata dun deses traballos de pensamento e cavilacións que resultan sempre difíciles de clasificar. Remata recomendando unha lectura calma deste corpus multidisciplinar no que se constitúe *Parado na tormenta*.

-Xosé M. Eiré, "Gromos despois da tormenta", *A Nosa Terra*, nº 755, "Guieiro Cultural", 5 decembro 1996, p. 23. Recensión conxunta de *Parado na tormenta*, de Suso de Toro e *Gromos do pensamento*, de Domingo García Sabell, na que se pon en relación as dúas obras comparando os seus estilos e finalidades. Da primeira das obras citadas afirma o crítico que é unha reflexión fonda e actual, comprometida e sincera, sen precisar amparo bibliográfico, fronte á obra de García Sabell que é, nas súas palabras, "un exercicio de reflexión e abstracción mirando cara atrás, sen buscar nada profundo e orixinal". Dos dous títulos Eiré prefere o de Suso de Toro pola súa frescura, actualidade e dinamismo e rexeita a obra de García Sabell polo seu academicismo, o desmedido afán pola cita erudita e a atmosfera vella que o envolve. De *Gromos de pensamento* sinala ademais que é "unha seródia homenaxe a xente das Irmandades e de Nós" que chega "algo a destempo".



Referencias varias:

-A. G. N., "Susos de Toro presenta en Vigo su última obra *Parado na tormenta*", *Diario de Pontevedra*, 4 xullo 1996, p. 22. Breve comentario sobre a publicación da obra de Suso de Toro, *Parado na tormenta*, presentada na Fundación Penzol, en Vigo, polo escritor Carlos Casares, director de Galaxia, editorial encargada da súa publicación. Coméntase que *Parado na tormenta* é un libro de temática variada que vai "desde el sexo a la literatura y desde la televisión a la política", un libro "de pensamiento pero sin vocación sistemática, ni siquiera de coherencia teórica".

-G. G., "El Estado no va a solucionar el problema de la cultura", *Faro de Vigo*, 4 xullo 1996, p. 36. Con motivo da presentación en Vigo da última obra de Suso de Toro, *Parado na tormenta* (1996), o escritor pronúnciase sobre o panorama da narrativa galega actual e as modificacións que este sufriu nos últimos anos, e tamén sobre o papel das feiras do libro, a necesidade dunha cultura galega autóctona e plural e, finalmente, sobre o papel das institucións.

- Darío Janeiro, "Susos de Toro mira de fronte ós deuses", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 116, 11 xullo 1996, p. 5. Apunta Suso de Toro que tentou ensanchar-la literatura galega con problemas novos, tanto no terreo creativo coma no do pensamento, que queda reflectido, segundo manifesta o comentarista, nas súas últimas publicacións. Segue a dicir que o entrevistado, con Benjamin e coa escola de Frankfurt, fía a continuidade e a crítica da modernidade como eixe da súa obra. Indica que en *Parado na tormenta* (1996) tenta amosa-la necesidade dunha sociedade xusta dentro dun proceso histórico e cambia-la moral. O remedio da sociedade-masa, engade, está nunha cultura libre, aberta e nunca doutrinaria e que

o que busca neste libro é a conciliación de contrarios.



-Anxo Tarrío Varela, "Susos de Toro: Parado na tormenta", *O Correo Galego*, "Recanto do cataventos", 29 setembro 1996, p. 3. Refírese ó libro de Susos de Toro, *Parado na tormenta*, publicado por Galaxia, no que se reflexiona sobre o oficio de escribir e sobre moitos dos temas que atinxen á vida moderna, caracterizada polo consumismo e pola pasividade. Así mesmo, o articulista considera a Susos de Toro unha manifestación da teoría da "angustia da influencia", de Harold Bloom, no sentido de relación de atracción e de odio que De Toro sente con respecto ós clásicos, sobre todo Joyce e Cunqueiro. Deste xeito, explica Tarrío que Susos de Toro, exemplo de escritor novo que sente o peso da tradición literaria canonizada, ensaia unha teoría desviada (*misreading*) de Cunqueiro, a prol de loitar por se situar el mesmo no canon literario.



Torres de Aboal, Germán M., *Ó galego polo teatro*, limiar Xosé Filgueira

Valverde, Vigo: Ediciós do Cumio, 1996, 184 pp. (ISBN: 84-8289-025-5).

Libro formado por un conxunto de unidades didácticas que, en palabras de Xosé Filgueira Valverde, vén “enche-lo valeiro (*sic*) dunha “guía” para o Teatro Galego”. O traballo pretende, mediante a reunión de propostas e materiais diversos, supera-las deficiencias relativas ó estudio do teatro no ensino. A primeira unidade, “O teatro, ¿de que vai” ten un carácter introductorio, ofrecendo, xunto á titulada “A xeito de apéndice”, unha visión panorámica de diversos aspectos do feito teatral. A esta introducción seguen tres unidades que se ocupan do estudio do teatro galego nos séculos XVI, XVII e XVIII, respectivamente. “Coñecemos as institucións do teatro galego” ofrece unha útil información de actualidade. Pola súa banda, “Tentamos escribir e representar as nosas propias obras” expón propostas de escenificación. Finalmente, “Orientacións e guía para os mestres” inclúe orientacións diversas, solucionarios das actividades que figuran no libro, bibliografía e unha selección de 176 obras de teatro galego. Pechan o volume unhas breves conclusións, onde o autor reflexiona sobre a importancia do teatro na escola e o traballo que resta por facer no ámbito galego para a súa recuperación.

Recensións:

-Manuel Rodríguez, “O teatro é o parente pobre da literatura galega”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 96, 29 decembro 1996, p. 6.



Comentario da publicación do libro *Ó galego polo teatro*, de Xermán Torres de Aboal en Edicións do Cumio. O autor indica que se trata dunha guía didáctica destinada en primeiro lugar ós estudantes de ensino medio, pero que pode servir como guía do teatro galego porque recolle preto de 176 pezas da dramática galega que abrangue dende a Idade Media ata este século. O libro conta cun prólogo de Filgueira Valverde.



Tosar, Luís, *Estación marítima*, Vigo: Grupo de Comunicación de “Galicia en el Mundo”, 17 agosto 1996, 192 pp. (ISBN: 84-605-5166-0).

Conxunto de 61 textos de Luís Tosar (Buenos Aires, 1952) de carácter xornalístico -algúns deles publicados no semanario *Galicia en el mundo* entre 1993 e 1996- que teñen como tema común a emigración e as súas consecuencias. Os artigos aparecen agrupados en diversos epígrafes que responden ós títulos das seccións que o autor asina cada semana no mencionado xornal. Isto é “Nostalgias e reencontros”, “Presencias no espello” e “Do mito á realidade”. O compendio vai prologado por Damián Villalaín que considera ó libro “como unha deliciosa introducción a ese inmenso mundo da Galicia emigrante que Luís Tosar tan ben coñece e co que tanto se identifica”.

Referencias varias:

Alfredo Conde, “Recordatorio de que nós tamén somos emigrantes”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 22 setembro 1996, p. 48/p. 4. A propósito dos artigos que Luís Tosar escribiu en *Estación Marítima* sobre a emigración galega, Conde argumenta que a lectura destes artigos proporciona a posibilidade de recoñecérmonos e de constatar que a literatura fai válidos ós países.

38.

-Antón Fraguas Fraguas, “A estación marítima de Tosar”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 3 novembro 1996,



V.1. Monografías e libros colectivos

Con motivo da publicación do libro *Estación marítima* de Tosar, Fraguas despois de presentar unha breve síntese do labor literario do autor fai un pequeno resumo do contido de cada unha das partes do libro: *Nostalxias e Reencontros*, *Presencia no espello* e *Do mito á realidade*.



Varela Iglesias, José Luís, *Tradición e innovación en Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, col. Autoidentificación, nº 15, 1996, 63 pp. (ISBN: 84-88051-64-6).

Texto pertencente á conferencia de clausura do seminario *Cunqueiro e a Literatura fantástica*, celebrado en Poio no ano 1991. José Luís Varela (Ourense, 1924) estudia algúns trazos de estilo do escritor mindoniense, como a recorrencia ós “semínimas” cervantinos, o esteticismo helenístico, a importancia da memoria ou o carácter vangardista e innovador da súa obra.



Varela Rodríguez, M^a Olga, Xosé Manuel Eyré e Xosé M. Vélez, *Avelino*

Gómez Ledo no seu centenario, Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, 1996, 145 pp. (ISBN: 84-8192-066-5).

Volume saído do prelo con motivo do centenario do humanista e párroco chantadino Avelino Gómez, no que se reúnen tres traballos inseridos na dinámica cultural promovida pola Coordinadora de Asociacións Culturais de Chantada. O primeiro destes, pertencente a M^a Olga Varela, é un estudio bio-bibliográfico sobre o autor que se pecha con dous apéndices nos que se reproducen, respectivamente, o índice do arquivo do Mosteiro de Oseira e variada correspondencia e documentación. O seguinte traballo, de X.M. Eyré, “Notas para o estudio da poesía de Avelino Gómez Ledo”, procura situar “onde debe estar” un escritor “moitas veces inxustamente valorado”, divulgando as “orixes, contidos e forma” da súa obra poética, información acompañada dunha selección antolóxica. Por último, pechando o conxunto, X.M. Vélez analiza o labor de Gómez Ledo como traductor, sobre quen ofrece un amplo apartado bibliográfico.

Recensións:

-Nicanor Rielo, “Avelino Gómez Ledo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 14 xullo 1996, p. 19. Despois de lamentar a demora na publicación do libro *Avelino Gómez Ledo no seu centenario* que tería que estar nas librerías dende 1993, ano do centenario do escritor, Nicanor Rielo pasa revista ós estudos



“bastante superficiais” que acompañan a obra, da autoría de M^a Olga Varela, X.M. Eiré e X.M. Vélez. Continúa dicindo que da lectura do presente volume se poden tirar algúns detalles importantes da súa biografía e da produción inédita ademais da análise do seu quefacer poético e estilístico. A continuación, pásase revista a algunha das súas traducións como *Églogas de Virxilio*, daquela novidade por ser raro a tradución dun clásico, labor continuado despois da guerra con *Os catro libros das Xeórxicas* (1964) e *Escolma de poetas gregos e latinos voltos en linguaxe galega* (1973). A súa contribución ó eido da tradución pechouse con *O Novo Testamento* (1974). Deixounos tamén “un bo monllo de poemarios en galego” aínda que “o seu orgullo semellaba poñelo nas traducións”.



Vázquez, Dora, *A malpocadiña. Memorias*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1996, 78 pp. (ISBN: 84-87575-45-5).

Autobiografía da escritora Dora Vázquez (Ourense, 1913) na que fai un repaso á súa vida, na que salienta, dun xeito especial, a figura da súa irmá, tamén escritora, Pura Vázquez. Detense especialmente na súa nenez entre Ourense e A Coruña e no seu traballo como mestra entre 1934 e 1967.



Vázquez-Monxardín Fernández, Alfonso e Xoán Carlos Rivas Fernández,
(eds.), *Ramón Otero Pedrayo. Temas ourensáns. Escolma de traballos de investigación referidos a Ourense e as súas terras*, Ourense: Fundación Otero Pedrayo/Caixa Galicia, 1996, 343 pp. (ISBN: 84-605-5855 X).

Edición facsimilar dunha escolma de artigos de Ramón Otero Pedrayo sobre temas ourensáns. Ábrese o volume cunha presentación de Agustín Sixto Seco, Presidente da Fundación Otero Pedrayo e cun Limiar dos editores. Neste último salientase o carácter inédito destes vinte artigos, que non apareceran nunca, ata o de agora, recollidos en ningunha antoloxía da obra de Otero; ofrécese ademais unha presentación do contido dos textos e unha clasificación en bloques temáticos que abrangue os seguintes apartados: "reflexións xeográficas" -onde se inclúen cinco traballos-, "investigación e reflexión histórica" -onde se inclúen tres referidos ó mundo económico, sete de temática relixiosa, dúas notas sobre temas concretos de historia local e tres traballos dedicados ó século XIX na cidade de Ourense. O único texto no que Otero Pedrayo introduce referencias á literatura é "Formas y expresiones de la cultura en Orense durante el siglo XIX" (pp. 303-328), que foi publicado en *Cuadernos de Estudios Gallegos* no 1968. Neste artigo, repasa a vida cultural ourensá ó longo do XIX, dividindo o seu percorrido en dous apartados: ata 1850 e dende esta data ata final de século. Neles aborda a organización do ensino, nomea as imprentas existentes nesos anos e os principais persoeiros e libros publicados. Na segunda parte fai un percorrido pola vida literaria finisecular, centrándose na actividade de Lamas Carvajal, Curros



V.1. Monografías e libros colectivos

Enríquez, Valentín de Nóvoa, Saco e Arce Modesto Fernández y González, na creación do Instituto, da Biblioteca Provincial, da Escola de Artes e Oficios, etc. Pecha o volume un índice final no que se sinalan os lugares e datas de publicación de cada un destes textos.



Vieites, Manuel F., *Os vellos non deben de namorarse de Alfonso R. Castelao*, Vigo: Xerais, col. Unha lectura de..., 1996, 59 pp. (ISBN: 84-8302-014-9).

Guía de lectura na que Manuel F. Vieites propón un achegamento a *Os vellos non deben de namorarse* (1953) a través de sete capítulos. Nos tres primeiros (“Castelao: vida e obra”, “Castelao na creación dramática galega” e “Castelao e a creación dramático-teatral”), o crítico tracexa a peripecia vital e creadora -no eido político, plástico, narrativo e ensaístico- do escritor rianxeiro e analiza a súa relación co mundo do teatro. Nun cuarto capítulo -central da guía- acométese o estudo da peza teatral proposta pondo de relevo os antecedentes e fontes da mesma, a xénese do título, os temas centrais -amor e morte-, a trama e estrutura, os personaxes, a problemática social e o xogo de tradición e modernidade para, finalmente, trata-la lingua e o estilo do texto teatral. Tras esta análise intratextual, M.F. Vieites fai un recoñecemento extratextual da peza, a través das seccións “*Os vellos non deben de namorarse*: os espectáculos” e “Castelao escenógrafo”. Complétase a guía cunha selecta de textos críticos e unha bibliografía final.

Recensións:

-Carlos L. Bernárdez, “Manuel F. Vieites: *Unha lectura de... Os vellos non deben de namorarse*, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, nº 14, “Libros”, decembro 1996, p. 115.



Comeza sinalando que este libro abre unha nova colección de análise que Xerais dedica a “obras chave” da nosa tradición literaria cunha finalidade didáctica. De seguido, menciona que Vieites realiza unha aproximación á personalidade de Castelao, ademais de contextualiza-la súa produción dramática, periodiza-la historia do teatro galego en tres bloques: “precursores”; “dramática rexional” e “dramática nacional” e poñer de manifesto as conexións entre o teatro de Castelao e o de Otero Pedrayo. Salienta que se trata dunha “orixinal relectura” cun pormenorizado percorrido polo texto e cunha análise chea de suxestións.



Vilavedra, Dolores, “O bilingüismo como estratexia monolóxica nos albores da prosa galega de ficción (1880-1930)”, *Actas del X Simposio de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1996, pp. 483-495.

Breve percorrido por algún dos casos máis curiosos de bilingüismo da prosa galega de ficción para intentar demostrar que a caracterización lingüística dos textos non é resultado dun determinismo especular, senón un elemento máis do entramado social. Segundo Dolores Vilavedra (Vigo, 1963) o emprego do bilingüismo resultaría da implantación dun réxime axiolóxico monolóxico, vencellado ó proceso de estandarización da lingua galega. Dentro dese corpus destaca as obras da Colección Lar polo papel xogado na reactivación e modernización da prosa galega de ficción.



Villanueva, Darío, *O realismo marabilloso en Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, col. Autoidentificación, nº 11, 1996, 71 pp. (ISBN: 84-88051-60-3).

Texto da conferencia pronunciada por Darío Villanueva (Vilalba-Lugo, 1950) no seminario *Cunqueiro e a Literatura fantástica*, celebrado en Poio no ano 1991. O profesor analiza a relación narrativa de Cunqueiro co movemento que se deu en chamar “realismo marabilloso”, poñendo de relevo, ademais dalgunhas precisións teóricas sobre o termo, aqueles elementos que o mindoniense compartiu coa mencionada corrente, tales como os ideoloxemas de crónica, de marabilla e de mestizaxe, a tendencia á naturalización do insólito e a lóxica do absurdo.



Zubillaga Barrera, Carlos, *A prensa galega de inmigración en Uruguai*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de Cultura Galega no Exterior, xaneiro 1996, 223 pp. (ISBN: 84-87172-08-3).

Estudio sobre distintos aspectos da prensa galega feita en Uruguai polos emigrantes galegos durante os últimos anos do século pasado e os primeiros deste. O autor céntrase nos modelos xornalísticos empregados, no seu papel en canto a afirmación da identidade cultural galega e de defensa e organización dos emigrantes. Estudia ademáis a súa definición ideolóxica e política. Dedicada un capítulo ás polémicas ó redor do tema da lingua e outro á contribución desta prensa á difusión da cultura galega. Por último, inclúense tres apéndices: no primeiro aparece unha caracterización tipolóxica da prensa galega en Uruguai; no segundo ofrécense datos biográficos de directores e redactores que traballaron nos xornais e no terceiro, a modo ilustrativo, recóllense unha selección de artigos e editoriais.

Recensións:

-Rocío Fondevila Crespo, "A prensa galega de inmigración", *Lucensia*, nº 13 (vol. VI), 1996, pp. 398-399. Recensión desta obra de Carlos Zubillaga Barrera que estudia o papel da prensa galega de inmigración, particularmente referida ós galegos presentes en Uruguai. Na análise da obra destácanse catro tipos maioritarios de prensa galega: prensa correspondente ó xornalismo finisecular, prensa dirixida "a un



lector comprometido cunha serie de ideais”, prensa sen criterios editoriais definidos e prensa sen unha dirección ideolóxica clara. Entre as funcións deste xornalismo de inmigración figura o feito de que servía para aglutina-los inmigrantes, para potencia-las posibilidades económicas de Galicia ou “servir como firmación de identidade cultural”. Ademais, resultou de grande importancia a súa contribución no espallamento da cultura galega, “xa que funcionou como canle aberta entre Galicia e Uruguai”.



V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografía

V. 2. Monografías, reedicións e libros colectivos traducidos e noutras linguas



Armas Fonseca, Paquita, *Mouro, o eterno rebelde*, (*Moro: el gran aguafiestas*, 1989), trad. M^a Luísa Andrade Pérez, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Ensaio, n^o 65, 1996, 109 pp. (ISBN: 84-87847-68-4).

Traducción do estudio da profesora Paquita Armas Fonseca (Cuba, 1950) titulado *Moro, el gran aguafiestas* (La Habana, 1989). Neste estudio ofrécesenos unha aproximación á traxectoria máis persoal de Karl Marx, un percorrido polo seu amor á muller, Jenny, as relacións cos seus fillos, as penurias económicas, os seus coñecementos enciclopédicos sobre moi diversas materias e tamén as dificultades xurdidas ó longo da súa vida por mor das súas ideas políticas e económicas. O traballo da profesora cubana complétase cunha cronoloxía da vida do autor alemán e cunha breve biografía das persoas citadas no texto.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "Mouro, o vello Karl", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", n^o 110, 30 maio 1996, p. 6. Na opinión do crítico, este libro representa a descuberta do home Carlos Marx, aquela parte súa que non aparece nos libros de texto e que constitúe a faceta máis humana deste autor que realizou unha análise anatómica insuperable do capitalismo.



-Xosé Manuel Freire, "*Mouro, o eterno rebelde*", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXVIII, 8 xuño 1996, p. 3. Sinala Xosé Manuel Freire neste comentario á obra de Paquita Armas Fonseca, *Mouro, o eterno rebelde*, que a autora non profunda na figura do autor do *Capital* como pensador ou filósofo, senón como home. O crítico fai nas liñas seguintes un breve percorrido pola biografía de Karl Marx, a modo de resumo da obra, e remata apuntando que, na búsqueda do home esquece a autora subliña-lo contexto histórico no que "estaba asulagado".





Fernández Santander, Carlos, *Bibliografía de la novela de la Guerra Civil y el franquismo*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, 1996, 222 pp. (ISBN: 84-7492-792-7).

Deste estudio interesa especialmente o capítulo “Novelas con argumento gallego o de autores gallegos” (pp. 27-47) onde o autor glosa un total de vintecatro títulos pertencentes á literatura galega ambientados nos anos da Guerra Civil e inmediatamente posteriores. Son títulos publicados entre 1974 -*Memento de vivos*, de Alfredo Conde- e 1994 -*Semente de onte*, de Manuel Ángel Laxe Freire-.



Galicien-Zentrum der Universität Trier, *Buchbestand (1992-1996). Katalog der Bibliothek des Galicien-Zentrums*, Trier: Galicien-Zentrum, 1996, 562 pp.

Volume editado polo Galicien-Zentrum da Universidade de Trier de Alemaña, elaborado coa colaboración de Dieter Kremer, Franck Meyer, Ute Hafner, Isidoro Teira e Margarita Romero Lorenzo. Nel catalóganse tódalas publicacións existentes nas bibliotecas dos centros galegos en Alemaña. As publicacións en galego refírense á literatura e a outros aspectos relacionados coa investigación actual. No prólogo, Dieter Kremer anuncia que proximamente este catálogo poderá consultarse por Internet. A bibliografía preséntase dividida nos seguintes apartados: Xeral (bibliografías, enciclopedias, catálogos, etc.), Filosofía, Relixión, Estudos Sociais, Economía, Medicina, Arte e Cultura, Dereito, Educación, Ciencias Naturais, Física, Filoloxía e Estudos Lingüísticos, Historia da Lingua, Traducións, Historia e Xeografía.



Llorca, Vicenç, *O entusiasmo reflexivo. Metáfora e sentido na fin de século*. trad. Miguel Anxo Fernán-Vello, A Coruña: Espiral Maior, col Ensaio, nº 8, abril 1996, 82 pp. (ISBN: 84-88137-79-6).

Esta obra contén cinco ensaios escritos orixinariamente en catalán por Vicenç Llorca (Barcelona, 1965), reunidos e verquidos ó galego por Miguel Anxo Fernán-Vello, nacendo antes como obra publicada na nosa lingua que en catalán. O autor pretende facer “unha ampla reflexión sobre o significado de escribir a finais do século XX”. Profunda no estudio da metáfora literaria dende diversos puntos de vista e comenta o que esta ofrece ó coñecemento e á vida do ser humano. Sen perde-lo fío argumental da obra, tenta relacionar cada aspecto que trata coa corrente filosófica e co paradigma científico imperante na época.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Metáfora e modernidade”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 115, 4 xullo 1996, p. 6. Comeza este artigo presentando a Vicenç Llorca como “poeta fondo e reflexivo” que arroupa “o verso con linguaxe posmoderna”. Sinálase a continuación que a súa obra *O entusiasmo reflexivo*, traducida ó galego por Fernán Vello, ve a luz no noso idioma antes mesmo da súa publicación na versión orixinal en catalán. Segue a este comentario unha breve análise da estrutura e do contido da obra citada.





-M. R., "O galano do presidente Jordi Pujol a Manuel Fraga", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", 25 xullo 1996, p. 6. Conxunto de cinco ensaios nos que o autor desentraña, segundo se manifesta, dende un coñecemento profundo da estética e da poética, o fenómeno da creación literaria posto en relación coa filosofía e coa ciencia. Feito polo secretario da Associació d' Escriptors en Llengua Catalana foi traducido ó galego por Miguel Anxo Fernán-Vello.





Marco, Aurora (ed.), *Estudios sobre Mujer, Lengua y Literatura*, Santiago de Compostela: Universidade das Palmas de Gran Canaria/Universidade de Santiago de Compostela, 1996, 244 pp. (ISBN: 84-8121-524-4).

Volume patrocinado polo Departamento de Didáctica da Lingua e da Literatura, da Universidade de Santiago de Compostela, no que se recollen diversos traballos sobre cuestións de índole literaria, de índole lingüística e un caso práctico relacionado coa profesión docente que unha mestra evoca a través do seu diario persoal. É de salientar un traballo sobre a obra *La madeja*, de Sofía Casanova, realizado por Alfredo Rodríguez López-Vázquez e no que se refire á Literatura galega o realizado por:

-Araceli Herrero Figueroa, "La actriz en el teatro shakespeariano de Álvaro Cunqueiro", pp. 101-119. Análise da figura feminina no rol de actriz no teatro de Álvaro Cunqueiro. Comeza o artigo recollendo tres polémicas declaracións do autor nas que este manifestou a súa concepción da muller. De seguido, Araceli Herrero anuncia que o propósito da súa análise responde ó interese nun aspecto que, na súa opinión, non mereceu unha atención suficiente nos estudos que abordaron, entre outras, Carmen Blanco ou Luísa Blanco nos seus repertorios de protagonistas femininas nas obras de Cunqueiro. Para aborda-lo seu enfoque elixiu dous textos dramáticos do autor: *As crónicas de Sochantre* e *O incerto Señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, nos que en distintos momentos aparece o teatro dentro do teatro cando as protagonistas femininas se



converten en actrices. Trátase da “Función de Romeo e Xulieta, famosos namorados”, da novela *As crónicas do Sochantre* e da “Xornada terceira. Escenas I-III” do *Don Hamlet*, “momento en que la *troupe* de la Commedia Italiana se dispone a representar el drama que, escrito y dirigido por Don Hamlet, va a provocar la catástrofe identificadora y delatora del uxoricidio y fraticidio regios”. A articulista analiza as características das mulleres elixidas para desempeña-lo rol de actriz nestas dúas obras, Clarina e Colombina que representan a Xulieta e a Raíña Gerda respectivamente, a súa interpretación e función en escena e no marco xeral da obra e conclúe salientando que o obxectivo de Cunqueiro responde máis que a unha intención paródica dos personaxes shakesperianos, a un desexo de mitificar a estas dúas mulleres.



Nóvoa, María del Carmen, *Peregrinos esgrevios a Compostela*, prólogo Matilde Albert Robatto, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/Historia, 1996, 369 pp. (ISBN: 84-7492-789-7).

No prólogo, Matilde Albert cualifica a *Peregrinos esgrevios a Compostela* como “un intento de achegarse a un mito no seu espacio histórico-xeográfico”. Louva o traballo de María del Carmen Nóvoa polo grande coñecemento dos temas que trata e pola boa fundamentación documental. A obra estrutúrase en seis capítulos titulados, cada un deles achéganos a un aspecto do fenómeno xacobeo. No primeiro tenta situar ó lector na cidade de Santiago, fala da súa historia, da arte e da cultura. Nun apartado deste capítulo inicial aborda “a evolución literaria de Galicia e as peregrinaxes”, céntrase en demostra-la importancia da cidade compostelana na nosa literatura medieval. Nos dous capítulos seguintes trata o tema do culto ó Apóstolo e a figura do peregrino: motivacións, vestimenta, etc. A parte máis extensa do libro está ocupada coa descrición das distintas rotas (cap. IV) e cun percorrido pola historia das peregrinaxes (cap. V), deténdose nas visitas que personaxes históricos fixeron a Compostela. Péchase *Peregrinos esgrevios a Compostela* cunha análise da influencia que a capital de Galicia segue exercendo no mundo.



Recensións:

-Francisco Carballo, "Peregrinaxe e peregrinos a Compostela", *A Nosa Terra*, nº 750, "Guieiro Cultural", 31 outubro 1996, p. 23. Comenta no inicio deste artigo Francisco Carballo o interese da autora pola cultura galega e dos países atlánticos. Do volume *Peregrinos esgrevios a Compostela* (1996) salienta o crítico a fácil lectura que engancha ó lector e analiza brevemente a súa estrutura e temática. Señala a mestura entre historia e lenda que dá como resultado un "envurullo ameno, fermoso" pero que tamén "deixa un sabor de boca a embarazo; a lenda é a caricatura da historia". A continuación apunta unha serie de inexactitudes presentes no texto. Conclúe esta recensión recomendando a lectura a quen saiba separar "a folla da froita".



Noya, Juan, *Fuxidos. Memoria dun republicano galego perseguido polo franquismo*, versión galega Xosé Manuel García Crego, prólogo Xesús Alonso Montero, fotografías Manuel Bragado, Vigo: Xerais, col. Crónica, 1996, 356 pp. (ISBN: 84-8302-019-X).

Segunda edición das memorias de Juan Noya Gil (1900-1989), publicadas por primeira vez en castelán, no ano 1976 na editorial Texto de Caracas. O texto leva un prólogo de Xesús Alonso Montero, que saúda con ledicia a reedición do libro en versión galega e lembra ó seu autor como un home “republicano de razón e de corazón”. Reprodúcese tamén o prólogo da primeira edición, asinado por Celso Emilio Ferreiro, no que o poeta sinala o valor testemuñal desta obra, que vai destinada a todo tipo de lectores, porque Juan Noya “escribe case como fala, cousa boa para as entendedeiras de todos: xente culta ou menos culta, habitantes do val e da montaña”. Destaca tamén a mestura de historia real e mito e as experiencias vividas polo autor durante a guerra, relatadas de xeito “sereno e obxectivo, pero non amnésico” e “sen ánimo de vinganza”. De seguido, dan comezo as memorias de Juan Noya, nas que este ofrece unha panorámica da vida cotiá de A Guarda durante as primeiras décadas do século XX, vila á que estivo sempre profundamente unido e na que levou a cabo, con entusiasmo, actividades de diversa índole (culturais, deportivas, sociais, políticas, etc.). Centra a súa atención, sobre todo, na vida política anterior ó alzamento do 36 e nas consecuencias da sublevación e relata con detalle a súa experiencia como *fuxido* polos arredores de A Guarda, o período que permaneceu agachado para



V.2. Monografías, reed. e libros colectivos traducidos e noutras linguas

escapar das mans dos falanxistas e as penurias vividas pola súa familia. Juan Noya lembra a todos aqueles que perderon a vida nestes anos pola defensa dos seus ideais e ademais inclúe, no medio do relato, algúns documentos que serven de apoio ó seu cadro autobiográfico.

Referencias varias:

-Xan Carballa, "Luís Noya: En *Fuxidos* papá conta as memórias dun republicano honrado que non renunciou ás suas ideas", *A Nosa Terra*, nº 742, "Galiza", 5 setembro 1996, p. 9. Luís Noya fai nesta entrevista unha semblanza do seu pai Xoán Noya, autor de *Fuxidos*, obra que recentemente vén de se reeditar. Conta Luís Noya como convenceron ó seu pai para que todas aquelas vivencias que el contaba se converteran nun libro. Despois fai un percorrido pola vida de Xoán Noya salientando a súa orientación de esquerdas, liberal e sempre preocupado polos aspectos sociais.



Pardo de Andrade, Manuel, *Semanario político, histórico y literario de La Coruña (1809-1810)*, edición facsimilar, selec. e introd. M^a Rosa Saurín de la Iglesia, A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, conde de Fenosa”, col. Ilustrados, sociólogos y economistas gallegos, 1996, 2 vols., 1224 pp. (ISBN da obra completa: 84-87819-91-5; ISBN do volume I: 84-87819-92-3; ISBN do volume II: 84-87819-93-1).

Reproducción facsimilar dos 51 números do *Semanario político, histórico y literario de La Coruña*, repartidos en dous tomos: o primeiro inclúe os vinte e cinco números iniciais e o segundo os vinte e seis restantes. É presentado por Xosé Filgueira Valverde cun artigo en castelán no que fai unha louvanza do traballo da doutora Saurín por ofrecer unha visión plena e obxectiva da personalidade de Pardo de Andrade (San Martiño de Dorneda-Oleiros. 1760-París, 1832). Fai ademais unha comparación entre os xornais dos primeiros anos do século XIX e o *Semanario*. Na introducción, tamén en castelán, M^a Rosa Saurín contextualiza histórica, social e politicamente a época na que se publicou este semanario. Revisa a traxectoria e a evolución intelectual de Pardo de Andrade, e explica os principais problemas cos que se encontrou á hora de realizar este facsímil.



Polín, Ricardo (ed.), *Álbum de Galicia. Os galegos pintados por si mesmos.*
A muller tradicional, Humanes (Madrid): Xerais/Caixavigo, novembro 1996,
166 pp. (ISBN: 84-8302-064-5).

Ábrese esta obra cun “Introito” no que se explica o nacemento, a mediados do XIX, da sociedade madrileña “Galicia Literaria”, no seo da cal nace o proxecto de escribir unha obra *Los gallegos pintados por sí mismos*, que tiña como obxectivo a publicación dunha colección completa de tipos do país mediante cadros de costumes de autoría galega. Dáse conta dos motivos que levaron á desaparición da sociedade e ó fracaso do proxecto, retomado anos máis tarde por Victorino Novo co título *Álbum de Galicia. Tipos, costumbres y leyendas*, onde tratou de resucita-la idea inicial de escribir un libro que retratase ós galegos. De seguido dedícase un apartado, titulado “Os galegos pintados por si mesmos”, a salienta-la importancia que ten para os galegos o feito de recuperar un proxecto histórico, fin fundamental desta obra. De seguido comeza a parte chamada “A muller tradicional”. Tras unha poesía de Rogelio Rivero e outra autógrafa de Maruxa Villanueva dedicada a Rosalía, inclúese unha presentación na que se fai referencia a aspectos culturais da época na que foron escritos os artigos que se reproducen e se explica o porqué da selección de artigos referidos á muller galega. Segue un prólogo de Carmen Blanco no que presenta os artigos e subliña a riqueza e variedade da “rebordante paisaxe materna”. A continuación reproducense os artigos na súa lingua orixinal con indicación do medio no que viron a luz por primeira vez. Estes artigos van acompañados de anotacións e precedidos de citas. Corresponden a Emilia Pardo



Bazán, “La Gallega”; a Manuel Curros Enríquez , “La Señorita de Aldea”; a Lisardo Barreiro, “Las mujeres del barco”; a Manuel Curros Enríquez, “La mujer gallega”; a Filomena Dato Muruais, “La costurera de aldea. Costumbres de Galicia”; a Fernando Fulgosio, “La mujer de La Coruña”; a Manuel Vázquez de Parga, “La mujer de Lugo”; a Manuel Murguía, “La mujer de Orense”; a Claudio Cuveiro, “La mujer de Pontevedra”; a Emilia Pardo Bazán, “La cigarrera” e a Ángela R. de B. y B., “La Pontevedresa”. Ó longo de todo o volume inclúense ilustracións de mulleres recollidas da prensa e de obras da época.



Savater, Fernando, *Ética para o meu fillo*, (*Ética para Amador*, 1991),
trad. Xavier Senín Fernández, Barcelona: Ariel, nº 141, xaneiro 1996, 187 pp.
(ISBN: 84-344-1139-3).

Neste libro, Fernando Savater pretende ofrecerlle ó seu fillo Amador, de algo máis de quince anos, unha serie de reflexións sobre a vida e sobre a maneira de vivila. Inicia a obra cun breve “aviso antipedagóxico” e un “prólogo”, nos que afirma que non se trata dun “manual de ética para alumnos de bacharelato” e recorda que o obxectivo da ética “non é fabricar cidadáns ben pensantes (e aínda menos malpensados) senón estimula-lo desenvolvemento de librepensadores”. Ó longo dos trece capítulos seguintes, intenta defini-la ética e a diferenza existente entre face-lo que un quere e levar unha boa vida, tendo en conta a responsabilidade derivada da liberdade humana. Cada capítulo remata cunha serie de fragmentos de diversos pensadores (Séneca, Aristóteles, Rousseau, Spinoza, Tomán Moro, entre outros) sobre algún aspecto relacionado coa arte de vivir. Así mesmo, introduce exemplos de personaxes da Biblia e da literatura universal como Saúl, Xacob, O Ricardo III de Shakespeare ou o Robinson Crusoe de Daniel Defoe e remata cun epílogo, no que lle recomenda ó seu fillo que este libro non ten por qué “tomalo demasiado en serio. Entre outras cousas porque a ‘seriedade’ non soe ser un sinal inequívoco de sabedoría (...)”.



Recensións:

-Luís Ventoso, "Savater se estrena en gallego", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano I, nº 49, 1 febreiro 1996, p. 9. Con motivo da tradución ó galego da obra *Ética para o meu fillo*, de Fernando Savater, recóllense declaracións do escritor acerca da orixe da obra e do público ó que vai dirixida. Ademais inclúense as súas opinións sobre o feito de que se traduza ó galego, unha iniciativa que lle agrada. Declárase lector de Cunqueiro e Rosalía aínda que manifesta ter algunha dificultade coa lingua. Por último, sinala a relación de *El mundo de Sofía*, de Gaarder coa súa obra.





V.3. Publicacións en revistas

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografía

V. 3. Publicacións en revistas



Abelaira, Anxo, “A materia de Bretaña en Galiza”, *Galiza-Breizh*, nº 6, outono 1996, pp. 3-4.

Traza unha panorámica histórica do cultivo da materia de Bretaña en Galicia. Primeiramente explica a chegada desta temática a Galicia apoiándose na conservación no museo da catedral de Santiago dunha columna da antiga fachada onde se representan varias pasaxes da vida de Tristán, o que revela que xa por volta de 1105-1110 se coñecía en Galicia. A seguir, comenta a situación desta corrente narrativa durante os séculos escuros e o seu cultivo en Castela para, a continuación, centrarse na influencia da materia de Bretaña na literatura galega oral deste mesmo período. Finalmente, cita algúns autores da narrativa galega deste século que cultivaron nalgunhas das súas obras esta temática como Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro ou Xosé Luís Méndez Ferrín.



Agra, M^a Xosé, "O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo", *Anuario de Estudos Literarios Galegos 1995*, "Libros", Vigo: Galaxia: xuño 1996, pp. 193-195.

Recensión sobre *O contradiscurso das mulleres* (1995), de Carmen Blanco. M^a Xosé Agra, tras expoñe-los contidos fundamentais do volume, sinala que, na súa opinión, as páxinas máis interesantes son as dedicadas á historia do feminismo en Galicia e Portugal e as que se centran nas etapas e criterios metodolóxicos da crítica literaria feminista. Conclúe destacando que esta contribución de Carmen Blanco enche un baleiro e rompe co silencio ó que foi sometido durante séculos o discurso das mulleres.



Alonso, Fernando, “Necesidade e persistencia da arte total”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, nº 13, xullo 1996, pp. 56-67.

Breve artigo no que se fai un percorrido pola formulación da arte total. Distínguense catro momentos fundamentais: a traxedia grega na Antigüidade, a misa durante a Idade Media e o Renacemento, a ópera dende 1600 ata a Primeira Guerra Mundial e, finalmente, a arte cinematográfica nos nosos días.



_____, “Centro Dramático Galego. 1996-1997: Nova temporada novas incorporacións na dirección e no reparto”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, nº 13, xullo 1996, pp 75-78.

Neste breve artigo dáse conta das obras representadas polo Centro Dramático Galego no primeiro semestre do 1996: *Nau de Amores* e *Hostia* e anúnciase a programación para o 96/97: *Como en Irlanda*, *Lisístrata* e *O peregrino errante que cansou ó demo*. Fálase das novas incorporacións ó Centro e, ó mesmo tempo, dáse conta da creación da rede galega de teatros e auditorios das sete grandes cidades, co fin de mellora-la difusión e a produción do teatro, da música e da danza e facilita-lo intercambio e as xiras das compañías.



Alonso, Francisco, “A normalidade da literatura galega”, *Dorna*, nº 22, outono 1996, pp. 133-139.

Comeza este estudio caracterizando a actual situación da literatura galega como de “normalización literaria”, particularización que se opón ó concepto de “normalidade literaria”. Fran Alonso sinala como unha das principais características da nosa narrativa a busca de normalidade e relaciona este aspecto non coa calidade da nosa literatura, senón coa actitude con respecto ó acto creador e a súa recepción na sociedade. Salienta que ata hai pouco o que predominaba era un lector intelectualizado e reducido, que respondía, sobre todo, a determinadas claves políticas. Posteriormente, factores como a aparición do público escolar, os cambios sociolóxicos ou a irrupción de novas xeracións permitiron a apertura temática e de actitude cara á nosa narrativa. Continúa dicindo que a nova xeración de narradores se caracteriza por unha prosa moito máis urbana, moderna pola forma de narrar non polo que narra. A seguir salienta, entre as características da nosa actual narrativa, a convivencia de varias xeracións e a presenza da narrativa de xénero (negra, erótica, fantástica, ciencia-ficción ou infantil), factores que apuntan a unha normalidade literaria. Así mesmo, destaca o desalento “porque o camiño da normalidade literaria nunca terá fin ata que a situación da lingua non estea tamén normalizada” e a existencia de factores, como os índices de lectura ou as tiradas dos libros, moi difíciles de sobrepasar. Apunta como posibles culpables ós propios escritores e ó perigoso concepto de “bilingüismo harmónico” da Xunta de Galicia. Finalmente subliña o feito de que, por vez primeira, se está a producir un enfrontamento xeracional no terreo da poesía e da narrativa, ó tempo que, irrompe no noso panorama unha crítica rigorosa. Con respecto a este último punto, indica a necesidade de



que a mesma estea exercida por persoas competentes, xa que non pode existir só a crítica por intuición. Remata este estudio sinalando a necesidade de que os escritores galegos, vascos e cataláns creen un fluído de traducións entre a nosas linguas coa pretensión de rachar fronteiras.



_____, “A anormal normalidade da literatura galega”, *Galicien Magazin 2*,
Galicien Zentrum: Universidade de Trier, outubro 1996, pp 19-21.

Despois dunha breve reflexión acerca da condición do escritor, o autor pasa a analiza-las características da narrativa galega actual. Vincula a normalidade da literatura coa normalidade da lingua, reflexiona sobre o conflito xeracional, reclama a necesidade en Galicia dunha crítica literaria seria e destaca, sobre todo, a diversidade da literatura galega na que conviven obras de xeracións moi diferentes e as máis variadas correntes estéticas.



Alonso Montero, Xesús, “Cinco anos de estudos literarios”, *Cuenta y razón del pensamiento actual*, nº 97, marzo-abril 1996, pp. 92-93.

Ofrece unha breve panorámica sobre a literatura galega nos últimos cinco anos. Afirma que se trata dun período rico en ensaios e estudos literarios; salienta a importancia e a transcendencia do día das Letras Galegas para a produción editorial; cita a revista *Anuario de Estudios Literarios Galegos* dirixida, dende 1992, por Xoán González-Millán e Dolores Vilavedra; menciona, así mesmo, o *Boletín Galego de Literatura*, dirixido polo profesor Anxo Tarrío e recorda a existencia doutras revistas literarias como *Grial*, dirixida por Carlos Casares e *A Trabe de Ouro*, por Xosé Luís Méndez Ferrín. Recorda a publicación dalgúns estudos literarios sobre autores galegos como o de Gonzalo Allegue sobre Blanco-Amor, o de Ramiro Fonte sobre Bouza-Brey ou o de Román Raña sobre Iglesia Alvariño. Ademais, destaca a celebración, nestes cinco anos, de numerosos congresos literarios e a publicación dalgúns obras como a edición crítica de *Sempre en Galiza*, de Castelao, no ano 1992 e o *Diccionario de Literatura* (1995), coordinado por Dolores Vilavedra. Alude, por último, á creación, no ano 1994, do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”.



_____, “Himno Galego”, *Revista Galega de Educación*, nº 26, “Hemeroteca”,
abril-maio-xuño 1996, p. 97.

Reproducción dun artigo publicado por Xesús Alonso Montero en *La Voz de Galicia* no que expón a súa opinión sobre as características do himno galego. Afirmo que debería explicarse nas escolas, nos institutos e nas facultades xa que se trata dun texto moi rico en recursos literarios. Cita a importancia do traballo do profesor Manuel Ferreiro, titulado *De Breogán aos pinos. O texto do Himno Galego*.



_____, “O *Soneto Neo-Latino* (Vila Nova de Famalição, 1929-1933): estudio dunha revista poética singular, especialmente das colaboracións galegas”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Estudios”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 11-37.

Neste artigo, Xesús Alonso Montero estudia a relevancia da publicación *Revista Internacional. O Soneto Neo-Latino. Florilégio de sonetos inéditos das linguas latinas e suas afins*, editada en Vila Nova de Famalição entre 1929 e 1933. Cre que esta revista é “única na historia da hemerografía literaria mundial” e ofrece datos sobre os seus distintos editores e directores, sobre os contidos e cronoloxía dos sete números existentes, sobre os obxectivos da revista fundamentalmente potencia-la publicación do soneto nas linguas románicas-, e sobre os seus principais colaboradores. De seguido, analiza pormenorizadamente os nove sonetos en lingua galega publicados nesta revista portuguesa, dos que son autores Noriega Varela -“Sorrisos d’elas”-, Otero Pedrayo -“Bétula fidelis”, “Canción d’outono”, “Badalada d’outono” e “Na coba de Rosalía”- e Aquilino Iglesia Alvariño -“Os vencidos”, “A ti, soneto triste”, “Usque-quo, domine...?” e “Camiños do mar”.



_____, “O idioma galego en edicións polilingües, quer como lingua orixe, quer como lingua termo (1787-1995)”, *Viceversa*, “Teoría e historia da traducción”, nº 2, 1996, pp. 11-36.

Alonso Montero analiza a presenza do galego en volumes que conteñen un texto en edición polilingüe, dende o Rexurdimento ata hoxe en día. Neste catálogo ilustrado figuran tanto textos bíblicos e relixiosos (o *Pater Noster*, 1787; as parábolas do fillo pródigo e do sementador, 1857; o *Magnificat*, 1887, etc.) coma textos laicos (o poema “Zara”, 1894, de Antero de Quental; cinco *Epodos* de Horacio, 1910), e textos de diversos trovadores, de Castelao e de Curros Enríquez, nos que o galego é a lingua de partida destas edicións polilingües.



_____, “A sonetística do franquismo”, *Ferrol Análisis*, nº 10, decembro 1996,
pp. 150-153.

Con motivo da próxima publicación de *Os poetas galegos e Franco*, o autor, Xesús Alonso Montero, fai unha descrición xeral das composicións dedicadas ó xeneral Franco, centrándose especialmente nos sonetos. Atribúe o gusto do réxime por este tipo de composicións á presenza abundosa das mesmas durante a época imperial (século XVI), etapa esencial da historia de España para a ditadura. Compara as composicións laudatorias coas críticas, e achega unha lista de autores deste tipo de poemas, salientando a presenza de galegos nos dous bandos.



_____, “Antero de Quental (1842-1891) traducido polo poeta galego Manuel Curros Enríquez (1851-1908)”, *Revista de Guimarães*, vol. 102, ano 1992, 1996, pp. 309-318.

O profesor lembra o interese que o poeta galego sentiu polas letras portuguesas que o levou a facer numerosas traducións de varias obras de autores do país veciño entre os que se atopan Antero de Quental por quen, segundo as citas que se recollen, sentiu unha profunda admiración. Deste poeta portugués Curros traduciu ó español “Elogio da Morte” e ó galego “Zara”. Ámbalas dúas traducións, xunto cos orixinais portugueses, aparecen recollidas no artigo, onde se comentan, ademais, outras particularidades de ditas traducións. Por último, sinálase a presenza de Antero de Quental e os seus libros en Galicia e a influencia exercida sobre poetas galegos como Aquilino Iglesias Alvariño e Antonio Noriega Varela.



Alonso Nogueira, Alex, “¿Que me queres, amor?”, *Grial*, nº 130, Tomo XXXIV, abril-maio-xuño 1996, , 1996, pp. 260-262.

Recensión da obra *¿Que me queres, amor?* (1995), de Manolo Rivas, considerada por Alex Alonso Nogueira como “unha das obras sobranceiras do último ano narrativo”. Este recoñece na obra “trazos (...) axiais” das súas “creacións precedentes: a presenza do máximo e, ó tempo, o exercicio dun realismo cotián”. O universo familiar, e principalmente a infancia - “como relato dunha imaxe activada pola memoria ou coma tropo cargado de significación”-son, en palabras do autor, “espoleta” que fai “estoupar o texto”. Nesta liña, Alex Alonso salienta a importancia de dous relatos : “A luz de Yoko” e “A lingua das bolboretas”. Nunha breve incursión nos aspectos técnicos interpreta a obra como “un reto narratolóxico”. O recensionista pecha o artigo cunha invitación á reflexión sobre dúas cuestións: o tópico do “realismo máximo” na literatura galega e a abundancia, en número e calidade, de libros de relatos no eido galego, en detrimento do cultivo da novela longa.



Alonso Blázquez, Perla, “Alba e o facsímile”, *Festa da Palabra Silenciada*, “Temas varios”, nº 12, 1996, pp. 61-63.

Con motivo da publicación da edición facsímilar da revista *Alba* (1995) polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, Perla Alonso destaca a presenza de mulleres nesta revista. Entre elas, menciona a Luz Pozo, Pura Vázquez, Mercedes Ruibal, María Antonia Dans, Suzana Rodrigues, Trina Mercader ou Concha Zardoya. Compara *Alba* con outras revistas similares como *Garcilaso*, *Espadaña*, *Cántico* ou *Platero* e destaca a súa universalidade, manifesta en dar a coñecer ós escritores e escritoras galegos fóra do seu ámbito e en divulgar noticias sobre libros de recente aparición e obras de autores estranxeiros. Refírese tamén e dun xeito especial, á presenza nas páxinas de *Alba* de Elena Quiroga e lamenta que os responsables da publicación non inclúisen algunha colaboración das escritoras galegas.



Álvarez Cáccamo, Xosé María, “Ovos raros de galiña. O meu galeusca doce”,
Ar!, “Cultura”, nº 6, inverno 1996, pp. 50-51.

Comentario das actividades que se desenvolveron no XIIº Encontro Galeuzca, celebrado nas cidades da Coruña e Betanzos entre os días 8 e 10 de decembro de 1995. Nas sesións, onde se trataron temas como o da influencia da emigración e o exilio sobre a literatura, participaron Xosé Neira Vilas, Luz Pozo Garza, Fermín Bouza Álvarez, Pilar Vázquez Cuesta, Carlos Bernárdez, etc.



Álvarez Núñez, Sabela, “O contradiscurso das mulleres de Carmen Blanco”,
Festa da Palabra Silenciada, “Crítica”, nº 12, 1996, pp. 78-81.

Recensión de *O contradiscurso das mulleres* (1995), de Carmen Blanco. Sabela Álvarez Núñez refírese á súa estruturación en dúas partes, que afondan na oposición “discurso androcéntrico” fronte a “contradiscurso feminista” e ó percorrido realizado por Carmen Blanco pola historia do movemento feminista, do que a articulista resume os principais contidos. Destaca, sobre todo, os apartados dedicados ó caso galego, “onde contaba cun total baleiro sobre o tema” e conclúe mencionando “o grande valor desta historia do feminismo en Galicia”.



_____, “Mulleres e independencia de Carmen Blanco”, *Festa da Palabra Silenciada*, “Crítica”, nº 12, 1996, pp. 82-83.

Comentario centrado no volume de Carmen Blanco, *Mulleres e Independencia* (1995), que reúne un conxunto de artigos da autora xa publicados en diversos xornais e revistas e outros inéditos. De entre todos eles, Sabela Álvarez salienta os pertencentes ó “Suplemento de Cultura” e á sección “Lilith” de *La Voz de Galicia*, onde colaboraron “mulleres ligadas ao feminismo independente galego”. Ademais, a articulista alude á estruturación do libro e ó tema común que une estas reflexións, ofrecendo “unidade temática ó libro”, a independencia das mulleres, e detense nalgúns deles para analiza-los seus principais contidos.



Álvarez Ruíz de Ojeda, Victoria, “Sobre a “demisión” de Rosalía: unha carta inédita de Manuel Murguía”, *Grial*, nº 131, Tomo XXXIV, xullo-agosto-setembro, 1996, pp. 389-394.

Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda recolle neste artigo unha carta inédita sobre a chamada “demisión de Rosalía”. O traballo divídese en tres apartados. O primeiro deles, “Rosalía e a primeira antoloxía da poesía galega contemporánea”, fai unha descrición do volume *Colección de poesías gallegas d' algúns autores* (1882) do autor pontevedrés Francisco Portela Pérez. A obra é a “primeira antoloxía da poesía galega contemporánea”. A autora salienta do mesmo o feito de que non se recolla nela a Rosalía de Castro. O segundo apartado, “Manuel Murguía escribe a Portela Pérez”, pretende dar luz a este feito ó reproducir unha carta de Manuel Murguía dirixida ó antólogo. A carta, datada en Madrid o 3 de abril de 1882, transmite o desexo de Rosalía de non ser incluída nesta antoloxía “por razones de índole privada”. A autora relaciona esas razóns persoais coa polémica que suscitara en 1881 a publicación da poetisa galega do seu artigo “Costumbres gallegas”. Un terceiro apartado dedicado á vida e á obra de Portela Pérez “Algo máis sobre Portela Pérez” pecha o artigo.



Andrade, Marisa, “Unha nova e interesante visión da obra de Álvaro Cunqueiro”, *Festa da Palabra Silenciada*, “Crítica”, nº 12, 1996, pp. 86-90.

Comentario centrado no estudio de Ana María Spitzmesser, *Álvaro Cunqueiro: La fabulación del franquismo* (1995), que constituíu a tese de doutoramento da autora. Marisa Andrade salienta a “insólita” visión deste enfoque, que intenta “descubrir o trasfondo ideolóxico” que subxace á obra de Cunqueiro, “desmentindo así o carácter escapista e meramente fabulador do escritor mindoniense”; así mesmo sinala que Spitzmesser relaciona a obra do escritor co contexto social no que se desenvolveu, “a longa noite de pedra do franquismo”, seguindo tres puntos de análise: o nivel histórico, o social e o formal. De seguido, a articulista refírese á atención prestada por Spitzmesser á subversión dos códigos nas distintas obras de Cunqueiro, aspecto visible na dislocación da estrutura, na parodia, nas metamorfoses dos personaxes, etc., e á súa habilidade para facer manifestar implicitamente “o inconsciente político reprimido”.



Angueira, Anxo, “Millán Picouto: *Prisciliano en Tréveris*”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio-xuño 1996, pp. 137-138.

Salientando a figura de Prisciliano e a súa influencia na nosa cultura comeza esta breve recensión da obra *Prisciliano en Tréveris* (1995), de Millán Picouto. Continúa o crítico sinalando que o ámbito literario no que tivo máis eco a figura de Prisciliano foi no teatral e así ás obras anteriores hai que engadir esta nova peza “singular e magnífica”. A estrutura da obra, o tema e o intento de sintetizar e defini-los principais riscos ideolóxicos do priscilianismo son algúns dos puntos tratados. Por último, Anxo Angueira destaca a concepción estética que o autor desprega construíndo unha peza a modo de traxedia clásica.



Araguas, Vicente, “Galicia: comienzo movido”, *Leer (El Magazine Literario)*, nº 80, inverno 1996, pp. 107-108.

Ofrece un breve panorama da situación da literatura galega durante o ano 1996. Alude, en primeiro lugar, á celebración, en Compostela, do Congreso da Asociación de Escritores en Lingua Galega; cita a homenaxe a Manuel María, na Coruña; inclúe un comentario sobre a novela de Xurxo Borrazás, *Criminal* (1994), galardoada co Premio da Crítica e fala sobre a traxectoria literaria de Luís Rei Núñez, citando a súa obra *Irmán Fisterra* (1995). Para rematar, cita algunhas obras destacadas no panorama editorial galego dos últimos tempos como a reedición da obra *Elipsis e outras sombras* (1995), de Méndez Ferrín, *O Capitán Lobo negro* (1995), de Xesús Manuel Valcárcel e *O Catapulta* (1995), de Alfonso Álvarez Cáccamo.



_____, “Valle-Inclán: El Rostro, la máscara, la persona”, *El Urogallo* (Revista literaria y cultural), nº 119, abril 1996, pp.60-62.

Vicente Araguas compara a Valle-Inclán con James Joyce e reclama maior atención para o escritor galego, critica que o seu estudio siga sendo anecdótico. Para cubrir ese oco, comenta a aparición do libro: *Valle-Inclán: El teatro de su vida*, versión española de M^a Luz Valencia, traducida da orixinal inglesa de Robert Lima. Sen nega-la importancia do traballo de Lima, matiza, precisa e corrixe algúns detalles que considera errados.



_____, “Galicia. Tempo de catálogos”, *Leer (El Magazine Literario)*, nº 82, primavera 1996, pp. 79-80.

Artigo no que se presenta un panorama da literatura galega nos últimos tempos. Cita a publicación do *Diccionario de Literatura Galega* (1995), da editorial Galaxia, coordinado por Dolores Vilavedra e comenta a acollida que tivo no ámbito da cultura galega. A continuación, ofrece unha breve introducción á novela negra e analiza brevemente as obras *Unha noite con Carla* (1995), de Aníbal C. Malvar, Premio Xerais, e *A praia de lastros* (1995), de Manuel Perés Mahía e Xaquín del Valle-Inclán, publicada por Edicións Positivas. Para rematar, cita a colección Doce x Vintedous de Sotelo Blanco, iniciada coa obra de Xerardo Méndez, *O abrete é un desatino* (1995) e *Todo a Cen* (1995), de Jaureguizar.



_____, “Galicia. Premios y Antologías”, *Leer (El Magazine Literario)*, nº 83, 1996, pp. 76-78.

Breve referencia á situación da literatura galega nos últimos anos cun comentario sobre os premios outorgados e as antoloxías publicadas. Entre os primeiros, cita o Premio da Crítica española, concedido a Xesús Manuel Valcárcel pola súa obra *O Capitán Lobo negro* (1995); menciona o poemario de Ramiro Fonte, *Luz do mediodía* (1995), tamén galardoado co Premio da Crítica; *¿Que me queres, amor?* (1995) de Manuel Rivas, premiada co Torrente Ballester e *Os moradores da nada* (1995), de Xavier Lama, galardoada co IIIº Premio Álvaro Cunqueiro. En canto ás antoloxías, menciona a titulada *Los caminos de la voz*, publicada pola Deputación Provincial de Granada, na que aparecen Ramiro Fonte, X. Baixeras, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Xulio Valcárcel, Fernán-Vello e Pilar Pallarés. Para rematar, cita e comenta a obra de Emilio Araúxo, *Tempos serodios* (1996).



_____, “Galicia. Enhorabuena, Manuel Rivas”, *Leer (El Magazine Literario)*, nº 86, inverno 1996, pp. 74-76.

Amplo comentario no que se alude á obra de Manuel Rivas *¿Que me queres, amor?* (1995), galardoada co Premio Nacional de Literatura. Así mesmo, achégase ás tendencias estéticas e literarias de Xavier Alcalá, cita a súa obra *Código morse* (1996) e ofrece un breve comentario da mesma, centrándose na técnica empregada e no seu carácter basicamente realista.



Araújo García, María Teresa, “Xosé Neira Vilas, *Memoria da emigración I; A lingua galega en Cuba, Memoria da emigración II; Eduardo Blanco Amor, dende Buenos Aires*”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 227-228.

Recensión conxunta de catro volumes de Xosé Neira Vilas que teñen en común o tema da emigración. Dous deles, os titulados *Memoria da emigración I* (1994) e *Memoria da Emigración II* (1995), forman, como explica M. Teresa Araújo, unha serie na que se compilan artigos que Neira Vilas publicara en *El Faro de Vigo*, sobre historias de galegos na emigración; o seguinte título comentado é *Eduardo Blanco Amor, dende Buenos Aires* (1995), que, como sinala a recensionista, se centra na figura do autor ourensán, mentres que o último libro mencionado, *A lingua galega en Cuba* (1995), é definido como un volume que “pretende achegarse á relación da nosa lingua con Cuba”.



_____, “Luís Pérez Rodríguez, *O Pórtico poético dos seis poemas galegos*, con música de I. B. Maiztegui, García Lorca e Blanco Amor”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 232-234.

M. T. Araújo, despois de comentar algúns dos traballos anteriores de Luís Pérez Rodríguez sobre Eduardo Blanco-Amor, céntrase neste libro que viu a luz en 1995, no que o autor analiza con detalle a relación do escritor ouresán con Federico García Lorca e a especial circunstancia na que aparecen os poemas lorquianos galegos. A obra é cualificada pola recensionista como “aportación fundamental (...) que parece poder clarear definitivamente toda unha serie de cuestións dubidosas que rodeaban a obra galega de García Lorca”.



Axeitos, Xosé Luís, “Dos arquivos de Rafael Dieste: Lembranza de Antonio Baltar”, *Boletín Galego de Literatura*, “Documentos”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 169-177.

Xosé Luís Axeitos exhuma nesta entrega un discurso lido nunha homenaxe ofrecida por un grupo de intelectuais e exiliados ó doutor Antonio Baltar e dúas cartas deste dirixidas respectivamente a Luís e Maruxa Seoane e a Rafael Dieste e Carmen Muñoz. Ademais deste material o profesor Axeitos fai unha semblanza biográfica do médico A. Baltar e refire a súa relación con ámbalas dúas parellas de intelectuais.



_____, “Galicia no ruedo ibérico do mundo editorial”, *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, nº 1, 1996, pp. 193-200.

Xosé Luís Axeitos homenaxea neste artigo a José Martínez, “quen foi capaz de encarnar en libros a utopía libertaria”, a editorial Ruedo Ibérico e os *Cadernos de Ruedo Ibérico* como ilustradores do “papel de fermento das pequenas editoriais” e a súa “loita incesante polas liberdades”. Trala lembranza das circunstancias socio-políticas nas que nace a editorial, o seu ~~lexicón~~ ~~estilo~~ ~~de~~ ~~seu~~ ~~fundador~~, o autor céntrase na análise do lugar ocupado por Galicia na devandita editorial. A partir dos primeiros contactos entre Isaac Díaz Pardo e José Martínez, Ruedo Ibérico publicará unha antoloxía bilingüe de Castelao a cargo de Alberto Míguez e o libro *Galicia Hoy*, presentado por Santiago Fernández e Maximino Brocos -nomes que ocultaban os de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane respectivamente. Dous artigos de Isaac Díaz Pardo e outro de Harmut Heine, “á parte dunha breve escolma de Castelao sobre o municipalismo rural”, completan a visión de Galicia nos *Cuadernos de Ruedo Ibérico*. Xosé Luís Axeitos salienta a colaboración e amizade que unirán a Isaac Díaz Pardo e ó fundador de Ruedo Ibérico ata 1986, ano da súa morte. O artigo péchase cun apéndice documental no que se recollen catro cartas de Xosé Martínez dirixidas a Luís Seoane e a Isaac Díaz Pardo.



_____, “Sentimento e mito na poesía galega do Rexurdimento (Ensaio sobre poesía filosófica), *Serta. Revista Iberorrománica de Poesía y Pensamiento Poético*, Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia, nº 1, “Gallego”, pp. 175-183.

Para o autor do ensaio, a poesía do Rexurdimento ilustra a tese que considera a poesía como medio de coñecemento, a través da paixón e a emoción propias do Romanticismo. Exemplifica o papel esencial da poesía con palabras de Rosalía de Castro, Antón Villar Ponte e Ramón Piñeiro, e afirma que “serán en efecto a *saudade* e o *celtismo* os dous eixos vertebradores das utopías galegas”, que se conforman en paralelo ó nacionalismo. Sinala “a necesidade do mito na nosa cultura poética”, a importancia do tema da paisaxe, e distingue tres etapas no tema do celtismo (que inicia Pondal) rematando por atribuí-lo tema da saudade a Rosalía de Castro, que “introduce o noso ser nunha atmosfera incerta e plena de inqedanzas e desacougos”.



Babarro González, Xoán, “A década dos setenta. Unha visión desde a Costa da Morte”, *Revista Galega de Educación*, nº 25, “Entre onte e hoxe”, xaneiro-febreiro 1996, pp. 55-57.

Xoán Babarro informa da situación da literatura galega nos anos 70. Cita a publicación dalgunhas obras de interese para a introducción do galego nas aulas como a reedición de *Catón galego* (1969), de Ben-Cho-Shey; *O galego na escola* (1970), de A. Montero; *O catecismo na escola* (1972), de Morente e Vidán ou *Lecturas galegas 1* (1972), do Instituto da Lingua Galega. Recorda a aparición da revista *Vagalume*, en xaneiro do 1975, a publicación do seu libro titulado *As nosas letras* (1978), a saída do *Xornal do Xallas* (1978 e 1979), etc. Cita, así mesmo, a publicación dalgunhas revistas e xornais como *Teima*, *A Nosa Terra*, *Encrucillada* ou *Preescolar na casa*, entre outras.



Bar Cendón, Mónica, “Limiar”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 12,
“Monográfico”, 1996, p. 3.

Páxina de presentación do número 12 da revista, dedicado a Pura e Dora Vázquez, poetas e mestras pertencentes á xeración de 1936. Sinala a articulista que este número pretende trata-la diversidade da obra destas dúas creadoras e recoñece-lo seu amplo labor. Comenta tamén que a poesía de ambas “explora os recantos máis insignificantes da natureza. Ben sexa dunha natureza salvaxe, exótica, perfilada na produción hispanoamericana de Pura, como dunha natureza doméstica da Galiza apegada á terra e ás tradicións”.



_____, “Antoloxía”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 12, 1996, pp. 38-49.

Antoloxía de poemas de Pura e Dora Vázquez realizada por Mónica Bar Cendón. As composicións escolmadas da produción en galego de Pura pertencen a *Íntimas* (1952), *Maturidade* (1955), *Verbas na edra do vento* (1992), *Man que escribiu no mar* (1993), *Orballa en tempo lento* (1995). Inclúense tamén poesías en castelán tomadas de *En torno a la voz* (1948), *Madrugada fonda* (1951), *Tiempo mío* (1952), *Destinos* (1955), *13 poemas a mi sombra* (1959) e *Los sueños desandados* (1974). De Dora Vázquez escolléronse algúns poemas de *Irmá* (1970) e *Oración junto al camino* (1985).



_____, “A poesía galega de Pura Vázquez”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 12, 1996, pp. 28-31.

Analízanse as claves con maior presenza na obra poética en galego de Pura Vázquez, dende *Íntimas* (1952) ata *Orballa en tempo lento* (1995). Entre elas, sinala Mónica Bar Cendón a variada presenza de Galicia; unha Galicia tipo, idealizada en pequenos detalles, froito da asunción por parte da poeta da lingua e dos tópicos estéticos galegos; unha Galicia matriarcal, personificada na natureza; unha “terra gozosa” na que “se produce a simbiose coa poeta”; unha “terra-bruxa”, identificada co mundo celta; e unha Galicia retratada dende o punto de vista sociolóxico e reflectida dende o rexistro costumista. Por outra banda, refírese á aparición de invocacións constantes a outras mulleres como Rosalía de Castro, Luz Pozo Garza, Xohana Torres, Dora Vázquez e a temas como a inxenuidade, o mundo dos sentimentos, a saudade e o amor. Conclúe mencionando a evolución estética e a busca constante da poeta.



Bello, María Xesús, “Manuel Rivas, *En salvaxe compañía*, Vigo, Xerais, 1993”,
Galicien Magazin, nº 1, abril 1996, p. 30.

Recensión sobre a novela *En salvaxe compañía* (1993), de Manuel Rivas, na que se narra unha intrahistoria galega de campesiños emigrantes e reis transmigrados onde a paisaxe e a fauna se constitúen en protagonistas de excepción.



Bermúdez Montes, M^a Teresa, “Gonzalo R. Mourullo na narrativa galega”,
Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995, “Estudios”, Vigo: Galaxia, xuño
1996, pp. 39-61.

Artigo centrado na traxectoria literaria do escritor Gonzalo Rodríguez Mourullo (Calo- Teo, 1935), no que, ademais dunhas notas sobre a súa biografía e sobre o ambiente cultural e político galego dos anos 50 no que participou activamente, se analiza a produción narrativa de Mourullo, composta polos títulos *Nasce un árbore* (1954) e *Memorias de Tains* (1956). A articulista ocúpase, noutro dos apartados do traballo, da recepción crítica de ámbalas dúas obras e da discutida adscrición deste escritor no movemento coñecido como “Nova Narrativa Galega”. Apunta tamén algunhas causas para dar unha explicación ó afastamento do escritor da literatura galega, que dura xa 40 anos, un silencio que só rompeu en 1984 cunha colaboración nun volume colectivo, o relato “Lembranza dunha morte regramentaria”. Entre estes motivos, Teresa Bermúdez menciona, entre outros, a ruptura de Gonzalo R. Mourullo cos presupostos estéticos, literarios e mesmo ideolóxicos dos homes de Galaxia, as desavenencias persoais con Ramón Piñeiro, así como a súa dedicación exclusiva á súa carreira profesional, o Dereito.



Blanco, Carmen, "Escribir sobre o escrito", *Ólissos. Os amantes da palabra*, nº 18, maio 1996, pp. 61-62.

Reflexión sobre o significado da palabra, en xeral, e da palabra poética, en particular, tendo en conta as opinións de autores como Ánxel Fole, José Ángel Valente, María Zambrano, Jorge Luís Borges, Jacques Derrida ou Patrizia Violi. Posiciónase a autora a favor dunha palabra que conxugue a escritura e a vida.



_____, “Tras da viaxe que non fixo Ulises”, *Clave Orión*, nº 2, 1996, pp.13-15.

Destácase a herdanza de Ana Romaní da “paixón vagabunda galega”. Carmen Blanco cre que, como en María Mariño, esta poesía se adentra nas inmensidades marítimas. O mar é o seu centro poético, elemento presente dende *Palabras de mar* (1987) ata *Das últimas mareas* (1994). Cualifícase a poesía de Ana Romaní como “rosaliana filla do mar”. Como Rosalía inicia a viaxe sobre a viaxe recobrando a memoria e revivindo vidas pasadas ó rescribir esas vidas escritas. Revive a historia de Penélope no vivir de Homero, nos dicires de Cunqueiro, nas palabras de Díaz Castro, no vagabundo de Valente, na fin da viaxe de Ferrín en Vilanova dos Infantes, ou na Penélope de Xohana Torres. E é precisamente coa poeta de Noia coa que pensa que comparte máis elementos. Finaliza este estudio incidindo na “linguaxe da perda” coa que se mostra unha paisaxe de desastre “cara a unha historia e un presente menesterosos no que ningunha plenitude parece ser posible: o retorno certo ao que en verdade somos”.



_____, “Pura Vázquez ou o pulo do desacougo”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 12, 1996, pp. 13-16.

Artigo centrado na traxectoria literaria de Pura Vázquez (Ourense, 1918), “marcada pola guerra e polo novo ambiente dictatorial derivado da experiencia bélica”, en opinión de Carmen Blanco. Sinala como na posguerra a poeta pasa por Castilla, Andalucía e Madrid de onde deduce a “referencia saudosa á terra orixinaria” que trasluce na súa poesía. Refírese ó predominio do xénero poético na súa produción, cun ton optimista e cunha temática centrada “no desacougo existencial, na saudade da terra, no sentimento de soidade, no canto exultante do amor e da natureza, na amorosa e difusa expansión panteísta da vivencia de todas as cousas e na vaga ensoñación”. Menciona as pegadas de Gerardo Diego, Juan Ramón Jiménez, Vicente Aleixandre, Gabriela Mistral, Rosalía de Castro ou Ramón Cabanillas e de seguido, percorre a súa produción poética, narrativa, teatral, infantil e xornalística.



_____, “Nais de tinta: Dora e Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e Pilar Vázquez Cuesta”, *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, nº 1, 1996, pp. 67-130.

Artigo-homenaxe no que Carmen Blanco afonda nas traxectorias vitais e literarias de catro figuras do universo literario feminino galego, de catro “nais de tinta”. Este iníciase baixo o epígrafe “Dora e Pura Vázquez: unha irmandade literaria”. Un longo percorrido bio-bibliográfico das irmás ourensás culmina no apartado “Unha irmandade diverxente”, onde a autora analiza o labor literario e cultural destas mulleres que compartiron non só unha irmandade biolóxica, senón tamén unha irmandade literaria. Carmen Blanco estudia brevemente as liñas temáticas e técnicas de creación das irmás, pon de relevo a contribución de Pura Vázquez “ó panorama literario galego”, “especialmente importante pola súa creación en verso e pola súa aportación ó xénero infantil” e salienta a figura de Dora Vázquez como o “prototipo da escritora feminina resistente e marxinal por antonomasia”. Co título “Luz Pozo Garza: o amor e a poesía”, a autora abre a súa segunda homenaxe. Nun estudio dividido en cinco apartados -“As orixes. A mariña luguesa”, “Os desastres da guerra e o exilio. Lugo e Marrocos”, “A posguerra. Viveiro e a Coruña”, “As liberdades democráticas. O amor en Vigo” e “A volta á Coruña. O recoñecemento canónico”-, Carme Blanco profunda na vida e na obra dunha muller dedicada á poesía, dende a súa infancia e os primeiros contactos literarios ata os anos do recoñecemento universitario e institucional. O retrato vital e intelectual “Pilar Vázquez Cuesta e a xenealoxía feminina universitaria” culmina este amplo artigo. Neste ponse de manifesto “a traxectoria profesional dunha galega universitaria atraída polo lusitanismo do que foi consolidadora pioneira dentro do marco estatal”. Unha lusofonía de “raigame galaica”, que a levaría “ó galicismo, ó galeguismo e á volta definitiva a Galicia”. Un breve



apartado bibliográfico dá paso a unha galería de documentos fotográficos das vidas destas “nais de tinta”.



Boubeta, Xosé, “As mostras, festivais, xornadas e a programación teatral”,
Revista Galega de Teatro. Información teatral, nº 13, xullo 1996, pp 6-8.

Artigo no que se analizan os principais problemas, fundamentalmente económicos e de falta de infraestructuras das máis importantes mostras festivais e xornadas do teatro galego: Ribadavia, Cangas, Carballiño, O Barco de Valdeorras e Cee.



Bouzón, Mila e Xosé Manuel Martínez, “Unha partidiña cos Artistiñas ourensáns”, *Treboada*, 1996, Especial Ferro Couselo, p. 21.

O pintor Xosé Conde Corbal responde a preguntas que buscan dar conta do lado máis humano e cotián de Ferro Couselo e dos seus amigos no Ourense da época. Así, ademais de salienta-lo didactismo de Ferro Couselo, coméntase a sinxeleza dos artistas e intelectuais ourensáns. Preguntado sobre cómo asumían o feito de escribir en castelán, Conde Corbal entende que xente como Risco pensaba en galego pero á hora de escribir traducían ó castelán. No tocante á ideoloxía, di que a pesar da suposta militancia de Ferro na CNT, a ideoloxía dos homes de Galaxia era dar testemuña dun pobo e traballar nel.



Brea, Ângelo, “Queixumes dos Pinheiros e outros poemas”, *Cadernos do Povo*.
Revista Internacional de Lusofonia, nº 35-38, 1996, pp. 1-159 e VII-XXXVII de
introducción.

Trátase da edición portuguesa da obra *Queixumes dos pinos e outros poemas*, de Eduardo Pondal, que vai acompañada dun estudio introductorio de Ângelo Brea. O editor achéganos unha biobibliografía do autor de Ponteceso e unha descrición da temática pondaliana, centrándose na interpretación que o noso bardo lles dá ós “elementos simbólicos célticos”. Explicita que o obxectivo desta tradución é dar a coñecer algunhas características da obra de Pondal para poder chegar a comprende-la manipulación de que foi obxecto a súa poesía. Ademais da bibliografía e dos criterios de edición, complementan este traballo unha explicación dos cambios léxicos realizados e cadanseu índice de topónimos e antropónimos.



_____, “Silêncio Ergueito”, *Cadenos do Povo. Revista Internacional de Lusofonia*, nº 35-38, 1996, pp. 161-163.

Recensión de *Silêncio Ergueito* (1996), de António Gil Hernández. Describe o contido da obra e caracteriza o texto pola observación da realidade sen preconceitos e por atender ó contacto entre dúas linguas desiguais en canto ó seu estatus. Salienta o artigo titulado “Sobre o normal e as normas” para entende-lo proceso de castelanización gráfica do “português da Galiza”.



Carro, Xavier, “O tecido simbólico na estrutura de *A esmorga*”, *Grial*, nº129, Tomo XXXIV xaneiro-febreiro-marzo 1996, , 1996, pp. 5-14.

Tras salientar a importancia da simboloxía na literatura, Xavier Carro analiza a presenza da estética simbolista na obra de Eduardo Blanco-Amor, concretamente na novela *A esmorga*. O autor fai un breve percorrido polo valor expresivo do símbolo na narrativa blancoamoriana dende as súas primeiras obras, *A escadeira de Jacob* - onde remite ás teorías interpretativas de Anxo Tarrío, que declara compartir- e *La Catedral y el niño*, ata a *A esmorga*. Xavier Carro define *A esmorga* como “unha novela realista que contén trazos naturalistas e aportes simbólicos”, unha obra na que os símbolos “teñen unha funcionalidade, marcan as accións dos protagonistas”. O autor profunde no “tecido simbólico” da obra: o discurso do narrador-protagonista, o título, os subconxuntos que se agrupan baixo os semas da “disolución” -a escuridade, o alcohol, a lúa, o vento- e da “existencia” -camiño, estrada, chancas, a lama, a suor, a humidade- e un xogo de “símbolos contrastivos”: “cidade/vertedoiro, casa/prostíbulo, igrexa/taberna, moneca/Lola a Viguesa/Socorrito a tola. En palabras do autor, Blanco-Amor “anovou o xénero, dándolle unha modulación humana”. “E a realidade recreada pola connotación dos símbolos”.



Casares, Carlos, “Una narrativa consolidada”, *Cuenta y razón del pensamiento actual*, nº 97, marzo-abril 1996, pp. 94-95.

Carlos Casares presenta un panorama do máis destacado no ámbito da narrativa galega dos últimos cinco anos. Inicia o artigo cunha breve referencia ás orixes do xénero, salientando o labor dos homes da Xeración Nós: Otero Pedrayo, Vicente Risco e Castelao ós que se unirán, máis tarde, Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Eduardo Blanco-Amor e Ánxel Fole. A continuación, menciona a importancia dos escritores das décadas dos cincuenta e dos sesenta e céntrase na produción literaria galega durante os últimos cinco anos. Sen mencionar ningunha obra, recorda algúns autores pertencentes á chamada nova narrativa galega como X.L. Méndez Ferrín, Camilo Gonsar, Neira Vilas ou Gonzalo R. Mourullo e remata cunha referencia ós autores que viñeron despois: Víctor Freixanes, Paco Martín, Xavier Alcalá, Alfredo Conde, Manuel Rivas ou Suso de Toro, entre outros moitos.



Celan, Paul, “Schibboleth, Salmo e outros poemas”, (versión galega Michaela Kuchenreuther e Manuel Luís Stiller), *A Trabe de Ouro*, “Textos”, nº 28, Tomo IV, ano VII, outubro-novembro-décembro 1996, pp. 101-108.

Brevísima referencia biográfica de Paul Celan seguida de once poemas, publicados entre 1952 e 1976, traducidos ó galego (e en nota a pé de páxina reproducése o texto orixinal): “Fuga de morte”, “Na serea da néboa”, “Schibboleth”, “En forma de verraco”, “Confianza”, “Flor”, “Por riba de pegadas sobrechovidas”, “Salmo”, “A irlandesa, manchada de despedidas...”, “Pensa” e “A parte de trompa”.



Colectivo de técnicos culturais “LANDROVER”, “O teatro e nós”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, nº 13, xullo 1996, pp. 9-11.

Presentación crítica dos principais problemas cos que se atopan os distintos grupos de teatro á hora de poder representa-las súas obras centrándose, sobre todo, na mala organización dos Circuitos Culturais por parte das autoridades políticas.



Conde, Alfredo, “Autopoética” e “A subela de papá ou Nas cousas do amor nunca se sabe”, *Boletín Galego de Literatura*, “Creación”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 253-257.

No primeiro dos textos Alfredo Conde reflexiona sobre o feito da escritura e, en concreto, sobre o seu labor de escritor e afirma: “Impórtame a vida moito máis cá literatura, pero a esta dedícolle aquela”. Acompaña a esta autopoética o relato “A subela de papá ou Nas cousas do amor nunca se sabe”, no que narra a historia das relacións cruentas entre dous homosexuais, un dos cales, ó perde-la razón, corta o pene ó seu compañeiro e mátao, para despois automutilarse, feitos todos que confesa en interrogatorio ós policíaas que o deteñen.



Constenla Bergueiro, Gonzalo, “Panorama da traducción literaria en Galicia durante o ano 1995”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 183-189.

Percorrido polas obras traducidas nos últimos meses de 1994 e ó longo do ano 1995. Compara a produción deste ano coa de anos anteriores e sinala que a situación “non mellorou” e que se observa unha “tendencia de retroceso”. Sinala que é evidente a falta dunha “planificación axeitada”. Como tendencias ou características xerais comenta que a meirande parte das traducións corresponden ó eido da narrativa infantil e xuvenil, polo que son de poucas páxinas e destinadas fundamentalmente ó medio escolar; que non existe unha verdadeira política de traducción por parte da Xunta de Galicia; que as linguas de procedencia son sobre todo o español, o catalán, o inglés, algo do francés, portugués e alemán fronte á falta de traducións de linguas “minoritarias e minorizadas”. A continuación comenta brevemente os títulos traducidos nos apartados de narrativa para adultos, narrativa infantil e xuvenil, poesía, teatro e ensaio.



Cordal Fustes, Xabier, “O libro sen título de Celso F. Sanmartín”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 25, Tomo I, ano VII, xaneiro-febreiro-marzo 1996, pp.125-126.

Iníciase esta breve recensión da obra innominada de Celso F. Sanmartín publicada en 1995 sinalando que se trata dun “gran libro de poemas”. Céntrase o crítico na sensualidade que inaugura o autor, que esquece o pecado orixinal e non lle queda senón reconciliarse con todo para reconstruí-la inocencia. “Se cadra”, conclúe Xabier Cordal, “forma parte da primeira xeración que non concibe un estigma nacer neste país”.



Delgado Corral, Concepción, “Fernando García Acuña no panorama da Literatura Galega”, *Anuario Brigantino*, 1996, pp. 309-314.

Tras facer un percorrido pola súa traxectoria vital e tracexar un perfil ideolóxico, no que sobrancea o rexionalismo como característica máis representativa, Concepción Delgado descóbrenos-la obra crítica e as diversas colaboracións con publicacións periódicas da época de Fernando García Acuña. Procura tamén as fontes literarias nas que bebe o autor e elabora unha clasificación temática da súa única obra publicada en vida: *Orballeiras* (1887), poemario bilingüe galego-castelán. Remata cuns apuntamentos métricos sobre as composicións do devandito volume.



Díaz Fernández, José María, “Sucesores de Mancebo y nuestro honor histórico”, *Mondoñedo*, nº 45, xaneiro 1996, p. 4.

Con motivo do 125 aniversario da creación da Imprenta de Mancebo, que posteriormente pasaría a chamarse Sucesor de Mancebo, faise un percorrido pola súa historia e ofrécese unha listaxe das súas publicacións, tomando como base o comentario que Antonio Odriozola lle dedica na *Historia de la imprenta en Galicia*,



_____, “Ante la próxima edición facsímil del Incunable de Mondoñedo”,
Mondoñedo, nº 45, xaneiro 1996, p. 4.

José María Díaz fai unha pequena historia da imprenta na vila de Mondoñedo e sitúa neste contexto a edición en 1495 de *Breve forma de confesión*, de Alonso de Madrigal “El Tostado”, dando conta da súa aparición e contido que tan a fondo estudiara Antonio Odriozola.



_____, “El incunable de Mondoñedo (1495)”, *Mondoñedo*, nº 47, maio 1996,
p. 4.

Breve historia da aparición da obra de Alonso de Madrigal -primeiro libro en lingua romance de autor coñecido impreso en Galicia no século XV- e información sobre a publicación da súa edición facsímilar.



Dumont, Marie-Thérèse, “*Hippogriffe*, de Antón Risco: unha metáfora poética”,
Grial, nº 131, Tomo XXXIV, xullo-agosto-setembro, , 1996, pp. 379-387.

Marie-Thérèse Dumont reflexiona sobre a novela de Antón Risco *Hippogriffe*, única obra do autor “ata o de agora traducida ó francés”. Para a autora a novela “é todo”, “é unha metáfora poética”, unha “obra que trata sobre o poder e a manipulación”, sobre o ser humano, sobre a identidade do individuo, a liberdade, o pensamento como única forma de fuxida, “á procura trágica do senso da vida”. Nesta liña a autora do artigo analiza os personaxes da obra, unha obra na que cada lectura “reinventa”, “cuestiona”, “marca”, permanecendo só para o lector “o gran pracer da descuberta”.



Eguizábal Gándara, Begoña, “Xosé Ramón Pena, *Manuel Antonio e a vangarda*”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 229-232.

Comentario crítico no que se sintetiza o contido do volume *Manuel Antonio e a vangarda* (1996), refundición da tese de doutoramento de Xosé Ramón Pena “Literaturas galegas de vangarda” e que constitúe, en palabras de Begoña Eguizábal, “unha aproximación á obra manuelantoniana e á literatura galega da época atendendo especialmente ás circunstancias sociopolíticas, socioculturais e sociolingüísticas concretas nas que se orixina e desenvolve”.



Feliú, Belén, “Escrita da certeza de M^a Xosé Queizán”, *Festa da Palabra Silenciada*, “Crítica”, nº 12, 1996, pp. 91-93.

Recensión centrada no libro de M^a Xosé Queizán, *Escrita da certeza* (1995), que comeza cunha reflexión da articulista ó redor da palabra *certeza* e sobre o tipo de certeza que propón a autora do ensaio. Trala lectura do libro, Belén Feliú cre que se trata dunha certeza de carácter ético. Analiza tamén a estrutura do volume, no que distingue os dous ensaios que contén: “A escrita da certeza” -onde, segundo a articulista, Queizán intenta poñer de manifesto a “opresión e explotación xenérica” e facer unha petición de emancipación, baseándose na convicción “da liberdade como imperativo categórico”- e “Parir o pensamento” -onde establece e critica o concepto de maternidade biolóxica. Refírese logo ás diferencias que separan o pensamento patriarcal e o feminista e conclúe sinalando que “M^a Xosé Queizán alimenta o seu optimismo da certeza na transformación social que implica o pensamento feminista”.



Fernández Delgado, J. A., “La tradición griega en el teatro gallego”, *Estudios Clásicos*, nº 109, Tomo XXXVIII, Madrid, 1996, pp. 59-89.

Publicación da ponencia presentada polo autor na IIIª Reunión Galega de Estudos Clásicos celebrada en Santiago de Compostela en setembro de 1992 e na que dá un repaso xeral a toda a creación teatral en galego de inspiración helénica, xa sexa mitolóxica ou dramática. Aproveita á súa vez para denuncia-la escaseza de traducións dos clásicos ó galego, feito que dificulta o acceso do escritor ás creacións da Antigüidade. Analiza someramente obras de I. Díaz Pardo, J.C. Franco Grande e J.M. Gallego Tato, todas elas premiadas no Certame Galaico-Portugués do Miño celebrado en Lugo en 1960, e que seguen a corrente do teatro contemporáneo que ~~centraliza~~ clásico mediante a cotidianización do mito. Tendencia que continuarán outros autores posteriores como A. López Casanova, M.M. Fernández Teixeiro, A. Penas e outros, ata chegar a unha transformación paródica do mito grego, presente sobre todo nas obras de M. Lourenzo: *O vellíño*, *Romería ás covas do demo* e *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza*. O autor analiza detidamente as tres obras (lingua, posta en escea, personaxes, etc...) con referencias ós textos gregos de orixe (especialmente Sófocles e Eurípides). Deixa claro finalmente que este recurso ó mito grego na creación dramática contemporánea non responde a unha moda pasaxeira, pois considera que os mitos son imperecederos polo feito de representar arquetipos universais da conducta humana.



Fernández de Gabriel, Susana, "Fran Alonso. *Silencio*", *Galicien Magazin 2*, Galicien Zentrum: Universidade de Trier, outubro 1996, p. 34.

Recensión do libro *Silencio* do escritor vigués Fran Alonso na que a xornalista fai un breve resumo do contido e destaca os aspectos formais máis importantes (lingua, perspectivismo....).



Fernández del Riego, Francisco, “A figura dun investigador de Cordeiro”,
Treboada, “Especial Ferro Couselo”, 1996, p. 15.

Realiza un percorrido pola biografía de Ferro Couselo destacando a fonda preocupación pola lingua galega, xa que entendía a fala como signo que nos distingue como pobo diferenciado. Francisco Fernández del Riego remata comentando que o investigador de Cordeiro traballou arreo nos diversos eidos da nosa cultura procurando espertar nas xentes o amor a Galicia e o seu coñecemento documentado da historia.



_____, “O galeguismo de Xaime Quintanilla”, *Ferrol Análisis*, nº 10, decembro 1996, pp. 28-31.

Apunte autobiográfico sobre Xaime Quintanilla, centrado no seu galeguismo e nas súas actividades galeguizadoras ó servizo do noso país e que se poden rexistrar nos seus escritos ideolóxicos. Xaime Quintanilla defendeu a afirmación da personalidade de Galicia e da súa lingua, incluso despois da súa incorporación ó Partido Socialista Obrero Español. O articulista refírese a dúas xeiras propagandísticas en defensa do Estatuto que compartiu con el e defíneo como o “mártir dun ideal”.



Fernández de Sanmamed, Luciano e Silvia **Montero Küpper**, “100 paremias alemanas e as súas correspondencias galegas”, *Viceversa*, “Instrumenta”, nº 2, 1996, pp. 153-168.

Os articulistas comentan as dificultades para traducir do alemán ó galego, dada a inexistencia de material de consulta bilingüe e a inconveniencia do material bilingüe de linguas próximas no caso dos refráns e da fraseoloxía, xa que se trata de trasladar un pensamento arraigado nunha cultura e nunha época, polo que cómpre implicar na súa tradución a realidade extralingüística inherente e constitutiva da idea expresada. O artigo remata cunha relación de cen refráns alemáns e as súas correspondencias galegas.



Fernández Ocampo, Anxo, “Traducir literatura popular para o galego”,
Viceversa, “Teoría e historia da traducción”, nº 2, 1996, pp. 67-80.

O articulista comenta a escasa traducción que existe ó galego dos xéneros populares de tradición oral procedentes doutras linguas. Así mesmo, sinala que as traduccións existentes non proveñen dos seus modelos máis directos, senón de antoloxías e de coleccións compiladas nos séculos XIX e XX. A seguir, establece unha análise exemplificada do alcance dos recursos formais do galego en canto lingua receptora da literatura oral e popular, xa que, segundo Anxo Fernández, a traducción pon de manifesto tanto as semellanzas coma as diferencias formais e culturais entre dúas linguas e tradicións.



Fondevila Crespo, Rocío, “*A ascensión dun poeta. Xosé María Díaz Castro*”,
Lucensia, nº 12, (vol.VI), 1996, pp. 201-202.

Recensión desta obra de Alfonso Blanco Torrado gañadora do Premio Ánxel Fole 1995 na que se “presenta un estudio e unha interpretación sobre o que foi a obra poética de Díaz Castro”. A obra do autor de *Nimbos*, así como a súa vida e pensamento, son analizados tendo en conta diversos aspectos: “a relixión, a natureza, o home, o tempo, a terra e a sempre benquerida Galicia do escritor” ata chegar á conclusión de que “estamos ante a obra dun clásico moderno”.



Fonte, Ramiro, “Una poesía europea”, *Litoral. Poesía Gallega Contemporánea*, nº 209-210, Torremolinos-Málaga: Revista *Litoral*/Universidade da Coruña, maio 1996, pp. 29-35.

Panorama da poesía galega dende a Época Medieval ata os anos noventa, repasando tódalas xeracións literarias e sinalando as principais tendencias, temáticas, características e autores de cada etapa. Ramiro Fonte presta especial atención á conexión entre a poesía galega e a poesía europea e apunta os contactos entre autores como Rosalía de Castro e Leopardi, Hölderlin, Novalis ou incluso Gérard de Nerval; de Pondal con Camões ou Verdaguer; de Cabanillas con Baudelaire ou de Noriega Varela con Teixeira de Pascoaes.



_____, “Panorámica do ensaio”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*,
Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 139-142.

Ramiro Fonte, antes de facer un percorrido pola produción ensaística do ano 1995, comeza cunhas reflexións xerais sobre o xénero, entre as que destacan as relacións de diálogo que establece con outros textos e a súa consideración como “unha arte de narrar”, ou como un “relato de ideas”. Sinala a importancia que tivo no ano 1995, o ensaio dedicado á figura homenaxeada o Día das Letras Galegas, Rafael Dieste. Ademais, realiza unha escolma dos volumes que poden adscribirse ó ensaio literario e comenta brevemente os seus contidos. Entre os títulos mencionados atópanse *A vixilia no Gólgota infinita (As liñas temáticas de “Lanza de soledá”)*, (1994), de Román Raña; *Poetas andantes navegantes* (1995), de Luís Rei Núñez; *A poesía de Eduardo Pondal* (1995), de Manuel Forcadela; *As décadas de T.L* (1994), de Loís Tobío e *Manifestos das vangardas europeas* (1995), de Xesús González Gómez.



Fortes López, Ana Belén, “Compendio bibliográfico anual”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 239-277.

Compendio das publicacións editadas ó longo do ano 1995, dividido en nove apartados, que comprenden “Bibliografías”, “Antoloxías”, “Obras de creación”, “Historia e crítica”, “Reedicións de obras importantes anteriores a 1994”, “Traducións”, “Infantil e Xuvenil”, “Teses e tesañas” e “Publicacións periódicas”.



_____, “Escrito por mulleres”, *Festa da Palabra Silenciada*, “Crítica”, nº 12, 1996, pp. 76-77.

Bibliografía de libros de creación, ensaios e monografías, publicados ó longo de 1995. Tódalas obras recollidas comparten o trazo común de estar escritas por mulleres.



Franco Grande, X. L., “Ernesto Guerra da Cal: unha guerra de identidade”,
A Trabe de Ouro, “Acoutacións”, nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio-xuño 1996,
pp. 99-109.

Artigo no que se recorda a figura de Ernesto Guerra da Cal facendo un percorrido pola súa biografía, a infancia en Galicia, a mocidade en Madrid e o paso por América, e pola súa obra. Merece especial atención o relato da elaboración dos poemas galegos de Federico García Lorca. Conclúe X.L. Franco Grande analizando a relación do autor con Galicia.



García-Bodaño, Salvador, “Creación poética”, *Cuenta y razón del pensamiento actual*, nº 97, marzo-abril 1996, pp. 96-99.

O articulista ofrece unha descrición diacrónica da evolución da poesía galega. Inicia o artigo no século XIX, mencionando o labor dos precursores e, posteriormente, o dos grandes poetas do Rexurdimento. Cita a denominada xeración dos cincuenta, que se manifesta, segundo o articulista, en “tres ondas sucesivas que podemos denominar para una mayor claridad metodológica, como ‘Promoción Ponte’, ‘Promoción do Abrente’ y el renovador ‘Grupo das Festas Minervais’”. A continuación, menciona a importancia dos poetas do 68, do colectivo “Cravo Fondo” (1977), dos grupos “Alén” (1977) e “Rompenite” (1978), da xeración dos 80, etc. Para rematar, cita e comenta algunhas obras poéticas publicadas no ano 1995 como *Pedra de Nadir*, de Arturo Casas; *Luz do mediodía*, *Litoral urbano* e *Persoas de amor*, de Ramiro Fonte; *Flor no deserto*, de Ramón Caride Ogando; *Elevar as pálpebras*, de Yolanda Castaño; *Contra mar*, de Xesús Franco; *Camelio Xaponés*, de Ayako Sugitani e Uxío Novoneyra; *O silencio das árbores*, de Ricardo Martínez-Conde; *Costa da morte blues*, de Manuel Rivas; *Nadador*, de Xabier Rodríguez Baixeras e *Catro Poemas inéditos*, de José Ángel Valente, entre outros.



García-Sabell, Domingo, “Introducción al movimiento cultural de Galicia en los últimos cinco años”, *Cuenta y razón del pensamiento actual*, nº 97, marzo-abril 1996, pp. 87-89.

Ofrece unha introducción a un conxunto de artigos, a cargo de Andrés Torres Queiruga, Xesús Alonso Montero, Carlos Casares, Salvador García-Bodaño e Xavier Seoane, que aparecen neste mesmo número da revista e que abordan diferentes aspectos da vida cultural de Galicia no último lustro. O articulista afirma que a imaxe que pode transmitir Galicia dunha terra de emigrantes e de escaso nivel cultural é falsa. Pola contra, cita dous logros significativos: o de mante-la produción literaria en momentos difíciles como a época franquista e os contactos que, nestes últimos anos, mantivo con Europa.



García Sánchez, Franklin, “Neobarroco e ser nomádico na última novela de Antón Risco”, *Grial*, nº 129, Tomo XXXIV, xaneiro-febreiro-marzo 1996, 1996, pp. 123-125.

Recensión da obra *Mascarada* (1995), de Antón Risco. Franklin García Sánchez entende esta obra, á que cualifica de “magnífico libro”, como “unha reactualización barroca”, “un barroco de nova impronta que arriquece a forma matriz con aportacións da cultura estética e intelectual do noso século”. O recensionista profunda no esquema argumental do relato partindo de tres elementos que afondan nesa identificación neobarroca, “a idea de inestabilidade e metamorfose”, “a cuestión do realismo máxico e un determinado deseño alegórico que apunta limpidamente á nosa condición posmoderna dunha civilización en estado de crise”.



Gaspar Porras, Silvia, “Dez anos de narrativa negra galega (cen anos de cine)”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 111-126.

Analiza a relación entre os modelos literarios establecidos no ámbito norteamericano baixo a etiqueta do xénero “negro” e a obra dos narradores galegos actuais que cultivan dito xénero, así como a relación entre literatura e cine. Sinala que a produción “negra” galega presenta características moi próximas ás contribucións do cine de Hollywood. Establece 4 niveis de incidencia en canto ós motivos do xénero. En primeiro lugar, establece como características argumentais comúns: os estereotipos temáticos, o tratamento das personaxes femininas, a aparición de nomes ingleses nos protagonistas e os signos de destrución e degradación que afectan á vida dos personaxes como o tabaco, o alcohol, a vida nocturna e as drogas. A continuación, analiza a creación de ambientes, onde tamén sinala claves típicas como a figura do gánster, a loira perigosa, a noite e o amencer como escenarios preferidos, a chuvia constante e a estética da gabardina. Nomea tamén as técnicas cinematográficas de enfoque e iluminación, expresadas no eido da narrativa na modalización e focalización. Destaca a interreferencialidade absoluta entre o cine e a literatura, así como a excelente memoria fílmica dos nosos narradores. Para rematar, establece unha tipoloxía que pretende poñer orde na produción galega. Establece tres grupos de narracións: as que responden integramente ó modelo importado, as de estética autóctona e as que presentan algunhas referencias tomadas de Hollywood.



_____, “E nisto, un *impasse*”, *Anuario de Estudos Literarios Galegos 1995*,
“Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 161-166.

Balance da narrativa galega durante o ano 1995. Silvia Gaspar comeza sinalando “o remansado saldo” do ano en canto a obras publicadas. Salienta tres trazos fundamentais: a redución do número de títulos con respecto ó ano 94 -50 fronte a 64-; a diversidade de rexistros narrativos e a mirada cara atrás dos autores, que se compracen no pasado, sobre todo na recuperación do conto. Refírese ó marcado interese polo relato curto de estrutura pechada en detrimento da novela, á incorporación de narradores novos ou “infrecuentes” como Xosé Antonio Moreno, Andrés Álvarez Vila e Xesús Valcárcel e á aparición de dúas novas coleccións de narrativa: a colección “Ferros”, da Editorial Xerais e “Doce x vintedous”, de Sotelo Blanco. Salienta tamén a calidade das obras premiadas nalgúns certames fallados no 95 como *Unha noite con Carla* (Premio Xerais), de Aníbal C. Malvar, *Os moradores da nada* (Premio Álvaro Cunqueiro), de Xavier Lama e *Arqueofaxia* (Premio García Barros), de Manuel Lourenzo. A articulista conclúe afirmando que “a diversidade é gratificante e esperanzador o feito de que a narrativa galega acepte a idea dos rexistros múltiples e, dun modo máis ou menos casual, integre neles os seus resortes de promoción”.



_____, “Entrevista a Xavier Alcalá”, *Grial*, nº 131, Tomo XXXIV, xullo-agosto setembro, 1996, pp. 351-359.

Unha breve semblanza sobre o autor e o ambiente da conversa inicia esta entrevista na que Silvia Gaspar nos achega á obra de Xavier Alcalá. Os anos de infancia, o contacto coa conciencia galeguista, a aventura e a epopea como constantes na súa obra, a presenza do real e do máxico, a influencia recoñecida de Blanco Amor, a retroalimentación na súa carreira literaria, o “desinterese confesado por formulacións críticas ou teóricas da literatura”, a “reelaboración de si mesmo” nos seus personaxes, mesmo a repercusión dos progresos da técnica no mundo literario e editorial son os temas tratados na entrevista, todos eles no marco da súa última novela *Código Morse*.



Giráldez, Ramona, “Celso Emilio Ferreiro: o antibelicista belixerante”, *Ar!*, “Cultura”, nº 6, inverno 1996, pp. 45-49.

A partir da análise da poética e da obra de Celso Emilio Ferreiro, coméntanse algunha das claves fundamentais dos poemas do celanovés: a belixerancia, o inconformismo, o seu posicionamento contestatario e de denuncia, ademais da defensa do home dende unha actitude solidaria.



González Cruz, Domingo, “O sonho submerso”, *Estudos Galegos*, Niterói, RJ:
Editora da Universidade Federal Fluminense (Eduff), serie Estudos Galegos, nº 1,
1996, pp. 115-120.

Domingo González Cruz achégase á persoa do escritor de Celanova, Celso Emilio Ferreiro, a través dunha breve análise da súa obra *O sono sulagado*, publicada en Vigo no ano 1954. Compárao con Rosalía, da que se afasta porque non comparte con ela o seu lirismo melancólico nin a súa saudade; defíneo como un poeta autobiográfico, que retratou perfectamente o drama do pobo galego. Remata o artigo cunha sucinta bibliografía sobre o poeta ourensán.



González Fernández, Helena, “Lois Pereiro: poesía dura, descarnada, emocionante”, *Grial*, nº 129, Tomo XXXIV, xaneiro-febreiro-marzo 1996, 1996, pp. 127-129.

Helena González achéganos ó último poemario de Lois Pereiro, *Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995* (1995), directamente vencellado a *Poemas 1981/1991* (1992), e co que o autor nos leva “de novo polos camiños duros da poesía da experiencia”, poesía “dura e descarnada”, poesía “que sabe darlle á palabra forza e que sabe moldeala”. “Amor resucitado e morte sobrevivida” son, segundo Helena González, os “núcleos temáticos” do poemario. Esta salienta a importancia que o paratexto -citas, explicacións do autor- cobra na obra, configurando un “collage” que “comeza no título e remata na data do derradeiro poema do libro”.



_____, “1995: Unha bandexa chea de bos poemarios”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 167-173.

Balance da poesía do ano 1995, que para a articulista “segue a ser un xénero proscrito nas canles comerciais habituais”, debido ó escaso volume de vendas, feito que contrasta co bo momento no que se encontra a poesía galega. De seguido repasa os títulos que mereceron algunha distinción en premios e certames: *Contra Mar* (IVº Premio Martín Codax, 1995), de Xesús Franco; *Un áspero tempo de caliza* (Premio Miguel González Garcés, 1994), de Paulino Vázquez; *Elevar as pálpebras* (IIIº Premio de Poesía Fermín Bouza Brey), de Yolanda Castaño; *Flor no deserto* (XVº Premio Cidade de Ourense, 1994), de Ramón Caride e *As palabras no espello* (VIIº Premio Eusebio Lorenzo Baleirón), de Xabier Cordal. Destaca tamén a recuperación de voces poéticas importantes que publicaron no 1995 como Ramiro Fonte, Arturo Casas, Lois Pereiro, Alfonso Pexegueiro, Xavier R. Baixeras, Manuel Rivas, Ricardo Martínez-Conde e Vicente Araguas e a poesía de mulleres como Luísa Villalta, Chus Pato ou Lupe Gómez. Entre as antoloxías menciona *50 anos de poesía galega* (1994), de Xosé Mª Álvarez Cáccamo e Carlos L. Bernárdez, *Los caminos de la voz. Seis poetas gallegos de hoy*, de Luciano Rodríguez e o número 1 da revista *Contemporánea*, un monográfico sobre a poesía galega actual. Conclúe cun comentario sobre as obras reeditadas, entre as que nomea *Profecía do mar*, de Bernardino Graña, *O fin dun canto*, de Méndez Ferrín, *Cantares Gallegos*, de Rosalía, a *Antoloxía poética*, de Gonzalo López Abente e as *Obras Completas*, de Xavier Prado “Lameiro”, edicións a cargo de



Xosé M. Millán Otero, Vicente Araguas, M^a Xesús Lama López, Miro Villar e Marcos Valcárcel, respectivamente.



González Gómez, Xesús, “Diccionario da Literatura Galega I. Autores”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 196-198.

Crítica sobre o primeiro tomo do *Diccionario da Literatura Galega* (1995), publicado na editorial Galaxia por un equipo coordinado por Dolores Vilavedra. Xesús González Gómez parte da análise dos criterios de inclusión de autores -ter publicado alomenos un libro e que o escritor empregue o galego-, expresados nas palabras introductorias do volume. Opina que estes criterios se cumpren agás algún caso que sinala. Cuestiona a ausencia de nomes como Xesús Ferro Couselo, Ramón López Suevos ou Felipe Martínez Marzoa e refírese á excesiva “xenerosidade” sobre o que se considera “crítica literaria” nas notas que van tras cada redacción das diferentes entradas. Critica ademais o criterio de proporcionalidade e permítese corrixir algúns dos erros que contén a publicación. Conclúe louvando o esforzo e o rigor sinalando que o *Diccionario* levantou polémica ó que considera un “valor engadido: é capaz de indignar, o que está moi ben nunha obra destas características, que se quixese obxectiva e aséptica”. Valora ademais a aposta crítica e innovadora por parte dos redactores.



_____, “Actualidade de libros, inactualidade de literatura”, *Galicia Internacional*, nº 10, 1996, p. 82-83.

O crítico Xesús González Gómez ofrece o seu repaso persoal á produción galega de 1995, atendendo á narrativa, á poesía, ó ensaio e ás traducións. O autor destaca a calidade da poesía aparecida neste ano, tanto de autores coñecidos coma descoñecidos, e, en narrativa, salienta os libros de Manuel Rivas, Camilo Gonsar, Carlos Casares e o fenómeno da literatura bravú entre a produción deste ano. Por outra banda, reclama un aumento das traducións ó galego e recomenda algún título, como as memorias de Lois Tobío, *As décadas de T.L.* (1994) ou a *Gramática Histórica do galego* (1995), de Manuel Ferreiro.



González Lopo, María, “Anjela Duval: poetisa e labrega da Bretaña”, *Ólissos. Os amantes da palabra*, nº 18, maio 1996, pp. 41-45.

Pequena presentación da poeta bretona Anjela Duval e tradución ó galego dos poemas “Noz sioul” (“Noite apacible”), “Tenvalded” (“Escuridade”) e “An alc’houez” (“A chave de ouro”).



González-Millán, Xoán, “Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 199-201.

Recensión da obra de Arturo Casas, *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*, publicado a finais do ano 1994. O articulista louva o labor crítico de Arturo Casas neste volume, pola súa “análise novidosa, exenta de formulismo”. Sinala que se trata dun texto pedagóxico, útil, claro e informativo, que inclúe ademais unha “pluralidade de perspectivas”. Destaca dúas dimensións do libro: “a súa articulación como unha historia intelectual” e “a proxección dun autor e da súa obra como a voz activa dun tempo e dunha determinada configuración social”, dous aspectos que fan deste libro un estudio “fundamental e fundacional no contexto da actual crítica literaria galega”.



González Pérez, Clodio, “Castelao e o *Faro de Vigo*”, *Cadernos Castelao*, nº 8, Santiago de Compostela: Fundación Castelao, 1996.

Referencia ás actividades e feitos sucedidos na vida do polifacético rianxeiro ó longo do seu período de colaboracións no xornal *Faro de Vigo*, que comeza o 16 de outubro de 1926. Lembra o articulista o paso de Castelao por *El Sol* e *Galicia*, publicación, esta última, onde aparecen por primeira vez “as cousas da vida” que logo trasladaría ás páxinas do *Faro*. Sinala tamén que Castelao elaborou o “Almanaque *Faro de Vigo*”, que estivo a piques de non ser distribuído por falta de conformidade coa edición e dúas ilustracións, e salienta os anos da súa segunda etapa no xornal que, comezara en febreiro de 1930, como “os anos máis fructíferos”. Alude así mesmo á actividade política de Castelao neste momento. Recorda que nas eleccións de xuño de 1931, encabezou unha “candidatura da selección republicana para Diputados a Cortes Constituyentes” insertada polo *Faro*, nas que conseguiu o cargo de deputado. Este cargo volvería a obtelo no 1936, esta vez formando parte dun grupo esquerdista e afastado do *Faro de Vigo*. O 9 de abril de 1933 abandona o devandito xornal por tomar esta unha postura de “ultradereita”. Pero, segundo González Pérez, o xornal non deixaría de publicar noticias referidas ó antigo colaborador. Coa chegada da guerra civil, Castelao exíliase a Buenos Aires, onde finará en 1950, momento no que o *Faro* estaba reproducindo as obras do rianxeiro “pero moi cativiñas e sen textos por non o permitir a censura oficial”. Finalmente, considera o articulista, que a produción de Castelao no *Faro de Vigo* “foi a xeira máis importante de todas cantas fixo ó longo da súa vida”.



González Rodríguez, M^a Teresa, “*O mundo de Fiz. Escolma da poesía de Fiz Vergara Vilariño*”, *Lucensia*, nº 12 (vol.VI), 1996, p. 201.

Recensión desta escolma da poesía de Fiz Vergara Vilariño, publicada en 1995, e editada por Xavier Rodríguez Barrio e Darío Xohán Cabana, na que a autora ofrece unha breve visión sobre o conxunto da súa obra, destacando os temas máis queridos polo autor (o amor, a terra, a soidade). Afirmo que “Fiz conquistou a perfección dunha escritura acrisolada en sufrimento para a expresión do sentir e o pensar” e considera a etapa de madureza como a máis marcada pola “tensión entre realidade e soño”, aspecto que en realidade está presente en toda a súa obra.



González Sende, Sechu, “Lorelai e o mito das sereas. Aproximación a un personaxe literario fantástico”, *Ólisbos. Os amantes da palabra*, nº 18, maio 1996, pp. 69-75.

Artigo que contén unha análise sobre o motivo da “serea”, en xeral, e de “Lorelai”, en particular. Ó mesmo tempo, compáranse as sereas que aparecen na cultura tradicional europea coa figura galega da serea presente nas obras de Manuel Curros Enríquez, Rosalía de Castro, X.L. Méndez Ferrín, Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Pondal ou Álvaro Cunqueiro.



Gurméndez, Carlos, “El humanismo de Marcial Suárez”, *Ferrol Análisis*, nº 10, decembro 1996, pp. 128-131.

Repaso á obra do novelista e dramaturgo alaricano Marcial Suárez, recentemente falecido. Carlos Gurméndez destaca o realismo poético e humanista deste autor e salienta ademais a categorización da anécdota e o halo de perplexa realidade dos seus contos, algúns comentados no artigo.



Hafner, Ute, “A recepción da Literatura Galega en Portugal e viceversa”, *Galizien Magazin*, nº 2, outubro 1996, pp. 4-8.

A cuestión principal é saber por unha banda ata qué punto se le literatura portuguesa en Galicia e literatura galega en Portugal, e por outra ata qué punto é preciso traducir ó portugués a literatura galega e ó galego a literatura portuguesa. Faise unha reflexión sobre a rendabilidade que isto tería dende o punto de vista editorial. Despois do rastreo levado a cabo por Ute Hafner na editorial Teorema e a Biblioteca Nacional de Portugal, a autora conclúe que a recepción da literatura galega en Portugal é máis ben escasa. Pouco mellora a situación cando se trata da recepción da literatura portuguesa en Galicia, aínda que se advirte que as traducións no sector da literatura infantil e xuvenil son especialmente numerosas. A pesares de que a propia autora sinala que as súas pesquisas non foron exhaustivas, déixase entrever que a recepción da literatura portuguesa en Galicia e viceversa obedece mais ben a criterios de elección e interés persoal antes que a unha presentación editorial estratéxica e sistemática. Ó longo do presente artigo a autora vai destacando unha serie de obras portuguesas e galegas que tiveron unha mellor acollida no país veciño.



Harguindey Banet, Henrique, “Rabelais: traducción e interpretación”, *Viceversa*, “Traduccións xustificadas”, nº 2, 1996, pp. 179-187.

Comenta o desafío que representa traducir a Rabelais, dada a dificultade e a riqueza dos seus textos. Sinala, ademais, que no caso do galego, o proceso se agrava, debido ás carencias derivadas dos “séculos escuros” nesta lingua. O articulista argumenta con exemplos que traducir a Rabelais implica de modo especial dúas operacións: a translación, ou poñer en galego os significados que o escritor emprega no orixinal, e a interpretación, xa que na obra de Rabelais se atopan creacións verbais propias de discutible interpretación.



Heinze, Úrsula, “Autopoética” e “Morte anunciada”, *Boletín Galego de Literatura*, “Creación”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 259-262.

A autora sintetiza líricamente a súa concepción do proceso creador nunha “Autopoética”, para despois, no relato “Morte anunciada”, conta-la historia dunha muller e a súa particular relación cunha mosca que a molesta durante a sesta. Ó principio incórdiaa polo que a quere matar, pero cando a mosca se ausenta e acaba morrendo, a protagonista deixa de poder descansar por terse afeito xa á súa presenza.



Herrero Figueroa, Araceli, “*Mar para todo o sempre* de Henrique da Costa”,
Agália, nº 44, “Recensons”, pp. 506-508.

Parte dunha crítica inicial ó sistema de escolla das obras de lectura nos colexios e institutos. Propón *Mar para todo o sempre*, de Henrique da Costa, como unha obra ideal coa que os estudantes disfruten lendo en galego. Fai unha completa recensión na que louva a lingua empregada por estar enriquecida polo coñecemento que o autor ten da lingua portuguesa. Analiza a temática, seguindo un criterio comparativo, e a modalidade narrativa seguindo os postulados de Bajtin.



Iglesias, Bieito, “A literatura galega en combate. Penúltimo *round*”, *Galicia Internacional*, nº 7, 1996, pp. 75-78.

Visión persoal da situación da literatura en lingua galega acompañada da análise das opinións de distintos protagonistas do fenómeno literario, como o xornalista Manuel Veiga ou os escritores Camilo Franco, Aníbal Malvar ou Suso de Toro.



Isorna, José, “O ritmo da fala de Ferro Couselo”, *Treboada*, “Especial Ferro Couselo”, 1996, pp. 9-10.

Lembra a conversa de Xesús Ferro Couselo e destaca o seu servizo a Galicia así como o seu amor polas fontes que orixinara o desexo de estudar filoloxicamente os *Hidrónimos de Galicia*. O padre Isorna dedícalle ademais un poema ó homenaxeado.



Jiménez Millán, Antonio, “Finisterre, viejo mundo”, *Litoral. Poesía Gallega Contemporánea*, n^{os} 209-210, Torremolinos-Málaga: *Revista Litoral* / Universidade da Coruña, maio 1996, pp. 24-28.

Artigo panorámico no que se tracexan os principais fitos da historia literaria galega, dende o esplendor lírico medieval ata a consolidación polixenérica do século XX, pasando polo rexurdir literario do pasado século. Neste percorrido Antonio Jiménez sinala algúns dos principais autores que, en cada período, lideran a tradición literaria galega, salientando, para rematar, o bo momento que a poesía galega, en concreto, está a vivir neste fin de milenio con poetas como Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Ramiro Fonte, Xavier Rodríguez Baixeras, Xulio López Valcárcel, etc.



Lado, Carme, “A creación, a beleza e a fascinación pola literatura. De mulleres e femias. Laura Fonte e a Barbantesa”, *Andaina*, nº 16, segunda época, decembro 1996, pp. 47-49.

Nota na que se apunta a importancia das personaxes femininas na obra de X.L. Méndez Ferrín, concretamente nos contos “Mantis religiosa”, de *Percival e outras historias* (1958) e “Morrer en Laura”, de *Crónica de nós* (1980). Carme Lado analiza a figura de Laura Fontes do relato “Morrer en Laura” e de Els Bri, de “Mantis-religiosa”, para chegar á conclusión de que se pode establecer unha relación entre ambas protagonistas. As mulleres na obra de Méndez Ferrín son, para Carme Lado, “activas, intelixentes” e nelas “predomina o intelecto sen desbotar nunca as emocións, a sensibilidade e o sentimento”.



Lama López, María Xesús, “Fóra tamén en galego”, *Grial*, nº 130, Tomo XXXIV, abril-maio-xuño 1996, pp. 274-275.

Recensión da obra *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante* (1995). O seu autor, Xesús Alonso Montero, segundo M^a Xesús Lama, “erudito” no coñecemento do mundo da nosa diáspora, achéganos ó cultivo do galego e a literatura galegas fóra das nosas fronteiras. O estudo parte da Idade Media e esténdese ata os séculos XIX e XX, época na que se centra o traballo, con atención especial á produción no continente americano. Como conclusión da súa obra o autor “presenta na última parte unha visión brevemente resumida da situación actual”. M^a Xesús Lama salienta a importancia desta “obra sintética”, que cualifica de “aportación imprescindible” para o “coñecemento da nosa cultura na Galicia exterior”.



_____, “Ruído. Relatos de guerra”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1995, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 214-216.

Comentario sobre *Ruído. Relatos de guerra* (1995), de Miguel Anxo Murado. A articulista salienta a influencia do estilo xornalístico do autor neste libro, tanto na forma de converter os feitos en ficción, coma no aspecto formal, cunha prosa sinxela e descargada de artificios retóricos. *Ruído* presenta, na súa opinión, dous temas que tamén aparecen no texto teatral do autor, *Historias peregrinas* (1995): a identidade do individuo e a casualidade que planea sobre a vida e a morte dos personaxes. A loucura da guerra, a condición humana e os conflitos presentes no noso mundo, son as claves fundamentais que M^a Xesús Lama observa en *Ruído*.



_____, “Visións de Portugal e España na poesía galega”, *Galicien Magazin 2*,
Galicien Zentrum: Universidade de Trier, outubro 1996, pp. 8-14.

A autora analiza as distintas reflexións e valoracións críticas que sobre España e Portugal aparecen en distintos poetas galegos, en concreto en Rosalía de Castro, Pondal, Cabanillas, Antón Tovar, Manuel María e Xosé Luís Méndez Ferrín. Reproduce versos de varias composicións destes poetas.



Ledo Andi3n, Margarita, "O contradiscurso das mulleres", *3olisbos. Os amantes da palabra*, n3 18, maio 1996, p. 82.

Comentario do libro de Carmen Blanco, *O contradiscurso das mulleres* (1995), do que se valora a s3a interrelaci3n entre pensamento e formulaci3n do mesmo, ideolox3a e pr3ctica dela.



López, Teresa, “¿Nas orixes do neotrobadorismo? Notas sobre o ‘Canto do vigía’ de Eduardo Pondal”, *Grial*, nº 132, Tomo XXXIV; outubro-novembro-décembro 1996, pp. 491-501.

Teresa López preséntanos unhas páxinas que teñen como obxectivo “mostrar o lugar que o diálogo cos elementos da tradición literaria galego-portuguesa” ocupa no fragmento do poema épico pondaliano *Os Eoas*, coñecido como “Canto do vigía”. A autora cualifica dito diálogo como “anecdótico”, fronte ás opinións de Amado Ricón, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Pilar Castro que vían no mesmo “o primeiro exemplo da influencia, no plano da creación poética, da lírica trobadoresca galego-portuguesa”. A súa análise céntrase en primeiro lugar na determinación de “cales foron as obras a través das que Eduardo Pondal tería coñecemento da poesía galego-portuguesa” e, en segundo lugar, no estudo dos “elementos textuais de procedencia trobadoresca” presentes no poema. Dita análise conclúe coa afirmación por parte da autora de que “non hai razóns suficientes para falarmos de influencia do cancionero medieval galego-portugués”. Pola contra, Teresa López sinala outras presencias literarias neste texto pondaliano: a obra de Macías e a lírica de Luís de Camoes, principalmente da súa obra *Os Lusíadas*.



López-Casanova, Arcadio, “Salvador García-Bodaño”, *Cuadernos del Lazarillo* (*Revista Literaria y Cultural*), “Las voces y los ámbitos”, Salamanca: nº 11, xullo decembro 1996, pp. 20-23.

Comeza o artigo cun repaso á biografía do escritor Salvador García-Bodaño e cun percorrido pola súa traxectoria literaria, mencionando os seus principais títulos e galardóns. De seguido, Arcadio López-Casanova analiza as claves da súa poética. Adscribo á xeración de poetas nados entre 1926 e 1938 (xunto a Cuña Novás, Novoneyra, Xohana Torres ou Avilés de Taramancos) e á liña poética que desenvolven: “la imagen de *hombre-en-el-mundo*”, particularizada, no caso de García-Bodaño, na expresión de “<<un>> *hombre situado en <<su>> vivir*” ou centrado no “*yo de la intrahistoria personal*”. O articulista concreta esta liña sinalando dúas perspectivas diferentes: a “*intrahistoria íntima*” centrada na exaltación amorosa, presente en *Ao pé de cada hora* (1967) e *Poemas de amor a Xulia* (1993) e a “*dimensión social*” de *Tempo de Compostela* (1979). O seu último poemario, *Pegadas no alcatrán* (1994), supón o comezo dunha nova vertente “centrada en formas del vivir inauténtico y desarraigado”. Conclúe o artigo cunha selección de catro poemas dos libros citados.



López Pereira, José Eduardo, “O ronsel priscilianista na cultura de Galicia”,
A Trabe de Ouro, “Cuestións”, nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio-xuño 1996,
pp. 25-38.

Inicia este artigo José Eduardo López Pereira afirmando que todo o noso pasado ten repercusións no noso presente e que o feito priscilianista teno en grao máximo. Detense o investigador a examina-lo ronsel que Prisciliano deixou na literatura e na cultura de Galicia: comezando no século IV e salientando o brillante papel cultural e literario de Galicia, cita en primeiro lugar á monxa Exeria, para proseguir co historiador Orosio; Hidacio, bispo de Chaves; o monxe Baquiaro e Martiño de Dumio. Fai logo o estudioso un percorrido ó longo dos séculos polas distintas noticias da aparición do corpo de Santiago Apóstol en Galicia ata chegar ó investigador francés L. Duchesne, quen mantén a tese de que en realidade é o corpo de Prisciliano o que se atopou. Así, afirma que o ronsel priscilianista se perdeu diante do fulgor da estrela de Santiago e que pasaron séculos ata que algúns homes volveran a vista atrás: o cura de Fruime e Sarmiento, no século XVIII; López Ferreiro e Murguía, no XIX; e a xeración Nós, no XX. Finaliza o artigo anotando que en 1885 apareceron os 11 Tratados de Prisciliano e a raíz de aí ponse de novo de actualidade, o priscilianismo volve ser tema literario e como mostra cita tres autores que o trataron: Armando Cotarelo Valledor, Daniel Cortezón e M^a Xosé Queizán.



_____, “Do latín ó galego”, *Galicien Magazin*, “Varia”, nº 1, abril 1996, p. 20.

Fai un comentario sobre a colección de “Clásicos en galego”, dirixida por M. C. Díaz y Díaz e editada pola Xunta de Galicia e a editorial Galaxia. O articulista considera que a traducción das grandes obras clásicas axuda ó enriquecemento do galego e remata enumerando os títulos latinos aparecidos nesta colección.



López Rivas, Arximiro, “Xosé Chao Rego. *Na fronteira do Misterio. Credo para xente non crédula*”, *Encrucillada*, nº 97, marzo-abril 1996, pp. 217-218.

Recensión da obra de Xosé Chao Rego, titulada *Na fronteira do Misterio. Credo para xente non crédula* (1995), publicada por Edicións do Adro. O articulista afirma que “ámbalas dúas cualidades -claridade na expresión e orixinalidade no enfoque dos contidos- son certamente características das tres partes que conforman todo este libro”. A obra ofrece a visión da Igrexa actual que ten o autor, emprega unha clave simbólica e engade un “Vocabulario” e un apéndice no que se inclúen os temas que se tratan na obra resumidos en 125 puntos.



López Silva, Xosé Antonio, “Algunhas calas en catro textos literarios sobre Priscilino”, *A Trabe de Ouro*, “Acoutacións”, nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio xuño 1996, pp. 81-93.

Artigo no que se pasa revista ás tres obras teatrais que teñen como protagonista a Prisciliano: *Hostia* (1926), de Armando Cotarelo Valledor; *Prisciliano* (1970), de Daniel Cortezón; e *Prisciliano en Tréveris* (1995), de Millán Picouto, así como ó comentario do marco escénico no que Manuel Lourenzo imbricou *Hostia* na súa representación co Centro Dramático Galego. Da primeira das obras salientase a pretensión de reivindicar e humaniza-la figura de Prisciliano; da segunda, a imposibilidade da comunicación. En canto á obra de Millán Picouto dise que enlaza coa liña de Cotarelo e que a súa orixinalidade radica en uni-lo aspecto literario e musical. Respecto da posta en escena do C.D.G. afirma que supón unha alteración consciente da mensaxe orixinal da obra co obxectivo práctico de actualizalo.



López Vázquez, Ramón, “Hamlet e a realidade Cunqueriana”, *Revista Galega do Ensino*, “Reseñas”, nº 10, febreiro 1996, pp. 193-195.

Recensión da obra *Hamlet e a Realidade Cunqueriana* (1995) de Anxo González Fernández, publicada polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”. A obra baséase “nun xogo de diálogos entre preguntas e respostas acerca da condición humana” que van profundizando nas liñas de creación do autor mindoniense. Tres constantes guían a análise de Anxo González: a filosofía do devir como “horizonte filosófico (...) no que se contempla a escena”, o ser humano como o “grande escenario onde se manifesta a verdade” e como “a cousa máis marabillosa de todas”. O Hamlet cunqueriano móvese no claro-escuro barroco resolto finalmente, segundo o autor, pola “harmonía racional” xurdida do equilibrio entre o estoicismo e o epicuerismo e favorecedora dunha razón “optimista e vital”. Ramón López cualifica a obra como “referencia obrigada para cantos queiran ler comprensivamente” a obra de Cunqueiro.



Lorenzo, Ramón, “Der Tag der galicischen Sprache und Literatur”, *Galicien Magazin*, “Schwerpunktthema”, nº 1, abril 1996, pp. 6-14.

Texto procedente dunha conferencia que tivo lugar na Universidade de Trier o 16 de maio de 1994, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Ramón Lorenzo ofrece unha panorámica xeral da historia, lingua e cultura galegas en canto fenómeno diferencial no contexto da península ibérica. Céntrase no período comprendido entre o Rexurdimento e a actualidade e enumera as institucións creadas máis salientables: a Real Academia da Lingua, as Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos, a revista Nós, a editorial Galaxia, o Instituto da Lingua Galega, a Dirección Xeral de Política Lingüística, o Consello da Cultura Galega, etc. Finalmente, céntrase na figura de Luís Seoane, autor ó que estaba dedicado o Día das Letras Galegas no 1994.



M. L. A., “O contradiscurso das mulleres de Carmen Blanco”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 25, Tomo I, ano VII, xaneiro-febreiro-marzo 1996, pp. 119-120.

Breve comentario á obra de Carmen Blanco *O contradiscurso das mulleres* (1995) no que se destaca o esforzo de divulgación da autora para contar, de xeito ben contextualizado, unha historia de mulleres. Unha obra, continúa o crítico, construída á volta da interrelación entre as manifestacións do movemento feminista, a política e a produción teórica e na que se recorre ó comparatismo territorial e cronolóxico.



March, Kathleen, “Nais, damas, prostitutas e feirantas”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 202-204.

A autora refírese ás novas perspectivas de estudio sobre a muller en Galicia que abriu Carmen Blanco coa publicación de *O contradiscurso das mulleres* (1995) e *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (1995). Sinala que este último volume se centra nas imaxes da muller que proxecta a literatura galega feita por homes. March cre que o estudio sobre Otero Pedrayo é o capítulo “máis logrado e profundo”. Conclúe destacando que os dous libros “abren moitas portas” para a crítica literaria feminista en lingua galega.



_____, “Traducir *Arredor de si*”, *Viceversa*, “Traduccións xustificadas”, nº 2, 1996, pp. 189-194.

A articulista comenta a dificultade que supón traducir *Arredor de si* (1930) ó inglés, por diferentes razóns: o léxico (difícil e abundante en termos pouco coñecidos referidos ó mundo rural), o rico e complicado estilo sintáctico de Otero Pedrayo e as referencias culturais e políticas no contexto das primeiras décadas do século XX, feito que obriga a incluír notas na traducción ó inglés desta obra de Otero.



_____, “Rosalía de Castro, Novelista do seu tempo”, *Unión libre. Cadernos de vida e culturas*, nº 1, 1996, pp. 37-43.

Kathleen N. March profunda neste artigo na obra prosística de Rosalía de Castro, unha obra “moi de acordo co que se estaba a facer en círculos máis lonxanos”. Parte a autora do “feminismo rosaliano”, vendo a poetisa “á luz das súas precursoras, das súas devanceiras ou formothers” e no “contexto nacional”, “contexto no que compría procurar unha fala, unha identidade de seu”. O artigo estrutúrase ó redor de dez “motivos feministas” presentes en *La hija del mar* e extensibles a outras obras da autora, os cales son analizados como elementos comúns ó labor de escritoras anteriores ou contemporáneas da propia Rosalía: “autonomía da muller”; “a relación nai-filla como fundamental no desenrolo social e espiritual da muller”; “a crítica de clase no senso de que a economía capitalista, a sociedade burguesa, oprimían ás mulleres”; “a muller na función de escritora, poeta e creadora”; “a solidariedade e protesto feminino”; “o emprego de recursos de autodefensa como a tolemia”; “a autoafirmación”; “a relación íntima natureza-femia como fonte de enerxía e forza, física e espiritual”; “os homes non resoven os problemas do sexo feminino e máis ben moitos deles son tiranos, causantes de traxedias”; “a voz narrativa é feminina”.



Marco, Aurora, “Literatura e Arte. Paisaxes do baleiro”, *Agália*, “Recençons”, nº 43, outono 1995, pp. 373-375.

Aurora Marco fai un comentario á obra *Paisaxes do baleiro*, de Eva Veiga e Alfonso Costa centrándose en salienta-la perfecta combinación da poesía de Eva cos gravados de Alfonso. Analiza a temática, contido e estrutura dos poemas incluídos na obra, lembrando a traxectoria de Eva Veiga no mundo da literatura. Destaca a sobriedade da poesía e a importante presenza da voz feminina. Na parte final do artigo, repasa a actividade artística do noiés Alfonso Costa.



_____, “Exemplificación das relacións culturais entre Galiza e Portugal em jornais e revistas”, *Agália*, nº 46, “Estudos”, verao 1996, pp. 197-209.

Analiza a intensificación do intercambio cultural e a mellora das relacións entre Galicia e Portugal nas primeiras décadas do noso século. Salienta o papel desenvolvido polas “Irmandades da Fala” e polo grupo “Nós” neste eido. Para estudar esta cuestión, revisa a presenza portuguesa en catro publicacións galegas: *A Nosa Terra*, *Nós*, *Ronsel* e *Resol*. De cada unha destas revistas dá información sobre a súa orixe e periodicidade, comenta as recensións feitas nelas a obras portuguesas, recolle os acontecementos culturais da época en Portugal que tiveron máis fonda repercusión en Galicia, ofrece o testemuño de autores das dúas marxes do Miño reclamando a unión dos dous pobos, e tamén dá cabida ás antoloxías ou textos soltos presentes nas anteditas publicacións.



Martínez-Conde, Ricardo, “O aforismo: argumento interior”, *Grial*, nº 131,
Tomo XXXIV, xullo-agosto-setembro 1996, pp. 401-405.

Amplio artigo no que Ricardo Martínez-Conde define o significado do termo aforismo e intenta achegarse ás súas diferentes aplicacións. Entre elas, propón o estudio e definición da literatura a través do emprego de aforismos, un xénero un tanto esquecido hoxe pero que ten “atributos abondo, de beleza e de capacidade rememorativa, como para atraer a atención e os sentimentos de todo aquel que se achega a un libro en procura de coñecemento”.



Maure Rivas, Xulián, “De onte a hoxe no libro escolar”, *Revista Galega de Educación*, nº 25, “Entre onte e hoxe”, xaneiro-febreiro 1996, pp. 60-62.

O autor e editor Xulián Maure Rivas fai un repaso polo seu labor levado a cabo nos anos setenta como responsable dunha serie dirixida a fomentar a lectura de libros en galego por parte do público infantil. Trátase da serie Lúa Nova, da editorial Anaya, que acolleu a publicación de cinco obras dos seguintes autores galegos: Paco Martín, Xoán Babarro e Ana M^a Fernández, Camino Noia, X. M^a Lema e M. Rico.



Mayoralas, Xosé, “A cartuxa de Palma”, *Viceversa*, “Críticas e recensións”, nº 2, 1996, pp. 235-237.

Xosé Mayoralas considera acertada e esmerada a tradución ó galego, por parte de Xermán Palacios, de *A cartuxa de Palma* (1995), de Stendhal. Non obstante, sinala algúns erros lingüísticos nos que o traductor desvía o auténtico sentido do orixinal.



Méndez Ferrín, X. L., “Achegamento de urxencia a unha edición crítica de *Queixumes dos pinos*”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 25, Tomo I, ano VII, xaneiro-febreiro-marzo 1996, pp. 135-137.

Salienta Ferrín neste artigo a ausencia de ensaísmo literario na edición que Manuel Ferreiro fai dos *Queixumes dos pinos* (1995) de Eduardo Pondal; afirma a continuación que se trata do establecemento e restitución do texto que lle é propio. Critica o recensionista a falta de neutralidade en determinados aspectos coa presenza dalgún que outro lapsus valorativo e no que respecta ós criterios da edición admite a estratexia de compromiso de Ferreiro aínda que apunta que en ocasións cae en “tácticas opinabeis”. Finalmente, pon en relación esta edición coa obra de Ramiro Fonte *A poesía de Eduardo Pondal* (1995) coa que, en opinión do crítico, se complementa.



_____, “Homenaxe a Xosé Velo Mosquera”, *A Trabe de Ouro*, “Crónica”, nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio-xuño 1996, pp. 151-153.

A Trabe de Ouro quíxose sumar á homenaxe a Xosé Velo que dende o pasado mes de abril leva a cabo a C.I.G. tanto en Vigo coma en Santiago e Ourense pero, sobre todo, en Celanova onde se inaugurou unha rúa co seu nome e tivo lugar unha mesa redonda. Así, e para seguir nesta liña, reproducense dous poemas inéditos do autor, “referencia obrigada da esquerda nacionalista”, escritos con motivo do seu refuxio, en 1946, na casa de Ricardo Feijóo Varela en Morena (Celanova); trátase de “Xa non quero a liberdade...! Canzón da carceleiriña” e “Confirmación de Fé”.



Meyer, Frank, “Cervexa, salchichas, ideas pesadas. A imaxe de Alemaña en Camba, Risco e Tobío”, *Grial*, nº 131, Tomo XXXIV, xullo-agosto-setembro 1996, pp. 331-350.

O artigo que nos ocupa estudia a visión sobre a Alemaña do primeiro tercio deste século ofrecida por Risco, Xulio Camba e Lois Tobío nos seus textos. Organízase en cinco apartados: “Introducción”, “Consideracións teóricas”, “Semellanzas e diferencias entre Camba, Risco e Tobío”, “Outro mundo” e “Palabras finais”. Tras dunha breve introducción onde se adiantan a temática do estudo e os criterios que levaron á elección destes autores, Frank Meyer diserta sobre o campo de estudo ó que pertence este traballo -“imagoloxía literaria” e “literatura comparada”- e reflexiona sobre os conceptos de imaxe, tópico e estereotipo. O apartado seguinte analiza as circunstancias que levaron a cada un dos autores citados a escribir sobre a Alemaña deste período e en qué medida estas circunstancias afectaron ás súas visións. O apartado “Outro mundo” afonda en ditas visións, onde se salienta un Tobío que, escribindo dende a madurez, lembra con agarimo “os anos vividos” en Berlín, fronte á crítica e o decadentismo ofrecido por Camba nas súas “caricaturas en prosa” e ó desencanto expresado por un Risco decepcionado ante a incapacidade de atopar-la “Alemaña romántica” admirada. Frank Meyer pon de relevo como os libros de viaxes “tematizan o encontro co estraño e remiten ó mundo propio”, materializan a “tensión entre o propio e o estranxeiro”. As “Palabras finais” sinalan a investigación como “unha forma de supera-los tópicos e investigalos”. Un apéndice bibliográfico pecha o artigo.



_____, “A literatura galega na traducción en alemán (Unha bibliografía comentada)”, *Galizien Magazin*, nº 2, outubro 1996, pp. 15-18.

De acordo co espírito fundacional que no seu día alentou o nacemento da revista *Galizien Magazin* consistente en dar a coñecer en Alemaña a cultura galega nas súas diversas manifestacións, o profesor Franck Meyer analiza, nun primeiro apartado que leva por título “A traducción en Galicia”, a importancia que ten a traducción no marco cultural dunha lingua como o galego para facilita-lo acceso ó coñecemento no exterior da literatura do noso país. Destácase tamén o pulo que está a recibi-la traducción da literatura galega por parte da administración e a relevancia que está a alcanza-la súa difusión no ámbito do mercado internacional. Baixo a denominación “Literatura Galega en lingua alemana”, discútense os límites do concepto de “Literatura” e “Literatura Galega” nun intento de delimita-lo alcance de ámbolos dous termos. Xa por último, preséntase unha lista de obras traducidas ó alemán que se divide en dúas seccións: libros e textos soltos.



_____, “Lois Pereiro”, *Galizien Magazin*, nº 2, outubro 1996, pp. 21-23.

Co obxectivo de dar a coñecer ó público alemán a figura de Lois Pereiro, o profesor Franck Meyer preséntanos unha visión retrospectiva da súa biografía e produción literaria. No transcurso do presente artigo, faise fincapé na influencia que a literatura de tradición xermanoaustriaca exerce na lírica do escritor galego e ó mesmo tempo, coméntanse as características máis salientables da súa poesía a través da inclusión de pequenas citas da súa obra. Finalmente, a modo de valoración global, déixase constancia de que a pesar da brevidade da súa produción poética, o conxunto sorprende pola súa capacidade para sorprender, emocionar e innovar sempre no marco dunha visión persoal, existencialista, pesimista e mesmo autodestructiva nos temas líricos por excelencia: o amor e a morte.



Michel, Natacha, “Escritor artista, escritor meditativo”, *A Trabe de Ouro*, “Cuestións”, nº 27, Tomo III, ano VII, xullo-agosto-setembro 1996, pp. 55-60.

Principia o artigo cunha crítica ó clima intelectual nos anos oitenta. Presenta a figura do escritor-intelectual (o prototipo dos anos sesenta), como persoa de saber enciclopédico e preocupado pola súa obra. Opina que este escritor foi substituído por unha nova figura: a do escritor-artista, máis egocéntrico, academicista, de pensamento social indiferente e despreocupado pola súa creación. Michel opina que tras esta crise xorde unha síntese constituída polo escritor-meditativo, capaz de “pensar e reflexionar sobre a novela”.



Monteagudo, Henrique, “Nación/creación. Estética e política no agromar do ensaio galego (1916-20)”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Estudios”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 63-108.

O obxectivo deste artigo, segundo sinala Henrique Monteagudo, céntrase no estudio dos inicios da prosa culta en galego, “máis concretamente, (na) relación existente entre o pulo cara á creación dun ensaio en galego e determinadas inquedanzas políticas e artísticas xurdidas nas camadas intelectuais que nutriron e constituíron o medio da denominada Xeración Nós”. Intenta unha definición teórica da estética nacional nos anos de constitución do nacionalismo galego nos que comeza a xestación do ensaísmo galego. Salienta as conexións existentes entre a Xeración Nós e a Xeración do 98, o *noucentismo* catalán e a Xeración de 1914, analizando as principais características destes movementos intelectuais, no marco do Modernismo, entendendo este concepto no seu amplo sentido. Monteagudo cre que a Xeración Nós é “a primeira promoción nacionalista, *intelectual* e de ensaístas galegos”. Refírese á importancia do ano 1920, no que coinciden a Exposición “Nós” da Coruña -unha mostra de 49 estampas e un autorretrato de Castelao que viaxará por Madrid, Ourense, Vilagarcía, Monforte, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Barcelona e Santiago entre 1920 e 1924-, e un ciclo de conferencias, entre as que destaca “Humorismo. Debuxo humorístico. Caricatura”, de Castelao, “Arte Nova”, de Vicente Risco e “Divagacións Engebristas”, de Johán Vicente Viqueira. Analiza os contidos destes textos e remata coa análise de *Teoría do nacionalismo galego* (1920), o texto que culmina o período analizado.



Monteagudo, Teresa, “Posío”, *Revista Galega do Ensino*, “Reseñas”, nº 10, febreiro 1996, pp. 187-189.

Teresa Monteagudo describe a edición facsimilar da Revista *Posío* (1995) -publicada polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”-, saída á luz no cincuentenario da publicación do seu primeiro número. Unha serie de presentacións lembran os inicios do Grupo Azor, as súas actividades, os colaboradores, as orixes da revista, valoran a mesma dende a óptica actual e tentan explicala simbología da portada e o porqué do nome “Posío”. Seguidamente, Luís Alonso Girgado e os seus colaboradores fan un estudo sobre o Ourense daquela época que dá paso ó facsímile propiamente dito, formado polos catro números de que constou a publicación. Un repaso á bibliografía existente sobre a revista pecha o volume, do que Teresa Monteagudo salienta a “estensa panorámica” que este ofrece “da revista e o seu contorno” e o material “extremadamente interesante” que ofrece.



Monterroso Devesa, José-María, “O que nos contam os primeiros documentos de Ángel Casal”, *Agália*, “Notas”, nº 44, inverno 1995, pp. 467-471.

Sitúa a Ánxel Casal como contemporáneo de Luís Peña Novo e Víctor Casas Rey, todos eles sucesores dos precursores. Fai unha breve sinopse biográfica de Casal e Peña Novo. De Casal salienta o seu compromiso político e cultural con Galicia, que o levou a morrer fusilado nos comezos da Guerra Civil. Co obxectivo de “dar a cada quem o que lle corresponde”, reproduce facsimilarmente e transcribe a acta de bautismo de Ánxel Casal. Comenta algúns aspectos relacionados coa data de nacemento, antecedentes familiares e domicilio, que considera errados nos estudos feitos con anterioridade sobre a figura de Ánxel Casal.



Moraes Maddaluno, Fernanda, “Un pouco de sol para Rosalía”, *Estudos Galegos*, Niterói, RJ: Editora da Universidade Federal Fluminense (Eduff), serie Estudos Galegos, nº 1, 1996, pp. 95-105.

Amplio artigo no que a profesora de Literatura Portuguesa da Universidade Federal Fluminense, Fernanda Moraes Maddaluno, ofrece un detallado achegamento á persoa de Rosalía de Castro co fin de intentar coñecer os seus verdadeiros sentimentos e as características máis íntimas da súa personalidade. Para conseguir este propósito de penetrar no máis profundo da súa alma, a articulista leva a cabo unha análise dalgúns dos poemas incluídos na súa obra *Cantares Gallegos*. Neles, F. Moraes Maddaluno atopa algunhas notas de cor, de luz e de alegría que non aparecen nas outras obras da autora, dominadas pola soitude, a nostalxia, o sufrimento e a tristeza. Para rematar, ofrece un breve apartado bibliográfico.



Navaza, Gonzalo, “Os *Exercicios de estilo* de Raymond Queneau en galego”,
Viceversa, “Críticas e recensións”, nº 2, 1996, pp. 225-233.

Comenta a tradución ó galego de *Exercicios de estilo* (1995), de Raymond Queneau. Navaza comeza explicando o concepto de literatura que tén Queneau e a súa asociación cos principios do Oulipo, que tiña como obxecto a investigación e a exploración das posibilidades literarias da linguaxe e dos procedementos creativos. A seguir, comenta os mecanismos empregados nesta versión galega para traducir algúns capítulos que Navaza denomina “intraducibles” e exemplifica algúns casos de acomodación, adaptación, etc. Ó final da recensión, ofrécese unha bibliografía sobre a “literatura potencial”, concepto acuñado no contexto do Oulipo.



Neira, Manuel Xosé, “Heine e Rosalía”, *Boletín Galego de Literatura*, “Notas”,
n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 141-144.

Manuel Xosé Neira sinala neste artigo a influencia da obra baladística do poeta alemán Heinrich Heine sobre a lírica galega e castelá de Rosalía de Castro. Os *lieder* do alemán -introducidos en España por Eulogio Florentino Sanz e que tiveron eco non só na obra de Rosalía senón en toda a literatura tardo romántica española- teñen presenza, a xuízo de Neira, nos ritmos, cadencias prosódicas, contidos, trabazón dos elementos compositivos e, incluso, nas isotopías e símbolos da creación lírica da poeta compostelá.



_____, “Poemas”, *Boletín Galego de Literatura*, “Poética”, “O soño da flor” e “Orfeo”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 263-266.

Tras unha poética en forma de verso, aparecen as composicións líricas “O soño da flor” e “Orfeo”.



Nicolás Rodríguez, Ramón, “Querida amiga”, *Grial*, nº129, Tomo XXXIV, xaneiro-febreiro-marzo 1996, pp. 119-120.

Recensión da obra *Querida amiga* (1995), de Marina Mayoral. Tras dun breve repaso pola actividade ensaística, interpretativa e literaria da autora, Ramón Nicolás Rodríguez achéganos a esta nova entrega, conxunto de seis relatos “cohesionados pola opción do xénero epistolar” e polo “afondamento no devir da nosa propia existencia desde a perspectiva do deseño das relacións persoais e sentimentais”. O recensionista salienta a posible concepción da obra “na súa orixe como algo semellante a un exercicio de introspección persoal” e subliña “tanto a adecuada construción e recreación de diferentes ambientes (...) coma o áxil dominio das técnicas narrativas”, que fan desta entrega unha das “máis madurecidas” da autora.



_____, “Xesús Alonso Montero/Xosé Manuel Maceira Fernández, Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante/Literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 193-196.

Ramón Nicolás, tras ofrecer un panorama sobre os traballos críticos clásicos ó redor da emigración e o exilio, comenta dous volumes sobre este tema que viron a luz en 1995. O primeiro *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, de Xesús Alonso Montero pretende “ofrecer unha visión de conxunto (...) da historia da emigración, atendendo a grupos culturais, asociacións, publicacións e autores máis significativos”, e o segundo, *Literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*, valórase como unha “afortunada incursión no campo dos estudos críticos”.



_____, “Xabier Prado Lameiro/Enrique Labarta Posse, *Obra Completa/Contos*”,
Boletín Galego de Literatura, “Libros”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996,
pp. 236-238.

Comentario conxunto de dúas edicións nas que se recuperan escritores do século XIX e comezos do XX. A primeira é a *Obra Completa* (1995), en catro volumes, de Xabier Prado Lameiro, editada por Marcos Valcárcel e Begoña Muñoz, que recolle a obra do escritor ourensán acompañada de diversos limiares “onde os editores realizan o necesario traballo crítico de contextualización e valoración da súa obra”. A segunda consiste nunha edición dos *Contos* (1996), de Enrique Labarta Pose, realizada por Xosé María Lema e X.M. Varela e que, segundo Ramón Nicolás, “por fin actualiza outro elo na cadea que conforma a Narrativa do Rexurdimento”.



_____, “A rata”, *Viceversa*, “Críticas e recensións”, nº 2, 1996, pp. 221-223.

Recensión da novela *A rata* (1995), de Andrej Zaniewsky, redactada en polaco en 1979, pero non publicada no seu idioma orixinal ata 1994. Ramón Nicolás ofrece unha breve biografía do autor desta novela, actual decano do Instituto de Literatura de Varsovia. De seguido, analiza esta fábula na que as ratas están dotadas de sentimentos contradictorios e reflicten a crueldade da nosa sociedade. Segundo Nicolás, a traductora da versión galega, Concepción Costas, transmite axeitadamente o ritmo do orixinal inglés do que parte, mesmo mellorando a tradución dispoñible en castelán.



Nogueira, M^a Xesús, “A continuidade na liña rupturista”, *Grial*, nº 130,
Tomo XXXIV, abril-maio-xuño 1996, pp. 265-267.

M^a Xesús Nogueira fai un percorrido pola obra poética de Chus Pato, dende as súas primeiras obras, *Urania* (1991) e *Heloísa* (1994) -nas que se forxaron “aqueles que serán trazos fundamentais” da súa poética: a “temática da muller” dende unha perspectiva reivindicadora e “a vontade culturalista e esteticista”- ata a obra obxecto desta recensión: *Fascinio* (1995). Este poemario, “quizais o máis complexo”, conecta, segundo M^a Xesús Nogueira, coas liñas iniciadas en obras anteriores, ó tempo que fai “un especial tratamento do tema da desposesión” -dunha lingua, dun pasado, dunha patria- retomando a “infancia como cerne dunha identidade perdida”. A continuidade está presente tamén no ámbito formal: “o ton discursivo, a utilización de diferentes rexistros” e “a acumulación e ruptura da sintaxe”. Esta nova entrega poética supón, en palabras da recensionista, “unha continuidade na liña rupturista” de Chus Pato, “o madurecemento” do seu particular mundo poético.



_____, “Sen título de Celso Fernández Sanmartín”, *Dorna*, nº 22, outono 1996, pp. 143-145.

Destácase o carácter unitario do poemario *Sen título* (1995), de Celso Fernández Sanmartín. Unidade que vén marcada pola estrutura circular das composicións amorosas dirixidas a un ti que está presente dende o primeiro dos textos. Xunto co tema do amor conviven outros como son a soidade, a decadencia ou o paso do tempo, por entre os que sobresaé unha vontade de oralidade representada na presenza de elementos como o monólogo e o diálogo. Conclúe M^a Xesús Nogueira resaltando que o conxunto representa unha mestura de reflexión crítica e de tenrura, un sincretismo do vello e o novo, do cotián e do marabilloso, todo contemplado dende a perplexidade e a inocencia.



_____, “Ana María Spitzmesser, *Álvaro Cunqueiro: la fabulación del franquismo*”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 250-252.

Recensión crítica do libro de Ana María Spitzmesser, *Álvaro Cunqueiro: la fabulación del franquismo* (1995). Sorpréndelle a María Xesús Nogueira que a autora faga unha análise ideolóxica dun autor que se mantivo á marxe de calquera propósito ideolóxico, ademais de non convencela as identificacións que A.M. Spitzmesser fai da forma política do momento, o xénero literario que empregou o autor e as asociacións freudianas que iso implicaba. Como conclusión, M^a X. Nogueira considera que “a lectura aquí proposta resulta excesivamente arriscada, e (...) merecería un contraste máis fondo con análises feitas desde outros presupostos”.



Noia, Camino, “*¿Que me queres, amor?*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1995, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 217-220.

Camino Noia analiza a produción narrativa de Manuel Rivas, sinalando a presenza de obxectos e temas da Galicia profunda, dos conflitos de desarraigo do mundo rural e da problemática da integración na sociedade urbana, temas xa presentes en *Un millón de vacas* e *Os comedores de patacas* (1991). Nos 16 relatos de *¿Que me queres, amor?* (1995), “os personaxes se debaten entre o amor e o desamor, nun mundo cargado de contradicción”. A articulista menciona ademais a aparición do mundo urbano e de personaxes tomados da vida cotiá, froito da observación que realiza o autor cando exerce a súa profesión de xornalista. A intensidade, a significación e a tensión esixidas por Julio Cortázar para o conto, están presentes nestes contos, que presentan tamén unha grande riqueza verbal.



Novo, Olga, “*A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 205-207.

Comentario sobre o ensaio *A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)* (1994), de Claudio Rodríguez Fer. Olga Novo menciona a importancia deste volume e da súa “análise das circunstancias históricas, políticas e sociais que lle fixeron perder pé ó noso sistema literario”. O obxecto do estudio, segundo a recensionista, é rastrexalo uso público do galego na zona nacional e na republicana, o que levou á descuberta de textos descoñecidos por parte do estudioso lugués. Remata valorando os apéndices do libro, nos que Rodríguez Fer realiza un achegamento á adhesión e ó rexeitamento ó movemento franquista de homes como Noriega Varela, Otero Pedrayo, Cunqueiro, Cabanillas, Dieste ou Carballo Calero entre outros.



_____, Chansons d'au-delà", *Galicia Internacional*, nº 10, 1996, p. 84.

Recensión de dúas traducións de literatura galega a outras linguas e dunha antoloxía italiana que recolle unha mostra de poesía galega. Os tres títulos, aparecidos en 1996, son: unha tradución ó bretón de *Poemas do lusco e fusco*, de Manuel María, aparecida co título *Kanaouennoùadal Tarzh-an-deiz Betek Kuzh-heol*, na editorial Hor Yezh; unha tradución ó francés do poemario de José Ángel Valente, *Cantigas de Alén*, titulado *Chansons d'au-delà*, en Editions Unes, e acompañada de estudo crítico de Claudio Rodríguez Fer; e unha *Antología della poesia spagnola (castigliana, catalana, galega, basca)*, aparecida en Italia da man de Nuove Amadeus Edizione), e que se centra fundamentalmente na produción poética galega dos últimos vinte anos.



_____, “Os círculos do inferno/Nocturno hindú”, *Galicia Internacional*, nº 12, 1996, p. 87.

Recensión de dúas traducións aparecidas en 1996: *Os círculos do inferno*, edición bilingüe galego-castelán, do poeta canario Justo Jorge Padrón, e *Nocturno hindú*, traducción do italiano Antonio Tabucchi. Nos dous casos, a recensionista pon de manifesto as liñas argumentais e temáticas que gobernan ámbolos dous textos.



_____, “A voz interna, conmovida, última. Análise temática da obra de Xohana Torres”, *Unión libre. Cadernos de vida e culturas*, nº 1, 1996, pp. 131-147.

Olga Novo dá conta neste traballo do universo creativo verquido por Xohana Torres na poesía, a novela, o drama e a literatura infantil. Tras dunha “Noticia bio-bibliográfica”, a autora adéntrase na análise temática propiamente dita, onde nos “internaremos no mar e na terra, no tempo, no amor, na literatura e na realidade máis cercana”. Esta está dividida en seis apartados: “A crítica social” a dor da terra, a crítica ó costumismo capitalista e o mundo da muller-, “O tempo” -“concebido como río imparabile, como vida e morte xunguidas indisolublemente, sempre desde a conciencia dorida na contemplación nostálxica do pasado”-, “A terra” -“vista e sentida como patria, como ámbito natural, como muller e nai”-, “O mar” -“como furna, como mar das orixes, como mar en preamar ou como esoutro mar interior de vagas misteriosas”-, “A literatura” -autopoética e metaliteratura- e “A liberación e o amor que volve”.



_____, “Alá, onde non hai Estado nin Deus nin poder”, *Ar!*, nº 9, “Cultura”,
outono 1996, p. 41.

Neste artigo Olga Novo presenta unha análise da poética de Rodríguez Fer. Considera que, dende o seu primeiro libro, *Poemas de amor sen morte* (1979) ata o último, *Extrema Europa* (1996), o poeta remata coa “inautenticidade creativa que se nos viña dando”. Destaca a composición o “Blues da insubmisión” como unha expresión resumida de toda unha traxectoria vital e literaria. Logo de presentar certas notas sobre a poética de Rodríguez Fer, conclúe que na súa poesía “o erotismo cínquese ó coñecemento, non en van pracer e coñecer son sempre o mesmo” e dende esta dualidade pártese cara a unha asunción ideolóxica dos postulados da anarquía e do feminismo independente”.



Osorio do Campo, Fernando, “Desourentación. Boceto teatralizado e analítico de ideas”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, “Textos/VII”, nº 13, xullo 1996, caderno central.

Reprodúcese un texto de Fernando Osorio do Campo (A Coruña, 1894), *Desourentación*, no que un pobre zapateiro, nun grande acto de solidariedade, coida dunha rapaza enferma mentres o resto dos veciños a abandonan á súa propia sorte. É unha obra cun claro sentido de denuncia social. O texto vai precedido de dous limiares: un de Manuel F. Vieites titulado “Fernando Osorio. Na procura dun ‘teatro nacional’”, no que se destaca o labor teatral de Osorio do Campo e se fai un pequeno estudio da obra en cuestión, e o outro de Marino Dónega, “Un home, unha aventura, un tempo: Fernando Osorio do Campo”, no que se fai unha breve síntese biográfica do autor.



Otero, David, “Xesús Ferro Couselo: o latexar do compromiso”, *Treboada*,
“Especial Ferro Couselo”, 1996, pp. 6-8.

Realízase unha semblanza de Xesús Ferro Couselo e destácase a súa ruralidade xa que nunca deixou de estar vinculado á súa aldea natal, consciente de que “os vieiros do noso porvir tamén temos que buscalos no noso pasado”. Recolle ademais cadansúa cita de X.L. Méndez Ferrín, Marcos Valcárcel e Avelino Abuín de Tembra loando a figura do homenaxeado e resalta tamén a coherencia e solidariedade deste “obreiro da cultura”.



Palacio, Xosé Antón, “Dúas traducións ó castelán do *Hamlet* de Cunqueiro”,
Viceversa, “Instrumenta”, nº 2, 1996, pp. 105-125.

Compara a tradución ó castelán de *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1959), nas versións de Xosé Cermeño (1991) e de Basilio Losada (1992). Segundo o articulista, ámbalas dúas traducións poden ser cualificadas como “correctas” e analiza as correspondencias gráficas, morfolóxicas, sintácticas e léxicas entre as dúas versións castelás e a obra de Cunqueiro. Tamén presta atención ó tratamento do estilo de Cunqueiro e detecta algúns erros de lectura cometidos por parte dos tradutores, así como a ausencia de determinados fragmentos na lingua de chegada. Como conclusión, Xosé Antón Palacio di que é esencial o coñecemento do estilo do autor para realizar unha tradución correcta e opina que, no caso do galego, existe o problema engadido da ausencia dunha norma ortográfica fixada en moitos dos textos.



Palacios, Manuela, “A destreza dunha orquestra de tradutores”, *Grial*, nº 132, Tomo XXXIV, outubro-novembro-décembro 1996, pp. 563-565.

Manuela Palacios analiza o traballo realizado polo Obradoiro de Traducción dirixido por John Rutherford, Xelís de Toro e Benigno Fernández Salgado, na súa tradución ó inglés dunha escolma de relatos de Xosé L. Méndez Ferrín publicada baixo o título *Them and other stories* (1996). Tras louva-la eficacia do labor de equipo, a autora salienta a “lealdade” ó texto orixinario e a “impecable redacción en lingua inglesa”. Segundo a recensionista, dita lealdade só aparecería minguada polo “relativismo lingüístico” e a “falta de isomorfismo léxico” entre ámbalas dúas linguas, observable principalmente no que respecta á linguaxe non normativizada empregada por Ferrín, verquida na tradución a un “inglés estándar” -desviación que para Manuela Palacios semella “insuperable”-, e á tradución de expresións coloquiais “que no texto inglés se neutralizan”. A autora sinala a importancia da breve introducción firmada por Xelís de Toro pola súa presentación de “información contextual imprescindible”. Con el comparte a autora o recoñecemento de semellanzas existentes entre T.S. Eliot e X.L. Méndez Ferrín sobre todo no que respecta á súa condición de “clásicos modernos” e ó tratamento do ciclo artúrico. Conclúe Manuela Palacios coa cualificación deste traballo como un “importante punto de partida” no eido da tradución galega.



Pallarés, Pilar, “Novas sobre Cunqueiro”, *Festa da Palabra Silenciada*, “Crítica”, nº 12, 1996, pp. 84-85.

Refírese a dous libros do ano 1995 dedicados a Álvaro Cunqueiro: *Álvaro Cunqueiro: La fabulación del franquismo*, de Ana María Spitzmesser e a edición de *Rúa 26. Diálogo Limiar*, elaborada por Teresa López. Con respecto ó primeiro, a articulista destaca o aparello teórico que sustenta a tese defendida pola estudiosa, centrada no estudio das novelas de Cunqueiro *Merlín e familia*, *As crónicas do Sochantre*, *Un home que se parecía a Orestes* e *El año del cometa*, para demostrar que non só non son evasivas, senón que constitúen unha “manifestazón dun ‘inconsciente político’”. Como único aspecto negativo, Pilar Pallarés lamenta que tanto o ensaio coma o prólogo, de Francisco Fernández del Riego, estean escritos en español. Con respecto á edición de *Rúa 26. Diálogo limiar*, a articulista salienta o “magnífico” estudio introductorio que acompaña ó texto de Cunqueiro, no que, ademais dunha lectura simbólica da obra, se esclarecen, entre outros aspectos, a adscrición do texto ó xénero dramático, a xénese de publicación, as relacións co teatro galego de preguerra e con Valle-Inclán.



Panero, Carmen, “A poeta Dora Vázquez”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 12, 1996, pp. 17-19.

Tras dedicar un apartado á bibliografía de Dora Vázquez (Ourense, 1913), a articulista sinala as tres prioridades presentes no seu percorrido vital: muller, mestra e poeta e os elementos fundamentais da súa obra: o costumismo, a natureza, o simbolismo romántico e o ruralismo. Centra de seguido a súa análise no seu poemario *Irmá* (1970) ó que considera “o máis representativo da súa obra lírica” e “un poemario insólito, case único, na literatura galega”, no que predomina, na súa opinión, a soidade e un sentimento de ausencia que se percibe nas lembranzas e na paisaxe.



Paredes Méndez, Francisca, “Xesús González Gómez, *Manifestos das vangardas europeas*”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 208-209.

Recensión do volume de Xesús González Gómez, *Manifestos das vangardas europeas* (1995) do que se comenta o seu contido, un achegamento ós textos dos diversos movementos vangardistas europeos e galegos, e do que se sinala que “o autor pon ó lector en perspectiva, recibindo este a transferencia de toda unha serie de xuízos, incluídos os de valor, sobre os diferentes movementos”.



Pazó, Cándido, “Día Mundial do Teatro. Manifesto das Asociacións profesionais Galegas: ‘O teatro ha de ser declarado de utilidade pública”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, “Documentos”, nº 13, xullo 1996, pp. 81-83.

Defensa do teatro como unha manifestación auténtica, irrepetible e incontrolable fronte ó cine que hoxe xa está sendo controlado por ordenador. Sublíñase así a profundidade inequivocamente humana do teatro.



_____, “Pronuncia do norte”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*,
“Documentos”, nº 13, xullo 1996, p. 84.

Manifesto dos intelectuais do norte de Portugal contra a política cultural excesivamente centralista do goberno. Reprodúcese este manifesto pola súa similitude con moitas reivindicacións do teatro galego.



_____, “Temporada teatral”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*,
“Documentos”, nº 13, xullo 1996, pp. 85-89.

Recóllense as condicións e características da “Temporada Teatral” proposta pola Asociación de Compañías Profesionais de Teatro de Galicia ó IGAEM para crear un plano de distribución dos espectáculos teatrais de carácter profesional producidos en Galicia.



Pazos, Xosé Manuel, “Carta aberta a quen corresponda. Asunto: Número especial da revista *Primer Acto* adicado ao teatro galego”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, “Cartas á redacción”, nº 13, xullo 1996, pp. 94-95.

O autor desta carta, Xosé Manuel Pazos, traductor, ex-actor e estudioso do teatro, quéixase do feito de que a revista *Primer Acto*, nun volume monográfico dedicado ó teatro galego, se esquecese de incluír nomes de recoñecida valía e prestixio todos eles da provincia de Pontevedra.



Pena, Xosé Ramón, “Dous textos esquecidos da prosa galega do século XIX”,
A Trabe de Ouro, “Textos”, nº 27, Tomo III, ano VII, xullo-agosto-setembro 1996,
pp.129-134.

Por terceira vez nas páxinas desta revista Xosé Ramón Pena dá a coñecer textos galegos do século XIX. Antes xa o fixera con “Dialogo entre Dominjos e Farruco sobre administración de xusticia da súa aldea” e “Sigue la tertulia en la Quintana o segundo diálogo entre los consabidos Andrúco, Xâcobe e Alberte”. Nesta ocasión os textos recuperados son “Condiciones y semblanzas de los diputados a Cortes para la legislatura de 1820 a 1821” e dous parrafeos e un comento dun opúsculo pontevedrés de longuísimoo título. Todas estas pezas proceden do legado de Xosé María Álvarez Blázquez e forman parte da nosa prosa política do século XIX. Neste artigo o estudioso fai unha breve descrición de ambos textos e reproducéos sen realizar ningún tipo de modificación.



Pena Santiago, Manuela, “Nais, damas, prostitutas e feirantas”, *Festa da Palabra Silenciada*, “Crítica”, nº 12, pp. 96-97.

Comentario centrado no volume *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (1995), de Carmen Blanco. A articulista parte do obxecto de estudo deste libro: a representación literaria das mulleres e indica os criterios elixidos por Carmen Blanco para enfoca-lo seu estudo: xénero literario narrativa e poesía-, xeracións literarias -da Xeración Nós á do 36- e autores-Ramón Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Xosé M^a Díaz Castro, Eduardo Blanco-Amor, Ricardo Carballo Calero e Celso Emilio Ferreiro. A seguir, sinala que en tódolos autores escollidos se percibe o papel secundario das mulleres e a definición destas en termos de corpo e sexo; trátase dunha muller “vista como obxecto do desexo masculino e caracterizada de acordo con eses criterios, co cal serán valorados positiva ou negativamente parámetros como a xuventude fronte á vellez, a beleza física fronte á fealdade, etc.” Menciona tamén a concepción maniquea que subxace neste repertorio de figuras femininas: “no extremo positivo as nais e as damas e o negativo as prostitutas e as feirantas” e a importancia das nais, con diferentes significacións en cada un dos autores. Conclúe valorando este traballo de Carmen Blanco, na súa opinión un “punto de referencia importantísimo non só para o estudo literario deses autores senón para a crítica feminista en xeral”.



_____, “Chus Pato. *Fascinio*”, *Festa da Palabra Silenciada*, “Crítica”, nº 12, 1996, pp. 102-103.

Comeza lembrando dous poemarios de Chus Pato, *Urania* (1991) e *Heloísa* (1994), nos que, segundo Manuela Pena, a poeta xa dera mostras dun desexo de ruptura e dun carácter marcadamente iconoclasta, tanto nas categorías espacio-temporais, coma no punto de vista e na sintaxe. A continuación, céntrase no libro *Fascinio* (1995), no que percibe unha “evolución cara ao fondo, cara ao esencial da escrita da Chus Pato”, sen deixar de lado as características dos poemarios anteriores. A novidade deste libro é a inclusión dunha teoría autopoética elaborada pola autora, a través da cal “concibe a creación literaria coma o acto de creación da totalidade do mundo”. Refírese tamén ás diversas formas dos poemas, á mestura de versos longos e curtos, á profundización na metáfora e á poetización de elementos cotiáns xunto ó esteticismo clasicista. Sinala finalmente que *Fascinio* se caracteriza por unha riqueza baseada no multiperspectivismo e na multiplicidade.



Penas, Ánxeles, “Reflexións encol da arte poética”, *Serta. Revista Iberorrománica de Poesía y Pensamiento Poético*, Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia, nº 1, “Gallego”, pp. 169-174.

Primeiramente, a autora indica a necesidade de delimita-la palabra “poesía” no sentido de *poesía en canto arte da palabra*, que non ten como obxectivo moralizar ou resultar de utilidade senón “iluminarnos e abrírnos as rexións da beleza e do misterio”. Afirmo que é preciso o amor para a poesía, estea o obxecto dese amor presente ou ausente, ou mesmo conduza á imposibilidade. Ademais, entre as motivacións que atopa na poesía figura a de “darlle sentido á existencia”, o que implica unha determinada maneira de vivi-la vida cotiá; outras motivacións fundamentais son a da morte e “as circunstancias históricas ou ambientais do poeta, a terra que o viu nacer, as vivencias da súa vida”. Como exemplo destas temáticas e desta visión da poesía, a autora propón o libro da súa autoría titulado *O santuario intocable*.



Pereira, Juan M., “¿Qué me quieres, amor?”, *Quimera*, “Escaparate”, nº 148, xuño-xullo, 1996, p. 71.

Recensión sobre a versión castelá da obra *¿Que me quieres, amor?* (1995), de Manuel Rivas, publicada pola editorial Alfaguara en 1996. Segundo Pereira, esta obra amosa a madurez dun escritor novo, unha imaxinación fértil e unha escritura potente. Considera que esta obra de Rivas se sitúa entre a prosa poética e o relato realista e que contén sátira moral, fondura afectiva e humorismo revelador. Por último, analiza algún dos relatos contidos en *¿Qué me quieres, amor?* e lamenta que non sempre se traduzan as linguas peninsulares non castelás para propaga-los bos escritores, como Manuel Rivas.



Pereira Valcárcel, Manuel R., “Lois Tobío. *As décadas de T. L.*”, *Encrucillada*, nº 97, marzo-abril 1996, pp. 213-214.

Recensión da obra de Lois Tobío, *As décadas de T.L.* (1994), publicada por Edicións do Castro. O articulista alude á súa peculiar organización en períodos sucesivos de dez anos, comenta o carácter autobiográfico da obra e menciona as características da súa linguaxe fluída, “ademais de precisa e equilibrada”. Remata suxerindo “a posibilidade de engadir un índice alfabético ou por materias, dado o ronsel de feitos, institucións e personaxes que conforman este tipo de libros”.



Péres Rodríguez, José Henrique, “Sobre comboios, janelas e outras pequenas historias”, *Agália*, “Recençons”, nº 43, outono 1995, p. 377.

Breve síntese argumental de cada un dos relatos que integran a obra *Sobre comboios, janelas e outras pequenas historias* (1995), da autoría de Henrique da Costa, e gañadora do Premio de Narrativa Ricardo Carvalho Calero no ano 1993. Comenta que o punto de unión entre estas historias é a lingua “densa e rica”, ademais das descrições “completas e precisas”. Finalmente, atopa como únicos puntos merecedores de crítica o excesivo racionalismo dos relatos e o pouco aproveitamento do ritmo narrativo.



Pérez Álvarez, Francisco Xabier, “Fr. Martín Sarmiento: *Coloquio de vintecatros galegos rústicos*”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 25, Tomo I, ano VII, xaneiro-febreiro-marzo 1996, pp. 139-142.

Cunha introducción na que se dá conta do proceso de constitución e dignificación da lingua galega abre o crítico esta recensión da edición que Ramón Mariño Paz fai da obra de Fr. Martín Sarmiento, *Coloquio de vintecatros galegos rústicos* (1995), un máis dos múltiples actos con motivo do tricentenario do nacemento de Sarmiento. Divide a obra en dúas partes: o estudo lingüístico e a reprodución do texto. F.X. Pérez afirma que, sen despreza-lo aspecto poético da obra, o auténtico valor desta reside na súa riqueza lexicográfica e, polo tanto, céntrase neste aspecto da obra. Así, as notas a pé de páxina, as variantes textuais, o índice de palabras, entre outros temas son obxecto de comentario.



Pernas Chico, Rocío, “Lois Pereiro. A derradeira batalla”, *Galicia Internacional*, nº 11, 1996, pp. 76-77.

Galicia Internacional ofrece unhas das últimas entrevistas realizadas ó poeta recentemente falecido Lois Pereiro, no que este comenta o seu libro *Poesía última de amor e enfermidade* (1995) e a súa visión da relación entre vida e poesía.



Platas Tasende, Ana María, “Conversación con Alfredo Conde”, *Revista Galega do Ensino*, “Colaboracións Especiais”, nº 10, febreiro 1996, pp. 7-28.

Longa conversa que a articulista e Alfredo Conde mantiveron na casa deste último no concello de Brión. Despois de presentar a Alfredo Conde como “unha das figuras máis coñecidas da nosa literatura” quen “xuntando inxenio e traballo, é quen de soste, a través dos anos, o posto conseguido nas letras galegas, primeiro, e despois na literatura castelá”, Ana M^a Platas Tasende ofrece unha serie de datos biobibliográficos do escritor. De seguido, transcríbese a conversa que comeza lembrando os inicios de Alfredo Conde na literatura galega coas súas achegas á poesía. O escritor recoñécese un mal poeta pero un grande lector de poesía. Lembra tamén a súa primeira obra en prosa *Mementos de vivos*, refírese á súa temperá vocación de escritor e ás peripecias polas que pasou a primeira redacción de *O barco*. Alfredo Conde pronúnciase tamén sobre as novas técnicas narrativas e sobre conceptos como tradición e ruptura; cre que cómpre “narrar coas técnicas que aprendemos dos que viñeron antes ca nós”, afirma non entender “o binomio tradición-ruptura doutro xeito” e sinala que os experimentalismos seméllanlle “se-lo refuxio dos impotentes”. Coméntanse ademais aspectos como: as influencias da música e da pintura na súa obra; a entrevista que mantivo no 1988 con Fidel Castro e a situación actual de Cuba; o rebumbio nos círculos literarios galegos cando gañou o Premio Nadal con *Los otros días*, tema no que se recoñece “inxustamente tratado”; a visión da emigración que se desprende de *Sempre me matan*; a presenza de elementos autobiográficos na súa obra; e, finalmente, a situación da lingua galega que, na súa opinión, estase a converter nunha lingua urbana, nun “dialectiño, un *pato*,”



unha estraña *koiné* parásita do castelán”. Remata anunciando a aparición de *A casa de Adara* e a intención de escribir unha segunda parte de *Sempre me matan*.



_____, “A morte en Venecia”, *Revista Galega do Ensino*, nº 12, maio 1996,
pp. 245-247.

Recensión da tradución (1995) de L. Araújo de *A morte en Venecia*, de Thomas Mann. Saliéntase o neorromanticismo, o modernismo e o impresionismo que se mesturan nesta obra publicada en 1912, unha das novelas curtas “máis perfectas da literatura occidental”. Coméntase que assistimos á evolución da interioridade dun personaxe antagónico, Von Aschenbach, vello namorado dun adolescente, no marco dunha Venecia decadente “carcomida pola peste nos tempos inmediatos ó estoupido da Primeira Guerra Mundial”. Ana María Platas salienta o “rigor” e “perfección”, a “escrupulosa fidelidade” do labor de tradución de Araújo.



Pociña, Andrés, “Un diccionario literario galego como é debido”, *Grial*, nº 130, Tomo XXXIV, abril-maio-xuño 1996, 1996, pp. 272-274.

Co gallo da publicación do *Diccionario da literatura galega I. Autores* (1995), coordinado por Dolores Vilavedra, Andrés Pociña salienta o relevo especial que este tipo de obras acadou na segunda parte do século XX. No eido da literatura galega, o autor lembra as obras que antecederon á publicación mencionada: *Diccionario de escritores gallegos* (1862), de Manuel Murguía, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* (1951-1953), de Antonio Couceiro Freijomil, e, por último, o *Diccionario de escritores en lingua galega* (1990), de Francisco Fernández del Riego. Recoñecendo o meritorio das obras anteriores, Andrés Pociña considera a nova publicación como unha obra “fundamental para o estudo e coñecemento da literatura galega”. Salvando certos aspectos ó seu parecer mellorables -maior amplitude na oferta bibliográfica, a sinatura e a congruencia interna de cada unha das entradas-, salienta como éxitos a concepción da obra -biografía, presentación de obras e bibliografía en cada autor tratado- e a súa exhaustividade.



Pociña, Andrés e Aurora López, “Ricardo Carballo Calero na historia do rosalianismo. Unha aproximación bibliográfica”, *Boletín Galego de Literatura*, “Bibliografías”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 179-191.

Relación do traballo que Ricardo Carballo Calero realizou durante toda a súa andaina como crítico e historiador das Letras Galegas ó redor da vida e obra de Rosalía de Castro, comentando algunhas da súas maiores contribucións ó ámbito da crítica rosaliana. Dividen Aurora López e Andrés Pociña a bibliografía en oito apartados baixo os epígrafes de: “Edicións de Rosalía”, “Estudios xerais”, “Estudios biográficos”, “Estudios literarios”, “Estudios lingüísticos”, “Influxos en Rosalía e de Rosalía”, “Verso de Carballo Calero para Rosalía” e “Varios”, que inclúen un total de 71 entradas.



Polín, Ricardo, “Lembranzas literarias da muller perdida (folclore, simbolismo e emancipación)”, *Ólisbos. Os amantes da palabra*, nº 18, maio 1996, pp. 67-68.

Artigo sobre a imaxe que a muller galega presentou na literatura e a arte. Á parte da rudeza coa que a pinta Mesonero Romanos nas *Escenas Matritenses*, pódense atopar prototipos de nai fértil en Manuel Curros Enríquez ou pódese rexeitar totalmente o seu carácter maternal como fai Emilia Pardo Bazán. Funciona, tamén, o estereotipo de labrega en Claudio Cuveiro Piñol, etc.



Pozo Garza, Luz, “Ave inqueda”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 12, 1996,
pp. 20-21.

Luz Pozo interpreta a poesía de Pura Vázquez dende dous parámetros esenciais: a inquedanza e a señardade. Ambos aspectos, na súa opinión, configuran unha “poesía do desacougo”, caracterizada por unha confusión que adquire diversos matices poéticos, que se reflicten na expresión e na temática das composicións. De seguido, analiza a antítese “cohesión-dispersión” sobre a que se constrúe a obra de Pura Vázquez, a utilización dun léxico coloquial que expresa o “amor á terra” e a especial sensibilidade da poeta ourensá, que expresa “unha calor, unha temperatura tan humana que as verbas alentan. Se Pura di *Galicia* envólvenos a Patria”.



Queizán, M^a Xosé, “Entrevista”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 12, 1996,
pp. 4-12.

Entrevista realizada por M^a Xosé Queizán na casa de Pura e Dora Vázquez en Ourense, dúas mulleres unidas polo “amor mútuo, o amor ás palabras, á poesía, á paisaxe, ás amizades. Tamén polo oficio”. Na entrevista, as irmás Vázquez responden a cuestións sobre a súa infancia, os seus estudos, os anos da guerra civil, os seus primeiros poemas e a súa consolidación como poetas, Pura nos círculos de Segovia e Madrid e Dora na aldea de Larín. Lembran tamén as viaxes de Pura a Venezuela e os seus contactos en América con poetas como Neruda ou Celso Emilio, e comentan algunhas das claves temáticas que aparecen na súa produción como o intimismo, a tenrura, a natureza ou o paso do tempo.



_____, “A sororidade na poesía de Dora Vázquez”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 12, 1996, pp. 25-27.

Reproducción dun artigo publicado por M^a Xosé Queizán no suplemento literario “Galicia Literaria” do *Diario 16 de Galicia*, o 4 de xullo de 1992. Tras unha introducción na que Queizán sinala as características fundamentais da poesía escrita por mulleres, centra o seu comentario no libro *Irmá* (1970), de Dora Vázquez, no que salienta a presenza dun tema “escasamente tratado na literatura galega”: a sororidade. Refírese á tenrura, á emoción e á exploración dos sentimentos que causa a ausencia da irmá e conclúe indicando que estes poemas “merecen un lugar destacado na historia da nosa literatura”.



R. G. T., "Tadeusz Kowzan en Galicia", *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, "Libros", nº 13, xullo 1996, p. 96.

Recensión na que se dá noticia da conferencia que Tadeusz Kowzan pronunciou en Vigo dentro da I^{as} Jornadas de Teoría del Teatro, Texto y Representación co título de *El signo y el teatro*. Participaron tamén María del Carmen Boves Naves e Luciano García Lorenzo.



Rabunhal, Henrique, “Os relatos do Manuel Murguia”, *Agália*, “Recençons”, nº 43, outono 1995, p. 379.

Este artigo recolle a intervención do autor no acto de presentación do volume *Relatos*, celebrado en Arteixo o 20 de outubro de 1995. Henrique Rabunhal fala da boa acollida que está a ter esta obra e agradece a colaboración de Frutos Martínez Saavedra e de todo o Concello de Arteixo. Comenta a heteroxeneidade que se pode atopar entre as obras gañadoras do Certame Manuel Murguía, publicadas agora neste volume único, e ten unhas palabras de louvanza para cada un dos autores dos textos incluídos en *Relatos*.



_____, “Ángelo Casal na lembrança”, *Agália*, nº 44, “Notas”, inverno 1995, pp. 473-477.

Reflexiona sobre o abandono e o esquecemento no que están sumidas sobranceiras figuras da nosa cultura como é o caso de Ánxel Casal. Felicita á Agrupación Cultural “O Facho” e a Edición do Castro por pretenderen revitaliza-la memoria de tan ilustre galego con motivo da celebración do primeiro centenario do seu nacemento. Fai un percorrido pola traxectoria cultural e política de Casal, lembrando aquelas entidades coas que colaborou activamente. Salienta, de xeito especial, o seu traballo como editor de libros en galego, actividade da que foi grande impulsor ó longo da súa vida. Para rematar, dá conta dos recoñecementos que recibiu en vida e das escasas homenaxes que lle tributaron á súa morte, especialmente no exilio. Inclúe unha bibliografía sobre Ánxel Casal.



Reisz, Susana, “*Daquelas que cantan... sen miramentos: María Xosé Queizán ou o amor á disonancia*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 127-136.

A articulista parte da consideración de que “a situación das escritoras galegas pódese comparar, en máis dun aspecto, coa circunstancia vital das mexicano-norteamericanas ou das caribeño-norteamericanas e coas súas problemáticas opcións fronte ó inglés e ó castelán”. Dende esta perspectiva de análise, e dende o seu coñecemento da situación da literatura de mulleres hispanoamericana, aplica os conceptos de “literatura menor” e “escritura feminina” á obra poética de M^a Xosé Queizán sinalando como características da súa produción: a concepción negativa do canon lírico tradicional; a consideración do acto de escribir como forma de sobrevivencia e arma contra a opresión feminina; o descubrimento do xénero poético; a proposta dunha “poesía polifónica, dialóxica e polémica”, chea de preguntas reais e respostas provisionais; a ruptura das barreiras entre os xéneros e o emprego dunha nova linguaxe feminina. Susana Reisz sinala que M^a Xosé Queizán intenta xa dende *Metáfora da metáfora* (1991), traspasa-la tradición literaria do patriarcado desdobrando e deconstruíndo os termos claves de *metáfora* e *saudade*, a través de presupostos que coinciden cos da teórica feminista Luce Irigaray. O camiño continúa en *Despertar das amantes* (1993), poemario no que predomina a actitude vitalista e a afirmación do amor “entre almas e corpos iguais”, unido á crítica do masoquismo tradicional da muller entregada ó home-deus. En *Fóra de min* (1994), a rebeldía materialízase aínda máis ata chegar a posturas



anticolonialistas, antirracistas e antisexistas. Ademais, segundo Reisz, a presenza de Rosalía, tamén deconstruída, é constante en cada un destes volumes.



Requeixo, Armando, “Marta Pessarrodona. Poesía de Muller na Catalunya de fin de milenio”, *Ólisbos. Os amantes da palabra*, n.º 18, maio 1996, pp. 46-52.

Ofrécese unha nota bio-bibliográfica da autora catalana e vértense ó galego as composicións “Schöneberg” (“Schöneberg”), “Tarda a Regent’s Park” (“Tarde en Regent’s Park), “Rue Mazarine” (“Rue Mazarine”), “Colom a una finestra de Barcelona” (“Pomba nunha fiestra de Barcelona”), “Weissensee” (“Weissensee”), “Der Tod ohne Mädchen” (“Der Tod ohne Mädchen”) e “Anna Gorenko” (“Anna Gorenko”).



_____, “Unha aproximación a *Nimbos* de Xosé M^a Díaz Castro”, *Revista Galega do Ensino*, nº12, maio 1996, pp. 101-119.

Artigo que pretende ser, en palabras do autor, “unha aproximación crítica integral” a *Nimbos*, de Xosé M^a Díaz Castro. Tras trata-la problemática das distintas edicións existentes, Requeixo entra de cheo na súa análise, abordada dende os enfoques intra e extratextual. A análise intratextual percorre a poética, a temática, a estilística e a estrutura da obra. O estudio remata coa análise extratextual, apartado no que o autor reivindica a singularidade da poesía diazcastriana, xeralmente encadrada no “paisaxismo humanístico” ou “virxilianismo”.



_____, “A tradición romancística galega: a figura de Aníbal Otero”, *Boletín Galego de Literatura*, “Estudios”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 47-76.

Panorámica da situación das compilacións e estudos sobre o Romancero galego dende os seus inicios, no século XIX, ata a actualidade e análise da figura do escritor e lingüista lugués Aníbal Otero -do que se ofrece un perfil bio-bibliográfico- como un dos compiladores de romances en Galicia. Armando Requeixo fai unha escolma de 25 textos da colección de romances de Otero seleccionando aqueles que, ó seu xuízo, presentan maior interese pola súa calidade literaria, singularidade lingüística -preferentemente as versións máis galeguizadas- e representatividade da tradición galega do Romancero hispánico. Para a súa disposición segue un criterio temático: romances históricos, épico-literarios, bíblicos e clásicos, de cativos, de amor fiel e alén da morte, de mulleres desgraciadas, de mulleres fatais, etc., e cada romance aparece acompañado dun pequeno aparato crítico onde se dá conta do seu informante, versións cotexadas e tradición do tema romancístico.



_____, “Vinte máis un: novamente Dorna”, *Galicia Internacional*, nº 9, 1996,
p. 83.

Recensión do número 21 da revista *Dorna* na que se dá conta dos artigos e colaboración que recollen, a maioría homenaxeando a figura de Alexandre Cribeiro.



_____, “Contra a desmemoria”, *Galicia Internacional*, nº 10, 1996, p. 84.

Recensión do libro *Desde mil novecentos trinta e seis. Homenaxe da poesía e da plástica galega aos que loitaron pola liberdade* (1995), antoloxía que reúne a unha trintena de poetas e outros tantos artistas plásticos. O autor da recensión afirma a necesidade de libros deste estilo para loitar contra a desmemoria e ofrecer ós lectores do presente unha lembranza fiel do pasado.



_____, “Big-Bang/Erros e Tánatos”, *Galicia Internacional*, nº 11, 1996, p. 83.

Pequena aproximación a dous títulos: *Big-bang* (1996), de Xoán Bernárdez Vilar, e *Erros e Tánatos*, de Gonzalo Navaza (1996). Do primeiro di o comentarista que é un título orientado a un público xuvenil e ambientado na ciencia-ficción, e do segundo que é un conxunto de relatos nos que, en palabras do recensionista, atopamos “Unha reflexión ácida sobre a fragilidade da vida”.



_____, “O medo galego”, *Galicia Internacional*, nº 12, 1996, p. 87.

Recensión da *Antoloxía do conto galego de medo* (1996), preparada por Silvia Gaspar, do que se salienta o coidado prólogo que precede ós textos e se critica o pouco coidado demostrado na selección dos textos e na elaboración das fichas bibliográficas de cada un dos autores.



Riobó, Pedro, P., “Re-distribución do teatro afeccionado”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, nº 13, xullo 1996, pp.12-15.

O director de Teatro AURIN reclama a necesidade de distinguir claramente entre os grupos de teatro de escolares, de afeccionados e de profesionais, e de establecer e delimita-los camiños de representación e difusión de cada un destes tipos de teatro co fin de non interferir uns nos outros e de non dificulta-lo desenvolvemento do teatro profesional en Galicia.



Risco, Antón, “Historia dunha máscara ou á procura do referente perdido”, *Grial*, nº 132, Tomo XXXIV, outubro-novembro-décembro, 1996, pp. 473-481.

Antón Risco sérvese neste artigo da máscara como obxecto simbólico para afondar nas relacións que “o signo e mais o referente estableceron no curso da nosa historia occidental”. Tomando como obxecto de reflexión unha máscara africana presente nun museo e estudiando as interpretacións da máscara como tal ó longo do tempo e ó abeiro de distintas civilizacións, o autor sinala como este “útil humano, na súa orixe tan cargado de significación (...) foi paseniño sendo ceibado do seu soporte, do seu contido, (...) para reducillo a un puro instrumento lúdico (...) aberto ‘cara ó baleiro’”.



Rodríguez, Luciano, “Una introducción a la poesía de los 80”, *Litoral. Poesía Gallega Contemporánea*, n^{os} 209-210, Torremolinos-Málaga: Revista *Litoral*/Universidade da Coruña, maio 1996, pp. 36-47.

Ensaio sintético no que se repasan os principais feitos conformadores do que se deu en chamar na literatura galega “Xeración poética dos 80”. Así, Luciano Rodríguez analiza, sucesivamente, a pertinencia da denominación xenérica, os inicios do denominado “cambio de rumbo” da lírica galega de mediados dos 70 (na que inflúe a aparición de novos colectivos, certames e revistas poéticas), así como os trazos comúns (culturalismo, preocupación polos aspectos formais e o idioma, a fusión de tradición e modernidade) e as temáticas (amor e sensualidade, o tempo e o seu pasar, a morte, a presenza da natureza, o carácter elexíaco, a epicidade e o civismo, e a reflexividade escritorial ou metapoética) que conforman e dan unidade a esta xeración poética dos 80.



_____, “As bandeiras do corsario. Sobre poesía e poetas”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 208-210.

Comentario sobre o libro de Ramiro Fonte *As bandeiras do corsario. Sobre poesía e poetas* (1995). Luciano Rodríguez indica que os interlocutores escollidos polo autor neste estudio -Georg Trakl, Paul Celan, Ezra Pound, T.S. Eliot, Derek Walcott, César Vallejo, Luís Cernuda, Pablo Neruda, René Char, Pessoa, Pasolino, Osip Mandelstam, Jaroslav Seifert, Vladimir Holan-, “comunicánnos, desde a súa conciencia de suxeito escindido do que nos fala a modernidade desde o Romanticismo ata hoxe, a angustia e a aflicción, a mirada interior e a situación externa da afectividade, o mundo que queren e o mundo que perden...”. O diálogo establecido por Ramiro Fonte e estes poetas, desenvólvese, na súa opinión, mediante unha invitación ó lector “a unha nova viaxe: a lectura”.



Rodríguez González, Xulio, “Raíces da súa xeografía vital”, *Treboada*, “Especial Ferro Couselo”, 1996, p. 16.

Alude á preocupación de Xesús Ferro Couselo por coñecer-la orixe dos lugares que lle resultaban máis achegados. Xulio Rodríguez exemplifica este aspecto citando senllos artigos sobre Arousa e Iria. Cita ademais Santiago de Compostela, Tui e Ourense entre os lugares que foron obxecto do seu estudio. No caso de Ourense detense na postura contraposta pero complementaria coa de Florentino L. Cuevillas.



Romaní, Ana, “¿Autopoética?” e “Catro poemas”, *Boletín Galego de Literatura*, “Creación”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 267-269.

Despois dunha declaración na que se define a creación poética cunha sucesión de metáforas como “Camiño que desenreda o novelo” ou “Labirinto preciso para un encontro”, a autora concretiza a súa particular concepción do universo lírico con catro poemas en complementaria sucesión.



_____, “O rito da palabra tensa a pel do mundo”, *Festa da Palabra Silenciada*, “Crítica”, nº 12, 1996, pp. 104-105.

Ana Romaní comenta o poemario *Ruído* (1995), de Luísa Villalta, no que segundo di, “Luisa Villalta salta como un tigre desde o estrondo e a confusión, salta e avalázanse en versos de intensa palabra que se procura e se desvela”. Menciona os catro anos de silencio da poeta, tras *Música reservada* (1991) e sinala que *Ruído* está composto por catro espazos que configuran un poemario “hermético e difícil”, no que está moi presente a música e a procura dunha voz poética persoal dende a “consciencia do feminino como ruptura e resistencia”.



Romaní, Ana e Paulino Novo, “Tertulia literaria: primeiros pasos da revista *Dorna*”, *Dorna*, nº 22, outono 1996, pp.87-99.

Entrevista múltiple que apareceu incluída na sección Verbas Cruzadas do nº 22 da propia revista *Dorna*. Nela contense a transcrición do programa *Diario Cultural*, emitido pola Radio Galega o 8 de marzo de 1996, onde Ana Romaní e Paulino Novo entrevistaron a Henrique Monteagudo, Rafa Villar e Manuel Forcadela co fin de que cada un deles falasen da súa experiencia particular no seo desta revista e, a un tempo, cos seus comentarios conseguir trazar unha traxectoria da vida da mesma dende as orixes, representada polos dous primeiros números, pasando pola etapa de plenitude, que comezou no nº 3, en palabras de Henrique Monteagudo “dos mellores da revista” e pola orientación actual, neste caso relatada por Rafa Villar. Acompáñase a charla co comentario que realizou, no mesmo programa, Ramiro Fonte sobre os distintos homes que fixeron posible, dende o principio, a publicación desta publicación.



Romero, M., “I Encontro das poetas peninsulares e das illas”, *Galicien*

Magazin 2, Galicien Zentrum: Universidade de Trier, outubro 1996, p. 25.

Resumo do 1º Encontro das poetas peninsulares e das illas organizado polas Feministas Independentes Galegas e pola Concellería da Muller do Concello de Vigo, baixo a dirección de María Xosé Queizán e que contou coa presenza das poetas galegas Luz Pozo Garza, Pura Vázquez, Pilar Pallarés e Chus Pato.



Romero, Marga, “Coa certeza, parir o pensamento, parir a liberdade”, *Festa da Palabra Silenciada*, “Crítica”, nº 12, 1996, pp. 94-95.

A articulista comeza cunha referencia á continuidade temática de toda a produción de M^a Xosé Queizán, visible tamén en *Escrita da certeza. Por un feminismo optimista* (1995), “unha obra que volve sobre as súas certezas, as dictadas nos seus anteriores traballos”. Sinala ademais que o pensamento de Queizán é progresista e antidogmático e que ten como base a confianza nun futuro encamiñado á “busca da dignidade das persoas”. Analiza tamén a estrutura do libro e destaca a crenza da autora na utopía, na creación feminina, no pensamento novo que cambia a realidade. Conclúe destacando que se trata dun “ensaio claro, didáctico que sería de lectura recomendable para as xeracións máis novas”.



Ron Fernández, Xavier, “Gelmírez”, *Revista Galega do Ensino*, nº 12, maio 1996, pp. 251-253.

Recensión a cargo de Xavier Ron Fernández sobre a edición facsímilar da revista *Gelmírez. Hojas de otoño a primavera* (1995), coordinada por Luís Alonso Girgado e publicada polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”. O recensionista comenta que *Gelmírez* foi e é unha das “mellores” revistas creadas nun instituto de Ensino Medio. O volume iníciase cunha serie de cartas de presentación que preceden á introducción na que se estudian, entre outros aspectos, a xénese da revista no curso 1945-1946, os seus colaboradores, a súa esencia literaria e a súa evolución. Reprodúcense a continuación os tres números saídos no curso de formación, para pecharse cun percorrido por medio século de revistas de Ensino Medio e Formación Profesional en Galicia. Ron Fernández salienta a incorporación de colaboracións en lingua galega e a información sobre acontecementos culturais do momento.



Rosales Cereijo, Manuel, “As cousas de Castelao. Entre a tradición e a innovación”, *Cadernos Castelao*, nº 6, Santiago de Compostela: Fundación Castelao, 1996.

Amplio estudio sobre a narrativa de Castelao que, segundo o articulista, amosa “unha nova e peculiar interpretación do espírito popular”. Céntrase na súa obra *Cousas*, modalidade que define como “unha literatura de síntese” na que Castelao “soubo aglutinar os elementos cultos e populares no discurso narrativo”. A continuación, leva a cabo unha comparación entre as obras literaria e gráfica do autor a través dunha serie de esquemas que poñen de manifesto os paralelismos existentes nestas dúas modalidades artísticas. Por último, achégase á estrutura típica dos contos de Castelao e reproduce dous deles: “Era un neniño de manteiga” e “Chámanlle a Marquesiña”.



Rúa, Manuel P., “Francisco Fernández del Riego, Memoria dos nosos”, *Galicia Internacional*, nº 12, pp. 27-31.

Entrevista con Francisco Fernández del Riego, na que o escritor e crítico ofrece ó entrevistador e ós lectores a súa visión dos últimos setenta anos da vida cultural de Galicia.



Ruibal, Euloxio R., *A greta Chirintolas. Brinquedo para títeres, El Extramundi y los papeles de Iria Flavia*, "Corral de Comediantes", nº VIII, inverno 1996, pp. 153-167.

Farsa que ten como protagonistas a unha moeda, un bastón de mando, unha lingua, unha vulva, un falo e unha greta, personaxe este último que coa súa ferocidade partirá a moeda e a lingua en dúas partes e cortará o bastón para concluír interrompendo o encontro entre a vulva e o falo. Logo de se entablar unha liorta entre tódolos personaxes, todos foxen porque o perigo común é a greta.



Sacido Romero, Jorge, “Bakhtin: cara a un acto filosófico”, *Boletín Galego de Literatura*, “Estudios”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 107- 112.

Artigo no que Jorge Sacido Romero reflexiona sobre as achegas filosóficas, éticas e estéticas encerradas no texto bakhtiano *Cara a unha filosofía do acto* (*Towards a Philosophy of the Act*, 1993). Este texto -exhumación dun inédito fragmentario- ía dividirse en catro partes -das que só se conserva a primeira- que tratarían respectivamente “o exame dos momentos fundamentais na arquitectónica do mundo real do acto ou feito levado a cabo -o mundo experimentado realmente e non o mundo meramente pensable”, a actividade estética, a ética da política e a relixión. Así, no seu estudo, Sacido Romero desentraña a problemática relación que o texto bakhtiano -quen dialoga nos seus presupostos con Kant- debuxa na oposición suxeito/outro e na procura da natureza da realidade do ser e do suxeito.



_____, “Notas sobre *Introduction to Literary Hermeneutics*, de Peter Szondi”,
Boletín Galego de Literatura, “Notas”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996,
pp. 153-159.

Comentario crítico da obra de Peter Szondi, *Introducción á hermenéutica literaria (Introduction to Literary Hermeneutics)* da que Jorge Sacido Romero repasa os contidos dos seus capítulos, dedicados ás propostas hermenéuticas de J.M. Chladenius e de G.F. Meier, nun primeiro momento, e ás de F.A. Wolf e F. Agst, posteriormente. Esta últimas serviron de precedente ás teorías de F. Schleiermacher, anticipadoras das escolas críticas e lingüísticas do século XX. A obra de P. Szondi persegue, segundo J. Sacido, dous obxectivos: por unha banda “atacar a idea de Wilhem Dilthey de que a filosofía hermenéutica de Friederich D.E. Schleiermacher supón unha ruptura coa tradición anterior e se constitúe no feito fundacional da hermenéutica moderna” e, por outra, “demostrar a pertinencia e a necesidade dunha *hermenéutica literaria* fronte á ameaza dunha teoría universal da interpretación na que quede velada a particularidade xenérica do texto”.



Salgado, Xosé Manuel, “Laura Caveiro: *Polas inmensas e alleas fortunas*”,
A Trabe de Ouro, “Publicacións”, nº 25, Tomo I, ano VII, xaneiro-febreiro-marzo
1996, pp. 131-133.

Cun breve percorrido pola historia do xénero policíaco inicia Xosé Manuel Salgado esta recensión da obra de Laura Caveiro, *Polas inmensas e alleas fortunas* (1995). Comenta o crítico que a novela mantén os elementos básicos inherentes a toda historia detectivesca. Destaca, así mesmo, o feito de trasladar as podreiras da sociedade ó texto da novela nunha perfecta adecuación entre a tensión estilística e a hostilidade do ambiente recreado.



Sampedro, Francisco “O materialismo como certeza”, *A Trabe de Ouro*,

“Publicacións”, nº 25, Tomo I, ano VII, xaneiro-febreiro-marzo 1996, pp. 121-124.

Comeza este artigo coa distinción entre a escrita da incerteza (que se move na figura do círculo) e a da certeza (na figura da espiral). Neste último grupo atópase, como o mesmo título indica, a obra de María Xosé Queizán, *Escrita da certeza* (1995) que escribe contra a “va prosa” pero tamén, e á vez, contra a escrita panfletaria. É este un libro denso polo centro que o constitúe: a condición da muller e a directiva da utopía realista da emancipación. Así, estes textos conteñen proposicións que son xeneralizables ó conxunto das relacións de opresión e non só á situación da muller. Convértese, segundo o crítico, nun modelo de análise materialista no que salienta tres aspectos que analiza brevemente: a consciencia de ter que contar cunha linguaxe herdada, o papel do consentimento e a denuncia do resentimento. Pero non son estes os únicos trazos da obra de María Xosé Queizán, a coraxe, a lucidez e a esperanza transformadora tamén están presentes.



Sanjurjo Fernández, Victoria, “Pura Vázquez: unha poética da “galeguidade”,
Festa da Palabra Silenciada, nº 12, 1996, pp. 22-24.

Análise da produción poética de Pura Vázquez publicada entre os anos 1952-1971, na que, segundo a articulista, a poeta constrúe unha “poética da ‘galeguidade”, na que priman tres trazos: o celtismo, o panteísmo e a saudade. Con respecto ó celtismo, salientase que a autora ourensá toma a súa inspiración de Pondal e Cabanillas, artellando un orgullo cara a un pasado heroico que pervive en lendas e tradicións galegas. O panteísmo maniféstase, seguindo esta análise, mediante a humanización da natureza e a expresión da comunión co contorno natural, “dende a vivencia sensible ata a fusión total”. Por último, analízase a saudade presente nos versos de Pura Vázquez enfocada como “nostalxia da terra distante” que causa dor e tristura e á vez “produce na alma sensible da poeta un consolo espiritual”.



Santamarina, Antón, “Xosé Filgueira Valverde”, *Encrucillada*, nº 99, setembro outubro 1996, pp. 384-387.

Iníciase o artigo cunha breve louvanza da revista *Encrucillada* a Xosé Fernando Filgueira Valverde, como recoñecemento ó seu labor en prol da cultura galega; citan, entre outros merecementos, a fundación da revista *Logos*, “truncada pola Guerra” e antecedente claro da revista *Encrucillada*. A continuación, reproducense as palabras que, no seu funeral, pronunciou Antón Santamarina, que ofreceu unha lembranza persoal do vello profesor, salientando as súas virtudes e recoñecendo o seu importante labor cultural.



Santos Ferreira Alves, Ida Maria, “Luís Seoane: Cicatrices da Galiza”, *Estudos Galegos*, Niterói, RJ: Editora da Universidade Federal Fluminense (Eduff), serie Estudos Galegos, nº 1, 1996, pp. 107-114.

A articulista ofrece un achegamento a “uma das mais importantes figuras da Cultura Galega”, Luís Seoane López, a quen se lle dedicou, no 1993, o día e o ano das Letras Galegas. Inicia o artigo cun breve perfil biográfico sobre o polifacético autor; fai referencia ó seu importante labor cultural levado a cabo dende a capital arxentina ou a quinta provincia galega, como se ten chamado nalgunhas ocasións. Ofrece, así mesmo, unha pequena selección dalgúns dos seus versos e unha breve bibliografía.



Seara, Teresa, “*Contra Mar*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 221-226.

Análise do poemario *Contra Mar* (1995), de Xesús Franco. Teresa Seara salienta o exercicio desmitificador sobre o mar que realiza o autor, que presenta un eu poético escindido en tres sentimentos diferentes ante a contemplación do espazo marítimo: o abraio, o medo e o odio. Comenta tamén que se abordan tódalas caras do mar mediante unha viaxe circular que pon de manifesto o seu poder en tódalas situacións.



Sierra Veloso, Xurxo, “Vinteito xeitos de dar sentido á vida”, *Grial*, nº 129, Tomo XXXIV, xaneiro-febreiro-marzo 1996, pp. 125-127.

A recensión de Xurxo Sierra Veloso da obra de Xavier Lama *Os moradores da nada* (1995), ábrese cunha louvanza dos “productos de calidade” que van poboando as nosas letras, entre os que se inclúe esta obra, vencedora no Premio Álvaro Cunqueiro de narrativa. Vinteito relatos, en palabras do recencionista, vinteito “semblanzas literarias” que invitan “á lectura” e á “reflexión”, nas que se narra “a vida doutros tantos personaxes”. A súa “estructura base (...) parte dun título aséptico, no que tan só se informa do nome do personaxe”, ó que segue a presentación do mesmo e o empeño que centrou a súa vida, culminada, “de xeito case invariable”, na morte, que “pon remedio á súa particular obsesión”. Segundo Xurxo Sierra Veloso, o lector atopará na “navegación” polo “océano construído por Xavier Lama”, “todo un torrente literario” -Casares, Cunqueiro, Camus, Perec, Cortázar, Buzzati-. O artigo péchase cunha reflexión sobre o alto índice de cultivo do relato curto no ámbito das nosas letras.



Silva, Joaquín, “Dous poetas das rúas de Bruselas”, *A Trabe de Ouro*, “Textos”, nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio-xuño 1996, pp. 121-131.

Artigo no que se recollen diversas composicións de dous poetas belgas precedidas dunha mínima referencia biográfica. O primeiro deles é Bernard Godefroid do que se reproducen catro poemas pertencentes á súa obra *Paisaxes cidadáns*, son: “Ave Marie Stella”, “Cabeza de turco”, “Canal” e “Brussels by night”. A outra autora é Judith Masse de quen se reproducen tres composicións: “A Samaritaine”, “A Porta de Hal” e “O vello mercado da Place du Jeu de Balle” incluídas no seu poemario *Divagacións Bruxelesas*. Tódolos textos aparecen tanto na versión orixinal coma en versión galega.



Soto López, M^a Isabel, “Modesto Hermida, *Narrativa galega: Tempo de Rexurdimento*”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 209-212.

Descrición detallada das tres partes do volume de Modesto Hermida *Narrativa galega: Tempo de Rexurdimento* (1995), onde Isabel Soto presta especial atención ó que ela considera o corpo central do libro, o capítulo titulado “A narrativa galega do Tempo do Rexurdimento”, do que cita unha selecta da nómina de narradores que recolle M. Hermida no seu traballo, que, como sinala a recensionista, fora galardoado co Premio da Crítica de Galicia, 1995. Tras esta exposición inicial, conclúe Isabel Soto cunha valoración positiva do libro que é cualificado como “volume de obrigada consulta para completar un período da nosa historia da literatura, realizado con exhaustividade”.



Soto Soto, Alberte, “Cine y poesía”, *Qué leer*, nº 4, outubro 1996, p. 28.

Dá conta dalgunhas das novas publicacións na literatura galega ofrecendo algunhas notas descritivas sobre *Coroa poética para un martir* (1996), edición de Xesús Alonso Montero; *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1996), de Xerardo Álvarez Gallego; *Ninguén suspira por ela* (1996), de Otilia Seijas, e o volume de Edicións Xerais titulado *Narradores de cine*.



_____, “Otras voces, otros ámbitos”, *Qué leer*, nº 5, novembro 1996, p. 22.

Adianta o contido da reedición de *Fuxidos*, de Juan Noya e da peza teatral *A soldadeira*, de Luís Seoane. Así mesmo, refírese á tradución de *Os noivos*, de Alessandro Manzoni na editorial Galaxia. Conclúe aludindo a *¡Prohibido casar, papá!* (1996), de Fina Casalderrey.



Spitzmesser, Ana María, “Ritos de pasaxe: a búsqueda de identidade en *Vento de seda*, de Bieito Iglesias”, *Grial*, nº 129, Tomo XXXIV, xaneiro-febreiro-marzo 1996, 1996, pp. 15-23.

Ana M^a Spitzmesser analiza neste artigo en qué medida a obra *Vento de seda* (1992) de Bieito Iglesias responde ás características da novela de autocoñecemento ou *Bildungsroman*, seguindo os paradigmas ou “ritos de pasaxe” establecidos por Jerome Hamilton Buckley no seu estudio da obra prototípica do xénero, *Wilhelm Meister*, de Goethe. A autora proba como “ó contrario do que sucede no *Bildungsroman*, a novela de Iglesias Araúxo representa unha negación da esperanza de salvación proxectada no fracaso irónico dos ritos de pasaxe que rexen a búsqueda dunha identidade persoal e social”.



Suárez Briones, Beatriz, “Un dilatado facerse: a obra poética en castelán de Pura Vázquez”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 12, 1996, pp. 32-37.

Realízase un percorrido pola produción poética en castelán de Pura Vázquez e coméntanse as características fundamentais e os temas máis reiterados en cada un dos libros da poeta ourensá: *En torno a la voz* (1948), *Madrugada fonda* (1951), *Tiempo mío* (1952), *Destinos* (1955), *Mañana del amor* (1956), *Poemas a mi sombra* (1959), *Presencia de Venezuela* (1966), *Los sueños desandados* (1974), *Los poetas* (1971) -en colaboración coa súa irmá Dora- e *Contacto Humano del recuerdo* (1985).



Tarrío Barreiro, Andrés, “*A Freita*, n^{os} 8-9: revista da lingua e da cultura galegas de Asturias”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio xuño 1996, pp. 139-142.

Coa reivindicación do galego en determinadas zonas de Asturias, León e Zamora abre Andrés Tarrío esta recensión da revista *A Freita*, na que se fai un percorrido polas súas páxinas, citando e comentando brevemente os distintos artigos incluídos neste número dobre de decembro de 1995. Extráese do contido deste artigo que dende o punto de vista literario resulta interesante o artigo de Luís Carnota Fernández, no que se reproducen algunhas composicións de poetas que sen seren galegos usaron a nosa lingua na súa obra e, sobre todo, o suplemento literario “O Espello” que principia a súa andaina coordinado por Xabier Frías Conde e que inclúe seis textos de creación, tres narrativos (de Xosé Máximo Fernández, Xabier Frías Conde e Pablo Antón Marín Estrada) e outros tres poéticos (de Xosé Rico, Pacho F. C. e Crisanto Veiguela).



Tarrío Varela, Anxo, “La formación del canon literario gallego”, *Ínsula*, nº 600, “Un viaje de ida y vuelta”, decembro 1996, pp. 18-22.

O articulista considera a literatura producida en Galicia e en galego dende o Rexurdimento (c. 1840) ata hoxe para analiza-la formación do canon literario galego. Comeza describindo as condicións precarias nas que se levou a cabo a rehabilitación da literatura galega no século XIX, por parte de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. A seguir, analiza a Época Nós, o rupturismo de Manuel Antonio e a consolidación da prosa narrativa e ensaística (Castelao, Vicente Risco, Rafael Dieste e Otero Pedrayo). Logo comenta o proceso de paralización que supuxo a guerra civil e o réxime franquista, a pesar de que en 1950 se fundou a editorial Galaxia e de que durante os anos cincuenta e sesenta se perfilaron figuras de renovación do canon, como Celso Emilio Ferreiro. Anxo Tarrío remata o artigo comentando a consolidación do sistema literario galego trala restauración do réxime democrático, co nacemento dunha industria editorial, a estandarización da lingua galega, o cultivo da literatura de xénero e mesmo a configuración de subsistemas dentro do campo literario galego.



_____, “O vangardismo galego”, *Eco*, “Opinión”, nº 67, decembro 1996.

Comentario sobre o curso “As vangardas artísticas: a súa presenza en Galicia”, celebrado no Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro” do 11 ó 16 de novembro de 1996, no que se constatou o afán de modernización que se deu en Galicia entre 1916 e 1936. Argumenta que Galicia, pese a non ter daquela unha grande cidade na que desenvolver ata as últimas consecuencias a liberdade creadora, produciu dentro das súas posibilidades pensamento e obra vangardista. Remata afirmando que a literatura galega actual goza dun alto nivel, tal e como demostra a concesión do Premio Nacional de literatura ós galegos Manuel Rivas, por narrativa, e a Fina Casalderrey, por literatura infantil.



Torre, Sonia, “Mostras, o escaparate do teatro”, *Revista Galega de Teatro*.
Información teatral, nº 13, xullo 1996, pp. 16-23.

Artigo no que se recollen as opinións dos máximos responsables das Mostras de teatro de Cangas, de Ribadavia e do Carballiño sobre os problemas cos que se atoparon á hora da posta en marcha de ditas mostras, analizan a súa evolución, falan dos problemas económicos, da falta de infraestructuras e valoran o futuro do mundo teatral galego.



Valcárcel, Marcos, “*La Noche*. Cultura e galeguismo na Longa Noite de Pedra”,
Galicia Internacional, nº 9, 1996, p. 94-95.

Lembranza do desaparecido xornal compostelán e do papel xogado por este na posguerra e despois dela como vehículo de expresión dos galeguistas. Incide principalmente na abondosa nómina de colaboradores galeguistas e na importancia do suplemento cultural do sábado (publicado entre 1949 e 1950). O autor considera este xornal como “unha das escasas voces custodias na nosa identidade na Galicia interior da posguerra e a primeira no tempo trala guerra civil polo que se refire ós medios diarios”.



Valinho Alvarez, Reynaldo, “Entre o río e a ría”, *Estudos Galegos*, Niterói, RJ:
Editora da Universidade Federal Fluminense (Eduff), serie Estudos Galegos, nº 1,
1996, pp. 121-128.

Reynaldo Valinho Alvarez reproduce neste artigo unha conferencia pronunciada na sesión conmemorativa do Día das Letras Galegas, promovida pola Universidade Federal Fluminense. Nela, o autor disertou sobre a figura do poeta Arino de Mattos, falecido o dous de xaneiro do ano 1995, dedicado, en Galicia, a homenaxear ó escritor rianxeiro Rafael Dieste. Inicia o artigo coa reprodución dun poema do poeta e traductor Arino de Mattos, titulado “Galicia”. A continuación reproduce outros dos seus versos e leva a cabo unha análise do seu labor poético. Afirmar que a súa poesía tiña o poder de mergullarse no tempo para atopar as forzas esenciais que moven a todo ser humano. Defíneo como un poeta que desvela, anuncia, revela, declara e profetiza. Nunha segunda parte, ofrece un breve achegamento ós galegos emigrados ó Brasil na década dos anos vinte e describe o panorama co que se atoparon no continente americano.



Vázquez Presa, Solange, “Julia Otxoa. Última poesía vasca de muller”, *Ólisbos*.

Os amantes da palabra, n.º 18, maio 1996, pp. 53-57.

Faise unha pequena nota sobre a vida e obra da escritora de San Sebastián Julia Otxoa e tradúcense ó galego os poemas “Ilargi Gabeko Zaizkia” (“A casta sen lúa), “Inork, ez ikusi egin hau ez hire izenik zekin” (“Ninguén te viu nin coñece o teu nome”) e mais “Emaidazu zentzuaren laisaituna” (“Dame a lentitude do xuízo”).



Vega, Rexina R., “Eduardo Blanco Amor e o teatro. Teatros libres de preguerra. Procés a Jacobusland. Commemoració lletres gallegues”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 230-232.

Rexina R. Vega comeza o artigo sinalando a carencia de análises teatrais, para se centrar de seguido no comentario do ensaio *Eduardo Blanco Amor e o teatro. Teatros libres de preguerra. Procés a Jacobusland. Commemoració lletres gallegues* (1995), de Camilo Fernández. Valora o seu significado “como indicio da dinámica dun ámbito universitario situado fóra de Galicia”, a Universitat de Barcelona, e refírese á súa estruturación en tres partes e á escolma de textos de Blanco Amor entre os que menciona a conferencia “Teatros libres de preguerra” e a traducción ó catalán de *Proceso a Jacobusland*, realizada por Joaquim Ventura. A articulista salienta os conceptos básicos estudados por Camilo Fernández na produción de Blanco Amor: o “barroquismo popularista” e o “intrarrealismo dramático”, as semellanzas que presenta *A Esmorga* cos textos dramáticos, a novidosa periodización proposta, as conexións con Prado Lameiro no que se refire á vertente popular, a “reactualización do popularismo de acordo coas pautas da arte contemporánea” e as débedas de Blanco-Amor con Valle-Inclán, Lorca ou Castelao. Remata considerando o presente volume “como un serio aporte ó campo dos incipientes estudos dramáticos galegos”.



Ventura, Joaquim, “Cuando la vida es un prisma”, *Boletín de la Unidad de Estudios Biográficos*, “Reseñas”, Barcelona: Universitat de Barcelona (Departamento de Filoloxía Española), nº 1, xaneiro 1996, pp. 127-130.

Recensión do libro *As décadas de T.L.* (1994), de Lois Tobío. Joaquim Ventura, tras sinala-la carencia das memorias de personaxes da cultura galega como Otero Pedrayo, Cunqueiro, Cabanillas, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Piñeiro ou Vicente Risco, entre outros, louva a publicación deste libro autobiográfico, que permite un achegamento á cultura galega “hasta 1936 en España y, desde 1939, en el exilio de América”. Ofrece logo unhas notas biográficas do autor e percorre as memorias, divididas en décadas, salientando algúns dos feitos da vida do autor: a súa infancia en Viveiro, a mocidade en Compostela -onde participa na fundación do Seminario de Estudos Galegos-, o seu paso por Berlín, Madrid, Bulgaria, Barcelona, Valencia e os anos de exilio en Cuba e Uruguai principalmente. Conclúe apuntando o humor destas páxinas e “el comentario caústico cuando la ocasión lo requiere” e insistindo na necesidade da cultura galega de “tener el testimonio vivo de nuestros años”.



_____, “*Luces de Fisterra. Esperpento xacobeo*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1995, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 233-236.

Logo dunhas consideracións xerais referidas ó sentido do humor e ás súas principais características, Joaquim Ventura sinala a relativa carencia da literatura galega neste tipo de temas. Entre os autores que mellor dominan na actualidade a autoanálise de Galicia e dos galegos, menciona a Manuel Rivas e Suso de Toro, xunto á contribución de Carlos Mella con *Luces de Fisterra* (1995), que supón un achegamento humorístico “á realidade política galega”, caracterizado polo distanciamento temporal e pola inversión do espacio. O articulista afirma que a obra “resulta un tanto maniquea e simplista, aínda que ten momentos de brillantez” e cre que “limitar a sátira ó evidente deixa no lector un certo baleiro”.



Vidal, Engracia, “Libros chegados á redacción”, *Encrucillada*, nº 96 (xaneiro febreiro), 97 (marzo-abril), 98 (maio-xuño), 99 (setembro-outubro), 1996, pp. 114-115, p. 104, pp. 113-116 e pp. 94-96, respectivamente.

Ofrece comentarios dos contidos das obras que se reciben na redacción da revista. No número 96 coméntanse *O torques de ouro* (Edelvives), de Lourdes Maceiras; *Recorrendo os camiños de Toén* (Concello de Toén), de Manuel Rego Nieto; *Obras completas* (Fundación Alfredo Brañas), de Alfredo Brañas; *Sobre a vellez. Sobre a amizade* (Clásicos en galego), de Cicerón; *Os moradores da nada* (Galaxia), de Xavier Lama; *¿Qué me queres, amor?* (Galaxia), de Manolo Rivas; *A vida de Xesús Ferro Couselo* (Galaxia), de David Otero e os catro títulos infantís de Teresa Durán, *O gato*, *O rato*, *O raposo* e *O Pingüín* (Galaxia). No número 97, *Berra liberdade* (Galaxia), coordinado por Suso de Toro e *Ninguén de ningures* (Fundación Cultural Rutas del Románico), de Lois Vázquez Fernández. No número 98, *Libros impresos en Lugo* (Deputación Provincial), de Nicanor Rielo Carballo; *Palabras de amor sentidas por un Deus vivo* (Poemas), de Antón Iglesias Veiga; *Obra selecta* (Galaxia), de Xesús Ferro Couselo; *A Xeración Galaxia* (Galaxia), de Francisco Fernández del Riego; *Deus sentado nun sillón azul* (Galaxia), de Carlos Casares; *Xesús Ferro Couselo* (Toxosoutos), de Clodio González Pérez; *As ás de Xenoveba* (Galaxia), de Uxía Casal; *Adelaida, Henrique e demais familia* (Galaxia), de Xabier P. Docampo; *Galicia enteira* (Edicións Xerais), de Xosé Luís Laredo Verdejo; *Big-Bang* (Concello de Vilalba), de Xoán Bernárdez Vilar; *O violín de*



Auschwitz (Edicións Xerais), de M^a Angels Anglada; *Os vellos oficios* (Edicións Xerais), de Xosé Vázquez Pintor e *O cine en Lugo 1897-1977* (Edicións Xerais), de Fernando Arribas Arias. No número 99, *A vida e a fala dos devanceiros* (Fundación Penzol-Galaxia), de Xesús Ferro Couselo; *Anuario de estudos literarios galegos 1995*; (Galaxia), de Varios Autores; *Antoloxía do conto galego de medo* (Galaxia), de Silvia Gaspar; *Historias e algún percance, todas ditas en romance* (Galaxia), de Antón Cortizas; *Confusión e morte de María Balteira* (Bahía), de Marica Campo; *As labradas da lembranza* (edición do autor), de J. C. Gómez Alfaro; *Imaxes dunha vida* (edición do autor), de Manuel Rego Nieto; *Vermello e negro* (Galaxia), de Henri Stendhal; *O señorito da Reboirana* (Galaxia), de Ramón Otero Pedrayo; *O val do terror* (Galaxia), de Arthur Conan Doyle; *A galiña, O xibón, A bolboreta, O oso branco* (Galaxia); de Teresa Durán; *Sopeixos* (Deputación Provincial de Lugo), de Teolindo Cortiña Toural; *Avelino Gómez Ledo no seu centenario* (Deputación Provincial de Lugo), de Varios Autores e *Anfitrión, Asinaria* (Galaxia), de Plauto.



Vidal Villaverde, Manuel “Concordancia entre *Tirano Banderas* e *Viaxe ao país dos ananos*”, *A Trabe de Ouro*, “Acoutacións”, nº 25, Tomo I, ano VII, xaneiro febreiro-marzo 1996, pp. 71-74.

Artigo no que se trata de demostrar que Celso Emilio Ferreiro ó escribir no ano 1968 *Viaxe ao país dos ananos* se inspirou, en certa medida e sobre todo na primeira parte, no *Tirano Banderas* (1926) de Valle-Inclán. Así, o retrato da realidade dunha emigración insolidaria e sen escrúpulos está presente en ambas obras. Manuel Vidal Villaverde fai referencia tamén á obra de Luís Seoane, *A maior abundamento* (1972) que, se ben parece buscar un paralelismo con Curros no reflexo da emigración doente, ás veces achégase máis á concepción da emigración de Valle-Inclán e Celso Emilio Ferreiro. Conclúe o estudioso afirmando que “alén mar só existe unha vaga e desdebuxada idea da realidade, nada hai para aló da terra, calquera que sexa”, opinión que segue na liña dos autores tratados neste artigo.



Vieites, Manuel F., “Camiño dunha difícil normalización”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 175-182.

Exposición da panorámica da produción dramática ó longo do ano 1995. Manuel Vieites refírese á desaparición dos *Cadernos da Escola Dramática Galega*, substituídos polos *Cadernos de Teatro*, unha colección dirixida por Francisco Pillado. Comenta tamén a desaparición do Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro e a inexistencia da convocatoria do Terceiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas Camiño de Santiago. Considera que a creación dramática segue a ser unha actividade marxinal e minoritaria, feito que atribúe á falta dun proxecto de desenvolvemento e normalización da actividade teatral e á política de subvencións, que provocan unha dependencia excesiva do teatro galego coa administración. Ademais, cre que existe unha manifesta falta de apoio para os novos autores e unha escasa oferta de textos editados. Como feito positivo, salienta a consolidación dos autores que agrupa baixo a denominación de “xeración dos noventa”, entre os que se atopan Lino Braxe, Roberto Salgueiro, Inma Souto, Henrique Rabunhal, Manuel Núñez ou Xavier Lama. Comenta tamén brevemente *O ceo de pedra*, de Xoán Cejudo Álvarez e Camilo Pardo López; *Lugar*, de Raúl Dans, Premio Álvaro Cunqueiro 1994 e *Historias peregrinas*, de Miguel Anxo Murado. Destaca ademais, o traballo como adaptador de Cándido Pazó na peza *Un xoguete para Goldoni*.



_____, “Novidades”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*,
“Novidades”, nº 13, xullo 1996, pp. 99-104.

Manuel F. Vieites fai unha pequena presentación de distintas novidades literarias entre as que destacan, polo que se refire á literatura galega, as seguintes: *As vodas de Fígaro* (1995), de Caron de Beaumarchais; *Un xogete para Goldoni* (1995), de Ollomoltranvía; *O anel máxico* (1995), de Goldoni; *Manifestos das vangardas europeas* (1995), de Xesús González Gómez, *Primeiro concurso de obras teatrais inéditas Camiño de Santiago* (1994); *O rei nu* (1995), de Cándido Pazó e Quico Cadaval; *A historia xamais contada de Brancaneves e o rei Artur* (1996), de Rábade Castiñeira, *Touporroutou da lúa e do sol* (1996), de Vidal Bolaño; *Todo é horrible, moi horrible e eu tamén* (1996), de Roberto Salgueiro, *O serodio remordemento do amor* (1996), de Xavier Lama, *Teatro-minuto*, de Xesús Pisón, *O lector de Goethe, peza dramática en sete escenas* (1996), de Paulino Pereiro, *Hostia* (1996) e o *Anuario do teatro galego* (1996).



_____, “Notas arredor da peza breve na literatura dramática galega. A brevidade como imposición e como elección”, *Grial*, nº 131, Tomo XXXIV, xullo-agosto setembro, 1996, pp. 361-378.

Manuel F. Vieites analiza en qué medida as circunstancias históricas, sociolóxicas e políticas influíron na “situación de crise permanente” da nosa dramaturxia. Dita situación, presente na literatura galega dende as súas orixes ata os nosos días, derivou, segundo o autor, na brevidade como principal característica. A dramática breve, “de orixe popular”, sobreviviu acollida “ás manifestacións festivas”, sendo o único eido no que, en momentos nos que os demais espazos lle estaban “vedados”, “a lingua galega se constituíu en vehículo de expresión e comunicación dramático-teatral”. Partindo destas reflexións, Manuel F. Vieites reproduce a súa “proposta de periodización da literatura dramática galega”, que empregará como vieiro para ofrecernos unha “viaxe literaria” dende os primeiros textos teatrais ata os nosos días. O artigo péchase cunha serie de consideracións sobre a situación actual do teatro galego profesional que cualifica como “un teatro subsidiado economicamente e subsidiario institucionalmente”, un teatro no que “o espectáculo breve constitúe a única posibilidade de supervivencia” e a “itinerancia a única alternativa”.



_____, “Literatura dramática para todas, para todos”, *Revista Galega de Educación*, nº 27, “Libros”, xullo-agosto-setembro-outubro 1996, pp. 90-91.

Breve comentario sobre a presenza da literatura dramática na escola. Informa, así mesmo, dalgunhas iniciativas neste eido como a creación da colección “Teatro nas aulas”, patrocinada pola AS-PG, a convocatoria do Concurso de Obras Teatrais inéditas “Camiño de Santiago”, promovido pola Consellería de Relacións Institucionais da Xunta de Galicia dende o ano 1993, a presentación da colección “Sempre no Camiño” que recolle as obras premiadas no concurso do mesmo nome, entre outras.



_____, “Sesenta anos despois: memoria (dramática) incompleta do 36”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, nº 14, decembro 1996, pp. 58-64.

Homenaxe ós homes e ás mulleres que desenvolveron unha importante actividade nos eidos da creación dramática e da realización teatral antes de 1936, dividida en tres apartados. No primeiro salienta o labor de Antón Villar Ponte a prol do proceso de galeguización da sociedade coa creación das Irmandades da Fala, o Cadro de Declamación do Conservatorio Nacional de Arte Galego e como escritor de pezas dramáticas. No segundo homenaxea a Xaime Quintanilla e fala da súa traxectoria política e sociocultural, refiríndose brevemente ás dúas pezas que escribiu, *Denosiña* e *Alén*. Remata cun apartado no que compara a experiencia galega e a irlandesa no proceso de desenvolvemento dun teatro nacional e sinala a Camilo Díaz Baliño como o máis importante participante e escenógrafo do teatro galego da época.



_____, “*Medea e os principios do actor*”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, nº 14, decembro 1996, pp. 106-108.

Sínálase a singularidade e dificultade da interpretación teatral que precisa dunha aprendizaxe. Continúa un comentario sobre o director teatral Etelvino Vázquez (Lugares, 1950) e o seu espectáculo *Medea*, con motivo da súa presentación na Sala Galán de Compostela. Menciona Vieites que na obra, o actor se enfrenta coa verdadeira natureza da súa arte e que se trata dunha *Medea* masculina que esixe unha constante atención do espectador que se ve implicado emocional e mesmo fisicamente. Remata o artigo considerando a Etelvino Vázquez como “un actor en estado puro”.



_____, “Castelao e a creación dramático-teatral. Entre a tradición e a modernidade”, *Cadernos Castelao*, nº 7, Santiago de Compostela: Fundación Castelao, 1996.

Extenso traballo no que Manuel F. Vieites se achega á obra de Castelao. Critica os métodos empregados á hora de analiza-la obra do autor e afirma que o feito de escribir en galego na súa época e de militar activamente no nacionalismo favoreceron o tratamento e a valoración dos seus textos. Céntrase, máis tarde, no estudio da obra dramática do autor rianxeiro e afirma que os aspectos máis innovadores da mesma “non se deben tanto á intención de empregar técnicas ou incorporar temáticas propias dos movementos vangardistas (filiación que Castelao sempre rexeitou), canto á recuperación de formas e elementos da tradición dramatúrxica popular”. Por último, establece un paralelismo entre *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao e *O teatro de máscaras*, de Otero Pedrayo.



Vilavedra, Dolores, “¿Que me queres, amor?”, *Lateral*, nº 17, maio 1996, p. 20.

Recensión de *¿Que me queres, amor?* (1995), de Manuel Rivas, na que se pon de relevo a presenza dos sentimentos humanos, captados na súa ambigüidade. Dolores Vilavedra considera que calquera intento de ler estes relatos en clave localista ou folclorizante tropeza coa modernidade do punto de vista do narrador.



_____, "*Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento*", *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, "Libros", Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 211-213.

Recensión de *Narrativa galega: Tempo do Rexurdimento* (1995), un traballo froito da tese de doutoramento de Modesto Hermida. Vilavedra sinala o carácter fundamental deste estudo "para calquera estudioso interesado na historia e peculiaridades do xénero narrativo galego". Considera excesivo o número de páxinas dedicadas ó contexto da literatura española da Restauración fronte á nula atención cara ó contexto portugués destes anos. Cuestiona tamén o criterio de clasificación dos autores, tomado da periodización establecida por Carballo Calero para a produción en verso, por entender que cada xénero posúe unha evolución diferente. Ademais, a recensionista critica as consideracións valorativas que, na súa opinión, aparecen referidas a algúns autores e obras.



_____, “Lugar de Raúl Dans”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, “Libros”, nº 13, xullo 1996, pp. 97-98.

Recensión na que Dolores Vilavedra destaca o feito de que na actualidade as mellores pezas teatrais galegas están escritas por persoas moi próximas ó medio teatral como é o caso de Raúl Dans. Destaca a vontade do autor en *Lugar* (1995) por afastarse do concreto e o seu progreso na “vía ascética que conduce á esencialidade”.



_____, “Literatura simbiótica: *Freedom speak* de Jaureguizar”, *Dorna*, nº 22, outono 1996, pp. 141-142.

Resáltase do conxunto de relatos *Freedom speak* (1995), de Santiago Jaureguizar, a visión particular que nos ofrece da sociedade rural galega permanentemente enfrontada ós avances da vida moderna. Dolores Vilavedra salienta que estas breves narracións son unha aposta estética diferente que ela cualifica de literatura simbiótica. Continúa destacando a grande sinxeleza formal dos relatos onde o diálogo e a sucesión de diferentes puntos de vista serven, tanto para darnos unha nova versión de algo, coma para diagnosticar-la esquizofrenia dunha sociedade que ve o mundo a través dunha parábola.



Villalta, Luísa, “Retrato de nós adolescentes. Sobre estética e identidade nacional”, *A Trabe de Ouro*, “Acoutacións”, nº 26, Tomo II, ano VII, abril-maio xuño 1996, pp. 111-120.

A partir da obra de James Joyce *O retrato do artista cando novo* (1994) Luísa Villalta fai un percorrido polos eidos da estética e da identidade nacional e fai referencia a unha serie de características comúns á obra mencionada e á realidade galega. Salientan entre as súas reflexións dúas frases que serven como conclusión a cada un dos campos de estudio analizados, en primeiro lugar a afirmación de que a “famosa, romántica e idealista actitude da arte pola arte substitúese pola de arte como investimento” e, en segundo lugar, que “o factor que ninguén discute (ou non pode discutir) de identidade” é a lingua.



Villar, Miro, “Celso Fernández Sanmartín. [*Sen título*]”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995*, “Libros”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 227-229.

Comentario sobre o poemario de Celso Fernández Sanmartín, *Sen título* (1995). Sinala o crítico que a edición de autor á que recorreu o poeta nesta entrega e tamén en *Divagacións iú* (1991), é un xeito de asegura-la “osixenación do feito literario”. Contrapón o hermetismo que dominaba no volume de 1991, coa nova construción destes poemas *Sen título*, “un libro seductor, inclusive para lectoras e lectores que non frecuentan a palabra poética”. Sinala o protagonismo absoluto do amor, o “recendo a campo, a aldea”, as referencias á natureza e menciona finalmente o coidado posto no deseño externo da cuberta e na escolla do papel.



_____, “Xesús González Gómez: *Manifesto das vangardas europeas*”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 27, Tomo III, ano VII, xullo-agosto-setembro 1996, pp.143-146.

Recensión da obra de Xesús González Gómez, *Manifesto das vangardas europeas* (1995) que se abre sinalando que este é un dos nomes máis representativos da nosa crítica literaria e que se caracteriza polo seu espírito polemizador que causa sorpresa na denominada “crítica universitaria”. Comenta Miro Villar en primeiro lugar a estrutura da obra en seis partes: o limiar, catro grandes bloques temáticos (futurismo, dadaísmo, poetismo e surrealismo) e un apartado final dedicado a Galicia e ás súas posibles pegadas vangardistas. A continuación analiza polo miúdo o contido de cada un destes apartados e conclúe apuntando a sólida argumentación e a boa documentación de González Gómez que fan deste un libro esencial para calquera persoa interesada nas vangardas.



Wannous, Saadalla, “Mensaxe no día mundial do teatro do Instituto Internacional do Teatro”, *Revista Galega de Teatro. Información teatral*, “Documentos”, nº 13, xullo 1996, pp 79-80.

Mensaxe na que se destaca o teatro como “a sede do diálogo” e se subliña o mal momento que esta arte está a atravesar. A cultura e o teatro poden constituí-lo principal medio para axudar ó home a descubri-la súa humanidade e “suscitar ideas e valores que lle permitan ser máis libre, máis consciente e máis feliz”.



X. G. G., “¿Literatura bravú? ¿Literatura post-cacique? ¿Literatura supernova”,
Galicia Internacional, nº 6, 1996, p. 88.

Repaso os títulos publicados na colección Ferros de Edicións Xerais: *A tralla e a arroutada* (1995), de Xurxo Souto, *En malos pasos* (1995), de Camilo Franco e *Freedom Spik* (1995), de S. Jaureguizar. Considéranse como antecedentes directos destes títulos *Días contados* (1991) e *Panificadora* (1994), de X. Cid Cabido, *Un millón de vacas* (1989) e *Os comedores de patacas* (1991), de Manuel Rivas, *Ringo Rango* (1992) e *Transporte de superficie* (1991), de Antón Reixa e *Polaroid* (1986), de Suso de Toro. Así mesmo, sinálanse as semellanzas e as diferencias entre estes tres títulos.



_____, “A maxia da oralidade”, *Galicia Internacional*, nº 8, 1996, p. 86.

Recensión do libro de Manuel Rivas *¿Que me queres, amor?* (1995), que o recensionista emparenta directamente con outro título do autor, *En salvaxe compañía* (1993). Ponse de manifesto o uso da oralidade e da memoria como técnicas que estruturan moitos dos relatos deste libro. Así mesmo, lóuvase a lingua empregada polo autor.



_____, “Un poemario de transición”, *Galicia Internacional*, nº 9, 1996, p. 82.

Recensión do libro de Chus Pato, *Fascinio* (1995), do que se destaca que recolle unha poesía desvencellada do referente histórico e temporal, centrada na expresión dos sentimentos da autora. X.G.G. cualifica o libro como “unha obra de transición”.





V.4. Publicacións en xornais: estudos e recensións

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografía

V. 4. Publicacións en xornais: estudos e recensións



Acuña, Xoán, “Contos de fantasmas”, *Atlántico Diario*, 12 xaneiro 1996, p. 50.

Coméntase, no inicio deste artigo, que *Contos de fantasmas* (1995) tivo unha excelente acollida no panorama das letras galegas. A continuación, cítanse os autores dos doce relatos que integran a obra, “unha ducia de grandes escritores da literatura universal”, principalmente do ámbito da cultura da vella Europa (ingleses, irlandeses, escoceses). Faise tamén un breve comentario biobibliográfico de cada un dos escritores.



_____, “Os pesadelos dun xornalista”, *Atlántico Diario*, 1 marzo 1996, p. 58.

Tras facer un percorrido pola produción anterior de Francisco Alonso, analízase *Silencio* (1995), fixándose sobre todo no ambiente no que se mergulla o lector, un ambiente con claras concomitancias co do filme de Eloy de la Iglesia, *El día de la bestia* (1995). Para Acuña o libro constitúe, en definitiva, o pesadelo kafkiano dun xornalista galego perdido en Madrid.



_____, “Lois Peña Novo”, *Atlántico Diario*, 12 abril 1996, p. 58.

Informa da publicación do libro de Xosé Lois Novo titulado *Lois Peña Novo* (1995). Tras felicitar á editorial Ir Indo pola colección “Galegos na Historia”, fai o resumo da biografía deste galeguista destacando como aspecto fundamental na súa traxectoria o seu vencellamento á cidade de Vigo.



Alberte, Xoán Carlos D., “Anacos dunha historia local”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXII, 20 xaneiro 1996, p. 1.

Comentario da obra de Marcos Valcárcel *A cidade da Xeración Nós* (1995). Nel faise fincapé en que é un conxunto de textos referidos a Ourense que xa viran a luz en diversas publicacións anteriores. Destácanse fundamentalmente tres aspectos: as referencias ás publicacións ourensás, os traballos sobre feitos importantes dentro do desenvolvemento cultural, político e social da cidade e, finalmente, as cuestións relativas a “aqueles homes que levaron a cabo un proxecto de renovación da cultura galega e de afirmación nacional”.



_____, “Nos andares da fantasía”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXV, 10 febreiro 1996, p. 3.

Breve comentario sobre a literatura gótica ou fantástica no que o recensionista parte dos inicios do xénero, citando países, autores e obras, e conclúe cunha alusión ó seu cultivo e repercusión na literatura galega. Cítanse nesta liña tres títulos -*Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega* (1991), de Antón Risco, *O relato fantástico* (1995), de Gonzalo Navaza e *Contos de fantasmas* (1995), do colectivo lucense Tris-Tram-, que considera indispensables para incorporala literatura galega á necesaria normalización.



Alonso Montero, Xesús, “O Círculo das Artes”, *El Progreso*, 12 outubro 1996,
p. 13.

Tras se referir á actividade xeral do Círculo das Artes de Lugo, destaca a publicación, no ano 1966, do volume colectivo *Antonio Machado na nosa voz*, coordinado e prologado por el mesmo. Engade, ademais, que no 1963, el mesmo e Epifanio Ramos prepararon a mostra bibliográfica “Cen anos de literatura galega”, na conmemoración do centenario de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro.



Álvarez Cáccamo, Xosé María, “*As palabras no espello*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXVIII, 8 xuño 1996, p. 1.

Iníciase este artigo aludindo á produción poética do ano 1995. De seguido, salienta *As palabras no espello* (1995), de Xosé Manuel Millán Otero, obra que conta cun prólogo de Bernardino Graña no que se destaca a complexidade da escrita e o manexo dun discurso xustificadamente caótico. Para o crítico, o discurso da obra constitúe unha mostra da versatilidade técnica do autor quen, coa materia cultural como experiencia, reflicte a paixón amorosa e o compromiso co mundo construíndo unha poesía de dimensión política e humana.



_____, “Alexandre Bóveda e a saga dos Vázquez”, *A Nosa Terra*, nº 746, “Guieiro Cultural”, 3 outubro 1996, p. 27.

Reproducción do discurso pronunciado por Alfonso Álvarez Cáccamo o 26 de setembro do 1996, na presentación da colección “O Fardel da Memoria”. Nel, o articulista ofrece algunhas notas biográficas sobre Alexandre Bóveda e alude á reedición preparada por *A Nosa Terra* da obra *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, de Xerardo Álvarez Gallego, curmán de Bóveda.



Amenedo, Cristina, “Aurelio Aguirre, una de las voces líricas de la poesía del Rexurdimento”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 6 outubro 1996, p. 9.

Ofrécese unha breve biografía de Aurelio Aguirre, con motivo do traslado dos seus restos mortais dende Bonaval a Boisaca. Cristina Amenedo cita, así mesmo, o seu libro *Mar aberto*, dedicado “A Aurelio Aguirre -corazón puro de mar- lírico precursor da bela fraternidade”.



Angueira, Anxo, “Trece poetas cataláns”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXV, 10 febreiro 1996, p. 2.

Ó longo deste artigo, faise unha análise do contido do libro *Trece poetas cataláns* (1995). Despois de cita-los distintos poetas cataláns, baleares e valencianos recollidos nel, dedica un comentario ó labor de Xavier R. Baixeras, responsable da selección, da traducción e do limiar, gabando a súa figura e resaltando a súa idoneidade para esta tarefa.



Anido, M^a Xesús, “Pegadas imborrables”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 9 xuño 1996, p. 6.

Álízase a estrutura da obra de Camilo Franco, *En malos pasos* (1995), e destácanse os temas presentes ó longo dos nove relatos -o fútbol, o ideal de fermosura, a angustia, a morte, etc. Para M^a Xesús Anido este libro constitúe unha reflexión sobre a vida dende un punto de vista extremadamente pesimista, cunha mensaxe de unicidade: o tempo pasa pero os pasos permanecen.



Araguas, Vicente, “A favor de Tibulo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 89, 4 xaneiro 1996, p. 6.

Saúda neste artigo a aparición do novo poeta Emilio Xosé Ínsua, autor de *Devalar das esperas* (1995). Comenta, a continuación, que se trata dunha obra moi mellorable que cae en defectos característicos dun libro inicial e que alcanza o seu maior logro coa paráfrase de Tibulo (“Con Tibulo canto, desde a miña ferida”), onde consegue “poemas elegantes” que “chegan a conmover ó lector”. Conclúe sinalando que este autor reúne moitas condicións para callar nun poeta de verdade.



_____, “Unha elexía”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 90, 11 xaneiro 1996, p. 6.

Cualifica de “libro persoal, aberto e inconformista” o poemario de Francisco Souto *As árbores do incesto* (1995), gañadora do IIº Premio de Poesía Espiral Maior. No referente ó contido, detecta a presenza dun ton elexíaco, “unha mágoa perplexa (...) pairando riba do libro”, factor que valora positivamente por ser máis creativo que paralizante. Reflexiona sobre a renovación que está a producirse na poesía galega e inclúe a Francisco Souto dentro dos poetas “novos”.



_____, “Atuando a Deus”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 91,
18 xaneiro 1996, p. 6.

Comentario centrado en *Oración xunto ó camiño* (1995), de Dora Vázquez (traducción de *Oración junto al camino* publicada en 1985). En opinión do recensionista, trátase dunha poesía sinxela e humilde, de temática relixiosa, que resulta graciosa dentro do ton grave. Continúa Araguas sinalando que o diálogo, o soliloquio, a esperanza de resposta e a imprecación están presentes nesta obra, na que se inclúen poemas como “Irmá” ou “Amarte ben” que son unhas “auténticas xoias”.



_____, “Alarde estético”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 92,
25 xaneiro 1996, p. 6.

Neste comentario Vicente Araguas alude á edición que Manuel Ferreiro fai de *Queixumes dos Pinos* (1995), tomo I da poesía galega completa de Eduardo Pondal, e refírese á vida e á obra do autor de Ponteceso. Sinala que parece que non hai nada novo que engadir á súa poética, xa que hoxe se considera clásica e insuperable. Respecto á nova edición, salienta que ben puidera se-la definitiva e comenta que é unha obra de lectura obrigada no que á revisión das distintas edicións se refire.



_____, “Os anxos, as rosas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 93,
1 febreiro 1996, p. 6.

Artigo de ton lírico referido á obra de Arturo Casas *Pedra de Nadir* (1995), do que Araguas afirma que, na procura da beleza, Casas opta polo poema breve ou polo “prosema”-e aposta polo coñecemento dunha poesía onde o tempo é o “alvo decisivo”. Esta beleza calada, continúa o crítico, non exclúe sen embargo a presenza de sobresaltos. Opón este poeta a aqueles que non dan chegado ó cerne da poesía e só conseguen confundir ó lector.



_____, “Tempo de abraio”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 94,
8 febreiro 1996, p. 6.

Despois de facer unha breve introducción sobre a poesía, analiza a obra innominada de Celso Fernández Sanmartín, un poemario publicado no 1995 en edición de autor. O crítico afirma que esta obra é “Un mangado de versos que constitúen un paseo polo amor segundo este vai xurdindo e nos que a frescura inunda a sentimentalidade e o telurismo da obra” ou, como el mesmo explica, é como un desexo de vencella-lo sentimento coa paisaxe e a terra. Destaca finalmente que todo isto aparece nunha linguaxe rica e espontánea cun leve toque naïf.



_____, “A quen comigo vai”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 95,
15 febreiro 1996, p. 6.

Fai un comentario temático e estilístico de *Poesía última de amor e enfermidade* (1995), de Lois Pereiro. Salienta a melancolía, o ritmo e a musicalidade dos seus versos e louva a combinación do intimismo coa chamada continua a “ser compartido”. Para Araguas, trátase dunha poesía “lúcida, viaxeira e extravagante”.



_____, “Calada comunicación”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 96, 22 febreiro 1996, p. 6.

Afirma que *O silencio das árbores* (1995) de Ricardo Martínez-Conde, é “unha mostra de poesía calada, chea de economía expresiva, disposta a suxestionar máis que a anunciar”. Sinala que moitos destes versos están próximos ó epigrama e á simple reflexión e caracterízanse pola súa autenticidade, beleza e enxeño. Conclúe comentando que se trata dunha “poesía platonizante que lembra a de Pedro Salinas e que é, neste autor, a pura emoción da palabra”.



_____, “Rilke, *Gelmírez*, Dachs”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 97, 29 febreiro 1996, p. 6.

Iníciase este artigo cunha reivindicación de Rilke, citando a tradución de *Elexías de Duíno* (1995) por Jaime Santoro, e laméntase de que xa non sexa tan lido como antano. Enlazando con isto, recorda a figura de Abelardo Moralejo de quen apunta que foi un dos primeiros introdutores de Rilke en Galicia e que traduciu tres composicións deste poeta na revista *Gelmírez*. A propósito desta revista menciona que foi obxecto dunha edición facsimilar no pasado ano 1995. Finalmente, comenta brevemente a tradución ó galego de *Cima branca* (1995), do poeta catalán Ramón Dachs.



_____, “Robinson literario”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 99,
14 marzo 1996, p. 6.

Toma como punto de partida a obra do escritor ferrolán Antonio Vázquez Rey titulada *Esbozo para unha biografía de Rosalía* (1995), escrita nos anos da posguerra e recuperada polo bibliotecario de Neda, Manuel Pérez Grueiro (quen a prologa e anota). A continuación, fai un breve eloxio do autor e compárao con Robinson e mesmo co Quixote pola tarefa de abordar, sen complexos, a vida de Rosalía. Sinala, finalmente, o ton dubidante e ás veces pouco rigoroso pero “sempre apaixonante” da obra.



_____, “Escolma do Rexurdimento”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”,
nº 101, 28 marzo 1996, p. 6.

Comentario sobre *Manual e Escolma do Rexurdimento* (1995) de Román Raña, que se inicia analizando a composición da obra. Pregúntase polo “milagro” da aparición no contexto social galego, das figuras de Rosalía, Pondal e Curros e se os poetas existentes na actualidade nun futuro serán algo máis que “pasto” de estudiosos. Conclúe afirmando que se trata dunha boa obra porque invita á relectura dos clásicos e pasa case desapercibida, na súa opinión, debido á ausencia de impertinencias eruditas e ó desexo de dar simplemente a coñecer unha época e unha literatura.



_____, “Como unha rosa”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 102,
4 abril 1996, p. 6.

Tras facer unha lembranza do que supuxo a Guerra Civil, recensiónase a antoloxía *Desde mil novecentos trinta e seis* (1995), editada por Miguel Ríos Torre e prologada por Isaac Díaz Pardo e que inclúe vinteseite poetas e trinta e sete ilustradores. Por último, engádese que se trata dun libro-homenaxe “sensible e poderoso no que, calidade, cantidade e sobre todo variedade (abstracción, figurativismo, *collage* e surrealismo) están presentes”.



_____, “Ningunha dúbida”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 105,
25 abril 1996, p. 6.

Partindo da publicación de *Orballa en tempo lento* (1995), de Pura Vázquez, o articulista alude á traxectoria e ós hábitos poéticos (rigor métrico, temática natural, etc.) desta escritora da que comenta que durante un tempo viviu nunha especie de exilio interior que deu como resultado un certo abandono por parte da crítica e que, na actualidade, parece recuperada para as letras galegas coa publicación de varias obras en edición privada ou baixo patrocinio oficial.



_____, “A proba do nove”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 106,
2 maio 1996, p. 6.

Comeza afirmando que a traducción é a “proba do nove” de calquera literatura polo que libros como *Los caminos de la voz (Seis poetas gallegos de hoy)* (1995) son absolutamente precisos. Comenta, así mesmo, que esta obra cumpre perfectamente a súa función de dar a coñecer fóra a nosa poesía pero o crítico non está totalmente de acordo coas premisas que Luciano Rodríguez, antólogo e prologuista da publicación.



_____, “Trece poetas cataláns”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 114, 27 xuño 1996, p. 6.

Parte da importancia de coñece-la literatura das culturas periféricas de modo directo e fai un comentario da antoloxía bilingüe, *Trece poetas cataláns* (1995), de Xavier R. Baixeras. Na súa opinión, trátase da tradución de *Les veus de l'experiencia*, de Jordi Llavina, á que se engaden cinco autores máis. A continuación, fai un percorrido ó longo do artigo por cada un dos autores antologados destacando diversos aspectos dos mesmos. Remata cunha valoración positiva da obra, á que considera equilibrada.



_____, “O intemporal”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 120, 8 agosto 1996, p. 6.

Salienta, ademais da intelixente tradución e a versión española de Llagostera, a versión galega de *La poesía erótico-amorosa en el Egipto Faraónico* (1995), a cargo de Xesús Rábade. Compara así mesmo as dúas traducións, a primeira fiel, e a segunda libre pero non “libérrima” e que encadra estes cantos de amor en heptasílabos, hendecasílabos e alexandrinos. Como conclusión, afirma que os poemas contidos nesta obra “son unha delicia gorentosa, unha festa para os sentidos” polo que o libro resulta “definitivamente recomendable”.



_____, “Lupe Gómez: forte e boa”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”,
nº 127, 26 setembro 1996, p. 6.

Sinala as coincidencias, tanto na temática coma no estilo, da obra de Lupe Gómez *Pornografía* (1995) cos poemas de Olga Novo e descobre detrás das dúas a “sombra ben longa de Luísa Castro e certas influencias de Xela Arias”. Afirmar, respecto do poemario de Lupe Gómez, que se trata dun “libro denso, mesto, duro -cáseque cruel-” e con poemas “curtos ... afastados de requintes e de alquimias métricas”. Critica, por último, a escuridade dos poemas que fan que a autora perda “a música da rúa, ou, se se prefire, do campo”.



_____, “O ceo pode esperar”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 128, 10 outubro 1996, pp. 20-21.

Analiza a situación da literatura galega na actualidade, á volta da saída á rúa dos mil primeiros números de *O Correo Galego*. Cita algúns escritores que traspasaron as nosas fronteiras coas súas obras, como Manuel Rivas, Suso de Toro, Alfredo Conde, Carlos Casares e Méndez Ferrín, entre outros. Sen embargo, afirma que na poesía se publicaron, sobre todo, libros colectivos. En canto ó conto, o articulista engade que autores como Gonzalo Navaza ou Xesús M. Valcárcel “demostraron a vixencia dun xénero que noutros países, noutras linguas, non remata de ser ben aceptado polos editores”. Por último, alude á situación das traducións ó galego e do galego a outras linguas, así como da poesía escrita en Galicia, durante os últimos anos.



_____, “Sostiene Pereiro”, *Diario 16 de Galicia*, “Culturas”, nº 546, 12 outubro 1996, p. 11.

Afirma que a derradeira obra de Lois Pereiro, *Poesía última de amor e enfermidade* (1995), é “un libro impecable/implacable”. Engade, así mesmo, que se trata dunha obra que pecha o “corto viaxe literario” dun autor “riguroso y autoexigente”. Señala a marxinalidade da obra de Pereiro, que existía só como “exigencia intelectual de inclasificabilidad, de rechazo” a etiquetas críticas. Por último, analiza a actitude do poeta ante a poesía neste libro “arrogante” e cheo de orgullo, erotismo, amor, xogos e vida e conclúe dicindo que é un “último libro, pero nunca un *close-down*, una despedida y cierre”.



_____, “A palabra entoñada”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 137,
12 decembro 1996, p. 6.

Recensión do poemario de Antonio Domínguez Rey, *Eidos da mirada* (1994). Tras se lamentar por non ter reparado antes nesta obra e se desculpar pola tardanza no seu recoñecemento, Araguas sinala que nin o seu autor nin a liña poética pola que transita chaman a atención, xa que Domínguez Rey queda fóra de grupos e escolas e, ademais, a maior parte da súa produción está en castelán. Da obra comenta que non anda lonxe da estética do silencio e que emprega unha linguaxe minimalista ou fragmentada. Por último, salienta a terceira parte, “O camiño”, unha “elegía inmensa”.



Barro, Teresa, “Traducións e traicións”, *A Nosa Terra*, nº 737, “Guieiro Cultural”, 1 agosto 1996, p. 24.

Analiza os diferentes tipos de traducións que existen no mercado e que, na súa opinión, “precisan enfoques moi distintos”: a tradución técnico-científica, a literaria, a de documento ou conferencia, a artística e a académica. Sinala que tanto a artística coma a académica non lle interesan ó traductor profesional porque “levan demasiado tempo e non compensan desde o punto de vista económico” e son realizadas, na meirande parte dos casos, por escritores ou estudiosos especializados. Indica tamén a falta de rigor neste traballo, sobre todo, naqueles autores clásicos que se verquen ó galego ou dos galegos que se traducen a outras linguas. Reivindica unha maior calidade nas traducións para asegura-lo coidado da lingua galega xa que, segundo pensa a articulista, “nunha lingua como a galega, que aínda está procurando os seus camiños propios, o destrago que fan as traducións mediocres e chafalleiras é inmenso”.



Blanco Castro, Manuel, “Libro póstumo”, *El Progreso*, 26 marzo 1996, p. 2.

Artigo no que se dá noticia da publicación do libro póstumo de Manolo O. Rodríguez López, *Onte e hoxe vivencial* (1995). Analízanse as partes nas que se divide a obra e ofrécese unha breve nota da produción literaria do autor. Cítanse, ademais, os poemas “Mónica” e “Galicia e paisaxe”, que se reproducen parcialmente.



Bouza, Fermín, “La mirada del gato”, *Diario 16 de Galicia*, “Culturas”, nº 525, 24 febreiro 1996, p. 18.

Analiza en primeiro termo a relación entre a poesía e a música en determinados autores (entre os que se atopa Vicente Araguas) e a continuación, fai unha crítica da situación da poesía actual que, segundo el, cae na rutina academicista. Finalmente, detense na obra de Araguas, *O gato branco* (1995), onde salienta que a sentimentalidade da percepción cotiá e de temas aparentemente menores ou sen transcendencia integran unha fenomenoloxía propia do autor que inclúe a descrición do mundo máis inmediato.



Cacheiro, Maximino, “Todorov, pensador literario”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXI, 13 xaneiro 1996, p. 3.

Partindo da recente publicación de *La vie en comune* (1995), de Tzvetan Todorov -obra considerada polo propio autor como un ensaio de antropoloxía en xeral e que para o crítico é, en realidade, unha reflexión literaria-, fai unha serie de consideracións sobre o pensamento literario que o levan, finalmente, a cuestionarse o papel do ser humano na sociedade. Como peche, afirma que o fundamental nesta obra é a revalorización do pensamento literario sobre o filosófico.



_____, “A obra de Arte”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVII, 9 marzo 1996, p. 3.

Analiza a obra do crítico e teórico Gérard Genette, *L'Œuvre de l'art* (1995) na que, segundo o crítico, este autor, eminentemente técnico, trata das manifestacións da arte -a imanencia e a transcendencia, palabras que aparecen xa no subtítulo da obra- dende unha perspectiva semiótica. Continúa anunciando que, dentro do conxunto de volumes que Genette pretende dedicar ó estatuto e ás funcións das obras de arte, este supón a primeira entrega, á que seguirá un libro sobre a relación estética en xeral e as relacións coas obras, en particular.



_____, “A figura do autor”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXII, 20 abril 1996, p. 3.

Comentario da obra de Maurice Coutourier, *La figure de l'auteur* (1995) no que se analiza o *corpus* empregado, as obras innovadoras da literatura francesa, inglesa e norteamericana dos tres últimos séculos, a tese defendida polo autor, a necesidade que ten o lector da figura do autor, os obxectivos e a estrutura da obra. Finalmente, afirmase a necesidade de facer unha tipoloxía da figura do autor na literatura galega.



_____, “Sobre a vellez, sobre a amizade”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”,
nº CXXXI, 7 setembro 1996, p. 1.

Inicia Maximino Cacheiro este artigo indicando que a tradución da obra de Cicerón *Sobre a vellez. Sobre a amizade* (1995) é “irreprochable desde o punto de vista filolóxico, pero insuficiente desde unha perspectiva socio-histórica”. Ó longo dos párrafos comenta diversos aspectos relativos ós temas da obra (a vellez e a amizade) entresacando algunhas frases do autor. Conclúe confrontando as reflexións de Roland Barthes e Cicerón sobre a amizade.



Carballa, Xan, “Lorenzo Varela, a dura vida do poeta no exílio”, *A Nosa Terra*, nº 717, “Guieiro Cultural”, 14 marzo 1996, p. 23.

Fai un breve resumo da biografía de Lorenzo Varela publicada por Fernando Salgado baixo o título de *Crónica dunha vida atormentada* (1995). Refírese á carta emocionada do autor dirixida a Lorenzo Varela que pecha o volume e afirma que esta biografía supón un agasallo, o comezo dunha homenaxe aínda por facer a tódolos exiliados galegos e presenta, así mesmo, o drama dunha época que nos marcou fondamente.



Caride Ogando, Ramón, “No eterno devalar da poesía”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVII, 9 marzo 1996, p. 3.

Saúda a aparición dunha “nova voz poética”, Emilio Xosé Ínsua, que vén de publica-lo seu primeiro libro, *Devalar das esperas* (1995). Comenta, en primeiro lugar, que esta obra presenta un claro carácter antoloxal pois recolle poemas de distintas épocas, feitura e temática e a continuación, analiza as dúas dicotomías presentes na obra: pesimismo ou derrota fronte alegría da comunicación, e amor ou intimismo fronte patria e compromiso, así como a idea recorrente da continuidade da vida que se expresa, en opinión do recensionista, mediante unha poesía directa, sen retóricas e metafísicas baleiras. Salienta o crítico, por último, o poema “Con Tíbulo canto” ó que considera a auténtica esencia do volume.



_____, “A mirada dos perdedores”, *A Nosa Terra*, nº 718, “Guieiro Cultural”,
21 marzo 1996, p. 24.

Fala da reedición de *Morrer en Castrelo do Miño* (1995), de Xosé Fernández Ferreiro, salientando o rico léxico do autor e o fondo contido dun relato cunha base histórica real (o asolagamento do val de Castrelo no ano 1966), narrado coa frescura e o ritmo do xornalismo. Destaca, así mesmo, a versión do perdedor que Fernández Ferreiro soubo recuperar e revivir. Esta reedición, que conta con novos prólogos e apéndices, vén loitar, segundo o crítico, co silencio que envolve os feitos.



Castaño, Yolanda, “Acheга á última poesía galega”, *El Correo Gallego*, “*Revista das Letras*”, nº 137, “Signos”, 12 decembro 1996, p. 3.

Reflexión de Yolanda Castaño sobre a poesía galega dos últimos anos. Considera axeitado falar dunha poesía dos 90 sempre que se parta dunha pluralidade de voces e de obras dentro dunha uniformidade estética. Sinala o descoñecemento, por parte dos lectores, da obra das novas voces e da súa restrinxida difusión. A continuación, comenta cómo os novos poetas coñecen a realidade lingüística e literaria galega dende os niveis primarios e a súa vontade de procura-la normalización da produción literaria galega na que medra a presenza da muller. Conclúe enumerando unha serie de trazos xerais, destacando autores e obras desa última poesía galega.



Castro Erroteta, Xosé M^a de, “Contra a manipulación dos Mass media, unha vacina de lóxica paisana”, *A Nosa Terra*, nº 707, “Guieiro Cultural”, 4 xaneiro 1996, p. 23.

Recensión da obra gañadora do Premio Torrente Ballester de 1995, *¿Que me queres amor?*, de Manuel Rivas, na que salienta o conto inédito “A lingua das bolboretas”. Na súa opinión, tódolos relatos conforman unha obra unitaria, xa que casan perfectamente tanto pola temática coma polo estilo literario. Sinala tamén a influencia da plástica e do cine nesta obra que representa o maduramento do autor que crea un estilo propio sen perde-la frescura e capacidade de sorprender.



Castro R., Xavier, “Tempo, memorias e persoas”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 21 xaneiro 1996, p. 7.

Salienta a figura de Camilo Gonsar, un autor que, ó seu criterio, participou nun momento decisivo da nosa historia literaria e que aínda non perdeu actualidade. Respecto á súa obra, *Arredor do non* (1995), recorda que se trata de once relatos en primeira persoa que queren ser unha afirmación da vida, do tempo e da autenticidade.



_____, “Vicente Risco: pensamento e ensaio”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
25 febreiro 1996, p. 7.

Tras lembra-la figura de Vicente Risco, recensiona o cuarto volume das *Obras Completas* deste autor (1995), editadas por Galaxia nun esforzo, en opinión do crítico, por recupera-la voz dun dos máis importantes pensadores galegos. Sinala que esta cuarta entrega se centra no ámbito do pensamento e do ensaio e achega ó lector “cinco traballos fundamentais”.



_____, “Espellismo de vida, fracaso e silencio”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
3 marzo 1996, p. 6.

Analiza a primeira incursión na narrativa de Xavier Lama, *Os moradores da nada* (1995), obra sobre a que sinala que está composta por vinteoito biografías “extraordinarias, atractivas e pintorescas”, coa que obtivo o Premio Álvaro Cunqueiro 1995. Ó longo do artigo chama a atención sobre a orixinalidade dos temas e personaxes, así como sobre o desprazamento espacial entre contos.



_____, “Espontaneidade e análise”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 10 marzo 1996, p. 7.

Comenta a versión galega, a cargo de Germán Palacios Rico, de *A Cartuxa de Parma* (1995), de Sthendal, destacando que se trata da primeira ocasión na que este autor é traducido ó galego e Galaxia inicia este labor precisamente cunha das súas obras máis universais. Conclúe indicando que, tanto pola análise dos caracteres, a psicoloxía e o estilo preciso, coma por algunhas pasaxes logradísimas, este volume non deixa de ser atractivo para o lector actual.



_____, “Facsímile de Lorca”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 17 marzo 1996,
p. 7.

Ábrese coa noticia da publicación por parte do Consorcio da cidade de Santiago e Ara Solís da edición facsímilar dos *Seis poemas galegos* (1995) de Federico García Lorca. Trátase despois da orixe dos mesmos e indícase que os trazos característicos de Lorca son patentes nestas composicións dedicadas a Santiago de Compostela e a Rosalía de Castro.



_____, “Ideoloxía, poetas e poesía”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 24 marzo 1996, p. 7.

Breve comentario do libro de Ramiro Fonte, *As bandeiras do corsario* (1995), unha obra que considera a medio camiño entre o ensaio e o pensamento, e na que o autor tenta achega-la obra e personalidade de diversos poetas, referentes da tradición poética universal dun século. Sinala que mediante estas biografías, se manifesta a autenticidade, a xénese e a verdade do acto poético.



_____, “Cicerón: da vellez e dos amigos”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
31 marzo 1996, p. 7.

Na colección Clásicos en Galego vén de publicarse a edición bilingüe de *Sobre a amizade e Sobre a vellez* (1995) de Cicerón, contando con Xosé Carballude Blanco e Xosé M^a Liñeira Reboredo como editores. Unha breve anotación sobre este autor e os textos (“proceso da madureza dun pensador”) é o motivo do presente artigo.



_____, “Unha publicación catalana”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 7 abril 1996,
p. 7.

Noticia da publicación de *Eduardo Blanco Amor e o teatro. Textos libres de preguerra. Procés a Jacobusland* (1995), pola Universidade de Barcelona. Sinálase que nesta obra, que forma parte da celebración das Lletres Gallegas do ano 1993, aparecen diversos traballos sobre a relación de Blanco Amor co teatro, así como un anexo documental, unha conferencia inédita e a versión catalana de *Procés a Jacobusland*.



_____, “Os asuntos italianos de Aspern”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 5 maio 1996, p. 7.

Breve recensión da obra de Henry James, *Os papeis de Aspern* (1995), na que se destaca a importancia deste autor para a literatura inglesa, en particular, e para a literatura universal, en xeral. Dáanse tamén unha serie de claves do texto como o preciosismo, a complexidade, o feito de estar baseada no individuo e no espacio, etc. Infórmase de que acompañan ó texto, o limiar que James realizou para a edición da súa obra completa e un conxunto de notas finais.



_____, “Os Ánxeles de Gerardo Diego”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 9 xuño 1996, p. 7.

Ábrese este artigo comentando o labor que leva a cabo o Consorcio da Cidade de Santiago e comentando que dentro das iniciativas do mesmo está a reedición de *Ángeles de Compostela* (1996), coincidindo co centenario de Gerardo Diego. Destácase o tempo do encontro do poeta con Galicia e Compostela do que xurdiu este poemario e finaliza cualificando a obra como “interesante reedición dun fermoso libro”.



Chao, Ignacio, “Monumento á desemeianza”, *El Mundo*, 18 febreiro 1996, p. 5.

Recensión da obra gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro 1995, *Os moradores da nada*, de Xavier Lama na que o crítico observa concomitancias con *A enciclopedia dos mortos*, de Danilo Kis. Sinala que neste volume que inclúe 28 biografías, se insiste sobre o particular de cada persoa, ata facer un monumento á desemeianza da vida dos homes. O crítico considéraa unha obra maiúscula e di que non resulta en absoluto monótona pese á estrutura idéntica de cada unha das semblanzas.



_____, “A paisaxe dunha débeda”, *El Mundo*, 3 marzo 1996, p. 5.

Recensión de *Hotel Damasco* (1995), de Xavier Alcalá. Coméntase a estrutura da obra a modo de díptico e ofrécese un breve resumo do argumento, destacando a idea de “travestismo” referida ó narrador e ó mesmo título.



_____, “Mascarada do importuno”, *El Mundo*, 10 marzo 1996, p. 4.

Destácase nesta recensión de *A volta de Castelao* (1995), de Manoel Riveiro Loureiro, o seu carácter dramático e coméntase que parece ter sido creada para a escena por dous aspectos: a voz do narrador e o personaxe da señora da limpeza que recorda ó coro clásico ou á voz do pobo. Finalmente, criticase o texto por parecer “tísico” ou un “diálogo de besugos” e dise que conta, ademais, con diversos erros de vulto.



_____, “Un triángulo de rexións poéticas”, *El Mundo*, 17 marzo 1996, p. 4.

Comentario da obra *Trece poetas cataláns* (1995), antologada por Xavier Rodríguez Baixeras, da que afirma que é, practicamente, a tradución de *Les veus de l'experiència*, antoloxía feita por Jordi Llavina en 1992, engadíndolle cinco poetas máis. Céntrase no feito de que non se trata dunha antoloxía de xeración senón da experiencia, e destácase a idea do intercambio poético, pois en Cataluña contaban xa cun libro similar para coñecer ós poetas galegos, *Sis poetas gallecs*.



Cortázar, Xermán G., “Unha recuperación necesaria. Reedicións de Enrique Labarta”, *A Nosa Terra*, nº 723, “Guieiro Cultural”, 25 abril 1996, p. 23.

Xermán G. Cortázar trata conxuntamente as dúas edicións críticas de que foi obxecto Labarta Pose no presente ano, *Obra completa* e *Contos*, ambas ó coidado de Xosé Manuel Varela Varela. Da primeira obra fai un percorrido polo contido dos dous volumes da mesma onde destaca unha “completa bio-bibliografía do escritor” e un “exhaustivo estudio lingüístico”. Sinala tamén que a edición dos textos se caracteriza por un “profundo respecto aos orixinais”. Conclúe anunciando os dous volumes futuros sobre a produción contística e o teatro.



Darriba, Manuel, “A puta vida”, *El Progreso*, “*Táboa redonda*”, 2ª época, nº 5, 23 novembro 1996, p. 3.

Comenta que cando Ford escribiu *Vida brava* non era aínda “o autor que hoxe florece nos cenáculos dos modernos”, se ben a súa prosa xa tiña a textura delicada e a abraiante capacidade plástica que logo levaría a consecuencias extremas. Salienta a presentación de personaxes carnaís e a matizada recreación de ambientes e, tras facer un breve resumo da trama argumental, remata gabando a tradución ó galego (1995) de Xosé M^a Gómez Clemente.



Diéguez, Lois, “Diccionarios maniqueos”, *A Nosa Terra*, nº 715, “Guieiro Cultural”, 29 febreiro 1996, p. 26.

Comentario sobre o *Diccionario de Autores* (1995), coordinado por Dolores Vilavedra, no que se tacha ós seus autores de “acólitos do ILG e agradecidos de Galaxia”. A continuación, insiste no exceso de xuízos de valor que se manifestan na obsesión crítica e na falta de obxectividade, no tamaño das biografías, na análise só temática das obras, nas fontes empregadas, na falta de coñecemento e de rigor e na ausencia de figuras fundamentais.



Eguizábal, Begoña, “A recuperación dun relato esquecido”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXI, 13 xaneiro 1996, p. 1.

Coméntanse as distintas reedicións, traducións e biografías que apareceron arredor da figura de Xosé María Álvarez Blázquez. Tras esta introducción, céntrase en *Enchen as augas* (1995), edición galega de *Crecen las aguas* (1956), traducida por Alfonso Álvarez Cáccamo. Indícase que este relato recrea as terras do Baixo Miño natal e ofrécese un pequeno resumo da trama argumental. Saliéntanse, así mesmo, as descrições de “policromía e luminosidade desbordantes” presentes na obra e, por último, propóñense novos traballos para continuar neste camiño de recuperación.



_____, “Os moradores da nada”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVIII,
16 marzo 1996, p. 3.

Comentario sobre *Os moradores da nada* (1995), de Xavier Lama no que se destaca a estrutura da obra, o carácter dos protagonistas e a linguaxe rápida e eficaz. Remata sinalando que o autor non pretende interpreta-lo mundo senón simplemente atravesalo.



Eiré, Xosé M., “No XXI cabodano de Frank González”, *A Nosa Terra*, nº 751, “Guieiro Cultural”, 7 novembro 1996, p. 24.

Comeza referíndose á precariedade de estudos da literatura galega en xeral e da narrativa en particular e, a este respecto, sinala que Galicia é un país con maior tradición poética, o que levou a dar primacía ós estudos deste tipo, aínda que nos últimos quince anos se intensificaron no eido da narrativa. A continuación, fai un breve estudio da primeira novela do oeste en galego, *A morte de Frank González* (1975), de X. Fernández Ferreiro, que inaugurou a “literatura de quiosque”. Conclúe afirmando que “vai sendo hora de que nos tomemos completamente en sério; mellor dito: que retomemos en sério o noso discurso narrativo (...) e de que cese o automenosprezo que nace de compararnos con outras realidades e contextos alleos”.



Enríquez, Xosé Manuel, “Náufragos en terra”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CX, 6 xaneiro 1996, p. 3.

Céntrase na temática da obra de X. M. Martínez Oca, *Náufragos en terra* (1995) e sinala que se trata de relatos de amores ou relacións imposibles, narrados a modo de monólogos ou confesións. Comenta que os personaxes da obra son figuras previsibles e case arquetípicas e remata cunha valoración da obra, á que considera pouco intensa, relativamente plana, con movementos esperables e certa precipitación.



_____, "Catapulta", *Faro de Vigo*, "Faro das Letras", nº CXIV, 3 febreiro 1996,
p. 3.

Comentario que se inicia cunha breve descrición de *Catapulta* (1995), de A. Álvarez Cáccamo, obra que segue, en opinión do crítico, na mesma liña das dúas anteriores. Céntrase posteriormente na ironía, na sátira e na ocorrencia que enchen o libro e o converten nun conxunto de relatos lixeiros e sen desbastar.



_____, “*Vida Brava*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVI, 2 marzo 1996,
p. 3.

Analiza o contido e a estrutura da novela de Richard Ford, *Vida brava*, traducida ó galego en 1995. Apunta algunhas das ensinanzas que se poden derivar desta obra e sinala que se trata dunha lembranza selectiva da realidade cotiá que supón un maduramento persoal, unha “educación especial”, narrada dun xeito áxil e vivo, o que transmite unha sensación de visualización próxima á técnica cinematográfica.



_____, “¿Que me queres amor?”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVIII,
16 marzo 1996, p. 3.

Afirma que *¿Que me queres, amor?*, de Manuel Rivas, gañadora do premio Torrente Ballester en 1995, é unha obra de tipo humanista que non presenta unha clara uniformidade. Destaca unha serie de relatos nos que o autor deixa voz libre ás súas creacións e alcanza os mellores momentos narrativos, fronte a outros que, por comparación, desmerecen. Conclúe afirmando que se trata dun libro serio, esixente literariamente e, en definitiva, “sublime por momentos”.



_____, “O abrente é un desatino”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXX,
30 marzo 1996, p. 3.

Refírese a *O abrente é un desatino* (1995), de Xerardo Méndez, como exemplo de literatura de instituto e anota que é unha obra de fácil asimilación e de escaso esforzo de comprensión. Afirmo que o que tratan de facer pasar pola versión adolescente, en forma de conto de barrio de *A Esmorga*, é, en realidade, un texto escrito dentro dos parámetros da literatura “de alivio rápido” e carente de entidade e de espírito. Considéraa, pois, como unha “contribución perfectamente prescindible”.



Estévez, Eduardo, “Ruídos reincidentes”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”,
nº CXXII, 20 abril 1996, p. 4.

Relaciónanse, en función da coincidencia dos títulos, *Ruído* (1995), de Luísa Villalta, e *Ruído. Relatos de guerra* (1995), de Miguel Anxo Murado. Sínálase que ambos son a expresión de distintas procuras “de inquedanza existencial que comunican xéneros diferentes”: unha interior, no primeiro caso e, outra, de índole social, no segundo.



Eyré, Xosé M., “Brava tralla bravú”, *A Nosa Terra*, nº 749, “Guieiro Cultural”,
24 outubro 1996, p. 23.

Quéixase de que *Fridom Spik* (1995), de Santiago Jaureguizar “pasou sen ruído” fronte á outra obra do autor publicada no mesmo ano, *Todo a cen*, e di que non había razón literaria que o xustificase. A partir desta apreciación, desenvolve brevemente as súas ideas sobre a situación da literatura galega actual, que el cualifica de “crise de crecemento”. Continúa salientando algúns dos aspectos da escrita de Jaureguizar, a quen compara con Castelao, e remata recomendando a lectura das obras da colección Ferros entre as que se inclúe a citada *Fridom Spik*.



Fernández Pérez, J. Luís, “Un poemario dedicado sobre todo ós mariños”,
El Correo Gallego, “Edición 7”, 25 febreiro 1995, p. 6.

Apunta que o poemario *Contra mar* (1995), de Xesús Franco, está dedicado sobre todo ós mariños e sinala que non se recolle nesta obra un mar bucólico, senón o mar coa súa medida humana. Insiste a continuación, na relación existente entre *De catro a catro* e *Contra mar*, e contrapón os distintos enfoques: o mar moderno ou modernista da obra de Manuel Antonio, fronte ó mar tradicional de Xesús Franco. Destácase, por último, o seu “exuberante” léxico.



Franco Grande, Xosé Luís, “*O gato branco*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CX, 6 xaneiro 1996, p. 1.

Comeza destacando o esforzo pola expresión e a canseira da linguaxe poética actual, aspectos que resultan patentes na intensidade dos poemas de *O gato branco* (1995), que Vicente Araguas leva a cabo cunha increíble economía de medios. Como remate, alude ó especial respecto deste autor pola palabra, que o leva a crear poemas completos, fondos e suxestivos.



García, Rodri, “Unha ducia de contos para arrefriar o espiñazo”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, nº 45, 4 xaneiro 1996, p. 6.

Iníciase lembrando o sistema de Edith Warton para comproba-la calidade dos contos de fantasmas. De seguido, refírese ó volume *Contos de fantasmas* (1995) e cítanse algúns dos autores presentes na obra. Coméntase o relato de Walter Scott, do que se di que é “un dos primeiros que merece a denominación de conto de fantasmas”, e mailo do irlandés Patrick Kennedy que fai “unha adaptación do sentido do humor tradicional ó relato moderno”.



_____, “A noite negra de Malvar con Carla”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, nº 46, 11 xaneiro 1996, p. 6.

Breve comentario da obra de Aníbal Malvar, *Unha noite con Carla* (1995), no que se fala en primeiro lugar, do premio que obtivo; a continuación, anótase algún dato sobre o autor e os diversos elementos presentes na trama, facendo un breve resumo do argumento. Apúntase que Malvar conta unha novela “que podería ser negra” pero que rompe con algunhas das convencións obxectivas do xénero.



_____, “Ramiro Fonte enarbora *As bandeiras do corsario*”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 47, 18 xaneiro 1996, p. 6.

Recóllense algúns fragmentos de *As bandeiras do corsario* (1995), de Ramiro Fonte, nos que trata de diversos aspectos relativos á poesía. O crítico comenta que esta obra se compón dunha serie de ensaios nos que Fonte fai “unha defensa da lingua”. Apúntanse tamén os nomes dalgúns dos autores elixidos polo autor para compoñe-lo volume.



_____, “Un mar de palabras no espello de Millán Otero”, *La Voz de Galicia*,
“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 50, 8 febreiro 1996, p. 6.

Breve recensión sobre a última obra poética de Xosé Millán Otero, *As palabras no espello* (1995), publicada por Edicións do Castro. O articulista recolle as palabras de Bernardino Graña, quen afirma que Millán Otero “é un dos mellores poetas de menos de corenta anos que ten hoxe Galicia”.



González Fernández, Fe, “Modelos femininos na literatura”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 21 xaneiro 1996, p. 6.

Tras sinalar que a produción de Carmen Blanco constitúe “o xermolo crítico máis serio e pormenorizado para chegarmos a coñece-la escrita galega de muller”, coméntase que con *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (1995), a autora pretende levar a cabo unha “epitomización dos modelos básicos femininos que predominan na creación literaria dunha serie de escritores galegos” e, así, converter á muller por primeira vez “no eixo central a partir do cal se procederá ó desmiuzamento das obras”. Conclúe sinalando que Carmen Blanco asenta definitivamente as bases dunha incipiente crítica feminina.



Heinze, Úrsula, “Poetas ou a razón de ser”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 128, 10 outubro 1996, p. 6.

Segundo Úrsula Heinze, o poeta conta a verdade por riba de todo e acepta responsabilidades, o que significa realizar unha crítica constante a si mesmo e ó mundo que o rodea. Indica tamén que a poesía debe ser capaz de destruír e reconstruír, e que cómpre non só ollar cara atrás na historia da humanidade, senón tamén concienciarse do que vai vir no futuro. Di que é preciso sacar proveito da confrontación coa escrita doutros países, respectando as súas linguas e ideoloxías, para evita-los camiños da represión cultural, da manipulación e uniformidade estéril.



Hermida, Carme, “As mil alboradas que fan realidade un soño”, *O Correo Galego*, 8 outubro 1996, pp. 29-30.

Realízase un percorrido pola historia da prensa escrita en galego, centrándose na considerada terceira etapa xornalística, a partir da saída de *O Tío Marcos d'a Portela* en 1876. Dentro dela establece dúas subetapas. A primeira, ata 1916 e a segunda, inaugurada o 14 de novembro de 1916, coa aparición de *A Nosa Terra*. Di Carme Hermida que o cambio se produciu porque esta publicación ten unha feitura semellante á dos xornais actuais, e porque publica artigos que abranguen tódalas temáticas posibles. Faise incidencia no ocorrido en Galicia coa guerra civil, que mataría calquera iniciativa ata 1976, ano en que aparece *Teima*. A esta seguirían, tal e como se fai referencia, outras moitas iniciativas ata que en xaneiro de 1994 saíu *O Correo Galego*, que inicia unha nova etapa ó pasar a se-lo galego o medio de expresión dun xornal diario.



Hortas, Daniel, “Recordos de Lorca e de Celita”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
“Muxicas e Faragullas”, 26 maio 1996, pp. XIV-XV.

Lémbrese a viaxe que García Lorca realizou a Galicia e que motivou a composición dos seus poemas galegos. Análizase a cuestión de se Lorca os compuxo en galego directamente ou se os traduciu algún dos seus amigos. O recordatorio que se traza sobre a súa estadía en Galicia e a relación con algún toureiro permítelle lembrar ó redactor do artigo a creación de Lorca, do *Llanto a la muerte de Ignacio Sánchez Mejía*.



_____, “¡Quen soubese, de verdade, escribir!”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
“Muxicas e Faragullas”, 24 novembro 1996, p. XI.

Artigo no que se poñen de manifesto as opinións e costumes dalgúns dos grandes escritores de Galicia. Afírmase que Cunqueiro contaba as novelas en vez de escribilas; que Torrente Ballester asegura que para el o difícil é atopar unha boa historia; que Cela, de quen se di que redacta a man, considera que o segredo está no traballo continuado. Por último, indícase que cada escritor ten os seus pequenos segredos, manías ou hábitos persoais que os axudan na tarefa da creación.



J. G., “Neotrovadores en Galicia, Brasil y Portugal”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 46, 11 xaneiro 1996, p. 4.

Obsérvase a importancia do fenómeno trobadoresco pola superación das fronteiras políticas, por dar unha proxección universal de Galicia e por plasma-la consolidación da primeira lingua literaria peninsular. Baseándose nun estudio de W. Myron Davis, engádese unha relación dos escritores galegos, portugueses e brasileiros, que cultivaron a corrente neotrobadoresca. Indícase tamén o nome de moitos trovadores medievais e saliéntase o feito, tal como afirma José A. Souto Cabo, de que cada vez se coñezan máis datos sobre o citado período.



L. V., “Xulio Trigo, un betanceiro que novela en catalán”, *La Voz de Galicia*,
“*Revista de Cultura*”, ano II, nº 53, 29 febreiro 1996, p. 9.

Publicación da primeira novela en catalán polo galego Xulio Ricardo Trigo. O mundo literario que aparece en *La desaparició d' Evelyn* está inspirado en Galicia. A historia dunha busca é o motivo da investigación que desenvolve a novela, na que se introducen outras historias paralelas, que incardinan o libro na realidade cultural galega.



Ledo Andión, Margarita, “A cidade activa”, *El Progreso*, 12 outubro 1996, p. 50.

Artigo que comeza lembrando o primeiro mitin das Irmandades da Fala celebrado en Lugo en 1917. A continuación, céntrase o comentario no semanario en idioma galego *A Monteira*, que aparecera na devandita capital en 1889 e dise que foi “pioneiro dos modelos de prensa do seu tempo, para dici-la opinión dos medios agrarios, que aguilloaban as clases ilustradas por se avergoñaren de usa-lo galego”. Salienta o labor cultural dos impresores Soto Freire e cita as publicacións *Ronsel*, *Yunque* e *Vanguardia Gallega*. Remata cunha mención dos organismos e personalidades destacados da cidade como o Comité de Cooperación Intelectual, o Grupo Ars, os irmáns Correa-Calderón, Luís Pimentel, Álvaro Xil, Cilistro (Celestino Fernández de la Vega), Trapero Pardo ou Ánxel Fole.



López Varela, Elisardo, “Curros Enríquez e a independencia de Cuba”, *A Nosa Terra*, nº 756, “Guieiro Cultural”, 12 decembro 1996, p. 27.

Artigo que comeza coa análise dos distintos estudos hemerográficos sobre o poema “En corso”, de Curros Enríquez. A continuación, López Varela afirma que este poema (“un canto agonizante para salva-la perda de Cuba”) foi publicado no xornal cubano *El Diario de la Marina* o 25 de decembro de 1896. Despois de tratar certas cuestións ecdóticas sobre o poema, explica os fundamentos do seu título e expón as motivacións que animaron a Curros á súa composición.



López Vázquez, Ramón, “Cunqueiro: unha vida buscando vida”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 18 febreiro 1996, p. 6.

Fala o comentarista da novidosa visión que ofrece a obra dramática de Cunqueiro, concretamente *Don Hamlet*. Apúntase que a morte do corpo que esixía o ideal estoico como solución ós problemas existenciais xerados pola dúbida universal, é un símbolo paradoxal, unha proba a favor da vida e en contra da morte, segundo se desprende da tese do investigador sobre a obra de Cunqueiro.



Lorenzo, Francisco P., “Metáforas de matar un pai”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 137, 12 decembro 1996, p. 7.

Criticase o feito de que no Iº Congreso de Escritores novos se obviasen asuntos capitais do presente da escrita galega como o pulo da poesía, a súa socialización progresiva, o deserto da prosa feminina, as influencias, os trazos comúns e temáticas, o problema da edición, as alternativas, etc. Comenta que as propostas de ruptura, “de rachar e aventurar roteiros”, non foron ben acollidas e que se tódalas metáforas tiveran a capacidade de ferir e altera-la existencia como a de “asasinar o pai”, a poesía sería vida e quizais o noso equilibrio como persoas dependería só do contido das páxinas poéticas editadas neste país.



M. R., “A cotiá tarefa de afrontar unha vida brava”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I; nº 46, 11 xaneiro 1996, p. 6.

Breve recensión sobre a cuarta entrega narrativa de Richard Ford, *Vida brava*, verquida ó galego por Xosé M^a Gómez Clemente. Trátase, segundo o articulista, dunha novela na que se narra a entrada dun adolescente na idade adulta e que se desenvolve a comezos dos anos sesenta nas chairas da cidade de Montana.



_____, “Ramón Dachs, do trilingüismo á internet”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 71, 4 xuño 1996, p. 6.

Alúdese á posibilidade de consulta en Internet das obras deste poeta catalán, tanto *Cima branca* (1995), coma *Poemes mínims* e *Intermínims de navegació poètica*. Coméntase, por outra parte, a participación de Dachs en numerosas exposicións de poesía experimental e o seu achegamento á cultura galega, froito do que xurdiu o seu libro publicado en 1995.



M. V. V., “Pura Vázquez, Emilio X. Ínsua e Celso Álvarez Cáccamo en Espiral Maior”, *Atlántico Diario*, 5 xaneiro 1996, p. 58.

Cítanse tres novos títulos publicados na colección A Illa Verde, de Espiral Maior. O primeiro é *Orballa en tempo lento* (1995), de Pura Vázquez, no que se percibe “o discorrer do río que é o tempo”, motivo xa tratado noutros poemarios da autora. O segundo é *Devalar das esperas* (1995), de Emilio Xosé Ínsua, “unha travesía a través do amor e da vida en catro tempos”. O terceiro, *Os distantes* (1995), de Celso Álvarez Cáccamo, que fai lembra-las reflexións de Fernando Pessoa.



_____, "*Trece poetas cataláns/O gato branco*", *Atlántico Diario*, "Libros",
29 marzo 1996, p. 50.

Breve comentario conxunto sobre as dúas últimas entregas da colección de poesía da Editorial Espiral Maior. Do poemario de Vicente Araguas, *O gato branco* (1995), salientase o feito de que o tempo do verso evoca o pasado como se fose presente. Da escolma poética en edición bilingüe de Xabier Rodríguez Baixeras, *Trece poetas cataláns* (1995), apúntanse os poetas que conforman a selección e os criterios e obxectivos que perseguíu o antologador para realiza-lo libro.



Martínez Bouzas, Francisco, “O fútbol permanece”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 89, 4 xaneiro 1996, p. 6.

O articulista afirma que o sexto volume da colección Ferros de Xerais, *En malos pasos* (1995), de Camilo Franco, é un conxunto de textos breves caracterizados pola “brevidade e rotura dos padróns ordinarios”, pola súa heteroxeneidade. Ademais, afirma que a escrita do autor afonda nas profundidades da vida, nas beiras problemáticas da condición humana, lonxe de requintamentos estilísticos, cun estilo que combina a sinxeleza coa ironía e os variados recursos metafóricos.



_____, “Stendhal gaña a aposta”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 90,
11 xaneiro 1996, p. 6.

Breve comentario da tradución ó galego da novela clásica *A Cartuxa de Parma* (1995), no que o crítico salienta o mundo ateigado de brillantez e voluptuosidade que podemos atopar nas súas páxinas.



_____, “Alustres na memoria”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXI,
13 xaneiro 1996, p. 3.

Saliéntase a intensidade, forza emocional, tensión estética e brevidade dos contos que compoñen o libro *Fendas no tempo* (1995), de Ramón Caride Ogando. A obra está composta, segundo F. Martínez Bouzas, por dúas clases de historias que atravesan o seu universo temático, unhas que recuperan as lembranzas dos tempos fuxidos agochados nos recunchos dos lugares míticos do autor e outras, que poderían acontecer en calquera parte e cunha forte presenza do absurdo, fatal ou paradóxico.



_____, “A novela asolagada”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 91,
18 xaneiro 1996, p. 6.

Infórmase da reedición do libro *Morrer en Castrelo de Miño* (1995), de Xosé Fernández Ferreiro, e afirmase que, no momento da súa publicación, cubriu un veo de silencio e que se trata dunha literatura rebelde, narrativa civil por intención, comprometida cos que denuncian o asoballamento e medo imposto por caciques e explotadores, pero contada dende unha historia profunda e entrañable dun vello barqueiro abeirado á soidade e ó silencio.



_____, “Fasquías da modernidade”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”,
nº 92, 25 xaneiro 1996, p. 6.

Coméntase brevemente o libro de Xesús González Gómez *Manifestos das vangardas europeas* (1995). Remárcase o seu carácter de utilidade e afirmase que constitúe o cerne de boa parte da literatura que se leva feito neste século. Sinálase tamén que o autor do libro engadiu, ó conxunto de textos programáticos das correntes renovadoras anteriores á segunda guerra mundial, unha análise dos fenómenos vangardistas en Galicia, centrándose na figura de Manuel Antonio e no Manifesto *Máis alá*.



_____, "Ítaca era outra cousa", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 93,
1 febreiro 1996, p. 6.

Recensión do libro de Alfredo Conde *Sempre me matan* (1995). Saliéntase o comezo redondo e engaiolante da obra e o carácter de novela de recordos e memorias, de éxitos e desenganos: o narrador válese das lembranzas dun viaxeiro transterrado galego que volta á súa Ítaca e se decata de que esta xa non é a mesma. A sobrecarga de recordos e reflexións que de isto se derivan ralentizan, en palabras do crítico, o ritmo do relato e alóngano demais. Tamén se critican os excesivos elementos biográficos, sentencias morais e cuestións ideolóxicas que aparecen no libro.



_____, “Non venais”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 94, 8 febreiro 1996, p. 6.

Recensión que comenta a aparición, no mercado editorial galego, de dous títulos que teñen o trazo común de seren non venais. Do publicado pola editorial Laiovento, *Rúa 26. Diálogo limiar* (1995), dise que é unha escena-prólogo dunha peza teatral de Álvaro Cunqueiro que non chegou a desenvolver. O que Galaxia ofrece ó lector, na súa colección Biblioteca Sherlock Holmes, é *A face amarela* (1995), de Arthur Conan Doyle, que representa, segundo este comentario, unha boa forma de penetrar no ambiente policial cheo de esculca psicolóxica.



_____, “Agás Sánchez Dragó”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 95,
15 febreiro 1996, p. 6.

No comentario sobre *Catapulta* (1995) de Alfonso Álvarez Cáccamo, salientase o humorismo e a ironía dun autor “seguro e sólido, con moitas xornadas de oficio”, que consegue co seu último libro unha garantía literaria a pesar de tratarse de historias sen tensión e de escasa forza emocional. Dise deste libro que, en definitiva, é un exercicio literario.



_____, “Colometa, violetas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 96, 22 febreiro 1996, p. 6.

O crítico considera *A praza do diamante* (1995), de Mercè Rodoreda, un exemplo de literatura proletaria, debido á escolla dunha protagonista da clase obreira e, en especial, ó modo expresivo peculiar da novela que se desenvolve na miseria da Barcelona da guerra civil. Sinala que se trata dunha obra na que salienta a “fermosura melancólica da que brillan emocionantes destelos expresivos extraídos do mundo barcelonés contemplado por medio dunha vida doméstica”.



_____, “Fantásticas imposturas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 97, 29 febreiro 1996, p. 6.

Coméntase do libro de Xabier Lama, titulado *Os moradores da nada* (1995), que é un “florilexio de imaxes fantasmais, un bestiario humano de seres alucinados que forman parte dun ronsel cosmopolita cos que o narrador é quen de lle dar vida a fantásticas imposturas”.



_____, “Curar da néboa”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 98,
7 marzo 1996, p. 6.

Infórmase da aparición do libro de Camilo Gonsar *Arredor do non* (1995) e coméntase que estamos diante dun conxunto de prosas feitas sen excesivo ornamento por un autor que escribe sen présas e polo baixo, arredado da parafernalia que acarrea o mundo literario. Son contos que precisan, subliña o crítico, unha segunda lectura para poder descifra-las moitas connotacións que conteñen, ó lado dunha variedade interpretativa.



_____, “Gastrónomos lunáticos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”,
nº 101, 23 marzo 1996, p. 6.

Recensión do libro *Silencio* (1995), de Francisco Alonso, no que se aprecia unha semellanza con algunha das novelas de Paul Auster, como é o caso das demencias kafkianas comúns, por exemplo, co personaxe de *O Palacio da Lúa*. Segundo Martínez Bouzas, unha interpretación posible do libro do escritor galego podería ser “a parábola da paranoia dunha vida urbana actual na que habitan numerosos seres lunáticos e situacións esperpénticas”.



_____, “¿Quen es, bela?”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 102,
4 abril 1996, p. 6.

Comentario de *Galaxia Lonxana* (1995), de Lois Fernández Marcos, no que se afirma que se trata dun conxunto de contos de ciencia ficción que teñen o arrepío por materia central, tinxido por innumerables alusións dunha atmosfera erótica. A ficción, segue a dici-lo crítico, é substancia mesma do relato, que ten por contribución máis salientable a capacidade de ensoñar mundos, personaxes e situacións inéditas.



_____, “A idade dos poetas”, *O Correo Galego*, “Chineses”, 5 abril 1996,
pp. 17-18.

Reflexión sobre a poesía galega e as súas funcións na actualidade. Segundo o articulista, da concepción tradicional que tan só relacionaba filosofía e poesía como senllos aspectos da cultura, cambiouse na modernidade ó recoñecemento de que o discurso filosófico non está despojado de figuras, artificios e imaxinación, por unha banda e que a poesía asumiu determinadas funcións do pensar filosófico. Afirmar que a linguaxe poética se converteu na forma máis elevada e ó mesmo tempo a máis fundamental de falar e que os poetas galegos foron e son os gardiáns do ser, aínda que eles teñen a afouteza de pronuncia-lo ser, de fornecernos a través do enigma do dicir poético, da verdade do pensamento. Na obra lírica dalgúns poetas galegos, afirma, maniféstase a sublevación e a universalidade do pensamento, exprésanse tódolos paradigmas e maneiras de reaccionar dende a existencia humana fronte á realidade circundante.



_____, “Encontros e desencontros”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 103, 11 abril 1996, p. 6.

Anótase que a colección de Edicións Xerais, “Os libros do Centro Dramático Galego”, está a coller novos pulos, pola aparición de tres novos libros presentados cun deseño editorial novidoso. Coméntase *Lugar* (1995), de Raúl Dans e dise que estamos diante dunha peza de teatro culto de elevado contido simbólico, con ecos do que se constrúe e representa fóra de Galicia, mentres que afirma que a imposibilidade de comunicación entre os seres humanos é a clave do texto.



_____, “Sabor a cereixas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 105, 25 abril 1996, p.6.

O crítico comenta que non lle gustou a última obra de Manolo Rivas, *¿Que me queres, amor?* (1995). Indica que está composta por dezaseis relatos de curta extensión, dos que a maioría carecen dunha materia narrativa sólida que capte a atención do lector, sen esforzos vacuos.



_____, “Imaxes e universos femininos”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”,
nº CXXI, 12 abril 1996, p. 1.

Comentario sobre a publicación de dous novos títulos de Carmen Blanco arredor das realidades femininas. Do primeiro volume, *Mulleres e independencia* (1995), só se fai referencia á súa composición: compilación dunha escolma de obra ensaística que ten a independencia das mulleres como idea conductora do pensamento crítico da autora. Do segundo, *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (1995), dise que é unha obra de investigación e crítica literaria e que contén o estudio dos prototipos femininos básicos das obras narrativas dunha serie de escritores galegos.



_____, “Había unha vez”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 107, 9 maio 1996, p. 6.

Recensión do libro de Xosé Ramón Mariño Ferro *Lobos, lobs e lobishomes* (1995), aparecido na creada colección *Mitos e Tradicións* de Edicións do Cumio. Di o crítico que o autor compila e escolma unha boa presada de contos e lendas verbo desta temática, ó tempo que ofrece ó lector un comentario final para facilitarlle a comprensión deste material. Sen embargo, anota Martínez Bouzas, que cumpriría que Mariño Ferro se decidise reborda-los límites dun traballo divulgativo e se situase no alén da recuperación de significados, engadindo unha interpretación e unha comprensión capaz de xerar sentidos enriquecidos.



_____, “Pensar o teatro”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 128,
3 outubro 1996, p. 6.

Recensión do libro *Espectador e actor* (1995), de François Regnault, editado por Emilio Araújo e Luis Martul. Sínálase que o libro recolle dúas intervencións pronunciadas polo autor no marco das “Conferences du Perroget”; a través delas suxire a posibilidade de chegar a crear unha poética de escena. Na primeira parte, “O visitante da noite” destaca o feito teatral como un exercicio colectivo. Na segunda “Pequena ética para o comediante”, recorre a Aristóteles para falar da tendencia innata do home á mímese e á representación. A modo de apéndice, o apartado “Nota galega verbo do onnogata” pecha o libro.



Martínez Oca, X. M., “O fluír das estacións no *Haiku*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXIV, 3 febreiro 1996, p. 4.

Infórmase sobre a repercusión da forma poética dos haiku na literatura galega. Tamén se indica a popularidade de que goza no Xapón esta composición poética condensada, de longa tradición dende Matsuo Basho, na que se expresan reflexións sobre a natureza, o sentido da vida e os praceres e tristezas da existencia.



_____, “Nas lareiras do Fidalgo de Paradela”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXXI, 7 setembro 1996, p. 4.

Comentario que analiza o libro de Luís Rodríguez Fernández, *Nas lareiras. Contos de inverno, de meigas, trashed e ladrós polo Fidalgo de Paradela* (1971). Deste libro de narracións, do que se indica que están desenvolvidas a comezos de século, faise fincapé nas historias de lobos predominantes nos relatos, aínda que tamén se alude ás de bandoleiros e ás de meigas, endemoniados e da Santa Compañía, enmarcadas no ambiente das grandes cazatas. Anota o crítico que todas estas narracións, sen procura-lo requinte literario, teñen como mérito o de “semellaren estar sendo oídas dos labios dun petrucio, sen estar lastradas por disquisicións culturais e filosóficas”.



Moure Mariño, Luís, “Romances gallegos”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
21 xullo 1996, p. 6.

Indícase que a intervención de animais na narración é algo característico na arte de fabular, atribuíndoselle pensamentos propios dos humanos e supoñéndoselle un temperamento propio. Reprodúcense os romances de “O piollo i a pulga” e o “Da Gallarda”, “un símbolo do poder feminino da seducción”. A protagonista feminina representaría, tal como se comenta, unha moza atractiva e vigorosa que, vítima dun cruel desengaño, ten a súa rede tendida para se vingar de calquera varón.



Navaza, Gonzalo, “*Arredor do non*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVI,
2 marzo 1996, p. 1.

Traballo no que se alude á heteroxeneidade dos textos que compoñen o libro *Arredor do non* (1995), de Camilo Gonsar. A función satírica ou humorística e a interposición da voz narradora do personaxe Andrés Goián, que ficcionaliza todo o conxunto, son algúns dos elementos que proporcionan unidade ó libro. As manifestacións deshumanizadoras da sociedade actual e a caricatura da indefensión do home fronte ós escenarios e produtos do mundo moderno son, segundo Gonzalo Navaza, algúns dos motivos sobre os que se cerne a pluma crítica do escritor.



Neira, Manuel Xosé, “*A lenda do santo bebedor*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXII, 20 xaneiro 1996, p. 2.

Indícase que o libro de Joseph Roth, *A lenda do santo bebedor* (1995), recentemente traducido ó galego constitúe un dos mellores textos literarios deste século. O crítico salienta a técnica narrativa con que está construído o libro e que proporciona as claves dunha visión renovadora. A marxinalidade, o ritmo de jazz, o desamparo da última aristocracia, o misticismo da inocencia forman parte deste libro, que se sitúa, segundo o articulista, a carón doutras grandes obras no itinerario literario do século XX.



_____, “Na penumbra do tempo. Sobre os criterios de valoración dos escritores galegos”, *A Nosa Terra*, nº 710, “Guieiro Cultural”, 25 xaneiro 1996, p. 25.

Alude o comentarista a que a nosa cultura posúe as deficiencias da falta de normalidade plena, xa que á carón de edicións de difícil acceso e de necesaria reedición existen casos de sobreabundancia na presentación doutros autores e edicións anotadas en escritores de menor interese. Entre as primeiras cita, entre outras, a obra de Xerardo Álvarez Limeses, López Abente, Victoriano Taibo, Xohán Vicente Viqueira. De *Orballo da media noite* (1929), de Roberto Blanco Torres, indica que é un volume inexplicablemente esquecido, e que o seu autor foi considerado un dos grandes do xornalismo do período republicano.



_____, “Reivindicar a Augusto Casas, poeta da saudade”, *A Nosa Terra*, nº 722, “Guieiro Cultural”, 17 abril 1996, p. 20.

Comentario centrado no poeta Augusto María Casas no que se alude ó esquecemento que sofre a súa figura dentro da literatura galega. Incluído no grupo dos epígonos de Amado Carballo, salienta o comentarista que a súa obra resulta constante e máis compacta, desafiando unha liña propia e singular na literatura de posguerra e que a súa produción é un “regato soterraño que atravesa con saudade o balbordo do realismo socialista sen ningunha estridencia”. Destaca o crítico a participación deste autor en numerosas iniciativas culturais, como o Seminario de Estudos Galegos, a revista *Galaxia* ou o Suplemento del Sábado do xornal *La Noche*, mantendo relación directa con algúns dos nomes máis relevantes da intelectualidade galega da época.



Neira Vilas, Xosé, “Lembranza do Congreso da Emigración Galega en Bós Aires”, *A Nosa Terra*, nº 741, “Guieiro Cultural”, 29 agosto 1996.

Lémbrese o Primeiro Congreso da Emigración Galega en América, celebrado en xullo de 1956 en Buenos Aires, pola significación e vixencia dos seus postulados. Coméntanse os aspectos organizativos do mesmo e indícase que, a cen anos do Banquete de Conxo, foi Antón Alonso Ríos quen fixera a convocatoria, enviándose o Manifesto, Temario e Regulamento a tódalas asociacións galegas de América e a personalidades da Galicia territorial. Ós múltiples actos que se celebraron apúntanse, finalmente, a proclamación dos dereitos nacionais de Galicia e a necesidade imperiosa de potenciación da súa lingua e cultura.



Nicolás, Ramón, “Os contornos de Xavier Queipo”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXII, 20 xaneiro 1996, p. 3.

Breve comentario do libro de Xavier Queipo, *Ártico* (1995), no que se incide no xogo de ambigüidade e no ocultamento propios da produción do autor, que oscila sempre entre a sorpresa e o inesperado. Indícase tamén que este volume representa unha poética da heteroxeneidade que fluctúa entre o ensaio naturalista e a ficción literaria.



_____, “O capitán Lobo Negro”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVI,
2 marzo 1996, p. 2.

Recensión sobre *O capitán Lobo Negro* (1995), de Xesús M. Valcárcel. Indícase a meritoria e pausada xestación na súa elaboración. Por outra banda, afírmase que a “aparente heteroxeneidade temática cohesiónase a través dun tratamento do xénero que leva a descubri-lo extraordinario que pode haber no cotián”. Remata aludindo á carga simbólica do libro que agacha unha lectura alegórica.



_____, “*Morrer en Castrelo de Miño, vinte anos despois*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVIII, 16 marzo 1996, p. 1.

Comentario sobre a reedición de *Morrer en Castrelo de Miño* (1995), de Xosé Fernández Ferreiro, que agora conta cun limiar de Arturo Lezcano. O crítico indica que se trata dunha novela de áxil e rápida lectura, que contén en xermolo algunhas das claves que han de aparecer, modificadas, na produción posterior deste autor, caso da recorrencia no emprego das técnicas cinematográficas na narración, a propensión á verificabilidade, combinada co uso dunha linguaxe lírica ou o desasosego. Isto supón, na opinión de Ramón Nicolás, un dos maiores acertos da novela.



Palmás, Ricardo, “Un exemplo do que non hai que facer”, *A Nosa Terra*, nº 713, “Guieiro Cultural”, 15 febreiro 1996, p. 24.

Comentario crítico sobre a aparición do primeiro volume do *Diccionario da Literatura Galega* (1995), coordinado por Dolores Vilavedra. Cuestionase, xa de entrada, o Prólogo que abre este tomo, no que se estudian os autores. Como os tres parámetros básicos concibidos na elaboración do diccionario indícanse a normativa empregada, a selección dos autores por cuestións lingüísticas ou a necesidade de ter obra en galego publicada. A lectura do mesmo confirma a súa indefinición, corroborada ó observa-la estrutura interna das entradas, caóticas na apreciación do crítico. Engádesse que a falta de coherencia leva á anarquía e á arbitrariedade na redacción que fixeron cada un dos autores.



_____, “Arredor da biografía de Lorenzo Varela”, *A Nosa Terra*, nº 724, “Guieiro Cultural”, 2 maio 1996, p. 24.

Comentario sobre o libro de Fernando Salgado, *Lorenzo Varela. Crónica dunha vida atormentada* (1995). Sinálanse algúns erros ou deficiencias do traballo, como son o pór en evidencia a actividade de Varela como loitador antifascista e a súa independencia intelectual. Na apreciación do crítico, os capítulos da obra dedicados á adquisición do galego polo escritor son os máis problemáticos, xa que se perde na paixón por subliña-lo seu heroísmo.



Pena, Xosé Ramón, “Escribir, escribir”, *A Nosa Terra*, nº 708, “Guieiro Cultural”, “A literatura galega a debate”, 11 xaneiro 1996, p. 27.

Xosé Ramón Pena analiza o estado actual da literatura galega que, segundo manifesta, está dotada de calidade e mesmo se pode falar dunha literatura nacional galega no momento presente. Sen embargo, existe o problema do reducido número de lectores, polo que resulta importante, segundo a opinión de Pena, achega-la lectura en galego ó ensino para, deste xeito, formar lectores reais da literatura galega. Tamén bota en falta a existencia dunha crítica rigorosa que supere a mera análise das obras valoradas positivamente (a chamada “crítica de amigo”). Por último, fai unha referencia á posibilidade de que un mesmo autor escriba, tanto en galego coma en castelán, sempre que manteña o seu compromiso pola plena normalización da cultura galega.



Penas, Ánxeles, “*Galicia ferida*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXIII,
27 xaneiro 1996, p. 1.

Comentario sobre o libro *Galicia ferida (A visión de Luís Seoane)* (1994), de Luz Pozo Garza, do que se salienta a importante documentación que estudia o labor desenvolvido por Luís Seoane en favor da afirmación de Galicia. Análizase a orixe da inspiración pictórica do artista, fundamentada nas lendas e formas populares, nos protagonistas da historia, na natureza e nos mitos celtas e indoeuropeos. Tamén se amosa a dor e a sorpresa que embargou ó artista e escritor á volta do exilio perante o esquecemento e a indiferencia que sufriron os que padeceron a guerra.



Quintáns S. M., “A nosa diáspora”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 18 febreiro 1996, p. 7.

Artigo no que se dá a benvida á nova colección “A nosa diáspora. Da emigración á galeguidade”, que se deu a coñecer coa aparición de dez títulos. Ademais de relata-la nómina de autores e títulos incluídos coméntanse as intencións desta colección, como a de ofrecer á emigración galega un motivo de reflexión cultural e intelectual sobre a propia identidade.



_____, “Mercé Rodoreda, en galego”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 17 marzo 1996, p. 6.

O autor válese do comentario do libro de Mercè Rodoreda, *A praza do diamante* (1995), para facer alusión á oportunidade da tradución ó galego de obras orixinariamente escritas en catalán ou en portugués. Sinala que a coidadosa tradución deste orixinal catalán supón unha boa oportunidade para se beneficiar dunha excelente mostra desta literatura na nosa lingua e supón un importante esforzo por parte da editorial por se facer cos dereitos de autor.



Quinte, Rubén, “A emoción da paisaxe presentida”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXIX, 23 marzo 1996, p. 4.

Recensión do libro de Ricardo Martínez-Conde que leva por título *O silencio das árbores* (1995), na que se informa que se trata dunha poesía do harmónico sensorial e culto na que todo participa do intenso e premonitorio da existencia. Séguese a apuntar que este volume é a contida emoción dunha paisaxe longamente presentida, que se enche de vocábulos expresivos para acada-la sonoridade.



_____, “Hotel Damasco: A epopea de Manuel Varela”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXI, 12 abril 1996, p. 4.

Recensión sobre o libro *Hotel Damasco* (1995), de Xavier Alcalá. O crítico afirma que o autor se vale do fío argumental -constituído pola peripecia vital de Manuel Varela- para mergullarse no mundo da emigración, recuperándoo para a “memoria do Impaís”. Por outra banda, indica que no final da historia a sorpresa dará co reencontro nunha paraxe inverosímil de dúas persoas procedentes do mesmo contorno orixinario.



R. G., “Henry James busca os papeis de amor de Aspern”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 48, 25 xaneiro 1996, p. 6.

Comentario sobre o libro de Henry James, *Os papeis de Aspern* (1995), traducido por Manuel Outeriño, no que se alude ó dilema moral que o argumento suscita no narrador da historia, que marchara a Venecia en busca da correspondencia inédita de Aspern, o seu admirado poeta romántico.



_____, “Destruccións tenras e violentas na *Arqueofaxia* de Manuel Lourenzo”,
La Voz de Galicia, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 46, 1 febreiro 1996, p. 6.

Breve recensión de *Arqueofaxia* (1995), de Manuel Lourenzo, Premio García Barros de Narrativa, na que se afirma que “é unha novela no sentido en que existe unha trama de fondo estendida de principio a final, na que os personaxes se manteñen ao longo dos capítulos, e o espacio e o tempo sucedense de maneira coherente”. Destácase, ademais, o feito de que este non foi o único premio acadado por Manuel Lourenzo no pasado ano, no que tamén recibiu o Café Dublín de Vigo e o Carballo Calero de Ferrol. Remata referíndose á confluencia entre tenrura e violencia, lirismo e realismo descarnado, e á inclusión de numerosos elementos simbólicos e oníricos que iluminan e condicionan a lectura de conxunto.



_____, “Emilio Xosé Ínsua comparte a súa poesía vivencial”, *La Voz de Galicia*,
“*Revista de Cultura*”, ano II, nº 53, 29 febreiro 1996, p. 6.

Comentario sobre o primeiro poemario de Emilio Xosé Ínsua, *O devalar das esperas* (1995), no que se afirma que os poemas son de distintas épocas e de temas diferentes, froito dunhas vivencias e experiencias propias que desexa compartir cos demais. O crítico considera que na poesía galega se está a dar un fenómeno positivo de ampliación de lectores xa que, como a xente desconfía de todo tipo de mensaxes, acode á poesía para atopala autenticidade da palabra desprostituída.



_____, “Mercè Rodoreda paséase pola praza do Diamante”, *La Voz de Galicia*,
“*Revista de Cultura*”, ano II, nº 54, 7 marzo 1996; p. 6.

Comentario da novela de Mercé Rodoreda *A praza do diamante*, traducida ó galego, en 1995 por Pilar Vilaboi Freire, no que se afirma que esta novela chegou a ser cualificada por Gabriel García Márquez como a mellor que se escribira en España despois da guerra Civil.



_____, "Os artigos dun republicano liberal", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 62, 2 maio 1996, p. 6.

Dáse conta da recolección, nunha antoloxía, dos artigos periodísticos escritos polo escritor, xornalista e político republicano César Alvajar. Infórmase de que os textos, que aparecen agrupados por criterios temáticos, foron publicados en *La Voz de Galicia*, *El Noroeste* e xornais sudamericanos.



Raña, Román, “A ascensión de Díaz Castro”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVII, 9 marzo 1996, p. 2.

Reflexión sobre o libro de Alfonso Blanco Torrado, *A ascensión dun poeta* (1995). Ó tempo que se pon de relevo o esquecemento da obra do poeta de Vilares de Parga, afírmase que o presente volume indaga con exhaustividade o itinerario vital do autor en relación coa traxectoria literaria. Ademais analiza a recepción e comentarios que a obra suscitou nos diversos críticos conseguindo compoñer un mosaico de opinións contrastadas. Finalmente destaca o traballo do compilador e a utilidade do apéndice bibliográfico final.



Regueiro, Carina, “Araguas libera a mágoa de amor do seu gato branco”,
O Correo Galego, “*Revista das Letras*”, nº 101, 28 marzo 1996, p. 4.

Recensión do poemario de Vicente Araguas, *O gato branco* (1995), no que se salienta o feito de que estea constituído polo relato dunha historia de amor que termina en desamor. Ademais o artigo reflicte as opinións persoais do crítico sobre a poesía en Galicia, asegura que o concepto patriarcal se está a romper gracias a autoras como Luísa Castro, Ana Romaní ou Xela Arias, e ás poetas da ultimísima xeración: Ana Valiñas e Iolanda Castaño, entre outras. En canto ó futuro, maniféstase optimista e afirma que o relevo xeracional dos noventa será fundamental.



Renales Cortés, Juan, “El celtismo en la formación del pensamiento galleguista (I). Cabello largo, levita y traje negro”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 22 abril 1996, p. 14.

Artigo no que se leva a cabo unha caracterización xeral da efervescencia política de España e Galicia contra mediados do século XIX. Indica o autor que Galicia, inxustamente desprezada, viu frustrarse grandes esperanzas de rexeneración trala fin sanguenta da revolución de 1846. Na súa opinión, Vicetto, grande admirador dos impulsores composteláns, en particular de Antolín Faraldo, viuse na obriga de levar a cabo a Grande Obra de Galicia, así denominada por el, convencido de que a rexeneración de Galicia necesitaba a creación dun espírito nacional e dunha historia.



_____, “Un hecho diferencial con raíces celtas”, *El Correo Gallego*, “El celtismo en la formación del pensamiento galleguista (II)”, 23 abril 1996, p. 24.

Artigo dedicado ó celtismo, que se centra na figura de Benito Vicetto e na súa *Historia de Galicia*. O autor sinala a mestura de historia e ficción que contén esta obra, salientando as influencias doutros historiadores, como Vereas y Aguiar, que á súa vez partira de estudiosos franceses como Pezron, “verdadero fundador de la escuela celtista francesa”, Le Brigant ou Latour d’Auvergne. De seguido, refírese ás teorías sobre as orixes do pobo celta, que Vicetto sitúa en territorio galaico e estende á Galia, grande parte da Europa continental e ás Illas Británicas. Co paso do tempo, “los galos, regresados a su solar originario y fundidos con los celtigriegos darían origen al pueblo galogriego, galiego o gallego”. Juan Renales remata lembrando as tres necesidades que menciona Vicetto para a constitución dunha nación: “hechos diferenciales objetivos: una lengua, unas costumbres, unas condiciones geográficas, una historia común... Después, el espíritu nacional: una conciencia colectiva de esa diferencia, una voluntad de formar un país. Tercero, un estado propio. Sin él, la nación sólo sobrevive en estado larvado y como en rescoldo”.



_____, “Scott, Byron, Ossian como modelos”, *El Correo Gallego*, “El celtismo en la formación del pensamiento galleguista (y III)”, 24 abril 1995, p. 24.

Artigo no que se sinalan as influencias do celtismo indoeuropeísta de Murguía na obra de Vicetto, abordando a evolución das súas ideas dende o propósito de crear unha literatura galega tomando como modelos a Walter Scott, Byron, Ossian, Chateaubriand e os románticos alemáns, que lle parecían “característicos de esa sensibilidade a indistinción entre realidade y fantasía, el gusto por lo horrible, lo perverso, lo insano: el incesto, el sadismo, la necrofilia”, e as influencias de “pensadores reaccionarios” como Juan Bautista de Erro y Azpiroz. Menciona as influencias do pensamento de Vicetto en autores posteriores como Valle-Inclán ou Otero Pedrayo, o fracaso de crear unha literatura galega en castelán, as súas discrepancias con Murguía, a pegada nalgunha poesía de Rosalía, feitos que confirman, segundo Renales, que Vicetto “creó escuela”. En canto á súa obra literaria, sinala que na súa época “se le reconocieron altos valores literarios” e que a súa novela *Los hijos de Monforte*, supuxo a introducción en España da novela histórica de aventuras ó estilo de Dumas; a respecto da súa poesía, destaca as influencias de Campoamor e Bécquer.



Requeixo, Armando, “Nos nimbos de Díaz Castro. A ascensión dun poeta de Alfonso Blanco”, *A Nosa Terra*, nº 719, “Guieiro Cultural”, 28 marzo 1996, p. 23.

Despois de facer un percorrido polos catro apartados en que se divide o libro *A ascensión dun poeta* (1995), de Alfonso Blanco Torrado, criticábase a interpretación, excesivamente biografista, dos poemas de *Nimbos*, así como a incómoda consulta do caótico aparato bibliográfico ou a dificultade de segui-la crítica de moitas das composicións de *Follas verdes*, *Follas ó aire*, por estaren aínda inéditas, salientando a necesidade de que Blanco Torrado edite, con urxencia, os mesmos. Sen embargo, todas estas pequenas eivas non restan valor, segundo o recensionista, ó resultado deste traballo de investigación altamente informativo.



Rey Faraldos, Gloria, “Experiencia creativa”, *Diario 16 de Galicia*, “Culturas”,
3 febreiro 1996, p. 16.

Texto que fai alusión ós libros *Material Valente* (1995), coordinado por Claudio Rodríguez Fer e *El silencio y la escucha* (1995), de Teresa Hernández, que estudian a obra do poeta José Ángel Valente. Indícase que o primeiro, ademais de compilar algúns dos escritos inéditos ou pouco coñecidos do poeta, recolle os estudos presentados no Encuentro Internacional sobre José Ángel Valente, realizado pola Universidade de Santiago de Compostela en 1993. Polo que respecta ó segundo, indícasenos que Teresa Hernández recompila os textos lidos no certame organizado pola Universidade Complutense de Madrid no ano 1994.



Rodríguez, Luciano, “Bandeiras poéticas”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXIII, 27 xaneiro 1996, p. 3.

Recensión do libro de Ramiro Fonte *As bandeiras do corsario* (1995), na que Luciano Rodríguez, despois de resalta-la esquecida produción ensaística e narrativa do autor, destaca a diversidade de “interlocutores” que posúe para nos falar da modernidade da poesía, dende o movemento Romántico ata hoxe. Menciona ós dez contertulios que pasean por estas páxinas con nomes da talla de Georg Trakl e Paul Celan (alemán), Ezra Pound, T. S. Eliot ou Derek Walcott (inglés) e César Vallejo, Luís Cernuda, Pablo Neruda (castelán), o francés, René Char e o portugués, Fernando Pessoa.



_____, “Celso Álvarez: Eu non son un poeta profesional”, *La Voz de Galicia*,
“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 46, 1 febreiro 1996, p. 6.

Comentario no que se apunta o motivo da distancia, como temática xeral do libro de Celso Álvarez Caccamo *Os distantes* (1995). Ofrecense ademais certas opinións deste escritor, ata o de agora inédito, acerca de cuestións como a de publicar un libro ou a vocación de escribir.



Rodríguez Fer, Claudio, “Fole e os contos de nunca acabar”, *A Nosa Terra*, nº 746, “Guieiro Cultural”, 3 outubro 1996, p. 25.

Pequeno estudio no que Claudio Rodríguez Fer se ocupa da narrativa galega de Ánxel Fole non recollida nos catro libros que publicou en vida -*Á lús do candil*, *Terra brava*, *Contos da névoa* e *Historias que ninguén cre*. Trátase de relatos dispersos e nunca recompilados, xunto con algún completamente ignorado, espaxados nas páxinas de xornais ou revistas como *El Progreso*, *Hoja del Lunes de Lugo*, *Dorna* ou *A Nosa Terra*, amais dalgún máis coñecido aparecido en folletos ou libros colectivos. Infórmase da existencia de relatos escritos “ao fío do calendario” como “Contos do nadal” ou contos de medo e misterio aparecidos na década dos oitenta como “Historias de misterio. O peto”. Neste grupo de narrativa recuperada destacan singularmente as semblanzas de tipos de Lugo, do que “Memorias. O can máis simpático do mundo” sería un bo expoñente, e as narracións dedicadas a contos de vilas e cidades de Galicia como “Historias de Mondoñedo. ¡A pita choca son eu!”. Finalmente destaca a produción dos derradeiros anos, época esta de relatos breves e anecdóticos que el mesmo bautizou como “Contoslóstrego”.



Seara, Teresa, “Arte do gato. *O gato branco* de Vicente Araguas”, *A Nosa Terra*, nº 707, “Guieiro Cultural”, 4 xaneiro 1996, p. 24.

Percorrido de Teresa Seara polos distintos apartados nos que se estrutura o poemario de Vicente Araguas, *O gato branco* (1995), amosando a identificación do eu lírico co gato branco protagonista (os movementos, a pasividade, a espreita...) na procura dun obxectivo último: impedilo abandono da amada.



_____, “Rectificación de estirpe”, *A Nosa Terra*, nº 709, “Guieiro Cultural”,
18 xaneiro 1996, p. 26.

Comentario de Teresa Seara sobre *Fascinio* (1995), o terceiro poemario de Chus Pato que constitúe, na súa opinión, unha viaxe interna e caótica da autora cara ás orixes xenealóxicas ó encontro dos nomes do pasado na que o eu poético sucumbe no caos do anonimato ó identificarse cun ser afastado da terra e dos ancestros: “lonxe do cosmos primixenio o eu poético séntese estraño a calquera outra realidade e devala desorientado entre a desposesión e a tristeza de transmitir xeneticamente esa perda”. Neste contexto as palabras “confórmanse nun transmisor ideal” que conmove e alivia aínda que, ás veces, son instrumento insuficiente. O feito de que “nacer, nácese sempre en terra estraña” esixe a redefinición do mundo circundante. Remata coa conclusión de que só se pode “asumir a forza telúrica” mergullándose na terra, rompendo os vellos estereotipos.



_____, “A memoria do amado”, *A Nosa Terra*, nº 711, “Guieiro Cultural”,
1 febreiro 1996, p. 23.

Recensión na que se salienta que *Poesía última de amor e enfermidade* (1995), última entrega poética de Lois Pereiro, nos enfrenta coa única cita vital ineludible: a morte. Teresa Seara resalta a convivencia que se dá entre morte e amor nestes poemas: o amor “habitado na comunión coa muller” e a morte “entendida como transferencia da propia enerxía, xa esgotada, a novos seres nun ciclo vital, creador e destructor”. Sinala tamén que o poeta se despoxa das súas pertenzas e gárdaas ata un novo regreso, “pois é no recordo dos seres que amou onde deixa a súa pegada máis fonda e cálida”. A viaxe péchase co ofrecemento a aqueles que o amaron dun alento solidario de paz e consolo.



_____, “A obscenidade do absurdo”, *A Nosa Terra*, nº 715, “Guieiro Cultural”,
29 febreiro 1996, p. 24.

Comentario sobre *Pornografía* (1995), primeiro poemario de Lupe Gómez. Saliéntase o feito de que os seus poemas son “breves apuntamentos da realidade circundante, reflexos da obscenidade vital que nos envolve e da violencia extrema presente nunha sociedade cada vez máis competitiva e absurda”. Ante esta realidade o eu poético rebélase contra calquera tipo de normas e prexuízos, quedando só dentro deste universo cambiante. No medio deste panorama, o feito da posesión xenética dunha lingua propia, que deberá ser individualizada dende o rexeitamento dunha linguaxe imposta, conleva a subversión ante os roles tradicionais femininos da súa familia. Conclúese sinalando que a poesía de Lupe Gómez revélase como un medio para liberarnos da obediencia normativa e das ataduras.



_____, “A Aura dos Loitadores”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXIX,
23 marzo 1996, p. 3.

Teresa Seara destaca a lucidez de Lois Pereiro en *Poesía última de amor e enfermidade* (1995) e a sutileza que manifesta na asunción resignada da morte, ó despoxarse o eu da enerxía que lle fora confiada no nacemento. Con todo, conclúe dicindo que isto non significa o fracaso do eu ante a morte, senón unha sorte de coñecemento da súa realidade máis profunda que incide nel e a consciencia de acceder á verdade suprema.



_____, “Rescritura do silencio”, *A Nosa Terra*, nº 719, “Guieiro Cultural”,
28 marzo 1996, p. 24.

Considera que *Devalar das esperas* (1995), de Emilio Xosé Ínsua, presenta un “eu poético como ser ferido polo lóstrego da razón extrema, da lucidez máis aguda para acompañarnos no tránsito por unha cidade -na que identificamos de seguida a presenza de Compostela- marcada co estigma da chuvia e do frío”. Sinala a presenza de temas dominantes como o desamor, a tristeza e a derrota e a busca de esperanza na palabra “malia teren perdido estas, xa, o seu valor comunicativo e careceren de futuro e redención”. Así, segundo Teresa Seara, “o eu poético fica orfo de futuro e avanza cara o límite da existencia” pero, a pesar de todo, renace indestructible ante as condicións adversas, na sabencia de ofrecer “unha nova luz nas tebras que ocultan a nosa verdadeira condición de pobo”.



Soto López, Isabel, “Dez pequenas historias con humor e ironía”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 7 abril 1996, p. 6.

Despois de comentar que o último libro de relatos de Alfonso Álvarez Cáccamo, *Catapulta* (1995), está conformado por dez pequenas historias, salientase que o humor e a ironía son as súas claves fundamentais de construción e que estas dúas características, xunto co misterio, a sorpresa e, sobre todo, o final inesperado que presenta algunha das narracións, converten o libro nunha atractiva lectura.



Toro, Suso de, “Cíclope terríbel”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Cela 80”,
11 maio 1996, p. 2.

Artigo no que Suso de Toro reflexiona sobre as distintas clases de escritores que existen. Comeza por diferenciar entre escritor e creador: os primeiros serían os dedicados ó oficio de escribir, mentres que os segundos serían aqueles que, sen renunciar ó oficio de escritor, se deixan cegar pola ambición de crear como se foran deuses. Desda cegueira quédalles un só ollo e por isto pertencen á caste dos cíclopes. A continuación divide ós creadores en tres castes de oficios: o de ascético mineiro, o de guerreiro e o de representante. Así, o creador sería un “monstro paranoico”. Continúa confesando que el aprendeu “esta lección de ambición e crueldade sen paliativos” de moitos creadores. Dos autores actuais, pensa que Camilo José Cela é quen mellor encarna e representa a figura solitaria e independente do escritor; dende esta óptica debemos entende-las súas actuacións, porque “é un espectáculo de ambición e poder literario que estimula e alegra, se Cela puido chegar á estatura de xigante é porque é posible facelo”.



Valcárcel, Marcos, “As divinas palabras do xornalismo galego”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 129, 10 outubro 1996, pp. 22-23.

Percorrido polas máis relevantes figuras e publicacións que protagonizaron a historia do xornalismo galego. Entre estas, menciona *Alfar*, *Alento*, *La Centuria*, *O Correo Galego*, *Cristal*, *Galicia Emigrante*, *A Monteira*, *Nós*, *A Nosa Terra*, *Nova Galiza*, *El Pueblo Gallego* ou *A Trabe de Ouro*. Por outra banda, analiza algunhas destacadas figuras en función das súas colaboracións nas mencionadas publicacións. Entre eles Roberto Blanco Torres, Eduardo Blanco Amor, Castelao, Álvaro Cunqueiro, Florentino Cuevillas ou Antón Villar Ponte.



_____, “Todo o mundo literario de Otero Pedrayo na sección del Orense antigo”, *La Región*, 3 novembro 1996, p. 53.

Marcos Valcárcel fala do traballo de investigación que sobre a vida, obra e pensamento de Ramón Otero Pedrayo vén realizando en cooperación con Xosé Ramón Quintanilla. Entre os dous, e dende hai xa dez anos, recolleron colaboracións en medios como *Nós*, *A Nosa Terra*, *Heraldo de Galicia*, *Galicia*, *El Pueblo Gallego* e *La Región*, “probablemente o diario onde máis artigos do escritor se publicaron, a partir dos anos 40 e ata a súa morte”. Afirmo que todo o mundo literario de Otero pasou pola sección “Del Orense antigo”, así como a reivindicación de Murguía e Lamas Carvajal ou “a evocación do vello labrego nun balcón da cidade”. Finaliza destacando o nome doutros xornalistas e escritores da época que se formaron nas páxinas deste xornal; así, a carón de Risco e Otero, figuran as sinaturas de autores como Florentino Cuevillas, Ferro Couselo, Taboada Chivite, Pura e Dora Vázquez, Antonio Tovar, Xulio Ogando Vázquez, Manuel María ou Álvaro Cunqueiro.



Varela, Xosé Manuel, “Moral e profecía”, *A Nosa Terra*, nº 717, “Guieiro Cultural”, 14 marzo 1996, p. 25.

Comentario no que se afirma que o traballo de Manuel Forcadela *A Poesía de Eduardo Pondal* (1995), relaciona a busca de escuridade do poeta a partir de 1860 co proceso de simbolización que se estaba a dar na literatura europea. Xosé Manuel Varela continúa apuntando que este cambio estilístico que se manifesta no escritor de Ponteceso provoca unha maior connotación na súa poesía. Coméntase que o ambiente finisecular europeo era percibido por unha persoa que se preocupaba por estar actualizado. Recóllese a opinión de Forcadela que as voces que aparecen nos poemas pondalianos non son, en moitos casos, a do autor, sendo frecuentes os personaxes ou as voces que representan un certo prototipo de falante poético. Continúa o comentario sinalando que a profecía é outro dos elementos dos que o autor se vale para expoñer-la ideoloxía e indícase, finalmente, que a descrición da estrutura imaxinativa pondaliana é un dos elementos novidosos do volume.



Varela Sieiro, Jaime, “A complexidade humana”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
14 xaneiro 1996, p. 7.

Comentario que fai referencia á falta de complexidade argumental coa que comeza a novela *Mascarada* (1995) de Antón Risco, narración que se enreda a medida que avanza o decorrer da trama. Afírmase que a estrutura da novela reflicte a espiral concéntrica na que se moven os personaxes e que a disposición dos capítulos se axeita a tal efecto.



_____, “O fascinio da palabra”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 25 febreiro 1996,
p. 7.

Comentario do poemario *Fascinio* (1995), de Chus Pato. Indícase que a obra constitúe unha compilación de poemas heteroxéneos cinguidos a un ámbito temporal determinado. Así mesmo, destácase a presenza dun eu lírico feminino e a riqueza e amplitude temática que supón a combinación do rexistro social e do intimista. Estes dous trazos, xunto coa especial escolla léxica, constitúen os elementos máis relevantes do libro.



Veiga, Manuel, “A literatura galega non necesita a Ulises. Ventaxas de non posuír unha lingua estándar”, *A Nosa Terra*, nº 717, “Guieiro Cultural”, 14 marzo 1996, p. 28.

Artigo que comeza cun comentario extraído dun libro de Antón Figuroa no que se di que a inexistencia dun código lingüístico firme, común a autores e lectores, ten consecuencias deformantes sobre a literatura. Como exemplo pon as opinións do poeta vasco Joseba Onaindía, para quen a falta dun modelo no euskera é interesante para a literatura. Manuel Veiga considera un desatino o postulado de que para medi-la calidade dunha obra haxa que traducila ó castelán e engade que pode ser nocivo o papel dos correctores lingüísticos cando se confunde estilo con gramática, invadindo o papel do escritor ó unifica-las obras ata extremos antiliterarios.



_____, “Lois Pereiro, poeta metafísico e civil. Finou o escritor dunha xeración”,
A Nosa Terra, nº 728, “Guieiro Cultural”, 30 maio 1996, p. 25.

Artigo no que se sinalan as cualidades poéticas de Lois Pereiro. O autor considera que na súa obra se atopan respostas pouco frecuentes ós problemas formulados pola súa xeración. Subliña ademais a honestidade e coherencia intelectual que practicou o poeta e o feito de que moitas das coordenadas culturais do 68 estean na base da súa filosofía vital. Afirmo que Pereiro sempre estivo nas marxes da realidade, onde a infamia é manifesta e os engadelos burgueses descubren a súa esencia ridícula. Salienta tamén que intentou ata o extremo a fusión entre metafísica e sociedade.



Vélez, Xosé Manuel, “Luísa Villalta, ou a escisión”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CX, 6 xaneiro 1996, p. 3.

Crítica do libro de Luísa Villalta, *Ruído* (1995), que comeza poñendo de relevo tres problemas de desestructuración que “podería sinalar ou xa sinalou algún crítico”: “a falta de adecuación do título, a difícil clasificación nos xéneros épico ou lírico, o enlace coa obra anterior da autora”. A continuación, sinalase que se trata dun poemario que parece moi encadeado pero que “fai rebentar desde dentro estas propias cadeas estruturais erradas” e no que predomina “a escisión, en ocasión case a esquizofrenia, planteada entre escrita e vida”, reforzada por imaxes de mutilación, dor e impotencia.



Vidal, Carme, “Hoxe somos moitos os que asumimos a poesía como unha militancia”, *A Nosa Terra*, nº 714, “Guieiro Cultural”, 22 febreiro 1996, p. 28.

Texto que recolle as opinións vertidas nunha mesa redonda na que Rafa Villar, Marta Dacosta, Paco Souto, Igor Lúgrís, Lupe Gómez e Eduardo Estévez, analizaron o estado da nova poesía galega. Recóllense as opinións de Rafa Villar quen afirmou que este é un momento de grande heteroxeneidade, no que é difícil identificar liñas poéticas, aínda que si se pode salientalo regreso da poesía comprometida e a preocupación pola lingua. Infórmase tamén das opinións dos poetas a respecto dos recitais, das dificultades á hora de editar, de iniciativas como as Edicións do Dragón, que dan saída a poemarios de autores novos, e dos premios literarios. Finalmente, recóllense as declaracións de Marta Dacosta a propósito do papel da muller na poesía actual. A escritora afirma que “somos a xeración na que as mulleres irromperon na produción poética”.



_____, “O nacionalismo primou no ideário de Otero Pedrayo”, *A Nosa Terra*, nº 750, “Guieiro Cultural”, nº 750, 31 outubro 1996, p. 27.

Dáse noticia das xornadas organizadas pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, con motivo do vinte cabodano de Otero Pedrayo. O autor do comentario chama a atención sobre o feito de que se desvirtuase a imaxe que a tradición creara deste escritor, presentándoo agora como nacionalista, progresista e coherente na súa práctica política. Neste senso, recóllense as opinións de Méndez Ferrín, que sinalou que Otero se define como representante da pequena burguesía intelectual, co ideal para Galicia dun futuro en forma de grande democracia campesiña, ó tempo que nación, autodeterminación e independencia están sempre implícitos na súa obra. Tamén se fai referencia á intervención doutros participantes como Xosé Manuel Beiras ou Xavier Castro.



Vieites, Manuel F., “Cadernos de Teatro”, *Faro de Vigo*, “*Faro das letras*”,
nº CXII, 20 xaneiro 1996, p. 3.

Recensión da colección *Cadernos de teatro* que vén substituír ós *Cadernos da Escola Dramática Galega*. Infórmase de que esta empresa, dirixida por Francisco Pillado, ofrece un espacio de publicación para autores novos. Na recensión dáse noticia ademais do contido dos números aparecidos: *O perfil do crepúsculo*, catro textos de Manuel Lourenzo que nos remontan á tradición dramática grega; *Memoria acerca de la dramática gallega, causas de su poco desarrollo e influencia que en el mismo puede ejercer el regionalismo*, de Galo Salinas, un traballo teórico que xa fora publicado no ano 1896, traducido ó galego por Laura Tato Fontaiña; a obra de Joan Cavallé *O teléfono*, traducida ó galego por Antonio Molexón, que recolle doce pequenos cadros nos que se reconstrúe unha historia; e a zarzuela de Xan da Coba *La Galiciana*, datada en 1861, en edición de Anxo Gómez Sánchez e Mercedes Queixas Zas.



_____, “A obra dramática de Prado Lameiro”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVI, 2 marzo 1996, p. 3.

Noticia da publicación, en 1995, da obra completa de Xabier Prado (Rodríguez) “Lameiro” baixo a responsabilidade de Marcos Valcárcel. O crítico céntrase no ámbito da obra dramática da que se ocupa Begoña Muñoz Saá. Nun primeiro momento, cita as distintas composicións incluídas na obra para pasar, posteriormente, a analiza-los tipos que recrea o autor e a crítica social presente en tódolos seus textos. Conclúe afirmando que, como representante da dramática rexionalista, a obra de Lameiro terá unha influencia decisiva na aparición da “dramática nacional”.



_____, “Os libros do Centro Dramático Galego”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVIII, 16 marzo 1996, p. 2.

Coméntanse as tres entregas da colección do Centro Dramático Galego editadas en 1995 por Xerais. A primeira *As vodas de Fígaro*, de Pierre Augustin Caron de Beaumarchais, foi traducida por Eduardo Alonso e Cándido Pazó e levada a escena, en 1994, por Teatro do Noroeste. A segunda, *Commedia. Un xoguete para Goldoni*, foi estreada por Ollomoltranvía e publicouse conxuntamente con *Anel máximo*. Finalmente coméntase *Lugar*, de Raúl Dans, obra gañadora do Premio Cunqueiro 1994, e sinalase a insuficiencia de publicacións dramáticas, instando á Consellería de Cultura a apoiar este tipo de proxectos editoriais.



_____, “Ás voltas con Blanco Amor”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXIX,
23 marzo 1996, p. 1.

Comentario sobre a publicación, por parte da Universidade de Barcelona, dun volume coordinado por Camilo Fernández dedicado á figura de Blanco Amor e á súa relación co teatro, titulado *Eduardo Blanco Amor e o teatro* (1995). Preséntanse as distintas partes da obra: un relato histórico-descriptivo das principais etapas vitais do escritor, un anexo que contén diversos documentos entre os que destaca a reprodución da conferencia “Teatros libres de preguerra” pronunciada por Blanco Amor en Madrid no ano 1974 e, finalmente, a versión catalana, a cargo de Joaquim Ventura, de *Proceso en Jacobusland*.



_____, “As obras do Camiño de Santiago”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, Teatro, nº CXX, 29 marzo 1996, p. 2.

Denuncia a desaparición, en 1995, dos Premios Camiño de Santiago e Álvaro Cunqueiro de Teatro. Isto xunto co feito de que en 1996 non se convocarán as bolsas de promoción da creación e da investigación no ámbito das artes escénicas, plásticas e musicais conforman, en opinión de Manuel Vieites, un panorama desolador. Pásase revista ás obras premiadas na última convocatoria do Premio Camiño de Santiago comezando pola peza de Xabier Lama, *O peregrino errante que cansou ó demo*, que amosa unha indubidable mestría debedora de Valle, Otero ou Cunqueiro. A continuación, fálase de *O ceo de pedra*, de Xoán Cejudo e Camilo Pardo e *Romance de Bernal o Francés*, que obtiveron o primeiro e o segundo accésit respectivamente. Para rematar cita, entre as pezas finalistas, *A lexión sonámbula*, de Manuel Lourenzo.



_____, “Rúa 26 (diálogo limiar)”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXII, 20 abril 1996, p. 1.

Manuel F. Vieites comeza clasificando a dramaturxia breve en dúas liñas diferentes: unha “popular ou tradicional”, que tende a presentar situacións e personaxes tirados da cotidianeidade e ten unha incidencia transcendental no renacemento da dramática galega; e outra, a dramática breve contemporánea, que presenta unha relación especial coa dramática considerada maior, “que persegue comprimir nuns poucos minutos e cun reducido número de palabras, xestos e movementos, un mundo contradictorio e por veces absurdo, sempre en constante mutación”, con influencias do movemento futurista e do teatro sintético de Tommaso Marinetti. En opinión do crítico, a peza teatral de Álvaro Cunqueiro *Rúa 26 (diálogo familiar)*, editada en 1995 por Teresa López, inclúese dentro deste último apartado ó reflecti-la liña de experimentación vangardista que se viu truncada coa Guerra Civil.



_____, “A *Maremia* de Euloxio R. Ruibal”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”,
nº CXXX, 22 xuño 1996, p. 1.

Amplo comentario sobre a produción teatral de Euloxio Ruibal. Comeza cunha referencia ás obras *Zardigot* (1974), *Azos de esguello*, *Teatro mímino* e *Unha macana de dote* -todas de 1990-, *Soada e proveitosa enchenta do marqués Ruchestino, no derradeiro século da súa vida* (1975), e *O cabodano* (1977). Toda a súa produción caracterízase, segundo o comentarista, pola “concisión, economía, sintetismo, renuncia á narratividade, técnica xusta e precisa”, aspectos que, así mesmo, se reflicten nos contidos portadores dunha visión sempre crítica da interacción humana. Para rematar, coméntase o nº 262 da revista *Primer Acto* que, ademais de ofrecer unha panorámica sobre o teatro galego, contén unha versión bilingüe de *Maremia*, última peza de E. Ruibal, que destila a esencia condensada de tódalas anteriores.



Vilavedra, Dolores, “Unha noite con Aníbal C. Malvar”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXV, 10 febreiro 1996, p. 1.

Breve recensión na que se informa da temática e do argumento da última novela de Aníbal Malvar, *Unha noite con Carla* (1995), gañadora do Premio Xerais de Novela no citado ano. Trátase, segundo a articulista, dun libro ó que se lle pode recoñecer a capacidade de “turrar do lector, de engancharlo ás súas páxinas”.



Xiráldez González, Manuel Xesús, “A inquietude pedagóxica de Dieste”,
A Peneira, nº 195, ano XIII, 1ª quincena marzo 1996, p. 2.

Destácase o traballo pedagóxico desenvolvido por Dieste durante a IIª República e a súa incorporación, en 1932, ó proxecto das Misións Pedagóxicas. Con esta iniciativa pretendíase levar ó medio rural a cultura e o progreso que só existía nas cidades, mediante o fomento da cultura xeral, a orientación pedagóxica das escolas e a educación cidadá. Cría Dieste que “a través deste traballo pedagóxico se conseguiría que a xente humilde tivese estima dos seus propios valores e da súa propia cultura”. Segundo o articulista, hoxe en día non se pode falar de abismo entre a Galicia rural e a urbana xa que a chegada da democracia serviu para retomar aqueles ideais de compromiso coa educación. Manuel Xiráldez conclúe coa afirmación de que o progreso acadado non permitiu aínda que os galegos aprecien suficientemente os seus valores e opina que é misión da escola actual e doutras institucións asumi-lo compromiso de xogar un papel básico no proceso de concienciación da necesidade dunha actuación transformadora e formativa fronte á rutina, á mediocridade e á incultura.





V.5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografía

V. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas



Abuín de Tembra, Avelino, “Os premios literarios”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 28 xaneiro 1996, p. 2.

Reflexión sobre os premios literarios que segundo o articulista “contribuíron ó florecemento dunha lingua inerte”. Opina que gracias a moitas institucións privadas que convocaron e apoiaron distintos premios se mantivo “a identidade lingüístico-cultural” e denuncia a desaparición dalgúns deles, un “andazo” sorprendente, sobre todo na poesía, pola falta de respecto que supón e o desprecio da tradición recibida. Comenta tamén o caso do Premio Blanco Amor na edición de 1995.



_____, “Memoria de Manolo Taboada”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
24 marzo 1996, p. 2.

Semblanza de Manolo Taboada Cid. Recórdanse os seus traballos de investigación sobre a lingua e a literatura galegas con motivo da presentación na Universidade da Coruña dun volume titulado *Scripta filologica*. Recolle as palabras do Director de Política Lingüística, Manuel Regueiro, quen salientou o seu esforzo recuperador da lingua galega e propuxo o recoñecemento do seu labor e a necesidade de “render tributo de agarimo no terceiro aniversario do seu pasamento”.



_____, “Cunqueiro en Braga”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 31 marzo 1996, p. 2.

Refírese á anécdota ocorrida na Feira do Libro de Braga con motivo da presentación da tradución ó portugués de *Xente de aquí e acolá* e *Vida e fugas de Fanto Fantini*. No acto esperaban a presenza de Álvaro Cunqueiro descoñecendo que morrera en 1981. Do erro e do absurdo da confusión fíxose eco a prensa portuguesa. Abuín de Tembra sinala que este feito sería tomado con humor por Cunqueiro e que mesmo pode que o empregase na súa ficción.



_____, “Memoria de Herminia Fariña”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
5 maio 1996, p. 2.

Con motivo da celebración do Festival de Música en Meaño lembra a Herminia Fariña Cobián (1902-1967), vencellada a Santa María de Simes, concello de Meaño, onde morreu. Salienta a súa traxectoria literaria en galego, lingua na que desenvolveu unha obra en prosa e verso como dramaturga e poeta, admirada e recoñecida por Castelao, Cunqueiro, Filgueira, Casado Nieto e Iglesia Alvariño. Lembra tamén a súa distinción como membro da Real Academia Galega e os seus premios en varios certames. Destaca a calidade desta “voz lírica do Salnés” e o seu labor na Agrupación Escénica Galega, que creou durante a súa estancia en Argentina.



_____, “O patriarca Manuel Murguía”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
13 maio 1996, p. 2.

Percorrido polos nomes máis significativos da nosa cultura, os nosos devanceiros, que “amaban Galicia sen se decataren do feito lingüístico”. Tras citar nomes como os do Padre Feijoo, o Padre Sarmiento, Xosé Cornide Saavedra, Cernadas e Castro, Castro Neira, Pastor Díaz, Añón, Vicetto, Francisco e Antonio de la Iglesia, Rosalía, Marcial Valladares e outros, detense especialmente na figura de Manuel Murguía e o seu labor constante por Galicia. Recolle tamén a proposta do Concello de Arteixo de lle dedica-lo Día das Letras Galegas de 1997.



_____, “Os xogos florais de Galicia”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
19 maio 1996, p. 2.

Recupera a memoria dos primeiros Xogos Florais galegos, celebrados na Coruña o 2 de xullo de 1861, e da publicación do *Álbum de la Caridad*, onde se recollen tódolos premiados. Nomea tamén os xogos celebrados en Tui no 1891 e as novas posibilidades que xorden trala institución do 17 de maio, data clave de celebración da cultura galega. Refírese de seguido á creación dos Xogos Florais Minerva para alumnos de Ensino Medio, o 18 de marzo de 1863, e nomea a tódolos gañadores da súa primeira edición. Un certame que continúa na actualidade para dar voz a “unha xeración que explora a noite e as estrelas”. Salienta que este certame paga a pena e anima ós organizadores para que continúe.



_____, “Memoria de Ramón Cabanillas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
2 xuño 1996, p. 2.

Artigo conmemorativo dos 120 anos do nacemento de Ramón Cabanillas. Sinala o articulista o esquecemento xeral sobre os nosos clásicos, que tamén afectou a Cabanillas ata que Alonso Montero, no 1979, publicou as súas *Obras Completas*. Ofrece de seguido unhas notas biográficas e os títulos dos volumes máis coñecidos do poeta de Cambados. Salienta ademais a calidade das versións e traducións de poetas gregos, latinos, ingleses, franceses, alemáns e italianos que realizou, e a proposta dun grupo de amigos, trala súa morte en 1959, para que acadase o Premio Nobel de Literatura.



_____, “Memoria de Iglesia Alvariño”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
10 xuño 1996, p. 2.

Abuín de Tembra dedica nesta ocasión a súa columna á lembranza de Aquilino Iglesia Alvariño, para conmemora-los oitenta e sete anos do seu nacemento. Cre que a súa voz poética “constitúe unha vangarda da literatura con respecto da inmediata posguerra civil”, e que “personifica e resume toda a poética do humanismo e do saudosismo”, xunto a Cunqueiro, Bouza-Brey, Blanco Amor, Delgado Gurriarán, Crecente Vega, Díaz Castro, Celso Emilio Ferreiro, Luís Pimentel, Díaz Jácome, Carballo Calero, Euxenio Montes e Álvarez Blázquez. Destaca a calidade dos seus sonetos xunto ó dominio do versolibrismo e a “emoción auténtica e intensa” que agroma na súa poesía.



_____, “Memoria de Vesteiro Torres”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
16 xuño 1996, p. 2.

Comeza lamentando o esquecemento que sofren grande parte dos escritores galegos dos que se descoñecen datos importantes para a comprensión das súas obras. Céntrase de seguido na figura de Teodosio Vesteiro Torres, a quen chama o “Larra galego”, xa que ambos comparten o suicidio. Sinala a importancia da obra de Vesteiro, *Galería de Galegos Ilustres*, publicado en Buenos Aires en 1955 e que permanece sen reeditar. Tamén destaca as súas facetas de músico e poeta.



_____, “Memoria de Manuel Antonio”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
7 xullo 1996, p. 2.

Refírese á importancia da vila de Rianxo na nosa literatura, berce de personaxes como Dieste, Castelao, Rey Romero, Brea Segade e tamén de Manuel Antonio, a quen o articulista rende homenaxe nesta data na que se cumpren 96 anos do seu nacemento. Salienta a importancia do poemario *De catro a catro*, que o colocou “nun posto sobranceiro da literatura de Galicia”, así como o manifesto *Máis alá*, dende o que protestou “contra os vellos designios do folclorismo ó uso”. Remata reclamando un urxente labor de divulgación que poida paga-lo que Manuel Antonio fixo por Galicia dende a poesía.



_____, “O ano de Ánxel Fole”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 8 xullo 1996, p. 2.

Considera unha “decisión atinada” a elección de Ánxel Fole como homenaxeado no próximo Día das Letras Galegas, a pesar do grande número de candidatos propostos. A seguir fai un breve resumo do seu perfil humano e literario, apuntando os títulos máis significativos da súa produción, as súas colaboracións en *La Noche*, *El Pueblo Gallego* e *El Progreso* así como a fundación de *El Yunque*. Remata afirmando que “en Fole reina, como en ningún outro autor, a nítida harmonía en fondo e forma”.



_____, “Rosalía para sempre”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 15 xullo 1996, p. 2.

Artigo dedicado ós cento once anos de Rosalía e á celebración desta efeméride na súa Casa Museo, así como á presentación nun só volume das súas *Obras Completas*. Comenta a necesidade de “borra-la imaxe dunha Rosalía choromica e inerme”, como fan, dende puntos de vista actuais, estudiosas como Katheleen March, que acaba de traducir ó inglés a obra narrativa de Rosalía, ou Carmen Blanco, dende a crítica feminista. Anuncia tamén a exposición que terá lugar en 1997 co título “Rosalía na Fin de Século” e a próxima creación do Centro de Estudos Rosalianos.



_____, “Gloria e honra de ‘Xocas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 21 xullo 1996, p. 2.

Tras apuntar que están a desaparecer nosos patriarcas, lembra a Xaquín Lourenzo Fernández, “Xocas”, finado en 1989 en Ourense. Comenta que este personaxe ocupa un lugar importante na cultura galega polas súas variadas actividades no mesmo grupo de Ferro Couselo, Taboada Chivite ou Rubén García Álvarez. Destaca tamén o seu labor no Museo do Pobo Galego e na Fundación Pedrón de Ouro, da que foi vicepresidente perpetuo dende 1982, e presidente de honra dende 1983.



_____, “Manuel Rivas ‘on line”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 4 agosto 1996, p. 2.

Artigo eloxioso dedicado á obra de Manuel Rivas, do que o articulista salienta, en toda a súa traxectoria literaria dende os seus comezos na literatura galega, a modernidade e a apertura de novos horizontes, xa que nel se observa “un novo concepto de Galicia, entre iconoclasta e cínico”. Destaca tamén a súa intención de “decrua-la realidade” empregando a ironía e o sarcasmo.



_____, “Francisco de la Iglesia”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
12 agosto 1996, p. 2.

Commemora o 114 aniversario da primeira representación teatral en galego, *A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia, levada á escena, con grande éxito, no Liceo Brigantino da Coruña, o 13 de agosto de 1882. Destaca ademais as numerosas facetas deste home do Rexurdimento, só ou en compañía do seu irmán Antonio: mestre, pedagogo, poeta, folclorista, arqueólogo e historiador.



_____, “A longa ausencia de Ramón Piñeiro”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 25 agosto 1996, p. 2.

Abuín de Tembra dedica o seu artigo ós seis anos de ausencia de Ramón Piñeiro, finado no 1990. Cre que a súa figura é imprescindible para coñecer-la historia actual de Galicia. Destaca a súa presidencia do Consello da Cultura Galega, a participación no proxecto “Rega”, a cofundación da Editorial Galaxia e lembra que “a súa silueta afable e riseira convidaba á conversa aberta e cariñosa”.



_____, “Celso Emilio Ferreiro”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 1 setembro 1996, p. 2.

Celso Emilio Ferreiro é o protagonista deste artigo, no que Abuín de Tembra deixa constancia da súa enorme calidade como poeta. Sinala que *Longa noite de pedra* acadou un éxito social importantísimo ata o punto de que moitas das súas metáforas pasaron ó rexistro popular. Cre, con todo, que *O sono sulagado* supera en calidade o éxito da obra anterior e cre que Galicia debe render admiración ó seu grande poeta e situalo “nun lugar sobranceiro do Parnaso”.



_____, “O centenario de Blanco-Amor”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
8 setembro 1996, p. 2.

Artigo dedicado a Eduardo Blanco-Amor, que no ano 1997 cumpriría cen anos. Abuín cualifícao como “a personalidade máis completa da literatura contemporánea de Galicia”, ademais de excelente novelista e poeta. Lamenta o esquecemento e as matizacións das que foi vítima, e como paradoxo da vida, apunta a sorte que sufriu o premio que leva o seu nome. Recolle algunhas das consideracións que pesaron sobre el, como a de “escritor alleo”, “deshonesto e maldito”, e afirma que Blanco-Amor é un digno sucesor de Luís Amado ou de Manuel Antonio. Remata salientando a valía da súa narrativa, en especial de *A esmorga*.



_____, “Don Ramón na memoria”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
16 setembro 1996, p. 2.

Lembra a Ramón Martínez López, despois dos sete anos transcorridos dende a súa morte. Destaca o seu labor como cofundador do Seminario de Estudos Galegos, onde levou a cabo un importante traballo de investigación literaria, ademais das súas colaboracións en revistas e xornais. Menciona tamén a bibliografía existente sobre el, realizada por Elixio Villaverde e Amancio Liñares.



_____, “Andrés Martínez Salazar”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
7 outubro 1996, p. 2.

O articulista recorda as conmemoracións desta primeira semana de outubro, na que se cumpre o aniversario de Vicente Risco (nacido o 1 de outubro de 1884) e de Antón Villar Ponte (nacido o 2 de outubro de 1881), “alicerces incommovibles da literatura e da cultura”, fundadores e impulsores de Galicia. Céntrase logo na personalidade e na obra de Andrés Martínez Salazar, que morreu na Coruña o 6 de outubro de 1923. Destaca entre as súas múltiples actividades a fundación da Biblioteca Gallega en 1885, a súa versión da *Crónica Troiana*, a súa participación na “Cova Céltica” e a súa presidencia da Real Academia Galega tras Manuel Murguía. Conclúe dedicando unha “lembianza saudosa” a esta figura das nosas letras.



_____, “Antonio Noriega Varela”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
20 outubro 1996, p. 2.

Percorrido histórico polos primeiros anos do século XX, nos que xorden novas orientacións para a literatura galega. Entre todas elas, Abúin céntrase na figura de Antonio Noriega Varela (1869-1947), un autor que “ocupa un lugar destacado na literatura de Galicia” porque “crea e aglutina a corrente denominada *saudosismo*”. Sinala tamén algúns dos temas centrais dos seus versos: a Terra Chá, a Corda, os toxos, as néboas, as labercas, etc., tratados sempre dende “unha poesía persoal e íntima”.



_____, “Rosalía-Fernán Caballero”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
21 outubro 1996, p. 2.

Refírese ás relacións que mantivo Rosalía con outros escritores e escritoras de fóra de Galicia, e destaca entre estas a Gertrudis Gómez de Avellaneda e Carolina Coronado. Pero, segundo sinala, a relación máis importante na traxectoria de Rosalía foi a que mantivo con Cecilia Böhl de Faber, a quen dedicou *Cantares gallegos* por razóns que nunca chegaremos a coñecer con exactitude. Apunta que quizais Rosalía admiraba da autora de *La gaviota*, “a valentía de narrar sen escrúpulos a realidade cotiá” e desta obra en particular “o sentimentalismo e, tal vez, o enfoque moralizador”. Conclúe suxerindo unha homenaxe dende o Padroado Rosalía de Castro a Fernán Caballero.



_____, “Lorca, unha gloria de Galicia”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
27 outubro 1996, p. 2.

Tras mencionar algúns dos nomes de fóra de Galicia que empregaron ou empregan a lingua galega (Xosé Pérez Creus, Anne Marie Morris, Úrsula Heinze, Armando Cotarelo Valledor, Marino Dónega, Katherleen March, M^a Victoria Moreno, Pérez Alberti, etc.), centra o seu comentario en Federico García Lorca. Refírese ás catro visitas do autor granadino a Galicia e ós seus contactos con Fole, Álvarez Blázquez, Guerra da Cal e Blanco Amor. A súa homenaxe á nosa lingua concretouse nos *Seis poemas galegos*, un conxunto de composicións que teñen espertado o interese da crítica, sobre todo no que ten que ver coa posible axuda lingüística que Lorca recibiu. Tras esta reflexión, conclúe sinalando que Lorca “merece un lugar de honra e gratitude universal” das letras galegas.



_____, “Tempo e lecer do Seminario”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
28 outubro 1996, p. 2.

Recupera a data de fundación do Seminario de Estudos Galegos, que nace o 23 de outubro de 1923. Destaca os seus 73 anos de vixencia e actividade cultural así como a importancia das pescudas que emprenderon para asegura-lo futuro de Galicia. Remata comentando que “algún día haberá que face-lo seu compendio espiritual. Valorar obxectivamente a súa contribución á supervivencia de Galicia”.



_____, “Ditirambo para Lamas Carvajal”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
4 novembro 1996, p. 2.

Louva a Valentín Lamas Carvajal, contemporáneo dos grandes mestres do XIX, Rosalía, Curros e Pondal, e inxustamente esquecido, na súa opinión, baixo a sombra deles. Sinala cómo no ano 1880 saen do prelo *Saudades galegas*, de Lamas, *Aires da miña terra*, de Curros e *Follas Novas*, de Rosalía. Ademais salienta a importancia da súa obra máis coñecida e divulgada, o *Catecismo da doutrina galega*, “un dos libros máis lidos das letras galegas”, no que latexa a paisaxe e o reflexo dun pobo retrasado no seu desenvolvemento cultural. Recolle tamén o labor xornalístico de Lamas en *O Tío Marcos da Portela* e menciona a súa obra poética, *Espiñas, follas e flores* (1876).



_____, “Don Ramón de Cambados”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
10 novembro 1996, p. 2.

Menciona varias vilas e cidades galegas “que foron e son os altares da Patria Galega”, como Mondoñedo, Celanova, Padrón, Rianxo ou Cambados. Rastrexa despois a presenza de Cambados na poesía de Don Ramón Cabanillas, o “universal poeta de Galicia” que contribuíu, na súa opinión, á exaltación das paisaxes galegas en simbiose lírica cos seus sentimentos. Sinala que “En *No desterro* (1913) vibra o contexto xeográfico. En *Vento mareiro* (1915), o ambiente familiar. En *Da Terra asoballada* (1917), o alento patriótico. En *O Bendito San Amaro* (1925), a cándida haxiografía. En *Na noite estrelecida* (1926), a evocación do florilexio celta. En *A rosa de cen follas* (1927), subtítulo “Breviario dun amor”, un episodio de crestomatía mariana. En *Camiños do tempo* (1949), a historia emotiva. En *Da miña zanfona* (1954), o solpor da vida e o preludio do final”.



_____, “O feito diferencial galego”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
11 novembro 1996, p. 2.

Aplauda a iniciativa do Museo do Pobo Galego na organización das xornadas sobre “O feito diferencial galego”, que pretenden dar a coñecer tódolos aspectos da cultura galega que artellan unha concepción “propia e diferente de Galicia”. Sinala que o espírito destas xornadas herda o do Seminario de Estudos Galegos e dará a coñecer datos moi significativos da situación pasada e presente de Galicia.



_____, “López Cuevillas, o impulsor”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
24 novembro 1996, p. 2.

Crónica dos actos celebrados na Exposición de Libros de Autores do Alto Miño e de Galicia, celebrada en Viana do Castelo entre o 25 de outubro e o 10 de novembro. O articulista, despois de cita-las personalidades asistentes ó acto, dá conta das actividades realizadas, entre as que destaca a disertación de Avelino Pousa Antelo sobre “A herdanza da Xeración Nós”. A propósito desta charla, Abuín comenta a enorme importancia de Florentino López Cuevillas nesta xeración; sinala que se cumpre neste ano 1996 o centenario do seu nacemento e que é o momento de recoñecer-las súas contribucións ó mundo cultural galego: “O exemplo persoal. A recuperación do legado humano compartido. A intelixencia crítica”, e a súa prosa e o seu ensaio de calidade “excepcional” e mesmo nalgúns casos “maxistral”.



_____, “¡Ai, que soíña quedaches!”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
2 decembro 1996, p. 2.

Percorrido pola traxectoria vital de María Soliña, nacida na provincia de Pontevedra en 1617 e procesada por “meiga diabólica”. Abuíñ recolle a súa transformación en mito, da man de Celso Emilio Ferreiro, que lle dedicou uns versos en *Longa noite de pedra*: “¡Ai, que soíña quedaches, María Soliña!”, cos que “glosa a señardade de María Soliña”, unha muller que xunto a María Balteira, María Castaña ou Pepa a Loba “non son fábula. Son talantes étnicos. Atávicos. Raciais”.



_____, “Versos de Eliseo Alonso”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
16 decembro 1996, p. 2.

Lembranza do poeta Eliseo Alonso, a quen o articulista coñeceu na redacción de *Faro de Vigo*, “durante a capitanía” de Álvaro Cunqueiro e ó que cualifica de “excelente narrador e magnífico poeta”. Menciona algúns dos títulos da súa obra literaria: *Contos do Miño* (1955), *A rúa do noxo* (1977), *Reiciñeira* (1981) e o poemario *Seara de romances*, publicado en Buenos Aires en 1952. Considera este último un volume “espléndido”, do cal Fernández del Riego escolleu unhas composicións para a súa *Escolma* de 1955.



_____, “Dez anos de lembranzas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
22 decembro 1996, p. 2.

Artigo dedicado á memoria do poeta de Laíño, Eusebio Lorenzo Baleirón. O articulista recupera algúns aspectos biográficos do escritor e sinala a súa inclusión no grupo poético de Vigo, da xeración de 1984, xunto a Román Raña, Manuel Forcadela ou Paulino Vázquez. Lamenta a súa inoportuna morte, intuída dende o seu poemario *A morte presentida* (1988) e menciona o acerto que supuxo a creación, por parte do Concello de Dodro, do premio de poesía que leva o seu nome, no que resultou galardoado, nesta edición, Isidro Novo co poemario *Dende unha nada núa*. Informa tamén do recital de poemas de Lorenzo Baleirón que tivo lugar nese mesmo concello, e da edición da súa obra poética que presentará proximamente Fernán-Vello.



_____, “Andaina de efemérides galegas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
23 decembro 1996, p. 4.

O articulista recolle unha serie de efemérides importantes para a vida cultural galega deste mes de decembro: os nacementos de Xoan Manuel Pintos (16 de decembro de 1811), do xeólogo Isidro Parga Pondal (17 de decembro de 1900), Luís Pimentel (18 de decembro de 1895) e Antón Losada Diéguez (22 de decembro de 1884); entre os pasamentos deste mes lembra o do pintor Urbano Lugrís Freire (23 de decembro de 1973) e a degolación do mariscal Pardo de Cela (17 de decembro de 1483). Por outra banda, neste mesmo mes ocorreron feitos políticos salientables para Galicia: a conclusión do primeiro Estatuto de Autonomía (17 de decembro de 1932), o referendo da Autonomía (21 de decembro de 1980), a constitución do Parlamento de Galicia (19 de decembro de 1981) ou a estrea formal do Himno galego na Habana (20 de decembro de 1907).



_____, “De crego a gran poeta”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
28 decembro 1996, p. 4.

Semblanza do poeta Faustino Rey Romero con motivo do vintecinco aniversario do seu pasamento. O articulista resume os actos que se celebraron en Rianxo para honra-la súa memoria, á vez que sinala a importancia desta vila, berce de Dieste, Manuel Antonio, Castelao ou Paio Chariño, para a cultura galega, e reclama a axuda económica para que Rianxo poida levar a cabo os actos de homenaxe que corresponden a estes persoeiros.



_____, “A Fundación de Rosalía”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
29 decembro 1996, p. 2.

Refírese á celebración no 1997 das “Vodas de Ouro” do Padroado Rosalía de Castro, creado en 1947 pola iniciativa de Xosé Mosquera Pérez e Xosé Villar Granjel. Abuín de Tembra recolle algúns dos actos que se celebrarán no vindeiro ano e que terán como protagonista a Rosalía, entre outros: a celebración do seu nacemento (24 de febreiro), o aniversario do seu pasamento (15 de xullo), a edición da súa *Obra completa* “en base ás edicións máis autorizadas” ou o encontro de Casas-Museo de autores relacionados con Rosalía como Juan Ramón Jiménez, Azorín, Unamuno, Miguel Hernández ou Pessoa.



_____, “Mártires esquecidos”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
30 decembro 1996, p. 2.

Abuín de Tembra lembra a dous poetas asasinados no 1936, Roberto Blanco Torres e Arturo Noguero Buján, “ambos vinculados (...) movemento galeguista Irmandades da Fala, Xeración Nós e ó proceso de Autonomía en marcha”. Noguero, ademais de varios ensaios, é autor duns versos que apareceron publicados no número 64 da revista *Nós*, dedicados a Rianxo; Roberto Blanco, ademais de dirixi-lo xornal *La Zarpa*, de Ourense e *El Progreso*, de Pontevedra, publicou un único volume de versos, titulado *Orballo de media noite* (1929), no que Abuín destaca a presenza de Unamuno.



Adrio, José Luís, “Manuel Beiras, un histórico galeguista”, *Diario de Pontevedra*, “Secundino Esperón, 7”, 30 xullo 1996, p. 13.

Artigo dedicado á memoria de Manuel Beiras, de quen o articulista salienta non só a súa traxectoria política senón tamén a súa dedicación á cultura. Menciona a súa participación no Padroado Rosalía de Castro, xunto a Antón Fraguas, Otero Pedrayo, Ferro Couselo e Bouza Brey.



Alcalá, Xavier, “A pluma xusticeira”, *Galicia en el Mundo*, “Cartas a Cholo”, 23-29 xaneiro 1996.

A “polémica aberta sobre o que é narrar e un diccionario de autores polo que algúns se senten damnificados” danlle pé ó autor do artigo a falar sobre Alfredo Conde e a crítica que este publicou sobre o seu libro *Hotel Damasco*. Recolle, ademais dunha cita desta crítica, algúns comentarios sobre Alfredo Conde, do que considera que é un deses “lectores de oficio e vicio”.



_____, “Premio ao lector”, *El Mundo*, “Galicia aberta”, 2 marzo 1996, p. 7.

Propón a idea de crear un premio ó lector, seguindo a iniciativa da editorial Opera Prima, de Madrid, que convoca un premio ó mellor comentario sobre un texto publicado na súa editorial. Considérao unha idea aceptable para a literatura galega, onde pensa que “hai que facer lectores e fidelizalos”, e ademais cómpre facer participe ó lector do proceso comunicativo, como xa se fai co xurado dos Premios Xerais e Merlín.



_____, “Letras molladas”, *El Mundo*, “Pluma ao voo”, 21 maio 1996, p. 2.

Crónica das actividades persoais de Xavier Alcalá dos días 16, 17 e 18 de maio. O escritor relata como o día anterior ás Letras Galegas, asinou exemplares no Corte Inglés da Coruña xunto a Alfredo Conde e asistiu á presentación da fundación Ámbito Cultural, que dirixe Ramón Pernas. Tras este acto, conta que asistiron a unha cea xunto a Ramiro Fonte, Pedro Blanco Llano e Manuel Gómez, entre outros, na que se falou de temas literarios. O Día das Letras, celebrouno Alcalá dedicado á lectura e o 18 asinou de novo exemplares, esta vez no Corte Inglés de Vigo e conversou con Miguel Espárrago, “a quen debo a idea orixinal da miña última narración. Dime que escribir en galego é algo heroico. Coido que esaxera, pero por respecto ás súas barbas brancas non lle vou tirar a razón”.



_____, “Escribir en galego”, *Galicia en el Mundo*, “Cartas a Cholo”, 28 maio
3 xuño 1996.

Artigo que comeza falando do tempo e da emigración, e segue dando conta da presentación da fundación “Ámbito Cultural” nunha mesa redonda celebrada na Coruña. Logo pasa a reflexionar sobre o feito de escribir en galego, atopando, entre outros problemas, certos prexuízos do público lector que con optimismo o autor tentará superar.



_____, “Galego e portugués”, *El Mundo*, “Pluma ao vento”, 28 maio 1996, p. 2.

Refírese á presentación do extra da revista *Coloquio/Letras da Fundación Gulbenkian* sobre literatura galega, coordinado por Pilar Vázquez Cuesta e que naceu, segundo sinala Alcalá, dun encontro de escritores galegos e portugueses no ano 1991. Inclúe, ademais, unha reflexión lingüística sobre o galego e as relacións co portugués, e as opinións dalgúns dos que compartiron mesa durante un xantar nun restaurante compostelán, como Ernesto Guerra da Cal, Alonso Estravís ou Edite Pereira. Alcalá cre que “só rendéndose de inicio ás imperialidades de Nebrija pode un galego existir alén da Pedrafita. Acertar aquí non significa nada en Madrid; e aínda peor é ter que triunfar en Madrid para que un nome galego soe en Lisboa”.



_____, “Premio Rosalía de Castro”, *El Mundo*, “O pulso de Ferrol”, 8 outubro 1996, p. 2.

Recolle a conversa cun editor madrileño e os seus coñecementos sobre a literatura galega. Indica que “Cunqueiro e Fole resúltanlle xeniais” e dos narradores actuais coñece a Manuel Rivas e Suso de Toro, pero descoñece que os editores Casares e Freixanes son tamén narradores. Conclúe que se descoñece a nosa literatura fóra de Galicia e comenta que Carlos Casares propuxo no Pen Clube de Galicia dá-lo premio Rosalía de Castro a autores de literaturas descoñecidas “en primeiro e principal lugar porque a literatura é algo que está por cima dos idiotas e, en segundo, porque ese premio pode chamar a atención sobre algo ao que debemos dar cabo: a mutua ignorancia”.



_____, “Colegas portugueses”, *El Mundo*, “O pulso de Ferrol”, 12 novembro 1996, p. 2.

Con motivo da Feira do Libro Portugués, celebrada en Vigo, comenta Xavier Alcalá a necesidade de achegar Galicia e Portugal a través da literatura e da lingua, como realidades comúns que se comprenden mutuamente. Recolle os comentarios a favor e en contra, que suscitou na Feira a tradución dos portugueses ó galego e conclúe indicando que é necesario rexuntarse con Portugal mesmo na lingua, propoñendo “a volta a unha grafía común, etimolóxica, non demótica como a que hoxe se usa para o galego”.



_____, “Escribe en castelán”, *El Mundo*, “El pulso de Ferrol”, 19 novembro 1996, p. 2.

Refírese ó acto de presentación dunha novela na Casa de Galicia de Madrid e, a propósito desta reunión, reflexiona sobre a literatura das periferias e a situación exacta do centro no caso da literatura galega. O autor manifesta tamén o seu desexo de seguir escribindo en galego, fronte ás suxestións daqueles que pensan que o debería facer en castelán, e explica: “Levo trinta anos colaborando na recuperación dun mundo expresable con propiedade de seu e agora non vou mudar. Non mudarei, escribirei na lingua dos meus rexistros literarios pero hei axudar nas traducións”.



_____, “Agresivamente novos”, *El Mundo*, “El pulso de Ferrol”, 17 decembro 1996, p. 2.

Xavier Alcalá, con motivo da súa participación nos Premios Rúa Nova, pregúntase se “¿hai que ser suxeito *popular* para poder ser escritor *de sona*?”. Sinala que tentou transmitir ós rapaces presentes no acto as diferencias entre “o escritor bufo e o verdadeiro, o que resiste o virus da exitose, o que teima no traballo e desbota páxinas, insatisfeito consigo mesmo; o que sabe do equilibrio entre a dignidade e a realización da parábola dos talentos”. Manifesta tamén a súa opinión sobre as reflexións dos escritores no congreso da AELG, das que tivo noticia por Xavier Docampo e Suso de Toro, polos que soubo que os novos creadores “proclamaran a berros a morte do pai (literario) pra escándalo de Uxío Novoneira”. Sorpréndese de que os “novos” “carguen a man” contra os únicos escritores coñecidos en Madrid, Manuel Rivas e Suso de Toro, e cre que “o mal chámase envexa”. Móstrase “disposto a esperar os efectos do tempo; a ver que fica, tanto dos agresivos, coma dos excesivamente publicitados de hoxe”.



_____, “Premios Rosalía Castro”, *El Mundo*, “El pulso de Ferrol”, 24 decembro 1996, p. 2.

O articulista refírese neste artigo á cea dos Premios Rosalía de Castro, que concede o Pen Clube galego, e ás conversas que mantivo con algúns dos asistentes: Joan Perucho, José Saramago, Bernardo Atxaga, Gonzalo Torrente Ballester, Basilio Losada, Bieito Ledo ou David Otero, entre outros.



_____, “A Suso, a Marilar e aos ‘novos”, *El Mundo*, “Tribuna libre”, 27 decembro 1996, p. 2.

Diríxese o artigo, como xa indica o título, a Suso de Toro, Marilar Aleixandre e os escritores “novos”. Ó primeiro pídelles desculpas “pola miña condición de marxinal, descarado, insensato, lareteiro, abusador de confianza” e lémbrolla o risco que supón a profesionalidade na literatura. Agradécelle a Marilar Aleixandre as referencias que fixo á súa persoa nun artigo no que ela falaba do Iº Encontro de Novos Escritores celebrado en Santiago, afirmando que Alcalá e outros non estiveran nel senón noutro “virtual”. Remata dirixíndose ós “novos”: “o que cómpre é ter algo que contar e saber contalo”, e dicindo que nun artigo anterior sobre o Encontro difundira unha “mensaxe incorrecta procedente de fontes virtuais, distorsionadas”.



Aleixandre, Marilar, “De páxinas en branco e silencios”/“De páxinas en branco e silencios nos novos creadores”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 18 decembro 1996, p. 44/p. 12.

Tras asistir ó encontro de Escritores e Escritoras da AELG, Marilar Aleixandre manifesta que non pretende abrir un debate sobre as cuestións discutidas nese foro, senón que é partidaria de deixar “falar ó silencio”, de escoita-las voces dos novos poetas “enfiando as antigas palabras”. Sobre o problema de enfrontamento entre xeracións, cre que “a literatura é un río, non existiría sen augas que veñen de atrás, pero non seguiría existindo se non entran augas novas”.



_____, “¿É tan fácil enterrar?”, *El Mundo*, “Tribuna Libre”, 21 decembro 1996,
p. 2.

Artigo marcado pola ironía no que a autora afirma que debeu haber dous Encontros de Novos Escritores organizados pola AELG e non un só: o primeiro ó que ela asistiu e no que se discutiu acerca de diferentes aspectos da literatura, e outro que denomina como “virtual” no que os escritores “dixeron cousas terribles que eu non escoitei”. Ó longo do artigo continúa contraponendo estes dous Encontros con diversas anécdotas. Finalmente, considera as palabras “matar ó pai” como unha metáfora: “¿Que máis queremos que garden de nós as xeracións por vir se non son os nosos versos, as nosas palabras?”.



Alonso, Bieito, “O revisionismo, a enfermidade infantil da desmemoria”, *A Nosa Terra*, nº 747, “Guieiro Cultural”, 10 outubro 1996, p. 25.

Reflexiona sobre a necesidade de revisión de aspectos obviados e esquecidos da historia de Galicia, entendendo que estes necesitan un estudio ó alcance de todos, que evite a manipulación dos datos. Sinala que aínda está por facer un estudio extenso sobre a emigración.



Alonso Montero, Xesús, “Carta a García Lorca”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 4 xaneiro 1996, p. 9.

Reproduce a carta enviada por Ánxel Casal a García Lorca acompañando os exemplares dos *Seis poemas galegos*, publicados en 1935. Sinala Alonso Montero a humildade e o agradecemento que se desprenden da carta, riscos do carácter do insigne editor e galeguista. Así mesmo sinala a coincidencia de que tanto Casal coma Lorca morresen asasinados o 19 de agosto do 36.



_____, “O vello dos contos”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 11 xaneiro 1996, p. 11.

Artigo dedicado a Xosé Mosquera Pérez (1895-1965), coñecido polo seu labor na radio ata 1936 como “O vello dos contos”, indicando que a súa actividade máis significativa para a cultura galega foi a “recuperación da Casa de Rosalía e a creación do correspondente Patronato”, nun momento de grandes dificultades económicas e políticas. Manifesta coñecer unha carta a Otero Pedrayo, datada en 1947, onde Xosé Mosquera dá conta das dificultades desta empresa.



_____, “Quixote da fala”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 25 xaneiro 1996,
p. 11.

Lembranza da figura de Ben-Cho-Shey, morto en Madrid en 1988, a quen compara con Don Quixote na defensa da lingua galega en calquera situación. Inclúe ademais unha anécdota ilustrativa deste aspecto da súa personalidade.



_____, “Sonetos e sonetistas”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 1 febreiro 1996, p. 9.

Comeza lembrando a revista portuguesa *O soneto neolatino*, publicada entre 1929 e 1932 e dirixida por Júlio Brandão e Alvaro de Castelhões, nun momento de preocupación polo soneto europeo. A iniciativa supuxo a publicación de sonetos de poetas de moitos lugares do mundo entre eles Noriega Varela, Otero Pedrayo e Aquilino Iglesia Alvariño. Alonso Montero refírese tamén á vixencia do soneto na actualidade como proba a presentación en Vigo de *Sonetos del alba insomne*, de Xosé María Álvarez Blázquez, cun prólogo de Xavier Rodríguez Baixeras, ó que cualifica de “gran sonetista”.



_____, “Réquiem por E. M.”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 29 febreiro 1996, p. 9.

Lembra a figura do galeguista Evaristo Mosquera (Pontevedra, 1909-Madrid, 1996), de quen destaca a súa fidelidade ideolóxica, a súa loita política nos anos do franquismo dende Madrid e a súa amizade con Ramón Cabanillas, Ben-Cho-Shey, o propio Alonso Montero ou Gamallo Fierros. Apunta tamén os seus catro anos de prisión na Illa de San Simón, experiencia que recolleu no libro *Cuatro años a bordo de una isla* (1984).



_____, “Odysseas Elytis”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 21 marzo 1996,
p. 11.

Con motivo da morte do poeta grego Odysseas Elytis, Alonso Montero fai un percorrido polas traducións do grego ó galego, entre elas, *Poesía grega do século XX* (1994), elaborada por Mosjos Morfadikis e Andrés Pociña e *A Ilíada* (1990) e *A Odisea* (1992) por Evaristo de Sela.



_____, “Varela de Montes”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 28 marzo
1996, p. 9.

O profesor Alonso Montero fai unha lembranza do médico santiagués José Varela de Montes (1796-1868), a quen Ramón Otero Pedrayo dedicara a biografía titulada *El doctor Varela de Montes, médico humanista compostelano del siglo XIX* (1952).



_____, “Crecente Vega”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 25 abril 1996,
p. 11.

O propósito deste artigo, segundo sinala o seu autor, é lembra-lo primeiro centenario do nacemento de Xosé Crecente Vega (1896), poeta da Terra Chá, autor dun único poemario editado en 1933, *Codeseira*. Alonso Montero propón liñas para futuras investigacións sobre Crecente Vega, “musa franciscana e cantor das cousas humildes”, tales como a súa faceta de sonetista, a edición de poemas inéditos, o seu labor como latinista e o estudio da súa biografía.



_____, “Rafael Bárez”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 16 maio 1996, p. 9.

Artigo dedicado á memoria de Rafael Bárez, un antigo alumno do profesor Alonso Montero, tralo seu falecemento. Lembra algunhas das anécdotas que compartiron, como cando, nos anos 60, Bárez recitou un poema de Rosalía en Porto, conseguindo emocionar ó Rector da Universidade desta vila gracias á súa poderosa voz. Tamén recolle a súa dedicación ó teatro e a prohibición no Círculo das Artes de Lugo dunha peza de Brecht que quería levar a escena. Posteriormente, Bárez dedicouse á avogacía dende un “compromiso íntimo” que o converteu no poeta “dos que sofren a historia”.



_____, “Filgueira: do medievalista”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 6 xuño 1996, p. 11.

Salienta a valía intelectual do profesor Filgueira Valverde, que ofreceu, dende a súa maestría, os coñecementos básicos dos que partiron as investigacións posteriores sobre a literatura galega. Refírese ás 15 leccións de literatura galega que impartiu en 1933 na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago; á publicación da súa tese de doutoramento, en 1936, sobre unha das cantigas de Alfonso X e á síntese “dun sabio na materia”, realizada para a *Historia general de las literaturas hispánicas*, de Guillermo Díaz Plaja sobre a literatura medieval galega. Recolle tamén unha anécdota ocorrida no Coloquio Internacional de Tréveris en 1980, cando tres investigadoras, Luciana Stegagno Picchio, Anna Ferrari e Elsa Gonçalves, destacaron como “a experiencia máis valiosa do Congreso”, “coñecer a un mestre e a un clásico dos seus estudos”.



_____, “Anacofilia”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 11 xullo 1996, p. 9.

Con motivo do 80 cumpreanos de Borobó, pseudónimo de Raimundo García Domínguez, o articulista salienta o valor dos seus artigos no xornal compostelán *La Noche*, canle de expresión de moitas plumas que acadaron un posto importante no galeguismo. Alonso Montero comenta cómo durante o franquismo, os artigos de Borobó eran “o único alimento intelectual na prensa galega”. Escritos con grande coidado e pulcritude, asoman neles recursos como a elipse, as alusións e os simbolismos.



_____, “A illa de San Simón”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 1 agosto
1996, p. 9.

Destaca a importancia que a Illa de San Simón ten na literatura medieval galega. Menciona a cantiga de Mendiño, así como a outros trobadores da ría de Vigo como Martín Codax e Xoán de Cangas. Propón a construción dun museo da lírica medieval e dun monumento a todos aqueles que sufriron prisión na Illa durante a guerra civil. Neste monumento, continúa, debería figurar un poema (“Illa do amor, illa da morte”) que Valentín Paz-Andrade dedicou a un destes presos, Álvaro Gil Varela.



_____, “Poesía francófila no 36”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 22 agosto 1996, p. 9.

Alonso Montero apunta que, tralas súas investigacións, son corenta os poetas galegos que “cantaron e gabaron” a Franco durante os anos da guerra civil. Considera que estas composicións son verdadeiros “epinicios”, no sentido clásico do termo, isto é, “canto de victoria”, e que conteñen recursos como a *laudatio* e a *adulatio*. Así mesmo, sinala que cinco destes poemas francófilos de 1936 pertencen a Noriega Varela, Celestino Suárez Cabarcos, Xavier Prado *Lameiro*, Ricardo Barros Pintos e Marina Cascallar Vázquez.



_____, “Don Florencio no congreso”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
19 setembro 1996, p. 9.

No marco do congreso do ILGA sobre “A lingua galega: historia e actualidade”, Alonso Montero rescata a figura literaria de Florencio Vaamonde Lores (1860-1925), a quen considera “a voz máis valiosa do XIX galego”, deixando fóra ós tres grandes mestres, Rosalía, Curros e Pondal. Salienta a súa actividade lingüística como traductor do grego e do latín ó galego e a súa teima en dar a este un ton culto. Refírese a unha carta enviada por Don Florencio a Xesús Rodríguez López, na que se salienta o grande número de falantes do galego na vila de Betanzos. Trátase dun documento que cómpre, na súa opinión, estudar profundamente para coñecer mellor a produción literaria de Florencio Vaamonde e constata-las súas afirmacións.



_____, “Do meu Filgueira Valverde”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
26 setembro 1996, p. 11.

Alonso Montero reflexiona sobre o significado, para a vida cultural galega, da enorme perda que supón a morte de Filgueira Valverde. Salienta a súa actividade como medievalista, dende o punto de vista do investigador e tamén do creador. Menciona algunhas das liñas poéticas que escribiu, *Seis cantigas de mar in modo antico* (1941), de estética neotrobadoresca, onde “está presente o erudito” e tamén “o escritor con sensibilidade e xeito para recrear, no século XX, un xénero poético do XIII”. Coméntase tamén que antes da súa morte, Filgueira Valverde redactou un prólogo para o poemario de Alonso Montero, *Cantigas de protesta e maldicir*.



_____, “García Lorca en lunfardo”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
3 outubro 1996, p. 9.

Comenta a publicación de *Lorca en lunfardo* (Los “Seis poemas galegos” en edición bilingüe), en traducción do arxentino Luís Alposta, membro da Academia Porteña do lunfardo dende 1968 e responsable da *Antología del soneto lunfardo* (1978). Compara algúns versos galegos cos traducidos e sinala que este libro “ademais de singular, pode funcionar como libro de texto non canónico nas Cátedras de Teoría da Traducción”.



_____, “O CCG agora”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 10 outubro 1996,
p. 9.

Refírese a algúns dos actos organizados polo Consello da Cultura Galega mentres Filgueira Valverde ocupaba a presidencia: o Congreso dedicado ó Padre Sarmiento en setembro de 1995, a velada literaria dedicada a Ánxel Casal en decembro de 1995, a asistencia de Isidro B. Maiztegui para a interpretación a piano dos *Seis poemas galegos*, de Lorca. Trala morte de Filgueira, Alonso Montero lembra que o Consello é a “conciencia crítica do acontecer cultural galego” e debe manter sempre esta postura ante os poderes oficiais.



_____, “Píndaro e o CCG”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 24 outubro 1996, p. 9.

Trala elección de Carlos Casares como presidente do Consello da Cultura Galega, Alonso Montero espera que o “novo presidente lonxe de acomodarse ó denominador común dos seus colegas, estimule as actitudes máis críticas que existen no seo do Consello, unha institución por definición, crítica: co presente e co pasado, co Goberno e coa oposición”. Sinala que este organismo debe estar vencellado á sociedade como “foro de reflexión e debate intelectual” e expresa os seus desexos de que Carlos Casares non manteña excesivamente a súa habitual postura de prudencia.



_____, “Antonio Baltar, expulsado”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
12 decembro 1996, p. 9.

Refírese ó acto celebrado na Universidade de Santiago para homenaxear a aqueles profesores que foran separados do exercicio da súa profesión en 1936, como Fernández del Riego, Isidro Parga Pondal, David García Bacca, López Durá, Sebastián González Paz, Francisco Giral e Antonio Baltar Domínguez. A propósito deste último, Alonso Montero sinala que, ademais da súa profesión de médico e da súa estadía en Arxentina, publicou varios relatos en galego en *Galicia Emigrante* e presidiu en Buenos Aires a AGUEA (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas), durante os seus tres anos de existencia (1956-59). Infórmanos tamén da súa viaxe a Galicia no 1957 e da súa nova marcha a Arxentina, debido a que “a policía de Franco e certos *demócratas* alcumáranlo de comunista”.



_____, “Celia Viñas, 1946”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 19 decembro 1996, p. 9.

Lembranza dedicada a Celia Viñas (1916-1954), catedrática de Lingua e Literatura españolas en Almería dende 1943 e poeta en castelán e en catalán, de quen Alonso Montero recuperou unha poesía en galego, dedicada a Rosalía, recollida no volume *Poesía última* (1980), que foi editado pola Caixa de Aforros de Almería. Conclúe sinalando que esta escritora “debeu (de) aprende-los recursos precisos da nosa lingua nas páxinas da propia Rosalía”.



_____, “... sous la botte de Franco”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
26 decembro 1996, p. 9.

Comenta Alonso Montero a necesidade de rescata-las memorias de todos aqueles intelectuais galegos que viviron a guerra civil española dun e doutro bando, tarefa que, na súa opinión, deberían emprende-los xornalistas e os novos historiadores. Menciona tamén a necesidade de reeditar un volume, fundamental para entende-la guerra en Galicia, *La Galice sous la botte de Franco*, publicado, en francés e español, no ano 1938. Alonso Montero sospeita que tralas páxinas deste libro podería esta-la man de Luís Seoane.



Álvarez Cáccamo, Alfonso, “Luz na Academia Galega”, *Faro de Vigo*,
4 decembro 1996, p. 32.

Refírese ó ingreso de Luz Pozo Garza na Real Academia Galega e á importancia desta distinción para as mulleres creadoras da nosa sociedade. Manifesta a súa incondicional admiración pola súa obra e considera que o seu ingreso “vai representar na Academia, alomenos, o espírito das escritoras, a forza creativa da muller, a voz marxinal, o esforzo íntimo e a loita” e ademais “levará a mensaxe da palabra que non se debe silenciar”.



Araújo Iglesias, Miguel Anxo, “Os seminarios e a lingua galega”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 1996, p. 10.

Intenta dar unha explicación, dende o seu punto de vista, do bilingüismo existente nos seminarios galegos, contradecendo as opinións de Antón Pulido e Bieito Ledo, que dende a súa posición de antigos seminaristas cren que “os seminarios galegos teñen sido historicamente perseguidores, opresores, negadores, abafadores da lingua galega”. Considera que no contexto histórico no que se desenvolveron os estudos nos seminarios, dominaba a porcentaxe de castelán-falantes, xa que tanto profesores coma superiores eran de fóra de Galicia. Afirmar que nunca existiu prohibición explícita contra o uso da lingua galega e apoia esta afirmación nun conxunto de escritores que pasaron polo seminario, como Ramón Cabanillas, Ferro Couselo, Carlos Casares, Nicomedes Pastor Díaz, Crecente Vega, etc. Conclúe preguntando se “podería darse esta floración nun ambiente tan opresor e negativo”.



Arias Solís, Francisco, “La voz del príncipe de los poetas gallegos”, *Diario de Pontevedra*, 21 setembro 1996, p. 14.

Breve biografía de Manuel Curros Enríquez, “o príncipe dos poetas”, en palabras do articulista. Cita as súas obras *Aires da miña terra* e *O divino sainete* e afirma que o autor de Celanova puxo a súa vida sempre ó servicio dos seus ideais, sempre identificados cos rexionalistas.



_____, “Rafael Dieste, en la memoria”, *El Progreso*, 15 outubro 1996, p. 51.

Amplio perfil biográfico do escritor rianxeiro Rafael Dieste. Destaca o seu labor cultural e o traballo durante os seus anos vividos no exilio. Entre as súas contribucións, menciónanse a fundación da revista *Hora de España*, a dirección de *Nova Galiza* ou a publicación das obras *Dos arquivos do trasno*, *A fiestra valdeira* e *Viaxe e fin de Don Frontán*, entre outros.



Blanco, Carme, “Musas e feministas”, *A Nosa Terra*, nº 723, “Guieiro Cultural”, 25 abril 1996, p. 27.

Reflexión de Carme Blanco sobre os termos “musa” e “feminista” aplicados á personalidade de Marguerite Duras, nun medio de comunicación español trala súa morte, e sobre o termo “musa”, que en 1986 definiu a Simone de Beauvoir. Considera que ambos marcan a existencia de dous momentos con respecto á visión social das mulleres públicas: se nun principio só eran musas, agora cómpre falar ademais de feministas. Isto supón un avance “de signo progresista e positivo” nas ideas, segundo a articulista, pero ten tamén un trasfondo de confusión na concepción do feminismo e da aplicación do termo polo que “cómpre clarificar o panorama e desfacer os equívocos para que, por fin e de verdade, algo empece a cambiar en profundidade”.



_____, “De Rosalía a Xohana Torres”, *A Nosa Terra*, nº 733, “Guieiro Cultural”,
4 xullo 1996, p. 27.

Comentario sobre a invisibilidade das mulleres na constitución do colectivo galaico e do diferencialismo, dende a voz de Rosalía ata a actual creación de Xohana Torres, “esa voz interna sempre á procura do centro do mar, da terra, do tempo, do amor e da morte”. Como proba da visión unicamente masculina, menciona o traballo de Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra* e sinala a existencia dunha historia paralela protagonizada polas mulleres. Ademais da creación, destaca o traballo da crítica literaria feminista, do cal forman parte traballos de reconstrución e reinterpretación como o de Katheleen N. March, *De musa a literata: el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro*, aplicado á obra en castelán de Rosalía. Conclúe afirmando a necesidade de escoita-las voces das mulleres e corrixi-lo baleiro que sufriron noutros tempos.



_____, “Luz na Academia”, *O Correo Galego*, 3 decembro 1996, p. 36.

Carme Blanco saúda a entrada de Luz Pozo Garza na Real Academia Galega, cando acaba de publicar *Vida secreta de Rosalía*. A articulista lembra a outras mulleres como Emilia Pardo Bazán, académica de honra e presidenta honoraria e Francisca Herrera Garrido, “primeira muller nomeada numeraria pero morta no limiar”. Sinala tamén cómo as mulleres camiñan con paso lento pero decidido cara a unha institución feminina, xa que “as mulleres somos a base e o sostén, axudamos a construír o edificio, somos incluso a casa, pero no seu interior o groso dos homes distribúense os espazos máis importantes segundo os múltiples xogos de poder”.



Bernal, Diego, “Cincuenta años del nacimiento de ‘La Noche’”, *El Correo Gallego*, “Escritorio de Bordóns”, 29 xaneiro 1996, p. 64.

Artigo que conmemora o 50 aniversario do diario *La Noche*. Fai un percorrido polas diferentes firmas ilustres que sementaron as páxinas do vespertino santiagués e que virían a conformalo que se deu en chamar Generación de *La Noche*: Otero Pedrayo, Méndez Ferrín, Filgueira Valverde etc. Ademais relata anécdotas diversas ó redor da súa actividade no diario e resalta o importante papel que este desenvolveu no apoio ás nosas letras.



_____, “Lírica hispana y conciertos rotos de violín junto al mar”, *El Correo Gallego*, “Xente nosa”, 26 febreiro 1996, p. 64.

Informa da concesión, en USA, do premio nacional de Publicaciones Hispanas ó escritor e xornalista vigués Alberto Avendaño por un traballo sobre inmigración ilegal. Anota como aspecto máis relevante o optimismo de Avendaño con respecto á vixencia do mundo e da cultura hispanas nos Estados Unidos.



_____, “Carta de amor con destino a Cuba”, *El Correo Gallego*, “Escritorio de Bordóns”, 4 marzo 1996, p. 72.

Nunha carta dirixida á nación cubana, o periodista Diego Bernal laméntase da falta de liberdade e de solidariedade coa que están a convivir a diario os cidadáns cubanos. Louva, así mesmo, o labor do escritor galego Xosé Neira Vilas en favor da cultura e da literatura cubanas.



_____, “Con Julio Camba en la Facultad de periodismo”, *El Correo Gallego*,
“Escritorio de Bordóns”, 3 xuño 1996, p. 64.

Diego Bernal fala da súa intervención nunha mesa redonda celebrada na Facultade de Xornalismo, xunto ó debuxante Siro, para lembra-la figura xornalística de Julio Camba. Señala a calidade do traballo de Camba, “maestro ejemplar y tan habilidoso en el artículo que no empleó una sola palabra en vano”, descoñecido xunto a outros grandes nomes como Wenceslao Fernández Flórez, Eugenio Montes ou Blanco Tobío. Os seus artigos, cheos de ironía, crearon un modelo digno de seguir, pola súa escritura pausada e irónica, tan distinta, na súa opinión, dos métodos actuais, que provocan que non se coide tanto a calidade do que se escribe.



_____, “Os ‘homes de tras da corda’ existen”, *El Correo Gallego*, “Escritorio de Bordóns”, 1 xullo 1996, p. 56.

Refírese ós escritores e lendas míticas de A Corda “al amparo señorial y silencioso de Mondoñedo”. Os seus homes responden perfectamente, na súa opinión, ó relato que deles fixo Carlos González Reigosa en *Homes de Tras da Corda*. Menciona tamén os nomes de Primitivo Iglesias, Álvaro Cunqueiro e a importancia da tradición da Casa de Melle en Loboso.



_____, “Continúa la incógnita, ¿qué hay de lo de Ourense?”, *El Correo Gallego*, “Escritorio de Bordóns”, 29 xullo 1996, p. 64.

Lembra unha anécdota protagonizada por Ánxel Fole, sobre unha recomendación que lle fixo a un mozo para que conseguise un traballo en Madrid. Dende entón repetía a pregunta “¿que hay de lo de Ourense?” a tódalas persoas que podía para se interesar polo mozo. A propósito de Fole e de Ourense, recupera a importancia desta cidade e da súa tradición galeguista e literaria, representada por homes como Vicente Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, Lamas Carvajal, Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Blanco Amor e outros. Ademais, refírese ó “cándido erotismo” que se respiraba en Ourense nos cafés nos que se cantaban cuplés e tangos, á “mística das tertulias de Vicente Risco” e á bohemia de José Conde Corbal.



_____, “Todos los encuentros son para el verano”, *El Correo Gallego*,
“Escritorio de Bordóns”, 19 agosto 1996, p. 56.

Artigo dedicado á Rúa do Vilar en Compostela, lugar de encontro e de historia que permanece nas súas pedras e na que sempre se pode atopalo escritor Xavier Costa Clavell, sentado nunha das súas terrazas. Por ela circulan con asiduidade Alfredo Conde, Suso de Toro, Novoneyra ou Salvador García Bodaño. O articulista recolle a lembranza do pasado da rúa e a permanencia dos ecos que deixaron “no seu peripatético caminar, bajo la sombra de luz de faroles, los últimos hidalgos de la historia santiaguesa, Amalio Taboada, Otero Pedrayo, Victoriano García Martí...”



Blanco Vila; Luís, “*Mundo Gallego* reaparece”, *O Correo Galego*, “Diario da Corte”, 29 abril 1996, p. 2.

Comenta a nova aparición da revista *Mundo Gallego*, editada polo Centro Galego de Madrid e presentada nesta nova etapa o 12 de abril de 1996. Considera que a publicación supón a “revitalización do centro”.



_____, “Letras Galegas ou qué fai un galego en Madrid”, *O Correo Galego*,
“Diario da Corte”, 21 maio 1996, p. 2.

O articulista comenta cómo viven os galegos que residen en Madrid a festa de San Isidro, que se celebra o 15 de maio. Sinala que as súas actividades son as normais doutros días pero incide na particular atención que se pon na preparación dos actos do Día das Letras Galegas, no que se celebran xuntanzas e concertos a cargo de coros e grupos de gaitas. Ademais, salienta o traballo dos mozos que colaboran na revista *Mundo Gallego*.



_____, “Os amigos de Julio Camba”, *O Correo Galego*, “Diario da Corte”, 5 xullo 1996, p. 2.

Lembra un capítulo do libro de Julio Camba, *La ciudad automática*, dedicado a Madrid e considera que os madrileños poden recoñecer-lo seu acelerado ritmo de vida nesas páxinas. A propósito do recordo de Camba, refírese á invitación que recibiu de D. Antonio D. Olano para asistir a unha das ceas que celebra a sociedade “Los amigos de Julio Camba”.



_____, “A ignorada morte de Filgueira Valverde”, *O Correo Galego*, “Diario da Corte”, 19 setembro 1996, p. 2.

Lamenta a pouca atención que se lle concedeu nos medios de comunicación de ámbito estatal, á morte de D. Xosé Filgueira Valverde. Sinala que esta é a unha grande perda para o mundo cultural galego, pero non só para este senón tamén para o mundo da cultura hispánica e románica en xeral, porque “a inmensa, brillante e valiosa obra de Filgueira sobre a cultura, a arte, a lingua e a literatura, non son só galegas senón hispánicas e románicas”.



Caneiro, Xosé Carlos, “Ferrín”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense),
“Contrabando”, 27 xaneiro 1996, p. 34.

Breve nota na que se fai unha louvanza da persoa e da obra de Ferrín con motivo da súa presenza nas Xornadas Culturais do Val de Monterrei. Sinálase a súa capacidade para crear unha linguaxe propia e o seu compromiso, fronte a outros autores mediocres ou comprometidos co poder.



_____, “Simplicitas”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “Contrabando”,
2 xullo 1996, p. 40.

Reflexión sobre o exceso de respecto polo lector que se dá na literatura galega. Ademais de escribir para non importunar a ninguén e ve-la literatura como divertimento, o articulista cre que hai unha segunda vía, condenada ó fracaso, que é a da busca na linguaxe e a de furar na condición humana.



Carrío, Xavier, “Una cita en Trasalba”, *El Correo Gallego*, “Estado de ánimo”,
19 xuño 1996, p. 3.

Refírese ó acto de conmemoración, no Pazo de Trasalba, do vixésimo aniversario da morte de D. Ramón Otero Pedrayo e á entrega do Premio Trasalba a Pura Vázquez. Salienta tamén o labor que está a realiza-la Fundación Otero Pedrayo, dirixida por Sixto Seco, xa que “sus actividades constituyen cada año un extraordinario homenaje a cuantos hacen, de día en día, que nuestro patrimonio cultural sea un permanente motivo de orgullo para este país”.



Carro, Xavier, “Diccionarios”, *La Voz de Galicia*, 17 xaneiro 1996, p. 8.

Salienta a importancia do diccionario como material indispensable de traballo e saúda a publicación do *Diccionario Xerais de Sinónimos*, de Luís Castro Macía e o *Diccionario da Literatura Galega*, de Dolores Vilavedra. A propósito deste último, comenta a importancia do proxecto e o estudo exhaustivo que supón para a nosa literatura. Felicita estas iniciativas e remata sinalando que “son expresión dunha normalidade cultural, dun andar cara adiante”.



_____, “A necesidade da traducción”, *La Voz de Galicia*, 29 febreiro 1996, p. 8.

Reflexión sobre o avance que supón para a normalización da nosa lingua a traducción dos clásicos e a preocupación pola adaptación e a transposición conceptual. Xa os fundadores da editorial Galaxia, nos anos 50, intentaron potencia-la traducción e hoxe calquera editorial conta con obras traducidas no seu catálogo en versións feitas con precisión. Cita como exemplos *Madame Bovary*, *A Cartuxa de Parma*, *A Caída* ou *Gargantúa*.



_____, “Unha novela”, *La Voz de Galicia*, 25 agosto 1996, p. 10.

Opinión sobre a novela de Ramiro Fonte, *Os leopardos da lúa* (1993), tras realizar unha relectura. Sinala a boa construción argumental e a evolución do personaxe. Á vez observa a unión de elementos biográficos, paródicos e humorísticos, e a recreación do Santiago das revoltas estudiantís.



_____, “In memoriam”, *La Voz de Galicia*, 19 setembro 1996, p. 8.

Relatorio de cómo coñeceu a noticia da morte de D. Xosé Filgueira Valverde, e as lembranzas que de inmediato viñeron á súa cabeza, sobre todo acerca da súa personalidade e dos momentos compartidos con el. Refírese á importancia da súa obra como investigador e remata salientando “a ledicia de saber que pervivirá na súa obra”, a pesar da morte.



Casares, Carlos, “Recordando a don Vicente”, *La Voz de Galicia*, “Á Marxe”,
19 febreiro 1996, p. 7.

Carlos Casares refírese a unha xuntanza celebrada en Ourense cun grupo de amigos para lembrar a Vicente Risco. Durante este encontro percorréronse as rúas nas que Risco paseaba e relatáronse anécdotas centradas na súa persoa.



_____, “Un libro e unha amiga”, *La Voz de Galicia*, “Á Marxe”, 11 xuño 1996,
p. 9.

Ademais doutra anécdota centrada na devolución dun libro ó Concello de Boborás, Carlos Casares conta cómo Marina Mayoral lle pediu que a representase no acto de entrega do Premio Losada Diéguez co que este ano foi homenaxeada.



_____, “Un bo recordo”, *La Voz de Galicia*, “Á Marxe”, 15 setembro 1996, p. 11.

Recupera o último contacto persoal que tivo con Filgueira Valverde no cemiterio de Boisaca, nun acto de lembranza a Ramón Piñeiro no cabodano da súa morte, o 27 de agosto. Sinala que naquel día o atopou desmellorado pero que aínda así non excusou a súa presenza; faloulle “sobre a morte, aludindo á propia, pero sen deixar de sorrir, con máis melancolía que tristeza (...) Unha fermosa imaxe para recordar”.



_____, “O can de San Roque”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 28 novembro 1996, p. 9.

Con motivo dunha anécdota protagonizada pola señora Amalia de Beiro, refírese ó curioso personaxe Xan da Cova e aclara algunhas insólitas actividades que se lle atribúen como a invención “do pirandárgallo, un artiluxio concebido para voar polo mundo sen necesidade de moverse do sitio” ou a creación dunha talla de San Roque na que o can estaba feito de nabo.



Castro, Francisco, “Ideas para o libro galego”, *Atlántico Diario*, “Crónicas Efímeras”, 29 xaneiro 1996, p. 2.

Comentario sobre a mala situación do libro galego sobre todo pola falta de compradores e lectores. Apoia a idea de abri-las librerías o Día das Letras Galegas e pensa que son necesarias medidas de apoio ó libro como as campañas de lectura en galego, fondos para bibliotecas, unha Escola de Libreiros e mesmo campañas publicitarias para aumenta-las vendas de libros.



Cavanna, Tomás, “Aquí vivió Ramón Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*,

6 febreiro 1996, p. 3.

Tomás Cavanna sente unha grande ledicia polo feito de estar na mesma vivenda que ocupara Ramón Otero Pedrayo entre os anos 1950 e 1958, cando o escritor ourensán era profesor na facultade de Xeografía e Historia. Tamén fala da relación entre Otero e Cela, e da correspondencia manuscrita entre ambos. Finalmente, reclama a colocación dunha placa nesta casa, para conserva-la memoria de quen tanto fixo por levantar “a identidade, os ideais e a ética de Galicia”.



Celeiro, Luís, “Don Xosé Filgueira Valverde”, *O Correo Galego*, “A Balsa”,
21 setembro 1996, p. 4.

Semblanza da personalidade de Filgueira Valverde tralo seu pasamento. Destaca o seu enorme saber, a súa calidade de “aprendiz permanente” e a memoria que del se conservará entre tódolos galegos que lle deben por sempre “respecto á súa obra e aprecio á súa memoria”.



Cid Fernández, Emilio, “Para Marcial Suárez”, *A Nosa Terra*, nº 742, “Galiza”,
5 setembro 1996, p. 6.

Artigo dirixido a Marcial Suárez dende o recordo trala súa morte. Refírese a el con palabras eloxiosas e emotivas salientando a súa personalidade e a calidade da súa obra, na que reflicte en ocasións algúns aspectos da súa vida. Así, comenta o bo retrato que Marcial Suárez fixo de Allariz e os seus habitantes en *O acomodador e outras narracións* (1969), “libro recomendábel para calquer que queira saber da verdade profunda dun povo e de cabeceira para calquer alaricano que se gabe”. Remata cunha sentida despedida e a lembranza da súa amizade.



Conde, Alfredo, “Poñer a cada un no seu sitio”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 2 xaneiro 1996, p. 48/p. 4.

Comentario sobre o *Diccionario da Literatura Galega I* (1995), publicado por Galaxia, no que Conde aprecia abundantes irregularidades, como omisións, consideracións críticas sesgadas, ocultacións de realidades históricas e falta de recoñecementos e de gratitudes. Segundo o articulista, este *Diccionario* amosa pouca calidade moral e carece do vigor intelectual propio dunha obra destas características.



_____, “Valoracións críticas que pecan de subxectivas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 xaneiro 1996, p. 48/p. 4.

Alfredo Conde ofrece dous exemplos para proba-la súa opinión de que o *Diccionario da Literatura Galega I* (Galaxia, 1995) contén críticas subxectivas. En concreto, na entrada de Víctor Freixanes coméntase que os lectores quedaron decepcionados pola súa obra *O enxoval da noiva* (1988) e, a propósito de Carlos Casares, dise que a súa obra *Os escuros soños de Clío* (1979) desconcertou á crítica pola súa grandeza. Conde pregúntase cál pode se-lo criterio que sustente esta valoración negativa do primeiro autor, xunto coa esoutra denigración dos críticos, positiva para o autor.



_____, “Esa mediocridade que a todos nos envolve algunha vez”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 xaneiro 1996, p. 56/p. 4.

Conde compara o tratamento que se fai da súa biografía co que se fai da de Carlos Casares no *Diccionario da Literatura Galega I* (Galaxia, 1995), para proporcionar datos sobre a ocultación da realidade que se dá nesta obra: así como de Casares se comenta que participou na organización do recital “Raimon” no 1967, na entrada de Conde non se fai referencia á súa participación en “Voces Ceibes” nin á súa colaboración en “Grial”. No eido político, o articulista apunta que Casares é cualificado como independente e destácase a súa participación na “Lei de Normalización Lingüística”, mentres que non se menciona a participación de Conde nesa mesma “Lei” nin a súa colaboración na creación da RTVG, do Consello da Cultura Galega, da “Lei de bibliotecas”, etc. Para Conde, todo isto reflicte unha manipulación das historias persoais, que favorece ó director da editorial que publicou este *Diccionario*, en prexuízo da realidade dos demais.



_____, “A emoción e a paixón dunha boa novela”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 9 xaneiro 1996, p. 48/p. 4.

Refírese á novela de Xavier Alcalá, *Hotel Damasco* (1995), editada por Nigra, na colección TusiTala. Destaca desta obra a súa técnica e sabedoría novelística e a emoción e paixón coas que está confeccionada para ofrecer unha historia da diáspora galega.



_____, “A tradición oral dos nosos grandes narradores”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 10 xaneiro 1996, p. 56/p. 4.

Comenta a perda da literatura oral e da arte dos grandes narradores galegos que dicían os seus contos, como foron Joselín, O Xestal, Xan das Canicas, etc. Para Conde, urxe a recuperación destas prácticas e parladoiros con novos narradores e contidos e propón o Arquivo Sonoro de Galicia ou Fonomusic como soportes técnicos para esta actividade cultural.



_____, “A pequena catedral que cada novelista leva dentro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 11 xaneiro 1996, p. 56/p. 4.

Sinala que conceptos como “xéneros literarios”, “xeración literaria”, “escritor de xénero”, etc., poden constituír elementos operativos, máis que realidades propiamente ditas, pero consolidan a existencia dunha literatura. Afirmo que, sobre todo, a literatura debe ser para cada escritor unha aventura do espírito, de xeito que poidan construí-la pequena catedral que todo novelista leva dentro, aínda que non sempre se leva a cabo este proxecto, debido a que algúns escritores perseguen metas que lle son alleas.



_____, “A universalidade da literatura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 13 xaneiro 1996, p. 48/p. 4.

Define o universalismo da obra literaria como a capacidade que ten de conmover a moi distintas xentes, por moi diversos motivos, e a posibilidade que posúe a literatura de provocar distintas lecturas e interpretacións. Así mesmo, sinala que os lectores emitimos xuízos a partir dos grandes autores que lemos e que levamos dentro, polo que se as lecturas e a formación académica que posúe unha persoa son escasamente galegas, carece da mínima autoestima necesaria para valora-la literatura galega, tan universal como calquera outra.



_____, “A diferencia entre a esperanza e o desánimo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 15 xaneiro 1996, p. 48/p. 4.

Opina que as novelas de Vicente Risco non axudan tanto á necesaria construción do país galego como o poden facer as de Otero Pedrayo. Refírese a *O porco de pé* (1928), no sentido de que a sistemática ridiculización do novo rico simboliza un obsoleto aristocraticismo e o “señorito” que se ri do pailán con cartos é, normalmente, un reaccionario. Pola contra, di que as novelas de Otero falan dun mundo en decadencia, pero non causante de ningunha reacción, de xeito que a descrición de Risco ten que ver co elitismo (desánimo) e a de Otero coa identificación (esperanza).



_____, “De elites, progresías e revolucións”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 17 xaneiro 1996, p. 56/p. 4.

Conde reflexiona sobre a necesidade que temos de crear elites e a imposibilidade de evitalas. Lembra coñecidas revolucións, ofrecendo unha visión oposta á considerada oficial no referente ás consecuencias das mesmas e incide na desamortización de Mendizábal como exemplo a ter en conta. Compara as elites sociais e as culturais e observa como o elemento común a ambas é a “redistribución de riqueza” que se produce cando unha elite é substituída por outra. Para rematar, critica encubertamente a certos líderes do nacionalismo por non teren sido ou atopado o recambio para a Xeración Nós.



_____, “A perfección insospeitada e terrible do elitismo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 18 xaneiro 1996, p. 56/p. 4.

Reflexión acerca a influencia das diferentes elites sobre o fenómeno literario, especialmente nos países pequenos e sufridos, como Galicia, onde se pode dá-la imposición dun canon por parte de quen posúe o poder, baixo a forma dunha perfección insospeitada, pero terriblemente castradora.



_____, “As cordas liberadoras que fan tremer os versos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 19 xaneiro 1996, p. 48/p. 4.

Cualifica a poesía como “clarificadora deses escuros ámbitos que os seres humanos levamos dentro” e expresa a emoción coa que está a le-los poemas de Fiz Vergara Vilariño na edición *O mundo de Fiz* (1995), preparada por Xavier Rodríguez Barrio e Darío Xohán Cabana. Para Conde, Fiz é un grande poeta intimista e a súa poesía produce unha sensación de harmonía e unha luminosidade interior que transcende a propia aura das palabras.



_____, “De libros e autores canónicos e universais”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 24 xaneiro 1996, p. 56/p. 4.

Comenta o contido do libro de Harold Bloom, *The Western Canon (El canon occidental, 1995)*, no que non aparece Galicia no elenco da literatura canónica, aínda que si Cataluña. Neste sentido, Conde cre que en Galicia hai autores tan bos e mesmo mellores que os cataláns Joan Perucho, V. Foix e Pere Gimferrer, pero a realidade é que Bloom considera os citados autores canónicos e non ofrece nin sequera o coñecemento da existencia da literatura galega.



_____, “Das nosas referencias míticas canonizables”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 25 xaneiro 1996, p. 56/p. 4.

Reflexión a propósito da consideración de Bloom de que existen escritores cataláns canonizables, pero non galegos. Segundo o articulista, unha razón que podería explicar esta opinión sería a ausencia dunha determinación de vontade común e dunha definición de metas colectivas que poidan transformala realidade galega. Neste sentido, para Conde, a autoestima pasa pola existencia previa dun territorio mítico amplo e común, creado polo imaxinario colectivo.



_____, “As sensacións que nos provoca a lectura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 28 xaneiro 1996, p. 64/p. 4.

Referencia ó sentimento que se experimenta coa poesía xa que, para Conde, pode ser sentida, sen necesidade de erudición, por tódolos ansiosos da sensación que provoca a lectura dos poemas, proceso que fai saltar dun autor a outro e dunha emoción a outra emoción distinta.



_____, “Ese autor que todos levamos dentro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 1 febreiro 1996, p. 72/p. 4.

Admite que todos levamos un autor no noso interior e lamenta que a falta de tempo e as circunstancias non lle permiten valorar na súa xusta medida tódolos libros que lle chegan ás mans. Ó mesmo tempo, Conde denuncia a crítica benevolente de amigo á hora de xulgar un libro.



_____, “O prestixio non come, pero alimenta”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 febreiro 1996, p. 48/p. 4.

Comentario sobre a posibilidade de que o feito de que a editorial que publicou o libro de Harold Bloom, *The Western Canon (El canon occidental, 1995)*, sexa barcelonesa puidese ter influído en que se inclúsen autores cataláns na relación dos escritores canónicos propostos por Bloom. Para Conde, as industrias da cultura que os cataláns teñen montadas permítenlles influír en realidades culturais alleas ó seu propio e delimitado contorno. Así mesmo, opina que a presenza de autores cataláns no canon de Bloom favorece o prestixio da literatura catalana.



_____, “Conmóve-las fibras sensibles do espírito”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 12 febreiro 1996, p. 48/p. 4.

Conde opina que para escribir precísase talento, non escolas nin cursos. Así mesmo, di que a mercadotecnia produce “literatura bonita”, distinta da “literatura verdade”, e a diferenza entre ámbalas dúas consiste no intento de reprodución da realidade, no primeiro caso, e a conxunción das fibras sensibles do espírito, que non sempre son doadamente tanxibles, no segundo.



_____, “Hai que escoller, sempre hai que escoller”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 13 febreiro 1996, p. 48/p. 4.

Reflexión sobre a necesidade de escribir en galego buscando a musicalidade deste idioma a través da sintaxe e da fonética que lle son propias. Fronte a esta opinión, denuncia a idea de que escribir clariño consiste en redactar frases curtiñas e moi puntuadas.



_____, “O diccionario literario e trangalleiro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 18 febreiro 1996, p. 64/p. 4.

Afirma unha vez máis que o *Diccionario da Literatura Galega I* (Galaxia, 1995) lle parece “literario e trangalleiro” e considera que Galaxia xa non é a editorial galega que foi de tódolos galegos nalgún tempo.



_____, “¡Se quen eu sei erguese a cabeza un momentinho!”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 19 febreiro 1996, p. 48/p. 4.

Comentario sobre o número 127 da revista *Grial*, dirixida por Carlos Casares, que trata de desenvolver unha aproximación á narrativa galega. Refírese ás colaboracións de Pedro Hernández cun traballo sobre *Os mortos daquel verán* (1987) na traxectoria narrativa de Casares; tamén informa da colaboración de Isabel García Piqueras, Carmen Mejía Ruíz e Dolores Vilavedra.



_____, “Da libre circulación das ideas e do respecto mutuo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 20 febreiro 1996, p. 48/p. 4.

Reflexión sobre a libre circulación das ideas e do respecto mutuo entre todos aqueles que, dun extremo a outro, as profesan en liberdade. Pero denuncia, a propósito da editorial Galaxia, que un editor deixe que prime a súa condición de autor para edita-la súa propia obra na editorial que dirixe, en competencia coas do resto dos autores pertencentes ó seu propio catálogo editorial.



_____, "Os libros pra parvos ou a cultura do pequeno", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 21 febreiro 1996, p. 56/p. 4.

Comenta a "cultura fácil", ou para parvos, como son os libros peregrinos e insignificantes, os articuliños breves, etc., e considéraa empobrecedora para a cultura galega.



_____, “A cultura fácil e a inspiración dos xenios”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 22 febreiro 1996, p. 56/p. 4.

Di que a cultura fácil e breve consiste en agradecer a quen non nos vai proporcionar nada e que este tipo de produción non convén para a cultura galega, desfeita e retorta pola historia e, polo tanto, necesitada de esforzos para crear obras de arte e non textíños produto da “inspiración dos xenios”.



_____, “As maravillas do intelecto unha vez ceibado ó soño”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 24 febreiro 1996, p. 56/p. 4.

Refírese á tradución que Xesús Rábade Paredes fixo do libro *La Poesía Erótico-amorosa en el Egipto Faraónico* (1995), escolma de poemas que celebran o gozo de vivir e que foron editadas e seleccionadas por Esteban Llagostera Cuenca e publicadas na Colección Esquíu de Poesía.



_____, “Ler a destempo o que sempre se está a tempo de ler”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 10 marzo 1996, p. 64/p. 4.

Conde comenta a publicación, por parte da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia, do libro *Galicia la Inefable* (1996), de Sofía Casanova, que contén un prólogo de Juan Antonio Cánovas del Castillo, un estudio preliminar de María Rosario Martínez Martínez e unhas ilustracións de Rafael Romero Masiá. Informa o articulista que este libro amosa unha visión da metafísica da saudade e un sentido da contemplación ben distintos do realismo sucio que abunda nas novas xeracións de escritores.



_____, “Unha lembranza de Alexandre Crieiro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 18 marzo 1996, p. 48/p. 4.

Dá noticia do número 21 de *Dorna*, editado na lembranza de Alexandre Crieiro, de quen Conde salienta os poemas contidos en *A Señardá no Puño*. Tamén fai referencia ás distintas colaboracións coas que conta este número de *Dorna*, como Xosé M. Salgado, María Xosé Queizán, Méndez Ferrín, Luz Pozo Garza, Manuel María, Uxío Novoneyra, Marilar Aleixandre, etc.



_____, “Reflexións sobre os cadros de Rafael R. Masiá”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 22 marzo 1996, p. 48/p. 4.

Comentario sobre as ilustracións de Rafael R. Masiá, que acompañan ós relatos contidos no libro *Galicia la Inefable* (1996), de Sofía Casanova, editado polo goberno galego.



_____, “Pequenas lecturas para a volta á realidade”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 1 abril 1996, p. 48/p. 4.

Nova referencia ó *Diccionario da Literatura Galega I* (Galaxia, 1995), coordinado por Dolores Vilavedra. Cualifica este *Diccionario* como “mal feito” por lesionar unha xente e por esquecer outra. Tamén se refire á nova lectura que fixo de *Retorno a Tagen Ata* (1971), novela de Méndez Ferrín cun estudio previo de Antón Capelán nesta nova edición publicada por Xerais en 1996.



_____, “Unha fala pra xente serena e destemida”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 11 abril 1996, p. 56/p. 4.

Parafrasea a Goethe cando di que os alemáns só puideron comezar a emitir xuízos sobre a literatura unha vez que eles empezaron a ter unha propia, hai só catro séculos, e que o que hai de orixinal nas literaturas será mellor conservado e eloxiado se non se perde de vista ós predecesores. Conde aplica estes presupostos á literatura galega para preguntarse se realmente existe a literatura galega para poder falar dela como tal, cáles poderían se-los nomes ós que os literatos galegos máis novos se deberían remitir máis adoito do que o fan e se coa literatura galega sucede como coa alemana, na que, segundo Goethe, nada ocorreu nela por mor do estranxeiro.



_____, “Mellor estar calados que xogar co nome das persoas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 22 abril 1996, p. 48/p. 4.

O articulista, logo de ofrecer un breve perfil biográfico e humano de Luís Tosar e de cualificalo como un grande poeta, lamenta que algúns poñan en dúbida, sen fundamento ningún, o seu labor coa emigración e o seu compromiso con Galicia.



_____, “O alento poético dun meu amigo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 25 abril 1996, p. 56/p. 4.

Comenta un poemario de Emilio Peláez Casalderrey, publicado por Ediciones Brétema, con ilustracións de Jorge Castillo. Cualifica este poemario como delicioso, emocionante e conmovedor e admite que disfrutou da lectura, sen prexuízos de escola, destes versos que permanecen anónimos na maioría das ocasións.



_____, “Un país dono da súa memoria”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 9 maio 1996, p. 56/p. 4.

Conde di que cando escribiu *Memoria de Noa*, novela que foi “Premio Chitón” da narrativa galega, moveuno o afán de recupera-las palabras fermosas para reinsertalas na fala actual. Hoxe cualifica tal intento de inxenuo e de vaidoso e pensa que a riqueza das falas vai parella á riqueza dos pobos que as utilizan, de xeito que os filólogos e intelectuais, sen os políticos e os empresarios, non serán capaces de recrea-la fraseoloxía galega, nin de facer de Galicia un país próspero e dono da súa memoria.



_____, “Intuír unha resposta no silencio”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 15 maio 1996, p. 56/p. 4.

Refírese a algunhas preguntas que lle fixeron os alumnos da Universidade Pontificia de Salamanca sobre a súa produción literaria, como o valor do silencio e a presenza da auga e das fontes nas novelas de Conde.



_____, “As palabras son do pobo, son de todos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 23 maio 1996, p. 56/p. 4.

Reflexiona sobre a intervención de Ramiro Fonte, con motivo do Día das Letras Galegas do 1996. Conde está de acordo con Fonte en que xa se acabou o tempo dos escritores-redentores e salvadores da patria e das palabras, xa que as palabras son do pobo e non dos que as apresan como armas.



_____, “Queima moito o lume cultural”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 29 maio 1996, p. 56/p. 4.

Refírese ó *Boletín de información cultural galego-portuguesa*, editado pola librería Couceiro de Santiago de Compostela, onde se informa dos títulos de ensaio, narrativa e poesía publicados en galego, español e portugués.



_____, “Entrando ó trapo dos feridos da letra”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 xuño 1996, p. 64/p. 4.

O articulista lembra a súa novela *Breixo* (1990), que tiña como protagonista a un paranoico reivindicativo que se dedica a escribir cartas ós directores dos xornais, por mor dunha carta que Conde recibiu, remitida por un “ferido de pruma” que utilizaba o insulto para atacalo. Conde non está interesado en dar a coñece-lo nome deste tipo de asinantes que se dedican a descontextualiza-los parágrafos alleos para provocar conflitos localistas.



_____, “O derradeiro reducto da capacidade negativa”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 11 xuño 1996, p. 48/p. 4.

Comentario sobre unha nova revista literaria que se pregunta “qué ler” mensualmente. Para Conde, trátase simplemente dun exemplo de amarelismo xornalístico aplicado á vida dos autores para olvida-las obras escritas, que sería o verdadeiramente literario e importante. Finalmente, desexa que a citada revista non penetre na literatura galega, que a tal revista cualifica de actualmente adurmiñada.



_____, “Ler unhas liñas pra facelas verdadeiras”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 20 xuño 1996, p. 56/p. 4.

Con motivo do nomeamento de Filgueira Valverde como fillo predilecto de Pontevedra, Conde afirma a altura intelectual e universal do profesor Filgueira e celebra que a sociedade galega saiba, neste caso, valora-lo propio. Así mesmo, lembra que empezou a admirar a Filgueira cando, sendo neno, chegou a Pontevedra procedente de Ourense e coñeceu o manual de literatura escrito polo profesor, que servía de texto de estudio no bacharelato. Conde quere sumarse con este artigo á homenaxe cordial que lle tributa a sociedade galega ó chorado profesor, quen tanta memoria común leva transmitido a través do seu traballo.



_____, “O que debería ser valor integrador dos símbolos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 xullo 1996, p. 56/p. 4.

O articulista cualifica de fermoso e intelixente o discurso ofrecido por Manuel Sánchez Salorio con motivo da entrega que se lle fixo da “Medalla Castelao”. Conde lembra a mensaxe de Sánchez Salorio cando dixo que Castelao é un símbolo e que, como tal, ten unha función integradora, de xeito que Castelao pertence a tódolos galegos e viceversa.



_____, “Non é o mellor momento da nosa cultura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 24 xullo 1996, p. 48/p. 4.

Conde móstrase en desacordo cos que pensan que se está a vivir-lo mellor momento da cultura galega e que a arte e a literatura galegas contemporáneas son tan excelentes que constitúen un punto de referencia.



_____, “Inflación artística”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 26 xullo 1996, p. 48/p. 4.

O articulista pensa que en Galicia dáse, no momento actual, unha inflación artística, é dicir, que o valor real dos artistas é inferior ó seu valor aparente. Tamén di que esta circunstancia afecta á literatura, de xeito que se editan libros que teñen como maior e único mérito literario o de estar escritos en galego e que o que a miúdo se presenta como modernidade non é máis que impotencia creadora.



_____, “Escritores, labregos das palabras”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 27 xullo 1996, p. 48/p. 4.

Alfredo Conde fai un paralelismo entre os labregos e os escritores, de xeito que, así como os intermediarios se enriquecen a costa dos primeiros, así tamén os editores, os axentes de vendas, os libreiros, os distribuidores, etc., fan periga-lo mundo literario e a dignidade do escritor.



_____, “Pequeno o desexo, cativa a ansia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 29 xullo 1996, p. 48/p. 4.

O autor di que o oficio de escribir novelas é duro, despiadado e escasamente agradecido. Tamén afirma que houbo un tempo recente no que escritores prolíficos acometérono todo, dende o ensaio ata a novela, dado que nada estaba feito e todo era necesario. Conde preguntase, así como eses autores se chamaron a si mesmos “os inadaptados”, cál será o nome que se utilice no futuro para os escritores de hoxe, e propón “os atravesados”, e preocúpanlle os autores para os que o mellor é que nunca pasa nada, á vez que pretenden un país feito á súa altura, isto é, pequeno.



_____, “Traduttore, tradittore”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 agosto 1996, p. 56/p. 4.

Comenta o traballo de Kathleen March, “Compromiso e ética da traducción”, aparecido no número 14 do *Boletín Galego de Literatura*, correspondente ó segundo semestre de 1995, e opina que dito traballo é claro, contundente e rigoroso. Segundo Conde, as traduccións deben enriquece-la fala literaria galega na medida do preciso, xa que se trata de forzar tódolos rexistros da fala ata os seus límites.



_____, “Demasiados xenios e menos xente traballadoriña”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 9 agosto 1996, p. 48/p. 4.

Opina que facer crítica literaria e traducción son responsabilidades que non se poden delegar nas mans dos espontáneos e dos entusiastas que ignoran que ámbalas dúas disciplinas son a historia das ideas e da imaxinación humanas, no marco das condicións que a determinan, tal e como explican Edmund Wilson, a propósito da crítica literaria, e Kathleen March, con respecto á traducción.



_____, “O galego como total instrumento de cultura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 22 agosto 1996, p. 56/p. 4.

Conde pensa que se pode facer cultura galega, non só en galego, senón tamén en castelán ou en calquera outra lingua, sempre e cando non renunciar ó castelán non implique rexeita-lo galego, xa que só renuncian á riqueza cultural os que están cheos de miseria cultural. Por outra banda, e a pesar do dito, o articulista recoñece que ningunha realidade ontolóxica é para os galegos tan acadable e doada de asumir como cando se expresa na lingua galega.



_____, “Folleando como Deus manda”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 27 agosto 1996, p. 48/p. 4.

Comenta o tratamento que se fai dos artistas galegos no *Diccionario de las vanguardias en España* (1995), editado por Alianza. Por un lado, alégrase de que aparezan nomes galegos como os de Vicente Risco, Álvaro Cunqueiro, Carballo Calero, Blanco Amor, Castelao, etc. como parte integrante das vangardas pero, por outra banda, lamenta que se incida máis nas súas adscricións político-ideolóxicas que nas actuacións vangardistas nas que sustentaron as súas obras.



_____, “Tres representacións únicas do mundo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 agosto 1996, p. 56/p. 4.

Valoración negativa da novela de Claude Mossé, *A xudía do Papa*. Considera que, aínda que estea ben escrita dende o punto de vista formal, esta novela está excesivamente chea de tópicos. Para Conde, Mossé é un historiador importante, pero un novelista impertinente.



_____, “De todo hai no vizoso eido que rodea o Parnaso”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 setembro 1996, p. 48/p. 4.

Comenta a lectura de “Unha modesta proposición pra protexer á mocidade fronte ós produtos da poesía”, de Hans Magnus Enzensberger, para quen a convicción de que un poema pode gozar de poderes ocultos e aleivosos está moito máis arraigada nas mentes progresistas que nas conservadoras. Conde está a favor desta opinión e argumenta que as dictaduras de esquerda esixen ó poeta que se manifeste a favor do réxime. Tamén di que prefire a división entre poesía boa e poesía mala, e non entre “poesía progre” e “poesía carca”, que de todo hai “no vizoso eido que rodea o Parnaso”.



_____, “Máis escritores que lectores”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 5 setembro 1996, p. 56/p. 4.

Lamenta que en Galicia poida acadar-la condición de escritor practicamente calquera que teña publicado algo, mentres que calcula que o número de lectores (os que, para Conde, son aqueles que disfrutan cun libro como se bebesen un bo viño) non pasa de tres ou catrocentos en Galicia e de cinco mil en España. Deste xeito, chega á conclusión de que, en Galicia, posiblemente hai máis escritores que lectores.



_____, “O amor polo noso país e pola nosa lingua”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 6 setembro 1996, p. 64/p. 4.

Comenta a débeda de gratitude que os escritores actuais galegos teñen contraída cos escritores galegos de América, xa que a lingua e a cultura galegas dependeron deles durante un longo período de tempo entre os séculos XIX e XX. Conde propón que, xa que eles escribiron, editaron e cuidaron da lingua que hoxe se manexa en Galicia, sería bo organizar un encontro en Galicia deles e dos escritores de aquí. Por último, propón para atender dende alá ó tal chamado a Rodolfo Alonso, autor de *Tango del gallego hijo*, libro publicado por Edicións do Castro en 1995.



_____, “A dourada e esmorecida luz das nosas letras”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 10 setembro 1996, p. 48/p. 4.

Pregúntase se a actual literatura galega se achega ou se afasta da modernidade, do progreso e da contemporaneidade. Así mesmo, compara a relación dalgúns escritores coas súas linguas co estado matrimonial e, por iso, se trata dunha relación que conleva praceres e infortunios, bos e malos días.



_____, "Pecar pouco, pero ben e a conciencia", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 11 setembro 1996, p. 48/p. 4.

Opina que non se pode pretender un único modelo de escritor galego con respecto á fala, xa que o galego é unha lingua vella, dialectalizada e deteriorada. Logo utiliza a imaxe do matrimonio para compara-la relación entre os escritores e as linguas e móstrase en desacordo coa busca do consorte perfecto e monógamo, no caso concreto de Galicia.



_____, “O conflito da memoria transmitida”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 13 setembro 1996, p. 48/p. 4.

Refírese á súa obra *Breixo* (1990), na que argumentaba que o recordo do soñado é tan real coma o recordo do vivido e que, nesa distancia establecida polo tempo que transcorre dende que se vive ou se soña radica a súa identidade e veracidade. Tamén comenta que *Sempre me matan* (1995), concibe os recordos como as propias experiencias que non sempre han ter que casar coas que nos chegan da man da memoria. Para Conde, novela-los conflitos é o soño de calquera escritor recoñecedor da débeda que sempre se ten establecida coa memoria.



_____, “A súa sombra, sostén da cultura galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 14 setembro 1996, p. 48/p. 4.

Dedicatoria a Don Xosé Fernando Filgueira Valverde, no día do seu enterro. Conde desexa que Filgueira siga servindo de sostén á cultura galega que el serviu durante toda a súa vida. Finalmente, di que con el se esgota a corrente polígrafa deste século en Galicia.



_____, “Senllas homenaxes a dous poetas mortos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 26 setembro 1996, p. 56/p. 4.

Comenta as homenaxes *post-mortem* dedicadas a Filgueira Valverde e a Avilés de Taramancos. Para o articulista, neste tipo de actos hai pouca grandeza e si hai algunha miseria, dado que mellor sería homenaxear ós poetas en vida e divulgar e le-los seus poemas.



_____, “Envexa dos bos e poucos poetas que conmoven”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 27 setembro 1996, p. 64/p. 4.

Partindo da base de que bos poetas hai poucos, Conde comenta os libros de versos que está a ler no momento de redactar este artigo. O primeiro a tradución das *Rubáiyat* (1996), de Omar Khayyám, feita por Plácido Castro dende a tradución primeira de Edward Fitzgerald, editada en galego e en inglés por Antonio R. de Toro Santos. Considera que esta edición é moi exacta e precisa, pero prefere a vella edición de Losada xa que, a pesar de que contiña imperfeccións, eran tan oportunas que dotaban ós versos blancos da levidade da que carecen os da versión que está a ler. O segundo libro ó que se refire é *Om* (1996), de Antonio R. López, publicado por Espiral Maior que, na súa opinión, contén versos cheos de forza e de verdade.



_____, “A mágoa dun país que queda sen poetas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 29 setembro 1996, p. 56/p. 4.

Opina que nun país sen poetas faltan as palabras e non se poden construír soños, logo de criticar os métodos de diversión que empregan os mozos e as mozas da Galicia actual, que por mor da droga están a iniciar o camiño dunha depresión que ha chegar á volta duns anos.



_____, “Polo que paga a pena le-la Revista das letras”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 2 outubro 1996, p. 48/p. 4.

Refírese ó suplemento cultural número 127 de *O Correo Galego*, onde se informa das edicións de autor dos libros *Pornografía* (1995), de Lupe Gómez Gómez, e *Sobre a vellez* (1995), de Cicerón. Conde salienta que estes dous libros, editados polo Goberno de Galicia, supoñen dúas edicións oficiais realizadas para un país que pode empezar a soñar con selo.



_____, “Aquel drama dos meus días primeiros”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 outubro 1996, p. 72/p. 4.

Salienta a profesionalidade dos actores Xosé M. Oliveira e Andrés Pazos na posta en escena de *Nouturno de medo e morte* (1996), de Antón Villar Ponte, baixo a dirección de Quico Cadaval. Non ofrece unha valoración tan positiva de *Xinetes para o mar* (1996), de John Millington Synge.



_____, “Recupera-lo sentido do transcendente”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 outubro 1996, p. 48/p. 4.

Comenta que os textos de Villar Ponte e de J. M. Synge que está pondo en escena o Centro Dramático Galego baixo a dirección de Quico Cadaval, recuperan o sentido do trascendente, ó voltar a situacións, paisaxes, costumes, hábitos e estéticas de antano.



_____, “Poñendo as cousas todas nos seus sitios”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 outubro 1996, p. 4/p. 4.

Refírese á presentación do *Catálogo da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena*. Conde desexa que o teatro galego e en galego, siga o seu camiño ascendente, a pesar da actitude persoal dalgúns actores que pasan o día esbardallando consignas e denuncias.



_____, “Erros posibles e doadamente subsanables”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 12 outubro 1996, p. 88/p. 4.

Logo de celebrar que Anxo Tarrío pasase a formar parte da “Academia Porteña del Lunfardo”, lamenta que o profesor Tarrío aínda non sexa membro da “Real Academia da Lingua Galega”. Opina que os académicos que entenden o progresismo e o compromiso co país máis a partir do traballo que da monotonía das declaracións citadas, son os que deben integrar a xentes como Tarrío canto antes.



_____, “Procurar vender fóra a nosa realidade”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 16 outubro 1996, p. 48/p. 4.

Conde constata que a actualidade e as referencias de Galicia non se conforman con nomes galegos. Logo de pór como exemplo que os nomes de Antonio Gala ou de Terenci Moix son máis coñecidos que o do lugués Lois Diéguez, conclúe que os literatos, filósofos, ensaístas, científicos, cineastas e pintores galegos configuran unha realidade allea na súa propia terra. Finalmente, asume como actitude comprometida a de teimar a fondo, para axudar a conforma-lo soño e maila esperanza.



_____, “Sempre hai un descosido pra un roto”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 23 outubro 1996, p. 48/p. 4.

Comenta brevemente que non lle satisfacen os poemas de Chimborska e pregúntase se será cuestión dunha mala traducción. Tamén fai unha rápida referencia a unha edición especial da revista literaria “Oficio de Palabras” sobre a feira do libro da Coruña, onde leu que el mesmo é o escritor galego máis premiado.



_____, “Emoción e pensamento teñen que ir da man”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 novembro 1996, p. 48/p. 4.

Refírese á tradución que Xosé Carballude e Xosé María Liñeira fixeron no 1995 das obras de Cicerón *Sobre a vellez* e *Sobre a amizade*, no marco da colección “Clásicos en galego”, editada polo servizo de publicacións da Xunta de Galicia e dirixida polo doutor Díaz e Díaz. Considera Conde a lectura dos clásicos unha necesaria cura de humildade.



_____, Remata-lo lastre que deixou a historia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 novembro 1996, p. 48/p. 4.

Reflexión sobre a cuestión das subvencións e dos convenios no tocante ó mundo editorial, no sentido de que estas axudas son necesarias para que unha concepción do mundo non se esvaeza e para que un país remonte, aínda arrastrando o lastre que lle deixou a historia.



_____, “O milagre dun libro editado na nosa lingua”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 6 novembro 1996, p. 48/p. 4.

Logo de ofrecer un perfil dos posibles tipos de editores e das súas variadas pretensións, Conde opina que todos eles son necesarios porque fan posible a publicación de libros en galego. Deste xeito, cre que non debe desaparecer ningunha editorial nin as subvencións que as fan posibles.



_____, “Política editorial e subvencións públicas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 novembro 1996, p. 56/p. 4.

Salienta o labor do goberno galego que, por medio das subvencións que concede, fai posible a edición de libros. Tamén apunta que se se dá unha edición indiscriminada de textos, non é responsabilidade de quen subvenciona, senón de quen non establece a política editorial que a subvención fai posible.



_____, “A tiranía da mediocridade”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 11 novembro 1996, p. 48/p. 4.

Comeza referíndose a un artigo de Anxo Tarrío, no que se dá conta de cinco xeracións de escritores galegos dende 1900 ata 1975. Conde aprecia que o número de escritores é escaso na última xeración (os nados entre 1960 e 1975) e opina que podería ser responsabilidade da actitude dos membros da xeración inmediatamente anterior, na que a mediocridade non sabía respecta-la competencia.



_____, “Unha fermosa e pura hipótese de traballo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 17 novembro 1996, p. 64/p. 4.

Comentario sobre a obra *Ruído* (1995), de Miguel Anxo Murado, libro que Conde cualifica de insólito e inhabitual, que trata o tema da guerra con proximidade, ó mesmo tempo que describe o comportamento humano e as súas miserias dende a comprensión e a piedade, recordando que a racionalidade humana non é máis que unha fermosa e pura hipótese de traballo.



_____, “Todos somos sacerdotes dalgunha igrexa estraña”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 decembro 1996, p. 56/p. 4.

Pregúntase brevemente se facer literatura galega é escribir en galego e conclúe que é ben máis ca iso, que do que se trata é de cousas que apousan na ánima e non só nas palabras, xa que a patria do escritor é sempre a liberdade.



_____, “Amo esta vella fala reencarnada en si mesma”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 decembro 1996, p. 48/p. 4.

Recolle a polémica de se se debe escribir clariño ou complicado, sinxela ou retorcidamente, utilizar palabras antigas ou castelanizar aínda máis o galego.



_____, “En Ferrol tódolos soños son posibles”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 9 decembro 1996, p. 48/p. 4.

Conde felicita á cidade de Ferrol por tódalas iniciativas culturais que amosa, entre as que se encontra a revista literaria “Poesía Galicia”, que xa conta con 13 números publicados.



_____, "O fermoso discurso de Novoneyra ós novos autores", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 13 decembro 1996, p. 48/p. 4.

Refírese ó discurso que lle ofreceu Uxío Novoneyra ós novos escritores, onde dixo que a literatura nunca debe chegar á violencia nin é unha competición na que se vaia triunfar sobre ninguén. Conde móstrase de acordo con Novoneyra e pensa que o escritor só compite consigo mesmo e que ese é o único xeito de poder descubrir algo.



_____, “O censo dos malos que o faga outro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 16 decembro 1996, p. 48/p. 4.

O articulista afirma que non lle gusta facer crítica negativa sobre os libros que le, xa que respecta demasiado o feito de deixar constancia de si en papel impreso. Así mesmo, confesa que sente preferencias por escritores como Xosé Cermeño, Miguel Anxo Murado, Xavier Alcalá e Vázquez Pintor, entre outros.



_____, “Unha de caníbales (interxeneracionais)”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 22 decembro 1996, p. 64/p. 4.

Lembra de novo o discurso de Uxío Novoneyra, no que dicía ós escritores novos que a literatura non debe ser violenta. Conde pregúntase ónde están os novos escritores e por qué non saen os seus libros.



_____, “Eu fun sempre un desxeracionado”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 23 decembro 1996, p. 46/p. 4.

Conde opina que algúns escritores escriben pouquiño e mal, rápido, irreflexivamente e sen moito esforzo. Di que, aínda que hai moita máis xente desta da desexable para unha literatura como a galega, tamén di que hai xoves valores como Eduardo Estévez e Rafa Villar.



_____, “Torrente, o gran creador dos mitos atlánticos”, *O Correo Galego/O Correo Galego*, “Os outros días”, 24 decembro 1996, p. 48/p. 4.

Dá noticia dunha homenaxe a Torrente Ballester, o grande creador dos mitos atlánticos e literarios, celebrado no instituto Eusebio Da Garda, na Coruña. Conde salienta a presenza de escritores galegos no acto, especialmente as de Víctor F. Freixanes e X. Alcalá.



_____, “Memorias dun tempo e dunha terra”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 29 decembro 1996, p. 64/p. 4.

Comenta que participou nunha homenaxe a Xosé María Castroviejo, en Paizás (Vedra), onde Carlos Casares e Diego Bernal ofreceron senllos discursos. Así mesmo, di que a lectura de *Memorias dunha terra* (1985), de Castroviejo, nos devolve os momentos dun tempo pasado e as paisaxes que se foron e xa son posibles nos libros ou nos soños.



Conde, Isidro, “Generación de ‘La Noche’”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
4 febreiro 1996, p. 3.

Isidro Conde lembra o xornal santiagués *La Noche* e o seu suplemento dos sábados, “Arte y Letras”, no que Borobó acolleu ós que en diante foron coñecidos co nome de “Generación de *La Noche*”, interesados en tódolos actos culturais que tiñan lugar en Santiago, segundo demostran as mesmas páxinas do xornal. Menciona entre os acontecementos máis relevantes da Compostela daqueles anos os “Juegos Minervales”, os “Coloquios sobre poesía” da Facultade de Filosofía e Letras, ou o Premio de Teatro Galego Castelao.



Costa, Xosé María, “A ledicia de ler”, *Faro de Vigo*, “Faro das Letras”, nº CXII, “Tribuna de Opinión”, 20 xaneiro 1996, p. 4.

Comentario sobre a sensibilidade e o gusto en materia de lectura. O articulista cre que hai textos, de recoñecido prestixio, que poden non chegar a un lector determinado e que, neste caso, é mellor abandonalos definitiva ou temporalmente. Considera que é “profundamente inadecuado, é dicir, pedagóxicamente ineficaz, amén de escasamente alentador, aguantar con estoica resignación as ocorrencias de calquera escritor, por inmellorables que sexan as súas referencias, cando non se sente unha reacción especial ante as palabras ou as ideas ofrecidas polo autor, cando o que se le non compensa suficientemente o tempo empregado”.



Costa Clavell, Xavier, “Pura Vázquez”, *O Correo Galego*, “Cousas da Terra”,
6 febreiro 1996, p. 4.

Fai referencia a tres obras da poeta ourensá Pura Vázquez tituladas *Poesía de Pura Vázquez* (1995), *Man que escribiu no mar* (1993) e *Orballa en tempo lento* (1995). Céntrase, neste breve comentario, no titulado *Poesía de Pura Vázquez*, un conxunto de poemas “de fonda vibración galega, ben belidos”.



_____, “Rivas, ese monstru”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 24 marzo 1996,
p. 4.

Comentario eloxioso sobre Manuel Rivas e a calidade da súa escrita, tanto na narrativa coma no artigo xornalístico. Refírese tamén ó seu libro de relatos *¿Que me queres, amor?* (1995), Premio Torrente Ballester, que presenta unha “unidade lírica, traspasada polo vento morno da evocación”. Salienta a modernidade da prosa e a creación dun mundo narrativo propio que o identifica. Cualifica como “delicias narrativas” algúns dos relatos entre os que cita “Un saxo na néboa”, “A lingua das bolboretas”, “¿Que me queres, amor?”, “A leiteira de Vermeer” ou “Conga, conga”.



_____, “Desaparece *Hora de poesía*”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 3 abril 1996, p. 2.

Lamenta a desaparición da revista catalana *Hora de Poesía* no seu número 100. Lembra a súa presentación no 1979 por Jaime Gil de Biedma, así como a apertura cara á outras literaturas. Entre os seus colaboradores, ademais de Caballero Bonald, César Antonio Molina ou Félix Grande, o articulista sinala que el mesmo participou na súa fundación e publicou críticas de poetas galegos.



_____, “O capitán Lobo Negro”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 1 maio 1996,
p. 2.

Comentario sobre *O capitán Lobo Negro* (1995), un conxunto de 14 narracións de Xesús Manuel Valcárcel, galardoado co Premio da Crítica 1995 de narrativa galega. Destaca a prosa suxestiva, a presentación orixinal, a brevidade e a ambigüidade mesturada coa realidade, como características dos contos. Así mesmo lembra o paso do autor polo colectivo “Cravo Fondo”, xunto a outro dos galardoados neste Premio no apartado de poesía, Ramiro Fonte.



_____, “Lois S. Pereiro”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 5 xuño 1996, p. 3.

Artigo dedicado, dende a admiración, a Lois Pereiro trala súa morte por causa dunha enfermidade. Comenta o valor da súa obra poética e os seus poemas “lúcidos, valientes, estremecedores”. Sinala que estas composicións de Pereiro lembran a Avilés Vinagre cando tamén estaba a punto de morrer.



_____, “Cómo escribir un artigo”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 18 xuño 1996,
p. 3.

Apunta algunhas das características que, na súa opinión, debe ter un artigo. Señala, entre outras, a brevidade, a adxectivación precisa, a concisión, a claridade, o humor, a ironía, a amenidade e a necesidade de adaptación ós lectores do xornal para o que se escribe. Recoñece como modelos a seguir a Mariano José de Larra, no século XIX, e a Julio Camba, no XX. Cre ademais que o artigo debe ser un pequeno ensaio que poida ser lido en calquera momento sen perde-la súa validez.



_____, “Luz Pozo, na Academia”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 24 xullo 1996,
p. 3.

Saúda o nomeamento de Luz Pozo Garza como membro numerario da Real Academia Galega, substituíndo o baleiro de Antón Trapero Pardo. O articulista fai un percorrido pola traxectoria literaria da escritora de Ribadeo e menciona *O paxaro na boca* (1952), a súa primeira obra en galego, *Verbas derradeiras* (1975) e *Códice calixtino* (1986). Destaca como riscos característicos da súa poesía “a dor, a morte, o desamor, a angustia, valéndose do simbolismo para artellar unha fermosa e fonda reflexión sobre estes temas”. Salienta tamén a súa produción no eido do ensaio e do artigo.



_____, “Noia e a memoria de Avilés Vinagre”, *O Correo Galego*, “No Faiado”,
21 agosto 1996, p. 2.

Con motivo dunha visita a Noia, Costa Clavell lembra a Antón Avilés Vinagre e as conversas que ambos mantiñan na súa taberna. Dedicada tamén unhas palabras ó seu derradeiro libro, escrito cando xa lle chegaba a morte e á súa vida en Hispanoamérica e na Coruña, onde compartiu amizade co pintor Urbano Lugrís.



_____, “Eliseo Alonso”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 27 novembro 1996, p. 3.

Artigo dedicado á memoria de Eliseo Alonso. O articulista realiza un percorrido pola súa obra, salientado os seus títulos máis significativos: o poemario *Seara de romances* (1952), as narracións de *Contos do Miño* (1955) ou a novela *A rúa do noxo* (1977), entre outras. Sinala tamén as súas actividades en Buenos Aires, onde participou como redactor en *La Prensa* e fundou *Mundo Gallego*. No terreo persoal, Costa Clavell comenta o grande golpe que supuxo a morte dun dos seus mellores amigos.



_____, “Manolo Rivas”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 16 decembro 1996, p. 3.

Semblanza de Manuel Rivas, un “joven sencillo y tímido” en opinión do articulista, que continúa mantendo a mesma actitude a pesar dos moitos éxitos e recoñecementos que está a obter. Costa Clavell salienta a súa creatividade “asombrosa” e cre que “es el Cunqueiro de este tiempo”, no que se refire á súa fecundidade literaria e á mestría da súa prosa, que consegue seducir ós seus lectores.



Costa Dávila, Emilio, “Carlos Casares y el IEV”, *La Voz de Galicia* (Edición de Valdeorras), 30 outubro 1996, p. 42.

Dende o Instituto de Estudos Valdeorreses felicítase a designación de Carlos Casares como presidente do Consello da Cultura Galega. Emilio Costa destaca a erudición oral e intelectual do escritor, vello amigo do IEV e orgullo da comarca de Valdeorras, e di que lle dedicou un breve poema publicado nun dos cadernos do IEV. Sinala ademais que espera contar pronto coa presenza do escritor no novo local da entidade.



Couselo, Xosé M., “Fonseca’ de *La Noche*”, *O Correo Galego*, “Poio do alén”,
1 febreiro 1996, p. 6.

Lembranzas persoais sobre o significado do xornal santiagués *La Noche*. O articulista refírese á súa primeira colaboración nesta publicación, unha entrevista que Borobó lle publicou. Refírese ás dificultades económicas do xornal e ó cambio que supuxo a entrada como accionista do *Faro de Vigo*. Xosé M. Couselo di que daquela pasou a ter unha sección chamada “Fonseca” dedicada á vida universitaria.



_____, “*La Noche, no baúl*”, *O Correo Galego*, “Poio do alén”, 2 febreiro 1996,
p. 6.

Repasa a traxectoria do xornal *La Noche* e sinala como o 30 de xaneiro de 1946 deixa de publicarse *El Compostelano* para dar paso ó día seguinte a *La Noche*, un xornal do que acadaría unha grande sona o “Suplemento del Sábado” de “contido económico e literario”, que rematou en 1950. Menciona así mesmo, a fusión de *La Noche* con *El Correo Gallego* que se produce o 1 de decembro de 1967.



_____, “Carles Riba e Pepita Vila”, *O Correo Galego*, “Poio do alén”, 24 abril 1996, p. 6.

Percorrido pola experiencia da alofonía de Carles Riba, xa estudiaada por Alonso Montero. Sinala como Riba comezou a escribir en galego trala lectura de Rosalía, en 1911, e despois de establecer unha relación con Pepita Vila, unha muller que aínda que naceu en Barcelona tiña ascendencia galega e pasou longas tempadas en Galicia. Así mesmo, Riba tivo unha presenza importante en Galicia: asistiu en 1954 ó IIIº Congreso de Poesía en Santiago e mantivo contactos con Álvaro Cunqueiro. Despois da morte de Pepita Vila, os seus herdeiros permiten a publicación dos poemas en galego.



_____, “Cabodano por Cribeiro”, *O Correo Galego*, “Poio do alén”, 2 maio 1996,
p. 6.

Semblanza de Alexandre Cribeiro, homenaxeado no número 21 da revista *Dorna*. O articulista lembra o seu paso pola Escola de Cinematografía de Madrid, a súa participación en “Brais Pinto” e a súa faceta televisiva. Sinala que a verdadeira vocación de Cribeiro era o mundo da imaxe e do cine pero ante a imposibilidade de desenvolvela, expresou a súa sensibilidade nos versos publicados en *A seña do puño*, o seu “testamento poético-político”, do que aparece unha selección no número 21 de *Dorna*.



_____, “Homenaxe a *Galeuzca*”, *O Correo Galego*, “Poio do alén”, 7 maio 1996,
p. 6.

Fai un percorrido pola historia da revista *Galeuzca*, “empresa de exiliados galegos, bascos e cataláns”, nacida en Buenos Aires. O seu primeiro número apareceu en agosto de 1945 e o derradeiro, en xullo de 1946. Sinala tamén a aparición do traballo de Alonso Montero, *Antoloxía posible* (1976) no que afirma que en *Galeuzca*, a lingua empregada, o castelán, funciona como interlingua de comunicación e de achegamento ás ideas non centralistas. Couselo comenta tamén que en *Galeuzca* apareceron traballos dos galegos Alonso Ríos, Castelao, Núñez Búa, Portela Valladares e Rodolfo Prado.



_____, “Paz Andrade”, *O Correo Galego*, “Poio do alén”, 28 maio 1996, p. 6.

Reivindica que se lle dedique o Día das Letras Galegas de 1997 a Valentín Paz Andrade, “un profesional do dereito, experto en pesqueiras, economista, periodista, poeta, escritor, político, crítico literario e home de empresa”, xa que o próximo ano se cumpren dez anos da súa morte. Cita tamén algúns dos títulos da súa obra ensaística así como o poemario *Pranto matricial* (1954).



Chao, Nacho, “A sombra impresionista”, *El Mundo*, “Biblioteca”, 28 abril 1996,
p. 4.

Comentario sobre *O gato branco* (1995), de Vicente Araguas. O articulista salienta a súa estrutura que se articula sobre o xogo da memoria do amor ata chegar á “resignada renuncia e despedida do amor próximo”. Destaca tamén as referencias musicais, a simboloxía da sombra e do gato-can e o impresionismo da linguaxe, que se mostra dende o título, tomado dun cadro de Edouard Manet. Os versos de Araguas adquiren un significado pleno dende o final do poemario, no que se incide na “constante persecución da desexada sombra da amante”.



Díaz Fernández; José María, “Su pluma por Santiago”, *El Correo Gallego*,
28 abril 1996, p. 4.

Louvanza de Filgueira Valverde, do que salienta o seu pensamento receptivo, a súa aprendizaxe constante que o levan a “ser no un venerado maestro o un anciano sabio, sino un continuo estudiante”. Refírese tamén á súa paixón polo Apóstolo e ó empeño constante da súa pluma por Santiago.



Díaz Pardo, Isaac, “Por que desapareceu o Partido Galeguista”, *La Voz de Galicia*, 10 xaneiro 1996, p. 28 e p. 75.

Isaac Díaz Pardo fai un percorrido pola xénese e evolución das ideas galeguistas. Sitúa os antecedentes en Murguía, coa publicación de *Os Precursores*, e en Brañas. Fala da importancia da creación das “Irmandades da Fala”, do grupo “Nós”, do S. E. G. e especialmente do Partido Galeguista no 1931, do que dá unha ampla nómina de colaboradores. Detense en comenta-la situación que viviu o galeguismo na posguerra, coa importante actividade desenvolvida por Castelao no exilio, e o progresivo afastamento do galeguismo interior, representado por Ramón Piñeiro. Describe a fracasada tentativa de reconstruí-lo Partido Galeguista coa chegada da democracia. Finalmente, avoga polo rexurdimento dun novo P. G., defensor dos intereses de Galicia e aberto a Europa, “sen as presións que soportou o vello”.



_____, “¿Que é eso da cultura?”, *La Voz de Galicia*, “Crónicas inconformistas de fin de século”, 7 febreiro 1996, p. 30.

Reflexión sobre o concepto amplo e global de cultura, mergullado na realidade e nas capacidades do home para mellora-la sociedade, fronte ó culturalismo, “un afán de cultura que non pase dos libros, dos arquivos, dos museos”. Comenta o abuso que se fai dos termos “cultura galega” e “entidades culturais”, así como a busca de identidade que pretenderon os estudiosos do XIX cando iniciaron a achega ós valores culturais de Galicia.



Diéguez, Lois, “O ‘Gran Teatro’ de Lugo”, *A Nosa Terra*, nº 726, “Guieiro Cultural”, 16 maio 1996, p. 21.

Condea abertamente a perda do Gran Teatro de Lugo, polo seu valor arquitectónico e polo seu bo emprazamento para o teatro e outras actividades culturais, fronte ó “incómodo, mal construído e, por riba, alonxado do centro da cidade”, Auditorio Gustavo Freire.



_____, “Ese río que nos leva”, *A Nosa Terra*, nº 737, “Guieiro Cultural”, 1 agosto 1996, p. 21.

Reflexiona sobre o prexuízo que o denominado “bilingüismo harmónico” está a facer sobre a literatura e sobre a inexistente normalización cultural. Acusa tamén a aqueles escritores que se aproveitan do galego e do español, porque non pensan nas consecuencias negativas que ocasionan ós lectores en galego e á literatura galega.



_____, “Labres libros libres”, *A Nosa Terra*, nº 741, “Guieiro Cultural”, 29 agosto 1996, p. 21.

O articulista diríxese ó lector recomendándolle que non se deixe guiar polas opinións dos críticos e os seus “prexuízos” e tecnicismos e que elixa el mesmo o que quere ler. Cre que o lector debe se-lo protagonista.



_____, “Sobre mitos e lendas”, *A Nosa Terra*, nº 745, “Guieiro Cultural”,
26 setembro 1996, p. 21.

Lois Diéguez cre que cómpre valora-la nosa propia tradición de mitos e lendas e apunta que moitos dos nosos escritores investigaron sobre a nosa tradición como Risco, Castelao, Otero Pedrayo ou Cunqueiro. Da produción actual destaca dúas obras que seguen esta liña, *O Miño canle de luz e néboa*, de Manuel María no que “asistimos á mitoloxía da auga” e *Confusión e morte de María Balteira*, de Marica Campo, onde aparecen personaxes populares “traídas, contra o sentido folclorizante e negativo tan sovado, ao seu verdadeiro ser popular”.



_____, “Editoriais pequenas”, *A Nosa Terra*, nº 753, “Guieiro Cultural”,
21 novembro 1996, p. 21.

Lois Diéguez reivindica a presenza no panorama cultural galego das pequenas editoriais, canle que asegura a publicación das obras de todos aqueles que non se atopan “nos circuitos do cazo oficialista”. Asegura que estas empresas son as que manteñen un espírito “aberto, galego e democrático” e propón, antes da súa desaparición, a súa fusión nunha soa.



_____, “Criadores, lectores e outras correspondencias”, *A Nosa Terra*, nº 757, “Guieiro Cultural”, 19 decembro 1996, p. 21.

Denuncia a presenza dunha “censura pública” que leva sempre os mesmos creadores ós centros de cultura e que impide un contacto puro de tódolos escritores co seu público, unha experiencia “grata” se se favorecera un diálogo enriquecedor entre ambas partes, o que se conseguiría, na súa opinión, coñecendo e traballando as obras do escritor elixido para o contacto cos lectores.



Domínguez Prieto, X. M., “A perda do sentido do real”, *Atlántico Diario*,
“De saída”, 30 maio 1996, p. 64.

Con motivo da asistencia a un recital poético do Grupo Dolmen o Día das Letras Galegas, o articulista reflexiona sobre a necesidade de disfrutar da poesía e doutros pequenos momentos, necesarios para recupera-lo sentido do real.



Dourado Deira; M., “Castelao, literato”, *O Correo Galego*; “Ardentía”, 27 xaneiro 1996, p. 2.

Lembra os actos de conmemoración do 110 aniversario de Castelao levados a cabo na “Semana de Castelao” en Rianxo. Considera que tódolos encontros ó redor da súa figura deben servir para sacar proveito da obra e da vida de Castelao e afirma que, na súa opinión, “a mellor homenaxe que se lle pode render a Castelao é ler e asimila-la mensaxe da súa obra para que, co deleite, nos sirva de forza inspiradora na comprensión cabal de quén somos e de cómo debemos ser no presente se queremos ter un porvir de noso”. Resalta a validez da súa obra e dos seus personaxes, xa que neles latexa un profundo sentir de Galicia e dos galegos.



_____, “Penélope na Terra Chá”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 17 febreiro 1996,
p. 2.

Comentario do articulista trala lectura simultánea de dous libros: *Nimbos* (1961), de Xosé María Díaz Castro e o estudo crítico sobre dita obra, *A ascensión dun poeta* (1995), de Alfonso Blanco Torrado, Premio Ánxel Fole, 1995. Considera que ambas obras son complementarias, “de tal xeito que se *Nimbos* constitúe a aureola de luz da obra consumada dun poeta total, *A ascensión dun poeta* vén se-lo prodixioso proxector deses nimbos”. Salienta do estudio, o coidado e a precisión sobre tódolos aspectos, tanto o biográfico coma o creativo, a linguaxe transparente e a claridade expositiva nos temas fundamentais para Díaz Castro: “a Poética, a Relixión, a Natureza, a Terra e Galicia”, e considera a posible actualización do verso de “Penélope” ante a situación actual de Galicia: “Un paso adiante i dous atrás, Galicia”.



_____, “Antón Avilés: sementeira de compromisos”, *O Correo Galego*,
“Ardentía”, 23 febreiro 1996, p. 2.

Carta dirixida a Antón Avilés de Taramancos con motivo do 4º cabodano da súa morte. Nela lembra os esforzos do poeta por facer de Noia unha vila preocupada pola cultura e como moitos dos que buscaban un compromiso serio con Galicia e pretendían unha liberdade crítica no pensamento, hoxe mudaron os seus propósitos, sen ter en conta as súas ideas sobre a importancia do escritor comprometido co país. A pesar disto confésalle que a súa semente segue viva nos seus amigos, que non deixarán de lembra-lo seu pensamento.



_____, “Rosalía na 159 aniversario”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 24 febreiro 1996, p. 2.

Reflexiona sobre a hipocresía daqueles que marxinan a Rosalía de Castro aplicándolle o cualificativo de “hija de padres incógnitos”. Comenta a importancia da Casa-Museo como “santuario de milagres cotiáns para a lingua”, destacando especialmente a figura de Maruxa Villanueva.



_____, “A erótica amatoria no Exipto faraónico”, *O Correo Galego*, “Ardentía”,
13 abril 1996, p. 2.

Comentario sobre o volume *La poesía erótico-amorosa en el Egipto faraónico* (1995), edición de Esteban Llagostera Cuenca, exiptólogo que recuperou para esta publicación a meirande parte dos poemas de amor escritos hai tres mil anos no antigo Exipto e que se ofrecen en versión trilingüe, exipcio, castelán e galego. A versión ó galego dos trinta e nove poemas, foi realizada por Xesús Rábade Paredes, traballo do que o articulista sinala a combinación de “os mil e un recursos poético-literarios cos propiamente lingüísticos, de xeito que, amais dunha traducción vivificante e digna, logra unha recreación poemática cunha frescura que mesmo parece de hoxe”, debido á calidade de poeta de Rábade. Salienta as boas adaptacións e a beleza poética que resulta destas composicións.



_____, “As Nosas Letras en Rianxo”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 18 maio 1996, p. 2.

Sinala que a iniciativa de institucionaliza-lo Día das Letras Galegas é un acto digno de louvanza por parte da R. A. G. Comenta tamén a importancia que tivo, o pasado ano, a vila de Rianxo con motivo dos actos organizados para homenaxear a Rafael Dieste. Este ano a elección de Ferro Couselo, levará a cabo o mesmo labor de recuperación da vida e obra dun home que, na súa opinión, é “un dos máis laboriosos e senlleiros galegos deste século”. Refírese á necesidade de autoestima-la nosa propia cultura, feito ó que contribúe a presentación de dous volumes en Rianxo: *Embarcados nun Cantar*, monografía sobre Manuel Antonio, e *Heroes e Mártires. A Segunda República e a Guerra Civil no Barbanza*, de Elixio Villaverde García, que recolle as testemuñas directas dos que sobreviviron a feitos tan dramáticos.



_____, “Polos seus froitos, coñecerédelos...”, *O Correo Galego*, “Ardentía”,
6 xullo 1996, p. 2.

O articulista puntualiza neste artigo as opinións vertidas sobre Cristina Amenedo, tralos comentarios do Doutor Sixto Seco neste mesmo xornal, nos que lle apuntaba a existencia de dúas obras en galego da escritora: *Mar Aberto* e *Silvo do Vento Mareiro*. De tódolos xeitos, ratifícase na súa opinión sobre Cristina Amenedo e o seu artigo “Española y Librepensadora” (*El Correo Gallego*, 27/05/96), porque “semella que o artigo reflecte reminiscencias dun sistema educativo propio do réxime anterior, que foi configurando nesgada e interesadamente a alma aínda tenra e sensible da señora Amenedo, durante a súa infancia e mocidade, coa típica ideoloxía dun monolitismo centralizador e asimilista”.



_____, “Padrón-Rosalía: dous soños e unha ilusión”, *O Correo Galego*,
“Ardentía”, 20 xullo 1996, p. 2.

Tras unha referencia ás respostas que están a ocasionar as opinións expresadas polo articulista sobre Cristina Amenedo, refírese á próxima finalización das obras da Casa-Museo de Rosalía, á exposición que terá lugar no ano 1997 baixo o título “Rosalía de Castro na fin de século” e á creación do Centro de Estudos Rosalianos. Pide tamén que se dedique “unha capeliña-museo para Rosalía”.



_____, “A derradeira mensaxe dun galeguista de corazón”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 3 agosto 1996, p. 2.

Retoma a súa última conversa con Manuel Beiras antes do seu falecemento, con motivo dunha entrevista que o articulista mantivo con el, para a revista *Encrucillada*. Sinala as lembranzas gardadas por Beiras e a súa traxectoria no galeguismo xunto a homes como Urbano Losada, Manuel Lugo Freire e Ánxel Casal. Conclúe salientando que “quen ignore ese período e todo o xigantesco esforzo de galeguistas coma D. Manuel, endexamais poderá comprender a súa derradeira mensaxe simbolizada na bandeira galega, na Biblia en galego e na rosa dos sacrificios que ambas conlevan”.



_____, “Castelao: ‘Sempre en Galiza’, pero ignorado”, *O Correo Galego*,
“Ardentía”, 14 setembro 1996, p. 2.

Refírese ás ideas políticas de Castelao e á manipulación que os partidos políticos fan delas en defensa dunha suposta galegitude totalmente ficticia. Sinala tamén o descoñecemento que a xente ten da súa ideoloxía e mesmo da súa obra artística e literaria e da falta de interese, por parte das institucións, por dala a coñecer.



_____, “Do pasamento de Filgueira ó Congreso do ILGA”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 21 setembro 1996, p. 2.

Dourado Deira sinala os múltiples aspectos que se debateron no Iº Congreso Internacional da Lingua Galega, organizado polo ILGA, no que a preocupación dominante foi, segundo a súa opinión, a sobrevivencia da lingua. Refírese tamén ó pasamento de D. Xosé Filgueira Valverde, de quen salienta o seu “amor, laboriosidade, coherencia e fidelidade” dedicadas a Galicia ó longo de toda a súa vida.



_____, “Prensa en galego, prensa en catalán”, *O Correo Galego*, “Ardentía”,
5 outubro 1996, p. 2.

Tralo Iº Congreso Internacional da Lingua Galega, no que se celebrou unha mesa redonda sobre “A Lingua Galega e os Medios de Comunicación”, o articulista compara a situación da prensa diaria en galego coa catalana, e ofrece datos que lle fan afirmar que *O Correo Galego* é unha “violenta e cegadora luz dun deserto”. Sinala tamén o debate que xurdiu na devandita mesa sobre a calidade deste xornal, que para algúns “é un xornal *en galego* pero *non galego*, porque a súa liña editorial prégase ó poder que o subvenciona”. Fronte a esta postura, Dourado Deira apunta unha serie de preguntas que inciden na falta de apoio a este xornal por parte de tódolos galegos preocupados pola lingua, na súa falta de promoción e na actitude da Xunta, que non adquire a mesma proporción de exemplares de *O Correo* que doutros xornais.



_____, “¿Un milleiro de primaveras ou de outonos?”, *O Correo Galego*,
“Ardentía”, 12 outubro 1996, p. 2.

Reflexión sobre o futuro da lingua galega e de *O Correo Galego*, con motivo de cumprir este os seus cen números. Dourado Deira sinala que, a pesar dos moitos atrancos presentes en casos concretos da nosa sociedade, cómpre apostar por unha “primaveira revitalizadora da nosa lingua”, aplicando o pensamento de Cunqueiro.



_____, “Consello da Cultura: independencia e eficacia”, *O Correo Galego*,
“Ardentía”, 19 outubro 1996, p. 2.

Con motivo da elección do novo presidente do Consello da Cultura Galega, Dourado Deira salienta que esta institución debe caracterizarse pola súa independencia para asegura-la súa eficacia e a pluralidade de criterios. Confesa terse alegrado pola existencia de dúas candidaturas ó cargo, a de Antón Fraguas e a de Carlos Casares e confía no bo facer deste último.



_____, “De Rosalía’: cantos e recitacións de namoradas”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 7 decembro 1996, p. 2.

Comenta os contidos da cinta magnetofónica titulada *De Rosalía*, que recolle as interpretacións de Aurora López, Maruxa Villanueva e Maruja Iniesta. Dourado Deira realiza un breve perfil destas tres mulleres que comparten, ademais das súas afeccións musicais, o seu amor incondicional por Rosalía. Apunta tamén que os beneficios da venda desta cinta destinaranse á Casa-Museo de Rosalía, aínda que Maruxa Villanueva desexa que vaian para a montaxe da ópera *Camiños de Rosalía*, un proxecto que conta cun libreto de Maruxa sobre textos de Rosalía e coa música de Rogelio Groba.



_____, “Homenaxe a Rey Romero: galego, crego e poeta”, *O Correo Galego*,
“Ardentía”, 21 decembro 1996, p. 2.

Refírese ós actos de homenaxe celebrados en Rianxo con motivo do 25 aniversario do pasamento dun dos seus fillos, Faustino Rey Romero, nomeado Fillo Predilecto da vila. Comenta tamén as vicisitudes que tivo que pasa-lo cadáver ata a súa chegada a Rianxo en 1987.



Estévez, Eduardo, “Carta aberta a Alfredo Conde”, *O Correo Galego*,
15 decembro 1996, p. 55.

Carta que recolle a polémica suscitada a raíz do Iº Encontro de Novos Escritores e o debate “dos coñecidos como poetas dos 80 durante o último ano e respecto dos novos poetas”, e tenta explicarlle a Conde “o que pensan os novos sobre este asunto”. O autor da carta alude á ignorancia de Conde sobre a cuestión e pasa a ofrecer unha serie de datos relativos a ela, sempre dende o punto de vista dos novos escritores, afirmando que o único interese destes “é escribir”.



_____, “Persoal *Teoría das Xeracións*”, *A Nosa Terra*, nº 757, “Guieiro Cultural”,
19 decembro 1996, p. 27.

Eduardo Estévez pronúnciase como poeta, sobre o que el considera a tarefa do escritor, “converter a realidade en ficción, mudar a ficción en historia”. Cre que os “novos” poetas, entre os que se inclúe, “non cren na catalogación, non a inventaron, e non están a facer nada para defendela”. Cre que as disquisicións teóricas son competencia dos especialistas e non dos creadores.



Estévez, Xerardo, “Manuel Beiras, defensor de Compostela”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 29 xullo 1996, p. 2/p. 3.

Lembranza de Manuel Beiras trala súa morte. Sinala o actual alcalde de Compostela, a súa grande coherencia e a súa valía humana e política, “entregado a Galicia e a Compostela”, cidade á que amaba e pola que traballou co fin de facer dela unha cidade universal.



Fernán-Vello, Miguel Anxo, “Antón Castro, escritor no *exilio*”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 18 xaneiro 1996, p. 3.

Sitúa a Antón Castro dentro do marco “fatal e doloroso” dos escritores galegos no exilio, comparándoo con outros autores contemporáneos e tamén con clásicos xa falecidos. Critica a sociedade galega, en particular as editoriais, pola falta de receptividade e comprensión para as obras de autores que viven lonxe da terra. Lembra dúas obras de Antón Castro, *A lenda da cidade asolagada* e *El testamento de amor de Patricio Julve*, e lóuvaas por “ter vontade artística e unha expresión de verdadeira sensibilidade literaria”. Salienta a musicalidade e a riqueza da prosa deste autor, chegando a comparalo con Cunqueiro e García Márquez. Finalmente, anuncia a próxima publicación dunha novela e dun poemario en galego de Antón Castro.



_____, “Pura Vázquez”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 4 abril 1996, p. 3.

Artigo dedicado a Pura Vázquez polo seu 78 cumpreanos. O articulista destaca a súa traxectoria poética así como a admiración que sente pola súa vida e obra que manifesta a “súa alta dignidade artística e humana”. Cita as palabras da poeta, extraídas dun texto de autopoética do ano 1993, no que ela mesma recoñece a importancia da linguaxe que a estimula na creación e fai que reflicta paixóns e desexos e esa vontade de vivir nun mundo “cósmico e panteista”. Así mesmo, Fernán-Vello refírese ó comentario crítico de Xosé María Álvarez Cáccamo, autor de *50 anos de poesía galega. A xeración do 36* (1994), que salienta a forte carga vitalista e interrogante que se desprende da obra de Pura Vázquez.



_____, “Problemas do teatro galego”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 11 abril
1996, p. 3.

Refírese á súa participación nun faladoiro na Radio Galega ó que asistiron tamén Camilo Franco, Cándido Pazó e Dolores Vilavedra e no que actuaron como moderadores Paulino Novo e Ana Romaní. O tema a debater foi a situación actual do teatro galego e os seus problemas de desenvolvemento. Fernán-Vello defende a necesidade de crear urxentemente unha Escola Superior de Arte Dramática Galega, cos medios axeitados para contribuír ó futuro de actores, directores, escenógrafos e técnicos e “para superar os atrancos e as deficiencias históricas e actuais que padece, en forma de eternizada traxedia autóctona, o teatro do noso país”. Considera que esta Escola procuraría a verdadeira profesionalización das xentes do teatro e “poría, sen dúbida, os alicerces fundamentais para a consecución dunha mellora xeral do espectáculo teatral galego”.



_____, “Barreiro e os intelectuais”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 18 abril 1996,
p. 3.

Fernán-Vello comenta a entrevista realizada por Manuel P. Rúa a Xosé Luís Barreiro, publicada no último número de *Galicia Internacional*, centrada en varios temas relativos a Galicia e na figura do intelectual. O articulista menciona que nos actos da Semana Galega de Filosofía, destacou a ausencia de Domingo García-Sabell e sinala que este “se negara, a última hora, a asistir como conferenciante (...) porque, segundo el mesmo comprovara através dos medios de comunicación, *estava a haber debates* e na celebración do congreso havia *connotacións ideolóxicas*”. Fernán-Vello relaciona este feito coas palabras de Barreiro sobre a presenza “desalentadora e dramática” dos intelectuais galegos na sociedade e conclúe afirmando a falta de crítica, a apatía e a “febleza filosófica e ideolóxica” do mundo intelectual galego.



_____, “Ler poesía”, *A Nosa Terra*, nº 725, “Guieiro Cultural”, 9 maio 1996,
p. 21.

Centra o artigo na defensa da poesía como exercicio de vontade intelectual e na necesidade de ler e coñece-la poesía. Cre que “non se pode ser culto, sexa desde o plano filosófico, político ou social e, por suposto, desde o literario, sen coñecer ese ‘sistema de información’ complexo e poderoso que é a poesía” e denuncia a falta de atención na escola e na universidade.



_____, “Galeuzca de editores”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 30 maio 1996,
p. 3.

Recolle os temas debatidos no Encontro de Editores galegos, vascos e cataláns, celebrado en Donostia, no que participaron 5 editores galegos, entre os que se atopaba Fernán-Vello. Cre que a situación editorial galega non é moi satisfactoria, tendo en conta a redución do número de títulos publicados, 814 no 1994, os problemas de normalización lingüística, a escasa dotación bibliotecaria, a pouca incidencia das campañas de lectura e a competencia institucional.



_____, “Poesía de mulleres”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 6 xuño 1996, p. 3.

Refírese ó Iº Encontro das Poetas Peninsulares e das Illas, celebrado en Vigo os días 26, 27 e 28 de xuño. Salienta a calidade e a modernidade da obra das nosas poetas, “unha eclosión de poesía escrita por mulleres que non ten parangón noutras latitudes”. No encontro participaron M^a Xosé Queizán, Pura Vázquez, Luz Pozo, Pilar Pallarés, Chus Pato, Marga Romero e Mónica Bar Cendón, xunto a poetas catalanas, portuguesas, vascas, asturianas, canarias, etc.



_____, “Sobre literatura”, *A Nosa Terra*, nº 729, “Guieiro Cultural”, 6 xuño 1996,
p. 21.

Reflexiona sobre unha parte do mundo das letras que “defende un produto literario simple e directo, inmediato e transparente, doado e dixeríbel á primeira por todo tipo de organismo lector”, e do que resulta un “realismo funcional ou pobre” que, na súa opinión, ocasiona unha pobreza estética e unha despoetización, feito que considera moi preocupante. Cre que a narrativa galega, agás excepcións como as de Ferrín, non ten unha linguaxe de grande categoría, comprometida coa boa literatura.



_____, “Masonería galega”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 13 xuño 1996, p. 3.

Recolle a inauguración na Coruña da exposición “Masonería Universal. Familia Galega (1814-1996)”, que pretende dar a coñece-la realidade da masonería. Apunta algúns dos nomes da cultura galega que foron masóns como Curros Enríquez, Lugo Freire, Leiras Pulpeiro, Euxenio Carré Aldao, Casares Quiroga, Camilo Díaz Valiño, Arturo Cuadrado e outros. Sinala que Xosé Ramón Barreiro no seu artigo “Prensa masónica en Galicia”, contido no catálogo desta exposición, se refire á fundación do semanario galego *A Fuliada* polo masón Carlos Pol Caamaño, á fundación da primeira loxia masónica da Coruña, chamada “Rosalía” e sinala que “a masonería foi quen vehiculou a ideoloxía e a praxe liberal en Galiza e quen xeneralizou e propagou o republicanismo na súa vertente unitaria ou federal, ademais de axudar á penetración do socialismo doutrinario”.



_____, “Natura das animalhas”, *A Nosa Terra*, nº 733, “Guieiro Cultural”, 4 xullo 1996, p. 21.

Anuncia a aparición do ensaio *Natura das animalhas. Bestiario medieval da lírica profana galego-portuguesa*, do que é autor Carlos Paulo Martínez Pereiro. Neste ensaio, segundo Fernán-Vello, o autor fai un completo percorrido pola numerosa presenza de animais na lírica medieval galego-portuguesa.



_____, “Galeuzca en Andorra”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 11 xullo 1996, p. 3.

Comenta a viaxe que realizou a Andorra, para prepara-la XIIª edición de Galeuzca, que se celebrará neste ano. Tras sinala-la particular situación lingüística e política deste país, refírese á importancia das sucesivas edicións destes encontros entre escritores galegos, vascos e cataláns e adianta algúns dos seus contidos. O tema central xirará ó redor do lema “Escreber na fin de século”, co fin de reflexionar sobre o futuro da literatura ante as novas tecnoloxías.



_____, “Notas sobre o futuro da cultura”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 25 xullo 1996, p. 3.

Fernán-Vello expón nesta ocasión as súas consideracións sobre a “saúde cultural” de Galicia á que cualifica de “excelente”, sobre todo na literatura. Cre que “os escritores galegos foron quen de construír, coa única ferramenta do idioma e a imaxinación creadora que nel se expresa, un monumento cultural dun valor extraordinario”. Considera que a literatura contemporánea galega está á altura de calquera outra produción europea e o seu futuro, como o de toda a cultura, está unido ó destino do país, onde Galicia debe ser recoñecida como comunidade cultural e acada-lo respecto cara á súa lingua. Conclúe sinalando que conviría incluír “o diálogo recuperador e enriquecedor con Portugal, país que nos debe historicamente a lingua”.



_____, “Don Manuel Beiras”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 1 agosto 1996, p. 3.

Semblanza da dimensión humana e política de Don Manuel Beiras trala súa morte. Fernán-Vello recolle o seu paso polas Irmandades da Fala, polo Partido Galeguista e a súa amizade con Ánxel Casal, Camilo Díaz Baliño e Alexandre Bóveda. Sinala a súa coherencia de pensamento ó longo de toda a súa vida, así como a súa cordialidade e “un permanente sentido da emoción e da paixón por todo canto puidese significar Galiza”.



_____, “Poesía e incompreensión”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 8 agosto 1996,
p. 3.

Reflexiona sobre o feito de que a poesía moderna non chegue ó grande público, debido á súa complexidade. Cre que a causa deste distanciamento é a carencia de formación no coñecemento e na lectura da poesía dende a infancia. Considera que a poesía é necesaria na actualidade e debe saír do “silenciamento” porque contribúe ó coñecemento humano e supón “un salto na percepción do presente, un movemento e unha axitación que ten por principio e por desexo pensar e manifestar que a estética é a ética do futuro”.



_____, “Literatos e intelectuais”, *A Nosa Terra*, nº 738, “Guieiro Cultural”,
8 agosto 1996, p. 21.

Reflexión sobre a visión da sociedade con respecto ós literatos e ós intelectuais en xeral. Domina, comenta, dende hai anos, unha imaxe subversiva, o menosprezo social e mesmo un antiintelectualismo visceral. Apunta a importancia das xentes da cultura galega durante o noso Rexurdimento e conclúe defendendo a necesidade actual de “reactivar o *engagement* sartreano. É preciso que os literatos, os artistas, os intelectuais, a xente da cultura, se comprometan coa sociedade”.



_____, “Vocación suicida”, *A Nosa Terra*, nº 742, “Guieiro Cultural”, 5 setembro 1996, p. 21.

Fernán-Vello recolle unhas opinións de Margarita Ledo Andión nas que apuntaba que en Galicia domina un sentimento de autodestrución e un abuso de victimismo e de narcisismo. Por outra banda, relaciona esta opinión coa vertida por Florentino López Cuevillas, nun artigo de 1953, titulado “As raíces fondas de Galicia”, publicado no volume *Prosas galegas*, no que fala da “vocación suicida” de Galicia. Conclúe considerando o acerto nestas consideracións e afirmando que “se esa enerxía sumerxida consumíndonos os uns contra aos outros (...) se transformase en ideas e actos positivos para o progreso de Galiza e dos galegos, seríamos unha nación con todas as da lei”.



_____, “Excepcional biblioteca-arquivo de teatro”, *O Correo Galego*, “A Fenda”,
19 setembro 1996, p. 3.

Fai referencia á doazón á Universidade da Coruña por parte de Francisco Pillado Mayor do seu arquivo persoal de teatro. Fernán-Vello felicita á Universidade por recibir estes fondos e a Pillado pola súa xenerosidade, ó facer entrega dun material recompilado durante anos de dedicación ó teatro. Sinala os máis de 10.000 títulos e 5.000 volumes ofrecidos, as coleccións completas de revistas galegas e estranxeiras, as numerosas fotografías e carteis, os textos inéditos de autores galegos, así como a correspondencia sobre teatro que mantiveron Blanco Amor, Dieste ou Seoane entre outros.



_____, “Literatura galega en Portugal”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 3 outubro 1996, p. 3.

Saúda a aparición dos dous números especiais da revista portuguesa *Colóquio/Letras*, dedicados á literatura galega, baixo a coordinación de Pilar Vázquez Cuesta. Fernán-Vello destaca que constitúen un material que cómpre aproveitar “para a proxección da nosa literatura no ámbito lusófono”. Expón brevemente os contidos da revista e apunta a necesidade de corrixi-lo tradicional esquecemento entre Galicia e Portugal. Anuncia o próximo proxecto da profesora Vázquez Cuesta, que intentará que a nosa literatura sexa tamén coñecida en Francia e Italia e tamén a aparición dunha antoloxía de poesía galega editada en Brasil.



_____, “¿Porque calan os intelectuais?”, *A Nosa Terra*, nº 746, “Guieiro Cultural”, 3 outubro 1996, p. 21.

Comentario de Fernán-Vello sobre a pregunta que encabeza o artigo. Atribúe o silencio dos intelectuais ó medo a se pronunciar ante “os poderes organizados” e lembra unhas palabras de Sartre nas que este constataba que toda a nosa vida está politizada. Conclúe temendo que o silencio acabe por converte-los intelectuais galegos en “seres desprovistos de pasado, de presente e quizais tamén de futuro”.



_____, “1.000 días de xornalismo”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 10 outubro
1996, p. 3.

Celebra os 1.000 días de existencia do único diario escrito en galego, unha iniciativa xornalística que considera importante para a progresiva normalización lingüística do galego. Fernán-Vello indica que este é xa un camiño sen retorno e salienta a especial sensibilidade que *O Correo Galego* mostra cara a tódalas manifestacións culturais.



_____, “Decadencia cultural hoxe”, *A Nosa Terra*, nº 750, “Guieiro Cultural”,
31 outubro 1996, p. 21.

Breve reflexión sobre a decadencia cultural da Europa actual na que, segundo o escritor Fernán-Vello, domina a pobreza de expresión, a frivolidade, o desprezo polo desenvolvemento das artes e unha “incultura” do consumismo, que, na súa opinión, só co contraste de opinións e con novas iniciativas culturais pode diminuír.



_____, “Poesía e ensino”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 5 decembro 1996, p. 3.

Fernán-Vello denuncia a escasa presenza da poesía no ensino actual e afirma que “non se pode ser culto sen ser lector de poesía”. Sinala o desprezo que está a sufrir-lo método poético dende as primeiras idades, nas que se priva ós nenos do desfrute da palabra poética. Cre tamén que “a lectura poética é un excelente exercicio de iniciación á intelixencia”, ademais dunha “necesidade ineludíbel no proceso de formación integral do individuo” que pode paliar-lo empobrecemento da linguaxe e a “perda da capacidade de pensamento simbólica e abstracta”.



_____, “A soidade do escritor”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 19 decembro 1996, p. 3.

Reflexión sobre a soidade que envolve o acto da creación literaria. Fernán-Vello sinala que o escritor emprega a lingua “como un eco, ás veces mudo, da súa soidade” e cre que sen o sentimento da soidade non se podería entende-la pulsión poética, mesmo na súa forma máis extrema de se manifestar, nos límites que conducen á loucura, ó “abismo definitivo, a esencialidade deslocada, a luz branca fundíndose coa luz negra”.



Fernández Otero, J. Carlos, “Filgueira; el hombre y el patriarca”, *La Región*,
16 setembro 1996, p. 14.

Artigo dedicado á memoria de D. José Filgueira Valverde, de quen destaca a súa profunda humanidade e a súa contribución inestimable á cultura galega, que perde un grande patriarca das súas letras. O articulista menciona ademais a súa axuda e apoio cando decidiu elaborar un inventario da diocese de Ourense que hoxe, gracias a el, está publicado. Lembra a súa grande capacidade de traballo e os momentos compartidos xunto a el e a súa defunta esposa María Teresa.



Fernández del Riego, Francisco, “Esencias galegas na prosa de Valle-Inclán”,
La Voz de Galicia, 5 xaneiro 1996, p. 8.

Analiza os trazos galegos na obra de Valle-Inclán entre os que sinala a acentuación rítmica dos seus versos, que segundo as interpretacións do musicólogo Torner, están marcados polo ritmo ternario, acentuación característica da muiñeira coñecida co nome de ritmo de gaita galega. Outros aspectos que vencellan a Valle co galego, ademais dos galeguismos léxicos e dos xiros sintácticos e modismos, están nos seus personaxes, na paisaxe, na cadencia da súa prosa e sobre todo na súa sensibilidade como artista, polo que Fernández del Riego conclúe afirmando que “Valle-Inclán era un galego que escribía en castelán”.



_____, “O mindoniense Leiras Pulpeiro”, *La Voz de Galicia*, 26 xaneiro 1996,
p. 8.

Semblanza do médico e poeta de Mondoñedo, Manuel Leiras Pulpeiro. Destácase a sona que adquiriu como médico entre os seus paisanos e o vencellamento da súa profesión coa súa vocación de poeta, xa que a través das súas visitas coñecía a pobreza e a inxustiza que sufrían os campesiños e estaba en contacto coa linguaxe coloquial e as formas tradicionais do pobo, para logo plasmalas nos seus versos, “todo conxugado co valor fónico e a gracia da expresión poética”.



_____, “Unha etapa na cultura galega”, *La Voz de Galicia*, 16 febreiro 1996,
p. 8.

Refírese ó labor de investigación que levou a cabo o Seminario de Estudos Galegos por medio dos seus membros: Cuevillas, Cotarelo Valledor, Pedret Casado, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Luís Tobío, Luís Iglesias e Filgueira Valverde. O propósito inicial de formar investigadores e recupera-los estudos ó redor de Galicia, realizárono a través de conferencias, exposicións e publicacións de todo tipo entre as que menciona o *Corpus Petrogliphorum Gallaeciae* e o *Codex Calixtinus*.



_____, “Un tempo da nosa historia”, *La Voz de Galicia*, 1 marzo 1996, p. 8.

Trala lectura da *Compostelana*, Fernández del Riego recupera a figura do arcebispo Diego Xelmírez e a importancia da peregrinaxe naqueles tempos, un camiño que acada neste relato da historia de Compostela “un alto simbolismo”. Salienta a importancia dos mosteiros e castelos e a constitución dunha burguesía ó redor das nacentes cidades. Recorda que a *Compostelana* se centra no relato dos feitos de Xelmírez que encargou a redacción desta historia a Munio Alfonso, ó Arcediago Don Hugo e ó coengo Xiraldo. O articulista sinala que “todos tres completaron as pormenorizadas memorias da gran figura, e as da idade na que viviu”.



_____, “O mito de Inés de Castro”, *La Voz de Galicia*, 8 marzo 1996, p. 8.

Lembra a figura de Inés de Castro, un dos mitos que sobreviviron a través das lendas populares e da literatura. Conta os feitos históricos que construíron a triste lenda, moi vencellada, segundo comenta, á tradición galega que “encerra milleiros de fantasmagorías, (...) de trasgos, aparicións, sombras”, e na que non é extraño a presenza dos mortos. Por iso, non é extraña a crenza e a construción do mito do reinado trala morte da raíña Inés de Castro.



_____, “Poeta labrego e humanista”, *La Voz de Galicia*, 29 marzo 1996, p. 8.

Comentario dedicado a Xosé Crecente Vega, o autor de *Codeseira*, xa que se cumpre no 1996 o centenario do seu nacemento. Fernández del Riego fai un percorrido pola súa vida e obra e salienta as características da súa escrita: a presenza de formas populares, o amor á Natureza, o estilo pulcro, etc. Refírese tamén á súa estancia en Segovia, cidade na que viviu por obrigacións docentes, e á saudade que sentía por estar lonxe de Galicia. Trala súa morte un grupo de escritores dedicoulle unha lembranza que foi redactada polo seu amigo Iglesia Alvariño.



_____, “As fabulacións dun artista”, *La Voz de Galicia*, 5 abril 1996, p. 6.

Semblanza de Urbano Lugrís, pintor, poeta e prosista. O articulista lembra algunhas das vivencias que compartiron e destaca o seu carácter alegre, o seu humor, a súa capacidade de contar historias e conversar, o seu espírito de “*bon vivant*, aínda que sen fachenda”. Sobre o seu estilo literario, comenta a calidade da súa prosa, con pegadas de Valle-Inclán e Rubén Darío e, en ocasións, parodias de pasaxes de Stevenson ou Conrad.



_____, “A un amigo na lonxanía”, *La Voz de Galicia*, 12 abril 1996, p. 10.

Reflexión dirixida a un vello amigo de terras lonxanas, sobre a visión de Galicia, considerada por Fernández del Riego como realidade social diferenciada cunha lingua e cunhas tradicións diferenciadas de seu. Sobre o pasado da vella xeración que comezou a loitar por Galicia, comenta a postura honesta dos seus integrantes, sen perde-lo norte nin debilitarse ante os atrancos. Loitaron por desface-lo tópico costumista e conseguí-la universalidade, crendo no porvir da cultura galega. Remata facendo a reflexión dende o presente: “estase a pór todo o empeño en restaurar as cuadernas, en calafatear a embarcación. O certo é que agora se navega. Era o primeiro que compría facer”.



_____, “O fidalgo da Reboirana”, *La Voz de Galicia*, 10 maio 1996, p. 8.

Artigo dedicado a unha das grandes autoridades das nosas letras, segundo indica, D. Ramón Otero Pedrayo. Fernández del Riego sinala como xa dende a súa primeira obra, *Morte e Resurrección*, aparece unha nova interpretación do espírito galego. Comenta o seu particular estilo de poeta en prosa e a interpretación das esencias do galego. Fala tamén de *O señorito da Reboraina*, “unha fermosa pintura da terra e das xentes na Galiza decimonónica”, “unha novela orixinal porque se desentende romanticamente de toda unidade estrutural”.



_____, “Un etnógrafo en Lobeira”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 1995, p. 10.

Semblanza do traballo etnográfico e arqueolóxico de Xoaquín Lorenzo Fernández nas terras de Lobeira. O articulista cita algunhas das súas obras, entre as que destaca o *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, onde recolleu transcricións das cantigas populares que lle recitaron as xentes, ademais doutras xa incluídas noutras recompilacións. Tamén estudiou o entroido nestas terras, os cultivos, a ermida de Nosa Señora do Viso, etc.



_____, “A aparición da imprenta en Galicia”, *La Voz de Galicia*, 31 maio 1996,
p. 10.

Percorrido pola aparición da imprenta en Galicia, dende 1495 en Monterrei onde aparece o noso primeiro incunable, o *Missale Auriense*. Tras esta iniciativa, sucédese a aparición de imprentas, ó longo dos séculos, en Mondoñedo, Ourense e Compostela. É no XIX cando comeza a impresión de libros de temas galegos e xorde a imprenta na Coruña e Pontevedra. Nesta vila imprímese *A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos. Salienta tamén as figuras de Companel en Vigo e Soto Freire en Lugo.



_____, “Un tempo galego de recobración”, *La Voz de Galicia*, 14 xuño 1996,
p. 8.

Panorámica da decadencia que comeza en Galicia no século XV cando o galego desaparece do terreo literario e queda reducido á fala popular e os fidalgos marchan a Castela. Neste momento a poesía popular mantense con forza. No XVIII, salienta a intelixencia do P. Sarmiento que a través das súas ideas deixa constancia do seu amor a Galicia. Pide un dicionario de galego, a edición dos Cancioneiros medievais e mestres galegos para os nenos. Destaca tamén o articulista o labor dos arquitectos do barroco como Domingo de Andrade, Fernando de Casas, Simón Rodríguez e Sarela, “que atinaron a expresar o sentir estético do país”.



_____, “Rosalía de Castro nun libro inglés”, *La Voz de Galicia*, 12 xullo 1996,
p. 10.

Fernández del Riego recolle as consideracións referidas a Rosalía, do ensaísta Gerald Brenan, que dedica nove páxinas do seu libro *The Literature of the Spanish People*, á nosa autora. Sinala que Brenan analiza a poesía de *Cantares Gallegos*, establecendo a unión que mantén co popular e que é visible na poesía castelá posterior, como no *Romanceiro gitano*, de Lorca. Por outra parte, advirte da elaboración da que é tamén capaz Rosalía en *Follas Novas* e a propósito de *En las orillas del Sar*, observa como o cambio de lingua produce na poesía rosaliana un distanciamento e unha frialdade notorios.



_____, “O Ulises cunqueirano”, *La Voz de Galicia*, 27 setembro 1996, p. 8.

Comenta a obra de Álvaro Cunqueiro, *Las Mocedades de Ulises* baseada, segundo Fernández del Riego, nunha recreación do mito de Ulises e da súa terra e sinala que “a paisaxe do libro convértese así en fantástico escenario onde se unen moitos fíos espaxados, fuxitivas tendencias dun espírito que alí atopan confluencia”. Nesta obra cre que hai unha mestura do prosista e do poeta e un coidado extremo do estilo, característica moi unida a toda a obra do autor. Conclúe mencionando as ilustracións que acompañan á obra, cinco litografías de José María Prim, “que interpretan con finura aspectos esenciais da narración”.



_____, “O xornalismo en Galicia”, *Redacción Xove*, nº 0, (Vigo: Igesco/Fundación Penzol), outubro 1996.

Percorrido histórico polos antecedentes xornalísticos con motivo da aparición deste novo xornal. Nomea as primeiras manifestacións do xornalismo santiagués, o *Cantón compostelano* e *El Recreo Compostelano* nas que aínda se empregaba o castelán. Sinala como a partir de 1812 en publicacións como *Gazeta marcial y política de Galicia* ou na *Estafeta de Santiago*, comezan a aparecer textos en galego. Dende 1874, xorden xornais exclusivamente en galego (*O heraldo gallego*, *O Seor Pedro*, *A tía Catuxa*, *A Monteira*, *O Galiciano*). Salienta tamén o labor cultural de *A Nosa Terra* dende 1916 e de *Nós* no 1920, que pasaron o relevo a publicacións, tanto bilingües coma monolingües entre as que cita *Universitarios*, *Yunque*, *Resol*, *Logos*, *Alento*, *Galicia* (de Montevideo), *Grial*, *Encrucillada*, *Nordés*, *Dorna*, *A Trabe de Ouro*, *Verba* ou *Cadernos da Lingua*.



_____, “A cultura galega na diáspora”, *La Voz de Galicia*, 1 novembro 1996,
p. 8.

Fernández del Riego recupera a memoria dos galegos que, lonxe da terra, mantiveron vivo o seu amor a Galicia e permaneceron vencellados a ela a través de múltiples empresas culturais. Nomea entre outros moitos a Ernesto Guerra da Cal, Euxenio Granell, Álvarez Ínsua, Curros Enríquez, Fontenla Leal, Álvarez Gallego, Neira Vilas, Castelao, Blanco Amor, Dieste, Seoane, etc.



_____, “Labor dun galego egrexio”, *La Voz de Galicia*, 27 decembro 1996, p. 8.

O articulista evoca os seus recordos persoais de Filgueira Valverde, a quen coñeceu no Seminario de Estudos Galegos nos anos 30. Salienta o seu carácter de erudito, a súa compaxinación do labor creativo e investigador e as súas achegas á nosa literatura medieval. Por último, menciona o universalismo do seu traballo e do seu carácter, que reflectiu sobre todo “na vocación compostelana”, xa que cría que en Santiago “confluían as dúas formas da Europa occidental”.



Fernández Tapias, Manuel, “La cocina gallega y su fondo lírico”, *Atlántico*

Diario, 11 agosto 1996, p. 36.

Como rexión poboada polo misterio, “Galicia tiene buenos poetas”, dende Martín Codax no século XIII. O articulista observa unha relación entre a poesía e a boa comida e exemplifica esta relación cunha cantiga do rei Alfonso X sobre o “bien comer”.



Ferro Ruibal, Xesús, “Un ‘retrato’ de Filgueira Valverde”, *La Voz de Galicia*,
15 setembro 1996, p. 10 e p. 79.

Reproduce un fragmento inédito dos *Papiros do Medulio*, dado a coñecer nun discurso en louva de Xosé Filgueira Valverde, pronunciado polo autor do artigo en 1995, e co que o profesor Filgueira se sentiu “retratado e redimido”, segundo declara Xesús Ferro Ruibal. No relato descríbense as fazañas dun mozo, Guendal, que terá que derrotar á “Serpe de Mal Acordar” para liberar ó seu pobo do medo ó que está sometido e, ó mesmo tempo, poderse converter en “Príncipe de Príncipes”.



Frade, Caetano, “O día de Fole”, *La Voz de Galicia* (Edición de Terras de Lemos), “Punto de vista”, 4 xullo 1996.

Sinala a actitude de desagradecemento e ignorancia cara a figura de Ánxel Fole en lugares como Quiroga, O Courel ou O Incio, tan vinculados á súa obra.



Fraguas Fraguas, Antón, “Homenaxe a Antero de Qental e a Alberto Sampaio”,
O Correo Galego, “Lecer”, 21 abril 1996, p. XIX.

Refírese ós traballos recollidos no número 102 da publicación portuguesa *Revista de Guimarães*, dedicado ás figuras de Antero de Qental e Alberto Sampaio. Fraguas reflexiona sobre a personalidade de Antero de Qental e lembra o traballo que realizou o profesor Alonso Montero, titulado *Antero de Qental (1842-1891)*, onde analiza, fundamentalmente, a influencia da poesía portuguesa na galega e as relacións que mantivo Curros Enríquez cos poetas portugueses ós que traduciu en moitas ocasións.



_____, “Lembranza do escritor Manuel García Barros”, *O Correo Galego*,
“Lecer”, 7 xullo 1996, p. XXIV.

Con motivo da publicación por parte da Editorial Fouce do libro *Manuel García Barros. Loitando sempre* (1995), do que é autor Xoán Carlos Garrido Couceiro, Fraguas describe a primeira fotografía que ilustra o libro e ó mesmo tempo presenta un resumo do contido da obra atendendo principalmente ó que se di sobre a situación económica da época e, sobre todo, á vida do escritor García Barros do que se analizan os anos de formación e xuventude e o seu labor como político e xornalista ó fronte de revista *El estradense*. Recolle así mesmo poemas dos irmáns Valladares, Marcial e Avelina, veciños e amigos de García Barros.



_____, “Lembranza de Manolo Beiras”, *O Correo Galego*, “Vivir e morrer amando”, 24 agosto 1996, p. 2.

Lembranza, dende a anécdota e os feitos compartidos, que D. Antón Fraguas dedica á memoria de Manuel Beiras. Refírese ós artigos que escribiu co pseudónimo *Eubensei* sempre preocupado por Galicia, ós seus esforzos por conseguila autonomía, á interrupción coa guerra e á Fundación do Padroado Rosalía de Castro. Sinala tamén como Manuel Beiras continuou o seu labor ininterrompidamente coa chegada da democracia. Conclúe destacando que “sempre o saudoso amor á terra dese espacio que desde moitos séculos se chama a nosa terra, á que o amigo Manolo Beiras viviu e morreu amando”.



_____, “Requiem por Filgueira Valverde”/“Requiem por Xosé Fernando Filgueira Valverde”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “In memoriam”, 17 setembro 1996, p. 3/p. 11.

Percorrido pola traxectoria de Filgueira Valverde no momento da creación do Seminario de Estudos Galegos en 1926. Sinala Fraguas a boa formación académica de Filgueira, os seus brillantes exames con Don Armando Cotarelo e as súas iniciativas e publicacións no Seminario sempre marcadas “polo seu saber e o seu amor a Galicia”.



_____, “Nerio, revista de Corcubión en Muros”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
29 setembro 1996, p. XXIV.

Despois de recorda-la identidade do director e do administrador da revista *Nerio* e explica-la orixe de dito nome, o profesor Fraguas describe un dos números da revista, o do 1 de xullo de 1921 que contén poemas en castelán de Desiderio Paz e Manuel Oreiro, anuncia o programa das festas de Corcubión e contén así mesmo artigos políticos.



_____, “Os libros e os libeiros en Tui”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 20 outubro 1996, p. XXIV.

Fraguas presenta un resumo dun libro de Ernesto Iglesias Almeida *La Imprenta en Tui* con prólogo do catedrático Domingo González López e que é unha historia do libro e da imprenta en Tui.



_____, “Tres números da revista *Colóquio Letras*”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
24 novembro 1996, p. XXVIII.

O profesor Fraguas fai un pequeno resumo do contido dos traballos incluídos nos números 137/138 e 139 que a revista portuguesa *Colóquio Letras* dedica a Galicia baixo o título: *Nós. A literatura galega*. Entre estes traballos destaca o de Pilar Vázquez Cuesta: “Portugal-Galicia. Galicia-Portugal. Un diálogo asimétrico” no que se analizan as relacións entre os intelectuais de ámbalas ribeiras do Miño e a presenza de Galicia en autores de lingua portuguesa. Sinala que a revista inclúe traballos de Xosé Filgueira Valverde, “O esplendor medieval”; Pegerto Saavedra, “A doma do Reino de Galicia”; Henrique Monteagudo, “Os escritores galegos e a construción da lingua literaria” e de M. C. Ríos Panise, “Dos escritores do Rexurdimento, as Irmandades da Fala”. No segundo volume aparece unha antoloxía de escritores galegos preparada por Pilar Vázquez Cuesta, titulada “Dez clásicos da literatura galega” coas semblanzas de cada un.



_____, “Un paseo por Paizás, en San Andrés de Trobe”, *O Correo Galego*,
“Lecer”, 29 novembro 1996, p. XXIV.

Con motivo dun acto académico en lembranza de José María Castroviejo celebrado en Paizás, Fraguas fai neste artigo unha breve semblanza da vida privada do escritor baseándose no seu libro *Memorias dunha terra* do que reproduce fragmentos e resume anécdotas infantís e tradicións propias da zona do Ulla. Recolle así mesmo cantigas e ditos populares e reproduce unhas palabras de Cunqueiro dedicadas a Castroviejo.



Franco, Xesús, “Cunqueiro”, *Faro de Vigo*, 10 xaneiro 1996, p. 23.

Con motivo do enterro da muller de Cunqueiro, Elvira González-Seco, Xesús Franco lembra a figura do escritor, vencellado por sempre á paisaxe de Mondoñedo. Sinala a grande influencia que exerce a lembranza de D. Álvaro e pensa que “ó igual ca Unión Europea fixo xuntanza para darlle nome á moeda común, escritores, historiadores, ananos, libreiros, mouros, xornalistas, tesouros, etc. deberíanse reunir no solsticio de verán na praza da Catedral mindoniense e proclamar o cunqueiro como moeda máxica de troque entre os que honrar queremos á figura do pai da ficción máis real que existir houbo”.



Freixanes, Víctor F., “O vello profesor”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do mundo”, 21 xaneiro 1996, p. 64.

O articulista volve ós tempos nos que era alumno de Filgueira Valverde no Instituto de Pontevedra, e lembra a incesante actividade, xa daquela, do profesor, ocupado en múltiples cargos e sen deixar nunca a docencia, a súa verdadeira vocación xunto ó amor pola lingua e a cultura galegas. Sinala que foi precisamente Filgueira o que lle axudou a descubri-la emoción dun poeta a través dos versos e recolle unha frase que encerra a filosofía da vida do vello profesor: “O verdadeiro descanso consiste en non parar, senón en cambiar constantemente de actividade”.



_____, “Unha cuestión de química”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do mundo”, 25 febreiro 1996, p. 112.

Semblanza de Manuel Bragado acompañada do retrato de Xosé Freixanes. As palabras que Víctor Freixanes dedica a Manuel Bragado, recollen a súa traxectoria persoal e profesional, salientando o seu papel protagonista na renovación pedagóxica dende os anos 70 e o seu labor como mestre, pedagogo, galeguista e principal responsable na actualidade da editorial Xerais. Ademais sinala a súa participación nos movementos da Nova Escola Galega e como director da *Revista Galega de Educación*. Como risco fundamental do seu carácter, refírese á discreción e ó seu talento aberto cara á modernidade.



_____ “Paisaxe de abidueiras”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 13 abril 1996,
p. 8.

No marco dunha referencia a un ensaio de Neil Postman sobre a sociedade norteamericana, no que reivindica “o ensino da literatura e, sobre todo, o estudio das vellas palabras dos escritores como método para loitar contra a aniquilización uniformadora que disque imponen os novos tempos”, comenta a súa experiencia persoal nas terras do Incio da man de Fole e en Mondoñedo da man de Cunqueiro, e sinala a importancia de descubri-lo mundo a través dos ollos dos nosos escritores.



_____, “Cita en Lisboa”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 27 abril 1996, p. 10.

Tras unha conversa con Nelson de Mato, director da editorial portuguesa Don Quixote, Freixanes comenta o descoñecemento dos escritores galegos en Portugal porque “non venden”. O fenómeno, produto dos nosos tempos, repítese cos portugueses en todo o territorio peninsular (excepto con Saramago, puntualiza) e tamén cos cataláns e vascos.



_____, “O corazón das palabras”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 18 maio 1996, p. 8.

Comentario sobre os 25 anos de existencia do ILGA, homenaxeado na Casa de Rosalía. Freixanes gaba o traballo constante e o esforzo desta institución a favor da lingua, a quen lle debemos “o mérito de dispoñer do tesouro limpo e pulido da fala, sen complexos, dende o corazón das palabras, na esperanza -tal que soña Cunqueiro- de que, sendo cada vez máis donos delas, sexamos donos do mundo e dos espazos que representan”.



_____, “Fole”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 13 xullo 1996, p. 8.

Freixanes dedica o artigo á obra de Fole, na que se atopan as descrições das paisaxes do Incio, “unha das voces máis auténticas da nosa literatura”. Admira o “saibo poderoso das súas palabras”, o seu estilo aparentemente espontáneo e a súa capacidade de observación das cousas que o rodeaban.



_____, “Volver á prosa”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 25 maio 1996, p. 8.

Expón a súa proposta de que o Día das Letras Galegas sexa laborable e non festivo, porque se ben é un día dos máis importantes para a cultura galega, estase a converter nun sinxelo día de vacacións como sucedeu este ano, no que os libeiros abriron as súas portas mentres a xente disfrutaba noutros lugares de festividade.



_____, “Vieiros”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 1 xuño 1996, p. 8.

Saúda con ledicia a presenza do galego nos medios electrónicos, na Internet, nunha experiencia que a empresa Aga bautizou co nome de *Vieiros* en recordo da publicación dos exiliados galeguistas en México.



_____, “Carlos Reigosa”, *El Correo Gallego*, “Teatro del Mundo”, 2 xuño 1996,
p. 88.

Breve semblanza do escritor Carlos Reigosa ó que Freixanes define como un dos “personaxes máis auténticos e fieis ó seu país” e do que debemos esperar, polo seu talento de escritor e pola súa sabiduría como periodista, os mellores froitos.



_____, “O prezo dos libros”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 6 xullo 1996, p. 8.

Reflexión sobre o prezo dos libros, que Freixanes considera baratos en relación a outros produtos de ocio, e a lei de libre competencia do mercado editorial. Cre que os efectos desta medida serán negativos e perxudiciais para o pequeno libreiro e as edicións culturais fronte ás grandes superficies comerciais e ós best-sellers.



_____, “O vello profesor”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 21 setembro 1996,
p. 8.

Víctor Freixanes confesa ter escrito este artigo sentindo “unha estraña sensación de orfandade (...) coma quen perde un pai: o primeiro mestre”, tras coñecer a noticia da morte de D. Xosé Filgueira Valverde. Comenta que perdémo-lo noso “último sabio universal”, un ser que parecía inmortal e eterno e rescata a súa experiencia como alumno nas súas clases.



_____, “As paisaxes da literatura”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”,
28 setembro 1996, p. 8.

Tras se referir á iniciativa dos franceses de recupera-las paisaxes dos seus escritores máis emblemáticos na busca dunha nova perspectiva no desfrute da literatura, comenta a posibilidade de face-lo mesmo no caso da literatura galega. Padrón e Rosalía, Trasalba e Otero Pedrayo, a Illa de San Simón en Mendiño, Celanova e Curros, Ponteceso e Pondal e outros moitos, constitúen na súa opinión “un patrimonio vivo do que disfrutar”.



_____, “Outra vez Frankfurt”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 5 outubro 1996,
p. 8.

Recrea o ambiente que se viviu na Feira do Libro de Frankfurt, “a concentración editorial máis importante do mundo”, unha “fantástica Babel” dedicada, no 1996, a Irlanda. Salienta a figura do irlandés Seamus Heaney, Premio Nobel de Literatura 1995, que conta con parte da súa obra traducida ó galego por Manuel Outeiriño. Anuncia que proximamente sairá *Traballo de campo*, tamén de Heaney, en edición bilingüe. A adaptación ó galego desta obra é responsabilidade de Vicente Araguas.



_____, “Algunhas reflexións sobre a literatura”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”,
12 outubro 1996, p. 8.

Tras deixar constancia de que o Premio Nobel de Literatura debería ser nalgunha das súas edicións para un escritor portugués e de que o ano 1997 Portugal vai se-la protagonista da Feira do Libro de Frankfurt, refírese á necesidade de que a literatura galega saia ó exterior. Sinala que a proxección da literatura depende, en grande parte, do contexto e a aceptación social dos seus lectores e tamén da propia confianza no produto que se está a ofrecer.



_____, “Sobre as Humanidades”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 19 outubro 1996, p. 8.

Reflexión sobre a perda de importancia da literatura non novos plans de ensino, cada vez máis limitados, tanto no sistema educativo español coma nos do resto de Europa. Sinala que o estudo das Humanidades móstrase cada vez máis importante para acadar facilidade de expresión e para a comprensión do mundo.



_____, “Volver a Vigo”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 26 outubro 1996, p. 8.

Sinala a importancia da cidade de Vigo na industria editorial galega, onde naceu, da man de Xan Compañel, a obra *Cantares gallegos*, de Rosalía e onde, co paso dos anos, xurdiron empresas como Monterrei, Galaxia, Sept., Castrelos ou a Fundación Penzol. Ademais, refírese á volta a Vigo dos Premios Xerais e Merlín, nesta edición do ano 1996 e sinala que esta celebración supón para a cultura galega, a “celebración da palabra, que nos fai cada día un pouco máis donos de nós mesmos”.



_____, “Arredor de Torrente”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 21 decembro 1996, p. 8.

Lembranzas de Víctor Freixanes referidas ós seus profesores do instituto Filgueira Valverde, Celestino Noia ou Ramón Peña, entre outros. Menciona as súas débedas literarias con Filgueira Valverde e Torrente Ballester, a propósito dunha xuntanza de escritores celebrada en Pontevedra para falar da pegada e do significado da obra de Don Gonzalo.



_____, “Outra vez con Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”,
28 decembro 1996, p. 8.

Refírese á nova edición do Premio de Novela Blanco Amor, celebrado nesta ocasión no concello de Brión, trala súa suspensión no ano 1995. Freixanes destaca os quince anos de vida deste galardón que pretendeu sempre honra-la memoria dun escritor “incomprendido, ignorado no seu propio país”. Menciona tamén a Xosé Lorenzo Tomé e a súa novela *O paxaro que canta un nome*, gañador desta edición.



Fuente, Manuel de la, “El ‘Reina Victoria’, un teatro vigués que no se hará”, *Faro de Vigo*, “Postal del año 21”, 9 xaneiro 1996, p. 24.

Entre outras noticias ocorridas en xaneiro do 1921, refírese ó comezo da ensinanza de literatura e lingua galegas na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago o 8 de xaneiro de 1921, da man de Armando Cotarelo Valledor. Así mesmo, fai referencia á publicación do libro de contos *Cóchegas*, de Rogelio Rivero, que mereceu un eloxio do *Faro de Vigo*, redactado por “El huérfano de Bembrive”, Pío Lino Cuiñas e á iniciativa de creación do Teatro Reina Victoria en Vigo, que non callou.



_____, “Castelao a Europa, pensionado con 425 pesetas al mes”, *Faro de Vigo*, “Postal del año 21”, 11 xaneiro 1996, p. 22.

Ofrece datos da viaxe a Europa que realizou Castelao no ano 1921 para realizar estudos de arte no estranxeiro. Segundo consta no seu *Diario*, que permanece no Museo de Pontevedra e do que existe unha edición facsímilar patrocinada pola Deputación Provincial e prologada por Filgueira Valverde, visitou París, Bruxelas e Colonia e voltou a Galicia o 10 de outubro dese mesmo ano para non volver a saír ata o seu exilio.



_____, “Sonetos del alba insomne de Xosé M^a Álvarez Blázquez”, *Faro de Vigo*, “Postal de ayer mismo”, 26 xaneiro 1996, p. 29.

Acolle con agarimo a publicación de poemas inéditos no volume *Sonetos del alba insomne*, de Xosé M^a Álvarez Blázquez (1915-1985), baixo o coidado do Instituto de Estudios Vigueses, prologado por Lalo Vázquez Sil, actual Cronista Oficial de Vigo, cargo que desempeñou tamén Álvarez Blázquez e cun limiar de Xavier Rodríguez Baixeras. Sobre a calidade das composicións sinala que o libro “merece elogio pleno porque su contenido, además de sumergirnos deleitosamente en el piélago inefable del sentimiento del autor, revela en éste a un poderoso *comunicador* lírico, dueño de la técnica que posibilita la comunicación con el lector, o con el oyente, porque cada poema es recitable...”.



Gaciño, Xosé A., “Irmán”, *A Nosa Terra*, nº 752, 14 novembro 1996, p. 32.

Pequeno comentario dedicado á amizade existente entre o articulista e Manuel Rivas. Este representa, na súa opinión, unha das voces fundamentais para a constitución dunha “idea de pátria” que “non ten que ser sinónimo de cuartel e morte, senón que pode ser un espácio aberto e xeneroso, no que compartir historia, futuro e solidariedade”. Ademais, cre que estamos ante “un dos máis cualificados para transmitir, con beleza e convicción, a chama preciosa da palabra libre”.



García, Xosé Lois, “Recuperar a palabra”, *O Correo Galego*, “Loitas intestinas”, 28 xaneiro 1996, p. 4.

No marco dunha reflexión sobre a campaña electoral, Xosé Lois García lembra o fervor galeguista na IIª República e os discursos parlamentarios dos representantes do Partido Galeguista: Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Villar Ponte e Castelao. As súas palabras mostraban a inquedanza por resolver os problemas de Galicia. No percorrido histórico, sinala como estes discursos se apagaron durante a guerra civil e a etapa franquista e mesmo durante o posfranquismo, cando Galicia non rexorde na política como outras rexións. Remata co desexo dunha nova voz política.



_____, “No centenario de Xosé Crecente Vega”, *O Correo Galego*, “Cousas da Terra”, 17 febreiro 1996, p. 4.

Lembra a Xosé Crecente Vega no centenario do seu nacemento. O seu único libro en galego, *Codeseira*, é presentado como unha obra moi vencellada á Terra Chá natal do autor. Outra das dimensións da obra do escritor lugués, segundo considera Xosé Lois García, é a visión místico-relixiosa da vida. Para rematar, reclama un maior grao de atención para Crecente Vega por parte dos estudiosos da nosa literatura.



_____, “No centenario de Ben-Cho-Shey”, *O Correo Galego*, “Loitas intestinas”,
19 abril 1996, p. 2.

Semblanza de Xosé Ramón e Fernández Oxea, Ben-Cho-Shey, de quen se cumpre no 1996 o centenario do seu nacemento. Lembra os seus traballos etnográficos na escola ourensá da que tamén formaron parte Vicente Risco, Florentino Cuevillas e Xaquín Lorenzo. Refírese tamén á súa faceta lingüística, como recompilador do barallete, e á creación poética e narrativa, eido este último ó que contribuiu cos libros *Andrómenas* e *Contos de fiadeiro*.



_____, “Reconciliarse con Vicente Risco”, *O Correo Galego*, “Loitas intestinas”,
18 maio 1996, p. 2.

Xosé Lois García expón o seu cambio de opinión con respecto á figura intelectual de Vicente Risco, que foi para el e para outros durante anos “a paradigma da traizón, con el mesmo e co seu país, e todo o que expuso sobre a realidade galega, con anterioridade á guerra civil, desbotóuselle e construímos un enorme muro fronte á súa obra literaria, unha especie de vacinación anti-virus risconianos”. Cos anos a actitude mellorou a tras unha visita a Allariz e ante a súa tumba, pediu perdón a Risco e con valentía recoñeceu “que os mortos que moitos quixemos matar, como a don Vicente Risco, gozan de perfecta saúde por moitos anos”.



_____, “Filgueira Valverde”, *O Correo Galego*, “Loitas intestinas”, 29 setembro 1996, p. 4.

Salienta a enorme perda que supón para a cultura galega o pasamento de Filgueira Valverde. Desmente a aqueles que o acusaron de ser un home da dereita porque, na opinión de Xosé Lois García, a súa obra e a súa ideoloxía están ben lonxe das ideas do fascismo. Confía na necesidade de que a súa persoa e o seu labor, fóra destas consideracións, pasen á historia con toda a honra que merecen.



_____, “García Lorca e Galicia”, *O Correo Galego*, “Loitas intestinas”, 1 outubro 1996, p. 3.

Refírese ós *Seis poemas galegos*, escritos en 1935 por Federico García Lorca, nos que Xosé Lois García descobre o lirismo e o ritmo musical andaluz unidos ó espírito galego, que, sospeita, foi inspiración de Blanco Amor e Guerra da Cal. Lembra tamén os seus dous artigos de 1917, titulados “Un hospicio en Galicia” e “Impresiones del viaje. Santiago” onde, segundo cre, “hai toda unha crítica lorquiana sobre aquela Galicia esmorecida e maltratada que cómpre recuperar (...) para lexitimar a nosa singular e intransferibel historia”.



_____, “Agulla Pizcueta e Galeuzka”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”,
15 outubro 1996, p. 3.

Comenta a súa asistencia ó IIIº Congreso de Galeuzka, hai dez anos, celebrado por vez primeira en Galicia. Salienta o labor naquela ocasión, de Xaquín Agulla Pizcueta, verdadeiro artífice dos primeiros éxitos de Galeuzka. Dende aquela ocasión, Xosé Lois García sinala que nunca deixou de asistir a estes encontros, a pesar de que os temas variaron dende aquela, porque lle serven para comunicarse con outros escritores en galego.



_____, “Esoterismo e saudade na obra de Dalila da Costa”, *O Correo Galego*,
“Ecos da Berenguela”, 19 novembro 1996, p. 3.

Comentario sobre a obra da investigadora Dalila Pereira da Costa, *Entre desengano e Esperança*, no que reúne unha serie de ensaios sobre a identidade galega, entre os que se atopan os seus estudos sobre a saudade. Sinala Xosé Lois García que o enfoque desta estudiosa “destaca o sentimento da saudade nese principio cósmico que tanto nos marca, nos auxilia e, tamén nos aterra” e rastrea a súa presenza na poesía galego-portuguesa, “tan situada nese transcendentalismo panteísta que representa para nós un continuo rexurdimento da verdade e, tamén da beleza”.



_____, “¡Vates, crebade as liras!”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”,
31 decembro 1996, p. 3.

Xosé Lois García cualifica de “esperpéntica” a tensión que se creou no congreso da AELG a propósito das opinións de Uxío Novoneyra, para quen pide “un solemne e silencioso respecto” pola súa humanidade persoal e literaria. Considera contradictorio que sexan os escritores dos 80 os que pretenden corrixir ós novos escritores, porque foron eles os “dinamiteiros e desprezadores da xeración que tanto acusaron de realismo social”. O articulista sinala que das novas propostas lle interesa “a súa insumisión; a tentativa de romper cos vellos convencionalismos; o combate comprensivo que poden esgrimir contra dalgúns dos infalíbeis pontífices da literatura dos oitenta; (...) que rompan co poeta-policía; cos poetas rememoradores (...) que sexan os novos escritores os que rematen con tanto minifundio cultural”.



García-Bodaño, Salvador, “O silencio das árbores”, *El Correo Gallego*, 4 febreiro 1996, p. 3.

Tras un comentario sobre a situación política e social española e galega, comenta a grata experiencia que supón refuxiarse na literatura e poñer sosego na vida. Refírese á lectura dun traballo publicado no *Boletín Galego de Literatura*, que lle remitiu Ricardo Martínez-Conde sobre as relacións entre o haiku e a cantiga galego-portuguesa. Ademais refírese á interesante obra poética deste autor, tanto en galego coma en castelán, unha poesía “despida, asimbolista, de íntima reflexión filosófica, radicalmente real, esencialmente natural, imbricada na unidade harmónica do home no universo”, da que deu boas probas en *Orballo nas camelias* e *O silencio das árbores*.



_____, “Da antiga Compostela”, *El Correo Gallego*, 18 febreiro 1996, p. 3.

Refírese ó volume elaborado polo profesor compostelán José Ignacio Fernández de Viana y Vieites, Catedrático de Paleografía e Diplomática da Universidade de Granada, titulado *El tumbillo de San Bieito do Capo (Santiago)*, publicado, en castelán, polo Secretariado de Publicacións da Universidade de Granada, aínda que foi ofrecido ó Instituto P. Sarmiento e á revista *Compostellanum* do Instituto de Estudios Xacobeos. Reclama a axuda á investigación neste ano dedicado a Ferro Couselo que abriu o camiño deste tipo de investigacións co seu traballo *A vida e a fala dos nosos devanceiros*, publicado por Galaxia en 1867. Comenta tamén os contidos da publicación, que ofrece unha análise da vida en Compostela dende o 1345 ata o 1516.



_____, “Na senda das palabras”, *El Correo Gallego*, 24 marzo 1996, p. 3.

Salvador García-Bodaño anuncia a súa participación en varios actos culturais que se celebrarán en Sabadell e Valencia. En Sabadell, participará xunto a Xabier Rodríguez Baixeras, no “Cinque Cicle de Poesia al Teatre”, dedicado o 25 de marzo á Poesía Galega Contemporánea, acto no que se escenificarán poemas de Ferrín, Novoneyra, Cáccamo, Fernán-Vello e López Casanova. En Valencia vai participar nas “Jornadas de encontro sobre literatura de las nacionalidades”, organizadas pola Facultade de Filoloxía da Universitat de València, baixo a dirección de Arcadio López-Casanova, na que participarán tamén Carlos Casares e Xesús Alonso Montero. Anuncia, ademais, outro acto, ó que lamenta non poder asistir, unha exposición fotográfica que se celebrará na Casa da Cultura de Noia en homenaxe ó poeta Antón Avilés de Taramancos.



_____, “Mensaxe para a Festa das Letras”, *El Correo Gallego*, 12 maio 1996,
p. 3.

Refírese ós variados actos que se celebran en Galicia con motivo da festividade das Letras Galegas para homenaxear a nosa lingua e á nosa cultura. Cre que “os pobos que festexan e se enorgullecen da súa cultura son pobos cohesionados e intelectualmente sanos, que revitalizan vínculos de solidaria responsabilidade no seu tecido social e defrontan o futuro con firmeza”. Dedicou tamén unhas palabras a Xesús Ferro Couselo, que xa salientou a importancia do noso pasado en *A vida e fala dos devanceiros*. Conclúe cun desexo de prosperidade e vitalismo para o futuro de Galicia, un proxecto que require da unión de tódolos galegos.



_____, “Luz Pozo Garza”, *El Correo Gallego*, 7 xullo 1996, p. 3.

García-Bodaño expresa a súa grande satisfacción polo ingreso de Luz Pozo Garza na Real Academia Galega. Dédícalle á poeta unhas palabras emocionadas e de grande lirismo “Luz, para que o cromatismo pictórico e a revelación poética existan. Pozo, para que os sons acheguen na fondura do silencio a súa musicalidade íntima. Garza, para alzar, con ímpetu o voo lírico en liberdade...”. A continuación, fai un percorrido pola traxectoria literaria de Luz Pozo e apunta algunhas das claves da súa obra, dende os seus inicios en castelán ata os seus últimos títulos en galego. Salienta a súa faceta de crítica literaria á que contribuiu co volume *Ondas do mar de Vigo. Erotismo e conciencia mítica nas cantigas de amigo*, a súa vocación de ensinante e a súa dedicación á pintura e ó piano.



_____, “Aurelio Aguirre na paz de Boisaca”, *El Correo Gallego*, 1 setembro
1996, p. 3.

Comentario sobre o traslado dos restos mortais de Aurelio Aguirre ó cemiterio municipal de Boisaca, acto ó que foi convidado xunto a D. Antón Fraguas para servir de testemuña. Resume brevemente a faceta literaria e humana de Aurelio Aguirre, nacido na rúa do Vilar no ano 1833 e morto en 1858, nas augas da praia de Orzán na Coruña. Tan só 25 anos de vida intensa culturalmente, “naqueles tempos nos que se consolidaba o noso rexurdimento”.



_____, “Do Catón Compostelano a O Correo”, *El Correo Gallego*, 13 outubro 1996, p. 3.

Tras explica-la imposibilidade de asistir á celebración dos mil días de aparición de *O Correo Galego*, García-Bodaño sinala a importancia deste evento e lembra que foi tamén en Compostela onde xurdiu o primeiro xornal na nosa historia, o *Catón Compostelano*. Destaca tamén que esta celebración ha de levarnos a “novos e abertos horizontes de futuro...”



_____, “Arredor de Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, 27 outubro 1996, p. 3.

Despois de se referir ós vinte anos da morte de Otero Pedrayo, García-Bodaño reflexiona sobre a importancia de lembra-la nosa historia e menciona as “Xornadas arredor de Otero Pedrayo”, celebradas na Facultade de Filoxía de Santiago, nas que Fernández del Riego salientou precisamente a necesidade de vencellarse co pasado. García-Bodaño cre que deben se-lo profesorado e os medios de comunicación social, os encargados de formar no coñecemento da tradición ás novas xeracións.



_____, “Ou esa camelia perfumada”, *El Correo Gallego*, 22 decembro 1996,
p. 3.

Tras se referir ó vandalismo do incendio que afectou ó Concello de Santiago causando graves desperfectos na súa fachada, García-Bodaño enumera algúns dos actos culturais que terán lugar nestes días, como a concesión do Premio Modesto Figueirido do Pedrón de Ouro a Xosé Antonio Moreno e Manuel Blanco Rivas; do Premio Espiral Maior de Poesía a Emma Couceiro; do Manuel García Barros de Novela a Alfonso Álvarez Cáccamo e Xavier Queipo e do Premio Rosalía Castro do Pen Clube de Galicia a Saramago, Torrente, Perucho e Atxaga, actos que, na súa opinión, “dan conta da fecunda madurez do noso país atlántico”.



_____, “Libros no Nadal”, *El Correo Gallego*, 29 decembro 1996, p. 3.

Dá noticia da recente publicación de dúas obras de “interese no proceso de desenvolvemento da poesía neste noso país atlántico”: *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, editada polo Centro Ramón Piñeiro e *Antoloxía de Poesía Galega*, preparada pola profesora brasileira Yara Frateschi Vieira. Saúda tamén nestes días de Nadal a aparición de novos títulos da editorial Galaxia: *Historias que ninguén cre*, de Ánxel Fole, *Manso*, de Lueiro Rey, *As calexas do cigurat*, de Xavier Carro, *Lola anda en bicicleta*, de Carlos Casares, novos títulos da Biblioteca Sherlock Holmes, dúas entregas en galego de *Asterix* e a *Guía das plantas medicinais de Galicia*, todas elas descritas nos apartados correspondentes deste Informe.



García Cotarelo, X. A., “Pan de Mondoñedo”, *El Mundo*, “Galicia aberta”,
26 marzo 1996, p. 7.

Comeza por facer referencia ó pan de Mondoñedo, sempre presente na súa lembranza da infancia, para dar paso ó agradecemento reiterado á sobriña de Dona Elena Quiroga y de Abarca por enviarlle o discurso de ingreso da súa tía na Real Academia Española, *Presencia y ausencia de Álvaro Cunqueiro*, lido o 8 de abril de 1984, que considera a maior homenaxe ó escritor de Mondoñedo. Lembra así mesmo, a súa débeda con Cunqueiro por “moitas das crenzas que me sustentan e que aluman o meu camiño da vida”, conviccións que o levaron a un interese constante pola figura de Cunqueiro.



García Iglesias, José Manuel, “Filgueira e Laxeiro, dúas referencias para os galegos”, *El Correo Gallego*, 1 maio 1996, p. 3.

Faise eco das senllas homenaxes que recibiron Laxeiro e Filgueira Valverde, dúas figuras que “han de ser entendidas hoxe como referencias que, dende o mundo da cultura son testemuñas e protagonistas dunha Galicia diversa”. Filgueira foi homenaxeado na Universidade de Santiago nun acto académico que lle outorgaba o doctorado *honoris causa*, recoñecendo así o seu labor de investigación centrada en Galicia ó longo de toda a súa vida. Por outra banda, Laxeiro foi homenaxeado no Centro Galego de Arte Contemporánea polo vencellamento da súa pintura e de Galicia.



_____, “Filgueira, cita e modelo para a cultura galega”, *El Correo Gallego*,
9 outubro 1996, p. 3.

Artigo dedicado á memoria de D. Xosé Filgueira Valverde, de quen o articulista destaca o seu maxisterio, a súa curiosidade por tódolos temas, a súa “modélica ilusión”, a súa capacidade de organización, características todas elas que o converten en “cita e modelo” para tódalas xentes vencelladas ó mundo da cultura galega.



_____, “Casares e o Consello da Cultura Galega”, *El Correo Gallego*,
23 outubro 1996, p. 3.

Saúda o nomeamento de Carlos Casares como Presidente do Consello da Cultura Galega. García Iglesias fai unha semblanza de Casares de quen destaca sobre todo a súa tolerancia e saber estar, ademais de consideralo “sensible, culto, irónico, extrovertido, bo observador”. Cre que o ten todo para ser un bo presidente e que este cargo, no que debe segui-la liña de Ramón Piñeiro e Xosé Filgueira, sumarase á súa obra literaria como escritor e como crítico.



García Pintado, Ánxel, “A hora punta do libro”, *O Correo Galego*, “Día a día”,
27 maio 1996, p. 18.

Comentario sobre a “saturación” de novos libros que se vive no mes de maio, debida á celebración da Feira do Libro. Os actos de presentación aumentan o seu número por estas datas, seguindo os criterios da mercadotecnia, que tamén afecta ó libro. Outra opción, indica, é a dos que prefiren afastarse deste mes e elixen para presenta-lo seu produto, o mes de setembro.



García-Sabell, Domingo, “Retrato dun home civilizado”, *La Voz de Galicia*, “Gromos”, 28 xaneiro 1996, p. 12.

Refírese á traxectoria da revista *Ínsula* cando se cumpren os seus cincuenta anos de vida. Destaca as súas colaboracións e a preparación, xunto a Ramón Piñeiro, dun número especial dedicado ás Letras Galegas. Ten palabras eloxiosas para o seu fundador e director durante anos, Enrique Canito, e salienta a súa calidade humana e a amizade que mantiveron.



_____, “A dificultade de escribir”, *La Voz de Galicia*, “Gromos”, 10 marzo 1996,
p. 10.

Reflexión sobre as dificultades que presenta para o escritor, a rigorosa expresión das ideas e a “claridade da intención, e a búsqueda do estremecemento, coa sinceridade que debe deitar dunha alma limpa e sen resentimento de ningunha clase”. Sinala a presenza constante do baleiro “que endexamais se colma” entre o escritor e as palabras, xa que estas nunca expresan o verdadeiro fondo. Recolle a idea de Nietzsche sobre a “minusvalía das verbas” e a necesidade de ocultamento do autor que esixía Mallarmé cando afirmaba que o texto debía presentarse “sans voix d’ auteur”.



_____, “Os libros innecesarios”, *La Voz de Galicia*, 28 xullo 1996, p. 10.

Reflexión de Domingo García-Sabell sobre o enorme número de publicacións que chegan na actualidade ás nosas mans e ás que en moitas ocasións non lles poderemos dedica-lo noso tempo. Tamén comenta que ás veces os libros se presentan monótonos e aburridos dende o seu comezo e que o instinto do lector esperto descobre de seguido neles que “todo é palla”.



_____, “Os libros como presenza”, *La Voz de Galicia*, “Tempo de lecer”,
11 agosto 1996, p. 8.

Comentario sobre a presenza física dos libros e o poder que exercen dende o seu posto na biblioteca. Os libros, sinala, convértennos en “alumnos, aprendices das obras coas que convivimos en tempos” e ademais posúen unha beleza permanente. Ofrece tamén dúas citas de Charles Lamb e Baudelaire, na liña do seu comentario.



Giráldez, X. M., “Quiroguita”, *O Correo Galego*, “Pegadas”, 16 outubro 1996,
p. 3.

Semblanza de Manuel Álvarez Quiroga, un galego nacido en Celanova no 1937, posuidor dun enorme arquivo persoal, fundamental, segundo o articulista, para a reconstrución da Irmandade Galega de Venezuela e de moitos outros organismos da emigración. Giráldez salienta o seu grande labor en América entre os galegos, onde Quiroga pasea “o seu amor galego”.



_____, “Castelao”, *O Correo Galego*, “Pegadas”, 26 outubro 1996, p. 3.

Lembranza dedicada a Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao, ó se cumprir un ano máis do seu pasamento. Giráldez sinala o grande descoñecemento que os galegos teñen da súa obra a pesar de que nela late profundamente o sentir da nosa terra. Castelao “reuniu en si todo o espírito de Galicia, presentándoo sempre cara ó futuro”, de aí que, en opinión do articulista, debamos render homenaxe á súa personalidade e recoñece-la valía da súa obra.



Gironella, José María, “Álvaro Cunqueiro y Dios”, *El Correo Gallego*,
25 novembro 1996, p. 2.

No marco dun comentario sobre o futuro da humanidade, José María Gironella recupera as opinións que Álvaro Cunqueiro lle proporcionara na enquisa que publicou en 1969, co título *100 españoles y Dios*, nas que mostra as súas “ideas claras y originales sobre el tema de la muerte y el más allá”, e nas que manifesta a súa crenza en Deus, as súas experiencias ante os rezos e as características da fe en Galicia,



González, José Ángel, “Fole”, *El Correo Gallego*, “Planeta Nosotros”, 12 xullo 1996, p. 2.

Trala elección de Ánxel Fole como homenaxeado no Día das Letras Galegas 1997, denuncia a tardanza dun recoñecemento merecido por este autor, que morreu na indixencia, mentres “la Academia y la crítica lo consideraban un *pie negro*, un mestizo, un mal escritor de cuentos de lareira en *castrapo* desnaturalizado”. Conclúe sinalando que a homenaxe chega tarde.



Gwede, “Centenario del “Otero Pedrayo”, *La Región*, “Panorama”, 8 outubro 1996, p. 26.

O articulista lembra, con motivo da celebración do centenario do Instituto Otero Pedrayo que pretende ser “unha ollada á cultura galega”, algunhas anécdotas persoais vividas naquel lugar e algúns dos seus profesores. Lamenta a perda da grande biblioteca que posuía o Instituto onde, segundo afirma, el e tódolos da súa xeración contactaron cos grandes mestres da literatura.



Kortazar, Jon, “Aforismos e máximas”, *Faro de Vigo*, “Faro das Letras”,
nº CXXIV, “Tribuna de opinión”, 11 maio 1996, p. 4.

Jon Kortazar reflexiona sobre a proliferación de libros de máximas, sentencias e aforismos na actualidade, o que el relaciona cos tempos de caos que vivimos, xa que afirma que estes volumes axudan á “busca da orde nun tempo de mudanza”.



Laxe Freire, M. A., “Literatura terapéutica”, *O Correo Galego*, “Follas soltas”, 28 xaneiro 1996, p. 2.

O articulista reflexiona sobre a función que cumpría na vida social a literatura tradicional como instrumento que cohesionaba e identificaba o grupo.



_____, “A voltas co demo”, *O Correo Galego*, “Follas soltas”, 26 maio 1996,
p. 2.

O articulista comenta a simboloxía da figura do demo na cultura e na literatura en xeral e salienta a importancia da súa presenza nas obras de autores da literatura universal como John Milton ou Fiodor Dostoievski.



_____, “Os gonzos do sistema”, *O Correo Galego*, “Follas soltas”, 2 xuño 1996,
p. 2.

Comenta Laxe Freire algunhas das temáticas sociolóxicas presentes en obras castelás e, sen embargo, ausentes de obras galegas, como é o tema da honra e dos celos, tantas veces tratado na literatura española.



_____, “A volta cos clásicos”, *O Correo Galego*, “Follas Soltas”, 15 setembro 1996, p. 2.

A partir da lectura de *The Western Canon (El canon occidental, 1995)*, de Harold Bloom, X. M. Laxe Freire fai unha reflexión sobre o concepto de canon na literatura occidental e cita autores de diferentes épocas que, hoxe en día, se consideran canónicos.



_____, “Á lus do candil”, *O Correo Galego*, “Follas soltas”, 24 novembro 1996,
p. 2.

Recorda Laxe Freire os tempos en que en Galicia nas noites de inverno se contaban historias de tradición oral -nas que aparecían lobos, meigas, mortos, aparecidos, etc.- para pasa-lo tempo e como moitas delas foron incorporadas por autores como Ánxel Fole ó discurso narrativo galego.



_____, “Espacios rurais na nosa narrativa”, *O Correo Galego*, “Follas soltas”,
1 decembro 1996, p. 2.

Comenta o colaborador cómo no comezo da narrativa galega se impuñan os espacios rurais, mentres que na narrativa moderna se abriron os escenarios cara ós espacios urbanos, sen embargo, sempre se atopan excepcións como na obra de Marica Campo.



_____, “Éxitos e futuro das nosas letras”, *O Correo Galego*, “Follas soltas”,
29 decembro 1996, p. 2.

M. A. Laxe Freire afirma que o feito de que por tres veces consecutivas un autor galego e en lingua galega obtivera o Premio Torrente Ballester de Narrativa é un bo augurio e amosa a calidade da literatura galega.



Lema Mouzo, Xosé Manuel, “Antón Zapata, o poeta laxense”, *La Voz de Galicia* (Edición de Bergantiños), “Terra e Xente”, 13 abril 1996, p. 37.

Intento de recupera-la figura do poeta de Laxe, Antón Zapata García, e da súa obra póstuma, *A roseira da Soidade*. A obra, publicada en Buenos Aires no ano 1953, é unha serie de 30 poemas compostos na emigración e leva un prólogo de Ramón Otero Pedrayo.



Lema Suárez, Xosé María, “Manuel Rivas, ¿o derradeiro mohicano da Terra de Soneira?”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 13 decembro 1996, p. 3.

Comenta Xosé María Lema Suárez cómo no ano pasado se falou moito de Vimianzo a nivel nacional por dous motivos ben diferentes: o primeiro, a desaparición dunha nena autista nesta zona; o segundo, a concesión a Manuel Rivas -quen ten ubicada a súa residencia na Terra de Soneira- do Premio Nacional de Literatura.



_____, “Lugares e personaxes na obra de Manuel Rivas”, *O Correo Galego*,
“No faiado”, 14 decembro 1996, p. 4.

Refire o articulista a relación que sempre mantivo Manuel Rivas coa Terra de Soneira e que se fixo patente en moitas das súas obras, en concreto, nos relatos de *¿Que me queres, amor?* (1995) titulados “So por aí”, “O míster & Iron Maiden”, “A lingua das bolboretas” ou “Un saxo na néboa”, nos que, como evidencia Lema Suárez, a xeografía da Terra de Soneira e da Costa da Morte aparece repetidamente.



Llano, Pedro de, “Carlos Casares”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Teatro do Mundo”, 14 abril 1996, p. 88/p. 64.

Destácase a capacidade deste escritor como contador de contos e a súa capacidade para convertelos en literatura con claridade, precisión e enxeño. Indícase que é un digno continuador doutros grandes fabuladores galegos como Cunqueiro ou Fole e equiparable ós máis apreciados narradores do noso tempo. Un inqueda contador de contos para o que calquera feito creativo pode resultar atractivo. Tamén se di del que é sempre capaz de contar unha nova anécdota dende unha sempre fresca, irónica e sensible imaxinación.



_____, “Manolo Rivas”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Teatro do Mundo”,
4 agosto 1996, p. 88/p. 64.

Realízase unha digresión sobre unha declaración que Manolo Rivas fixo dicindo “o que non quere por nada do mundo é ser un cabrón”. Di de Llano que non pode aceptar que Rivas sexa capaz de ve-las cousas que os demais non ven, contalas dun xeito incapaz para os demais de imaxinar sen que tan sequera lle poida chamar cabrón. Afirmo que lendo ó enredador de Rivas xa non sabe o que é verdade ou mentira pero que o que si sabe é que non sería xusto que el non puidese ser considerado como todo un cacho de cabrón.



López de Gereño, Xosé María, “Lembranza de Castelao no 110 aniversario do seu necemento”, *Diario de Pontevedra*, 29 xaneiro 1996, p.10.

Á inicial evocación das efemérides máis importantes da vida de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, séguelle un repaso pola súa actividade política na preguerra e no exilio americano. Recolle varias citas do autor rianxeiro, en especial de *Sempre en Galiza*. Para rematar, informa da homenaxe que organiza o Concello de Rianxo para lembra-la figura do ilustre galeguista.



Losada, Antón, “O verán de Lois”, *La Voz de Galicia*, “Colaboraciones”, 1 xuño 1996, p. 9.

Antón Losada fai unha lembranza do seu amigo e poeta, Lois Pereiro, ademais de repasa-la súa bibliografía creativa e destacar algunha das características dos seus poemas, definidos polo articulista, como “reconto da demolición”.



Losada, Basilio, “Autobiografía”, *El Mundo*, “Galicia aberta”, 11 febreiro 1996,
p. 7.

Estampa lírica na que Basilio Losada lembra o pasado da súa familia, ademais da paisaxe, a casa e os costumes familiares de cando era neno.



Mallo, Albino, “Lembranza de Sofía Casanova”, *O Correo Galego*, “Visións”,
21 marzo 1996, p. 3.

Albino Mallo fai un resumo da vida da coruñesa Sofía Casanova con motivo da edición do seu libro *Galicia la inefable* (1996), que recolle tres narracións inspiradas en Galicia -“De la aldea”, “El ladrón” e “El peregrino penitente”- máis un prólogo de Juan Antonio Cánovas.



_____, “O mestre Borobó”, *O Correo Galego*, “Visións”, 28 marzo 1996, p. 3.

Con motivo da homenaxe que un grupo de amigos lle ofreceron a Raimundo García (Borobó), Albino Mallo, que non puido asistir en persoa ó acto, dedicou esta sección a loa-la figura deste mestre de xornalistas.



_____, “Galegos na *Codorniz*”, *O Correo Galego*, “Visións”, 6 maio 1996, p. 3.

Comenta Albino Mallo que nunha das súas estancias en Madrid comprou algúns exemplares, comprendidos entre os anos 1960 e 1975, da revista de humor *La Codorniz* nos que atopou as colaboracións dalgúns galegos como Xulio Cebrián, Álvaro de la Iglesia Caruncho e Xaquín Marín.



_____, “Gerardo Diego e Galicia”, *O Correo Galego*, “Visións”, 23 maio 1996,
p. 3.

Refire A. Mallo que, visitando unha exposición-homenaxe a Gerardo Diego na Biblioteca Nacional de Madrid, atopou algúns vínculos do poeta con Galicia como o poemario que dedicou á capital galega co título de *Ángeles de Compostela* (1940) ou o prólogo que fixo Ramón Otero Pedrayo para o limiar deste libro.



_____, “Teatro para escoitar”, *O Correo Galego*, “Visións”, 30 maio 1996, p. 3.

Albino Mallo felicita a idea do IGAEM da edición en cintas magnetofónicas de obras teatrais da Literatura Galega de autores como Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Rafael Dieste, na voz dos actores do C. D. G., ademais da gravación televisiva das obras do C. D. G. Afirmo o articulista que todas estas iniciativas deberían chegar ós fogares galegos.



_____, “O retorno de Antonio D. Olano”, *O Correo Galego*, “Visións”, 27 xuño 1996, p. 3.

A raíz da visita do xornalista Antonio Domínguez Olano a Galicia, debido a que foi o gañador do Premio de Narracións Breves Antonio Machado, Albino Mallo recorda a súa actividade profesional como redactor de *La Noche*, reporteiro do xornal *Pueblo* e da emisora Radio Madrid, na que gañou dous premios Ondas, e como escritor de diversas novelas en castelán.



_____, “Rosalía universal”, *O Correo Galego*, “Visións”, 25 xullo 1996, p. 2.

O articulista comenta algúns dos actos conmemorativos que está a celebrar e celebrará durante o ano 1997 o Padroado Rosalía de Castro co gallo da celebración do seu cincuentenario. En *Padroado* por presenta-la primeira edición económica das *Obras Completas* de Rosalía de Castro, e no 1997 farán unha exposición sobre a vida, a obra e o tempo da poetisa santiaguesa.



_____, “Esperando a vez”, *O Correo Galego*, “Visións”, 19 setembro 1996, p. 3.

O comentarista fala de diferentes aspectos da vida de Xosé Filgueira Valverde, entre eles o seu traballo á fronte do Museo de Pontevedra, e lembra a última vez que o viu no enterro de Manuel Beiras, momento en que lle comentou a Albino Mallo a modo de presaxio que estaba esperando a súa vez.



_____, “O día seguinte”, *O Correo Galego*, “Visións”, 10 outubro 1996, p. 3.

O articulista felicita a chegada ós mil números do xornal en galego *O Correo Galego*, unha perspectiva da que, segundo Albino Mallo, nun principio dubidaban diversos medios de comunicación.



_____, “175 debuxos de Castelao”, *O Correo Galego*, “Visións”, 19 decembro 1996, p. 3.

A. Mallo refírese neste artigo á edición por parte da Fundación Caixa Galicia de 175 debuxos de Castelao nun volume con limiares de Xosé Filgueira Valverde e Manuel Fraga Iribarne.



Manuel María, “Garimoso saudo á choiva”, *El Correo Gallego*, 5 xaneiro 1996,
p. 4.

O escritor lucense dá a súa particular benvinda á choiva e cita a súa presenza na poesía popular galega e nos versos de Bernardino Graña e Augusto Casas.



_____, “Breve nota encol da paisaxe”, *El Correo Gallego*, 12 xaneiro 1996, p. 3.

Manuel María fai unha exhortación ó goce da paisaxe dunha maneira profunda, ó xeito romántico, e non dunha forma superficial. Cita o lucense como principais representantes do paisaxismo na literatura galega a Ánxel Fole e Ramón Otero Pedrayo, que amosaron na súa obra unha percepción moi arraigada do sentimento paisaxístico.



_____, “Lois Pereiro: amor e dor”, *El Correo Gallego*, 19 xaneiro 1996, p. 3.

Comentario sobre o último libro de Lois Pereiro *Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995* (1995), do que salienta Manuel María a súa estrutura trabada e comenta as diferentes seccións que simbolizan o nacemento, o cénit e o ocaso.



_____, “A ascensión dun poeta”, *El Correo Gallego*, 9 febreiro 1996, p. 3.

O articulista eloxia o libro de Alfonso Blanco Torrado *A ascensión dun poeta* (1995), gañador do 9º Premio Literario Ánxel Fole, no que se analiza a vida e a obra édita e inédita do guitiricense Xosé María Díaz Castro. Sinala Manuel María que o autor do volume foi o mellor compañeiro nos últimos anos da vida do poeta e que promoveu numerosos actos na súa homenaxe.



_____, “Un poeta épico”, *El Correo Gallego*, 23 febreiro 1996, p. 4.

O escritor chairego lembra unha anécdota que lles ocorreu a Uxío Novoneyra, Ánxel Fole e a el mesmo na Festa da Poesía que se celebrou en Chantada na década dos 50: un poeta local recitou un poema de horrible factura diante de Ánxel Fole que espantado declarou: “¡Que barbaridade, que barbaridade...! ¡Fíxese que cousas fai facer o aburrimto nestes povos! ¡Que barbaridade!”.



_____, “Aviso para galegos en xeral e chairegos en particular: o centenario de Xosé Crecente Vega”, *El Correo Gallego*, 8 marzo 1996, p. 3.

Lembranza da vida e obra de Xosé Crecente Vega con motivo do centenario do seu nacemento, o 3 de xuño. Manuel María chama a atención en especial ás institucións públicas sobre este feito para que non esquezan a súa conmemoración.



_____, “A Pardo Bazán e as Torres de Meirás”, *El Correo Gallego*, 29 marzo 1996, p. 2.

O articulista fai unha descrición da vida cotiá nas Torres de Meirás cando vivía Emilia Pardo Bazán seguindo a panorámica que ofreceu Manuel Vidal Rodríguez no volume *Torres de Meirás: vida y trabajo de la condesa de Pardo Bazán y el caudillo*. Comenta tamén Manuel María outros traballos do autor: textos escolares, obras de divulgación e dous volumes de creación en galego.



_____, “Contra as agresións ó río Miño”, *El Correo Gallego*, 19 abril 1996, p. 3.

Defensa do Río Miño e da organización “Plataforma para a defensa do Miño”, que organizou un acto poético o 10 de xuño de 1993 en favor do río e que no mes de abril de 1996 presentou un volume onde se recollen os poemas lidos nese acto, ademais doutras prosas e ilustracións de pintores.



_____, “Lembranza dunha revista”, *El Correo Gallego*, 10 maio 1996, p. 3.

O escritor lugués fai unha reflexión sobre a grande cantidade de revistas que recibiron o nome de *Galicia*, para fixarse nunha *Galicia* que se publicou en Ferrol no ano 1885. No primeiro número desta publicación, de carácter semanal e con oito páxinas, participaron Xoán Manuel Pintos, Francisco Añón, etc.



_____, “Contra o ritualismo”, *El Correo Gallego*, 17 maio 1996, p. 3.

O escritor lugués fai unha reflexión sobre o Día das Letras Galegas e afirma que non se pode caer na ritualización desta data xa que se prexudica ó homenaxeado e se fai da celebración unha conmemoración máis.



_____, “Grandezas e limitacións dos escritores de Nós”, *El Correo Gallego*,
14 xuño 1996, p. 3.

Manuel María informa que nun acto cultural celebrado en El Corte Inglés da Coruña o 17 de maio, ó que asistiron coñecidos escritores galegos, se pedía que Galicia fixera da súa literatura un produto de calidade e comenta o escritor ó respecto que Galicia ten unha literatura de suficiente calidade en relación coa súa sociedade.



_____, “Gerardo Diego e Compostela”, *El Correo Gallego*, 5 xullo 1996, p. 3.

Con motivo do centenario do nacemento de Gerardo Diego, o escritor lugués lembra a figura do santanderino e o poemario que dedicou á capital galega: *Ángeles de Compostela* (1940). Láíase o articulista de que Santiago non teña dedicado en galego un poemario semellante ó de Gerardo Diego, aínda que conte con outros como *Tempo de Compostela* (1978), de Salvador García-Bodaño, e *Na brétema Sant-Iago* (1956), de Luís Seoane, ademais dalgún poema solto de Fermín Bouza Brey ou Federico García Lorca.



_____, “Remodelacións na casa museo de Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*,
12 xullo 1996, p. 3.

Con motivo dunha noticia que Manuel María escoitou sobre a remodelación da casa de Otero Pedrayo, sinala o escritor a necesidade non de remodelar senón de restaura-lo pazo - actualmente en ruínas- que está ó pé da casa oteriana.



_____, “Día de Galicia. Día da Patria Galega”, *El Correo Gallego*, 19 xullo 1996,
p. 3.

O escritor lucense explica o significado e historia do 25 de xullo, Día da Patria Galega, que foi instituído polas Irmandades da Fala e conmemorado por vez primeira no ano 1920. Para o articulista “asumir o seu significado, total e profundo, é identificarse co ser galego”.



_____, “Un inquisidor do século XVII”, *El Correo Gallego*, 26 xullo 1996, p. 3.

Artigo sobre os masóns e inquisidores. Verbo dos primeiros C. X. D. Martínez montou e organizou unha mostra sobre a súa historia, na que Manuel María destaca a presenza dun coñecido masón lucense, o escritor Manuel Castro López.



_____, “Outravolta do centenario de Gerardo Diego”, *El Correo Gallego*,
2 agosto 1996, p. 3.

Descúlpase Manuel María por non coñecer-la edición que o Consorcio de Santiago fixo en 1996 en colaboración coa editorial Ara Solis do poemario de Gerardo Diego, *Ángeles de Compostela* (1940), con motivo da conmemoración do centenario da morte do poeta. Na presente edición reproducécese o prólogo en galego que Ramón Otero Pedrayo fixera para a primeira edición.



_____, “A ascendencia pantonesa de Ánxel Fole”, *El Correo Gallego*, 9 agosto 1996, p. 3.

O articulista tracexa a ascendencia por liña paterna de Ánxel Fole e constata que tanto seu pai (Reinaldo Fole Quiroga) coma seu avó paterno (Ánxel Fole García) naceron en Santa María de Ferreira de Pantón.



_____, “Literatura galega en Portugal”, *El Correo Gallego*, 16 agosto 1996, p. 3.

O articulista comenta dous números da revista portuguesa *Colóquio/Letras* (n^{os} 137-138 de xullo-dembro de 1995 e o n^o 139 de xaneiro-marzo de 1996) dedicados á literatura galega e valora unha iniciativa deste tipo xa que “divulgarán aspectos importantes da nosa cultura, entre xentes non galegas”.



_____, “Semielexía (provisoria) polas papuxas do Val de Lemos”, *El Correo Gallego*, 21 outubro 1996, p. 3.

A partir dun comentario sobre a desaparición das papuxas no Val de Lemos, lembra Manuel María uns versos de Manuel-Florencio Delgado Gurriarán sobre o pequeno paxaro.



_____, “O vello cimiterio de Mondoñedo”, *El Correo Gallego*, 4 novembro 1996, p. 3.

Ante a noticia de que poida desaparecer-lo cemiterio de Mondoñedo, Manuel María recorda que nel están enterrados personaxes tan importantes para a cultura galega como Pascual Veiga, Manuel Leiras Pulpeiro, Eduardo Lence Santar ou Álvaro Cunqueiro.



_____, “Cronistas oficiais e poetas locais”, *El Correo Gallego*, 11 novembro 1996, p. 3.

Manuel María reclama neste artigo un cronista oficial para a cidade de Lugo, posto vacante dende que fora cronista da cidade o poeta abadinense Antonio Noriega Varela e sinala que o moderno cronista debería ter coñecementos de Arqueoloxía, Heráldica, Paleografía e Latín.



_____, “Os poetas e o fútbol”, *El Correo Gallego*, 18 novembro 1996, p. 3.

Menciona Manuel María varios poemas de autores galegos que teñen como motivo central o fútbol, en concreto, os titulados “Football”, de Xulio Sigüenza; “Un consolo”, de Xosé María Álvarez Blázquez e “O hincha”, de Celso Emilio Ferreiro.



_____, “Nin ritmo nin rima: poesía”, *El Correo Gallego*, 25 novembro 1996, p. 3.

O articulista trae a colación uns versos do escritor lugués Xosé Miranda sobre a situación de desprotección que vive a poesía hoxe en día e subscríbeos afirmando que hai que recupera-la poesía para a sociedade actual.



_____, “Amores medioevais”, *El Correo Gallego*, 2 decembro 1996, p. 3.

O colaborador recorda algúns dos amores platónicos máis famosos durante a Idade Media, como o do poeta provenzal Jaufre Rudel, o de Macías o Namorado, Guilhem de Cabestanh, Dante, Petrarca, Boccacio, etc.



_____, “Lembranza de Alexandre Cribeiro”, *El Correo Gallego*, 10 decembro 1996, p. 3.

Manuel María trae ó seu recordo ó poeta Alexandre Cribeiro -con quen tivo unha boa amizade que iniciou a súa andaina poética na revista *Alba* e que, con posterioridade, deu ó prelo os poemarios *Acoitelado na espera* (1960) e *Indo pra máis preto* (1979). Para Manuel María, xunto con Manuel Cuña Novás, Alexandre Cribeiro é unha das voces máis representativas da chamada Escola da Tebra.



_____, “O Galo do Monte”, *El Correo Gallego*, 30 decembro 1996, p. 3.

A raíz dun comentario sobre a desaparición da especie natural chamada Galo do Monte, Manuel María recorda a afección á caza de Álvaro Cunqueiro e Xosé María Castroviejo, grandes amigos e apaixonados non só pola caza e a pesca, senón tamén polos temas culinarios.



Marco, Aurora, “A voltas co teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cartas compostelanas”,
27 marzo 1996, p. 8.

Tras citar algunhas obras que lle gustaría ir ver ó teatro (a montaxe de *A esmorga* ademais de *Hostia e Mourenza*, de Armando Cotarelo Valledor), Aurora Marco comenta o valor do teatro de Ramón Otero Pedrayo e do seu esbozo “¡Ai, Xesús!”.



Martín, Paco, “Teclados”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 31 xaneiro 1996, p. 3.

Reflexiona Paco Martín sobre o feito de que os modernos caixeiros automáticos sexan a versión actual das vellas lendas sobre tesouros que cunha palabriña máxica -hoxe un número- dan o que un pide, como contaba Álvaro Cunqueiro nos seus escritos sobre tesouros encantados custodiados polos mouros.



_____, “Cunqueiro”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 15 marzo 1996, p. 3.

O escritor lucense comenta a anécdota que lle ocorreu á prensa de Braga trala presentación da tradución de *Vida y fugas de Fanto Fantini* ó portugués, realizada por Viale Moutinho. Consistiu na queixa da ausencia no acto de Álvaro Cunqueiro.



Mascato, Antón, “A Conde, con Nélida e Rebordelo ao fondo”, *El Correo Gallego*, 25 xuño 1996, p. 2.

Antón Mascato fai unha réplica a un artigo de Alfredo Conde do mesmo xornal sobre Nélida Piñón e proporcionalle datos biográficos da escritora, como o feito de que nacera en Borela, no Concello de Cotobade, o que parecía descoñecer Alfredo Conde. Ademais, o articulista anima a Conde a facer unha visita á parroquia onde pasou a súa infancia, Rebordelo, para que comprobe “que non mudou a paisaxe” da súa nenez.



Mayoral, Marina, “Noticias novelescas”, *La Voz de Galicia*, “Páxinas soltas”,
7 marzo 1996, p. 8.

Marina Mayoral quéixase de que os xornais “serios” non contan nunca os sucesos enteiros, cousa que a ela lle agradaría. Os sucesos son para a autora noticias fascinantes que lle teñen servido como motivo para novelar unha historia, como ocorreu co seu relato *A man de neve* (1992).



Méndez Ferrín, X. L., “Emilio Freijeiro”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”,
5 xaneiro 1996, p. 2.

O articulista tracexa o vencello do profesor Emilio Freijeiro co Instituto de Santa Irene, de Vigo, dende que ingresou en calidade de mestre da súa Escola Preparatoria ata a súa xubilación. Para Méndez Ferrín é importante destaca-lo seu papel de trasmisor do espírito do Instituto dunha xeración a outra de discentes e docentes e, por iso, pide para el o recoñecemento público ó seu labor.



_____, “O cabalo de Guillerme”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 12 xaneiro 1996, p. 2.

Comenta Méndez Ferrín a súa participación nun acto organizado polo Clube Cultural Adiante no que falou da lírica medieval galego-portuguesa. Na súa intervención mencionou, entre outras cousas, a historia do cabalo de Guillermo o Conquistador, que, segundo Méndez Ferrín, lle foi regalado ó devandito monarca inglés polo rei galego Don García.



_____, “Máis sobre o cabalo de Guillermo”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”,
15 xaneiro 1996, p. 2.

X. L. Méndez Ferrín continúa neste artigo a historia do cabalo que Don García lle regalara ó primeiro rei normando de Inglaterra, para na última parte do texto centrarse na vida do rei Don García.



_____, “O cabalo de Guillerme aínda”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”,
26 xaneiro 1996, p. 2.

A partir dunhas precisións históricas que explican cál foi o cabalo que montou Guillermo O Conquistador en Hastings, Méndez Ferrín comenta a obra de Xoán Bernárdez Vilar *No ano do cometa* (1986), novela histórica que se sitúa na Inglaterra de arredores do 1066, e que comparte título con *El año del cometa* (1974), de Álvaro Cunqueiro.



_____, “Posada-Curros”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 2 febreiro 1996,
p. 2.

Sección na que Ferrín comenta algúns aspectos da vida de Posada-Curros, xornalista e home de letras da Xeración de 1925, ó que o escritor ourensán coñeceu en 1965 cando se incorporou ó departamento de Lingua e Literatura españolas no que Posada-Curros xa levaba moitos anos.



_____, “Urbano, arcano”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 5 marzo 1996, p. 2.

Artigo sobre a personalidade creadora do pintor Urbano Lugrís a quen tan ben retratara, segundo di Méndez Ferrín, Francisco Pablos no seu discurso de ingreso na Academia Galega de Belas Artes.



_____, “Hostia”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 22 marzo 1996, p. 2.

Méndez Ferrín reflexiona sobre o feito de que en Santiago de Compostela descansan os restos de Prisciliano e non os do Apóstolo e comenta como servíndose do tema da morte de Prisciliano, Millán Picouto escribiu unha traxedia e Armando Cotarelo Valledor o drama *Hostia*, que foi representado polo C. D. G.



_____, “A illa maldita”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 25 marzo 1996, p. 2.

O autor fai unha pequena historia do Lazareto de San Simón ó que asocia coa morte. Comeza o percorrido histórico no s. XIII, no que a illa aparece nunha cantiga de Meendinho que X. Filgueira Valverde chamou “a pérola negra dos Cancioneiros”.



_____, “Máis gamelas”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 12 abril 1996, p. 2.

Como continuación dun artigo que X. L. Méndez Ferrín publicara sobre as gamelas o 8 de abril, neste do 12 de abril menciónase un libro de Eliseo Alonso sobre estas embarcacións e faise un achegamento ó autor de *Contos do Miño*, libro que é descrito como “un furor” e do que Méndez Ferrín salienta o conto “Pídeselle unha laureada”.



_____, “Rúa de Xosé Velo”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 19 abril 1996,
p. 2.

A partir do feito de que o Concello de Celanova dedicase unha rúa a Xosé Velo Mosquera, Méndez Ferrín comenta algúns aspectos da vida do galeguista.



_____, “Ferro en Tui”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 22 abril 1996, p. 2.

Colaboración na que se sinala a importancia do Instituto de Tui na etapa en que foi dirixido por Álvaro das Casas, cando tiña entre o seu profesorado a republicanos e galeguistas moi notables. Foi pechado por orde de Franco en 1936. Editaba a revista *Tude* e foi un exemplo de centro onde se impartía un ensino moderno e renovador.



_____, “Carta a C. E. Ferreiro”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 26 abril 1996, p. 2.

Méndez Ferrín dirixe unha carta a Celso Emilio Ferreiro na que lle conta o acto de inauguración da Rúa de Pepe Velo en Celanova. Sinala que ó acto asistiron poucos escritores galegos e que o que lle pareceu máis emotivo foi unha fotografía na que aparecen Celso Emilio Ferreiro e Pepe Velo coas Mocidades Galeguistas de Celanova e uns poemas inéditos do propio Velo que pronto verán a luz na revista *A Trabe de Ouro*.



_____, “Ferro en Ourense”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 3 maio 1996,
p. 2.

Evocación de Méndez Ferrín dos faladoiros que Pilar Barja, Josefa Barja, Xaquín Lorenzo, Ferro Couselo e a súa dona María Teresa celebraban na rebotica da Farmacia de Pilar Barja na rúa ourensá do Padre Feijóo. A ela acudían o futuro autor de *Con pólvora e magnolias* (con seis ou sete anos) e maila súa nai.



_____, “A lafrada do noso nedas”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 6 maio 1996,
p. 2.

Apunta Méndez Ferrín algunhas das características e palabras da xerga dos albaneis e pedreiros de Bueu, argot que polo de agora non foi estudado. Pola contra, si o foron o latín dos pedreiros, o barallete dos cabaqueiros, o barallete dos naceiros e a maila xerga dos cesteiros de Mondariz, e incluso algunha das súas palabras, como sinala Méndez Ferrín, aparecen na poesía de Celso Emilio Ferreiro ou na novelística de Xosé Fernández Ferreiro.



_____, “Rexionalizar Portugal”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 20 maio 1996,
p. 2.

Co gallo da aparición da revista *Anuário Galiza/Norte de Portugal*, na que se fala da rexionalización de Portugal, coméntase a relación de Galicia con este país, presente, por exemplo, na obra de António Torrado *Terra de Lobos*, na que conviven a lingua galega coa portuguesa.



_____, “Rexionalizar en Portugal dous”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”,
24 maio 1996, p. 2.

Méndez Ferrín continúa profundando neste artigo na idea iniciada en “Rexionalizar Portugal” e sinala que xa que o presidente Sampaio ía visitar Galicia -e entre outras actividades presentaría un número da revista *Colóquio. Letras* dedicado á literatura galega- sería bo momento para falarlle da rexionalización de Portugal.



_____, “Filgueira”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 31 maio 1996, p. 2.

Con motivo do outorgamento a Xosé Filgueira Valverde do título de Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo, Méndez Ferrín recorda o seu labor intelectual e o seu traballo á fronte da Biblioteca Provincial e do Museo Provincial de Pontevedra.



_____, “De polbos e naseiros”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 3 xuño 1996,
p. 2.

Comenta Méndez Ferrín algúns dos actos que se ían celebrar na homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle dedicaría na vila de Cangas a Bernardino Graña o 8 de xuño, entre eles, un paseo en barca pola ría de Vigo, no cal se ían recitar poemas de diversos autores.



_____, “O poeta e o mar”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 7 xuño 1996,
p. 2.

Novo artigo no que Méndez Ferrín volve a trata-lo tema da homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle ía dedica-lo sábado seguinte ó poeta Bernardino Graña baixo o lema “O escritor na súa terra”. O articulista fai esta vez unha aproximación ó motivo do mar na obra de Graña, do que fala como “un mar cósmico, total, cifra dunha materia eterna que se fai e desfai mentres nosoutros (...) pasamos e non remanecemos”.



_____, “Vigo su a Dictadura”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 10 xuño 1996,
p. 2.

O articulista fai referencia ó discurso que pronunciou Filgueira Valverde no acto do seu nomeamento como Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo, e trae a colación a actividade cultural que se xerou na cidade nesa década a través dos xornais *Faro de Vigo*, *Galicia* e *El Pueblo Gallego*.



_____, “A morte dun fotógrafo”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 5 xullo 1996, p. 2.

A partir da morte do fotógrafo Tomás Cardenal Corral, lembra Méndez Ferrín unha exposición fotográfica deste mozo -que fora alumno seu-, na que quedou o escritor ourensán profundamente conmovido pola mirada dunha rapaza das fotos expostas. Conta Ferrín que esa mirada o acompañou inconscientemente a partir de entón e que o inspirou cando escribiu o conto “Lobosandaus”.



_____, “Castelao no Día da Patria”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 22 xullo 1996, p. 2.

Pregúntase Méndez Ferrín en cál das dúas manifestacións nacionalistas que se ían celebrar en Santiago co gallo do Día da Patria Galega, iría Castelao -quen fixo con motivo dun Día da Patria un discurso titulado “Alba de Gloria”- se estivese vivo.



_____, “Crónica de Xullo”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 26 xullo 1996,
p. 2.

Artigo no que, entre outros asuntos de contido misceláneo, se informa da aparición do primeiro número da segunda época da revista política *Espiral*.



_____, “Presenza do lobo”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 30 agosto 1996,
p. 2.

Como homenaxe a Ánxel Fole, cóntanos o articulista a última experiencia que tivo co lobo un día que deu un paseo polas inmediacións de Celanova.



_____, “Camiños para a vida”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 6 setembro 1996, p. 2.

Méndez Ferrín lembra os vellos camiños galegos e, en concreto, o camiño antigo que unía Celanova con Allariz polo que o 31 de agosto de 1996 houbo unha peregrinaxe, que coincidiu coa morte do escritor alaricano Marcial Suárez.



_____, “Marcial Suárez”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 9 setembro 1996, p. 2.

Con motivo da morte do escritor de Allariz Marcial Suárez, Méndez Ferrín lembra a súa figura e obra como autor das novelas castelás *Calle de Echegaray* e *La llaga*, ou de dramas teatrais como *Las monedas de Heliogábalo*, ademais de como xornalista e home de pensamento. En galego foi autor de *O acomodador* (1969).



_____, “Máis sobre Curros e Vilanova”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”,
16 setembro 1996, p. 2.

Coméntase un dos feitos que explican o vencello de Manuel Curros Enríquez con Vilanova dos Infantes: cando Curros era novo namorouse dunha moza de Porto de Outeiro (á saída de Vilanova) que se chamaba Manuela Salgado, á que o poeta celanovés lle dedicou os seus primeiros versos.



_____, “Gráficas Numen”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 11 outubro 1996,

2.

L. Méndez Ferrín comenta como un grupo de rapaces galegos en Madrid decidiron crear unha colección de poesía polo que se puxeron en contacto con Gráficas Numen, que imprimira con anterioridade a colección de libros da revista poética *Alba, Voz y voto*, de Celso Emilio Ferreiro e *Fuxidos*, de Xohán Noya.



_____, “Os pazos de Otero”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 8 novembro 1996, p. 2.

X. L. Méndez Ferrín discute neste artigo a presunta fidalguía de Ramón Otero Pedrayo e, tras facer un percorrido xenealóxico pola súa familia, deduce que a fidalguía oteriana “é unha das trolas míticas máis idiotas e persistentes da historia da literatura galega”.



_____, “Otero Pedrayo e a política”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 11 novembro 1996, p. 2.

Comenta o articulista as claves para entende-lo pensamento ideolóxico do escritor Ramón Otero Pedrayo e algunhas das actuacións políticas durante a súa vida que o mostran como un home progresista.



_____, “Os señoritos da Reboraina”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”,
15 novembro 1996, p. 2.

Para Méndez Ferrín hai tres señoritos da Reboraina: o personaxe creado por R. Otero Pedrayo, o heterónimo dun autor non identificado que publicaba na revista *Espiral* e Xosé Manuel Beiras, quen por terlle posto á súa casa de Brión o nome de “Reboraina de Aguiar”, merece tal epíteto.



_____, “A cuestión académica”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”,
6 decembro 1996, p. 2.

O escritor ourensán quíxase da situación precaria que vive a Real Academia Galega, xa que moitos dos seus nomeados non chegan nunca a acceder ó cargo, mentres que outros renuncian ó mesmo ó ve-lo seu funcionamento. Sinala tamén entre as súas carencias a escaseza de creadores galegos que forman parte das súas cadeiras, entre os que só se atopan Carlos Casares, Salvador García-Bodaño e Luz Pozo Garza.



_____, “Milosevic, O Cambedo”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”,
20 decembro 1996, p. 2.

Nun artigo no que Méndez Ferrín comenta a homenaxe que a A. C. Val de Monterrei lle dedicou ós veciños de Cambedo pola súa colaboración na protección dos fuxidos e refuxiados galegos entre 1936 e 1946, refírese a un dos seus organizadores, Xosé Carlos Caneiro, narrador e poeta a quen lle foi outorgado na súa edición de 1996 o Premio Torrente Ballester.



Menéndez, Luís, “Libros que escriben os emigrantes galegos”, *El Correo*

Gallego, 21 maio 1996, p. 60.

Luís Menéndez fai unha enumeración dalgún dos libros que el coñece que foron escritos por galegos da emigración, entre eles, atópase un en lingua galega, *Contos de indianos* (1994), de Olegario Sotelo Blanco, no que o autor, en palabras do articulista, “reflicte as súas memorias de neno”.



Mintegi, Laura, “O lector virtual non existe”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 749, p. 21.

L. Mintegi escribe un artigo sobre o papel que xoga a comunicación e a cibernética sobre o libro, que pode influír en tres elementos do traballo literario: no formato, na estrutura e na linguaxe. A autora comenta que se escribe cara a unha persoa situada nun lugar e momento concretos polo que o lector virtual desaparece.



Miragaia, Manuel, “Escritores en Andorra”, *La Voz de Galicia*, 7 novembro 1996,
p. 8.

Comentario sobre as actividades que se desenvolveron no Congreso de Galeuzca celebrado en Andorra en 1996 e ó que asistiron un total de 80 participantes. Destaca o articulista as intervencións dos galegos Manuel Forcadela e Vicente Araguas, e da escritora vasca Laura Mintegi.



Montañés, Mariano, “Carrel y Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, 3 xuño 1996, p. 10.

Artigo no que se amosa a semellanza da traxectoria vital do investigador francés Alexis Carrel e o pontevedrés Xosé Filgueira Valverde. Segundo a articulista, as súas son “vidas gastadas en generosa ascesis en beneficio del saber y de los hombres”.



Monxardín, Afonso V., “Galicia na Enciclopedia Británica”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 7 xullo 1996, p. 3.

Afonso Monxardín percorre as diferentes entradas da *Enciclopedia Británica* que fan referencia a Galicia e descobre que en moitas delas non se ofrece ó lector unha información axeitada sobre Galicia, a súa lingua, a súa literatura e a súa cultura. Só nos ítems referidos a Rosalía de Castro e á Literatura Galega os datos ofrecidos semellan máis acertados e non parciais e equívocos como noutras entradas.



_____, “De Bos Aires a Praia América”, *O Correo Galego*, “Sol de verán”,
14 agosto 1996, p. 2.

O colaborador nomea algúns dos homes do sur de Pontevedra que marcharon a Buenos Aires, entre eles, Álvaro Campos, Manuel Lemos, Daniel Calzado -directivo do Centro Galego de Buenos Aires- e o agrarista e galeguista Antón Alonso Ríos.



_____, “A obediencia ós mortos: o caso de Ben-Cho-Shey”, *O Correo Galego*,
“Liña non divisoria”, 13 novembro 1996, p. 3.

Co gallo do cabodano do nacemento de Ben-Cho-Shey, o articulista lembra a súa vida e comenta que a única homenaxe que se lle dedicou ó intelectual –nada amigo das homenaxes– foi o libro que Xesús Alonso Montero escribiu sobre el para a editorial Ir Indo.



_____, “As duras coincidencias da vida: O’Rivas, o Palmás”, *O Correo Galego*,
“Liña non divisoria”, 15 novembro 1996, p. 3.

Afonso Monxardín lembra o día no que leu na prensa que lle deran a Manuel Rivas o Premio Nacional de Literatura, suceso que coincidiu coa morte de Ricardo Palmás. O articulista alédase polo primeiro, xa que para el, Manuel Rivas é un autor indispensable para as súas clases no Instituto, e lamenta a perda de R. Palmás.



Neira, Manuel Xosé, “Bieito Feijóo: un enciclopedista simple”, *O Correo Galego*, “Ollos de Rosalía”, 30 xaneiro 1996, p. 3.

Artigo sobre a figura de Bieito Feijóo, quen dedicou parte do seu traballo ó deseño do agro galego e que se diferenciaba moito na súas concepcións ilustradas de quen sería o seu alumno, o Padre Sarmiento.



_____, “Articulismo”, *O Correo Galego*, “Ollos de Rosalía”, 13 febreiro 1996,
p. 3.

Artigo onde se fala da historia do xornalismo en España que para Manuel Xosé Neira, seguindo J. Alborg, ten o seu comezo na Ilustración na figura de Feijóo. A raíz deste tema lembra o articulista unha charla que se celebrou en Lugo sobre o xornalismo e na que participou Xosé de Cora.



_____, “Esquecidos”, *O Correo Galego*, “Ollos de Rosalía”, 21 maio 1996, p. 3.

Nestas liñas Manuel Xosé Neira trae á memoria a actividade intelectual dalgúns eruditos galegos como Cuevillas e Carlos Martínez Barbeito, do que se afirma que “é o máis claro herdeiro e expoñente da Ilustración en Galicia”.



_____, “O xardín dos ilustrados”, *O Correo Galego*, “Ollos de Rosalía”, 9 xullo 1996, p. 3.

Manuel Xosé Neira trata da denominación e características dalgunhas árbores galegas e remata a colaboración cun poema seu onde se fai presente o mundo da natureza.



_____, “Do idioma, buxaina”, *O Correo Galego*, “Ollos de Rosalía”, 23 xullo
1996, p. 3.

Artigo sobre lingua no que se comentan algunhas palabras galegas e se alude á lingua do poeta Aquilino Iglesia Alvariño, que é definida como “todo un universo léxico, estilístico e fraseolóxico ben recollido e propio”.



_____, “As pombas de amor de Díaz Castro”, *O Correo Galego*, “Ollos de Rosalía”, 28 xullo 1996, p. 2.

Colaboración na que se ofrecen algunhas das claves da poesía do guitiricense Xosé María Díaz Castro: apúntanse os parecidos e diferencias cos poetas Antonio Noriega Varela e Aquilino Iglesia Alvariño ó mesmo tempo que se define a súa poesía como “luminosa e terreal” ademais de “simbólica e esencializadora”.



_____, “Os ‘anxos’ de Díaz Castro”, *O Correo Galego*, “Ollos de Rosalía”,
3 agosto 1996, p. 4.

Comenta o articulista algún dos versos diazcastrianos onde se fai presente a figura do anxo, influxo que puido adquiri-lo poeta dos Vilares de Guitiriz da lectura do escritor alemán Rainer Maria Rilke.



Neira Vilas, Xosé, “Bóveda e os galegos de Buenos Aires”, *A Nosa Terra*, nº 744, 19 setembro 1996, p. 6.

Relata Xosé Neira Vilas as homenaxes que lle facían a Alexandre Bóveda os galegos da Arxentina en xornais como *A Nosa Terra*, *Galicia* e *Opinión Gallega*, ou en revistas como *Galicia Emigrante*. Ofrecíanse tamén conferencias sobre o autor, e un busto de Domingo Maza lembrábo no Centro ourensán. Ademais, constituíuse o 17 de agosto como Día dos Mártires Galegos, no que se recordaría a figura de Alexandre Bóveda.



Otero, David, “De Compostela a Castro de Caldelas”, *O Correo Galego*,
“Pola banda de Laíño”, 24 xaneiro 1996, p. 3.

Relata David Otero a viaxe que fixo de Compostela a Castro Caldelas co gallo da entrega do IIº Premio Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais, que foi outorgado a Xosé Ramón García Soto cun traballo titulado “A fala dos nosos nenos”.



_____, “En Trasouto de Compostela”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”,
31 xaneiro 1996, p. 3.

Comenta o articulista como se reuniron no Pazo de Trasouto convocados por GALIX un grupo de escritores para ler en voz alta as súas creacións e comparti-la comunicación que se estableceu sobre as devanditas lecturas.



_____, “Catro referentes”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 20 marzo 1996, p. 3.

Refírese D. Otero ó acto de homenaxe que o Ateneo Caldense lle ía rende-lo 22 de marzo a catro figuras que axudaron ó desenvolvemento cultural da vila de Caldas: Carlos García Bayón, Maximino Rodríguez Buján, Hipólito de Sa Bravo e Xosé Fariña Jamardo.



_____, “Os libros”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 10 abril 1996, p. 3.

Con motivo da celebración do “Día Internacional do Libro Infantil”, David Otero fai unha reflexión sobre o papel dos libros como obxecto de aprendizaxe e divertimento lúdico.



_____, “Letras Galegas”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 1 maio 1996,
p. 3.

Colaboración na que se reflexiona sobre a significación do Día das Letras Galegas e se afirma que tódolos días do ano se debe estar concienciado sobre a problemática da lingua e da literatura galega e non só o 17 de maio, data que, por outra banda, habería que desescolarizar e levar a tódolos ámbitos sociais.



_____, “A Bernardino”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 5 maio 1996,
p. 3.

Con motivo dunha homenaxe que se ía celebrar en honor a Bernardino Graña o 8 de xuño, David Otero comenta algúns aspectos da súa poesía e vida, e asegura que “para el a palabra é fonte na que beber para poder vivi-la representación cristalina da súa cultura”.



_____, “Para hoxe e despois”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 22 maio 1996, p. 2.

David Otero reflexiona sobre o feito de que, á parte do 17 de maio, non hai que esquecer a cultura galega o resto do ano, e que hai que estar traballando continuamente a prol da mesma: “temos que ser xermolos e fermento continuado de cada vez máis logros que nos satisfagan colectivamente”.



_____, “O premio L. Peña Novo”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”,
26 maio 1996, p. 3.

Con motivo da celebración dun acto de homenaxe a Lois Peña Novo no castelo de Soutomaior o 27 de xuño, David Otero lembra a figura deste político “de orientación clara, nacionalista, quen dignificou a lingua exemplarmente ó leva-la ás esferas municipais da Coruña”.



_____, “Na mellor seitura”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 10 xullo 1996, p. 3.

Ó final dun discurso de ton político, no que David Otero se refire a unha Galicia que ten que loitar por unha identidade de seu, cita o articulista unhas palabras de Cuevillas nas que apontoa estas ideas.



_____, “A don Manuel”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 31 xullo 1996,
p. 3.

David Otero ofrece unha descrición etopeica da figura de Manuel Beiras no ano do seu pasamento e afirma que Beiras “viviou crente de Galicia, nela, nun amor doce, facendo dela un único asunto vital”.



_____, “Cousas á sombra”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 7 agosto 1996, p. 3.

O articulista fai unha reflexión sobre o proceso de lectura que el considera unha actividade cultural e lúdica que “ha facer que entendamos que os sonhos, os que conformamos polas liñas dos nosos pensamentos e polos chans das páxinas, non son eles soamente un xogo intelectual, senón que son a maneira de entendérmo-lo mundo”.



_____, “A don Ramón Piñeiro”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 28 agosto 1996, p. 3.

David Otero fai unha lembranza da personalidade de Ramón Piñeiro do que valora as súas manifestacións e ó que considera “un orientador de gran personalidade intelectual”.



Pablos, “Apoyo para el teatro”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 18 xaneiro 1996, p. 8.

Quéixase o articulista do pouco apoio que o Concello de Vigo ofrece ó teatro como oferta cultural nunha cidade onde viviron e destacaron figuras vencelladas a esta arte como Carlos Muñoz, Dorotea Bárcena, Xulio Lago, Eduardo Blanco Amor ou Álvaro Cunqueiro.



_____, “Día das Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 15 maio 1996,
p. 7.

O articulista dedica este comentario ó volume *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía de Castro, e relata algúns aspectos da súa edición como a curiosidade de que o nome Rosalía Castro de Murguía aparecera nunha única ocasión en todo o libro mentres que o do seu impresor o facía por dúas veces. Lembra Pablos que a data de publicación deste poemario, o día 17 de maio, foi a que serviu como precedente para que o Día das Letras Galegas se celebrase nese momento.



Pajares, Carlos, “Música e poesía”, *O Correo Galego*, “O microscopio”,
15 setembro 1996, p. 3.

Carlos Pajares cita algúns volumes nos que se recolle a música que se puxo a composicións poéticas galegas, entre elas, o libro onde Maiztegui musicou os poemas galegos de Federico García Lorca ou o volume onde se recolle a creación de diferentes músicos sobre poemas de Rosalía de Castro, con motivo da conmemoración do seu pasamento.



Pallarés, Pilar, “Tomar a palabra”, *A Nosa Terra*, nº 728, “Guieiro Cultural”,
30 maio 1996, p. 21.

Pilar Pallarés faise eco da eclosión na literatura galega da poesía de muller. Comenta a escritora que ós nomes consagrados de Luz Pozo, Xohana Torres ou Pura Vázquez se unen as doutras autoras máis novas como Xela Arias, Chus Pato... e, incluso, unha última xeración de mozas escritoras como Lupe Gómez, Olga Novo, Yolanda Castaño, etc.



_____, “Dez anos”, *A Nosa Terra*, nº 732, “Guieiro Cultural”, 27 xuño 1996,
p. 21.

Artigo sobre a Biblioteca Pública Municipal de Narón no que se fala dos seus dez anos de existencia dende que foi aberta o 10 de febreiro de 1986. Neste tempo, ampliou o seu número de socios, creou a revista *Grupteca* e organizou conferencias e recitais.



_____, “Novos e menos novos”, *A Nosa Terra*, nº 736, “Guieiro Cultural”,
11 xullo 1996, p. 21.

Pilar Pallarés escribe sobre as xeracións poéticas dos anos 80 e 90 e salienta como, ás veces, son enfrontadas e mesmo contrapostas por intereses “económicos e ideolóxicos”. Recoñece e saúda a aparición de novos poetas pero rexeita fronteiras tan arbitrarias como a cronoloxía para determina-lo nacemento dunha nova poesía. Reflexiona tamén sobre os criterios e características que poden levar a enmarca-la obra dun autor dentro dun grupo específico e sobre as razóns que achegan ou separan ás distintas xeracións.



Pena, Xosé Ramón, “Fraga JASP”, *Faro de Vigo*, “De bolina”, 11 maio 1996,
p. 30.

A raíz dun comentario sobre a conveniencia ou non de que Manuel Fraga continúe ó cargo do Goberno galego, menciónase o libro de Carlos Mella *Luces de Fisterra* (1995) ó aludirse ó seu contido.



Pereira, Dionisio, “Sobre ‘Fersen’, o trotskismo galego e outras divagacións”,
A Nosa Terra, nº 727, “Guieiro Cultural”, 23 maio 1996, p. 27.

Con motivo da reedición da revista *PAN*, Dionisio Pereira fai un percorrido pola actividade política dun dos seus colaboradores, o ribeirán trotskista Enrique Fernández Sendón, máis coñecido polo pseudónimo de “Fersen”, e comenta algúns dos aspectos do trotskismo en Galicia.



Pereira, Fernando, “Alexandre Bóveda”, *Faro de Vigo*, 5 decembro 1996, p. 32.

Fernando Pereira lembra algúns dos actos celebrados no ano 1996 ó redor da figura de Alexandre Bóveda, como a inauguración dunha placa na casa do intelectual nun acto organizado pola A. C. Alexandre Bóveda, ou a declaración de Fillo Predilecto que lle fixo a Deputación da Cidade de Ourense.



Pérez González, Orencio, “Pardo de Cela, ¿héroe ou mito?”, *Faro de Vigo*,
5 xaneiro 1996, p. 21.

O mariscal Pardo de Cela non é, segundo o articulista, o heroe que amosou a tradición literaria galega, senón un home que en diferentes procesos históricos, como as loitas irmandiñas ou o sometemento de Galicia por parte dos Reis Católicos, estivo da banda do feudalismo máis tirano defendendo exclusivamente os seus intereses.



Pérez Varela, Xesús, “Lembranza de Rosalía”, *El Correo Gallego*, 21 xullo 1996,
p. 3.

Xesús Pérez Varela céntrase neste artigo de opinión na repercusión que tivo na prensa galega e bonaerense a morte de Rosalía de Castro, ademais de describir algunhas das reaccións de escritores como o seu home Manuel Murguía ou de Manuel Curros Enríquez.



Pexegueiro, Alfonso, “¡Asaltar os bancos coa poesía!”, *O Correo Galego*, “Outra forma de pensar”, 17 decembro 1996, p. 3.

Alfonso Pexegueiro afirma que a poesía e a literatura en xeral teñen unha grande importancia nesta sociedade, e asegura que “Asaltar os bancos coa poesía” sería unha “fermosa revolución económica e social”.



Polín, Ricardo, “Lois Pereiro: esvaise a dor e chega o soño”, *El Progreso*, “Firmas”, 29 maio 1996, p. 60.

Percorrido pola traxectoria poética do autor lugués na que se proporcionan algunhas das claves da súa poesía, para centrarse despois nos poemarios *Poemas 1981-1991* (1991) e *Poesía última de amor e enfermidade (1992-1995)* (1995), lírica dominada pola paixón, a dor e a morte.



Porteiro, María Xosé, “Xesús Franco”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Teatro do mundo”, 21 xullo 1996, p. 80.

Texto acompañado do debuxo de Xosé Freixanes no que, dende un punto de vista persoal, M^a Xosé Porteiro constrúe un retrato da personalidade do escritor Xesús Franco.



Pousa, Luís, “A viaxe de ‘Eubensei’ ó país das estrelas”, *O Correo Galego*,
“Celtas sen filtro”, 29 xullo 1996, p. 2.

Con motivo da morte de Manuel Beiras, Luís Pousa fai unha emotiva lembranza do intelectual compostelán e recorda, entre outras cousas, a derradeira vez que o viu na entrega que se lle fixera do Premio Galego do Mes.



Pousa Antelo, Avelino, “Castelao en Monterrei”, *El Correo Gallego*, 6 febreiro 1996, p. 2.

Reflexiona sobre a necesidade de honra-lo nome de Castelao, ó mesmo tempo que informa da homenaxe que organizou o Concello de Verín no 110 aniversario do nacemento do escritor rianxeiro. Dá conta dos actos que organizou a Fundación Castelao, da que o autor do artigo é presidente, e critica o silenciamento ó que está sendo sometida a figura do ilustre galeguista dende diversas institucións oficiais.



Queizán, María Xosé, “Un raio de luz na Academia”, *Faro de Vigo*, “Carrapuchiña Feroz”, 6 xullo 1996, p. 26.

Quéixase María Xosé Queizán da ausencia de mulleres na Real Academia Galega e alédase da chegada á mesma da poetisa Luz Pozo Garza, que, como sinala a articulista, só tivo como antecesora a Francisca Herrera Garrido.



_____, “Un triunfo do feminismo xaponés”, *Faro de Vigo*, “Carrapuchiña Feroz”,
13 agosto 1996, p. 22.

Nun artigo no que M. X. Queizán se refire ó dominio ó que son sometidas as mulleres durante os conflitos bélicos, recorda a imaxe que se transmitiu das soldadeiras da Época Medieval como mulleres enfrontadas ó poder machista dos homes.



_____, “No cabalo branco”, *Faro de Vigo*, “Carrapuchiña Feroz”, 31 outubro
1996, p. 29.

Pregúntase María Xosé Queizán o motivo de que non aparecese en Galicia ningún manuscrito ou colección de cantigas galego-portuguesas e refire o impacto que esta lírica tivo en poetas neotrobadorescos como Fermín Bouza Brey, Xosé M^a Álvarez Blázquez ou Álvaro Cunqueiro.



Rábade Paredes, Xesús, “A realidade en Álvaro Cunqueiro”, *O Correo Galego*,
15 febreiro 1996, p. 3.

Comentario sobre o estudo *Hamlet e a Realidade Cunqueiriana* (1995), a cargo de Anxo González Fernández e publicado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”. Dito libro, segundo o comentarista, constitúe unha análise dende unha perspectiva filosófica do universo creativo de Cunqueiro, quen utilizou o mito para presenta-la “inesgotable riqueza en vertentes e facianas da realidade humana”.



_____, “O fundamento creador en fol (I)”, *El Correo Gallego*, 19 setembro 1996,
p. 3.

Afirma que o relato literario ten filiación e influencias coa narración oral, anterior no tempo. Segundo Rábade Paredes, no caso de Galicia, o conto popular de transmisión oral foi un elemento socializador de máxima importancia e contribuíu a configura-la identidade e a cultura específicas galegas. Neste sentido, di que os cultivadores do conto en galego, como Otero, Risco, Castelao, Dieste, Cunqueiro, Blanco-Amor e Fole, significan para a constitución do relato literario o que Rosalía representou para a restauración poética galega.



_____, “Desencontros”, *El Correo Gallego*, 24 outubro 1996, p. 3.

Comenta que a literatura convoca a memoria e pode avivecernos, como fan os vellos guadores das novelas de Otero Pedrayo, que son sabencia e agarimo e que aceptan ben os novos antes de se poñeren á viaxe da vida. Como exemplo, cita a guía que Bernaldo supón para o seu sobriño Adrián Solovio en *Arredor de si* (1930).



_____, “O territorio libre da palabra”, *El Correo Gallego*, 31 outubro 1996, p. 3.

Lembra a Vargas Llosa cando dixo que a literatura desempeña a función de contemplarnos e, por iso, di que non debemos prescindir da voz reveladora dalgúns libros, portadores de experiencias ricas e que proporcionan intelección, imaxinación e sensibilidade. Fai referencia ós congresos internacionais da asociación PEN, órgano a prol da liberdade e da democracia que aseguran o dereito á palabra creadora por parte dos escritores e dos lectores. Por último, afirma que a literatura abre os horizontes da continxencia humana e mesmo opina que sen a palabra reveladora e crítica dos escritores galegos, non tería sentido hoxe falarmos de Galicia.



_____, “Fole e a cultura oral”, *El Correo Gallego*, 7 novembro 1996, p. 3.

Salienta a importancia do conto popular oral na tradición galega e comenta como foi recuperado nas primeiras décadas do século XX, cando se manifestou a vontade de afirmación da prosa. Informa que Fole considerou as cantigas e o conto como as dúas formas verdadeiramente xenuínas da literatura galega, sendo precisamente o mesmo Fole, Dieste e Cunqueiro os tres pilares básicos da restauración da arte de contar.



_____, “Escribir en Galicia”, *El Correo Gallego*, 28 novembro 1996, p. 3.

Respecto ó futuro da literatura galega, o articulista móstrase de acordo cun artigo do profesor Anxo Tarrío, no que se prognostica un porvir agoirento, dado o anormal funcionamento do texto literario na situación de conflito lingüístico que padece o país galego. Deste xeito, Rábade Paredes declara que a situación do escritor en Galicia é sumamente problematizada mentres non se resolvan os obstáculos serios para a circulación normal do seu produto, polo que pensa que os escritores galegos deben exercer e reclama-lo dereito á posesión e ó pleno uso da palabra.



Ramos, Fernando, “El doctor Posada-Curros”, *El Correo Gallego*, 31 xaneiro 1996, p. 2.

Repaso pola traxectoria cultural de Don José Gómez Posada-Curros. Cualifícao como un “home de pureza ecuménica” e salienta a súa actividade como ensaísta e autor teatral.



_____, “Cea das letras”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 12 maio 1996, p. 2.

Refírese á cea das letras galegas, na que se entregan os Premios da Crítica e o distintivo de Galego egrexio, que se celebra anualmente en Vigo. Para Ramos, estes premios simbolizan a normalización da cultura galega e son un exemplo e guieiro para outras experiencias posteriores, polo que o articulista felicita, tanto ós premiados coma ós organizadores desta idea frutuosa.



_____, “Don Xesús Ferro”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 17 maio 1996, p. 4.

Lembra o labor calado e eficiente de don Xesús Ferro Couselo, escolmador e investigador de textos medievais. Tamén salienta a creación, por parte de Ferro Couselo, do Arquivo Histórico Provincial de Ourense.



_____, “Amor ó pasado”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 18 maio 1996, p. 3.

Ofrece un perfil humano de Xesús Ferro Couselo e salienta a súa extensísima obra, de grande utilidade para a investigación histórica, tal e como se aprecia nos seus traballos compilados baixo o título *A vida e a fala dos devanceiros* (1967), escolma de documentos galegos dos séculos XIII ó XVI. Tamén lembra que, gracias a Ferro Couselo, Ourense recuperou o antigo Pazo do Bispo, convertido en Museo e Arquivo.



_____, “Álvaro Cunqueiro”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 31 maio 1996, p. 2.

Lembra a casa de Álvaro Cunqueiro en Vigo, onde sempre recibía coa hospitalidade dos grandes anfitrións ós seus invitados. Ramos tamén sinala que, en Vigo, Cunqueiro produciu moitos traballos, entre eles unha das etapas máis fermosas do seu *Envés*.



_____, “Cunqueiro”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 28 setembro 1996, p. 3.

Salienta o labor de Álvaro Cunqueiro como director de *Faro de Vigo* ata 1970 e recorda a súa serie “El pasajero en Galicia”, onde percorría Galicia e contemplaba o país e as súas xentes con amor intelixente.



_____, “A noite de Xerais”, *El Correo Gallego*, 22 outubro 1996, p. 2.

Refírese ó “Premio Xerais de Novela”, que en 1996 celebra a súa decimoterceira edición e que se ten convertido nun acontecemento literario e social de singular importancia en Galicia. Ademáis, lembra que este ano, Edicións Xerais acadou os mil títulos dende que fora fundada, en 1979, por Xulián Moure Rivas e Germán Sánchez Rupérez.



Reigosa, Carlos G., “Ferrín: da pólvora ás magnolias”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do mundo”, 10 marzo 1996, p. 64/p. 88.

Retrato poético de Xosé Luís Méndez Ferrín acompañado dun debuxo de Xosé Freixanes. Reigosa sinala a profunda unión da vocación política e a literaria no escritor e define a súa personalidade múltiple de “Cabaleiro da Táboa Redonda” que mostra dende a pluralidade de nomes, pseudónimos e heterónimos, xa que “el é a un tempo, Perceval e Lancelot e Merlín e Galván e o propio Rei Artur, e, se cadra, tamén a raíña Guenebra”, personalidade creadora dun universo de personaxes e soños diversos nun mundo que se chama “Galicia, ou Tagen Ata, ou Bretaña, ou Ceibe, ou Mañá”.



Reixa, Antón, “¿Para que serve unha lingua?”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 64, 16 maio 1996, p. 16.

Afirma que a sorte da literatura galega está emparellada á sorte do idioma que a soporta (o galego) e á sorte da lingua ten que ver con aspectos que están no ámbito da vida social, económica e política. Logo salienta o labor de Xesús Ferro Couselo, homenaxeado no Día das Letras Galegas 1996, quen empregou o galego como un emblema necesario para a súa metodoloxía investigadora profesional.



_____, “Contar cousas”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 66, 30 maio 1996, p. 16.

Refírese a unha conversa que tivo con Federico Martín, no marco da Feira do Libro de Chantada, sobre a arte de contar contos e cómo o contador sempre conta algo novo, ou ben porque o inventa ou porque se apropia dun relato preexistente. Reixa lembra que o que determina a forma dos relatos en cada época é a súa forma de consumo e o contador de oficio reivindicado por Martín non existe porque xa ninguén o reclama.



_____, “O home epitafio”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 67,
6 xuño 1996, p. 16.

Evocación á poesía de Lois Pereiro, o poeta que fixo da súa obra un epitafio estirado para sobrevivir-la enfermidade. Reixa salienta o lirismo sabio e materialista que se desprende da obra deste desaparecido poeta.



_____, “Alberto Avendaño”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Teatro do mundo”, 29 setembro 1996, p. 96/p. 64.

Lembranza de Alberto Avendaño nos tempos de Rompente. Antón Reixa fala con nostalxia do que daquela pretendían “Procurabamos un galego correcto, ocorrente e sobre todo urxente para armarmos poemas e explicármonos o mundo”. Da xestación de Rompente recorda “Primeiro con Pexegueiro e logo con Alberto e Manolo Romón tramamos Rompente para invadir papeis de versos e de trazos expresionistas e para alterar actos culturais e convertelos en algo así como recitais poético-audiovisuais. Logo decatámonos de que aquilo tería o nome técnico de ‘performance’, intervención ou arte multimedia. Maiakowski, Eluard, Ezra”. Por último, fala da conversión de Alberto Avendaño á causa de escribir en galego, causa que nun principio cualificou de “rollo pequeno burgués” para converterse á semana seguinte no máis drástico dos seus defensores.



_____, “Afonso Pexegueiro, radicalmente poeta”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Teatro do mundo”, 24 novembro 1996, p. 104/p. 64.

Reixa lembra cándoo coñeceu a Afonso Pexegueiro e cómo os uniu a radicalidade de querer exercer de poetas sen complexos. Di que Afonso era mais un artista que un intelectual e que non tivo lugar nos tempos das mediocridades e dos xogos florais institucionais.



Rey, X. M., “Víctor F. Freixanes”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Teatro do mundo”, 28 xullo 1996 p. 80.

Breve semblanza de Víctor Freixanes na que se rememoran os seus comezos xornalísticos e literarios deste home “un daqueles mozos que herdaron a mellora familiar e escrita da xeración de La Noche”. Saliéntase o feito de non ter pasado nunca desapercibido e ser unha referencia de dignidade e prestixio na defensa da galegitude”.



Rielo, Nicanor, “Ben-Cho-Sey e o seu lucensismo”, *El Progreso*, 14 maio 1996,
p. 3 e p. 52.

Inserido nos actos de homenaxe que *El Progreso* lle vén dedicando a Xosé Ramón e Fernández-Oxea (Ben-Cho-Shey) con motivo do centenario do seu nacemento, Nicanor Rielo fai unha descrición da relación deste autor con Lugo a través da análise das súas obras e colaboracións xornalísticas. Comenta a evolución do traballo e dos ideais políticos de Ben-Cho-Sey, así como a influencia que exerceu nel a Guerra Civil.



Rielo Lamela, Pedro, “O labor caladiño de Ben-Cho-Sei”, *O Correo Galego*,
“Lembranzas no seu centenario”, 10 abril 1996, p. 2.

Breve biografía do galeguista X. R. Fernández Oxea, máis coñecido como Ben-Cho-Shey. Rielo Lamela percorre o labor periodístico e docente deste ourensán que sempre levou a cultura galega ás numerosas cidades do mundo nas que viviu.



_____, “Ebrios de poesía”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 13 maio 1996, p. 4.

O articulista salienta a revitalización da poesía galega durante os últimos anos, tanto pola parte dos poetas máis curtidos coma pola dos máis novos. Rielo celebra que as letras galegas se vexan enriquecidas por este arrebatado de creadores con imaxinación.



_____, “A molladura de Rivas”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 12 xullo 1996,
p. 3.

Comenta o libro *¿Que me queres, amor?* (1995), de Manolo Rivas, para quen a realidade é máis difícil de atrapar cá propia ficción. Segundo o articulista, as historias de Rivas convéncenos de que a maxia da palabra inventada nunca será derrotada.



Río Díaz, Raúl, “Alfonso Blanco Torrado”, *A Nosa Terra*, nº 748, “Galiza”,
17 outubro 1996, p. 6.

Refírese ó libro *Pregoeiro da luz*, no que unha chea de escritores e poetas galegos lle rinden unha homenaxe literaria a Alfonso Blanco Torrado, crego comprometido coa cultura galega.



Rivas, Manuel, “Novos, vellos e enredantes”, *A Nosa Terra*, nº 757,
“Guieiro Cultural”, “O gaitero solitario”, 19 decembro 1996, p. 28.

O debate establecido entre autores “novos” e “vellos”, que comezou no Iº Encontro de Novos Escritores, dálle pé ó autor do artigo a reflexionar acerca da conveniencia ou non de enfrontarse “ó pai”. Relata experiencias persoais referentes ás tentativas que fixo de “buscar ós pais que nos foron negados”, como Dieste, Blanco Amor, Cunqueiro ou Valle Inclán, e afirma que resulta patético “desputar ós mozos o espacio da súa mocidade”.



Rodríguez, X. M., “Ourense lembra á Xeración Nós”, *La Voz de Galicia* (Edición do Carballiño-O Ribeiro), “De Sol a Sol”, 25 xullo 1996.

Trala presentación do proxecto para o Campus de Ourense no que se vai facer unha praza en homenaxe á Xeración Nós, o autor do artigo agarda que continúen as iniciativas e investigacións sobre dita xeración.



Rolland, Joaquín, “Querido Don José”, *Atlántico Diario*, “La Piedra”, 31 xaneiro 1996, p. 5.

Joaquín Rolland recorda nesta colaboración a José Posada Curros cando foi o seu profesor no Instituto Santa Irene de Literatura Española no curso preuniversitario e destaca da súa figura, por unha banda, a súa elegancia e, por outra, a mordacidade que amosaba nas clases que impartía.



Sande, Miguel, “O ‘chip’ da poesía”, *La Voz de Galicia*, 18 xuño 1996, p. 8.

Refírese ós poemas contidos en *Poesía última de amor e enfermidade* (1995), de Lois Pereiro, exemplo, segundo o articulista, de poeta que se valeu da súa experiencia vital para, deste xeito, facer que se valorase a arte da poesía.



Sanmartín Cornes, María del Carmen, “Un adiós eterno para Filgueira Valverde”,
El Correo Gallego, 8 decembro 1996, p. 2.

Lembra a figura do seu profesor Filgueira Valverde e como sempre tiña tempo para atender axeitadamente ós seus alumnos, o que facía que todos sentisen unha profunda admiración por el.



Seixas, Miguel A., “Escritoras e escritores”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”,
15 xaneiro 1996, p. 3.

Relación de catálogos de escritores galegos aparecidos dende o século XVIII, para rematar coa mención do *Diccionario da Literatura Galega I: Autores*, publicado en 1995 por Galaxia e coordinado por Dolores Vilavedra. Neste volume, Seixas bota en falta certas persoas, pseudónimos e obras.



_____, “Os papeis de Aspern”, *O Correo Galego*, “Casa de citas”, 12 febreiro 1996, p. 3.

Presenta a obra *Os papeis de Aspern* (1995), traducida ó galego por Manuel Outeiriño para a Biblioteca de Traducións de Sotelo Blanco. Lembra a traxectoria deste traductor, así como a presenza doutras obras de H. James versionadas á nosa lingua.



_____, “Rosalía no mundo”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 19 febreiro 1996,
p. 3.

Resumo do proceso de creación do Patronato Rosalía de Castro, en 1947, e a súa transformación en Fundación en 1995. Así mesmo, refírese á constitución do Centro de Estudos Rosalíanos, que permitirá o acceso á información sobre os estudos sobre Rosalía que se realizan no mundo enteiro.



_____, “Laiovento”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 1 abril 1996, p. 3.

Fai un breve resumo da historia da editorial Laiovento, que conta con 66 títulos polo de agora. Comenta que abundan as obras ensaísticas, pero que tamén hai un espacio para as obras de creación e de crítica literarias, como o poemario de Xosé María Álvarez Cáccamo, *De mañá que medo (tristura e paixón en Compostela)* (1993) e a obra de Manuel Ferreiro, *Pondal: do dandysmo á loucura. Biografía e correspondencia* (1991).



_____, “Mil primaveras máis”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 10 xuño 1996,
p. 3.

Comenta que o taboleiro virtual co que contou o Día das Letras Galegas 1996 fixo posible que se enxertasen poemas dende diferentes lugares para homenaxear a Ferro Couselo e que se traducisen textos poéticos do galego a outras linguas e viceversa.



_____, “Benito Vicetto, poeta”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 24 xuño 1996,
p. 3.

A propósito do inventario da produción lírica do primeiro rexurdimento (1840-1863), feito por Xosé María Dobarro Paz e publicado no “Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994”, o articulista considera a Benito Vicetto un precursor deste tipo de investigación. Logo de facer un percorrido polo labor literario e historiográfico de Vicetto, Seixas sinala que no traballo de Dobarro só se cita unha obra en galego de Vicetto, *Ti e eu, Sono dunha noite de vrao*, publicada en *El Museo Universal* (1862), pero o articulista apunta que hai que engadi-lo manuscrito que deu a coñecer Eduardo Pardo de Guevara.



_____, “Compostela literaria”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 29 xullo 1996,
p. 3.

Comenta que Santiago é a cidade galega máis cantada e loada na literatura, dende a Idade Media ata os nosos días. Numerosas antoloxías dan proba disto, aínda que falta unha bibliografía que recolla a presenza de Compostela nas literaturas e nos textos do mundo.



_____, “García Lorca e Galicia”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 2 setembro 1996, p. 3.

Refírese ós libros *Viaje al sueño del agua. El misterio de los poemas gallegos de García Lorca* (1986) e *Federico García Lorca e Galicia* (1986), ámbolos dous de José Landeira Yrago. No primeiro hai unha reprodución facsímilar dos poemas galegos de Lorca, editados por Ánxel Casal. Seixas informa, así mesmo, da reprodución facsímilar do volume LXXII da editorial Nós, de 1935, titulado *Seis Poemas Galegos de Federico García Lorca*, publicado polo Consorcio de Santiago. Tamén di que a bibliografía sobre os poemas galegos de Lorca se atopa no libro de Luís Pérez Rodríguez, *O pórtico poético dos seus poemas Galegos* (1995). Por último, dá noticia da edición bilingüe *Lorca en lunfardo*, traducidos por Luís Alposta e editados en Buenos Aires.



_____, “Libros irmáns”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 18 novembro 1996, p. 3.

Salienta os proxectos que axudan ó achegamento e intercambio cultural e literario entre Galicia e Portugal na recente historia, como a creación do Instituto de Estudos Portugueses en 1950, en Santiago, o Encontro de escritores galegos e portugueses en Compostela (setembro 1991) e a Primeira Feira do Libro Portugués e Galego, celebrada na Estación Marítima de Vigo, do 7 ó 10 de novembro de 1996.



_____, “Fúchestenos, Palmás”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 25 novembro 1996, p. 3.

Neste artigo homenaxéase a Ricardo Palmás, morto o 10 de novembro de 1996. Seixas fai un percorrido pola súa extensa obra literaria e cultural en prol de Galicia.



Seoane, Xavier, “Xulio Valcárcel” *El Correo Gallego*, “Teatro do Mundo”,
22 decembro 1996, p. 96.

Xavier Seoane fala das primeiras iniciativas culturais realizadas por Xulio Valcárcel nos primeiros tempos da transición e menciona que se dedicou á dinamización socio-cultural nos máis variados ámbitos e empresas, creou un corpus poético “á altura da fin de milenio” e “participou dos mitos e traxedias da arte do balompé”, sempre co desexo de afirma-la verdade polo camiño máis recto e de “renegar dos fastos da sofisticación, da banalidade e da inmoralidade da regresión” da nosa sociedade.



Sixto Seco, Agustín, “Trasalba, Romaría da galegitude”, *El Correo Gallego*, “De portas para dentro”, 22 xuño 1996, p. 3.

Refírese á festa literaria que a Fundación Otero Pedrayo celebra a carón do Pazo-Museo de Otero, onde se inclúe o “Premio Trasalba”, que nesta XIVª edición foille outorgado a Pura Vázquez. Sixto Seco celebra que esta Fundación coide en Trasalba da memoria e da obra do insigne polígrafo galego Otero Pedrayo.



_____, “Cristina, a nai da nena Saral”, *El Correo Gallego*, “De portas para dentro”, 29 xuño 1996, p. 3.

Salienta a admirable versificación en galego que fai a poeta Cristina Amenedo nas obras *Mar Aberto* (1983) e *Silvo de vento mareiro* (1988), ámbolos dous libros editados por Edicións do Castro.



_____, “O ‘Galego Egrexio’ que se nos foi”, *El Correo Gallego*, “De portas para fóra”, 21 setembro 1996, p. 3.

Sixto Seco deixa constancia neste artigo da impagable pegada que nel deixou o nomeado “Galego Egrexio” e recentemente finado, Xosé Fernando Filgueira Valverde, o inmenso polígrafo galego ó que o articulista quere renderlle pública homenaxe.



_____, “De AGLI en AGLI”, *El Correo Gallego*, “De portas para fóra”,
23 novembro 1996, p. 3.

Celebra a concesión de dous “Premios Nacionales” para Galicia: o de “Literatura Infantil”, para Fina Casalderrey, e o de “Narrativa”, para Manolo Rivas. Segundo Sixto Seco, estes actos consolidan o valor actual da cultura galega.



Sotelo Blanco, Olegario, “Unha literatura da emigración”, *O Correo Galego*,
“La pedrera”, 20 febreiro 1996, p. 2.

Para Sotelo Blanco, a obra *Sempre me matan* (1995), de Alfredo Conde, constitúe unha visión do mundo da emigración e da volta a Galicia, para atopar unha confusión administrativa que fai sentir a sensación da emigración na propia terra. Segundo o articulista, esta obra inaugura unha literatura da emigración que aínda está por escribir.



Suárez Abel, Miguel, “Un saxo para Máquina e Lúa”, *La Voz de Galicia*, “Hábitos do corazón”, 14 novembro 1996, p. 8.

Considera que as letras galegas están de noraboa polos premios concedidos a Fina Casalderrey e a Manolo Rivas.



Tarrío Varela, Anxo, “Non señores, non, non vale todo”, *O Correo Galego*,
“Recanto do cataventos”, 7 xaneiro 1996, p. 3.

O profesor Anxo Tarrío comenta diversas novidades publicadas pola editorial Sotelo Blanco no 1995, como a edición crítica de *Queixumes dos Pinos*, de Eduardo Pondal, baixo a responsabilidade de Manuel Ferreiro. Así mesmo, fai unha referencia ás traducións de *The Aspern Papers* (*Os papeis de Aspern*), de Henry James e de *Die Legende vom heiligen Trinker* (*A lenda do santo bebedor*), de Joseph Roth, traducidos por Manuel Outeiriño e por Laureano Araújo Cardalda, respectivamente. Sen embargo, lamenta os dous primeiros volumes da “nova colección de narrativa para lectores de agora”, chamada DOCE x VINTEDOUS. Estes dous libros son *O abrente é un desatino*, de Xerardo Méndez, e *Todo a cen*, de Jaureguizar que, segundo o articulista, “presentan incongruencias e indefinicións narrativas disfrazadas de rupturismo e de modernidade”.



_____, “O noso Lorca definitivo”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”,
14 xaneiro 1996, p. 3.

Neste artigo lémbrese, en primeiro lugar, a polémica sobre o grao de autoría atribuíble a García Lorca nos seus *Seis poemas galegos* (1935), no sentido de que os seus amigos galegos (Ernesto Guerra da Cal e Eduardo Blanco Amor, fundamentalmente) puideron axudarlle a compoñelos. A continuación, Tarrío Varela comenta o libro do profesor Luís Pérez *O pórtico poético dos seis poemas galegos* (1995), sobre os poemas galegos de Lorca interpretados en clave de amor homosexual. Así mesmo, infórmase nos que no citado libro, editado polo Consello da Cultura Galega, se fai un percorrido pola relación de Lorca con Galicia, Blanco-Amor e Guerra da Cal, e mesmo se adxunta unha casete preparada polo Arquivo Sonoro de Galicia, na que a voz do propio Blanco-Amor fala dos poemas galegos de García Lorca.



_____, “Debates, debates, debates”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 21 xaneiro 1996, p. 4.

Reflexión sobre a necesidade de máis debates e faladoiros na Radio Galega, como o que tivo lugar sobre a problemática dos poemas galegos de García Lorca, cos profesores Xesús Alonso Montero e Luís Pérez Rodríguez como interlocutores.



_____, “Salvador García-Bodaño”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Teatro do mundo”, 28 xaneiro 1996, p. 64/p. 104.

Retrato gráfico e literario do poeta Salvador García-Bodaño, dende os ollos de Xosé Freixanes, responsable da ilustración, e Anxo Tarrío, responsable da semblanza que define e acompaña ó debuxo. Anxo Tarrío fai un percorrido pola traxectoria vital de García-Bodaño que, dende Vigo, veu parar a Compostela, “Penélope amada”, da que sempre lle foi difícil afastarse mesmo temporalmente. Dende Compostela e dende a poesía, permanece o poeta unido á terra e as referencias presentes na súa vida e obra están “sempre á procura dos adeuses esmagados entre as doridas maus das despedidas sen volta, sempre na dúbida da Galicia irredente, única patria”.



_____, “Unha de cal, despois da area”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 28 xaneiro 1996, p. 3.

Valoración da serie de narracións breves *Freedom Spik* (1995), de S. Jaureguizar, publicada na colección Ferros de Edicións Xerais de Galicia. O comentarista considera que se trata dun exemplo de boa narración curta, que nos introduce no mundo contradictorio e esquizofrénico da cultura galega actual, especialmente a do eido rural, e afirma que o contido destes relatos sintoniza, así mesmo, coas inquedanzas da xuventude de hoxe, que habita un mundo no que a realidade se volveu surrealista e o disparate presente na cotidianidade xa non nos conmove.



_____, “Zumalave: música e literatura”, *El Correo Gallego*, 29 xaneiro 1996,
p. 3.

Reflexiona sobre a cuestión da interdisciplinariedade e da integración dos saberes e das artes, a propósito do discurso ofrecido polo pianista e director de orquesta Maximino Zumalave, con motivo do seu ingreso na Real Academia Gallega de Bellas Artes “Nuestra Señora del Rosario”. Zumalave falou das relacións partitura-compositor-intérprete e Anxo Tarrío ofrece un paralelismo coa relación entre texto-autor-lector na literatura, sobre todo nas postas en escena das pezas teatrais, onde poden xurdir elementos que nin o propio autor tiña previstos.



_____, “Problemas do canon literario”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 4 febreiro 1996, p. 3.

Con motivo da tradución ó castelán do libro de Harold Bloom, *The Western Canon (El canon occidental, 1995)*, Tarrío lamenta que acapare a atención o aspecto máis superficial deste estudo: o listado de libros que, para Bloom, constitúen o canon occidental, xa que privilexia a produción anglosaxona. Pero, segundo o autor deste artigo, o acerto de *El canon occidental* reside na defensa que fai Bloom dos valores estéticos como criterios para dotar de carácter universal a unha obra. Neste sentido, sinala a referencia que fai Bloom á “Escola do Resentimento” para se referir á valoración das obras segundo prexuízos de grupo, xa que os críticos resentidos non fan unha lectura literaria da literatura, senón unha lectura moralista, feminista, (anti)racista, (anti)marxista, psicoanalítica, africanista, etc., ou calquera combinación delas.



_____, “Manuel Rivas, á procura da voz”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 11 febreiro 1996, p. 3.

Refírese á serie de 16 relatos titulada *¿Que me queres, amor?*, de Manuel Rivas, obra gañadora do 7º premio Torrente Ballester correspondente ó ano 1995 e convocado pola Deputación da Coruña. Opina Tarrío que Rivas é un autor que vai consolidando a súa voz para expresa-lo seu xeito orixinal de ver e de imaxinar en ton lírico o contradictorio e surrealista mundo presente.



_____, “Mirar no retrovisor e seguir para adiante”, *O Correo Galego*,
“Recanto do cataventos”, 27 febreiro 1996, p. 2.

Lembra o cartafol titulado “¡A Nosa Terra é Nosa!”, publicado o 3 de xuño de 1976 para conmemora-lo centenario do nacemento de Ramón Piñeiro. Esta publicación contiña poemas, prosas e ilustracións das mellores firmas do momento e, segundo Tarrío, é de admirar un logro como este en medio da indixencia económica, polo que os medios cos que conta hoxe Galicia deben valer para normalizar definitivamente a súa cultura.



_____, “Cunqueiro á italiana”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”,
17 marzo 1996, p. 3.

Nomea o *Ritrovo di farmacie prodigiose e scuola di guaritori*, traducción italiana de *Escola de menciñeiros* e *Tertulia de boticas prodixiosas*, de Cunqueiro, como un claro exemplo do que debe ocorrer na área lingüística románica, evitando o que, ata agora, era un case inevitable tránsito polo inglés ou polo castelán. Dá conta do crecente interese que a nosa lingua e os nosos autores suscitan en varias universidades estranxeiras.



_____, “Galegos no Mediterraneo”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”,
24 marzo 1996, p. 3.

Comentario sobre a presenza da literatura galega no Mediterráneo. En primeiro lugar, a organización por parte do concello de Sabadell dunha serie de recitais titulada *Cinquè cycle de poésie al theatre*, no que actores de teatro declaman a poetas de variadas literaturas, incluídos os poetas galegos X. L. Méndez Ferrín, Uxío Novoneyra, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello, Arcadio López Casanova, Xavier Rodríguez Baixeras e Salvador García-Bodaño. Por outra banda, a Universidade de Valencia organizou unhas *Jornadas de encuentro sobre literatura de las nacionalidades*, titulada “Las voces y los ámbitos”. O comentarista informa que o poeta galego e tamén profesor daquela Universidade, Arcadio López Casanova, foi un dos responsables da organización deste acto, que incluíu no programa ó narrador Carlos Casares, ó poeta Salvador García-Bodaño e a Xesús Alonso Montero, como ensaísta.



_____, “María Esteirán e Luís Avilés, dous novos valores da imaxe”, *El Correo Gallego*, 25 marzo 1996, p. 3.

Referencia á mostra fotográfica promovida polos “Amigos de Avilés de Taramancos” para celebrar o cuarto cabodano deste poeta, inaugurada na Casa da Cultura de Noia. O autor do artigo louva o labor de María Esteirán, autora dos retratos en branco e negro de escritoras e escritores galegos, acompañados cun texto conmemorativo sobre o poeta homenaxeado escrito da propia man dos fotografados. Por último, faise unha alusión á correspondente sesión literaria, presentada pola poeta Ana Romaní, na que participaron algúns dos escritores fotografados.



_____, “O rei vai espido”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 5 maio 1996, p. 3.

Refírese á edición preparada por Quico Cadaval e Cándido Pazó de *O rei nu* (1995), de Hans Christian Andersen, alegoría da condición hipócrita, submisa, cobizosa ou corrupta do ser humano, coa que se abre a colección de textos dramáticos “Talía”.



_____, “Libros antigos e de ocasión”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”,
19 maio 1996, p. 3.

Refírese á Vª Feira do Libro Antigo e de Ocasión, ubicado no paseo da Ferradura da Alameda de Santiago de Compostela.



_____, “O voluntarismo a debate”, *El Correo Gallego*, 23 setembro 1996, p. 3.

O articulista lembra a súa intervención, con motivo da presentación do *Informe de literatura 1995* (1996), na que afirmara que un país non se pode facer (tan só) a base de voluntarismo, tal e como lle sucedeu a Galicia ata hai trinta anos. Segundo Tarrío, no eido da cultura e da investigación literaria, do voluntarismo provén moito lixo que remata sendo lastre e vergoña do país.



_____, “Académicos pola breve e a lección do galego”, *O Correo Galego*

“A lingua, o tesouro”, 8 outubro 1996, p. 34.

Comeza esta reflexión sinalando os atrancos e prexuízos que tivo que supera-lo galego para chegar a ser unha lingua axeitada para as novas necesidades expresivas en tódolos ámbitos. A continuación, refírese a unha carta recibida na redacción de *O Correo*, na que un membro dunha “Peña” da Coruña corrixe o galego de Anxo Tarrío, defendendo un criterio diferencialista, xa que “o tal remitente négase a aceptar como galegas todas aquelas palabras ou expresións que, sendo comúns ou parecéndose moito ás que se utilizan no castelán, coida el que debemos erradicar e desterrar da nosa lingua”. Anxo Tarrío sinala que esta postura revela “un complexo de inferioridade” cara ó galego e un pensamento no que perviven consideracións negativas cara á lingua como ocorría no século XIX.



_____, “Xornalismo e literatura”, *El Correo Gallego*, 21 outubro 1996, p. 3.

Reflexión sobre o mundo xornalístico e o literario, no sentido de que o primeiro ten como misión informar obxectivamente e amosar unha única interpretación, mentres que a literatura busca novas situacións para as palabras, de xeito que será o lector quen lles dea ás palabras novos significados. Segundo Tarrío, a práctica concreta contradí estas concepcións ideais, xa que os diferentes observadores captan dun xeito distinto a mesma realidade e, por outra banda, a literatura non pode amosar unha orixinalidade absoluta, pois resultaría ilexible. Conclúe dicindo que xornalismo e literatura poden convivir sen problemas, tal e como se pode comprobar na colección de libros presentada por Editorial Compostela e Caja Madrid.



_____, “A tona de silencio”, *O Correo Galego*, “*Chineses*”, 6 novembro 1996,
p. 16.

Reflexión sobre a produción poética de Ricardo Martínez Conde, na que, segundo o autor do artigo, se mesturan pericia, sensibilidade, experiencia, sabedoría e contemplación activa, para así producirse poemas mínimos dotados de saber fundamental.



_____, “Un curso integrador”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”,
17 novembro 1996, p. 3.

Refírese ó curso “As vangardas artísticas: a súa presenza en Galicia”, organizado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro” e mais pola Fundación “Vicente Risco”. Salienta o carácter integrador deste curso, no que se produciu un achegamento de disciplinas tan aparentemente afastadas entre si como a literatura e a arquitectura. Tamén destaca a análise que se fixo de Vicente Risco e de Manuel Antonio como propulsores da literatura galega de vangarda.



_____, “¿Que vai ser de nós?”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”,
24 novembro 1996, p. 3.

Pregúntase polo porvir da literatura galega. Tarrío é consciente de que algúns críticos son pesimistas sobre o futuro da literatura en xeral, pero tamén considera que, durante o século XX, se consolidou enormemente o sistema literario galego, o número de lectores, a crítica, as editoriais, as canles de distribución e mesmo a estabilidade da lingua escrita, polo que o balance da situación actual non pode ser máis que positivo.



_____, “Luz Pozo na Academia”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”,
1 decembro 1996, p. 3.

Comenta o ingreso de Luz Pozo Garza na Real Academia Galega e afirma que a obra literaria e crítica desta autora constitúe unha referencia inescusable para calquera observador da literatura. Así mesmo, salienta o seu labor como directora das revistas *Nordés* e *Clave Orión*, ademais da súa sensibilidade e altura poética, para maior esplendor da literatura galega.



_____, “Pois será de nós o que nós xa non seremos”, *El Correo Gallego*,
“Recanto do cataventos”, 2 decembro 1996, p. 3.

Resposta a Xesús Rábade Paredes, quen previamente aceptara un envite do propio Tarrío sobre a cuestión do futuro da literatura, en xeral, e da literatura galega, en particular. O articulista considera que non fixo “futurismo agoirento” sobre a literatura, tal e como Rábade Paredes malinterpretou, xa que as sociedades teñen comportamentos non determinados por ningunha necesidade liñal de progreso. Tarrío reafirma que o que deu a entender é que simplemente existen indicadores algo alarmantes sobre a perpetuación e triunfo da literatura sobre outras actividades humanas.



Toro, Suso de, “Díxome-díxome de escritores”, *El Mundo*, “Tribuna libre”,
20 decembro 1996, p. 2.

Comenta que os escritores galegos deben facer unha autocrítica polo actual ambiente literario e saír do mundo das envexas e da murmuración para, deste xeito, poder admirar los logros literarios doutros escritores.



Toro, Xelís de, “De silencios e de rúidos”, *A Nosa Terra*, nº 751, 7 novembro 1996, p. 32.

Refírese ó libro *Ruído* (1995), de Miguel Anxo Murado, que considera sorprendente pola capacidade que mostra Murado para converte-lo horrible en natural e crible e para construír historias a partir de experiencias que aconteceron diante de nós.



Valcárcel, Marcos, “Un século xa rematado e un libro sobre as vangardas”,
O Correo Galego, “Pé das Burgas”, 5 xaneiro 1996, p. 3.

Comentario sobre a obra *Manifestos das vangardas europeas* (1995), publicada por Laivento, asinada por Xesús González Gómez e escrita en clave de diálogo polémico, coa obra de Octavio Paz, *Los hijos del limo* (1974). Así mesmo, Marcos Valcárcel infórmanos que este libro contén unha escolma dos textos teóricos dos diferentes ismos vangardistas e que presta atención á recepción das vangardas en ámbitos como as literaturas catalana, a galega e a portuguesa.



_____, “Tralas pegadas de don Vicente”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”,
23 febreiro 1996, p. 3.

Valcárcel refírese ó percorrido que un grupo de amigos, convocado por Antón Risco, fixo polos camiños de Vicente Risco dende a súa casa natal en San Domingos ata a vella Escola Normal do Posío onde daba as súas clases, na cidade de Ourense.



_____, “Otero Pedrayo no Parlamento”, *O Correo Galego*, 1 marzo 1996, p. 3.

Lembra a actividade política de Otero Pedrayo no Parlamento da Segunda República como representante do Partido Galeguista. Compara os problemas galegos daquel entón coas necesidades actuais e chega á conclusión de que “son diferentes, pero transcórron en paralelo”. Alégrase de observar que, por primeira vez dende a guerra, o nacionalismo acuda unido ás eleccións.



_____, “Un trebo que segue a dar mel”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “Ronsel”, 16 marzo 1996, p. 41.

Nota sobre a revista *Trebo* que aparecía en decembro de 1982, dirixida polo escritor Xosé Luís López e animada por escritores do Instituto das Lagoas de Ourense. Trece anos despois editase o seu nº 11 coa mesma vocación integradora e miscelánea. Enumera o contido da revista.



_____, “Dúas novelas no fío do tempo”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”,
5 abril 1996, p. 3.

O comentarista cita as obras *Retorno a Tagen Ata* (1971), de Xosé Luís Méndez Ferrín, e *Morrer en Castrelo do Miño* (1978), de Xosé Fernández Ferreiro, reeditadas en 1995 por Edicións Xerais. Con respecto á primeira obra, subliñase que reflicte a ruptura xeracional que marcou o nacemento do nacionalismo radical; da obra de Fernández Ferreiro, destaca a súa visión lírica e panteísta de Galicia. Así mesmo, fai un percorrido polo labor periodístico e literario de ámbolos dous autores.



_____, “De Dona Emilia ó Día das Letras”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”,
17 maio 1996, p. 3.

Opina que, aínda que Emilia Pardo Bazán non mantivo moi boas relacións cos escritores galegos, a súa obra non se pode arredar do mundo cultural galego, xa que nos seus relatos observa a realidade galega dende a súa posición de aristócrata cosmopolita. Neste sentido, Marcos Valcárcel apunta que outros escritores, como Xesús Ferro Couselo, observaron o mundo galego dende dentro e se comprometeron coa cultura popular. Tamén lembra que Ferro Couselo foi un dos asinantes da idea posta en marcha en 1963 por Francisco Fernández del Riego para dedicarlles unha data ós escritores galegos, festa hoxe consolidada e normalizada.



_____, “Un milladoiro de ilusións”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 31 maio 1996, p. 3.

Lembra os diversos actos culturais e homenaxes vencellados ó mundo da literatura e da cultura que tiveron lugar durante o mes de maio nos diversos concellos de Galicia, ademais do consagrado Día das Letras Galegas. Salienta o carácter plural e popular da maioría destes actos, moitos deles convocados á marxe das institucións e das axudas oficiais. Segundo Valcárcel, ese alento popular que sustentou a festa das Letras Galegas dende o seu comezo non debe perderse nestes momentos nos que se conta con máis medios, infraestructuras e institucións.



_____, “Un libro pintado por Fra Angélico”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”,
21 xuño 1996, p. 3.

Refírese ó libro *Vilardobós* (1961), de Silvio Santiago, onde describe o seu pobo natal ó longo das diferentes estacións do ano, ademais das súas xentes, traballos, etc. Marcos Valcárcel, así mesmo, lembra o prólogo de Otero Pedrayo ó citado libro, do que di que “semella escrito de xeonllos, coma Fra Angélico pintaba as súas Madonnas”.



_____, “Da calor, da esquerda e doutras cousas”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 5 xullo 1996, p. 3.

Marcos Valcárcel, a propósito dun discurso de Umbral sobre o tratamento digno das prostitutas na obra de Cela, afirma que Blanco Amor fixo o mesmo nas letras galegas coas prostitutas de Ourense, para restituír unha imaxe dese mundo libre de prexuízos e de afáns redencionistas e recupera-la súa autoestima como seres humanos.



_____, “O modelo catalán e Risco”, *La Voz de Galicia* (Edición do Carballiño-O Ribeiro), “De Sol a Sol”, 18 agosto 1996.

Marcos Valcárcel destaca a importancia do modelo catalán para o nacionalismo que quería erguer Vicente Risco e sinala uns artigos do escritor ourensán aparecidos no xornal *La Zarpa*, diario agrario de Basilio Álvarez que tratan a cuestión.



_____, “Lembranza de Marcial Suárez”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”,
6 setembro 1996, p. 3.

Refírese á obra galega de Marcial Suárez, *O acomodador e outras narracións* (1969), conxunto de 18 relatos dedicados ás xentes populares e ós recunchos do seu Allariz natal. A seguir, o articulista comenta algúns deses relatos, que se acompañan con ilustracións de Luís Seoane.



_____, “Otero Pedrayo e Curros Enríquez”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “De Sol a Sol”, 27 setembro 1996.

Refírese á clausura das Xornadas dedicadas a Otero Pedrayo organizadas polos escritores en Lingua Galega, que tiveron lugar na Facultade de Filoloxía de Santiago. Gustoulle especialmente a intervención de Ríu Barxa. Salienta ademais no mesmo artigo, as palabras que dedicou Mario Soares, investido doutor *Honoris Causa* pola universidade de A Coruña, a autores como Rosalía, Castelao, Curros ou Celso Emilio Ferreiro que cantaron a Portugal. O autor do artigo lembra que xa Curros fixera un chamamento para destruír esa raia que separa ós pobos galego e portugués.



_____, “Blanco-Amor anoxado por un premio perdido”, *O Correo Galego*,
“Pé das Burgas”, 4 outubro 1996, p. 3.

Comenta o disgusto que levou Blanco-Amor no ano 1971, cando non gañou o premio Galicia do Centro Galego de Buenos Aires coa súa novela *Xente ao lonxe* (1972), xa que o galardón foi concedido a Xohana Torres, pola súa novela *Adiós María* (1971). Marcos Valcárcel lembra algunhas cartas de Blanco-Amor dirixidas ós seus amigos, onde alude ó grave escándalo literario provocado polo premio, segundo o autor de *Xente ao lonxe*.



_____, “A intelixencia de Bóveda, o misterio de Arturo Souto”, *O Correo Galego*,
“Pé das Burgas”, 18 outubro 1996, p. 3.

O articulista refírese a un ciclo de actividades dedicadas a lembra-la figura de Alexandre Bóveda, celebrado en Ourense, onde se falou dos escritores que lle dedicaron as súas páxinas, como Ramón Otero Pedrayo en *O libro dos amigos* (1953).



_____, “Cómic e literatura: vidas paralelas”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”,
8 novembro 1996, p. 3.

Comenta a estreita relación entre a literatura e o cómic, que se pode percibir no tratamento que fan de idénticos xéneros. Respecto á literatura galega, salienta a Aníbal Malvar, guionista de cómics galegos, e cita a outros autores que se inspiraron dalgún xeito na “narrativa visual”, como Méndez Ferrín, Xavier P. Docampo, Manuel Rivas, Agustín Fernández Paz, Antón Reixa, Suso de Toro, etc.



_____, Invitación ó optimismo”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”,
22 novembro 1996, p. 3.

Segundo o articulista, a concesión dos Premios Nacionais de Literatura a Manuel Rivas e a Fina Casalderrey son razóns que invitan ó optimismo polos éxitos dos creadores literarios e culturais galegos.



Varela, Xosé Manuel, “Á espera dunha novela”, *La Voz de Galicia* (Edición de Fisterra), “Apuntes literarios”, 25 setembro 1996, p. 43.

Xosé Manuel Varela lembra como coñeceu a Rafael Lema sendo estudantes na Facultade de Humanidades de A Coruña. Alí ensinoulle un poemario manuscrito inserto no interior dun diario de navegación, co que logo no ano 1992, gañou o Iº Premio de Poesía Espiral Maior para menores de 30 anos. Rafael Lema publicou ademais outros dous poemarios, pero o autor do artigo afirma que segue agardando pola novela da que lle ten falado.



Vázquez, Dora, “O poeta e o seu mundo”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 2 novembro 1996, p. 3.

Reflexiona sobre o sentimento poético, o carisma do poeta e a permanencia de mensaxe poética a través dos tempos para eleva-lo espírito dos lectores.



Vázquez, Pura, “Palabras en ‘iño’ e ‘iña””, *O Correo Galego*, “Verba na hedra do vento”, 12 novembro 1996, p. 3.

Analiza o uso do diminutivo na lingua e na literatura galegas, prestando especial atención ás diferentes funcións que pode adoptar o diminutivo nas obras de Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Pondal, Rosalía de Castro e Curros Enríquez.



_____, “Rilke, o cantor supremo da elexía”, *O Correo Galego*, “Verba na hedra do vento”, 7 decembro 1996, p. 4.

Fai un percorrido pola vida do poeta Rilke, pola súa infancia, pola súa amizade con Rodin en París e polo seu labor como traductor. Logo expresa as claves bíblicas que percibe na súa obra e cualifícao como o supremo cantor da elexía.



Vázquez de la Cruz, Marita, “Naceu cando as plantas nacen”, *Atlántico Diario*, 6 decembro 1996, p. 27.

Neste artigo, Marita Vázquez enxalza a persoa e a obra da poeta Luz Pozo Garza e felicítala polo seu ingreso na Real Academia Galega.



Vázquez Pintor, Xosé, “A festa que non é tal”, *La Voz de Galicia*, 16 maio 1996,
p. 8.

Lembra que o Día das Letras Galegas xa se leva celebrando trinta e tres anos e describe o que significou nas diferentes etapas polas que discorreu ata chegar á súa definitiva consolidación.



_____, “Bernardino”, *La Voz de Galicia*, 8 xuño 1996, p. 8.

Celebra que a Asociación de Escritores en Lingua Galega dedique este ano ó poeta e amigo seu Bernardino Graña, acontecemento que elevará a figura deste escritor ás de Celso Emilio, Rosalía, Curros e Pondal.



Vidal Villaverde, Manuel, “Camilo Gonsar”, *La Región*, 12 febreiro 1996.

O autor deste artigo comenta a literatura de Camilo Gonsar e salienta as súas dotes descritivas á hora de amosa-la realidade ou a transposición dela.



_____, “E digo amigo, e digo Bernardino Graña”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 4 xuño 1996, p. 4.

Ofrece unha semblanza do seu amigo Bernardino Graña e comenta algúns aspectos da súa poesía, ademais de lembrar varias vivencias que compartiu con Graña.



Villar, R., “A vida é mellor con poesía”, *La Voz de Galicia* (Edición de Barbanza),
21 xullo 1996, p. 55.

Con motivo da presenza do Batallón Literario da Costa da Morte na vila de Esteiro, Rafa Villar presenta a poesía como patrimonio individual e colectivo. Sinala a necesidade de achegarse a ela, proceso no que deben media-los poetas, os editores de libros, as administracións, os libeiros e axentes culturais e a sociedade.



Villar Janeiro, Helena, “Un día máis para as Letras Galegas”, *El Correo Gallego*,
23 maio 1996, p. 3.

A articulista propón que se podería celebra-lo Día das Letras Galegas por realidades, como o “Día das Letras Galegas no Ensino”, de xeito que os equipos de normalización poderían buscar escritores para que os alumnos lles poidan preguntar en charla-coloquio, entre outras cousas, por qué escriben en galego.



_____, “Lecturas optativas”, *El Correo Gallego*, 8 agosto 1996, p. 3.

Villar Janeiro reflexiona sobre a necesidade de leva-los clásicos á escola, xa que bens tan valiosos como as obras dos grandes escritores deben chegar a todos e non só ós elexidos que posúen bibliotecas e un contorno familiar favorecedor.



_____, “Éxito en Nueva Galicia con análises literarias”, *El Correo Gallego*,
21 novembro 1996, p. 12.

Refírese ó 63 Congreso do Pen Internacional, celebrado en Guadalajara (México) entre os días 7 e 13 de novembro de 1996. Comenta que baixo o lema “Literatura e democracia” se intercambiaron ideas, libros, proxectos e traducións e se esixiu a liberdade dos escritores presos polas súas ideas.





V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografía

V. 6. Publicacións en xornais: entrevistas



7.6. Publicacións en xornais: entrevistas





Adrio, Carmen, “Hai que ser fiel á musicalidade dos versos” *La Voz de Galicia*
(Edición de Lugo), “Voces de Lugo”, 6 setembro 1996, p. 40.

Entrevista con Jonathan Dunne, na que o traductor ó inglés de *Follas Novas*, fala dos principais problemas que presenta toda traducción. Explica tamén explica cómo naceu o seu interese por Galicia e a súa cultura.



_____, “Os que gañan os premios non sempre son os mellores”, *La Voz de Galicia*, 10 novembro 1996, p. 4.

Entrevista con Xosé Miranda, gañador do Premio Esquíu 1996, na que o escritor afirma que se esforza por imprimir calidade a tódalas súas obras. Explica que se sente orgulloso de ter acadado algúns premios importantes, que son a súa motivación para escribir. Comenta tamén que o seu compromiso co galego é unha cuestión ideolóxica, que sempre lle tivo afección á poesía e que suprime o concepto de público cando escribe “porque esto condiciona a escrita”. Por último, respecto ó poemario gañador, *Naufraixio de inverno*, sinala que mostra a vida como unha especie de navegación.



Amaro, Patricia, “El liberalismo gallego sería ideal si tuviera una pizca más de rebeldía”, *El Mundo*, “Esa boca es suya”, 25 agosto 1996, p. 7.

Entrevista con Manuel Rivas que se inicia comentando a semellanza entre as súas facetas de escritor e de xornalista, pois en ambas traballa coa palabra. Afirmar que cre na inspiración á hora de escribir e reflexiona sobre a situación da prensa e da literatura galega, sobre a chamada xeración bravú e sobre o nacionalismo galego, ademais de anunciar os seus proxectos inmediatos.



_____, “Soy una persona un poco desaprensiva; la sensibilidad la tengo cuando escribo”, *El Mundo*, “Esa boca es suya”, 31 agosto 1996, p. 7.

Luísa Castro responde nesta entrevista a preguntas sobre as influencias na súa obra, a situación da literatura galega, as características do seu estilo e da súa inspiración. Afirmo que, se ben se desmarcou da literatura galega, se considera en realidade unha escritora galega. Opina tamén sobre o papel do lector e as características propias do escritor, así como sobre os premios literarios. Por último, anuncia os proxectos que ten entre mans.



Ameixeiras, Diego, “O patrimonio audiovisual aporta unha grande parte da supervivencia cultural”, *La Región*, 4 novembro 1996, p. 8.

Nesta entrevista, Antón Reixa sinala cal é a situación do audiovisual galego e fai referencia á escaseza de guionistas. Cita como exemplo destacado a Miguel Anxo Murado. Ademais, Reixa comenta ter comprado os dereitos de *Todo a cen* (1995), de Jaureguizar, para levala ó cine.



B. P. L., “Creo en el trabajo no en la inspiración”, *La Voz de Galicia* (Edición da Coruña), 29 marzo 1996, p. 37.

Entrevista na que a escritora María Xosé Queizán comenta que a súa época de silencio literario foi debida ó feito de estar casada. Fala da literatura feminista e do feminismo, elemento característico das súas obras ó igual que o materialismo. Afirmo que “non cre na inspiración senón no traballo e na vontade de face-las cousas”.



_____, “Me apasiona el movimiento surrealista”, *La Voz de Galicia* (Edición da Coruña), 19 xuño 1996, p. 41.

Entrevista con Beatriz Piñeiro Calvo, que con tan só catorce anos xa conseguiu gañar distintos premios, entre eles o Iº Concurso Escolar Camilo José Cela. A xove escritora fala do nacemento da súa vocación literaria, dos seus gustos como lectora e dos seus próximos proxectos.



_____, “Valoro mucho el trabajo del actor”, *La Voz de Galicia* (Edición da Coruña), 28 xuño 1996, p. 41.

Entrevista co director do grupo de teatro de Cantigas da Terra, José Fernando Martínez Gallego, na que conta os comezos da agrupación e os sucesivos proxectos para formar unha escola dentro do grupo. Refírese tamén ás obras que levan representado ata o de agora: *Para vivir ben de casados*, de Leandro Carré Alvarellos e *A tía Lambida*, de Blanco Amor e á próxima montaxe: *Estampas de Beiramar*, de Ricardo Flores.



Blanco, Lois, “Agardo que haxa un Día das Letras Galegas adicado a García Lorca”, *La Voz de Galicia*, 25 xaneiro 1996, p. 6.

Luís Pérez Rodríguez responde nesta ocasión ás preguntas sobre a súa obra *O pórtico poético dos seis poemas galegos* (1995), na que afonda no proceso de xestación do poemario baseándose nas teorías defendidas por Blanco Amor. Trata ó longo da entrevista da polémica sobre a autoría e o importante momento da publicación da obra. Dá tamén unhas breves notas sobre a tese que el defende e, finalmente, manifesta que lle gustaría contribuír á difusión destes poemas.



_____, “Blanco Amor dedicó su vida a mejorar la imagen de Galicia”, *La Voz de Galicia*, 20 marzo 1996, p. 6.

M^a Teresa Araújo, autora de *Eduardo Blanco Amor e Santiago de Compostela* (1995), explica nesta entrevista que a raíz da elaboración dun catálogo bibliográfico sobre Blanco Amor xurdiu a idea de aproveitar parte do material. Na súa opinión, o libro axuda a debuxar mellor a personalidade do escritor ourensán e está dirixido a tódolos investigadores, a tódolos lectores de Blanco Amor e por suposto a todas aquelas persoas interesadas en Compostela. Polo que respecta ó contido dos artigos, apunta que a protagonista é a cidade de Santiago entendida como arte ou lugar de peregrinación, e que neles se reflicten tódolos odios e amores do autor.



Botrán, Cristina, “Ardeiro: ‘O difícil de escribir é encontrar o tema”, *O Correo Galego*, 27 xullo 1996, p. 36.

Entrevista a Xosé M. López Gómez na que o escritor afirma que escribir poesía é “traballar polo home”. Comenta que asina como Ardeiro porque ese é o alcume da súa casa e manifesta a súa inclinación pola poesía de corte social e comprometida, de temática intimista, espiritual e amorosa, así como o seu interese pola poesía erótica e reflexiva. Remata afirmando que a súa musa é “o amor, a vida e a inquietude polos demais”.



Bouzas, F. M., “Ramón Caride Ogando: ‘Cando escribo, mesturo os xéneros’”,
O Correo Galego, 4 febreiro 1996, p. 53.

Ramón Caride explica no inicio desta entrevista por qué se decidiu a escribir literatura infantil. Conta a continuación parte do argumento da súa obra *Perigo vexetal* (1995) e comenta as semellanzas existentes entre esta obra e *Soños eléctricos* (1992). Sinala tamén que non adopta ningún criterio especial á hora de escribir para os rapaces, que ningún xénero literario lle parece mellor que outro e que non existe ningún referente inexcusable á hora de escribir.



Bruzón, M. J., “Vender cultura”, *Atlántico Diario*, 3 xaneiro 1996, p. 50.

José Manuel Alonso, presidente da Federación de Libreiros de Galicia, analiza nesta entrevista os datos referidos á produción e venda de libros no pasado ano 1995. Comeza comentando que o best-seller da literatura galega é *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, xunto a obras de Otero Pedrayo, Blanco Amor ou Cunqueiro, etc. Na súa opinión, o maior inimigo do libro non é nin o ordenador nin a televisión, pois o libro é eterno. Sinala por último que os libreiros deben gratitude ós profesores e ós mestres por iniciar ós nenos na lectura e sinala que unha venda importante está nos libros recomendados na escola.



_____, “Una visión personal”, *Atlántico Diario*, 16 xuño 1996, p. 11.

A raíz da publicación do último poemario en castelán de M^a do Carme Kruckenberg, *Vivir, aventura irrepetible* (1996), a escritora reflexiona nesta entrevista sobre a súa obra e a súa forma de escribir. Da obra comenta a autora que é unha visión fotográfica, anímica, pictórica, espiritual, de admiración e cariño das cidades, nunha visión persoal, como unha viaxe polos seus recordos e que resulta un libro pouco comprensible para a xente que non viaxara. Respecto da súa forma de escribir sinala que escribe simplemente por necesidade, confesa que non sabe o que a impulsa e que sente vergoña dos seus primeiros libros aínda que sinala que no fondo non variou moito.



_____, “Siempre me enamoré como un crío, incluso de mayor”, *Atlántico Diario*, “El personaje”, 14 xullo 1996, p. 64.

Carlos Casares trata nesta entrevista dos grandes temas da literatura e da vida como o amor e a morte, pero tamén fala de si mesmo e do seu lugar no mundo da literatura: vese como un escritor preocupado fundamentalmente pola súa escritura, que escribe moi lento, dunha intelixencia bastante normal, que segue mantendo a súa inocencia e que afirma que a única liberdade é a de poder dici-lo que pensas sen temor. Conclúe o artigo afirmando que o que lle dá á literatura son miles de amigos.



_____, “La editorial es el territorio que me hace más libre”, *Atlántico Diario*,
“El personaje”, 4 agosto 1996, p. 64.

Entrevista na que Bieito Ledo fala de si mesmo e do seu traballo. En primeiro lugar confesa que nota como se lle escapa o tempo e comenta tamén que é un home de fe, que os deuses non o dotaron coas cualidades necesarias para escribir e que se contenta con incitar a outros a facelo. Respecto do seu labor editorial sinala que celebra cando saca un libro que ofrece algo ós seus semellantes pois o libro é algo imprescindible para saber de ónde vimos, qué somos e poder soña-lo futuro. Responde ademais ás preguntas de para qué público edita e qué simboliza a literatura galega hoxe.



_____, “La palabra crisis, ahora, suena a vida cotidiana”, *Atlántico Diario*,
“El personaje”, 3 novembro 1996, p. 64.

Conversa con M^a Xosé Queizán sobre grandes temas universais como o amor ou Deus, e sobre aspectos máis puntuais da realidade como o fútbol, o último Premio Planeta ou a crise. Ó longo do artigo a escritora descobre diversos aspectos da súa personalidade, sobre todo cando fala sobre os sentimentos, as relacións con outras persoas e sobre libros.



_____, “Siempre me ha importado más vivir que escribir”, *Atlántico Diario*,
“El personaje”, 1 decembro 1996, p. 64.

Ábrese esta entrevista coas palabras de M^a do Carme Kruckenberg nas que afirma que escribe poesía porque non lle gusta perderse na palabrería. Comenta que empezou a escribir ós dezaseis anos e que, probablemente, seguirá escribindo ata que morra, xa que é froito da súa necesidade de expresarse. Así mesmo, manifesta a súa opinión sobre a importancia do amor na vida de todo ser humano; declara que non é unha persoa especialmente relixiosa e que detesta a mediocridade, a mentira e a inxustiza.



Calleja, Fina, “Pura Vázquez, a fada das palabras”, *La Región*, 24 xuño 1996,
p. 6.

Con motivo do premio Trasalba outorgado pola Fundación Otero Pedrayo, Fina Calleja entrevista a Pura Vázquez. Na conversa débúxase unha completa biografía da escritora dende os seus primeiros pasos no Salto do Can, a época da guerra, o traslado a Madrid, ata a emigración cara á América. O outro tema presente, ademais da entrega do citado premio, é a súa escrita: o motivo polo que empezou a escribir, as linguas que emprega, etc. Remata dicindo como lle gustaría ser recordada e afirmando que, en xeral, se sente bastante valorada.



Carballa, Xan, “Tento reconstruír o momento inicial da poesía”, *A Nosa Terra*, nº 718, “Guieiro Cultural”, 21 marzo 1996, p. 25.

Millán Picouto comeza esta entrevista explicando o plan pechado que artellou para o horizonte da súa creación que constará de trinta e catro obras agrupadas en triloxías e tetraloxías. Neste momento vén de publicar *Prisciliano en Tréveris* (1995), a segunda entrega da Triloxía da Terra. Fala tamén do sentido final da súa obra, do seu método de creación e da súa teima polo inseparable binomio poesía-música. Por último, tratan da representabilidade de *Prisciliano en Tréveris*.



_____, “Os mortos da guerra en Galiza eran persoas coma nós, que defendían a cultura, a liberdade e o amor á Terra”, *A Nosa Terra*, nº 737, “Galiza”, 1 agosto 1996, p. 9.

Álvaro Álvarez Blázquez lembra nesta entrevista o tempo pasado: a sublevación do 36, a república, a posguerra e, finalmente, a morte de Franco. Ó longo dos seus recordos fala do seu pai, Darío Álvarez Limeses, dos seus irmáns e dos amigos que frecuentou ó chegar a Vigo, tales como Paco del Riego ou Xaime Illa. Xorden no medio destas lembranzas os proxectos editoriais como Monterrey e Edicións Castrelos, dos que trata brevemente. Conclúe o entrevistado sinalando o absurdo da desmemoria.



_____, “Un galego que escribe en castelán é un asimilado”, *A Nosa Terra*, nº 753, “Galiza”, 21 novembro 1996, p. 9.

Entrevista na que Bernaldo Souto fala das súas experiencias na emigración arxentina, ó longo de 68 anos, coa Sociedade Nazionalista Pondal en primeiro lugar, logo colaborando con *A Nosa Terra* e despois en *Pátria Galega*. Comenta tamén os problemas que tivo á hora de traducir *Martín Fierro* ó galego e analiza a figura dos galegos que escriben en castelán, ós que denomina asimilados. Como conclusión maniféstase un convencido reintegracionista.



Careche, Mirenko G., “Confesións do Mestre”, *A Peneira*, 2ª quincena febreiro 1996, p. 22.

Pouco antes de serlle concedido o Doutorado *Honoris Causa* pola Universidade de Vigo, *A Peneira* quixo entrevistar a Xosé Filgueira Valverde e conversar sobre o seu traballo e a situación da lingua galega. Ó longo do seu discurso evoca as distintas institucións culturais nas que participou e fai mención das obras das que se sente especialmente orgulloso. Conclúe cun breve comentario sobre o panorama da literatura galega actual.



Carrión, Xosé Lois, “A Mostra de Teatro vai ser punteira”, *La Región*, 30 xuño 1996, p. 23.

Entrevista con Rubén García, director da Mostra Internacional de Teatro, con motivo da súa presentación. Rubén fai declaracións respecto ós recortes orzamentarios, que repercuten directamente no teatro e na cultura en xeral; fala da necesidade de implicar organismos privados á hora de buscar apoios económicos e expresa a súa satisfacción por poder chegar á XIIª edición do festival. Da programación da Mostra resalta a incapacidade de dar cabida a tódalas compañías galegas que o solicitan debido fundamentalmente ó seu carácter internacional.



Casais, Eric, “Hai que distinguir entre o premio e o mérito”, *La Voz de Galicia*,
4 xullo 1996, p. 7.

Con motivo de ter acadado o premio González Garcés de poesía, Estevo Creus declara nesta entrevista o que significou para el este premio. A continuación responde a preguntas sobre a súa traxectoria e tamén comenta cáles son as súas motivacións á hora de escribir. A este respecto, sinala que a súa poesía é directa e cunha linguaxe o máis simple posible e, finalmente, apunta as influencias do teatro surrealista, do cine e da música na súa obra.



Casal, Mercedes, “Antonio Fraguas: En la escuela no aprendí nada, sólo me explicaron dos palabras: afónico y tuerto”, *El Mundo*, “Esa boca es suya”, 24 agosto 1996, p. 7.

Entrevista con Antonio Fraguas na que se tratan, entre outros aspectos, o seu nomeamento como Cronista Oficial de Galicia e o feito de ter substituído a Castelao na Real Academia Galega. Tamén se fala sobre a súa vida e afirma non ter sido un santo; sinala como a súa maior virtude o ter axudado ós demais e confesa estar satisfeito do que fixo. Outros temas sobre os que xira a conversa son as lendas populares, a cultura de masas, a dictadura, etc.



Castromil, C., “Tempos para recordar aqueles mil nomes de Xerais”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 128, 10 outubro 1996, p. 7.

Con motivo do aniversario de Edicións Xerais de Galicia, Manuel Bragado, director de Xerais, fai un deseño do lector galego medio e anota os autores favoritos do público. Fala tamén da serie de actos que terán lugar para celebra-lo libro número mil: a edición de *Unha liña no ceo. Cincuenta e oito narradores galegos (1979-1996)*, a exposición Xerais 1000, unha serie de conferencias, etc. Opina tamén sobre o papel da Administración e o balance editorial galego e remata anunciando a colección de poesía Ablativo Absoluto, que suporá a grande novidade da editorial no ano 1997.



Chao, Nacho, “Xosé Luís Méndez Ferrín: Demando un lector iniciado, algo malicioso e crítico”, *El Mundo*, 31 marzo 1996, p. 4.

Con motivo do 25 aniversario da publicación de *Retorno a Tagen Ata*, X.L. Méndez Ferrín comenta que esta obra é un panfleto literario destinado ó lector iniciado, que forma parte dun ciclo que se pechou con *Bretaña Esmeraldina* e que foi mitificada como invitación á utopía aínda que non ten nada utópico. Continúa comparando a súa obra coa de Franco Grande, *Os séculos escuros*, da que afirma que fai historia dunha época máis lene.



Chuvienco, Quique, “El dibujante Fausto opina que el cómic requiere acción como el cine”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 28 xaneiro 1996, p. 10.

Entrevista con Fausto C. Isorna arredor do mundo do cómic. Comeza o ilustrador afirmando que máis importante que os diálogos son as imaxes. A continuación lembra con agrado os anos nos que xurdiu *Valiumdiez* (1984-1987) e di que logo viñeron outras publicacións como *Das Capital* pero xa non foi o mesmo. Comenta a seguir que hoxe en día o cómic non é bo negocio e por iso el dedícase á edición nas súas diversas facetas. Por último fala do proxecto editorial da biblioteca Nova 33: as aventuras de Simón Martel, onde colabora con Aníbal Malvar e Róber G. Méndez.



_____, “El compositor Maiztegui pone música a los versos gallegos de Lorca”,
El Ideal Gallego, “Noticias de Compostela”, 12 abril 1996, p. 10.

Entrevista a Isidro Buenaventura Maiztegui, con motivo de musica-los poemas galegos de Federico García Lorca. O compositor comeza explicando como xurdiu a idea, para pasar logo a comenta-la impresión que lle producen cada un dos sete poemas. Afirmo descoñecer se se fará unha publicación conxunta do estudio de Luís Pérez e da composición musical e trata brevemente a súa relación co cine na realización de bandas sonoras.



Costas, Viki, “Los jóvenes actores no arriesgan, sólo quieren hacer teatro clásico”, *La Región*, “Press Club”, primavera 1996, p. 3.

Sergio Pazos, actor do grupo de teatro Sarabela, responde ás preguntas de V. Costas sobre a cidade de Ourense e o mundo do teatro, en concreto dá a súa opinión sobre o traballo do Centro Dramático Galego, sobre as novas compañías, que considera pouco críticas e conservadoras, e sobre o circuito de salas de teatro independente. Conclúe tocando o tema da televisión de Galicia e afirmando que é unha boa noticia que se fagan series nacionais.



Couselo, Xabier, “Vivimos en una sociedad más timorata de lo que pensamos”,
El Ideal Gallego, “Entrevista con...”, 24 outubro 1996, p. 64.

Entrevista con Xosé Luís Axeitos que parte do comentario da antoloxía erótico-amatoria dos poetas galegos do último medio século da que Axeitos é responsable para centrarse no erotismo en si e no que este autor opina sobre o mesmo. Xabier Couselo interroga ó estudioso sobre os motivos que o levaron a elaborar un libro destas características e sobre como son os poetas galegos presentes nesta obra. Como conclusión o entrevistado afirma que vivimos nunha sociedade máis “timorata” do que pensamos.



_____, “La literatura va a permanecer a pesar de Internet”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con...”, 29 outubro 1996, p. 64.

Trala súa participación no Congreso Galeusca, no que se tratou do futuro da literatura na era cibernética, Xulio Valcárcel fala nesta entrevista das conclusións ás que se chegou nese encontro, e de como vai afectar ós futuros escritores. Tamén opina sobre a progresiva serialización da produción e sinala que o lector pode converterse en beneficiario ou en vítima.



_____, “Teño unha necesidade compulsiva de experimentar con códigos novos”,
El Ideal Gallego, “Entrevista con...”, 3 novembro 1996, p.80.

Entrevista con Miguelanxo Prado que se inicia falando da dificultade de facerse un sitio no mundo do cómic. Seguindo nesta liña responde á pregunta de se o cómic non está algo lastrado polo seu carácter inicial un tanto infantil e comenta cál é o aspecto ó que lle concede máis importancia á hora de crear unha historia. O porqué de diversificar tanto as personaxes e tamén a causa do seu humor acedo son as últimas cuestións das que se trata.



_____, “Considérome un escritor intruso no mundo da literatura”, *El Ideal*
Gallego, “Entrevista con...”, 27 novembro 1996, p. 64.

Entrevista con Xavier Alcalá tras dar unha conferencia na Biblioteca González Garcés titulada “Entre a novela realista e o relato de viaxes”. Nela comenta as relacións entre estas dúas tendencias e se o realismo é ou non unha tendencia manipuladora. A continuación, a conversa xira arredor do labor do escritor e da súa opinión sobre a literatura actual.



D. A., “Escribir guións non é unha arte, é un oficio artesanal”, *La Región*, “Off”,
7 novembro 1996, p. 8.

O mundo dos audiovisuais e, en concreto, a elaboración dos guións son fundamentalmente os dous temas tratados ó longo desta entrevista con Miguel Anxo Murado. A principal idea que destaca das palabras do autor é o exceso de didactismo presente nos medios que leva a empregar unha lingua que non é a que realmente se fala na rúa. Remata reivindicando a figura do guionista.



Doral, Alba, “Debemos plantexarnos o que queremos facer co noso idioma”,
El Progreso, “Gente “, 27 outubro 1996, pp. 8-9.

Longa entrevista con Carlos Casares tralo seu nomeamento como presidente do Consello da Cultura Galega na que fala en primeiro termo da xestión do propio Consello dando cabida a novas tecnoloxías, para proseguir opinando sobre a política do goberno autonómico e central. Tratan posteriormente o tema da lingua, a figura de Ramón Piñeiro e, por último, o papel da editorial Galaxia. Ademais, Casares maniféstase sobre a súa persoal teoría do nacionalismo.



E. A., “La poesía es algo espontáneo para mí” *La Voz de Galicia* (Edición de Barbanza), 7 marzo 1996, p. 40.

Breve entrevista co escritor rianxeiro Cleto Regueira Pérez, autor dun libro de próxima aparición, *Aires rianxeiros*, no que o escritor louva distintos aspectos da vila de Rianxo e, entre eles, os mariñeiros e os seus escritores máis importantes: Castelao, Dieste e Manuel Antonio, escritor, este último, ó que declara admirar de forma especial. Considera que estes rianxeiros que tanto fixeron pola cultura galega aínda non están suficientemente recoñecidos. Anuncia que os beneficios do libro se destinarán a un colectivo de emigrantes, ademais dun novo proxecto: a publicación dunha obra titulada *O espello invisible*.



E. D., “Escribir é un xeito bonito de vivir”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ferrol),
22 setembro 1996, p. 44.

Entrevista co escritor Ramiro Fonte, quen sinala que escribir é para el unha cuestión vocacional e que practica tódolos xéneros pero prefire a poesía porque a considera un xénero que axuda moito ós que escriben e ós que len. Declárase un apaixonado de Rosalía e de Cabanillas, Avilés de Taramancos e outros poetas da súa xeración. Afirmo que non escribe en galego por un posicionamento ideolóxico senón por unha cuestión personal como é ter lido a Rosalía de neno. No mesmo artigo e baixo o título “Unha cidade atractiva”, fala da novela que está escribindo sobre o Ferrol dos anos 70 e sinala que Ferrol e Pontedeume teñen unha presenza clara en todo o que escribe.



_____, “Leo cualquier cosa que me enganche”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ferrol), 13 outubro 1996, p. 44

Entrevista coa escritora Julia Uceda na que esta autora, despois dunha breve síntese biográfica feita polo xornalista, nos fala da súa vida pasada, dos seus gustos literarios e profesionais, dos seus proxectos e do seu labor á fronte da Colección Esquíu de poesía.



Estévez, A., “Iolanda Castaño, a sensualidade da poesía aos dezanove anos”,
A Nosa Terra, nº 729, “Guieiro Cultural”, 6 xuño 1996, p. 26.

A gañadora do Premio Bouza Brey de 1994, Iolanda Castaño, é a protagonista desta entrevista na que se destaca a súa idade temperá, coméntase a estrutura da súa obra *Elevar as pálpebras* e apúntase a riqueza léxica da mesma. A autora afirma que un dos mellores momentos para alguén que escribe poesía é cando a recita e que se sente privilexiada por ter publicado tan cedo. Conclúe descartando escribir en prosa, pois asegura ter unha relación moi especial coa poesía.



_____, “É necesario rematar coa visión literaria dun rural alienado”, *A Nosa Terra*, nº 738, “Guieiro Cultural”, 8 agosto 1996, p. 27.

O gañador do IIIº Premio de Narrativa Breve Café Dublín con *Bagoas de facer illas* (1997), Anxo Angueira, desvela o contido da súa obra, comenta como chegou á narrativa, valora os premios literarios, fala da necesidade de invitar á lectura ós máis novos e da influencia dos clásicos. Por último, analiza o camiño da literatura cara ó que se denomina normalización.



Evangelista, Susana, “Xavier Alcalá: Os escritores somos uns sicópatas que necesitamos fabular”, *El Mundo*, “Esa boca es suya”, 2 agosto 1996, p. 7.

Entrevista con Xavier Alcalá na que fala de temas diversos como o reto que supuña escribir en galego na época do franquismo, a posible xeración de escritores da década dos 70, o proceso de normalización do galego, etc. Comenta tamén cada unha das súas actividades como creador: letrista de cancións, novelista e columnista de prensa. Respecto ó seu xeito de escribir responde ás preguntas de cál é o proceso que segue á hora de facer unha novela e cándoo sentiu a necesidade de escribir por primeira vez.



_____, “Carlos Lema: Gústame o papel do editor máis vocacional e menos comercial”, *El Mundo*, “Esa boca es suya”, 15 agosto 1996, p. 7.

O responsable da editorial Sotelo Blanco, Carlos Lema, refírese ós requisitos que debe cumprir unha obra para que sexa editada e as características que definen a personalidade da súa editorial. A continuación, opina sobre as traducións dos autores galegos ó castelán e os premios literarios e conclúe apuntando cál debe se-la relación entre editor e autor.



_____, “Isaac Díaz Pardo: O actual é un galeguismo interesado nos beneficios da autonomía”, *El Mundo*, “Esa boca es suya”, 18 agosto 1996, p. 7.

Entrevista con Isaac Díaz Pardo que se inicia con cuestións relacionadas co seu labor como pintor: cómo empezou, cómo definiría a súa pintura, se volverá a pintar algún día, etc. Recóllense tamén as súas opinións sobre a visión que ten do galeguismo e da emigración. Conclúe centrándose na recuperación da fábrica de Sargadelos como centro de comercialización e investigación.



_____, “Fausto C. Isorna: Ojalá toda la violencia fuera como la de los cómics, de papel”, *El Mundo*, “Esa boca es suya”, 26 agosto 1996, p. 7.

O cómic é o tema principal desta entrevista con Fausto C. Isorna, ilustrador e debuxante, que comeza falando da viabilidade dos cómics, para seguir comentando qué é o que o inspira á hora de debuxar, a dificultade en compaxina-lo traballo dos guionistas co do debuxante, qué é o que prefire debuxar, qué opina da utilización do ordenador no debuxo, se cre necesaria ou non unha preparación técnica, cáles son as súas preferencias no mundo do cómic e a influencia do cine.



_____, “María Xosé Queizán: O feminismo é un modo de conseguir unha sociedade máis xusta para todos”, *El Mundo*, “Esa boca es suya”, 30 agosto 1996, p. 7.

M^a Xosé Queizán inicia a conversa preguntando se supuña un reto escribir no franquismo en galego e cál foi o papel da Nova Narrativa na literatura galega. Con temas como o feminismo ou o nacionalismo segue grande parte e conclúe o artigo unindo os dous aspectos: mostrando M^a Xosé Queizán as semellanzas entre a situación das mulleres e a situación dos galegos.



_____, “Aníbal C. Malvar: Creo que é perigoso deixar de escribir novela negra, provoca cáncer”, *El Mundo*, “Esa boca es suya”, 2 setembro 1996, p. 7.

Aníbal C. Malvar salienta diversos aspectos das súas novelas: o papel do xornalismo na súa obra, o que hai do autor nos seus personaxes, os elementos que proporciona Galicia á novela negra, os diálogos, etc. Por outra banda, analiza as características comúns dos autores da xeración dos 90 e pon a estes escritores en relación cos casteláns do mesmo momento. Apunta tamén algún dato sobre a versión cinematográfica de *Unha noite con Carla* e dá a súa opinión sobre a situación da información cultural nos xornais e sobre os premios literarios.



Feijoo, Raquel, “Ilusión por recuperar o pasado”, *La Región*, 9 xaneiro 1996,
p. 11.

Entrevista con Xulio Fernández Senra, director da Agrupación de Danzas Castro Floxo de Seixalbo. Comenta os intereses, dificultades e obxectivos da asociación e refírese ó seu labor como director da revista de arte, cultura e tradicións populares *Raigame*. A este respecto comenta cómo xurdiu esta iniciativa e cáles son os seus contidos, cómo se fai a selección dos temas e cá é a súa estrutura.



_____, “Incesante búsqueda artística”, *La Región*, 10 xaneiro 1996, p. 11.

Fernando Dacosta conta nesta entrevista por qué escolleu o teatro e cál foi o seu primeiro contacto co mundo da escena. A continuación, fala da súa incorporación a Sarabela e das dificultades polas que pasou nos seus inicios. Céntrase finalmente en Maricastaña, a Aula de Teatro da Universidade, e comenta cómo xurdiu esta iniciativa, cál foi a primeira montaxe que se encargou da dirección da mesma, en qué están a traballar agora, quén son os seus compoñentes e cál é o seu obxectivo final.



_____, “Haciendo camino”, *La Región*, 21 xaneiro 1996, p. 17.

Manuel Zabal e Antonio García, como membros do colectivo Trebo que edita a revista do mesmo nome, falan das actividades do colectivo, das orixes, da filosofía e do futuro da revista. A importancia da figura de José Luís López Cid, a temática da publicación e o porqué do seu nome son algúns dos temas tratados ó longo do artigo.



_____, “O pracer de sentirse actores”, *La Región*, 27 abril 1996, p. 13.

Entrevista con Cándido Pazó, director da obra que pon en escena a compañía Ollomoltranvía *O rei nu*. O director desvela o proceso de traballo que supón a adaptación dun conto ó teatro, dá o argumento da obra e explica que a súa compañía ten como método de traballo unha continua evolución dos seus espectáculos en consonancia coa resposta da público.



_____, “O director debe acompañar ó actor”, *La Región*, 6 outubro 1996, p. 17.

Con motivo da representación en Ourense da obra *Como en Irlanda*, Cándido Pazó, director do espectáculo, sinala cómo chegaron a esta composición, cómo conseguiu xustapoñelas dúas obras que compoñen o texto e comenta diversos aspectos da posta en escena: a súa sinxeleza, a iluminación, a importancia da música, etc. Conclúe falando das dificultades que atopou á hora de levar adiante este traballo e do que lles pediu ós autores.



_____, “O mundo do cómic galego é virtual”, *La Región*, 13 outubro 1996, p. 15.

No marco da VIIIª edición das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, Raquel Feijoo conversa con Fausto Isorna, gañador do Premio Ourense de Banda Deseñada e autor do álbum *En nome da amada morta*. Comenta o debuxante ó longo da entrevista os seus comezos no mundo do cómic, o labor de promotor de revistas como *Valiundiez* e *Das Capital*, a liña que segue no seu traballo con esta terceira entrega das aventuras de Simón e, por último, a situación do cómic en Galicia.



_____, “Antón Risco: Galicia sempre aparece nas miñas obras”, *La Región*,
3 decembro 1996, p. 6.

Antón Risco fai un percorrido pola súa vida, lembrando o traslado a Toulouse en 1961, a marcha á Universidade de Oregón en EE.UU., o paso a Canadá en 1966, primeiro en New Brunswick e posteriormente en Quebec; dá conta das súas ideas políticas e, finalmente, fala do problema da emigración, que no seu caso resultou menos traumática polo seu carácter intelectual. Respecto da súa obra comenta brevemente a temática máis recorrente.



_____, “Nos meus libros sempre hai anacos de pel”, *La Región*, 9 decembro 1996, p. 17.

Entrevista mantida con Manuel Rivas onde o escritor revela os segredos de *¿Que me queres, amor?*, Premio Torrente Ballester de 1995 e Premio Nacional de Literatura 1996: o proceso de elaboración da obra, o carácter autobiográfico, os personaxes, a valoración que lle merece e tamén qué significa recibilo Premio Nacional de Narrativa. Por outra banda, trata da súa actividade como poeta e fala dos seus proxectos inmediatos.



Ferreiro, Manuel, “No interesa gente culta para dirigir el voto”, *El Ideal Gallego*, 31 marzo 1996, pp. 20-21.

Longa entrevista con Olegario Sotelo Blanco na que tras algunhas referencias ó estado da literatura actual, fala das subvencións e das malas inversións do diñeiro público que, en opinión do editor, conducen a un futuro difícil para a nosa literatura. Critica tamén os premios literarios e, pola contra, fala positivamente das ferias do libro. Para finalizar, conta cómo xurdiu a idea de crear unha editorial e comenta cáles son os xéneros literarios preferidos dos galegos, apuntando que se perdeu o medo a publica-la obra de autores estranxeiros traducidos.



García Bayón, C., “Con un viejo galleguista salido del seminario”, *La Voz de Galicia* (Edición de Barbanza), “Rostros de la comarca”, 17 marzo 1996, p. 44.

Reproducción dunha conversa con Farruco Añón en Boel, Outes, a súa aldea natal. O poeta e galeguista contrario ó absolutismo, fala do seu desencanto pola situación política e social da España e da Galicia da época. Añón, con 63 anos e minado polo cancro, comenta a súa volta a Madrid, onde morre na miseria e en soidade no ano 1878.



_____, “Quando la gloria llama a tu puerta”, *La Voz de Galicia*, 28 outubro 1996,
p. 5.

Artigo no que se describe o acto de entrega dos Premios Merlín e Xerais e que inclúe unhas breves manifestacións dos dous autores premiados: Antonio García Teijeiro que fala do triunfo da poesía, e Manuel Seixas que afirma que o tema esencial da súa obra é a soidade e a tortura que a morte provoca no home e cita a Cortázar e Camus como os nomes máis amados do seu mundo intelectual.



García Cheda, Pilar, “Cando estou escribindo síntome coma se fose o centro de todo”, *El Progreso*, 15 novembro 1996, p. 73.

Entrevista con Manuel Rivas tras recibirlo Premio Nacional de Literatura onde se lle pregunta pola súa reacción ante tal recoñecemento e se este vai influír ou non no seu traballo futuro. O escritor fala a continuación dos seus proxectos e opina sobre as axudas ó sector literario, a nova xeración de lectores e a situación da xeración de escritores bravús. Por último lembra o Premio Xornalístico Puro de Cora, feito que lle dá pé para comentar brevemente o seu labor como xornalista.



García Sánchez, Miguel A., “Manuel Rivas: Hay que hacer atajos en Internet”,
El Correo Gallego, “Antena”, 1 decembro 1996, p. 29.

Conversa con Manuel Rivas na que este fala sobre *¿Que me queres, amor?* (1995), que mereceu o Premio Nacional de Narrativa. Sinala que intentou rescatar pequenos sucesos para procura-la resposta a grandes cuestións e que tomou como fío conductor o misterio da incomunicación persoal nun mundo saturado de información. Confesa que non entende a literatura sen o cotián e fala do gratificante que foi recibir este premio, aínda que tamén “pode pesar como unha lousa”. Remata anunciando a súa nova novela *O'Mero*.



Garrido, Rogelio, “Non se pode reduci-la galeguidade á monteira, os zocos e a muiñeira”, *Faro de Vigo*, 10 marzo 1996, p. 8.

Entrevista con Xosé Filgueira Valverde que se abre confesando a súa paixón por Vigo pese a ser pontevedrés para continuar sinalando a misión do intelectual, opinando sobre os nacionalismos e sobre a situación da cultura galega. As relacións entre Galicia e Portugal e a especialización que se está a producir na universidade son outros dos temas sobre os que conversan. Remata Filgueira anotando qué foi o que máis o encheu de orgullo de todo canto leva feito e de qué se arrepiñe e cal foi a personalidade que máis lle impresionou.



_____, “Coñece-los clásicos é vital para entende-lo mundo millor”, *Faro de Vigo*, 27 setembro 1996, p. 12.

Cunha conferencia de Darío Xohán Cabana pechouse o curso universitario “Fascinados polos clásicos” e sobre este tema conversou o escritor co xornalista R. Garrido. En primeiro lugar fai unha defensa dos clásicos apuntando que hai moitos xeitos de achegarse a eles e logo sinala que realmente non existe unha fascinación polos clásicos. A continuación, fala da pegada dos clásicos na súa obra e da utilidade do coñecemento dos mesmos. Por último analiza o futuro dos clásicos e o bombardeo da cultura anglosaxona que conleva o desprezo das nosas propias raíces.



Gil, Francisco J., “Un diccionario sobre literatura es como un ser vivo, una vez escrito no se acaba nunca”, *Faro de Vigo*, 21 abril 1996, p. 55.

Entrevista con Dolores Vilavedra na que a estudiosa responde a cuestións relacionadas co *Diccionario da Literatura Galega* (1995) como cal é o sentido dun diccionario crítico, cal foi o criterio para a inclusión de autores, onde atoparon máis dificultades se cos autores vivos ou mortos, cal foi a reacción dos autores vivos, se hai casos de sobrevaloración, etc. A continuación trata dos seguintes tomos do diccionario, de termos literarios e de obras, e anota cal foi o criterio de selección das obras. Por último comenta como xurdiu o proxecto e como é o equipo de traballo e remata confesando cal é a sensación que lle produce ver este primeiro tomo na rúa.



_____, “Carlos Casares Mouriño, escritor. El autor que se preocupa por su carrera literaria comete un disparate”, *Faro de Vigo*, 26 maio 1996, p. 48.

Declara o entrevistado que cando escribe unha novela necesita descansar, deixar transcorrer un longo período de tempo e que aquela nace cunha idea clara sobre a que traballa ata que ten un esquema moi claro do que se vai desenvolver. Logo de realiza-lo argumento da novela, comenta Casares que o empeño de compara-lo protagonista da súa última novela con Vicente Risco carece de todo fundamento e que aquel lle resulta antipático mentres que o intelectual ourensán exerce sobre el unha grande simpatía. Tamén comenta que a obra literaria non se pode administrar en función de factores alleos ós literarios ou de intereses.



_____, “Quiero crear en Alianza un espacio de convivencia para todas las lenguas y culturas de la península”, *Faro de Vigo*, 16 setembro 1996, p. 12.

Francisco J. Gil entrevista nesta ocasión a Víctor Fernández Freixanes facéndolle unha serie de preguntas relacionadas co traballo que desenvolve na dirección da editorial Alianza. Os cambios previstos na súa estrutura, os proxectos para a súa colección de peto, as novidades, a celebración dos trinta anos da mesma e os actos de conmemoración. No plano persoal fala dos seus proxectos literarios algo parados neste momento e do seu retorno a Galicia despois da etapa en Madrid. Por último comenta como ve Xerais dende a distancia.



_____, “É difícil pensar na novela en outro soporte que o libro”, *Faro de Vigo*, “Premios Xerais 96”, 26 outubro 1996, p. 51.

Logo dunhas breves notas biográficas iniciais sobre Manuel Bragado, recóllense as declaracións do Director Xeral de Edicións Xerais de Galicia nas que manifesta o cambio que supuxo na súa vida o paso do mundo da docencia á actividade editorial. Comenta a posible competencia futura entre o libro de consulta e o soporte informático, decantándose totalmente partidario do libro para a obra de creación; xa sexa poética ou narrativa. Salienta a boa relación da editorial cos autores que publican nela as súas obras, e a perfecta harmonía existente entre o personal que traballa na mesma. Finalmente, informa que os proxectos inmediatos máis ambiciosos son un dicionario enciclopédico, outro da lingua galega, e varios bilingües.



Gómez, Ana B., “Oxalá o labor do escritor fose só escribir”, *El Ideal Gallego*,
15 decembro 1996, p. 51.

Entrevista a Alfredo Conde na que o escritor de Allariz avalía as súas ocupacións actuais como escritor, xornalista e conferenciante. Compara a crítica universitaria coa xornalística, decantándose pola primeira. Opina que o bo momento polo que está a pasa-la lingua e a cultura do noso país, no referente ós medios dos que disfruta, non se ve correspondido cunha maior cualidade dos produtos xerados. Finalmente, valora a súa actividade como Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia durante o goberno tripartito, e desbota a posibilidade de volver de novo ó mundo da política.



Gómez, Lupe, “Quen non coñece o fracaso non coñece a poesía nen a vida”,
A Nosa Terra, nº 710, “Guieiro Cultural”, 25 xaneiro 1996, p. 25.

Entrevista con Lois Pereiro na que compara *Poesía última de amor e enfermidade* coa súa obra poética anterior, e sinala as diferencias. Analiza as liñas temáticas básicas da última obra, tentando explicala grande influencia que exerce a grave enfermidade que padece en todo aquilo que escribe. Finalmente, comenta a relación existente entre o sufrimento e agonía en que vive coa creación poética.



Gómez, Monserrat, “Cualquier proyecto teatral o cinematográfico conlleva un riesgo que tengo asumido”, *La Región*, 5 novembro 1996, p. 8.

Breve comentario acerca da actividade teatral e cinematográfica de María Pujalte, ó que segue unha entrevista na que a actriz coruñesa fala dos seus últimos traballos, especialmente no mundo do cine. No referente ó teatro, declara a súa predilección por directores como Mario Gas e Quico Cadaval, e opina que o teatro galego está a pasar por un bo momento. Finalmente, fala dos proxectos futuros, entre eles volver ó teatro no noso país, da man da Compañía Marías.



González, Cristina, “Son un loitador da cultura galega”, *Faro de Vigo*, 8 xuño 1996, p. 22.

Inserido no acto de homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle brinda a Bernardino Graña, recóllense unhas declaracións nas que fala da súa actividade docente, amosándose moi crítico co actual sistema de ensinanza español. Comenta brevemente as obras nas que traballa actualmente e reflexiona sobre a importancia que ten o mar na súa vida.



Grande, Antón, “Xesús Valcárcel di que a literatura galega necesita máis narradores”, *El Progreso*, 11 maio 1996, p. 61.

Entrevista a Xesús Manuel Valcárcel con motivo da concesión do Premio Nacional da Crítica Española polo libro de relatos *O Capitán Lobo Negro*. A. Grande fai un repaso inicial polos premios acadados polo autor lucense, para logo recoller unhas palabras nas que Valcárcel opina sobre a importancia deste tipo de premios, salientando o seu valor por non ir acompañado de dotación económica. Declárase “un namorado da literatura”, e enténdea como “unha paixón, un divertimento, non unha actividade profesional”. Reflexiona sobre os motivos que poden levar a un poeta a facer unha mudanza de xénero para dedicarse á narrativa. Para rematar, compara a poesía coa narrativa, sinala as diferencias á hora de crear unha ou outra, e inclínase pola primeira.



Hortas, Pedro, “García Sabell. Galicia no conoce la esencia de su identidad”,
Atlántico Diario, 18 febreiro 1996, pp. 22-23.

Sostén o entrevistado que son extraordinarias as diferencias da Galicia da súa mocidade coa actual, tanto dende o punto de vista material coma espiritual, xa que se gañou en liberdade e se produciu un importante cambio nos costumes, ademais da determinante incorporación sociolóxica da muller. Fala de que en Galicia a unión do paisano coa terra é unha entidade hipersumativa, algo que forma un só corpo. Entre os retos que ten a sociedade galega sinala os problemas universais do paro e da convivencia, como tamén o coñecemento da esencia da identidade.



Iglesias, Ana, “Xesús Rábade Paredes. Pasé todo un verano lavando platos en Suíza”, *El Correo Gallego*, 29 agosto 1996, p. 33.

Realízase un percorrido pola traxectoria vital deste escritor, a respecto do que recorda este as súas viaxes polo Estado, así como as primeiras festas da nenez. Tamén lembra algunha viaxe feita polo estranxeiro, ademais da época na que coñeceu á súa muller. Con ela viaxou por España a numerosos congresos e xornadas de poesía. Dise que foi un dos fundadores do Pen Clube de Galicia, e que dentro del leva xogado un papel relevante.



J. C., “La ubicación de la feria es la idónea”, *La Voz de Galicia* (Edición de Terras de Lemos), 31 agosto 1996, p. 32.

Entrevista cun libreiro de Santiago, Xosé Antón Pedreiro, que visita por primeira vez a Feira do Libro de Monforte. O libreiro destaca a importancia das vendas neste tipo de feira e cita as obras máis vendidas.



J. D. C., “Lois F. Marcos: Mis libros gustan a la gente que no lee de manera habitual”, *Atlántico Diario*, 2 abril 1996, p. 49.

Manifesta o responsable da entrevista que este foi un dos primeiros escritores galegos en trata-lo xénero da ciencia ficción cun libro titulado *Homes do espacio*, se ben di que agora acaba de publicar tamén *Galaxia lonxana*. Pola súa parte Fernández Marcos afirma que escolleu o galego porque lle gusta máis pola súa musicalidade e porque de pequeno coñeceu ós máis importantes escritores galegos do momento, que eran amigos do seu tío Francisco Fernández del Riego.



Janeiro, Darío, “A palabra está en mans dos vendedores de deterxente”,
O Correo Galego, 6 febreiro 1996, p. 37.

Indica Camilo Franco que os escritores deben recupera-lo sentido pleno da palabra e que a mellor forma de facelo é escribi-las palabras exactamente, dándolle a súa forza. Considera que a novela está esgotada dende o punto de vista creativo, aínda que non dende o comercial, polo que de aí se conclúe a procura cara ó marco do relato breve. Di que a literatura ten que competir con outras ofertas culturais, motivo polo que el aposta pola lectura compacta. Indica que dende o punto de vista do lector se publica moito, xa que un galego medio non é quen de asumir toda a oferta que vai aparecendo nos escaparates das librerías.



_____, “Miguelanxo Prado, autor de banda deseñada. O zume da historia”,
O Correo da Universidade, 10 abril 1996, p. 7.

Indica o ilustrador que o cómic entra nunha forma tradicional e de efectividade probada dende a época das miniaturas e dos códices, pero que hai outro tipo de fórmulas menos seguras e máis de investigación como pode se-lo debuxo non reiterativo, que complementa o texto que ilustra e dá unha nova visión. Di que a banda deseñada permite revisar, marcar ritmos de lectura e demorarse ata saca-lo cen por cento do zume da historia. Di que hai que compaxinar moi ben guión e debuxo xa que o produto vai ó cincuenta por cento.



Jaureguizar, “O mundo cultural é moi aburrido, a política ten outra pementa”,
El Progreso, “Gente”, 10/19 febreiro 1996, p. 10.

Manifesta Aníbal Malvar que a novela negra galega ás veces é mesmo mellor cá que se fai en castelán, xa que Galicia é fronteira e a situación de desarraigo cultural e xeográfico permite a creación de mundos pechados mellor que noutras zonas. Di que a novela negra é un subxénero da literatura social, un xeito de se implica-la literatura na sociedade. De *Unha noite con Carla* (1995) indica que é unha meditación sobre os dous tipos de reconstrución dunha historia, a xornalística e literaria, cunha liña diferencial moi difusa. Declárase inimigo do politicamente correcto e reivindica ó fumador e bebedor como seres que se automarxinan.



_____, “¿Que me queres?”, *El Progreso*, “Gente”, 1 xuño 1996, p. 10.

Declara Manolo Rivas que Dombodán aparece na súa obra baixo diferentes formas, robot ou delincuente, pero que mantén unhas características que o converte nunha especie de mito contemporáneo e que para el é a metáfora dun pobo galego idealizado. Do seu libro *¿Que me queres, amor?* (1995) di que algúns dos relatos están escritos como conto bíblico, como dictados ó oído, mentres que outros son máis de xénero, saen máis do intelecto, aínda que recoñece que o libro ten bastante unidade, en especial polo elemento da incomunicación. Di que a soidade dun vello nunha grande cidade, estará mellor contada por quen mellor se meta nesa pel.



Juno, Alejandra, "Cuba merece un oito", *O Correo Galego*, 29 setembro 1996,
p. 52.

A preguntas do entrevistador, Neira Vilas efectúa un percorrido pola súa traxectoria vital e di que a súa actividade creativa comeza en Buenos Aires impulsada polos seus amigos, caso de Blanco Amor, ó tempo que se acusa a influencia de Dieste ou Castelao. Dise que o seu traslado a Cuba se debeu a que quería vivir a revolución e, a respecto da situación deste país caribeño, comenta o escritor a boa calidade da vida alí, pero di que o problema é que Cuba encarna un mal exemplo para os outros países incluídos na área de acción estadounidense. Manifesta que na literatura galega contemporánea hai máis onde escoller e que conta cuns cantos escritores bos.



L. Óscar, “Poesía habrá sempre”, *La Voz de Galicia* (Edición do Carballiño),
“Feira do Libro do Carballiño”, 28 agosto 1996, p. 38.

Entrevista coa poetisa lucense Marica Campo na que, despois dunha breve síntese biográfica feita polo xornalista, a escritora expresa as súas ideas sobre o panorama poético galego actual: non considera que a poesía galega estea a vivir unha época de cruce de camiños entre dúas ou tres xeracións de poetas con obxectivos diferentes, proclama a necesidade de supera-lo costumismo, reconece como referente básico na súa poesía á arxentina Alejandra Pizarnik e afirma que a poesía segue viva e así se manterá sempre.



L. V., “As rivalidades e as polémicas son boas para a literatura galega”, *La Voz de Galicia*, 3 xaneiro 1996, p. 6.

Vicente Araguas di que da poesía non se vive, que a metade cómprana os poetas, pero que tamén hai un público mínimo pero moi esixente. Tamén comenta que ten que haber entre os nosos escritores unha combatividade xa que non teñen que ser todos o mesmo. A respecto do seu último poemario, *O gato branco* (1995), recoñece que por vez primeira hai un fío en toda a obra, a diferenza da súa obra anterior.



_____, “Lois Pereiro, o poeta que sae do seu silencio. A literatura e os amigos salváronme entre a vida e a morte”, *La Voz de Galicia*, 31 xaneiro 1996.

Manifesta Pereiro que a poesía é unha das poucas cousas que segue a ser inocente, pero que ó tempo pode resultar moi agresiva. Di que a poesía non pode cambia-lo mundo pero si as persoas. Di que ten que asumi-la súa experiencia vital e que os medios de comunicación lle puxeron a etiqueta de maldito, xa que o que el facía era algo estraño e eran incapaces de metelo nunha escola.



_____, “Farruco Sesto, un poeta que urbanizó Caracas”, *La Voz de Galicia*,
23 marzo 1996, p. 6.

Alude o entrevistado a que a situación de Latinoamérica empeora cada día dende o punto de vista da vida cotiá, fronte ás nosas sociedades tolerantes e democráticas. Di que non fala galego por non ter práctica pero que escribe nel porque a escritura é algo sosegado e que aí si lle flúe o galego con facilidade.



Lorenzana, Salvador, “O noso pasado histórico visto por Ferro Couselo”, *A Nosa Terra*, nº 712, “Guieiro Cultural”, 8 febreiro 1996, p. 25.

Reproducción dunha entrevista feita a Ferro Couselo que se publicou no número 32 de *Galicia Emigrante*. Define o entrevistado a Galicia como un reino románico e caracteriza este período pola fusión do cósmico co transcendente. Para el a época románica é a máis representativa de Galicia por medio do camiño de Santiago, este proxectouse a Europa. Indica que López Ferreiro e Villa-Amil e Castro son dous grandes investigadores de corte científico que se formaron nas mellores técnicas que fóra de España había no seu tempo.



Lorenzo, Francisco P., “Remover estruturas ou o teatro como continuidade: Brutos e politicamente incorrectos”, *O Correo Galego*, 14 outubro 1996, p. 18.

Entrevista co actor Pablo Rodríguez, que fala da súa estadía en Portugal onde vén de realizar un curso de perfeccionamento en arte dramática, cunha bolsa da Deputación da Coruña. O actor fala das diferentes montaxes e actividades nas que participou na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto e da obra que dirixiu na Universidade de Ciencias do Porto, onde impartía clases de teatro en horario nocturno. Por outra banda, expresa a necesidade da creación dunha Escola de Arte Dramática na que se sistematice a formación e investigación teatral en Galicia e fala da situación teatral no país veciño. Refírese tamén á necesidade de buscar novos discursos no teatro galego, propósito que tenta materializar coa compañía Teatro Bruto, que vén de fundar con Xavier Picallo e Gloria Rico, un proxecto que arrincou co espectáculo *Cachorros sen domesticar*, da autoría e dirección de Xavier Picallo e que tenta supera-la dependencia das axudas institucionais. Por último, fala do éxito obtido co seu espectáculo na estrea que se celebrou na Casa da Cultura de Betanzos e adianta algunhas das prazas que visitará a compañía.



_____, “Xosé Miranda: transgresor cíclico da realidade”, *O Correo Galego*,
“*Revista das Letras*”, 21 novembro 1996, p. 3.

Comézase por indicar que quizais sexa o individualismo, un sentimento de alteridade que vertebre o seu rexeitamento do concepto de xeración. A realidade, dise, en unión co soño e co mito gravita en toda a prosa e poesía de Miranda. A este respecto indica o propio escritor que o mito é universal porque está incardinado en cada un de nós e que a cuestión está en facer que o mito non só fiquen nunha referencia culturalista, coa que o lector se identifique, senón en algo íntimo, vivido. A súa prosa dise que é o lugar no que o escritor procura con mestría o contacto dos elementos fantásticos coa realidade, nun continuo case imperceptible que se apodera dos soños, sen obvia-lo cotián, sementando de dúbidas os dous niveis da nosa existencia. Tamén se indica que o influxo do conto oral galego, a figura de Fole, en unión cos clásicos da literatura de terror anglosaxona, conta os límites do relato de Xosé Miranda, as atmosferas opresivas dalgunhas das súas creacións.



Luca, G., “Se me arrepinto de algo a estas alturas é de non ter titulado crítico o dicionário”, *A Nosa Terra*, nº 718, “Guieiro Cultural”, 21 marzo 1996, p. 27.

Dolores Vilavedra defende a cualificación de diccionario de autores literarios para a publicación por ela dirixida e aparecida en 1995. Tamén expón os criterios que se empregaron na elaboración do mesmo e contesta a críticas aludidas polo entrevistador a este respecto. Entre estas, as que se aluden como de maior peso son o criterio de ter obra publicada, os criterios contra as obras de máis contido político, ou a falta de referencias bibliográficas en moitas entradas.



Macía, Mónica, “Co curso de teatro pretendemos que os actores estean máis formados”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), 20 outubro 1996, p. 42.

Entrevista co director do grupo universitario do Campus de Ourense Maricastaña, Fernando Dacosta, que dá noticia da celebración dun curso sobre teatro na Universidade de Vigo e no que participarán Mari Fe Santiago Bolaño, cunha conferencia titulada “Camiños do Coñecemento”, Jesús G. Maestro, que falará sobre literatura e teatro dende as súas orixes ata o século XIX e Ánxeles Cuña, que explicará o teatro no século XX.



Mallo, Albino, “Carlos Casares, dende a loita clandestina ata a Academia”,
El Correo Gallego, “Edición 7”, 19 maio 1996, p. 7.

Indícase que Casares formou parte de mozo da xeración que se xuntaba ó carón de Vicente Risco nos faladoiros do café Voltaire. Despois de comentar algúns aspectos particulares da súa vida, alude á súa condición de deputado independente nas listas do PSOE á chegada da democracia e mais de director da Editorial Galaxia. A continuación, faise un percorrido pola súa obra e os galardóns obtidos e indícase o seu ingreso, a idade moi nova, na Real Academia Galega.



_____, “Neira Vilas, un neno labrego que retornou en 1992 á súa vila”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 1 setembro 1996, p. 7.

Efectúase un percorrido vital pola traxectoria do escritor pontevedrés, a respecto do que o propio Neira Vilas indica que o seu primeiro contacto co mundo da cultura foi a través da música. Di que sempre escribiu en galego porque este era o idioma natural do mundo en que vivía. Alude á súa participación de mozo nun grupo de teatro creado por el, que representaba obras de Armando Cotarelo, Villar Ponte e outros dramaturgos. Dise que en Buenos Aires realizou obras interesantes e comezou a se vencellar de forma profesional co mundo da literatura e da edición e que viviu a brillante década dos 50 dende o punto de vista galego. Fálase logo do seu traslado a Cuba, motivado polo engaiolamento que a revolución lle causara.



_____, “Alonso Montero, profesor escritor e marxista”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 20 outubro 1996, p. 5.

Entre os feitos vitais que se destacan da súa traxectoria están a lectura da tese de doutoramento na Universidade de Salamanca, a súa candidatura ás primeiras eleccións democráticas ou a obtención por oposición da praza de profesor titular de Literatura Galega da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago. Logo realízase unha enumeración e comentario da súa obra, da que se di que conta con varias ducias de publicacións fundamentalmente de investigación literaria e lingüística, pero tamén de creación.



Malvar, Aníbal C., “Carlos Casares. Empeza a haber intelectuais de dereitas”,
El Mundo, “Galicia”, 21 outubro 1996, p. 7.

Pon de manifesto Carlos Casares, a respecto do seu nomeamento como presidente do Consello da Cultura Galega, que non se pode un paralizar pola inxerencia do poder político e que o labor do Consello da Cultura Galega é útil pero pouco vistoso cara afora, se ben, apostila, que lle falta unha dimensión máis moderna. Tamén di que en moitos casos a xente espera que sexa a administración quen resolva os problemas culturais, mentres que a sociedade participa pouco na presentación de ideas e proxectos. Por outra parte, afirma que os anos van facendo ó intelectual máis sereno, non máis conservador, e tamén máis escéptico.



_____, “Manuel Seixas. Son un ser aterrado e iso é o que expresan as miñas obras”, *El Mundo*, “Galicia”, 28 outubro 1996, p. 4.

A sorpresa pola obtención do Premio Xerais de novela e a condición de alleo ó sistema literario galego son as dúas características coas que Aníbal Malvar comeza a definir ó escritor galardoado. El cualifícase como un escritor aterrado e di que iso é o que expresan as súas obras. Ademais, logo de manifesta-la súa descrenza nos premios, confesa como referentes culturais o cine e a música en moito maior grao que a literatura.



Marcos, José Luís R., “En poucos anos las jóvenes dirán: ¡Qué barbaridad, mira que criar los hijos gratis!”, *Faro de Vigo*, 4 febreiro 1996, p. 26.

Afirma M^a Xosé Queizán nesta entrevista que os cambios son moi lentos, xa que o son de conciencia, igual que a independencia persoal e afectiva, moito máis difícil, sostén a escritora, que acceder ó mundo do traballo. Como contribución fundamental do feminismo subliña a da adquisición pola muller do valor de suxeito social, a procura da súa independencia social, económica e mesmo sexual. O lesbianismo, di M^a Xosé Queizán, converte á muller en suxeito de desexo e sitúaa no camiño da autonomía como persoa.



Martínez, Silvana, “Manuel Beiras: Fun discípulo de todo e mestre de nada”/”Manuel Beiras concedeu a súa derradeira entrevista ó único xornal en lingua galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 29 xullo 1996, p. 30/p. 10.

Reprodúcese a derradeira entrevista mantida con Manuel Beiras, denantes do seu pasamento. Así, indica o entrevistado que os adxectivos que mellor o definen son moi traballador e inqueda, e grande interesado da economía pública e privada. Como principal lembranza do pasado recorda a guerra, con moitos compañeiros mortos e outros na cadea. Amosa como desexo que Galicia recupere a súa identidade cultural e sobre todo espiritual.



Méndez, M., “Los que atraviesan momentos difíciles apreciarán mi novela”, *Faro de Vigo*, 29 outubro 1996, p. 24.

Declárase Manuel Seixas nesta entrevista como non profesional da literatura. Afirmo que sempre pensou que os premios estaban amañados para que gañaran os famosos, pero manifesta a súa ledicia perante a consecución do último Premio Xerais de Novela. Expresa o desexo de que tal galardón cambie unha mala racha que está a atravesar e que o anime a publicar unha novela que ten en proxecto.



Montejano, Vicente, “Baiona puede ser sede de un festival de música clásica”,
Faro de Vigo, 24 agosto 1996, p. 12.

Maniféstase que Carlos Casares está a escribi-la súa próxima novela, baseada nunha relación durante os anos vinte entre unha parella e un amigo. Di sentirse contento coa súa última novela, *Deus sentado nun sillón azul*, así como tamén de *Ilustrísima*, da que di que conseguiu facer unha novela breve e unha especie de parábola contra a violencia e a intolerancia. Declara Casares ve-la situación política de Galicia como confusa e a respecto da normalización lingüística di que, dende o punto de vista legal, as cousas están ben definidas.



Nemo, P., “Mentres non desaparezcan o galego ou o castelán, haberá debate”,
La Voz de Galicia, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 84, 6 outubro 1996, p. 6.

Antonio Gil Hernández xustifica o seu discurso lusista ou reintegracionista e manifesta que o galego é unha lingua tan útil e extensa coma o castelán. Di non se declarar un auténtico defensor da identidade galega pois, entre outras cousas, confesa non ser galego. A respecto da súa poesía declara escribila para explicarse e satisfacerse. Escribe, segundo se di, baixo o alcume de Amado L. Caeiro.



_____, “Pretendo europeizar a cultura en lingua galega”, *La Voz de Galicia*,
“*Revista de Cultura*”, ano II, nº 87, 27 outubro 1996.

Indícase que o libro de Domingo García-Sabell, *Os gromos do pensamento* (1996), constitúe a compilación da súa obra xornalística dos dous últimos anos, e explica o propio autor que este libro dá unha nova dimensión ós artigos. A súa pretensión, segue a dicir, é a de europeiza-la cultura na nosa lingua, a cal serve, na súa opinión, para o pensamento máis abstracto.



Nicolás, Ramón, “Para o editor, un libro é case un fillo”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, “Entrevista”, nº CXI, 13 xaneiro 1996, p. 2.

Carlos Blanco, director de Edicións do Cumio declara nesta entrevista que o propósito da editorial é a vocación de servizo á cultura galega e a arela de ofrecer novas ideas, abrir novos camiños e achega-la cultura galega a todos. Opina tamén sobre as axudas institucionais ó mundo do libro que, ó seu ver, son escasas. A multiplicación das editoriais, a chegada do galego ó ensino e a aparición no mercado duns mil títulos ó ano supoñen, na súa opinión, unha notable mudanza no mundo do libro en galego.



_____, “A edición en Galicia é unidireccional”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXIII, 27 xaneiro 1996, p. 2.

O director da editorial Nigra, Gonzalo Allegue, expresa as dificultades que lle ocasiona o seu traballo. A súa opinión incide na escasez das axudas institucionais ás pequenas empresas editoriais e ve como grande problema o de que a edición de libros en Galicia resulte unidireccional, por unha excesiva dependencia do mundo do ensino, ó tempo que demanda a presenza cada vez maior dos libros na vida diaria.



_____, “Penso que a crítica apenas existe”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXIV, 11 maio 1996, p. 2.

Olegario Sotelo Blanco fala da fundación da editorial en Barcelona en 1981, que ós poucos anos se trasladou a Santiago. Faise referencia a publicacións de importancia dentro da editorial, entre as que destaca a revista *A Trabe de Ouro*, emblema da mesma e que leva tirado 25 números. Apunta tamén a necesidade de se liberaren os editores da competencia da actividade editorial da propia Xunta e alude, en derradeiro termo, á escaseza de crítica en Galicia.



_____, “O mundo do libro non está tan mal como se cre”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXX, 22 xuño 1996, p. 2.

Indica Francisco Macías, responsable de Edicións Positivas, que a súa editorial naceu coa conciencia de cubrir unha sensibilidade nova que non estaba tratada coas publicacións doutras editoriais e que de aquí se derivou o éxito de vendas de moitas das súas publicacións. Declara como intención crear unha infraestrutura que permita a independencia do poder, dado que as subvencións traen consigo un círculo vicioso moi perigoso. A aparición de novos títulos e unha nova etapa da revista *Animal* constitúen, tal como se indica, materia de traballo desta editorial.



O. G., “Prisciliano en Tréveris”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), 7 xaneiro 1996, p. 41.

Entrevista ó escritor ourensán Millán Picouto con motivo da publicación da súa terceira obra, *Prisciliano en Tréveris* (1995), que xira ó redor da figura de Prisciliano durante os seus últimos días en Tréveris. Sinala o autor que se trata dun poema dramático que consta de dúas partes, o texto literario e a música sinfónica pensada para a representación que tamén é da súa autoría. Pensa que en Galicia non se dan as condicións necesarias para unha representación destas características.



Olarte, Manuel, “Deben deixar de pasear mortos”, *El Progreso*, 31 xaneiro 1996.

Santiago Jaureguizar declárase nesta entrevista partidario dos que pensan que a literatura en galego se ten que anovar para falar da Galicia de hoxe en día con linguaxe actualizada. Di que sempre fuxiu da subvención oficial, que os cartos públicos deben ter outros destinos dada a situación do país. Manifesta, tamén, que as obras literarias con mensaxe lle parecen produto de certos complexos e prescindibles.



Osorio, Olga/I. G., “Luisa Castro: a perspectiva mítica dunha orixe rural e mariñeira”, *El Ideal Gallego*, 28 xullo 1996, p. 35.

Ó fío dunha panorámica pola súa produción literaria, declara a entrevistada que a biografía sempre é o primeiro capítulo da obra dun escritor. Di que lle gusta ver que as súas orixes lle dan unha perspectiva mítica das cousas e que esta é posible que sexa a responsable de que escriba. Manifesta utilizar nomes reais e espacios inventados, aínda que bote man da imaxinación e da infancia. Tamén afirma que hai unha porcentaxe pequena da literatura que filtra a mirada da muller, algo que di que é sempre máis de experiencia vital que de estilo.



Otero, M., “O teatro é un revulsivo social” *La Voz de Galicia*, “Xentes de Santiago”, 29 febreiro 1996, p. 42.

Entrevista con Eduardo Alonso Rodríguez -director de Teatro do Atlántico, Ollomoltranvía, Teatro do Sur e Teatro do Noroeste- con motivo da desaparición da Asociación de Compañías Profesionais de Teatro, organismo, para el, fundamental no labor de coordinación entre as compañías teatrais. Denuncia Eduardo Alonso a carencia dunha política de recuperación de espazos e a inexistencia de accións cara á sensibilización social polo teatro: “É necesario que os galegos entendan o teatro como algo seu”. Reclama o papel do teatro como revulsivo social xa que “unha sociedade sen teatro ten pouca capacidade crítica e se non hai crítica atopámonos cunha sociedade de insensatos”. En canto á estrea da peza de Shakespeare *Noite de reis*, resalta a intención de recuperar textos da dramaturxia universal e, máis en concreto, os deste fundamental autor inglés.



_____, “Falta una industria editorial del cómic”, *La Voz de Galicia*, 21 xullo 1996, p. 54.

Manifesta Fausto Castiñeiras Isorna que o mundo do cómic non existe, que non ten crítica nin hai movemento editorial aínda que si autores. Di que o cómic estaba dirixido ó público adulto e non ó infantil e xuvenil polo que unha revista para este público sería unha boa idea. Resalta asemade a importancia que tivo a revista *Valiumdiez*, de onde di que saíron un importante grupo de ilustradores, e a súa perda, que trouxo consigo un momento importante para o cómic galego.



_____, “Escribir para min é unha terapia”, *La Voz de Galicia*, 7 agosto 1996,
p.38.

Fai alusión Ricardo Beiras García-Sabell a que o que máis lle preocupa á hora de escribir é coida-la linguaxe, non só a historia, senón tamén a forma, ademais de transmitir sentimentos que lle poidan interesar á xente e que a fagan reflexionar. Di que o labor que lle resulta máis custoso á hora de pórse a escribir unha historia é te-la idea, un sentimento que quere transmitir de maneira novidosa ou impactante e que logo desenvólvela lle resulta menos trabaloso. Confesa sentirse máis próximo a mecanismos como a ironía ou a nostalxia que ó humor histriónico.



_____, “O destino do escritor é a traducción”, *La Voz de Galicia*, 18 agosto 1996, p. 32.

Indica Suso de Toro que leva un ano vivindo a sorte do escritor e que o momento fundamental é cando un asume para si as propias ambicións. Di que un escritor profesional non vive a escritura do mesmo xeito, que se produce máis e que se fai máis literatura. Afirmo que para el, escribir en prensa de xeito regular vai en contra do seu proceso creativo. A este respecto, matiza que o xornalismo ten un efecto directo, ten que ser efectista e brillante, mentres que a literatura debe ir no sentido contrario, debe ser máis medida, mesurada e profunda.



Pablos, “Fran Alonso. La literatura gallega está en un gran momento”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 20 outubro 1996, p. 15.

Realízase un breve percorrido biobibliográfico deste escritor, quen manifesta o carácter vocacional da súa dedicación á literatura e o seu afán comunicativo, creativo e de estimular. Recoñece como método de traballo o de se encerrar ata remata-lo que escribe. Entre as súas preferencias literarias subliña as de autores como Méndez Ferrín, Faulkner e escritores africanos, como o angoleño Luandino Vieira.



Palacios, X. M., “En Mondoñedo é moi fácil escribir” *La Voz de Galicia* (Edición da Mariña), 13 febreiro 1996, p. 36.

Entrevista co escritor coruñés, afincado en Mondoñedo, Xabier Cordal. O xornalista comenta a chegada deste xove poeta a Mondoñedo, a súa vida nesta cidade e lembra a súa produción poética. Na entrevista, Cordal destaca o respecto que existe en Mondoñedo pola figura do escritor, louva a calidade cultural da cidade e apoia ós novos grupos que cantan en galego.



_____, “Mondoñedo tiene mucha vida interior”, *La Voz de Galicia* (Edición da Mariña), 9 abril 1996, p. 40.

Breve entrevista co escritor mindoniense Xe Freyre, ó que o xornalista presenta como autor do libro *Cando o gato mira de esguello*, ó mesmo tempo que anuncia que prepara un libro de relatos. Na entrevista o escritor fala da vida intelectual de Mondoñedo, di que é unha vila con “mucha vida interior” e “que se deixa inventar por cualquier creador”.



_____, “Una novela es una visión del mundo”, *La Voz de Galicia* (Edición da Mariña), 30 xuño 1996, p. 40.

Entrevista con Marina Mayoral que acaba de obter o Premio Losada Diéguez pola súa obra en galego *Querida Amiga* (1995). A autora fala da necesidade de ter unha referencia real que sirva de base para configurar un espazo novelesco; afirma que o que se escribe é unha recreación do vivido e considera que Mondoñedo representa a súa infancia e a súa adolescencia.



Pita, Elena, “Manuel Rivas. Que pregunten al outro”, *El Mundo*, “*La Esfera*”,
2ª época, ano VII, nº 289, 30 novembro 1996.

Afirma Manolo Rivas que, pese á adversidade na que viviu a cultura galega sempre houbo calidade, que hoxe en día poden citarse unha ducia de narradores e poetas galegos e que hai encontro entre escritores e público. Di que o escritor é tal en canto escribe, que é outra persoa de ficción que busca sentido ó mundo e sostén que el se atopa moi a gusto co relato e coa poesía, que son formas de expresión moi futuristas. Manolo Rivas comenta, por outra parte, que a realidade é unha ocorrencia do soño, que a dimensión lóxica é moito menor que o mundo da incerteza. Tamén indica que na súa escritura hai unha vinganza contra o seu oficio de periodista, contra o efémero e triturador do xornalismo, xa que o que despreza o xornalista aproveítalo o escritor.



Porteiro, María Xosé, “Olegario Sotelo Blanco. Boto de menos en Galicia máis sentimento de país”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano I, nº 46, 11 xaneiro 1996, p. 5.

A dureza da infancia e da emigración vividas son referidas polo entrevistado, quen se refire tamén ó descoñecemento da cultura do mundo tradicional por parte dos rapaces de hoxe en día. Refírense as súas experiencias en Cataluña, lugar no que se produciu a súa descuberta de Galicia e onde puxo en marcha a editorial Sotelo Blanco. Denuncia a pasividade e indiferencia das autoridades culturais galegas e pon de manifesto a apertura a outras culturas, manifesta nas publicacións, *A Trabe de Ouro* e *Galicia Internacional* que publica a súa editorial.



_____, “Santiago Jaureguizar. Os intelectuais son como a policía: un mal necesario”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 49, 1 febreiro 1996, p. 5.

A falla de opcións laborais para a mocidade, o abandono do campo en Galicia e o gusto pola linguaxe da rúa salíentanse como preocupacións que interesan sobre maneira a este entrevistado. Tamén analiza a situación de Euskadi que cualifica como de moi conflictiva. Afirmo o escritor que a mestura de culturas lle interesa especialmente, co idioma galego como elemento común básico e incorporándolle tódolos elementos posibles e tódalas referencias provenientes dos medios de comunicación.



_____, “Euloxio Ruibal. En Galicia non vai ó teatro nin o un por cento da poboación”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 50, 8 febreiro 1996, p. 5.

Euloxio Ruibal remarca a falta de compromiso coa realidade para se referir á fuxida e desconexión coa realidade que observa nas producións teatrais da actualidade fronte ás dos anos 70, que conectaban máis co espectador. A falla dun público para o teatro déixao salientado como o grande problema e ante tal fenómeno indica que quizais se deba isto ó condicionamento que conleva o feito de que agora circule moito diñeiro arredor deste xénero.



_____, “César Cunqueiro. A literatura, como a física atómica, é un feito minoritario”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano I, nº 51, 15 febreiro 1996, p. 5.

Tras falar de aspectos referidos á súa única novela publicada polo de agora, alude ás súas experiencias dentro do terreo da política. Na actualidade, declárase profundamente escéptico neste terreo e sobre a realidade do país opina que a xente vive atrincheirada, sen sentimentos solidarios, o cal impide que moitas iniciativas económicas progresen.



_____, “Alberto Avendaño. Pertenzo á xeración do punto e seguido”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano I, nº 52, 22 febreiro 1996, p. 5.

O entrevistado alude á mestizaxe cultural da súa familia e, dende o seu afastamento xeográfico de Galicia, manifesta a súa paixón por Galicia. Con respecto á experiencia de Rompente, na que el participou afirma que a comunicación poética para eles non tiña límites, que o ser poético deste grupo era político, cabareteiro, rockeiro e sentimental e que todo era factible e comunicable en lingua galega.



_____, “Camilo Franco. Tódolos avances da novela fixéronse en contra da súa natureza”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 54, 7 marzo 1996, p. 5.

Sostén Camilo Franco a busca da esencia literaria e a aposta por unha fórmula experimental no relato curto, á vez que declara que moitos escritores fan que a literatura perda o valor de ser un medio de comunicación, do dobre sentido e da polisemia. El, en cambio, propugna un discurso de concentración, con poucas palabras pero con moito significado. Di tamén que en literatura é necesario cubrir tódolos espazos para que a oferta sexa completa e afirma o seu interese pola vida diaria máis que polos ambientes excesivamente cultos.



_____, “Carlos G. Reigosa. Ás veces a novela chega a ser un mundo propicio”,
La Voz de Galicia, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II nº 55,
14 marzo 1996, p. 5.

Comézase por pór de manifesto que a realidade rural da infancia de Reigosa está presente en moitas das súas obras, debido á intensidade das súas vivencias. O escritor declara neste sentido, a súa intención de recuperar unha realidade perdida por causa da dominación cultural da cidade, para demostrar que era rica, valiosa, plural e diversa. Nunha reflexión sobre o proceso vital indica, nun símil froito da súa devoción polo lonxano oeste, que quen renuncia a morrer novo como Billy The Kid convértese no sheriff Garrett e cambia a sobrevivencia por un pacto coa realidade.



_____, “Xela Arias. O poema vaime”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 56, 21 marzo 1996, p. 5.

Confesa a escritora sentirse á marxe de calquera xeración, ó tempo que rexeita calquera etiqueta, ademais de non se sentir herdeira da súa coincidencia no tempo co grupo Rompente. Aínda así, recoñece afinidades con este grupo poético no que respecta a un novo xeito de facer poesía, a unha nova mirada e á busca dunha linguaxe nova.



_____, “Xosé Manuel Martínez Oca. Escribindo non se inflúe no rumbo da humanidade”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 57, 28 marzo 1996, p. 5.

Realízase un relatorio dalgúns dos galardóns literarios que leva cultivado Martínez Oca ó longo da súa traxectoria de creador dentro da literatura galega, na que xa posúe, indica a entrevistadora, unha vintena de títulos. Alude Martínez Oca ó seu escepticismo como creador e fai referencia á posibilidade de cambiar algo por medio da escritura, dado que o escaso número de lectores que un autor pode ter non é significativo para exercer unha mudanza na sociedade.



_____, “Xavier Lama. Habería que crear o instituto galego do libro”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 58, 4 abril 1996, p. 5.

A reivindicación da aldea válelle ó escritor para pór de manifesto ós aldeáns cosmopolitas e fidalgos que tiveron en Otero Pedrayo o referente espiritual central, un mundo que agroma, como se indica, na súa obra. Segue a dicir Xavier Lama que á creación de centros oficiais que defenden a cultura únese o apoio a unha cultura frívola e para-folclorista. Observa, así mesmo, que están ben as iniciativas de premios creados por institucións pero que cómpren máis cousas por facer.



_____, “Fiz Vergara Vilariño. Na poesía estámonos poñendo á cabeza de Europa”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano I, nº 59, 11 abril 1996, p.5.

Declara o entrevistado que o seu labor de creación literaria é a súa contribución no proceso de liberación da terra propia. Tamén expresa o seu compromiso co país. Anúnciase a próxima publicación dun libro de versos seu e coméntase o carácter social da súa primeira poesía que logo se iría trocando intimista. Sen embargo, manifesta Fiz Vergara Vilariño a necesidade cada vez maior do primeiro tipo de poesía, pola súa proximidade cos problemas sociais.



_____, “Manuel Lourenzo González. O título de escritor outórgao o tempo”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano I, nº 60, 18 abril 1996, p. 5.

O escritor declara a súa preferencia polo relato breve máis que pola novela e indica o maior interese que ten a xente por este xénero. A respecto do uso da lingua de Galicia, manifesta que aínda que hoxe se publiquen máis libros en galego ca nunca, a realidade lingüística vai por outros camiños. Así mesmo, apunta Manuel Lourenzo a recorrencia nunha serie de temas preocupantes para a sociedade e indica que quen pretende facer literatura con neutralidade engánase porque esta non existe.



_____, “Xosé Miranda. Prefiro a paixón á cabeza fría”, *La Voz de Galicia*,
“*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano I, nº 61, 25 abril 1996, p. 5.

Sublíñase que na obra de Xosé Miranda adoita sentirse a presenza de Lugo, a súa cidade natal. O escritor declara, tras dunha reflexión sobre o relato breve, recoñecerse en dúas tendencias existentes na literatura galega, o intimismo desgarrado de Rosalía e a mitoloxía e o nacionalismo consciente de Pondal. Afirmar tamén que o futuro do galego depende dunha situación política que non se quere adoptar e do grao de conciencia que o pobo chegue a ter.



_____, “Xavier Seoane. É hora de retomar un certo pulso utópico”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 62, 2 maio 1996, p. 5.

Xavier Seoane opina sobre o traballo na sociedade e di que o poder debería ser menos patrón da cultura, que está excesivamente en mans da administración. Ve a literatura galega actual como desensimesmada, universal e cosmopolita e di que hai que crer na cultura como instrumento de mellora das condicións humanas e sociais. Di tamén que a poesía e o papel do poeta sérvenlle ó lector para lle facer realizar unha das viaxes máis fondas do ser humano.



_____, “David Otero. Era un home que amaba o seu pobo”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano I, nº 64, 16 maio 1996, p. 11.

Comenta o entrevistado que Xesús Ferro Couselo estivo presente na súa época nas distintas iniciativas de importancia que trataron de establecer unha continuidade entre a Xeración Nós e os días actuais. Manifesta que a condición de polígrafo de Ferro Couselo, como cultivador de diversos saberes, desempeñando un moi importante labor cultural en Ourense, ó crea-lo Arquivo e Museo Arqueolóxico e tamén no seo da Asociación Cultural Auriense e doutras institucións.



_____, “Úrsula Heinze. O peor é o silencio”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano I, nº 65, 23 maio 1996, p. 5.

Indícase o carácter viaxeiro desta escritora e anúnciase como froito dos últimos periplos seus unha antoloxía de poetas da Sud-Eslavia. Destácase o papel desta muller como traductora de poetas foráneos ó galego e autora de creación infantil. Tamén se subliña o preponderante papel protagonista que adquiren as mulleres nas súas obras e, referíndose a dous títulos seus de 1985 e 1991, respectivamente, apunta Úrsula Heinze que o silencio é o peor castigo da crítica.



_____, “Xosé Antonio Perozo. O meu universo é a memoria”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 66, 30 maio 1996, p. 5.

Laméntase o entrevistado de que no mundo da produción literaria o escritor sexa ás veces o menos beneficiado da engrenaxe comercial, de quen se di que é o único que non pode vivir da súa actividade creativa. Segundo Perozo afirma, os valores de calidade ou interese social non sempre priman no mundo literario por prevaleceren outros. Este escritor, do que se indica o carácter polifacético, reconece os seus referentes culturais, entre os que declara non haber ningún autor da literatura galega.



_____, “Carlos Mella. Escribir é o mellor que podes aspirar a facer”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 67, 6 xuño 1996, p. 5.

Relaciónase o labor pasado de Carlos Mella, escribindo algúns capítulos importantes da historia recente de Galicia, coa súa capacidade para construír libros para a reflexión e o pracer. O escritor amósase crítico coas xentes que converten a economía nun fin en si mesmo e tamén co desequilibrio producido no home por prevalecer nel unha das moitas facetas que compoñen a súa personalidade. Autodefiníndose como animal político, declara o seu receo do tratamento da política nos medios de comunicación, por lle dar importancia a miudezas carentes dela.



_____, “Xosé Luís Franco Grande. Os sindicatos son a auténtica vangarda do país”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 68, 13 xuño 1996, p. 5.

Comeza queixándose Franco Grande da falta de mellora na cultura galega, tanto na creación coma na creatividade, no que el denomina “anos escuros”. Sinala que o fracaso de Galicia consistiu en non ter feito nunca unha política galega. Indica, así mesmo, no que respecta á súa obra literaria, que o vagar e a dilación teñen caracterizado a aparición dos seus dous libros de poesía, *Entre o si e o non* (1967) e *O tempo á espreita* (1987), e que está inmerso na elaboración dunha novela de grande complexidade.



_____, “Xoán Bernárdez. As editoriais débense abrir á pluralidade”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 72, 11 xullo 1996, p. 5.

Dise deste escritor que foi un dos primeiros en se aventurar na novela histórica galega. Bernárdez Vilar apunta, pola súa banda, que se trata dun traballo complexo o que hai que realizar para a creación de obras de investigación histórica e cunha función divulgadora. Critica a falta en Galicia de determinadas instalacións culturais, nunha época de aposta polo turismo cultural, que amporen determinadas áreas do noso patrimonio. Tamén alude ó labor das editoriais galegas, que estima deberían abri-los seus coutos a unha meirande pluralidade.



_____, “Silvia Gaspar. A literatura galega empeza a cubrir o que a sociedade lle demanda”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 73, 18 xullo 1996, p. 5.

As formas de diálogo, as combinacións para a tolerancia e a mestizaxe indícanse como obxectivos de interese principal para a entrevistada. Esta pon de manifesto, así mesmo, a fonda renovación do panorama da literatura galega nos 90, cunha fusión dos códigos cultos cos marxinais. Isto provoca, na súa opinión, a penetración dunha cultura viva, impactada pola imaxe e os mass media. Apúntanse tamén como factores determinantes do proceso literario que se está a desenvolver en Galicia, a depuración do papel da crítica nos últimos anos, a proliferación de subxéneros e o papel a xogar polas editoriais e os premios literarios.



_____, “Manuel Lourenzo. Se esquecemos a aventura é mellor morrer”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 74, 25 xullo 1996, p. 5.

Tras presentar a este autor dramático como figura incuestionable no teatro galego, Manuel Lourenzo comeza a lembra-lo exercicio de liberdade realizado dende finais dos anos 60 e as xiras co Teatro Circo ou coa Escola Dramática por todo o Estado. Na súa opinión, a falta dunha política teatral clara e firme débese á escasa comercialización, ó non haber empresas que ofrezan os medios. Por isto recomenda ós autores novos que escriban e representen as súas obras, a pesar de tódolos inconvenientes.



_____, “Eliseo Alonso. Eu sigo camiñando”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 75, 1 agosto 1996, p. 5.

O amor e a dedicación de Eliseo Alonso sobre a bisbarra do Baixo Miño, son sinaladas como calidades da súa produción, ó tempo que se indica o seu reflexo en diversas publicacións, non só de carácter literario. Á parte de diversos proxectos editoriais seus faise referencia ó seu fondo coñecemento a respecto da realidade americana.



_____, “Xosé Vázquez Pintor. Son coma un ourizo cacho”, *La Voz de Galicia*,
“*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 76, 8 agosto 1996, p 5.

Ábrese esta entrevista mencionando que a produción poética do escritor se inclúe dentro dos chamados “novísimos” pola súa incorporación a novas formas de facer poesía. O autor afirma de seguido non renunciar a ningunha das súas obras. Ó tempo que se fai un percorrido polos distintos xéneros nos que ten cultivado a literatura, reflíctense as súas opinións verbo da actividade teatral en Galicia. A este respecto, Vázquez Pintor denuncia a morte do teatro independente por mor das subvencións, do que é responsable, na súa opinión, a Xunta de Galicia.



_____, “Valentín Arias. Teño a sorte de ir abrindo camiños”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 77, 15 agosto 1996, p. 5.

Indícase do entrevistado que é un experto e coñecido en labores de tradución, e tamén o seu espírito emprendedor que o leva a abrir camiños. Manifesta Arias que o fundamental agora na nosa cultura é publicar ós creadores actuais, ó tempo que se seguen a traduci-los clásicos. Pensa que os poetas e narradores galegos de hoxe están á altura de calquera literatura homónima en calquera lingua universal, pero que se precisan axudas selectivas por campos, como a biografía e o ensaio, para o seu lanzamento.



_____, “Antonio Alonso Fontán. Recomendo ler un ou dous poemas ó día, como unha terapia”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 79, 29 agosto 1996, p. 5.

Alonso Fontán, de quen se sinala que é coñecido como o “poeta de Meder”, pon de manifesto a súa relación coa terra natal e o seu gusto pola poesía, declarándose partidario da de tipo amoroso. Afirmo que a súa afección polo articulismo lle vén dos tempos mozos, do xornal *El Pueblo Gallego*, ó tempo que remarca a súa preocupación pola natureza.



_____, “Fermín Bouza Álvarez. A mellor literatura son as ciencias sociais”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 80, 5 setembro 1996, p. 5.

Da súa experiencia poética con *Labirinto de inverno*, declara o autor que, tras do terremoto vital que para el supuxo a súa composición, agora pretende conseguilo mesmo resultado na narrativa, cunha obra que ten como base acontecementos da guerra civil en Ferrol. Destaca a importancia do 68 na creación da conciencia galega que, na súa opinión, pasa desapercibido, para o que cómpre como tarefa a recuperación da memoria galega.



_____, “Manuel Xosé Neira. O escritor fórnxase a partir dos 40”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 81, 12 setembro 1996, p. 5.

Defende Manuel Xosé Neira a cultura nos xornais e as canles de difusión que son necesarias para a poesía. Da súa obra poética manifesta que se trata dunha reflexión sobre a memoria, se ben considera que aínda está pendente a construción da memoria crítica colectiva do pobo galego. Por outra banda, como poeta adscrito á década dos 90, di que non gusta do establecemento de fronteiras coa década anterior.



_____, “Lois Diéguez. A poesía, na clandestinidade”, *La Voz de Galicia*,
“*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 82, 22 setembro 1996, p. 6.

Dentro da produción narrativa do autor salientase o enriquecemento da súa expresión individual pero volcada cara ós demais, que segue un camiño moi propio. Para Diéguez hai un ser galego cheo de contradicións e covardías introducidas pola historia e cómpre recoñecérmonos a nós mesmos deixando á parte os complexos e unha cultura que incidiu en crear personaxes sometidos. O campo poético manifesta que é unha parte da persoa coa que é preciso reencontrarse, malia que, como di, a sociedade e os medios de comunicación potencien outros aspectos máis tecnificados.



_____, “Marica Campo. As mulleres teñen máis forza”, *La Voz de Galicia*,
 “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 83, 29 setembro 1996, p. 6.

Lembra a escritora a súa infancia na terra natal, onde di que entrou en contacto coa natureza e aprendeu a lingua galega. Ó tempo que se fai un repaso pola súa produción literaria indícase o protagonismo feminino desta literatura que, coma no caso da súa última incursión na narrativa, está composta por relatos sobre o universo feminino.



R. F., “Un poeta comprometido”, *La Región*, 16 abril 1996, p. 13.

Entrevista a Xosé Carlos Caneiro con motivo dun recital poético celebrado na Agrupación Cultural Auriense. O entrevistado defínese como “poeta comprometido co país e coa lingua”, explicita os criterios de selección que segue nos recitais, describe a súa poética e critica a poesía e a narrativa actuais por ser demasiado elitista a primeira, e excesivamente sinxela a segunda. Finalmente, reflexiona sobre o papel do poeta na nosa sociedade e sobre a relación entre a escrita e a recitación.



Ramos, J. M., “Antón Pedreira: “Pedimos que se liberalicen os prezos do libro polo ben da cultura”, *O Correo Galego*, “Libreiros de Galicia”, 22 setembro 1996, p. 1.

Entrevista con Xosé Antón Pedreira Miras, presidente da Asociación de Libreiros de Santiago, na que reflexiona sobre a situación do sector libreiro en Compostela que, na súa opinión, pasa por un bo momento polo alto índice de vendas. Sinala tamén o éxito na narrativa galega de Manuel Rivas, a importancia das campañas de animación á lectura e os obxectivos da Agrupación de Libreiros, entre os que destaca a loita contra a competencia desleal e a liberación dos prezos dos libros.



Rielo Lamela, Pedro, “O periodismo vivo do século XX”, *O Correo Galego*, “Comunicación”, 24 xaneiro 1996, p. 52.

Entrevista co periodista Augusto Assía na que reflexiona sobre a súa vida actual e recorda algúns acontecementos do pasado, relacionados coa vida política española. Lembra as crónicas de Vicente Risco sobre as súas viaxes por Alemania, publicadas nos números 88 e 89 da revista *Nós*, no ano 1929, nas que o cualifica de comunista. Assía nega esta afirmación de Risco e declara que tanto Luís Tobío coma el mesmo eran pro-marxistas.



_____, “O padriño dunha xeración. Borobó, un personaxe clave na historia do periodismo galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 11 febreiro 1996, pp. 10-11.

Raimundo García Domínguez, Borobó, despois de facer balance da infancia, da experiencia da guerra civil e dos seus comezos no xornalismo, fala dos seus inicios no xornal *La Noche*. Daquela época recorda con especial cariño as comidas na casa de García-Sabell, onde a estrela era Otero Pedrayo. Polo que respecta ó xornal en si fala da páxina de cultura que facía Couceiro Freijomil, “gran erudito de quen aprendemos moito Landeira e mais eu”. Da xeración de *La Noche*, que el bautizou como tal, destaca as figuras de Xosé Manuel Beiras e Mourullo, que eran os mellores alumnos da facultade de Dereito”. De Méndez Ferrín destaca os contos que daquela facía e a facilidade para porlles nome ós protagonistas. Finalmente, recorda que *La Noche* tiña abertas as súas páxinas á universidade e alí colaboraban tódolos que nela querían escribir.



_____, “O anacoreta libertario. O compromiso ético de Isaac Díaz Pardo”,
O Correo Galego, “Lecer”, 25 febreiro 1996, pp. 6-7.

Fala Díaz Pardo da importancia dos medios de comunicación no proceso de recuperación da memoria colectiva galega. A este respecto manifesta que “non se trata de pedirlle contas a quen o fixo mal, senón de conta-las cousas como foron”, e exemplifica co caso de Borobó que “foi o único que non obedeceu a orde que veu de Madrid de publica-la morte de Castelao nas páxinas interiores dos xornais”. A continuación, trátase o caso da recuperación económica e cultural de Sargadelos, parte importante da nosa historia industrial que el conseguiu levantar. Da súa faceta como pintor di que a abandonou porque “había outras cousas máis importantes que facer”. En canto ó sector industrial galego afirma que o seu principal problema é que dende o 36 se produciu unha colonización de industrias externas que nos expoliaron e contaminaron e anota que “o noso ten que ser noso, sen teima contra ninguén, nin separatismos de ningún tipo”. Por último, declara que ecoloxía e economía deben ir xuntos “non ten sentido que para crear unha cousa se estea destruindo outra”.



_____, “O xornalista errante”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 3 marzo 1996, p. 6.

Comeza esta entrevista relatando Perfecto Conde os seus inicios xornalísticos no *Faro de Vigo* e en *La Comarca*, de Ribadeo. Continúa falando da súa experiencia no proxecto da *Gran Enciclopedia Gallega* e no centro galego da T.V.E. en Galicia, onde en colaboración con Mariñas, introduciu o galego neste medio. Opina que non hai periodismo de investigación e apunta como explicación a de que todo periodismo se é bo é de investigación. En canto á relación do periodismo coa literatura opina que en certo sentido está rifada xa que “se fas literatura non fas periodismo”.



_____, “As voces da narradora. A escritora mindoniense Marina Mayoral une a vida á literatura”. *O Correo Galego*, “Lecer”, 7 abril 1996, pp. 10-11.

Pedro Rielo aproveita a publicación de *Dar la vida y el alma* (1996), para preguntar a Marina Mayoral sobre diversos aspectos da súa obra. A escritora afirma que non é posible separar literatura e realidade, e que comparte con Proust a opinión de que “a verdadeira vida, é a literatura” e que a realidade non existe, só hai diferentes olladas sobre ela. En canto ás estéticas afirma que calquera é válida, no seu caso só se preocupa por contar unha historia e cada nova historia esixe un tratamento estético diferente. Da relación autor-personaxes di que é complexa xa que os personaxes teñen vida propia e, en ocasións, figuras que nun principio ían para secundarias ás veces crecen e se desenvolven. En canto á intercalación do galego e o castelán na súa produción di que é complexa “porque sempre predomina unha lingua sobre a outra”, mais manifesta que aínda que escriba en castelán a identidade galega sempre está presente en elementos como a súa actitude ante o misterio propia da nosa terra. Por último fala da súa relación con Ramón Piñeiro, a quen coñeceu persoalmente, e coa obra de Rosalía de Castro da que lamenta que ó ser traducida perda parte da súa riqueza, problema que dificulta a súa difusión.



_____, “Esto non é o que meu pai soñou”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo),
16 agosto 1996, p.28.

Entrevista a Amalia Bóveda, filla de Alexandre Bóveda, con motivo de se cumprir sesenta anos do seu pasamento. Amalia recorda a súa infancia e fala da consideración que se ten hoxe do seu pai. Afirmo que só existen uns retallos do ronsel deixado por el e que a situación política actual non sería do seu agrado. Considera que si debería ser recoñecido como fillo predilecto da cidade de Pontevedra, pero que o seu recordo aínda manca a moita xente.



Rodríguez, Maite, “Lola González: siempre tengo a Celanova presente en mis libros”, *La Región*, 10 marzo 1996, p. 23.

Con motivo da publicación da súa cuarta novela *Guárdate de los idus* responde Lola González a preguntas sobre a súa produción literaria. Afirmo que gusta moito da novela histórica polo proceso de documentación e por recrear personaxes e ambientes no pasado, pero non lle agrada a literatura pedagóxica, “la literatura es literatura, el máximo reducto de libertad, y la pedagogía es pedagogía”. Tampouco é afeccionada á novela negra pero si á de suspense ou á ciencia ficción entre as que destaca a figura de Ray Bradbury. Na súa produción alterna castelán e galego “porque me muevo en las dos lenguas, pero me resulta más difícil escribir en gallego” aínda que nun principio se propuxera escribir só en galego “por militancia, porque me parece que Galicia tiene que tener su propia identidad”.



Rodríguez, Rosa, “Roberto Vidal Bolaño, director de teatro: Teño moi mala uva, non soporto a incompetencia”, *O Correo Galego*, “Pegadas de Hoxe”, 17 febreiro 1996, p. 48.

Asegura, Roberto Vidal Bolaño, nesta entrevista que a súa presenza no teatro é unha frustración xa que el naceu para facer cine, pero, como el mesmo di, agora o teatro é a súa vida. Dos actores opina que deben ter unhas cualidades mínimas, ser responsables diante da sociedade que é a que xustifica que existan. Pensa que o teatro non ten que ser un reflexo da vida e afirma que fai teatro para un país que dubida do mesmo, cousa que nas culturas desenvolvidas non pasa. Coas súas obras tenta divertir nun sentido profundo pero non se limita só a iso. Polo que atinxe ós autores que máis se prestan para a adaptación teatral, destaca a Otero Pedrayo e Bertolt Brecht. Por último, en canto á frescura que debe presentar unha peza representada, pensa que é resultado dun traballo intenso, nunca da improvisación.



_____, “Helena Villar, escritora: En cuestións de linguas os políticos están en retroceso”, *O Correo Galego*, “Pegadas de Hoxe”, 24 febreiro 1996, p. 48.

Afirma Helena Villar que o escritor é un artista que ten un forte valor estético e unha grande sensibilidade pero, ademais, debe estar formado, domina-la lingua, coñece-los resortes expresivos para, logo, ve-lo mundo dende unha óptica especial. Aclara que o receptor das súas obras son os nenos e por iso están publicadas en coleccións especificamente infantís, cuns contidos e cun vocabulario adaptados á súa idade. A continuación, ó tempo que denuncia o baixo nivel de lectura, afirma que os partidos políticos teñen moita responsabilidade na promoción e normalización da lingua, factor este imprescindible para que a literatura tamén se normalice e deixe de ser problemática. Finalmente, polo que se refire ó seu marido, Xesús Rábade Paredes, di que non existe competencia entre eles e que xa está de volta de todo tipo de comentarios malintencionados.



_____, “Darío Xohán Cabana, o *Romanceiro da Terra Chá*”, *O Correo Galego*, “Pegadas de Hoxe”, 9 marzo 1996, p. 48.

Fala Darío Xohán Cabana da normalización da lingua galega que considera un fracaso por non poñer os remedios necesarios e aplicar unha política de “aparente defensa do galego”. Pola contra opina que en Galicia temos boa e abundante literatura e considera a X.L. Méndez Ferrín o mellor poeta da Península Ibérica. Por último, e co escenario do seu Roás natal, define a súa poesía como de contido moi persoal, de corte clásico e con formas consagradas.



_____, “Xosé Antonio Perozo, escritor e xornalista: manteño un romance continuo con Santiago”, *O Correo Galego*, “Pegadas de Hoxe”, 13 abril 1996, p. 48.

Comenta X.A. Perozo que se considera un escritor que vive de xornalista e que lle dedica todo o tempo posible a escribir. Na actualidade interésase máis pola creación de historias aínda que tamén está a preparar un ensaio sobre a radiodifusión e a televisión en Galicia. Da literatura galega o primeiro que coñeceu foron os seis poemas galegos de Lorca, despois viñeron Rosalía de Castro e *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, sobre o que escribiu unha biografía. Da súa faceta de xornalista resalta a oportunidade de coñecer a xentes como Cunqueiro, Casares ou Blanco Amor, dos que chegou a ser amigo.



_____, “Lois Diéguez Vázquez, escritor lucense”, *O Correo Galego*, “Pegadas de Hoxe”, 8 xuño 1996, p. 48.

Afirma Lois Diéguez que se sente menos poeta que narrador. Pensa que a poesía non está en crise senón que o que está en perigo é a propia sociedade que quere evitar que pensemos. Denuncia a oficialidade da cultura xeradora de moitas dependencias o que ocasiona “a censura máis grande da historia que é a feita polo propio autor”. Por último, critica o denominado “bilingüismo harmónico” e afirma que non existe diglosia, senón un falso bilingüismo defendido por intereses políticos.



_____, “Os Catro Fantásticos crearon a miña vocación”, *O Correo Galego*,
22 xuño 1996, p. 48.

Entrevista a Fausto C. Isorna con motivo da publicación do cómic *No nome da amada morta* (1996). Isorna sinala que para crea-los seus personaxes se inspira en persoas reais e que o que máis lle interesa é ofrecer “unha concepción visual” do argumento dos cómics. Refírese tamén ó seu desexo de publicar un libro cada ano e ó risco que supón este traballo. Remata recoñecendo que a súa vocación de debuxante naceu lendo as historias de *Os Catro Fantásticos*.



_____, “Anxo Tarrío Varela. Filólogo e escritor: O lunfardo tamén pode ter compoñentes galegas”, *O Correo Galego*, “Pegadas de Hoxe”, 5 outubro 1996, p. 48.

Aprovéitase o nomeamento de Anxo Tarrío como Académico Correspondente da Academia Porteña de Lunfardo para falar das posibles relacións lingüísticas entre o galego e esta fala porteña na que el está interesado. Así mesmo, fala do proxecto no que agora está a realizar, traballo que levará por título “O ideario estético literario na Galicia Contemporánea”, onde tentará ver como o ideario da época inflúe na literatura. En canto ó estado do mundo literario galego pensa que, cualitativamente a literatura galega está nun bo momento, aínda que non todo o que se publica teña méritos para perdurar no tempo. Da situación lingüística do galego di que el se decanta polo bilingüismo, aínda que reconece que o concepto de bilingüismo harmónico resulta moi difícil de levar á práctica. Conclúe declarando que é optimista con respecto á situación e evolución do galego e afirma “Galicia existe como país diferenciado porque ten unha lingua propia. Na medida que se decate desta riqueza dependerá que o galego non morra”.



_____, “Francisco Pillado Mayor, dramaturgo e editor: Do meu pai aprendín a non venderme nunca”, *O Correo Galego*, “Pegadas de Hoxe”, 30 novembro 1996, p. 56.

Con motivo da doazón da biblioteca do seu pai á Facultade de Xornalismo de Santiago, fala Francisco Pillado Mayor da figura do seu pai “que lle dedicou toda a súa vida ó xornalismo”. Afirmar que lle preocupa o “premeditado” actual silencio existente ó redor da figura de Francisco Pillado xornalista. Del recoñece que aprendeu o amor pola cultura, o sentimento de dignidade e o erro de venderse “porque se fas iso nunha sociedade de mercado estas abocado ó fracaso”. Por último, respecto á Editorial Laiovento, da que é editor, afirma que cubre un amplo espectro editorial coa publicación de libros que van da filosofía ata a lingüística, a literatura ou a economía.



_____, “O humor é o gran calvario dos definidores, non cabe explicación”,
O Correo Galego, “Pegadas de Hoxe”, 14 decembro 1996, p. 48.

Entrevista co humorista gráfico, Xaquín Marín, na que afirma que “o sumo sería expresalo todo a través dos debuxos”, aínda que o ideal para un bo artista gráfico é saber conxugar perfectamente os debuxos co texto. Así mesmo, alude á evolución do Museo do Humor de Fene, que leva funcionando doce anos. Unha das súas actividades é a publicación de *Sapoconcho*, na que se invita a colaborar ós que están comezando.



Rybczinski, Marga, “Claudio Rodríguez Fer navega entre dúas paixóns artísticas: o cine e malia literatura”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 15 decembro 1996, p. 10.

Marga Rybczinski céntrase nas preferencias cinematográficas de Claudio Rodríguez Fer en xeral, que pasa por directores como Orson Welles, Visconti, Fellini, Godard, Víctor Erice ou Luís Buñuel, e no panorama galego en particular. No caso de Galicia di que esta é unha actividade moi problemática porque economicamente é unha actividade moi dificultosa, mais aínda así destaca a traxectoria do seu amigo Chano Piñeiro que, no seu día, demostrou que se podía conectar co público empregando o idioma galego. Destaca, así mesmo, a existencia dalgúns bos guionistas procedentes da literatura como é o caso de Miguel Anxo Murado “un lugués que se dedicou ó cine exclusivamente a través do guión, cousa que non é moi frecuente”.



S. P., “O galego é fermoso, pero fomos tan desleales con nós que o esquecemos”, *La Región*, 18 novembro 1996, p. 6.

Entrevista con Bernardo Souto con motivo da súa visita a Galicia despois de sesenta e sete anos de permanencia en Arxentina. Fala da súa tradución ó galego do poema *Martín Fierro*, de Hernández Pueyrredón, ó seu xuízo a versión desta obra de contido universal serve para prestixia-lo noso país. Polo que se refire á concesión do Premio Nacional de Literatura a Manuel Rivas comenta que os premios son relevantes si tomas conciencia de que es galego, xa que para el o que subxace en toda cuestión cultural é o problema político de esta-lo noso país gobernado por alleos. Da nosa arte opina que está fundamente ligada á terra e que unha das máis relevantes contribucións das nosas letras foron os cancioneros galego-portugueses, poesía que o romantismo galego do XIX descubriu para o resto de Europa. A continuación, afirma que é fundamental para a cultura galega a desaparición dos folclorismos e opina que os descubridores da nosa personalidade foron Rosalía, Pondal e os homes das Irmandades da Fala, xentes que falaron da nación galega. Conclúe afirmando que Galicia perdeu o xenio da lingua “a cidade de Santiago floreceu en pedra e ritos pero Galicia desapareceu”.



San Martín, X., “Anxo Tarrío, escritor”, *El Correo Gallego*, 27 agosto 1996, p. 30.

Entrevista na que o profesor Anxo Tarrío reflexiona sobre os seus gustos estivais. En canto ós libros afirma que, nesta época, retoma “algún clásico ou ese libro aparcado que o azar me trae no deambular diante da miña biblioteca”.



Torre, A. de la, “Me arrestaron por leer a Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia* (Edición de Arousa), 28 abril 1996, p. 41.

O escritor Ramón Caride comenta a súa decisión de vivir en Cambados onde é profesor de instituto. Non bota de menos as grandes cidades onde, segundo el, se trivializa a vida e a cultura. Fala da infancia e da súa “mili” que coincidiu co 23F. Recoñece que foi fóra de Galicia onde tomou conciencia de que a cultura galega é diferente e á súa volta comezou a escribir en galego.



_____, “No me interesa el rock que es solo tacos y sexo” *La Voz de Galicia*
(Edición de Arousa), 23 xuño 1996, p. 45.

Entrevista con Manuel Seixas, escritor, músico e profesor na que este fala dos seus anos de infancia, da súa relación coa vila de Vilagarcía, dos seus anos de xuventude como músico e estudante en Santiago, do seu traballo como profesor, da súa visión do panorama actual da música galega e do seu primeiro libro publicado, *Viñeron do espacio interior*.



_____, “El ‘Show-bussines’ compostelano existe”, *La Voz de Galicia*,
8 decembro 1996, p. 38.

Entrevista coa actriz María Bouzas que fai un percorrido pola súa experiencia persoal e laboral. A actriz salienta a actividade cultural que ten a cidade de Santiago que conta con dúas televisións, dúas empresas de dobraxe, un centro dramático e tres teatros. Ademais afirma que Compostela é centro neurálxico do teatro galego, xa que nesta cidade se aglutinan máis de doce compañías de teatro e monicreques. Por último a actriz expresa o duro que pode ser vivir dunha profesión como a de ser actriz neste país no que as ofertas e as rachas de éxito son moi contadas, aínda que afirma que en Santiago se pode vivir sendo actriz, “duramente, pero pódese vivir”.



Trillo, J., “Allegue: A Costa da Morte es un mágico rincón de Galicia”, *El Correo Gallego*, 2 outubro 1996, p. 38.

Ramón Allegue fala da Costa da Morte, escenario do seu último libro *Mar Tenebroso. A Costa da Morte do Sol*. Afirmo que sente unha especial atracción por esta zona, fala dos “nomes máxicos” tan abundantes na nosa xeografía e rexeita categoricamente a proposta dalgúns sectores que opinan que hai que cambiar este topónimo por outro “menos negativo”. Finalmente, declara que desexaría que este libro fose traducido ó francés, para que o peregrino desta parte de Europa coñecera o porqué de que o Camiño Xacobeo teña que rematar en Fisterra.



Veiga, Manuel, “A maneira de descubrir o país que tivo Curros é a que segue a ter moita xente”, *A Nosa Terra*, nº 708, “Guieiro Cultural”, 11 xaneiro 1996, p. 28.

Nesta entrevista Francisco Rodríguez, con motivo da reedición do seu libro *A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez* (1996), denuncia a inexistencia dunha “edición da obra completa de Curros comentada e unha maior fidelidade aos textos orixinais, deturpados en sucesivas edicións”. Así mesmo, opina que Curros demostra que os clásicos da literatura galega teñen unha orientación moderna, factor que entronca co momento histórico actual. Opina que Curros, como persoa de grande cultura que era, tiña unha idea formada do que debía se-la literatura galega e pensaba que esta non debía ser imitativa. Finalmente denuncia a tendencia a minusvalora-los nosos clásicos en contraposición co recoñecemento desmedido dalgúns escritores actuais.



_____, “Laura Tato: A perda da nosa lírica está intimamente relacionada coa perda da nosa independencia”, *A Nosa Terra*, nº 729, “Galiza”, 6 xuño 1996, p. 9.

Laura Tato fala da escasa difusión da lírica galego-portuguesa, que ela relaciona co feito de ter sido esta unha materia que nunca saíu dos círculos universitarios por non ser considerada interesante para o resto da xente. A este respecto opina que “o coñecemento e explicación das cantigas debería ser obrigatorio dende os primeiros cursos do ensino”. Ademais, denuncia o feito de que sobre as cantigas de escarnio e maldicir existiu un problema engadido que foi a censura moral que recaeu sobre elas e que só Rodrigues Lapa, coa súa edición de 1965, foi quen de levantar. A continuación fala doutros factores como da falsa caracterización da Idade Media como época escurantista e dogmática, da xerarquización da sociedade galega da época, do galego como principal lingua peninsular, das causas da desaparición dos trovadores e da grandísima importancia da lírica provenzal naquel período. Por último, refírese á *História da Literatura Galega* que a AS-PG está a editar, na que ela estivo ó cargo das tres antoloxías dedicadas á lírica galego-portuguesa, delas di “estas son as primeiras antoloxías que se poñen ao alcance do público non erudito” e engade “compre lembrar que é unha análise feita dende aquí” referíndose ó feito de que, ata o momento, esta parte da nosa literatura sempre fora estudada por xentes alleas á nosa cultura.



_____, “Pilar García Negro: non queremos unha cultura subsidiaria, senón un dispositivo público ao servizo do que se fai e no que todo o mundo se implique”, *A Nosa Terra*, nº 786, “Guieiro Cultural”, 10 xullo 1996, pp. 26-27.

Pilar García Negro comenta nesta entrevista trazos característicos do programa de goberno na área de cultura da súa forza política para as vindeiras eleccións autonómicas. Entre estas características destaca o decidido apoio que está disposto a dá-la súa forza política ás publicacións en lingua galega.



Vidal, M. Magdalena, “Carlos Casares: quero atender a outros aspectos da cultura que teñen unha maior incidencia social”, *El Ideal Gallego*, 10 novembro 1996, p. 51.

Magdalena Vidal aproveita o nomeamento de Carlos Casares como presidente do Consello da Cultura Galega para preguntarlle acerca da situación da mencionada institución da que di que realiza un importante traballo de defensa cultural. Coa súa chegada pretende atender outros aspectos da cultura con maior incidencia social coa promoción de debates culturais, de maneira que podamos acceder á opinión das grandes figuras internacionais relacionadas coa cultura. Con respecto á política de subvencións de editoriais, di que desexaría que desaparecesen os “tinglados persoais” que se aproveitan deste tipo de axudas, sen embargo defende que iniciativas como a realización dunha colección de libros de arte teñan un apoio público porque este sería un interesante proxecto aínda que cun potencial pequeno mercado. En canto ó futuro do galego recoñece que a nosa lingua perde falantes cada ano e que isto é culpa, non tanto das institucións políticas, senón da sociedade que é quen decidirá qué facer co galego. Apunta que o ideal sería crear unha conciencia de debate entre os empresarios e os lingüistas para que a xente se sinta protagonista, isto “e moito mellor que pola vía da imposición”.



Vidal, Carme, “Xaquina Trillo, poeta e galeguista: pasámolas negras, moito medo e privacións, para nós foi a ruina completa”, *A Nosa Terra*, nº 740, “Galiza”, 22 agosto 1996, p. 9

Repasa, Xaquina Trillo, a súa vida, os momentos difíciles da guerra, a fame, a morte, en definitiva “da desfeita que asolou a súa mocidade”. Da súa poesía, escrita sempre en galego e só serodiamante publicada, di que sempre tivo como referentes as nosas aldeas e os galeguistas ós que quere homenaxear. Sabe que ó contar-lo pasado corre o perigo de que se sospeite da súa fantasía para facer literatura da súa biografía pero asome o risco. En preparación ten un libro dedicado ós *enxebres*, co que quere ter presente a cantos se esforzaron en reivindicar-lo país e manifesta que continúa a traballar “por amor á miña Terra que me fascina e na miña lingua que é a máis fermosa e lírica”. Finalmente manifesta que o próximo ano ten a intención de dedicarlle os seus versos a Alexandre Bóveda que representa “aos herois, aos que o deron todo na defensa da nosa Terra”.



_____, “Pura e Dora Vázquez: Escribir ou escoitar a rádio, despois do 36, era perigoso”, *A Nosa Terra*, nº 741, “Guieiro Cultural”, 29 agosto 1996, p. 29.

Conversa con Pura e Dora Vázquez que comeza cun percorrido pola obra de ambas dende os inicios de Pura en *La Zarpa*, de Basilio Álvarez, pasando pola composición dunha novela a medias *La corte de San Hilario*, obra de conxunto que nin se publicou nin sequera se chegou a rematar. Contan as dúas escritoras os duros momentos vividos na guerra, falan da carestía da vida, das cartillas de racionamento, do control político, etc. Neste panorama a lingua tamén era controlada. Elas empezaron a escribir maiormente en castelán porque segundo afirma Pura “era o que dominabamos, ao comezo nas miñas publicacións introducía cousas en galego ata que un día en *La Región* dixéronme que non levara máis así porque non o podían publicar”. Continúa a entrevista relatando os inicios da súa expresión en galego nas páxinas do xornal *La Noche*, posteriormente publican libros por separado, aínda que a estreita relación entre ambas levounas a asinar conxuntamente obras. Na actualidade, din, continúan a escribir “coa mesma ilusión dos primeiros escritos de adolescencia, hai máis decincuenta anos”.



Vilaseca, Rafael, “Me faltó tiempo para presentarme al premio Anxel Fole”,
La Voz de Galicia, (Edición de Lugo), “Voces de Lugo”, 7 setembro 1996, p. 40.

Entrevista co escritor lucense Vicente Piñeiro, autor dun conto dun centenar de páxinas *O Antoniño*, ilustrado por Humberto López. Despois dunha breve síntese biográfica feita polo xornalista, o escritor fálanos da súa infancia, do seu libro e dos seus novos proxectos: un ensaio sobre Aureliano J. Pereira e unha novela histórica sobre a muralla de Lugo.



Vixande, H., “Manuel Forcadela: Os ordenadores poden dominar o formalismo na literatura, pero non a creatividade”, *A Nosa Terra*, nº 750, “Guieiro Cultural”, 31 outubro 1996, p. 25.

Entrevista xurdida co motivo da conferencia pronunciada por Manuel Forcadela na última edición de Galeuzca, congreso celebrado en Andorra en outubro de 1996. Defende o escritor o papel dos ordenadores no proceso da creación literaria “os computadores están ocupando o dominio da técnica, do traballo, pero non da criazón”. Opina que “non hai que ser apocalípticos, nen renegar dos novos medios de produción e distribución de textos”, xa que o manipulable é o dominio lingüístico menor, pero o ordenador fracasa na pragmática no significado pleno das palabras en cada contexto. Afirmar que a literatura ten que redefinirse, vai ter que converterse nunha literatura de estilo, visionaria e renovadora. Denuncia, así mesmo, a ausencia de canles para que se poda producir un debate sobre diversas cuestións como a do papel dos escritores na sociedade, trátase, di “de dar cancha á pluralidade, de non ter medo ás opinións, pero ao tempo saber usar a censura cando a censura é pertinente”. Finalmente responde á etiqueta de escritor polifacético que sobre el recae e ó respecto manifesta que “o tempo atopará unha unidade ao que fago”.



Vizcaíno, Carlos C., “A arte non está para reflectir a realidade”, *El Ideal Gallego*, 27 outubro 1996, p. 53.

Entrevista con Manuel Lourenzo co gallo da estrea de *Pá* de Vicente Montoto, obra da que é director e coa que se celebra o décimo aniversario da compañía Uvegá Teatro. O director analiza a situación do teatro galego, a falta dunha escola de formación, os moitos prexuízos que danan a saúde do noso teatro, o mal funcionamento dos organismos competentes na organización e apoio do teatro e a necesidade de constituír un público. Resalta a falta de continuidade que hai no teatro galego como un dos grandes impedimentos para que este evolucione. O artigo inclúe unha nota sobre o décimo aniversario da compañía Uvegá e outra na que se anuncia a súa actuación no Forum Metropolitano da Coruña.



Volta, Curro, “El teatro es una actividad de enorme valor formativo para los alumnos”, *Diario de Pontevedra*, 11 marzo 1996, p. 8.

Entrevista con Gonzalo Otero Alonso, director do Grupo de Colexios Los Sauces, co gallo da celebración do IIº Festival de Teatro que organiza o colexio. O entrevistado fai declaracións con respecto á Logse e a implantación da ESO e fala do teatro como unha actividade primordial e necesaria en calquera centro educativo debido ó valor cultural, creativo e comunicativo que lle ofrece ós alumnos.



_____, “Miguel Pereira, director de la Editorial de la Diputación Provincial”,
Diario de Pontevedra, 2 setembro 1996, p. 8.

Entrevista con Miguel Pereira Figueroa, director da Editorial da Deputación Provincial de Pontevedra, membro do Patronato do Museo do Pobo Galego e membro de número do Instituto de Estudos Galegos do Consello Superior de Investigacións Científicas. Nesta ocasión, fala sobre o seu traballo na biblioteca, os criterios para a publicación de libros, etc.





V.7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografía

V. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios



A. D., “Jornadas sobre teoría y crítica literaria en Vigo”, *Atlántico Diario*, 3 xaneiro 1996, p. 49.

Breve nota de prensa que informa da celebración e do contido dunhas xornadas sobre teoría e crítica literaria, organizadas polo clube cultural Adiante. Faise mención dos participantes, entre outros, Ramón Nicolás, Xosé María Álvarez Cáccamo, Helena González, Xosé Ramón Mariño, Rexina Rodríguez Vega, Manuel Vieites e Xosé Luís Méndez Ferrín.



_____, “El Consorcio de Santiago publica el libro de Lorca, *Seis poemas gallegos*”, *Atlántico Diario*, 23 xaneiro 1996, p. 51.

Sucinto comentario sobre a publicación da obra *Seis poemas galegos* (1995), de Federico García Lorca, publicación que saíu á luz cando se cumpren sesenta anos da súa primeira edición e o centenario do nacemento de Ánxel Casal, editor dos poemas en Galicia. Recolle, así mesmo, información sobre as características do poemario e unhas notas biográficas sobre o autor do mesmo.



_____, “Conferencias de dos escritores cubanos en Cangas y Moaña”, *Atlántico Diario*, 9 febreiro 1996, p. 55.

Informa da presenza dos escritores cubanos Ángel Augier e Mary Cruz en Galicia e das conferencias que teñen previsto pronunciar na nosa terra. Para rematar, fai un repaso pola traxectoria destes autores, salientando as obras que Mary Cruz ten dedicadas a Rosalía de Castro.



_____, “La asociación de grupos de teatro se disuelve”, *Atlántico Diario*,
13 febreiro 1996, p. 50.

Nota de prensa que informa da disolución da Asociación de Compañías Profesionais de Teatro de Galicia, tras un último intento de captación de socios entre o resto das compañías galegas e ante a falta de respostas por parte do colectivo.



_____, "La Universidad aborda los honoris causa de Filgueira y Peces Barba",
Atlántico Diario, 21 febreiro 1996, p. 9.

Breve comentario sobre o recente nomeamento do profesor Xosé Filgueira Valverde e do político Gregorio Peces Barba, como doutores *Honoris Causa* pola Universidade de Vigo. Na biografía do profesor Filgueira Valverde, salientase o seu traballo no Seminario de Estudos Galegos, o seu labor docente e o seu ingreso na Real Academia Galega no ano 1986.



_____, "El origen vilanovés de Valle-Inclán", *Atlántico Diario*, 26 febreiro 1996,
p. 9.

Fai referencia á presentación, ante a Consellería de Cultura, dun documento "riguroso e irrefutable" co que o biógrafo e investigador de Valle-Inclán, Alejandro Allegue, pretende demostrala orixe do escritor. Segundo Allegue, Valle-Inclán naceu en Vilanova de Arousa e non na Póboa do Caramiñal. A razón que o levou a sacar á luz este documento é "preservar el rigor y el respeto a la verdad histórica".



_____, “Representantes del teatro critican los ‘circuitos culturales’ de la Xunta”,
Atlántico Diario, 3 marzo 1996, p. 10.

Infórmase sobre a reunión mantida por varias asociacións e grupos teatrais para critica-la política da Consellería de Cultura en materia de subvencións para os circuitos culturais, ademais da entrega de axudas a festas patronais e gastronómicas, o decaemento das programacións innovadoras, o fomento do amiguismo e a desaparición da mesa de contratación ou a feira do teatro. Na reunión, solicitouse a creación dunha mesa de seguimento dos circuitos para evitar que se inclúan grupos dependentes de subvencións ou profesionalizados.



_____, “Santiago acoge hoy los actos del Día Mundial del Teatro en Galicia”,
Atlántico Diario, 27 marzo 1996, p. 52.

Informa da celebración dunha festa organizada con motivo do Día Mundial do Teatro, na que participaron a Asociación de actores, directores e técnicos de escena, o Sindicato Galego do Espectáculo e a Aisga. Nela, o actor e director teatral Cándido Pazó, leu un manifesto no que reivindicou a razón de ser e a importancia do teatro. Así mesmo, no artigo infórmase de que se fará entrega dos premios Cigala D' Ouro.



_____, “El Mercantil rinde homenaje a la figura de Ramón Valle-Inclán”,
Atlántico Diario, 8 maio 1996, p. 58.

Con motivo do cento trinta aniversario do nacemento do escritor, o Círculo Mercantil de Vigo ofreceulle unha homenaxe, na que o director e actor de teatro, Máximo Keyzán, pronunciou unha conferencia titulada “Valle-Inclán, autor dramático”. O fundador do Teatro Keyzán recordou outra conferencia que tamén pronunciou hai trinta anos, na conmemoración do centenario do nacemento do autor de *Luces de Bohemia*.



_____, “Nueve instituciones participan en la nueva red gallega de teatros”,
Atlántico Diario, 14 maio 1996, p. 48.

Informa do convenio asinado por nove institucións de teatros públicos e privados coa Consellería de Cultura para crear unha Rede de Teatro Galego. O convenio será xestionado polo IGAEM e nel entrarán aqueles centros que programen un mínimo de seis compañías de teatro galegas ó longo dos oito meses.



_____, "Alonso Montero vai ó Castro a unha homenaxe a Curros", *Atlántico*
Diario, 18 maio 1996, p. 59.

Noticia na que se comenta a participación do catedrático e escritor, Xesús Alonso Montero, nunha homenaxe ós escritores galegos. O acto, que tivo lugar ante o monumento dun dos protagonistas do Rexurdimento, Manuel Curros Enríquez, consistiu nunha ofrenda floral e na lectura dun discurso a cargo de Alonso Montero.



_____, “Escritoras feministas organizan un encontro ibérico de poesía”,
Atlántico Diario, 2 xuño 1996, p. 7.

Informa da celebración do “1º Encontro das poetas peninsulares e das illas”, organizado polas Feministas Independentes Galegas (F.I.G.A.) e a Concellería da Muller do concello vigués. Nel participaron, entre outras, María Xosé Queizán, Maite Fernández, Montserrat Abello, Elsa López e Juana Castro.



A. E., "Xavier Seoane, un dos 110 poetas da festa lírica 'Ardentísima", *O Correo Galego*, 22 abril 1996, p. 37.

Informa da participación do poeta galego, Xavier Seoane, no encontro internacional de lírica "Ardentísima 96". Entre os actos previstos, entregaráselle a segunda Coroa da Poesía a Jorge Luís Borges, que será recollida pola súa viúva, María Kodama.



_____, “Máis de cen poetas din que a obriga de ler afasta os rapaces da lectura”, *O Correo Galego*, 27 abril 1996. p. 44.

Recolle as opinións de máis de cen poetas de sesenta países, que participaron en Ardentísima, a IIIª Feira Internacional da Poesía que se celebrou na cidade de Murcia. O organizador da feira, José María Álvarez, anunciou a creación dunha revista internacional de poesía, que se editará simultaneamente en varios países. Ademais, afirmou que os baixos índices de lectura veñen determinados polas imposicións académicas, que sempre son perxudiciais. O único galego que asistiu á feira foi Xavier Seoane.



_____, “Castells abre o ciclo ‘Castelao e Galeuzca’ de Bilbao”, *O Correo Galego*, 14 maio 1996, p. 33.

Sucinto comentario no que se informa dalgúns dos actos que terán lugar no ciclo *Castelao e Galeuzca* en Bilbao, en homenaxe a Castelao e á revista *Galeuzca*. O evento foi organizado pola Fundación Sabino Arana e, entre as actividades previstas, destácase unha conferencia do profesor da Universidade de Santiago, Xosé Luís Barreiro, titulada “O pacto de Galeuzca: presente e futuro”; outra da historiadora e parlamentaria do B.N.G., Pilar García Negro, baixo o título “O pensamento de Castelao” e unha intervención do profesor de historia da Universidade de Deusto, Xosé Estévez, sobre “Castelao y los vascos e Galeuzca en el surco de la memoria”.



_____, “A FIGA organiza en Vigo o I Encontro de poetisas”, *O Correo Galego*,
2 xuño 1996, p. 53.

Breve nota informativa sobre o Iº Encontro das poetas peninsulares e das illas, celebrado en Vigo. A directora do mesmo, María Xosé Queizán, sinalou que, nestes momentos, “a produción poética feminina é moi abundante e de gran calidade”. Pretenden, así mesmo, que con este encontro o público lector “poida reflexionar coas propias poetas sobre as distintas realidades da lírica”.



_____, “Antón Risco explica en Xapón a vida e obra de Azorín”, *O Correo Galego*, 19 xuño 1996, p. 43.

Breve comentario que informa dunha conferencia pronunciada polo profesor de Allariz, Antón Risco, sobre a persoa e a obra literaria de José Martínez Ruíz, Azorín. Nela, Risco fixo referencia á notable influencia de Azorín na literatura española deste século, ó tempo que destacou o seu afervorado idealismo e comparou a súa escrita coa de Borges. A conferencia, pronunciada ante un grupo de estudantes e hispanistas chineses, tivo como escenario o Auditorio da Universidade de Linguas Estranxeiras de Pequín.



A. G., “Pilar Pallarés tratou onte do simbolismo na obra de Pimentel”,

El Progreso, 28 febreiro 1996, p.59.

Informa sobre o contido da conferencia “Rosas na sombra”, pronunciada por Pilar Pallarés e organizada polo clube cultural Valle Inclán dentro do ciclo “Xente das nosas rúas”. Recolle tamén unhas declaracións desta profesora e escritora coruñesa nas que salienta a universalidade da obra de Pimentel así como a constante preocupación pola esencia na poesía, rexeitando todo o superficial.



A. G. N., “Torrente, Conde y Filgueira rinden homenaje a Elena Quiroga”, *Diario de Pontevedra*, 20 xaneiro 1996, p. 22.

Informa brevemente dun acto de homenaxe á escritora e académica Elena Quiroga no que intervirán o tamén escritor e académico da Historia Gonzalo Anes; o escritor Alfredo Conde, o presidente do Consello da Cultura Galega Xosé Filgueira Valverde; o escritor ferrolán Gonzalo Torrente Ballester e o rector da Universidade de Santiago, Darío Villanueva.



_____, “Torrente Ballester participará en el homenaje a Elena Quiroga”, *Diario de Pontevedra*, 23 xaneiro 1996, p. 24.

Informa dos actos que se celebrarán na Casa de Galicia en Madrid como homenaxe á escritora e académica Elena Quiroga. Entre outras, destacou a intervención do escritor ferrolán Gonzalo Torrente Ballester, que participou nunha mesa redonda.



_____, “Presentada la edición facsímil de la revista *Gelmírez*”, *Diario de Pontevedra*, 25 xaneiro 1996, p. 22.

Nota sobre a presentación da edición facsimilar da revista *Gelmírez* (1995). Recóllense as palabras eloxiosas que Manuel Regueiro, Director de Política Lingüística, dedicou á publicación, así como a nómina de colaboradores da publicación do instituto compostelán -Manuel Rabanal Álvarez, Ramón Otero Pedrayo, Aquilino Iglesia Alvariño, Antón Fraguas, Victoriano Crémer, entre outros.



_____, “Los librereros gallegos quieren abrir el Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 25 xaneiro 1996, p. 23.

Inserido nun artigo que ten por tema central a petición formulada pola Federación de Libreiros de Galicia ós conselleiros de Educación e Cultura para poder abri-lo 17 de maio, informa brevemente da presentación de *As leiras do Lerias* (1996), última obra do xornalista e escritor Daniel Hortas.



_____, “Xerais publica tres libros de su colección de teatro”, *Atlántico Diario*,
23 febreiro 1996, p. 48.

Anúnciase a saída de tres libros coeditados polo I.G.A.E.M. e Xerais no 1995: *As vodas de Fígaro*, de Caron de Beaumarchais, *Commedia*, de Carlo Goldoni, e *Lugar*, de Raúl Dans. Con estes tres novos títulos a colección “llega a su mayoría de edad”, xa que se converteu “en una colección de referencia en Galicia y se sitúa entre las colecciones más interesantes de teatro de España.



_____, "Xerardo Estévez presenta hoy en Madrid la edición de *Seis poemas galegos*", *Diario de Pontevedra*, 16 abril 1996, p. 23.

Dá conta da presentación do libro *Seis poemas galegos* (1995), de Federico García Lorca. O acto tivo lugar en Madrid con motivo da inauguración da exposición "García Lorca y Galicia". No artigo ofrécese, así mesmo, un breve perfil biográfico do poeta granadino.



_____, “*Seis poemas galegos*, de Lorca, llegan a Madrid”, *Atlántico Diario/La Región*, 16 abril 1996, p. 51/p. 49.

Dá noticia da presentación, en Madrid, dunha edición facsimilar do libro de Federico García Lorca, *Seis poemas galegos* (1995). A cerimonia foi presidida polo alcalde de Santiago, Xerardo Estévez, e forma parte dos actos establecidos con motivo da inauguración da exposición “García Lorca y Galicia”.



_____, “Pérez Varela presidió la presentación del ciclo de conferencias
‘Os nosos escritores”, *Diario de Pontevedra*, 30 outubro 1996, p. 22.

Dá conta da celebración da segunda edición dun ciclo de conferencias sobre autores galegos, organizado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Nel participaron vintedous escritores galegos, entre eles Uxío Novoneyra, Xosé Neira Vilas, Alfredo Conde, Francisco Fernández del Riego, Xavier Alcalá, Manuel María e Carlos Casares.



_____, “Veintidós escritores gallegos ofrecerán 41 conferencias bajo los auspicios de la Xunta”/“Una veintena de escritores explicarán su obra por los pueblos de Galicia”, *Atlántico Diario/La Región*, 30 outubro 1996, p. 42/p. 58.

Informa dun ciclo de corenta e unha conferencias que ofrecerán vintedous escritores galegos nas catro provincias, dende o 6 de novembro ata o 13 de decembro. Nunha das intervencións nesta iniciativa da Xunta de Galicia, afirmou-se que durante este ano 1996 se editaron 536 títulos dos que 450 son orixinais de autores galegos.



_____, “Escritores itinerantes”, *El Progreso*, 30 outubro 1996, p. 57.

Dá noticia sobre un ciclo de conferencias que se celebran nas catro provincias galegas. No ciclo, titulado “Os nosos escritores”, participaron vintedous autores galegos que reflexionaron sobre a literatura en lingua galega e deron a coñece-las súas obras.



_____, “Exposición en recuerdo del fundador de la editorial ‘Ruedo Ibérico’”,
Diario de Pontevedra, 5 novembro 1996, p. 23.

Recolle a inauguración, na Galería Sargadelos de Santiago, da exposición fotográfica e bibliográfica sobre a editorial Ruedo Ibérico, fundada por José Martínez, falecido hai dez anos. A exposición está organizada por Ediciós do Castro e ofrece un achegamento á persoa do fundador da citada editorial, creada no ano 1962 en colaboración con Nicolás Sánchez Albornoz. Así mesmo, no artigo dáse conta dunha exposición que será inaugurada en Fuentevaqueros (Granada) e que xirará ó redor da persoa e da obra do poeta granadino Federico García Lorca. A mostra recolle, sobre todo, aqueles indicios que revelan a súa relación con Galicia, lembran a súa fascinación por Rosalía de Castro e as viaxes que realizou a Galicia dende o ano 1916.



_____, “Homenajearán hoy al monfortino Lois Pereiro con un recital poético”, *El Progreso*, 10 decembro 1996, p. 61.

Comentario sobre unha homenaxe ó poeta monfortino, Lois Pereiro, que terá lugar na Facultade de Políticas de Santiago. Ofrece, así mesmo, un brevísimo perfil biográfico do autor.



A. I., “Manuel Vilanova opina que existe una ‘inflación’ de publicaciones”,

O Correo Galego/El Correo Gallego, 26 abril 1996, p. 34/p. 50.

Infórmase da participación do catedrático de Lingua e Literatura, Manuel Vilanova, nun ciclo de tertulias organizado polo Colexio Maior La Estila, cunha conferencia titulada “Conversas sobre a Narrativa Galega Actual”. O escritor ourensán destacou o incremento das publicacións en Galicia, “desde novela negra, que de 1985 para atrás non había ningunha, ás de misterio e terror, e incluso literatura erótica, cun premio instaurado, mentres que a ciencia-ficción non termina de entrar no lector”.



_____, “Xaquín del Valle-Inclán abre a colección ‘Os contos do paraíso’”, *O Correo Galego*, 25 maio 1996, p. 42.

Dá conta dunha iniciativa do bar santiagués O Paraíso Perdido. Trátase da colección “Os contos do paraíso”, que se abrirá cun libro de Xaquín del Valle-Inclán, titulado *Paradise Lost*.



_____, “Alumnos del Antón Fraguas vivieron una fiesta de música, baile y teatro”, *El Correo Gallego*, 4 xuño 1996, p. 31.

Noticia dos actos de celebración do *Día da Música, Danza e Teatro* levados a cabo polos alumnos do instituto santiagués Antón Fraguas. Os alumnos representaron as seguintes pezas teatrais: *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, *Médico de marujas* e *Luces de bohemia* de Valle-Inclán, *La estanquera de Vallecas* de Alonso de Santos, *La casa de Bernarda Alba* e *Rosa de papel*, *Farsa italiana da enamorada do rei*, *Rosarito* e *A cabeza do bautista*.



_____, “Espacio Aberto inicia nuevos cursos de danza y teatro en la próxima semana”, *El Correo Gallego*, 12 setembro 1996, p. 26.

Noticia do inicio das actividades de ensino teatral e de danza que organiza Espacio Aberto. Entre os cursos de teatro anúncianse o *Curso de iniciación ó teatro*, *Curso regular de teatro* e *Curso de traballo corporal para actores*, impartidos por Carlos Neira; *Curso de expresión oral para actores* e *Expresión oral* a cargo de Cristina Domínguez; *Curso de canto para actores*, de Ramón Bermejo e *Curso de teatro para xóvenes* de Ursia Gago.



_____, “Lupe Gómez presentó sus nuevos poemas tras el éxito de Pornografía”,
El Correo Gallego, 18 decembro 1996, p. 31.

Informa, brevemente, da presentación dos novos poemas de Lupe Gómez, na Residencia Universitaria Burgo das Nacións, en Compostela. A poeta afirmou que os seus novos poemas “seguen na mesma liña cos anteriores poemas recollidos no libro *Pornografía*, aínda que cambiou os temas, xa que “eu estou atravesando unha etapa moi diferente á anterior”. Afirmou, así mesmo, que para publicar un libro é preciso chamar a moitas portas, “supón un gran esforzo, pero non é unha tarefa imposible”.



A. N. E., “Ourense acollerá a presentación dun cómic interactivo”, *O Correo Galego*, 29 outubro 1996, p. 43.

Informa da presentación, en Ourense, dun cómic interactivo titulado *D.R..N.*, do colectivo artístico de debuxo marileño “Dijo el monje”. Trátase dunha das primeiras experiencias no ámbito da banda deseñada interactiva. A presentación enmárcase dentro dos actos de conmemoración do primeiro centenario do cómic, que contempla a realización de mesas redondas e debates sobre o presente e o futuro da banda deseñada, centrándose no emprego das novas tecnoloxías.



A. O., “Teatro a mansalva”, *La Voz de Galicia*, 26 abril 1996, p. 44.

Nota informativa da programación das distintas salas de Santiago para a fin de semana con varios grupos de Teatro, Teatro do Atlántico na Aula de Cultura coa obra *Casa de bonecas*, de Henrik Ibsen, Matarile Teatro na Sala Galán coa peza *Zeppelin nº 7*, o grupo Caravaca coa obra *El niño de Belén* e o Grupo Pro-Autores con *La importancia de llamarse Ernesto* no Teatro Principal.



A. Y., “Alfredo Conde opina que ha diminuído el nivel medio de la literatura gallega”, *El Correo Gallego*, 24 abril 1996, p. 31.

Infórmase dun ciclo de tertulias organizado polo Colexio Maior La Estila e no que participou o escritor Alfredo Conde. Na súa charla ofreceu unha visión persoal da literatura galega. O escritor mostrouse un tanto pesimista e afirmou que, a pesar de que se publica máis, o nivel medio da literatura galega non é tan alto como algúns anos atrás, porque se editan libros dun xeito indiscriminado.



Acuña, X. Enrique, “Marín: un primeiro de Maio de hai 99 anos. O obreiro Sebastián Recuna recitou no *meeting* unha poesía proletaria en lingua galega”, *A Nosa Terra*, nº 723, “Guieiro Cultural”, 25 abril 1996, p. 26.

Informa dos actos do primeiro de maio que se celebraron na vila de Marín. Entre eles, destacou a lectura dun poema, en lingua galega, sobre a clase proletaria. Ofrécese, así mesmo, a reprodución da citada composición poética.



_____, “Noticia do dramaturgo antifascista Antonio Ramos Varela”, *A Nosa Terra*, nº 757, “Guieiro Cultural”, 19 decembro 1996, p. 24.

O articulista dá noticia da publicación en 1933 en Edicións Resol, dunha peza dramática en castelán do dramaturgo Antonio Ramos Varela, titulada *Un suceso en los arrabales*. A obra foi recibida no seu momento con sorpresa, debido ós seus atrevidos diálogos e á “crudeza das escenas”. Acuña pensa que esta obra “non ten comparación posíbel no teatro galego daquel tempo e difícil colocación coa dramaturxia que naqueles mesmos anos se representaba no estado español”. Sinala tamén que este autor formou parte xunto a Dieste, Sánchez Barbudo, Otero Espasandín, Arturo Serrano e Fernández Mazas, das Misións Pedagóxicas e informa das circunstancias da súa morte, que o converten noutra vítima máis da barbarie fascista do 36.



Adrio, Carme, “José de Cora presenta su libro sobre Pelúdez en honor a Trapero Pardo” *La Voz de Galicia* (Edición de Lugo), 11 xaneiro 1996, p. 40.

Noticia da presentación en Lugo do libro de José de Cora *Pelúdez despide a Trapacero* no que o autor fai un breve trazado de Pelúdez, un personaxe tradicional das festas de San Froilán. O libro recolle artigos de Trapacero.



_____, “Explican en Humanidades las dificultades para explicar lengua gallega en Rusia”, *La Voz de Galicia* (Edición de Lugo), 22 maio 1996, p. 40.

A profesora da Universidade de San Petersburgo Elena Zernova pronunciou unha conferencia no campus de Lugo titulada “Galicia e os estudos galegos en Rusia” na que dá noticia dun proxecto de investigación na devandita Universidade sobre Rosalía de Castro e da publicación en edición bilingüe dunha antoloxía da literatura galega da que xa teñen visto a luz dous tomos.



Agrelo, J. C., “La Universidad honró al viejo profesor”, *Diario de Pontevedra*,
“Diario Universidade”, nº 9, 5 xuño 1996, p. II.

Fai referencia ó nomeamento de Filgueira Valverde como doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo, unha proposta do departamento de Filloxía Galega da facultade de Humanidades, como recoñecemento ó seu incansable labor docente, investigador e de divulgación da cultura e da literatura galegas.



Agulla, Álvaro, “El escritor Darío Xohán Cabana ofreció varias charlas en el municipio”, *Diario de Pontevedra*, 26 marzo 1996, p.16.

Informa dos actos conmemorativos da “IX Semana Cultural de Beluso”, salientando as conferencias pronunciadas por Darío Xohán Cabana nas que o escritor da Terra Chá ofrece unha visión da literatura a través do comentario de varias obras súas.



_____, “Antoloxía da poesía galega’ para los escolares del municipio”, *Diario de Pontevedra*, 29 maio 1996, p. 18.

Breve comentario no que se informa sobre un recital de poesía, da man do actor Jaime Marín, que tivo lugar na Casa da Cultura de Bueu, ó que asistiron escolares dos centros Virxe Milagrosa e A Pedra. Nesta ocasión, Jaime Marín fixo un repaso pola poesía galega, coa axuda de música popular e de diapositivas relacionadas coa temática de cada un dos poemas.



_____, “Unha mesa redonda abre las actividades de la Asociación ‘Amigos de Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 12 decembro 1996, p.18.

Informa sobre o inicio das actividades da Asociación “Amigos de Carballeira” de Bueu, cunha mesa redonda na que os principais estudiosos da súa obra: Jesús Portela Medraño e Xosé Manuel Millán Otero, tentarán achegarnos á figura de José Gómez de la Cueva. Finalmente, dá conta da presentación do libro *Cartafol de Poesía*, editado polo Colexio de Bueu e que recolle poesías de “Johan Carballeira”.



Airas Solís, Francisco, “Cunqueiro, fábula y estilo”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, 2ª época, nº 8, 14 decembro 1996, p. VI.

Amplio artigo no que se ofrece un perfil biográfico do escritor mindoniense, Álvaro Cunqueiro. Entre as súas obras cita *Mar ao norde* (1932), *Poemas do si e non* (1933), *Cantiga nova que se chama Ribeira* (1933), *Merlín e familia* (1955), *As crónicas do Sochantre* (1959), *Os outros feirantes* (Premio da Crítica, 1980), *Herba de aquí ou acolá* (1980), etc. Cita, así mesmo, as súas numerosas colaboracións a nivel xornalístico.



_____, “La voz de un gallego practicante”, *Diario de Pontevedra*, 14 decembro 1996, p. 14.

Artigo dedicado á traxectoria literaria de Álvaro Cunqueiro. O articulista destaca que se trata dun escritor en galego que, na etapa franquista, se traduce a si mesmo ó castelán, o que supón, na súa opinión “un valiente y fructífero desafío a la dictadura”. Repasa brevemente algúns dos feitos máis significativos da súa biografía e menciona os seus principais títulos e distincións.



_____, “85 anos do nacemento de Cunqueiro”, *O Correo Galego*, 26 decembro 1996, p. 38.

Breve apuntamento biográfico sobre Álvaro Cunqueiro, ó se cumprir 85 anos do seu nacemento (22 de decembro de 1911). O articulista sinala ademais que a súa actitude lingüística, primeiro escritor en galego e logo autotraductor dos seus escritos ó castelán, debe entenderse como “un valente e fructífero desafío á dictadura”. Comenta ademais que a súa narrativa fantástica “está na liña do realismo máxico”.



Alonso, Eliseo, “Eliseo Alonso, también plagiado en Portugal”, *Atlántico Diario*, “Cartas al director”, 21 xuño 1996, p. 28.

O escritor Eliseo Alonso manifesta abertamente a súa protesta ante os continuos plaxios de que é obxecto a súa obra. Nesta ocasión, quíxase sobre o labor que, na súa opinión, está a levar a cabo un xornalista portugués, Castro Guerreiro quen, nas páxinas do semanario *Caminhense* copia, traducidos ó portugués, capítulos enteiros do seu libro *Pescadores del río Miño*.



Alonso, Santos, “Cuentos de antología”, *Diario 16 de Galicia*, “Culturas. Libros”,
29 xuño 1996, p. 8.

Breve referencia á obra de Manuel Rivas *¿Que me queres, amor?* (1995), gañadora do premio Torrente Ballester e traducida ó castelán no ano 1996. Segundo o articulista, a obra é tremendamente lírica, as súas imaxes, composicións e metáforas, “lejos de entorpecer la narración, desentrañan la intimidad de las palabras para extraer su mejor jugo”.



Alonso de la Torre, J. R., “Publicar en Galicia”, *La Voz de Galicia*, 13 xuño 1996, pp. 3-4.

Amplio artigo no que se analiza con detalle a longa traxectoria que todo escritor novel ten que superar antes da publicación da súa primeira obra. Así mesmo, recolle as impresións e experiencias que, en cuestións editoriais, teñen autores como Carlos Casares, Xosé Antonio Moreno, Damián Villalaín ou Ricardo Beiras, entre outros.



_____, “Un escritor sen corsé”, *La Voz de Galicia* (Edición de Arousa), “Callejón del Viento”, 29 outubro 1996.

Breve semblanza personal de Manuel Seixas con motivo da concesión do premio Xerais á súa obra *A velocidade do frío*.



Albarenga, C., “Poetas y artistas, autores de un libro dedicado a las Fiestas del Carmen de A Guarda”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), 7 xullo 1996, p. 48.

A Comisión da Virxe do Carme editou un libro de festas titulado *A Guarda navega coa cultura galega*, no que hai poemas e prosa de autores como Xosé Neira Vilas, María do Carme Kruckenberg, Eliseo Alonso, Antón Reixa, Méndez Ferrín e Miguel Anxo Fernán-Vello entre outros.



Álvarez, José Luís , “Manuel Rivas: ‘Creo que vivimos aún en la prehistoria’/“Rivas: ‘La literatura no puede estar al servicio de tesis ideológicas’/“Manuel Rivas arremete contra a mediocridade dos dirixentes”, *Diario de Pontevedra/Atlántico Diario/El Correo Gallego/O Correo Galego*, 17 novembro 1996, p. 24/p. 56/p. 10/p. 55.

Recóllense algunhas impresións do escritor Manuel Rivas que vén de gañar los premios Nacional de Literatura e Torrente Ballester pola súa novela *¿Qué me quieres, amor?* (1995). O escritor e xornalista coruñés afirma que os autores españois precisan comprometerse coa sociedade. Recoñece que o éxito da literatura galega se debe á súa tradición literaria e cultural, que está “llena de imaginación, de humor y de romanticismo porque siempre estuvo hecha contra la adversidad”. Así mesmo, como membro fundador da asociación ecoloxista Greenpeace, afirma que en Galicia, a estas alturas, podemos salvar-la lingua pero perder-la terra; opina sobre o futuro de Galicia, a xuventude, o labor da clase política e a actividade xornalística na nosa Comunidade.



Álvarez Cáccamo, Xosé María, “As medidas do verso libre” *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXVI, 25 maio 1996, p. 2.

Reflexión sobre as características do verso libre, que o articulista considera “unha das claves caracterizadoras da Poesía moderna”. Sinala que o verso libre non permite a “efusión sentimental descontrolada” e esixe un grande esforzo por parte dos poetas. Refírese tamén ás diferencias con respecto ó verso clásico e á ausencia de “coerción” retórica nas composicións versolibristas. Entre os cultivadores deste tipo de versificación menciona a Baudelaire, Rimbaud, Lautréamont, Mallarmé, Heine, Novalis, entre outros e sinala como antecedente un poema de Rosalía, pertencente a *En las orillas del Sar* “sen rima e con verso de metro fluctuante”.



Araguas, Vicente, “Poemas de amor e morte”, *O Correo Galego*, 21 xuño 1996,
p. 36.

Recordo do poeta monfortino Lois Pereiro, un home autodidacta, segundo algúns. Alude, así mesmo, á súa obra *Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995* (1995), un libro de poemas “directo e tenso, ponderado e medido, dotado dese *patros* que soamente pode inspirar a autenticidade”.



Arias, Xoán, “Guitiriz recibe el sábado a Antonio Pérez Prado, último ‘Pedrón de Ouro”, *El Progreso*, 23 maio 1996, p. 15.

Referencia a un acto que terá lugar en Guitiriz, organizado pola Asociación Cultural Xermolos, e no que se recibirá ó escritor arxentino Antonio Pérez Prado, recentemente galardoado do Pedrón de Ouro. Haberá unha mesa redonda na que participarán o poeta chairego Manuel María, Miguel Anxo Seixas, escritor e coordinador do Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega, e o propio homenaxeado.



Armesto Faginas, Xosé F., “Plural Castroviejo”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), “Recordando el ayer”, 26 xuño 1996, p. 42.

O articulista lembra unha conferencia que José María Castroviejo deu na Universidade de Buenos Aires e na que falou de economía política.



_____, “Las propiedades de Fole”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo),
“Recordando el Ayer”, 13 xullo 1996, p. 42.

Breve nota sobre Ánxel Fole que comenta a crenza que había en moita xente de que o escritor era un “ricachón” de Vigo onde tería propiedades. É todo porque cobraba unhas pesetas polas súas colaboracións en “El Pueblo Gallego” de Portela Valladares.



_____, “Vigo y Filgueira”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), “De Sol a Sol”,
15 agosto 1996, p. 50.

O xornalista fala da estreita vinculación existente entre Filgueira Valverde e Vigo e lembra unha ocasión na que escoitou ó ilustre polígrafo recita-las cantigas de Martín Códax e outros poemas de Rosalía.



_____, “Celso Emilio y las ruinas”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo),
“Recordando el ayer”, 21 setembro 1996, p. 47.

Lembranza dunha anécdota que ten como protagonista a Castroviejo, Filgueira Valverde e Celso Emilio Ferreiro que serve de mostra para reflecti-lo ambiente cultural do Vigo dos 60.



_____, “Paraguas”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), “Recordando el ayer”, 10 outubro 1996, p. 46.

Lembranza dunha conferencia que deu Cunqueiro sobre os paraugas. Fálase ó mesmo tempo da presenza deste obxecto na narrativa do escritor mindoniense.



_____, “Bugallal, poeta e escritor”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo),
“Recordando el ayer”, 15 outubro 1996, p. 47.

Breve lembranza dun pintor e poeta vigués morto moi novo chamado Javier Bugallal Pérez de Castro do que o articulista fai un breve resumo biográfico.



Asociación de actores, directores e técnicos de escena, “Resposta a Alfredo Conde”, *El Correo Gallego*, 2 novembro 1996, p. 4.

Trátase da resposta da asociación asinante a un artigo de Alfredo Conde (8 de outubro de 1996) acerca do mundo do teatro no que criticaba algúns aspectos que, con esta resposta, pretenden ser aclarados. Os elementos criticados son os catálogos de actrices e actores, o dominio de idiomas dos asociados e a inclusión, nos catálogos, dos teléfonos das actrices.



B. M., “Los libros en miniatura y los cómics son las mayores atracciones del evento”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), “Feria del Libro”, 3 xullo 1996, p. 45.

Con motivo da celebración en Vigo da Feira do Libro, o articulista fai un repaso polas doce feiras deste tipo que se celebran en Galicia. Destaca a presenza en Vigo dos escritores Isaac Otero, Xoán Bernárdez Vilar e Suso de Toro. No mesmo artigo e baixo o título “Ramiro Fonte piensa que la feria casa el libro con el lector”, reproducense as palabras do poeta Ramiro Fonte, pregoeiro desta XXIIª edición. Pensa que a imaxe do escritor galego fronte ó seu público é minoritaria e que en Galicia non hai feiras masivas.



B. M. A., “Una edición de *El Quijote de la Mancha* del año 1930 cuesta 250.000 pesetas”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), “Feria del Libro”, 5 xullo 1996, p. 55.

A Feira do Libro celebrada en Vigo, contou coa presenza do poeta Cesáreo Sánchez Iglesias, quen firmou exemplares do seu oitavo libro *O rostro da terra*, obra coa que deixa atrás o ciclo da auga e inicia o ciclo da luz.



Babarro, Xoán, “Literatura galega de Asturias, León e Zamora”, *O Correo Galego*, “O Correo da escola”, 12 marzo 1996, p. 4.

O escritor de Calvelo de Maceda, Xoán Babarro, fai un percorrido pola obra de autores pertencentes ó chamado bloque oriental, como é o caso de Antonio Fernández Morales, que publicou no ano 1861 os *Ensaio poéticos en dialecto berciano*, Armando Cotarelo Valledor, da época das Irmandades da Fala ou Antolín Santos Mediante Ferreira, autor que cantou ás paisaxes e ás xentes das ribeiras do Eo. Alude tamén ó intenso labor da Mesa pola Defensa do Galego de Asturias e á nova colección “Carballo Novo”, na que o escritor Xosé Carlos Álvarez Blanco vén de publica-la obra *El serzo no louxado*.



Balado, Ramón, “La bruma ensoñadora de Cunqueiro”, *El Correo Gallego*,
27 novembro 1996, p. 33.

Ramón Balado comenta a influencia exercida por Cunqueiro no novo disco de Emilio Cao, *Sinbad en Galicia*. Cita os músicos que acompañan ó cantautor neste traballo e os textos literarios que utilizou no mesmo.



Ballesteros, Xosé, “Non leron a Platón. Carta aberta ao sr. Veiga”, *A Nosa Terra*, nº 713, “Guieiro Cultural”, 15 febreiro 1996, p. 18.

O escritor Xosé Ballesteros diríxese, nunha carta aberta, ó crítico literario Manolo Veiga ó que acusa de ser un neoplatónico, cando afirma que “algúns dos editores galegos pronúncianse ultimamente e con claridade polo predominio do autor sobre a obra”.



Barrera, Héctor, “El 1 de abril comenzará un nuevo curso extraordinario de disciplinas artísticas”, *El Correo Gallego*, “Gallegos en el mundo”, 19 marzo 1996, p. 60.

Dá conta da celebración dun curso de danza, música e teatro, organizado pola Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas, en colaboración co Instituto Galego das Artes e Técnicas Musicais (I.G.A.E.M.) e a Consellería de Cultura. Na parte dedicada ó teatro, intervirán Andrés Pazos, Manuel Guede e Francisco Oti, do Centro Dramático Galego. Durante o curso representarase, en Ourense, a obra de Armando Cotarelo, *Hostia*, e farase unha introducción xeral sobre o teatro galego: a súa historia, a situación actual e os métodos teatrais máis cultivados.



Bernárdez, Carlos L., “Galeuzca’ 95, un congreso para a memoria”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVIII, 6 xaneiro 1996, p. 2.

O artigo dá conta do decorrer de Galeuzca’95, o XIIº Encontro de Escritores Galegos, Vascos e Cataláns, celebrado na Coruña os días 8, 9 e 10 de decembro de 1995 e no que se abordou de xeito monográfico a repercusión da emigración e o exilio nas tres literaturas. Fai referencia ós distintos actos celebrados dende a sesión inaugural ata as diversas intervencións, facendo breves resumos das mesmas. Dédicalle especial atención á conferencia inaugural lida por Xosé Neira Vilas, na que falou sobre a literatura galega en América. Remata cunha louvanza para o conxunto do congreso, lamentando, sen embargo, o excesivo énfase que, ó seu xuízo, se puxo nas cuestións históricas e sociolóxicas en prexuízo das literarias.



Blanco, Lois, “Alonso Montero augura un porvir ‘moi problemático’ para o galego”, *La Voz de Galicia*, 18 setembro 1996, p. 7.

Informa do contido dunha conferencia que o profesor X. Alonso Montero pronunciou no marco do Congreso do Instituto da Lingua Galega (I.L.G.), titulado “A lingua galega. Historia e actualidade”. A intervención de Alonso Montero, “O escritor galego e o problema da lingua”, centrouse na situación actual do galego como lingua diferenciada. Aludiu, así mesmo, ós problemas cos que se atoparon os primeiros escritores na súa loita particular coa lingua galega, “nin oficializada, nin ben estudada, nin escolarizada”, en palabras do autor do artigo, Lois Blanco.



_____, “O escritor Carlos Casares asume o reto de renova-lo Consello da Cultura Galega”, *La Voz de Galicia*, 15 outubro 1996, p. 7.

Breve comentario sobre a sesión de investidura de Carlos Casares como presidente do Consello da Cultura Galega, en substitución do profesor Xosé Fernando Filgueira Valverde. Alude ós seus proxectos máis inmediatos, que continuarán na liña iniciada polos seus antecesores Ramón Piñeiro e Filgueira Valverde. Afirmo que habería que empezar por “facer un diagnóstico da nosa cultura e estudia-los grandes problemas, porque nos enfrentamos a un mundo con cambios trepidantes que poñen en perigo ás culturas tradicionais”.



Blanco Amor, Eduardo, “O Apóstolo ha berrar *Viva Galiza Ceibe!*”, *A Nosa Terra*, nº 736, 25 xullo 1996, pp. 12-13.

Reproducción dun artigo publicado inicialmente por Blanco Amor en *La Nación e El Pueblo Gallego* o 25 de xullo de 1934, no que o autor fala da celebración do Día de Galicia centrándose, máis ben, na vertente relixiosa desta festa, facendo un percorrido histórico por diversas épocas na procura dos significados atribuídos á celebración, o cal é ilustrado con versos e cancións. Concédelle grande importancia ás peregrinacións e ó espallamento e intercambio cultural que supuxo o Camiño de Santiago e non esquece unha reflexión sobre a Galicia do presente en día tan sinalado.



Borobó, “Anacos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, marzo 1996, pp. 1-8.

Reimundo García Domínguez (Borobó) presenta doce “Anacos” pertencentes á sección que mantiña co mesmo nome no xornal santiagués *La Noche*. Os textos elixidos, sen datar e de temas variados, son: “El penúltimo eduardino” -no que fala da figura política de Churchill-; “Pregoncillo de las fiestas” -no que recrea a festa do 25 de xullo en Compostela citando algúns versos dos *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca-; “El cofre compostelano” -sobre o Cid Campeador e a súa relación con Compostela-; “Ovidio y la guerra de Cuba” -onde recupera un episodio da vida de Ovidio Murguía que mostra a súa relación con Montero Ríos-; “El Marqués de Riestra” reflexión sobre o caciquismo e un dos seus representantes, o Marqués de Riestra-; “La Reina y el Bardo” -lembra a habilidade oratoria de Ramón Otero Pedrayo, capaz de engaiolar, na opinión de Borobó, a todo tipo de público-; “La vuelta en tarazona” -comentario sobre a inutilidade do esforzo dos ciclistas-; “Sobre las chisteras” -onde recolle unha anécdota histórica sobre as omnipresentes chisteiras dos tempos de Isabel II-; “Machado, *vindeirista*” -lembra a morte en Colliure de Antonio Machado e a súa calidade como poeta-; “Los gobernantes de fuera” -reflexión sobre a valía de certos políticos que desempeñan cargos fóra da súa terra natal- e “La escuela de Don Antonio” -no que recupera as súas vivencias escolares. Inclúe tamén o “Anaco” titulado “El complejo de Polícrates”, onde Borobó dá conta da aparición do volume 7 *Ensayos sobre Rosalía*, no que participaron Carballo Calero, García-Sabell, Jacinto del Prado, Celestino F. de la Vega, Ramón Piñeiro, Salvador Lorenzana e Rof Carballo. Menciona especialmente o ensaio deste último, centrado no complexo de Polícrates, no que se explica a denominación deste fenómeno e a historia de Polícrates.



Bouzón, Avelino, “Amorín recuerda al escritor Eliseo Alonso”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño/Louriña”, 27 decembro 1996, p. VI.

Lembranza de Eliseo Alonso, “el viajero incansable, el conversador entrañable y el poeta de saudades que falleció el mes pasado”, Ofrece un amplo perfil biográfico do autor e cita algunhas das súas obras: *Contos de Cotovía* (1950), *Tres flores, tres pastoras, allá lejos* (1987) e *Contos do Miño* (1992).



Bruzón, M. J., “Vender cultura”, *Atlántico Diario*, 3 xaneiro 1996, p. 50.

Inserido nun artigo máis amplo, no que José Manuel Alonso, presidente da Federación de Libreiros de Galicia, aborda a problemática da adaptación do libro ás condicións do mercado, ten un breve estudio inicial no que se comenta a porcentaxe que ocupa cada un dos xéneros no referente ás obras escritas na nosa lingua. Fai unha comparación coas outras linguas nacionais do Estado e con outros períodos das nosas letras.



Bueno, Nuria, “Viva la vida. Se acerca la primavera”, *La Región*, “Vida”, 10 marzo 1996, p. 2.

Noticia na que se informa das actividades culturais que se levarán a cabo na primavera ourensá, actividades entre as que se atopa un encontro poético, da man de Manuel Blanco, Víctor Campia, Xosé Carlos Caneiro, Ramón Caride, Eduardo González, Manuel Guede, Millán Picouto, Cesáreo Sánchez e Pura Vázquez.



Burés Miguéns, María Teresa, “O libro das horas de Fernando I”, *Faro de Vigo*, 24 febreiro 1996, p. 56.

Fai referencia ó manuscrito máis antigo que existe en Galicia, *O libro de horas de Fernando I*, conservado na Universidade de Santiago. O libro estivo exposto ó público durante a Exposición *Gallaecia Fulget*: cinco séculos de historia Universitaria, conmemorativa do Vº Centenario da Universidade Compostelana. Ó final do artigo ofrécense unhas breves referencias bibliográficas.



_____, “Lago González, un arcebispo que dedicou a súa vida a cultura galega”,
El Ideal Gallego, “Noticias de Compostela”, 23 xuño 1996, p. 9.

Amplo artigo de carácter informativo no que se ofrece unha extensa biografía do que foi arcebispo de Santiago e membro de honor do Seminario de Estudos Galegos, Manuel Lago González. Faise referencia ó seu labor como escritor, centrado en libros de tema relixioso, poesías costumistas e artigos na prensa. Cítase, así mesmo, un estudio sobre a súa produción bibliográfica do profesor Xosé Filgueira Valverde, titulado *Lago González: biografía y selección de su obra gallega*.



C. M., “O escritor Alfredo Conde protagoniza un simposio en Texas”, *O Correo Galego*, 6 novembro 1996, p. 37.

Dá conta da celebración dun simposio en Texas, titulado “Peregrinación a Galicia: o milenio na España celta de Santiago de Compostela á vida e traballos de Alfredo Conde”. Nel participaron escritores e críticos literarios de Europa, América, Xapón, Australia e Nova Zelandia que disertarán sobre a cultura galega. Entre eles, destacou a presenza do escritor Alfredo Conde, colaborador de *O Correo Galego* e autor, entre outras, das novelas *Breixo* (1981), *Xa vai o Griffón no vento* (1984) e *Sempre me matan* (1995), que pronunciará unha das conferencias centrais do simposio.



C. R., “Desfollando as páxinas das lecturas de outono”, *O Correo Galego*,
“*Revista das Letras*”, nº 126, 19 setembro 1996, pp. 4-5.

Amplio percorrido por tódalas editoriais galegas para presenta-las novas obras que teñen previsto saír do prelo no outono. Este repaso está estruturado en xéneros e engadindo un breve comentario argumental a boa parte das obras. No eido da narrativa salienta a entrada con forza dos novos narradores, ademais de reedicións dos clásicos. Valora moi positivamente o incremento do número de publicacións de carácter ensaístico por contribuír a encher “ese oco sempre problemático no panorama literario galego”. No terreo da poesía tamén destaca a entrada dos novos autores e a volta á actividade poética doutros que levaban tempo sen publicar, é o caso de Antonio Rodríguez López. Finalmente, ocúpase da Literatura Infantil e Xuvenil, sen esquece-la importante presenza numérica de libros de consulta e guías de carácter diverso.



C. V., “O presidente de Promocións Culturais propón que a obra gráfica de Castelao sexa patrimonio galego”, *A Nosa Terra*, nº 711, “Guieiro Cultural”, 1 febreiro 1996, p. 27.

Informa da presentación dos tres álbums de Castelao: *Galiza Mártir*, *Atila en Galiza* e *Milicianos*, coincidindo co 110 aniversario do ilustre rianxeiro. Cesáreo Sánchez Iglesias reclamou a necesidade de que “o legado creativo de Castelao sexa declarado patrimonio galego”, para evitar custos de edición e facilitar unha maior difusión; Alfonso Eiré falou da actual censura encuberta; Xusto G. Beramendi lembrou a traxectoria nacionalista do autor de *Sempre en Galiza*. Para rematar, Díaz Pardo solicitou ós investigadores universitarios a búsqueda activa dos orixinais do *Album Nós*.



Calzado, Irene, “Amigos de la Poesía del Baixo Miño presentan sus actividades”,
Atlántico Diario, 13 marzo 1996, p. 17.

Emilia Resende, presidenta da Asociación Amigos da Poesía do Baixo Miño, presenta as actividades da citada entidade: recitais, festivais de poesía e o programa “Poesía na escola”. Esta pide ós concellos baixomiñotos a “participación nestes actos culturais”.



Carballa, Xan, “O retraso nas axudas á edición fixo descender a edición de libros galego en 1995”, *A Nosa Terra*, nº 711, “Guieiro Cultural”, 1 febreiro 1996, p. 22.

Analiza o descenso da publicación de libros en galego no ano 1995 con respecto ó ano anterior. Responsabiliza á Xunta por competir deslealmente coas editoriais e por retrasa-las axudas á edición. Ofrece un catálogo de problemas que afectan ó libro galego, e que van dende o baixo índice de lectura ata a escaseza de bibliotecas, pasando pola competencia co libro castelán.



_____, “O patrimonio expoliado polo franquismo segue sen ser devolto”, *A Nosa Terra*, nº 725, “Guieiro Cultural”, 9 maio 1996, p. 22.

Reclámase a devolución dos bens e do patrimonio usurpado polo franquismo e sinálase que os máis importantes son os fondos do Seminario de Estudos Galegos. Nomea a Isaac Díaz Pardo como o principal loitador neste eido. No referente a propiedades individuais, pon o exemplo de Santiago Casares Quiroga e Manuel Portela Valladares, ámbolos dous Presidentes do Consello de Ministros da etapa republicana. Tamén nomea algúns xornais que sufriron a represión franquista como *El País* de Pontevedra e *El Pueblo Gallego*.



_____, “Unha literatura sen obras completas”, *A Nosa Terra*, nº 729, “Guieiro Cultural”, 6 xuño 1996, p. 21.

O recensionista denuncia a falta de publicación das obras completas da maior parte dos grandes autores galegos. Sinala que entre as primeiras publicadas se atopan as de Celso Emilio Ferreiro e as de Castelao que seguen a venderse e sen embargo, as editoriais non se deciden a emprender esta empresa e se o fan, como é o caso de Galaxia, só se deciden pola publicación da obra en galego, co cal o lector non pode ler, por exemplo, obras tan importantes como *La catedral y el niño* ou *Chile a la vista*, de Blanco-Amor. Salienta tamén que o autor con máis sorte neste sentido está a ser Vicente Risco xa que a Xunta de Galicia correu cos gastos de edición da súa obra completa. Conclúe poñendo de manifesto o caso da prosa de Manuel Antonio que leva dezasete anos agardando a que se publique, secuestrada, segundo o comentarista, por García Sabell.



_____, “En Portugal non se coñecen os escritores galegos por falta de promoción”, *A Nosa Terra*, nº 729, “Guieiro Cultural”, 6 xuño 1996, p. 27.

Entrevista con Pilar Vázquez Cuesta con motivo de ter sido a coordinadora do especial da revista *Colóquio Letras* dedicado a Galicia. Nela fala do distanciamento que existe entre as relacións culturais de Galicia e Portugal, do problema do intercambio, da publicidade e da falta de difusión da literatura galega.



Carballo, Francisco, “Antonio Rei Soto, dramaturgo, poeta e ensaísta”, *A Nosa Terra*, nº 725, “Guieiro Cultural”, 9 maio 1996, p. 26.

Lembranza do escritor Antonio Rei Soto cando se cumpren 30 anos do seu falecemento. Ademais de achegarnos a algúns aspectos da súa traxectoria vital e literaria, salienta a súa vinculación cos mercedarios de Poio.



Carrión, Xosé Lois, “O estandarte da lingua galega”, *La Región*, 18 agosto 1996, p. 8.

Informa dunha homenaxe ó galeguista Alexandre Bóveda Iglesias, organizada pola Deputación de Ourense na que o nomearon fillo predilecto da provincia. Fai referencia a un libro titulado *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, no que se analizan a súa vida e obra. Catro poetas -Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Emilio Pita e G. Sánchez Guisande- lembran tamén a súa personalidade.



Carro Carro, Pedro, “Pascual Veiga Iglesias, autor do himno galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 14 xaneiro 1996, p. XX.

Perfil biográfico do mindoniense Pascual Veiga Iglesias, autor da música do himno galego e creador do primeiro orfeón que houbo en Galicia.



Carro Otero, José, “La ‘promoción’ médica de Alfonso Daniel R. Castelao (Santiago, 1903-1909)”, *El Correo Gallego*, 7 xaneiro 1996, p. 28.

Amplio artigo de carácter informativo no que o profesor José Carro Otero dá conta dalgúns detalles relacionados coa promoción médica de Castelao. Informa sobre as materias que compoñían o currículo académico naquel momento, sobre os integrantes do claustro de profesores, sobre os licenciados naquel curso de 1903-1909, entre os que se atopaba Castelao, e sobre as vodas de prata da promoción que se reuniu en Santiago, en xuño do 1934. Ofrece, así mesmo, un breve perfil biográfico de cinco dos licenciados naquel ano: Vicente Carreró Barnet, Victoriano Fabeiro García, Luís Sieiro de la Riva, Vicente Varela Radío e Ovidio Vidal Domínguez.



Castro R., Xavier, “Historia do teatro galego”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
2 xuño 1996, p. 8.

Xavier Castro dá noticia da nova entrega da revista madrileña *Primer Acto* consistente nun monográfico dedicado ó teatro galego que contén unha obra de Euloxio Ruibal. Analiza o crítico a finalidade desta publicación que, segundo el, “tenta poñer en contacto ós lectores coa multidisciplinar e variada oferta dramática recollida das diferentes nacionalidades do Estado”. Recorda, de seguido, as anteriores incursións no universo dramático galego desta revista e conclúe o artigo mencionando o contido da publicación.



Castromil, Carmiña, “Galeuzca chámase agora Galeusca”, *El Correo Gallego*,
“*Revista das Letras*”, nº 91, 18 xaneiro 1996, p. 4.

Comenta un artigo aparecido na prensa de Madrid que considera a Galeusca -subgrupo parlamentario integrado polos distintos pobos históricos de España- como “un ataque frontal á idea nacional de España”. A articulista non está de acordo con iso. Relaciona a revista Galeuzca da que fai un breve comentario con Galeusca, proxecto político que sería consecuencia do proceso sociolóxico no que o cultural dá paso ó político.



_____, “Casares: ‘Temos que tirar coa idea de que papá-estado resolve”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 30 outubro 1996, p. 35/p. 11.

Artigo que ofrece un breve perfil biográfico do escritor ourensán, Carlos Casares, con motivo do seu recente nomeamento como sucesor de Filgueira Valverde na presidencia do Consello da Cultura Galega. Menciona algúns dos seus proxectos máis inmediatos destinados á mellora da institución e salienta o seu carácter de escritor por riba dos outros méritos persoais: “son escritor, antes que nada e todo o que fun débollo a iso”.



Chao, Nacho, “¿Shakespeare ou Corín Tellado?”, *El Mundo*, 28 xaneiro 1996,
p. 5.

Recolle a opinión de varios escritores e escritoras sobre a teoría do crítico americano, Harold Bloom, quen aposta pola existencia dun canon literario. Alude tamén a un traballo do poeta e traductor ourensán, Manuel Outeiriño, titulado “Presentación de Harold Bloom: angustia da sede vella”, publicado na revista *A Trabe de Ouro*, no ano 1991. Nel faise referencia ás teorías de Bloom e á importancia que lle concede ó contorno histórico no que escribe un autor.



Chuvienco, Quique, “El dibujante Fausto opina que el cómic requiere acción como el cine”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 28 xaneiro 1996, p. 10.

Noticia sobre o primeiro cómic escrito en galego *Simon Martel*, un proxecto conxunto do caricaturista Fausto C. Isorna, Aníbal Malvar e Méndez, unha iniciativa da Biblioteca Nova 33.



_____, “Rober G. Méndez: ‘El cómic debe aunar lo visual y el contenido en los personajes”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 21 febreiro 1996, p. 11.

O escritor e xornalista, Rober G. Méndez, coautor do primeiro cómic escrito en galego que narra as aventuras da intrépida Simon Martel e da súa panda, reflexiona sobre a difícil tarefa de dotar ós personaxes de contido, e ó mesmo tempo, respeta-las normas da linguaxe propia do cómic.



_____, “Aníbal C. Malvar prepara para el cine *Unha noite con Carla*”, *El Ideal Gallego*, 25 febreiro 1996, p. 9.

Ofrece un breve perfil biográfico do escritor, periodista e guionista de cómic, Aníbal Malvar, e anuncia o proxecto que está a preparar para levar ó cine a súa última novela *Unha noite con Carla* (1995).



_____, “La palabra sublime y prosaica del dramaturgo Koltés nutre un curso teatral”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 17 marzo 1996, p. 9.

Noticia que dá conta do inicio do curso de interpretación impartido pola actriz e directora Cristina Domínguez dentro dos cursos de dramaturxia organizados pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela. O curso céntrase na análise do autor galo Koltés e na súa obra *A soedade dos campos de algodón*. Analízase no artigo a importancia que ten o texto e o tipo de personaxes que se retratan nel.



_____, “Pintoras y poetisas reivindicando conjuntamente el orgullo de ser mujer”,
El Ideal Gallego, 19 marzo 1996, p. 10.

A Asociación Cultural “O Galo” organizou a exposición “Nós Outras”. Pintoras, poetas e orgullo de ser muller”, que reúne un cúmulo de manifestacións pictóricas e de textos poéticos de diversas artistas galegas na galería Minotauro. No Día da Muller Traballadora, estas artistas pretenden mostra-la súa visión da realidade e reivindicar-la igualdade sexual e a non discriminación, todo isto no marco do compromiso coa cultura galega.



_____, “Laiovento considera su fidelidad al proyecto ‘nacionalista y de izquierdas”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela” 23 maio 1996, p.9.

Fai referencia ó balance achegado por Francisco Pillado, director de Edicións Laiovento, sobre os cinco primeiros anos de vida desta editorial. Pillado salienta a coherencia ideolóxica sostida neste lustro e o compromiso co país, verquendo á nosa lingua textos de Sartre, Chomsky, Joyce, Wilde, etc. Informa que os próximos títulos de Laiovento van ser: *O Estado da Nación*, de Xosé Manuel Beiras e *Crónicas de Fonseca*, de Carlos Morais.



_____, “Se presentaron ayer siete primeros libros de ‘Galegos na Historia’”,
El Ideal Gallego, 16 xuño 1996, p. 10.

Logo de recoller unhas declaracións de Bieito Ledo, director de Ir Indo, nas que salienta que o obxectivo da colección é “facer patria desde unha visión interdisciplinar”, dá o nome dos biografados e dos autores. Louva o atractivo visual da colección e lembra que o proxecto pretende chegar ás trinta biografías. Os autores coinciden en sinalar que a principal dificultade está na limitación espacial de sesenta páxinas para cada traballo.



_____, “El Aula de Teatro dará el primer curso de arte dramático”, *El Ideal Gallego*, 27 setembro 1996, p. 7.

Informa da actividade teatral da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, que nestes momentos prepara a súa próxima estrea, *Ubu Rei* de Alfred Jarry. Infórmase tamén da programación de varios cursos organizados polo grupo, o primeiro *Curso de arte dramática* que durará dende novembro ata abril, ou outros cursos de menos duración como iluminación ou maquillaxe. Preséntase igualmente o ciclo de teatro universitario no que participarán varios grupos das universidades galegas.



_____, “Aula de Teatro y Coro de Fonseca inician las pruebas de selección de alumnos”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 12 outubro 1996, p. 7.

Dá conta da celebración dun curso, organizado pola Aula de Teatro e o Coro da Universidade de Santiago. Así mesmo, informa da próxima representación da obra de Alfred Jarry, *Ubu rey* e ofrece un breve perfil biográfico do mesmo.



_____, “Unas jornadas analizan en Fonseca la vida y trayectoria intelectual de Otero Pedrayo”, *El Ideal Gallego*, 25 outubro 1996, p. 14.

Informa dunhas xornadas que analizaron a vida e obra do intelectual galego Ramón Otero Pedrayo e que tiveron lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago. Uxío Novoneyra fixo un percorrido pola vida e o labor cultural do escritor ourensán e reivindicou a súa importancia como auténtico referente dos escritores e intelectuais galegos; Carme Fernández, ex decana de xornalismo, Margarita Ledo, Manuel María e Xosé Manuel Salgado fixeron referencia á súa obra narrativa; Manuel Guede, Manuel Lourenzo, Roberto Vidal-Bolaño e Manuel Vieites aludiron á obra dramática do escritor. Na última sesión celebrouse un recital poético, en galego, a cargo de varios poetas.



_____, “Baliñas resalta el compromiso político de Otero Pedrayo sin demagogias efectistas”, *El Ideal Gallego*, 26 outubro 1996, p.10.

Refírese ás xornadas en homenaxe a Ramón Otero Pedrayo, celebradas na Facultade de Filoloxía de Santiago, nas que se analizou a vida e a obra ensaística, teatral, narrativa e política do pensador ourensán.



_____, “Continúan los ensayos de ‘Ubu rey’ y abre el telón el curso de arte dramático”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 28 novembro 1996, p. 11.

Informa do primeiro curso que impartirá a Aula de Teatro da Universidade de Santiago sobre maquillaxe teatral, iluminación escénica e interpretación. Así mesmo, cita a obra de Alfred Jarry, *Ubu rey*, que se estrenou o 22 de xaneiro do ano 1996, no Teatro Principal.



Cid Cabido, Xosé, “O Catro’ nos oitenta”, *A Nosa Terra*, nº 712, “Guieiro Cultural”, 8 febreiro 1996, p. 22.

Lembra o Café “De Catro a Catro” no seu décimo quinto aniversario como un dos principais faladoiros vigueses. Fai un percorrido pola traxectoria deste centro de reunión, dende os comezos dos oitenta ata a actualidade, mencionando as personalidades do mundo da cultura e da política que asisten ou assistiron ás conversas. Para rematar, convida a tódolos lectores a visitar este café, sobre todo pola variedade de temas que nel se tratan.



Ciorda, Marisa, “El pasado a través de sus páginas”, *Diario de Pontevedra*,
26 abril 1996, p. 12.

Informa dunha exposición de libros antigos que se está a desenvolver no Instituto Politécnico de Formación Profesional de Pontevedra. A mostra, que inclúe manuais, enciclopedias, dicionarios e obras de autores clásicos e autóctonos, recolle volumes da biblioteca do centro e do propio profesorado que quixeron participar nunha experiencia desta índole.



Coello, Elvira, “As Pontes dedica unha semana cultural al libro con ferias y actos diversos”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ferrol), 18 abril 1996 p. 42.

Noticia da celebración en As Pontes da Primeira Semana do Libro organizada polo Instituto da vila e o Concello. O xornalista presenta un breve resumo das actividades programadas para esta semana entre as que destacan as conferencias dos escritores Enrique da Costa que abordará o tema do papel do escritor na sociedade actual e de Manuel López Foxo que leva por título “Libros e cultura”. Así mesmo está prevista a presentación do libro deste último autor *Cómaros de mel e rosas*.



Colectivo Poético Serán-Vencello, “Xan Castro Huerga”, *O Correo Galego*,
“Chineses”, 3 maio 1996, pp. 2-5.

Con motivo da morte de Xan Castro Huerga, un xoven poeta pertencente ó colectivo poético Serán-Vencello, reproducense dous textos en prosa (“Intitulado” e “Decadencia”) e dous poemas do escritor no obxectivo de homenaxealo e de que as súas palabras, segundo este mesmo colectivo, “non fiquen no mesmo silencio que as palabras que lle quedaron sen escribir, que nunca serán escritas”.



Conde, Alfredo, “80 nada prosaicos versos en honra de CJC”, *El Correo*

Galego/O Correo Galego, “Cela 80”, 11 maio 1996, p. 29.

No oitenta aniversario do nacemento do escritor Camilo José Cela, o escritor Alfredo Conde dedícalle un orixinal poema composto por oitenta versos, poema que *O Correo Galego* e *El Correo Galego*, reproducen integramente.



Cores, Baldomero, “*Joven Galicia*, a protesta escolar e a cátedra de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 7 xaneiro 1996, p. VIII.

Resumo da difícil traxectoria trala que naceu a Cátedra de Literatura Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago. A iniciativa partiu do grupo *Joven Galicia*, que reclamou o mesmo trato que a Universidade de Barcelona, á que se lle concedera unha de Lingua Catalana, e que criticou a concesión da sede para o estudio do galego na Universidade de Madrid. A loita foi longa e polémica, dende a publicación en 1910 dun artigo de Xoán Barcia Caballero, vicerrector da Universidade Compostelá, titulado “Mi protesta”, pasando polas reivindicacións de profesores ante as insistentes negativas, ata chegar ás canles definitivas de adxudicación no 1919, trala aprobación do Estatuto de Autonomía da Universidade.



Cortés, Rocío, “Noia celebra un acto en lembranza de Antón Avilés de Taramancos”, *O Correo Galego*, 24 marzo 1996, p. 53.

Informa brevemente dos actos de homenaxe a Antón Avilés de Taramancos e dá o nome dos poetas, fotógrafos e demais personalidades da cultura presentes no mesmo.



_____, “Emotiva homenaxe a Antón Avilés en Taramancos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 25 marzo 1996, p. 37/p. 12.

Seguindo cos actos de homenaxe a Antón Avilés, dá conta do descubrimento dunha placa conmemorativa na casa natal do poeta, en Taramancos. Nomea os asistentes, tanto representantes políticos coma amigos e familiares, e describe a emotiva ofrenda floral, realizada por dous representantes da Asociación Amigos de Avilés, na tumba do poeta noiés, no cemiterio de Boa.



Costa Clavell, Xavier “Cicerón en galego”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 10 novembro 1996, p. 4.

Breve comentario sobre a publicación da traducción destes dous diálogos ciceronianos. Céntrase sobre todo na concepción da vellez e da amizade que se deduce deles.



Cruz, Juan, “Quesos asturianos, manzanas gallegas”, *El País*, 16 novembro 1996, p. 32.

Lembra as viaxes de Juan Cueto a Mondoñedo para visitar a Cunqueiro. Nesta nova visita á nosa terra, encóntrase con Manuel Rivas, ó que sitúa entre os continuadores do estilo cunqueirán. Salienta a boa marcha da Literatura Galega, non só nos consagrados Ferrín e Casares, senón tamén en Suso de Toro, Miguel Anxo Murado, Marilar Aleixandre, Xavier Queipo, Miguel Seixas, Fina Casalderrey, Xabier P. Docampo, Xurxo Borrazás e Gonzalo Navaza.



Currás, Tila, “La Asociación de Escritores Galegos se suma al homenaje a Bernardino Graña”, *Faro de Vigo*, 9 xuño 1996, p. 16.

Informa dunha homenaxe ó poeta cangués Bernardino Graña. No acto, que tivo lugar na súa cidade natal, outorgóuselle a letra “E”, máximo galardón concedido a un escritor, e dedicóuselle unha rúa.



_____, “Una asociación cultural reivindicará la figura y obra de Johan Carbalheira”, *Faro de Vigo*, 29 setembro 1996, p. 49.

Informa da próxima homenaxe ó escritor, xornalista e político que fora o último alcalde da República na localidade de Bueu, Johan Carbalheira. Co gallo da conmemoración do sesenta aniversario da súa morte, a nova asociación “Amigos de Johan Carbalheira”, ofrecerá unha homenaxe ó escritor que culminará coa construción dun monumento en A Caeira.



D. P., “Filgueira Valverde y Peces Barba, doctores ‘Honoris Causa’ por la Universidad de Vigo”, *Diario de Pontevedra*, 21 febreiro 1996/23 febreiro 1996, p. 5/p. 6.

Dáse conta da proposta de nomeamento do escritor Xosé Filgueira Valverde e do político Gregorio Peces Barba como doutores *Honoris Causa* pola Universidade de Vigo. Ofrécese, así mesmo, un breve perfil biográfico sobre cada un deles. No caso do profesor Filgueira Valverde, coméntase o seu labor no Seminario de Estudos Galegos, a súa actividade docente e a súa extensa bibliografía na que se atopan máis de trescentos títulos, entre libros e artigos sobre literatura medieval, literatura moderna, historia e arte de Galicia.



_____, “Ronsel prepara exposicións de pintura, cerámica, fotos y poesía”, *Diario de Pontevedra*, 12 marzo 1996, p. 14.

Informa de que o Grupo Ronsel celebrará, no mes de maio, unha mostra de poesía.



_____, “Acto de homenaxe do libro na Biblioteca Pública de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1996, p. 10.

Nun acto de homenaxe ó libro galego, celebrado en Pontevedra, o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Uxío Novoneyra, lembrou ós poetas pontevedreses Alexandre Criebeiro e Manoel Cuña Novás.



_____, "Filgueira Valverde será el primer doctor 'honoris causa' del campus de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, 31 maio 1996, p. 12.

Informa do acto no que o profesor Filgueira Valverde será investido doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo. Ofrece, así mesmo, un breve perfil biográfico do escritor pontevedrés, centrándose no seu labor como membro fundador do Seminario de Estudos Galegos.



_____, “El instituto de Monteporreiro cerró el curso con un homenaje a Luís Seoane”, *Diario de Pontevedra*, 31 maio 1996, p. 13.

Breve comentario sobre unha homenaxe póstuma ó escritor Luís Seoane, que tivo lugar no instituto Luís Seoane de Monteporreiro. Nela a súa viúva, Maruxa Seoane, descubriu unha placa conmemorativa e Isaac Díaz Pardo, empresario e amigo da familia, pronunciou unha conferencia sobre a vida e a obra do polifacético autor.



_____, “Antropoloxía teatral”, *Diario de Pontevedra*, 27 xuño 1996, p. 14.

Nova da celebración no castelo de Soutomaior do Encontro Internacional de Antropoloxía Teatral dirixido polas actrices polacas Rena Mirecka e Ewa Benesz do Instituto Actoral de Teatro Laboratorio polaco fundado por Grotowski. O encontro está organizado por Maribel González do Grupo Vagalume.



_____, “El estado de salud de Filgueira Valverde empeoró en los últimos años”,
Diario de Pontevedra, 3 setembro 1996, p. 7.

Alude ó estado de saúde do profesor X. Filgueira Valverde e salienta o seu incansable labor en prol da cultura galega. Menciona que, na súa dilatada carreira, conta con numerosas obras de narrativa e poesía, diversos estudos e un grande número de artigos. Entre os seus recoñecementos destacan os títulos de doutor honoris causa por diferentes universidades ou o de director honorífico do Museo de Pontevedra. Cítase, así mesmo, o seu labor como Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, a súa dedicación á docencia e o seu traballo como secretario do Seminario de Estudos Galegos.



_____, “Creación de un ‘Circuito de Teatro Universitario Galego’”, *Diario de Pontevedra*, 6 setembro 1996, p. 10.

Nota da reunión dos seis directores das Aulas de Teatro das universidades galegas co fin de crear un circuíto de teatro universitario galego e unha Asociación de Aulas de Teatro Galegas. Informa tamén da celebración no Teatro Principal de Pontevedra das Quintas Xornadas de Teatro Afeccionado do Concello nas que participan o grupo Aula de Formación de Actores coa peza *Historia de zoo*, Bacharel Teatro con *Wonderball*, o grupo Arume, Grupo de Expresión con *Mourenza*, Grupo de Teatro Entrañas con *O único punto positivo*, Teatro Xenio con *Pares e nines* e o grupo Madrigal.



_____, “Consolidación de un ‘Circuito de Teatro Universitario Galego’”, *Diario de Pontevedra*, 7 setembro 1996, p. 12.

Informa da reunión dos directores das diferentes aulas de teatro galegas en Pontevedra co fin de establecer un Circuito de Teatro Universitario Galego e crear unha Asociación de Teatro Universitario Galego para garanti-la cooperación e organización de actividades conxuntas entre as Aulas de Teatro galegas.



_____, “Importante reunión de las Aulas de Teatro de los Campus Gallegos”,
Diario de Pontevedra, 9 setembro 1996, p. 7.

Dá conta de reunión celebrada en Pontevedra na que participaron tódolos representantes das Aulas de Teatro galegas co obxectivo de traballar en maior colaboración na organización de ciclos e actividades e sacar máis rendabilidade ás inversións.



_____, “Piedra conmemorativa en memoria de Xosé Alexandre Criebeiro”, *Diario de Pontevedra*, 13 setembro 1996, p. 11.

Breve comentario de carácter informativo sobre unha homenaxe ó escritor Xosé Alexandre Criebeiro Rodríguez, que terá lugar en Pontevedra. O acto constará dun recital poético, no que intervirán grupos de folk, e na colocación dunha placa conmemorativa na citada cidade.



_____, “Homenaje de Caixa Pontevedra a Filgueira”, *Diario de Pontevedra*,
24 setembro 1996, p. 12.

Informa brevemente da preparación dunha homenaxe organizada por Caixa de Pontevedra para o día 28 de outubro ó polígrafo pontevedrés Xosé Filgueira Valverde. Na homenaxe presentárase o libro titulado *O doutor Filgueira Valverde, nos seus noventa anos*, patrocinado pola Obra Social da Caixa de Pontevedra. Así mesmo, ofrecérase un concerto da Orquesta Filarmónica de Turingia na basílica de Santa María.



_____, “El Aula de Teatro del Campus de Pontevedra inicia sus actividades”,
Diario de Pontevedra, 27 setembro 1996.

Nova do inicio das actividades da A.T.P. da que se conta a súa historia dende a súa creación en 1986 e da que se di que ten como obxectivo básico as relacións Teatro- educación. O grupo está coordinado dende os seus inicios polo grupo Kalandraca.



_____, “Curso de “Iniciación a la Expresión Dramática”, *Diario de Pontevedra*, 29 setembro 1996, p. 10.

Informa do *Iniciación ó teatro* organizado pola A.T.P. da U.V. e ofrece o programa do curso.



_____, “El Aula de Teatro presenta un curso sobre expresión dramática”, *Diario de Pontevedra*, 12 outubro 1996, p. 11.

Presentación polo director da Aula de Teatro de Pontevedra, Xan Couto, do curso “Iniciación á Expresión Dramática” que se inclúe nos cursos de formación complementaria da Universidade de Vigo.



_____, “El Aula de Teatro del Campus de Pontevedra inicia sus actividades”,
Diario de Pontevedra, 13 outubro 1996, p. 12.

Informa das actividades da Aula de Teatro do Campus de Pontevedra que se celebrarán na Escola de Maxisterio da cidade. Entre elas, destacan un curso de “Iniciación á Expresión Dramática” e outro sobre “Creación e montaxe dun espacio teatral”. Así mesmo, proxéctase a representación dun espectáculo teatral dedicado á figura do escritor Italo Calvino.



_____, “Caixa Pontevedra rendirá homenaxe esta tarde al profesor Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, 28 outubro 1996, p. 8.

Dá conta dunha homenaxe ó polígrafo pontevedrés X. Filgueira Valverde con motivo do noventa aniversario do seu nacemento. O acto, organizado pola Obra Social de Caixa Galicia en Pontevedra, contou coa presentación do libro *O doutor Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996)*, editado pola citada Obra Social.



_____, “Conferencia de la viguesa María Kruckenberg en la Casa de Galicia”,
Diario de Pontevedra, 31 outubro 1996, p. 12.

Dá conta dunha conferencia-recital pronunciada pola viguesa María do Carmo Kruckenberg na Casa de Galicia de Madrid. A disertación, titulada “Antología de Poetas Gallegos de la generación de los 50”, xirou ó redor da vida e obra dos poetas galegos desta xeración, entre os que destacou a Uxío Novoneyra, Manuel María, Xohana Torres, Bernardino Graña, Luz Pozo Garza, Ramón Lorenzo, Manuel Cuña Novás, Eliseo Alonso e Antón Avilés de Taramancos.



_____, “Presentación de ‘O pobo da noite’ poemas de Manuel Rivas en el CGAC”, *Diario de Pontevedra*, 13 decembro 1996, p. 15.

Breve comentario sobre a presentación do poemario de Manuel Rivas, *O pobo da noite* (1996), que tivo lugar no Centro Galego da Arte Contemporánea da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, en Santiago. Ofrece, así mesmo, un breve percorrido pola vida do autor e cita algunhas das súas obras premiadas: *Un millón de vacas* (Premio da Crítica Española, 1990), *En salvaxe compañía* (Premio da Crítica Galega, 1993) e *¿Que me queres, amor?* (Premio Torrente Ballester).



Delgado Vázquez, María Teresa, “O Barco honra a Delgado Gurriarán”, *A Nosa Terra*, nº 718, “Galiza e mundo”, 21 marzo 1996, p. 18.

Carta na que se fai réplica a un artigo de Manuel Xosé Neira, “Florencio Delgado Gurriarán. Lembranza do poeta dionisiaco galego”. Corrixe as afirmacións do articulista en canto ó olvido no que o poeta está sumido, mesmo na súa propia bisbarra. A isto contesta a lectora de *A Nosa Terra* con datos que confirman a súa presenza na comarca que o viu nacer.



Díaz Fernández, Antonio, “Xornadas culturais galegas en Sabadell organizadas polo Centro Nós en colaboración co Concello”, *Galicia en el Mundo*, 8-15 abril 1996, p. 9.

Noticia que informa das actividades levadas a cabo en Sabadell arredor da cultura galega ó longo do mes de marzo: unha exposición da pintora María Xesús Reboredo baixo o título “Tempos de Rosalía”; a lectura dunha conferencia titulada “As outras literaturas”, por Alfredo Conde e a celebración dun recital poético coa participación de X.L. Méndez Ferrín, Uxío Novoneyra, Salvador G. Bodaño e Xavier R. Baixeras, entre outros, que “pechou o ciclo de actividades”.



E. C., “Filgueira recupérase da súa doenza respiratoria”, *O Correo Galego*,
3 xaneiro 1996, p. 36.

Infórmase da progresiva recuperación do presidente do Consello da Cultura Galega, X. Filgueira Valverde, ó tempo que se ofrece un breve perfil biográfico do escritor pontevedrés. Coméntase o seu labor como articulista, conferenciante, narrador e investigador; así como, a súa participación nas actividades do Seminario de Estudos Galegos, dirixindo a sección de Historia da Literatura entre 1922 e 1936. Por último, cítanse algunhas das revistas nas que colaborou asiduamente como *Nós*, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* ou *Grial*, e algunhas das súas obras: *Os nenos* (1925), *O vigairo* (1927), *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936), asinada co pseudónimo J. Acuña, *Seis cantigas de mar in modo antico* (1941) ou *Quintana de mortos* (1971).



_____, “Valle-Inclán volverá ós seus faladoiros de Compostela”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 6 xaneiro 1996, p. 14/p. 61.

Dá conta dunha iniciativa do Concello de Santiago que promoverá unha serie de faladoiros no Café Derby e no Restaurante Asasino de Santiago, a cargo de diversos especialistas na obra do escritor. Deste xeito, intentarase recupera-la figura do autor de Vilanova de Arousa.



_____, “Reixa: ‘A literatura é o único ámbito normalizado en Galicia”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 24 xaneiro 1996, p. 11/p. 41.

Breve percorrido pola traxectoria cultural do polifacético artista Antón Reixa con motivo dunha charla ofrecida por el e por Manuel Beiras, na que disertaron sobre os últimos trinta anos de Galicia. Antón Reixa afirma que a pesar de que a literatura é o único ámbito normalizado de Galicia, iso non garante “o valor artístico da produción nin a súa repercusión social”.



_____, “Presentada a reedición da revista *Gelmírez*!” O ‘Ramón Piñeiro’ fai a reedición facsímile de *Gelmírez*, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 25 xaneiro 1996, p. 44/p. 12.

Referencia ó acto de presentación da edición facsimilar da revista *Gelmírez*. Na nota de prensa recóllense as palabras dos que interviron no acto, Xavier Castro, Manuel Regueiro e Constantino García. Todos eles salientaron a importancia desta publicación no ano no que se celebra o 150 aniversario do Instituto Gelmírez. Desglósanse tamén os contidos do facsímile que inclúe “tres presentacións da revista, unha introducción, o texto facsímile e un completo repertorio dos colaboradores da publicación.”



_____, “Presentan a reedición dos álbumes de guerra de Castelao de ‘A Nosa Terra’”, *El Correo Gallego*, 30 xaneiro 1996, p. 12.

Informa da presentación dos álbumes *Atila en Galicia*, *Galicia mártir* e *Milicianos*, todos eles feitos por Castelao e reeditados agora por Edicións A Nosa Terra. Dá o nome das persoas que intervirán no acto e comenta brevemente as características deste traballo e as opinións dos mesmos que dan notas da biografía de Castelao.



_____, “Un Castelao expresionista lembra en ‘Estampas’ os horrores da guerra civil”, *O Correo Galego*, 31 xaneiro 1996, p. 43.

Comenta a edición, por primeira vez en Galicia, dos tres álbumes de Castelao sobre a guerra civil española. Recolle unhas declaracións de Cesáreo Sánchez nas que o presidente do Consello de Administración de *A Nosa Terra* inclúe estas *Estampas* no marco das homenaxes ó escritor rianxeiro e reivindica que “o legado de Castelao sexa declarado Patrimonio Cultural de Galicia”. Finalmente, informa das personalidades asistentes ó acto de presentación, describe as características pictóricas desta obra e ofrece un breve perfil biográfico do escritor rianxeiro.



_____, “Presentada en Santiago a nova etapa da asociación cultural ‘O Galo’”,
El Correo Gallego, 31 xaneiro 1996, p. 12.

Dá a nova da presentación da agrupación cultural “O Galo” e recolle as declaracións de Xosé Luís Freire Chico e Óscar Refoxo, dous dos encargados do proxecto. Para rematar, comenta os obxectivos e traballos inmediatos.



_____, “Laiovento’ agasalla ós seus amigos editando ‘Rúa 26’, de Cunqueiro”,
El Correo Gallego, 2 febreiro 1996, p. 11.

Dá noticia da edición, por primeira vez dende o ano 1932, da peza teatral *Rúa 26. Diálogo limiar* coa que a editorial Laiovento quere “felicitarse o ano ós seus clientes e amigos”. Comenta a edición crítica, feita por Teresa López, loando a fiabilidade do texto orixinal. Esta estudiosa achaca o pouco coñecemento que temos sobre esta obra de Cunqueiro á escasa difusión que tivo na época da súa aparición.



_____, “As antípodas inician relación con Galicia”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 9 febreiro 1996, p. 16/p. 35.

Aproveita a presenza en Galicia do profesor Roy Boland, director do Centro de Estudos Galegos en Australia, para informar das actividades deste núcleo difusor da nosa cultura. Destacan, especialmente, un congreso sobre a vida e obra de Alfredo Conde, un libro sobre importantes figuras literarias galegas e a posible apertura dunha vía de peregrinacións entre a Rocha de Eyres e Compostela.



_____, “Desaparece a Asociación de Compañías Profesionais de Teatro de Galicia”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 10 febreiro 1996, p. 16/p. 33.

Noticia da disolución da Asociación de Compañías Profesionais de Teatro Galego (A.C.P.T.G.). Entre as causas desta desaparición sinálanse os fortes recortes nos presupostos xerais, que afectan especialmente á área de cultura, a política de subvención ás compañías máis fortes e a desigual distribución xeográfica dos circuitos teatrais. A noticia apunta que no último ano a A.C.T.P.G. xa só contaba con catro membros, das trinta compañías que hai en Galicia.



_____, “Grueiro: ‘Rosalía non foi abandonada pola nai’”, *O Correo Galego*,
5 marzo 1996, p. 35.

Dá conta das declaracións feitas por Manuel Pérez Grueiro nunhas xornadas de homenaxe a Rosalía celebradas na Facultade de Filoloxía. Grueiro solicita unha completa e fiable biografía da nosa escritora máis universal. Ofrece documentación, atopada por el, para aclarar que o tóxico do “abandono da nai” é un erro histórico, ó mesmo tempo comenta a relación da padronesa coa familia do pai.



_____, “O suplemento CHINESES independízase da rEVISTA DAS IETRAS”,
O Correo Galego, 7 marzo 1996, p. 43.

Informa da publicación independente, a partir do venres 8 de marzo, do suplemento CHINESES, ata este momento vencellado á rEVISTA DAS IETRAS de *O Correo Galego*. Indícase tamén que este primeiro número da etapa en solitario contén cinco poemas de Lupe Gómez e uns *Publipoemas de poesía competitiva*, de Lois G. Magariños.



_____, “rEVISTA DAS LETRAS fai memoria no número cen”, *O Correo Galego*,
20 marzo 1996, p. 44.

Nota informativa sobre o número cen da *Revista das Letras*, un suplemento que naceu en 1971 como aposta cultural de *O Correo Galego*. Sinálase ademais que este número contén artigos dalgúns dos seus colaboradores “para falar sobre a memoria” do suplemento.



_____, “Laiovento considera su fidelidad al proyecto ‘nacionalista y de izquierdas”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 23 marzo 1996, p.9.

Recolle as valoracións feitas por Francisco Pillado con respecto ós cinco primeiros anos de vida da editorial Laiovento. O director de Laiovento fai un balance moi positivo, salienta o feito de non poñer trabas a obras escritas en grafías non oficiais como principal base na que asentan o seu éxito. Sinala como obras máis vendidas *Gramática Histórica do Galego* de Manuel Ferreiro e *O atraso económico da Galiza* de Xosé Manuel Beiras. Dá conta dos futuros proxectos, entre eles: as traducións de clásicos (George Sand, Esopo, Pirandello e Bertold Brecht”, un ensaio de X.M. Beiras e outro de Carlos Morais, ademais de continuar coa colección “Ventos do Sur”. Como agasallo ós lectores, presentouse unha edición non venal de *De Breogán aos pinos* (1996), na que Manuel Ferreiro corrixe os “erros léxicos” do noso himno.



_____, “A normalización do galego centrará as Xornadas de Lingua e Literatura”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 27 marzo 1996, p. 14/p. 3.

Informa da celebración das VI^{as} Xornadas de Lingua e Literatura, organizadas pola Confederación Intersindical Galega (C.I.G.) e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), que tiveron lugar na Escola de Maxisterio de Santiago. Nelas participaron escritores e escritoras como M^a Xosé Queizán, Lois Diéguez, Miguelanxo Prado, David Otero e Manuel María, entre outros. As intervencións estiveron centradas na situación do idioma galego na actualidade.



_____, “A ‘Maremia’ de Ruibal centra o número galego de ‘Primer acto’”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 13 abril 1996, p. 34/p. 14.

Breve resumo do contido do número 262 da revista *Primer acto*, dirixida por José Monleón e dedicada ó teatro. Inclúese, no citado número, un repaso polo teatro galego dende a época da xeración Nós, así como a reprodución da peza teatral de Euloxio Ruibal, *Maremia*, que xurdiu, segundo afirma o propio autor, “dun guión que escribín nos anos sesenta despois do accidente de Palomares e que retomei co Casón”



_____, “Estrea mundial da música para os seis poemas de Lorca en Santiago”,
El Correo Gallego/O Correo Galego, 13 abril 1996, p. 14/p. 35.

Fai referencia á presentación do libreto *Música para os seis poemas galegos de Lorca*, realizado polo compositor arxentino-galego Isidro Maiztegui Pereiro.



_____, “Cultura retoma a memoria escrita de Galicia con doce novos títulos”,
O Correo Galego, 17 abril 1996, p. 42.

Ofrece información sobre a xornada de presentación de doce novos títulos editados pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Segundo o seu presidente, Manuel Fraga, estes libros “axudan a lembrar algunhas destas figuras, orgullo do noso país”, figuras como Fermín Bouza Brey, Vicente Risco, Ramón Cabanillas e Manuel Murguía, entre outros.



_____, “A escaleira e os galegos”, *O Correo Galego*, 17 abril 1996, p. 44.

Informa da presentación, no Salón Real do Hostal dos Reis Católicos, do libro *Galegos na escaleira* (1995), baseado en fotografías de Xurxo Lobato. Ó acto, presidido por Manuel Fraga, titular do goberno galego, asistiron numerosos persoeiros da cultura galega, entre os que se atopaban Domingo García-Sabell, Antón Fraguas, Carlos Mella, Alfredo Conde, Isaac Díaz Pardo ou Uxío Novoneyra, entre outros moitos.



_____, “Manuel María rescata os escritores menores e esquecidos de preguerra”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 20 abril 1996, p. 13/p. 33.

Alude ó comezo das Xornadas de Lingua e Literatura galega que organiza o sindicato de ensino C.I.G. e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG). O poeta Manuel María inaugurou as Xornadas coa conferencia “Tradición e modernidade na poesía de preguerra”. Nela, o conferenciante fixo un chamamento ós estudiosos da historia da literatura galega para a recuperación e difusión das obras de Amado Carballo, Evaristo Correa Calderón e Euxenio Montes, entre outros.



_____, “Queizán: ‘A literatura feminista ten que rexietar toda especulación metafísica”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 21 abril 1996, p. 13/p. 51.

Informa da intervención da escritora M^a Xosé Queizán nas VI^{as} Xornadas de Lingua e Literatura, organizadas pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega e C.I.G.-Ensino. Nunha charla que tivo lugar na Escola de Maxisterio de Santiago, a escritora afirmou que a literatura feminista “ten que aplicar un método racionalista, ten que ir en contra de todo tipo de especulación metafísica”.



_____, “Xavier Seoane, o único galego entre os 110 poetas da festa lírica ‘Ardentísima’”, *El Correo Gallego*, 22 abril 1996, p. 10.

Sucinto comentario no que se dá conta da celebración da IIIª Festa Internacional da Poesía, “Ardentísima 96”, celebrada en Murcia. Nela participaron 110 poetas de sesenta países do mundo, entre os que se atopaba Xavier Seoane.



_____, “A Feira do Libro de Santiago ensaia unha nova filosofía”, *El Correo Gallego*, 26 abril 1996, p. 14.

Nota informativa na que se anuncian as novas iniciativas adoptadas pola Federación de Libreiros de Galicia. Nesta edición, contará co maior número posible de actos culturais e cunha ampliación do seu horario ata as dez da noite.



_____, “Os autores noveis serán amos da súa obra en Ediciones Noroeste”,
O Correo Galego, 26 abril 1996, p. 26.

Dá a noticia da aparición dunha nova editorial en Santiago, “Noroeste”, baixo a responsabilidade de Manuel Santiago Casal e Manuel Casal Salgado. Declaran que o seu obxectivo é apoiar ós novos escritores, seguindo o criterio de máximo respecto polo autor e evitando o intervencionismo editorial. Critican a política de subvencións seguida dende as institucións oficiais, por non ir acompañada dun incremento no número de lectores.



_____, “A Feira do Libro de Santiago quere achegarse máis á xente”, *O Correo Galego*, 26 abril 1996, p. 37.

Breve comentario sobre a décimoquinta edición da feira do libro de Santiago, unha feira que será “menos formalista e máis activa” e que estará inaugurada polo rector da Universidade de Santiago, Darío Villanueva.



_____, “A metade dos títulos á venda nas feiras do libro serán en galego”, *O Correo Galego*, 26 abril 1996, p. 45.

Dá conta da celebración das feiras do libro na nosa comunidade autónoma, un conxunto de doce edicións nas que o cincuenta por cento dos títulos disponibles estarán escritos en galego.



_____, “A Alameda convírtese en librería-”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*,
28 abril 1996, p. 65/p. 52.

Informa da xornada inaugural da XVª edición da Feira do Libro de Santiago. O rector da Universidade, Darío Villanueva, afirmou no seu pregón, que o emprego dos medios informáticos potenciará a escrita.



_____, “As ‘sete grandes’ crean a súa propia rede de teatros”, *El Correo*

Gallego/O Correo Galego, 7 maio 1996, p. 14/p. 33.

Nova da presentación do convenio asinado entre a Consellería de Cultura e as denominadas “sete grandes” de Galicia, A Coruña, Vigo, Ourense, Lugo, Compostela, Pontevedra e Ferrol, co fin de crear unha rede de teatro en Galicia.



_____, “Tomar medidas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 107, 9 maio 1996, pp.1-3.

Recupérase neste artigo o debate entre a poesía construída baixo os moldes clásicos e as tendencias máis vangardistas que avogan pola eliminación do metro e da rima. Recóllense as declaracións de varios poetas galegos que definen o seu posicionamento: Ramiro Fonte e Román Raña amósanse partidarios da poesía asentada sobre a medida clásica e a rima e cualifican a volta á xinea clásica como “unha volta atrás lúcida, non arqueolóxica”; Fernán-Vello critica a falta de dinamismo da poesía clásica, en contra dos modelos máis vangardistas; Manuel María declárase partidario da poesía rimada, aínda que reconece a súa maior dificultade para os poetas novos; Miro Villar salienta a actualidade e a modernidade dos metros clásicos; para Xosé M^a Álvarez Cáccamo, nunca houbo ruptura entre a poesía vangardista e a clásica senón que sempre conviviron. Como conclusión, coinciden todos en busca-la calidade por riba das formas.



_____, “Morreu Lois Pereiro”, *O Correo Galego*, 26 maio 1996, p. 53.

Infórmase da morte do poeta monfortino, Lois Pereiro, como consecuencia dunha longa enfermidade contraída en Madrid cando estudiaba Traducción. Cítase a súa derradeira obra, *Poesía última de amor e enfermidade, 1992-1995* (1995), un conxunto de poemas que, en palabras de Helena González Fernández, constitúen “tres etapas dunha travesía vital na que a morte, sempre entendida como o remate, pode ser experimentada co corpo aínda vivo”.



_____, “Ir Indo presentou onte sete biografías de galegos”, *O Correo Galego*,
16 xuño 1996, p. 53.

Dá conta da presentación da colección “Galegos da Historia”. Recolle as palabras de Bieito Ledo nas que comenta os proxectos futuros cos que pretende achegarse ás trinta biografías. Cada un dos autores salienta algunha característica destacable do personaxe que biografaron.



_____, “Un telegrama a Rosalía no día en que se cumpre o seu 101 cabodano”,
O Correo Galego, 16 xullo 1996, p. 36.

Informa brevemente dunha festa literaria que tivo lugar na casa da homenaxeada, organizada pola Fundación Rosalía de Castro. O acto, celebrado con motivo do cento un aniversario da morte da poetisa galega, contou coa presenza do presidente do Consello da Cultura Galega, Xosé Filgueira Valverde, o cronista oficial de Galicia, Antón Fraguas, o Premio Nobel, Camilo José Cela e os escritores Alfredo Conde, Luz Pozo Garza, Bieito Ledo, Helena Villar e González Tosar, entre outras moitas personalidades da cultura galega.



_____, “A Consellería de Cultura reforza o padroado de Rosalía con nove millóns”, *El Correo Gallego*, 16 xullo 1996, p.11.

Informa do acto de homenaxe celebrado na casa de A Matanza e organizado pola Fundación Rosalía de Castro para celebra-lo 101 aniversario do nacemento da ilustre padronesa. Dá conta das personalidades do mundo da cultura e da política presentes no acto. Informa do acordo ó que chegaron o conselleiro de Cultura e Agustín Sixto Seco polo que o Padroado recibirá máis axudas económicas da Xunta.



_____, “En 1995 editáronse en Galicia 783 títulos en galego”, *O Correo Galego*, 22 xullo 1996, p. 29.

Sucinta nota informativa na que se ofrece unha estatística de títulos escritos en galego e publicados na nosa comunidade: 319 obras literarias, 64 sobre temas de ensino e 63 relacionadas coa lingüística e a filosofía.



_____, “Galego do mes’ pola súa contribución á definición da nosa identidade”,
O Correo Galego, 29 xullo 1996, p. 30.

Recorda a decisión das dúas redaccións de *O Correo Galego* e *El Correo Gallego* de nomear a Manuel Beiras García como Galego do mes, en agosto do 1995. Nesta decisión valorouse a súa contribución “á definición da identidade de Galicia” e a súa actividade como xornalista, colaborando asiduamente en *La Noche*, onde asinaba os artigos co pseudónimo de Eubensei, ou en *El Correo Gallego*.



_____, “Facele o xornalista e escritor de Allariz Marcial Suárez”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 28 agosto 1996, p. 12/p. 35.

Informa da morte do escritor, xornalista e mestre de Allariz, Marcial Suárez Fernández. Ofrece, así mesmo, un breve perfil biográfico do escritor afincado en Madrid, onde traballaba na radio e na prensa, ademais de escribir novela e teatro, en galego e castelán.



_____, (coord.), "O último Adral", *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
14 setembro 1996, pp. 21-28.

Especial elaborado polo equipo de cultura destes xornais, dedicado a Filgueira Valverde tralo seu pasamento. Contén os seguintes artigos:

E. C., "Morreu o sabio", p. 22. Dá a noticia da morte do polígrafo Xosé Fernando Filgueira Valverde. Informa dos actos que se celebrarán como derradeira homenaxe, así como do dó oficial decretado por diversas institucións. Fai un breve percorrido pola traxectoria cultural e política do Presidente do Consello da Cultura Galega, salientando a creación do Seminario de Estudos Galegos no 1923 e a fundación do Museo Provincial de Pontevedra no 1927. Finalmente, enumera os cargos que ocupou e os premios e recoñecementos que recibiu en vida.

E. C., "Inscrito na lexión dos inmortalis", p. 23. Recolle as declaracións de Manuel Fraga, Jesús Pérez Varela, Juan Luís Pedrosa, Darío Villanueva, J.A. Rodríguez Vázquez, Xesús Alonso Montero, Antón Fraguas, Víctor Freixanes, Isaac Díaz Pardo, Agustín Sixto Seco, José M^a Álvarez Cáccamo, Eduardo Pardo de Guevara, Domingo García Sabell, Augusto Assía, Constantino García e Xosé Neira Vilas nas que estas personalidades do noso mundo cultural e político coinciden en salienta-la importancia da tarefa científica e cultural desenvolvida por Filgueira Valverde ó longo da súa vida. É xeral a opinión de



que a morte de Filgueira supón unha grande perda para o país. A única voz discrepante é J.L. Fontenla, presidente do Consello Internacional de Lusofonía e das Irmandades da Fala.

-E. C., "O home que atinou a conducir a ambición dos máis fortes", p. 24-25. Percorrido pola traxectoria cultural e política de Xosé Filgueira Valverde. Saliéntanse os amplos coñecementos que adquiriu en case tódalas ciencias sociais. Lémbrese a súa actividade como conferenciante, iniciada na etapa como universitario en Compostela, e que o levou a pronunciar máis de mil conferencias ó longo da súa vida. No eido da política, coméntase a separación do Partido Galeguista, creando Dereita Galeguista, por causa da diverxencia nas ideas relixiosas. Tamén destacan o novo encauzamento que lle deu ó Seminario de Estudos Galegos converténdoo en Instituto de Estudos Gallegos "Padre Sarmiento" e á Real Academia Galega, para posibilitar que estas institucións seguisen con vida nos anos máis duros do franquismo. Lembran o seu vencellamento con Pontevedra, chegando a ocupa-la alcaldía e a crea-lo Museo Provincial. Finalmente, faise referencia ó cargo de Conselleiro de Cultura durante o goberno Albor e á Presidencia do Consello da Cultura Galega.

- Alfonso V. Monxardín Fernández, "Filgueira Valverde no tránsito", p. 25. Alfonso Monxardín fai unha lembranza de Xosé Filgueira Valverde no ano do seu pasamento e realiza un percorrido pola súa actividade intelectual. Comenta o articulista que é unha mágoa que non nos quede un libro de entrevistas co polígrafo pontevedrés e que espera unha futura biografía de Filgueira da man de Xesús Ferro Ruibal.

-Diego Bernal, "Pontevedra, a invención de Filgueira", p. 26.



Eleva a Filgueira Valverde á categoría de mito, situándoo ó mesmo nivel que Teucro. Comenta a relación do catedrático, polígrafo e escritor pontevedrés coa súa cidade, salientando especialmente a creación do Museo Provincial. Fala de Compostela como “a súa vocación apaixonada e de Pontevedra como “a súa invención”. Lembra o vencellamento de Filgueira co galeguismo e o profundo baleiro que deixa coa súa morte.

-Uxío Novoneyra, “O maior sabio vivo co que contaba Galicia”, p. 26. Breve comentario sobre o pasamento de Xosé Filgueira Valverde no que se fai fincapé nas súas investigacións sobre a poesía medieval.

-Salvador García-Bodaño, “Mentres resoan seis cancións de mar *in modo antico*”, p. 26. Lembra a multifacética actividade investigadora de Filgueira Valverde. Salienta o profundo coñecemento do propio país e a aplicación de novas metodoloxías de investigación a través do Seminario de Estudos Galegos. Pide a colaboración de editores e institucións para ordenar, estruturar e publica-la obra completa do polígrafo pontevedrés como medio de gratitude. Evoca o momento no que coñeceu a Filgueira no 1959 nas Festas Minervais.

-Guillermo Campos, “Don Xosé Fernando”, p. 27. Analiza dende a distancia, a importancia da figura de Filgueira Valverde para a cidade de Pontevedra. Asume as críticas polo vencellamento e colaboracionismo de Filgueira co réxime de Franco, o seu apoio á instalación da celulosa en Pontevedra, etc. Destaca que, por encima destes fallos, están numerosos acertos: a actividade docente, a creación da coral, a promoción de actividades deportivas, especialmente o Museo Provincial.



-Xosé Fernando Filgueira Valverde, "A primeira xeira do Seminario de Estudos", p. 28. Recolle un texto publicado o 7 de outubro de 1993 no suplemento *Revista das Letras* de *El Correo Gallego* con motivo do setenta aniversario da creación do Seminario de Estudos Galegos. Filgueira Valverde sitúanos nos inicios do curso universitario 1923-24, para lembrarnos as reunións que mantivo con Lois Tobío, Fermín Bouza Brey e outros para fundar a institución. Relata a visita que fixeron ata Brión e vai describindo tódolos monumentos que atoparon polo camiño.





_____, “A análise dos romances europeos de Muljadic abre o debate da lingua”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 17 setembro 1996, p. 35/p. 11.

Informa sobre o acto inaugural do 1º Congreso Internacional “A Lingua Galega: Historia e Actualidade”, organizado polo Instituto da Lingua Galega. Nomea as personalidades do mundo da cultura presentes no acto e recolle o máis destacado das súas intervencións. Comenta o contido da conferencia pronunciada polo profesor Muljadic e o relatorio do profesor Xavier Varela Barreiro sobre Gramática Histórica.



_____, “Sargadelos lembra a Antón Avilés de Taramancos”, *O Correo Galego*,
18 setembro 1996, p. 37.

Informa dunha mostra fotográfica en homenaxe ó escritor Avilés de Taramancos, que tivo lugar na Galería Salgadelos de Santiago. Nela pódense ver textos e debuxos de escritores e amigos do poeta, acompañados por fotografías de cada autor, realizadas por María Esteirán. Na organización da homenaxe tiveron un papel importante Ana Romaní, o fillo do escritor, Luís Avilés, e un grupo de poetas.



_____, “Fran Alonso representará as letras españolas en Bruxelas”, *O Correo Galego*, 3 outubro 1996, p. 44.

Informa da próxima intervención do escritor vigués, Fran Alonso, no “Coloquio sobre a Nova Literatura Europea”, que terá lugar do 18 ó 20 de outubro en Bruxelas. Segundo Edicións Xerais de Galicia, o seu nomeamento débese ó éxito acadado pola súa obra *Cemiterio de elefantes* (1994).



_____, “O cómic coma encrucillada de tódolos camiños da arte”, *O Correo Galego*, 9 outubro 1996, p. 49.

Dá conta da celebración das VIII^{as} Xornadas sobre a relación entre o cine e a banda deseñada que tiveron lugar en Ourense. Nas xornadas houbo “encontros, ciclos e presentacións de publicacións que achegan un perfil do que, nestes momentos, é a banda deseñada galega. Entre outros actos, presentouse o álbum de banda deseñada creado por Aníbal C. Malvar, Fausto Isorna e Rober G. Méndez, editado por Xerais e titulado *No nome da amada morta*.



_____, “Casares será hoxe presidente do Consello da Cultura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 14 outubro 1996, p. 19/p. 54.

Informa brevemente do recente nomeamento do escritor ourensán Carlos Casares como presidente do Consello da Cultura Galega, en substitución do profesor pontevedrés Xosé Filgueira Valverde. Afírmase que Casares é un dos herdeiros do ensino de Ramón Piñeiro, primer presidente do Consello da Cultura Galega e un dos fundadores da editorial Galaxia, que actualmente dirixe Carlos Casares. O artigo remata cunha breve referencia ó escritor de Xinzo de Limia, autor dunha longa nómina de novelas entre as que se cita a máis recente, titulada *Deus sentado nun sillón azul* (1996).



_____, “Exitosa acollida da Colección de Autores da Editorial Compostela”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 22 outubro 1996, p. 35/p. 9.

Informa da acollida da Colección de Autores que distribúen semanalmente *O Correo Galego* e *El Correo Gallego*. Trátase dunha decena de obras, en galego e castelán, de Alfredo Conde, Pilar Cernuda, Antonio Fraguas, José Antonio Silva, Agustín Sixto Seco, Carlos Pajares, Manuel María, Luís Pousa, Anxo Tarrío e Lois Caeiro.



_____, “Salientan a figura de Otero Pedrayo nunhas xornadas en Filoloxía”,
El Correo Gallego, 25 outubro 1996, p. 10.

Informa dunhas “Xornadas arredor de Otero Pedrayo”, organizadas pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (A.E.L.G.) e celebradas na Facultade de Filoloxía de Santiago. Menciónase a intervención de Miguel Anxo Fernán-Vello, secretario da Asociación, que cualificou a Otero como un “escritor total” e a de Uxío Novoneyra, presidente da citada Asociación, quen afirmou que Pedrayo “portaba a experiencia e o soño dun país e dun pobo”. Por último, dáse conta do falecemento da sobriña de Pedrayo, María Lúisa Otero Bustamante, que tivo lugar en Santander ós seus 87 anos.



_____, “Casares, contra as subvencións ás editoriais”, *O Correo Galego*,
25 outubro 1996, p. 37.

O artigo recolle algunhas declaracións de Carlos Casares nas que aposta pola eliminación das subvencións ás editoriais. O recentemente nomeado presidente do Consello da Cultura Galega e director da Editorial Galaxia afirma que Galicia precisa dunha cultura de masas e “xéneros populares na literatura, como a novela negra, os libros eróticos e mesmo os cómics”.



_____, “Coherencia e patriotismo, as claves do ideario de Pedrayo”, *O Correo Galego*, 26 outubro 1996, p. 44.

Fai referencia a unhas xornadas sobre a vida, obra e ideoloxía do escritor ourensán Ramón Otero Pedrayo. Na sesión dedicada á análise do seu pensamento político, Xavier Castro sinalou a “particular impronta católica” de Pedrayo así como a súa actitude de lealdade ó Partido Galeguista; X.M. Beiras centrouse no “paso da identificación inicial con Risco ó posterior achegamento a Castelao” que experimentou Otero na súa traxectoria política; Xosé Luís Franco Grande, autor de *Os anos escuros*, unha crónica sobre a resistencia cultural galeguista despois da Guerra Civil, salientou o “decidido federalismo” do escritor ourensán; por último, Méndez Ferrín ofreceu unha descrición persoal do autor.



_____, “Un ciclo de conferencias achega ós escritores á sociedade galega”,
El Correo Gallego, 30 outubro 1996, p. 12.

Recolle a noticia da presentación do ciclo de conferencias públicas que, baixo o nome de *Os nosos escritores*, levará a vintedous escritores galegos a explica-la súa obra “en 37 cidades e vilas” de toda Galicia, dentro dos Circuitos Culturais de Galicia. As valoracións positivas de Miguel Anxo Fernán-Vello e Carlos Casares, e a nómina de autores participantes son as informacións que pechan a noticia.



_____, “A Xunta e sete editoras publican un 53% dos títulos en galego”,
O Correo Galego, 28 novembro 1996, p. 43.

Recolle os datos máis salientables, no referente ó libro galego, da *Análisis sectorial del libro. Panorámica de la Edición Española de Libros de 1995* do Ministerio de Cultura. Cómpre destacalo feito de que, por primeira vez, unha editorial privada, Xerais, supera en número de títulos publicados á Xunta de Galicia. Tamén comenta a importancia do ensino como motor para a publicación de obras. Finalmente, fai un confronto dos datos do ano 1991 cos do 1995, nos que se percibe un incremento do número de títulos en porcentaxes superiores ó 90%.



_____, “Santiago acolle o Iº Encontro de Novos Escritores”, *O Correo Galego*, 5 decembro 1996, p. 41.

Breve nota que informa dos actos previstos para a primeira xornada do Iº Encontro de Novos Escritores, a celebrar en Santiago a partir do seis de decembro.



_____, “A calidade dos escritores novos quedou patente no seu Iº Encontro”,
O Correo Galego, 9 decembro 1996, p. 17.

Dá conta dos actos cos que se pechou o Iº Encontro de Novos Escritores e as valoracións que Miguel Anxo Fernán-Vello e Uxío Novoneyra fixeron do mesmo. Fernán-Vello cualifica o Encontro como “un intercambio fructífero e satisfactorio” e salienta a forza das novas xeracións poéticas. Por outra parte, Novoneyra convida ós novos poetas a facer unha reflexión “fonda e indeclinable”.



_____, “Vedra homenaxeará a José María Castroviejo”, *O Correo Galego*,
19 decembro 1996, p. 44.

Sucinto comentario sobre unha homenaxe que o Concello de Vedra ofrecerá ó escritor José María Castroviejo e Blanco Cicerón, “que viviu a súa infancia e xuventude no lugar de Paizás”. No acto, que terá lugar na Biblioteca Pública de Vedra, intervirán o presidente do Consello da Cultura Galega, Carlos Casares, e o periodista Diego Bernal. Así mesmo, descubrirase unha placa na súa casa de Paizás e distribuiranse exemplares do libro *Memorias dunha terra*, “unha das primeiras obras do autor que recolleu diversos aspectos da comarca do Ulla”.



_____, “Antón Fraguas cumpre hoxe noventa e un anos”, *O Correo Galego*,
28 decembro 1996, p. 46.

Sucinto comentario sobre o noventa e un aniversario do nacemento do Cronista Oficial de Galicia e director do Museo do Pobo Galego, Antón Fraguas Fraguas. Ofrece algúns datos sobre a súa vida e cita algúns dos estudos que publicou como *Geografía de Galicia* e *Galicia insólita*.



E. C./C. M., “Poesía nas sete linguas románicas e en basco na revista ‘Serta’, editada pola UNED”, *El Correo Gallego*, 23 novembro 1996, p. 12.

Artigo sobre a publicación de *Serta*. *Revista Iberoamericana de Poesía y Pensamiento Poético*, promovida e coordinada polo poeta Antonio Domínguez Rey e editada pola Facultade de Filoloxía da Universidade a Distancia (U.N.E.D.). Segundo o articulista, o obxectivo da citada revista é o de “divulgar as creacións poéticas xurdidas nos sete idiomas europeos de raíz románica, ademais do basco”. Neste primeiro número, na sección dedicada á literatura galega, aparece un poema inédito do crítico, ensaísta e poeta ourensán José Ángel Valente.



_____, “Un poema de Valente abre a revista ‘Serta’”, *O Correo Galego*,
23 novembro 1996, p. 36.

Informa da publicación do primeiro número de *Serta. Revista Iberoamericana de Poesía y Pensamiento Poético*, que inclúe un poema inédito de José Ángel Valente, gañador do Premio Príncipe de Asturias, no ano 1991. Trátase dunha publicación dedicada ás literaturas escritas nas sete linguas románicas europeas.



E. G. A., “Un aula de teatro impulsará en la villa el interés por esta actividad cultural”, *La Región*, 11 setembro 1996, p. 10.

Informa do inicio de actividades de ensino teatral no concello de Maceda impartidas por membros da Aula de Teatro de Ourense Maricastaña e organizado pola Oficina de Información Xuvenil do Concello.



E. P., “Euskadi erixe un hórreo en homenaxe a Castelao”, *O Correo Galego*,
20 maio 1996, p. 39.

Breve referencia á inauguración dunha escultura do artista vasco Mikel Angel Lertxundi, como homenaxe ó escritor galego Castelao. A semana en honor de Castelao, organizada pola Fundación Sabino Arana, pechouse con este acto que tivo lugar no Parque Europa de Bilbao.



Eiré, A., “Manuel Beiras, a firmeza política vestida de cordialidade”, *A Nosa Terra*, nº 737, “Galiza e Mundo”, 1 agosto 1996, p. 10.

Amplo artigo no que se recorda o labor levado a cabo polo político galeguista, Manuel Beiras García, a prol da cultura galega e do nacionalismo.



Eiré, Xosé M., “Ler, ler”, *A Nosa Terra*, nº 711, “Guieiro Cultural”, 1 febreiro 1996, p. 28.

Reflexión sobre o lector e a lectura. Eiré parte da consideración xeral de que se temos en conta a presenza do destinatario no mundo literario galego, hai que cuestionarse quén e cántos son os lectores. O lector-tipo galego, segundo o articulista, descoñece a súa propia historia e está máis familiarizado cunha realidade que non é a súa polo que cre que “é precisa unha literatura que, sen menoscabo de valores estéticos, subsane as carencias que conleva o sermos un povo colonizado. É necesario que nós escribamos a nosa propia historia. É preciso que contemos a memoria de nós...”. Considérase partidario dunha literatura socialmente comprometida e cre necesario poñer en dúbida a existencia dunha literatura galega normalizada que emprega unha lingua que non o está. Afirmar tamén a importancia que se lle debe conceder á reflexión crítica, ó pensamento, á metaliteratura para o correcto desenvolvemento da expresión en galego.



Estévez, Arantxa, “Poetas, Andantes e Navegantes na aventura da República”,
A Nosa Terra, nº 725, “Guieiro Cultural”, 9 maio 1996, p. 21.

Con motivo da recente publicación do facsímile da revista *P.A.N.*, publicado por Edicións do Castro, A. Estévez lembra ós promotores da iniciativa, Eduardo Dieste e Xosé Roxelio Otero Espasandín, así como ós seus principais colaboradores: Alberto Fernández Mezquita, Cándido Fernández Mazas, Enrique Fernández Sendón, Euxenio Fernández Granell, Lorenzo Varela ou Antonio Baltar. Menciona tamén as dificultades económicas que provocaron a desaparición da revista, as colaboracións de Carme Muñoz, a homenaxe a Manuel Antonio no “quinto ano da súa morte” e as crónicas e reflexións sobre os debates políticos da República. Sinala que a edición facsimilar vai precedida dun prólogo de Xosé Luís Axeitos.



_____, “Ourense protagoniza unha nova páxina de cómic”, *A Nosa Terra*,
nº 746, “Guieiro Cultural”, 3 outubro 1996, p. 21.

Comentario sobre a celebración das VIII^{as} Xornadas de Banda Deseñada, en Ourense. Cita a obra de Aníbal C. Malvar, Rober G. Méndez e Fausto Isorna, *No nome da amada morta*, da serie “Un misterio para Simon”.



Estévez, Eva, “24 expositores en la VIII Feria del Libro”, *Atlántico Diario*, 18 agosto 1996, p. 23.

Informa da celebración da VIIIª Feira do Libro de Pontevedra e destaca a intervención do escritor Xabier Alcalá. No seu discurso fixo alusión ós multimedia e á súa relación coa creación literaria.



F. F., “Os pupilos de Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ferrol)

“Especial”, 17 maio 1996, p. 8.

Breve percorrido pola produción literaria de tres xoves escritores da comarca ferrolá: a “contacontos” Paula Carballeira, o articulista e crítico Henrique da Costa e o novelista Rafael Riola.



_____, “A narrativa en galego chega ós best sellers”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ferrol), “Especial”, 17 maio 1996, p. 2

Breve noticia que recolle as reflexións de Manolo Méndez Batán, comercial de Xerais, acerca do momento actual do mundo editorial galego. Sinala o sucesivo crecemento de lectores en galego do que son responsables o ensino e a aparición de distintas editoriais que permiten diversificar a oferta. Pola contra, sinala que na comarca de Ferrol o número de lectores en galego non aumenta.



_____, “El mundo de la cultura gallega se suma al homenaje que Vedra le rinde a Castroviejo”, *El Correo Gallego*, 20 decembro 1996, p. 11.

Informa dunha homenaxe ó escritor e periodista José M^a Castroviejo, que tivo lugar en Vedra e na que participaron, entre outros, Carlos Casares, Salvador García-Bodaño, Alfredo Conde, Mar Nogueira e Diego Bernal. Nela distribuíronse exemplares da obra *Memoria dunha terra*, do escritor homenaxeado.



F. M. B., “Poemas con adn. Publipoemas de poesía competitiva”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 101, 8 marzo 1996.

Descrición de Lois G. Magariños como poeta afastado das profundidades filosóficas e das grandes ornamentacións verbais. Coméntase o proceso de elaboración dos seus “publipoemas”, cualificados de “vendavais de estilo” e de “poemas cívicos das subxectividades rebeldes”. Lóuvase o traballo deste autor por tentar rachar coa uniformización á que nos conduce o mundo moderno. Nas páxinas seguintes, inclúense reflexións e relatos curtos de temática variada, por veces cun estilo próximo á prosa poética.



F. T., “Homenaxe a Helena Elena Quiroga na Festa da Poesía do Bierzo”,
O Correo Galego, 24 xuño 1996, p. 19.

Noticia sobre a XXXIª edición da Festa da Poesía, celebrada en Vilafranca do Bierzo. Nesta ocasión, o rector da Universidade de Santiago, Darío Villanueva, fixo continuas referencias á escritora e académica galega, Elena Quiroga, e lembrou ó tamén escritor vilafranquino, Enrique Gil e Carrasco. En palabras do rector compostelán, “en Elena Quiroga, ó modo romántico de Gil e Carrasco, a natureza do contorno configura os personaxes”.



Fariñas, Celso R. e A. **Guarda**, “Día das letras galegas. Adicado a Xoan do Tamuxe”, *A Peneira*, “Baixo Miño”, nº 198, ano XIII, 1ª quincena maio 1996, p. 19.

Sucinto comentario no que se fala da assemblea xeral da Agrupación Cultural Guardesa reunida con motivo do Día das Letras Galegas. Nesta ocasión decidiuse homenaxear, neste día, ó veciño do concello de O Rosal, Xoan Bautista Martínez González, Xoan do Tamufe, polo seu labor relacionado coa cultura do Baixo Miño.



Feijoo, Raquel, “El actor es su propio instrumento”, *La Región*, 14 xaneiro 1996,
p. 19.

Breve comentario sobre os proxectos da actriz cubana Loly Buján, quen na actualidade dirixe a Escola de Teatro na Casa da Xuventude de Ourense. Entre os seus obxectivos, inclúe o de converter-la súa escola nunha especie de taller teatral, coa montaxe de pequenas obras.



_____, “Traballas na defensa da arte”, *La Región*, 20 marzo 1996, p. 13.

Informa de que o Grupo Francisco Moure aglutina a persoas interesadas no mundo da arte, concretamente da arte ourensá. A publicación da revista *Porta da Aira* é, segundo Mercedes Gallego, a súa presidenta, “o que marca a traxectoria do grupo”.



_____, “Torpedo visitará Ourense no mes de outubro”, *La Región*, 14 xullo 1996, p. 19.

Dá conta da celebración dunhas xornadas de Banda Deseñada que terán lugar en Ourense, do 4 ó 12 de outubro. Nelas presentarase a figura de Luca Torelli, Torpedo, un ganster de orixe italiano, famoso polas súas aventuras. O programa de actividades complétase cunha mesa redonda, un programa radiofónico, un mercado e un ciclo de cinema e Banda Deseñada.



_____, “Foi un de tantos mártires”, *La Región*, 18 agosto 1996, p. 8.

Breve percorrido pola vida e a obra de Alexandre Bóveda, con motivo da celebración do sesenta aniversario da súa morte. Faise fincapé na súa formación inicial e no seu carácter galeguista e salientase a influencia que a Xeración de Vicente Risco e a revista *Nós* exerceron sobre a súa personalidade.



_____, XII Concurso Galego de Banda Deseñada”, *La Región*, 17 setembro
1996, p. 9.

Informa da celebración do XIIº Concurso Galego de Banda Deseñada no que foi galardoado un vigués de dezasete anos, Francisco Xavier da Silva. A historia premiada titúlase *Crestomatía do amor* que, segundo o autor, “é unha alegoría de cómo comeza o amor”. Afirmo que un dos seus mellores mestres foi Miguelanxo Prado do que aprendeu que “non facía falta ter un personaxe propio, senón que podía crear personaxes para unha historia en concreto”. Afirmo, así mesmo, que nunca quere tratar un mesmo tema durante demasiado tempo, nin emprega-la mesma técnica en repetidas ocasións.



_____, “VIII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense”, *La Región*, 5 outubro 1996, p. 11.

Informa da inauguración das VIII^{as} Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Nelas celebrouse a entrega de premios correspondente ó XII^o Concurso Galego de Banda Deseñada, outorgado ó debuxante vigués Francisco Xavier da Silva.



_____, “Coloquio: ‘Escritores e banda deseñada”, *La Región*, 12 outubro 1996,
p. 11.

Alude á celebración dun coloquio titulado “Escritores e banda deseñada”, no que participaron Xosé Luís Méndez Ferrín, Ramón Caride Ogando e Manuel Lourenzo. Segundo Ferrín, a relación entre a banda deseñada, o cine e a literatura é que as tres se poñen “ó servizo da narración dunha historia”. Así mesmo, engadiu que a influencia do cómic na súa obra “é difusa, pero existe”. Caride Ogando tamén salientou a influencia do cómic na literatura e Manuel Lourenzo foi máis alá e afirmou que a imaxe determina, en grande medida, a literatura, “inflúe en moitos sentidos. Postos a narrar historias unha perspectiva que se acaba escollendo é a puramente visual, é dicir, o considerar os feitos como imaxes”.



_____, “Carlos Casares é o novo presidente do Consello da Cultura Galega”,
El Ideal Gallego, 15 outubro 1996, p. 19.

Ofrece unha breve biografía do escritor ourensán Carlos Casares, recentemente nomeado presidente do Consello da Cultura Galega, en substitución do profesor X. Filgueira Valverde. Menciónanse algunhas das súas obras como *Vento ferido*, *Cambio en tres*, *Xoguetes para un tempo prohibido*, *Os escuros soños de Clío* ou *Deus sentado nun sillón azul*. Cita, así mesmo, algúns dos premios acadados polo escritor como o Premio Otero Pedrayo, o Premio Xunta de Galicia de Creación Literaria, o Premio da Crítica Española e o Premio da Crítica Galega.



_____, “Vitalidade e entrega dun galeguista á política”, *La Región*, 16 outubro 1996, p. 11.

Alude a unha mesa redonda celebrada no marco dunhas xornadas sobre Alexandre Bóveda. Nela, o historiador Marcos Valcárcel, autor do ensaio “A personalidade política de Alexandre Bóveda”, disertou sobre a vida e a personalidade política do intelectual ourensán. Informou da súa participación no semanario *O tío Marcos da Portela*, “unha certa escola de galeguidade”, en palabras de Valcárcel. Fixo alusión, así mesmo, á personalidade de Bóveda como símbolo do Partido Galeguista. Eduardo Gutiérrez, escritor e autor do ensaio “Alexandre Bóveda en A Nosa Terra”, falou sobre os anos de Bóveda no Partido Galeguista. Por último, Xavier Castro, autor de “O galeguismo na encrucillada”, analizou a ideoloxía e a actuación política de Bóveda na IIª República.



_____, “A poesía e a música rendíronse ante Bóveda”, *La Región*, 19 outubro 1996, p. 11.

Informa, brevemente, dunhas xornadas en homenaxe ó político galeguista, Alexandre Bóveda. Nelas, o grupo Dolmen recitou un poema de Salvador García-Bodaño titulado “No derradeiro mencer de Alexandre Bóveda” e outros de Fiz Vergara Vilariño, Manuel María e Darío Xohán Cabana. A continuación, menciónase a actuación da Coral Polifónica de Pontevedra, da que Bóveda foi membro nos seus anos mozos. No acto estiveron presentes a viúva do escritor, Amalia Álvarez Gallego, e a súa neta, Anxeles Cuña Bóveda.



Fernández, E., “Escaleras para la historia”, *Diario 16 de Galicia*, 11 maio 1996,
p. 40.

Recolle información sobre a presentación do libro de Xurxo Lobato, *Galegos na escaleira* (1995), un conxunto de 141 instantáneas de persoeiros da arte, das letras, do periodismo, da política, do deporte, da música, da educación, da moda ou do cine. O escritor Carlos Casares, que asistiu ó acto, afirmou que en *Galegos na escaleira* tódolos personaxes “están tratados con corrección y elegancia”.



Fernández, H(ilario), “Emotiva homenaxe na Casa de Galicia en Madrid ó diario *La Noche*”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 10 febreiro 1996, p. 37/p. 61.

Refírese á celebración do 50 aniversario de *La Noche* na Casa de Galicia de Madrid. Con este motivo tivo lugar unha mesa redonda na que participaron José Antonio Ferreiro Piñeiro, director da institución, Antonio de Olano, Gonzalo Rodríguez Mourullo, Antonio Bonet e Raimundo García Domínguez, *Borobó*. Todos eles relataron as súas lembranzas persoais ó redor do diario *La Noche* e destacaron o especial significado da publicación, así como a xenerosidade de Borobó con todos eles.



_____, “El mundo del periodismo gallego en Madrid rinde un homenaje a ‘Borobó’”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 22 marzo 1996, p. 61/p. 45.

Dá conta dunha homenaxe a Borobó, ex director do diario compostelán *La Noche*, ofrecida polo Club de Periodistas Gallegos en Madrid. O presidente do Club, Francisco Díaz Rey, fíxolle entrega dunha placa conmemorativa e da Medalla Castelao. No acto, tamén estiveron presentes, entre outros, Xerardo Fernández Albor, ex presidente da Xunta de Galicia, os alcaldes de Pontecesures e de Valga, o escritor José Montero Alonso, José Goñi, primeiro director de *La Noche*, ou Feliciano Barrera, director de *O Correo Galego/El Correo Gallego*.



Fernández, Lois, “Nombres propios. Avelino Pousa Antelo”, *La Voz de Galicia*, 7 xaneiro 1996, p. 46.

Sucinto comentario sobre dous actos que tiveron lugar en Compostela, nos que interviu o presidente da Fundación Castelao, Avelino Pousa Antelo. Nunha homenaxe a Ánxel Casal, colocou unha placa conmemorativa no número quince da rúa do Vilar, sede da imprenta Nós. Así mesmo, depositou un ramo de flores no Panteón de Galegos Ilustres, como homenaxe a Castelao.



_____, “Nomes propios. Xosé Filgueira Valverde”, *La Voz de Galicia*, 22 febreiro 1996, p. 46.

Sucinto comentario sobre o prólogo do profesor Filgueira Valverde á edición de luxo e numerada de *Churruscadas*, publicada polo Consello da Cultura Galega.



_____, “Nombres propios. Suso de Toro”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 1996,
p. 50.

Informa, brevemente, da recente decisión da productora galega Continental Producciones, de levar ó cine a obra de Suso de Toro, *A sombra cazadora*.



Fernández, S., “Lupe Gómez: Escribo como unha forma de sobrevivir”, *O Correo Galego*, 8 decembro 1996, p. 55.

Artigo que dentro do marco do 1º Encontro de Novos Escritores dá conta das actividades desta segunda xornada que contou en primeiro lugar cos relatorios de Fran Alonso, Ricardo Beiras, Xosé Carlos Caneiro, Camilo Franco, Inma López Silva e Xerardo Méndez dos que Fernán-Vello dixo que se poden considerar de grande calidade. A poesía foi representada por Iolanda Castaño, Pedro Millán, Lupe Gómez, Martín Veiga e Rafa Villar, dos que se reproducen algunhas breves observacións.



Fernández Pazos, Xosé María, “As voces de Pondal na Habana”, *O Correo Galego*, 7 xaneiro 1996, p. 16.

Comenta a conmemoración do oitenta e oito aniversario do recoñecemento do Himno galego, acto celebrado na Habana e organizado polo Centro Galego da capital cubana. Lembra as persoas homenaxeadas e evoca o acontecido o 20 de decembro de 1907, data na que nacía o noso himno.



_____, “Escritores galegos en América”, *O Correo Galego*, “O Correo da Galeguidade”, 10 novembro 1996. p. 14.

Entre outras novas de distinta índole, Fernández Pazos dá noticia da celebración do 64 congreso internacional do Pen Clube que se desenvolve na cidade mexicana de Guadalaxara e ó que asisten como representantes da literatura galega Xesús Rábade, Helena Villar, Úrsula Heinze e o poeta Luís Tosar. Esta representación viaxará posteriormente a México onde manterá un encontro coa colectividade galega. Por outra banda dá noticia da participación de Alfredo Conde nunhas xornadas sobre literatura galega que se celebran en Texas.



Fernández del Riego, Francisco, “Os Arquivos da Fundación Penzol”, *O Correo Galego*, 8 outubro 1996.

O artigo comeza cun breve resumo biográfico de Fermín Fernández- Penzol Labandeira explicando o nacemento do seu interese pola bibliografía referida a Galicia e a organización e posta en marcha da Fundación Penzol. Faise referencia ós importantes fondos bibliográficos cos que esta conta, entre os que se atopan unha serie de manuscritos raros que aparecen descritos no artigo.



Foces, Ujué, “El nuevo cancionero gallego resurge de la mano de Manolo Rivas y César Morán”, *Faro de Vigo*, 21 decembro 1996, p. 44.

Informa dun recital poético que tivo lugar no Club Faro, en Vigo, a cargo do guitarrista César Morán e do escritor Manuel Rivas. Trátase dun recital titulado “O pobo da noite”, igual que o último poemario de Rivas, no que o escritor recitou varios dos seus poemas, incluídos no libro. Rivas afirmou, así mesmo, que “al escribir estás solo, pero no es la soledad de vacío que algunos piensan, trabajas sólo pero con la suma de las memorias. Soy un mediador”.



Franco, Fernando, “Sinfonía poética en seis linguas”, *Faro de Vigo*, 27 xuño 1996, p. 14.

Alude, brevemente, á celebración dun encontro que reuniu a mulleres de España, Portugal, Canarias e Baleares baixo a dirección de M^a Xosé Queizán.



_____, “La ascensión de la narrativa gallega crea expectación en los editores foráneos”, *Faro de Vigo*, 22 outubro 1996, p. 47.

Artigo no que se dá conta da forza e boa saúde da nova xeración literaria galega que esperta o interese dos editores en lingua castelá. Sinálanse como características máis importantes deste momento literario a precocidade dos novos valores, a aparición dunha nova literatura, a literatura “bravú” que intenta “un maridaje entre la civilización rural y urbana” e a preminencia do relato curto sobre a novela.



_____, “Xerais abriu su semana del Libro”, *Faro de Vigo*, 23 outubro 1996,
p. 48.

Informa da apertura da semana do libro coa que Edicións Xerais de Galicia celebra a publicación do número 1000 no seu catálogo. Dá conta da conferencia inaugural a cargo de Francisco Fernández del Riego e das diversas exposicións coas que se pretende mostrar todo o proceso editorial e toda a historia editorial en Vigo.



_____, “Un acto plural de voces e línguas”, *Faro de Vigo*, 26 outubro 1996,
p.46.

Informa brevemente do acto literario que tivo lugar no Club Faro e reuniu a Isabel Clara Simó, Suso de Toro, Marilar Aleixandre e Martín Garzo como representantes de tres literaturas do estado. Cada un achega a súa opinión sobre o papel que xoga a literatura na sociedade actual e a posible competencia con outros medios.



_____, “Vagalume proyecta un festival de teatro con grupos universitarios”, *Faro de Vigo*, 10 decembro 1996, p. 14.

Informa da celebración de varios cursos de teatro que se levarán a cabo nos campus de Vigo, Pontevedra e Ourense. Xunto con María Isabel Muñoz, directora da Aula de Teatro de Vigo, cítanse como profesores a María Mercedes González que se encargará da formación corporal e a Leonel García que se encargará da área de interpretación.



Fuente, Manuel de la, “Castelao añora en París orellas y filloas”, *Faro de Vigo*, 7 febreiro 1996, p. 26.

Comenta as anotacións que Castelao fixo o 17 de febreiro de 1921 no seu “Diario” persoal. Nesta data, o escritor rianxeiro fala da vida en París, dos gustos dos franceses e da añoranza que sente por Galicia no tempo do Entroido. Tamén dá conta das visitas a museos e monumentos parisinos e dos actos oficiais nos que participa.



_____, “Castelao, certo de que existen Dios y el diablo”, *Faro de Vigo*,
14 febreiro 1996, p. 26.

Seguindo co “Diario” de Castelao, neste caso comenta o que o autor rianxeiro tiña escrito o catorce de febreiro de 1921, durante a súa estancia en París. Fala do descontento que está coa vida na capital francesa e do progresivo sentimento de morriña. No remate, reflexiona sobre a evolución das súas crenzas relixiosas e sobre as diferencias que atopa entre os galegos e os franceses na forma de vivi-la fe.



G. L., “Marcial Suárez, o escritor comunista que regresou ao galego despois dun longo exilio”, *A Nosa Terra*, nº 741, “Guieiro Cultural”, 29 agosto 1996, p. 25.

Informa da morte do escritor Marcial Suárez e fai un breve percorrido pola súa vida e o seu labor literario durante a época da dictadura franquista. Fai referencia ás súas obras, dúas novelas en español e unha obra dramática. En galego publicou *O acomodador e outras narracións*, “un feixe de relatos instalados en Allariz que naceron do seu xénio conversador e do interese de Luís Seoane, seu amigo, porque aquelas lembranzas de mocidade de Suárez puídesen perdurar na escrita”.



G. T., M^a. J., “Ramón Otero Pedrayo, o Mestre”, *Gallaecia Fulget*, nº 5, “Os seus protagonistas II”, Monográfico editado por *El Correo Gallego* e *O Correo Galego* e coordinado dende a Exposición do V Centenario da Universidade de Santiago de Compostela, 30 xuño 1996, p. 12.

Tras ofrecer unhas notas biográficas de D. Ramón Otero Pedrayo, a articulista lembra, con motivo do V^o Centenario da Universidade de Santiago de Compostela, a presenza de D. Ramón nas súas aulas. Sinala o seu labor como catedrático de Xeografía dende 1950 a 1958, data na que pronunciou a súa última lección en galego, daquela “prohibida para a docencia”.



Gallego, Amalia M., “Méndez Ferrín: ‘Posada Curros me iniciou en el conocimiento de Vigo y su Historia”, *Faro de Vigo*, 30 xaneiro 1996, p. 41.

Breve artigo no que se recollen as declaracións de José María García Picher, presidente do Círculo Mercantil de Vigo, e dos escritores X.L. Méndez Ferrín e Xerardo González Martín, con motivo da morte do escritor vigués José G. Posada Curros.



García, Jorge, “60 aniversario do fusilamento do galeguista polo exército franquista”, *La Región*, 18 agosto 1996, p. 8.

Recolle información sobre un acto de homenaxe ó galeguista Alexandre Bóveda, que tivo lugar no municipio pontevedrés de Poio. Ó acto asistiron unhas trescentas persoas, entre as que destacaron a súa viúva, Amelia Álvarez, o escritor Miguel Anxo Fernán-Vello ou o director de *A Nosa Terra*, Alfonso Eiré. No decurso do acto, o escritor Xesús Alonso Montero recitou uns poemas en homenaxe ó ilustre galeguista ourensán.



García, J. Alberto, “Las ventas de la feria del libro de Vigo suman más de tres millones por día”, *Faro de Vigo*, 7 xullo 1996, p. 42.

Dá os datos correspondentes ás catro primeiras xornadas da Feira do Libro de Vigo. Nomea os autores e os títulos máis vendidos da literatura galega, española, portuguesa e cómic. Recolle as declaracións de Manuel Forcadela e Lois Fernández Marcos nas que salientan o bo momento que está a vivi-la literatura galega, e coinciden en critica-la política cultural que se segue dende a Xunta de Galicia.



García Cheda, Pilar, “Xesús Alonso Montero pronunciou onte unha conferencia en Lugo”, *El Progreso*, 19 decembro 1996, p. 69.

Informa dunha conferencia que o escritor Alonso Montero pronunciou na Biblioteca Pública Provincial de Lugo, sobre a poesía dos exiliados galegos na Arxentina, incluída no ciclo “Os nosos escritores”. Alonso Montero afirmou que, “neste momento a literatura galega está a vivir un tempo moi distinto ó que atravesou durante a posguerra”. Ademais, engadiu que “a grande cantidade de premios que hoxe en día se está repartindo non implica que haxa unha boa calidade entre as obras dos que os reciben”.



Gil, Francisco J., “Víctor Freixanes”, *Faro de Vigo*, “Paisaje con figuras”,
28 xaneiro 1996, p. 2.

O articulista analiza a presenza da palabra na vida de Víctor Freixanes. Afirmar que primeiro foi a palabra transformada en voz, unha das primeiras nunha emisora de radio; en segundo lugar, xurdiu a palabra escrita que iniciou a súa ampla carreira literaria.



_____, “Murió Posada-Curros, la memoria de Vigo del siglo XX”, *Faro de Vigo*,
30 xaneiro 1996, p. 40.

Infórmase do pasamento do escritor, avogado, profesor de instituto e xornalista vigués José Gómez Posada-Curros, ós noventa e cinco anos de idade. O escritor, memoria viva da súa cidade natal, morreu cando estaba a piques de remata-lo seu último libro.



_____, “Actores y escritores reclaman al alcalde de Vigo un centro de teatro”,
Faro de Vigo, 13 febreiro 1996, p. 44.

Recolle a elaboración dun manifesto por parte de escritores e xentes da escena demandando a creación dun teatro que podería estar ubicado na casa das Artes. Lembra a tradición teatral en Vigo dende o século XIX, mesmo durante o verán, nos festivais organizados polo Concello en Castrelos.



_____, “Bieito Ledo”, *Faro de Vigo*, “Paisaje con figuras”, 25 febreiro 1996, p. 2.

Recolle as súas impresións sobre o labor profesional levado a cabo por Bieito Ledo. Destaca a creación dos Premios da Crítica de Galicia, impulsados polo Círculo Ourensán-Vigués, e a súa colaboración na *Enciclopedia Galega Universal*.



_____, “Galicia en mil títulos”, *Faro de Vigo*, “Premios Xerais 96”, 26 outubro 1996, p. 49.

Con motivo da publicación do título número mil de editorial Xerais, o articulista presenta nun breve resumo as cifras de dita editorial en canto a número global de libros vendidos, número de exemplares vendidos de cada un dos libros de máis éxito tanto no apartado de literatura infantil e xuvenil coma no de literatura para adultos, volume de negocio etc. Por último fala da vocación universalista de Xerais e do equipo humano que a dirixe e fai posible.



_____, “A forza dos lectores volve a Vigo”, *Faro de Vigo*, “Premios Xerais 96”,
26 outubro 1996, p. 50.

Fai un percorrido polos títulos e coleccións máis importantes de Edicións Xerais de Galicia, dende a súa creación no 1979 ata a actualidade. Comenta a creación do premio Xerais de novela e o Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil, dá o nome dos gañadores e os títulos das obras premiadas en cada unha das edicións. Atribúe boa parte do éxito destas obras ó feito de que os xurados estean integrados por lectores e non por críticos ou especialistas.



Gómez, Ana B., “Muestra sobre el vínculo entre el poeta andaluz García Lorca y Galicia”, *El Ideal Gallego*, 2 agosto 1996, p. 10.

Fai referencia a unha mostra que acolle a Sala Sargadelos de Santiago sobre Federico García Lorca. Nela amósase o vínculo entre o poeta andaluz e Galicia. Inclúense unha serie de fotografías da época, documentos, algunhas composicións que escribiu en galego, unha salutación elexíaca a Rosalía de Castro, a obra *Seis poemas galegos*, editada en decembro do 1935, cun prólogo de Eduardo Blanco-Amor, etc.



Gómez, Joel, “Alemanes y letras gallegas”, *La Voz de Galicia*, “El espejo de la ciudad”, 12 xaneiro 1996, p. 32.

O autor do artigo destaca o traballo como investigador, traductor e creador de Jaime Santoro, un licenciado en Filloxía Xermánica que traduciu ó galego, na editorial Espiral Maior, as *Elexías de Duino*, de Rainer Rilke e está a prepara-los *Himnos á noite*, de Frederick Novalis. Como investigador interénsalle as relacións entre a literatura alemana e a galega e como creador conta xa cun relato premiado no Certame da Asociación Cidade Vella de Santiago, publicado no volume *Muralla de crecornoio* e con algunhas poesías na revista *Dorna*.



_____, “Diez mil títulos para leer en gallego”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 85, 13 outubro 1996, pp. 1-2.

Artigo que informa sobre a situación do mercado do libro galego, dando conta das súas numerosas deficiencias (como a introducción de empresas de fóra no mundo do libro galego) e tamén do grande crecemento producido nos últimos anos. Faise unha comparación cos mercados de Cataluña e o País Vasco constatando que “el primer problema que se encuentra en Galicia es falta de tradición en el sector editorial”.



Gómez, Lupe, “Mocidade, Galiza, Literatura, BNG”, *A Nosa Terra*, nº 709, “Guieiro Cultural”, 18 xaneiro 1996, p. 28.

Reflexión compulsiva sobre a literatura, a mocidade, a política, o ensino e o nacionalismo. Lupe Gómez dende o feminismo e dende o nacionalismo, pregúntase polas contradicións presentes na sociedade e se é posible un cambio.



_____, “Carta a unha feminista”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”,
6 marzo 1996, p. 8.

Escrito no que Lupe Gómez define a súa postura como muller na sociedade e reflexiona sobre si mesma dende o feminismo, nunha carta poética dominada polas frases breves, nas que de xeito compulsivo aborda varios temas como a importancia do corpo e a invisibilidade da muller.



_____, “A homenaxe a Avilés de Taramancos congrega aos poetas en Noia”,
A Nosa Terra, nº 719, “Guieiro Cultural”, 28 marzo 1996, p. 22.

Informa da homenaxe, celebrada en Noia, con motivo do cuarto cabodano do falecemento do escritor Avilés de Taramancos. Describe o ambiente de cordialidade, admiración e respecto polo homenaxeado ó mesmo tempo que recolle palabras de poetas que tiveron trato persoal con Avilés. Lupe Gómez salienta de xeito especial a exposición da xove fotógrafa noiesa María Esteirán porque “arrincou de cada personalidade o máis íntimo”. Dá os nomes dos poetas que interviron no recital e comenta a emoción vivida cando un fillo do homenaxeado amosou un vídeo sobre seu pai. Finalmente, recolle as declaracións de Sofía Baquero, viúva do poeta de Taramancos, nas que lembra como coñeceu ó seu home en Colombia e como viaxaron a Galicia.



_____, “Rosas no ataúde de Lois Pereiro”, *A Nosa Terra*, nº 729, “Guieiro Cultural”, 6 xuño 1996, p. 27.

Lupe Gómez invoca a figura de Lois Pereiro con motivo do seu falecemento. O artigo, escrito en ton elexíaco, recorda ó poeta e reivindica que a súa poesía continúe a ser lida para non dar paso ó esquecemento.



Gómez, Lupe, Rosa Navia, María Val, e Soedade Noia, “Virxinia por rúas literarias do seu corpo”, *O Correo Galego*, “A lingua, o tesouro”, 8 outubro 1996, pp. 38-44.

As catro autoras fan un percorrido imaxinario pola literatura galega dende a Idade Media ata a actualidade, no que a protagonista, chamada Virxinia, viaxa no tempo e no espacio coñecendo personaxes da vida cultural e política tanto en Galicia coma no exilio.



Gonda, A., “A poesía de Luz Pozo abre o ‘1º Encontro de Novos Creadores”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 7 decembro 1996, p. 33/p. 13.

Informa sobre a primeira xornada do 1º Encontro de Novos Creadores. Céntrase en comenta-la conferencia inaugural a cargo de Luz Pozo Garza, na que a poeta e académica galega reflexiona sobre a súa obra, as influencias que recibiu, e tamén fai unha valoración moi positiva das novas xeracións poéticas do noso país. Para rematar, tamén aparecen recollidas as declaracións de Fernán-Vello, Novoneyra e Álvarez Cáccamo nas que se felicitan pola acollida que tivo este Encontro.



Grande, Antón, “A mocidade é o futuro de Galicia, dixo Pousa Antelo”,
El Progreso, 21 marzo 1996, p. 48.

O presidente da Fundación Castelao, Avelino Pousa Antelo, lembrou, nunha charla-coloquio celebrada no pub Clavicémbalo e organizada polo clube Valle-Inclán, a creación das Mocidades Galeguistas e as diferencias entre os mozos dos anos trinta e a xuventude actual. Pousa Antelo salientou a súa colaboración no xornal *La Voz de Barcala*, da imprenta Nós, onde se afianzara o seu sentir galeguista.



_____, “Premios”, *El Progreso*, “O segrel”, 31 maio 1996, p. 59.

Denuncia a desaparición da convocatoria do 96 do Premio Cidade de Lugo para obras narrativas. Culpa deste feito ó Concello e comenta a boa dotación económica (3 millóns de pesetas) e a importancia deste premio para a vida cultural luguesa e para a narrativa galega en xeral. Pregúntase ónde foron os cartos da edición anterior, na que o certame resultou deserto. Conclúe indicando que “no trasfondo da cuestión vislúmbrase a mediocridade, a vulgaridade de poltrona disfrazada dun ecoloxismo que arrecende”.



Guede, Isidro, “Música también del exilio”, *La Región*, 26 decembro 1996, p. 13.

Comentario sobre unha charla titulada “A poesía dos exiliados galegos en México”, que o profesor Alonso Montero pronunciou en Ourense. Nela afirmou que el apoia as tarefas de recompilación das obras literarias destes exiliados pero que nota “una absoluta falta de interés en lo que se refiere a la música. Y resulta que también hubo exiliados gallegos músicos en México”.



Guirado Ruiz, José, “Literatura Fantástica galega: Las brujas”, *Diario de Pontevedra*, 18 abril 1996, p. 10.

Salienta a presenza da mitoloxía popular na literatura fantástica galega e divide o conxunto de mitos existentes en dous grupos: os restos de cultos pagáns (augas, árbores, plantas, astros, etc.) e os seres míticos como fadas, espíritos, trasnos, etc. Ademais, sinala a presenza doutros mitos como os aparecidos, o panteísmo ou o celtismo e analiza a popularidade das bruxas nas lendas de moitos países.



Gutiérrez, María Jesús, “A pegada de Otero Pedrayo na Universidade”, *Diario de Pontevedra*, 12 maio 1996, p. 24.

Amplio artigo de carácter informativo no que se fai un percorrido pola vida de Ramón Otero Pedrayo. Menciónase a súa asidua colaboración coa revista *Nós*, cunha totalidade de oitenta e sete traballos de temática variada; faise referencia á súa devoción por Galicia, punto de partida na súa vida e nos seus escritos. Céntrase, por último, na vinculación que tivo coa universidade dende a cátedra de Xeografía, outorgada por unanimidade no ano 1950. Remata o artigo, cunhas palabras de Ricardo Carballo Calero, que aluden ó orixinal retrato que Otero Pedrayo fixo de Galicia.



Gutiérrez Tosar, Jesús, “López Ferreiro, un canónigo que fue el precursor de la historiografía gallega”, *El Ideal Gallego*, 7 xullo 1996, p. 9.

Amplo artigo no que se ofrece unha detallada biografía do canónigo compostelán, Antonio López Ferreiro. Cítase, así mesmo, unha mostra dedicada ás Letras Galegas e Universidade que se está a celebrar no marco da exposición *Gallaecia Fulget*. Nela figura, entre outros, Antonio López Ferreiro, como unha das persoas que contribuíron, co seu labor cultural, ó coñecemento de Galicia.



Gutiérrez Tosar, María José, “Don Alonso de Fonseca, humanista y mecenas”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 14 xaneiro 1996, p. 12.

Breve perfil biográfico de don Alfonso de Fonseca, “la figura más ilustre e importante para el desarrollo de la universidad compostelana”.



H. B., “El catedrático Lois Estévez escribió sobre la ‘Esencia da Galeguidade’”,
El Correo Gallego, 1 outubro 1996, p. 60.

Informa da próxima publicación da obra de Lois Estévez, *Esencia da Galeguidade*, na colección A Nosa Diáspora. Da Emigración á Galeguidade, patrocinada pola Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas. A obra, segundo o articulista, fundaméntase no sentimento da galeguidade e analiza, ó longo dun percorrido pola literatura española, a visión que diversos escritores tiveron de Galicia.



I. G., “La Asociación de Estudiantes de Letras celebra un ciclo sobre Ernesto Guerra de Cal”, *El Ideal Galego*, 13 xaneiro 1996, p. 8.

Informa de que a Asociación Nacional de Estudiantes de Letras da Universidade de Compostela homenaxea ó poeta e galeguista Ernesto Guerra de Cal cunha mesa redonda e un recital poético.



_____, “La Asociación Álvaro Cunqueiro programa hoy un encuentro poético”,
El Ideal Gallego, 7 marzo 1996, p. 10.

Comenta que a Asociación Galega de Profesores de Español “Álvaro Cunqueiro” está a celebrar VIº Encontro de Profesores de Español. O Encontro abriuse cun recital poético e unha conferencia a cargo de Vicente Tusón. Outros actos programados son: dúas mesas redondas sobre propostas metodolóxicas para o ensino da lingua e a literatura na E.S.O. e no Bacharelato, unha conferencia de Juan Casas na que tratará a temática de Macías o Namorado e a intervención de Xesús Pena con “Gramática, formación de palabras e diccionario”.



_____, “La Compostela del alma de Blanco Amor en sus artículos periodísticos”,
El Ideal Gallego, 20 marzo 1996, p. 10.

Informa sobre a presentación en Santiago da recompilación de artigos de Eduardo Blanco Amor sobre Compostela. Comenta o abano cronolóxico que abarcan e a temática dos mesmos. Para rematar, recolle unhas palabras da autora, Teresa Araújo, e destaca a importante tarefa de compilación e análise desta xove licenciada en Filoloxía Galega.



_____, “Isaac Díaz Pardo dará una charla sobre la situación de la investigación en Galicia”, *El Ideal Gallego*, 4 maio 1996, p. 18.

Informa da participación de Isaac Díaz Pardo na primeira xuntanza de xoves investigadores, que se celebrou en Sada. O director do complexo Sargadelos-Castro dará unha conferencia sobre a investigación en Galicia. Os participantes son persoas menores de trinta anos que realizan algún tipo de investigación no campo das letras, das ciencias, das novas tecnoloxías ou da cultura en xeral. O obxectivo principal das reunións é o de intercambiar experiencias.



_____, “Nova 33 dispone durante el mes de junio del libro ‘Contos da ruta”,
El Ideal Gallego, 12 xuño 1996, p. 6.

Alude ó libro *Contos da ruta*, de Xavier Alcalá, Carlos Vila e Xosé Antonio Neira Cruz, que estará dispoñible ó público na Biblioteca Nova 33, durante o mes de xuño. Así mesmo, anúnciase a presentación do novo cómic de Fausto, Méndez e Malvar, pertencente á serie de Simon Martel.



_____, “La cultura gallega muestra su dolor por la pérdida del escritor de Allariz Marcial Suárez”, *El Correo Gallego*, 29 agosto 1996, p. 19.

Breve perfil bio-bibliográfico do escritor, político, traductor e xornalista de Allariz, Marcial Suárez, que morreu recentemente na Coruña. Da súa produción en galego, o articulista menciona a súa única obra, un conxunto de relatos ilustrados por Luís Seoane e publicados baixo o título de *O acomodador e outras narracións* (1969).



_____, “Comienza la celebración de la ‘Semana Cultural’ de Dodro”, *El Ideal Gallego*, 15 decembro 1996, p. 8.

Informa dunha serie de actos que terán lugar no Concello de Dodro con motivo da súa Semana Cultural. Entre outros, destacan a representación das obras teatrais *Nenerías* do grupo Teatro Galileo e *Melocotón en almíbar* do Teatro Berenguela. Así mesmo, representarase a obra de marionetas *Historia de un papel*, da man de Kukas; actuarán a Agrupación Folclórica Avelán, a Agrupación de gaitas e baile de Fruime e a Banda de Música de Padrón. Para rematar, alude á sesión na que se fará entrega do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón na súa IXª edición, que este ano lle correspondeu á obra *Dende unha nada núa*, de Isidro Novo; por último, menciona a celebración dun recital poético con motivo do Xº aniversario da morte de Eusebio Lorenzo Baleirón.



I. S., “La Escuela Taller de Silleda acoge conferencias sobre personajes de la comarca”, *Faro de Vigo*, 28 xaneiro 1996, p. 15.

A Escola Taller de Silleda acollerá a partir do 1 de febreiro un ciclo de conferencias sobre os escritores Antón Alonso Ríos, Ramón de Valenzuela e Bieito Alonso Fernández. Os actos están organizados polo Consello Comarcal do B.N.G. do Deza e A Estrada e dirixidos a “recupera-la memoria histórica da Comarca, reconstruí-lo noso pasado e rehabilita-la figura e obra dos nosos paisanos destacados na defensa dos intereses culturais, económicos e sociais de Galicia”.



Iglesias, A, “Coches de choque y joyas literarias”, *El Correo Gallego*, 15 maio 1996, p. 24.

Alude, brevemente, á celebración da Feira do Libro Antigo e de Ocasión de Santiago que, nesta Vª edición, contou con máis de 45.000 libros á venda.



_____, “El rincón de los coleccionistas”, *El Correo Gallego*, 16 maio 1996, p. 24.

Informa da celebración da Vª Feira do Libro Antigo e de Ocasión na que se podían atopar primeiras edicións, enciclopedias, series e coleccións esgotadas.



_____, “El orgullo de ser mujer”, *El Correo Gallego*, 20 marzo 1996, p. 33.

Informa de que a Asociación O Galo inaugurou onte na Galería Minotauro unha exposición de pintura e poesía firmada por dezaioito artistas galegas. O seu obxectivo era “conmemora-lo Día Internacional da Muller Traballadora” cun “canto a favor da igualdade e a non discriminación”.



_____, “Xaquín del Valle-Inclán firma el primer ‘Cuento del Paraíso”, *El Correo Gallego*, 25 maio 1996, p. 30.

Informa da presentación da colección de relatos breves, “Los cuentos del paraíso”. Trátase dunha colección aberta a todos aqueles que desexen ofrecer unha narración, en galego ou castelán, sobre “el paraíso particular, el deseado, o sea, el bar”. A colección ábrese cun relato curto de Xaquín del Valle-Inclán, titulado *Paradise Lost*, con ilustracións de Toño Fernández. Os organizadores da citada colección teñen previsto editar cinco mil exemplares de cada conto e repartilos gratuitamente entre os clientes do bar.



Isorna Artine, Eloy, “Encontros na biblioteca,” *O Correo Galego*, “Lecer”,
14 abril 1996, pp. X-XI.

A lectura dun artigo de prensa leva ó autor a consulta-los ficheiros da Biblioteca Nacional e a atopar referencias a diversos autores coñecidos por el, directa ou indirectamente: Baldomero Isorna, Frei J. Isorna, Xesús Ferro Couselo. Ademais, fai comentarios sobre algunha das súas obras e as súas personalidades. O artigo remata cunha reivindicación da actividade de escribir afirmando que “escribir é tarefa humana que contribúe ó noso desenvolvemento persoal”.



J. C., “Gondomar homenaxeó a Rosalía de Castro”, *Atlántico Diario*, 26 febreiro 1996, p. 11.

Informa dos actos de homenaxe a Rosalía no 159 aniversario do seu nacemento. Están organizados polas Asociacións de Mulleres Rurais, Consumidores e Culturais de Gondomar, e consisten en actuacións de música tradicional e recitais poéticos.



J. D., “Docentes y escritores asistirán a las ‘Xornadas de Lingua y Literatura’”,
El Correo Gallego, 15 abril 1996, p. 10.

Informa, brevemente, das VI^{as} Xornadas de Lingua e Literatura que se celebraron en Santiago, do 19 ó 21 de abril, e nas que participaron numerosos profesores, escritores e estudiosos do idioma galego.



J. D. C., “Mujeres de Vigo participan en el encuentro ‘Café, libros e música”,
Atlántico Diario, 7 xuño 1996, p. 59.

Informa sobre a celebración dun encontro que, baixo o lema “Café, libros e música”, reuniu a moitas mulleres das artes e das letras galegas. O seu obxectivo era achegar ás mulleres a cultura feita por mulleres. Nel, presentáronse dous libros: *Querida amiga* (1995), de Marina Mayoral, e *Filosofía e xénero*, unha recompilación das ponencias da Última Semana Galega de Filosofía, organizada pola Aula Castelao de Filosofía.



J. G., “Reeditado o primeiro texto teatral de Álvaro Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, 23 xaneiro 1996, p. 4.

Dá a noticia da edición crítica de *Rúa 26. Diálogo limiar* (1995), feita pola profesora coruñesa Teresa López e editada por Laiovento. Recolle as declaracións desta estudiosa nas que afirma que se trata do “primeiro texto concebido por Cunqueiro para o teatro” e atribúelle “unha aparente simplicidade e abstracción”.



_____, “El Parlamento quiere modificar el himno gallego para respetar el texto de Pondal”, *La Voz de Galicia*, 28 maio 1996, p. 29.

Con motivo dunhas alteracións que acaba de descubri-lo profesor coruñés, Manuel Ferreiro, na versión orixinal do himno galego composto por Eduardo Pondal, o texto oficial podería experimentar algunhas pequenas modificacións. Esta ponencia estase a estudar nestes momentos no Parlamento Galego.



Janeiro, Darío, “Chámalle...”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”,
24 xaneiro 1996, p. 8.

Presenta a obra *Chámalle X*, do colectivo Xeración Xpontánea, como un proxecto “sólido e fondo”. Loas a orixinalidade das narracións e dos personaxes que forman “un xeroglífico que en ocasións é realmente difícil de enlazar pero que non deixa de ter o atractivo do marxinal”. Lembra a traxectoria de Xeración Xpontánea dende a etapa de escritores ambulantes ata a actualidade, pasando pola primeira publicación: *Compostela a seis voces*.



_____, “Lois Pereiro: ‘A poesía sálvame do meu espírito”, *O Correo Galego*,
“*Revista das Letras*”, nº 92, 25 xaneiro 1996, p. 3.

Fala do cambio vivido por Lois Pereiro dende a súa primeira obra ata a publicación de *Poesía última de amor e enfermidade* (1995). Recolle as opinións persoais do autor sobre diversos aspectos da súa vida e do seu contorno.



_____, “Paixón pola lectura”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”,
1 maio 1996, p. 4.

Reflexiona sobre a XVª edición da Feira do Libro que contou coa presenza da Universidade de Santiago, unha presenza “moi importante, simbólica e fundamental”. Recolle, así mesmo, as impresións dalgúns dos asistentes á mesma.



L. B., “Constantino García defende ós escritores que cren na lingua viva”, *La Voz de Galicia*, 20 setembro 1996, p. 7.

Recolle a intervención do catedrático emérito de Filoloxía Románica, Constantino García, nunha sesión do Congreso organizado polo Instituto da Lingua Galega (I.L.G.). Na súa charla, despois de exemplificar a riqueza do léxico empregado por autores como Castelao, Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro ou Rafael Dieste, céntrase nas contribucións lingüísticas de Rosalía de Castro.



L. R., “Los Circuitos llevan música y teatro a 42 ayuntamientos”, *La Región*,
27 abril 1996, p. 8.

Informa da firma dun convenio entre a Consellería de Cultura e 42 concellos ourensáns, co fin de traer a Ourense un total de 148 actuacións que incluírán espectáculos de música, danza, teatro, humor, etc. No ámbito teatral, participarán 27 compañías, entre as que destacan Tanito, Rúa Viva, Sarabela, Alecrín e Emeigual, que representarán 66 obras.



_____, “Los libreros cierran la Feria con 4 millones de pesetas en ventas”,
La Región, 10 xuño 1996.

Informa da clausura da Feira do Libro de Ourense cun balance do volume de vendas rexistradas. Destaca a “presencia de escritores de reconocido prestigio como Alfredo Conde o Carlos Casares” e as actividades paralelas desenvolvidas como factores que axudaron a que os resultados da Feira fosen mellores que en ocasións anteriores.



_____, “La Diputación participa en el homenaje a Alexandre Bóveda”,
La Región, 17 agosto 1996, p. 6.

Informa dos actos de homenaxe á persoa de Alexandre Bóveda que terán lugar en Pontevedra con motivo do sesenta aniversario do seu fusilamento no cárcere público da cidade. Así mesmo, dáse conta dalgunhas publicacións patrocinadas pola Asociación cultural santiaguesa “A Estrada”, entre as que destacan *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, de Xerardo Álvarez Gallego e *O señor Afranio. Memoria dun fuxido e Os mártires do 36*.



_____, “Fallece en su casa familiar de A Coruña el escritor alaricano Marcial Suárez”, *La Región*, 28 agosto 1996, p. 6.

Informa da morte do escritor alaricano Marcial Suarez na súa casa familiar de Agueira, na Coruña. Ofrece un breve perfil biográfico do escritor e cita algunhas das súas obras. A única incursión na lingua galega foi a obra titulada *O acomodador e outras narracións* (1969).



L. R. V., “El Encontro de poetas logró reunir la obra de treinta autores”,

La Región, 10 xuño 1996, p. 10.

Fala da celebración da décima edición do Encontro de Poetas Valdeorreses no que participaron trinta poetas. Segundo a presidenta da sección poético-literaria do Instituto de Estudos Valdeorreses (I.E.V.), María del Carmen Gago Florenti, o encontro xa ten acadada a súa maioría de idade.



Lamela García, Luís, “López Abente represaliado”, *La Voz de Galicia*, (Edición de Fisterra), “Apuntes Históricos”, 13 setembro 1996, p. 40.

O articulista dá noticia da localización no Arquivo do Reino de Galicia do documento que fai referencia ós antecedentes políticos do poeta López Abente.



_____, “La depuración de López Abente”, *La Voz de Galicia*, (Edición de Fisterra), “Apuntes históricos”, 17 setembro 1996, p. 40.

O xornalista recolle fragmentos do informe emitido en 1937 para a depuración do poeta López Abente co fin de que as persoas que o coñeceron comparen a realidade coa opinión das autoridades de entón.



Leivas, Rubén, “Mondoñedo recordó el centenario del nacimiento del poeta Crecente Vega”, *El Progreso*, 2 xuño 1996, p. 23.

Infórmase de que con motivo do centenario do nacemento de Xosé Crecente Vega, tivo lugar, en Lugo, un homenaxe á persoa e á obra do sacerdote e poeta mindoniense. Segundo o poeta chairego Manuel María, Crecente Vega entronca coa poesía popular algo que, segundo el, non conseguiron facer nin Noriega Varela, nin Leiras Pulpeiro, nin Iglesia Alvariño.



López Carreira, Anselmo, “Reflexións acerca dos ‘Mitos galeguistas’ (I). Mitoloxía antinacionalista (III)”, *A Nosa Terra*, nº 710, “Guieiro Cultural”, 25 xaneiro 1996, p. 26.

Analiza o contido dun traballo titulado “Mitos de la Historiografía Galleguista”, publicado na revista *Manuscrits*, no número correspondente a xaneiro do ano 1994. Na súa opinión, o rigor dos historiadores do século XIX -Manuel Murguía, López Ferreiro ou Vicetto, entre outros- está fóra de toda dúbida. Sen embargo, segundo o articulista, non se pode falar dunha historiografía galeguista porque “nin houbo unha escola histórica con tal orientación nin existe metodoloxía específica que o xustifique”.



Lorenzo, Francisco P., “Castelao, Dieste e Lugo”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 24 xaneiro 1996, p. 5.

Repaso breve pola biografía destes tres galegos ilustres, nados en días consecutivos do mes de xaneiro. O percorrido polas súas vidas faise poñendo énfase no que teñen en común: a súa dedicación á docencia, o seu didactismo e o seu labor como voceiros da cultura galega. Inclúese ademais a transcripción do “Primeiro discurso aos estudantes”, de Dieste.



Lorenzo, Sara, “Trovadores de la primera mentira consentida” *La Voz de Galicia*, (Edición de Terras de Lemos), “Especial”, 23 maio 1996, p. 5.

Breve semblanza da figura do “contacontos” que coas palabras “fabrica fantasías”. Recóllense as opinións de dous “contacontos”, David Otero e Xosé Ballesteros sobre esta actividade herdeira dos trovadores e asentada na tradición oral.



Loureiro, Ramón, “Mario Loureiro reivindica la pasión por la lectura”, *La Voz de Galicia*, (Edición de Ferrol), 18 xuño 1996, p. 45.

Breve resumo da presentación do libro do escritor ferrolán Mario Couceiro que leva por título *A primeira fase e outras narracións*. O xornalista reproduce as palabras de gabanza de Alonso Girgado e Ponte Far.



Luca de Tena, G., “Brecht, ou como salvar o teatro facendo burla del”, *A Nosa Terra*, nº 740, “Guieiro Cultural”, 22 agosto 1996, p. 32.

Na conmemoración dos corenta anos da morte de Bertolt Brecht, o articulista analiza a súa obra e a influencias que se derivaron dela no teatro posterior. Afirmar que “o seu é un teatro épico, ás veces con lembranzas da comedia grega”. No teatro galego, só Vidal Bolaño levou á escena unha obra de Brecht, *Opera do Patacón* (1928), no ano 1995; dous anos antes, o Teatro do Noroeste xa representara o *Galileo*.



Luján, Néstor, “Lembranzas de Álvaro Cunqueiro”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, 2ª época, nº 10, 28 decembro 1996, pp. IV-V.

Recolle as lembranzas de Néstor Luján sobre Álvaro Cunqueiro, a quen coñeceu no ano 1957 en Barcelona. Ofrece, así mesmo, un detallado percorrido pola súa vida e obra a través dos seus recordos persoais.



M. A. R., “Filgueira dedicó su ‘Honoris Causa’ al Seminario de Estudos”, *La Voz de Galicia*, 1 xuño 1996, p. 29.

Informa sobre o acto que tivo lugar en Pontevedra con motivo do nomeamento de X. Filgueira Valverde doutor *Honoris Causa* pola Universidade de Vigo. Recolle breves fragmentos do seu discurso, no que fixo referencia ó labor do Seminario de Estudos Galegos, e unhas palabras da directora do Departamento de Filoloxía Galega, Camino Noia Campos.



M. G., “Xesús Pérez Varela reivindica el papel cultural del libro en la feria de Vigo”,
El Correo Gallego/O Correo Galego, 2 xullo 1996, p. 10.

Breve comentario sobre a XXIIª edición da Feira do Libro de Vigo, inaugurada polo conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela e polo alcalde de Vigo.



M. R., “Piden que Galicia haga de su literatura ‘un producto de calidade’”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 1996, p. 7.

Noticia da celebración dunha mesa redonda sobre “Escribir en galego”, celebrada na Coruña, coa participación de Xavier Alcalá, Alfredo Conde, Ramiro Fonte, Ramón Pernas e Homero Pérez Quintana, no transcurso da cal foi presentada a entidade “Ámbito Cultural”, destinada ó apoio das artes e das letras. Figura ademais unha mención ás obras que Conde e Alcalá asinaron na Coruña, con breves opinións dos autores.



M. V., “Pequenas eivas do Conselleiro de Comunicación”, *A Nosa Terra*, nº 737, “Guieiro Cultural”, 1 agosto 1996, p. 24.

Tomando como pretexto unhas declaracións do Conselleiro de Cultura, nas que afirma a grande repercusión que a morte de Rosalía tivo no seu tempo, o articulista dedícase a contraponer estas afirmacións de Xesús Pérez Varela acudindo ós xornais da época.



Maceda, Serafín, “Cultura Bravú para as Letras Galegas”, *La Voz de Galicia* (Edición de Fisterra), 17 maio 1996, p. 47.

Breve gabanza dos xoves poetas da Costa da Morte polo seu constante labor a prol do mantemento da cultura galega.



Macía, Mónica, “Las Xornadas de Banda Deseñada constituyen la fiesta gallega del cómic”, *La Voz de Galicia*, 10 outubro 1996, p. 7.

Comentario sobre as Xornadas de Banda Deseñada, celebradas en Ourense, nas que se presentaron o cómic de tres dimensións, titulado *D.R.N.* e o único cómic editado en Galicia este ano, *No nome da amada morta*.



Mallo, Albino, “Lorca e Galicia”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 28 xaneiro 1996, p. X.

Dá conta da recente publicación dun importante estudio sobre os seis poemas de Lorca escritos na nosa lingua. O libro, titulado *O pórtico poético dos seis poemas galegos. García Lorca e Blanco-Amor* (1995), foi escrito por Luís Pérez Rodríguez e conta co complemento dunha cinta magnetofónica, na que se recolle unha conferencia pronunciada por Eduardo Blanco-Amor en Buenos Aires no ano 1959.



_____, "O novo Reixa", *O Correo Galego*, "Lecer", 4 febreiro 1996, p. IX.

Breve referencia ó espectáculo de Antón Reixa, "Alivio rápido", que forma parte da súa xira titulada *Aí andamos*, 96. Nel, Reixa recita un dos seus poemas dedicados a Galicia, coincidindo coa proxección das fotografías de Xurxo Lobato.



_____, “Conde Corbal, pintor versátil e importante ilustrador”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 11 febreiro 1996, p. 4.

Xosé Conde Corbal, pintor e ilustrador pontevedrés, lembra as etapas máis salientables da súa biografía: a infancia e adolescencia, os primeiros traballos en *La Región*, a colaboración con *Faro de Vigo*, *Diario de Pontevedra* e outros. Albino Mallo complementa as declaracións de Conde Corbal cunha lista das obras e exposicións nas que participou, ademais de cita-los traballos máis recentes e os proxectos de futuro.



_____, “Posada, un polígrafo”, *El Correo Gallego*, 11 febreiro 1996, p. 4.

Comenta a polifacética vida de Posada-Curros e aplícalle o cualificativo de “polígrafo”, para iso baséase no coñecemento mutuo, que vén do ano 1954. Lembra unha recente conversa na que o escritor, agora falecido, fala da súa relación cos históricos galeguistas dos anos vinte e trinta, ademais de incidir na ledicia que sente por ver en escena o seu drama *Canción Gallega*.



_____, “Carlos Martínez-Barbeito, historiador y novelista”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 10 marzo 1996, p. 3.

Ofrece unha detallada biografía do historiador e novelista, Carlos Martínez-Barbeito Morás. Salienta as súas afeccións literarias e a vinculación con intelectuais coñecidos como García-Sabell, Luís Seoane, Carlos Maside, Fernández del Riego, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro ou García Lorca. Na súa época en Barcelona escribiu a novela *El bosque de Ancines* (1991), finalista do premio Nadal e, posteriormente, levada ó cine por Pedro Olea, co título de *El bosque del lobo*.



_____, “A Sociedade Artística Ferrolá celebra as súas vodas de prata”,
O Correo Galego, 20 abril 1996, p. 36.

Informa de que a Sociedade Artística Ferrolá preparou un amplo programa de actos para celebra-
las súas vodas de prata, que se cumpren este ano. Prevese a convocatoria dos premios de
poesía habituais, os de narracións curtas “Álvaro Paradela” e “Relatos de la mar” e a publicación
de varios libros entre os que se atoparán as obras poéticas *De pronto los delfines*, de Miguel
Ángel Fernández e *De donde nace mi voz*, de Maiz Tagores.



_____, “Músico de cine”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 5 maio 1996, p. IX.

Coméntase a propósito do compositor arxentino Isidro B. Maiztegui que foi o autor das partituras para os *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca. Despois de facer un extenso percorrido pola traxectoria biográfica e profesional deste compositor salientase a súa vinculación coa música galega. Así, fixo tamén unha cantata escénica titulada *Macías o Namorado*, poema en prosa e verso sobre unha obra de Otero Pedrayo, preparado por Ramón Cabanillas e Antonio de Lorenzo.



_____, “Conde, Alcalá e Fonte falan sobre ‘Escreber en galego’/”Ámbito Cultural comeza as súas actividades”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 17 maio 1996, p. 10/p. 45.

Comenta o inicio das actividades da Fundación “Ámbito Cultural” cun debate sobre “Escribir en galego” no que participaron Alfredo Conde, Xavier Alcalá e Ramiro Fonte. Recolle as declaracións de Homero Pérez Quintana sobre o momento que vive a literatura galega. Indica os motivos que cada un dos tres autores antes citados nomea como prioritarios á hora de comeza-la súa andaina nas nosas Letras.



_____, “Risco total”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 2 xuño 1996, p. IX.

Con motivo da publicación das obras completas deste escritor, sublíñase que foi unha das figuras máis salientables da cultura galega da primeira metade de século. Dise que se converteu nun escritor, investigador, etnógrafo, historiador e mestre de moitas xeracións que se agruparon arredor del. Un dos creadores da prosa literaria galega moderna, tamén se salienta del a súa participación en múltiples publicacións periódicas e iniciativas culturais do primeiro tercio de século. A seguir realízase unha indicación do plano xeral que a editorial Galaxia trazou para a publicación das obras completas, das que se di que un dos máis importantes valores da colección é a recuperación de milleiros de artigos seus.



_____, “Los libros más valiosos de las bibliotecas gallegas (I). El *Códice Calixtino*”, *El Correo Gallego*, 13 xuño 1996, p. 22.

Apunta o comentarista que a xoia da Biblioteca da Catedral de Santiago e tal vez de toda a bibliografía existente en España é o *Códex Calixtinus*, manuscrito de 1160 do que se indica as partes de que consta. Tamén destaca como importantes dentro do arquivo catedralicio o *Breviario de Miranda*, os *Tumbos* e o *Libro Primero de Aniversarios*. Tamén se alude a que no Arquivo da Catedral de Ourense se encontran dos poucos incunables impresos en Galicia que existen, o *Breviario Auriense* e o *Misal Auriense*. Destácase, por outra parte, a biblioteca do Mosteiro de Oseira, de onde se lle dá especial relevo á edición príncipe do *Libro de las Siete Partidas*, de 1580. Así mesmo, fálase tamén dos fondos contidos en San Martiño Pinario.



_____, “Los libros más valiosos de las bibliotecas gallegas (II). Libros gallegos”,
El Correo Gallego, 16 xuño 1996, p. 24.

Infórmase de que a Fundación Penzol de Vigo, creada en 1963, naceu pola doazón feita por Fermín Penzol. A este núcleo inicial fóronse engadindo outras contribucións como as de Ramón Martínez López, Xaime Illa Couto, Ramón Otero Pedrayo e a fundación Gulbenkian de Lisboa. Séguese a dicir que está dirixida por Francisco Fernández del Riego, quen legou tamén toda a súa colección privada. Tamén se fai referencia a que no mosteiro compostelán de San Francisco se contén unha importante biblioteca, entre os que hai 74 incunables e unha importante colección de libros en árabe, chinés e noutros idiomas.



_____, “Los libros más valiosos de las bibliotecas gallegas (III). Universidad de Santiago”, *El Correo Gallego*, 17 xuño 1996, p. 20.

A Biblioteca Xeral contén como libro estrela, segundo se manifesta, o *Libro de Horas de Fernando I*, de 1055. Fálase das sucesivas adquisicións de libros que foron integrando o seu corpus documental ó longo do tempo. O mosteiro de San Martiño Pinarío, as bibliotecas dos xesuítas e doutras ordes relixiosas, o coengo Manuel Ventura Figueroa, a Real Sociedade Económica de Amigos del País, a biblioteca do arcebispo Lago González, a Biblioteca América ou a do profesor Paulino Pedret Casado son algunhas das fontes citadas que integran os fondos da devandita Biblioteca Xeral. Tamén se fala da Biblioteca do mosteiro de Poio, formada a partir de 1890, da que se di que contén uns 80.000 libros na actualidade.



_____, “Los libros más valiosos de las bibliotecas gallegas (y IV)”, *El Correo Gallego*, 18 xuño 1996, p. 22.

Fundada en 1905 dise dela que conta cunha biblioteca formada por máis de 25.000 volumes entre os que hai algúns moi escasos, como a *Descripción del Reyno de Galicia y de las cosas notables de el*, de 1551 ou, as *Ordenanzas del Reino de Galicia*, de 1679, o primeiro libro impreso na Coruña. Indícase que se comezou a formar co legado da condesa de Pardo Bazán e que foron tamén importantes as doazóns de Luís Seoane, César Vaamonde Lores, Ángel Hermosilla ou Marcial del Adalid. A Biblioteca do Consulado de A Coruña, pola súa banda, contén como libro máis valioso un manuscrito de Francisco de Quevedo, de 1633, editado en libro recentemente co título de *Execración contra los judíos*. Do Museo de Pontevedra indícase que contén interesantes mostras bibliográficas e, entre as publicacións curiosas destácase o *Galicia Mártir*, de Castelao, datado en 1937. Por último, fálase da biblioteca da Armada de Ferrol, que agrupa, tal como se di, os libros máis interesantes do Departamento Marítimo.



_____, “Ánxel Fole”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 28 xullo 1996, p. IX.

Comentario centrado na figura deste escritor, con motivo do seu nomeamento como protagonista do Día das Letras Galegas de 1997. Trázase un percorrido pola súa traxectoria vital e intelectual, centrándose máis especificamente nas súas colaboracións en diversas publicacións, e sublíñase o seu papel como un dos creadores da prosa moderna actual, vinculado coa tradición rural e campesiña, pero tamén integrado dentro do mundo urbano á hora de situar os seus relatos.



_____, "Edicións do Castro presentou tres libros sobre Luís Seoane", *O Correo Galego*, 2 agosto 1996, p. 42.

Breve nota que informa sobre a presentación de tres libros á obra e á figura de Luís Seoane: *A soldadeira*, *Tres hojas de ruda y un ajo verde* e *Luís Seoane e o teatro*. Nomea os participantes no acto de presentación e dá as liñas xerais que seguiron Braxe e Xavier Seoane no terceiro dos volumes citados.



_____, “Libros no rural”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 4 agosto 1996, p. IX.

Explícase a orixe e xestación da Fundación Xosé Neira Vilas, situada no Concello de Vila de Cruces, na casa do escritor que lle dá nome. A este respecto sinálase que é o propio escritor quen lle explica ás xentes que a visitan a súa distribución e as intencións que se pretenden. A continuación realízase unha indicación do que leva constituído a produción literaria de Neira Vilas e os premios acadados, sen descoida-la figura da súa dona, Anisia Miranda.



_____, “Mil días e 140 fiestras”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Dende a miña fiestra”, 6 outubro 1996, pp. XVIII-XIX.

Con ocasión do número mil de publicación do xornal, o artigo lembra algúns dos aspectos culturais tratados na sección dende o seu comezo, facendo un percorrido pola música, pintura e escultura, libros, museos, etc. e narrando os encontros mantidos con personaxes dedicados a eses ámbitos.



_____, “*Memorias dun neno labrego* chega ó número 300.000”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 9 outubro 1996, p. 47/p. 12.

O articulista afirma que *Memorias dun neno labrego* é a obra máis vendida e traducida da literatura galega. Informa tamén de que Xosé Neira Vilas escribiu a maior parte da obra nun café do barrio bonaerense de Villa Urquiza. A primeira edición do libro, realizada pola editorial Follas Novas de Buenos Aires, data do ano 1961 e conta cunha ilustración da cuberta realizada por Luís Seoane. A esta edición sucedéronlle outras moitas, entre as que destaca a primeira que tivo lugar en Galicia, proposta e ilustrada polo empresario compostelán Isaac Díaz Pardo. A obra foi traducida ó castelán, ó catalán, ó euskera e, recentemente, ó bable, dentro da Península Ibérica e a un bo número de linguas estranxeiras. No ano 1986, segundo afirma o autor do artigo, Víctor Freixanes elaborou un documental para a televisión española; na actualidade existe un proxecto de facer unha longametraxe para o cine e trece capítulos para a televisión, ámbolos dous en galego. A obra, por último, tamén foi adaptada ó teatro polo asesor de grupos mexicanos, Ramón Sierra Varandela.



_____, “Galega e cubana”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 10 novembro 1996,
p. XVIII.

De Anisia Miranda indícase a súa condición de escritora especializada en narracións e recompilacións históricas para nenos, ademais de traductora de obras ó galego. Ela, á súa vez, fala da súa incorporación á asociación A.G.E.A., onde coñeceu a Xosé Neira Vilas. O seu traslado a Cuba coincide, en palabras de Albino Mallo, coa incorporación ás tarefas culturais da Revolución, e alí foi coordinadora e directora de edicións da Editorial Juventud e redactora xefe do semanario infantil *Pionero*, da revista *Zun zun* e máis de *Bijirita*. Na actualidade, indícase, é a responsable da biblioteca da Fundación Neira Vilas, situada en Gres, no concello de Vila de Cruces.



_____, “Luz Pozo Garza, terceira muller na Real Academia Galega”, *O Correo Galego*, 19 novembro 1996, p. 48.

O nomeamento de Luz Pozo como membro da Real Academia Galega convértea na terceira muller que obtén tal distinción, e segundo o comentarista, foi elixida para ocupa-la vacante que deixou Xosé Trapero Pardo. Manifesta Luz que escribiu o discurso de ingreso sobre Rosalía de Castro por ter sido unha muller que sempre lle causou unha grande impresión pola súa personalidade e pola súa obra. Este tema trátao tamén no seu último libro de poemas, *Vida secreta de Rosalía*, que editou en Espiral Maior.



Manuel María, “O teatro de Otero a prol da vida, a esperanza, a beleza e a razón de vivir”, *A Nosa Terra*, nº 712, “Guieiro Cultural”, 8 febreiro 1996, p. 24.

Manuel María opina que as obras cumes do noso teatro son *O Mariscal* e *O desengano do Prioiro ou o pasamento da alegría co grande auto epilodal e xusticeiro dos féretros de Floravia*. Lembra a asistencia a unha lectura inédita da obra de Otero por parte do autor. Fai un percorrido polo argumento de *O desengano do Prioiro* e salienta os valores plásticos da mesma, a riqueza de personaxes, a variedade de tempos e espazos narrativos ademais da desbordante fantasía do conxunto da obra.



Martínez, Koro, “Destacados intelectuales de toda Galicia enriquecieron el legado del Xelmírez I”, *El Correo Gallego*, 9 abril 1996, p. 25.

Con motivo do 150 aniversario do Instituto Xelmírez, fai un percorrido por toda a historia deste centro docente, lembrando a aqueles homes das nosas letras que pasaron polas aulas do Xelmírez. Cita a Brañas, Pondal, Murguía, Vilar Ponte, Castelao, Valle-Inclán, Seoane, García-Sabell e Díaz Pardo.



Martínez Bouzas, Francisco, “A idade dos poetas”, *O Correo Galego*,
“*Chineses*”, 5 abril 1996, pp. 17-18.

Sinala Martínez Bouzas que da concepción tradicional que tan só relacionaba filosofía e poesía como senllos aspectos da cultura, se cambiou, na modernidade, ó recoñecemento de que o discurso filosófico non está despojado de figuras, artificios e imaxinación, por unha banda, e que a poesía asumiu determinadas funcións do pensar filosófico. Segundo o crítico, a linguaxe poética convértese na forma máis elevada e ó mesmo tempo a máis fundamental de falar e os poetas galegos foron e son os gardiáns do ser, aínda que eles teñen a afouteza de fornecernos a través do enigma do dicir poético, da verdade do pensamento. Na obra lírica dalgúns poetas galegos, afirma, maniféstase a sublevación e a universalidade do pensamento, exprésanse tódolos paradigmas e maneiras de reaccionar dende a existencia humana fronte á realidade circundante.



Martínez Conde, Ramón, “Debullar”, *O Correo Galego*, “Chineses”, 6 setembro 1996, pp. 9-15.

Escolma que recolle un conxunto de versos breves de Ramón Martínez Conde, con ilustracións do propio autor. A temática dos mesmos é variada e vai do influxo da noite e do silencio ó poder da palabra, pasando por unha serie de reflexións puntuais sobre a existencia humana.



Martínez Jiménez, Jorge, “Apunte sobre un escritor esquecido”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “O 70 cabodano de Pérez Placer”, 21 novembro 1996, p. 43.

Jorge Martínez Jiménez comeza este artigo recollendo algúns comentarios aparecidos na prensa dalgúns estudiosos da nosa literatura, que inciden na necesidade de reedita-las obras do escritor ourensán Heraclio Pérez Placer. Sinala ademais a necesidade de aclara-lo seu lugar e data de pasamento (Calatayud, 1926) para corrixir así o erro que figura na meirande parte dos manuais. Menciona que este dato lle foi facilitado por un parente do escritor e que os motivos da súa estancia en Calatayud “hai que buscalos na condena por desterro que sobre el pesou, por causa dun delicto de inxurias graves, verquidas nun artigo periodístico”.



_____, “O Rillote, un conto con escándalo”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “O 70 cabodano de Pérez Placer”, 22 novembro 1996, p. 44.

Refírese ó conto titulado “Rillote” do libro *Contos, lendas e tradicións* (1891), de Heraclio Pérez Placer, un relato que cualifica de “exitoso” pese a suscitar entre algúns dos seus lectores “moitos reparos de índole moral”. Comenta que foi un conto moi lido e comentado e que mesmo se proxectou a súa publicación independente na casa Thomas de Barcelona. Continúa destacando que o conto determinou certa sona de escritor procaz para o autor pero que este non é o único valor que se pode atopar na literatura de Pérez Placer, un “creador atento a sutilezas poéticas e arabescos psicolóxicos”.



_____, “O escritor e algúns ilustres eclesiásticos”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “O 70 cabodano de Pérez Placer”, 23 novembro 1996, p. 40.

Menciónase o parentesco familiar que existía entre Antonio López Ferreiro e Heraclio Pérez Placer. Jorge Martínez refírese tamén á menor “crudeza temática e formal” que se percibe na obra do escritor cando se traslada a Santiago no 1894 e publica *Contos da terriña*. Señala que na súa postura anticlerical pode haber tamén “un pouco de pose” pois sempre recoñeceu as ensinanzas dos seus mestres Juan Antonio Saco Arce e Marcelo Macías polo que, na súa opinión, cómpre non aplicar “a este don Heraclio etiquetas simplificadoras”.



_____, “Notas para un itinerario”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “O 70 cabodano de Pérez Placer”, 24 novembro 1996, p. 40.

Sínalanse algúns dos lugares polos que pasou Heraclio Pérez Placer ó longo da súa vida: Ourense, Ávila, Toledo, Valladolid e Santiago e advírtese da importancia do río na súa literatura, un espacio que debeu ter para o escritor “unha especialísima significación vital”. Menciónase tamén que Pérez Placer alternaba o seu domicilio na rúa Tránsito dos Gramáticos en Santiago coa súa “quinta de veraneo” situada no concello de Ames.



_____, “O escritor e a antiga Granxa de Ventosa”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “O 70 cabodano de Pérez Placer”, 26 novembro 1996, p. 40.

Jorge Martínez sitúa a Pérez Placer na súa residencia de Ames, coñecida como “A Granxa de Ventosa” e refírese a algúns contos que aínda circulan entre a veciñanza actual e que “casan en nos apresentar ó escritor como persoa (...) moi dada a satirizar ós seus conveciños en xocosas coplas, e co prurito de propietario preiteante”. Recolle algunhas anécdotas e sinala que a causa do seu desterro debeuse a un delito de injurias que publicou nun xornal madrileño. Contrasta a imaxe das testemuñas orais coa que se pode extraer das súas páxinas literarias, nas que se mostra “entregado con valentía a un ideal de progreso social” e atento “á rexeneración moral da patria”. Reclama o rigor para abordar futuros estudos e a necesidade de conxugar ámbalas dúas imaxes.



_____, “O escritor colle o tren”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “O 70 cabodano de Pérez Placer”, 27 novembro 1996, p. 40.

Rastrexa a presenza de Heraclio Pérez Placer nos círculos sociais composteláns da súa época e sinala que exerceu de “cronista de actualidades festivas, públicas e privadas” e que sentía unha “grande atracción pola vida elegante”. Jorge Martínez informa tamén da habilidade de Pérez Placer como compositor de “obras musicais para orfeón” e do seu gusto por asistir a faladoiros e reunións sociais da pequena burguesía santiaguesa.



_____, “Pulso á miseria moral dominante”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “O 70 cabodano de Pérez Placer”, 28 novembro 1996, p. 48.

Este artigo céntrase na clave rexeracionista que Jorge Martínez percibe nos escritos de Heraclio Pérez Placer, cos que “tentou botarlle un pulso á miseria moral dominante”. Sinala que os seus atrevidos artigos “custáronlle ben caro” nalgunhas ocasións e que mesmo lle obrigaron, na última etapa da súa vida, a “face-las maletas” cara ó desterro.



Meilán, Jaime, “Carlos Casares habla en Nueva York de la transparencia y claridad de su estilo literario”, *La Voz de Galicia*, 25 febreiro 1996, p. 4.

Informa do encontro “Cuatro escritores, cuatro lenguas”, organizado polo Instituto Cervantes na cidade neiorquina, e que reuniu a Casares, ó catalán Joan Perucho, á vasca Arantxa Urretabizkaia e a Rosa Regás. Dise que Casares salientou a claridade e a transparencia como elementos identificadores do seu estilo literario.



Melón, Cristina, “La literatura lusa, protagonista de la ‘Feria del libro portugués y gallego’ de Vigo”, *Atlántico Diario*, 27 outubro 1996, p. 10.

Comenta os obxectivos que pretende acadar-la Feira do libro portugués e galego. Dá a coñecer-los escritores portugueses presentes e os principais problemas cos que se enfrontan no seu país. Sinala o descoñecemento case total da literatura galega en Portugal e salienta o interese crecente da literatura portuguesa en Galicia. Os escritores dos dous países avogan por un incremento do intercambio cultural.



Mella, Carlos, “Manuel Rivas ‘hace patria’”, *Diario 16 de Galicia*, 8 febreiro 1996,
p. 48.

Informa do galardón, o premio Torrente Ballester, outorgado ó autor coruñés Manuel Rivas. A obra premiada, *¿Que me queres, amor* (1995), é un conxunto de relatos breves de temática variada.



Mella, S., “De profesión actor en paro”, *Diario 16 de Galicia*, 16 maio 1996, p. 28.

Crónica da precaria situación económica que sofre a profesión teatral en Galicia. O actor Lino Braxe declara o preocupante da situación e apunta a imposibilidade de vivir desta profesión en Galicia. Tamén fala da inexistencia dunha escola de formación de actores no noso país.



_____, “Negro futuro para la cultura gallega”, *Diario 16 de Galicia*, 19 xullo 1996, p. 14.

Sucinto comentario sobre as intervencións de distintas personalidades nunha mesa redonda que tivo lugar dentro do programa dos cursos de verán da Universidade Menéndez Pelayo, na Coruña. Entre os participantes destacou a presenza de Miguel Anxo Prado, quen manifestou o seu pesimismo polo futuro da cultura galega; pola súa banda, o escritor Alfredo Conde recoñeceu que no campo da moda Galicia ten éxito a nivel internacional. Finalmente, o rector da Universidade de Santiago, Darío Villanueva, afirmou que no ámbito cultural galego “hemos pasado de la queja a la esperanza”.



_____, “La Feria del Libro cumple 25 años”, *Diario 16 de Galicia*, 31 xullo 1996,
p. 12.

Dá conta das actividades previstas para a celebración da XXVª edición da Feira do Libro da Coruña. Comenta os obxectivos, salientando a intención de achega-los libros a un público cada vez máis numeroso. Critica a falta de espaciao nos xardíns de Méndez Núñez, e destaca que a principal novidade vén da man das novas tecnoloxías.



_____, “Inaugurada la feria decana del libro”, *Diario 16 de Galicia*, 2 agosto 1996, p. 9.

Informa do acto de inauguración da XXVª edición da Feira do Libro coruñesa a cargo de Xesús Pérez Varela. Recolle unhas palabras do Conselleiro de Cultura e Comunicación nas que salienta o papel do libro como transmisor da cultura, amosándose escéptico sobre a desaparición deste en favor do soporte informático.



_____, “A Coruña acogerá la obra de Luís Seoane”, *Diario 16 de Galicia*,
3 agosto 1996, p. 10.

Informa da próxima posta en funcionamento da Fundación Luís Seoane, que estará situada na Coruña, na céntrica rúa de Durán Loriga. Reuniranse alí máis de douscentos óleos, gravados, debuxos, documentos, libros e obxectos persoais do autor, valorados en máis dun millón de pesetas.



Membiela, Xabier Lucindo, “A Biblioteca de Alcolea e os recordos de Xulián Barbazán”, *O Correo Galego*, 4 agosto 1996, p. 52.

O artigo comeza por falar acerca do mundo da venda do libro usado en Santiago e logo céntrase nos sucesos acaecidos ó redor da venda da Bilioteca de Alcolea, arcebispo da cidade xacobeá, explicando de qué maneira algúns dos libros desta biblioteca chegaron ás mans do autor.



Mene, Alex e Buxán Bran, “Cen anos de banda deseñada”, *O Correo Galego*,
“*Revista das Letras*”, nº 110, 30 maio 1996, p. 8.

O nacemento da banda deseñada e o seu vencellamento coa caricatura e o chiste gráfico pónense de manifesto ó tempo que se subliña a ligazón coa literatura para os máis pequenos e o intercambio recíproco de contidos e formas co xénero cinematográfico. Dentro da tradición galega salientanse as figuras de Raimundo Patiño e Xaquín Marín, de quen se di que foron pioneiros no mundo do cómic e autores do primeiro libro deste xénero en galego, titulado *2 Viaxes*. Refírese que con eles a banda deseñada fusiona a dimensión popular e a adaptabilidade da súa linguaxe a tódolos avances estéticos.



_____, “Seminario de Teorías da Diferencia”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 114, “Latexos”, 27 xuño 1996, p. 8.

Infórmase da organización dun curso na Universidade de Vigo co título “Seminario de Teorías da Diferencia: Escribir en feminino. Poéticas e Políticas”, coordinado por M^a Belén Martín Lucas e Beatriz Suárez Briones. Sínálase a participación dun grande número de conferenciantes que falarán sobre o concepto de feminismo, os problemas da escrita en feminino, a subversión do canon, etc. No curso participarán tamén escritoras de diferentes literaturas; entre as galegas estarán presentes M^a Xosé Queizán e Marina Mayoral. Conclúese denunciando a falta de atención da universidade cara a este tipo de iniciativas.



_____, “As herdeiras de Rosalía”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”,
nº 118, “Latexos”, 25 xullo 1996, p. 8.

Exponse a opinión de Kathleen March a raíz dunha conferencia pronunciada en Vigo nun curso de verán, titulada “Eros e nacionalismo. As herdeiras de Rosalía”. Nela analizou o desenvolvemento dunha identidade galega nacionalista entre as mulleres. Indicou que cómpre definir e crear Galicia, pensala a partir dos elementos a ela vencellada. Di que nación é un concepto masculino, mentres que a intimidade e a terra, a natureza, o mundo dos instintos e sentimentos pertence á esfera feminina. Todos estes tópicos atópanse tamén, comenta, na obra de Rosalía, pero o feito de que sexa unha muller a principal participante do rexurdimento significa contar cunha porta aberta para que as escritoras galegas establezan un vínculo coa nova palabra de muller e coa nova nación arelada.



_____, “Terra”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 128, “Latexos”,
10 outubro 1996, p. 24.

Reflexión sobre a importancia da Terra e da súa influencia na sensibilidade humana e nas diferentes artes. Os articulistas mencionan como exemplos o especial significado que adquire a Terra na autobiografía do escritor cubano Reinaldo Arenas, nos artistas do chamado *land art* que pasaron recentemente polo C.G.A.G. e nas obras expostas no Museo Quiñones de León de Vigo baixo o tema “a pegada do home ó seu paso pola terra”. Con respecto á literatura galega, sinálase que o sentimento da Terra é un tema común dende Rosalía, Cabanillas, Noriega Varela ou Amado Carballo ata os poetas actuais. Recóllese tamén unha cita de Luciano Rodríguez, tomada do número especial da revista *Litoral* dedicado á poesía galega, que incide na importancia tradicional da Terra na nosa poesía.



Menéndez, Luís, “Na lembranza do escritor e poeta Fernando Assis Pacheco”,
El Correo Gallego, 11 xaneiro 1996, p. 24.

Fala do esquecemento que sofre a emigración galega en Portugal, conta diversas anécdotas destes emigrantes. Sitúa a Benito Prada, protagonista da obra *Traballos e paixóns de Benito Prada*, como integrante do colectivo antes citado. Loas a mestura de realidade e fantasía presentes no libro de Fernando Assis Pacheco e cualifícao de “homenaxe ás súas orixes galegas”.



Merelas, Carmen, “Xesús Ferro defiende en su ingreso en la Real Academia Galega los dichos populares”, *Faro de Vigo*, 5 maio 1996, p. 49.

Artigo no que se informa do ingreso do pontevedrés, Xesús Ferro Ruibal, na Real Academia Galega. Como tema do seu discurso de ingreso, Ferro Ruibal escolleu a fraseoloxía e os ditos populares, como unha parte moi importante da lingua.



Moure Mariño, Luís, “La curiosa vida del padre Feijóo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 7 xaneiro 1996, p. 4.

Amplo e detallado informe sobre a vida e o labor cultural de Benito-Jerónimo Feijóo, galego ilustre do século XVIII. O articulista fai fincapé, sobre todo, naqueles aspectos da biografía do Padre Feijóo que poden resultar máis insólitos. Salienta o feito de que se dedicase ás letras sendo o primoxénito e tendo en conta que, naqueles tempos, os primoxénitos estaban predestinados a vivir das rendas da súa casa. Cita, así mesmo, a súa paixón pola lectura, que o levou a xubilarse prematuramente aproximadamente ós sesenta e tres anos, para dedicarse por enteiro á lectura.



Navaza, Xavier, “Cachorros do galeguismo”, *O Correo Galego*, 28 xaneiro 1996,
p. 13.

Artigo no que Xavier Navaza recolle as súas investigacións sobre o labor dalgúns dos galeguistas máis sobresaíntes. Tal é o caso de Xosé Velo, líder das xuventudes radicais, ou de Celso Emilio Ferreiro, “un soldado que ardía en impaciencia”. Alude, tamén, á obra de Xavier Castro, titulada *O galeguismo na encrucillada republicana* (1985).



Neira, Manuel Xosé, “A esposa de Ánxel Casal”, *A Nosa Terra*, nº 708, “Galiza e mundo”, 11 xaneiro 1996, p. 20.

Fai unha ollada retrospectiva da historia para critica-las inxustizas cometidas pola dictadura sobre algúns dos máis importantes galeguistas. Céntrase na figura de Ánxel Casal, comenta ironicamente os excesos deste editor: a ideoloxía marxista, o seu traballo editorial e o carácter extrovertido. Salienta o papel de María Miramontes, esposa de Casal, como impulsora e continuadora do traballo do seu marido.



_____, “Algúns aspectos da poesía xuvenil de Cunqueiro”, *A Nosa Terra*,
nº 713, “Guieiro Cultural”, 15 febreiro 1996, p. 24.

Reclama da crítica literaria galega un traballo compilatorio e estruturado por temas, escolas e tendencias. Segundo Neira, isto facilitaría o estudo da nosa literatura e permitiría relacionala con outras contemporáneas. Tamén solicita reedicións de autores esquecidos na actualidade. Propón como primeiro traballo a realizar un “percorrido pola literatura e a sociedade do primeiro tercio deste século” para ve-las isotopías xeracionais.



_____, “Florencio Delgado Gurriarán, lembranza do poeta dionisiaco galego”,
A Nosa Terra, nº 715, “Guieiro Cultural”, 23 febreiro 1996, p. 28.

Percorrido pola vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán. Céntrase o artigo na súa importancia para a literatura galega en dous campos: no seu carácter de poeta lúdico-festivo e no seu labor político-cultural no exilio. Encadra a súa obra dentro do grupo dos novecentistas e da corrente hilozoísta dende onde chega ó seu cumio como poeta dionisiaco, que canta ás excelencias do viño. Finalmente, lamenta o olvido ó que está relegado.



Neira Vilas, Xosé, “Castelao debuxante na Habana”, *Faro de Vigo*, “Memoria da emigración”, 17 xaneiro 1996, p. 43.

Fai alusión Neira Vilas a que cando Castelao foi a Cuba a finais de 1938 era xa coñecido, dado que tiñan aparecido debuxos seus en diversas publicacións da illa xa dende 1909. Indica así mesmo que como representante da República Española durante as quince semanas que alí permaneceu pronunciou discursos, conferencias, expuxo debuxos e mantivo contacto cos emigrantes e con escritores, científicos, políticos e dirixentes sindicais. O apoio que Castelao lle prestou ó partido Hermandad Gallega é merecente tamén do comentario, ó tempo que fala da composición dos “Debuxos de negros” e de debuxos de “Milicianos”. Por último fai referencia ó traslado de Cuba para Galicia de dous debuxos do artista rianxeiro, entregados no Museo Carlos Maside.



Neumandro, “Historia de Táboa”, *El Progreso*, “Táboa Redonda”, 26 outubro 1996, p. II.

Reprodúcese o artigo publicado por Ánxel Fole, co pseudónimo de Neumandro, en *Hoja del Lunes* o 24 de agosto de 1970, no que explica cómo xurdiu o suplemento de *El Progreso* e cáles eran as súas intencións e características. Inclúese tamén a editorial aparecida no xornal lugués o 10 de maio de 1970, data na que se comezaron a publicar estas páxinas literarias.



Nicolás, Ramón, “Novidades editoriais”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”,
nº CXVII, 9 marzo 1996, p. 4.

Nota informativa a respecto das últimas publicacións aparecidas no mercado, das que forman parte: *Manifestos das vangardas europeas* (1995), de Xesús González Gómez; *O atraso económico de Galiza* (1995), de Xosé Manuel Beiras; *Gramática histórica galega* (1996), de Manuel Ferreiro; *Os papeis de Aspern* (1995), de Henry James; *A cartuxa de Parma* (1995), de Stendhal e *Arqueofaxia* (1995), de Manuel Lourenzo.



Noceda, Nuria G., "Los hombres hoy no saben donde están", *Diario 16 de Galicia*, 23 febreiro 1996, p. 44.

Noticia sobre a publicación da última novela de Marina Mayoral, *Dar la vida y el alma* (1996). Ofrece información sobre o seu labor profesional, menciona algunha das súas teorías sobre o bo quefacer literario e cita, entre outras, a obra en galego *O reloxo da torre* (1988) e *Querida amiga* (1995).



Otero, Alberto, “La ‘Feira do libro portugués e galego’ acoge las últimas novidades de la literatura lusa”, *Faro de Vigo*, 8 novembro 1996, p. 49.

Dá conta da inauguración da primeira “Feira do libro portugués e galego” en Vigo. Sinala que a principal conclusión á que se chegou na mesa redonda titulada “Literatura portuguesa e galega: ¿vasos comunicantes?” foi o absoluto descoñecemento mutuo entre ambas literaturas.



Otero, Aurora, “Unha figura ‘molesta’”, *La Región*, 15 outubro 1996, p. 13.

Dá conta dalgunhas das intervencións que tiveron lugar nas xornadas de homenaxe ó galeguista ourensán Alexandre Bóveda. Xesús Alonso Montero, Alfonso Álvarez Caccamo e Pilar García Negro coincidiron en afirmar que a produción poética de Bóveda, aínda inédita, non servirá, pola súa calidade, para enxalzar máis a súa figura pero contribuirá a coñecer unha faceta máis da súa personalidade. Os contertulios, así mesmo, manifestaron a súa sorpresa polo feito de que, sesenta anos despois da súa morte, só se coñezan dúas biografías sobre o político ourensán.



Otero Pedrayo, R., “Cada galego un artista do porvir”, *A Nosa Terra*, nº 741, “Guieiro Cultural”, 29 agosto 1996, p. 21.

Reproducción dun discurso de Ramón Otero Pedrayo. Trátase dunha disertación de carácter nacionalista, dirixida ós galegos que emigraron a América. Invítaos a que cada un deles se convenza de que “vai nil un artista do porvir. De que pertence a unha xente e nación escolleitos pra levar ás Américas o máis cerne senso e vivencia da liberdade e do inmorrente...”.



Otero Regal, “El escritor Xavier Alcalá dará una charla en Viveiro”, *El Progreso*, 4 febreiro 1996, p. 16.

Breve nota informativa na que se anuncian os actos organizados polo seminario de estudos “Terra de Viveiro” en colaboración co instituto Vilar Ponte. Entre outros, destacan unha charla a cargo do escritor Xavier Alcalá, así como unha mostra fotográfica e varias conferencias sobre o carnaval, da man do director do museo arqueolóxico de San Antón, Felipe Senén López.



Outeiriño, Manuel, “Los otros Don Ramón”, *La Región*, “La Historia en 4 tiempos”, 1 marzo 1996, p. 26.

Xustifica a necesidade dos pseudónimos cos que Don Ramón Otero Pedrayo asinaba os seus artigos xornalísticos na posguerra. Explica a posible orixe dos nomes: Luís Peña Nofre, Santiago Amaral e Juan Gallego. Finalmente, comenta as dificultades que entrañaba o descifra-la letra do escritor ourensán.



P. C., “Nace o *Batallón Literario Costa da Morte* na defensa de escritores e poetas”, *A Nosa Terra*, nº 732, “Guieiro Cultural”, 27 xuño 1996, p. 26.

Fai referencia ó chamado Batallón Literario da Costa da Morte, unha asociación xurdida coa intención de dar a coñecer as actividades daquelas persoas ou institucións que realizan o seu labor na franxa máis occidental de Galicia. Constitúe, ademais, “un órgano de defensa fronte as políticas culturais das institucións públicas e privadas”. Cómpre salientar, por último, que a asociación está formada por máis de vinte escritores, poetas e investigadores, entre os que se atopan escritores como Concha Blanco, Paco Souto ou Manolo Rivas, poetas como Rafa Villar ou Xosé Manuel Lema e investigadores como Manuel Vilar.



Pablos, “Cinco ilustres veteranos gallegos”, *Faro de Vigo*, 27 xullo 1996, p. 8.

Amplio artigo no que se ofrece un breve perfil biográfico de “cinco ilustres veteranos galegos”, o pintor Manuel Colmeiro Guimarás (1901) e os escritores Antonio Fraguas Fraguas (1905), Xosé Filgueira Valverde (1906), Domingo García-Sabell (1909) e Francisco Fernández del Riego (1913).



Palacios, X. M., “Mondoñedo rindió ayer un homenaje a Crecente Vega” *La Voz de Galicia* (Edición da Mariña), 1 xuño 1996, p. 39.

Infórmase da publicación dun número extraordinario de *Amencer* dedicado ó poeta Crecente Vega con motivo do centenario do seu nacemento. A presentación contou coa intervención do director do Seminario de Mondoñedo, Félix Villares, e do poeta Manuel María que pediron a reedición da única obra publicada do poeta, *Codeseira*, ademais da publicación dos seus textos inéditos. Manuel María cualificou a Crecente Vega como un destacado representante da Escola Poética do Seminario, que non se deixou influír pola vangarda e que segue a liña luguesa de Pastor Díaz, Aquilino Iglesia Alvariño, Leiras e Noriega.



Pallas, Beatriz, “La nula memoria de Marineda”, *La Voz de Galicia* (Edición da Coruña), 20 febreiro 1996, p. 37.

A xornalista denuncia o mal estado da Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán e o escaso interese das autoridades públicas pola súa conservación e promoción. Anúnciasenos unha próxima catalogación de tódolos obxectos cos que conta o Museo e dásenos conta dun proxecto de investigación dirixido polo profesor González Herrán, que ten como fin o inventario e catalogación de toda a obra da escritora, contando tamén cos inéditos que se atopan no Museo.



Palmás, Ricardo, “Arredor do diálogo galego portugués”, *A Nosa Terra*, nº 732, “Guieiro Cultural”, 27 xuño 1996, p. 24.

“Nós, a literatura galega” é o título dos dous volumes que esta revista lisboeta publicou en 1995, correspondentes ós números 137/138 e 139, respectivamente, baixo a coordinación de Pilar Vázquez Cuesta. O crítico indica que o lector portugués pode achegarse cos contidos da revista á evolución da literatura galega, malia a brevidade alusiva a feitos históricos. Para o lector galego, segue a dicir, ten un particular interese o artigo de Vázquez Cuesta no que debuxa a relación intelectual entre Galicia e Portugal. Sen embargo, o comentarista dá conta de moitas lagoas deste traballo que converten o diálogo entre ambos pobos, en especial no referente ó discurso ideolóxico, en menos simétrico do que é na realidade.



_____, “Lembranza de Ricardo E. Molinari”, *A Nosa Terra*, nº 743, “Guieiro Cultural”, 12 setembro 1996, p. 27.

Co gallo do pasamento, o 31 de xullo, do poeta arxentino Ricardo E. Molinari, Ricardo Palmás faille unha homenaxe considerándoo “o testemuño poético máis austral dos nosos vellos cancioneiros”. Comeza o artigo referíndose á posible influencia, sinalada por Xesús Alonso Montero, das *Cinco canciones antiguas de amigo*, de Molinari nos *Oito poemas en Lingua Galega*, de Jorge Eduardo Bosco. Palmás informa tamén da paixón que o poeta arxentino sentía por unha rapaza portuguesa, feito que o levou a “beber na fonte dos cancioneiros” e a compoñelas súas cantigas seguindo as pautas de Don Dinís, Juião Bolseiro, Nuno Fernández Torneol, Paio Gómez Chariño, Pero Meogo, Martín Codax, Airas Nunes ou Joham Zorro. Sinala tamén a relación de amizade que existiu entre Molinari e Lorca e que se manifestou nalgúns deseños que o poeta granadino realizou para *El Tabernáculo* de Molinari, onde se reflicte o coñecemento de Portugal ó que Lorca chegou polas conversas co seu amigo arxentino.



_____, “Buenos Aires nos 60 con motivo de Blanco Amor”, *A Nosa Terra*, nº 752, “Guieiro Cultural”, 14 novembro 1996, p. 27.

Ricardo Palmás recupera da memoria os primeiros contactos que tivo con Eduardo Blanco Amor, na capital arxentina no 1960, e os derradeiros, en Madrid no 1978. Sérvelle isto para falar acerca da importante tarefa de revitalización e conservación da cultura galega realizada no exilio polo autor de *A Esmorga*. Tamén louva o traballo de Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas, nun momento no que Buenos Aires, e o Centro Galego desta cidade eran a capital cultural de Galicia. Fai un percorrido polas diversas artes: música, pintura, teatro, literatura e xornalismo, nomeando os galegos máis representativos na cidade porteña.



Parada, Carmen, “La Feira do Libro portugués e Galego se abre hoy en la Estación Marítima”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), 7 novembro 1996, p. 47.

Informa da inauguración da Feira do Libro portugués e Galego en Vigo. Participan escritores lusos como Alice Vieira, Viale Mouthiho, João Aguiar, Puri Zink, Helena Marques e Isabel Barreno. Entre os escritores galegos están Carlos Casares, Xabier Alcalá, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xabier Baixeras, Ramiro Fonte e Gonzalo Navaza. Ademais, fíxose pública a creación do premio literario Eixo Atlántico de narrativa galaico-portuguesa.



Pazó, Cándido, “O teatro ha ser declarado de utilidade pública”, *A Nosa Terra*, nº 719, “Guieiro Cultural”, 28 marzo 1996, p. 26.

Reprodúcese un manifesto realizado por Cándido Pazó no día mundial do Teatro. Nel, Pazó afirma que “o teatro está chamado a ser, entre as artes da representación, a garantía do auténtico, do irrepetible, do escasamente controlable”.



Pena, M. T., “Pastor Díaz, un malabarista del periodismo y de la politica”, *La Voz de Galicia*, “Galicia en el Siglo XIX”, 16 marzo 1996, p. 4.

Comenta brevemente algúns aspectos da biografía de Nicomedes Pastor Díaz. Anota os cargos que ocupou, xornais nos que traballou e a traxectoria política, feitos que o converteron nun dos homes máis ilustres da historia española contemporánea.



_____, “El ejemplo de humildad de Francisco Añón”, *La Voz de Galicia*, “Galicia en el siglo XIX”, 23 marzo 1996, p. 4.

Síntese biográfica de Francisco Añón na que se salienta a orixe humilde, a afección polo estudio e o grande legado literario deste precursor do Rexurdimento.



Penedo, José Luís, “Curros Enríquez en el día de Difuntos”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 10 novembro 1996, p. 8.

Lamenta o comentarista o esquecemento a que os concellos de Ourense e Celanova, incluída a deputación, someten a figura do poeta celanovés e, máis aínda, o da Real Academia Galega a figura de Xosé Fontenla Leal. Saliéntase a multitudinaria homenaxe outorgada ó primeiro na Coruña en 1904 denantes de embarcar para A Habana. Merécelle tamén comentario o feito de que antes ó vencedor duns xogos florais se lle daba unha flor natural namentres que agora en calquera certame se dá diñeiro.



Pereira, José (coord.), “Se cerró un libro”, *Diario de Pontevedra*, “Especial Filgueira Valverde”, 14 setembro 1996, pp. 29-36.

Ademais de “Un currículo sencillamente impresionante” (p. 31), no que se recollen unhas notas biográficas de Don Xosé Fernando Filgueira Valverde, acompañadas dos seus principais méritos académicos, e do apartado “Pontevedra y el profesor” (pp. 34-36), onde se reproducen unha serie de fotografías que testemuñan a presenza de Filgueira en diversos actos culturais ó longo da súa vida, as homenaxes e recoñecementos que recibiu e a súa relación con personalidades destacadas do seu tempo, contén os seguintes artigos:

-José Luís Adrio Poza, “El Instituto y el maestro”, p. 30. Recupera ó Filgueira Valverde nas aulas do Instituto de Pontevedra, unha experiencia que, como alumno, Adrio Poza aprendeu a valorar cos anos. Lembra as súas clases, “todo un recorrido por la literatura, ya no sólo española, sino universal” e o seu entusiasmo polo deporte como seguidor dos campionatos escolares nos que participaba daquela o Instituto.

-Cipriano Luís Jiménez Casas, “Pontevedra sin Filgueira”, p. 30. Refírese ás múltiples actividades que puxo en marcha Filgueira Valverde na súa etapa como director do Instituto de Pontevedra, sempre preocupado polo “desenvolvimiento personal e humano de todos los alumnos”. Menciona tamén que Pontevedra non será a mesma sen a súa presenza aínda que como legado deixou “moitas claves, en diferentes campos” para continua-lo seu labor.



-José Pereira, "Xosé Fernando Filgueira Valverde, o gran mestre da cidade da 'boa vila'", pp. 32-33. Reproducción da derradeira entrevista realizada a D. Xosé Filgueira Valverde o 26 de xullo de 1996. Nela responde a cuestións relacionadas coa importancia de Pontevedra na súa vida, a súa devoción pola Peregrina, o seu orgullo polo Museo de Pontevedra. Refírese tamén á situación da lingua galega e ó interese das novas xeracións pola cultura, lembra a Castelao como creador e como persoa e sinala as funcións do Consello da Cultura Galega do que foi presidente ata a súa morte.

-Xesús Pérez Varela, "Adeus ó mestre Filgueira", p. 33. Artigo dedicado en ton de despedida a Filgueira Valverde, por quen Xesús Pérez Varela manifesta un profundo respecto e admiración pola súa calidade humana e pola súa admirable traxectoria investigadora.

-Diego Bernal, "La invención de F. Valverde", p. 33. Sinala a importancia da actividade intelectual de Filgueira Valverde quen "deja un legado importante a la cultura gallega". Menciona tamén o seu vínculo coa cidade de Pontevedra, sobre todo o seu labor no Museo e lembra o recoñecemento que supuxo a Medalla de Ouro de Galicia para esta institución.



Pérez, Diego, “Os premios Xerais e Merlín voltan a Vigo para consolidarse”,
La Voz de Galicia (Edición de Vigo), 19 marzo 1996.

Infórmase de que os responsables da editorial Xerais foron recibidos polo alcalde de Vigo, a quen solicitaron a colaboración do concello nos actos -aínda en fase de elaboración-, da celebración dos premios de novela e literatura infantil. Os directores de Xerais renegan da idea de que o mundo da cultura busca permanentemente subvencións da administración. O que eles solicitan é a infraestrutura necesaria para un proxecto que sirva para dinamiza-la industria editorial en Galicia.



Pexegueiro, Alfonso, “Manuel M. Romón: miniaturas de silencio”, *El Correo*

Gallego, 29 decembro 1996, p. 112.

Os Rompentos, di Pexegueiro, hoxe chegaron a un presente cargado de perplexidade, logo de facer un inciso na literatura galega, e despois cada un derivou en formas distintas de seguir. Di que Romón segue a ser un calado poeta que publica como se non publicase, para os amigos ou para ninguén.



Picallo, Carmen P., “Na rúa o último número da revista *Nova Andaina* da Casa de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Galicia exterior”, 3 xullo 1996, p. 60.

Informa da saída do último número da revista *Nova Andaina*, da Casa de Galicia. Trátase dunha publicación de carácter semestral, cunha serie de seccións fixas: recordos, xente nosa, comentario, as tres viúvas, ocio, xendra sentina, cultura, poesía e gastronomía. Neste último número aparece o poema “Eterna parábola do río”, inspirado nun de J. A. Goytisolo titulado “Palabras para Julia”.



Piqueras, B., “Comeza unha campaña para prestixiar o autor e os seus dereitos”, *O Correo Galego*, 18 xaneiro 1996, p. 43.

Informa das recentes iniciativas da Sociedade Xeral de Autores e Editores (S.X.A.E.), quen pretende aumenta-lo prestixio dos guionistas, compositores, directores e libretistas de teatro, así como reivindica-la figura do autor e potencia-los seus dereitos. Deste xeito, organizan unha serie de xornadas e de campañas nos medios de comunicación a nivel nacional, co fin de identifica-lo autor dunha obra cun profesional que, como tal, debe gozar duns dereitos recoñecidos pola lei.



Porto, Gabino, “Presa, un ilustre para Ribadetea”, *Faro de Vigo*, 6 xaneiro 1996,
p. 14.

Lembranza do escritor ponteareán Antón Presa. Lóuvase o seu amor por Galicia que o levou a militar dende moi novo no Partido Nacionalista Gallego, a importancia das súas obras e a correspondencia que mantiña con Benavente, Castelao, Cabanillas, Julio Camba, etc. Con motivo do setenta aniversario do falecemento é o xornalista Vicente G. Presa quen recupera algunha das súas obras, a que agora sae á luz é a peza teatral *Terra Adourada*.



Prieto, Susana, “La inmortalidad de Risco”, *La Región*, 15 xaneiro 1996, p. 6.

Informa do proxecto da Fundación Vicente Risco que intenta recupera-la casa que a familia da muller de Risco ten en Allariz. A proposta da Fundación é converti-la casa nun museo vivo cos seus obxectos persoais; deste xeito, poderase estudar e difundi-la súa obra en profundidade.



Quintáns S., M., “O 25 aniversario da librería compostelá ‘Follas Novas’”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 26 decembro 1996, p. 36/p. 34.

Informa da celebración do vintecinco aniversario da fundación da librería compostelá Follas Novas, fundada no ano 1971 por Rafael Silva Costoya. Ofrece un breve perfil biográfico do seu fundador e alude ó importante labor cultural levado a cabo pola citada entidade.



_____, “A librería Follas Novas celebrou as vodas de prata”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 27 decembro 1996, p. 34/p. 50.

Dá conta da celebración dos vintecinco anos da librería Follas Novas, fundada por Rafael Silva Costoya. Informa, así mesmo, dun acto de conmemoración do aniversario que tivo lugar na aula de cultura de Caixa Galicia e na que participaron o catedrático de literatura Manuel Quintáns Suárez, colaborador de *O Correo Galego*, Antón Fraguas, Cronista Oficial e Galicia, os conselleiros Luís Toxo e Mar Bernal e o vicerrector de extensión cultural, José Manuel Rivera. No acto destacou, entre outros aspectos, o importante labor cultural de Rafael Silva dende a súa librería.



R. F., “As Xornadas rinden homenaxe a un gran mito da historia do cómic”,
La Región, 10 outubro 1996, p. 11.

Breve noticia sobre unhas xornadas, celebradas en Ourense, que renderon homenaxe ó autor de cómics americano Winsor McCay, que naceu no ano 1869 e dedicou a súa vida á banda deseñada, creando, entre outros, personaxes como o pequeno Nemo. Carlos Rafael Ramos, colaborador das xornadas dende a súa primeira edición e membro do xurado que outorga os premios á banda deseñada, afirmou que McCay “representa un mito para a historia do cómic porque inventou unha serie de cousas como diversos puntos de vista e o feito de adaptar a narrativa á situación que proceda”. Así mesmo, engadiu que nas historias do autor americano “destacan a perspectiva, o desorativismo e un culto inmenso ó modernismo”.



_____, “El primer tebeo virtual, en Casa da Xuventude”, *La Región*, 11 outubro 1996, p. 11.

Informa da presentación do cómic tridimensional titulado *D.R.N.* que consta dunha serie de secuencias de animación en imaxes. Os autores, Gabriel González, Ezequiel Larrú e Emiliano Labrador, pertencentes ó grupo artístico madrileño “Dijo el monje”, afirmaron que o seu traballo “es un cómic, pero en realidad una obra narrativa que va un poco más allá del concepto tradicional de cómic”.



_____, “Un economista que aplicou o seu saber á política”, *La Región*,
17 outubro 1996, p. 11.

Dá conta da terceira mesa redonda celebrada en Ourense no marco das Xornadas de homenaxe a Alexandre Bóveda. Nela o historiador Francisco Carballo, autor do libro *Historia da igrexa galega*, falou sobre o contexto que existía na época na que se elaborou o Estatuto de Autonomía de Galicia. Pola súa banda, Benxamín Casal, autor de diversos estudos sobre a realidade económica galega, afirmou que Bóveda tomou contacto co Grupo Nós en Ourense.



_____, “Anxeles Cuña: ‘O teatro é arte paradóxica, eterna e efímera”,
La Región, 20 decembro 1996, p. 19.

Dá conta da celebración dun curso sobre teoría e estética teatral, celebrado na facultade de Humanidades de Ourense. O curso dividiuse en tres partes: “O teatro como camiño de coñecemento”, a cargo da escritora Marifé Santiago Bolaños; “O teatro dende as orixes ata mediados do século XIX”, por Jesús G. Maestro e a terceira parte, da man de Ánxeles Cuña Bóveda, sobre as tendencias teatrais dende finais do século XIX ata a actualidade.



R., Eva e R., Ana, “La revista de Castrelos sobrevive gracias a la ilustración de sus creadores”, *Faro de Vigo*, “Especial Ciudad”, 9 xaneiro 1996, p. 2.

Breve referencia á revista *Castrellis*, elaborada por un grupo de mozos e mozas do barrio vigués de Castrelos. Trátase dunha publicación que conta cunhas seccións fixas sobre a historia do barrio, entrevistas a persoas famosas, poesía, relatos, etc.



_____, “Las marionetas, primer contacto con el teatro”, *Faro de Vigo*, “Especial Ciudad”, 23 xaneiro 1996, p. 13.

As articulistas refírense ó traballo dos grupos vigueses Spaguetti e Títeres e Gualtrapas no mundo da escena. Sinalan que ambos manteñen vivo o teatro deste xénero, rescatando dos baúles e construíndo con materiais vellos os seus monecos. As voces esaxeradas axudan a dar vida a estes personaxes para reflectir historias cotiás. Estes artistas, ademais de se definir como cronistas da súa realidade e da súa época, lamentan o pouco apoio institucional que reciben.



R. O., Margarita, “A filla dun conde de Lemos escribiu poemas en galego”,
La Voz de Galicia (Edición de Terras de Lemos), 18 maio 1996, p. 35.

Semblanza biográfica de Isabel de Castro Andrade, filla do IVº conde de Lemos e autora de dous sonetos, un en galego incluído na terceira edición de *La Araucana* de Alonso Ercilla, e outro en castelán reproducido no *Cancioneiro* de Pérez de Guzmán.



Ramos, J. M., "Recital poético en Corcubión en contra de la mili", *O Correo*

Galego, 4 abril 1996, p. 42.

Dá conta da celebración dun recital poético, no salón social de Corcubión, organizado polo colectivo antimilitarista "Último Reemplazo", da Costa da Morte. Os poetas César Carracedo, de Camelle; Xandra Tedín e Xavier Rodríguez Fidalgo, de Vimianzo; Modesto Fraga, de Fisterra e Rafa Villar, de Cee, pretenderon denuncia-la existencia do servizo militar e da prestación social substitutoria.



_____, “Os escritores da Costa da Morte critican o capitalismo das editoriais”,
O Correo Galego, 30 xuño 1996, p. 52.

Informa do Iº Encontro Literario de Costa da Morte, organizado polo Batallón Literario e celebrado na sede da Fundación Fernando Blanco de Cee. Nel participaron uns corenta escritores da comarca, que levaron a cabo unha análise da poesía, da narración e da investigación na zona. Deixaron constancia, así mesmo, da súa actitude de defensa da lingua, considerada como “a única arma de creación e normalización do país”.



_____, “Arre Sentelha’ publica un nuevo número del boletín comarcal ‘Expreso-M”, *El Correo Gallego*, 6 agosto 1996, p. 36.

Recolle a noticia da presentación do cuarto número do boletín *Expreso-M*, editado pola asociación cultural Arre Sentelha, da Costa da Morte. Nesta ocasión colaboraron Lucía Costa Outes, Xosé Manuel Roget Lemus, Suso Bahamonde, M^a Jesús de la Torre, Carlos Lemus, Rafa Villar, J.E. Otero López e Xavier Fidalgo. Segundo o presidente da citada agrupación cultural, o boletín está aberto á participación dos que queiran expoñer nel os seus traballos.



_____, “El sábado será presentada en Baio la revista cultural ‘A Fiestra’”,
El Correo Gallego, 20 novembro 1996, p. 38.

Informa, brevemente, da presentación da revista cultural *A Fiestra* que terá lugar en Baio. Trátase dunha publicación de carácter trimestral, escrita en galego e editada polas asociacións baieras Adro e Badius. Na revista destacan as seccións de xeografía e literatura, na que aparecerán prosas e poesías. No número cero, recóllese unha entrevista co escritor Manuel Rivas, gañador do Premio Nacional de Literatura.



Reixa, Antón, “O tormento de escribir”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 46, 11 xaneiro 1996, p. 16.

Reflexión sobre o traballo do escritor creativo, actividade que Reixa cualifica como “tormentosa” e que non permite distinguir entre traballo e ocio.



_____, “As curvas e os días”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 50, 8 febreiro 1996, p. 16.

Segundo Reixa, a literatura e a produción audiovisual comezan a se comunicar en Galicia. Como exemplo, cita a participación de escritores como Xosé Cermeño e Miguel Anxo Murado no guión da serie televisiva *Pratos combinados*; e tamén que Suso de Toro chegou a un acordo coa productora Continental para que Xavier Villaverde dirixa a adaptación cinematográfica de *A sombra cazadora*.



_____, “Culpas literarias”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 54,
7 marzo 1996, p. 16.

A propósito do conflito entre os libeiros e os editores de Galicia, acusados estes últimos de seren pouco selectivos na escolla de títulos que se publican, Reixa opina que non é cuestión de culpabilidades, xa que é inútil explica-lo comportamento do mercado literario sen o confronto coa globalidade da vida social e económica.



Reverter, Susana, “Un avión chamado Rosalía de Castro”, *Diario 16 de Galicia*, 18 maio 1996, p. 22.

Informa da decisión da compañía Iberia de dedicar á poetisa galega, Rosalía de Castro, o segundo Airbus 340 que incorpora á súa flota, un avión de luxo que cubrirá a liña Madrid-Bogotá.



Ribalta, Xavier, “Libros, conferencias e outras actividades no Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “Un cuarto de Siglo de Ourense”, 21 maio 1996, p. 38.

Refírese ós actos que tiveron lugar en Ourense hai 25 anos con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Inaugurábase a 1ª Feira do libro infantil e xuvenil, cun apartado ó libro en lingua galega. Os escritores ourensáns participaban nos actos da R.A.G. e na entrega do Pedrón de Ouro a Fermín Penzol. O Liceo Recreo promovía unha homenaxe a don Ramón Otero Pedrayo. Saían á rúa libros como *O galego na escola*, de Xesús Alonso Montero e Xosé María de Marcos. O artigo salienta ademais a xentileza do director do Museo, Ferro Couselo, por facilitar as salas para a exposición de novos artistas vigueses.



_____, “Nace el Instituto de Estudios Orensanos y son elegidos nuevos procuradores” *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), 8 outubro 1996, p. 42.

Efeméride que nos recorda a sesión ordinaria da Deputación de Ourense na que se aprobou a creación do Instituto de Estudios Orensanos.



_____, “Dous novos libros de Celso Emilio Ferreiro e Xosé Fariña Jamardo”,
La Voz de Galicia (Edición de Ourense), 8 outubro 1996, p. 42.

Efeméride que nos lembra a concesión hai 25 anos do premio Álamo de Salamanca ó libro de Ferreiro *Antipoemas* do que se fai un breve resumo en canto ós seus problemas de publicación a causa da censura. Lémbrese tamén a publicación en Buenos Aires de *O mesón do Birollo*, de Xosé Fariña Jamardo.



Rielo, Nicanor, “Lois Pereiro no Incio”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 4 agosto 1996, p. X.

Artigo que se centra no pasamento de Lois Pereiro e na súa doenza. As circunstancias do seu enterro abren paso a un pequeno comentario sobre a súa obra, no que se di que Pereiro non é poeta de moitos libros éditos, indicando o seu gusto pola estética europea, o seu negativismo, o achegamento a unha actitude existencialista. De *Poesía última de amor e enfermidade* di que hai “un xeito de resurrección no que se retoma a esperanza de amar, de apreixa-la eternidade”.



_____, “Factoría de ideas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 10 novembro 1996,
p. XIX.

Con motivo da celebración da exposición “Arte moderno y revistas españolas (1898-1936)”, que o Centro de Arte Reina Sofía acolleu ata principios de xaneiro de 1997, Pedro Rielo pasa revista ás publicacións máis importantes que durante este tempo informaron do acontecer cultural, fixeron crítica literaria ou contribuíron co seu deseño ó quefacer artístico. En varias destas revistas destaca o nome “dunha nova artista”, Maruja Mallo, que figura colaborando en publicacións como *La Gaceta Literaria* ou *Revista de Occidente*. Así mesmo, salientase a presenza de trece publicacións galegas, dende *Nós* ou a súa predecesora *La Centuria*, ata *Alfar* ou *Ronsel*, ambas fundamentais polo coidado do seu apartado gráfico e estético.



Rivas, Ana Mary R., “Pionera cultural en Sarria”, *El Progreso*, 21 febreiro 1996,
p. 10.

O artigo céntrase na figura da fundadora da asociación Meigas e Trasgos de Sarria, Carmela González Ruíz. Entre as actividades identificativas da agrupación, atópanse os concursos literarios, directamente vencellados á celebración da “Noite Meiga”, nos que participaron escritores e artistas destacados.



_____, “La poética de un lingüista”, *El Progreso*, 24 xuño 1996, p. 8.

Artigo no que se alude á figura de Xavier Rodríguez Barrio, “el más prestigioso poeta de la nueva literatura gallega”. O poeta iniciou a súa traxectoria literaria ós dezaseis anos coa publicación do seu primeiro poemario, *Pranto irmán*. Dende o principio, as súas obras amosaron un interese persoal pola renovación da súa lingua natal. Coa súa última novela obtivo o Premio Nacional da Crítica Española, no ano 1993.



Rivas, J., “La revista del Instituto cumple diez años desde su primer número”,
La Región, 13 febreiro 1996, p. 12.

Informa da publicación do número vinteún da revista *O Pregoeiro*, do Instituto de Educación Secundaria e Profesional de Allariz. Trátase dunha publicación, en galego, que recolle recensións de libros feitas polos propios alumnos, noticias sobre o centro e acontecementos de carácter cultural. Neste número aparece tamén un apartado dedicado ó Día das Letras Galegas.



Rodríguez, Antón (coord.), “100”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”,
Especial nº 100, 21 marzo 1996, pp. 1-16.

Ademais dunha lista coa nómina de colaboradores que pasaron pola “*Revista das Letras*” co título “Tivemos o inmenso pracer de...”, reproducense os deseños dalgúns dos creadores que pasaron polas páxinas deste suplemento de *O Correo Galego*: Carme Botana, Xoán Anleo e Robert Bass. Ademais inclúense os seguintes artigos:

-Xosé Manuel Rey Nóvoa, “Memoria de cen veces cen”, p. 2. Presentación deste número 100 da “*Revista das Letras*”, suplemento cultural de *O Correo Galego*. Rey Nóvoa sinala a aposta que supuxo a creación deste suplemento hai cinco anos e a súa apertura cara á “defensa e á dinamización das expresións artísticas e culturais de Galicia”.

-Caetano Díaz, “Tanto amor tanta vida”, p. 3. O subdirector de *O Correo Galego* realiza a súa particular homenaxe ó número 100 da “*Revista das Letras*” cunha enumeración dos principais temas e protagonistas que pasaron polas súas páxinas.

-Soedade Noia, “Ollos e conquistas”, p. 3.



Soedade Noia lembra a súa participación na “*Revista das Letras*” ó longo dos cen números. Nas súas colaboracións, dende o seu estilo persoal, pretendeu desvela-lo oculto “sen ausencias”, “a memoria do alternativo”.

-Carlos Amado, “Zúgame boneca II ou de como se licenciar en endoptoloxía”, p. 4. O colaborador de Carlos Amado recupera na súa memoria a súa participación na “*Revista das Letras*” dende os seus comezos, coa sección da última páxina “Endópticas”, na que abordou fundamentalmente temas musicais.

-Ana Romaní, “Apropiación debida”, p. 5. Ana Romaní, poeta, periodista, membro do Consello de Proxectos da *Revista das Letras* e unha das súas colaboradoras máis asiduas, reflexiona sobre o labor que levou a cabo o citado suplemento e sinala a ousadía deste proxecto, un “orixinal camiño aberto nun espacio xenérico tan delimitado como o dun suplemento cultural, literario”, que supuxo “un respiro, unha corrente de aire”.

-Manuel Olveira, “Amnesia e olvido”, p. 7. O pintor Manuel Olveira, colaborador da “*Revista das Letras*” nas páxinas dedicadas á arte, reflexiona neste artigo sobre o esquecemento do pasado que caracteriza a década dos 90, na que deu comezo unha crise que supuxo, na súa opinión, unha volta á orde tralos hedonistas anos 80. Confía en que esta amnesia do pasado quizais favoreza a “cartografía cultural”, se supón “un compromiso de traballar por un futuro que non nos atrevemos a albiscar”.



-Juan de Nieves, "Sen pausa", p. 10. Juan de Nieves, crítico de arte na primeira etapa da "Revista das Letras" e colaborador de "Chineses", presenta neste número de homenaxe un texto de creación.

-Chus Pato, "Éxtase de candeas", p. 10. Retrocede ata o ano 1990 e recupera os principais acontecementos persoais que viviu este ano: os seus comezos no ensino público no Instituto de Bande, os encontros con Xabier Cordal e Manuel Iglesias, unha viaxe a Lisboa que lle suxire o título *Fascinio* para o seu poemario de 1995, unha conferencia de Méndez Ferrín para os seus alumnos do Instituto e unha viaxe a Grecia na que sufriu un accidente.

- Miro Villar, "Poetas dos noventa, unha aproximación", p. 11. Ensaio a respecto da produción poética galega dos anos noventa. Comeza por dici-lo seu responsable que esta se ten caracterizado pola aparición e consolidación dun grupo moi plural de voces novas aínda non tidas en conta debidamente pola crítica e os estudos literarios. Indica que a finais da década anterior se dera un certo impasse na produción lírica do país, ata que en 1991 xorde Edicións Espiral Maior, ó tempo que sae en 1994 a colección "A Illa verde". Créase o certame literario co nome desta editorial para autores noveis ó tempo que nacen premios e se manteñen outros xa existentes: Bouza Brey, Martín Codax, O Grelo, González Garcés, Esquíó, Cidade de Ourense, Eusebio Lorenzo. Di que co inicio da década colle forza un proxecto alternativo e concibido dunha maneira artesanal como Edicións do Dragón, que leva publicado xa uns cantos títulos. Logo define ós poetas dos noventa, dos que di que son os que principalmente publicaron a súa ópera prima nestes anos. A continuación cita ós que considera integrantes da



Xeración dos noventa para rematar cunhas cantas publicacións periódicas que dan acollida á produción destes novos autores.

-E. C., “Nun lugar lembrado do futuro”, p. 13. O colectivo formado por Carmiña Castromil, Carina Regueiro, Darío Janeiro, Enrique Neira e Antón Rodríguez, que habitualmente asinan como E.C., realizan neste artigo un percorrido polos feitos máis significativos dos anos 90 e inclúen tamén o seu propósito de seguir co proxecto deste suplemento máis alá do número cen “burlándose do fastío e mais do saber estar”.

-Vicente Araguas, “Cinco anos, pouco tempo, nada”, p. 14. Como crítico asiduo da *Revista das Letras*, Vicente Araguas felicita á publicación polos seus cinco anos de existencia e fai un percorrido polos cambios que o tempo conleva, tamén aplicables ó campo da literatura. Cre que no mundo literario galego predominan os excesivos intereses e a mediatización. Refírese tamén á cantidade de obras lidas e criticadas nestes anos de colaboracións semanais.

-Anxo Quintela, “Nunca pasa nada”, p. 15. Felicita ó suplemento polos seus cinco anos de existencia e reflexiona sobre o lugar no que se produce e se recolle a verdadeira actualidade que, na súa opinión, non é a que aparece nos medios de comunicación, senón a que un mesmo descobre lendo a “Homero, Shakespeare ou Manoel Antonio”, tras escoitar “unha historia contada pola boca dun mariñeiro de Fisterra” ou de contemplar “un cadro de Rotko”, “unha canción de Van Morrison” ou entre “as liñas da recensión



dun libro, dun comentario de arte ou da crítica dun concerto”. En todas estas experiencias reside para Anxo Quintela a verdadeira carga de realidade.

-Carme Vidal, “Que ninguén tire as fotos incómodas”, p. 15. Carme Vidal, colaboradora da segunda etapa da “*Revista das Letras*”, refírese á concepción da historia como unha grande biografía e ós nomes que se van eliminando das súas páxinas. Desexa que neste suplemento “dentro de cen anos non haxa ausencias nas súas páxinas. Que ninguén tire as fotos incómodas”.



Rodríguez, Manuel, “Los traductores de Babel”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 57, 28 marzo 1996, p. 2.

A Federación Internacional de Tradutores vén de acolle-la Asociación de Tradutores Galegos, creada en 1983. O seu presidente, Valentín Arias, salienta que unha das tarefas iniciais da entidade foi a elaboración das normas básicas de traducción que garantiran a calidade dos traballos. Segundo Arias, hoxe en día a traducción cumpre unha importante función de normalización lingüística. Damián Villalaín, da editorial Galaxia, fai referencia á traducción ó galego de obras como *Crimen e castigo*, de Dostoievski, *A cartuxa de Parma*, de Stendhal, obras teatrais do francés Bernard-Marie Koltès e a importancia da literatura xuvenil neste ámbito. Áurea Fernández, no seu traballo “O papel da traducción no sistema lingüístico e literario: o ámbito galego”, publicado en *Grial*, sitúa nos anos sesenta o espertar da ciencia da traducción.



Rodríguez, Ricardo, “A Agrupación Guardesa homenaxea a Xoán Martínez Tamuxe e a Ferro Couselo”, *Faro de Vigo*, 31 maio 1996, p. XIII.

Dá conta dos actos que, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, organizan a Agrupación Cultural Guardesa para homenaxear a Xesús Ferro Couselo e ó polígrafo do Rosal, Xoán Bautista Martínez Tamuxe (Xoán do Tamuxe). Recolle as palabras do homenaxeado lembrando a importancia de non esquecer a quen forma parte da nosa historia cultural e literaria.



Rodríguez, Salvador, “¿Que máis queres, Manolo?”, *Faro de Vigo*, “Fin de semana”, 13 decembro 1996, p. 4.

O articulista ofrece un comentario comparativo entre o labor de dúas das editoriais galegas máis importantes: Edicións Xerais de Galicia e Galaxia. Entre as obras publicadas por Galaxia cita: *¿Que me queres, amor?*, de Manolo Rivas; *Deus sentado nun sillón azul*, de Carlos Casares e *Parado na tormenta*, de Suso de Toro. Entre as obras de Edicións Xerais de Galicia, cítanse *Unha noite con Carla*, de Aníbal C. Malvar; *Código morse*, de Xavier Alcalá e *Erros e Tánatos*, de Gonzalo Navaza, entre outras.



Rodríguez Fer, Claudio, “Sobre os anos de Blanco-Amor”, *O Correo Galego*, “Chineses”, 6 setembro 1996, pp. 20-23.

Reproducción dun capítulo completo da obra de Claudio Rodríguez Fer *Acometida atlántica (Por un comparativismo integral)*. O texto, pertencente á sección “Literatura e Sexo”, é un avance do que será a obra. No libro, segundo se adianta neste artigo, lévase a cabo un estudo, dende unha perspectiva intermetodolóxica e interdisciplinar, de temas como Literatura e Poder, Literatura e Nación, Literatura e Arte, Literatura e Cine, Literatura e Prensa ou Literatura e Extraterritorialidade.



_____, “Historia do ‘Cartafolio de Lugo’”, *El Progreso*, 12 outubro 1996,
pp. 14-15.

Percorrido pola publicación do *Cartafolio de Lugo*, de Ánxel Fole, inicialmente en *El Progreso* e despois, en 1981, nun volume co mesmo título, editado polo Círculo de las Artes que reunía algúns dos artigos do autor. Comenta despois o “artigo matriz” deste conxunto, “Las veinticuatro horas lucenses de Mabile de Poncheville”, publicado en *El Progreso* en 1932, no que Fole “evocaba con fina prosa impresionista a estancia en Lugo de tal escritor francés no ano 1928”. De seguido, inclúense uns apuntes sobre a traxectoria deste escritor e a súa viaxe a Lugo e sinalase que este artigo foi refeito polo seu autor, de memoria, para publicalo en *Yunque*; logo foi reproducido en *Vida Gallega*, en *El Progreso* e, por fin, incluído no libro *Cartafolio de Lugo*. Refírese a outros artigos nos que se aprecian os antecedentes do *Cartafolio de Lugo*, e conclúe sinalando que “o “Cartafolio” de Fole foi unha obra caracterizada, igual que o propio Lugo, “pola fragmentación, a discontinuidade e o inacabamento”.



Rolland, Eduardo, “El barco de los rapsodos”, *Faro de Vigo*, 10 xuño 1996,
p. 18.

Dá conta dunha homenaxe ó escritor Bernardino Graña, que tivo lugar na ría de Vigo, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Uns vinte poetas galegos ofrecéronlle un recital poético e o propio homenaxeado leu un poema dedicado ó escritor falecido Xosé Alexandre Criebeiro.



_____, “Nace ‘La Carallada’, la revista que promociona el nuevo cómic gallego”,
Faro de Vigo, 26 decembro 1996, p. 6.

Informa da saída da revista *La Carallada*, dedicada á promoción do cómic a nivel galego e estatal. É unha publicación que continúa o labor iniciado polas revistas viguesas *Can sen dono* e *A banda do 17*, a ourensá *Frente Comixario* ou as santiaguesas *Xofre* e *Vagalume*.



Romaní, Ana, “Abril”, *O Correo Galego*, “Chineses”, 3 maio 1996, pp. 9-15.

Reprodúcense cinco poemas de Ana Romaní.



Roxo Carril, “La Galicia de Lorca”, monográfico especial editado por *El Ideal Gallego*, 19 agosto 1996, 12 pp.

Monográfico publicado coincidindo co sesenta aniversario da desaparición de Lorca e que inclúe varios artigos acerca da relación mantida entre o granadino e Galicia dende diversos puntos de vista, todos eles responsabilidade de Roxo Carril. Péchase coa publicación dunha carta de Eduardo Blanco Amor a García Lorca. Os artigos son os seguintes:

_____, “Paseo por la triste Galicia”, p. II. O artigo lembra a primeira estancia de Lorca en Galicia en 1916 e as pegadas iniciais que esta visita deixou na súa obra. Ademais afirma que, ó seu regreso a Madrid, entrou en contacto con algúns galegos na Residencia de Estudiantes.

_____, “Lo gallego se vuelve gitano”, p. III. Neste artigo maniféstase que Lorca regresou a Galicia en tres ocasións máis, no ano 1932, e detalla as actividades que desenvolveu nas súas estadías (conferencias, representacións teatrais) incluíndo lembranzas de protagonistas daquelas xornadas. Trátase da viaxe derradeira do poeta á nosa terra: “García Lorca no regresará ya a Galicia”. Sen embargo, coñeceu a moitos integrantes da comunidade galega na súa viaxe a Buenos Aires.

_____, “Los Seis Poemas para Galicia”, pp. IV-V.



Fálase dos *Seis Poemas Galegos* escritos por Lorca froito das súas distintas viaxes por terras de Galicia. O poeta granadino sentiuse moi próximo á cultura galaica emparentándoa coa andaluza. No artigo establécense influencias, faise unha datación da escritura dos poemas e destácase a importancia deles no conxunto da súa obra. Ademais, publícanse os seis poemas íntegros.

_____, “Poesía o amor”, p.VI. No artigo lémbrese a figura de Ernesto Guerra da Cal, intelectual ferrolán que mantivo unha estreita relación de amizade con Lorca e introduciu ó granadino nos círculos literarios galegos. Ademais, faise un percorrido pola súa vida -edicada ó ensino no exilio- destacando a importancia da súa presenza para a creación dos seis poemas galegos escritos por García Lorca.

_____, “Reencarnado en tres vidas”, p. VII. Breve artigo que fala da relación sostida entre Lorca e Eduardo Blanco Amor: os seus encontros que dan lugar á publicación dos *Seis Poemas Galegos*, titulados e prologados polo escritor ourensán.

_____, “Un corazón emprendedor”, pp. VIII-IX. Coméntase a amizade entre Francisco Iglesias Brage, aviador e aventureiro galego, e o poeta granadino, sempre defensor deste. O artigo inclúe testemuños de Iglesias Brage sobre a relación con Lorca e outros poetas da Xeración do 27, dá conta do matrimonio frustrado do aviador e ofrece un perfil da súa personalidade.



A visita a Santiago de García Lorca, principia o curso da amizade mantida entre este e Carlos Martínez-Barbeito Morás, quen recorda no artigo aqueles días, as visitas que Lorca fixo en Santiago -á Quintana, á tumba de Rosalía- e as dedicatorias de libros. Posteriormente atopáranse de novo, cando o coruñés foi residir en Madrid para finaliza-los seus estudos.



S. A., “Materiais para coeducar”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”,
6 marzo 1996, p. 3.

As asociacións están a traballar para atalla-la carencia de materiais e programas específicos sobre a coeducación, un “dos chamados temas transversais que máis necesita de propostas concretas de traballo nas aulas”. Entre elas atópanse o Colectivo de Mulleres Ensinantes e o Colectivo María Castaña. O artigo extrae unha serie de actividades recomendadas nas publicacións *Na procura dun espazo propio* e *Materiais para coeducar*, editadas polo primeiro colectivo.



_____, “As vangardas artísticas en Galicia, a estudio”, *La Región*, 25 outubro 1996, p. 12.

Anuncia a celebración dun curso titulado “Vangardas artísticas: a súa presenza en Galicia”, promovido pola Fundación Vicente Risco de Allariz e que terá como sede o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. Lembra a Vicente Risco como un dos principais vangardistas galegos deste século. Dá o nome dos persoeiros da cultura que participan neste curso e salienta o carácter globalizador que se pretende no mesmo.



S. M., “Emotiva investidura de José Filgueira Valverde como doctor ‘honoris causa’ por la Universidad de Vigo”, *Diario de Pontevedra*, 1 xuño 1996, p. 8.

Recolle algúns detalles da cerimonia de investidura de Xosé Filgueira Valverde como doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo. A directora do Departamento de Filoloxía Galega da citada Universidade, Camino Noia Campos, definiuno como quizais o último polígrafo galego e como un dos fillos máis ilustres da súa Pontevedra natal. Pola súa banda, o rector da Universidade, José Antonio Rodríguez Vázquez, afirmou que se acaba de facer xustiza cos grandes méritos contraídos polo profesor ó longo da súa dilatada carreira a prol da cultura galega.



S. P. F., “El Encontro de Poetas aporta referencias sobre la zona”, *La Voz de Galicia* (Edición de Valdeorras), 9 xuño 1996, p. 42.

Celebración do IIº Encontro de poetas valdeorreses coa asistencia de autores como Emilio Costa Dávila (do que se recollen uns cantos versos), José Rodríguez Ferrer, Esteban Enríquez, José Ramón Gago, Xurxo López e Manuel Sieiro Taboada. Asistiu tamén o poeta foráneo Miguel Ángel González García.



S. R., “Recuerdo a Filgueira Valverde”, *Diario 16 de Galicia*, 20 setembro 1996,
p. 6.

Informa de que o Centro Superior Bibliográfico de Galicia levará o nome do pontevedrés Xosé Filgueira Valverde. A proposta provén da Consellería de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia por considerar que a nosa historia, literatura, arqueoloxía, arte e tódolos campos da cultura en xeral contan con importantes contribucións do polígrafo pontevedrés.



S. V., “Xosé Neira Vilas firmó cientos de ejemplares en la Feria del Libro”, *La Voz de Galicia* (Edición da Coruña), 9 agosto 1996, p.39.

O escritor e periodista de Vila de Cruces, Xosé Neira Vilas, presentou na Feira do Libro de A Coruña o seu último traballo, que conclúe a triloxía de “Memorias da emigración”. É unha crónica onde se identifican persoas relevantes do mundo da emigración como Rafael Dieste. A súa dona, Anisia Miranda, firmou libros no mesmo recinto que Xavier Alcalá.



Salgado, Joana, “...Y Eliseo Alonso lloró de emoción desde el cielo”, *Faro de Vigo*, 27 decembro 1996, p. IX.

Informa dunha homenaxe ó escritor do Baixo Miño, Eliseo Alonso, no Liceo Casino de Tui. Nela recitáronse moitas das súas poesías.



Salgueiro, J. B., “Reivindicación del teatro cutre en la fiesta del Día Mundial del Teatro”, *Faro de Vigo*, 29 marzo 1996, p. 42.

Breve comentario sobre a celebración, en Santiago, do Día Mundial do Teatro. Nela, o actor e director Cándido Pazó reivindicou o teatro auténtico. Así mesmo, infórmase da entrega dos galardóns Cigala D'Ouro 1996 que premian o ton irónico e humorístico. Entre os premiados, a agrupación Chévere obtivo o premio á mellor dirección, pola obra *La nueva furgoneta con dirección asistida que se acaban de comprar*.



Seoane, Xavier, “Miguelanxo Prado”, *El Correo Gallego*, “Teatro do Mundo. Retratos de Xosé Freixanes”, 30 xuño 1996, p. 88.

Retrato de Miguelanxo Prado, na súa faceta de ilustrador de cómics. Segundo o articulista, o artista ten un “talento excepcional de debuxante, unha penetrante visión do mundo, unha claridade que Hergé -e Tintín, e o propio Milú- celebrarían entusiasmados”. Así mesmo, X. Seoane afirma que o autor ten “un sentido do humor do que os mellores retranqueiros galegos, planetarios ou marcianos teñan desfrutado”.



Sío Dopeso, M., “Criaturas de escena”, *La Voz de Galicia*, 4 xuño 1996, p. 13.

Crónica sobre o mundo dos monicreques en Galicia. Primeiro ofrece unha breve historia dos títeres en Galicia e logo analízase a situación actual dos titiriteiros no noso país, que se queixan da mala consideración que existe do teatro de títeres destinado exclusivamente a un público infantil e subliñan a necesidade imperiosa de desterrar esta consideración canto antes do noso público e das institucións. Ofrécese unha nómina de vinte compañías de títeres galegas.



Sola, Manuel V., “Veintidós compañías de teatro reclaman más subvenciones de la Xunta”, *La Voz de Galicia*, 3 marzo 1996, p. 8.

Recóllese a protesta dos actores, músicos, bailaríns e titiriteiros polo recorte de subvencións, feito que supón o recorte das súas actuacións e os condena á desaparición. Critican tamén a inclusión nos circuitos subvencionados de orquestras, bandas, grupos folclóricos e xornadas gastronómicas.



Soliña, María, “Mestre de galeguidade”, *O Correo Galego*, 16 xaneiro 1996,
p. 12.

Con motivo dunha homenaxe ó impresor e galeguista, Ánxel Casal, o Concello de Santiago acaba de editar un caderno sobre a vida e a obra do fundador das Irmandades da Fala. Trátase dunha obra titulada *Ánxel Casal* (1995), de Miguel Anxo Seixas Seoane, colaborador de *O Correo Galego*.



Soto, Juan, “Versos”, *El Progreso*, “De re varia”, 2 marzo 1996, p. 64.

Breve referencia a uns versos, publicados por Manuel Rivas en *El País*, e que o comentarista atribúe a unha man anónima que os escribiu pensando na Rioja e non na cidade de Lugo.



Soto, Raquel, “Menú de historietas”, *Faro de Vigo*, “Fin de semana “, 11 outubro 1996, p. 1.

Dá conta da celebración das VIII^{as} Xornadas de Banda Deseñada en Ourense; reproduce o cartel que anuncia o evento e informa dos actos que terán lugar ó longo das xornadas, entre os que destacan as exposicións, presentacións das últimas novidades no ámbito da banda deseñada, etc.



Souto, Suso, “Antón Fraguas recordó ayer el mitin pro estatutario del 36 en A Estrada”, *El Correo Gallego*, 22 xuño 1996, p. 36.

Informa sobre un acto organizado pola Asociación de Fillos e Amigos de A Estrada. Nel, Antón Fraguas Fraguas recordou o sesenta aniversario do mitin de peche de campaña do plebiscito para o Estatuto de Autonomía de Galicia, no que participou xunto con Castelao.



Torre, Paula, “Sesenta expositores concurren este año a la Feria del libro de La Coruña”, *La Voz de Galicia* (Edición da Coruña), 31 xullo 1996, p. 34.

Noticia da inauguración da feira do libro de A Coruña que celebra o seu 25 aniversario. Como representantes da literatura galega estaban Xosé Luís Méndez Ferrín, Carlos Casares e Manuel Rivas.



Tristán, Pancho, “La edición popular de la obra de Rosalía se venderá por 5000 pesetas”, *La Voz de Galicia*, 16 xullo 1996, p. 7.

Informa da reedición das obras completas de Rosalía de Castro a cargo da Fundación que leva o nome da ilustre padronesa. Dá as características deste volume único, o prezo, a tirada, os puntos de venda e os proxectos máis inmediatos da Fundación Rosalía de Castro.



_____, “Sempre en Romania”, *La Voz de Galicia*, 30 xullo 1996, p. 58.

Informa dunha traducción da obra completa de Castelao que está a preparar Mariana Ploae-Hanganu, profesora de portugués na Facultade de Letras de Bucarest e colaboradora no Instituto de Lingüística da Academia Romanesa. Dentro dun ano, aproximadamente, sairá á rúa un volume con toda a obra de Castelao, agás a traducción de *Sempre en Galiza*, que se editará por separado.



VV. AA., “La Noche. Suplemento conmemorativo de los cincuenta años del diario La Noche”, *El Correo Gallego*, 1 febreiro 1996, pp. 1-16.

Ademais dos artigos abaixo comentados, este suplemento especial dedicado ó xonal *La Noche* recupera os seguintes textos publicados polo vespertino compostelán: “Seitura”, de M. Fabeiro Gómez, “Epigrama gallego”, de Francisco Añón, “Tola”, de Pura Vázquez, “Embreñarme procuro”, de Antonio Noriega Varela, “N-un dos nosos Finisterres”, de Salvador Lorenzana, “Un fermoso ensono erudito”, de Ramón Otero Pedrayo, “La primera ofrenda al Apóstol”, de Antonio Couceiro Freijomil, “La significación de Santiago”, de Victoriano García Martí, “Las ferias de As San Lucas”, de Aquilino Iglesia Alvariño, “Celtismo”, de Vicente Risco, “Camiño de Santiago”, de Neumandro e “Retratos y paisajes”, de Álvaro Cunqueiro. Inclúese tamén o artigo “Una perspectiva editorial de anticipación” (p. 3) no que se analiza a actividade de Feliciano Barrera como editorialista de *La Noche*, inseríndoa na época previa á entrada en vigor da Lei de Prensa de 1966, que suprimía a censura previa. Coméntanse os temas tratados por Barrera nos seus editoriais: o impulso da actividade industrial en Vigo e na Coruña, o apoio ós planos xerais de ordenación urbana acordes coa fisionomía do país, a solicitude de melloras nas vías de comunicación, a petición de máis autonomía e autogoberno para os concellos, ademais da defensa das características diferenciais de Galicia que, segundo a opinión de Barrera, deberían posibilitar unha negociación directa co Mercado Común Europeo, sen mediacións estatais.



Logo dun inicial percorrido polo autor sobre a importancia do xornal *La Noche*, céntrase no comentario de tres proxectos que está a desenvolver-lo Centro Ramón Piñeiro e cos que pretende achegarnos un mellor coñecemento do vespertino xornal compostelán. Estes proxectos son: unha escolma de páxinas culturais nas que está presente unha boa parte do publicado en galego e unha selección de textos casteláns, a edición facsímilar do Suplemento de Cultura, cualificada polo autor do artigo como “máis ca meritorio esforzo” debido ós numerosos problemas xurdidos pola defectuosa conservación dos textos, a edición da sección “Parladoiro” de Ramón Otero Pedrayo é valorada como “unha interesante restitución e un descubrimento para moitos”. Remata dando o nome das persoas que colaboran neste proxecto, comenta as dificultades do mesmo e os prazos previstos para o seu remate.

-Fernando Amarello de Castro, “Unha escola aberta, impagable”, p. 2. Lembranza nostálxica dos anos de universitario en Compostela e da importancia do xornal *La Noche* na época. Analiza o que supuxo este vespertino, cualificado como “periódico universitario”, por colaborar nel e ir dirixido a profesores e estudantes. Salia a actitude aberta de Borobó, sempre disposto a aceptar colaboracións de universitarios.

-Xosé Filgueira Valverde, “¡Toda Galicia vai nela!”, p. 4. O profesor Filgueira Valverde comenta, nun brevísimo artigo, o labor levado a cabo polo xornal *La Noche*, na súa sección cultural. Salia o importante traballo xornalístico dalgúns dos columnistas habituais como é o caso de Borobó.



-José Ángel Valente, “Insólito emblema da posible luz”, p. 4. Breve recordo que o escritor José Ángel Valente comparte cos lectores de *El Correo Gallego*. Na súa lembranza, atópanse a súa chegada a Compostela, o labor que estaba a levar a cabo *La Noche* ou o seu encontro con Couceiro Freijomil, director do suplemento naquel momento.

-M. Quintáns S., “Unha empresa compostelá”, p. 4. Comenta o nacemento do vespertino compostelán *La Noche*, da man da Editorial Compostela e da familia Sáenz-Díez García. Nomea as persoas participantes na Xunta Xeral de Accionistas de 1938 e enumera as razóns que motivaron a boa acollida deste xornal entre a burguesía compostelá. Lembra a colaboración de diversas personalidades da cidade, salientando especialmente as iniciativas do director-xerente da Editorial Compostela, José Goñi. Explicita os obxectivos iniciais de *La Noche* e as dificultades para acadalas. Finalmente, resume as razóns da desaparición deste xornal.

-Xabier Castro Rodríguez, “Artes, plumas e letras”, p. 6. Á breve lembranza inicial da importancia de *La Noche* e do prestixio de moitos dos seus colaboradores, séguelle un percorrido polas columnas, seccións e suplementos seguintes: “Nebulosa”, “Lacón con grelos”, “Parladoiro”, “Nuestras exclusivas”, “Un tema galego cada semana”, “Para ti, mujer”, “Rincón del niño”, “Artes y letras”, “Plumas y Letras Gallegas”, “El suplemento del sábado”. De cada unha delas fai un resumo da temática e do contido, dá o nome dos responsables da mesma e anota algúns trazos do estilo de cada autor.

-Antón Fraguas Fraguas, “O redor do xornal que deu nome a un grupo de mozos”, p. 6.



Recorda a súa amizade co primeiro director de *La Noche*, José Goñi Aizpurúa e a súa primeira colaboración no citado periódico, cun artigo sobre a figura de Antonio Noriega Varela.

-Benito Varela Jácome, “Compromiso coa cultura galega”, p. 7. O profesor don Benito Varela Jácome recorda aquel 1 de febreiro chuvioso de 1946, día en que saíu do prelo o primeiro número do suplemento santiagués *La Noche*. Lembra, así mesmo, as tres ou catro xeracións que colaboraron no xornal “en prol dunha tarefa de concienciación cultural” e as diferentes seccións que conformaron as páxinas do citado xornal.

-José Sánchez Reboredo, “Lugar de encontro”, p. 8. Achéganos a experiencia persoal do primeiro contacto con Borobó para publicar un artigo en *La Noche* no 1959. Salienta a boa acollida ós escritores máis novos, e a perfecta ensamblaxe destes cos xa consagrados na nosa literatura. Comenta o incentivo que supón para un autor novel o feito de compartir páxina cos literatos máis coñecidos.

-Luz Pozo Garza, “O noso fogar e os ramallos de abril”, p. 9. Lembra a súa participación na sección “Plumas y Letras Gallegas”, do vespertino compostelán *La Noche*, salienta a boa acollida que recibían os poetas noveis, como ela, neste diario. Repasa a traxectoria do xornal, referindo o importante número de escritores que vían nas súas páxinas a única vía de saída para as súas obras. Salienta a Fernández del Riego e a Isla Couto como os principais impulsores deste proxecto cultural.

-Salvador García-Bodaño, “Lonxanos recordos de papel”, p. 10.



Salvador García-Bodaño recorda o seu traballo en *La Noche* ó longo de dúas etapas: a finais dos cincuenta e, nun segundo momento, dende mediados do ano 1960. O escritor afirma que os anos iniciais da súa vocación literaria e xornalística “implican, sequera dalgún xeito, a presenza referencial do querido rotativo asentado entre as céntricas rúas do Preguntoiro e de Altamira”.

-Pura Vázquez, “Pegadas da nosa xuventude”, p. 10. A escritora Pura Vázquez ten un cariñoso recordo para o xornal *La Noche* co que empezou a colaborar nos primeiros anos. Alude, así mesmo, ó importante labor do seu director naqueles tempos, Raimundo García, Borobó.

-Raimundo G. Domínguez (Borobó), “Los adelantados”, p. 11. Extenso artigo no que Borobó fai un minucioso repaso polos avatares iniciais da *La Noche*, o vespertino santiagués no que el mesmo participou activamente durante case dezanove anos. Así, recupera para nós a atmosfera cultural que reinaba neses anos e recolle nomes como os de Emilio Merino, José Landeira Yrago, Goñi, Antonio Bonet-Correa Calderón, Pepe Ruibal, Concha Castroviejo, etc., todos eles membros do que el denomina a primeira promoción de *La Noche*.

-Francisco Fernández del Riego, “Un aniversario moi significativo”, p. 12. O profesor Fernández del Riego lembra, neste breve artigo, a súa chegada á redacción de *La Noche*, no mes de febreiro do ano 1946. Así mesmo, recorda os obxectivos e a traxectoria deste xornal compostelán. Alude a algunhas das seccións habituais do xornal: o “Parladoiro” de Otero Pedrayo, “Anacos” de Bobobó, “Nebulosa” de Rabanal ou “Un tema gallego cada semana” de Salvador Lorenzana.



V.7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

-Dora Vázquez, “Quen me encamiñou cara á literatura”, p. 12. Agarimoso recordo de Dora Vázquez para o xornal compostelán *La Noche*, co que empezou a colaborar no ano 1948, cun artigo titulado “Riña de verano”. En palabras da autora, foi o citado suplemento o que a “encamiñou cara á literatura”, xa que nel “aprendín a expresarme periodisticamente, para ampliar logo as colaboracións con outros diarios e revistas”.

-Manuel María, “Breve e apresurada lembranza”, p. 12. Percorrido polas diferentes colaboracións que contribuíron á existencia do vespertino compostelán *La Noche*. Destaca os “Parladoiros” de Otero Pedrayo, a sección “Galicia canta”, reservada para os poetas galegos, os “Anacos” de Borobó ou “Nebulosa”, columna diaria do profesor leonés Manuel Rabanal.



VV. AA., “Cien años de un cronista de *Faro de Vigo* en Pontevedra”, *Faro de Vigo*, “Centenario de Vidales Tomé”, 30 marzo 1996, pp. 1-8.

Contén:

-Manuel de la Fuente, “Recuerdo y alabanza a Vidales Tomé”, pp. 2-3. Con motivo do centenario de Ignacio Vidales Tomé, Manuel de la Fuente fai un perfil biográfico e un comentario da súa obra a través das revistas e publicacións periódicas coas que colaborou: *Vida Gallega*, *El Tea*, *Faro de Vigo* e *El Pueblo Gallego*. Vencella a este caricaturista e debuxante con Castelao, pero salientando o toque orixinal que lle imprimía sempre ós seus traballos. Tamén é motivo de louvanza neste artigo a súa faceta como articulista e narrador de contos humorísticos, ademais do seu amor pola Ponteareas natal durante toda a súa vida, que o levou a critica-las situacións de inxustiza que padecían os seus veciños. Finalmente, dáse a referencia de dúas obras coas que completa-los coñecementos sobre este debuxante. O artigo tamén inclúe varias ilustracións do artista homenaxeado.

-Clodio González Pérez, “Unha época dourada do humor gráfico”, pp. 4-5. Fai unha lembranza do contacto persoal que tivo con Vidales Tomé. Comenta a progresiva implantación do humor gráfico na prensa, a partir do segundo tercio do século XIX, e a boa acollida entre o público lector. Dá un listado de publicacións humorísticas editadas en Galicia. Fala da importante xeración de humoristas que xurdiron arredor de xornal *Vida Gallega*. Achéganos



datos biográficos de Vidales Tomé, nomeando as revistas coas que colaborou, e a evolución da súa arte. Salienta a orixinalidade no trazado dos rostros, a expresividade das caricaturas e a importancia do pé co que completaba os seus debuxos. Dá conta das influencias que recibiu. Péchase o artigo cun repaso polo humorismo gráfico actual en Galicia, salienta o éxito e a boa acollida que segue tendo.

-Rafael Sánchez Bargiela, "Cronista de lo cotidiano", pp. 6-7. O Director da Biblioteca e do Museo de Pontareas ten palabras de eloxio para Ignacio Vidales Tomé pola entrega constante que éste amosou cara a súa vila natal. Analiza a traxectoria de Vidales Tomé como poeta, salientando a súa capacidade creativa. Insiste en definilo como cronista da vila do Tea, e fai un percorrido por todas publicacións nas que colaborou. Da actividade xornalística, Rafael Sánchez Bargiela destaca o espírito crítico e a calidade da prosa do pontareán. Finalmente, estudia o estilo, comentando a precisión, o dominio da linguaxe e a riqueza léxica.



Valcárcel, Marcos, “Un caricaturista excepcional nunha xeración de grandes artistas”, *O Correo Galego*, 15 marzo 1996, p. 36.

Comenta a mostra da obra de Álvaro Cebreiro presente na IIIª Bienal de Caricatura, coordinada polo Clube Cultural Alexandre Bóveda. Logo dunha inicial semblanza biográfica, Marcos Valcárcel céntrase en analiza-las influencias, consecuencias e repercusións do manifesto *¡Más allá!*, asinado conxuntamente con Manuel Antonio.



_____, “Cancioneiro da loita galega”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense),
“De Sol a Sol”, 4 outubro 1996, p. 54.

O xornalista infórmanos da reprodución facsimilar dun libro, *Cancioneiro da loita galega*, que recolle poemas de Cabanillas, Rodríguez de Breaña, Álvaro das Casas dos Ulteiras, Delgado Gurriarán etc. e que foi publicado no exilio, concretamente en México en 1943 e do que só chegou un exemplar a Galicia.



Valente, José Ángel, “Retorno”, *ABC*, 6 decembro 1996, p. 3.

Percorrido por Compostela lembrando os anos nos que Valente foi estudante na Universidade. Atribúe o éxito no desenvolvemento da cidade gracias á colaboración entre as institucións autonómica e municipal. Louva o modernista deseño do Centro Galego de Arte Contemporánea e do parque de San Domingos de Bonaval. Critica o feito de que a vida política galega siga artellada sobre un amplo tecido caciquil, espera que a xente nova rache con esta situación. Finalmente, refírese ó basureiro de Bens e critica a negligencia das administracións.



Varela, Suso, “La revista ‘Aturuxo’ del Centro Galego de Las Palmas, conmemora sus bodas de plata”, *El Correo Gallego*, “Galicia exterior”, 14 agosto 1996, p. 76.

Dá conta da saída do número vintecinco da revista *Aturuxo*, do Centro Galego das Palmas. Trátase dunha publicación de carácter anual que acaba de celebra-las súas vodas de prata. Neste número, aparece unha homenaxe a Xesús Ferro Couselo e reproducense algúns relatos e poesías.



Varela Varela, Xosé Manuel, “Ánxel Casal e Labarta Pose, unha entente pola cultura galega”, *A Nosa Terra*, nº 709, “Guieiro Cultural”, 18 xaneiro 1996, p. 23.

A figura de Enrique Labarta Pose foi obxecto de estudio por parte do autor deste artigo na súa memoria de licenciatura. Agora dá conta de como chegou a obter a información que nela presenta, en especial a relación entre Labarta Pose e Ánxel Casal co obxectivo de crear unha editorial galega. Para rematar, ve como moi acertadas tódalas homenaxes que se lle tributan a Casal no centenario do seu nacemento, salienta deste ilustre galeguista o feito de “ofrecer toda a súa vida para proseguir co proceso de normalización da cultura galega”.



Veiga, M., “Tres artigos, síntoma dunha nova época”, *A Nosa Terra*, nº 729, “Guieiro Cultural”, 6 xuño 1996, p. 24.

Recensión conxunta sobre os traballos “Portugal-Galicia, Galicia-Portugal: un diálogo asimétrico” (*Coloquio Letras*, nº 137-138), de Pilar Vázquez Cuesta; “Sobre as orixes da cuestión nacional galega” (*A Trabe de Ouro*, nº 25), de Camilo Nogueira, e “História da literatura galega” (1º fascículo da *Historia da Literatura Galega* que edita a AS-PG), de Francisco Rodríguez. Os tres coinciden no ton analítico, nos puntos de partida internos ó propio país e mesmo nos obxectivos “un futuro que poida ser pensado dende aquí”. No que atinxe ó primeiro dos traballos aparecido en *Coloquio Letras* “Portugal-Galicia, Galicia-Portugal: un diálogo asimétrico”, da profesora Pilar Vázquez Cuesta, salienta Manuel Veiga “a novidade de unha revista portuguesa tomar a sério a temática galega”.



Vidal, Carme, “Táboa redonda coa nova poesía. Rafa Villar, Marta Dacosta, Paco Souto, Igor Lugrís, Lupe Gómez e Eduardo Estévez”, *A Nosa Terra*, nº 714, “Guieiro Cultural”, 22 febreiro 1996, pp. 28-29.

Recolle as verbas destes seis xoves poetas galegos que opinan sobre a situación da poesía en Galicia na actualidade, sobre o suposto relevo xeracional, a militancia poética, a relevancia dos recitais poéticos como medio de achegamento ó público, sobre o mundo editorial e de mercado, sobre o problema da lingua e sobre a irrupción da muller na produción poética.



_____, “Poesía contra o silencio das mulleres”, *A Nosa Terra*, nº 731, “Guieiro Cultural”, 20 xuño 1996, p. 21.

Recole as impresións dun grupo de mulleres que participaron nun encontro organizado pola asociación Feministas Independentes Galegas (FIGA) e o Concello de Vigo. O encontro, que tivo lugar os días 26, 27 e 28 de abril, estivo dedicado a “valorar o óptimo momento polo que está a pasar a poesía escrita por mulleres”.



_____, “A nova poesía galega entra ‘sen pedir permiso”, *A Nosa Terra*, nº 756, “Guieiro Cultural”, 12 decembro 1996, p. 26.

Informa sobre os debates e as conclusións ás que se chegou no Iº Encontro de Novos Escritores. Dá conta da polémica suscitada entre Uxío Novoneyra e Rafa Villar cando o primeiro cualificou de fascista a “morte do pai” que propoñía o segundo. Describe as propostas feitas no eido da narrativa por Fran Alonso, Camilo Franco e Xosé Carlos Caneiro. No terreo da poesía, salienta as intervencións de Lupe Gómez e Iolanda Castaño.



Vidal Caramés, Clementina, “Juan Vidal Martínez: Así foi o noso poeta”, *Diario de Pontevedra*, 30 xuño 1996, pp. XIV-XV.

Ofrece un perfil biográfico do poeta Juan Vidal Martínez, que iniciou a súa andaina poética alá polo ano 1921, coa publicación, ós dezasete anos, de *Magoas*, poemario galego prologado por Amado Carballo. Cita e describe o contido das revistas *Hebe*, *Alborada* e *Cristal*, fundadas polo poeta, e inclúe fragmentos dalgúns dos seus poemas.



Vilas, Xesús, “Poeta en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 75, 1 agosto 1996, p. 13.

Informa dunha exposición gráfica e bibliográfica celebrada na Galería Sargadelos de Santiago que explica a xénese dos versos galegos de Federico García Lorca. Fai referencia ás numerosas amizades do poeta granadino en Galicia. Entre elas, cita a súa amizade con Eduardo Blanco-Amor a quen lle entregou os orixinais da obra *Seis poemas galegos*, publicada, segundo informa Xesús Vilas, por Ánxel Casal o 27 de decembro do ano 1935, no volume 73 da editorial Nós.



Vilavedra, Dolores, “Cartas al director”, *El Correo Gallego*, “Cartas al director”,
7 xaneiro 1996, p. 4.

Puntualizacións da autora da carta en relación ó *Diccionario da Literatura Galega*, que ela coordina, e ó que aludiu Conde en varios artigos, empregando nalgúns deles un “ton irrespectuoso, mesmo ofensivo”. Na carta, a coordinadora afirma a súa independencia, explica os criterios seguidos para elaboralo diccionario poñendo algúns exemplos e di que “as eventuais ausencias e erros débense ás nosas propias deficiencias” e non a “intencións reviradas”. Tamén afirma que, para levar a cabo o diccionario, partiron de presupostos críticos reflectindo “o estado de opinión común sobre as respectivas obras” e non o gusto persoal dos autores. Remata prometendo “non volver sobre unha cuestión que as desafortunadas e reincidentes intervencións do Sr. Conde tornaron turbia e desagradable”.



_____, “Koltés e o espacio do mundo”, *O Correo Galego*, “*Chineses*”,
6 decembro 1996, pp. 3-6.

Reproducción da tradución da peza teatral máis famosa de Bernard Marie Koltés, titulada *Na soedade dos campos de algodón*, estreada no ano 1988 e presentada en Galicia, no 1995, pola compañía Factoría Teatro, dirixida por Cristina Domínguez. A autora da versión galega, Dolores Vilavedra, afirma que para ela este traballo supuxo “un proceso de submisión, como unha cura de humildade”.



Villarabid, Víctor L., “Se publica una nueva edición de la revista cultural ‘Tubo de Escape’”, *El Progreso*, 6 marzo 1996, p. 17.

Informa da saída do número quince da revista *Tubo de Escape*, promovida e editada pola asociación cultural e deportiva Monte Oribio, de Sarria. Trátase dunha publicación que se está a converter no “órgano literario” deste colectivo. Este número quince, dedicado á árbore, inclúe, ademais, unha sección de poesía, algunha entrevista e un artigo sobre a necesidade de potencia-la utilización da lingua galega, entre outros.



_____, "Multitudinaria despedida en un cementerio de O Incio a Lois Pereiro",
El Progreso, 27 maio 1996, p. 14.

Noticia sobre a morte e o enterro do poeta monfortino, afincado na Coruña, Lois Pereiro. Nos actos fúnebres os oficiantes resaltaron a súa peculiar personalidade, a súa obra e o seu profundo amor por Galicia.



Villaverde García, Elixio, “A galeguidade no exilio”, *O Correo Galego*, 29 marzo 1996, p. 35.

Denúnciase o esquecemento ó que quedaron sometidos os galegos do exilio que loitaron pola República, as liberdades e a autonomía de Galicia. Dise que, a diferenza do que ocorre co pobo irlandés ou co mexicano que reciben os seus fillos con honras e homenaxes, toda unha serie de nomes exemplifican a lista de galegos exiliados que finaron sen seren lembrados en Galicia: Matilde Mantecón, Xosé Caridade Mateo, Justo Couto, etc. Tamén lamenta Elixio Villaverde esta situación advertindo da “perigosa amnesia” que sofren os galegos de aquí, unha amnesia que abrangue a tódolos partidos políticos e que incidirá negativamente no progreso material e espiritual de Galicia.



Vizcaíno, Carlos C., “Universitarios e actores”, *El Ideal Gallego*, 10 novembro 1996, p. 53.

Informa do contido do primeiro curso de Arte Dramática, organizado pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago. Nel terán lugar tres seminarios sobre maquillaxe, iluminación escénica e interpretación.



_____, “O mellor crítico xa non é o crítico morto”, *El Ideal Gallego*, 15 decembro 1996, p. 50.

Fai referencia ó labor dos críticos de obras teatrais. Segundo o articulista, os profesionais do teatro demandan un maior número de comentarios sobre os espectáculos teatrais nos diferentes xornais. En palabras de Arturo López, director de teatro, a existencia da crítica é “un síntoma da normalización da vida teatral dun país e o crítico é unha figura máis dentro do entramado escénico”.



Volta, Curro “Presentación del libro de poemas *Ninguén de ningures*”, *Diario de Pontevedra*, 29 marzo 1996, p. 10.

Dá conta da presentación do libro de poemas *Ninguén de ningures* (1995), de Lois Vázquez Fernández, editado pola Fundación Rutas del Románico. O acto, celebrado en Pontevedra, estivo presidido polo alcalde da cidade, Juan Luís Pedrosa, e contou coa presenza da catedrática M^a Victoria Moreno, quen ofreceu unha charla sobre a poesía. A continuación, o autor do libro especificou que *Ninguén de ningures* “está escrito como poema unitario pero en anacos”.



Wannous, Saadalia, “Mensaxe no día mundial do teatro”, trad. Manuel F. Vieites, *Faro de Vigo*, “Faro das Letras”, 29 marzo 1996, p. CXX.

Reflexión de Saadalia Wannous sobre as características e a natureza do teatro. Alude á necesidade de diálogo entre o público e o espectáculo como unha das cualidades que debe satisfacerlo teatro e afirmase que está en retroceso, un expoñente máis da crise que afecta á cultura en xeral e que “aínda a pesar de tódalas revolucións tecnolóxicas, o Teatro preservará ese espazo modélico no que o home reflectiu a súa propia condición existencial e histórica”. Engade, ademais, que “o teatro ten un papel fundamental que xogar; pode realizar a misión crítica e creativa da Cultura”.



X. C., “A Xunta reduce o valor dos *Circuitos Culturais* pensados para potenciar o teatro e a música clásica”, *A Nosa Terra*, nº 715, “Guieiro Cultural”, 29 febreiro 1996, p. 22.

Informa da denuncia do Colectivo Landrover da política que está a leva-la Xunta con respecto ós Circuitos Culturais creados durante o goberno tripartito para impulsa-la actividade teatral, musical e de danza fóra das cidades. Segundo a noticia, os Circuitos van ser abertos e non terán que programar unicamente teatro, música ou danza, así compartiranse con bandas de música, grupos de majorettes, rondallas, tunas, acordeóns, coros parroquiais, charangas ou tangos. O Colectivo Landrover denuncia a desaparición da Feira de teatro, aforo de exhibición da produción teatral do ano e agora a desaparición da Mesa de Contratación da Consellería de Cultura.



_____, “Castelao defendía a entente *Galeuzca* como única maneira de modificar a estrutura do Estado”, *A Nosa Terra*, nº 718, “Galiza e mundo”, 21 marzo 1996, p. 14.

Informa da entrega do libro *Castelao y los vascos* feita por Iñiqui Anasagasti, autor do prólogo e coordinador do mesmo, a Xosé Manuel Beiras. Comenta o contido desta obra, louvándoa pola “importante aportación documental” e por servir “para apresentar a realidade galega en Euskadi”. Indica que este traballo abre as portas de dous necesarios proxectos: unha completa biografía de Castelao e unha recollida do seu epistolario. Para rematar, presenta dúas comunicacións do ano 1948 entre Castelao e Manuel de Irujo nas que estes ilustres nacionalistas dan as súas opinións sobre o proxecto “Galeuzca”.



_____, “Ben-Cho-Shey, a razón dun galeguista de corpo enteiro. O 5 de abril cumpríronse 150 anos do seu nacemento”, *A Nosa Terra*, nº 721, “Guieiro Cultural”, 11 abril 1996, pp. 28-29.

Con motivo dos cento cincuenta anos do nacemento de Xosé Ramón e Fernández-Oxea, recóllense neste breve artigo, algúns recordos de Ánxel Fole sobre o seu compañeiro de angueira nacionalista. Alude tamén á importancia da súa biblioteca, instalada á carón da de Blanco-Amor e Alberto Vilanova, na Deputación de Ourense.



_____, “Carrabouxo, humor popular e comprometido”, *A Nosa Terra*, nº 729,
6 xuño 1996, contracapa.

Comentario que comeza cun percorrido a través da obra de Xosé Lois González, travesía que comeza en 1977 cos personaxes de Sabeliña e Colónio Carcacique e continúa, en 1985, co retranqueiro do Carrabouxo en *La Región*. Marcos Valcárcel, prologuista de *Carrabouxos'90* (1996), vencella a este personaxe coa tradición nacionalista e principalmente cun coñecemento profundo da realidade do país, das súas xentes e da súa lingua. Mais, finaliza o comentariasta, a identificación co Carrabouxo non é local xa que “como di Valcárcel: cambiarán os caciques e as súas formas de actuar, pero a mirada solidaria dos humoristas seguira a denunciar todas as estruturas de dominio social”.



_____, “Morreu Filgueira Valverde, figura intelectual e política da dereita galega”,
A Nosa Terra, nº 744, “Guieiro Cultural”, 19 setembro 1996, p. 22.

Con motivo da recente morte do profesor Filgueira Valverde, ofrécese un breve perfil biográfico do polígrafo pontevedrés. Destaca a súa traxectoria política claramente conservadora, a colaboración na fundación do Seminario de Estudos Galegos, no ano 1923, a súa responsabilidade como conselleiro de Cultura, a presidencia do Consello da Cultura Galega e da Fundación Alfredo Brañas, etc. Antón Santamarina, vicepresidente do Consello da Cultura Galega, e Carlos Valle, director do Museo de Pontevedra, coincidiron en afirmar que Filgueira foi a “meirande figura intelectual de Galiza despois do Padre Sarmiento”.



X. V., “Los escritores jóvenes auguran un buen futuro para la literatura gallega”,
La Voz de Galicia, 7 decembro 1996, p. 4.

Fai referencia ó “Primeiro Encontro de Novos Escritores” organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Recolle as opinións de Fernán-Vello sobre o bo momento que vive a literatura galega, especialmente coa chegada de xoves valores na narrativa e na poesía. Comenta o contido da conferencia inaugural na que Luz Pozo Garza contou a súa experiencia vital como escritora e sinalou a influencia recibida de Pimentel, Juan Ramón Jiménez, Cunqueiro e Hölderling. Finalmente, dá conta das ponencias previstas para a segunda xornada e dos participantes en cada unha.



Y. G., “La Feira do Libro de Viveiro cerró el pasado domingo con un balance óptimo”, *La Voz de Galicia* (Edición da Mariña), 6 agosto 1996, p. 36.

Informa da clausura da terceira edición da Feira do Libro de Viveiro, inaugurada co pregón da escritora pontevedresa Fina Casalderrey.



VI. Clásicos greco-latinos traducidos



Cicerón, *Cartas (Epistulae)*, trad. Alfonso Blanco Quintela e Mónica Martínez García, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Galaxia, col. Clásicos en Galego, nº 15, xuño 1996, 261 pp. (ISBN da Xunta de Galicia: 84-453-1673-7; ISBN da Editorial Galaxia: 84-8288-045-4).

Edición bilingüe dunha selección das cartas de Cicerón realizada polos seus tradutores cun criterio estritamente cronolóxico, e que abrangue aquelas cartas que foron redactadas entre os anos 58-56 a. C. Rompen así intencionadamente coa tradicional clasificación das mesmas que se baseaba fundamentalmente nos interlocutores da súa correspondencia (*ad Atticum*, *ad familiares*, *ad Quintum fratrem* e *ad Brutum*). Este período histórico abrangue o seu ano e medio de desterro e os meses inmediatos á súa volta a Roma, e nas súas misivas (66 en total) pode percibirse con claridade o carácter do autor nas súas distintas facetas. As cartas veñen precedidas dunha introducción sobre a vida e obra de Cicerón, o xénero epistolográfico e a correspondencia de Cicerón, así como dunha bibliografía das edicións manexadas e as principais misceláneas de referencia xunto cunha táboa cronolóxica dos principais acontecementos acaecidos ó longo da vida do autor (106-29 a. C.). Conta tamén nas súas páxinas finais cun índice onomástico.



Recensións:

Xavier Castro R., "Cicerón en Clásicos do galego", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 22 setembro 1996,

7. Sinalando a necesidade e o interese de achegar ós lectores os textos máis representativos de diferentes períodos da cultura antiga, inicia Xavier Castro este artigo no que trata da recente tradución ó galego da correspondencia de Cicerón. Sobre a citada obra apunta o crítico a temática variada, os distintos destinatarios e a importante carga estilística dos textos nos que se atopa, segundo X. Castro, "o carácter patrón para a posteridade dunha auténtica teoría literaria da carta".

Referencias varias:

Antón Fraguas Fraguas, "Cicerón e as súas cartas. Tradución ó galego do clásico romano", *O Correo Galego*, "Suplemento Semanal", 18 agosto 1996, p. XXIV. O anuncio da publicación deste novo exemplar da colección "Clásicos en galego" serve de pretexto a

Antonio Fraguas para extenderse nun erudito repaso á historia de Roma e ó destacado labor político e literario de Marco Tulio Cicerón ilustrando os datos históricos con citas da súa correspondencia persoal extraídas da presente tradución.



VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 1. Narradores galegos



Alcalá, Xavier, Carlos Vila Sexto e Xosé Antonio Neira Cruz, *Contos da ruta*, VIII Tren Caixa Galicia, Ruta marítima, Ría de Arousa 96, ilustr. Ramón e Beatriz Prado, Pontevedra: Biblioteca Nova 33/Fundación Caixa Galicia, col. "Nova 33", nº 14, 1996, 191 pp. (ISBN: 84-89231-13-3).

Neste volume recóllense tres relatos realizados con motivo do VIIIº Tren Caixa Galicia -organizado e patrocinado pola Xunta de Galicia, Renfe e Caixa Galicia, coa colaboración do concello de Rianxo, Galix e as empresas Jealsa, Coca Cola e Donuts- recolle tres relatos, tres "contos da ruta". Son eles da autoría de:

-Xavier Alcalá (Miguelturra-Ciudad Real, 1947), "Viaxando: O tren ás nubes", pp. 9-37. Relato que nos leva á provincia de Salta, no Noroeste arxentino.

-Carlos Vila Sexto (A Coruña, 1977), "Diábolo", pp. 39-95. Seguindo as técnicas das narracións orais, cóntase a historia dunha biblioteca situada nunha aldea do Caurel e do seu bibliotecario, quen, axudado pola gardiana das palabras, terá que loitar contra o cazador das palabras.

-Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) "Paio Gómez Charinho, '... a miu gran coita do mar", pp. 97-190.



Relátase a viaxe dun profesor da Universidade de Santiago de Compostela ó século XIII coa finalidade de acadar un orixinal inédito dos cancioneros galego-portugueses que o leve á fama. Para conseguilo recorre a un enxeñeiro experto en alteración dos parámetros xeotemporais.



Aleixandre, Marilar, *O trasno de Alqueidón*, ilust. Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais, col. Merlín, serie azul (de 7 anos en diante), novembro 1996, 71 pp. (ISBN: 84-8302-051-3).

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) reúne aquí tres contos: dous xa publicados con anterioridade - "Neve na Amaía" (1992) e "Chave de Ponte, Chave de Carballo" (1995)- e un inédito, que lle dá título ó volume "O trasno de Alqueidón". Os tres teñen en común a súa localización xeográfica -o val da Amaía, preto de Santiago de Compostela- e temporal -os imprecisos anos do pasado cando non había televisión-, os seus protagonistas -nenos- e as aventuras máis ou menos fantásticas nas que se vén inmersos. No inédito conta cómo uns nenos, aconsellados pola súa avoa, descubren un trasno na súa casa e ensínanlle a contar. Nas tres historias salientase que só a inocencia infantil permite ver cousas que ó medrar se perden.



Alfaya, An, *O caderno azul*, ilust. Ricardo Pérez Rilo, Vigo: Edicións Xerais, col. Merlín, serie laranxa (de 11 anos en diante), maio 1996, 161 pp. (ISBN: 84-7507 990-3).

Dedicado ós nenos e nenas que sofren algunha doenza. Nesta novela de An Alfaya (Vigo, 1964), cóntase a historia de Anxélica, unha nena de once anos que vive en Vigo co seu avó David. Debido a unha transfusión de sangue que lle fan logo dun accidente, queda afectada polo virus da sida. Ó longo das catro partes en que se estrutura a obra podemos observar cómo medran as ganas de vivir da protagonista ó mesmo tempo que decae o seu estado físico. Os compañeiros e amigos de Anxélica loitan para que se sinta plenamente integrada na sociedade, cada un destes protagonistas secundarios dá a súa visión do acontecido en primeira persoa, isto posibilita a aparición de historias que se desenvolven de xeito paralelo á principal: o amor entre Xurxo e Marta, as relacións de Xurxo cos seus pais separados, a integración de Rita no grupo de amigos de Anxélica, etc. No apéndice final de "Cando a autora fala de si", Anxos Alfaya lembra a época na que tiña a idade dos protagonistas.

Referencias varias:

-Xoán Acuña, "Azul de esperanza para os nenos que sofren", *Atlántico Diario*, 11 agosto 1996, p. 38. Entrevista con An Alfaya a raíz da publicación do seu libro *O caderno azul*. Nela a escritora explica cómo lle xurdiu a idea desta novela e que o tema lle deu pé para tratar dos problemas de marxinación que sofre



VII.1. Narrativa

VII.1.1. Narradores galegos

a infancia e adolescencia. Comenta sen embargo que non só escribe para receptores novos pois xa ten un “feixiño de historias” para adultos. Por último apunta que o libro está ambientado en Vigo porque necesitaba falar de cousas próximas a ela.



Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Pedro e as nubes*, ilustr. Xulia Barros, Madrid: S. M., col. O Barco de Vapor, nº 12, serie azul (a partir dos 7 anos), 1996, 79 pp. (ISBN: 84-348-5192-X).

X.M. Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) relata a vida de Pedro, un “nubeiro”, un neno coa capacidade de crear nubes ó seu antollo, coas bágoas e o cuspe. Ó longo das páxinas, Pedro coñecerá outros nenos e nenas nubeiros como el, aínda que teñan diferentes maneiras de crea-las nubes: Anastasia fainas con esconxuros, Roque fainas medrar coa súa especial receita dentro dun bocoi, Ceboleiro pica cebolas para chorar e construílas coas súas bágoas, e así outros moitos máis rapaces, cada un ó seu xeito. Pedro descobre cómo voar por medio das nubes e atopa entre elas outros moitos personaxes curiosos ós que convocar por medio da súa imaxinación.



Ballesteros, Xosé, *Os Gordibolas. A historia*, ilustr. Carmen Muruve, Vigo:

Edicións Xerais, col. Kalandraka, nº 1, 1996, 40 pp. (ISBN: 84-8302-023-8).

Con este título, Xosé Ballesteros Rei (Vigo, 1956), inicia a colección Kalandraka, dirixida ós máis pequenos. Nesta ocasión, narra a historia dos Gordibolas, os habitantes da Lagoa Antela, e do nacemento de Lolinda, unha dragoa de invernía que naceu alí accidentalmente e que compartiu con eles os seis primeiros anos da súa vida, ata abandonar definitivamente a profundidade das augas e dirixirse ó seu novo fogar nas montañas.



Ballesteros, Xosé, *Os Gordibolas. A néboa escura*, ilustr. Carmen Muruve, Vigo: Edicións Xerais, col. Kalandraka, nº 2, 1996, 40 pp. (ISBN: 84-8302-024-6).

Novo título da colección anterior no que a tranquilidade que define as vidas dos Gordibolas vese alterada pola presenza dunha néboa espesa e negra que ameaza a súa existencia. Tres dos habitantes da aldea emprenden unha longa viaxe cara ó descoñecido coa fin de atopar unha solución ó problema. A partir deste momento, descríbense un conxunto de aventuras nas que aparecen personaxes fantásticos como os kolorinchos, os ventolucios ou os cociolos. Remata coa recuperación da normalidade e do equilibrio iniciais ó atopa-la causa da néboa e conseguir eliminála.



Blanco, Concha, *O vestido de Cora*, ilustr. Jesús Fernández, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Infantil, nº 26, serie Máquina de escribir (dos 8 anos en diante), 1996, 61 pp. (ISBN: 84-7824-276-7).

Concha Blanco (Lires-Cee, 1950) crea neste libro unha historia chea de fantasía sobre a amizade. Cora, unha nena de sete anos, coñece a un peixe que vive no estampado do seu vestido novo de verán. De seguido fanse amigos pero o peixe, Roxelio, sofre un pequeno accidente: rompe os dentes un día que acompaña a Cora ó colexio. O veterinario aconsella á nena que o devolva á lagoa da súa vila. Cora debe obedecer pero consegue non perde-la amizade do peixiño coas visitas que lle fai tódalas fins de semana acompañada do seu pai.



Blanco, Concha, *As loucas vacacións dunha formiga*, ilustr. Manuel Uhía,
A Coruña: Bruño, col. Alta Mar, nº 21, serie azul (a partir de 8 anos), 1996,
75 pp. (ISBN: 84-216-2889-5).

Concha Blanco preséntano-las aventuras de Cafeína, unha formiga moi independente que en vez de vivir coas súas compañeiras no formigueiro, comparte residencia cunha familia. Coa chegada do verán, a familia decide marchar de vacacións e Cafeína, intrépida e aventureira, marcha con eles. As peripecias da formiga artéllanse mediante as cartas que ela mesma dirixe, diariamente, á súa irmá xemelga Sacarina e nas que lle comenta a súa experiencia en Barcelona, onde coñece ó escaravello Pepón. Como é habitual nesta colección, tralo texto inclúese un “Obradoiro de Lectura”, realizado por Xavier Frías, con preguntas e actividades sobre o texto.



Bernárdez Vilar, Xoán, *Big-Bang*, Premio de narrativa Concello de Vilalba 1993 (co título, *No principio foi o Big-Bang*), Vigo: Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo, nº 10, marzo 1996, 143 pp. (ISBN: 84- 7507-977-6).

A través dun argumento que se desencadea a partir dun choque espacial que fai desaparecer toda a vida dun planeta, o narrador aposta por unha das teorías con máis aceptación sobre a formación do universo e desenvolve a trama novelesca en función destes postulados. A lenta e progresiva transformación do medio, a capacidade de adaptación a un medio adverso, a evolución das especies -dentro da que os saurios acadan un especial tratamento- son cuestións que merecen a atención de Xoán Bernárdez Vilar (Marín, 1936) e centran o contido da novela. As relacións humanas, restrinxidas a un círculo embrionario enlazan e navegan por todo o desenvolvemento narrativo e o autor vese na necesidade de botar man dos máis sofisticados avances da técnica científica para preserva-la súa conservación.

Recensións:

-Xoán Carlos D. Alberte, "Big-Bang: a parábola dunha orixe", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXIX, 15 xuño 1996, p. 3. Destaca a tentativa de Bernárdez Villar por apreixar unha parcela da palabra que o disperse do máis coñecido. Para iso, segundo o comentarista, o autor recorre ó subxénero narrativo da ciencia ficción para construír un sinxelo fío argumental novelesco de articulación lineal que xira arredor dun reducido



número de personaxes. Saliéntase tamén a interesante dialéctica que xorde dos diálogos e laméntase certa inxenuidade no tratamento da peripecia.

Referencias varias:

-G. G., "Por lo general, la gente que lee, triunfa", *Faro de Vigo*, 3 xullo 1996, p. 42. Despois da presentación, no marco da Feira do Libro de Vigo, de *Big-Bang* (1996), Xoán Bernárdez Vilar opina sobre a saúde da narrativa galega, a importancia das feiras dos libros, a capacidade de sobrevivencia dos libros fronte ós novos medios e ofrece algunha clave da súa obra.



Cabeza Quiles, Fernando, *O segredo dos zapatos e outros contos*, ilustr. Ángel Cabeza Quiles, Santiago de Compostela: Noroeste, col. A garabata branca (desde os 9 anos), nº 1, novembro 1996, 77 pp. (ISBN: 84-921561-8- X).

Conforman este libro de Fernando Cabeza Quiles catorce pequenos relatos ambientados en vilas e aldeas de Galicia, da costa e do interior. Os seus protagonistas son, maioritariamente, nenos e nenas aínda que tamén hai rolos de papel hixiénico, ríos e patacas faladoras. Destes relatos despréndese unha mensaxe de profundo amor á Natureza e de respecto ó medio ambiente. Ó tempo, afirmase a importancia da cultura popular formada por lendas e tradicións fronte á cultura imposta polos medios de comunicación de masas.

Referencias varias:

-E. C., "Fernando Cabeza publica un libro de contos", *O Correo Galego*, 29 decembro 1996, p. 19. Infórmase, brevemente, da publicación do primeiro libro de contos infantís do escritor de Ponferrada, Fernando Cabeza Quiles, autor xa coñecido pola obra titulada *Os nomes de lugar* (1992).



Casal, Cándido, *Nunha praza calquera*, ilustrado por Enjamio, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, colección Xuvenil, nº 28, serie Ordenador (dos 12 anos en diante), 1996, 118 pp. (ISBN: 84-7824-280-5).

Neste libro de Cándido Casal (Ponferrada-León, 1953), nállanse os sucesos que acontecen nunha praza que podería estar situada en calquera cidade de Galicia. Os protagonistas son os habitantes da praza; é dicir, Macoa (a máquina cobradora de aparcamentos), Cadino (caixeiro día e noite), Amarel (o semáforo), etc. A historia está contada baixo a perspectiva de Farolo, que, ademais de ser un dos protagonistas, exerce tamén como narrador.



Casal, Uxía, *As ás de Xenoveva*, ilustr. Manuel Uhía, Vigo: Galaxia, col. Árbore, serie verde (a partir de 9 anos), abril 1996, 79 pp. (ISBN: 84-8288-042-X).

Neste volume de Uxía Casal (Rairiz da Veiga, 1957) nárrese as aventuras da galiña Xenoveva, quen, rexeitando o seu destino na granxa, aprende a voar co obxectivo de saír a coñece-lo mundo que hai máis alá dos límites do seu galiñeiro. Comeza así unha viaxe de aprendizaxe - desenvolvida en dez capítulos ou etapas- que lle abrirá as portas da vida e da liberdade.



Casalderrey, Fina, *O estanque dos parrulos pobres*, Premio Edebé de Literatura Infantil, ilustr. Teo Puebla, Barcelona: Edebé-Rodeira, col Tucán, 9 marzo 1996, 165 pp. (ISBN 84-8116-238-8).

Unha historia sobre a relación entre Noema e o seu avó, na que este era o seu guía e conselleiro. Con esta obra Fina Casalderrey (Xeive, 1952) gañou o Premio Edebé de Literatura Infantil. A personaxe de Noema é a recreación da nena perspicaz (dentro da súa inxenuidade) que estudia as accións dos maiores baixo unha óptica implacable, e no desenvolvemento deste seu “ollo crítico” ten moito que ver coa influencia do seu avó. Esta parella forma un tándem presidido polo respecto e a verdade sobre tódalas cousas. Con esta historia para rapaces Fina Casalderrey quixo elaborar unha louvanza á figura do avó compañeiro dos seus netos.

Recensións:

-Rafael Fernández Lorenzo, “*O estanque dos parrulos pobres*”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXIX, 15 xuño 1996, p. 3. Comeza referíndose a que “O Merlín, o Barco de Vapor e agora o Edebé son os premios cos que conta Fina Casalderrey, unha escritora serodia que sabe ofrecer un contido exquisito e reflexivo”. Despois reflexiona sobre a utilidade do conto como instrumento pedagóxico para desmitificar e solucionar problemas fundamentais (o nacemento, a morte), para logo dicir que con circunstancias similares a estas se enfrenta a protagonista da obra a través da relación afectiva que mantén co seu avó. Remata



salientando o aproveitamento que a autora fai de diversas lendas e tradicións populares galegas, que enriquece o contido desta obra.

-M^a Teresa Araújo, “Loubanza á figura do avó”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 28 xullo 1996, p. 9. Describe o argumento desta obra gañadora do Premio Edebé de Literatura Infantil e fíxase na “fermosa” relación entre a protagonista, Noema (da que M^a Teresa Araújo destaca o seu “ollo crítico”), e o seu avó. Para concluír salienta que en *O estanque dos parrulos pobres*, Fina Casalderrey quixo render unha homenaxe á figura do avó.



Casalderrey, Fina, *¡Prohibido casar, papá!*, ilustr. Marta Rivera Ferrer, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 88, serie azul (a partir de 12 anos e para adultos), xullo 1996, 157 pp. (ISBN: 84-8288-062-4).

Conflicto no que se debate Elia, unha rapaza de catorce anos, cando o seu pai viúvo intenta refacer-la súa vida cunha antiga coñecida. As dúbidas e os celos prenden nela xunto coa sospeita de perde-lo cariño e a confianza do seu pai. Elia intentará por tódolos medios ó seu alcance impedir que a moza do seu pai ocupe o baleiro que a morte da nai deixara en toda a familia. Finalmente, despois de sincerarse coa que ela cría unha intrusa, comprenderá que ten con ela moitas máis cousas en común das que sospeitaba.

Recensións:

Xavier Castro R., "F. Casalderrey, literatura infantil", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 10 novembro 1996,

7. Comenta Xavier Castro que a publicación deste novo título de Fina Casalderrey coincide coa concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1996 a esta autora, galardón que vén acrecenta-la distinción literaria que adquirira hai algúns anos. Salienta o crítico a súa orixinal captación da realidade e a súa atinada inclusión de personaxes recollidos de universos próximos. Esta nova obra supón, en palabras do recensionista, unha incursión delicada no mundo da adolescencia.



Casalderrey, Fina, *¿Sobrevives?*, Vigo: Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo, nº 16, decembro 1996, 152 pp. (ISBN: 84-8302-073-4).

Utilízase nesta ocasión o xogo de rol para artellar esta historia, na que as claves para a súa comprensión están tanto no limiar coma no epílogo. O xogo ten como protagonista a Moni, que asume a personalidade dun rapaz con problemas de adaptación na escola e na familia. A súa maneira de entender a vida sofre un cambio importante cando descobre que o seu tío Cali está a ocasionar un grande sufrimento na familia por causa das drogas. Daquela, Moni reacciona e comprende que debe deixalo seu illamento e axudar no que poida.

Referencias varias:

-Luis Pousa, "Os galegos estamos facendo moito ruído no mellor dos sentidos", *El Ideal Gallego*, 26 decembro 1996, p. 48. Indica a autora que o seu libro *¿Sobrevives?* é unha obra que quere romper coas ataduras, coa autocensura oculta que cada un ten de que os libros propios non sexan recomendados en todas partes, que tentou romper con todo iso e escribir dende os dezasete anos e que o premio que conseguiu é unha palmada no lombo no medio do camiño para seguir con máis ganas adiante. Tamén alude á importancia de que fóra de Galicia se dean conta de que o galego non é un atranco para facer boa literatura.



Casares, Carlos, *Lolo anda en bicicleta*, ilustr. Manuel Uhía, Vigo:

Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 1, (a partir de 6 anos), 1996, 23 pp.

(ISBN: 84-8288-073-X).

Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941) narra un anaco da vida de Lolo, un rapaz de seis anos a quen por mor dunha das súas trasnadas os Reis non lle traen a ansiada bicicleta que pedira, motivo polo que se ten que conformar con manexar no pequeno espazo dun garaxe a de seu pai. Alí, Lolo fai as máis increíbles piruetas coa bicicleta e convértese en todo un especialista no seu manexo, polo que un día decide, malia o medo á reprimenda familiar, sacala ó xardín. Os pais do protagonista quedan abraiados dos xogos que o rapaz é capaz de facer con ela, sen embargo, impóñenlle un castigo pola súa desobediencia. Con todo, Lolo xa lles dera suficientes mostras de que podía andar en bicicleta, mesmo polo camiño da horta, polo que, ó ano seguinte, os Reis si lle trouxeron a Lolo o tan desexado galano.



Cortizas, Antón, *Leonel*, Vigo: Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo, nº 11, xullo 1996, 220 pp. (ISBN: 84-8302-001-7).

Antón Cortizas (Ferrol, 1954) proponnos nesta ocasión unha reflexión sobre a crise da adolescencia e a vida na aldea. Miguel, un rapaz de quince anos, debe pasa-lo verán na casa dos seus avós, na aldea, por culpa dos suspensos. Grandal, un lugar que se lle presenta como a típica aldea aburrida, vai se-lo espacio axeitado para que se produza un cambio total na personalidade do rapaz. A súa actitude negativa cara a todo, vaise transformando, gracias ós avós, ó misterio sobre o antigo habitante da casa, o pegureiro Leonel, e ó amor por Ana, nunha experiencia inolvidable. Ana e Miguel pasan todo o verán na busca dos relatos que Leonel deixou ocultos e de datos sobre a súa personalidade. Miguel remata por descubrir que non existe tanta distancia entre el e os seus vellos avós e á vez comprende que a vida no mundo rural cos seus costumes é moito máis interesante que a cidade de Ferrol e os seus amigos de sempre.

Recensións:

-Xosé M. Eiré, "E non o sabía...", *A Nosa Terra*, nº 739, "Guieiro Cultural", 15 agosto 1996, p. 23. Cun lírico preámbulo sobre o mundo da adolescencia inicia Xosé M. Eiré esta recensión da obra de Antón. Afirmar que Cortizas sabe cáles son os intereses e querencias dos seus lectores implícitos. Respecto da novela apunta que está chea de tópicos, de lugares comúns, se ben sinala que a vida enteira é un lugar común. O discurso de Cortizas actualízase, segundo Eiré, no momento en que dá conta



da situación da mocidade de hoxe: o descoñecemento das súas raíces. Os problemas que observa son algunha incongruencia temporal, o discurso un chisco denso e erros gramaticais de vulto.



Cortizas, Antón, *O ladrón de ar*, ilustr. Xaquín Marín, Barcelona: Casals, col. O Trolebús, nº 7, (a partir de 11 anos), decembro 1996, 153 pp. (ISBN: 84-218 1734-5).

Nárrase aquí a historia dos habitantes da vila de Bonvento do Páramo, que se ven de súpeto sorprendidos pola ausencia cada vez maior de osíxeno. Roldán, Belisario e Maura intentarán resolver-lo misterio e deter ó ambicioso Henrique Absorbón de Barlovento, marqués das Catro Esquinas, que pretende se-lo posuídor único do ar e nomearse emperador. A ambición deste personaxe terá o seu castigo ó final da historia, cando os rapaces conseguen liberar á poboación esclavizada e desmemoriada polas insólitas ideas do marqués.



Docampo, Xabier P., *Adelaida, Henrique e demais familia*, ilustr. Xosé Cobas, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 87, serie verde (a partir de 9 anos e para adultos), abril 1996, 88 pp. (ISBN: 84-8288-036-5).

Estructurada en once capítulos titulados e un introductorio no que se tenta busca-la identificación da protagonista co público lector, esta nova obra de Xabier P. Docampo (Rábade-Lugo, 1946) conta as aventuras de dous rapaces, Adelaida e o seu curmán Henrique. Os protagonistas irán solucionando diversos problemas con imaxinación e astucia e, ás veces, coa axuda de elementos máxicos. O capítulo co que se pecha a obra, “Unha visita inesperada”, é un diálogo recriminatorio entre Adelaida e o autor.



Fernández Ferreiro, Xosé, *O conto da boa e da mala pipa*, ilust. Xaime Asensi, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Xuvenil, nº 25, serie Ordenador (dos 12 anos en diante), 1996, 79 pp. (ISBN: 84- 7824-275-9).

En *O conto da boa e da mala pipa*, de Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931), nárrese a vida cotiá de Marcial, un ferreiro que reparte o seu tempo entre as súas ocupacións e falar cos veciños. Na súa teima polo traballo, adoita facer inventos como o espantallo mecánico, os zocos cantores ou o arado que se movía empurrado polo vento, invento que lle deu máis sona. Sen embargo, o que lle creará máis conflitos serán a boa e a mala pipa. Un veciño, Venancio-Amancio, apodérase da mala pipa e faise rico a forza de roubarlle tódolos bens ós seus veciños. Terá que se-la providencial intervención de Marcial a que os libere desta opresión. Ó final do relato, o ferreiro decide proba-lo seu último invento, un carro que viaxa no tempo e que o transporta ata a casa dos seus avós xa desaparecidos.



Fernández Marcos, Lois, *A meiga de Naia e outros relatos*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Gaivota, nº 21, 1996, 114 pp. (ISBN: 84-8289-019-0).

Acompañados dun prólogo de Francisco Fernández del Riego, preséntansenos 25 breves relatos de fasquía popular e tenebrosa. Fadas, lobishomes, mouras, vampiros, sereas e outros mitos nocturnos como a Santa Compañía, poboan as historias, máis ou menos supostas, de diferentes personaxes que Lois Fernández Marcos (Vigo, 1949) nos presenta. Común a todas elas é a oralidade, a “historia posta en boca de” que, xunto co uso da primeira persoa narrativa, lles confire un status a medio camiño entre o real e o fantástico. A ambientación nocturna, o tempo desacougante ou a forte sensualidade pola que se moven moitos dos personaxes son outras das liñas narrativas que cruzan estes relatos.



Fernández Paz, Agustín, *Avenida do parque, 17*, ilustr. da cuberta Xan López Domínguez, Vigo: S. M., col. O Barco de Vapor, nº 26, serie vermella (a partir dos 12 anos), 1996, 139 pp. (ISBN: 84-348-4800-7).

Seguindo a liña de *Cartas de inverno* (1995), Agustín Fernández Paz (Vilalba-Lugo, 1947) retoma o relato de misterio desenvolvendo unha historia de intriga nunha casa encantada na que tamén aparecen as cartas que Marta, a protagonista, envía á súa amiga Milena e que forman parte do fío narrativo. Os misteriosos sucesos que ocorren na casa, atoparán unha explicación cando Marta comece a comunicarse, a través do ordenador, cunha pantasma que vive atrapada na vella casa. A nena conseguirá liberala da maldición que pesa sobre ela, aínda que isto provoca a perda de contacto entre eles e tamén a destrución da casa da Avenida do Parque.



García Teijeiro, Antonio, *Ó outro lado da esquina*, ilustr. M^a Fe Quesada, A Coruña: Bruño, col. Alta Mar, nº 24, serie Contos (a partir de 10 anos), 1996, 91 pp. (ISBN: 84-216-2890-9).

Contén tres contos. Neles Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) presenta a outros tantos nenos que amosan como características en común o vivir en soedade e aprende-lo valor da amizade a través das diferentes experiencias que ocorren nas narracións. Así en “O mundo de Xoana”, cóntase a historia dunha nena minusválida en cadeira de rodas, que crea o seu mundo a través da imaxinación. Imaxina ó habitante dunha casopa ó lado da súa casa, a quen mesmo lle atribúe un nome, Xacobe. Finalmente, a pequena chega a coñecer a Xacobe, xa que unha das pombas con mensaxes que ela adoita mandar dende a ventá da súa casa, chega á casopa do pequeno marroquí, con quen traba unha grande amizade. En “Antón e a paxariña de papel”, preséntase de novo a un neno solitario ó que lle gusta pasear co seu can e falar co seu avó, pero un día atopa unha nena, Sariña, que comprende o seu afastamento. No derradeiro dos contos, “O monicreque de Alicia”, a protagonista sae da súa tristura gracias á compañía de Serafín, un monicreque que lle regala o seu amigo Alexandre. Acompañan ó volume unha serie de preguntas didácticas sobre o contido dos contos, elaboradas por Xavier Frías para o traballo do público lector.



Jares, Xesús R. (coord.), *Construír a paz. Cultura para a paz*, Vigo: Educadores pola paz/Edicións Xerais, decembro 1996, 350 pp. (ISBN: 84-8302-060-2).

Ver no apartado I. Narrativa, I. 1. Narradores galegos deste *Informe*.



López Rodríguez, Xavier, *Días de desterro*, Vigo: Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo, nº12, xuño 1996, 91 pp. (ISBN: 84-8302-002-5).

Esta novela de Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende-Zamora, 1956) está composta por 15 capítulos en forma de cartas que o protagonista envía ó seu mellor amigo. A través destas cartas imos adentrándonos na historia dun mozo perseguido pola xustiza por mor dun pasado vencellado á delincuencia e á droga. En espera dun indulto, refúxiase na casa dos seus avós nunha remota aldea e o que ó principio parecía un desterro vaise convertendo pouco e pouco nunha rica experiencia que lle permite comprender e valora-lo eido rural, a sabedoría dos vellos e mesmo atopar tempo para reflexionar sobre a amizade, o amor, a enfermidade e o sentido da vida en xeral e da súa en particular.

Recensións:

-Xosé M. Eyré, "Sempre foi así", *A Nosa Terra*, nº 741, "Guieiro Cultural", 29 agosto 1996, p. 23. Antes de se referir á obra de Xavier López Rodríguez, fai comentarios sobre as diferentes visións do mundo que comporta o pertencer a diferentes culturas. Logo observa na obra a existencia de universos diferentes entre nós mesmos e así como Neira Vilas nos ensinou cómo ve un rapaz da aldea a vida de fóra, *Días de desterro* móstranos a aldea vista con ollos cidadáns. Analiza brevemente o crítico o estilo epistolar, o narrador protagonista, os personaxes ben definidos, o decorrer temporal lineal e a linguaxe directa e ricaz que sintoniza cos modismos empregados pola mocidade. Conclúe coa crítica ós problemas gramaticais que presenta a colección á que pertence esta obra e comenta que o peor da obra é "o



regusto que a un lle queda cando comproba que o argumento é unha escusa” pois o final non é moi satisfactorio.

F. Martínez Bouzas, “Sinxelo, sinxelo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 129, 17 outubro 1996,

6. Coméntase que a tese central desenvolvida literariamente no libro é unha especie de crítica da corte e loanza da aldea, feitas dende a corte. Dise que a historia que se nos conta está carente de complexidade, cun enredo inxel, a discorrer de maneira rectilínea, con poucos personaxes, e sen ningunha complicación ou novidade estilística. Tamén indica que non está xustificoado que para nenos e mozos se escollan historias pobrísimas e ateigadas de artificiosidade, con raquícas pretensións artísticas e con non pequenas doses de adoutrinamento por veces.



López Silva, Inma e Xoán **Fernández García**, *Neve en abril. O grelo mecánico*, IXº Premio de Narracións Xuvenís “Rúa Nova” 1996, Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia/Biblioteca Nova 33, col. Nova 33, nº 16, decembro 1996, 195 pp. (ISBN: 84-98231-26-5).

Reúnense neste libro os textos gañadores do Iº Premio do Certame de Narracións Xuvenís Rúa Nova: *Neve en abril* (1º premio) e *O grelo mecánico* (accésit). Son dous textos moi diferentes. *Neve en abril* preséntano-la historia de Elixio, un home maior que se ve obrigado a lembra-lo seu pasado para desentrañar un misterio con raíces na Guerra Civil española. *O grelo mecánico* ofrece unha historia, tinxida dun humor negro e radical, sobre a loita entre as forzas do ben e o mal representadas por unha bertorella dourada e un mexilón negro.



Loureiro, Ánxela, *Viaxe de ida e volta*, ilustrado. Enjamio, Vigo: Edicións Xerais, colección Merlín, serie verde (de 9 anos en diante), maio 1996, 85 pp. (ISBN: 84-7507 989-X).

O motivo da “viaxe” como aprendizaxe e descubrimento centra esta obra de Ánxela Loureiro (1956). Ó longo de oito capítulos, cóntanse as peripecias que Fol, un pequeno caracol arrincado do seu fogar, deberá afrontar na tentativa de regresar xunto ós seus. Un novo mundo, novas amizades, pero tamén novos perigos ábreanse ante el. A autora ofrece un papel activo ó lector, concretado na súa interpretación dunha pequena cantiga, que actúa como constante na obra e da que se ofrece a notación musical. O libro péchase coa sección “Cando a autora fala de si”, onde esta lembra algúns dos xogos da súa infancia, ó tempo que invita a nenos e nenas a compartí-los seus divertimentos.



Mariño Ferro, Xosé Ramón, *Liño aprende a ser indio*, ilust. José Luís Tellería, Zaragoza: Edelvives, col. Ala Delta, serie azul (a partir dos 8 anos), 1996, 97 pp. (ISBN: 84-263-3283-0).

Xosé Ramón Mariño Ferro (Castrofeito-O Pino 1950) estrutura o libro en dezoito episodios. Cántase a historia da confraternización entre dúas culturas diferentes, a occidental e a andina. Liño, un rapaz galego, perde a súa familia nun trágico accidente por terras do Altiplano Boliviano e a partir de aí xurdirá unha nova existencia. Unha familia de indios quechua vaino recoller e protexer ata que chega a tía Leonor para levalo de volta á súa terra. Entre os indios, Liño aprenderá a comprender, amar e respecta-los que non son como el. O final aberto obriga ó lector a botar man da imaxinación para concluí-la historia, xa que remata coa alternativa de Liño de quedar cos indios ou volver a Galicia coa súa verdadeira familia.



Oya, Milagros, *Desembarco blablix*, ilustrado por Alberto V. Ferreiro, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, colección Xuvenil, serie Ordenador, nº 27, (dos 12 anos en diante), 1996, 99 pp. (ISBN:84-7824-279-1).

Desembarco blablix é a última entrega en narrativa infantil de Milagros Oya (Vigo, 1966). A autora mergúllanos nunha aventura intergaláctica. Bla-Brurrr, blablix do planeta Bla-Blox, viaxeiro da nave Blablística Neo Blox, perde o seu casco conversor de ilusións mecánicas, indo este a parar a mans de Xabier. Nunha noite de calor abafante o rapaz viu como, de súpeto, o ventilador xigante que a súa mente estaba a imaxinar materializábase transportándoo a un terrible pesadelo, pero tamén a unha inesperada aventura. Xabier converterase, xunto co seu novo amigo alienígena Bla-Blurr, nun heroe capaz de salva-la nave Blablística Neo Blox e loitar contra os bromolblos, piratas do planeta Bla-Blox.



Rivas, Manuel, *Bala Perdida*, ilust. Miguelanxo Prado, Madrid/Vigo:

Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil, serie laranxa (a partir de 10 anos), decembro 1996, 98 pp. (ISBN da editorial Alfaguara: 84-204-5206-8; ISBN da editorial Obradoiro: 84-8224-065-X).

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) achégase ó receptor infantil cun relato de aventuras protagonizado por un pirata chamado Bala Perdida e que transcorre en Atlán, unha pequena cidade da Costa da Morte. A devolución dun tesouro roubado polos nazis ós xudeus, convértese nunha fantástica aventura na que participa Rosa Ribeiro O' Flaherty, unha rapaza da cidade que chama a atención do pirata gracias ó xornal que redacta, no que tan só ofrece boas noticias. Tras moitas aventuras, o tesouro volve a mans dos seus verdadeiros donos e ademais Rosa descobre que hai moitos lazos que a unen ó temido Bala Perdida.

Referencias varias:

-P. Nemo, "Manuel Rivas atopa ó último pirata do Atlántico", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 91, 24 novembro 1996, p. 6. Fala o escritor da xestión do seu libro *Bala perdida*, título que recolle o nome de quen di que é o último pirata do Atlántico Norte, un fuxido nos días da Guerra Civil que vive agachado nos acantilados de San Andrés de Teixido. Di Rivas que tentou que o libro tivese unha cor actual, que é unha historia bastante



VII.1. Narrativa
VII.1.1. Narradores galegos

lírca na que procurou que houberse moito humor. Dise que o libro vai ilustrado por Miguelanxo Prado e que Manolo Rivas prepara unha novela sobre O Mero, un mariñeiro fabulador e mentireiro.



Riveiro, Manoel, *Benvidos*, ilust. Xan López Domínguez, Zaragoza: Edelvives, col. Ala Delta, nº 40, (a partir dos 8 anos), 1996, 118 pp. (ISBN: 84-263-3282-X).

En *Benvidos* de Manoel Riveiro (*A Coruña*, 1933), un narrador omnisciente conta a historia de dous esquíos finlandeses, Tik e Tak, que deciden buscar un novo fogar. Naceron nos extensos bosques de Finlandia e viviron sempre alí rodeados de árbores e con comida en abundancia. Un bo día, uns homes cortaron a árbore na que vivían tan comodamente e quedaron sen casa e sen provisións para o inverno. Debido ó afán aventureiro de Tik e ó desexo de Tak por quentarse cos raios do sol, emprenderon unha longa viaxe nun barco madeireiro e chegaron ó porto da Coruña. Unha vez que pisaron terra firme, dirixíronse ó Xardín de Méndez Núñez e alí viviron felices o resto das súas vidas.



Toro, Suso de, *Conta saldada*, Madrid/Vigo: Alfaguara/Obradoiro, xuño 1996, 156 pp. (ISBN: 84-204-5194-0; 84-8224-056-0).

Novela de aventuras de protagonistas xuvenís. Argumentalmente toda a diéxese narrativa -con manifestos ecos do *Hamlet* shakesperiano- xira ó redor da morte do pai dos protagonistas, segundo versión oficial morto por suicidio, aínda que a oportuna aparición da súa fantasma informará á súa filla Catuxa de que fora asasinado. Así, tanto a vinganza do asasinato do seu pai coma a encomenda por parte da fantasma a Catuxa de que busque o seu irmanastro Xermán, constitúen a trama a través da que Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) aproveita para reflexionar, outravolta, sobre o problema da identidade, as convencións sociais e as lacras que asolagan á nosa sociedade (cobiza, hipocresía, violencia...).

Recensións:

-X. M^a de Castro Erroteta, "Un Hamlet do país", *A Nosa Terra*, nº 750, "Guieiro Cultural", 31 outubro 1996, p. 23. Salienta en primeiro termo a recreación que fai do *Hamlet*, moi evidente sobre todo no comezo da novela. Conta a seguir o argumento de *Conta saldada*, unha aventura "un tanto improvisada" e, dende o seu punto de vista, "resolta con demasiada facilidade". Finalmente fala da caracterización dos personaxes protagonistas, da lingua empregada, que considera moi actual e que axuda a dar credibilidade ós protagonistas e da división narrativa en base a capítulos moi curtos que fan máis doada a súa lectura. Conclúe anotando que, se ben Suso de Toro é un dos nosos mellores escritores, esta obra non pasa de ser unha cousa lixeira na súa bibliografía.



Referencias varias:

-E. C., "O escritor Suso de Toro debuta na narrativa xuvenil con *Conta saldada*", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 13 setembro 1996, p. 37/p. 9. Informa do acto de presentación da última novela de Suso de Toro, *Conta saldada*, unha obra que inaugura a colección Obradoiro-Xuvenil, da editorial Alfaguara. Trátase, en palabras do escritor compostelán, dun relato "clásico e transparente, para todos os públicos a quen lle guste ler e soñar". Ofrécese, así mesmo, un breve resumo argumental da obra.

-Lois Blanco, "Quero que o lector do meu novo libro se abandone ó relato", *La Voz de Galicia*, 13 setembro 1996, p. 7. Entrevista na que Suso de Toro fala da súa última obra e da situación pola que está pasando como escritor. *Conta saldada* é un encargo editorial, segundo comenta o autor, e fronte ó seu anterior título, *Parado na tormenta*, no que esixía unha actitude activa do lector, o que lle pide ó lector é que se abandone ó relato. Polo que respecta ó seu momento como escritor afirma que o feito de ser un autor profesional e de vivir da escritura obrígao a andar saltando de editorial en editorial e conclúe anotando que lle costou moito tempo e esforzo que a súa obra transcendese fóra de Galicia.

-J. B. Salgueiro, "Estoy orgulloso de mis enemigos", *Faro de Vigo*, "Fin de Semana", 13 setembro 1996, p. 2. Suso de Toro afirma que na súa última novela *Conta saldada*, hai moitas cousas súas "Es un relato que trata del descubrimiento de la vida y de la muerte, hay violencia, que es muy consustancial a mí persona". Ademais, pídelles ós seus lectores que se abandonen ó relato. En canto á situación do escritor galego afirma que "nunca hubo tanto cariño ni un ambiente tan favorable. Hay autores galegos muy leídos y además somos queridos". Soña con cambia-lo mundo, romper coa cultura actual para decidir quen é e controla-lo seu camiño.



Uhía, Manuel, *Pinturiño*, ilust. o autor, Zaragoza: Edelvives, col Ala Delta, nº 45, serie laranxa (a partir de 5 anos), 1996, 43 pp. (ISBN: 84-263-3460-1).

O ilustrador, pintor e escritor Manolo Uhía (Portonovo, 1944) cóntanos por medio dun narrador omnisciente en terceira persoa, a historia de Pinturiño, un lapis convencido de que estaba chamado a facer cousas importantes na súa vida. Inicialmente, séntese defraudado por pertencer a un tendeiro, máis tarde é abandonado e cae nas mans dun rapaz folgazán. Despois de varias aventuras é arrastrado por unha enchenta ata unha pequena illa ó sur de Cabo Verde, habitada só por un náufrago. Por fin, pode cumprilo seu desexo de grandeza ó servir para que o sobrevivente envíe mensaxes. As palabras de Pinturiño reproducense con letra manuscrita.



Vázquez, Dora, *Contos para nenas e nenos: Circo, estrelas, pinos... rosas, paxaros...*, ilust. M^a Teresa Villalva, Ourense: Gráficas Gutemberg, 1996, 47 pp. (D.L.: OR-29-1996).

Consta este volume dun total seis contos. Dous xa publicados con anterioridade: *Cascabel, o cabaliño do circo* (1971) e *Estreliña do Mar* (1969) que presentan correccións lingüísticas en relación coas primeiras edicións; *Piñóns de Ouro*, traducción de *Torbi, el leñador* (obra coa que Dora Vázquez -Ourense, 1913- merecera unha mención no concurso de contos "Jauja" de Valladolid e publicada no xornal *Libertad*, de Valladolid o 28 de setembro dese mesmo ano, 1960). Trátase dun conto montado sobre un soño do protagonista o día que ó cumpri-los 14 anos o seu pai o mandou ó monte para segui-lo oficio familiar sen poder atende-lo afán do fillo por estudar unha carreira. No soño o fillo consegue estudar pero ten que volver por non saber face-lo esforzo preciso para conseguilo que un quere e non tira-los cartos. Finalmente, o volume péchase con tres inéditos: *A correr mundo*, *A roseira de Mariquiña* e *O neno e o paxaro*, nos que se desenvolven temáticas moi próximas ó mundo infantil, protagonizadas por animais e nos que se pon de manifesto a importancia da bondade, comprensión, xenerosidade, experiencia, formación, etc.



Recensións:

-Rubén Quinte, "A fonda tenrura de Dora Vázquez", *Faro de Vigo*, "*Faro das Letras*", nº CXXX, 22 xuño 1996, p. 4. Comenta que o libro está composto por seis contos infantís, algún deles xa premiado con anterioridade pola Agrupación Cultural O Facho. Salienta "a tenrura, inxel emoción e o galego vivaz e xeneroso" en que están escritos e tamén os elementos da tradición oral do país que posúen, á carón da mensaxe de amor, bondade, xenerosidade que transmiten.



VV. AA., *Certame de Contos Vila de Pontedeume. Dezaseis relatos.*

Pontedeume 1991-1995, Pontedeume: Concellería de Cultura/Concello de Pontedeume, 1996, 142 pp. (Non ten ISBN; D. L.: C-564-1996).

O libro ábrese cunha presentación a cargo de Agustín Vilariño, Concelleiro de Cultura e un prólogo de Agustín Fernández Paz titulado “Un lugar para a esperanza”. Nel sinala a necesidade de fantasía e de imaxinación da que xa falara Cunqueiro e á que se pode chegar por medio da lectura e da escritura. Afrima tamén o autor do prólogo que os contos recollidos no volume poñen de manifesto que as novas xeracións non medran de costas ó galego. Para rematar reproduce unhas palabras do escritor italiano Gianni Rodari sobre a necesidade de persoas creativas para transforma-lo mundo. A continuación reproducense os relatos premiados no certame de Pontedeume, entre 1991 e 1995:

-Raquel Paz Rodríguez, “Amargo e doce recordo”, pp. 13-20. Historia dunha rapaza de cabelo rubio e a súa relación con Carlos, mozo que a alcumara “Cenoria”.

-José Antonio Becerra Permuy, “O destino dun pobo”, pp. 21-27. Relato ambientado na época de loita entre celtas e romanos.

-Francisco Xosé Pena Brage, “O Anel”, pp. 29-34.



En plena batalla un médico atopa unha nena orfa que busca ó seu pai que marchou ó exército, e do que só lembra un anel de prata.

Antonio de Castro Cortizas, "Abur", pp. 37-43. Carta de despedida que escribe un reo dende a cadea de Deathville explicando por qué e cómo cometeu un asasinato.

Antonio Manuel Fraga Allegue, "Lembranza", pp. 45-52. Un emigrante que volve a Galicia coñece a inxusta morte do seu amigo Sito por causa duns terreos.

Antonio de Castro Cortizas, "Mezclal", pp. 55-63. Relato das disputas entre os membros dunha banda de foraxidos norteamericanos por causa dunha muller.

-Ana Belén Vázquez Villares, "Pensaba, só pensaba", pp. 67-73. Unha voz feminina reflexiona sobre a posibilidade de acabar ou non a relación erótico-amorosa que mantén.

-Paloma Díaz Ojeda, "Luces e sombras", pp. 75-81. Ó protagonista do relato aparéceselle, nunha visión, o pai da súa amiga Iria, morto esa noite en accidente.

-Iria Villar Fernández, "Minia e a súa avoa", pp. 83-88.



Minia é unha nena pequena que fala da relación coa súa avoa, Raquel.

-María Rosa Allegue Seijas, “Anima de fume”, pp. 89-95. Relato descritivo do despertar do día nunha vila.

-Sabela Paz Romero, “Expedición saturniana”, pp. 97-103. Un extraterrestre vén de expedición á terra e relata, indicando a hora, todo o que fai nun día.

-Inmaculada López Silva, “Soidade”, pp. 107-112. Relato dun sono no que o protagonista sente desexos de morrer e imaxina que cae dun faro.

-Ramón García Pinal, “Sangue, vida, amor e morte”, pp. 113-121. Xoel e Iria teñen un accidente de tráfico. A Xoel aparéceselle unha figura que lle di que deberá sacrificarse e derrama-lo seu sangue para devolverlle a vida a Iria.

-María Canosa Blanco, “O derradeiro adeus”, pp. 123-129. Voz que relata as emocións que experimenta durante o enterro do seu tío.

-Iria Villar Fernández, “A miña irmá Clara”, pp. 131-136. Rosalía ten catorce anos e séntese triste despois da voda da súa irmá Clara.

-María Casanova Rivas, “Do que lle aconteceu a un mozo chegado do circo”, pp. 137-142. Historia dun rapaz que anda a busca-lo circo onde traballa unha trapecista a quen considera un anxo.





VII.1. Narrativa

VII.1.2. Narr. traducidos ou versionados

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 2. Narradores traducidos ou versionados



Álbumes infantís, *Boris na neve* (ISBN: 84-89408-24-6), *Boris na casa* (ISBN: 84-89408-23-8), *Boris axuda a mamá* (ISBN: 84-89408-25-4), *Boris e o seu amigo* (ISBN: 84-89408-26-2), ilustr. e versións galegas da editorial, Vigo: Rula Edicións/Edicións do Cumio/Todolibro edicións, col Laciño azul, 1996, 8 pp.

Volumes de pequeno formato, con moita ilustración que permiten segui-lo relato por medio delas, o mesmo que se segue por medio do texto. Nárranse as aventuras de Boris nas distintas situacións que a vida diaria lle presenta.



Álbumes infantís, *Curuxa* (ISBN: 84-7630-496), *Rinoceronte* (ISBN: 84-7630493-5), *Rá* (ISBN: 84-7630-494-3), *Koala* (ISBN: 84-7630-495-1), ilustr. e versións galegas da editorial, Santiago de Compostela: Sálvora, col. Animalións fantásticos, 1996, 8 pp.

Volumes de formato medio, de pastas duras e dobres, troquelados, con páxinas cheas de ilustración e cun pequeno texto no que se contan historias da vida dos animais que dan título ó volume.



Alcántara, Ricardo, *¿Quen traballa na casa?*, trad. Matilde Cobas García, ilustr. Gusti, Zaragoza: Edelvives, col. Ala Delta, nº 43, serie vermella (a partir dos 5 anos), 1996, 47 pp. (ISBN: 84-263-3281-1).

O relato de Ricardo Alcántara responde á pregunta que se presenta no título e mostra na dedicatoria "A tódolos que traballan na casa", a necesidade de valoralo traballo do fogar. Rosa, unha nai de familia, farta de cociñar e limpar para o seu fillo e o seu home, decide marchar soa de vacacións a Ibiza. Cando os homes da casa descubren o seu descoñecemento das tarefas do fogar, propóñense cambiar de actitude con Rosa e recíbena cheos de cariño.



Anglada, M^a Àngels, *O violín de Auschwitz*, (*El violí d'Auschwitz*, 1996), trad.

Xavier R. Baixeras, Vigo: Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo, nº 9, marzo 1996, 138 pp. (ISBN: 84-7507-976-8).

A escritora catalana M^a Àngels Anglada (1930), autora tamén de poesía e ensaio, ofrece ó público xuvenil a historia de Daniel, un *luthier* xudeu preso en Auschwitz e obrigado a construír un violín para o xefe do campo. O relato aparece en boca de diferentes narradores. Un deles é o propio Daniel que conta a súa vida e a dos seus compañeiros do campo de concentración no ano 1943. A historia por el narrada está intercalada con fragmentos do regulamento nazi que dan a medida das condicións sufridas polos reclusos. Outro dos narradores, que introduce a historia para o lector, é un músico español que coñece en Cracovia, en decembro de 1991, a tamén música Gerda (sobriña de Daniel) e interésase polo violín que ela toca. Unha terceira voz narradora, tamén en primeira persoa, é a do violinista xudeu obrigado a proba-lo violín construído por Daniel perante o xefe do campo e que será liberado pouco despois.

Recensións:

-M^a Teresa Araújo, "A historia dun violín", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 9 xuño 1996, p. 7. Breve comentario da tradución da obra de M^a Àngels Anglada, *O violín de Auschwitz*, no que se analizan os diversos narradores e se resume o argumento dende a perspectiva de cada un deles. Para M^a Teresa Araújo o violín, motivo do relato, constitúese na metáfora do holocausto sufrido polos xudeus na II^a Guerra Mundial.



Bernos, Clotilde, *Quero un león*, ilustr. Jean-François Martin, versión galega Xulio Cobas, Zaragoza: Edelvives, col. A Casiña, 1996, s. pp. (ISBN: 84-263-3494-6).

Quico quere como galano de Nadal un león de verdade, polo que o neno sinte unha grande ledicia cando ve que lle é concedido o tan desexado regalo. Sen embargo o leonciño séntese triste na casa de Quico, polo que o pequeno lle ofrece as maiores comodidades montándolle unha selva, coas máis variadas árbores exóticas, e traéndolle amigos animais cos que xogar. Con todo, o leonciño non consegue se-lo suficientemente feliz e Quico, ante tal situación, decide ensinarlle o camiño cara á selva virxe.



Carroll, Lewis, *A caza do carbairán* (*The hunting of the snark*, 1876), introd., trad. e notas María Pilar J. Aleixandre, ilust. Henry Holiday, Vigo: Edicións Xerais, col. Xabarán, nº 51, 1996, 82 pp. (ISBN: 84-7507-954-7).

Poema longo en oito episodios de ton épico. Conta a aventura fabulosa dunha tripulación na caza do carbairán, animal fantástico que non se describe en ningún momento no poema, gardando, así un toque de misterio ó longo de toda a composición. A obra está traducida, introducida e anotada por Marilar Aleixandre. A introducción presenta seis apartados nos que se clarifican aspectos como os da tradición na caza de animais fantásticos na literatura universal, o da personalidade creadora de Lewis Carroll (Charles Lutwidge Dodgson-Cheshire, 1832-Guildford, 1898), o do contexto literario no que se inseriu o poema e o do proceso creativo que deu lugar á composición. Ofrécense, por último, os criterios da tradución e unha bibliografía seleccionada sobre a obra do autor inglés.

Recensións:

F. Martínez Bouzas, "Avesío Carbairán", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 113, 20 xuño 1996,

6. Comeza dicindo que é este un libro inesperado e sorprendente, unha "sorte de poema épico do absurdo imaxinario inexistente". Logo recorda que os textos de Carroll son literatura en estado puro, "un triunfo da



VII.1.2. Narr. traducidos ou versionados

imaxinación onde non faltan os valores alegóricos e morais”. Gaba o labor da traductora, Marilar Aleixandre, que “interpreta e recrea en clave enxebre o tecido léxico e interpretativo do texto”.

-Carlos L. Bernárdez, “Lewis Carroll á caza da imaxinación”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXXI, 7 setembro 1996, p. 3. Carlos L. Bernárdez analiza en primeiro lugar o tipo de composición de que se trata (“un poema do absurdo”). A continuación céntrase na traducción, da que afirma que deu como resultado “un texto fermoso e intelixíbel”. Por último, comenta as ilustracións de Henry Holiday e considera que enriquecen a obra.



Carroll, Lewis, “*Alicia*” para nenos (*The Nursey Alice*, 1890), trad. Equipo Tris Tram, ilust. Tenniel, Lugo: Editorial Tris Tram, 1996, 56 pp. (ISBN: 84-89377 08-1).

Trátase dunha adaptación de *Alicia no país das marabillas*, que realizou o propio Carroll destinada ós nenos e nenas máis pequenos, como sinala no prólogo que vai “dirixido a todas as nais”. O texto, que recolle en catorce breves episodios as aventuras máis significativas de Alicia, apóiase nas ilustracións realizadas por Tenniel para a primeira versión de *Alicia*, de xeito que a narración constitúe unha explicación de cada un dos debuxos. Complétase cunha “Felicitación de Pascua para todos os cativos que queren a Alicia” e cunha “Felicitación de Nadal. Dunha fada a unha nena”, ambas asinadas polo autor.



Castillo, Fidel del, *A máxica historia do Ratiño Pérez*, (*La mágica historia del Ratoncito Pérez*, 1996), ilustr. Mabel Piérola, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tren Azul, nº 2, (Primeiros lectores), marzo 1996, 31 pp. (ISBN: 84-8116-587-5).

A partir do conto tradicional do Ratiño Pérez, nárrese a historia dun ratiño que se dedica a axudar a unha Meiga Boa que elabora un po máxico para protexer dos maleficios doutras bruxas. A cambio, todos, cando nenos, recibimos un agasallo pola nosa contribución ó traballo do Ratiño e da Meiga.



Clément, Claude, *Felicia está triste*, ilustr. Christel Desmoinaux, versión galega Xulio Cobas, Zaragoza: Edelvives, col. A Casiña, 1996, s. pp. (ISBN: 84-263 3493-8).

Nun pequeniño pobo cando comeza a nevar tódolos seus habitantes se botan a durmir. Así o fan Bozi-Bozo, o teixugo; Cigomar, o pequeno leirón; Gonogote, a marmota friorenta; Fanfarón, o osiño redondón; Tatillón, o ourizo cacho e Bulebule, o esquío. Sen embargo, a Felicia, a ratiña, tan só lle apetece xogar, falar e correr -e non lle gusta durmir- polo que quere despertar ós seus amigos. Como non consegue facelos erguer, decide prepararlles deliciosas comidas e postres que provoquen o seu apetito. Finalmente, tódolos amigos da ratiña Felicia se erguen e comparten con ela tan deliciosos manxares.



Clément, Claude, *As tres fillas do rei Fortachón*, ilust. Yves Calarnou, versión galega Xulio Cobas, Zaragoza: Edelvives, col. A Casiña, 1996, s. pp. (ISBN: 84 263-3495-4).

O rei Fortachón ten tres fillas. A primeira delas é unha rapaza intelixente e desperta e a segunda unha grande deportista, mentras que a terceira é unha nena que non ten ningunha cualidade distintiva especial, polo que o rei se sinte moi orgulloso das dúas primeiras e subestima a capacidade da terceira. Sen embargo, cando un día chega ó palacio real un príncipe casadeiro elixe, entre as tres, a terceira delas porque, segundo o príncipe, é coa que comparte máis afeccións e da que, realmente, se sinte namorado.



Clément, Claude, *O lobo Buzú está namorado*, ilustr. Christel Desmoinaux, versión galega Xulio Cobas, Zaragoza: Edelvives, col. A Casiña, 1996, s. pp. (ISBN: 84-263-3491-1).

O lobo Buzú está perdidamente namorado da curuxa Xulieta. Para impresionar á súa amada, Buzú pide axuda ó seu amigo Pedro -que lle ensina a bailar- e ó seu amigo Merliño -que lle ensina a asubiar. Pero estas habilidades non impresionan a Xulieta que prefere a naturalidade do lobo Buzú, cando lle oeu decir que está namorado dela.



Climent, Paco, *As desventuras de Xoana Calamidade*, trad. M^a Xesús López Taboada, ilustr. Ángel Esteban, Madrid: Anaya, col. O trasniño verde, nº 19, 78 pp. (ISBN: 84-207-7503-7).

Xoana recibe o apelativo de calamidade porque se embarca en tódalas aventuras que pode vivir. Neste libro Xoana experimenta dous apaixonantes sucesos. Nun deles, éríxese como a ideóloga para solucionar o problema do verquido de petróleo no mar da súa natal Montefaro. Ocorréselle á nena quita-lo petróleo que flota sobre a auga con caldeiros, polo que monta un grupo de rescate e salvagarda do mar. Sen embargo a aventura acaba coas consecuentes rifas dos pais de tódolos nenos, ademais da nai da propia Xoana. Nunha segunda aventura, Xoana entra na banda do grovios, ós que despois abandona e dá un escarmento ante o seu declarado machismo, xa que non permiten a entrada de nenas no grupo.



Contos clásicos e tradicionais versionados, *O parruliño feo* (ISBN: 84-8872435-7); *O lobo e os sete cabritíños* (ISBN: 84-88-72437-5); *Polgariña* (ISBN: 84-88-72436-5); *As viaxes de Guliver* (ISBN: 84-88-724381), ilustr. COMICUP, versións da editora, Santiago de Compostela: Sálvora/Libsa, col. Os meus contos clásicos favoritos, 1996, 40 pp.

Volumes de grande formato, con pastas duras, moi ilustrados e con pouco texto. Son versións de contos de autor xa clásicos e de contos tradicionais versionados para adaptalos ó lectorado máis novo.



Contos clásicos e tradicionais versionados, *Pocahontas* (ISBN: 84-8940812); *Aladino* (ISBN: 84-89408-08-4); *O libro da selva* (ISBN: 84-89408-10-6); *A sereíña*, (ISBN: 84-89408-13-0); *Pinocho* (ISBN: 84-89408-11-4); *Bambi* (ISBN: 84-89408-09-2), ilust. M. J. Forgá, Vigo: Rula Edicions/Edicións do Cumio/Susaeta Edicións S: A., col. Fantasía, 1996, 8 pp.

Libros troquelados de pastas e páxinas duras e dobres con moita ilustración e pouco texto. Dirixidos ós primeiros lectores. Versións de contos clásicos de transmisión oral.



Cordukes, Olinda, *O colar do rei*, trad. Xavier Senín Fernández, ilustr. M^a Fe Quesada, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 10, (a partir de 9 anos), outubro 1996, 186 pp. (ISBN: 84-8116-240-X).

Olinda Cordukes (Sidney-Australia, 1964) relata a historia de Keir, un neno secuestrado pola bruxa Gazuma e o seu fillo Lobol, que o levan á misteriosa illa de Bioncán. Con eles e con Civelina vai na procura do colar de zafiros que convertería a Lobol no rei da illa. Vive unha fantástica aventura enfrontándose ós terribles forois, seres monstruosos que se alimentan de sangue humano.



Cros, Gillian, *A cabana na árbore*, (*The tree house*, 1993), trad. Antón Palacio, ilustr. Paul Howard, Madrid/Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil, (a partir de 8 anos), maio 1996, 107 pp. (ISBN: 84-8224-053-6).

A escritora londinense Gillian Gross relata a historia de Guillermo e Suso, dous rapaces que descubren na súa nova casa un enorme e vello castiñeiro. Cheos de ilusión, deciden construír unha cabana coa axuda do seu pai. O proxecto queda sen rematar cando este recibe unha oferta de emprego en América. A súa promesa de enviar paquetes con cousas para enche-la cabana tranquiliza ós rapaces na longa espera.



Cruz Iguerabide, Juan, *Dona Soñadora*, (*Ametsonzi*, 1996), trad. Damián Villalaín, ilust. Jesús Lucas, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 2, (a partir de 6 anos), 1996, 23 pp. (ISBN: 84-8288-076-4).

Juan Cruz Iguerabide constrúe un conto para primeiros lectores centrado na imaxinación. Esta cobra vida nas ilustracións de Jesús Lucas a medida que acompañan o fío argumental. A protagonista desta breve narración infantil é “Dona soñadora”, unha nena moi imaxinativa. Un día de primavera soña que é unha princesa e que a ameixeira en flor da rúa é a saia do seu vestido. O paraugas do seu pai é o seu ceo negro e estrelado particular que lle axudará a demostrarlle á súa teimuda e dominante amiga Iratxe o valor que a imaxinación ten nas circunstancias máis inusitadas.



Dahl, *O dedo máxico* (*The magic finger*, 1966), trad. Antón Palacio, ilustr. Pat Marriot, Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil, serie laranxa (a partir de 10 anos), maio 1996, 70 pp. (ISBN: 84-204-5196-7).

Unha nena de oito anos relata en primeira persoa a súa particular habelencia: posúe un dedo máxico que transforma ás persoas no que ela desexe. Esta maxia só sucede cando algún adulto consegue enfadala de verdade. Neste libro cóntano-lo que sucedeu cando a súa mestra a castigou por non ser quen de soletrar unha palabra e tamén a transformación da familia Novo en paxaros por se empeñar en cazar parrulos.



Disney, Walt, *O chepudo de Notre Dame*, A Coruña/León: Everest-Galicia/Ed. Evergráficas, col. Nova antoloxía, 1996, 48 pp. (ISBN: 84-403-0181-2).

Versión para os primeiros lectores. Formato de luxo con pasta dura moita, ilustración a toda cor. Moi pouco texto no que se narran os episodios centrais desta obra.



Doyle, Arthur Conan, *O Regreso de Sherlock Holmes*, (*The Return of Sherlock Holmes*), trad. Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Sherlock Holmes, nº 5, outubro 1996, 295 pp. (ISBN: 84-8288-084-5).

Despois de tres anos supostamente morto, descúbrese nesta nova historia como o detective non falecera na súa última investigación -segundo todo parecía indicar-, senón que se mantivera oculto para poder desenmascarar ó sucesor de Moriarty (morto precisamente naquela aventura), o criminal Sebastian Moran, culpable do asasinato de Ronald Adair. Tras este caso inicial, S. Holmes ocúpase dunha serie de novos casos, grande parte deles narrados polo seu axudante Watson. Así sucede en “O constructor de Norwood”, “A aventura dos bailarinos”, “A ciclista solitaria”, “Aventura na escola Priory”, “A aventura de Peter o Negro”, “O caso de Charles Augustus Milverton”, “Os seis napoleóns”, “Os tres estudantes”, “Os lentes de ouro”, “O xogador desaparecido”, “O crime de Abbey Grange” e “A segunda mancha”, nos que se pon outra volta en marcha a sagacidade e dedución do detective creado por Arthur Conan Doyle (Edimburgo, 1859-Crowbrough-Sussex, 1930).



Doyle, Arthur Conan, *O Can dos Baskerville*, (*The Hound of the Baskervilles*), trad. Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Sherlock Holmes, nº 6, novembro 1996, 200 pp. (ISBN: 84-8288-086-1).

A morte de Charles Baskerville -propietario dunha grande mansión en Devonshire e dunha importante fortuna- é explicada popularmente por unha lenda da zona que fala dun grande can feroz que vaga pola gándara próxima á mansión coa intención de mata-los membros da familia. O herdeiro da fortuna de Charles Baskerville, o seu sobriño Henry, e mais un amigo do falecido, o doutor Mortimer, contratan os servizos de Sherlock Holmes para averiguar-lo misterio que rodea a lenda do can dos Baskerville. O detective envía ó lugar dos feitos a Watson, quen lle proporciona os informes obxectivos necesarios que irán desvelando as escuras relacións entre os habitantes da zona, as cales o levarán ó descubrimento final do instigador do asasinato de Charles Baskerville.



Doyle, Arthur Conan, *O Val do Terror*, (*The valley of fear*), trad. Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Sherlock Holmes, nº 7, maio 1996, 200 pp. (ISBN: 84-8288-057-8).

Historia dividida en dúas partes: “A traxedia de Birlstone” e “Os vingadores”. Na primeira (pp. 99-196) nárrese a problemática da morte do Sr. John Douglas. Así, o detective Sherlock Holmes na compañía de Watson e coa axuda do inspector de policía de Scotland Yard, McDonald, e o xefe da policía local de Sussex, White Mason, encárgase de averiguar quen foi o asasino do Sr. Douglas quen vivía en Birlstone coa súa muller, o seu servico e un amigo que estaba de paso no momento da súa morte, Cecil Baker. Aínda que nun primeiro momento Baker e a Sra. Douglas aparecen como culpables, Sherlock Holmes, con indubidable audacia, descobre a verdade do caso. Na segunda parte, “Os vingadores” (pp. 99-197), hai un *flash back* que nos leva á primeira xuventude de John Douglas, na que se teceu toda a rede de problemáticas que darán lugar á historia xa narrada no tramo inicial.



Durán, Teresa, *A galiña*, versión galega Damián Villalaín, ilustr. Katerina Lovis-Miller, Vigo: Galaxia, col. O ciclo da vida, nº 5, 1996, 20 pp. (ISBN: 84-8288 046-2).

Teresa Durán continúa, con esta obra, a colección “O ciclo da vida”, iniciada no ano 1995 con catro títulos. Nela inclúense unha serie de volumes, con pouco texto e moita ilustración, que se converten en vehículos de aprendizaxe para os máis pequenos. En *A galiña* ofrece un achegamento ó ciclo vital das galiñas a través de dúas xeracións de poliños que nacen e medran nun galiñeiro. O texto complementábase con grandes ilustracións a cor.



Durán, Teresa, *O oso branco*, versión galega Damián Villalaín, ilustr. Mireille Delon-Boltz, Vigo: Galaxia, col. O ciclo da vida, nº 6, 1996, 20 pp. . (ISBN: 848288-047-0).

Narra agora a vida dos osos polares a través dunha osa polar e das súas crías. Cita, así mesmo, outros animais que habitan nos fríos xeos do Polo Norte, como as focas ou os araos.



Durán, Teresa, *A bolboreta*, versión galega Damián Villalaín, ilustr. Stepán Zavrel, Vigo: Galaxia, col. O ciclo da vida, nº 7, 1996, 20 pp. (ISBN: 84-8288-048-9).

Este volume ilustra sobre o ciclo vital dunha bolboreta, dende que as ducias de ovos depositados nunha folla se transforman en pequenos vermes ata que se convirten en eirugas e, por medio dunha metamorfose, rematan sendo fermosas bolboretas.



Durán, Teresa, *O xibón*, versión galega Damián Villalaín, ilust. Daniella Vignoli, Vigo: Galaxia, col. O ciclo da vida, nº 8, 1996, 20 pp. (ISBN: 84-8288-049-7).

No último dos catro volumes desta colección publicados neste ano 1996, Teresa Durán inicia ós primeiros lectores no coñecemento do mundo dos xibóns, pequenos monos que habitan na selva. Como nos casos anteriores, a autora pretende proporcionarlle ó lectorado un coñecemento do medio natural ó mesmo tempo que fomenta-lo respecto pola natureza por parte dos máis pequenos.

Recensións:

-Xavier Castro R., "O ciclo da vida", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 13 outubro 1996, p. 7. Coa noticia da publicación de catro novos títulos (*A galiña*, *O oso branco*, *A bolboreta* e *O xibón*) da colección "O ciclo da vida", de Galaxia, abre Xavier Castro este artigo no que sinala a harmonización presente "de xeito coherente e entretido" da palabra cun apoio gráfico de grandes ilustradores. Comenta ademais o acerto da elección dos textos (que resultan "atractivos" para o lector infantil) e da tradución ("ben acondicionados ó espírito da lingua á que neste caso son traducidos"). Remata salientando a sinxela mensaxe de respecto á natureza e ós seus moradores que se inclúe en cada texto.



Escardó i Bas, Mercé, *O escondedoiro*, (*En clip no hi és*, 1996), trad. Damián Villalaín, ilust. Gemma Sales, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 3, (a partir de 6 anos), 1996, 23 pp. (ISBN: 84-8288-074-8).

Por medio da escritura e da ilustración cóntase o que lle ocorreu a Ana un día que ó se erguer non atopou o seu moneco Clip. A desaparición do seu amigo mantívoa desacougada todo o día. Só ó final do día Ana lembrou ónde deixara o seu amigo a noite anterior.



Fansten, Jacques, *A fractura do miocardio*, (*La fracture du myocarde*, 1991), trad. Valentín Arias, Vigo: Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo, nº 13, outubro 1996, 159 pp. (ISBN: 84-8302-036-X).

Unha vez máis o cineasta e escritor Jacques Fansten (París, 1946) realiza unha “crónica” da sociedade adulta dende a óptica da infancia. Nesta ocasión serán a morte, a escola, a amizade e a relación co mundo dos adultos os temas sobre os que xira a acción da novela, desenvolta ó longo de catorce capítulos. A inesperada morte da nai de Martiño, por unha suposta “fractura de miocardio”, deixa ó rapaz illado e desconcertado ante a sociedade. Axudado por un grupo de amigos tentará fuxir da posibilidade de ser recluído nun orfanato, ocultando á vila enteira a morte da súa nai.



Farias, Xoán, *Á sombra do mestre* (*A la sombra del maestro*, 1995), trad. Xavier Senín, ilustr. Jesús Gabán, Madrid/Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil (a partir de 12 anos), maio 1996, 108 pp. (ISBN: 84-8224-054-4).

Esta historia dividida en dez cadernos presenta en forma de crónica e a través dun narrador en primeira persoa que resulta ser un escribente feo e melancólico, a vida dunha vila e dos seus habitantes. O Tolo, Pedro e Paco, Marta, o alcalde avaro, o mesmo escribente e, sobre todo, o mestre que coa súa rebeldía “ensinando impertinencias” vence a tiranía do alcalde, son algúns dos personaxes retratados nesta historia de Xoán Farias (1935).



Gisbert, Joan Manuel, *Os espellos venecianos*, trad. Xulio Cobas Brenlla,
Zaragoza: Edelvives, col. Catavento, nº 1, 1996, 135 pp. (ISBN: 84-263-3475-X).

A editorial Edelvives inaugura a colección Catavento, dirixida a un público xuvenil, coa publicación da versión galega desta novela de Joan Manuel Gisbert. Estructurada en dezasete capítulos titulados e un "Epílogo", *Os espellos venecianos* recolle as aventuras e as pesquisas do estudante de letras napolitano Giovanni Conti en Padua no ano 1792. Giovanni cae na trampa que lle tende o profesor Giacomo Amadio para proba-la súa perspicacia e astucia investigadora. Despois de longas investigacións, arriscadas expedicións ó *palazzo* Balzani e boas doses de fantasía, o xove napolitano consegue anticiparse ós acontecementos previstos polo profesor e desentraña-los verdadeiros misterios que agocha a abandonada mansión dos Balzani. A combinación de técnicas narrativas -manuscrito encontrado, omnisciencia en terceira persoa e narrador protagonista-, unidos á presenza constante da intriga e do misterio conseguen mante-la atención do lector ó longo da obra.



Gómez Cerdá, Alfredo, *A pinga de choiva (La gota de lluvia)*, ilustr. Víctor Moreno, trad. Xavier Frías, A Coruña: Bruño, col. Alta Mar, nº 23, serie Contos, (a partir de 6 anos), 1996, 59 pp. (ISBN: 84-216-2891-7).

Alfredo Gómez Cerdá (Madrid, 1951), narra a historia dunha pinga de auga que caeu na fiestra da habitación dun neno que está a chorar e decide axudalo debuxando no cristal a palabra "rir". A partir dese momento, o neno recupera o sorriso e volve ós seus xogos habituais, concentrando a súa atención nun libro que se titula, precisamente, *A pinga de choiva*. Ó final do libro, que contén grandes ilustracións a cor, inclúese un obradoiro de lectura, realizado por Ana Fabregat, con actividades que axudan á comprensión da obra e potencian a imaxinación do lectorado.



Gómez Ojea, Carmen, *O diccionario de Carola*, (*El diccionario de Carola*, 1996), Premio Edebé de Literatura Xuvenil, trad. Xosé A. Neira Cruz, ilustr. Mabel Piérola, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, nº 5, abril 1996, 120 pp. (ISBN: 84-8116-252-3).

Con *O diccionario de Carola* a escritora asturiana Carmen Gómez Ojea gañou o Premio Edebé de Literatura Infantil na súa edición de 1996. A protagonista do relato, Nila, é unha adolescente que non atopa o seu lugar no mundo. A separación dos seus pais e o posterior matrimonio da nai converten a súa vida nun inferno na propia casa e vese obrigada a buscar refuxio onde a irmá maior. No medio deste panorama desolador, o seu único acobillo é a lectura, especialmente dun diccionario de latín de segunda man que pertencera a unha rapaza da súa idade chamada Carola. As fantasías sobre esta Carola, as ansias de coñecela e o posterior encontro con ela marcan os sucesivos estadios do proceso de aprendizaxe de Nila sobre a vida e sobre si mesma que desembocará no convencemento de ser escritora.

Recensións:

-M^a Teresa Araújo García, "Un conto de fadas con final feliz", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 14 xullo 1996, p. 9.



Fai referencia primeiro ó premio do que foi obxecto *O diccionario de Carola* e despois resume o argumento da obra e cualifícaa de relato de aprendizaxe aínda que o final feliz (a modo de conto de fadas) rompe, en certo sentido, con ese tipo de relatos.



Gregori, Josep, *Un pai despistadiño, (Un pare despistat, 1996)*, trad. Damián Villalaín, ilust. Rosa Anna Crespo e Enric Soler, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 5, (a partir de 6 anos), 1996, 23 pp. (ISBN: 84-8288 077-2).

Neste relato destinado ós lectores máis novos Josep Gregori achéganos ó mundo dos contos infantís e ás relacións familiares. Os debuxos de Rosa Anna Crespo e Enric Soler ilustran a narración. Tereixa, a protagonista, conta o despistado que é seu pai e as aventuras que isto provoca na familia. Sen embargo, a nena atopará no pai ó seu escritor de contos favoritos, que a fará posuidora da “mellor colección de contos do mundo”, pensados só para ela.



Keselman, Gabriela, *¿Por que?*, (*¿Por qué?*, 1996), trad. Damián Villalaín, ilustr. Pep Brocal e Marc Brocal, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 4 (a partir de 6 anos), 1996, 23 pp. (ISBN: 84-8288-075-6).

Gabriela Keselman recolle neste conto as preocupacións e inquedanzas dos nenos nos seus primeiros anos de descubrimento do mundo que os rodea. Vera desacouga ó pai cunha artillería de preguntas sobre todo canto é cuestionable. Só a resposta á orixe do seu amor por ela semella colma-las ansias de coñecemento da nena.



King-Smith, Dick, *Babe, o porquiño valente*, (*The sheep-pig*, 1983), trad. Álvaro de Prado Vázquez, ilustr. Manuel Uhía, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 90, serie verde (a partir de 9 anos e para adultos), 1996, 105 pp. (ISBN: 84-8288-067-5).

Esta obra, xa clásica dentro da literatura infantil e xuvenil universal, foi adaptada ó cine no 1995 e gañou un Óscar. Un narrador omnisciente conta en terceira persoa a historia de Babe, un porquiño que vai vivir á casa do granxeiro Hogget logo de corresponderlle como premio nun sorteo. Na granxa coñece a Fly, unha cadela ovelleira que acaba de ter canciños e que o educa como a un fillo máis. A intelixencia e a astucia de Babe converterano nun elemento imprescindible na explotación de Hogget, especializándose no coidado das ovelas.

Recensións:

-Xavier Castro R., "O porquiño afouto", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 27 outubro 1996, p. 7. Cunha reflexión sobre as historias protagonizadas por animais, comúns no patrimonio da maior parte das culturas, abre Xavier Castro este artigo. Continúa apuntando a repercusión deste tipo de aventuras no lector infantil e sinalando a escasa presenza nelas de animais menos atractivos como é o caso do porquiño Babe, protagonista da obra comentada. Refírese tamén ó éxito que obtido a versión cinematográfica desta obra no 1984.



Landa, Mariasun, *A miña man na túa*, (*Nire eskua zurean*, 1996), trad. Tereixa Hernández, ilustr. Fran Jaraba, Vigo: Edicións Xerais, col. Merlín, serie amarela (de 11 anos en diante), maio 1996, 53 pp. (ISBN: 84-7507-987-3).

Mariasun Landa (Rentería, 1949) achégase ó complicado mundo da adolescencia con esta obra. Nela nárrese a vida de Xabier dende que un domingo, 17 de maio, decide fuxir da casa. Non admite que o novo compañeiro da súa nai substitúa o recordo dun pai morto cando aínda el non nacera. Sen amigos preto, procura refuxio nunha cabana do monte. A historia organízase en catro partes, correspondentes a catro momentos desa xornada: “A iso das cinco do serán”, “As sete e cuarto do serán”, “As once menos cuarto da noite” e “Calquera hora do mencer”. Esta estrutura repítese na sección que pecha a obra, “Cando a autora fala de si”.



Lindo, Elvira, *Manolito catrollos* (*Manolito gafotas*, 1994), trad. Antón Palacio, ilustr. Emilio Urberuaga, Madrid/Vigo: Alfaguara/Obradoiro, (a partir de 12 anos), maio 1996, 134 pp. (ISBN: 84-204-5185-1).

Elvira Lindo (1962) reúne neste volume algunhas das peripecias protagonizadas polo seu personaxe Manolito Catrollos -habitual na radio e nas páxinas de *El Pequeño País*, durante un tempo-, un neno que vive en Carabanchel e que contempla, dende a súa particular visión do mundo dos maiores, a realidade do seu barrio e a vida familiar. Xunto ós seus compañeiros de trasnadas, -o seus grandes amigos, Orelludo López, Yihad e Susana- e baixo a mirada do seu avó Nicolás e do seu irmán -sempre designado co apelativo cariñoso o Imbécil-, van transcorrendo as reflexións e as aventuras deste personaxe na escola, na casa e no barrio.



Llorens, Rafael, *Clara*, trad. Xosé A. Neira Cruz, ilustr. Silvia Tarditti, Zaragoza:
Ed. Luis Vives, 1996, 93 pp. (ISBN: 84-263-3496-2).

Neste libro recóllese, en primeira persoa, as lembranzas dos anos infantís de Clara, unha nena catalana que revive a súa infancia rural. Clara lembra as casas nas que viviu antes de se trasladaren á cidade, a xente que coñecía daquela, as cousas que adoitaba facer e os seus amigos, a mellor dos cales era a súa gata Nina.



Martín, Andreu e Jaume Ribera, *Alfagann e Flanagan*, trad. Xavier Rodríguez
Baixeras, Vigo: Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo, nº 14, decembro 1996,
203 pp. (ISBN: 84-8302-072-6).

Flanagan é un rapaz catalán de dezaseis anos que se dedica a detective nas horas libres. Neste libro, o cuarto título dos que glosan as súas aventuras e o segundo traducido ó galego (despois de *Flanagan de luxe*, nesta mesma colección), vese envolto nunha trama de abusos sexuais a menores da que é vítima unha das súas compañeiras de curso. A Flanagan custaralle aceptar que a vida da xente adulta se somete a unhas regras en moitas ocasións inxustas para os menores que dependen deles.



Morton, Lone, *Boa noite a todos* (*Goodnight everyone*, 1994), versión galega
Matilde Cobas, ilustr. Jakki Wood, Zaragoza: Edelvives, 1996, s.pp. (ISBN: 84
263-3288-9).

Conto infantil para primeiros lectores no que se narra de maneira breve, por medio de abundantes ilustracións e frases curtas e repetitivas en inglés e galego, a preparación de Marta antes de se deitar acompañada de tódolos seus monecos. Acompañan ó texto un diccionario ilustrado das palabras clave do relato e unha guía para a correcta pronunciación do inglés.



Morton, Lone, *Son demasiado grande (I'm too big*, 1994), versión galega Matilde Cobas, ilustr. Steve Weatherill, Zaragoza: Edelvives, 1996, s.pp. (ISBN: 84-263 3287).

Conto infantil para primeiros lectores coas mesmas características có anterior, centrado na historia dun elefante e dunha xirafa e o seu desexo de cambiar de aspecto. Ó final deciden quedar tal e como son.



Palomeras, Daniel, *Meu irmán*, trad. Xosé A. Neira Cruz, Zaragoza: Edelvives, col. Catavento, nº 3, 1996, 111 pp. (ISBN: 84-263-3497-0).

Daniel Palomeras (Santa María d'Oló) afonda no mundo das drogas a través dos ollos de Paula, unha rapaza de trece anos que observa desconcertada os cambios que está a sufrir-lo seu irmán Serxio. Lembra cómo era a súa vida en familia antes de que Serxio decidise deixarse levar pola evasión que lle proporcionaban as drogas e as diversións cos seus amigos en vez de se enfrontar cos problemas. Pregúntase unha e outra vez qué é o que pasou e sobre todo qué pode facer para axudalo.



Pedrolo, Manuel de, *Traxecto final*, (*Trajecte final*), trad. Leandro García

Bugarín, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 89, serie rosa (a partir de 15 anos e para adultos), xullo 1996, 165 pp. (ISBN: 84-8288-064-0).

O presente volume reúne sete relatos do escritor catalán Manuel de Pedrolo (Aranyó-Lleida, 1918-Barcelona, 1990), “O censo total”, “Un mundo distante e veciño”, “Servicio oficial”, “Cadáveres”, “Urn, de Djlñ”, “A rapaza que viña do futuro” e “O regresivo”. Neles os protagonistas movidos pola súa curiosidade ante acontecementos e personaxes sorprendentes que irrompen nas súas vidas, emprenden unha investigación case detectivesca que os leva a descubrir outras vidas, mundos paralelos, alleos ou fantásticos que se presentan cunha existencia de seu.



Prévert, Jacques, *Carta das illas Bailarinas* (*Lettre des îles Baladar*, 1952), trad. Henrique Harquindey, ilustr. Xaquín Marín, Vigo: Galaxia, col. Merlín, serie laranxa (de 11 anos en diante), decembro 1996, 56 pp. (ISBN: 84-8302-070-X).

Este relato de Jacques Prévert (Neuilly-sur-Seine, 1900-Omonville-la Petite, 1977) está ambientado no espazo imaxinario da máis pequena das illas Bailarinas, chamadas así porque desaparecían en canto as vía xurdir un navegante. O varredor Catro Mans á Obra salvará os indíxenas da illa da invasión da xente de Mata-ta-pavos, a capital do Gran Continente, dirixida polo Xeneral Tesoureiro e habitado por cazadores de pavos reais.



Risk, Mary, *¡Quero o meu plátano!(I want my banana!, 1996)*, versión galega
Matilde Cobas, ilust. Alex de Wolf, Zaragoza: Edelvives, 1996, s.pp. (ISBN: 84
263-3292-7).

Conto infantil para primeiros lectores no que se narra brevemente, por medio de abundantes ilustracións e frases curtas e repetitivas en inglés e galego, a historia dun mono que perdeu o seu plátano. Acompañan ó texto un diccionario ilustrado das palabras clave e unha guía de pronunciación.



Risk, Mary, *¡Feliz aniversario! (Happy birthday!*, 1996), versión galega Matilde Cobas, ilustr. Lucy Keijser, Zaragoza: Edelvives, 1996, s.pp. (ISBN: 84-2633292-9).

Conto infantil para primeiros lectores, coas mesmas características có anterior, no que se narra brevemente unha festa de aniversario chea de regalos para o protagonista.



Sanz, Ignacio, *Meu avó, o pirata, (Mi abuelo, el pirata, 1996)*, trad. Ricardo Fernández Sabín, ilustr. Mercedes Braunstein, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, nº 6, setembro 1996, 126 pp. (ISBN: 84-8116-276-0).

Trátase dun relato dividido en vinte capítulos que narra en primeira persoa a aventura dun rapaz e seu avó, un vello mariñeiro obsesionado pola idea de ser pirata e cheo de nostalxia polo seu pasado no mar. Un día o avó decide construír un barco e cumpri-lo seu soño: embarcar de novo co seu neto para ensinalle as artes de navegación e os segredos do mar e para atoparse cara a cara coa súa paixón. A historia ambiéntase nas idealizadas paisaxes das terras do Douro, onde nace tamén unha intensa relación entre os personaxes, marcados dende entón por destinos parellos.



Sierra i Fabra, Jordi, *A nave fantástica*, trad. Xulia Fernández Fernández e Eugenia Fernández Fernández ilustr. Gerardo Amechazurra, Madrid: Anaya, col. O trasniño verde, nº 20, 1996, 149 pp. (ISBN: 84-207-7504-5).

Jan Roc narra, trinta anos despois do suceso, a aventura que lle aconteceu, xunto co profesor Arístides Payá, durante a súa viaxe no Colimbo. O Colimbo era un barco que ía de expedición polo Caribe cando zozobrou a causa dun remuíño. Os dous protagonistas da historia entran no remuíño e son conducidos polos Hues a un lugar no interior da terra. Alí, Hu-Tan, o ser co que entablan contacto, explícalles que a terra é un produto da civilización Hu, unha simple nave, que forma parte dunha flota superior, o Universo, e ofrécelles a posibilidade de ser inmortais. Jan Roc e Arístides Payá, ante tal proposición, tomán posicións ben diferentes: o primeiro decide marchar do interior da terra, mentres o segundo quere quedar na cultura Hu, que lle ofrece maiores medios para a investigación. Despois de medio ano nesta zona, e co consentimento do seu profesor, Jan Roc volve ó exterior terrestre.



Simó, Isabel-Clara, *Raquel*, (*Raquel*, 1991), trad. M^a Dolores Torres París, Vigo: Edicións Xerais, col. Fóra de Xogo, nº 15, outubro 1996, 183 pp. (ISBN: 84-8302 037-8).

Coa escritora catalana Isabel-Clara Simó (Alcoy, 1943), mergullámonos nesta obra no mundo do paso da adolescencia á madurez. A través do seu diario íntimo, *Raquel*, unha rapaza de 17 anos, estudante de C.O.U., narra a súa vida durante o período que dura o curso: os seus máis íntimos pensamentos acerca dos pais, ós que retrata ás veces cruelmente, os seus amigos, o seu primeiro amor, os seus proxectos de futuro, etc. O diario recolle todos aqueles feitos que rematarán coa súa infancia, coa súa “vida entre algodóns”, poñéndoa, de súpeto, no mundo dos adultos -a chegada a universidade, a amizade, o cambio físico e a procura da propia personalidade, o amor, o sexo, a morte, a familia, o traballo. O 29 de xuño iníciase unha nova fase na vida de *Raquel* e con ela finaliza a obra que nos ocupa. O libro constitúe un manifesto sobre a adolescencia no que asistimos ó proceso de evolución da personaxe a través do tempo, ás novas experiencias e á adquisición de coñecementos do seu contorno, que se manifestan tamén nunha maior elaboración dos textos tanto na forma coma no contido.



Twain, Mark, *Un ianqui na corte do rei Arturo*, (*A connecticut yankee at king Arthur's court*), prólogo, trad. e notas Abel López, ilustr. Ricardo Pérez Rilo, Vigo: Edicións Xerais, col. Xabarín, nº 52, 1996, 390 pp. (ISBN: 84-7507-986-5).

Hank Morga, un traballador dunha fábrica de Connecticut, narra en primeira persoa cómo é transportado da Inglaterra de 1879 ata o século VI, onde se atopa absolutamente desorientado nun mundo cheo de estraños personaxes pertencentes á corte do rei Arturo. Tras facerse co poder do reino, decide moderniza-lo país, aplicando os adiantos científicos que el coñece e loitar contra o poder totalizador da igrexa e da nobreza. O libro vai precedido dun prólogo de Abel López no que ademais de ofrecer datos sobre a biografía de Mark Twain (Florida-Missouri, 1835-Redding-Connecticut, 1910) e sobre a época na que desenvolveu a súa creación, analiza o texto, sinalando as súas conexións co mito artúrico, as orixes das lendas que tratan sobre o rei Arturo e os ideais que subxacen nesta novela.



Vara, Mariano, *Os dereitos torcidos*, trad. Xulio Cobas Brenlla, Zaragoza: Edelvives, col. Catavento, nº 2, 1996, 139 pp. (ISBN: 84-263-3498-9).

Sobre a Declaración dos Dereitos Humanos, Mariano Vara (Puebla de Almenara-Cuenca, 1955) vai artellando relatos que se desenvolven en diferentes lugares do mundo (México, India, Canadá, España, África e Saraxevo) e que constitúen un exemplo da violación dos dereitos fundamentais do home aínda na actualidade. Tódolos personaxes viven situacións de inxustiza e discriminación nunha sociedade que vulnera a integridade do home con incompreensión e crueldade. Así, o indio mexicano Xoán ve morrer ó seu fillo pola falta de humanidade dun médico; Shelma ten que fuxir, arriscando a súa vida, nun matrimonio amañado cun home vello e enfermo; Billy Tres Ríos e Sara morren pola falta de respecto do home branco polos costumes ancestrais dos indios canadenses; Mahed e seu pai sofren o rexeitamento español por seren emigrantes marroquís; Knomo libera da escravitude a un grupo de rapaces e rapazas dunha tribo africana; Mariola ten que ser acollida por unha enfermeira porque a súa familia non desexa ocuparse dela, e Borislav convértese nun asasino de musulmáns na guerra de Bosnia para vingala morte da súa familia.



Vieira, Alice, *Bloque 12, 2º esquerda, (Lote 12-2º frente, 1980)*, trad. Antón Piñeiro, ilustr. Teresa Cámara, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 93, serie azul (a partir de 12 anos e para adultos), decembro 1996, 145 pp. (ISBN: 84-8288-055-1).

A vida de Mariana, unha rapaza de doce anos, vese alterada cando os seus pais lle comunican que van mudar da vella casa onde viven para un piso de recente construción. Este feito suporá unha nova etapa na súa vida, pois ten que cambiar de amigos, de colexio e ir enchendo os baleiros que sente na nova vivenda. Alice Vieira (Lisboa, 1943) constrúe un relato do cotián, cheo de tenrura e humor, onde se mesturan os sentimentos de nostalgia coa ilusión polo traslado, e todo narrado dende a mirada sensible e observadora da protagonista.



Welsh, Renate, *Mélani Miráculi*, (*Malanie Miraculi*, 1990), trad. Alberto Álvarez LUGRÍS, ilustr. Luís Castro Enjamio, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 91, serie azul (a partir de 12 anos e para adultos), outubro 1996, 93 pp. (ISBN: 84-8288-085-3).

Novela de narrativa infantil e xuvenil da escritora Renate Welsh (Austria, 1937), quen está “en posesión do Premio de Literatura Xuvenil de Alemaña e do Premio Nacional de Austria de literatura infantil” -tal e como informa a contraportada-. A novela toma como título o nome da súa protagonista, Mélani Miráculi. Mélani vive coa súa avoa mentres os seus pais viaxan polo mundo “recollendo sementes de herbas salvaxes”. A misteriosa desaparición da avoa Matilde converte a Mélani en protagonista dunha nova experiencia na que descobre os seus poderes para facer encoller á xente. O carteiro, o policía, un xornalista e mesmo a súa profesora serán transformados en diminutas persoas que descubrirán, xunto coa nosa protagonista, todo un mundo de aventuras e sentimentos.



VII.2.1. Poetas galegos

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 2. Poesía

VII. 2. 1. Poetas galegos



Babarro González, Xoán, *Dez eran dez*, ilustr. Lázaro Enríquez, Vigo: Edicións Xerais, col. Merlín, serie rosa, (primeiros lectores), maio 1996, 66 pp. (ISBN: 84 7507-988-1).

O libro de Xoán Babarro González (Calvelo de Maceda, 1947) está dividido en catro apartados (“Dez parraguesas”, “Dez xoaniñas”, “Dez vagalumes” e “Dez abellas”). Nel, ó xeito dunha canción popular infantil na que a musicalidade vén proporcionada pola propia rima, repásanse os números ata o dez, xogando coas actividades dos diferentes animais das historias. Os versos van acompañados de grandes ilustracións nas que se visualizan os diferentes labores dos animais protagonistas.



Cortizas, Antón, *Historias e algún percance todas ditas en romance*, ilustr. Irene Fra, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 85, serie verde (a partir de 9 anos e para adultos), 1996, 99 pp. (ISBN: 84-8288-039-X).

Colección de 17 romances nos que Antón Cortizas (Ferrol, 1954) tenta achegar un conxunto de narracións empregando a forma poética tradicional do romance. Cunha perspectiva temática variada, inclúe un conxunto de personaxes que van dende os habituais dos contos tradicionais ata aqueloutros comúns ós relatos maravillosos. Princesas, reis, fadas, animais e personaxes máis cercanos ós nosos días aparecen nas páxinas deste volume. O autor utiliza algúns destes romances para demostra-las posibilidades de xogo que ofrece. A este propósito responden por exemplo o “Romance esdrúxulo”, no que, como xa indica o seu nome, se establece un xogo rítmico con palabras esdrúxulas, ou o “Super-romance para todos os gustos”, con catro propostas que permiten concluír á vontade do lector.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Romances para lectores novos”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 25 agosto 1996, p. 5. Cunha breve introducción ó romance inicia Xavier Castro R. o comentario da obra de Antón Cortizas, *Historias e algún percance todas ditas en romance*. Tras deterse na figura do autor pasa a analiza-lo contido da obra (temas, personaxes, etc.). Destaca por último a curiosa disposición tipográfica de “Romance compartido”, así como a carga de orixinalidade de “Super-romance para todos os gustos”.



García, Xosé Lois, *A figueira lingoreteira*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Poesía para nenos, 1996, 45 pp. (ISBN: 84-7492-820-6).

Volume composto por dezasete poemiñas dedicados ós primeiros lectores e construídos a partir de estruturas paralelísticas sinxelas cun ritmo moi dinámico, que lembran as tradicionais cancións de roda, cantigas populares e adiviñas.



García Teijeiro, Antonio, *Na fogueira dos versos*, Premio Merlín 1996, ilustr. Enjamio, Vigo: Edicións Xerais, col. Merlín, serie marrón (de 13 anos en diante), decembro 1996, s.pp. (ISBN: 84-8302-071-8).

Neste volume, Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) parte de versos ou estrofas escritos por poetas galegos de tódalas épocas para artellar a partir deles un desenvolvemento temático das vintenove composicións, recorrendo ó procedemento da glosa e ó diálogo intertextual. Entre os poetas escollidos para encabezar cada un dos poemas atópanse Martín Codax, Manuel María, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro, Federico García Lorca, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Lorenzo Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, María Mariño, Ramón Cabanillas, Xosé Luís Méndez Ferrín, Luís Pimentel, Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Pondal, Antonio Noriega Varela, Luís Seoane, Antonio Tovar, Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Uxío Novoneyra, Pura Vázquez, Luís Amado Carballo, Avilés de Taramancos, Xohana Torres, Eduardo Blanco-Amor, Luz Pozo ou Bernardino Graña. Inclúese tamén o apartado titulado “Tres cantigas de amor e desamor”, encabezado por versos de Luís Milán e Pero Eanes. García Teijeiro establece deste xeito un xogo poético coa nosa tradición, fundíndose con ela a través da súa memoria persoal e afondando na súa interpretación, co fin de achega-los nosos poetas ó mundo da infancia. O volume péchase co apartado “Cando o autor fala de si”, no que Antonio García Teijeiro manifesta a súa devoción incondicional pola poesía e polo *blues*, música que sempre o acompaña no momento da creación.



Referencias varias:

-Xoán Acuña, "A 'Ora' de Antonio G. Teijeiro", *Atlántico Diario*, 28 outubro 1996, p. 48. Entrevista con Antonio García Teijeiro con motivo do Premio Merlín na que define a súa obra como un xogo lúdico e pracenteiro arredor da poesía clásica. Trata a continuación do "boom" da literatura infantil e da necesidade de prenda-los nenos no hábito da lectura. Comenta tamén que non debe existir máis que a Literatura en maiúsculas, sen distinguir para nenos e para adultos, e a este respecto afirma que a infantil non é unha literatura de segunda. Por último apunta a grande aceptación da poesía infantil e recoñece estar moi contento co Merlín porque este premio supón un recoñecemento para todos cantos aman a poesía.

-P. Nemo, "Os rapaces gustan da poesía porque non teñen prexuízos", *La Voz de Galicia* (Edición de Coruña), 3 novembro 1996. Breve entrevista a Antonio García Teijeiro. O escritor aclara que o título non é Ora Marítima, senón que ese é o lema co que o presentou ó concurso en homenaxe a Rafael Alberti. Ademais de falar do libro e da súa relación con Alberti, afirma que os rapaces son críticos e reflexivos respecto da literatura.

-Amalia María Gallego, "No soy un escritor de premios, pero el Merlín es un reconocimiento muy deseado", *Faro de Vigo*, 6 novembro 1996, p. 48. Entrevista con Antonio García Teijeiro na que o autor destaca o papel da poesía e fala da súa especial relación con ela. A seguir comenta o que significou para el este premio e sinala, ademais, a influencia de Celso Emilio Ferreiro na súa obra. Remata confesando que a súa vida non cambiará a pesar do galardón.

-F. J. Gil, "La reivindicación de la poesía centró la presentación de *Na fogueira dos versos*, de Antonio García Teijeiro", *Faro de Vigo*, 19 decembro 1996, p. 50.



Informa da presentación do libro no restaurante do Corte Inglés de Vigo. No acto interviron, entre outros, Manuel Bragado, director xeral de Edicións Xerais de Galicia, o escritor Xabier P. Docampo e o autor do libro, quen afirmou que “a poesía é un xeito de vivir”.



Jares, Xesús R. (coord.), *Construír a paz. Cultura para a paz*, Vigo: Educadores pola paz/Edicións Xerais, decembro 1996, 350 pp. (ISBN: 84-8302-060-2).

Ver no apartado I. Narrativa: I. 1. Narradores galegos, deste *Informe*.



Sánchez, Gloria, *A raíña de Turnedó*, ilust. Pablo Otero “Peixe”, Vigo: Edicións Xerais, col. Merlín, serie azul (de 7 anos en diante), novembro 1996, 59 pp. (ISBN: 84-8302-052-1).

Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) presenta un poemario baseado na estrutura das historias encadeadas. Parte da presentación do espazo no que transcorre -o xardín da raíña de Turnedó-, para ir integrando os diferentes personaxes e as funcións que realizan e complicando a historia. A participación dos lectores suxírese mediante a inclusión de exclamacións e onomatopeas que acompañan a cada un dos poemas.



VII.3.1. Dramaturgos galegos

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3. Teatro

VII. 3. 1. Dramaturgos galegos



António, Inma, *Morde-me!!*, A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, col. Teatro nas Aulas, nº 9, 1996, 41 pp. (ISBN 84-89679-10-X).

Inmaculada António (A Coruña, 1968) presenta unha comedia en quince escenas na que aparecen doce personaxes. Todo comeza no Castelo do Coágulo onde se celebra o Congreso Secular Vampirita, presidido por Lucrecia XIII, mais no congreso bótase en falla un grupo de vampiras, as que integran a Liga de Vampiras Liberadas, grupo que loita pola liberación e reestructuración das normas establecidas no reino Vampirita e que exercen unha forte oposición á política de Lucrecia. Despois de moitos enfrontamentos entre os dous grupos, detencións das disidentes, fuga e loita polo poder, convócanse eleccións para aclarar cál dos dous grupos deberá presidi-lo goberno na seguinte lexislatura secular. Na parte final da obra hai unha reflexión da autora para recomendar algunha idea para a posta en escena.



Carballeira, Paula, *Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima*,
ilust. Manuel Uhía, Barcelona: Edebe-Rodeira, col. Tucán, nº 8, abril 1996,
122 pp. (ISBN: 84-8116-588-3).

Esta obra de Paula Carballeira (Ferrol, 1972) está dividida en sete partes nas que se contan as aventuras que vive o Príncipe Laranxa ó longo de fronteiras e mundos máxicos para poder devolverlle a felicidade a seu pai, o Rei Laranxa, que perdeu á súa esposa por non cumprir un pacto. Ademais do pai, ó Príncipe Laranxa tamén lle preocupa o seu porvir, pois se sae victorioso das súas fazañas poderá casar coa Princesa Branca, á que ten como prometida.

Referencias varias:

- Rosa Rodríguez, "Non todo ten que ser branco ou negro, non me gusta o maniqueísmo", *O Correo Galego*, "Pegadas de Hoxe", 20 xullo 1996, p. 48. Conta Paula Carballeira, nesta entrevista, a xénese de *Troulas, Andainas, Solpores e unha farsa anónima*. Comenta que este libro xurdiu nun verán e nel mestura todo o que lle preocupa. Continúa dicindo que coas súas obras sempre "tenta transmitir unha mensaxe máis que ensinar algo, a finalidade é divertir procurando, a un tempo, que o lector capte a beleza do narrar".



Colectivo Garola, *Unha avoa a catro patas, calcetíns e gravatas (¡Escapa que vén a Paca!)*, A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, col. Teatro nas Aulas, nº 7, 1996, 31 pp. (ISBN: 84-89679-08-X).

Obra escrita polo Colectivo Garola no ano 1991 e estreada no mesmo ano polo Teatro-Escola Infantil de Narón (T.E.I.N.A.) e polo grupo infantil de O Seixo no ano 1992, en Narón e Chanteiro, respectivamente. A obra preséntase dividida en oito escenas e nela cóntase a historia de cómo Clementina, a avoa de Susi e Luís, fai desaparecer cun feitizo a Vicentiño, o fillo da veciña que deixara ó seu cargo mentres ela e Amparo, a nai dos outros cativos, foran de compras. O problema xorde cando a avoa e os seus netos se decatan de que aquilo que pretendían que fora unha broma se converte en realidade e terán que facer mil peripecias para que ninguén se decate do que lle pasou a Vicentiño e conseguir tirarlle o feitizo. O libro conta cunha parte final na que se fan unha serie de suxestións e indicacións escenográficas, de atrezzo, mobiliario, vestuario e posta en escena.



Colectivo Garola, *¿Hai gato pechado na caixa de Torcuato?*, A Coruña:

Asociación Socio-Pedagóxica Galega, col. Teatro nas Aulas, nº 8, 1996, 45 pp.

(ISBN: 84-89679-09-X).

Obra en dous actos con oito e tres escenas respectivamente. Escrita en 1992 e estreada polo grupo T.E.I.N.A. no ano 1993 na Mostra de Teatro Infantil "Xeración Nós". Convocado o Vº Certame Internacional de Autómatas Cándido Requena, os dous únicos concursantes históricos, o doutor Triquiñuelas e o doutor Atila, vense sorprendidos pola presenza dun novo e descoñecido concursante, Torcuato Berenxena, que manda ó concurso unha enigmática caixa con ordes estrictas de non abri-la nin tocala. A ansia por averigua-lo que hai agochado na caixa é tal que os dous rivais subornan ó vixiante da sala de exposicións onde se gardan as obras do concurso para estraga-los autómatas dos outros competidores e para averiguar qué hai na caixa misteriosa, pero malia tódalas trampas que fan non conseguirán sabe-lo segredo ata o último minuto do certame. O libro conta cunha parte final na que se fan unha serie de suxestións e indicacións escenográficas, de atrezzo, mobiliario, vestuario e posta en escena.



Labraña, Carlos, M^a Jesús Guillén e Miguel García Cernuda, *A escada*,

VIº Concurso de Textos de Teatro Infantil Xeración Nós, Vigo: Edicións

Xerais/Mostra de Teatro Infantil Galego Xeración Nós, 1996, 54 pp. (ISBN: 84 7507-991-1).

Obra nun só acto que comeza cun limiar metateatral no que os protagonistas da peza deciden xogar ó teatro co fin de obter un premio se conseguen solucionar o problema que se lles propoña no escenario antes dunha hora. O tránsito do mundo real ó mundo ficticio do escenario faise a través dunha escada situada entre o público e o escenario. Unha vez que os protagonistas se atopan no mundo da ficción teatral decátanse de que están nun circo no que acontecen cousas moi estrañas e que a vida do circo corre un grave perigo. Emilio, Loli e Quique deberán confabularse cos membros do circo para detectar a causa de todas as irregularidades que están a pasar e así conseguir salvalo. O libro conta cunha parte final na que os autores dan unha serie de pautas para realizar a montaxe da peza.



Rábade Castiñeira, Constantino, *A historia xamais contada de Branca neves e o Rei Artur*, A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, Col. Teatro nas Aulas, nº 4, 1996, 32 pp. (ISBN: 84-921126-1-1).

Breve comedia nun acto, con dezaseis personaxes e unha sinxela posta en escena. A historia mestura personaxes e o fío argumental do popular conto de Brancaneves e da materia de Bretaña, o Rei Artur, a Demanda do Santo Graal e os cabaleiros da Táboa Redonda. A raíña, confabulada coa bruxa Morgana, asasinou ó Rei, converteu ó príncipe Artur nun zapateiro remendón e destituíu do Consello Real de Menciñeiros á meiga Traamunda e ó Mago Merlín. Cando a raíña é advertida polo seu espello de que xa non é a muller máis fermosa de Ofiusa, víngase en Brancaneves. Os ananos axudados pola meiga Traamunda e polo príncipe vencen á Raíña e restitúen no trono ó rei Artur. Ó final a Raíña e a meiga Traamunda morren, Brancaneves resucita e namórase de Artur. Merlín é restituído no seu cargo de presidente do Consello de Menciñeiros, Morgana foxe e o rei Artur segue cos Cabaleiros da Táboa Redonda na procura do Santo Graal. O libro conta cun epílogo no que Constantino Rábade Castiñeiras (Betanzos, 1952) dá algunhas indicacións para facilita-la posta en escena.



Salgueiro González, Roberto, *Todo é horrible, moi horrible e eu tamén*,

A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, col. Teatro nas Aulas nº 6,
1996, 38 pp. (ISBN: 84-921126-2-X).

Roberto Salgueiro González (Caracas-Venezuela, 1966) dividiu esta comedia en dúas partes. Nelas cóntase a historia de Prot Agónico Pecker, intelectual barato e imbécil radical que vive completamente namorado da súa veciña Leni. Prot descobre que é perseguido, non sabe moi ben por qué, pola Brigada de Hixiene Ética, pertencente á Brigada da Intelixencia Secreta, que conforman tódalas persoas que o rodean, incluso a súa aparente namorada, Leniurga Rodríguez. Consegue zafarse da Brigada e comeza a vivir unha nova vida clandestina traballando no taboado flamenco *O Tulipán Resalao*, ata que finalmente é descuberto de novo e detido pola Brigada de Intelixencia Secreta especializada en subversión e idiotas.



Vidal Bolaño, Roberto, *Touporroutou da lúa e do sol*, A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega, col. Teatro nas Aulas, nº 5, 1996, 54 pp. (ISBN: 84 921126-0-3).

Comedia nun acto ou “farsada choqueira para actores e bonecos, ou viceversa”, como subtitula Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950) a obra. Unha obra que foi representada no ano 1982 polo grupo Antroido. Nela cóntanse as andainas dunha compañía de teatro ambulante formada por Catarina de Siena e Ramiro de Blas que van representando co seu teatriño de bonecos obras para pícaros de pobo en pobo. Chegados a un pobo deciden representa-lo *Touporroutou da lúa e do sol*, peza metateatral pola que se van sucedendo numerosos lances de ton fantástico e simbólico con personaxes xenéricos como o Sol, a Lúa, o Rei dos demos, a Fada, Deus Pai, etc. a través dos que se explican cousas como o nacemento dos días e das noites, os diferentes disfraces do demo, asuntos de tesouros e moitas outras cousas fantásticas.





VII.3. Teatro

VII.3.2. Reedicións

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3. Teatro

VII. 3. 2. Reedicións



Fole, Ánxel, *Pauto do demo*, ilustrado por Guadalupe Hernández, Vigo: Galaxia, colección *Árbore*, nº 92, serie azul, (a partir de 12 anos e para adultos), outubro 1996, 83 pp. (ISBN: 84-8288-087-X).

Trátase dunha obra reeditada no 1996 nunha colección infantil, como homenaxe a Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986). *Pauto do demo*, editada por vez primeira en 1958, constitúe o único achegamento do autor lucense ó mundo do teatro. Esta peza presenta un episodio situado no marco dos costumes da aldea galega, con personaxes e temas tradicionais, como as supersticións, as bruxas, o demo, os espíritos e a maxia, dende unha interpretación na que, por veces, aparece o rexistro do humor popular.



Manuel María, *Barriga Verde*, ed. e introd. Santiago Esteban Radío, Ourense: Galiza Editora, 1996, 95 pp. (ISBN: 84-86129-27-3).

Nova edición desta peza teatral publicada por primeira vez en 1968 en Edicións Castrelos. Na introducción que acompaña ó texto, inclúese unha biografía de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) centrada fundamentalmente no seu labor poético e xornalístico e un estudo sobre a súa produción no que se analizan, entre outros aspectos, as características da obra teatral do lucense: o simbolismo crítico, a ambientación popular e festiva e as alusións a motivos históricos. Menciónanse tamén as influencias oterianas, valle-inclanescas e europeas, a evolución da obra e o claro posicionamento do autor con respecto á lingua galega. Santiago Esteban Radío propón ademais unha clasificación temática, dividindo o teatro de Manuel María en cinco apartados: Dramas de carácter histórico, na liña de Cabanillas e Vilar Ponte -*Abril de lume e ferro*, *Unha vez foi o trebón* e *A lúa vai encoberta*-; Farsas Cómicas destinadas a un público infantil -*Barriga Verde*, *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* e *Auto do Maio esmaiado*-; Autos cómicos, satíricos ou poéticos -*Auto do taberneiro*, *Auto do labrego*, *Auto do mariñeiro*, *Auto da costureira*, *Auto do camiñante*, *Auto de pescador de cana*, *Auto do Castromil ou a revolución dos baúles*, *Auto de Don Gaiferos ou o tránsito iluminado*, *Brevísima farsa de antroido de Outeiro de Rei da Terra Cha*, *Novo entremés famosos da pesca do río Miño*, *Auto do regato do Cepelo*, *Auto transecendental da escola tradicional*, *Auto dos simulados da caravilla* e *Auto do M (enténdase CRDM)*-; Farsa político-social de carácter satírico -*A farsa do Bululú-e Traxedia -Edipo* (inérita). Conclúe esta introducción cun apartado no que se mencionan



as distintas representacións de *Barriga Verde*, cunha proposta de actividades sobre o texto e unha bibliografía que recolle as obras e traballos publicados polo autor da Terra Chá.





VII.3. Teatro

VII.3.3. Postas en escena

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3. Teatro

VII. 3. 3. Postas en escena



Danthea Teatro (1): *O pequeno Frankenstein*, de J. Esteban “Juanillo”.

Dirección e dramaturxia: Carlos Clemente Martínez. Interpretación: J. Esteban “Juanillo”, Carlos Clemente Martínez, Mónica Martínez, Carlos Sante. Escenografía e vestuario: Suso Montero. Iluminación: Carlos Clemente Martínez. Música: Gastón Rodríguez. Son: Miguel A. López Cuba.



Danthea Teatro (2): *O gato con botas*, de Jorge Rey Rivas, sobre un texto de Perrault.

Interpretación: Carlos Clemente Martínez, Eva Sanz, Luís Antonio González, Juan Manuel Pérez. Escenografía: Danthea Teatro. Iluminación: Carlos Clemente Martínez. Vestuario: Isabel Palacios, Carlos Clemente Martínez.



Danthea Teatro (3): *Hansell e Gretell, a casiña de chocolate*, de Jorge Rey

Rivas, sobre un texto dos irmáns Grimm.

Dirección: Carlos Clemente Martínez. Interpretación: Carlos Clemente Martínez, Eva Sanz, Luís Antonio González, Juan Manuel Pérez. Escenografía: Danthea Teatro. Iluminación: Carlos Clemente Martínez. Vestuario: Luísa e Carlos Clemente Martínez.



Danthea Teatro (4): *O principiño*, de Antoine de Saint-Exupery.

Interpretación: Luís Antonio González, Eva Sanz, Juan Manuel Pérez, Isabel Vázquez. Escenografía e vestuario: Suso Montero. Iluminación: Ricardo J. Rodríguez. Música: Carlos Clemente Martínez, J. Esteban "Juanillo".



Escola Municipal de Teatro de Nigrán

Organizado pola concellería de Cultura. Constou de dous cursos de teatro: un infantil, que incluíu xogos varios, contos, adiviñas, rimas, expresión corporal, mímica, exercicios de vocalización, dramatización e escenificación dunha obra curta; outro para para a mocidade e adultos, que incluíu exercicios de relaxación, deshinbición, vocalización, dramatización, expresión oral e corporal, improvisación, elección dunha obra, reparto de actores e colaboración en equipo para a súa realización.



Falcatrúa (1): *O espírito do bosque*, de Esteban Losada.

Dirección: Esteban Losada. Interpretación:
Esther García, Esteban Losada.

-A. Boente, "Obra de teatro el viernes en el Centro Cultural de Porriño", *Atlántico Diario*, 11 xaneiro 1996, p. 18. Nota sobre a posta en escena da obra *O espírito do bosque*, de Esteban Losada, pola compañía Falcatrúa no centro cultural do Porriño. O espectáculo está dirixido polo propio autor da obra. Resalta a importancia dos efectos especiais na posta en escena e ofrece un breve resumo do argumento da peza.



Falcatrúa (2): *O Inspector inspiración*, de Esteban Losada.

Dirección: Esteban Losada. Interpretación:
Esther García, Esteban Losada. Escenografía:
Falcatrúa. Iluminación: Esteban Losada.

-Nacho G. Sas, "O grupo teatral Falcatrúa representa en Viana unha comedia infantil", *La Voz de Galicia* (Edición de Valdeorras), 22 setembro 1996, p. 42. Informa da representación de *O profesor inspiración*, farsa infantil na que a participación do público é fundamental. A actuación forma parte dos Circuitos Culturais organizados polo concello de Viana do Bolo nos que tamén participa o grupo Sarabela Teatro.



Falcatrúa (3): *A fada das rochas contra a tolemia intolerante*, de Esteban Losada.

Dirección: Esteban Losada. Interpretación: Esther García, Estebal Losada, Mercedes Nogueras. Escenografía: Esther García Silva. Vestuario: Ana Castro Pita. Iluminación: Esteban Losada. Son: Mercedes Nogueras.



Factoría Teatro: *¿Cantos contos contas?*, de Xavier Picallo, sobre textos de L. Carroll.

Dirección: Alfredo Rodríguez. Interpretación: César Martínez, Alfredo Rodríguez, Cristina Domínguez. Escenografía, atrezzo e vestuario: Factoría Teatro.

V. Curtas de Teatro
Galego.
V. Semana Cultural de
Cee.



Iº Festival Internacional de Títeres de Santiago

Realizouse os días 1, 2, 3, 4, 5 e 6 de outubro. Foi financiado polo Concello de Santiago, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e por Área Central. Celebrouse na Sala Nasa, o Teatro Principal e o centro comercial Área Central. Participaron os grupos Teatro Kaos (con *Juan Pantera e a garrote dando a nota*), Títeres Cachirulo (con *Xan sen medo contra os Chupa-Contos*), Tanxarina (con *Ah, ah, ah, estamos monstros de risa*), os eslovacos Papilu, a compañía chinesa Yang-Feng, o grupo de Jérez de la Frontera La Gotera de la Azotea e a veneciana Gran Teatro de la Marignara.

V. Teatro
Cachirulo.
V. Teatro Kaos.
V. Tanxarina.



Monicreques de Kukas: *A culpa foi de Mozart*, de Marcelino de Santiago, Kukas.

Dirección: Isabel Rey. Interpretación: Xan Budiño, Nekane Fernández, Marcelino de Santiago “Kukas”, Beatriz Sánchez. Iluminación: Manuel Carballo.

-V. XVª Semana de Teatro de Rianxo.



Mostra de Teatro Infantil. Ferrol

O Ateneo Ferrolán promoveu dúas mostras de teatro infantil coa colaboración da Aula de Cultura de Caixa Galicia e o Concello de Ferrol, respectivamente.



IVª Mostra de Teatro Infantil. Lugo

Organizada polo Concello de Lugo. Nela participaron a compañía teatral “Teatro dell Buratto” que representou no auditorio municipal “Gustavo Freire” da cidade a obra *Sherezade*.



VIIIª Mostra de Teatro Infantil e Afeccionado “Vive o teatro”. Vilagarcía

Patrocinadas pola concellería de cultura do Concello de Vilagarcía. A infantil realizouse dende o vinteseite de maio ó mes de xuño e a de teatro afeccionado no mes de outubro.

-A. D., “Ultiman la VIII Mostra de Teatro Infantil de Vilagarcía”, *Atlántico Diario*, 16 maio 1996, p. 17. Noticia da celebración da mostra “Vive o teatro”, a partir do vinteseite de maio, na que participarán os grupos dos colexios da vila.



IXª Mostra de Teatro Escolar

Promovida polo concello de Cambados para celebra-lo día das Letras Galegas. Nela participaron alumnos e alumnas de tódolos colexios do municipio. Participaron os grupos do colexio “Antonio Madariaga”, o colexio “Salasiano”, o de “Corbillón”, o de “Vilariño” e o de “Castrelo”.

-M. J. D., “O Concello elabora un amplo programa de actos para celebrar as Letras Galegas” , *O Salnés*, 13-26 maio 1996, p. 12. Nova da celebración da mostra organizada polo Concello de Cambados co gallo da celebración da semana das Letras Galegas na que participarán tódolos colexios do municipio. Dentro do programa está prevista a actuación do grupo Soinamoinas coa obra *O achado do castro*, o Colexio Salesiano coas obras anónimas *A terra de Xauxa* e *Preparación dun banquete*, o Colexio Público de Corbillón con *A estatua* de Euloxio R. Ruibal, *O vello Tronco* e *A moncloa*, o Colexio Público de Vilariño coa obra *Un sarope para a tos* e o Colexio Público de Castrelo coa peza *Na taberna*.



**Spaguetti, Teatro de Títeres, *Mancontro, mancontro*, de Marcelino de Santiago
“Kukas”.**

Dirección: Pablo Ruíz de Ocenda.
Interpretación: Arturo López, Mauro
González. Escenografía: Marcelino de
Santiago “Kukas”. Iluminación: Spaguetti,
teatro de títeres. Vestuario: Olga López
Alonso. Música: Scott Joplin, Arlie Shaw.



Tanxarina (1): *Santiago, Santiago*, de Manuel Forcadela.

Dirección, dramaturxia, escenografía e iluminación: Tanxarina. Interpretación: Eduardo Rodríguez, Miguel Borines, Pablo Xiráldez, Silda García, Mundo Sánchez, Salvador del Río, Toni D'Arco. Vestuario: Belén Puentes. Música: Antonio López.



Tanxarina (2): ¡Ah, ah, ah... *estamos monstros de risa*, de Cándido Pazó e Luís Guntín.

Dirección e dramaturxia: Cándido Pazó. Interpretación: Eduardo Rodríguez, Miguel Borines, Pablo Xiráldez. Escenografía e iluminación: Tanxarina. Vestuario: Belén Puentes. Música: Antonio López.



Teatro Buratini: *Historia do pequeno Muck*, adapt. dun conto de Wilhelm Hauff,
trad. e adapt. Teatro Buratini e Luísa Cancelas.

Dirección: Teatro Buratini.
Interpretación: Larritz Urruzola Tolosa.
Escenografía: Teatro Buratini. Vestiario:
Luísa Areán Taboada. Iluminación:
Pablo Suárez Méndez.



Teatro Cachirulo (1): *A busca do tesouro.*

Interpretación: Eva Sanz, Mercedes Castro, Carmen Domech, Pepe Soto, Luís González, Xurxo Rei.

-D. P., "Teatro interactivo para las 'Letras Galegas'", *Diario de Pontevedra*, 28 febreiro 1996, p. 16. Infórmase sobre a preparación por parte da Concellalía de Cultura do Concello de Bueu, dunha obra de teatro interactivo para a celebración do Día das Letras Galegas. A obra, *A busca do tesouro*, será representada polo grupo Cachirulo e consistirá nun reparto de pistas entre os nenos para que eles representen ós personaxes que buscan o tesouro.



Teatro Cachirulo (2): *A bela e a besta*

-Álvaro Agulla, "Numerosos escolares participaron ayer en el Teatro Cachirulo", *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1996, p. 14. Actuación do grupo Teatro Cachirulo no concello de Bueu con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, organizada pola Concellalía de Cultura do Concello dentro dos Circuitos Culturais da Xunta.

-José Miguel López, "Las marionetas consiguieron despertar la sonrisa de los niños de 'Ferradura Aberta'", *El Ideal gallego*, "Noticias de Compostela", 24 xullo 1996, p. 6. Actuación de "Cachirulo" cunha adaptación do conto *A bela e a besta* dentro do programa de "Ferradura Aberta". A obra está recreada a partir de cadros de Picasso. A noticia dá conta do argumento da obra e do éxito da representación.



Teatro Cachirulo (3): *Xoán sin medo contra os chupacontos*, de Xurxo Rei e Carmen Domech.

Interpretación: Carmen Domech, Xurxo Rei.

-Quique Chuvieco, "El grupo Cachirulo inició ayer el primer Festival Internacional de Títeres", *El Ideal Gallego*, 2 outubro 1996, p. 11. Dá conta do inicio do 1º Festival Internacional de Títeres, celebrado no Teatro Principal de Santiago, na Sala Nasa e en Área Central, coa actuación do grupo de títeres galego Cachirulo, coa obra *Xoán sin medo contra os chupacontos*. Informa tamén da actuación dos grupos Tanxarina e Teatro Kaos no festival.



Teatro Cachirulo (4): *A guerra das Galicias. Unha aventura intergaláctica*, de Xurxo Rei.

Guión e Dirección: Xurxo Rei.
Intérpretación: Carmen Domech, Xurxo Rei. Vestiario e Títeres: Carmen Domech.
Pirotecnia: Cachirulo Chou. Música e Efectos: Nacho Sanz. Obradoiro: Santiago Adrio.



Teatro Cachirulo (5): *A illa do tesouro*, de Xurxo Rei, sobre o texto de R. L. Stevenson.

Interpretación: Eva Sanz, Merceddes Castro, Carmen Domech, Luís González, Pepe Soto, Xurxo Rei.



Teatro do Lilo: *O Principiño*, adapt. da obra de Antoine de Saint-Exupéry e *Cómicos e A pelegrina Cristina*.

Director: Mario Roldán. Interpretación: Helena Fernández, Ismael Rodríguez, Mario Roldán, Larraitz Urruzola, Trotis, Pablo Suárez.

-A. D., "Títeres y teatro participativo para los más pequeños", *Atlántico Diario*, 6 xuño 1996, p. 20. Despois de se referir a que o programa festivo da Coca inclúe por primeira vez actos dirixidos a un público infantil, sinala que o grupo de titiriteiros Uргу e Bluff (hoxe Teatro do Lilo) poñerá en escena o sábado a adaptación da obra *O principiño*.

-V. IIª Semana Cultural de Ames no apartado III. 5.



Teatro Kaos: *Kinkon, Amor e crimes de Juan Pantera*, de E. Blanco Amor e *Juan Pantera e a garrota dando a nota* (versión infantil).

Dirección: Amparo Ibarra. Interpretación: Suso Piñeiro, Xurxo Abendaño, Amparo Ibarra. Escenografía: Lito Portela.
Vestuario: Almudena Piñeiro. Música en directo: Juan Tomé "Chani". Composición musical: Manuel Piñeiro. Grafismo: Luisa Santos. Producción: Unha produccion da resistencia.

-D. P., "Sesión de 'títeres' del Grupo Caos de Moaña en el Colegio de Ardán", *Diario de Pontevedra*, 31 maio 1996, p. 19. Breve nota sobre a actuación do grupo Teatro Caos de Moaña no Colexio Público de Ardán cunha obra de títeres

Salvador Rodríguez, "Títeres con cabeza", *Faro de Vigo*, "Fin de semana", 14 xuño 1996, p. 3. Repaso da traxectoria deste grupo xestado por Amparo Ibarra e Suso Piñeiro hai oito anos. Presentan unha versión para un público adulto e versión infantil amais dunhas pequenas notas sobre a súa última montaxe. Trátase do seu cuarto espectáculo e está baseado nas "farsas para títeres de cachiporra" de Blanco Amor. Presentan unha versión para un público adulto e versión infantil da mesma con guión dos



compoñentes do grupo. É unha traxedia rural, chea de violencia, na que aparecen retratados personaxes clásicos de calquera aldea galega. A. Ibarra, de orixe vasca, declara que nos títeres vascos hai unha maior crítica social; en cambio, nos galegos predomina a crítica máis persoal e a ironía. Con todo, o seu espectáculo, creado sen ningún tipo de subvencións, presenta mensaxe social.

-D. P.: "La obra 'Volvendo a casa' inicia hoy la Mostra de Teatro na Pedreira", *Diario de Pontevedra*, 23 xullo 1996, p. 6. Descrito en Teatro Descoñecido no apartado III. 5.

V. Teatro Cachirulo.
V. Mostra de Teatro na
Pedreira.



Teatro Xalgarete: *Don Quiero Carameleiro*, de Pepe Soto.

Dirección: Pepe Soto. Interpretación: Pepe Soto,
Luís González, Eva Sanz. Escenografía: Miguel L.
Soto. Vestuario: Isabel López. Música: Nacho Sanz.



Trécola (1): *Número 8 da rúa dos contos*, de Trécola.

Dirección: Fernando Cabrera. Interpretación:
Rafael Vázquez, Fernanda Cabrera.



Trécola (2): *Gorgorín e Cabezón*, de Uxío Novoneyra.

Dirección: Rafael Vázquez.

Interpretación: Fernanda Cabrera.



Trécola (3): *Son un pasmón peatón*, de Bernardino Graña.

Dirección: Rafael Vázquez.

Interpretación: Fernanda Cabrera.



Trécola (4): *Cóntame un conto*, de varios autores.

Dirección: Rafael Vázquez.

Interpretación: Fernanda Cabrera.





Trécola (5): *Maltraste*



Viravolta (1): *As aventuras do doutor Sabañón*, de varios autores.

Dirección: Colectiva. Interpretación: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Ignacio Vilariño, Anxo García.



Viravolta (2): *O candil marabilloso*, de varios autores, sobre o conto de Andersen.

Dirección: Anxo García. Intrepretación: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Ignacio Vilariño, Anxo García.



Viravolta (3): *Guillermo Tell*, de varios autores, sobre a lenda do mesmo nome.

Dirección: Anxo García. Intrepretación: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Ignacio Vilariño, Anxo García.



VII^{as} Xornadas de Teatro Universitario

-S. Mella, "Comienzan las VII Jornadas de teatro universitario", *Diario 16 de Galicia*, 3 abril 1996, p. 34. Noticia da presentación das xornadas teatrais organizadas pola Universidade da Coruña e nas que participarán os grupos Hipógrifo Violento, Catrabucha ou Baralocas Teatro, con representacións para a infancia e mocidade.

-I. G., "Los universitarios suben a escena en las jornadas coruñesas de teatro", *El Ideal Gallego*, 8 abril 1996. Informa do inicio das xornadas coa actuación do grupo Hipógrifo Violento e dá conta dos outros seis grupos que participan na mostra.

Descrito no apartado III. 5. deste *Informe*.



Outras representacións

-Alacrán Teatro: *O dragón e os globos máxicos*

-Asociación Cultural Ullán de Santa Cruz de Rivadulla: *O rei aborrecido*, de Xesús Pisón.

-A.P.A. C.P. Montel Touzet: *A pousadeira*, de Goldoni.

-Augateba (Aula de Teatro Galego da Universidade de Barcelona): *A man da santiña*, de Ramón Cabanillas e *O xardín deixado ou Como brillan os luceiros do dezanove*.

Colexio Doroteas: *A laranxa máis laranxa*, de Carlos Casares.

Colexio Público A Ínsua Bermúdez: *O coleccionista de sombras*, de Antón Cortizas

Amado.

Colexio Público de Paradai: *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco Amor.

Colexio Público Outeiro das Penas: *Commedia, un xoguete para Goldoni*, de Goldoni e

Ollomoltranvía.

Colexio Público Párroco Don Camilo: *Soño dunha noite de teatro*.



- Compañía do Trinke-Trinke: *O sono do príncipe sincaldo, Centola de Remate, Pasando medo na biblioteca, Unha de ratos na biblioteca.*
- Escola de Teatro Abrente: *Anxélica no umbral do ceo*, de Eduardo Blanco Amor.
- Esperpento: *A cabeza do Bautista.*
- Fanfania Teatro: *O maquinista Antón*, de An Alfaya, dirixido por Helga Méndez García.
 - Grupo de Teatro A Segorella: *Os cravos de prata.*
 - Grupo de Teatro Divina Pastora: *Chorima*, de Esteban Losada Castro.
 - Grupo de Teatro do Colexio A Gándara: *Os anxos cómense crus*, de Jorge Díaz.
 - Grupo de Teatro do Colexio Ferroviario: *O segredo de Daniel*, do Colectivo Garota.
 - Grupo de Teatro do Colexio Sagrado Corazón: *Os apuros dun zapateiro*, de Xosé Molejón R.
 - Grupo de Teatro do Colexio Público de Medeiros: *Unha misión no planeta terra.*
 - Grupo de Teatro do Instituto de Bacharelato Agra de raíces: *A voda de esganarello*, de Molière.

VII.3.3. Postas en escena

Grupo de Teatro do Instituto de Bacharelato Francisco Aguiar: *O testamento do tío Nacho*, de Algels Garriga.

Grupo de Teatro do Instituto de Bacharelato María Soliña: *Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste, dirixida por Antón Lamapereira e Pedro P. Riobó.

Grupo de Teatro do Instituto de Bacharelato Mendiño: *O sorteo de Casina*.

Grupo de Teatro do Instituto de Bacharelato Moncho Valcarce: *A marquesiña encantada*.

Grupo de Teatro do Instituto de Bacharelato Val Miñor, *Anxélica no umbral do ceo*, de Eduardo Blanco Amor, dirixida por Teresa Grande Pieñiro.

Grupo de Teatro do Instituto de Formación Profesional Daviña Rei: *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado.

Grupo de Teatro do Instituto de Formación Profesional de Vilalba: *A*

[? it io](#)



[? itsio](https://www.itsio.com)



Grupo de Teatro Universidade Laboral: *Cando pasen cinco anos*, de García Lorca, dirixida por Ángeles Cuña.

Grupo de Teatro 5º Instituto: *Un sombreiro de palla de Italia*, de Eugene Labiche e Carbó e *Conto de abril*, de Millán Picouto.

Grupo teatral Fiuncho: *Os cravos de prata*.

Grupo teatral Madialeva: *O enfermo imaxinario*, de Molière, dirixida por Mª Xosé Dorado.

-Kikilimón: *A cociña do chef*. V. X^{as} Xornadas de Teatro en Burela.

-Pastor Díaz: *O rei aborrecido*, de Xesús Pisón.

Os picariños: *Festa no xardín*, de Mercedes Nogueras.

Os pícaros: *Unha historia de*, de Mercedes Nogueras.

Os piolas de...: *O disfraz da lúa*, de Elena Mª Vázquez

Vidal.

-Quilómetro Sete: *A moi trágica historia e moi ferida morte de Páramo e Tisbi*.

-Seis dedos: *A media flor e Dueto de fío*, con Ignacio Vilariño e Anxo García.



- Teatro dell Buratto, *Sherezade* (V. Mostra de Teatro Infantil).
- Teatro do Abade: *!Deus unha comedia!*
- Teatro do mar: *A voda de esganarello*, de Molière.
- Varanda. Instituto de Bacharelato Xelmírez 2: *Unha anduriña non fai verán*.
- Xacarandaina: *Carapuchiña vermella* e *Unha viaxe por noutrora*, de Joseph McCandall.
- 1 globo, 2 globos, 3 globos: *O sapo encantado*.



VII.4.1. Monografías e libros colectivos

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

4. 1. Monografías e libros colectivos



Casalderrey, Fina, *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola*

(7 pezas para representar), Vigo: Edicións Xerais, col. Materiais, 1996, 72 pp.

(ISBN: 84-8302-020-3).

Trala xustificación da necesidade da expresión dramática nas escolas como elemento básico dunha educación integral e globalizadora, a autora do libro marca unha serie de obxectivos básicos que se deben perseguir coa posta en marcha da representación das obras que recolle neste libro, nas que o elemento indispensable é o material humano, é dicir, os nenos. Márcanse unha serie de pautas xerais para aborda-lo proxecto. Nas sete obras seleccionadas fanse suxestións para o vestiario e os decorados. Tódalas pezas teñen moitas acoutacións co fin de facilita-la súa montaxe. As obras curtas que recolle o libro son: *Os antollos da Margarida*, *Mamá cabra e os cabuxiños*, *Ir a escola non amola*, *Esta si que che é desgracia*, *Das palabras e dos soños todos somos donos*, *A visita do inspector* e *A consulta do doutor*.



Casares, Carlos, *A vida de Ánxel Fole*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, serie Letras Galegas, nº 94, decembro 1996, 81 pp. (ISBN: 84-8288-093-4).

Libro pensado especialmente para achega-los lectores infantís e xuvenís á vida e obra do escritor lucense Ánxel Fole, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas 1997. Estructurado en 13 breves capítulos, Carlos Casares tracexa nel un completo percorrido pola biografía foleana, dende o seu nacemento en Lugo en 1903 e a súa adolescencia e anos universitarios (caps. 1-6) ata a súa produción narrativa de posguerra e os últimos anos no Lugo natal (caps. 9-13), pasando polo seu labor xornalístico e literario de preguerra e as súas vivencias bélicas (caps. 7-8).



Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *A nosa literatura infantil e xuvenil 1994*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Gálix, col. Guías Culturais, nº 7, 1996, 113 pp. (ISBN: 84-453-1668-0).

Un equipo de traballo, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou e constituído por X. Campos Villar, M. de la Fuente Bralo, C. Horta Ínsua, C. Iglesias González, Juan Lago, M^a X. López Pérez, C. Mora Fernández e F. Paredes Méndez, elabora este catálogo que recolle a produción editorial galega do ano 1994 no eido da literatura infantil e xuvenil. Seguindo unha rigorosa orde alfabética por autores, cada referencia bibliográfica contén unha ficha catalográfica, un breve resumo argumental da obra e unha indicación na que se recomenda a idade do receptor da mesma. Péchase este traballo cuns índices de autores, ilustradores, tradutores, títulos, coleccións, editoriais, idades e xéneros.



VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

VII. 4. 2. Publicacións en revistas



Castro Rodríguez, Montserrat, Rafael Ramos Rodríguez e Jesús Rodríguez Rodríguez, “O libro..., en familia, a animación á lectura no concello de Boiro”, *Revista Galega de Educación*, nº 27, “Experiencias”, xullo-agosto-setembro outubro 1996, pp. 56-59.

Describe unha campaña de animación á lectura destinada ó alumnado de Primeiro Ciclo e levada a cabo en nove escolas unitarias rurais pertencentes ó concello de Boiro. Informa, así mesmo, dos obxectivos da campaña, do contexto no que se levou a cabo, das actividades propostas, da avaliación e dos proxectos para o futuro.



Costa Rico, Antón, “Primera revista pedagógica en lingua galega. As Roladas 2”, *Revista Galega de Educación*, nº 25, “Entre onte e hoxe”, xaneiro-febreiro 1996, pp. 44-45.

Breve comentario sobre a revista *As Roladas-2* publicada polo Movemento Corporativo da Escola Popular Galega. Segundo o articulista, a citada publicación iniciou a súa andaina no outono do ano 1978 e foi concibida como a continuación de *As Roladas*, impulsada no 1920 por algúns galeguistas. Rematou de imprimirse en maio do 1991, despois de nove números, “ademais do primeiro ou cero, máis a separata que recolleu a traducción ao galego dun fermoso texto de Vicente Risco, escrito e publicado en castelán nos anos 50, co título agora de *A vida dos nenos na aldea galega*”. A revista -continúa o articulista- tivo unha tirada de mil exemplares e incluíu artigos sobre a denominada Pedagogía Freinet e as súas técnicas, a creación literaria infantil, o teatro escolar, os obradoiros plásticos e de manualidades, a educación ambiental, a educación especial, a problemática da escola rural e da galeguización, a literatura infantil, entre outros moitos.



Costa Rico, Antón e Manuel **Bragado**, “Unha revista infantil galega (1975-1978). *Vagalume*”, *Revista Galega de Educación*, nº 25, “Entre onte e hoxe”, xaneiro febreiro 1996, pp. 41-43.

Descrición dos obxectivos e contidos da primeira publicación en galego dirixida ó público infantil e titulada *Vagalume*. A revista, coordinada pola mestra Marta García de Leaniz, xurdiu en xaneiro de 1975 coa finalidade de “poñer nas mans dos educadores/as un material formativo en galego, que puidera interesar aos escolares de xeito que en *Vagalume* atoparan un aguillón para se esforzar en ler a súa propia linguaxe”. Na revista incluíronse traballos realizados polos propios escolares, grandes ilustracións a cor, así como “os contos, o cómic, a sección para os máis pequenos, a historia de Galicia, a xeografía, os xogos e os xoguetes populares tradicionais, as matemáticas, a recuperación de textos literarios”, de autores como A. Cotarelo Valledor, Dora e Pura Vázquez, Agrelo Hermo ou Laureano Prieto, entre outros. A continuación infórmase da periodicidade da revista, que empezou a saír con carácter quincenal ata fins de xuño do ano 1975, momento no que pasou a ter unha periodicidade variable ata que desapareceu en maio de 1978, despois de publicar 46 números.



_____, “Os alicerces da edición de literatura infantil en galego (1961-1975)”,
Revista Galega de Educación, nº 25, “Entre onte e hoxe”, xaneiro-febreiro 1996,
pp. 46-47.

Comenta os comezos da literatura infantil en lingua galega no período comprendido entre os anos 1961 e 1975, “catorce anos de esforzos que supuxeron a edición de 40 títulos”. Entre outros cita *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas; *Contos populares da provincia de Lugo* (1963); *O abeto valente* e *O globo de papel*, traducidos ó galego no 1966 por Xohana Torres; *Polo mar van as sardiñas* (1967), de Xohana Torres; *Contos pra nenos* (1968), de Laureano Prieto; *A galiña azul* (1968), de Carlos Casares; *Os sonhos na Gaiola* (1968), de Manuel María; *O león e o paxaro rebelde* (1969), de Bernardino Graña; *Cousas de Xan e Pedro* (1971) e *Miudo e a Campaiña dos grilos* (1971), de Emilio G. Fernández; *Espantallo amigo* (1971) e *O cabaliño de buxo* (1971), de Xosé Neira Vilas ou *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), de Carlos Casares.



Docampo, Xabier P., “Tinta Fresca”, *CLIJ*, nº 82, abril 1996, pp. 37-40 e 76-77.

Xabier P. Docampo nesta sección da revista, titulada “tinta fresca”, fala primeiramente da súa infancia e da débeda cos seus pais en relación coa súa profesión de contista. Despois reproduce unha narración titulada “De cando Sindo enfermou de ludoágoramnesia”, na que se contan as aventuras e desventuras de Sindo, un neno de seis anos, que tivo que encamar por mor dunha enfermidade un tanto rara. Esta narración aparece traducida ó castelán nas páxinas 76-77.



Fernández, Victoria, “Informe: Premios del 95”, *CLIJ*, nº 82, abril 1996, pp. 5, 11-35.

No “Editorial” recórdase que, como tódolos anos, *CLIJ* ofrece con motivo da Feira do Libro de Bolonia un número monográfico dedicado ós premios do ano 1995 no ámbito español. No “Monográfico” fálase de trinta e cinco autores, ilustradores e editores galardoados nas diferentes convocatorias. Entre eles figuran os seguintes galegos e galegas: X.P. Docampo (Premio Nacional de Literatura Infantil, por *Cando petan na porta pola noite*), Marilar Aleixandre (Premio da Crítica Galega, por *Expedición do Pacífico*), Fina Casalderrey (Premio Edebé, por *O estanque dos parrulos pobres*), Ramón Caride (Premio Merlín, por *Perigo vexetal*) e Antón Cortizas (Premio Barco de Vapor, por *Os gritos das illas lobeiras*). Dáse unha breve bio-bibliografía e unha opinión de cada un deles, e un resumo da obra gañadora. Este número monográfico, tamén inclúe a “Lista de honor de *CLIJ* 1995”, que tén como finalidade “la selección de buenos libros, sobre todo a profesores y bibliotecarios, a padres, estudiosos e interesados” na literatura infantil e xuvenil. Esta lista está dividida en seis seccións segundo a idade á que se dirixe a lectura. Nela aparecen seis obras galegas: *Cucho Cacho*, de Darío Xohán Cabana, no apartado “de 0 a 5 años”; *O gato de lá*, de Carlos Domínguez López, no “de 6 a 8 años”; *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez e *Polo correo do vento*, de Aquilino Iglesia Alvariño, no apartado “de 10 a 12 años”; *Sempre quente o sol*, de Antonio García Teijeiro, no apartado “de 12 a 14 años” e *¡Asústate, Merche!*, de Fina Casalderrey, no “de más de 14 años”.



González Barreiro, X. M., “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, nº 26, “Literatura infantil. Libros”, abril-maio-xuño 1996, pp. 76-77.

Informa da publicación dalgúns libros de literatura infantil. Entre outros cita *O estanque dos parrulos pobres* (1996), de Fina Casalderrey, premio Edebé de Literatura Infantil ou *O violín de Auschwitz* (1996), de M^a Angels Anglada, traducido ó galego por Xavier Rodríguez Baixeras na colección Fóra de Xogo de Edicións Xerais de Galicia. Informa, así mesmo, da concesión do premio Rañolas a Agustín Fernández Paz, da convocatoria do premio Merlín de Literatura Infantil ou da publicación da historia da literatura galega en Edicións A Nosa Terra en colaboración coa AS-PG, entre outras novidades.



_____, “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, nº 27, “Literatura infantil. Libros”, xullo-agosto-setembro-outubro 1996, pp. 86-87.

Informa da convocatoria do premio Merlín de Literatura Infantil e da publicación dalgunhas obras en galego: *Historias e algún percance todas ditas en romance* (1996), de Antón Cortizas; *A historia e A néboa escura* (1996), de Xosé Ballesteros, con ilustracións de Carmen Muruve; *O diccionario de Carola* (1996), de Carmen Gómez Ojea e *Leonel* (1996), de Antón Cortizas.



González Gómez, Xesús, “Na procura de Sherlock Holmes”, *Grial*, nº 129, xaneiro-febreiro-marzo 1996, Tomo XXXIV, 1996, pp. 120-123.

Percorrido pola obra de Arthur Conan Doyle con motivo da publicación da colección que Galaxia vén de publicar do autor e que consta dos seguintes títulos: *Un estudio en escarlata/O signo dos catro/As aventuras de Sherlock Holmes/As memorias de Sherlock Holmes* (1995). Analiza as causas da “popularidade pasada e presente” do protagonista das obras, Sherlock Holmes, e salienta os seguintes trazos deste autor: “escritor de raza”, “gran creador de ambientes e atmosferas”, reflexo do “espírito científico -e positivista- que bañou Europa no último tercio do século XIX”, e do encontro “dunhas condicións obxectivas -unha sociedade, burguesa, que necesita unha diversión contra a monotonía da vida- cunhas condicións subxectivas (...) que deron como produto un novo xénero: o relato policial”. O artigo péchase cunha invitación á espera das próximas entregas, remarcando a “intelixencia dos editores ó manterem os mesmos tradutores para toda a saga”, Bieito Iglesias e Manuel Vázquez.



Hernández Cava, Felipe, “Breve historia de la historieta española”, *CLIJ*, “Historieta”, nº 85, xullo-agosto 1996, pp. 12-17.

Para estudia-la evolución da historieta española dende o seu nacemento ata hoxe, establece os seguintes tramos: os creadores, a época dourada (anos corenta), a maioría de idade (anos sesenta) e a euforia das décadas seguintes. En cada un dos tramos dá noticia dos autores e ilustradores de máis nome. Entre os ilustradores citados dos últimos tempos figura o galego Miguelanxo Prado.



J. M. P., “Fina Casalderrey. Premio Nacional de Literatura Infantil 1996”, *Leer* (El Magazine Literario), nº 86, inverno 1996, p. 59.

Breve perfil biográfico da escritora Fina Casalderrey e sucinto comentario sobre algunhas das súas obras. Menciona, así mesmo, os catro premios obtidos pola escritora nos últimos cinco anos: o Premio Merlín no 1991, por *Dúas bágoas por máquina*; o Barco de Vapor no 1994, por *O misterio dos fillos da lúa*; o Edebé Infantil no 1995, pola obra *O estanque dos parrulos pobres* e, finalmente, o Premio Nacional de Literatura Infantil no 1996, por *O misterio dos fillos da lúa*.



López Pérez, María Xosé, “Nogard de Marilar Aleixandre”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 12, “Crítica”, 1996, p. 106.

Salienta en primeiro lugar, os elementos que, na súa opinión, caracterizan a produción literaria de Marilar Aleixandre: creatividade, fantasía, orixinalidade, sentido do humor, preocupación pola ecoloxía e respecto pola natureza. De seguido, refírese ó relato *Nogard* (1994), no que destaca o xogo xa presente dende o título, que proporciona a clave para enteder a historia do dragón. Menciona tamén os aspectos fundamentais da trama argumental e conclúe indicando que a obra contén “tódolos ingredientes dun bo relato de aventuras de grupo: acción, viaxes, compañeirismo, misterio, enfrontamento co mal, risco, medo, exploración e reto”.



López Royo, Raquel, “10 años leyendo”, *CLIJ*, “Bibliografías”, nº 81, marzo 1996, pp. 46-53.

Dá a coñecer cento dez títulos que deixaron algunha pegada nos bibliotecarios e bibliotecarias do Centro Internacional do Libro Infantil e Xuvenil Germán Sánchez Ruipérez de Salamanca. Estes títulos foron motivo dunha “Guía” publicada con motivo de cumpri-lo devandito centro dez anos de existencia, está dividida en once apartados. O apartado denominado “10 para reir”, acolle aqueles libros “divertidísimos”, aqueles libros que, segundo os lectores e lectoras desta “Guía”, “nos han alegrado la vida”. Entre eles figura *As cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín.



Luengo, Rosa, “Literatura infantil e xuvenil: un ano de boa saúde”, *Anuario de estudos literarios galegos*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, xuño 1996, pp. 143-147.

Analiza o panorama da literatura infantil e xuvenil durante o ano 95, sinalando o “estado saudable” que vive esta produción. Salienta os premios acadados por autores galegos como Gloria Sánchez (Premio Edebé) e Xavier P. Docampo (Premio Nacional de Literatura). En canto ás eivas comenta a carencia de teatro e poesía, a importancia da escola como canle de divulgación das obras e a pouca atención por parte da crítica cara ó xénero. Fai un percorrido polas iniciativas editoriais máis significativas do ano 95: a creación da colección Docexvintedous, da Editorial Sotelo Blanco; a Biblioteca Sherlock Holmes da Editorial Galaxia; o cómic *Flores desde Hiroshima*, de Edicións Xerais e a colección A Nosa Historia da Editorial A Nosa Terra. Entre as obras infantís e xuvenís publicadas polas editoriais de ámbito estatal, nomea *O torques de ouro*, de Lourdes Maceira (Edelvives), *Gago por Merenda*, de Xan López Domínguez (Edebé) e *¿E agora que?*, de María M. Vasart (Edebé). Comenta brevemente algunhas das obras publicadas na colección Merlín de Edicións Xerais (*A aventura de Xanzolo*, de Ánxeles Ferrer, *Cantarolas*, de Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas, *Estas rapazas chegarán moi alto*, de Xosé Cermeño e outras moitas). Na Editorial Galaxia, salienta polo traballo de recuperación oral a obra de Henrique Harguindey e Maruxa Barrio, *Contos populares galegos. Animais*, ademais de *O derradeiro bandido*, de Josep Franco e *Espinacas sobre rodas*, de Renate Welsh.



Neira Cruz, Xosé Antonio, “Literatura infantil galega. Libros que traspasan fronteiras”, *Galicia Internacional*, nº 8, 1996, pp. 74-79.

Reflexión sobre algunhas das claves do éxito da literatura infantil galega dentro e fóra das nosas fronteiras. Reclámase un esforzo na tradución dos orixinais galegos a outras linguas para mellora-lo seu coñecemento e, neste aspecto, coméntase a necesidade da colaboración entre a Administración e as editoriais galegas. Inclúe unha pequena entrevista con Xabier Puente Docampo e Fina Casalderrey gañadores, respectivamente, do Premio Nacional de Literatura Infantil 1995 e do Premio Edebé de Literatura Infantil na que se fai unha repaso de todas estas cuestións.



Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), “Bibliografía comentada sobre a literatura infantil e xuvenil en galego no ano 1994”, *Adaxe* (Revista de estudos e experiencias educativas), nº 12, 1996, pp.151-171.

Coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, un equipo formado por Xabier Campos Villar, Mar de la Fuente Bralo, Carmen Iglesias González, Juan Lago, María Xosé López Pérez, Cristina Mora Fernández e Francisca Paredes Méndez, presentan nesta bibliografía toda a información referida á recepción da nosa literatura infantil e xuvenil nos diversos medios gráficos no ano 1994. Estrúctúrase o traballo nos seguintes puntos: Monografías e libros colectivos; Publicacións en revistas; Publicacións en xornais: estudos e recensións; Publicacións en xornais: artigos de opinión; Publicacións en xornais: entrevistas; Publicacións en xornais: presentacións, notas informativas e escritos varios; e Folletos de novidades editoriais. Cada un dos apartados que trata está ordenado alfabeticamente por autores. Á ficha do artigo en cuestión, séguelle un breve comentario que nos ofrece as liñas básicas do mesmo.



_____, “A Literatura infantil e xuvenil en galego dende 1900 a 1950”, *Boletín Galego de Literatura*, “Estudios”, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 77-105.

Blanca-Ana Roig Rechou fai neste artigo un percorrido pola literatura infantil e xuvenil galega na primeira metade do século XX. Analiza polo miúdo nun primeiro momento os medios publicistas que se fan eco das noticias relacionadas co mundo da infancia; as diversas publicacións específicas dirixidas a un lectorado infantil e xuvenil -*El Escolar*, *El Faro de Veiga*, etc.-; a preocupación polo uso do galego nas escolas co xurdimento das Irmandades da Fala; a aparición das primeiras publicacións infantís galegas como *Catecismo de niños y niñas* e *As Roladas* e comenta os primeiros volumes pedagóxicos en lingua galega como o *Método de lectura* (1932), de Xosefa Iglesias Vilarelle. Posteriormente, Blanca-Ana Roig fai un achegamento á produción creativa dedicada ós nenos facendo unha distinción entre literatura de transmisión oral e literatura de autor e dividindo ambas por xéneros. Así, na literatura de autor, describe a narrativa de Evaristo Correa Calderón, Camilo Díaz Baliño ou Xosé Filgueira Valverde, o teatro do mesmo Xosé Filgueira Valverde, ademais da poesía de Emilio Pita.



VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

VII. 4. 3. Publicacións en xornais: estudos e recensións



Acuña, Xoán, “Amor dos quince anos, Marilyn”, *Atlántico Diario*, 2 febreiro 1996, p. 57.

Considera que *Amor dos quince anos, Marilyn* (1995), de Agustín Fernández Paz, é un libro sinxelo, composto por cinco relatos escritos cunha mestura de humor e paixón, no que se rende unha homenaxe ó cinema.



Anido, María Xesús, “Unha imaxe particular do mundo de Jaureguizar”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 24 marzo 1996, p. 6.

Analiza neste artigo distintos temas de *Freedom Spik* (1995), de Santiago Jaureguizar. Sinala a grande liberdade que presenta a obra en relación coa puntuación, co uso da maiúscula e outras cuestións lingüísticas. Salienta o feito de que na obra se intenta reflectir a realidade, o enfrontamento do rural e o urbano, da madurez e a adolescencia, da tradición e a modernidade, para rematar sendo un cadro de pesimismo e desesperanza.



Araújo, M^a Teresa, “A liberdade do individuo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
18 febreiro 1996, p. 7.

Primeiramente reproduce o argumento da obra de Lukas Hartmann, *A brava Sofía* (1995), traducida ó galego no ano 1995 e despois fai ver que o tema da obra é a liberdade do individuo, exposta polo autor en clave infantil.



Castro Erroteta, Xosé M. de, “Dous bos libros de Bernardino Graña e Antón Castro”, *A Nosa Terra*, nº 712, “Guieiro Cultural”, 8 febreiro 1996, p. 23.

Aproveita o comentario de dúas obras de literatura infantil e xuvenil, *A lenda da cidade asolagada* (1995) e *Xan Guindán e os salvaxes* (1995), para reflexionar sobre as limitacións que imponen as editoriais ó publicar obras deste tipo. Segundo o autor do artigo, esta partilla constante “estanos a levar a un minifundismo literario que pode coutar a posibilidade de aparición de grandes obras”. Fai un resumo argumental da novela de Antón Castro, comenta a influencia que recibe de Cunqueiro e sinala, como posible defecto, a dificultade da lingua empregada. Dos contos de Bernardino Graña salienta dúas mensaxes: o ecoloxismo e a necesidade de comunicación entre os vellos e os rapaces, todo isto tratado con certa vocación de denuncia.



Castro R., Xavier, “Xentes, terras e distancias”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
7 xaneiro 1996, p. 7.

Unha reflexión sobre a importancia da lectura para os máis pequenos abre esta breve recensión da obra da escritora austríaca Renate Welsh, *Espinacas sobre rodas* (1995), traducida ó galego por Xosé Reimundo Fernández. O argumento a grandes trazos e o trasfondo temático da obra, a emigración e a xenofobia, completan este artigo.



_____, “Sherlock Holmes”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 18 febreiro 1996,
p. 7.

Dá noticia da nova liña de publicación de Galaxia na que aparecerán nove volumes verquidos ó galego das aventuras do grande detective creado pola pluma de Arthur Conan Doyle, Sherlock Holmes. Comenta a continuación que *Un estudio en escarlata* (1995), obra que abre a serie está a medio camiño entre a novela de inspección e os relatos detectivescos.



_____, “A descuberta do abrente”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 25 febreiro 1996, p. 7.

Artigo que saúda a aparición en Sotelo Blanco dunha colección, “Docexvintedous”, dirixida a un público xuvenil. Comenta Xavier Castro dos dous títulos que abren esta serie, *O abrente é un desatino* (1995), de Xerardo Méndez, e *Todo a cen* (1995), de Jaureguizar, que son obras nas que se reflicte un estilo de vida co que os rapaces se senten plenamente identificados.



_____, “Nova colección para os máis novos en Galaxia”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 17 marzo 1996, p. 7.

Xavier Castro reclama a necesidade de potencia-los textos infantís e xuvenís e dá noticia da nova colección de Galaxia, “O ciclo da vida”, dirixido ós máis pequenos. Trátase, en opinión do crítico, dun vehículo de aprendizaxe tanto no eido da lingua e a literatura coma no do medio natural, que emprega ó gato, ó raposo, ó pingüín e ó rato como protagonistas dos catro títulos que se publicaron o pasado ano baixo a responsabilidade de Teresa Durán.



_____, “Ciencia, terra e futuro”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 30 xuño 1996,
p. 9.

O labor literario de Ramón Caride no pasado ano é o primeiro tema que trata Xavier Castro. Sinala a continuación os distintos terreos nos que se move este autor “con soltura e axilidade”, especialmente na narrativa e na poesía. Respecto á súa obra, *Perigo vexetal* (1995), comenta o crítico que é unha noveliña de futuro onde se mestura o fantasioso co lirismo do sentimento humano. Por último, destaca a motivación por parte do autor dunha progresiva conciencia e compromiso dos rapaces co medio.



Chao, Ignacio, “As idades do lector”, *El Mundo*, 14 xaneiro 1996, p. 5.

Comentario sobre a obra de Jaureguizar *Todo a cen* (1995) na que o crítico reflexiona sobre o baixo índice de lectura dos máis novos e a necesidade de ver reflectido o seu mundo nos libros. Afírmase tamén que non debe importar tanto a idade do lector coma a calidade do produto e que en ningún caso un estilo pobre, xergal e superfluo será o motor que anime ós máis novos a ler.



Domínguez, X. M., “Perigo vexetal”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 17 marzo 1996, p. 16.

Na novela de Ramón Caride Ogando, *Perigo vexetal* (1995), destaca a dimensión temporal da obra -onde se combina a perspectiva histórica, a do pasado, coa perspectiva da ficción, do posible- nunha narración que unifica tradición, presente e futuro. A historia, contada por uns nenos do futuro ós nenos do presente, está enfocada cara a un público infantil ou xuvenil pero, en realidade, pode agradar ó lector de calquera idade.



Freire, Xosé Manuel, “Todo a cen”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXV,
10 febreiro 1996, p. 3.

Xosé Manuel Freire refírese á novela de Jaureguizar, *Todo a cen* (1995) afirmando que “É un auténtico misilazo” e explica, a seguir, que iso non se debe unicamente ó título dos capítulos, que son nomes de misiles, senón tamén á linguaxe directa e sen sometementos na que esta obra está escrita. Continúa o crítico cualificando ó libro de “moderno” e sinalando que se converte no reflexo dun mundo cun sistema de valores en crise, constituíndose así nunha “novela contundente e de consumo inmediato”. Remata X.M. Freire apuntando a influencia do cine e da música na narración.



_____, "Cara á fin da luz", *Faro de Vigo*, "Faro das Letras", nº CXVIII, 16 marzo 1996, p. 4.

Encadra Xosé Manuel Freire a Carlos Vila Sexto na xeración dos "novísimos" e, a seguir, analiza a súa segunda novela en galego, *Cara á fin da luz* (1995). Afirmo o crítico que o autor repite algunhas claves expresivas da súa primeira obra pero que, ó mesmo tempo, avanza no tratamento temático e no emprego do idioma. Sinala tamén diversas influencias presentes na obra tales como o cine, a música e a literatura fantástica, e algúns dos elementos caracterizadores da mesma como son o sometemento da imaxinación ó servicio do lector, o misterio, o desacougo, as dualidades enfrontadas e, sobre todo, a cor. Remata X.M. Freire apuntando que este libro constitúe "a reclamación firme, dende a imaxinación, a fantasía e a xuventude de Carlos Vila Sexto para ocupar un espacio nas nosas letras".



_____, “Eu e os meus colegas”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXX,
29 marzo 1996, p. 3.

Comentario da obra conxunta de Aidan Mcfarlane e Ann Mcpherson, *Eu e os meus colegas* (1995), no que se indica que estes autores están especializados en literatura informativa para adolescentes. Respecto ás súas anteriores entregas sinala o crítico que poden ser consideradas como capítulos anteriores desta novela. Salienta X.M. Freire a narración en primeira persoa e a redacción próxima á reportaxe xornalística. Por último, sinala que este é un libro “funcional” pero ademais “un libro de lectura entretido”.



Martínez Bouzas, Francisco, “O alén”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 106, 2 maio 1996, p. 6.

Recensión do libro de Antón Castro *A lenda da cidade asolagada* (1995). Trátase, segundo o crítico, dunha historia na que se recrea un mundo de lenda con grande naturalidade. Indica que a relevancia vén do mundo dos soños do protagonista, por onde desfilan as criaturas e seres míticos que compoñen a mitoloxía galega e que a isto se engade unha riqueza léxica de grande calidade. Cuestiónase ademais a inclusión deste libro nunha colección de literatura infantil ou xuvenil que, na súa opinión, provoca que pase inadvertido.



_____, “O cine, ese soño”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 133,
14 novembro 1996, p. 6.

Comentario conxunto de dous volumes publicados por Edicións Xerais para celebra-las efemérides do centenario do cine: *Narradores de cine* (1996) e *Amor dos quinze anos, Marilyn* (1995), de Agustín Fernández Paz. A propósito deste último, sinala o comentarista que o fío dunha sorte de historia policial sérvelle ó autor para executar un garimoso percorrido polas señardades que os mundos filmados deixaron nos pousos da memoria.



Monteagudo, Teresa, “Un relato de lectura amena”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 14 xaneiro 1996, p. 7.

Indícase a estrea dunha nova colección de Edicións Xerais que inaugura o libro *A sombra cazadora* (1995), de Suso de Toro. Coméntanse aspectos argumentais e dos personaxes, ademais de se dicir que o texto ten unha vertente didáctica e a intriga do relato aparece vinculada coa posmodernidade.



R. G., “Unha pluma liviá descobre a entrada ó mundo dos contos”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 55, 14 marzo 1996; p. 6.

Neste comentario sobre o libro de Xavier López Rodríguez, *Unha pluma liviá* (1995), faise referencia a que o autor relata a teima dunha nena que quere entrar nos contos e vivilos dende dentro xunto cos demais protagonistas. Desta maneira, comenta o crítico, descobre o fantástico mundo do seu redor e, pouco a pouco, vai desvelando algúns dos pequenos misterios que a inqedan.



Raña, Román, “Dúas obras de Antonio García Teijeiro”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXIX, 23 marzo 1996, p. 3.

Coméntanse dous dos últimos títulos publicados por Antonio García Teijeiro: *Lueiro de papel* (1995), un libro de poesía infantil moi influenciado polas “gregerías” de Ramón Gómez de la Serna e traspasado pola poética hilozoísta de Amado Carballo e *Sempre quente o sol* (1994), un conxunto de catro relatos, dirixido, igual có anterior, á mocidade e protagonizado por rapaces novos, seres en permanente conflito coa súa idade -da adolescencia á primeira madurez- e a súa condición.



Rodríguez, M., “Un par de mosquitos moi ecoloxistas”, *La Voz de Galicia*,
“*Revista de Cultura*”, ano I, nº 45, 4 xaneiro 1996, p. 6.

Saliéntase o argumento do libro *A disco ecoloxista* (1995), da profesora Concha Blanco, que relata unha pequena historia protagonizada por dous mosquitos que viven cansos de estar sempre agochados para non ser exterminados polo home, por iso un bo día deciden ir ó bosque onde pasarán divertidas aventuras. Na opinión de M. Rodríguez, Concha Blanco aproveita esta historia para sensibilizar ós rapaces da necesidade de respecta-lo medio ambiente e conserva-la natureza.



Soto López, Isabel, “Un novo título de Barco de Vapor”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 14 xaneiro 1996, p. 6.

Comentario sobre a novela da autora inglesa Ethel Turner, *Sete rapaces australianos*, que no ano 1995 foi traducida ó galego. Coméntase a trama argumental da obra e salientase que se trata dun divertido relato de aventuras, na liña das familias numerosas ou das pandas de rapaces, que amosa unha concepción clásica da peza manifestada nas constantes intromisións da narradora que deixa ve-la súa propia ideoloxía e emite constantes xuízos sobre os personaxes.



Varela Sieiro, Jaime, “A amizade sin prexuízos”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
3 marzo 1996, p. 7.

Anota que o libro *Espinacas sobre rodas* (1995) da escritora austríaca Renate Welsh é a primeira novela que se lle traduce ó galego. Despois de facer un repaso pola trama argumental faise referencia á temática, da que se di que aborda asuntos de actualidade relacionados coa problemática social, superables co concepto de amizade.



VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

VII. 4. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas



Costa Clavell, Xavier, “O ciclo da vida”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 26 marzo 1996, p. 3.

Refírese á calidade da colección infantil da Editorial Galaxia, “O ciclo da vida”, e ós títulos *O pingüin*, *O raposo*, *O gato* e *O rato*, todos eles publicados en 1995. Salia o labor da autora, Teresa Durán, e as ilustracións de Marie-José Sacré, Fiona Moodie, Alessandra d’ Este e Sita Jucker, respectivamente. Comenta tamén a intencionalidade pedagóxica destes volumes que, aínda que dedicados ó público infantil, proporcionan coñecementos sobre a vida destes animais ós adultos e resultan gratificantes como lectura. Anuncia a próxima publicación de novos títulos, *A galiña*, *O oso branco*, *A bolboreta* e *O xibón*.



Freixanes, Víctor F., “Fina Casalderrey”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”,
9 novembro 1996, p. 8.

Tras salienta-lo bo recibimento e a boa fortuna que están a te-los escritores galegos fóra do noso territorio e nomear algúns dos distinguidos con galardóns nestes últimos anos (Paco Martín, Xavier P. Docampo, Alfredo Conde, Agustín Fernández Paz, Antón Cortizas) e outros que están a ser traducidos a outras linguas como Francisco Alonso, Manuel Rivas, Suso de Toro, Carlos Casares, Méndez Ferrín, Xavier Alcalá e Marilar Aleixandre, dedica unhas eloxiosas palabras a Fina Casalderrey, elixida Premio Nacional de Literatura Infantil pola súa obra *O misterio dos fillos de Lúa* (1995). Cre que o valor fundamental da súa produción reside na “capacidade para contar historias, clariñas e polo dereito, como gostaba de recomendar Álvaro Cunqueiro, tiradas do mundo que mellor coñece, moi especialmente o dos nenos e adolescentes, cunha admirable capacidade de observación (...) e unha humildade pouco común, compensada pola súa teimosa e irresistible vocación de escritora”. Salienta tamén a importancia da nosa literatura infantil nestes anos, que está a crear un espacio novo e lectores abertos a outro mundo “aberto” e “ilusionante”.



García-Bodaño, Salvador, “Literatura infantil e xuvenil”, *El Correo Gallego*,
21 xaneiro 1993, p. 3.

Salvador García-Bodaño, a raíz da celebración das VI^{as} Xornadas do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil, fai un percorrido polo labor desenvolvido por asociacións, autores, editoriais, ilustradores e especialistas neste sector da nosa literatura. Tras unha breve exposición do que será a celebración das devanditas xornadas, García-Bodaño louva a “axilidade técnica e a altura intelectual” da obra galardoada co VIII^o Premio Rúa Nova, *A sombra da torre* (1995) de Felipe Riola Parada. O autor salienta a “boa disposición” da Fundación Caixa Galicia no apoio ás iniciativas deste eido. Atopámonos pois “ante un reconfortante panorama literario dirixido á nosa mocidade que nos permite enxergar un horizonte aínda máis prometedor”.



Seixas Seoane, Miguel Anxo, “Consellos xerais”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”,
8 xaneiro 1996, p. 3.

Comentario sobre o contido do folleto “Dez consellos para escoller ben un libro infantil”, publicado por Edicións Xerais de Galicia. O articulista informa de que, nas letras galegas, hai máis de 1600 títulos de literatura infantil, o que supón o 53% da produción editorial galega anual.



VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

VII. 4. 5. Publicacións en xornais: entrevistas



C. F., “Conto os tempos de desarraigo nos que vivimos”, *La Voz de Galicia*
(Edición de Ourense), 25 febreiro 1996, p. 38.

Entrevista a Xerardo Méndez, a propósito da publicación do seu segundo libro *O abrente é un desatino*. O escritor comenta a obra de ambientación xuvenil que conta unha historia de desarraigo. No mesmo artigo e baixo o título “Cos principios non se come”, resposta a cuestións relacionadas co libro e sobre a situación da literatura galega e a posición do escritor.



Feijoo, Raquel, “Perigo vexetal, de Ramón Caride Ogando. Para min, escribir é vivir”, *La Región*, 9 febreiro 1996, p. 11.

A medio camiño entre a entrevista e o comentario crítico, neste artigo Raquel Feijoo conversa con Ramón Caride Ogando sobre a súa primeira obra para un público infantil, *Perigo vexetal* (1995), un libro do que o seu autor apunta que “funciona a dous niveis: como un libro de aventuras, e pode dar lugar a cuestións importantes”. Remata a articulista anunciando unha nova entrega deste escritor coas aventuras dos mesmos personaxes da presente obra.



García, Rodri, “Xabier P. Docampo: Fálase mal dos premios hasta que che dan algún”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano I, nº 45, 4 xaneiro 1996, p. 5.

Entrevista con Xabier P. Docampo, gañador do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil coa súa obra *Cando petan na porta pola noite* (1995), na que comeza insistindo na case inevitabilidade de ser el escritor debido ó seu lugar de nacemento, para pasar a falar dos premios, da dicotomía escritor-profesor e da literatura infantil e xuvenil: A este respecto defende que ninguén le tanto como os nenos e, por último, destaca a importancia da literatura como lecer e non só como obriga.



Gil, Francisco J., “Los Gordibolas son personajes que nacen con vocación de dibujos animados”, *Faro de Vigo*, 19 agosto 1996, p. 24.

Entrevista con Xosé Ballesteros creador, xunto coa ilustradora Carmen Merea, dos Gordibolas, serie de personaxes que abren unha nova colección en Edicións Xerais. O escritor conta cómo coñeceu á ilustradora e cómo xurdiron estes personaxes. O autor sinala que, pese a que despois de escribir unha novela realista como *Talego* parece un pouco chocante pasarse á literatura infantil, nos últimos anos traballou intensamente en campañas de animación á lectura para os máis pequenos e polo tanto tivo moita vinculación con este terreo. Fala tamén da creación dun microcosmos propio e da idea de concibir uns personaxes de ficción que prolonguen a súa existencia ó longo do tempo, así como da posibilidade de crear unha serie de debuxos animados a partir desta idea. Para finalizar, Ballesteros comenta os seus proxectos que pasan por volver á narrativa.



J. C., “A nosa literatura infantil é a máis viva de España”, *La Voz de Galicia*, “Especial”, 23 maio 1996, p. 7.

Xabier Docampo, Premio Nacional de Literatura Infantil e primer Premio Rañolas, fala nesta entrevista do bo momento que vive a literatura infantil en Galicia que se confirma cos premios. Considera que é a literatura máis viva e dinámica e que se ve favorecida polo acceso dos nenos á literatura galega nas escolas e lamenta que non exista unha maior tradución a outras linguas do estado. Alude tamén a que a pertenza de cada persoa a unha cultura determinada ocasionou que en Galicia, por unha serie de circunstancias sociopolíticas, nacesse a posibilidade de que os nenos galegos tivesen acceso á literatura galega e á creación dunha demanda de libros, avalada polo desenvolvemento dunha parte da industria.



_____, “Hoxe hai máis poesía nas letras de rock que nos ambientes académicos”, *La Voz de Galicia* (Edición de Terras de Lemos), “Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil”, 24 maio 1996. p. 41.

Entrevista con Antón Reixa quen exerceu como pregoeiro da “Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil” celebrada en Chantada. Reixa sinala que apoia a celebración de actos similares pois gracias a un ambiente festivo acércanse máis os libros ós nenos, critica o argumento de que coas novas tecnoloxías as persoas lean menos e lembra as súas lecturas infantís. Por último, o xornalista ofrece un breve resumo do pregón pronunciado por Reixa.



_____, “Se non logramos o apoio necesario faremos a Feira do Libro noutro sitio”, *La Voz de Galicia* (Edición de Terras de Lemos), 6 outubro 1996, p. 43.

Entrevista con Manuel Figueiras Fernández, principal promotor da Feira do Libro Infantil e Xuvenil que se celebra anualmente en Chantada, na que nos fala dos principais problemas, especialmente de índole política, cos que se atopa a celebración de dito evento.



Neira Cruz, Xosé A., “Gloria Sánchez, la autora en su laberinto”, *La Voz de Galicia*, 26 xaneiro 1996, p. 42.

A carón de certas vivencias persoais da autora, faise alusión á súa experiencia literaria, a respecto da cal afirma que a consecución do Premio Merlín en 1990, supuxo empezar a crer nas posibilidades do que escribía. Alúdese a unha nómina de títulos que constitúen o seu periplo literario, que desembocou recentemente na consecución do Premio Edebé. Di tamén que cada vez se publican máis e mellores libros de poemas para nenos.



Nemo, P., “Fina Casalderrey. Escribir é unha droga”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 89, 10 novembro 1996, p. 6.

Entrevista con Fina Casalderrey na que esta confesa que non está de acordo con que a nosa literatura sexa ruralista ou rexionalista, xa que, segundo ela, tódolos grandes escritores foron rexionalistas. A respecto da literatura infantil, di que é unha mágoa que haxa libros que non cheguen ós adultos, xa que hai moitos que poden te-la mesma profundidade que calquera outro.



Otero, M., “Miguel Vázquez Freire, presidente da Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil. Hai que poñerlle pernas ós libros”, *La Voz de Galicia*, 2 novembro 1996, p. 38.

Miguel Vázquez Freire, presidente da Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil (G.A.L.I.X.), considera que a produción de literatura infantil e xuvenil galega é valiosa en cantidade e calidade. A continuación, di que este é o ámbito máis dinámico da produción editorial galega pola demanda escolar, que actúa como motor de mercado e que ocasiona que haxa xéneros mal atendidos e outros de máis. Di tamén que a boa obra de literatura infantil ou xuvenil é a que non se lle cae das mans ó lector adulto. Na súa opinión os pais teñen que ofrecer alternativas ós rapaces fronte á tecnoloxía da imaxe, que conquista ó rapaz sen esforzo.



Porteiro, María Xosé, “Xosé Ballesteros. Hai que provocar ós rapaces para que escriban, democratizar a escrita”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano I, nº 47, 18 xaneiro 1996, p. 5.

Xosé Ballesteros, quen afirma a súa vocación poética e a súa condición de lector infatigable, a respecto do mundo dos máis novos, di que hai que democratiza-la escrita, provocar ós rapaces para que a practiquen e deste xeito se acheguen e comprendan mellor a literatura. De Vigo di que é unha cidade literariamente moi rica e que volverá ser escenario para outra novela súa.



_____, “Ramón Caride Ogando. O escritor non é máis ca un autor representando un psicodrama cos personaxes”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano I, nº 48, 25 xaneiro 1996, p. 5.

Despois de realizar un percorrido pola súa produción, Ramón Caride reflexiona sobre a literatura galega e sostén que está demasiado pegada á realidade e ó pasado, mentres que el di preferi-lo futuro ou a literatura infantil. Manifesta que na literatura galega hai algúns narradores moi eficaces que aínda hoxe non están no lugar que lles corresponde. No que se refire á súa escrita di que pretende saca-la parte escura da persoa e facer aflora-lo bo que ten.



_____, “Paco Martín. Un escritor deberá conformarse cun par de lectores bos”,
La Voz de Galicia, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 53,
29 febreiro 1996, p. 5.

Deste escritor lucense sinálase que se ten atrevido con case tódolos xéneros literarios, ó tempo de se indicaren algúns dos variados premios que ten conseguido na súa carreira como creador. Sen embargo, el mesmo manifesta que o seu personaxe de Ramón Lamote ten escurecido algo o resto da súa produción, debido ó grande éxito que conseguiu. Tamén pon de relevo a súa devoción polo relato breve e o seu gusto polo mundo do ensino.



_____, “Concha Blanco. O lector faise na infancia”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 70, 27 xuño 1996, p. 5.

Concha Blanco remarca como característica principal da literatura infantil a adecuación tanto temática coma vocabular á hora de escribir, dado o público potencial ó que vai dirixido. O auxe deste tipo de literatura débese, na súa opinión, á lectura na escola. Logo de se facer alusión a algunha das súas obras, conclúe dicindo a escritora que non comparte a idea de que haxa unha escrita propia de mulleres. Tamén di non se sentir condicionada á hora de crear porque o protagonista dunha historia sexa un neno ou unha nena.



_____, “Xosé María Álvarez Cáccamo. A poesía é un exercicio catártico”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 71, 4 xuño 1996, p. 5.

Afirma o escritor que a narrativa infantil é un campo moi próximo ó da poesía por ter que adoptar unha posición moi semellante, e ter que descubrir tamén a outra cara da realidade. Sinálase que a súa vocación de dedicación á poesía se pon de manifesto dentro do grupo de autores da xeración dos 80, a respecto da cal exerce a súa incontestable defensa. Reclama, á súa vez, a necesidade de seguir facendo poesía política, dado que os problemas da actualidade esixen do poeta unha actitude vixiante e de protesta.



_____, “María Victoria Moreno. Eu estou sempre cos perdedores”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, “Corte e Confección”, ano II, nº 78, 22 agosto 1996, p. 5.

Desta escritora da que se desvela a súa orixe cacereña indícase se-la autora que máis vende literatura para rapaces. Tamén os seus inicios na literatura galega logo de gañar varios premios, algúns deles con obras en castelán. Á carón doutras consideracións de orde persoal, M^a Victoria Moreno alude á súa concepción sobre o éxito na sociedade actual e relata a anécdota que a impulsou a escribir en galego.



Regueira, S., “Con el Premio Nacional sigo siendo una maestra, sólo que más ocupada”, *Faro de Vigo*, 6 novembro 1996, p. 24.

Co Premio Nacional como fondo, a escritora Fina Casalderrey contesta ás preguntas que S. Regueira lle formula sobre a súa experiencia na escrita. Opina que o panorama da literatura infantil galega é moi esperanzador xa que, en contraposición coa situación de hai uns anos, hoxe é novidade non que os nenos lean, senón que se pense neles cando se trata de libros. A continuación fala das súas obras *O misterio dos fillos de Lúa* (1995), que toma como punto de partida á súa propia gata, e *Asústate Merche* (1994), no que profunda no mundo da adolescencia. Destes títulos e do resto da súa produción saca a conclusión de que a obra dun autor é o resultado das súas experiencias, vida, historia e profesión. Das etiquetas de literatura rural ou urbana estima que o importante en literatura é contar unha boa historia e contala ben, e afirma que non se pode escribir unha historia “rural” ou “urbana” de oído, posto que só é posible abordar con honestidade un tema coñecido por vivido ou observado. Polo que respecta á súa situación persoal, despois de ter gañado catros dos premios mais importantes de literatura -o Merlín, o Barco de Vapor e o Edebé, ós que hai que engadi-lo Premio Nacional deste ano- di que segue con máis ganas de escribir que nunca e que continúa a ser unha mestra, aínda que máis ocupada que antes.



Rodríguez, M., “Eso de la literatura infantil y juvenil es sólo una falacia comercial”, *La Voz de Galicia*, 25 abril 1996, p. 7.

Entrevista co escritor Juan Farias, que acaba de publica-lo seu libro *Crónicas de Media Tarde*. Afirmo que a literatura infantil e xuvenil non é máis que unha estratexia de tipo comercial. Na súa opinión, existe unha literatura clara e outra escura, “lo que leen los niños es la clara. No hay libros para niños. Un niño es sólo un estado de ánimo”.



VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica

VII. 4. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios



A. G. N., “Antón Fraguas presentó el libro *O mar*, especialmente dedicado a los niños”, *Diario de Pontevedra*, 24 setembro 1996, p. 23.

Informa da presentación do libro *O mar*, adaptado por María Xosé Fernández sobre un texto orixinal de Lino Lema. Inclúe este traballo dentro do convenio de colaboración asinado entre o Museo do Pobo Galego e Caixavigo. O director do museo, Antón Fraguas, anuncia neste acto a próxima exposición que se celebrará na antedita entidade.



A. O., “Un libro es para toda la vida”, *La Voz de Galicia*, “Sugerencias”, 5 xaneiro 1996, p. 36.

Breve comentario no que se recomenda a lectura e o regalo de libros infantís ós nenos e nenas. Remata o artigo citando algunhas coleccións de libros infantís e xuvenís en galego como Os Piratas e Gran Angular, de S.M.; Árbore, da editorial Galaxia; Merlín e Xabarín, de Edicións Xerais de Galicia, etc.



Álvarez, Serafín, “Os libros da Rúa Nova”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 31 xaneiro 1996, p. 2.

Con motivo do 22º aniversario da Biblioteca Infantil e Xuvenil Nova 33, afírmase que a citada entidade naceu para ofertar un espacio propio ós lectores máis novos. Hoxe non só é unha biblioteca, senón tamén un clube, o Clube 33. Entre as actividades que organiza inclúese unha revista -*Garabatos*-, talleres de prensa, teatro, creación literaria e información bibliográfica, exposicións de libros, a Hora do Conto -mergullamento no mundo da ficción a través de xogos e narracións improvisadas- e o premio Rúa Nova de narracións infantís e xuvenís. Segundo o director da biblioteca, X. Victorio Nogueira, “o importante é ofrecer un referente bibliográfico sobre calquera aspecto da vida e do mundo e valora-la literatura como fonte de lecer e aprendizaxe”. Nova 33 está a “aportar á literatura infantil e xuvenil novos horizontes en Galicia”.



B. M. A., “La jornada de ayer se dedicó a la poesía y a la narrativa infantil gallega”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), “Feria del Libro”, 6 xullo 1996, p. 43.

Os escritores Antonio García Teixeiro e Fina Casalderrey participaron na xornada dedicada á literatura infantil na Feira do Libro celebrada en Vigo. García Teixeiro afirma que el busca que o lector sexa cómplice dos seus libros e que non se pode considera-la literatura infantil como un subxénero. No mesmo artigo e baixo o título “Fina Casalderrey afirma que utiliza la escritura para olvidar los miedos de su niñez”, a escritora comenta que os seus libros poden ter diferentes lecturas segundo as idades dos lectores; non cre que exista unha literatura para nenos e outra distinta para adultos.



Barral, I., “La Biblioteca ‘Nova 33’ iniciará este mes un nuevo seminario de literatura”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 11 xaneiro 1996, p. 8.

Dá conta das actividades previstas para o Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil organizado pola Biblioteca “Nova 33”. Informa que os temas centrais serán a literatura infantil e xuvenil inglesa ademais da poesía infantil e popular. De entre os participantes, salienta a presenza de Xosé Antonio Neira Cruz, Xabier P. Docampo e Federico Martín.



Boente, Anxo, “Asociación del libro infantil y juvenil de Ponteareas”, *Atlántico Diario*, 6 novembro 1996, p. 13.

Informa da celebración dunha nova edición do “Salón do Libro Infantil e Xuvenil”, organizado pola Biblioteca Municipal de Ponteareas. Nel, baixo o título “De cine”, recóllese unha ampla mostra de libros infantís e xuvenís adaptados ó cine ou que están inspirados na arte cinematográfica.



C. F., “Estou orgulloso de ser desde hai moito tempo un escritor todoterreo”,
La Voz de Galicia, 7 febreiro 1996, p. 6.

Informa da presentación de *Perigo vexetal*, terceiro dos libros que Ramón Caride Ogando escribiu no 1995. Recolle unhas declaracións nas que o autor ourensán comenta a súa inclusión dentro dos escritores “todoterreo”, que os estudiosos xustifican na variedade xenérica da súa obra. Fala do cambio que observa ó pasar duns xéneros a outros, das obras para un público infantil e xuvenil, dos proxectos de futuro e da relativa importancia que lle concede ós premios literarios.



Castro, Paula, “Poesía e xogos tradicionais morren cos nosos vellos”, *A Nosa Terra*, nº 710, “Guieiro Cultural”, 25 xaneiro 1996, p. 21.

A Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil -G.A.L.I.X.-, a Biblioteca Nova 33 e a Aula de Cultura de Caixa Galicia patrocinan o Vº Congreso de Literatura Infantil e Xuvenil que se está a celebrar en Compostela. O Congreso centra esta edición na produción poética galega tanto tradicional coma contemporánea, xénero que segundo eles segue a ser de “consumo minoritario”. Para o escritor Antón Neira, a poesía infantil “non calla porque os nenos descoñecen ou non están habituados” ós códigos poéticos e as editoriais e os mestres “priman a narrativa”. A crise acentúase na poesía tradicional e nos xogos infantís, debido ó papel castelanizador da escola e a televisión. O grupo de pandereiteiras Leilía interviu no congreso presentando exemplos de xogos infantís recollidos en distintas zonas de Galicia. O Congreso rematará coa intervención de Federico Martín Nebras cunha escolla de Cancións Populares e un recital poético a cargo de “destacados poetas galegos”.



Chuvienco, Quique, “Nova 33’ continúa con las aventuras de Simón Martel, primer cómic gallego”, *El Ideal Gallego*, “Noticias de Compostela”, 20 xaneiro 1996”, p. 10.

Informa sobre a quinta edición das Xornadas de Literatura Infantil e Xuvenil organizadas pola Biblioteca Nova 33. Comenta que este ano están centradas na literatura anglosaxona e na poética para a infancia e a adolescencia, e nomea os participantes máis importantes. Como celebración dos 100 anos do cómic, Nova 33 publica o segundo número das aventuras de Simón Martel, unha banda deseñada ambientada en Galicia e de produción propia.



D. P., “Día Internacional del Libro Infantil, homenaje a Andersen”, *Diario de Pontevedra*, 2 abril 1996, p. 8.

Comenta as actividades que leva a cabo a Aula de Teatro de Vigo co gallo da celebración do “Día Mundial del Libro Infantil”. Trátase dunha sesión de “Contacontos e animación teatral” coa que se pretende achegar á infancia pontevedresa a figura e a obra de Hans Christian Andersen. Informa das entidades que colaboran nestes actos e salienta a presenza do profesor Federico Martín.



_____, “Comienzan las ‘Xornadas de Literatura Infantil”, *Diario de Pontevedra*,
4 outubro 1996, p. 17.

Comentario sobre as “Xornadas de Literatura Infantil” que se están a celebrar no Ateneo Santa Cecilia en colaboración coa Aula de Tratado da Universidade de Vigo. Inclúe algunhas sesións de “contacontos”, co relato de varios contos de Andersen.



_____, “Fina Casalderrey repasó su trayectoria literaria en el Hogar de la Tercera Edad”, *Diario de Pontevedra*, 5 decembro 1996, p. 8.

Informa dunha charla que a escritora Fina Casalderrey, recentemente galardoada co Premio Nacional de Literatura infantil, pronunciou no Fogar da Terceira Idade de Pontevedra. Nela a escritora fixo un percorrido pola súa vida.



_____, “Fina Casalderrey participa mañana en la campaña de Fomento de la Lectura”, *Diario de Pontevedra*, 17 decembro 1996, p. 11.

Informa da celebración dun encontro que terá lugar na Biblioteca Pública de Pontevedra, dentro da Xª Campaña de Fomento da Lectura “un libro, un amigo”, organizada pola Consellería de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia. Nel participará a escritora Fina Casalderrey que ofrecerá unha charla-coloquio sobre a literatura infantil e xuvenil. No artigo inclúense, ademais, unhas breves notas biográficas sobre a citada escritora pontevedresa.



_____, “Fina Casalderrey ilustró a 200 estudantes con su experiencia literaria y sus vivencias”, *Diario de Pontevedra*, 19 decembro 1996, p. 7.

Breve comentario sobre a intervención da escritora Fina Casalderrey nunha conferencia que tivo lugar na Biblioteca Pública de Pontevedra, dentro da Campaña de Fomento da Lectura, organizada pola Xunta de Galicia. No artigo ofrécese, ademais, información sobre a vida e a obra da escritora pontevedresa, citando algúns dos galardóns que ten acadado, “el Merlín, el Barco de Vapor, o el más reciente: Premio Nacional de Literatura Infantil”.



Dourado, L., “Exposición en Rianxo de cómics e libros infantís”, *O Correo*

Galego, 15 agosto 1996, p. 44.

Dá conta da celebración da IIª Exposición de cómics e libros infantís e xuvenís, organizada pola Biblioteca Pública Castelao de Rianxo. A mostra recolle un conxunto de douscentos exemplares de cómics e libros infantís.



E. C., “O día que o botafumeiro se fixo avión e levou tres pasaxeiras”, *O Correo Galego*, 24 xaneiro 1996, p. 43.

Comenta a presentación da obra de Xosé Cermeño *Estas rapazas chegarán moi alto* (1995). Logo dun breve resumo argumental, recolle as impresións que este conto lles causou ás autoridades asistentes: Xesús Precedo salienta a gracia e a poesía, sen desmerece-lo contido; Xerardo Estévez indica que “é atractivo, interesante e sinxelo”; Manuel Bragado gaba a figura de Cermeño como “escritor total” e destaca a súa actividade como guionista na TVG.



_____, “Autores e tradutores animarán a ler ós nenos e nenas de Galicia”,
El Correo Gallego, 30 novembro 1996, p. 11.

Dá conta da presentación da Campaña de Fomento da Lectura, baixo o título de “Un libro, un amigo”. Informa dos actos culturais previstos e nomea algún dos autores, ilustradores e tradutores que participarán na mesma.



_____, “A escritora Fina Casalderrey, nomeada Filla Predilecta de Moraña”,
O Correo Galego, 11 decembro 1996, p. 45.

Dá conta do nomeamento da escritora Fina Casalderrey Fraga como filla predilecta de Moraña. A escritora foi galardoada recentemente co Premio Nacional de Literatura Infantil pola súa obra, *O misterio dos fillos da Lúa* (1995). Infórmase, así mesmo, de que a autora gañou os Premios Merlín e o de Narrativa Breve, no ano 1993, e o Barco de Vapor, no 1995.



F. A., “Aprendizaxe do galego no reino de Babel”, *La Voz de Galicia* (Edición de Terras de Lemos), “Especial”, 23 maio 1996, p. 6.

A literatura infantil e xuvenil coñeceu un “rápido desenvolvemento desde os inicios da década do 80” a raíz da inclusión da lingua galega nos planos do ensino. Paralelamente, as traducións experimentaron “un forte impulso”, sobre todo a partir do ano 1984. Para Valentín Arias, presidente da Asociación Galega de Tradutores, “as traducións exerceron unha dupla influencia”: sobre o público e sobre a produción propia. Na súa opinión a literatura infantil e xuvenil en galego é xa un mercado consolidado, no que “as traducións representan un importante volume na produción”. Os éxitos de vendas de certos títulos galegos nas súas versións a outras linguas son boa proba de que a nosa produción vai “abríndose un camiño nos mercados foráneos”. Segundo Arias o traductor debe ter en conta “a peculiar situación sociolingüística do país” e traballar na recuperación do léxico e a fraseoloxía galegas.



García, J. Alberto, “Fina Casalderrey y Antonio García Teijeiro”, *Faro de Vigo*, 6 xullo 1996, p. 40.

Informa da celebración da XXIIª edición da Feira do Libro de Vigo na que, entre outros, os escritores Fina Casalderrey e Antonio García Teijeiro asinaron exemplares dos seus libros. No artigo, recóllense algunhas declaracións dos dous escritores que apostan pola literatura infantil e afirman que os textos destinados a un lectorado infantil merecen tanto respecto coma os da literatura para adultos. Fina Casalderrey opina que “en Galicia tenemos aún una corta trayectoria. Hemos empezado a crear literatura infantil en gallego a partir de los ochenta y en este corto espacio de tiempo, ya hemos logrado un cierto reconocimiento”. Pola súa banda, Antonio García Teijeiro afirma que “la literatura es vida y es reflexión, y sin reflexión no hay literatura”. En canto á literatura infantil, opina que “parece que el niño es un ser de segunda categoría. El problema radica en la falta de respeto por los niños”.



García, Mariano, “Fina Casalderrey”, *El Correo Gallego*, “Teatro do Mundo”,
6 outubro 1996, p. 88.

Nesta semblanza de Fina Casalderrey, Mariano García fai un retrato da escritora salientando as súas facetas humana e literaria dende que comezou a publicar en 1991. Destaca a produtividade da autora, así como a súa calidade e “gran modestia”, incluíndo ademais breves comentarios críticos de María Victoria Moreno e Xabier Senín sobre a súa obra. Finaliza preguntándose: “¿Non será que estamos perante a mellor escritora galega da actualidade da literatura infantil e xuvenil?”



Gaspar, Silvia, “A biblioteca infantil”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”,
27 marzo 1996, p. 6.

Este artigo é unha guía sobre a selección de material para as bibliotecas infantís. Fai un percorrido polas principais coleccións infantís e xuvenís do ámbito galego, recolle dicionarios, prensa, enciclopedias e libros divulgativos orientados ós máis novos, para rematar cun apartado centrado na importancia de presenta-la lectura como unha actividade agradable: espacios cómodos, cómics e xogos. Adxúntanse ó artigo unha serie de actividades orientadas á creación dunha biblioteca de aula.



_____, “Libros para resolver problemas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 17 abril 1996, p. 6.

Silvia Gaspar céntrase neste artigo na problemática do mundo dos nenos e adolescentes e o seu reflexo nos libros, no que ela denomina “literatura para solitarios”. A autora fai un percorrido por algunhas das obras que trasladan ós seus personaxes as preocupacións dos máis novos: o mundo da escola, o aspecto físico, os problemas familiares ou os amigos, son algúns dos temas recollidos.



_____, “Unha fantasía de medo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”,
29 maio 1996, p. 6.

Ofrécese unha análise sobre o tratamento do medo na literatura infantil citando algunhas obras que serven de exemplo para esta temática: *A sombra cazadora*, de Suso de Toro; *O conde-vampiro*, de Lino Braxe ou *A pantasma de Canterville*, de Oscar Wilde, entre outros. A articulista afirma que “o medo existe, está en nós mesmos e non podemos mirar a outro lado; o único que podemos facer é aprender a pasarlle por riba. Moitos autores son expertos neste exercicio e teñen dito en repetidas ocasións que a escritura é iso: fuxir dos medos”.



_____, “Profesoras da Universidade de Santiago catalogan a literatura para nenos”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 12 xuño 1996, p. 6.

Recolle as opinións e valoracións de tres profesoras da Univesidade de Santiago sobre a literatura infantil e xuvenil. O artigo iníciase cunha descrición detallada das características e do contido do Boletín Galego de Literatura, dirixido polo profesor Anxo Tarrío. No número 14 aparece un artigo titulado “A literatura infantil e xuvenil: consideracións xerais”, da profesora Blanca-Ana Roig Rechou, no que se analizan, entre outros aspectos, a traxectoria do xénero e a problemática derivada da súa propia denominación. Pola súa banda, a profesora e escritora Marilar Aleixandre afirma que a literatura fantástica se adapta especialmente ós rexistros infantís. Por último, Iris Cochón, profesora de Teoría da Literatura na Universidade de Santiago, opina que “profesionalmente, a literatura infantil é fascinante”.



_____, “¡Arriba o telón!”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”,
27 novembro 1996, p. 6.

Reflexiona sobre a importancia que debería te-lo teatro nas aulas e a cobertura legal que a propia L.O.X.S.E. lle proporciona. Dá a referencia de dúas obras básicas para introduci-la actividade dramática no ensino: *Facer teatro* e *Literatura dramática galega*, de Manuel F.Vieites. Critica a pouca atención que prestan as editoriais ó teatro dirixido a un público infantil, e a escaseza deste tipo de obras na literatura galega.



_____, “Literatura e cine”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”,
11 decembro 1996, p.6.

Aproveitando a celebración do centenario do cinema no ano 1996, o artigo informa sobre a relación mantida entre o cine e a literatura a través do tempo, centrándose en aspectos como: obras literarias galegas que serviron como base para crear guións cinematográficos, novelas traducidas ó galego das que se fixeron famosas películas ou influencias da linguaxe visual na narrativa galega.



I. G., “Arteixo promoverá la creatividad y las actividades en el ‘Mes do libro”,

El Ideal Gallego, 8 abril 1996, p. 15.

Sucinto comentario sobre a actividade cultural que se levou a cabo no concello de Arteixo durante o mes de abril. Destacan a convocatoria do concurso de contos escolares “Manuel Murguía”, na súa oitava edición, a exposición de bonecos artesanais elaborados por Finola Vázquez e a representación de contos populares para nenos de preescolar.



_____, “Los narradores de cuentos protagonizaron la segunda jornada del Salón del Libro”, *El Ideal Gallego*, 15 abril 1996.

No marco da segunda xornada do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, inaugurada o sábado no Forum do Parque Europa, os “contacontos” David Otero e Vicente Cortés ofreceron dúas sesións de narracións de contos para os máis pequenos. Outras actividades previstas son os obradoiros de títeres e de cine de animación, dirixidos respectivamente pola compañía arxentina Libremano e polos creadores da película Cuaderno de Bitácora. O Salón clausurarase cunhas xornadas nas que se analizará a realidade actual das bibliotecas escolares.



Janeiro, D., “A produción en inglés centra as V Panorámicas de Literatura Infantil”, *O Correo Galego*, 20 xaneiro 1996, p. 34.

O artigo recolle a inauguración das V^{as} Xornadas de Literatura Infantil e Xuvenil galegas e fai un percorrido polos diferentes actos das mesmas, salientando o protagonismo que terá nesta edición a literatura inglesa infantil. O director da Biblioteca Nova 33 e coordinador das xornadas, Xosé Victorio Nogueira, analiza os aspectos positivos e negativos da literatura infantil en Galicia.



_____, “¿O boom da literatura infantil?”, *O Correo Galego*, 28 xaneiro 1996, p. 52.

Con motivo da clausura das V^{as} Xornadas de Literatura Infantil celebradas en Santiago, D. Janeiro salienta no seu artigo a “boa saúde” deste eido da nosa literatura. Prestixiosos premios nacionais e internacionais, o progresivo aumento das obras publicadas e traducidas, a inclusión dos autores galegos na lista de honra da Asociación Internacional de libros para a xente nova (I.B.B.Y.) ou a presenza da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (G.A.L.I.X.) en congresos internacionais son algúns dos datos que avalan tal afirmación. Miguel Vázquez Freire, un dos coordinadores das devanditas xornadas subliña o papel do profesorado na incentivación do consumo de libros. Tanto Xosé Neira Cruz, responsable de G.A.L.I.X., coma Xosé Victorino Nogueira critican a consideración da literatura infantil como un “xénero menor”. Este último sinala a falta de “propostas creativas novas”, “interese social”, “apoio institucional” e o escaso número de “traducións a outras linguas”, como algunhas das “eivas” neste terreo. O artigo recolle a nova da homenaxe celebrada no Pazo de Trasouto ós poetas galegos que traballan na poesía infantil, sector aínda “minoritario”. Para rematar preséntanse algunhas das actividades que Galix realizará no presente ano.



L. R., “Escritores de literatura infantil harán visitas a colegios de Orense”,

La Región, 17 febreiro 1996, p. 3.

Dentro do programa “Coñecemos a...” da campaña de animación á lectura do Concello de Ourense, os escritores Jordi Sierra i Fabra, Mariano Vara e Gloria Sánchez García visitarán diversos centros escolares para comentar co alumnado as súas obras.



M. M. R., “Os lectores xuvenís son os máis esixentes para merca-los libros”,
El Progreso, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1996, p. 46.

Logo de comenta-la dificultade que supón o feito de escribir para a adolescencia, resume o argumento de *A lei da rúa* de Susan H. Hinton e *O picnic* de G. Durrell, dúas obras verquidas ó galego e dirixidas a un receptor infantil.



Mella, Sonia, “Un Salón ‘de cine”, *Diario 16 de Galicia*, 17 abril 1996, p. 23.

No forum do Parque Europa de A Coruña estase a celebra-la IXª edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil. O Salón oferta tres exposicións -sobre novidades editoriais, producións premiadas o pasado ano e libros relacionados co mundo cinematográfico- e múltiples actividades lúdicas para motiva-las novas xeracións á lectura.



Menón, Marta, “Nenos e animais son as estrelas dos contos para os máis novos”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1996, p. 46.

Fai resumos argumentais, nalgún caso sínteses, de *O vestido de Cora*, de Concha Blanco; *Xan Guindán, mensaxeiro* e *Xan Guindán e os salvaxes*, de Bernardino Graña; *Gato e rato, unha tarde de teatro*, de Xosé A. Perozo e *A voda de papá*, de Helena Villar Janeiro, todos eles dirixidos a un público infantil.



P. T., “La aventura de leer cuentos”, *La Voz de Galicia* (Edición de A Coruña),
23 xuño 1996, p. 50.

O xornalista descríbemos unha sesión de lectura animada para nenos que tivo lugar en Coruña na Biblioteca Provincial e na que se leu o conto *O illote do lobo mariño*, de Celia Riba.



Pablos, “Gallegos en la literatura infantil”, *Faro de Vigo*, 18 febreiro 1996, p. 44.

Pablos fai no seu artigo un percorrido pola Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia. Segundo o autor, a editorial Galaxia “debeu ser a pioneira neste ámbito”. A colección titulábase “Desplega velas”, iniciada cun pequeno caderno de Xohana Torres. Dos mesmos anos sería *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, peza escénica de Carlos Casares. Foron chegando despois os premios como o Merlín, de Edicións Xerais, ou O Barco de Vapor, de S.M. A partir deses momentos iniciais, Pablos cita unha longa lista dos nosos mellores escritores para nenos, recoñecidos a nivel internacional. Con respecto á historia da nosa literatura para nenos, o artigo remite ó libro *Alicia no país das maravillas*, auspiciado pola Xunta de Galicia e a Fundación Germán Sánchez Ruipérez, no que se recolle a evolución deste eido da literatura dende o século XII ata mediados dos sesenta, xunto cun catálogo de obras infantís -producción hoxe incrementada “espectacularmente”-. Unha literatura caracterizada pola “sensación de realidade, de autenticidade, desde a tenrura e a imaxinación”.



_____, “Un gran género, viejo y eterno”, *Faro de Vigo*, 18 febreiro 1996, p. 45.

Recoñecendo a dificultade de achegarse ás orixes da literatura infantil, Pablos lembra a algúns dos máis famosos escritores para nenos.



Pexegueiro, Alfonso, “César Portela: soños na pedra”, *El Correo Gallego*,
10 novembro 1996, p. 104.

Destácase a importancia do traballo arquitectónico deste personaxe e gábase a súa calidade humana, ó tempo que se salienta a súa capacidade de traballo, tamén desenvolvida no seo das xentes que fixeron posible a revista infantil e xuvenil *Vagalume*, de Pontevedra.



_____, “Xosé Fortes Bouzán, capitán entre nenos”, *El Correo Gallego*,
15 decembro 1996, p. 96.

Fálase de Xosé Fortes como director da revista *Vagalume*, feita polos rapaces e para os rapaces, dende a súa expulsión do exército. Indica o valor da publicación e refírese que saíu ata o número 45-46, que apareceu no Día das Letras Galegas de 1978.



Quintas, P. G., “Comienzan las ‘Horas do conto’ con la presencia de numerosos niños”, *El Correo Gallego*, 24 setembro 1996, p. 30.

Dá conta das chamadas “Horas do conto” nas que participan, entre outros Beatriz Prada e Paula Carballeira. Así mesmo, a biblioteca Nova 33, que acolle as sesións de contacontos, organizou talleres de pintura e leccións de teatro para todo o curso escolar.



Ramos, J. M., “Concha Blanco participa hoxe nun encontro literario en Cee”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, “Costa da Morte. Bergantiños”, 11 decembro
1996, p. 12/p. 38.

Informa dun acto que terá lugar na Biblioteca Municipal de Cee e no que participará a escritora de literatura infantil, Concha Blanco. Trátase dun encontro literario infantil que forma parte da campaña de fomento da lectura que organiza a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.



Raña, Román, “A crueldade duns contos”, *Faro de Vigo*, 16 outubro 1996, p. 31.

Comenta a crueldade evidente contida en moitos dos contos para nenos, como *Carapuchiña Vermella*, *Hänsel e Gretel*, *Brancaleve*, etc. Así mesmo, opina que detrás de todo conto hai un drama fundamente humano ou un episodio histórico; deste xeito, a historia de *Polgarcíño* emana dos períodos de fame da Europa medieval e a fábula da *Bela Adormecida* representa metaforicamente o despertar da sexualidade feminina.



Rodríguez, M., “Unha historia de barrio contada ó abrente”, *La Voz de Galicia*,
“*Revista de Cultura*, ano II, nº 50, 8 febreiro 1996, p. 6.

Breve recensión sobre a obra de Xerardo Méndez, *O abrente é un desatino* (1995), unha historia de ambiente urbano, localizada na cidade de Ourense, e coa presenza de diferentes narradores que ofrecen o seu punto de vista persoal.



S. S., “Xosé Ballesteros: La función de la literatura es abrir ventanas al mundo de los niños”, *Atlántico Diario*, 23 setembro 1996, p. 47.

Informa da presentación de “Os Gordibolas”, nova colección infantil de Xerais que inclúe dous volumes ilustrados por Carme Muruve e con textos de Xosé Ballesteros. Salienta a carga ecolóxica dos personaxes, “case mitolóxicos”. Fai unha síntese do argumento e sinala que o obxectivo prioritario é recupera-la riqueza dos contos tradicionais fronte á invasión dos medios de comunicación.



Santos, María, “Os editores non consideran alarmante o descenso de lectura entre os rapaces”, *O Correo Galego*, 10 abril 1996, p. 45.

No marco da conmemoración do Día Internacional do libro infantil, os editores reflexionan sobre a situación do sector. Segundo un estudio elaborado polo Ministerio de Cultura, existe unha “diminución lenta, pero progresiva”, no volume de vendas e publicacións. Emilio Pascual, director editorial de Anaya Infantil y Juvenil, sinala a crise económica e o descenso demográfico como unhas das posibles causas. Pola súa parte, o director de comunicación do grupo S.M., Juan Cabrera, subliña a importancia do papel do profesorado nas lecturas infantís.



Vindaxe, H., “Merlín & Co”, *A Nosa Terra*, nº 727, 23 maio 1996, p. 32.

O humorista Xaquín Marín e o ilustrador Xan López Domínguez son os autores da primeira serie galega de debuxos animados, en etapa de produción. O seu protagonista é o mago Merlín e versará sobre “temas cotiáns universais que entroncan coa realidade galega e europea”, nos que o medio ambiente terá un “papel sobranceiro”. O proxecto inicial consta de 23 episodios de 45 segundos cada un. A T.V.G. será a primeira en emitila, pero en base á aceptación da serie estudarase a posibilidade de “levala ó mercado internacional”.



VIII. Literatura de transmisión oral

VIII.1. Recopilacións. Monografías e libros colectivos



Recopilacións. Monografías e libros colectivos



Barros Pedreira, Pedro Antón, *Contos de Abegondo*, limiar Ramón Gil González de Careaga, A Coruña: Venus Artes Gráficas, abril 1996, 220 pp. (ISBN: 84 921479-0-3).

Volume no que Pedro A. Barros Pedreira (Abegondo, 1941) compila contos, chistes, versos e anecdotario popular das dezanove parroquias que conforman o Concello de Abegondo. Ademais da presentación deste material popular, faise unha pequena historia de cada parroquia e expónse a súa realidade actual. O volume vai introducido por Ramón Gil González de Careaga que considera o libro como un “exemplo para que tamén outros escritores rendiran unha homenaxe ós seus respectivos concellos, ás súas orixes, ós seus veciños”.

Referencias varias:

-R. G., “Cada concello un libro, cada parroquia un conto”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 66, 30 maio 1996, p. 6. Recóllese a opinión de Pedro Antón Barros Pedreira que pensa que “canto mellor nos coñezamos todos mellor nos levaremos e máis nos axudaremos”; de aí o seu desexo de recoller pequenas historias locais, anécdotas e curiosidades extrapolables a outros concellos de Galicia. Indícase que *Contos de Abegondo* recolle un relato por cada unha das 19 parroquias que conforman o concello e, a continuación, insírese unha pequena historia de cada demarcación xeográfica. Dise tamén que cada capítulo se completa con algunha ilustración e con poemas orixinais, curiosidades, anécdotas, etc.



Blanco Pérez, Domingo, “A literatura popular” en *Historia da literatura galega*, vol. I, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, 1996, 320 pp. (ISBN dos Fascículos: 84-8967901-0; ISBN da Obra Completa: 84-89679-00-2; ISBN do Volume: 84-89679-02-9).

Ver Ansedo Estraviz, Alberte e Sánchez Iglesias, Cesáreo (dirs.), *Historia da literatura galega*, no apartado V. 1. Monografía e libros colectivos, neste *Informe*.



Blanco, Domingo (ed.), *Escolma de literatura popular galega*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 8, 1996, 290 pp. (ISBN do volume: 84-89679-13-4; ISBN da colección: 84-921126-4-6).

O volume presenta unha escolma de tradición popular dividida en dous grandes bloques: “Textos en verso” e “Textos en prosa”. Sobre estas dúas divisións xenéricas, aplícase un criterio temático, fragmentando a produción versificada en textos referidos ó amor, olvido e outros sentimentos; ás mozas e mozos; ás festas; á familia; ás murmuracións; ós oficios; ós diferentes lugares de Galicia; ós animais da natureza; ás crenzas e devocións; á burla, ó xogo e ó humor e ós nenos. Engádese tamén un romance novelesco. Con respecto ós textos en prosa, estes divídense en “Contos de costumes”, “Contos maravillosos”, “Contos de animais” e “Lendas”. O libro inclúe tamén unha breve peza teatral da que é autor Gregorio Couto e un epílogo titulado “Unha lección en tres tempos”, ademais dun glosario que aclara o significado dalgúns dos termos dos textos. Nas páxinas de presentación, Domingo Blanco (Cariño, 1947) sinala a procedencia dos textos - tomados de recolleitas dos séculos XVIII e XIX, no caso do verso, e do XX, no caso da prosa-, dos que quince atopan agora a súa primeira publicación, así como os criterios da edición entre os que destaca a ordenación dos materiais segundo unha clasificación temática e o respecto á lingua oral, sen máis modificacións que os oportunos cambios ortográficos e fonéticos, así como a corrección dos engadidos que fixo Lois Carré na súa recolleita.



Costa Pérez, Evelio, M^a Xosé Fernández Cerviño e Carme Lamela Villaravid,
Carme, *A nosa tradición oral. Guía didáctica*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego/Consellería de Educación, 1996, 45 pp. (D. L.: C-1503-1996).

A nosa tradición oral. Guía didáctica, edición ó coidado de Carme Lamela Villaravid, Evelio Costa Pérez e M^a Xosé Fernández Cerviño, é o colofón dun proxecto sobre a tradición oral a desenvolver, de xeito interactivo e en dúas fases -curso teórico e traballo de campo-, entre o Museo do Pobo Galego e a escola no curso lectivo 1994-1995, co patrocinio da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O Museo do Pobo Galego abre o volume cunha breve reflexión sobre a orixe e obxectivos desta publicación e cunha valoración do traballo en conxunto. A introducción afonda sobre estas cuestións, pon de relevo o valor da lingua -concretamente da expresión oral- como “un dos trazos fundamentais da identidade de Galicia” e salienta o papel da escola neste eido. Trala relación dos obxectivos do traballo, a guía didáctica organízase ó redor de tres puntos claves: o traballo de campo -preséntanse as pautas para o logro dun “eficaz traballo de campo” e indicacións para a transcripción dos textos-, as actividades na clase -de tipo xeral, sobre a creación, sobre a interpretación, a análise interna do texto, o estudio comparado e actividades de análise externa que relacionan a literatura oral con outros aspectos da cultura- e unha escolma de textos para a que se adoptou unha clasificación en contos, romances e lendas. Un apartado bibliográfico e a relación dos centros que participaron no traballo de campo pechan o volume.



Fraguas Fraguas, Antonio, *A festa popular en Galicia*, Sada-A Coruña: Edición do Castro, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, col. Cadernos da Área de Arte/Comunicación, nº 5, febreiro 1996, 123 pp. (ISBN: 84-7492-780-3).

Nesta obra, Antón Fraguas (Loureiro-Cotobade-Pontevedra, 1905) achégase ó folclore galego a través das festas máis destacadas que se celebran habitualmente en Galicia. Na “Introducción”, fai referencia ó concepto de festa popular e á orixe das mesmas. A continuación, ofrece unha descrición de varias festas populares galegas e reproduce unha serie de cancións populares que amenizan esas reunións, unhas veces espontáneas e outras vencelladas cunha longa tradición. Así, fai referencia ás festas de Nadal, Aninovo, Reis, á sega da herba e do centeo, á vendima, ó magosto, á festa da malla, ás flores de maio, etc.



García Soto, Xosé Ramón, *Era unha vez un neno... Estudio da evolución da linguaxe en nenos galego-falantes*, II Premio Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais 1995, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Estudos e Investigacións, 1996, 212 pp. (ISBN: 84-7824-283-X).

Con esta obra o psicólogo Xosé Ramón García Soto adentrouse no campo da investigación sobre a adquisición do galego como lingua materna. A un longo listado de agradecementos segue unha introducción a cargo de Dan I. Slobin do Departamento de Psicoloxía da Universidade de California en Berkeley. Tras situar-lo traballo na liña do "crecente interese internacional pola linguaxe no seu uso" e facer unha breve exposición das liñas de investigación seguidas por Xosé Ramón García Soto, Dan I. Slobin céntrase na segunda parte do libro e encadra a análise da mesma no marco dos estudos comparativos translingüísticos. A cualificación do libro como "unha análise ricaz do desenvolvemento da linguaxe en nenos galego-falantes" e unha contribución á nosa "comprensión xeral das interaccións da estrutura lingüística, o pensamento e a comunicación" finalizan dita introducción. Na organización do corpus da obra, dividida en dúas partes, guíannos as palabras do seu autor. A primeira parte "comprende a exposición teórica e as diversas análises realizadas", "ábrese cunha exposición do concepto e método de análise da cohesión utilizados" e "continúa cunha revisión de traballos evolutivos sobre o tema. Despois dos obxectivos e metodoloxía, seguen as análises de 84 relatos que compoñen a mostra" -narracións orais recollidas en vilas e aldeas. "Un capítulo de resumo xeral e conclusións pecha a primeira



parte. A segunda, recolle as transcripcións normativizadas das 84 narracións analizadas, unha copia do conto utilizado para os relatos” -un debuxo sen palabras, *Frog, where are you?* (Mayer, 1969), utilizado por máis de 150 investigadores de todo o mundo para obter narracións de nenose a bibliografía.



González Veiga, Carmen (comp.), *Melodías de la mar*, Vilagarcía de Arousa: Editorial 9, setembro 1996, 236 pp. (D. L.: PO-379-1996).

Froito da recompilación realizada por Carmen González Veiga, preséntanse nesta obra as letras de cento vinteseis cancións populares galegas e de catro que, aínda pertencendo ó corpus da música do noso pobo, están en castelán. A maioría de composicións, anónimas, está acompañada dalgúns exemplos nos que, partindo dun autor clásico como Curros, Rosalía ou Pondal, é o pobo quen as adapta e musicaliza para integralas nese amplo abano que todos coñecemos como “música tradicional”. Na introducción faise referencia ás dificultades na realización de *Melodías de la mar*, principalmente pola grande variabilidade dos textos e dos xéneros musicais representados. Explicita os criterios de edición e dámos unhas definicións aclaratorias dos seguintes estilos musicais: “alalá”, “foliada”, “jota”, “muiñeira” e “panderetada”.



López Gómez, Felipe Senén, *Os maios*, A Coruña: Bahía Edicións, col. Darredor de ti, outubro 1996, 24 pp. (ISBN: 84-87674-82-8).

Obra de carácter etnográfico incluída dentro dunha colección destinada ó coñecemento do medio cultural galego. Divídese en cinco apartados que tratan dos diversos aspectos relacionados coa festa dos maios (a súa orixe e o seu nome, os preparativos e os símbolos, o ritual, a creatividade, etc.) e introdúcense tres novos apartados de marcado carácter didáctico: o vocabulario, a proposta de actividades e a bibliografía. Acompañan ó texto unha serie de vinte e catro diapositivas con cadanseu breve comentario. De interese para este informe é a clasificación das coplas que aparece no capítulo cuarto ("O ritual) así como a exemplificación das mesmas. Tamén se proporciona, no capítulo seguinte, unha breve relación dos autores que cultivaron este tipo de composición.



López Gómez, Felipe Senén, *O Nadal*, A Coruña: Bahía Edicións, col. Darredor de ti, outubro 1996, 33 pp. (ISBN: 84-87674-85-2).

Nova entrega da colección “Darredor de ti” que continúa na súa liña de carácter etnográfico introducindo, nesta ocasión, a festa do Nadal. Ó longo de sete apartados analízanse os diferentes temas -a tradición, a orixe, os preparativos, os símbolos e a gastronomía, entre outros- e inclúense tres novos apartados cunha clara finalidade didáctica: o vocabulario, a bibliografía e a proposta de actividades. Complétase a obra cunha serie de vinte e catro diapositivas cun pequeno comentario sobre cada unha delas. De interese para este informe é o breve capítulo, o quinto, dedicado ás panxoliñas, vilancicos e xaneiras e no que se comenta a orixe destes termos e a súa temática.



Mariño Ferro, Xosé Ramón, *Contos maravillosos*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Mitos e Tradicións, nº 3, 1996, 113 pp. (ISBN: 84-8289-036-0).

Xosé Ramón Mariño Ferro (Castrofeito-O Pino, 1950) recompila neste volume un conxunto de 25 contos maravillosos tomados da tradición galega, que presentan concomitancias e parentescos con outras tradicións de raigame folclórica. O autor da escolma sinala nas páxinas iniciais a grande calidade da nosa produción que “nada ten que envexar á de Perrault e á dos Grimm”. Os contos agrúpanse seguindo cinco liñas temáticas: “A familia”, “De meniña a moza”, “Princesas e príncipes encantados”, “Modelos” e “As probas” e presentan, nun ambiente galego, as características estruturais comúns a este tipo de manifestación literaria.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Narracións fantásticas”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 8 decembro 1996, p. 10. Facendo referencia á traxectoria de Ramón Mariño Ferro dentro da colección “Mitos e Tradicións” inicia Xavier Castro esta breve recensión de *Contos maravillosos*, outro libro “que completa algo máis o panorama da rica tradición e patrimonio cultural galego”. Sinala a continuación que esta obra non está dirixida exclusivamente ós lectores máis novos se ben estes atoparán “respostas para moitas preguntas a partir de personaxes simbólicos, situacións paradigmáticas e oposicións de termos contrarios enfrontados mesmo á procura dun equilibrio”. Por último, apunta a versión respectuosa dos textos.



Mariño Ferro, Xosé Ramón, *O demo e o trasno*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Mitos e Tradicións, nº 4, 1996, 126 pp. (ISBN: 84-8289-035-2).

Compilación de contos da tradición popular galega que teñen como eixe común a presenza da figura do demo en toda a variedade de espectros antropolóxicos cos que aparece na cultura popular tradicional. Así, agrúpanse os diferentes contos tematicamente atendendo ás diversas características coas que se mostra o demo nas narracións populares tradicionais. Deste xeito, aparecen historias nas que se describe o seu aspecto físico, as diferentes formas que adopta (como nubeiro ou trasno), narracións nas que se contan as súas encarnacións en certos animais ou as posesións que efectúa. Nalgúns contos aparece burlado e noutros coméntanse as defensas que se poden tomar contra el. Acompáñase a compilación dun pequeno prólogo onde se presentan as diversas imaxes do demo ó longo da literatura universal e péchase o volume cun “Comentario” final no que Mariño Ferro aclara algúns conceptos sobre este representante do mal na cultura galega.



Mini (Xosé L. Rivas Cruz) e **Mero** (Baldomero Iglesias Dobarrio), *Somos lenda viva. Lendas para rapaces*, ilustr. Natalia Ledo e M^a José González, Lugo: Citanía de Publicacións, 1996, 263 pp. (ISBN: 84-8231-014-3).

Xosé L. Rivas Cruz e Baldomero Iglesias Dobarrio reúnen neste volume, dedicado “á xente miúda”, un conxunto de lendas recollidas e reelaboradas a partir de testemuñas orais, fundamentalmente no Concello de Mesía (A Coruña), aínda que tamén aparecen versións doutros lugares de Galicia. Vai precedida dunha introducción “para a interpretación adulta”, na que os autores da recompilación sinalan as características das lendas, as diferencias co conto, os personaxes máis habituais e a riqueza da nosa tradición oral. Manifestan, así mesmo, o seu desexo de recupera-los “testemuños da nosa esencia diferenciada” e dalos a coñecer entre o público infantil e xuvenil. As lendas organízanse por bloques temáticos que comparten a presenza de personaxes como reis e fadas, princesas, bruxas, meigas, mouros, encantadores, santos milagreiros, animais, trasnos, etc., ou ben desenvólvense ofrecendo unha explicación lendaria sobre as augas, as fontes, os penedos, os tesouros agachados ou fenómenos da natureza.



Morgade, Xosé Carlos, *A Lama. Libro de Cantigas*, fotos Xosé Carlos Morgade, A Lama (Pontevedra): Concello da Lama, xullo 1996, 231 pp. (ISBN: 84-606 2747-0).

Esta obra contén máis de mil cincocentas cantigas populares recollidas por Xosé Carlos Morgade coa colaboración dos alumnos do colexio "A Pedreira", do colexio da Lama. O compilador agrúpaas segundo a temática nos seguintes apartados:

- I. "Das cantigas que gaban a aldea propia e búrlanse das demais".
- II. "Das cantigas que se cantaban por Nadal, Aninovo e Reis".
- III. "Das cantigas que se cantaban polo Entroido".
 - "Das cantigas que se cantaban en seráns, fiadas e outras xuntanzas".
 - "Das cantigas que tratan de cariños, ciumes, desdéns e outros sentimentos relacionados co amor".
- VI. "Das cantigas que tratan as soidades da emigración".
- VII. "Das cantigas que falan de oficios, cultivos e outros traballos".
- VIII. "Das cantigas que falan de vodas, da familia e dos vicios".
 - "Das cantigas que tratan de santos, cregos e outros temas relixiosos".
 - "Das cantigas de desafíos, regueifas, parrafeos e romances".
- XI. "Doutro tipo de cantigas e cancións varias".
- XII. "Das cantigas de nenos".



VIII.1. Recompilacións. Monografías e libros colectivos

Na introducción ó cancionero, Xosé Carlos Morgade sitúa xeograficamente o concello da Lama, dá unhas notas históricas e artísticas do mesmo, e inclúe trinta e cinco fotografías dos monumentos máis importantes da zona. Fai un estudio dialectal e unha análise dos castelanismos da lingua das cantigas, ademais de explica-los criterios seguidos na transcripción, clasificación e agrupamento das mesmas. Finalmente, agradece a colaboración dos veciños da Lama e dos alumnos do colexio "A Pedreira", e noméaos nun índice que remata o libro.

Referencias varias:

-Carlos Garrido, "Xosé C. Morgade presenta hoxe a obra *A Lama. Libro de Cantigas*", *Diario de Pontevedra*, 30 xullo 1996, p. 18. Con motivo da presentación do libro de Xosé C. Morgade, *A Lama. Libro de Cantigas* (1996), Carlos Garrido conversa co seu autor e pregúntalle pola razón de ser desta publicación, o tempo empregado no proxecto, os motivos da riqueza de cantigas nesta zona, cómo esta organizado o libro, a colaboración dos alumnos no traballo e, finalmente, a pervivencia da cultura tradicional na Lama.



Rico Vereá, Manuel, *Cancioneiro escolar galego. Vente vindo, ven cantando*, ilustr. Miguelanxo Prado, A Coruña: Edicións Fontel, 1996, 141 pp. (ISBN: 84 87951-64-3).

Este libro de Manuel Rico Vereá (Boimorto, 1948) é a terceira parte dun proxecto do autor, iniciado coas obras *Tantarantán, tarantán, tarantiña* (1994) e *Arrolín, arrolán* (1994). Nesta ocasión agrupa en cinco partes cancións, cantos de berce, melodías narrativas, cantos de labor, rimas, etc. para a súa utilización na escola. Así mesmo, ofrece ó final do libro un comentario no que describe as características e contidos do volume; defíneo como o “deseño dun posible e definitivo cancionero que (...) recolla o maior número de cancións que poidan ser de interese para o tratamento pedagóxico e a actividade escolar”. Por último, aparece unha clasificación de todo o material, unhas observacións nas que se indican as fontes de cada canción e unha breve bibliografía.

Referencias varias:

-Plácido Lizancos, “Vente vindo ven cantando”, *O Correo Galego*, “O Correo na Escola”, 29 outubro 1996, p. IV. Informa da presentación do libro *Vente vindo, ven cantando. Cancioneiro Escolar Galego*, de Manuel Rico Vereá. O libro recolle oitenta e unha cancións agrupadas en cinco capítulos. Segundo o autor, “a publicación dos cancioneros presenta dificultades na clasificación das diferentes partituras polo dobre ámbito que se pode ter en conta: o literario e o musical”.



VV. AA., *Concello de Samos: Historia das súas parroquias* (Tomo I: *Lúzara, terra con historia*), presentación Miguel Anxo Gómez Vázquez, Lugo: Fundación O Noso Lar, 1996, 86 pp. (ISBN: 84-605-5464-3).

Cunha presentación a cargo de Miguel Anxo Gómez Vázquez, presidente da fundación “O Noso Lar”, aparece esta obra estruturada en tres capítulos: os dous primeiros dedicados á historia e onomástica de Lúzara, e o terceiro á literatura de transmisión oral desta parroquia. Na introducción a “A tradición oral en Lúzara”, os compiladores, M^a do Carme Lamela Villaravid e Xulio Pérez Pereiras, valoran moi positivamente esta experiencia, preséntana como unha “proposta alternativa” ós grandes medios de comunicación actuais, por permitir descubri-las ricas raíces culturais nas que nos asentamos. Anuncian os criterios de edición e a distribución do material recollido en: cántigas, romances, contos, lendas, adiviñas e refráns. Cada un destes apartados xenéricos vai precedido dunha breve teorización sobre o mesmo. No remate da escolma atopamos a relación de informantes que achegaron os textos e unha “Bibliografía Básica”. Para pecha-la obra, inclúense dous apéndices: o primeiro trata da vida de Martín Pradozelos e recolle tres composicións deste trovador do século XIII, no segundo faise un breve percorrido pola vida e obra de Fiz Vergara Vilariño. Deste autor contemporáneo inclúese un soneto e un relato.



Recensións:

-M. R., "Do Xistral ó mar", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 73, 18 xullo 1996, p. 6.
Cóntase o argumento da lenda que está recollida neste libro a respecto da creación dos ríos nados na serra do Xistral, o Eume, o Landro e o Masma, centrándose o estudio posterior en aspectos relativos ó primeiro deles.



Vázquez Pintor, Xosé, *Os vellos oficios. Panadeiras, atadeiras, oleiros, arrieiros, albardeiros, seitureiros e tecedeiras*, Vigo: Xerais, col. Crónica, 1996, 140 pp. (ISBN: 84-7507-974-1).

Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) achéganos neste volume a estes sete vellos oficios, case desaparecidos, dende unha dimensión mítica e histórica. Busca as súas orixes nuns tempos remotos, cando as xentes aprenderon a aproveita-los dons da terra da man dos seres lendarios que poboaban a nosa terra. O autor, baseándose nas conversas que mantivo coas xentes de diversos lugares de Galicia onde aínda persisten estas ocupacións tradicionais, constrúe unha serie de relatos sobre situacións ás veces só suxeridas. Recupera así mesmo, algunhas cantigas populares habituais na realización destas tarefas.

Recensións:

-M. Rodríguez, "Vellos oficios que van morrendo", *La Voz de Galicia*, "Revista de Cultura", ano II, nº 61, 25 abril 96, p. 6. Tras presenta-lo volume *Os vellos oficios*, de Xosé Vázquez Pintor, o articulista sinala que o obxectivo do autor foi recolle-los antigos oficios galegos, algúns deles xa desaparecidos. Refírese tamén á estrutura do libro, no que "cada un dos sete capítulos recolle relatos-crónica nos que os protagonistas amosan a xeografía e detalles do traballo que fan". Menciona tamén ós autores das fotografías do volume, Luís Viñas e Luís Pérez Rivas.



VIII.1. Recompilacións. Monografías e libros colectivos

-Xan Carballa, "Oficios dun tempo pasado", *A Nosa Terra*, nº 724, 2 maio 1996, p. 32. Artigo a medio camiño entre a entrevista e a recensión no que Xan Carballa á vez que reproduce fragmentos da conversación co autor de *Os vellos oficios* (1996), Xosé Vázquez Pintor, analiza brevemente a obra. Céntrase sobre todo no contido do libro, máis alá do etnográfico, cun trasfondo mítico que acompaña a cada unha das profesións. Trátase en definitiva, segundo o crítico, dunha reportaxe humana dun tempo que se vai, de oficios que constitúen as raíces da cultura do noso país.

-Francisco J. Gil, "Hay oficios tradicionales que están condenados a su desaparición", *Faro de Vigo*, 6 maio 1996, p. 8. Entrevista con Xosé Vázquez Pintor, escritor, e Luís Viñas, fotógrafo, a raíz da publicación da obra *Os vellos oficios* (1996), na que ambos participaron. Comezan falando de cómo xurdiu a idea deste libro e dál foí o proceso que se seguiu para a elaboración dos diferentes capítulos. Comentan tamén qué foi o que máis lles interesou do traballo e cáles foron os oficios elixidos para esta obra. Por último Vázquez Pintor sinala que no libro tamén hai creación pois non buscaba o rigor científico senón unha recreación dos oficios.

-Rafael Fernández Lorenzo, "As tribos extintas", *Faro de Vigo*, "Faro das Letras", nº CXXV, 18 maio 1996, p. 3. Inicia o crítico este comentario de *Os vellos oficios* analizando o contacto dos homes coa terra. Seguidamente pasa a analiza-la obra da que di que pasaron seis anos dende que o autor deu por rematado este traballo e o momento no que ve a luz. Trátase, en palabras de Rafael Fernández, dunha "crónica singular e real dos nosos devanceiros" que pretende "recuperar da memoria o noso pasado máis recente". Continúa o recensionista sinalando a estrutura da obra en sete capítulos que se corresponden cos oficios practicamente extintos e salientando a introducción a modo de fabulación mitolóxica que o autor fai a cada apartado.



VIII.1. Recompilacións. Monografías e libros colectivos

Xosé M^a de Castro, “A fachenda do artesán”, *A Nosa Terra*, nº 727, “Guieiro Cultural”, 23 maio 1996,

24. Inicia Xosé M^a de Castro este artigo sinalando que Vázquez Pintor en *Os vellos oficios*, “recreando os mitos da estirpe, vainos dar a coñecer unha serie de paisanos nosos que teñen oficio e séntense fachendosos diso”. O crítico dubida en encadrar esta obra dentro dos xéneros literarios pois afirma que podería tanto ser un libro de viaxes, unha novela de denuncia social ou un ensaio sobre antropoloxía ou etnografía. En realidade é, comenta De Castro, un “conxunto de páxinas feitas con todo o amor dun home pola súa terra, as súas xentes e o seu traballo”.

F. Martínez Bouzas, “A tribo sabe”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 132, 7 novembro 1996,

6. Declárase que este libro é algo máis, un libro de escoitas, dos mitos, da ardencia e fidelidade á cultura material que tamén forma parte da nosa memoria histórica. Di o comentarista que é este un libro que transmite que hai que ter unha idea afirmativa do país no que un vive. O seu autor convence, segundo manifesta Martínez Bouzas, evidenciando os seus piares e alicerces: a sapiencia da tribo, a esencia das experiencias ancestrais, verbalizadas se cadra na voz dos seus derradeiros membros.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, “A recuperación dun tempo perdido”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 23 abril 1996, p. 48/p. 4. Conde, a propósito da opinión de Luís Racionero de que a arte e maila relixión son os dous medios dos que dispón a cultura para se por ó nivel da tecnoloxía, opina que no mundo literario galego hai cada vez menos paixón e máis indiferencia. Como excepción, recomenda o libro *Os vellos oficios* (1996), de Xosé



Vázquez Pintor, que considera escrito con amor e con paixón e que induce á reflexión e á recuperación dun tempo, xa que a tecnoloxía axuda a evita-lo frío e a fame, pero os estados de ánimo do ser humano dependen de elementos como a lectura de libros como o mencionado, a modo e sen apuros.

-C. F., “Os traballos tradicionais integran o home co entorno”, *La Voz de Galicia*, 24 abril 1996, p. 6. Entrevista con Xosé Vázquez Pintor na que di que *Os vellos oficios* (1996) ía para reportaxe xornalística pero converteuse nun testemuño da patria mítica do pasado. Fala tamén dos motivos que o levaron a interesarse por este tema e do método de selección que empregou á hora de publicar. Comenta que quixo recolle-la esencia dos oficios e así nin fixo unha reportaxe nin un estudio etnográfico senón que simplemente deixou constancia dese mundo que agoniza pois afirma ter moita fe na nosa memoria. Conclúe anotando que este título é unha continuación da súa obra pois a raíz del escribiu o poemario *No corazón mancado* (1992).

-Xesús Precado Lafuente, “Os vellos oficios”, *O Correo Galego*, “Torre do reloxo”, 27 abril 1996, p. 2. Descrición do contido do libro de Xosé Vázquez Pintor *Os vellos oficios* (1996), que non se trata unicamente, segundo o articulista, dun libro no que se fale de sete dos quefaceres galegos tradicionais, senón que é ademais “un relato novelado... mestura de realidade e ficción”.

-Antón Reixa, “De Vázquez Pintor a Jaureguizar”, *La Voz de Galicia*, “Revista de Cultura”, ano II, nº 63, 9 maio 1996, p. 16. Reixa comenta o libro *Os vellos oficios* (1996), de Vázquez Pintor, sobre os oficios en extinción, como as panadeiras de Cea, as tecedeiras de liño de Ambía, as atadeiras do Morrazo, etc. Tamén se refire a *Todo a Cen* (1995), de Jaureguizar, novela que percorre unha Galicia e uns personaxes xuvenís que conviven con toda a artesanía en extinción consumindo música de rap e mesmo doses de autodestrución.



VIII.1. Recompilacións. Monografías e libros colectivos

-Marcos Valcárcel, "Poesía dos vellos oficios", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 10 maio 1996, p. 2. Comenta o libro *Os vellos oficios* (1996), de Xosé Vázquez Pintor, obra na que tódolos protagonistas son xentes populares, panadeiras, atadeiras, oleiros, arrieiros e outros vellos oficios de ecos medievais. Segundo o articulista, o libro de Vázquez Pintor leva á memoria as poesías de Luís Seoane.



VIII. Literatura de transmisión oral

VIII.2. Publicaciones en revistas



Alonso Estravís, Isaac, “Recuperar, renovar e projectar no futuro”, *Raigame*, “Literatura popular”, nº 3, novembro 1996, pp. 44-57.

O articulista móstrase partidario de empregar a literatura popular na escola. Para levar isto a cabo, propón a recuperación dos textos (contos, lendas, adiviñas, refráns, romances, etc.) directamente das persoas máis fidedignas e logo analízalos nas Escolas de Maxisterio para, por último, explotalos textos nas aulas cunha axeitada dinámica de grupos. Finalmente, a modo de exemplo, analiza un texto popular titulado “A natureza e os animais”.



Ruibal, Euloxio R., “A tradición popular en Os vellos non deben de namorarse”,
Grial, nº 132, tomo XXXIV, outubro-novembro-décembro 1996, pp. 453-472.

O autor afonda no emprego de elementos da cultura tradicional galega por parte de Castelao na súa única obra dramática e analiza a función desenvolvida polo material folclórico a nivel temático e estrutural. Detense na importancia de motivos como o da morte, o entroido, o diaño, os maios, etc., así como no carácter popular da propia linguaxe e o humorismo.



Sánchez Sánchez, Xosé M., “La tradición oral en la Galicia actual: El caso de Trazo”, *Pontenova. Revista de Investigación Xove*, nº 2, Vigo: Deputación Provincial de Pontevedra, 1996, pp. 107-115.

Estudio dos datos obtidos trala realización de 76 enquisas no Concello de Trazo, sobre o estado actual da tradición oral. As preguntas foron respondidas por dous grupos de poboación: estudantes de idades comprendidas entre os 11 e os 15 anos dunha escola rural e persoas adultas das súas casas, que responderon sobre o tipo de narradores de historias populares, os lugares, momentos do día, estacións do ano e contexto no que tiñan lugar os relatos. Os resultados mostran como o coñecemento da tradición é moito maior entre os adultos pero non existe unha toma de contacto que favoreza a transmisión oral coas novas xeracións. Os lugares, os modos de narrar, as situacións, etc. son as mesmas que hai décadas pero non sucede así coa frecuencias das narracións.



VIII. Literatura de transmisión oral

VIII.3. Publicacións en xornais: estudos e recensións



Blanco, Domingo, “A narración oral e a educación”, *A Nosa Terra*, nº 754, “Guieiro Cultural”, 28 novembro 1996, p. 26.

Comeza cunha cita de Marcel Jousse, antropólogo francés (1886-1961), “considerado como o iniciador do estudio do estilo oral e da antropoloxía do xesto” e alude despois á importancia da súa obra. Analiza tamén os contidos dun coloquio organizado polas asociacións “Marcel Jousse” e “Amarylis”, que tivo lugar en París os días 9 e 10 de novembro de 1996, sobre as Tradicións Oraís no que se trataron aspectos sobre a cultura oral de diversos países e se realizou unha mostra de contacontos. Domingo Blanco sinala que se insistiu en presenta-la oralidade “no mundo de hoxe como marco obrigado e instrumento insustituíble da actividade pedagóxica” e que, con respecto a Galicia, os asistentes sorprendéronse da vixencia da cantiga popular que puideron comprobar coa proxección dun vídeo que mostraba “os xestos, ademáns, movementos, melodías e palabras dos regueifeiros”. Conclúe salientando a importancia da literatura oral e lamenta o pouco aproveitamento que se fai dela no ensino actual.



Bernárdez, Carlos L., “O sexo na poesía popular”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXIII, 27 xaneiro 1996, p. 3.

Saliéntase a preocupación dentro do labor investigador de Mariño Ferro, autor de *O sexo na poesía popular* (1995), polo estudio do campo simbólico. Abórdase nesta obra, segundo afirma o crítico, a interpretación do mundo relacionado co erotismo e a sexualidade. Continúa anotando a grande cantidade de símbolos e o emprego da dobre linguaxe que adquire un papel fundamental. Pero, para Bernárdez, a principal lectura que se extrae do texto é o desvelamento das diferentes metáforas que deixan ver unha concepción tradicional das relacións humanas moi condicionados polos poderes da sociedade.



_____, “Lobos, lobas e lobishomes”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXVII,
9 marzo 1996, p. 1.

Análise da obra de Xosé Ramón Mariño Ferro, *Lobos, lobas e lobishomes* (1995). O crítico salienta o tema central do lobo dentro da tradición cultural galega e comenta a inclusión nesta obra dunha selección de textos que presentan o animal visto dende diferentes perspectivas. Indica a continuación Carlos L. Bernández que os contos que tratan o tema da licantropía son os que presentan maior arraigo na nosa literatura, en especial polo tratamento que lle dedicaron os homes do grupo Nós.



Castro R., Xavier, “Os lobos da xente”, *El Correo Galego*, “Edición 7”, 4 febreiro 1996, p. 6.

Artigo no que se comenta a aparición da colección “Mitos e Tradicións” de Edicións do Cumio na que se trata de recolle-la tradición oral-popular. Inaugura esta colección o volume *Lobos, lobas e lobishomes* (1995), de Xosé Ramón Mariño Ferro, un libro que tenta achegárno-la historia, entre fantástica e real, das manifestacións arredor do lobo que se desenvollen na tradición popular.



_____, “O sexo e as súas metáforas”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 16 xuño 1996, p. 7.

Recensión de *O sexo na poesía popular* (1995), de Xosé Mariño Ferro. Tras citar algúns dos temas xa tratados polo autor ó longo da súa achega ó eido cultural galego, refírese ó mundo popular como fonte inesgotable de sabedoría. Céntrase finalmente, en diversos aspectos da obra citada: a dobre linguaxe e os xogos de palabras relacionados con contidos eróticos, a interpretación e a concepción dun tipo concreto de realidade e a estrutura. Remata declarando que o lector “atopará lugar para a reflexión, o abraio, mesmo o sorriso de complicidade”.



Martínez Bouzas, F., “Había unha vez”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 107, 9 maio 1996, p. 6.

Recensión sobre os libros de Xosé Ramón Mariño Ferro *Lobos, lobas e lobishomes* (1995) e *Aparicións e Santa Compañía* (1995) que compilan unha presa de contos e lendas a respecto desta temática. As crenzas que aparecen neles falan da sociedade que os relata e agachan unha importante carga simbólica. O crítico sinala que cómpre profundar nos símbolos e mitos galegos, trascendendo un traballo de divulgación e indo á procura de significados que se fundamenten no enigma orixinal.



Quintáns S., M., “Algo máis que mil refráns galegos sobre a vaca”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 30 xuño 1996, p. 8.

O crítico comenta que no *Refraneiro galego da vaca* (1994) se recollen un grande conxunto de vocabulario e expresións populares sobre este animal bovino, testemuñándose incluso a presenza deste animal nos relatos galegos de tradición oral. O interese e a urxencia son dúas características que se indican a propósito deste volume, a fin de descubri-lo que aínda queda na memoria das nosas xentes dun aspecto con moita presenza na vida cotiá rural e nun intre no que a lingua galega loita por se facer un instrumento vivo de comunicación en tódolos ámbitos do home galego.



VIII. Literatura de transmisión oral

VIII.4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas



Carro Carro, Pedro, “Casto Sampedro foi o autor do primeiro cancionero musical”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “O baúl do folclore”, 31 marzo 1996, p. XX.

Semblanza de Casto Sampedro Folgar (Redondela, 1848-Pontevedra, 1937), autor da recolleita máis completa e rigorosa do cancionero popular galego, que realizou en 1909, axudado por un grupo de colaboradores (Santiago Tafall, Saíd Armesto, Ramón Arana, Valladares, Martínez Pose, Lens Veira, Curros Montes e outros) pertencentes á Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra que el mesmo creara. Este compendio foi presentado nese mesmo ano ó Concurso Nacional convocado pola Academia de San Fernando. Posteriormente, no 1942, D. Xosé Filgueira Valverde editou esta colección de cantigas folclóricas acompañadas das partituras e dos estudos realizados por Casto Sampedro. Carro salienta a importancia desta publicación porque “poucas comunidades poden runfar de ter un cancionero da categoría e rigor deste”. No 1983, o Cancionero foi reeditado pola Fundación Barrié de la Maza. O articulista considera esta recolleita como unha “obra mestra”, porque “abrangue tódolos campos das cantigas, músicas, bailes e instrumentos folclóricos”.



_____, “Cantigas e Agarimos representan teatro popular galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 14 xullo 1996, p. XXIII.

Con motivo de cumprirse o 75º aniversario do colectivo Cantigas e Agarimos, faise unha rememoración da súa traxectoria histórica. Comeza representando teatro popular e escenificando estampas folklóricas. Destaca a estrea de *Os vellos non deben de namorarse* en Santiago no 1961, cando estaba prohibida en España. Entre as obras representadas están: *A lenda de Montelongo*, de Rey Poso e Buhigas, *O Fidalgo*, de San Luís Romero, *O zoqueiro de Vilaboa*, de Nau de Allariz, *¡Vaites!...¡Vaites!* e *O Rei da Carballeira*, de Ricardo Frade Giráldez, *A man da santiña*, de Cabanillas, *Lubicán*, de Armando Cotarelo, *A Revolta*, *A Obriga*, *A serpe* e *Alforxas dun vello copleiro*, de Xenaro Mariñas, *As bágoas do demo*, de Ramón Valenzuela, *A farsa das zocas*, de Carballo Calero e *A noite vai coma un río*, de Álvaro Cunqueiro.



Fraguas Fraguas, Antón, “Ano Vello e mais Ano Novo”, *O Correo Galego*,
“Lecer”, 7 xaneiro 1996, p. XX.

Lembra as tradicións populares da festa de San Silvestre, que remata o ano. Entre elas explica o costume de facer un moneco que logo se queimaba nas leiras dos veciños. Apunta tamén cantigas populares para reclama-lo aguinaldo como as denominadas “Xaneiras”, habituais a comezos de século en Galicia e Portugal e das que fala tamén Vicente Risco.



colaboracións fixas

_____, “As semellanzas do noso Nadal con outros”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
14 xaneiro 1996, p. XXIV.

Refírese ás cantigas populares recollidas por José Viale Moutinho no volume *Aquem e alem montes* que recolle as tradicións pagás de Portugal. Fraguas compara os vilancicos habituais da Noiteboa das terras portuguesas cos de Galicia e lamenta que estean desaparecendo.



colaboracións fixas

_____, “Algo sobre febreiro”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 4 febreiro 1996,
p. XXIV.

Con motivo do comezo do mes de febreiro, Antón Fraguas recolle algúns ditos referentes ó frío característico deste mes, así como costumes propios das festas que se celebran en febreiro como a de San Blas, o domingo “faraleiro” e o domingo de entroido.



colaboracións fixas

_____, “As festas ecuatoriaes”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 18 febreiro 1996,
p. XXIV.

Refírese ós costumes populares do entroido galego e ás manifestacións da literatura oral nestas festas: testamentos do galo e sermóns de Entroido. Reproduce un destes testamentos, recollido por Francisco Potel Pardal no volume *Costumes da terriña*, publicado en 1911.



colaboracións fixas

_____, “Entroidos de hai máis de cen anos”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
25 febreiro 1996, p. XXIV.

Reproduce unha anécdota protagonizada en febreiro de 1876, nas festas de entroido, por D. Andrés Muruais, introductor dun personaxe que, co tempo, se converteu en lendario do entroido pontevedrés, o can do Urco. Sinala que o investigador fundamental sobre a historia do Urco é o tamén pontevedrés Xosé Filgueira Valverde quen, ademais de recoller material sobre esta figura, analizou a súa presenza en *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste.



_____, “Festas e refráns sobre o florido mes de maio”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
26 maio 1996, p. XXIV.

Artigo no que Fraguas lembra os labores agrícolas, crenzas populares e festas que tiñan lugar no mes de maio recollendo cantigas e refráns relacionados con estas actividades.



_____, “Algo sobre o mes de San Xoán”, *O Correo Galego*, “Lecer” 9 xuño
1996, p. XXIV.

Despois de recoller refráns referidos ó mes de San Xoán, Fraguas fai un resumo da vida de San Antonio e comenta, exemplificando con cantigas populares, tódalas crenzas e tradicións galegas ó redor da figura deste santo e a súa festividade.



colaboracións fixas

_____, “O redor do solsticio de verán”, *O Correo Galego*, “Lecer” 23 xuño 1996,
p. XXIV.

Neste artigo o profesor Fraguas lembra os costumes, lendas e tradicións relacionadas coa noite de San Xoán recollendo cantigas populares referentes ó tema entre as que se inclúen algunhas de orixe portuguesa.



_____, “Lembranzas do camiño e camiñantes”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
4 agosto 1996, p. XXIV.

O profesor Fraguas fai unha pequena semblanza dun monte emblemático do camiño de Santiago, o Pico Sacro, e das lendas e crenzas que existen ó redor del. Recolle un texto de López Ferreiro que fai referencia ós poderes curativos do monte e, neste mesmo senso, cita a Murguía. Ámbolos dous autores recollen cantigas populares que Fraguas reproduce e que exemplifican as crenzas neses poderes. O articulista remata describindo os distintos lugares polos que pasa o Camiño dende O Cebreiro ata Santiago e resumindo algunhas das lendas propias deses lugares. Recolle así mesmo uns versos de Cabanillas dedicados ó Grial e a Samos.



colaboracións fixas

_____, “No encanto montesío das Ermitas”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
11 agosto 1996, p. XXIV.

O profesor Fraguas presenta unha semblanza das Ermitas, santuario da parroquia de Santiago de Antas no concello da Lama destacando o poder curativo das súas augas. Ó mesmo tempo describe o contorno xeográfico, o santuario, o cruceiro e os actos do día da romaría acompañando a descrición con fragmentos de cantigas. Remata describindo un monumento ós emigrantes que existe nese lugar e reflexionando sobre a figura deses homes.



colaboracións fixas

_____, “De romaría en romaría imos todos”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
25 agosto 1996, p. XXIV.

Semblanza dos aspectos históricos e tradicionais das festas máis importantes que se celebran en distintos lugares de Galicia durante o mes de agosto: as de San Lorenzo, as de San Roque, a Virxe das Neves e as da Peregrina. Fraguas recolle algunhas cantigas relacionadas co tema.



colaboracións fixas

_____, “Os camiños vellos na nosa aldea”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
1 setembro 1996, p. XXIV.

Despois dunha breve reflexión, acompañada duns versos de Cabanillas, sobre o camiño como metáfora da vida, Fraguas describe as características dos camiños campesiños facendo ademais un percorrido polos camiños da súa aldea e de lugares próximos. Recolle cantigas relacionadas co tema.



_____, “As festas do tempo pasado”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 15 setembro 1996, p. XXIV.

Breve semblanza das dúas festas máis celebradas a comezos do mes de setembro: O Libramento de Valongo e a da Virxe de Augasantas. Recóllense cantigas relacionadas co tema.



_____, “Arredor da festa do Magosto”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 10 novembro 1996, p. XXVIII.

Comeza o artigo facendo unha breve semblanza do castañeiro e das castañas ó redor das que se recollen unha serie de cantigas populares. Continúa cun resumo do conto de Risco *O lobo da xente*, ambientado na época do magosto e cunha lembranza dos magostos da súa infancia coas súas correspondentes cantigas. Remata falando das posibilidades culinarias das castañas e dos mellores castañeiros de Galicia. Ó final recolle unha pastorela de Joham Airas.



colaboracións fixas

_____, “Achegándonos ó solsticio de inverno”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
1 decembro 1996. p. XXIV.

Artigo no que Fraguas recolle ditos e cantigas, lendas e tradicións ó redor dos labores agrícolas e as festividades máis importantes do mes de decembro: Santa Lucía, Nadal e San Silvestre. Recolle así mesmo os salmos latinos propios de cada un dos domingos de Advento.



VIII. Literatura de transmisión oral

VIII.5. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios



A. G. N., “Xerais reedita *Galicia enteira*, un clásico de las guías de viajes”, *Diario de Pontevedra*, 12 abril 1996, p. 20.

Comenta brevemente as últimas novidades de Xerais, entre elas a obra *Os vellos oficios* (1995), de Xosé Vázquez Pintor, e a reedición de dous volumes de *Galicia enteira*: “Fistera e Costa da Morte” e “Ría de Vigo e Baixo Miño”, de Xosé Luís Laredo Verdejo.



Estévez, Arantxa, “Un desafío en verso onde o que cala outorga”, *A Nosa Terra*, nº 726, 16 maio 1996, p. 32.

Informa da celebración do IIº Certame Nacional de Regueifas, no que dúas asociacións, a de veciños de Valladares (Vigo) e O Facho de A Coruña, participaron co ánimo de recuperar este tipo de desafío.



Gil, Francisco J., “La Galicia mágica y tradicional, materia de tres días de simposio”, *Faro de Vigo*, 17 xullo 1996, p. 6.

Informa dun Simposio sobre Galicia Máxica e Tradicional que terá lugar na sala de conferencias do Centro Cultural Caixavigo e no que se debatirá sobre a xeografía e a historia da nosa terra. Entre os participantes destacan Xosé Filgueira Valverde, Francisco Fernández del Riego, Juan Martínez Tamuxe e Xosé Couñago Rivera



I. G., “Arteixo promoverá la creatividad y las actividades lúdicas en el ‘Mes do libro’”, *El Ideal Gallego*, 8 abril 1996, p. 15.

Sucinto comentario sobre a actividade cultural que se levou a cabo no concello de Arteixo durante o mes de abril. Destacan a convocatoria do concurso de contos escolares “Manuel Murguía”, na súa oitava edición, a exposición de bonecos artesanais elaborados por Finola Vázquez e a representación de contos populares para nenos de preescolar



Lorenzo, Sera, “Trovadores de la primera mentira consentida”, *La Voz de Galicia*, “Especial”, 23 maio 1996, p. 5.

Artigo centrado na descrición do labor dos contacontos, que teñen a súa ferramenta na tradición oral e o seu público nos nenos e maiores. Nesta ocasión, David Otero e Xosé Ballesteros deleitaron cos seus contos a un grupo numeroso de nenos e nenas. Para David Otero, “o conto é a conversa máis longa que se pode ter cun neno”.



Merelas, Carmen, “Xesús Ferro defiende en su ingreso en la Real Academia Galega los dichos populares”, *Faro de Vigo*, 5 maio 1996, p. 49.

Artigo no que se informa do ingreso do pontevedrés, Xesús Ferro Ruibal, na Real Academia Galega. Como tema do seu discurso de ingreso, Ferro Ruibal escolleu a fraseoloxía e os ditos populares, como unha parte moi importante da lingua.



S. P. F., “Triunfos son ouros”, *La Voz de Galicia* (Edición de Valdeorras),
20 marzo 1996.

Comentario sobre *Contos e lendas da terra do Bolo*, primeiro libro de Esteban Enríquez, publicado polo Instituto de Estudios Valdeorrenses. Con 70 anos Esteban recompilou 22 relatos populares que falan da cultura e costumes do seu San Martiño natal. Os contos van adornados con gravados inéditos do pintor bolés José Porto de Valbuxán, Yosso.



Trillo, J., “El profesor Quintáns disertó en Cee sobre el refranero popular”,
El Correo Gallego, 24 outubro 1996, p. 54.

Dá conta dun ciclo de conferencias, organizado con motivo do bicentenario do nacemento de Fernando Blanco de Lema. Nel o profesor Manuel Quintáns Suárez falou sobre o refraneiro popular ó que cualificou de “código ético e moral”. Afirmou, así mesmo, que o refraneiro “non é propio porque nacera nun sitio, senón que se fai propio cando nós o vemos útil”.



VIII. Literatura de transmisión oral

VIII.6. Publicacións en xornais: entrevistas

Unión de Escritores 1995

Publicacións en xornais: entrevistas



Blanco, Lois, “La Santa Compañía no es más ni menos que el Purgatorio”,
La Voz de Galicia, 2 febreiro 1996, p. 7.

A publicación de *Aparicións e Santa Compañía* (1995) dá pé a esta entrevista con Xosé Ramón Mariño Ferro, na que este afirma que este tipo de crenzas existen en toda Europa pero que se conservan mellor en Galicia. Apunta que persoalmente non cre neste feitos, aínda que recoñece a súa utilidade para establecer unha ponte entre a vida e a morte e evita-lo medo a morrer.



Marcos, José Luís R., “En Galicia se mata por la tierra, porque en juego está la supervivencia”, *Faro de Vigo*, 11 febreiro 1996, p. 26.

Afirma José Ramón Mariño Ferro que os galegos son unha variante da cultura europea e que, á parte de mínimas características propias, son semellantes ó resto dos europeos, se ben indica que a maior diferenza está no sistema productivo. Defende que as supersticións son, dende o punto de vista cultural, un sistema marabiloso para asumir a morte, mentres que as romarías representan a idea cristiá da vida e o sufrimento para chegar ó ceo. Tamén apunta que en Galicia posuímos unha riqueza cultural moi grande e, a respecto do mito celta, di que Galicia non ten raíces celtas, senón unha cultura prehistórica moi diferente á do resto de España.



S. P. F., “He recopilado ‘anaquiños’ de cultura”. *La Voz de Galicia* (Edición de Valdeorras), 22 marzo 1996, p. 43.

Entrevista a Esteban Enríquez, autor de *Contos e lendas da terra do Bolo*. Comenta o libro -recompilación de antigos relatos populares da súa terra natal-, que contou co apoio do IEV e coas ilustracións do pintor Xosé Porto de Valbuxán. Fala dun poemario en castelán que ten unha parte dedicada a Valdeorras. Aínda que foi concelleiro recoñece que a política xa non o ilusiona.





IX. Revistas



Adaxe

(ISSN: 0213-4705/D. L.: C-764-1984).

Revista de Estudos e Experiencias Educativas. Publicación anual da Escola Universitaria de Maxisterio e a Universidade de Santiago de Compostela. Dirixida por Ramón Sánchez, catedrático de Filosofía da Escola Universitaria de Maxisterio. Forman o Comité Científico tódalas cátedras do centro editor. Foi creada en xaneiro de 1984. En 1996 publicouse o número 12, no que se inclúe, xunto a artigos referidos a aspectos didácticos de materias diversas, o titulado “Bibliografía comentada sobre a literatura infantil e xuvenil en galego no ano 1994”, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, e que se glosa no apartado correspondente deste *Informe*.



Agália (Revista Internacional da Associação Galega da Língua)

(ISSN: 1130-3557/D. L.: C-250-1985).

Creouse no 1984. Trátase dunha revista trimestral que se estrutura en seis seccións: “Estudos”, “Notas”, “Antologia”, “Documentaçom e informaçom”, “Recensons” e “Correio”. Ademais, na contracapa de cada número figura a relación completa dos seus consellos de redacción e asesor. Publicou durante o 1996 os números: 43, 44, 45 e 46, correspondentes respectivamente ó outono e inverno de 1995 e á primavera e verán de 1996. O nº 43 (Outono 1995) leva o subtítulo de “As línguas e os Dereitos Lingüísticos” e dedica boa parte dos seus “Estudos” a esta cuestión. No apartado “Recensons” aparecen os seguintes artigos referidos á Literatura Galega: “Literatura e Arte. Paisaxes do Baleiro”, de Aurora Marco, “Sobre comboios, janelas e outras pequenas historias”, de José Henrique Peres Rodríguez e “Os relatos do Manuel Murguia”, de Henrique Rabunhal. O nº 44 (Inverno 1995) inclúe os seguintes artigos: “O que nos contan os primeiros documentos de Ângelo Casal”, de José-María Monterroso Devesa, “*Mar para todo o sempre* de Henrique da Costa”, de Araceli Herrero Figueroa. Na sección “Antologia”, José Manuel Barbosa recolle o relato “Contos de meu avô: Zepe de Cela-Guantes”. O nº 46 (Verao 1996) é un volume dedicado integramente ás relacións entre Galicia e Portugal e leva o subtítulo de “Identidade cultural e cooperación transfronteiriça. O exemplo de Galiza-Portugal Norte”. No eido da Literatura Galega, aparece o estudio “Exemplificação das relaçons culturais entre Galiza e Portugal em jornais e revistas”. Todos estes artigos referidos á literatura galega son descritos no apartado correspondente deste *Informe*.





Anima+1

(D. L.: C-541-1996).

Publicación creada en febreiro de 1991, co subtítulo “Revista cultural para todas as especies” editada por Edicións Positivas. Os números 1 (febreiro 1991) e 2 (xullo 1991) contaban con Xelís de Toro como director e coordinador e Francisco Macías como subdirector; mentres que o número 3 (inverno 1992) supuxo o paso da dirección da revista a Xesús Ron e Miguel S. Regueiro e da subdirección a Francisco Macías e Xelís de Toro. No ano 1996, e tras catro anos de ausencia, viu a luz o número catro coordinado por João Gesta e Guillermo García. Este número conta coas fotografías de Gabriela Ribeiro e Rocaforte e nel poden atoparse textos de creación dos seguintes escritores galegos e portugueses: Rui Reininho, Lupe Gómez, Daniel Maia-Pinto, Chesi, Paulo Tunhas, Xaquín del Valle-Inclán, António-Jorge Pacheco, Lois Pereiro, Luís Tobías, Carmen Blanco, João Gesta e Manuel Cortés.

Recensións e referencias varias:

-M. Rodríguez, “Unha ducia de escritores dacabalo dun animal”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano I, nº 66, 30 maio 1996, p. 6. Nota que destaca o carácter irregular desta revista, que “Despois de tres anos agachada volve á luz” con traballos de doce escritores, seis galegos e outros tantos portugueses. Entre eles salientáanse á poetisa galega Lupe Gómez, que inclúe un poema do seu primeiro poemario *Pornografía*, o resto das

colaboracións citadas son as asinadas por Rui Reininho, Daniel Maia-Pinto, Chesi, Paulo Tunhas, Xaquín del Valle-Inclán, Antonio-Jorge Pacheco, Lois Pereiro, Luís Tobías, Camen Blanco, João Gesta e, pechando o número, Manuel Cortés.



-Vicente Araguas, "Outra cousa", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 111, 6 xuño 1996, p. 6. Recensión da cuarta entrega de *Anima+I* na que Vicente Araguas destaca as fotografías en branco e negro que mesmo valerían para xustifica-los textos no caso de que estes non estivesen á altura desexable, cousa que non sucede. Sinala así mesmo a perfecta distribución na revista entre autores galegos e portugueses dos que fai unha exhaustiva enumeración con cadanseu breve comentario. Para concluí-lo artigo gaba o encomiable labor que se está levando a cabo dende Edicións Positivas.



Andaina

(D. L.: C-1146-1988).

“Revista galega de pensamento feminista” que apareceu, nunha primeira época, en 1983 ata xuño de 1991. Iniciou unha segunda xeira, que continúa na actualidade, con nova numeración, formato e consello redactor, en decembro de 1991. A publicación dá cabida nas súas páxinas a temas misceláneos -política, arte, cultura, etc.- referentes ó mundo da muller. No ano 1996, viu a luz un único número, correspondente ó mes de decembro, que contén un artigo de literatura de a Carme Lado sobre o rol da protagonista feminina nos contos “Morrer en Laura” e “Mantis religiosa”, de Xosé Luís Méndez Ferrín, que pode consultarse no apartado correspondente deste *Informe*.



Anuario Brigantino

(ISSN: 1130-7625/D. L.: C-680-1996).

Editada anualmente polo Concello de Betanzos, fundada por Francisco Vales Villamarín. Tivo dúas etapas diferentes. A primeira delas, baixo a dirección do fundador, comeza no ano 1949, cando aparece o *Anuario Brigantino de 1948*. Continúa deste xeito a publicación nos anos 1950 e 1951. En 1981, tras trinta anos de silencio, volve a aparecer-lo *Anuario* nunha segunda etapa e ten xa unha continuidade ata o momento actual, baixo a dirección de Alfredo Eiras Martínez, que ocupou o cargo trala morte de Francisco Vales Villamarín. No ano 1996 cun equipo directivo formado por Julio Cuns Lousa (secretario e asesor), e un grupo de colaboradores técnicos entres os que figuran José M^a Veiga Ferreira, M^a del Pilar Vázquez Ares, Carlos Fernández Fernández, Emilio Grandío Seoane, Santiago Boullosa Cerviño, Pablo de la Fuente Lago, Isidro López Yáñez e Fernando Veiga Dopico, saíu á luz o número 18, correspondente a 1995. Este número está dividido en catro seccións: Historia, Arte, Literatura e Antropoloxía, Entidades Culturais e Deportivas e Acontecementos do ano. Para a Literatura Galega, interesa especialmente o artigo de Concepción Delgado Corral, "Fernando García Acuña no panorama da Literatura Galega" (pp. 309-314), que se describe no apartado V. 4. correspondente a Publicacións en revistas, deste *Informe*.



Anuario de Estudios Literarios Galegos 1995

(ISBN: 84-8288-059-4/D. L.: VG-324-1996).

Publicación de periodicidade anual que edita Galaxia dende 1992. Está dirixida por Xoán González-Millán e Dolores Vilavedra (Directora adxunta). A entrega correspondente ó ano 1995, publicada en xuño do 96, contou coa colaboración económica da Fundación Caixa Galicia. No seu Consello de Redacción figuran Diana Conchado, Xosé M. Dobarro, Ramiro Fonte, Helena González, Kathleen March, Camino Noia, Xosé R. Pena, Claudio Rodríguez Fer, Joaquim Ventura e Damián Villalaín. Consta das súas habituais cinco seccións: “Estudios”, “Comunicacións”, “Panorámicas”, “Libros” e “Compendio Bibliográfico Anual”, desglosadas e comentadas no apartado V. 4. Publicacións en revistas deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-Xavier Castro R., “Estudios literarios”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 28 xullo 1996, p. 9. “Un denso traballo en equipo, un grande percorrido polos feitos máis salientables do labor escrito ó longo dos últimos meses” son as palabras que abren este comentario do *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. A continuación avísase que o lector poderá atopar diversos comentarios críticos ou de opinión sempre dentro dunha “miscelánea cultural de obrigada consulta e inestimable axuda para o estudioso en particular e para o público en xeral”. Péchase o artigo cunha descrición do contido da publicación.





Anuario do Teatro Galego

(ISBN 84-453-1604-4/D. L.: 83-1996).

Publicación de carácter anual editada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en colaboración co IGAEM. En 1996 deuse a coñece-lo número 0 que recolle o máis significativo do realizado no teatro galego no 1994. Ábrese coas presentacións do Conselleiro de Cultura e do Presidente do IGAEM. Componse de dez apartados. O primeiro é unha breve introducción que sinala a importancia de completar e sistematiza-la información teatral galega, como testemuño da vida teatral e como base para posibles estudos. O resto dos apartados titulados “Teatro institucional”, “Teatro profesional”, “Teatro afeccionado”, “Teatro escolar”, “Mostras e festivais”, “Premios”, “Publicacións”, “Índices” e “Ficha”, que poden cubrir aquelas compañías que desexen aparecer no vindeiro número, recolle a nómina de grupos e postas en escena levadas a cabo ó longo do ano 94 coa súa correspondente ficha técnica.



Ar! Revista Galega Antimilitarista

(D. L.: C-1375-1994).

Comezou a súa publicación no outono de 1994 e, dende entón, sae á rúa trimestralmente. Trátase dunha revista de contido misceláneo. No 1996 apareceron os seus habituais catro números. O número 6, correspondente á etapa do inverno consta das seguintes seccións: "Editorial", "Actualidade e Cronoloxía", "Opinión", "Dosier Central", "Antimilitarismo no mundo", "Entrevista", "Cultura", "Buzón antimilitarista" e "Axenda antimilitarista". Nesta entrega do ano, ademais de colaboracións sobre a insubmisión e o antimilitarismo e dun dossier central monográfico dedicado á muller, pódense atopar artigos sobre temas literarios: "Celso Emilio Ferreiro: o antibelicista belixerante", de Ramona Giráldez, e "Ovos raros de galiña. O meu galeusca doce", de Xosé María Álvarez Cáccamo. Inclúe tamén dous poemas de Lupe Gómez "Insubmisión" e "Servicio Militar"- e un conto de Manolo Pipas titulado "A misión de Insub". A súa segunda entrega de 1996 consiste nun volume dobre que agrupa os números 7 e 8 de primavera e verán coas súas seccións habituais, entre as que se atopa un *dossier* central dedicado ó tema da educación e a paz. Contén este número unha reprodución de tres textos de Castelao, unha recensión realizada por Suso Amado do volume colectivo *Berra liberdade* (1996) e mais tres poemas de Manuel Outeiriño. No último número do ano, o nº 9, correspondente ó outono de 1996, cun *dossier* central dedicado á Insubmisión Gai, aparece un artigo de Olga Novo ("Alá, onde non hai Estado nin Deus nin poder") sobre a poesía do lucense Claudio Rodríguez Fer e un poema de Marta Dacosta titulado "Miñor".



Boletín Galego de Literatura

(ISSN: 0214-9117/D. L.: C-641-1989).

Revista semestral que naceu no ano 1989 cun monográfico sobre Celso Emilio Ferreiro. Está dirixida, dende a súa creación, por Anxo Tarrío Varela. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostela. No seu Consello científico figuran catedráticos de universidades de todo o mundo. Cada volume vai ilustrado por un pintor. No ano 1996 publicouse un volume dobre (n^{os} 15 e 16), correspondente ó primeiro e segundo semestres do ano. Nas súas seis seccións habituais - "Estudios", "Notas", "Documentos", "Bibliografías", "Libros" e "Creación" inclúense variadas aproximacións á literatura galega e universal. Na primeira das seccións referidas recolle artigos sobre literatura galega de Armando Requeixo (verbo da tradición do Romancero en Galicia) e de Blanca-Ana Roig Rechou (sobre a literatura infantil e xuvenil galega dende 1900 ata 1950), ademais dun achegamento á teoría bakhtiana da man de Jorge Sacido Romero. No apartado de "Notas" atópase un artigo sobre a relación entre Heine e Rosalía, de Manuel Xosé Neira; a análise dunha cantiga de Meendinho e unha cantiga de Santa María, de Román Raña e, outravolta, un artigo de Jorge Sacido Romero sobre a achega crítico-literaria de Peter Szondi, *Introduction to Literary Hermeneutics*. Na terceira das seccións, "Documentos", Xosé Luís Axeitos realiza unha nova exhumación do arquivo de Rafael Dieste, dando á luz diverso material relacionado co doutor Antonio Baltar. Continúa o *Boletín Galego de Literatura* cunha bibliografía dos estudos que Ricardo Carballo Calero fixo sobre Rosalía, realizada por Andrés Pociña e Aurora López e cunha sección de "Libros" con recensións de textos de Xesús Alonso

Montero, Vicente Beltrán, Xesús González Gómez, Modesto Hermida, Giuseppe Tavani e Giulia Lanciani, etc. Péchase a revista coa creación de Alfredo Conde, Úrsula Heinze, Manuel Xosé Neira e Ana Romaní. As ilustracións que acompañan as colaboracións deste *Boletín Galego de Literatura* realizounas o pintor e escultor lucense Xesús Otero-Yglesias. Tódolos artigos, notas e recensións referidas á literatura galega van descritas no apartado correspondente deste *Informe*.



Recensións e referencias varias:

-Xosé Antón Silva, "Non todo é ermo", *O Correo Galego*, "Piloto automático", 2 maio 1996, p. 2. Logo de comenta-las deficiencias universitarias, Silva propón como excepción e como exemplo de rigorosidade científica o *Boletín Galego de Literatura*, editado pola Universidade de Santiago de Compostela.

-Amelia Rodrigues, "Unha nova entrega do *Boletín Galego de Literatura*", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 26 maio 1996, p. 6. Comentario sobre os contidos do nº 14 do *Boletín Galego de Literatura*, entrega que se corresponde co segundo semestre de 1995. O presente número conta no apartado "Estudios" cos traballos de Kathleen March, Alexandre Ripoll e María Montes. Na sección de "Notas" insírense estudos sobre distintos aspectos literarios con contribucións de traballos de Carlos Gurméndez, Íñigo Sánchez Llama, Antonio Sánchez Barbudo, Teresa Araújo, Teresa López, Blanca-Ana Roig Rechou e Jorge Sacido Romero. A sección "Bibliografía", ó cargo de Ramón Nicolás, recolle a actividade crítica e divulgadora que se produciu ó longo de 1995 ó redor da figura de R. Dieste. Como peche de número figuran recensionadas varias obras xunto con dez poemas de Salvador García-Bodaño e catro composición de Xesús Rábade Paredes.



Cadernos Castelao

Publicación editada pola Fundación Castelao de Santiago de Compostela que recolle as conferencias que organiza a Fundación, dende 1994, co obxectivo de divulgar a vida e obra de A. R. Castelao. A revista conta coa coordinación de Henrique Monteagudo. No 1996 publicáronse tres números, o nº 6 onde se recolle a charla de Manuel Rosales Cereijo, “As Cousas de Castelao: entre a tradición e a innovación”, o nº 7, confeccionado a partir da charla de Manuel F. Vieites co título “Castelao e a creación dramático-teatral. Entre a tradición e a modernidade” e o nº 8 que recolle o artigo de Clodio González Pérez, “Castelao e o *Faro de Vigo*”, que aparecen descritos no apartado de publicacións en revistas deste *Informe*.



Cadernos de Teatro

(D. L.: C-558-1995).

Publicación de textos teatrais iniciada en 1995, dirixida por Francisco Pillado e coordinada por Manuel Lourenzo, que substituíu ós *Cadernos da Escola Dramática Galega*. No ano 1996 apareceron cinco números cos seguintes contidos: nº 5, *Teatro-Minuto*, de Xesús Pisón; nº 6, *O lector de Goethe*, de Paulino Pereiro; nº 7, *A ola de caldo e O gato e a lúa*, de W. B. Yeats; nº 8, *A proclama*, de Xosé Lois García; nº 9, *O tesouro dos xesuitas*, de Louis Aragon e André Breton, descritos neste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

Manuel F. Vieites, "Cadernos de Teatro", *Faro de Vigo*, "Faro das Letras", nº CXII, 20 xaneiro 1996, 3. Artigo no que se saúda a aparición dos *Cadernos de Teatro* (que cobren o baleiro que deixaran os *Cadernos da Escola Dramática Galega*) e se citan, acompañadas dun breve comentario, as catro primeiras entregas, todas elas do ano 1995: *O perfil do crepúsculo*, de Manuel Lourenzo; *Memoria acerca da dramática galega. Causas do seu pouco desenvolvemento e influencia que nel mesmo pode exercer o Rexionalismo*, de Galo Salinas, traducido por Laura Tato Fontaiña; *O teléfono*, de Joan Cavallé, traducido por Antonio Monlexón; *La Galiciana*, de Xoán da Cova Gómez, edición de Anxo Gómez Sánchez e Mercedes Queixas Zas.



Cuadernos de Estudios Gallegos

(ISSN: 0210/847-X/D. L.: M-562-1958).

Publicación científica santiaguesa que apareceu no seo do Instituto Padre Sarmiento en 1944 e que continúa a publicarse na actualidade. Os seus contidos céntranse no ámbito humanístico (historia, arte, xeografía, etnoloxía, folclore, historia relixiosa, lingua e literatura tanto universal coma galega). Trátase dunha publicación bilingüe auspiciada na actualidade polo Consejo Superior de Investigacións Científicas e o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística. A revista está estruturada en cinco apartados que corresponden a distintas áreas: "Arqueoloxía, Prehistoria e Antropoloxía Física", "Historia e Xeografía", "Historia da Arte", "Etnografía", e "Lingua e Literatura". No número 108, correspondente ó ano 1996, non se cubriu o apartado correspondente á literatura galega, por iso non tería cabida neste informe pero consideramos de interese ofrece-las referencias que desta revista se fixeron nos medios escritos debido a que non só se refiren a este número senón que o fan a números anteriores onde a literatura si estaba presente.

Recensións e referencias varias:

-Antón Fraguas Fraguas, "Os Cadernos de Estudios Galegos", *O Correo Galego*, "Lecer", 11 febreiro 1996, p. XXIV. Resumo e análise detallada dos diferentes artigos sobre arte, historia e etnografía, que contén o número 106 da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Na sección dedicada á literatura aparece nesta



entrega, un traballo de Eva Valcárcel sobre Valle Inclán e a formación inicial da teoría do esperpento. Fraguas sinala que en *La pipa de Kif* “a estratexia esperpéntica intensifícase na secuencia ‘macabra’ do enterro da sardiña, pervivencia da tradición do capo antropolóxico cultural”.

-Antón Fraguas Fraguas, “Novos *Cuadernos de Estudios Gallegos*”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 24 marzo 1996, p. XXIV. Refírese ós contidos do número 107 da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*. No apartado de literatura destaca o traballo de Leopoldo Fernández Gasalla sobre “La biblioteca de D. Andrés de Mondragón I marqués de Santa Cruz de Rivadulla, mecenas y político gallego del siglo XVII”.

-E. C., “O Padre Sarmiento reedita os ‘Anexos’ dos *Cuadernos de Estudios Gallegos*”, *O Correo Galego*, 16 maio 1996, p. 44. Informa da reedición de *O tumbo vermello de don Lope de Mendoza* como primeiro froito da tarefa de recuperación dos “Anexos” dos *Cuadernos de Estudios Gallegos* emprendida polo Instituto Padre Sarmiento. Dá a coñece-las características do manuscrito que serviu de base a este traballo, e salienta a importancia que ten para coñece-la historia eclesiástica de Compostela.



Clave Orión

(ISSN: 1135-741-X/D. L.: C-884-1995).

Revista literaria que comezou a súa andaina no seo da revista *Nordés* (números 19-20, outubro 1993) onde viu a luz o número Alfa. De forma independente saíu o seu número 1, no 1995, dirixida por Luz Pozo Garza. En 1996 publicouse a segunda entrega. Contén traballos de creación distribuídos en oito seccións "O Faro Extraviado", "Donas da Palabra", "Homenaxe a Igor Ivanov", "Mensura", "Paradiso", "Prímula", "A Pluma na Man" e, por vez primeira "Inversión". Neste segundo número participa Luz Pozo Garza na sección "O Faro Extraviado". As contribucións de Carmen Blanco, Ursula Heinze, Pura Vázquez, M^a do Carme Kruckenberg, Ánxeles Penas, Luísa Villalta, Carmen Vázquez Arce, Clementina Vidal e Olga Novo figuran insertas en "Donas da Palabra". A sección "Homenaxe a Igor Ivanov" está dedicado a Anna Ajmátova. "Meendinho" conta coas colaboracións de M^a Xosé Queizán, Pilar Pallarés e Luz Pozo Garza. "Mensura" acolle as participacións de Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Maximino Cacheiro, Miguel Anxo Fernán-Vello, Ramiro Fonte, Manuel Forcadela, Xavier Rodríguez Baixeras, Claudio Rodríguez Fer, Francisco Salinas Portugal e Manuel Vidal Villaverde. "Paradiso", como no anterior número, contén poemas manuscritos de Eduardo Moreiras. "Prímula" acolle unha composición do novísimo Xosé Alonso Carballeira e, "A pluma na Man" reproduce o manuscrito "El tesoro del colegial", da autoría de Otero Pedrayo. Finalmente destacar, que no presente número, aparece por vez primeira o apartado "Inversión", nado coa intención de recoller e divulga-la poesía feita alén das nosas fronteiras. Nesta ocasión conta cunha escolma de poemas de tres poetas bretóns contemporáneos traducidos por M^a González Lopo (Bernez Tangi, Gwendal Denez e Alan Botrel),

a poesía de dúas poetas gregas contemporáneas vertida ó galego por Andrés Pociña (Olga Votsi e Lena Pappá) e co poema de Pere Gimferrer “Exili”, en traducción de Claudio Rodríguez Fer.



Recensións e referencias varias:

-Xavier Castro R., "Clave Orión", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 22 setembro 1996, p. 7. Comenta X. Castro que estamos diante dunha revista centrada no terreo da poesía pero que non descoida o aspecto gráfico, así, este nº II ofrece, na súa opinión, un perfecto equilibrio de ambas manifestacións artísticas. A continuación refírese ás catro partes que considera fundamentais da publicación: "Donas da palabra", onde aparecen voces femininas; "Mensura", con voces masculinas; "Inversión", de traducións ou versións doutras linguas e, finalmente, "Paradiso", un oco para a lembranza. Conclúe dicindo que "os bos lectores da nosa lírica saberán acoller e estimar" esta publicación.



Dorna. Expresión Poética

(ISSN: 0213-3806/D. L.: C-94-1982).

Comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981 baixo a coordinación de Luís G. Tosar "CHE", Manolo Loxo e Suso Molanes, editábaa a Asociación Dorna. Dende o número 2, con periodicidade irregular, con cambios nos seus consellos asesores, redactores e mesmo de coordinadores e secretarios, é publicada baixo o patrocinio da Cátedra, primeiramente, e do Departamento de Filoloxía Galega ata a actualidade. En outono de 1996, saíu un único número, o 22, ilustrado por Carmen Nóvoa. Nas súas páxinas mantéñense as habituais seccións de "Creación", "Voces de Fóra" e "Caderno da Crítica" e aparecen as novas "Arte Poética", dedicada a Chus Pato, e "Verbas Cruzadas", que contén a transcrición da entrevista de Ana Romaní e Paulino Novo con Henrique Monteagudo, Rafa Villar e Manuel Forcadela. Polo que se refire ó apartado de creación, o fundamental da publicación, dicir que está amplamente representado por Claudio Rodríguez Fer, Martín Veiga, Helena de Carlos, Marta Dacosta Alonso, Estevo Creus, Ramón Taboada, Anxo Angueira, Rafa Villar, María Xesús Nogueira, Gonzalo Navaza, Francisco Domínguez Romero, Eduardo Estévez, Abel Mendes Bujeiro, Alexandre Bragaña Buela, Carlos Pérez Varela, César Souto, Emma Couceiro, Carlos Negro, Xandra Tendín, Rafael Lema, Xerardo Quintía Pérez, Xosé Manuel Lema, Xosé Luís González Sende, Yolanda Castaño, Carmén Nóvoa, Belén Feliu e Rafa Xaneiro. A sección "Voces de Fóra" recupera parte da obra lírica dos poetas Ante Zempljar, Jamie McKendrick, Stanislas Rodanski e Paul Nougé. Por último, no apartado "Caderno da Crítica" aparecen os traballos, desglosados á súa vez no apartado correspondente deste *Informe*, de Francisco Alonso "A normal normalidade

da literatura galega”, Dolores Vilavedra “Literatura simbiótica: *Fridon speak* de Jaureguizar” e María Xesús Nogueira “Sen título de Celso Fernández Sanmartín”.



Recensións e referencias varias:

-E. C., "Reaparece a revista cultural *Dorna* cun homenaxe a Dieste"/"Tres anos fixeron falta para volver ler *Dorna*", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 21 marzo 1996, p. 14/p. 44. Infórmase dos contidos do número 20 da revista *Dorna* (1995), tras tres anos de silencio. Destácase a presenza de Rafael Dieste, as ilustracións de Virxilio e as colaboracións de 16 poetas e narradores actuais. Menciónase así mesmo, ós integrantes do Consello de Redacción -Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Iris Cochón e M^a Xesús Nogueira- e as palabras de Ramón Lorenzo, director da revista, na editorial deste número, nas que se refire á apertura da publicación a tódolos que "verquen as súas arelas creadoras na lingua galega".

-Xavier Castro R., "*Dorna*: lírica galega", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 14 abril 1996, p. 7. Refírese á aparición do nº 21 de *Dorna* (decembro de 1995). Nesta ocasión a revista está dedicada á figura de Alexandre Cribeiro, de quen Xosé Manuel Salgado fai, a modo de pórtico, unha breve semblanza. Cítase finalmente a nómina de colaboradores.

-Vicente Araguas, "Unha dorna para Cribeiro", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 108, 16 maio 1996, p. 6. Saúda Araguas a reaparición de *Dorna* (1995) na súa cuarta entrega, desta volta dedicada á figura de Alexandre Cribeiro. Salienta as ilustracións de Raimundo Patiño, motivo que lle dá pé a afirmar que Brais Pinto foi algo máis que unha casualidade. A continuación fai unha breve relación de colaboradores da



revista (compañeiros de Cribeiro xunto a poetas e narradores novos e novísimos). Finalmente anuncia a próxima publicación da poesía de A. Cribeiro en Espiral Maior.

-Begoña Eguizábal, "Dorna cumpre quince anos", *Faro de Vigo*, "Faro das Letras", nº CXXV, 18 maio 1996, p. 4. Destácase a longa vida de *Dorna*, que vén de cumprir quince anos, e defínese a publicación como unha mestura da lírica coa pintura e coas palabras de críticos e ensaístas. Coméntase o silencio de tres anos do que esperta esta revista agora renovada cun novo comité de redacción. Fala brevemente do nº 20 dedicado a Rafael Dieste no Día das Letras Galegas. A continuación, detense no nº 21, que aparece co subtítulo de "En lembranza de Alexandre Cribeiro" e salienta nel o artigo de Xosé Manuel Beiras e a inclusión de nove poemas de Cribeiro.



Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián

(ISSN: 1131-6519/D. L.: C-80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro do ano 1977. No 1996 publicáronse, como no ano anterior, cinco números. No número 96 só se contempla a literatura galega no apartado “Libros chegados á redacción”, de Engracia Vidal. No 97, engádese a sección “Letras Galegas 1996” no que Xesús Portas Ferro e Gumersindo A. Campaña Ferro homenaxean a Xesús Ferro Couselo, nun artigo titulado “Xesús Ferro Couselo: un home do pobo para o pobo”. No mesmo número da revista, aparece un artigo de Arximiro López Rivas titulado “Xosé Chao Rego. *Na fronteira do Misterio. Credo para xente non crédula*” e outro de Manuel R. Pereira Valcárcel sobre “Lois Tobío. *As décadas de T. L.*”. O número 98 ocúpase só dos “Libros chegados á redacción”. No número 99 repítase a mesma sección de Engracia Vidal e engádese unha lembranza para Xosé Filgueira Valverde, da man de Antón Santamarina. Para rematar, no número 100, correspondente ó último bimestre do ano 1996, non se inclúe ningunha referencia á literatura galega; trátase dun monográfico dedicado á Igrexa titulado “A Igrexa galega no posconcilio”.

Recensións e referencias varias:

-M. Dourado Deira, “*Encrucillada: cen encontros de pensamento*”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 2 novembro 1996, p. 2.



Homenaxe para conmemora-lo número 100 da revista *Encrucillada*, que cumpre vinte anos de existencia. Salienta a orientación do pensamento cristián desta publicación e a intención, presente dende os seus comezos, de relacionar cultura e relixión, “enmarcando fe e pensamento cristián na cultura, na historia e na lingua de Galicia”.

-C. C., “*Encrucillada* pon encol da mesa os atrancos da Igrexa posconciliar”, *El Correo Gallego*, 9 novembro 1996, p. 29. Dáse noticia da inauguración do Encontro que celebra os cen números da revista *Encrucillada* no Colexio La Salle. Sinálase que o obxectivo deste foro é analiza-la “situación actual da igrexa”, baixo o lema *Relixión e Cultura en Galicia*.

S. D. F., “Manolo Rivas: A Igrexa crucificou a lingua galega”, *O Correo Galego*, 10 novembro 1996,

53. Refírese a un dos actos do encontro celebrado en Santiago para conmemora-los vinte anos de existencia da revista *Encrucillada*. Nel interviron Manuel Rivas, Lidia Senra, Martínez Randulfe, Manuel Guerra e Xosé Antón Miguélez.

-C. V., “Os promotores de *Encrucillada* lembran que a Igrexa traspasa os límites da súa administración”, *A Nosa Terra*, nº 752, “Guieiro Cultural”, 14 novembro 1996, p. 26. Noméanse ós participantes no XIº Foro Relixión e Cultura en Galicia (Xosé Antón Miguélez, Manuel Rivas, Lidia Senra, Manuel Guerra Campos, entre outros), un acto que serviu tamén para conmemora-los vinte anos de existencia da revista *Encrucillada*. A súa secretaria, Engracia Vidal, destacou o compromiso con Galicia e a vivencia da fe da publicación. Indícase tamén que “a revista subsiste a meio de subscricións e co traballo gratuíto dos 30 membros do consello de redacción e os colaboradores”.



-Rosa Rodríguez, "Un mundo perfecto é o mesmo ca un círculo cadrado", *O Correo Galego*, "Pegadas de Hoxe", 21 decembro 1996, p. 48. Entrevista a Andrés Torres Queiruga, con motivo da saída do número cen da revista *Encrucillada*. Sinala o entrevistado que *Encrucillada* é unha revista relixiosa na que se trata con liberdade "todo tipo de temas sen problema ningún". Afirmo que, ó longo dos seus vinte anos de andaina, a súa traxectoria é plural e libre sen ningún tipo de dependencia institucional xa que a revista se financia coas cotas dos 1.500 subscritores.






Estudos Galegos

Publicación de carácter informativo, descriptivo e crítico que inicia a súa andaina no ano 1996, coa saída do seu primeiro número. Baixo a dirección de Maria do Amparo Tavares Maleval, a revista *Estudos Galegos*, editada pola Universidade Federal Fluminense (UFF), conta coa colaboración dunha Comisión de apoio e co asesoramento dun Consello editorial formados, entre outros, por profesores universitarios. Trátase dunha publicación que nace co obxectivo de reunir unha serie de textos e artigos sobre Galicia e a súa realidade cultural. Neste primeiro número aparecen, na sección denominada “Artigos”, catorce colaboracións de diferentes escritores e profesores universitarios sobre outros tantos aspectos da cultura galega. No ámbito da literatura, destacan os seguintes: “O poema musical de Codax como narrativa”, de Leodegário A. de Azevedo Filho; “Assi Moir’eu’: um modelo para Pai Soarez de Taveirós”, de Yara Frateschi Vieira; “Elas por ele, El-Rei Dinis”, de Lênia Márcia Mongelli; “Vuitoron e a sátira política”, de Fernando Ozório Rodrigues; “Um descordo em desacordo: sobre ‘per quant’eu vejo’, de Martin Moya”, de Paulo Roberto Sodré; “Seqüestro da dama e o seqüestro da voz feminina: um cotejo entre cantiga de amigo e poesia modernista”, de Sonia Inez Gonçalves Fernández; “Hilda Hilst, leitora dos trovadores galego-portugueses”, de Maria do Amparo Tavares Maleval; “Um pouco de sol para Rosalía”, de Fernanda Moares Maddaluno; “Luís Seoane: cicatrizes da Galiza”, de Ida Maria Santos Ferreira Alves; “O sonho submerso”, de Domingo Gonzalez Cruz e “Entre o Rio e a ria”, de Reynaldo Valinho Alvarez. A revista complétase co apartado “Antologia”, no que se reproducen fragmentos de diferentes cantigas, precedidas dunha breve biografía dos seus autores e o titulado “Resenhas”, no que se ofrece un achegamento á emigración galega e un estudio fotográfico do

home galego. Para rematar, na sección “Noticias 95”, dáse conta dunha serie de acontecementos de tipo cultural ocorridos durante o ano 1995, cítanse varias publicacións e ofrécese un avance dalgúns dos artigos que aparecerán no próximo número da revista.





Ferrol Análisis

(D. L.: C-1106-1990).

Esta revista publicou o seu primeiro número en setembro de 1990. Está patrocinada polo Concello de Ferrol e editada polo Clube de Prensa desta cidade e o seu primeiro director é Germán Castro Tomé. Na presentación, comenta que os temas tratados terán como cerne a comarca ferrolá e declara a intención de manter unha periodicidade trimestral. A falta de apoio financeiro propiciou que se incumprise a promesa inicial, saíndo o número 2 en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. No 1993 tiran do prelo os números 4 e 5; nestas entregas aparecen as primeiras referencias á literatura galega: unha entrevista a Xavier Alcalá e un artigo de José-Martinho Montero Santalha titulado “Carvalho Calero e Ferrol”. En 1994 aparece unicamente o número 6, cos seguintes artigos referidos á nosa literatura: “O contributo ferrolano á literatura galega”, de Henrique da Costa, e “Notas soltas sobre Luís Seoane”, de Isaac Díaz Pardo. A partir do número 7, correspondente a xaneiro de 1995, tentan mante-la publicación de dous números por ano. Nesta entrega, Carlos Durão asina o artigo “Quem foi Ernesto Guerra da Cal?”. No número 8, decembro 1995, Carlos Gurméndez escribe “La obra ensayística y filosófica de Dieste”. No ano 1996 publicáronse os números 9 e 10, correspondentes a xullo e decembro, respectivamente. Na sección “Creación”, integrada en *Ferrol Análisis* dende as primeiras entregas, aparece este ano por primeira vez unha escolma poética dun autor galego, trátase de “Ferrol de fondo”, de Ramiro Fonte. Os artigos referidos á literatura galega pertencentes ós números do 96, están resumidos no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.



Festa da Palabra Silenciada. Publicación galega de mulleres

(D. L.: VG-241-1983).

Revista de periodicidade irregular que comezou a súa andaina en maio de 1983. É unha publicación de ideoloxía feminista, coordinada por M^a Xosé Queizán. No ano 1996, saíu o nº 12 que contén ilustracións de Olympia Ortiz, Rocío García e Ruth Martínez. A primeira parte componse dun Monográfico dedicado a Pura e Dora Vázquez, no que participaron con artigos, comentarios e entrevistas centrados en aspectos da súa vida e obra: M^a Xosé Queizán, Carmen Blanco, Carmen Panero, Luz Pozo Garza, Mónica Bar Cendón e Beatriz Suárez Briones. A homenaxe inclúe unha escolma de poemas, en galego e castelán, de ámbalas dúas autoras. No apartado de “Temas varios” inclúense un artigo sobre a pintura de creadoras cubanas; unha entrevista con Mercedes Padilla, directora da Orquestra de Cámara “Villa de Madrid”; unha análise sobre o sexismo da L.O.X.S.E. na Educación Física; un comentario sobre a revista *Alba* e o seu facsímile e unha recensión do libro de Amelia Gamoneda Lanza, *Marguerite Duras: la textura del deseo*. A sección dedicada á crítica literaria contén, entre outras cousas, unha bibliografía de obras escritas por mulleres no 1995; recensións dedicadas á obra de Carmen Blanco, M^a Xosé Queizán, Chus Pato, Marilar Aleixandre; dous artigos sobre Cunqueiro; un comentario sobre *El Vacío de la maternidad* (1995), de Victoria Sau e *Tres mujeres*, de Ana María Navales; unha nota sobre o volume *Poesía dos trovadores*, editado en San Petersburgo e un artigo sobre “A arte en clave antropolóxica”. Todo o relacionado coa literatura galega aparece comentado no apartado V. 4 deste *Informe*. No apartado de “Creación” recóllense composicións

de Luz Pozo Garza, Ánxeles Penas, M^a do Carme Kruckenberg, Marica Campo, Ana Romaní, Mónica Bar Cendón, Helena Villar Janeiro, M^a Xosé Queizán, M^a Xesús Pato, Sabela Álvarez Núñez, Luísa Villalta, Yolanda Castaño, María Vidal, Isolda Santiago, Marga Rodríguez Marcuño, Ivette K, Centeno, Carme Carballo, Emma Couceiro e Verónica Martínez, dedicadas a Pura e Dora Vázquez.



Recensións e referencias varias:

-M. G., "*Festa da palabra silenciada* homenaxea a Pura y Dora Vázquez", *El Correo Gallego*, 28 xuño 1996, p. 12. Refírese ós contidos do número 12 da *Festa da Palabra Silenciada*, dedicado ás poetas ourensás Dora e Pura Vázquez. Recóllense as declaracións de M^a Xosé Queizán, directora da revista, no acto de presentación deste número, nas que salientou a débeda cara á creación literaria destas dúas creadoras.

-Xavier Costa Clavell, "Silenciada festa da palabra", *O Correo Galego*, "No Faiado", 27 xullo 1996, p. 3. Fai referencia ós contidos do número 12, correspondente a 1996, da revista *Festa da Palabra Silenciada*, dedicado á obra de Pura e Dora Vázquez, entrevistadas neste número por M^a Xosé Queizán. Ademais na sección "Temas varios", ofrécese un percorrido pola pintura feminina cubana e varias recensións de libros.



Galicia Internacional

(D. L.: C-283-1995).

O número 1 saíu á rúa en novembro de 1994. O equipo de redacción está formado por Olegario Sotelo Blanco, que ocupa o cargo de Director/Editor, Luís Álvarez Pousa, que ocupa o de Coordinación periodística e na Redacción aparecen Xesús Losada e Pancho Rey Tristán. Presenta con variacións nalgúns números as seguintes seccións: "Opinión", "Crónicas do Acontecer", "Entregas", "Sociedade/Co espello retrovisor" e "Cultura/Voces e Miradas". No ano 1996 publicáronse sete números desta revista, entre xaneiro (número 6) e xullo/agosto (número 12), cunha periodicidade mensual. Neles apareceron varios artigos dedicados especificamente á literatura galega, así como recensións sobre a mesma, que se recollen no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*. Polo que parece, a revista rematou con este número e non terá continuación. Nos números 9 e 11 a sección "Sen Fronteiras" substitúe á de "Entregas" e no número 12 aparecen as dúas. Diversos escritores galegos mantiveron nestes números columnas fixas na sección de "Opinión" como Suso de Toro -"Frecuencia modulada"- nos números 6 a 10; Manuel Rivas -"Un paseo pola beira da vida- nos números 6 e 7; Aníbal C. Malvar -"Retratos"- nos números 7 e 10, onde realizaba caracterizacións de personaxes coñecidos da cultura galega. Así mesmo, a sección de "Opinión" que abría a revista, foi ocupada en ocasións por escritores: Ramiro Fonte (número 6); Xesús Rábade Paredes (número 7); Xosé Chao Rego (número 8); Ramón Villares (número 9); Daniel Pino (número 10), ou Claudio Rodríguez Fer (número 12). No nº 10 dedicouse un suplemento especial á figura de Ferro Couselo co título "Xesús Ferro Couselo. A voz da acción", (pp. 43-58), incluído na sección de



Entregas. Os artigos deste suplemento tamén aparecen recensionados no apartado IV. 3. Día das Letras Galegas. Publicacións en revistas, deste *Informe*.



Grial

(ISSN: 0017-4181/ D.L.: VG-99-1963).

Naceu no ano 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego. Subtitulouse nesta etapa, na que se publicaron 100 números, "Revista galega de cultura". A partir do número 100 asumiu a súa dirección Carlos Casares e a revista xa non aparece co subtítulo. Nesta segunda etapa segue coa periodicidade trimestral. No 1996, publicáronse os números 129 (xaneiro-febreiro-marzo), 130 (abril-maio-xuño), 131 (xullo-agosto-setembro) e 132 (outubro, novembro-décembro), nos que, ademais do repertorio habitual de estudos, se recollen diversos traballos nas seccións "Libros", "Teatro" e "A cultura no mundo". O número 129 contén, no tocante á literatura galega, senllos estudos de Xavier Carro e Ana María Spitzmesser sobre o simbolismo en *A Esmorga* e a busca da identidade en *Vento de seda*, respectivamente. No apartado "Libros" aparecen recensións de Ramón Nicolás, Xesús González Gómez, Franklin García Sánchez e Xurxo Sierra Veloso. O número 130 leva por título "Os dilemas da acción cultural" e no apartado "Libros" recóllense recensións de Alex Alonso, José Luís Fernández Pérez, María Xesús Nogueira, Miro Villar, Andrés Pociña e María Xesús Lama. Inclúese tamén un artigo de Dolores Vilavedra sobre a posta en escena de *O desengano do prioiro*. No número 131, Silvia Gaspar entrevista a Xavier Alcalá, M. F. Vieites reflexiona sobre a literatura dramática galega, Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda dá a coñecer unha carta inédita de Manuel Murguía e Ricardo Martínez Conde presenta un artigo sobre o aforismo. O apartado de "Libros" acolle recensións de Helena González e María Xesús Nogueira e no apartado "Teatro",

Damián Villalaín comenta a posta en escena de *Como en Irlanda*. No número 132, aparecen as colaboracións de Euloxio R. Ruibal sobre a tradición popular en *Os vellos non deben de namorarse* e Teresa López presenta unhas notas sobre o “Canto do vigía” de Eduardo Pondal. No apartado “Libros”, as recensións levan as sinaturas de Dolores Vilavedra, Helena González e Noemí Pazó. Os artigos, recensións, referencias, etc. sobre literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.



Recensións e referencias varias:

-Alfredo Conde, "A única miseria asumible élle a dun mesmo", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 8 febreiro 1996, p. 56/p. 4. Relación do quefacer das novas editoriais galegas, tales como Laidvento, Edicións do Cumio, Sotelo Blanco, Ir Indo e Edicións do Castro. Conde considera a Xerais como a grande editorial galega e destaca a existencia de revistas como *A Trabe de Ouro* e a *Revista Galega do Ensino*. Por último, fai un comentario sobre a impuntualidade que ultimamente mostra a revista *Grial*, á vez que afirma que se vai abster de criticar este feito, xa que o importante é que Galicia se vaia artellando, polo menos, no eido da cultura máis académica.



Guieiro

(D. L.: C-926-1996)

Edición facsímilar realizada polo Consello da Xuventude de Galicia en 1996. Subtitulada “Outavoz Patriótico da F.M.G.”, esta publicación da Federación de Mocidades Galeguistas viu a luz entre 1934 e 1936. Estaba publicada integramente en galego e presenta unha orientación claramente nacionalista recollendo nun dos seus números un proxecto do Estatuto de Autonomía. *Guieiro* publicouse como sección dentro do xornal *A Nosa Terra* dende setembro de 1934 e ten o seu antecedente nas “Páxinas da Mocidade do mesmo xornal” para pasar a ser publicación independente dende abril de 1935. O seu contido é predominantemente político e pódense salientar entre os seus colaboradores a Aquilino Iglesia Alvariño, Francisco Fernández del Riego, Florentino L. Cuevillas, Vicente Risco ou Xaime Illa Couto, salientando no tocante ó eido literario, a dedicatoria a Antón Villar Ponte no número de marzo de 1936. Esta edición ábrese cunha presentación de José Antonio Constenla Ramos, presidente do Consello da Xuventude de Galicia e dunha introducción de Xaime Isla Couto na que lembra o influxo na revista dos homes de “Nós” e do Seminario de Estudos Galegos, aludindo ó seu compromiso coa República e coa democracia así como a continuidade deste ideario a través de Galaxia.



Recensións e referencias varias:

-P. S., "Guieiro', a vella voz da mocidade galega, renace en edición facsímile", *El Correo Gallego*, 21 marzo 1997, p. 12. Fala da presentación da edición facsímilar de *Guieiro* feita polo Consello da Xuventude de Galicia por parte de antigos integrantes da Partido Galeguista, entre outros Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas e Xaime Isla. Da revista, voceiro da Federación de Mocidades Galeguistas, destacou este último o seu valor simbólico por permitir explica-lo pasado, "polo que ten un valor de futuro importante". Salientou, así mesmo, o pluralismo e a irmandade entre distintas conviccións relixiosas. A continuación recóllese a opinión de Carlos Casares, quen tamén participou na presentación, recoñecendo o éxito da xeración dos antigos galeguistas e os logros conseguidos por *Guieiro* a pesar dos escasos medios.



Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación

(ISSN: 1130-6831/D. L.: LU-855-1990).

Publicación semestral editada, dende 1990, pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Forman o seu consello de redacción, Manuel Castro Gay, Amador López Valcárcel, Nicandro Ares Vázquez, M^a Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez e Argimiro López Rivas (secretario). A revista conta con catro seccións tituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Texto” e “Libros”, onde se recollen traballos dedicados a diversas materias, entre elas historia, toponimia, antropoloxía, etc., en xeral relacionados coa historia e a cultura da provincia de Lugo. No apartado “Libros” ofrécese comentarios centrados nas novidades editoriais. Ó longo do ano 1996, apareceron os números 12 e 13 que seguen a mesma organización que as anteriores. As referencias á literatura galega resúmense nos apartados correspondentes deste *Informe*. No número 12 reproducése unha selección de poemas de Manuel María, co título “Canción de amor ó río Miño”, pertencentes ó volume *O Miño canle de luz e néboa* (1996).



Luzes de Galiza

(D. L.: C-812-1985).

Aparecida en xullo de 1985 e editada por Edicións do Castro. Non presenta unha periodicidade fixa. Ó longo do ano 1996 só apareceu un número, o 27, baixo a dirección de Manuel Rivas, no que se segue a mesma liña de denuncia habitual. Nas súas 32 páxinas aparecen as seccións "Toxos e flores", editorial onde se recolle a opinión sobre o tema central de cada revista, nesta ocasión o do fascismo (como se extrae do titular "Kontra fax cismo" da portada); "Liberdades", sección na que colaboran Fermín Bouza, Carlos Gurméndez, Antón Baamonde e Suso de Toro desenvolvendo o tema central xa citado; "Polémica" onde reproducen dúas fotografías de Demi Álvarez; "Documentos" que consta de dous artigos, "As guerras do futuro", de Carlos Taibo e "Chiapas: a primeira rebelión do século XXI", de X. Senén Murias. A continuación seguen as seccións de creación literaria propiamente dita: "Ensaio", desta volta cun texto de Lois Pereiro; "Liberdades", ó cargo de Xavier Seoane e Aníbal C. Malvar; "Mitos, santos, herois" onde se reproduce un artigo de Juan A Martínez-Casanueva Viqueira sobre a figura de Benito Soto e "Creación", que conta con poemas de Lupe Gómez e Bernardo Atxaga e dous contos, un asinado co pseudónimo Cobe, "O Home do Gerapito" e outro de Xavier Queipo. Pechan este número o habitual apartado "Encyclopaedia" onde aparece un artigo de Miguel Anxo Murado arredor do termo dictador e a páxina final asinada desta volta por Manuel Sendón e dedicada á fotografía de Ricard Terré. Convén salientar que se ben moitos dos nomes que figuran na revista son de autores recoñecidos dentro da literatura galega, ningún deles aborda este eido da cultura nin calquera dos aspectos relativos ó mesmo nas súas presentes contribucións.



Mondoñedo. Publicación mensual editada pola Sociedade “Amigos da Cidade de Mondoñedo”

(D. L.: 0-27-1987).

Dende o ano 1987 vén aparecendo esta revista, con periodicidade irregular, a pesar do seu subtítulo. Editada pola Sociedade Amigos da Cidade de Mondoñedo, deu á luz durante 1996 catro números (45-48) correspondentes ós meses de xaneiro, marzo, maio e outubro. Ofrece, maioritariamente, noticias e artigos centrados na actividade cultural que xera a vila de Mondoñedo. Entre os de temática literaria pódense sinalalos asinados por José María Díaz Fernández -que se resumen no apartado correspondente deste *Informe*-e algún outro sen sinatura sobre a convocatoria e entrega do premio Álvaro Cunqueiro e as diversas actividades culturais que se desenvolveron na vila mindoniense durante o ano, moitas delas, ó redor da sociedade editora da publicación.



Nasa

(D. L.: C-1844-1996).

Anuario publicado pola Sala Nasa, de Santiago de Compostela, baixo o título de Boletín de Información Submariña que publicou en 1995 o seu número 1. En 1996 viu a luz o número 2 redactado por Carlos Santiago, Fran Pérez, Manolo Cortés e Miguel de Lira baixo a coordinación de Xesús Ron. Achéganos unha descrición técnica da sala na que se ofrece información sobre as características do local, asistencia media, seccións, etc. Así mesmo, dá conta dos grupos teatrais galegos, nacionais e internacionais que pasaron por este escenario así como grupos musicais, proxección de curtametraxes, outras artes, talleres, cursos, seminarios, etc. Tamén presenta unha “Base de datos” na que se detalla información sobre o número de espectadores, recadación, etc. de cada un dos espectáculos no período que vai dende outubro de 1995 a xullo de 1996. Inclúe este volume un apartado dedicado ó IIº Ciclo de Teatro Universitario, celebrado en abril e maio de 1996 e que tivo como un dos seus escenarios a esta sala alternativa compostelá.



Oficio de palabras. Revista literaria galega

Trátase dunha edición especial sobre a Feira do Libro de A Coruña, publicada pola Asociación Galega de Editores e coordinada por Daniel Rozados. Nesta revista Nacho Chao encárgase da redacción dos textos que nela aparecen. Estes textos fan referencia ó programa de actos previstos para a Feira, dan noticias biobibliográficas dos autores que estarán presentes: Manuel Vicent, Fernando García de Cortázar, Tucho Calvo, Freixeiro Mato, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Fina Casalderrey, Xavier P. Docampo, Miguelanxo Prado, Xurxo Souto, Lino Braxe, Fernán-Vello, Cesáreo Sánchez Iglesias, Neira Vilas, Anisia Miranda, Xavier Alcalá, Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana, Xosé Vázquez Pintor e Alfredo Conde. Infórmase ademais do éxito acadado polo volume *A memoria da Coruña. Álbum de postais* (1995), galardoado polo Ministerio de Cultura como o libro mellor editado do 1995, da presenza na Feira dos tres mozos galegos (Patricia Crecente, Brenda Otero e Pablo Portero) gañadores do premio que convoca a Editorial Alfaguara dende hai tres anos para novos escritores e da páxina aberta en Internet pola Asociación Galega de Editores chamada Andainas.



Ólisbos. Os amantes da palabra

(ISSN: 1130-7595/D. L.: C-422-1986).

Revista fundada en 1986 de periodicidade variable que pretende ser un foro aberto para textos creativos e críticos de escritores consagrados e noveis. Editada pola Asociación Cultural "Ólisbos", os amantes da palabra, un grupo de estudantes que se reúne un día á semana no local de estudantes do Burgo das Nacións de Santiago. O consello de redacción varía na súa totalidade ou parcialmente dun número a outro. En maio de 1996, saíu do prelo o número 18, cun monográfico dedicado á muller. A través de tres seccións "Voces poéticas", "Elas de alén" e "Fiadeiras da escrita", artéllanse os contidos desta revista da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago. Na primeira sección aparecen poemas galegos de Luz Pozo, Pura Vázquez, M^a do Carmen Kruckenberg, Claudio Rodríguez Fer, Úrsula Heinze, Chus Pato, Luísa Villalta, Rosa Basanta e Olga Novo, ademais de poemas en castelán de Marosa di Giorgio, Verónica Zondek, Neus Aguado, Orfila Bardesio e Carmen Vázquez Arce. Publícase tamén un relato de María Xesús Nogueira. Na sección "Elas de alén", escólmanse tres autoras representativas das súas respectivas literaturas (a bretona Anjela Duval, a catalana Marta Pessarrodona e a vasca Julia Otxoa) das que se traducen algúns dos seus poemas ó galego por María González Lopo, Armando Requeixo e Solange Vázquez Presa. Na última das seccións da publicación, "Fiadeiras da escrita", aparecen traballos sobre a escritura feminina ademais de colaboracións sobre autoras e motivos da literatura galega e universal, debidos a Carmen Blanco, Ricardo Polín, Sechu González Sende e Margarita Ledo Andión. No que respecta á literatura en

xeral atópase un traballo de María Xosé Agra sobre Virginia Woolf e outro de José Henrique Peres Rodrigues sobre a autora luguesa en castelán Enriqueta Otero.





Poesía Galicia

(ISSN-1136-7601/D. L.: C-98-1990).

Revista bilingüe, de carácter literario, fundada por Carlos Barcón e dirixida por Manuel Vázquez Méndez que contén textos de creación e noticias relacionadas coa poesía. Está editada pola Sociedad Artística Ferrolana e subvencionada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No número 13, correspondente ó ano 1996, aparecen, no ámbito da literatura galega, algúns poemas de Ramiro Fonte -"Flores do inverno"-, Pura Vázquez -"Choiva no mar"-, Xosé Vázquez Pintor -"Diante de dúas esculturas de Manuel Coia"-, Rosa Méndez e Xosé Leira -"Poema en dous tempos"-, Celso Fernández Sanmartín -"Os meus pequenos pasos"-, Candelas González -"Doenzas da ialma". Así mesmo, inclúese un texto narrativo de Tucho Calvo -"O carrizo"- e unha breve referencia ós premios outorgados pola Sociedad Artística Ferrolana, o XVº Premio Nacional "Hernán Esquío" e o VIº Premio Rexional de Poesía "O Poeta Azul". Manuel Vázquez Méndez presenta unha serie de reflexións sobre a poesía baixo o título "Morfoloxía versus topoloxía" e Miguel Anxo Fernán-Vello fai unha semblanza de Pura Vázquez.



Pontenova. Revista de Investigación Xove

(ISSN: 1133-7206/D. L.: VG-58-1994).

Aparecida en 1995, saíu no ano 96 o número 2 desta publicación, editada pola Deputación de Pontevedra e dirixida por Miguel Pereira Figueroa. O seu obxectivo é ofrecer unha canle de publicación ós traballos inéditos de novos investigadores. Neste número aparecen traballos sobre arqueoloxía, cartografía, historia, arte, arquivística, arquitectura, etc. A atención á literatura reflíctese nos artigos “Comportamientos femeninos en *La Quimera* de Emilia Pardo Bazán”, de Magdalena Aguinaga Alfonso e “La tradición oral en la Galicia actual: El caso de Trazo”, de Xosé M. Sánchez Sánchez (recensionado no apartado VII. 2 deste *Informe*).



Posío. Arte y Letras

(ISBN: 84- 453-1794-6/D. L.: C-1470-1996).

No presente ano 1996 o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro vén de publica-la edición facsímilar da revista ourensá *Posío. Arte y Letras (1951-1954)* como homenaxe a Xesús Ferro Couselo con motivo do Día das Letras Galegas, xa que foi este estudioso o presidente da Agrupación “Posío. Arte y Letras” e o impulsor e fundador da revista do mesmo nome. *Posío. Arte y Letras* nace como voceiro ou órgano de expresión da Agrupación creada en 1948 por unha serie de intelectuais que pretendían enche-lo baleiro cultural no que estaba somerxido o Ourense da época. Desta revista saen á luz seis entregas cunha periodicidade irregular. Presentaba unha serie de seccións, “Vida e obra de Posío”, “Cosas y linajes del viejo Orense”, “Orensanos ilustres” e “Bibliografía”, que mostraban o carácter localista da publicación. Así, os nomes que nela figuran son, na súa meirande parte, membros da Agrupación ou persoas vencelladas a esta. Colaboran, entre outros, Segundo Alvarado, Xesús Ferro Couselo, Manuel María, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Antón Tovar, Pura Vázquez e Alberto Vilanova. Salientan no conxunto das súas páxinas a conmemoración dos centenarios de Manuel Curros Enríquez e Emilia Pardo Bazán (números 3-4-5 e 6-12, datados en 1951), así como o apartado “Poesía gallega” da entrega correspondente ó curso 1953-1954. Acompañan a esta edición, ó texto facsímilar, unha serie de presentacións a cargo de Marcos Valcárcel, Segundo Alvarado e Pura Vázquez e a introducción na que se estudian diversos aspectos da revista así como da Agrupación do mesmo nome.



Recensións e referencias varias:

-A. G. N., "El Centro Ramón Piñeiro publica Posío. Artes y Letras en homenaje a Ferro Couselo", *Diario de Pontevedra*, 4 decembro 1996, p. 24. Informa, brevemente, da presentación do facsímile titulado *Posío. Arte y Letras* (Ourense 1951-1954), que tivo lugar no Ateneo de Ourense. Trátase dunha homenaxe do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro a Xesús Ferro Couselo, quen dirixiu a citada revista e colaborou en varios números. Nela, como se informa no artigo, tamén colaboraron Otero Pedrayo, Vicente Risco, Ben-Cho-Shey e Pura Vázquez, entre outros.

-R. F., "Unha revista heteroxénea e cultural", *La Región*, 4 decembro 1996, p. 15. Dá conta do acto de presentación dunha edición facsimilar da revista *Posío. Arte y Letras*, editada polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. Infórmase de que a revista foi "un órgano de expresión da agrupación do mesmo nome que iniciou o seu camiñar no ano 1948. De formato e periodicidade irregular, era unha revista cultural que prestou atención ós estudos e á creación literaria".

-X. R., "*Posío, Arte e Letras*, testemuña dos anos 50", *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), 7 decembro 1996. Despois de destaca-lo labor directivo que Xesús Ferro Couselo realizou no seo da revista *Posío. Arte y Letras*, X. R. analiza os contidos da mencionada publicación destacando as colaboracións fixas de Xesús Ferro Couselo, Alberto Vilanova e Segundo Alvarado; xunto coas colaboración literarias en galego de poetas como Augusto Casas, Manuel María ou Pura Vázquez; os textos ensaísticos dedicados a Curros Enríquez ou Emilia Pardo Bazán ou a prosa narrativa de Xosé Ramón e Fernández Oxea.



-E. C., "Posío e a memoria de Ourense"/"Facsímil da revista *Posío Artes y Letras*, memoria de Ourense", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 30 decembro 1996, p. 19/p. 14. Nota sobre a presentación en Ourense do facsímil *Posío. Arte y Letras*, volume que serve de homenaxe, como se indica na nota, a Xesús Ferro Couselo, o responsable fundamental da revista. Recóllense brevemente os seus contidos e principais colaboradores e faise referencia á presenza da literatura e ó escaso emprego do galego nos anos 40.



Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares

(ISSN:1136-3207/D. L.: OR-75-1995).

Publicación semestral, que naceu en decembro de 1995, editada pola Deputación de Ourense e coordinada pola Escola Provincial de Danzas e a Agrupación Castro Floxo, baixo a dirección de Mariló e Xulio Fernández Senra. Durante 1996, saíron os números 2 (maio) e 3 (novembro). O número 2 contén seccións de artesanía, arquitectura popular, tradicións, literatura, labouras agrícolas, medicina popular e cultura popular. Así mesmo, inclúe un apartado especial dedicado a Ferro Couselo, con artigos nos que se analiza a súa vida e obra. O número 3 inclúe seccións de arquitectura popular, pazos, tradicións, labouras agrícolas, música e danza, museos, antropoloxía e un estudio de Isaac Alonso Estravís onde se analiza a recuperación da literatura popular por medio da escola.

Recensións e referencias varias:

-R. F., "Unha revista viva e amena", *La Región*, 4 xaneiro 1996, p. 12. Noticia da presentación do número 1 da revista *Raigame* na Deputación Provincial de Ourense, acto ó que acudiron José Luís Baltar, presidente da Deputación, José Luís Valladares, Deputado provincial, e Xulio Fernández Senra, director da publicación. Este último salientou a apertura da revista a colaboracións rigorosas e científicas.



-I. B., "Preséntase o primeiro número de *Raigame*", *O Correo Galego*, 4 xaneiro 1996, p. 44. Refírese á presentación do número 1 de *Raigame*. Recóllense as palabras do seu director, quen destacou os cambios con respecto ó número 0: a mellor calidade do papel e o aumento no número de páxinas. Menciónase tamén que este número contén colaboracións de Antón Fraguas, Marcos Valcárcel e Isaac Díaz Pardo.

-Raquel Feijoo, "Otero Pedrayo abre a porta a *Raigame*", *La Región*, 28 novembro 1996, p. 18. Infórmase do acto de presentación do número 3 da revista *Raigame* na que teñen un espazo a arquitectura, a literatura popular, as tradicións, a agricultura, a música, a danza e a antropoloxía. Saliéntase a presenza neste número dun traballo inédito de Ramón Otero Pedrayo, "Fontefiz ao fondo do recordo", traducido pola revista, na que tamén se inclúe o orixinal en castelán. Ademais, inclúense dous orixinais de Filgueira Valverde e de Fran Antonio Raimóndez. Menciónase tamén que a revista está aberta a tódalas colaboracións de calidade.





Revista Galega de Educación

(ISSN: 1132-8932)

Revista trimestral de carácter educativo e interdisciplinar, é unha publicación da Nova Escola Galega dirixida por Manuel Bragado e editada por Edicións Xerais de Galicia, que comezou a súa andaina no ano 1986. No 1997 tirou do prelo tres números (25, 26, 27). Como é habitual, acolle nas súas páxinas artigos, notas informativas e novas sobre literatura galega nas seccións: “Entre onte e hoxe”, “Hemeroteca”, “Experiencias” e “Libros”. A literatura infantil é tratada nunha sección fixa (artigos de X.M. González Barreiro) e nalgunhas colaboracións da sección “Entre onte e hoxe” (un artigo de Antón Costa e Manuel Bragado e outro de Xulián Maure Rivas). Estes artigos poden consultarse nos apartados correspondentes deste *Informe*. Por último, os artigos ou comentarios que aparecen sen sinatura son xeralmente resumos argumentais, con algunha referencia de autores e obras recentes.




Revista Galega de Teatro. Información teatral

(ISSN: 113-956-X/D. L.: VG-21-1994).

Revista de periodicidade semestral dedicada integramente ó teatro, que se vén publicando dende 1985, editada pola Asociación Cultural “Entre Bambalinas”. Está dirixida por Antón Lamapereira e no Consello de redacción figuran: Conchi Costas, Xosé M. Pazos, Manuel F. Vieites, Lourdes Vega e Che Mariño (secretaria). Neste ano 1996 saíron os seus dous números habituais: o número 13 correspondente a xullo e o 14 correspondente a decembro. Ademais do apartado dedicado á crítica de textos e representacións teatrais e das seccións habituais da revista - “Documentos”, “Opiniós desde a butaca”, “Cartas á Redacción”, “Libros”, “Novidades”, “Revistas”, “Axenda” e “Ficheiro”-, este número presenta tres artigos, asinados por Jorge Riechmann (“Na morte de Heiner Müller. O lugar baleiro da Utopía”, pp. 30-32), Dolors Sabaté (“Heiner Müller ‘In Memoriam’”, pp. 33- 38) e Lourdes Vega (“Recuerdos para Muller. Unha homenaxe”, pp. 39-43), que pretenden homenaxear a Heiner Müller, autor teatral recentemente desaparecido. No apartado de “Textos” reproducése a peza de Fernando Osorio do Campo, “Desourentación. Boceto teatralizado e analítico de ideas”. O número 14 comeza lembrando no seu editorial a morte de tres actores galegos, Marisa Soto, Ibán Toxeiro e María Casares e dedicando esta nova entrega da revista ós actores e ás actrices, ás súas preocupacións, ó seu traballo, problemas laborais, carencias de infraestrutura, etc. Neste sentido inclúense os artigos de Pepe Marín (“Ser... ou non ser. Ser intérprete en Galicia: a arte e o malviver”, pp. 6-8); Gloria Padura (“Unha boa formación teatral ¿é tan difícil?”, pp. 18-21); Xan Luaces (“Os novos intérpretes galegos triunfan en Madrid”, pp. 54-57); Enric Cervera (“Apuntes desde unha

perspectiva profesional en Catalunya”, pp. 93-95) e de Miguel Foronda (“A Unión de Actores de Madrid”, pp. 96-100); ademais das entrevistas de Xosé Boubeta cos actores Casilda García e Salvador de Río (“Da afección á profesión”, pp. 9-17), de Antón Lamapereira e Pedro P. Riobó con Josefa Barreiro, María Bouzas, Fernando Dacosta, Avelino González e Gonzalo Uriarte (pp. 22-41), e de Antón Lamapereira con Anxos Cuña Bóveda, directora de Sarabela (pp. 48-53). No apartado de “Textos” reproducése a peza de Vicente Montoto “Ourense empalme”. Na presentación da revista advírtese de que a partir do ano 1997 será cuatrimestral. Os artigos referidos ó teatro galego aparecen descritos no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.





Revista galega do ensino

(ISSN: 1133-911-X/D. L.: C-818-1996).

Revista trimestral que se creou en 1993 editada en Santiago de Compostela pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. No ano 1996 publicáronse os habituais catro números desta revista, aínda que cunha variación nas datas de publicación, que rompeu a súa orde trimestral: o número 10 (febreiro 1996), o 11 (maio 1996), o 12 (tamén en maio do 1996) e o 13 (novembro 1996). Con respecto ás súas seccións, mantéñense as mesmas que en números anteriores -"Colaboracións especiais", "Estudios", "Prácticas" "Recensións", "Noticias" e "Novidades Editoriais"- e engádese, a partir do número 12, un novo apartado titulado "O pracer de ler", no que se ofrece unha bibliografía de literatura infantil e xuvenil que recolle obras en galego e en castelán. Outro aspecto a destacar neste ano é o número monográfico ("Especial Gallaecia Fulget", nº 11), dedicado ó Vº Centenario da Universidade de Santiago de Compostela, coordinado por M^a del Pilar Rodríguez Suárez que pretende, segundo se afirma nas páxinas de presentación, analizar e reflecti-lo pasado e o presente desta institución. A revista divídese, nesta ocasión, en dous bloques: un dedicado á "Historia" da institución -no que participan José García Oro, M^a del Pilar Rodríguez Suárez, M^a Jesús Rodríguez Tosar, Aurora Cendón Amaro, M^a Jesús Souto Blanco e Juan Monterroso Montero- e outro co título de "Memoria", no que un grupo de profesores -Manuel C. Díaz y Díaz, Carlos Pajares Vales e Xoán Ignacio Rodríguez Martínez- ofrecen a súa visión persoal sobre a Universidade compostelá. Complétase a revista cunha "Bibliografía". Os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.



Recensións e referencias varias:

-Alfredo Conde, "A única miseria asumible éelles a dun mesmo", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 8 febreiro 1996, p. 56/p. 4. Ver neste mesmo apartado, *Grial*.

-Miguel Cancio, "Censura pura y dura en una revista de la Xunta de Galicia", *Diario de Pontevedra*, 16 marzo 1996, p. 12. Longo comentario de Miguel Cancio, profesor de Socioloxía da Universidade de Santiago, con respecto ós problemas de publicación que tivo cun artigo no número dedicado ó Vº Centenario da Universidade por críticas á xestión do ex-rector, Carlos Pajares. Sinala que "Es lamentable que en Galicia, en ámbitos políticos universitarios..., más que la cultura crítica, la 'cultura del picotazo', sigan tan vigentes *la cultura del cacicato, la cultura del cazo*, del 'yo te alabo a ti, tú me alabas a mí...' y, por consiguiente se aplique a trabajos críticos el ninguneo, la censura pura y dura, de forma tan lamentable e impresentable".



Teatro do Noroeste

(D. L.: C-1355-1996).

Publicación editada por Teatro do Noroeste, dirixida por Eduardo Alonso e coordinada por Inma Antón. No ano 1996 saíron á luz os dous números desta publicación correspondentes ó segundo e terceiro cuadrimestre do ano. O nº Cero (2º cuadrimestre) comeza cun editorial titulado "Money, money, money" na que se fai un percorrido pola política orzamentaria do I.G.A.E.M. para a actividade teatral en Galicia nos últimos anos. Na sección central recóllese o debate celebrado en Santiago o día 15 de xuño, baixo o título "Ser actor/actriz en Galicia", no que participan: Evaristo Calvo, Ernesto Chao, Rebeca Montero, Flor Maceiras, Rosa Álvarez e Eduardo Alonso como moderador. Nel analízanse diversos aspectos da vida profesional dos actores/actrices en Galicia: se é posible vivir en Galicia como actor; o nivel de calidade dos actores/actrices galegos/as con respecto ós do resto do estado; a situación do mercado; o abaratamento nos últimos anos, tanto dentro das compañías coma dende a administración; a calidade artística e a necesidade de asociarse para poder facer unha fronte común de loita. No apartado "Teatro do Noroeste en Castilla-La Mancha" reflíctense as impresións do actor Diego Varela, membro da compañía, sobre a xira que Teatro do Noroeste realizou por esta comunidade con *Historias peregrinas*, de Miguel Anxo Murado. Inclúese tamén unha crónica da estada da compañía durante tres días consecutivos no teatro Rosalía de Castro da Coruña cos espectáculos *Historias peregrinas*, *Noite de Reis* e *As vodas de Fígaro*. No número cero (3º cuadrimestre), no editorial, titulado "Striptease", realízase un chamamento á necesidade dunha Escola de Teatro para

Galicia. Nas páxinas centrais recóllese o debate que tivo lugar o día 21 de outubro do 1996,
baixo



o lema “As compañías a debate”, no que participaron Marcos Orsi, de Ollomoltranvía; Arturo López, de Espello Cóncavo; Cristina Domínguez, de Factoría Teatro; Fernando Dacosta, de Sarabela Teatro; Isabel Rey, de Monicreques; Luma Gómez, de Teatro do Noroeste; Xesús Ron e Jhon Eastham, de Chévere e Eduardo Alonso como moderador. Nel abordáronse os problemas cos que se atopan as compañías teatrais galegas, tanto empresariais coma artísticas; o que supón, dende diferentes puntos de vista, o nacemento de novos grupos para o teatro galego; o funcionamento interno das compañías e os diferentes modelos que hai nestes momentos en Galicia. Inclúense despois unha serie de cartas dirixidas á revista *Teatro do Noroeste* nas que os lectores expresan a súa opinión sobre esta publicación e ademais, o plano de Exhibición de Teatro e Títeres alternativo ós “circuitos culturais” organizados pola Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, onde se enumeran os obxectivos e as características xerais do mesmo.

Recensións e referencias varias:

-Alfredo Conde, “A mediocridade que comeza a comernos polos pés”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 16 novembro 1996, p. 48/p. 4. Refírese ó número da revista de *Teatro do Noroeste* correspondente ó segundo cuadrimestre do 1996, no que se transcribe un longo debate mantido entre os actores e actrices galegos Flor Maceiras, Ernesto Chao, Rosa Álvarez, Evaristo Calvo, Rebeca Montero e mais Eduardo Alonso, e comenta que a sociedade galega necesita un debate con respecto á inflación cultural e outros aspectos, pero non nun recinto pechado, senón implicando á sociedade e interesándoa na reflexión para, deste xeito, rematar coa mediocridade cultural, á marxe do resto da cidadanía.



A Trabe de Ouro

(ISSN: 1130-2674/D. L.: C-351-1994).

Revista trimestral aparecida no ano 1990 co subtítulo de “Publicación Galega de Pensamento Crítico”. O seu director é X. L. Méndez Ferrín e está editada por Olegario Sotelo Blanco. Esta revista de temática literaria e económica fundamentalmente está estruturada en cinco apartados: “Cuestións”, “Acoutacións”, “Textos”, “Publicacións” e “Crónica”. Ó longo de 1996, o seu sétimo ano de publicación, apareceron as catro entregas correspondentes ós números 25, 26, 27 e 28. No primeiro número do ano aparece un editorial no que, con motivo das eleccións ó Parlamento español, felicítase ó BNG polos seus resultados e lémbrese o papel da FPG, aproveitando para mostra-lo desexo da unión do nacionalismo galego e, por outra banda, trátase da integración na Unión Europea co que, din, se agrava o papel subordinado de Galicia dentro de España. Esta primeira entrega conta con colaboracións de moi diversa índole de Camilo Nogueira, Herminio Barreiro, Manuel Forcadela, José Carlos Bermejo Barrera, Carlos L. Bernárdez, entre outros. O seguinte número, correspondente a abril-maio-xuño, está dedicado -como xa se anuncia no propio editorial da revista- á figura de Prisciliano e o seu significado, e arredor deste tema xiran grande parte dos traballos (como os de Uxío Romero Pose, José Eduardo López Pereira, L. Duchesne, Xosé Antonio López Silva, Manuel Lourenzo, entre outros), se ben tamén aparecen colaboracións relativas a outros asuntos como a continuación do artigo de Camilo Nogueira sobre as orixes da cuestión nacional galega ou o perfil que X. L. Franco Grande fai de Ernesto Guerra da Cal. Pola súa banda no editorial do número 27 faise unha crítica ós medios de comunicación polo escaso emprego do galego e pola súa politización e folclorización e indícase que parte do

contido da revista tratará tamén sobre diversos aspectos relacionados con este tema como é o caso das contribucións de Tapio Varis, Margarita Ledo Andión e Víctor Sampedro Blanco. Noutra liña inclúense os traballos de M^a Xosé Queizán, Natacha Michel, M^a Victoria Escribano, etc. Por último o derradeiro número do ano, o 28, ábrese cun editorial sobre a situación de desconcerto existente no campo das esquerdas fronte á aparente “idade de ouro” das forzas da dereita eponse ó descuberto o fracaso do sistema neoliberal á vez que se lle pide ás forzas progresistas recuperar terreo no campo ideolóxico. Conta con colaboracións de Xavier Vence Deza, José Iglesias Fernández, Josep González Calvet, Antón Santamarina, Vincenzo Jacomuzzi, Dolors Sabaté Planes, etc.



Recensións e referencias varias:

-Alfredo Conde, "A única miseria asumible éles a dun mesmo", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 8 febreiro 1996, p. 56/p. 4. Ver neste mesmo apartado, *Grial*.

-M. V. V., "Novo número de *A Trabe de Ouro*", *Atlántico Diario*, 23 febreiro 1996, p. 50. Nota informativa que dá conta da aparición do número 24 da revista *A Trabe de Ouro*, correspondente ó último trimestre de 1995. Enuméranse algúns dos interesantes traballos que contén esta publicación galega, dirixida con xenerosidade e esforzo por Xosé Luís Méndez Ferrín, segundo o xuízo que fai o crítico.



-Alfredo Conde, "Os arrecendos vellos da memoria persoal", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 10 maio 1996, p. 48/p. 4. Comenta o seu coñecemento, a través do número 25 de *A Trabe de Ouro*, da "fermosa prosa galega", de Xosé Benito Reza e da traducción e anotación que de tal descuberta fixo Ramón Lorenzo. Conde salienta o galego que utiliza Xosé Benito, propio de quen o sente como propio e non dos recén incorporados á fala.

-Xavier Castro R., "*A Trabe de Ouro*", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 19 maio 1996, p. 9. Comenta Xavier Castro a miscelánea de traballos presentes nesta revista que van dende a opinión, o pensamento e o ensaio político ata a crítica e comentario de diferentes aspectos da lingua e a literatura. Declara tamén que *A Trabe* é "unha das publicacións con maior asentamento no panorama das revistas de arte e pensamento" galegas. Completa o artigo a enumeración das colaboracións presentes neste nº 24.

-M. Veiga, "Tres artigos, síntoma dunha nova época", *A Nosa Terra*, nº 729, "Guieiro Cultural", 6 xuño 1996, p. 24. Recensión conxunta sobre os traballos "Portugal-Galicia, Galicia-Portugal: un diálogo asimétrico" (*Coloquio e Letras*, nº 137-138), de Pilar Vázquez Cuesta; "Sobre as orixes da cuestión nacional galega" (*A Trabe de Ouro*, nº 25), de Camilo Nogueira, e "Historia da literatura galega" (1º fascículo da *Historia da Literatura Galega* que edita a AS-PG), de Francisco Rodríguez. Os tres coinciden no ton analítico, nos puntos de partida internos ó propio país e mesmo nos obxectivos "un futuro que poida ser pensado dende aquí". Manuel Veiga sinala do estudio de Camilo Nogueira que "descubre os mitos da hitoriografía oficial española que ocultaron a evidencia da Gallaecia como reino principal da cristiandade fronte a Hispania musulmana", ó tempo que contribúe a deslucida-lo papel que podemos xogar fronte a outras nacións.



F. Martínez Bouzas, "Vintecinco trabes", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 118, 25 xullo 1996,

6. Indícase que *A Trabe de Ouro* se converteu nunha referencia inesquecible do pensamento crítico e rebelde desta terra. Sinala que os vintecinco números cos que conta lanzan inusitadas críticas contra os usos sociais de moda, contra as grandes verdades do noso tempo, fabricadas para os contextos da ocasión e os rituais que os proclaman e sacralizan. Os relatos da modernidade non están alleos ás súas páxinas e así, di tamén o crítico, non é insólito atopar textos sobre a revolución, o proletariado ou a cuestión nacional, á carón de artigos esexéticos.

-Xavier Castro R., "A Trabe de Ouro: 25 números", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 25 agosto 1996, p. 5. Artigo no que se fai un percorrido polos distintos traballos presentes na última entrega de *A Trabe de Ouro*, deténdose con maior atención no que abre este número, "Sobre as orixes da cuestión nacional galega; a división de Gallaecia e a creación, do Estado portugués", da autoría de Camilo Nogueira.

-F. Martínez Bouzas, "Seis anos de pensamento crítico", *Faro de Vigo*, "Faro das Letras", nº CXXXI, 7 setembro 1996, p. 3. A falta de subvención oficial para edita-la revista *A Trabe de Ouro*, en contrapartida doutras iniciativas que non contribúen en nada á promoción do galego e que si a reciben, é o aspecto que o comentarista subliña en primeiro lugar. Esta publicación, que cumpre co número 25 os seis anos de vida, supón, segundo se manifesta, unha canle de expresión crítica contra usos sociais de moda, un medio no que se abordan cuestións sobre o nacionalismo e se introducen novas formas de pensar provenientes de fóra das nosas fronteiras.




Unión libre. Cadernos de vida e culturas

(D. L.: C-1668-1996).

Edicións do Castro vén de publicar en Lugo, en 1996, o número 1 da Revista *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, coordinada por Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer. No comité de redacción figuran Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno, Diana Conchado, María González Lopo, Carme Junyent, Lily Litvak, Kathleen N. March e Olga Novo. A revista, segundo consta na introducción, “nace co propósito de ser unha colección de cadernos de periodicidade anual dedicada á vida no seu sentido máis integral e pluricultural, aínda que sempre en conexión con manifestacións creativas preferentemente literarias e dende unha perspectiva de avanzada radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria”. Cada número contará con tres seccións: unha de “análise monográfica”, “un apartado creativo” no que se combinarán traducións e textos inéditos e un “dossier documental dedicado á memoria de persoas e pasaxes”. O idioma da revista será o galego, aínda que aparecerán tamén “colaboracións, testemuños e documentos na súa lingua orixinal”. Con respecto a este primeiro número, o tema a análise na sección monográfica é o das mulleres escritoras, resultado do Encontro Internacional “Mulleres Escritoras” dirixido por Carmen Blanco en Lugo no ano 1994. Unha breve presentación da mesma dá paso ós artigos de Ellen Engelson Marson e Linda Gould Levine, Susan Kirkpatrick, Kathleen N. March, M^a del Carmen Simón Palmer, Susana Reisz, Carmen Blanco e Olga Novo sobre o tema. Deles os que se refiren á literatura galega ou a autores galegos, están descritos no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*. No apartado de creación María González

Lopo traduce “Alquimia do verbo”, de Arthur Rimbaud, Ana Hatherly preséntanos a súa “Carta a unha menina que quería ser poeta” e Claudio Rodríguez Fer fai poesía visual cos seus “Fotopoemas”. O dossier documental, presentado por Claudio Rodríguez Fer, lembra a José Martínez e a Editorial Ruedo Ibérico. José Ángel Valente, Juan Goytisolo, Nicolás Sanchez-Albornoz e Xosé Luís Axeitos homenaxean ó home e á editorial coas súas colaboracións. Isabel Gómez Rivas ofrécenos os índices analítico e onomástico de *Cuadernos de Ruedo Ibérico*. A sección péchase coa reprodución de tres documentos fundacionais.





Viceversa. Revista Galega de Traducción

(D.L.: VG-371-1995).

Publicación anual subtitulada “Revista galega de traducción”, dirixida por M^a Camino Noia Campos e promovida pola Asociación de tradutores galegos e polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo. No 1996 saíu o número 2, dividido en cinco seccións: “Teoría e Historia da traducción” (neste apartado inclúese un artigo de Xesús Alonso Montero, sobre a presenza do galego en edicións polilingües e outro de Anxo Fernández Ocampo, sobre a traducción ó galego da literatura popular universal), “Instrumenta” (entre outros, esta sección conta coa participación de Xosé Antón Palacio Sánchez, quen fala das traducións ó castelán do *Hamlet* de Cunqueiro, e Luciano Fernández de Sanmamed e Silvia Montero Küpper escriben conxuntamente sobre paremias alemáns traducidas ó galego), “Traducións xustificadas” (Henrique Harguindey Banet estudia a traducción e a interpretación en galego da obra de Rabelais e Kathleen March analiza a problemática que supón traducir *Arredor de si* ó inglés). Por último, as seccións “Críticas e recensións” e “Información” pechan o volume de correspondente a 1996. Tódalas contribucións aparecidas neste número que se refiren á literatura galega figuran desglosadas nas respectivas seccións do *Informe de literatura 1996*.





X. Premios



Damos noticia e unha pequena biografía dos premios literarios convocados no 1996 e tamén daqueles que premian o traballo dunha vida de entrega a Galicia e que ás veces coincide con homes ou mulleres de letras. De entre os numerosísimos premios convocados por asociacións culturais, concellos, centros de ensino, etc., para incentivar á mocidade a escribir en galego, serán motivo da nosa atención os que teñen unha certa tradición e publican os traballos galardoados. Relacionaremos algúns dos que temos noticia, na certeza de que son moitos máis os convocados. Informaremos do ano de nacemento, patrocinadores e bases fundamentais, así como da contía, gañador, membros do xurado e lugar e día do fallo da última convocatoria. Acompañan a este comentario artigos ou notas de revistas e xornais que conteñen unha información de interese e relaciónanse outras notas, se están asinadas, que inciden sobre calquera dos puntos xa comentados (número de obras presentadas, lugar e día do fallo, composición do xurado, finalistas, presentacións, etc.). Os artigos de tipo xeral, é dici-los que se refiran a varios premios e non á convocatoria específica, poderán verse glosados noutros apartados deste informe.



X. Premios

X.1. Narrativa



IIIª edición do Premio de Narracións “Álvaro Paradela”

Creouse no ano 1994, patrocinado por Carlos Perille Publicidade e convocado pola Sociedad Artística Ferrolana. As orixinais teñen que enviarse ó Apdo. 339, 15480 Ferrol, antes do 30 de xuño, poñendo no sobre “Premio Álvaro Paradela”. Os traballos non poderán excederlos cinco folios. O premio consiste nunha placa conmemorativa e a súa publicación na revista *Poesía Galicia*. No 1996 recibiu o galardón Daniel Prieto Seijo pola súa narración “O intre”.



IIª edición do Premio Literario “Arcebispo Juan de San Clemente”

Baixo o patrocinio da empresa Cubiertas MZOV, o Concello de Santiago e a Consellería de Educación, o I.B. “Rosalía de Castro” convocou, neste ano 1996, a segunda edición do premio literario “Arcebispo Juan de San Clemente”, dotado con 1.500.000 pts. a repartir en tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ó castelán. O xurado, composto por estudantes de C.O.U. de distintos Institutos de Galicia, galardoou a Xurxo Borrazás pola súa novela *Criminal*, (na modalidade de literatura en galego), a Javier Marías por *Mañana en la batalla piensa en mi* (na modalidade literatura en castelán) e a Jostein Garder por *El mundo de Sofía* (na modalidade de literatura traducida).

Referencias varias:

-A. G. N., “Tariq Alí recibe en Santiago el I Premio de novela Arcebispo San Clemente”, *Diario de Pontevedra*, 19 marzo 1996, p. 22. Infórmase de que o autor premiado na sección de lingua estranxeira traducida na edición de 1995, Tariq Alí, acudiu a Santiago para recibir-lo premio que se lle outorgara un ano antes.

-L. B., “Tariq Alí advierte que Rushdie no es el único escritor perseguido”, *La Voz de Galicia*, 19 marzo 1996, p. 7.



Refírese ó ocorrido no acto de entrega do premio San Clemente na súa modalidade de escritor traducido, no que o autor premiado, o paquistaní Tariq Alí, lembrou a situación de acoso e censura baixo a cal viven moitos escritores no mundo.

-I. G., “El paquistaní Tariq Ali recibió el premio ‘Arcebispo Juan de San Clemente’”, *El Ideal Gallego*, 20 marzo 1996, p. 16. Recolle as declaracións do autor galardoado no acto de recollida do premio outorgado no 1995 á súa obra, *A la sombra del granado*, o escritor Tariq Alí dixo que esta se situaba nunha época na que “había un pluralismo e unha amplitude de miras moi necesaria nos nosos días”.

-L. B., “«No es un premio cualquiera»”, *La Voz de Galicia*, 20 marzo 1996, p. 46. Neste artigo destácase do discurso de aceptación do premio San Clemente, pronunciado polo escritor Tariq Alí, o feito de que este galardón constituía “unha defensa a ultranza da libertade e a harmonía entre as culturas”.

-Quique Chuvieco, “Tariq Alí recordó la tolerancia de las tres culturas en la España medieval”, *El Ideal Gallego*, 20 marzo 1996, p. 10. No acto de agradecemento pola concesión do premio San Clemente, o escritor Tariq Alí, segundo o comentarista, destacou que, no seu libro, intentou poñer de manifesto a convivencia pacífica na España medieval entre as relixións cristiá, xudea e musulmana.

-A. Iglesias, “Tariq Alí recibiu de Antón Fraguas o premio ‘San Clemente’”, *O Correo Galego*, 20 marzo 1996, p. 45.



Recolle as palabras pronunciadas no acto de entrega do premio ó escritor Tariq Alí. Saliéntase que os valores polos que a súa obra recibiu este galardón: “a amena síntese da realidade histórica e a ficción” e “a loita do seu autor por algúns valores como a paz”.

-Ana Iglesias, “Tariq Alí recibíó de Antón Fraguas el premio ‘San Clemente’”, *El Correo Gallego*, 20 marzo 1996, p. 31. Resumo das palabras pronunciadas polos diferentes asistentes ó acto de entrega do premio San Clemente ó escritor paquistaní Tariq Alí. Valores como a tolerancia, a convivencia, o coñecemento doutras culturas ou a ficción como exemplo, saíron nas intervencións de tódolos presentes.

-K. A., “La literatura, por encima de todo”, *El Progreso*, 28 abril 1996, p. 8. Informa da participación de estudantes do Instituto Ánxel Fole de Lugo no xurado que escolleu os premios Arcebispo Juan de San Clemente 1996. Estes destacaron os valores que, para eles, teñen as obras gañadoras deste certame.

A. I., “Xurxo Borrazás, Marías y Jostein Gaarder se alzan con los premios ‘San Clemente’”/“Borrazás, Marías e Gaarder gañan o ‘San Clemente’”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 28 novembro 1996,

29/p. 45. Anúnciase o nome dos autores e obras gañadoras, a data en que se entregará o premio e as empresas e entidades que patrocinan este galardón.

-Ana Iglesias, “Borrazás, Javier Marías e Gaarder, premiados por los estudiantes gallegos”, *El Correo Gallego*, 3 decembro 1996, p. 29.



Recóllense as opinións dos membros do comité asesor do xurado: os profesores Luís Alonso Girgado, Margarita Prado e Carme Ríos Panisse, sobre a participación dos alumnos e alumnas neste certame e salientase que a súa función principal é a de fomenta-la lectura entre os novos.

-A. I., "Borrazás, Marías e Gaarder recibiron o premio 'San Clemente'", *El Correo Gallego*, 5 decembro 1996, p. 45. Do acto de recollida do premio "San Clemente" salientase, sobre todo, as palabras de agradecemento de Javier Marías e Xurxo Borrazás. Os dous coincidiron na importancia de que o xurado deste premio estea formado por rapaces de 17 anos, xa que isto demostra, segundo os autores galardoados, a súa imparcialidade na escollo dos premiados.

-Natalia Vaquero, "Gaarder, Borrazás y Javier Marías reciben el premio Arcebispo San Clemente", *Faro de Vigo*, 5 decembro 1996, p. 52. Recóllense as palabras de agradecemento de Javier Marías polo premio recibido. O escritor madrileño destacou que, aínda sendo o seu libro un dos mellor recibidos pola crítica, non considera que isto influíse significativamente no xurado de mozos e mozas que o elixiu.

-A. G. N., "Borrazás, Marías y Gaarder reciben el 'Arcebispo San Clemente'", *El Progreso*, 5 decembro 1996, p. 69. Recóllese a satisfacción de Javier Marías e de Xurxo Borrazás por teren sido as súas obras seleccionadas por un xurado de rapaces novos, o cal desvincula a súa elección de todo condicionamento extraliterario.

Carlos C. Vizcaíno, "Jostein Gaarder: El filósofo prestidigitador", *El Ideal Gallego*, 8 decembro 1996, 51.



Reportaxe sobre a traxectoria profesional e literaria de Jostein Gaarder, facendo fincapé nas súas obras *El mundo de Sofía* e *El enigma y el espejo*. Saliéntase a especial fórmula literaria do autor noruegués que, combinando filosofía e ficción, conseguiu vender máis de doce millóns de exemplares de *El mundo de Sofía*, o libro premiado co “Arcebispo San Clemente” á mellor novela traducida.

-Anxo Tarrío Varela, “Unha iniciativa exemplar”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 8 decembro 1996, p. 3. Refírese á entrega dos premios “Arcebispo de San Clemente”, organizado polo instituto “Rosalía de Castro”, de Santiago. Comenta que o xurado está composto por adolescentes de dezasete anos, procedentes de varios institutos de Galicia, contemplándose tres modalidades: narrativa galega, española e estranxeira. Anxo Tarrío considera que se trata dunha idea magnífica, xa que se atrae a xuventude cara ó libro.

-Pablo G. Quintas, “Manuel Rivas y Miguel Anxo Murado aspiran al tercer premio San Clemente”, *El Correo Gallego*, 20 decembro 1996, p. 29. Recóllese o nome dos autores e obras seleccionados polo comité asesor que aspiran ó IIIº Premio “San Clemente”. Informa de que nos primeiros meses do ano 1997 o xurado de trinta alumnos e alumnas dos institutos: Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, Francisco Aguiar de Betanzos, Lucus Augusti de Lugo, Torrente Ballester de Pontevedra, e As Lagoas de Ourense, realizarán a súa selección entre os nove títulos aspirantes.



XVº Premio de Novela “Blanco Amor”

A iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 o Premio de Narrativa “Blanco Amor”, promovido e financiado por un consorcio de concellos que ofrecían 50.000 pts. cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso, ata chegar ós 69 que o compoñen na actualidade. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que será o encargado de correr con tódolos actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco Amor. No 1995, cunha dotación económica de 2.000.000 de pts., correspondíalle organizalo ó Concello da Coruña que non o levou a cabo. A aceptación da súa organización por parte dun dos concellos suplentes (Brión), aínda que cun ano de retraso, salvou a situación. Nesta nova convocatoria (1996), os orixinais, escritos na normativa oficial e non excedendo dos 150 folios, tiñan que ser enviados antes do 30 de xullo á Casa de Cultura do concello de Brión, Pedrouzos, 15865 Brión. O premio era de 1.500.000 pesetas. Nesta edición, o xurado estivo composto por Anxo Tarrío Varela, Benito Varela Jácome, Fernando Cabo Aseguinolaza, María Camino Noia Campos e José M^a Dobarro Paz. Presentáronse 28 orixinais. O fallo deuse a coñece-lo 9 de outubro, resultando gañador Xavier Lorenzo Tomé (Madrid, 1961) coa novela *O Paxaro que canta un nome*, presentada baixo o pseudónimo de *Setesaias*. O gañador recibiu o premio o 21 de decembro, no transcurso dunha cea que puxo punto final a todo un mes de actos culturais celebrados no concello de Brión.



Referencias varias:

A. D., "El Ayuntamiento de Brión organiza el Premio Blanco Amor de novela", *Atlántico Diario*, 27 xaneiro 1995, p. 75. Aclárase cálc será a dotación do premio -millón e medio de pesetas- e anúnciase a celebración dunha asemblea dos concellos participantes neste premio que contempla varios cambios no regulamento.

A. D., "El premio Blanco Amor mantiene su contía en esta edición", *Atlántico Diario*, 24 febreiro, 1996,

58. Dáse conta da reunión celebrada no Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela) de 17 dos 69 representantes de concellos convocantes do premio Blanco Amor de novela. Nela acordáronse os principios básicos polos que se rexerá esta edición e outras cuestións, como amplia-lo número de membros a outros concellos e deputacións ou crear un fondo bibliográfico e audiovisual co material procedente de edicións anteriores.

I. G., "Brión recupera la organización del "Eduardo Blanco Amor", *El Ideal Gallego*, 25 febreiro 1996,

15. Nota na que se informa de que o Concello de Brión se fará cargo da XVª edición deste premio, segundo se acordou nunha xuntanza realizada no Museo do Pobo Galego.

-E. C., "Renace o Premio Blanco Amor despois dun ano de silencio", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 19 abril 1996, p. 12/p. 33. Presentación das bases definitivas para a XVª edición deste premio. Os representantes do concello convocante aclararon que se modificaron os estatutos para que non volvan a producirse situacións como a do ano 1995, e que outros concellos galegos, como Moaña ou Allariz, estaban dispostos a participar do



proxecto. Informa que o concello de Brión contempla a organización deste premio como unha posibilidade de dinamiza-la vida cultural do mesmo.

-A. N. E., "Lorenzo Tomé obtén o "Blanco Amor" por *O Paxaro que canta un nome*", *O Correo Galego*, 10 outubro 1996, p. 53. Informa da concesión do Premio "Blanco Amor" a Xavier Lorenzo Tomé e comenta os valores que o xurado observou na obra. Recolle as declaracións do autor galardoado nas que salienta a importancia que supón este premio na súa traxectoria literaria.



IIIº Premio de Narrativa Curta “Café Dublín”

O Premio de Narrativa Curta “Café Dublín” é convocado tódolos anos, dende 1994, polo Café Dublín de Vigo, para premiar traballos inéditos cunha extensión mínima de 65 folios e máxima de 100. Os orixinais (relatos ou conxuntos de relatos) teñen que entregarse, por cuadruplicado, no Café Dublín, antes do 1 de maio. O xurado fallou esta edición no mes de xuño, no transcurso dunha festa literario-musical. A obra gañadora está dotada con 300.000 ptas. e unha viaxe a Dublín. O premiado foi Anxo Angueira coa obra *Bágoas de facer illas*. O xurado estivo composto por Darío Xohán Cabana, Xavier R. Baixeras, Xosé Ramón Pena, Xosé M. Enríquez e Xavier Alcalá.

Referencias varias:

-B. R. S., “Literatura y música en la fiesta del premio Café Dublín”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), 3 xullo 1996, p. 42. Noticia sobre a entrega do terceiro Premio de Narrativa Breve Café Dublín. Informa da actividade poética, crítica literaria e docente do gañador, Anxo Angueira, ademais de nomealo volume *O valo de Manselle*.



XIIIº Concurso de Relatos en lenguas gallega y castellana da **Casa de Galicia de León**

Dende o ano 1982, a Casa de Galicia de León convoca cada ano este premio, dotado con 75.000 pts. para os relatos gañadores de cada sección, os cales serán publicados pola Casa de Galicia nunha edición de 2.000 exemplares. Quen desexe presentarse a este concurso ten que axustarse a unha extensión máxima de tres folios, e envia-lo escrito (por triplicado e baixo lema), antes do 18 de novembro, á Casa de Galicia en León (r/ Villafranca 7, 24001). O fallo dáse a coñecer no primeiro trimestre do seguinte ano. A entidade convocante publica as obras gañadoras e resérvase o dereito de editalas nun mesmo volume. No 1996 deuse a coñece-lo fallo da convocatoria do 1995 ó que se presentaron dezaseis orixinais. O xurado que decidiu o fallo estivo composto por Manuel Quintós, Javier Anta Fernández, Carlos Mendaña Pardo e Isidro Fontela Armada. O premio foi outorgado a José Manuel Barreiro García (natural de Ferrol e residente na Coruña) por *O lecer do Padre Feijoo*.



IIº Premio de Narrativa **Castelao**

Convócao o Centro Galego de Barcelona (Rambla de Capuchinos). Enmárcase no “Certame San Xurxo” (v. neste apartado Mixtos. Varias modalidades), e prémíase a mellor obra en prosa que cumpra unha das seguintes condicións: a) escrita en lingua galega, b) escrita en galego, castelán ou catalán ambientada en Galicia e c) escrita en galego, catalán ou castelán ambientada na Galicia exterior. Nesta segunda edición, cunha dotación económica de 25.000 pts., recaeu o premio na obra *Trinta e sete días sen verte*, de Xosé Carlos Caneiro (Verín).



Iº Concurso de Contos do Restaurante A Colexiata (Vigo)

Concurso de contos, chistes ou anécdotas referentes ó mundo da hostelería en xeral, relatados en galego, castelán ou portugués. As creacións, dun máximo de seis folios, enviaranse ó Restaurante A Colexiata, de Vigo antes do 28 de decembro de 1996. Os gañadores recibirán premios, de 25.000, 15.000 e 10.000 pesetas, respectivamente e a posibilidade de que o seu traballo se publique.

Referencias varias:

Eva R./Ana R., "Literatura y humor en un concurso sobre la hostelería", *Faro de Vigo*, 29 outubro 1996,

8. Nota informativa das bases deste concurso que as redactoras sitúan no marco de actividades culturais deste restaurante vigués.



Iº Premio de Narrativa **Galaico Portuguesa**

Convocado polo Eixo Atlántico en colaboración coa asociación de editores galegos e portugueses como iniciativa para contribuír a estreita-las relacións entre Galicia e o norte de Portugal, potenciando dúas culturas que teñen moitos puntos en común. Está destinado a obras de escritores de calquera nacionalidade escritas en galego ou portugués. A convocatoria do premio fíxose pública no mes de novembro de 1996 e o prazo de entrega de orixinais remata o 31 de xaneiro de 1997. Hai un único premio de 1.500.000 pesetas. O fallo darase a coñece-lo día 23 de abril de 1997, coincidindo co Día do Libro. O xurado estará composto por profesores e escritores galegos e portugueses escollidos polas asociacións de editores de Galicia e Portugal. Nesta primeira edición, o premio recaeu en Francisco Duarte M. pola súa novela titulada *Geografía do medo*.

Referencias varias:

-Xan Carballa, "As editoriais portuguesas cruzan o Miño", *A Nosa Terra*, nº 751, 7 novembro 1996, p. 21. O autor ofrece unha crónica centrada na *1ª Feira do Libro Portugués e Galego*, celebrada en Vigo entre os días 7 e 10 de novembro de 1996. No marco desta Feira, fíxose pública a convocatoria deste premio do que Xan Carballa presenta as bases.



VIIIº Premio de Novela “García Barros (Kenkeirades)”

Convocado dende 1989 polo Excmo. Concello da Estrada en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Está dotado na actualidade con 1.500.000 pesetas para o gañador e 500.000 para o accésit. Os orixinais, cunha extensión mínima de 150 folios, teñen que ser enviados (por sextuplicado) antes do 30 de abril á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución 1, 36680, A Estrada-Pontevedra). Na edición de 1996, o xurado, composto por Luís Alonso Girgado, Manuel Quintáns, Xavier Puente Docampo, Carlos Varela e Valentín Arias, acordou, entre os 18 orixinais enviados, conceder un premio compartido para Alfonso Álvarez Cáccamo con *O Espírito de Broustenac*, presentada baixo o pseudónimo *Ora et labora*, e Xavier Queipo con *O Paso do Noroeste*, presentado baixo o pseudónimo de *Anacario*.

Referencias varias:

Ramiro S. G., “O Concello da Estrada convoca o VIII Premio de Novela “Manuel García Barros”, *El Correo Gallego*, 16 xaneiro 1996, p. 12. Dá noticia da publicación das bases polas que se rexerá a oitava convocatoria deste premio. Avisa de que se eliminou o límite de 150 folios e que será o xurado o encargado de decidir se un orixinal é novela, independentemente da súa extensión.

Ramiro S. G., “A Estrada convoca unha nova edición do ‘García Barros”, *O Correo Galego*, 16 xaneiro 1996, p. 34.



Anuncia que o concello fixo públicas as bases desta convocatoria e informa da oposición dos grupos municipais do B.N.G. e o P.S.O.E. en relación coa nova modalidade pois eles, segundo o xornalista, “propoñen que os cartos do accésit se dediquen a certames literarios”.

-Susó Souto, “O ‘García Barros’ de novela, para Queipo e Álvarez Cáccamo”/“Xabier Queipo y Álvarez Cáccamo recibiron en A Estrada el ‘García Barros”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 22 decembro 1996, p. 51/p. 14. Crónica do acto de entrega do premio “García Barros” na Estrada. Infórmase de que, nesta oitava edición, o premio foi compartido por Alfonso Álvarez Cáccamo e Xavier Queipo. O acto foi presentado por David Otero, que falou da vida e da obra do escritor que dá nome ó premio.



VIIIº Certame de Narrativa “Gonzalo Torrente Ballester”

Certame instituído pola Deputación da Coruña, no ano 1989, como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán. O prazo de recepción dos mesmos finaliza o 1 de xullo e o fallo do xurado faise público no derradeiro trimestre do ano. O xurado está constituído por Gonzalo Torrente Ballester (presidente), o Presidente da Deputación da Coruña, o responsable da área de cultura da Deputación, representantes da R.A.E., da R.A.G. e críticos literarios da prensa nacional e galega. O coordinador do Premio foi César Antonio Molina; Manuel Rivas actuou de secretario e completaron o xurado Ángel Basanta, Víctor García de la Concha, Arturo Lezcano, Antonio Meijide, Xosé Antonio Ponte Far, Robert Saladrigas e Pedro Soela. Nesta edición, que conta cunha dotación económica de 3.000.000 pts. e a publicación da obra gañadora, presentáronse 308 orixinais entre os que o xurado preseleccionou sete. Obtivo o premio Xosé Carlos Caneiro por *Un xogo de apócrifos*.

Referencias varias:

- M. O. , “Torrente pide a Manuel Rivas que escriba El Quijote de la literatura gallega”, *La Voz de Galicia*, 8 febreiro, 1996, p. 6. Recolle a petición de Torrente Ballester a Manuel Rivas no acto de entrega do premio que leva o seu nome para que o autor de *¿Qué me quieres, amor?* escriba unha grande novela para a literatura galega, posto que consideraba que o seu dominio da linguaxe literaria ben llo permite. Pola súa banda, Manuel



Rivas falou da herdanza literaria do veterano escritor ferrolán e das súas propias ideas sobre a literatura e as súas débedas coa realidade.

-P. L., “Torrente reta a Rivas para que escriba a grande obra mestra galega”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 8 febreiro 1996, p. 16/p. 43. Comentario sobre o recente galardón outorgado a Manuel Rivas pola súa colección de relatos *¿Que me queres, amor?* (1995), premio Torrente Ballester na súa sétima edición. Recolle tamén a invitación do escritor ferrolán para que deixe de escribir contos e faga “unha grande novela que se converta na obra mestra da que tan necesitada está a literatura galega”.

-J. L. A., “Convocado el VIII Premio ‘Torrente Ballester’”, *Diario 16 de Galicia*, 22 marzo 1996, p. 16. Expón as bases para a convocatoria do premio na súa edición de 1996 e dá a noticia do incremento da contía do premio en medio millón de pesetas.

A. G. N., “Al premio ‘Torrente Ballester’ se presentan 306 autores”, *Diario de Pontevedra*, 10 outubro 1996, p. 21. Nota informativa na que se lembran as características técnicas deste premio, así como a composición do xurado e algúns dos gañadores de anteriores edicións.

A. G. N., “Elegidas las siete obras finalistas del premio literario ‘Torrente Ballester’”, *El Progreso*, 1 decembro 1996, p. 76. Anúnciase que o xurado seleccionou, entre as 308 obras presentadas, sete títulos finalistas: *Materia dispuesta*, *Cuentos de Yashala*, *El jugador de ajedrez*, *La verdad desnuda*, *Un xogo de apócrifos*, *Dónde crees que vas y quién te crees que eres* e *As frechas de ouro*. Entre estes títulos o xurado escollerá o gañador da oitava edición do Premio Torrente Ballester de novela.



-A. G. N., "Pérez Varela inauguró el encuentro 'O feito diferencial galego na Historia", *Diario de Pontevedra*, 17 decembro 1996, p. 20. No interior desta noticia recóllese un epígrafe co título "Premio Torrente Ballester" no que se anuncia a emisión para ese día do fallo do xurado do premio, lémbrense os nomes das obras finalistas e dos gañadores de edicións anteriores.

José Luís Álvarez, "El 'Torrente' fue para una obra en gallego", *Diario 16 de Galicia*, 18 decembro 1996,

4. Semblanza do gañador do premio "Torrente Ballester", Xosé Carlos Caneiro, na que se salienta o grande número de premios recibidos por este autor na súa traxectoria literaria.

-Isabel Fojo, "Xosé Carlos Caneiro gana la octava edición del Torrente Ballester", *El Mundo*, 18 decembro 1996, p. 7. Recóllese o argumento da obra gañadora do premio Torrente Ballester, o xuízo do xurado respecto dela e os premios que xa ten obtido o seu autor, CCsé Carlos Caneiro, ó longo da súa traxectoria literaria.

-Cristina Iglesias, "El orensano Xosé Carlos Caneiro gana el premio Torrente Ballester de narrativa", *El Ideal Gallego*, 18 decembro 1996, p. 12. Informa de que Gonzalo Torrente Ballester aproveitou a ocasión da entrega do premio que leva o seu nome para reclamar da literatura galega "a gran novela que aínda está por escribir" e, en clara alusión ó voceiro do xurado, Manuel Rivas, lembrou que xa fixera esta encomenda ó gañador da pasada edición.

-Albino Mallo, "O premio 'Torrente Ballester' foi para o verinés Xosé Carlos Caneiro"/"Xosé Carlos Caneiro gaña o 'Torrente Ballester' nunha apertada votación", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 18 decembro 1996, p. 11/p. 41.



Neste artigo, o voceiro do xurado e gañador da edición anterior, Manuel Rivas, deu a coñece-la obra galardoada, salientando o longo debate do xurado para chegar a un veredicto e a calidade da obra gañadora que refrenda, na súa opinión, a boa saúde da literatura galega.

-R. F., “Son un escritor comprometido co meu país”, *La Región*, 18 decembro 1996, p. 18. Entrevista co gañador da oitava edición do premio “Torrente Ballester” no que este dá conta das súa satisfacción polo premio recibido e explica as claves formais e argumentais de *O Xogo dos apócrifos*.



IVº Certame Literario “Manuel Lueiro Rey”

Convocado polo Concello do Grove para lembra-la figura deste galeguista. Os relatos, que serán recollidos ata o 5 de novembro no Concello do Grove (Praza do Corgo, O Grove), deberán presentarse por quintuplicado. Na categoría de menores de 18 anos o premio será de 100.000 pesetas para o primeiro clasificado e de 50.000 para o segundo, e na de maiores desta idade de 250.000 pesetas para o primeiro, 100.000 para o segundo e 50.000 para o terceiro dos clasificados. Na primeira categoría a extensión máxima é de 20 folios e na segunda de 30. O xurado, composto por David Otero Fernández, Xesús Alonso Montero, Avelino Pousa Antelo, Ramón Nicolás Rodríguez e Manuel Quintáns, fixo público o fallo na primeira quincena de decembro e entregou o premio o 28 dese mes na sala de plenos do Concello do Grove. Na categoría de maiores de 18 anos, o primeiro premio foi para Rosa Aneiros por *Xogo de espellos*, o segundo para M^a Dolores Díaz por *Gato y sabiduría* e o terceiro para María Fernández Viñas por *Pequena memoria*. Na categoría de menores de 18 anos, o premio foi declarado deserto.

Referencias varias:

-José Manuel Moldes, “Finaliza hoy la entrega de trabajos para el certamen ‘Lueiro Rey’”, *Diario de Pontevedra*, 5 novembro 1996, p. 17. Nota informativa das bases da convocatoria do premio.



Vº Certame Manuel Murguía de Narracións Breves

Convocado polo Concello de Arteixo, dende 1991, para premiar relatos de temática libre cunha extensión entre 15 e 30 folios. Os autores que desexen participar deberán envia-los orixinais, por cuatuplicado, ó Concello convocante antes do 1 de marzo. O premio é único e está dotado con 350.000 ptas. e o fallo é o 17 de maio. No 1996, entre os 39 traballos presentados, gañou Antón Riveiro Coello coa obra *O nome do espello*. O xurado estivo constituído por Teresa González-Piñeiros, Isidro Novo (gañador da edición anterior), Miguel Anxo Fernán-Vello e Henrique Rabunhal (coordinador do premio e secretario con voz e sen voto). No mes de novembro fíxose pública a VIª convocatoria do premio. Os traballos, de entre 15 e 30 follas, deberán presentarse no Concello de Arteixo, por cuadruplicado e baixo plica, antes do 1 de marzo de 1997. O fallo do xurado darase a coñecer no mes de maio deste ano. Nesta edición, que conta coa colaboración da Asociación de Escritores en Lingua Galega, actuará como coordinador do concurso o escritor Henrique Rabunhal e elévase a contía do premio ata 400.000 pesetas.

Referencias varias:

-I. G., "Arteixo promoverá la creatividad y las actividades en el 'Mes do libro", *El Ideal Gallego*, 8 abril 1996, p. 15. Comentario sobre a actividade cultural que se levou a cabo no concello de Arteixo durante o mes de abril. Destacan a convocatoria do concurso de contos escolares "Manuel Murguía", na súa oitava edición, a



exposición de bonecos artesanais elaborados por Finola Vázquez e a representación de contos populares para nenos de preescolar.

A. G. N., “Un relato del orensano Antón Riveiro Coello, ‘Premio Murguía”, *La Región*, 19 maio 1996,

72. Glósase a traxectoria literaria do gañador do premio que inclúe tamén premios como o Pedrón de Ouro de José Cela, e relatos como “A musa itinerante”, “Valquiria”, “A ninfómana de Meaus”, “Auga e pedra”, “Bruca manigua” ou “A morte esquecida”.



Vº Premio **Máquina de Vapor** de Narrativa Erótica

Convocado pola asociación *Revista Universitaria Eis*, dende 1993, para premiar relatos eróticos cunha extensión entre 3 e 10 folios mecanografados a dobre espacio. Os textos deben enviarse por triplicado, baixo pseudónimo e plica, no mes de novembro, ó C.M.U. Rodríguez Cadarso, (Campus Universitario, 15706, Santiago). Está dotado con 25.000 pesetas. O texto gañador publícase, xunto cunha escolma das outras narracións, nun número especial da revista *Eis*. O 18 de decembro presentouse a VIª edición do Premio. O xurado dará a coñece-lo veredicto en marzo de 1997.

Referencias varias:

-Alba Doral, "Francisco Soto Piñeiroa: 'Hay que buscar nuevas formas de percibir las cosas'", *El Progreso*, 27 abril 1996, pp. 8-9. Entrevista cun dos gañadores do premio na súa edición de 1995, Francisco Soto Piñeiro, na que este reivindica un certo espírito nihilista perante a literatura e destaca a influencia de Charles Bukowski. Salienta o feito de que o xurado lle outorgase o premio estando o relato escrito en castelán (cando as bases do mesmo o esixían en galego).



XXIIº Premio **Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro**, certame nacional de narracións breves

Convocado polo Padroado o Pedrón de Ouro, actualmente Fundación do mesmo nome, dende o ano 1975. Os orixinais (por cuadruplicado), cunha extensión mínima de 5 folios e máxima de 30, teñen que ser enviados á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apdo. de Correos 1046, 15780, Santiago de Compostela), antes do 15 de novembro de 1996. O xurado estivo composto por Gustavo Santiago Valencia, Salvador García-Bodaño, David Otero Fernández, Avelino Abuín de Temba e M^a José Devesa. O fallo deuse a coñece-lo 20 de decembro e o acto de entrega realizouse o 28 dese mes na Casa da Cultura do Concello de Valga. Entre os setenta orixinais presentados, o primeiro premio, dotado con 100.000 pesetas, un dos segundos, dotado con 50.000, e o accésit foron gañados, todos eles, nesta ocasión por unha mesma persoa, Xosé Antonio Moreno Fernández, que presentou os relatos *As xeiras de D. Xoán*, *Como un deus bó e Poñendo ladillos*. Manuel Blanco Rivas obtivo un segundo premio con *A lealdade do Capitán Milos*.

Referencias varias:

-A. Gonda, "Xosé Antonio Moreno é o gañador elevado ó cubo en narración breve"/"Un premio elevado ó cubo para Xosé Antonio Moreno", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 21 decembro 1996, p. 12/p. 33.



Saliéntase o feito de que un único autor reciba un mesmo premio literario nas súas tres categorías, unha posibilidade que nin sequera estaba contemplada nas bases do mesmo. Xosé Antonio Moreno Fernández resultou gañador do primeiro e segundo premios e máis do accésit.

-Vicente Barreiro, “La entrega de premios del ‘Pedrón de Ouro’, último homenaje a Ferro Couselo”, *Faro de Vigo*, 30 decembro 1996, p. 16. Crónica do acto de entrega dos premios “Modesto R. Figueiredo” celebrado na Casa da Cultura do concello de Valga, ó que, sen embargo, non asistiu o triplemente premiado Xosé Antonio Moreno Fernández. Aproveitouse a ocasión para lembra-la figura de Xesús Ferro Couselo.



IIIº Premio Literario **Pastor Díaz**

Convocado polo Concello de Viveiro e dotado con 500.000 pesetas. Está dirixido a premiar textos novelísticos redactados en galego ou castelán, e cunha extensión mínima de 100 folios. O prazo de entrega remata o 31 de decembro de 1996. Este premio ten carácter bianual.

Referencias varias:

Ana F. Cuba, "Presentan las bases de un premio que se falla en 1997", *El Progreso*, 14 xuño 1996, 14. Presentación das bases deste premio dedicado "a promove-lo desenrolo cultural galego", en palabras da concelleira de Cultura do concello de Viveiro.



XIIº Premio Xerais de Novela

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais (por sextuplicado) teñen que presentarse antes do día 3 de setembro nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (r/ Dr. Marañón, 12, 36211, Vigo), baixo lema e acompañados dun sobre pechado co nome completo e enderezo do autor. A composición do xurado dáse a coñecer no mes de setembro, os finalistas o 19 de outubro e unha semana despois o fallo, emitido no curso dunha cea que se celebra nesta ocasión en Vigo. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudiosos da literatura en xeral pero, a partir de introduci-lo lema “A forza dos lectores” (1988), son lectores non especializados os seus membros, cun secretario con voz e sen voto, que representa á editorial. Ó redor da “Cea Xerais”, a editorial organiza unha semana de actos culturais, exposicións, charlas, etc., a cargo de creadores e estudiosos da literatura. No 1996 a dotación económica foi de 1.500.000 pts., a conta dos dereitos de autor dos cinco mil primeiros exemplares, e o xurado estivo composto por Xosé Lois Romero Falque, Xoán Acuña Pérez, Margarita Vázquez Zegrí, Pilar Díaz Bustamante, Cristina Grimbergs Rial e Xosé Cid Cabido. Presentáronse 20 orixinais, entre os que se seleccionaron catro finalistas (cos lemas *Novela Peregrina*, *Never More*, *Margana* e *Hoxe vai moito frío*). O premio entregouse o 26 do outubro e recaeu na novela *A velocidade do frío*, de Manuel R. García Seixas (1961) presentada baixo o lema de *Hoxe vai moito frío*.



Referencias varias:

B. R. S., "El premio Xerais vuelve a Vigo después de una década", *La Voz de Galicia*, 7 maio 1996, 6. Faise referencia ó acto no que Víctor Freixanes presentou as bases da decimoterceira edición do premio Xerais de novela, a celebrar en Vigo. Glosou tamén os actos que se celebrarán nesta cidade co gallo do premio, entre os que destaca unha conferencia de Francisco Fernández del Riego e distintas exposicións gráficas sobre a historia da editorial e do premio.

-Francisco J. Gil, "Los premios Xerais y Merlín regresan a Vigo tras diez años de gira por Galicia", *Faro de Vigo*, 7 maio 1996, p. 50. Informa da presentación da edición do Premio Xerais 1996, na que Víctor Freixanes explicou as razóns da editorial para celebrar esta edición do premio en Vigo, cidade onde ten a súa sede Edicións Xerais, responsable da convocatoria. No mesmo acto comparou a importancia dos actos que rodean a este premio cos do Día das Letras Galegas.

-I. G., "Convocados los premios Merlín y Xerais, de literatura infantil y novela", *El Ideal Gallego*, 8 xuño 1996, p. 20. Exposición das bases polas que se convoca a edición de 1996 dos premios Xerais de Novela e Merlín de Literatura Infantil.

-María Fernández, "Los premios Xerais se entregarán el 26 de octubre en una cena en la Zona Franca de Vigo", *Atlántico Diario*, 20 setembro 1996, p. 39. Glósanse os distintos actos que se celebrarán en Galicia nos días previos á concesión do premio Xerais de novela 1996.



-E. C., "Xerais entrega o día 26 os seus premios literarios", *O Correo Galego*, 11 outubro 1996, p. 75. Anúncianse os distintos actos a celebrar co gallo da entrega do Premio Xerais de novela.

-Francisco J. Gil, "A velocidade do frío", de Manuel Seixas, gana el XIII Premio Xerais de novela", *Faro de Vigo*, 27 outubro 1996, p. 49. Glosa a traxectoria literaria dos gañadores dos premios "Xerais" de novela e "Merlín" de literatura infantil 1996. Destácase o feito de que o gañador do "Xerais" sexa -como na edición de 1995- un descoñecido para o público lector, non así o gañador do "Merlín".

-Primitivo Carbajo, "Manuel García Seixas gana el premio Xerais en gallego", *El País*, 27 outubro 1996. O anuncio dos gañadores acompáñase cunha pequena historia dos premios Xerais e Merlín e da editorial que os convoca, Edicións Xerais de Galicia. En relación co premio Merlín, salientase tamén que a literatura infantil e xuvenil en Galicia está a vivir una idade de ouro en clara alusión á calidade desta, reflectida nos numerosos premios de que é obxecto.

-Francisco J. Gil, "Vigo fue objeto de reivindicaciones literarias durante la entrega de los premios de Xerais", *Faro de Vigo*, 28 outubro 1996, p. 15. Crónica do acto celebrado en Vigo no que se entregaron os premios Xerais e ó que asistiron unha nutrida representación dos escritores galegos. Saliéntase a emoción dos gañadores ó recolle-los seus premios.

-Maite Gimeno, "Manuel Seixas asegura que sufrió al escribir *A velocidade do frío*", *El Correo Gallego*, 28 outubro 1996, p. 12. O artigo recolle as declaracións de Manuel Seixas, gañador do premio Xerais de novela ó recibilo premio. Ademais de expresa-lo seu agradecemento, manifestou a súa profunda sorpresa ó saberse gañador do premio por considerar que os premios literarios os gañaban xente coñecida.



-M. G., "Manuel Seixas sufriu ó escribir 'A velocidade do frío", *O Correo Galego*, 28 outubro 1996, p. 38. Manuel Seixas, gañador do premio Xerais, explica que a súa novela parte da súa relación de amor/odio cos coches. O protagonista da mesma é un home que perde á súa familia nun accidente de tráfico e, segundo o autor, está destinada á xente normal que sofre e ten problemas.

-Víctor L. Villarabid, "Manuel Seixas, sorprendido por ganar el premio "Xerais", *El Progreso*, 28 outubro 1996, p. 53. Recóllese a sorpresa do gañador do Xerais e a satisfacción do gañador do Merlín, para o cal este premio supón "un triunfo para a poesía".

-Xavier Alcalá, "Premios Xerais", *El Mundo*, 29 outubro 1996, p. 2. Xavier Alcalá ofrece unha crónica do acto de entrega dos Premios Xerais, comentando as súas conversacións cos asistentes ó acto a propósito da actualidade da literatura galega.

-Arantxa Estévez, "Manuel Seixas, gañador do prémio *Xerais* de novela. García Teijeiro e o triunfo da poesía", *A Nosa Terra*, nº 750, "Guieiro Cultural", 30 outubro 1996, p. 21. A articulista recolle as palabras dos gañadores dos Premios Xerais, de novela e de literatura infantil (O Merlín). Manuel Seixas quixo salienta-lo seu papel de recién chegado á literatura e reclamou a transgresión como norma fundamental da modernidade. García Teijeiro, pola súa banda, aceptou o premio como un recoñecemento á plena vixencia da poesía, aínda que estea dirixida ós nenos.



X.2. Poesía

X. Premios

X.2. Poesía



Vº Premio de Poesía da **Aula de Poesía** (Barcelona)

Poden concorrer poemarios dunha extensión entre 400 e 800 versos, inéditos, e escritos en castelán, portugués, catalán ou galego. Os orixinais enviaranse por sextuplicado antes do 21 de decembro de 1996 á Aula de poesía de Barcelona (Passeig de la Vall d'Hebrón, 171, Edifici Migdia, 08035, Barcelona). O premio consiste na publicación da obra nas editoriais Lumen, de Barcelona, Teorema, de Lisboa e Xerais, de Vigo e 750.000 pesetas en concepto de dereitos de autor.



Premio **Begonte** de poesía

O Centro Cultural de Begonte convocou, no 1996, o XXº Certame Nacional de poesía sobre o Nadal. Conta cunha dotación económica de 100.000 pts. e unha estatuíña de Sargadelos para o primeiro premio e 50.000 pesetas para o segundo. Nesta edición correspondeulle o primeiro premio a Cecilio Lago González, polo conxunto de sonetos *Sueño de Navidad* e o segundo a Baldomero Iglesias, polo poema "Neva".



XVIº Premio “Cidade de Ourense”

Premio convocado pola Concellería de Cultura de Ourense, dende o ano 1979, para galardoar poemarios inéditos escritos en galego ou portugués. O xurado está constituído por personalidades da cultura galega e portuguesa. A extensión mínima destes poemarios é de 600 versos. Os orixinais, por duplicado, teñen que enviarse ó Concello de Ourense antes do 30 de xaneiro e o fallo deberá realizarse no mes de marzo. Nesta edición o galardón consistiu en 400.000 pesetas, placa e publicación da obra. O xurado estivo composto por Xulio Francisco Ogando Vázquez, Manuel Zabal, Antonio Pires, Pura Vázquez e Marcos Valcárcel e concedeu o galardón ó xornalista e escritor ourensán Xosé Lois Rúa, pola obra *O lobo nos outeiros*. No mes de novembro de 1996 presentouse a XVIIª edición do Premio. Os orixinais, dunha extensión mínima de 600 versos, entregáronse nos concellos de Ourense ou Vila Real (Portugal) antes do 28 de febreiro de 1997.

Referencias varias:

-R. F., “Xosé Lois Rúa, gañador de ‘Cidade de Ourense’”, *La Región*, 2 maio 1996, p. 11. O autor do premio Cidade de Ourense explica a súa obra -máis de 800 versos libres- ó redor de tres fracasos: o fracaso de Europa como proxecto cultural, o fracaso dos conceptos de liberdade, solidariedade e amor e o retroceso e agresión que sofren as culturas minoritarias.

-R. F. “Unha chamada á cordura vestida de poesía”, *La Región*, 24 decembro 1996, p. 16.



Na entrega do premio, realizada no concello de Ourense, Marcos Valcárcel -membro do xurado- puxo de manifesto o total acordo dos membros do xurado en premia-la obra de Xosé Lois Rúa. Recóllense tamén as palabras do gañador que destaca que a súa obra foi productu da frustración e do desacougo que lle produciu a guerra na antiga Iugoslavia.



Vº Premio de Poesía **Espiral Maior**

A editorial Espiral Maior e o clube poético do mesmo nome convocaron por vez primeira no 1992 o premio poético Espiral Maior, coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de 35 anos) que non teñan ningún libro editado. Este premio non ten dotación económica; consiste na publicación da obra gañadora e do accésit na colección Espiral Maior de Poesía. Os traballos presentados (por triplicado, mecanografados a dobre espacio e baixo plica) teñen que ter un mínimo de 400 versos e deberán remitirse a Espiral Maior (Apdo. de Correos, 192, 15080, A Coruña) antes do 30 de novembro. O fallo fíxose público o 20 de decembro. O xurado, formado por Miguel Anxo Fernán-Vello, Xosé M^a Álvarez Cáccamo e Xavier Baixeras escolleu, entre os 23 orixinais presentados, o poemario de Enma Couceiro (Carballo, 1977), *Humidosa*.

Referencias varias:

-C. C., “Enma Couceiro gaña o Espiral Maior describindo ‘eses ollos de humidade’/“Enma Couceiro faise co ‘Espiral Maior’ describindo os ollos do pasado e dos soños”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 21 decembro 1996, p. 33/p. 12. Recóllense as palabras da gañadora do premio, Enma Couceiro, sobre a idea que a levou a escribi-lo seu poemario: “Describir eses ollos de humidade que se te poñen cando te resgardas no pasado e nos soños, como único refuxio dunha situación no presente pechada, frustrada e claustrofóbica”.



XVIº Premio “Esquío”

Convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol dende o 1980. Son dúas modalidades convocadas: unha en lingua galega e outra en castelán. Están dotadas con 1.000.000 de pesetas, co compromiso da súa publicación para o primeiro premio e dous accésit sen dotación económica. Os poemarios presentados deberán contar cunha extensión de 500 versos. Os orixinais (por cuadruplicado e baixo plica) deberán enviarse á Obra Social da Caixa de Aforros de Galicia na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago ou Vigo, ou á Sociedade Cultural Valle-Inclán, (r/ Magdalena 234, 2ª, 15402, Ferrol) antes do 31 de xullo. O xurado, para a modalidade de lingua castelá, estivo composto por Julia Uceda, Francisca Aguirre e José Hierro e, na modalidade de lingua galega, por Xavier Seoane, Ramiro Fonte e Xulio L. Valcárcel. O fallo do xurado deuse a coñece-lo 8 de novembro e estivo precedido dunha Semana Literaria celebrada nas Aulas de Cultura da Coruña na que participaron os escritores Manuel Rivas e César Antonio Molina e os editores Bieito Ledo, Carlos Casares e Víctor Freixanes. Presentáronse un total de 366 obras, 304 en castelán e 62 en galego, entre as que o xurado escolleu os gañadores: na modalidade de lingua galega *Naufrexio de infancia*, de Xosé Miranda e, na modalidade de lingua castelá, *Quebrada luz*, do madrileño Manuel Rico. Recibiron accésit Lino Braxe polo seu poemario *Ardora* e o poeta cubano Francisco Morán pola súa obra *Ecce homo*.



Referencias varias:

-Isabel Bugallal., “Presentadas en Madrid las obras que ganaron la última edición del Esquíu de poesía”, *La Voz de Galicia*, 10 maio 1996, p. 7. Noticia da presentación, na Casa de Galicia en Madrid, das dúas obras gañadoras da edición de 1995 nas súas modalidades de galego e castelán respectivamente: *Umbral de vida*, de Xavier Seoane e *Ensayo General*, de Francisca Aguirre.

-Miguel Olarte, “Xosé Miranda, ‘Tenía la sensación de ser como el hombre invisible’”, *El Progreso*, 10 novembro 1996, p. 73. O artigo dá conta dos distintos fallos do xurado nas dúas modalidades do premio, centrándose principalmente nas declaracións de Xosé Miranda, quen considera que este premio servirá para dalo a coñecer ó público e para reconcilialo coa crítica pola que non se sentía ben tratado.

-Carla Vidal, “Manuel Rico y Xosé Miranda, ganadores del Premio Esquíu de poesía”, *El Mundo*, 10 novembro 1996, p. 7. O artigo recolle o fallo do xurado e as palabras de Xavier Seoane, membro do xurado que escolleu a obra de Xosé Miranda, destacando desta que “combina a forma rixida e tradicional do soneto cunha imaxenería, un rostro, unha ironía e un sarcasmo moi galegos”.



IXº Premio de Poesía **Eusebio Lorenzo Baleirón**

O Concello de Dodro convoca dende o ano 1988 este premio de poesía para render homenaxe a Eusebio Lorenzo Baleirón, un poeta novo, veciño do concello, que morreu ós 24 anos. Os poemarios que se presenten a este premio deberán ter unha extensión mínima de 400 versos e deben enviarse, por druplicado, ó Concello de Dodro (A Coruña) antes do 30 de novembro. O fallo emitíuse o 14 de decembro e o premio entregouse o 22 do mesmo cunha homenaxe, en forma de velada poética, ó poeta que dá nome ó premio. O galardón consiste en 300.000 pesetas en metálico e a publicación da obra premiada na colección Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" de Edicións do Castro. Os dereitos da primeira edición son para o Concello convocante. A partir da segunda pasan ó seu autor. Na edición de 1996, o xurado, formado por Xosé Fernando Vila Brión, Xosé Miranda, Iris Cochón, Cesáreo Sánchez Iglesias e Luísa Villalta escolleu, entre os 61 poemarios presentados, o de Isidro Novo, titulado *Dende unha nada núa*.

Referencias varias:

E. C., "Isidro Novo obtén o premio Eusebio Lorenzo Baleirón", *O Correo Galego*, 15 decembro 1996,

53. Anúnciase que a entrega do premio acompañarase dun recital poético de Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Xavier Rodríguez Baixeras, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Manuel Forcadela, Román Raña Lama, Ramiro Fonte e Chus Pato.



XVIIIº Premio Nacional de Poesía **O Facho**

Convocado pola Agrupación Cultural O Facho, creada no 1963. Nesta edición as composicións, de tema libre e inéditas, cun máximo de cinco poemas por concursante, deberán remitirse á Agrupación O Facho, (r/ Federico Tapia, 12, 1º, A Coruña) antes do 28 de febreiro. No 1996 mereceu este premio, dotado con 40.000 pesetas, Pedro Milhán Casteleiro, que presentou 4 poemas baixo o título de *Até o lugar do corazón*.



Xº Premio de Poesía Feliciano Rolán

Organiza este premio a Agrupación Cultural Guardesa e patrocínalo o Concello da Guarda. Poden concorrer a el aqueles poetas que envíen como máximo dous orixinais en galego ou en castelán, cunha extensión máxima de 100 versos e mínima de 30, por quintuplicado e baixo plica, ó Apdo. de Correos 69 (A Guarda) antes do 2 de agosto. Son tres os premios que se outorgan e están dotados con 30.000, 10.000 e 5.000 ptas., respectivamente e unha placa. O fallo do xurado deuse a coñece-lo día 7 de agosto e a entrega tivo lugar o día 8 no salón de actos do Centro Cultural e Social da Guarda. Modesto Fraga Moure (Fisterra) recibiu o primeiro premio pola súa composición "Amar nocturno"; Rosa Méndez Ponte (Ferrol) recibiu o segundo polo seu poema "Silencios de salitre entre as notas dun violín"; Frederico L. Santalha (Cee) recibiu o terceiro pola súa composición "Náufrago da lúa".

Referencias varias:

-Ricardo Rodríguez Vicente, "La Agrupación Cultural Guardesa convoca el Xº Premio de Poesía Feliciano Rolán", *Faro de Vigo*, 2 xullo 1996, p. 14. Exposición das bases que rexerán o premio na súa edición de 1996.

-Antón Ferreira, "Abierto el plazo para presentar trabajos al premio Feliciano Rolán", *Atlántico Diario*, 3 xullo 1996, p. 14. Exposición das bases que rexerán o premio na súa edición de 1996.



-Ricardo Rodríguez Vicente, "Los premios del concurso 'Feliciano Rolán' se entregan hoy en A Guarda", *Faro de Vigo*, 8 agosto 1996, p. 13. Dáse a coñece-lo fallo do xurado e anúnciase o día e o lugar para e entrega de premios.



Premio de Poesía **Fermín Bouza Brey**

Este premio naceu no ano 1992 impulsado polos concellos de Vilagarcía de Arousa, Cortegada e Pontearreas. Ten dúas modalidades: para poetas noveis e para alumnos e alumnas de E.X.B. No primeiro caso, o premio era de 150.000 pesetas e no segundo de 50.000 pesetas, máis a edición da obra gañadora da que se faría cargo a editorial Espiral Maior. No ano 1995 este premio non se convocou. A seguir recollémo-las manifestacións que isto ten causado e a vontade de recuperalo no ano 1996 promovida por varios colectivos.

Referencias varias:

-E. C., “Confirman a suspensión indefinida do ‘Bouza-Brey’ para novos poetas”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 24 xaneiro 1996, p. 12/p. 43. Compárase a situación do premio Bouza Brey coa do premio Blanco Amor de novela. Búscase o testemuño das entidades organizadoras.

-Rafa Villar, “¿Onde vai o premio Bouza Brey?”/“Prémio Bouza Brey”, *O Correo Galego/A Nosa Terra*, nº 711, “Insomnes”/“Galicia e mundo”, 25 xaneiro 1996/1 febreiro 1996, p. 45/p. 18. Recóllense as declaracións de Rafa Villar, que, como poeta galardoado na primeira edición deste premio, manifesta a súa opinión sobre a situación creada pola suspensión da convocatoria do premio “Bouza Brey” en 1995.



-Fernando Martínez, "O B.N.G propón recupera-lo premio de poesía Fermín Bouza Brey", *O Salnés*, ano III, nº 37, 11-24 marzo 1996. Explícase a proposta do B.N.G. para non deixar morre-lo premio.

-D. P., "El B.N.G. quiere mantener el premio de poesía 'Fermín Bouza Brey'", *Diario de Pontevedra*, 12 marzo 1996, p. 19. Recóllense as palabras de Carlos Méndez, voceiro do B.N.G. no concello de Vilagarcía de Arousa, a favor de mante-lo premio "Bouza Brey".

A. D., "El B.N.G. propone mantener el premio de poesía Bouza Brey", *Atlántico Diario*, 12 marzo 1996,

15. Recóllense as palabras de Carlos Méndez que, no nome do B.N.G. de Vilagarcía de Arousa, explica os motivos polos que este premio debe manterse.



Iº Premio de Poesía **Johán Carballeira**

Convocado polo Concello de Bueu co gallo do aniversario do fusilamento do que fora alcalde do concello, José Gómez de la Cueva, Johan Carballeira. Os traballos non deberán supera-los 100 versos e remitiranse, antes do 30 de xullo, ó Concello de Bueu, (r/ Eduardo Vicenti, 8, 36930, Bueu). O premio entregouse o 18 de outubro. O xurado estivo composto por Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Natividade Estévez Lorenzo, Cecilio Lago González, Xosé Manuel Millán Otero e Manuel Antón Mosteiro García. O premio ten unha dotación única de 125.000 pesetas para o gañador. Presentáronse 32 obras e resultou gañadora *A Valga do triste Amor*, de Xosé Carlos Caneiro. O xurado quixo destacar tamén as obras *Anthropos* e *Os versos do náufrago*.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, "El alcalde entrega mañana las distinciones del 'Premio Johan Carballeira", *Diario de Pontevedra*, 17 outubro 1996, p. 21. Anúnciase a entrega do premio Johan Carballeira na Casa da Cultura do concello de Bueu e lémbrense os motivos da creación deste premio.

-A. A., "Novas entregó el premio 'Johan Carballeira", *Diario de Pontevedra*, 22 outubro 1996, p. 16. Infórmase de que o alcalde de Bueu, Novas Piñeiro, foi o encargado de entregarlle o premio ó seu gañador, Xosé Carlos Caneiro.



Vº Premio “Martín Codax”

Convoca este premio, dende 1992, Bodegas Vilariño-Cambados e patrocinao o Concello de Vigo en colaboración coas tres universidades galegas e a Editorial Galaxia. Estivo dotado con 750.000 pesetas. Os orixinais deberán enviarse por cuadruplicado, cunha extensión mínima de 500 versos, á sede da Editorial Galaxia (Reconquista 1, 36201, Vigo) antes do 17 de abril e o fallo darase a coñece-lo día 3 de maio. En 1996 o premio foi gañado por Miguel Anxo Fernán-Vello coa obra *As certezas do clima*. O xurado estaba presidido por Francisco Fernández del Riego e composto por Xerino Calvo Maquieira, Luciano Rodríguez Gómez, Salvador García-Bodaño, Manuel Rivas, Anxo Tarrío e Xesús Franco.

Referencias varias:

A. D. “Veintinueve obras optan al ‘Martín Códax’ de poesía”, *Atlántico Diario*, 25 abril 1996, p. 14. Dá a noticia de que o presidente dunha das empresas promotoras do premio -Bodegas Vilariño-, Ramón Barral, deu a coñece-lo nivel de participación no premio na súa edición de 1996.

A. D., “Seleccionados los finalistas del Premio de Poesía Martín Códax”, *Atlántico Diario*, 30 abril 1996,

17. Nota informativa referida ós poemarios *Areados*, *Elexías e salmos* e *As certezas do clima*, escolleitos como finalistas do premio Martín Codax.



-Anxo Tarrío Varela, "A poesía do Martín Codax", *El Correo Gallego*, 30 abril 1996, p. 3. Refírese ó Premio de Poesía "Martín Codax", convocado polas adegas Vilariño de Cambados. A seguir, establece unha comparación entre a boa poesía e o bo viño, froitos do traballo paciente e da elaboración miuciosa.

M. J. D., "As certezaas do clima', 'Areados' e 'Elexías e salmos', finalistas do certame de Poesía 'Martín Códax'", *O Salnés*, 13 abril-13 maio 1996, p. 11. Nota informativa referida ós poemarios *Areados*, *Elexías e salmos* e *As certezaas do clima*. escolleitos como finalistas do premio Martín Codax.

M. S., "El «Martín Códax» de poesía, para Miguel Anxo Fernán-Vello", *La Voz de Galicia*, 4 maio 1996,

5. Resumo da traxectoria literaria do gañador da quinta edición do premio Martín Codax de poesía, que considera a súa obra como "unha viaxe iniciática" e un novo encontro cos lectores despois de varios anos de silencio literario.

-Francisco J. Gil, "Miguel Anxo Fernán-Vello gana la quinta edición del premio Martín Códax de Poesía", *Faro de Vigo*, 4 maio 1996, p. 51. Glósase a traxectoria profesional de Miguel Anxo Fernán-Vello e destácase a calidade dos orixinais presentados ó premio, o de maior contía e prestixio en Galicia neste momento.

-Javier D. Campa, "Una noche de vino y poesía en el Pazo Museo de Castrelos", *Atlántico Diario*, 5 maio 1996, p. 10.



Coméntanse as declaracións de Miguel Anxo Fernán-Vello, ó recolle-lo Premio Martín Codax 1996. O escritor afirmou que os lectores de poesía acostuman a ser tamén bos bebedores de viño, en clara referencia á entidade promotora do premio.

-Francisco J. Gil, “Vino y poesía, dos cosechas anuais”, *Faro de Vigo*, 5 maio 1996, p. 51. Resumo da festa celebrada no pazo Quiñones de León (Vigo), onde se entregou o premio Martín Codax ó seu gañador.

-Rodri García, “Escribo desde unha radical experiencia da soidade”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, ano II, nº 92, 1 decembro 1996, p. 6. Transcribe comentarios de Fernán-Vello en relación coa causa pola que se presentou ó premio publicación da obra premiada, prestixio- e tamén sobre as características da súa poesía e da poesía en xeral. Refírese, así mesmo, ás consideracións que sobre o poemario de Fernán-Vello fixo Xosé M^a Álvarez Cáccamo.

Xavier Costa Clavell, “O Premio Martín Codax 1996”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 8 decembro 1996,

2. Costa Clavell cre que este poemario de Fernán-Vello está cheo de matices poéticos e céntrase na singular importancia da cor azul: “O azul está case omnipresente nos versos. Azul sempre. Azul do mar, azul da pálpebra, azul da sede, azul da chuvia, azul das bágoas, azul de Galicia. Os poemas está cheos de azuis. Fernán-Vello semella soñar Galicia de cor azul”.



VIº Premio de Poesía en lingua galega “Miguel González Garcés”

Convocado, dende 1991, pola Deputación da Coruña. As súas bases salientan que os traballos orixinais e inéditos terán unha extensión non inferior ós 300 versos e deberán presentarse, por quintuplicado, mecanografados a dobre espacio e acompañados dun sobre pechado no que conste, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Enviaranse á Deputación Provincial da Coruña (r/ Alférez Provisional, s/n) antes do 25 de abril e o fallo emitirase o 27 de xuño. O xurado estará presidido polo Presidente da Deputación, actuará como secretario o da corporación e os restantes membros serán nomeados entre persoas de recoñecido prestixio, polo Presidente da Deputación, previo informe do xefe de servizo de Fomento. A Deputación poderá publicar unha primeira edición da obra premiada sen dereitos para o autor, que recibirá 30 exemplares. No 1996, cunha dotación de 750.000 pesetas e a publicación da obra gañadora, foi premiado o poemario *Areados (Na selva pola tarde ollando os tigres)* de Estevo Creus (Cee, 1971) entre os 57 orixinais recibidos. Xavier Seoane actuou como coordinador do premio e Vicente Araguas como portavoz do xurado, que acordou conceder un accésit ó poemario de Xosé Miranda, *Carozo azul*.

Referencias varias:

-I. G., “O xove poeta Estevo Creus gaña o sexto premio ‘González Garcés’”, *El Ideal Gallego*, 28 xuño 1996, p. 20.



Informa de que Estevo Creus con *Areados* e Xosé Miranda con *Carozo azul* foron, respectivamente, o gañador e o finalista da sexta edición do premio de poesía "González Garcés". O xurado destacou da obra premiada a súa unidade temática e o uso moi novidoso dalgunhas imaxes.



VIº Premio de Poesía “O Poeta azul”

Convocado, dende 1990, pola Sociedad Artística Ferrolana para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, cualificado por Ramón Otero Pedrayo como “o poeta azul”. Prémianse aqueles poemas escritos en galego, firmados con nome, apelidos, enderezo, teléfono e aqueles datos que o autor considere convenientes. Os orixinais deberán enviarse a SAF (Apdo. Correos 339, 15480, Ferrol) antes do 30 de xuño. O galardón consiste nunha placa, diploma e publicación na revista *Poesía Galicia*. O fallo do xurado darase a coñecer nun recital poético que será anunciado oportunamente. En 1996 o gañador foi Antonio Rivero Coello, por “Violación segunda”. O xurado estivo formado polo poeta Manuel Vázquez Méndez (presidente), o publicista e poeta Carlos Perille, o avogado e escritor R. Fernández Ballesteros, o Dr. Ricardo Díaz-Casteleiro e o académico Carlos Barcón. Actuou como secretario Julio Ferrín.



Xº Certame Nacional de Poesía en Lingua Galega “Rosalía de Castro”

Organizado, dende o 1987, pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro da localidade catalana de Cornellá de Llobregat (Barcelona) coa colaboración da Xunta de Galicia, o Concello de Cornellá de Llobregat, a Generalitat de Catalunya e Caixa Galicia. As bases establecen que se premiará unha única composición dun máximo de 100 versos e un mínimo de 30, ou varias composicións que non superen estes límites. Os orixinais deberán enviarse antes do 30 de setembro á sede da Asociación (r/ Federico Soler, 71) e o fallo darase a coñecer en outubro durante unhas xornadas culturais. Haberá un 1º premio de 100.000 pesetas, un 2º de 50.000 e un 3º de 35.000. O xurado estará composto por personalidades relevantes da creación e da crítica e presidido polo Director Xeral de Política Lingüística. No 1996, o fallo do xurado, dado a coñece-lo 30 de novembro foi o seguinte: 1º premio para Baldo Ramos (Celanova) por “O exilio de pedra”, o 2º para Xosé Carlos Caneiro Pérez (Verín) por “No tempo das cereixas” e o 3º para Alexandre Nerio (Fisterra) por “Cidadela, o verexel das sete fontes”. O xurado tamén fixo mención especial dos poemas “Néboa”, de María Canoso, “Os caracois só arrastran humidade”, de Enma Couceiro, “Arume”, de Modesto Fraga e “Os días de apulia”, de Lino Braxe.

Referencias varias:

-Marta Becerra, “Una de poesía”, *El Progreso*, “El despertador”, 15 xuño 1996, p. 2.



Recolle as bases do certame de poesía galega da Asociación Rosalía de Castro de Cornellá e anima ós seus lectores a participar. Sinala o prestixio que ten este premio, que gañaron en edicións anteriores Darío Xohán Cabana ou Fiz Vergara Vilariño.

-S. V., "Concurso de poesía en el centro Gallego de Cornellá de Llobregat", *El Correo Gallego*, 18 xuño 1996, p. 60. Exposición das bases polas que se rexerá o premio.



VIº Premio de Poesía “Tovar”

Convocado polo grupo Tovar para premiar un poema de tema libre, cun máximo de 30 versos. Os orixinais enviaranse ó bar Pingallo (r/ San Miguel 6, 32005, Ourense) antes do 20 de decembro. O xurado estará constituído por membros do grupo. Poderá concederse un accésit que será exposto no establecemento, xunto co poema premiado, durante un ano. No 1996, foi gañador o poeta vigués Cecilio Lago González co seu poema “Asubíos de saudade”.

Referencias varias:

-Raquel Feijoo, “Cecilio Lago González, premio Tovar 96”, *La Región*, 7 abril 1996, p. 13. Entrevista co gañador da sexta edición do premio Tovar de poesía, na que este repasa a súa traxectoria literaria en galego e en castelán e o seu concepto de poesía.



IIº Premio de Poesía “Xosé María Díaz Castro”

Convocado pola asociación cultural e gastronómica “O Grelo de Guitiriz”. Colabora o Concello de Guitiriz e a Asociación Xermolos. Dótase este premio con 350.000 ptas. Os orixinais deberán constar de 500 versos como máximo e enviaranse por quintuplicado a “O Grelo” (r/ Otero Pedrayo, 47-49, Lugo). O prazo remata o 30 de xaneiro. Entre as 15 obras presentadas foi seleccionada *Libra da vertixe* de Anxo Angueira. O xurado estaba composto por Xavier Rodríguez Barrio, Diego Bernal, Antón Grande, Xosé Alonso e Xesús Busto.



X.3. Teatro

X. Premios

X.3. Teatro



Premio da **Crítica de Barcelona**

A montaxe teatral *Annus Horribilis* do grupo Chévere, de Santiago de Compostela, recibiu o Premio da Crítica de Barcelona ó mellor musical do ano. O premio entregouse o 16 de decembro de 1996 no Centro Dramático da Generalitat de Cataluña.



VIº Premio de teatro en lingua galega “Rafael Dieste”

Convocado dende o ano 1991 pola Deputación da Coruña, en homenaxe a Rafael Dieste. Os orixinais, de temática e extensión libre, aínda que tendo en conta as posibilidades de representación, teñen que enviarse por triplicado, mecanografados a dobre espacio, grampados ou encadernados, antes do 25 de abril á Deputación da Coruña, (r/ Alférez Provisional, s/n). O xurado, presidido polo titular da Deputación da Coruña e coordinado por Silvia Longueira, estará constituído polo secretario da Institución convocante (con voz pero sen voto) e por varios membros nomeados entre persoas de recoñecido prestixio polo presidente da Deputación, previo informe do xefe de Servicio de Fomento. No 1996, foi galardoado Manuel Lourenzo, por *Magnetismo*, cunha dotación de 750.000 pesetas, a publicación da obra na colección Teatro Rafael Dieste, que edita a Deputación, e mesmo a posibilidade de contratar unha Compañía para a súa representación.

Referencias varias:

-I G., “El jueves termina el plazo de presentación de originales para el ‘Rafael Dieste’”, *El Ideal Gallego*, 22 abril 1996, p. 20. Anúnciase a finalización do prazo de presentación de orixinais para o premio que terán temática e extensión libres e recibirán unha dotación económica de 750.000 pesetas.



I. G., "El ganador de la VI edición del premio de teatro 'Rafael Dieste' se dará a conocer hoy", *El Ideal Gallego*, 26 xuño 1996, p. 20. Anúnciase a convocatoria do fallo do xurado que dará a coñece-la súa elección entre os 23 orixinais presentados a esta edición.

I. G., "Magnetismo' de Manuel Lourenzo, premio 'Rafael Dieste' de teatro", *El Ideal Gallego*, 27 xuño 1996, p. 20. O comentarista salienta o feito de que o voceiro do xurado, Euloxio Rodríguez Ruibal, deu a coñece-la obra gañadora do premio Rafael Dieste, destacando dela "a axustada construción teatral, a axilidade e suxerencia dos diálogos e a atmosfera creada na obra", como os aspectos que a levaron a se-la escolleita.

-A. G. N., "El 'Rafael Dieste' premia al director de teatro Manuel Lourenzo", *La Región*, 27 xuño 1996, p. 59. Glósase a traxectoria profesional do gañador da sexta edición do premio Rafael Dieste, Manuel Lourenzo, como un dos nomes clave na historia do teatro galego moderno.



Premio Nacional de Dramaturxia

Convocado polo Ministerio de Cultura para premiar obras teatrais en calquera das linguas do Estado. Na edición de 1996, Manuel Lourenzo quedou finalista coa obra *A lexión sonámbula*.

Referencias varias:

A. N. E., "Sergi Belbel acada o Premio nacional de Dramaturxia", *O Correo Galego*, 19 novembro 1996,

37. Na noticia informativa do fallo deste premio, recóllese o feito de ter quedado Manuel Lourenzo como finalista do mesmo.



Iº Concurso Teatral **Unidad Municipal de Atención a Drogodependientes** **(U. M. A. D.)**

Convocado polo Concello de Santiago, está dirixido a adolescentes e dotado cun único premio de 50.000 pesetas. As obras que se presenten deberán ter unha extensión entre 20 e 25 folios, tratarán o tema da prevención do consumo de drogas e o VIH/SIDA. Os traballos deberán entregarse antes do 1 de agosto á dirección da U.M.A.D. (Castaños, 1, baixo). O xurado estará composto polo alcalde do concello de Santiago, Mar Bernal, unha representación do P.P. e outra do B.N.G., Diego Varela, un dos membros do persoal da U.M.A.D. e un integrante do grupo teatral.



VIIº Certame Galego de Teatro “**Xuventude 96**” para afeccionados

Son dúas as modalidades que se ofertan: A) para afeccionados e B) para grupos escolares. En cada unha delas concédese un primeiro premio e varios accésit. O primeiro premio ten unha dotación económica de 200.000 pts. e un premio especial para a mellor representación en galego, dotado con 125.000 pts. Os accésit teñen unha dotación de 50.000 pts. Os premios entregáronse, no transcurso dun acto académico, no Círculo das Artes de Lugo o 31 de outubro de 1996. A *Aula de Teatro do Campus Universitario de Lugo* resultou a gañadora da categoría B, ademais de recibila distinción á mellor obra feita en galego. O grupo *Catrabucha Teatro* resultou gañador na categoría A coa obra *¡Ven Hur!*.



X.4. Investigación

X. Premios

X.4. Investigación



Xº Premio Literario “Ánxel Fole”

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio Sanmartín e o xornal *El Progreso* dende 1987, para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega. Os orixinais deben ter unha extensión máxima de 100 folios, mecanografados a dobre espacio, e teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, ó Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ó xornal *El Progreso*, antes do 31 de marzo. O fallo do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocantes (Xesús Alonso Montero, Manuel María, José de Cora e Ramón Soilán Penas), realízase na primeira quincena de maio coincidindo co cabodano do falecemento de Ánxel Fole. No ano 1996 estivo dedicado a enalza-la figura do xornalista e escritor lucense Aureliano J. Pereira de la Riva. Dotado con 1.000.000 de pesetas e a publicación da obra, mereceu este galardón M^a Xosé Rodríguez Valcárcel. O seu libro publicouse co título *Aureliano J. Pereira no Rexurdimento galego*. Convocouse en setembro a XIª edición deste premio sobre a obra de José Crecente Vega. Os orixinais, cunha extensión máxima de 100 folios, serán enviados antes do 31 de marzo de 1997.

Referencias varias:

-Xoán C. Vidal, “Valcárcel asegura que Pereira ‘é o gran esquecido das letras galegas”, *El Progreso*, 15 xuño 1996, pp. 57-58.



X.4. Investigación

Relatorio do ocorrido no acto de entrega do premio, no que a súa gañadora destacou a personalidade do escritor Aureliano J. Pereira como unha das grandes figuras da literatura galega do XIX xunto con Manuel Amor Meilán ou Xesús Rodríguez López, e reclamou das autoridades municipais un maior recoñecemento á súa figura que se manifeste na reedición das súas obras.



VIIIº Premio “Investigación Lingüística e Literaria 17 de Maio”

Convócao, dende 1989, o Departamento de Filoloxía Galega e patrocinao o Vicerrectorado de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela e a Facultade de Filoloxía, coa fin de potencia-la investigación lingüística e literaria entre os universitarios. Céntrase cada ano na figura homenaxeada o Día das Letras Galegas ou na xeración, movemento artístico, etc. ó que pertence. No 1996 dedicouse a Xesús Ferro Couselo. A dotación económica é a seguinte: 125.000 pts. para o primeiro premio, 75.000 para o segundo e 50.000 para o terceiro. O xurado declarou desertos o primeiro e o segundo premios e outorgoulle o terceiro a Raquel Bello Vázquez, estudante de Filoloxía Galega, polo traballo *Un polígrafo no século da especialización*, estudio sobre o paralelismo das figuras do P. Sarmiento e Xesús Ferro Couselo.

Referencias varias:

E. C., “Filoloxía faille entrega do ‘17 de maio’ a Raquel Bello”, *O Correo Galego*, 19 decembro 1996,

44. O acto de entrega do premio 17 de maio serviu como pretexto para glosa-la figura de animador cultural de Xesús Ferro Couselo, nun acto universitario no que participaron, entre outros, os profesores Xesús Alonso Montero, Rosario Álvarez, Henrique Monteagudo e Carme Hermida.



Premios á Investigación 1996 da Deputación Provincial de Pontevedra

Premian traballos de investigación nas áreas de Ciencias e Tecnoloxía (premiado con 500.000 pesetas), Humanidades e Ciencias Sociais e traballos sobre a provincia de Pontevedra (1.000.000 de pesetas). A edición de 1996 inclúe novas modalidades: unha con tres premios de 300.000, 200.000 e 100.000 pesetas respectivamente que premia teses, tesinas e proxectos de fin de carreira realizados na Universidade de Vigo no ano 1995; e unha segunda que premia a Investigación Xuvenil en dúas modalidades: Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais. A contía deste premio será de 250.000 pesetas e os concursantes non deberán superar os 26 anos. Tódolos orixinais presentaranse antes do 31 de outubro.

Referencias varias:

-D. P., "Premios de 250.000 pesetas para investigación juvenil", *Diario de Pontevedra*, 1 abril 1996, p. 4. Destácase, da nova edición dos premios de investigación da Deputación de Pontevedra, unha convocatoria para a investigación xuvenil.

A. D., "Los Premios a la Investigación incluyen este año tesis y tesinas", *Atlántico Diario*, 2 abril 1996,

14. Ofrécese unha relación das distintas modalidades que inclúen os premios de investigación da Deputación de Pontevedra.



IIIº Premio “Vicente Risco de antropoloxía e ciencias sociais”

Convocado dende 1994 polo Concello de Castro Caldelas e a Fundación Sotelo Blanco. Dotado con 1.000.000 de pts. e a publicación da obra pola Editorial Sotelo Blanco. Poden concorrer a el os que presenten obras sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (Historia, Economía, Socioloxía, Literatura, etc.). Os textos, cunha extensión mínima de 150 e máxima de 300 folios a dobre espacio, deberán presentarse, por sextuplicado, antes do 31 de agosto na Fundación Sotelo Blanco (Apdo. de Correos 2.096, 1578, Santiago de Compostela) ou no Concello de Castro Caldelas (Rúa do Concello, 1, 32760, Castro Caldelas) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. Presentáronse oito traballos e dous pasaron á fase final de selección. O xurado estivo constituído por Marcial Saavedra Fernández, Juan Babarro González, Ramón Villares Paz, Pegerto Saavedra Fernández e Fernando Acuña Castroviejo, representantes do Concello de Castro Caldelas, e por Carlos Lema, representando á Fundación Sotelo Blanco. O fallo do xurado deuse a coñece-lo 7 de outubro, no transcurso dunha cerimonia que tivo lugar no Castelo de Castro Caldelas. O gañador da terceira edición (1996) foi Antonio Presedo Garazo cunha obra titulada *Os devanceiros que habitaron os pazos (Economía e estratexias sociais da pequena fidalguía rural na Galicia interior - séculos XVI- XVIII)*. O xurado destacou a calidade doutro dos traballos presentados, *As vilas, centros terciarios do espacio rural (1980-1990)*.



Referencias varias:

J. J. Cid, "José Ramón García gana el premio Vicente Risco", *La Región*, 16 xaneiro 1996, p. 12. Recolle a traxectoria profesional do gañador da segunda edición deste premio, José Ramón García (A Coruña, 1958), na actualidade profesor da Universidade de Santiago de Compostela.

J. J. C., "José Ramón García Soto recibirá hoy el premio 'Vicente Risco' que llega a su segunda edición", *La Región*, 20 xaneiro, 1996, p. 12. O artigo salienta que, en palabras dos organizadores, a obra premiada "é un orixinal traballo de antropoloxía galega que posibilita a comparación con outras linguas minorizadas e favorece a súa utilización renovadora no campo da didáctica do galego".

-Rivas, "Entregado el premio 'Vicente Risco'", *La Región*, 21 xaneiro 1996, p. 19. No acto de entrega do premio destacáronse como funcións do mesmo a de "potencia-la cultura e a lingua galegas, contribuír á normalización da nosa lingua, ademais de honra-la figura de Vicente Risco".

-A. N. E., "Antonio Presedo obtén o premio Vicente Risco de antropoloxía e ciencias sociais", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 20 outubro 1996, p. 12/p. 19. Recóllese a opinión do xurado sobre a obra gañadora. Saliéntase "o rigor da investigación de Antonio Presedo así como as contribucións do seu traballo a un mellor coñecemento da sociedade galega do Antigo Réxime e comenzos da contemporánea".

-Quique Chuvieco, "El premio 'Vicente Risco' recayó en el trabajo de Antonio Presedo", *El Ideal Gallego*, 20 outubro 1996, p. 10. Recólle a decisión do xurado do premio e lémbrese o carácter e finalidades do mesmo.



Premio Xunta de Galicia a unha traxectoria investigadora

Convocado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, está dotado con 2.000.000 de pts. Este premio tamén se creou para premia-los mellores artigos de divulgación e desenvolvemento tecnolóxico publicados en diarios, semanarios e revistas de información xeral editados en Galicia, cunha dotación de 500.000 pts., ou tamén aqueles artigos publicados por galegos en revistas de fóra de Galicia. No ano 1996 o premio a unha traxectoria investigadora recaeu no profesor Constantino García González.



X.5. Mixtos

X. Premios

X.5. Mixtos (Varias Modalidades)



VIº Certame literario-lingüístico “Ricardo Carvalho Calero”

Foi creado no ano 1991 polo Concello de Ferrol, con quen colabora a Sociedade Medulio. Son dúas as modalidades convocadas: “Premio de investigación literaria ou lingüística”, cunha extensión mínima de 50 folios e “Premio de Creación literaria” (narración curta), para premiar “unha narración ou un conxunto de contos” que non sobrepasen os 100 folios. Terán que enviarse, por quintuplicado, ó Excmo Concello de Ferrol antes do 15 de xaneiro, baixo lema. Nun sobre á parte figurarán o currículo, enderezo e D.N.I. do autor. Os gañadores dunha convocatoria non poderán concursar nos seguintes tres anos. A entidade convocante resérvase os dereitos de autor da primeira edición da obra gañadora. O xurado estará constituído por cinco membros propostos pola Comisión organizadora, entre os que figurarán o gañador ou gañadora da edición anterior e o alcalde ou persoa en quen delegue, que presidirá. A entrega do premio farase coincidir coas datas nas que se conmemora o cabodano do pasamento do profesor Carvalho Calero. No 1996, na modalidade “Creación literaria”, mereceu o galardón, Xesús Manuel Marcos López (O Caurel, 1968) pola súa obra, *A chuvia agarda nomes*, presentada baixo o pseudónimo de *Terra Queimada*. Na modalidade de “Investigación Literaria” foi premiada a obra de Rexina Rodríguez Vega, *Álvaro Cunqueiro, unha poética da reacción*, presentada baixo o pseudónimo de *O cabaleiro do verde gabán*.



Referencias varias:

-G. G., "Los escritores odian lo rural", *El Progreso*, 8 maio 1996, p. 14. Con motivo de ter acadado o sexto Premio de Narrativa Carballo Calero, Xesús M. Marcos refírese á importancia deste galardón na súa traxectoria e ofrece opinións sobre os escritores que se presentan a tódolos premios e sobre o futuro da literatura galega e do medio rural galego. Destaca tamén a súa intención de crear un mundo imaxinario nos seus relatos e pon de manifesto os movementos artísticos que o motivan e a influencia do Caurel na súa obra.

-Elvira Souto, "Máis sobre o premio Carvalho Calero", *A Nosa Terra*, nº 732, "A aldea global", 27 xuño 1996, pp. 19-20. Carta dirixida á concelleira delegada de cultura do Concello de Ferrol, na que a articulista alude ás supostas irregularidades ocorridas na sexta edición do citado premio.



XXIIº Certame literario Excmo. Concello de Vilalba

Anualmente, o Concello de Vilalba convoca este Certame literario para premia-lo mellor traballo inédito de narrativa (novela, conto ou relatos) en lingua galega, dotado con 500.000 pts. e diploma, e o mellor poema inédito en lingua galega, dotado con 150.000 pts. diploma e flor natural. Os orixinais, mecanografados a dobre espacio, por quintuplicado, acompañados dun sobre pechado onde consten os datos persoais e dirección do autor e baixo plica, deberán enviarse ó Concello de Vilalba, antes do 15 de xullo. O xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias dos premios. A súa composición non se coñecerá ata o momento do resultado. O fallo darase a coñece-lo 25 de agosto coincidindo co comezo das Festas de San Ramón e Sta. María, e a entrega terá lugar o 30 deste mes.



Premios da Crítica de Galicia

Premios convocados polo Círculo Ourensán Vigués dende 1978 e polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Presentan varias modalidades. O xurado constitúeno homes e mulleres da cultura e ciencia convocados pola Fundación, un membro dela actúa como secretario con voz e sen voto. Non teñen dotación económica. O premio consiste nunha estatuíña medieval en porcelana de Sargadelos. Outórganse ás mellores obras publicadas (de maio a maio). No 1996, os premiados nas distintas modalidades relacionadas coas letras foron os seguintes:

“Investigación”, Modesto Hermida, *Narrativa Galega do tempo do Rexurdimento*. O xurado estivo composto por Anxo Tarrío, Xosé Luís Barreiro Rivas, Xoán X. Moralejo, García e Armesto Faginas.

-“Ensaio e Pensamento”, Xosé Antón Castro, *As mazás de Yoko Ono*. O xurado estivo composto por Xesús Alonso Montero, Uxío Labarta, Alberte Rodríguez e Nicanor Rielo.

-“Creación Literaria”, Xavier Rodríguez Baixeras, *Nadador*. O xurado estivo composto por Marilar Aleixandre, Iris Cochón, Xabier Senín, Basilio Losada e Gonzalo Navaza.



Referencias varias:

-J. D. C., "Os Premios da Crítica declaran 'Galego Egrexio' a García Ramos", *Atlántico Diario*, 4 maio 1996, p. 51. Infórmase, brevemente, da decisión dos membros da Fundación Premios da Crítica de Galicia de nomear ó xuíz Darniel García Ramos como "Galego Egrexio 96". Para rematar, cita ós membros do xurado nas diferentes modalidades.

-Fernando Ramos, "Premios e crítica", *O Correo Galego*, 5 maio 1996, p. 2. Breve comentario no que se louva o nomeamento de Daniel García Ramos como "Galego Egrexio 96". Ofrécese, así mesmo, un breve perfil biográfico do galardoado.

-A. D., "O Centro Galego de Arte Contemporáneo foi premiado pola Crítica de Galicia", *Atlántico Diario*, 12 maio 1996, p. 57. Percorrido pola traxectoria profesional dos diferentes galardoados cos Premios da Crítica 1996 e polos seus traballos.

-J. C. B., "O Centro Galego de Arte Contemporánea consegue o Premio da Crítica das Artes", *O Correo Galego*, 12 maio 1996, p. 51. Breve repaso das obras (e persoas) seleccionadas -gañadoras e finalistas- polos Premios da Crítica 1996.

-A. D., "Cuatrocientos invitados en los Premios da Crítica", *Atlántico Diario*, 13 maio 1996, p. 59. Breve nota informativa sobre a cea na que se entregaron os Premios da Crítica.



-Fernando Franco, "De la cultura como motor de Galicia", *Faro de Vigo*, 13 maio 1996, p. 16. Comentario dos discursos de agradecemento pronunciados polos diferentes gañadores dos Premios da Crítica 1996.

-Miguel A. Martínez, "Conferencia de Modesto Hermida García, Premio Crítica' 96", *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1996, p. 17. Infórmase do acto a celebrar co gallo do Día das Letras Galegas a cargo de Modesto Hermida, gañador dun dos Premios da Crítica 1996.



VIº Certame Literario e de Fotografía organizado polo Concello das Neves

No apartado literario poderán presentarse traballos e artigos inéditos que foran publicados en calquera medio de comunicación entre os días 10 de xuño e 30 de agosto. Os seus contidos deberán facer referencia á xeografía, cultura e tradicións do concello das Neves. Os premios foron entregados o 7 de novembro de 1996 nun acto no Salón de Sesións do Concello de As Neves. O primeiro premio na modalidade de literatura, correspondeu a José A. Rodríguez polo seu traballo *Viaje (aunque breve) a la intimidad de As Neves*, publicado no *Diario de Pontevedra*. Recibiu un premio de 400.000 pesetas. O accésit en galego foi para o traballo de Luísa Blanco Rodríguez *Contos do meu avó camiño de Setados*, publicado no *Faro de Vigo*. Recibiu 75.000 pesetas; igual premio recibiu o accésit en castelán, que racaeu en Salvador Fernández de la Cigoña, polo seu traballo *De As Neves a Vide, un camino de Cruces*, publicado en *La Voz de Galicia*. O xurado estivo formado polo Catedrático de Literatura Manuel Vilanova Rodríguez, o subdirector do *Faro de Vigo*, Ánxel Vence Lois e o antropólogo Manuel Rodríguez.

Referencias varias:

-G. P., "Rodríguez Ferreras y Cristina Sotelo reciben hoy los premios 'Vila de As Neves'", *Faro de Vigo*, 7 novembro 1996, p. 15. Nota informativa sobre o acto de entrega dos premios que recolle os nomes dos galardoados nas distintas modalidades do certame.



IIIº Certame Literario **Monte da Condessa**

Organizado pola Residencia Universitaria Monte da Condessa de Santiago de Compostela e destinado a fomenta-la creación literaria entre os membros da comunidade universitaria e a potencia-lo uso da lingua galega. Prémianse traballos inéditos nesta lingua sen límite de idade. Comprende dúas modalidades, narrativa e poesía. Na categoría de narrativa, os orixinais deberán ter unha extensión máxima de 30 folios e en poesía de 100 versos. Deberán remitirse antes do 6 de maio á administración do Monte da Condessa no Campus Sur ou ó Vicerrektorado de Política Cultural, na Casa da Balconada, (Rúa Nova, 6, 15705, Santiago de Compostela). O xurado estará composto por escritores e/ou críticos en lingua galega que seleccionarán os tres traballos mellores de cada modalidade. O seu veredicto coñecerase o 15 de maio e os premios entregaranse o 31 dese mes.



Premios literarios **San Xurxo**

Dende 1993 o Centro Galego de Barcelona (Rambla de Capuchinos) convoca este premio literario (en catalán, galego e castelán), dirixido a nenos e adultos, para celebra-lo Día das Letras Galegas e para premia-lo mellor poema e relato en lingua galega. Son tres as categorías que se consideran: ata os 12 anos, de 13 a 16, e de 17 en adiante. Poden outorgarse mencións especiais ós traballos de calidade que non fosen premiados. O xurado está formado por cinco personalidades do mundo cultural. O premio consiste nun diploma acreditativo, un libro e unha rosa. No 1996 conseguiron o premio Xabier Franqueira na modalidade de poesía galega e Sechu Sende na modalidade de prosa.



XIº Premio Losada Diéguez

Convocado dende 1985 polos Concellos de Boborás e O Carballiño e pola Deputación de Ourense, está dotado con 1.000.000 de pesetas e consta de dúas modalidades: creación literaria e investigación. Son merecentes do premio as obras publicadas o ano anterior e deberán ser presentadas polas editoras. O fallo é o 22 de decembro, data do aniversario do nacemento de Antón Losada Diéguez. Nesta ocasión actuaron como xurados Olga Gallego da R.A.G., Xulio Pardellas da Universidade de Vigo, Miguel Ángel González da Deputación de Ourense, Anxo Santomil García da Universidade de A Coruña e Ramón Lorenzo da Universidade de Santiago de Compostela. Resultaron gañadores da edición de 1996 Claudio Rodríguez Fer, no apartado de investigación, pola súa obra *A literatura galega na Guerra Civil*, e Marina Mayoral, no apartado de creación, pola súa obra *Querida amiga*.

Referencias varias:

-X. A. Reboiro, "Cincuenta y cuatro obras de autores gallegos optan al premio 'Losada Diéguez'", *Faro de Vigo*, 27 abril 1996, p. 26. Recóllese o número de obras finalistas nesta edición do premio e o xurado que seleccionará as gañadoras.

-Marisa Martínez, "Rodríguez Fer y Marina Mayoral reciben el premio Losada Diéguez", *El Correo Gallego*, 9 xuño 1996, p 10.



No acto de entrega do premio Claudio Rodríguez Fer destacou, en opinión da comentarista, a independencia como cualidade necesaria dende a cal deben traballar tódolos escritores. Por isto mesmo agradeceu o premio outorgado xa que é concedido sen que o escritor se presente a el.

-M. M., "Boborás volveu acoller a entrega do premio Antón Losada Diéguez", *O Correo Galego*, 9 xuño 1996, p. 53. Resumo do acto de entrega do Premio Losada Diéguez no que Carlos Casares acudiu en nome de Marina Mayoral para recolle-lo seu premio.



XXV^o Certame Cultural de Literatura convocado polo Centro Cultural Sarriano

Meigas e Trasgos

Ten dúas modalidades, prosa e verso. O xurado, composto polos profesores Antón Fortes Torres, Eduardo Rey Moure e Carmen García Conde, acordaron declarar desertos os primeiros premios das dúas modalidades e concede-lo segundo premio, en prosa (dotado con 55.000 pesetas), a José Luís Garrosa, do Corgo (Lugo). O traballo de Olga Novo Presa, de Póboa de Brollón (Lugo), recibiu o terceiro premio consistente nunha mención de prata. En verso, Olga Novo Presa recibiu o segundo premio (dotado con 50.000 pesetas) e o terceiro foi para Pilar Fernández Vidal, de Santiago, que consistiu nunha mención de prata.



Premio Nacional da Crítica

A Asociación de críticos de España concede anualmente un galardón á mellor obra de narrativa ou poesía publicada no ano en tódalas comunidades autónomas. No 1996 mereceron este galardón Xesús Valcárcel, polo relato *O capitán Lobo Negro* e Ramiro Fonte, polo poemario *Luz do mediodía*.

Referencias varias:

-E. C., “Xesús Valcárcel e Ramiro Fonte logran o Premio da Crítica española”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 14 abril 1996, p. 13/p. 53. Recolle as impresións dos galardoados sobre o premio recibido e o comentario das súas respectivas obras á luz deste galardón. Para Xesús Valcárcel, cunha traxectoria literaria maioritariamente poética, é unha agradable sorpresa recibirlo galardón por esta obra en prosa; para Ramiro Fonte, que gaña este premio por segunda vez, supón un antes e un despois na súa produción.



Premio Nacional de Literatura

Convocado polo Ministerio de Cultura para premia-las mellores obras publicadas no ano anterior, nos diferentes xéneros e en calquera das linguas do Estado. Está dotado con 2.500.000 pts. e fállase no mes de novembro. No 1996 Manuel Rivas obtivo o premio con *¿Que me queres, amor?* (co que xa gañara o Premio Gonzalo Torrente Ballester na edición de 1995). O xurado estivo composto por Laura Freixas, Xulio Francisco Ogando, Santos Sanz Villanueva, Ignacio Echeverría, Carmé Riera, Ángel Basanta, Gregorio Salvador, Martín Nogales, Koldo Biguri Otxoa e Joaquín Molás i Batllori.

Referencias varias:

Salvador García-Bodaño, "Premios Nacionais de Literatura", *El Correo Gallego*, 22 setembro 1996, 3. O articulista expresa as súas reticencias con respecto á normativa vixente para o fallo dos Premios Nacionais de Literatura, xa que considera que as literaturas galega, catalana e vasca, non teñen o mesmo tratamento que a literatura española. Propón como solución designar un xurado distinto para cada unha destas linguas.

-X. Ameixeiras, "Rivas recibió la noticia del premio asando castañas en la aldea", *La Voz de Galicia*, 12 novembro 1996, p. 4.



O comentarista recolle as primeiras impresións de Manuel Rivas ó coñece-lo premio que, para el, é inseparable do recibido por Fina Casalderrey. Estes premios constitúen, na súa opinión, a proba máis palpable da boa saúde da literatura galega. O artigo remata dando a noticia de que o escritor está a traballar nunha nova novela que se chamará *O' mero* e que ten como protagonista a un mentiroso patolóxico.

J. A. G., "Soy un gaitero libertario", *El Correo Gallego*, 12 novembro 1996, p. 10. Entrevista con Manuel Rivas despois da concesión do Premio Nacional de Literatura. O gañador explica que recibe o premio cunha mistura de inicial incredulidade e preocupación pola responsabilidade que supón para un escritor un premio desta dimensión. Manuel Rivas reivindica as fondas raíces galegas da súa literatura e da visión do mundo que transmite.

J. A. G., "Manuel Rivas acada o Nacional de Narrativa na compañía de O' Mero", *O Correo Galego*, 12 novembro 1996, p. 35. Saliéntase a ampla e variada traxectoria profesional de Manuel Rivas, gañador do Premio Nacional de Literatura 1996. Destácase que está a traballar nunha nova novela titulada *O' Mero* e que vén de rematar un libro de poesías titulado *O Pobo da Noite*, que sairá acompañado dun CD.

-M. V., "Manuel Rivas ou a naturalidade de bullar unha mazá", *A Nosa Terra*, nº 752, "Guieiro Cultural", 14 novembro 1996, p. 26. O articulista realiza un percorrido pola traxectoria profesional de Manuel Rivas emitindo a súa opinión sobre a súa traxectoria literaria en particular e salientando, polo que se refire ó seu labor xornalístico, o seu fondo vencellamento cos temas galegos.



Iº Premio Rosalía de Castro do Pen Clube de Galicia

Convocado pola sección galega do Pen Clube, ten carácter anual e pretende honrar a catro escritores peninsulares porque “é na Península Ibérica” -en palabras de Carlos Casares- “onde o diálogo entre as linguas e as culturas tivo unha gran importancia no pasado”. Nesta primeira edición resultaron gañadores Gonzalo Torrente Ballester en lingua castelá, José Saramago en lingua portuguesa, Joan Perucho en lingua catalana e Bernardo Atxaga en lingua vasca. O fallo deuse a coñece-lo día 7 de outubro e o xurado estivo composto por Carlos Casares, Úrsula Heinze, Alfredo Conde, Xesús Rábade, Suso de Toro e, actuando como secretarios, Helena Villar Janeiro e Luís Tosar. O galardón, que se entrega no mes de novembro na casa de Rosalía de Castro, consiste nunha placa realizada en esmalte polos artesáns Irmáns Fernández, de Vigo na que, baixo o símbolo do Graal, aparece o nome do premiado.

Referencias varias:

-E. C., “Ballester, Saramago, Perucho e Atxaga obteñen o premio ‘Rosalía de Castro’”, *El Correo Gallego*, 8 outubro 1996, p. 12. Recóllese o nome dos premiados e as palabras dos membros do xurado a propósito dos gañadores e do premio en si mesmo. Entre estes, Suso de Toro salientou que se trata dun premio que a sección galega do Pen Clube outorga a outras literaturas dentro dos seus ideais “de diálogo, e encontro en liberdade”.



-E. C., "O Pen Clube de Galicia entregará en novembro o premio 'Rosalía de Castro'", *O Correo Galego*, 8 outubro 1996, p. 121. Ademais de recolle-las palabras dos membros do xurado do "Rosalía de Castro", ofrécese unha panorámica biobibliográfica dos premiados.

A. G. N., "Saramago y Torrente reciben el premio 'Rosalía de Castro'", *Diario de Pontevedra*, 18 decembro 1996, p. 24. Anúnciase que os premios se entregarán ó día seguinte no Pazo de Fonseca en Santiago de Compostela.

A. Gonda, "A raíña de Galicia coroa a mellor literatura da península"/"O Rosalía de Castro premia a mellor literatura peninsular", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 19 decembro 1996, p. 41/p. 12. Recóllense as palabras de gabanza do profesor Benito Losada para os galardoados co premio Rosalía de Castro. Saliéntase non só a calidade literaria da súa obra senón tamén a calidade humana.

-Lois Blanco, "Los premiados con el Rosalía de Castro destacan el espíritu ibérico del galardón", *La Voz de Galicia*, 19 decembro 1996, p. 3. Recóllense as palabras de José Saramago, que falou en nome dos catro premiados para agradece-lo premio concedido polo Pen Clube e loubar ós seus compañeiros, por unha banda, e á escritora que dá nome ó premio, pola outra. Nisto coincidiu co resto dos premiados.

-J. B. Salgueiro, "Torrente, Saramago, Atxaga y Perucho reciben los premios Rosalía Castro", *Faro de Vigo*, 19 decembro 1996, p. 50.



Saliéntanse as palabras de Carlos Casares, presidente do Pen Club de Galicia, sobre os premiados e sobre a propia natureza do premio que pretende a irmandade de tódolos escritores da Península Ibérica, independentemente da súa lingua de expresión.



IVº Certame Galego da Poesía, Narración e Ensaio **Xuventude-96 Francisco Fernández del Riego**

Poderán presentarse os rapaces galegos entre 10 e 30 anos, que non teñan obra publicada, en tres categorías: A: de 10 a 13 anos; B: de 14 a 17 anos; C: de 18 a 30 anos. Hai un premio de poesía e de narración para as tres categorías e un premio de ensaio para as categorías B e C. Na modalidade de poesía os orixinais deberán ter unha extensión mínima de 150 versos. Na categoría A haberá un 1º premio de 25.000 pesetas (acompañado de lotes de libros, unha figura de Sargadelos e unha beca para asistir a un campamento). O 2º e 3º premios consistirán en lotes de libros. Na categoría B a contía do 1º premio será de 50.000 pesetas (ademais do xa sinalado na categoría anterior). O 2º e 3º premios serán iguais ós xa mencionados. Na categoría C a contía do 1º premio será de 75.000 pesetas (ademais do xa mencionado). Agora ben, nesta categoría o 2º premio terá unha contía de 50.000 pesetas e o 3º de 25.000 pesetas (ademais dos regalos mencionados). Na modalidade de narración os orixinais deberán ter unha extensión máxima de 5 folios mecanografados. Os premios nas tres categorías serán idénticos ós xa mencionados para a categoría de poesía. Na categoría de ensaio premiaranse traballos individuais ou en grupo sobre a figura de Xesús Ferro Couselo, sen unha extensión determinada. O premio para a categoría B consistirá en 150.000 pesetas, lote de libros e unha figura de Sargadelos; na categoría C recibirán 200.000 pesetas, lote de libros e unha figura de Sargadelos. Os orixinais deberán remitirse ó Servicio de Xuventude da Delegación Provincial correspondente da Consellería de Familia, Muller e Xuventude antes do 14 de xuño. Haberá unha primeira selección a nivel provincial e unha segunda, no mes de novembro, na que se decidirán gañadores



e finalistas. Os premios entregáranse o 30 de novembro. Os xurados das dúas fases serán nomeados pola Consellería correspondente. Na modalidade de poesía, na Categoría A gañou Corzón Pereira (A Coruña) por *Kelemento*. Na Categoría B, o primeiro premio foi para Beatriz Blanco Vázquez (Ferrol) por *BB*. Na Categoría C, gañou Verónica Martínez Delgado (Valdoviño) por *O poeta non é un finxidor*. Na modalidade de narrativa, na Categoría A, gañou Ana Canosa Blanco (Cee) por *San Xoán*. Na Categoría B, Beatriz Piñeiro Calvo (A Coruña) por *Allana*. Na Categoría C, Xosé Carón Rey (Rianxo) por *Crede Byron*. Na modalidade de ensaio foi premiado o traballo do Instituto Rosalía de Castro, *Un home que fixo historia*.



X.6. Premios a unha vida

X. Premios

X.6. Premios a unha vida



XIIº Premio “Celanova. Casa dos Poetas”

Creouse no 1985 para galardoar a personalidades ou entidades que se distinguisen polo seu traballo en favor da cultura galega. Convócao o Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. Entrégase o 31 de agosto, coincidindo co aniversario da morte de Celso Emilio Ferreiro. O premio consiste nunha placa e unha cuncha de prata deseñada por Acisclo Manzano. O galardoado no ano 1996 foi Manuel Colmeiro (Silleda, 1901).

Referencias varias:

Avelino Abuín de Tembra, “A casa dos poetas”, *O Correo Galego*, “A Lúa nos beizos”, 15 abril 1996,

2. Refírese á concesión do XIIº Premio “Celanova. Casa dos Poetas” que, nesta edición, recaeu na persoa de Manuel Colmeiro, quen xa recibira no 1982 o Pedrón de Ouro. Salienta a súa calidade como poeta e a importancia cultural de Celanova nas nosas letras.

-A. N. E., “Unha indisposición de Colmeiro apraza a entrega do premio ‘Celanova’”, *O Correo Galego*, 30 agosto 1996, p. 35. Infórmase de que, por mor do estado de saúde do galardoado, a recolleita do premio, prevista para o mes de agosto, foi posposta ata o 7 de febreiro.



Premios de El Correo Gallego/O Correo Galego: “Galego do ano”, “Galegos do mes”

Os premios “El Correo Gallego/O Correo Galego” foron creados, no ano 1990, coa fin de homenaxear a distintas institucións e personalidades destacadas do mundo da cultura, da política, da empresa, da banca e de diversos colectivos a nivel social. Os galardóns consisten nun millón de pesetas e unha placa de ouro, prata, acibeche e marfil para o “Galego do Ano” e unha figura de Sargadelos para cada un dos premiados co “Galego do Mes”. Nesta ocasión, a sexta edición do certame, a Universidade de Santiago de Compostela foi nomeada “Galego do Ano” pola súa contribución á transformación da sociedade e o seu importante labor a nivel internacional. Os actos celebrados durante a cerimonia de entrega dos citados premios foron recollidos polos dous xornais en artigos sen asinar, motivo polo que non os incluimos neste informe.

Referencias varias:

-Luis Blanco Vila, “En torno ó Galego do Ano”, *O Correo Galego*, “Diario da Corte”, 18 abril 1996, p. 2. Comentario sobre o galardón de “Galego do Ano”, que recaeu sobre a Universidade de Santiago de Compostela con motivo da celebración do seu Vº Centenario. O articulista lembra as súas orixes históricas e fai referencia tamén á petición pública do seu rector, Darío Villanueva, para que este ano se cambiase a denominación pola de Galega do Ano, non só polo sexo feminino da homenaxeada, senón



tamén para recoñece-la importancia que tivo a Universidade Galega na promoción dos estudos superiores das mulleres e a maior porcentaxe feminina do alumnado na actualidade.



Medallas da Asociación **Fillos de Padrón**

Esta asociación cultural, presidida por Camilo José Cela, entrega anualmente as súas medallas. Este ano recibíronas Xosé Filgueira Valverde, Gustavo Santiago, presidente do Pedrón de Ouro, Isaac Díaz Pardo e o artista xaponés Nishihiro Fujita. Os galardóns foron entregados o 14 de abril.



IIIº Premio **Galegas Destacadas**

Promovido pola asociación de mulleres Diálogos 90 de Vigo e o Concello da mesma cidade. A asociación instituíu o galardón co gallo do centenario da morte de Concepción Arenal e recoñece o esforzo das mulleres que enriquecen a sociedade galega. As premiadas son a escritora M^a Xosé Queizán, a coreógrafa Victoria Eugenia Canedo e a fundadora en Galicia de Aldeas Infantís SOS, Rita Regojo. Recibiron o premio o 3 de febreiro de 1996, nun acto celebrado no pazo Quiónes de León en Vigo.



Vº Premios Irmandade do Libro

Creados en 1992, para recoñecer anualmente o labor en favor do mundo do libro galego realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libeiros e centros educativos. O galardón, para cada unha das seis modalidades, consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e unha dotación económica de 250.000 pts., en libros para a biblioteca, no apartado de centros educativos. Galaxia, Xerais e Sotelo Blanco, Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Bernardino Graña e Xesús Alonso Montero, obtiveron este galardón en edicións anteriores. Resultaron premiados no ano 1996 (da edición do 1995), o suplemento cultural de *La Voz de Galicia* no apartado de medios de comunicación; a editorial Espiral Maior no apartado de editoriais; Ramiro Fonte no apartado de autores; a Biblioteca Nova 33 no apartado de institucións; o Colexio Público de Palmeira no apartado de centros educativos e a librería Seoane de Pontevedra. O xurado estivo composto polo presidente da asociación de Libeiros, Xosé Manuel Alonso Martínez, o escritor Xulio López Valcárcel e o catedrático Luciano Rodríguez Gómez, entre outros. No mes de novembro de 1996 anunciouse a VIª edición dos premios, coas mesmas bases. Serán entregados en Pontevedra o 22 de febreiro de 1997.

Referencias varias:

-I. G., "La federación de los librereros gallegos entrega los premios 'Irmandade do libro", *El Ideal Gallego*, 24 febreiro 1996, p. 18.



Destácanse como nominados nesta edición Xosé Filgueira Valverde, Xosé Neira Vilas, Ramiro Fonte e Manuel Rivas, entre outros.

-I. G., “Los libreros gallegos premian la obra del escritor Ramiro Fonte”, *El Ideal Gallego*, 25 febreiro, 1996, p. 16. Saliéntase, entre os premiados, ó escritor Ramiro Fonte e a contía do premio que recibirá o Colexio Público de Palmeira: 250.000 pesetas.

Víctor L. Villarabid, “Los premios ‘Irmandade do Libro’ entregados ayer en A Coruña”, *El Progreso*, 25 febreiro 1996, p. 57. Crónica dos premiados na edición deste ano, acompañada dunha breve historia do premio.

Víctor L. Villarabid, “La Vª edición consolida los premios ‘Irmandade do Libro’”, *El Progreso*, 26 febreiro 1996, p. 60. Salienta o comentarista que, no acto de entrega dos premios, o presidente da Federación de Libreiros, Xosé Manuel Alonso, manifestou que estes galardóns xa se encontraban consolidados dentro do mundo cultural galego.



IIº Premio das “**Letras e das Artes de Galicia**”

Convocado pola Xunta de Galicia cunha dotación de 5.000.000 de pts. para o primeiro premio e de 1.000.000. para os dous accésit que se poden conceder. Pretende “recoñecer e recompensar o labor daquelas persoas que co seu traballo creador contribuíron á conservación, expansión e engrandecemento da cultura galega en calquera campo dela”. Este galardón substitúe ós premios “Xunta de Galicia de Creación Cultural”, “Carlos Velo”, de guións de cine, “Ramón Cabanillas”, de tradución ó galego e “Álvaro Cunqueiro”, de Teatro. A presentación dos candidatos poderá ser realizada por calquera institución, fundación, academia, federación, asociación ou centro cultural ou de investigación, mediante escrito dirixido ó Conselleiro de Cultura, antes do 15 de marzo. A entrega terá lugar nun acto institucional o día 17 de maio. O xurado convocará ós cinco finalistas seleccionados. No 1996, nun acto celebrado no Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia en Santiago, concedéuselle este premio a Xosé Filgueira Valverde. O xurado, presidido por Antón Fraguas, gañador do ano pasado, estivo composto ademais por Marino Dónega, pola R. A. G.; José Manuel Rivera; pola Universidade de Santiago de Compostela; José Eduardo López, pola Universidade de A Coruña; Xulio Pardellas, pola Universidade de Vigo; Xulio F. Argüelles, pola Real Academia de Bellas Artes; Constantino García e Xulio Ogando, propostos polo Conselleiro de Cultura. Actuou como secretario Homero Pérez Quintana, Director Xeral de Cultura.



Referencias varias:

-J. C., "Fernando Pereira propoñe a Neira Vilas al premio 'Galicia das Letras e das Artes'", *Faro de Vigo*, 29 febreiro 1996, p. 12. Informa de que o portavoz da Candidatura Veciñal Independente de Soutomaior, Fernando Pereira, solicitou ó pleno deste municipio a proposta do escritor Xosé Neira Vilas como candidato ó premio Galicia das Artes e das Letras, polo seu labor en beneficio do enriquecemento da cultura galega no país e na emigración.

P. P., "Manuel Puxeiros propoñe a Neira Vilas para el Premio Galicia", *Faro de Vigo*, 8 marzo 1996,

15. Informa do nomeamento do escritor Xosé Neira Vilas como candidato ó Premio Galicia das Artes e das Letras, iniciativa que partiu do Concello de Mos.

-D. P., "José Neira Vilas propuesto como candidato al Premio de las Letras y de las Artes", *Diario de Pontevedra*, 16 marzo 1996, p. 8. Recolle a iniciativa da Universidade de Vigo de propoñer ó escritor X. Neira Vilas como candidato ó premio das Artes e das Letras, polo seu labor de potenciación da cultura galega dentro e fóra das nosas fronteiras.

-A. G. N., "Santiago propoñe a Neira Vilas para el Premio das Artes e das Letras", *Diario de Pontevedra*, 19 marzo 1996, p. 21. Informa da iniciativa do Concello de Santiago que propón ó escritor Xosé Neira Vilas como candidato ó premio Galicia das Artes e das Letras.



-D. P., "El profesor Filgueira aspira al Premio de las Artes y las Letras de Galicia", *Diario de Pontevedra*, 21 marzo 1996, p. 8. Sucinto comentario sobre a proposta da Asociación Cultural Amigos do Camiño Portugués a Santiago de concederlle o Premio das Artes e das Letras de Galicia ó profesor X. Filgueira Valverde.

-Víctor L. Villarabid, "Fiz Vergara, propuesto por Samos para el premio de la Artes y las Letras", *El Progreso*, 21 marzo 1996, p. 20. Recolle a proposta da asociación Monte Oribio de outorgarlle-lo Premio das Artes e das Letras de Galicia ó poeta Fiz Vergara, polo seu labor a nivel cultural.

A. G. N., "Antón Fraguas presidirá el jurado del 'Premio das Letras e das Artes'", *Diario de Pontevedra*, 26 marzo 1996, p. 20. Infórmase sobre a elección dos membros do xurado do Premio das Artes e das Letras de Galicia que, nesta ocasión, estará presidido por Antón Fraguas. Ademais, faise referencia á proposta da Confederación Intersindical Galega de outorgarlle-lo premio ó escritor Xosé Neira Vilas.

A. G. N., "Filgueira, Laxeiro y Neira Vilas candidatos al 'Premio das Artes'", *Diario de Pontevedra*, 28 marzo 1996, p. 21. Informa da lista de candidatos ó Premio das Artes e das Letras. Entre eles destacan os escritores Xosé Filgueira Valverde e Xosé Neira Vilas, o pintor Laxeiro, o empresario Alfonso Paz Andrade, o arquitecto Andrés Fernández-Albalat e os poetas Fiz Vergara Vilariño e Manuel María.

L. B., "Filgueira y Laxeiro aspiran al Premio das Letras e das Artes", *La Voz de Galicia*, 10 maio 1996, 6.



Destácanse como posibles gañadores deste premio os nomes de Xosé Filgueira Valverde, Laxeiro, Xosé Neira Vilas, Alfonso Paz Andrade, Andrés Fernández-Albalat, Manuel María ou Fiz Vergara Vilariño, propostos por diferentes organizacións e institucións.

-I. G., "La Xunta entregará el día 17 la segunda edición del premio das Letras de Galicia", *El Ideal Gallego*, 15 maio 1996, p. 20. Destácase a entrega do premio das Artes e das Letras como un máis dos actos a celebrar co gallo do día das Letras Galegas.

A. G. N., "El IIº Premio das Artes e das Letras se falla hoy en Santiago", *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1996, p. 24. Este medio destaca como favoritos á concesión do premio a Xosé Filgueira Valverde e Laxeiro, a pesares de destacar que a candidatura de Xosé Neira Vilas é a apoiada por un maior número de institucións.

A. G. N., "El 'Premio das Artes e das Letras se falla esta noite", *El Progreso*, 17 maio 1996, p. 74. O rotativo lucense tamén destaca as posibilidades de Laxeiro e Xosé Filgueira Valverde a obte-lo premio, por diante dos outros candidatos.

E. C., "Unha vida de dedicación", *El Correo gallego*, 18 maio 1996, p. 11. Informa de que a concesión do Premio das Artes e das Letras recaeu no profesor Filgueira Valverde. A súa obra, en palabras do xurado, "engrandeceu os valores culturais de Galicia nun labor inxente como profesor, conferenciante, defensor do patrimonio histórico e arqueolóxico".

E. C., "Unha vida de dedicación", *O Correo Galego*, 18 maio 1996, p. 35.



Destácase a traxectoria vital e profesional do gañador da IIª edición do Premio das Artes e das Letras, comparándoo con Frei Martiño Sarmiento no prolífico da súa obra.

-José Luís Adrio, "Premio al profesor Filgueira Valverde", *Diario de Pontevedra*, "Secundino Esperón, 5", 19 maio 1996, p. 15. Refírese á concesión do Premio das Artes e das Letras ó profesor Filgueira Valverde polo seu labor constante por Galicia e, sobre todo, polo galego. Salienta a súa importancia para a cidade de Pontevedra, que lle debe a existencia do seu casco vello. Ademais, comenta a súa dedicación como profesor, que lembran tódolos que tiveron a sorte de recibilo seu "constante maxisterio", como o propio Manuel Fraga. Conclúe cunhas palabras de admiración cara á súa persoa: "Filgueira Valverde más que profesor es la viva imagen de una persona deseosa de transmitir a sus alumnos la cultura en sus diferentes apartados. Un admirado maestro y profesor".

-Curro Volta, "Filgueira, galardonado", *Diario de Pontevedra*, 19 maio 1996, p. 12. Crónica do acto de entrega do galardón ó profesor Filgueira Valverde acompañado dun extracto do seu *currículum* que demostra a súa ampla traxectoria investigadora.



IIº Premio Literario “Letra E”

Creado, no 1995, pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Nesta ocasión, a Asociación de Escritores en Lingua Galega homenaxeou ó poeta Bernardino Graña na vila de Cangas do Morrazo o día 8 de xuño. Entregóuselle o galardón E, púxoselle o seu nome a unha rúa, inaugurouse un monolito conmemorativo e finalizouse cunha travesía pola ría de Vigo, na que se celebrou unha velada poética na que participaron Miguel Anxo Fernán-Vello, Alfonso Álvarez Cáccamo, Manuel María, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, M^a Xosé Queizán, Eliseo Alonso, Xaime Enríquez ou Manuel Álvarez Torneiro, entre outros.

Referencias varias:

-Manuel María, “A ‘E de Escritor’ para o poeta Bernardino Graña”, *El Correo Gallego*, 7 xuño 1996, p. 3. Co gallo da entrega do Premio E de Escritor ó poeta Bernardino Graña, Manuel María fai unha semblanza do escritor, ó que describe como “criatura arcanxélica, home sempre sorprendido e asombrado, poeta do mar, da terra, das formas cósmicas, misteriosas, impresionantes e sobrecolledoras”.

-X. A., “Homenaxe en Cangas ó escritor Bernardino Graña”, *Atlántico Diario*, 7 xuño 1996, p. 60. Dáse conta dos actos a celebrar en homenaxe ó escritor Bernardino Graña.



-J. Luís Martínez, "Cangas dedica una calle al mar y un 'loureiro' a Bernardino Graña", *Atlántico Diario*, 9 xuño 1996, p. 17. Breve informe sobre a homenaxe ó poeta Bernardino Graña na súa Cangas natal. Entre os actos, entregáronlle a letra "E" e dedicáronlle unha rúa.

María Xosé Queizán, "Poñendo a mar por testiga", *Faro de Vigo*, "Carrapuchiña feroz", 13 xuño 1996,

30. Coméntase a entrega que se lle fixo a Bernardino Graña do Premio Letra "E" de escritor o 8 de xuño de 1996, consistente nunha escultura de madeira realizada por M. Coia. Fíxose tamén un acto de lecturas poéticas a bordo dun barco na ría de Vigo.

-X. X., "Coa poesía polo mar de Bernardino Graña", *A Nosa Terra*, nº 730, "Guieiro Cultural", 13 xuño 1996, p. 25. Crónica do recital poético celebrado na travesía pola ría de Vigo e en homenaxe a Bernardino Graña. Este, pola súa banda, quixo lembra-lo seu amigo falecido, o tamén poeta Alexandre Cribeiro.



Medallas de Galicia e Castelao

Galardóns concedidos pola Xunta de Galicia, dende o ano 1984, para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron pola súa traxectoria vencellada coa identidade de Galicia. Concédense unha medalla de ouro, nove de prata, quince de bronce e doce Medallas Castelao. Nos apartados que concernen a este “Informe de Literatura” foi galardoado, no 1996, coa Medalla de Ouro de Galicia, o Museo de Pontevedra. As medallas Castelao foron para Raimundo García (Borobó) (xornalista); Dieter Kremer (filólogo); Francisco Javier Río Barja (Catedrático de Xeografía); Xohana Torres (poetisa) e Pilar Vázquez Cuesta (catedrática de Lingua e Literatura Portuguesa).

Referencias varias:

-S. R., “Oro para el Museo de Pontevedra”, *Diario 16 de Galicia*, 28 xuño 1996, p. 23. Percorrido pola traxectoria do Museo de Pontevedra, institución premiada coa Medalla de Galicia (ouro), e dirixida polo profesor Xosé Filgueira Valverde.

-S. Reverter, “Un espíritu siempre presente”, *Diario 16 de Galicia*, 29 xuño 1996, p. 13. Dá conta das palabras pronunciadas polo presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, quen destacou o vencellamento dos premiados con Galicia e co legado de Castelao a prol da cultura galega.



-José Manuel García Iglesias, "A medalla de ouro do Museo de Pontevedra", *El Correo Gallego*, 31 xullo 1996, p. 3. Refírese á medalla de ouro outorgada o Día de Galicia ó Museo de Pontevedra para recoñecer así "unha traxectoria chea de moi positivas peculiaridades no seu campo ó longo das últimas décadas". Destaca a importancia do seu patrimonio, os seus fondos documentais e bibliográficos e o importante labor desta "escola de saber e de convivencia". Comenta tamén a imaxe de Filgueira Valverde e do seu sucesor no Museo, Xosé Carlos Valle Pérez, recollendo o premio como representación do "básico dun equipo".



Medallas de Ouro e Prata do Concello de Santiago de Compostela

Recibiron a Medalla de Ouro Raimundo García Domínguez, *Borobó*, director de *La Noche* e a Medalla de Prata o autor teatral Agustín Magán.



Premio Moucho de Prata

Convocado pola Asociación Cultural Amigos da Cultura para distinguir aquelas persoas ou entidades que se manifestaron na defensa da lingua. Nesta ocasión, o premio recaeu en Xosé Luís Méndez Ferrín e entregóuselle o 1 de xuño no Castelo de Soutomaior.



XIXº Premio Otero Pedrayo

Foi creado polas Deputacións galegas no 1976 para “perpetuar e honra-la memoria do egregio home de letras; premiar un labor que constituía unha aportación eminente á cultura galega; promociona-los valores propios de Galicia e as obras que leven ó esclarecemento e mellora dos seus homes e institucións”. Poderán optar ó premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura e polo propio xurado. A presentación do candidato ten que enviarse ó Presidente da Deputación convocante no prazo de tres meses a partir da convocatoria. O xurado estará presidido polo Presidente da Xunta, o vicepresidente será o da Deputación convocante e os vocais: os presidentes das tres Deputacións, o presidente da Comisión de Cultura da Deputación convocante, o Conselleiro de Cultura, un representante por cada unha das Universidades galegas, un membro da R.A.G., un do Instituto Padre Sarmiento, cinco persoas de recoñecida autoridade científica e literaria designadas pola Xunta de Galicia e cada unha das Deputacións. Este xurado emitirá o seu fallo un mes despois de finalizada a data de presentación de candidatos. A entrega dos premios realizarase no lugar e data que determine a Deputación convocante. No 1996 foi a Deputación de Ourense a encargada desta edición. O premio estaba dotado con 1.000.000 de pesetas. O xurado outorgoulle o galardón a Xulio Francisco Ogando Vázquez, historiador e investigador ourensán.



Referencias varias:

-I. G., “El Premio Otero Pedraio se fallará hoy en la Diputación de Ourense”, *El Ideal Gallego*, 25 xuño, 1996, p. 18. Anúnciase o fallo do premio e lémbrese que foi organizado pola Deputación ourensá, que xa o fora no ano 1994.

A. G. N., “Juan Francisco Ogando recibe el premio ‘Otero Pedrayo’”, *El Progreso*, 26 xuño 1996, 61. Saliéntase a estreita relación que mantiña Otero Pedrayo co autor que recibe o premio que leva o seu nome, Xulio Francisco Ogando Vázquez.

A. G. N., “El investigador Ogando obtuvo el ‘Otero Pedrayo’”, *Atlántico Diario*, 26 xuño 1996, p. 28. Ofrécese a traxectoria vital e profesional do premiado, destacando a súa estreita relación con Otero Pedrayo.

-José Luís Penedo, “Calles, poetas y premio ‘Otero Pedrayo’”, *La Región*, 8 setembro 1996, p. 31. Artigo no que se comenta a grande cantidade de rúas ourensás que levan o nome de escritores da cidade -entre elas, menciona a dedicada a Antón Tovar. Por outra banda, fala da convocatoria do Premio “Otero Pedrayo” 1996, -organizado alternativamente polas deputacións da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra- e das súas candidaturas, entre as que se contaban tres poetas e das que estaba ausente o ourensán A. Tovar, o cal desagradaba ó articulista.



Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía de Castro. Neste certame concédense dous premios: “O Pedrón de Ouro”, a unha personalidade ou entidade galega que destaca en calquera dos aspectos culturais de Galicia e o “Pedrón de Honra”, a aquelas persoas ou entidades, galegas ou non galegas, que dende fóra divulgan e defenden a cultura galega. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. No 1996 “O Pedrón de Ouro” recaeu no Instituto da Lingua Galega e o “Pedrón de Honra”, no arxentino descendente de galegos Antonio Pérez Prado, como recoñecemento ó seu labor continuado na promoción da cultura galega. Os galardóns fóronlles entregados o 19 de maio nun acto presentado polo escritor Xosé Luís Méndez Ferrín.

Referencias varias:

-I. G., “El Instituto da Lingua Galega fue galardonado con el Pedrón de Ouro de 1996”, *El Ideal Gallego*, 30 marzo 1996, p. 18. Dáse conta dos premios obtidos, respectivamente, polo Instituto da Lingua Galega “pola continua dedicación á investigación e promoción do galego” e polo doutor Pérez Prado, membro das Mocedades Galeguistas na Arxentina, da Asociación Arxentina de Fillos de Galegos e autor do guión da película *Castelao*.



Avelino Abuín de Tembra, "O Pedrón de Ouro 1996", *O Correo Galego*, "A Lúa nos beizos", 7 abril 1996,

2. Saúda con entusiasmo o galardón concedido ó I. L. G. A., Pedrón de Ouro 1996, sintetizando o seu percorrido, dende a súa fundación en 1971, e o seu inmenso labor pola lingua e a cultura galegas. Así mesmo, gaba á Fundación Pedrón de Ouro e ás personalidades que a integran e ofrece a nómina dos premiados en tódalas edicións anteriores.

-C. C., "A galeguidade enteira acudiu á entrega dos 'Pedrón de Ouro e Honra' en Padrón", *El Correo Gallego*, 20 maio 1996, p. 10. Crónica do acto de entrega dos Premios Pedrón. Antón Santamarina, en nome do Instituto da Lingua Galega, e Antonio Pérez Prado agradeceron os galardóns outorgados e reiteraron o seu compromiso con Galicia e coa súa lingua.

-E. C., "Ferrín alerta contra o triunfo do castelán", *O Correo Galego*, 20 maio 1996, p. 37. No acto de entrega dos premios do padroado do Pedrón de Ouro, o mantedor do acto -o escritor Méndez Ferrín- reclamou dos poderes políticos máis atención e medios para a lingua galega.

-Xan Carballa, "O ILG e Pérez Prado receberam os Pedróns de Ouro e Honra", *A Nosa Terra*, nº 727, "Guieiro Cultural", 23 maio 1996, p. 27. Glósase o acto de entrega dos premios, as palabras pronunciadas polos premiados, as traxectorias dos mesmos e inclúese, tamén, unha pequena historia do premio.



XIVº Premio Trasalba

Premio creado, no 1980, pola Fundación Otero Pedrayo que se outorga tódolos anos, segundo o criterio do seu Consello Rector, para conmemora-lo pasamento de Ramón Otero Pedrayo. O galardón consiste nun diploma, un agasallo (xeralmente un exemplar dunha obra de Otero Pedrayo) e unha xerra de Sargadelos que tódolos anos realiza Isaac Díaz Pardo para o premiado. O 4 de maio do 1996, reuniuse a xunta de goberno da Fundación para tomar postura sobre as persoas nominadas a este galardón e para decidi-lo programa e actos a celebrar na entrega do premio. Estivo composto por Agustín Sixto Seco, Xoán Luís Saco Cid, Iago Seara, Manuel Seara, Manuel González Somoza, Alfonso Vázquez-Monxardín Fernández, Xoán Carlos Rivas Fernández, Manuel Suárez Suárez, Minia Martull Tobío, Dores García Barrera e Xosé Eduardo López Pereira. Foi a gañadora a poetisa Pura Vázquez. A entrega do premio tivo lugar o 23 de xuño no Pazo-Museo de Otero Pedrayo.

Referencias varias:

-L. R., "La Fundación 'Otero Pedrayo' falla el premio 'Trasalba-96", *La Región*, 3 maio 1996, p. 6. Anuncio da reunión da Fundación Otero Pedrayo para decidi-lo gañador do Premio Trasalba.

A. G. N., "La escritora Pura Vázquez obtiene el Premio Trasalba", *Diario de Pontevedra*, 5 maio 1996, 27.



Recóllese a decisión do xurado do Premio Trasalba de outorgarlle á poetisa Pura Vázquez o galardón polo conxunto da súa obra, que abrangue non só a poesía, senón tamén a narrativa, a crítica e a literatura infantil.

E. C., "Sixto Seco levará a Fundación Otero Pedrayo ó ano 2000", *O Correo Galego*, 5 maio 1996, 17. Ponse de manifesto cómo a gañadora do Premio Trasalba, Pura Vázquez, e a súa presentadora, Camiño Noia, se converteron nas primeiras mulleres participantes neste acto. Pura Vázquez aproveitou a ocasión para reclamar unha maior presenza das mulleres neste tipo de acontecementos e dixo que aspiraba a ocupar un sillón da Real Academia Galega.

-Raquel Feijoo, "A poeta e escritora Pura Vázquez gaña o Premio Trasalba 1996", *La Región*, 5 maio 1996, p. 11. Breve historia do Premio Trasalba e dos actos a celebrar nesta ocasión na que se cumpren catorce anos do premio e vinte da fundación que o convoca.

-Óscar González, "La lírica de Pura Vázquez, Premio Trasalba", *La Voz de Galicia*, 5 maio 1996, p. 8. Ó coñece-lo premio que se lle outorgara, Pura Vázquez agradeceuno pola relación que este ten con Otero Pedrayo, ó que ela considerou como o seu mestre e amigo durante moitos anos.

Pilar V. Nóvoa, "O xurado do Premio Trasalba distingue á poetisa ourensá Pura Vázquez"/"Pura Vázquez recibirá en xuño o Premio trasalba do 1996", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 5 maio 1996, 14/p. 53.



Afírmase que o xurado destacou da obra da poetisa Pura Vázquez “o lirismo, o intimismo e a sentimentalidade” presentes na súa poesía, así como “certa preocupación social e unha notoria identificación cos valores que nos son propios”.

-Víctor Rodríguez, “La orensana Pura Vázquez obtiene el premio Trasalba de Poesía”, *El Mundo*, 5 maio 1996, p. 5. O comentarista salienta nesta nota que a gañadora do Premio Trasalba destacou da personalidade de Otero Pedrayo “o seu excepcional talento intelectual e a súa integridade”. Con este premio o xurado quixo recoñecer o valor da poetisa dentro das letras galegas.

-R. Soto, “La Fundación Otero Pedrayo concede el Premio Trasalba a la poetisa Pura Vázquez”, *Faro de Vigo*, 5 maio 1996, p. 23. Infórmase dos membros do xurado do premio e afírmase que Pura Vázquez, ó coñecer o fallo do mesmo, lembrou a relación mantida con Otero Pedrayo e a súa familia.

-E. C., “O conselleiro Pérez Varela sela o seu compromiso galeguista en Trasalba”, *El Correo Gallego*, 24 xuño 1996, p. 9. Infórmase de que a filóloga Camino Noia foi a encargada da presentación de Pura Vázquez, a primeira muller que recibe o Premio Trasalba. No acto, Agustín Sixto Seco foi confirmado como presidente da Fundación Otero Pedrayo, convocante deste premio.

-I. G., “La Fundación Otero Pedrayo celebra su aniversario con un homenaje a Pura Vázquez”, *El Ideal Gallego*, 24 xuño 1996, p. 20. Destácase a coincidencia do XXº aniversario da Fundación Otero Pedrayo coa concesión do Premio Trasalba a Pura Vázquez.



X.7. Literatura Infantil e Xuvenil

X. Premios

X.7. Literatura Infantil e Xuvenil



XIIº Concurso do libro infantil “O Barco de Vapor”

Convocado pola Fundación Santa María dende 1984 para “promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno”. As obras presentadas terán unha extensión mínima de 50 folios mecanografados a dobre espacio e enviaranse, por triplicado, á Fundación Santa María, (Rúa da Paz, 8, 36202, Vigo), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O prazo de admisión de orixinais rematou o 15 de novembro de 1995. O xurado, nomeado pola Fundación Santa María, estivo constituído por especialistas en literatura, pedagogía e educación e un representante da entidade patrocinadora. A súa composición mantense en segredo ata a publicación do fallo. No ano 1996 o primeiro premio, dotado con 1.000.000 de pesetas, foi outorgado a Antón Cortizas pola súa obra *Os gritos das Illas Lobeiras*. Benxamín Rocha Coladas, coa súa obra *Ó mundo lirondo picáballe o lombo. Contos da vila de Gurús*, foi declarado finalista, cun premio de 200.000 pesetas. O xurado estivo constituído por Rafael Chacón, Agustín Fernández Paz, Manuel Figueiras, María Victoria Moreno e Xabier Senín. En maio de 1996 convouse a XIIIª edición do premio. Os orixinais, dun mínimo de 50 folios, deberán enviarse antes do 15 de novembro de 1996, á Fundación Santa María (A Paz, 8, 36202, Vigo).



Referencias varias:

-A. G. N., "Antón Cortizas gana por terceira vez el Premio O Barco de Vapor", *El Progreso*, 17 febreiro 1996, p. 60. Coméntanse os outros dous títulos de Antón Cortizas gañadores deste premio: *Memorias dun río* (1988) e *O conto dos sete medos* (1991); así mesmo cítase o número de orixinais presentados a esta edición (18).

-E. C., "Antón Cortizas alzouse co premio literario 'O Barco de Vapor'"/"Antón Cortizas gaña o certame literario 'O Barco de Vapor'", *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 17 febreiro 1996, p. 18/p. 31. Recóllese o argumento da obra gañadora do certame -o xurado considéraa unha novela iniciática- e a cualificación de "espléndida" outorgada polos membros daquel.

-I. G., "Cortizas obtiene por terceira vez el premio 'O Barco de Vapor' de literatura infantil", *El Ideal Gallego*, 17 febreiro 1996, p. 18. Resáltase o feito de que Antón Cortizas Amado gañase con anterioridade este premio, nos anos 1988 e 1991, e esbózase brevemente o argumento da obra gañadora.

L. B., "Los premios literarios son una lotería que a veces toca", *La Voz de Galicia*, 17 febreiro 1996,

6. Entrevista con Antón Cortizas, gañador da XIIª edición do premio O Barco de Vapor, na que se comentan, entre outros temas, o feito de que teña gañado este mesmo premio en tres ocasións (anos 1988, 1991 e 1995), a situación da literatura infantil en lingua galega e o seu desexo de que a obra chegue a tódolos tipos de público.



-S. R., "Antón Cortizas, galardonado con el premio Barco de Vapor", *Diario 16 de Galicia*, "Actualidad Cultural", 17 febreiro 1996, p. 39. Informa da concesión do Premio "O Barco de Vapor 1996" a Antón Cortizas pola súa obra *Os gritos das illas lobeiras*. Ofrece unha breve síntese argumental do libro premiado e un repaso pola traxectoria deste autor de literatura infantil e xuvenil.

-I. G., "Antón Cortizas, ganador de los premios de literatura infantil 'O Barco de Vapor'", *El Ideal Gallego*, 12 abril 1996, p. 20. Anúnciase para o día 18 de abril o acto de entrega do premio ó gañador e ó finalista da XIIª edición de O Barco de Vapor. Celebrarase no Salón do Libro da cidade de A Coruña.



IVº Premio **EDEBÉ** de literatura infantil e xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas en castelán ou calquera das linguas do Estado. Son dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas a lectores de entre 7 e 12 anos, dotada con 3.000.000 de pts., e a xuvenil, para obras dirixidas a lectores de máis de 12 anos, dotado o primeiro premio con 4.000.000 de pts. e o finalista con 1.000.000, incluídos en tódolos casos os dereitos de autor segundo contrato. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de 15 páxinas e un máximo de 40 para a modalidade infantil, e de 80 a 120 para a xuvenil. Teñen que presentarse mecanografados a dobre espacio e enviarse por triplicado, baixo plica, na primeira quincena de setembro á Editorial EDEBÉ, (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017, Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado estará formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición darase a coñecer no momento da realización do fallo do premio (31 de xaneiro). No 1996, foi gañadora Fina Casalderrey (Xeve, 1951), na modalidade infantil, coa obra *O estanque dos parrulos pobres*. O xurado estivo constituído pola escritora Merce Company, as pedagogas Teresa Durán e Eulalia Ventalló, a profesora Esperanza Nova e o escritor e crítico Emili Teixidor. A editora encargada da publicación destes premios en Galicia é Rodeira e a obra apareceu publicada en abril. A obra premiada publícase primeiro na lingua orixinal e logo tradúcese ás outras linguas do estado.



Referencias varias:

E. C., "Fina Casalderrey gaña o Edebé cunha novela 'tenra e realista'/" "Fina Casalderrey gaña o Edebé infantil cunha obra 'realista e plena de ternura", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 31 xaneiro 1996,

59/p. 11. Informa do resultado da IVª edición do premio "Edebé", dá os títulos das obras gañadoras e das finalistas, data previsible de publicación, contía dos premios e composición do xurado. Recolle as declaracións de Fina Casalderrey, galardoada na modalidade de literatura infantil pola obra *O estanque dos parrulos pobres*, nas que a escritora pontevedresa cualifica a súa novela como "realista e plena de ternura". Salienta a naturalidade, non exenta de humorismo, da protagonista. Para rematar, reflexiona sobre a utilidade dos premios literarios e sobre a necesidade que ela ten de escribir.



XIª edición do Premio Merlín

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Estes orixinais, por sextuplicado, teñen que enviarse (mecanografados a dobre espacio e baixo plica), antes do 3 de setembro, ós locais da editora (Dr. Maraño 12, 36211, Vigo). O anuncio da obra gañadora ten lugar no mes de San Martiño e cada ano nunha vila ou cidade galega diferente. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia. Dende 1988 está constituído por lectores, na súa maioría menores de dezaseis anos, e un secretario nomeado pola editorial. No ano 1996, cunha dotación de 1.000.000 pts. e a publicación da obra gañadora, o xurado estivo formado por Carmen Pérez Sangiao, Raquel Pérez Tato, Gael Pérez Traba, M^a José Navarro García, Helena Fernández e Miguel Vázquez Freire. Presentáronse 34 orixinais, entre os que se declararon finalistas as obras baixo o lema: *Garatuxa*, *Leziñán*, *Ora Marítima* e *Farrapos de Gaita*. O veredicto do xurado deuse a coñece-lo día 26 de outubro: o gañador foi Antonio García Teixeiro (Vigo, 1952) co poemario *Na fogueira dos versos*, presentado baixo o lema *Ora Marítima*. Os artigos relacionados co Premio Merlín xa foron glosados ou relacionados ó falar, neste *Informe*, do premio Xerais de novela.



Premio Nacional de Literatura Infantil

Convocado anualmente polo Ministerio de Cultura para premia-las mellores obras publicadas en calquera das linguas do Estado no ano anterior. Está dotado con 2.500.000 pts. O fallo emítese no mes de novembro. O xurado que escolleu o gañador da edición de 1996 estivo composto por Fernando Rodríguez, Torcuato Luca de Tena, Juan Luís Goicoetxea, Maria Angels Ollé, Jaime García Padrino, Martínez Mesanza, Victoria Fernández García, Patricia Barbadillo, Juan de Isasa, Carlos Casares e Xabier Puente Docampo, gañador da edición de 1995. Resultou escollida Fina Casalderrey pola súa obra *O misterio dos fillos da lúa* (coa que xa gañara o Premio O Barco de Vapor, 1995).

Referencias varias:

-F. V., "La cantera gallega copa los premios nacionales", *La Voz de Galicia*, (Edición de Terras de Lemos), "Especial", 23 maio 1996, p. 8. Os galardóns máis prestixiosos poñen de manifesto o "vigor da literatura infantil" no noso país. Agustín Fernández Paz con *Trece anos de Branca*, Gloria Sánchez con *Doctor Rus* e Fina Casalderrey con *O estanque dos parrulos pobres* recibiron o premio Edebé. A viguesa Dolores González obtivo o Gran Angular, de S. M., cunha obra en castelán. Paco Martín con *Das cousas de Ramón Lamote* e Xavier P.

Docampo con *Cando petan na porta pola noite* foron premiados co Premio Nacional de Literatura Xuvenil. É de salientalo feito de que a Asociación IBBY, ligada ó premio de maior prestixio internacional o premio Andersen-, inclúa na súa lista de narradores de literatura infantil e xuvenil máis destacados de



tódalas linguas, escritores galegos como Paco Martín, X. P. Docampo, Agustín Fernández Paz, María Victoria Moreno e Gloria Sánchez.

-C. R., “Fina Casalderrey, galardoada co Premio Nacional de Literatura Infantil”, *O Correo Galego*, 5 novembro 1996, p. 35. Percorrido pola traxectoria de Fina Casalderrey, escritora que tamén ten gañado os premios Merlín (1991), o de Narración Breve Casa de Galicia en León (1993), o Barco de Vapor (1994) ou o Edebé (1995). En palabras da propia escritora, este premio recíbeo con máis ilusión por lle ter sido concedido a unha obra en galego.

-D. P., “Fina Casalderrey, maestra rural, Premio de Literatura Infantil”, *Diario de Pontevedra*, 5 novembro 1996, p. 9. Nota informativa do Ministerio de Educación e Cultura que informa do fallo do Premio Nacional de Literatura infantil. Recóllense tamén as opinións da autora premiada sobre a súa propia obra escrita, nas súas palabras, “Desde os nenos e non só para os nenos”.

-L. V., “El Premio Nacional de Literatura sorprende a Fina Casalderrey”, *La Voz de Galicia*, 5 novembro 1996, p. 4. O artigo recolle as impresións de Fina Casalderrey ó saberse gañadora do premio. A autora destaca que este premio é moito máis sinalado para ela que outros que ten recibido polo inesperado, xa que é un premio ó que o autor non se presenta. Comenta, tamén, a boa saúde da literatura infantil galega, que está a vivir, na súa opinión, un dos seus mellores momentos.



IIº Premio Rañolas de Literatura Infantil e Xuvenil

Premio instituído no 1995 pola asociación cultural de Chantada Filiz e o Concello desta localidade, que toma o seu nome dun personaxe de *Os dous de sempre*, de Castelao. Concédese a obras editadas en galego no ano anterior e non ten dotación económica. Nesta ocasión o premiado recibía unha escultura de Buciños. Pretende contribuír á difusión e tradución de obras infantís e xuvenís galegas. O xurado, composto polos escritores Xavier P. Docampo (gañador da edición anterior) e Xavier Rodríguez Baixeras, o ilustrador Manuel Uhía, a estudiosa M^a Jesús Fernández e a lectora Carmen Bar Cendón escolleu, por unanimidade, *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz.

Referencias varias:

-A. E. , "Cartas de inverno' de Fernández Paz gaña o Rañolas", *O Correo Galego*, 19 maio 1996, p. 52. Lémbrese a abundante produción de Agustín Fernández Paz en literatura galega infantil, citando *Contos por palabras* (gañadora do Premio Lazarillo), *Flores radioactivas* (gañadora do Premio Merlín) ou *Trece anos de Branca*.



XIIIº Premio Ourense de Contos

Convocado pola Casa da Xuventude e a Agrupación de Libreiros de Ourense. Dirixido a mozos entre 14 e 30 anos. O primeiro premio é de 80.000 pesetas e conta con 4 accésit de 25.000 pesetas, dous dos cales deben recaer obrigatoriamente en menores de 17 anos. Os traballos deberán presentarse antes do 27 de abril e a súa extensión será dun mínimo de 6 folios e un máximo de 25. O fallo coñecerase o 17 de maio e a entrega celebrarase en xuño no marco da Feira do Libro. A gañadora desta edición foi Ana Cristina López, co relato *Mala espina*. Obtiveron accésit Dolores Fernández con *Hermefea do canoto*, Pablo Vázquez Pereira con *Madrugada de orballo*, Cristina Torreiro Sebastián con *Recordos da sombra* e Iria Calviño por *A adega*.

Referencias varias:

-A. G. N., "XIII Premio de Contos", *Diario de Pontevedra*, 8 marzo 1996, p. 23.
Recolle as bases da convocatoria de 1996.

-Villarabid, "La sarriana Ana Cristina López, ganadora del 'XIII Premio Ourense de Contos'", *El Progreso*, 17 maio 1996, p. 75. A gañadora do premio explica a súa obra como "o reflexo dunha situación opresora, de anguria, de estar pechado para conseguir o teu futuro e sendo consciente de todas as cousas que te estás perdendo".



X.8. Premios para escolares

X. Premios

X.8. Premios para escolares

Son moitos os premios convocados por Concellos, Asociacións Culturais e Colexios Nacionais para incentivar ós escolares á creación en lingua galega; só glosaremos neste apartado aqueles dos que temos noticias contrastadas.



Iº Concurso Literario **Ánxel Casal**

Convocado polo concello de Santiago de Compostela a proposta do Instituto Xelmírez I para lembra-la figura de Ánxel Casal. Vai dirixido a alumnos e alumnas galegos de ensino medio. Inclúe dúas modalidades, poesía e relato curto, e a contía dos premios, nas dúas modalidades, é de 25.000 pesetas para o 1º premio e de 75.000 pesetas para o segundo. Os traballos deberán ter unha extensión dun mínimo de 100 versos, na modalidade de poesía, e de 10 páxinas no caso do relato. O prazo de admisión será do 20 de febreiro ó 17 de abril e o fallo do xurado darase a coñecer na semana das Letras Galegas. O xurado, presidido por Isaac Díaz Pardo, estivo composto por Mar Bernal, Suso de Toro, Miguel A. Seixas, Mª del Carmen Ríos Panisse, Xesús Campos Suárez e Xosé Manuel Rodríguez-Abella. Na modalidade de relato, o 1º premio foi para Isabel Fernández López por *O tempo vai, vén e virá* e o 2º para Ana Mª Orozco Vidal por *A mirada do cego*. Recibiron mención especial Dolores Fernández López por *Hermefeador canoto* e Luís M. Gálvez Ameijide por *Amor e odio. Guerra e paz*. Na modalidade de poesía, o 1º premio foi para Suso Baleato por *Catarse diverxente* e o 2º para Dolores Fernández López por *Unha soa dor enche un corazón*. Recibiron mención especial Isabel Fernández López por *Era o tempo de esquecer*, Vítor Suárez Díaz por *Unha cara e cruces* e Sarissa Carneiro Araújo por *Hora de cinzas do espírito*.



Referencias varias:

-A. G. N., "El Ayuntamiento de Santiago convoca el I Concurso literario 'Ánxel Casal'", *Diario de Pontevedra*, 31 xaneiro 1996. Resumo das bases polas que se convoca este premio.

-Ana Iglesias, "Los estudiantes de Santiago acaparan los premios del certamen literario Ánxel Casal", *El Correo Gallego*, 28 maio 1996, p. 29. Recóllese o nome dos premiados neste concurso e saliéntase a calidade da lingua empregada polos autores e a variedade dos camiños literarios que se percorren nelas.

-A. I., "Estévez entregó los premios del certamen con el que se homenajea a Ángel Casal", *El Correo Gallego*, 1 xuño 1996, p. 28. Glósase o acto de entrega, no Concello de Santiago, dos premios do concurso literario Ánxel Casal. Saliéntase a grande repercusión que tivo este premio entre os estudantes de toda Galicia.



Concurso de contos organizado polo **Ateneo Santa Cecilia de Marín**

Convocado para escolares do Concello de Marín e arredores. Posúe catro categorías: A, para 1º, 2º e 3º de primaria; B, para 4º e 5º de primaria; C, para 6º, 7º e 8º de E. X. B.; D, para os cursos de B. U. P. e F. P. O relato non deberá supera-los tres folios e deberá presentarse antes do 23 de marzo. A entrega de premios realizarase o 23 de abril. Na categoría A, resultaron gañadores Estrella Pallín Tato, Mario González Inanatey e José Cerríño Ocampo. Na categoría B, premiouse a Alicia García Crespo, Jesús Martínez Landín e Carlos Casabella López. Na categoría C, resultaron premiados Javier Sanz-Besada, Enrique Martínez-Almeida e Mario López Fernández. Na última categoría, os gañadores foron Alejandro Otero González, Mª de los Ángeles Lorenzo Fernández e Carlota García Santiago.

Referencias varias:

D. P., "El Ateneo Santa Cecilia convoca el concurso de cuentos-96", *Diario de Pontevedra*, 18 febreiro 1996, p. 17. Recóllense as bases da convocatoria do premio.

D. P., "El Ateneo Santa Cecilia entrega los premios del concurso de Cuentos", *Diario de Pontevedra*, 23 abril 1996, p. 14. Publicación dos nomes dos gañadores nas distintas modalidades.



VIIIº Certame Literario Escolar “Barrio de Recimil”

Organizado pola asociación veciñal de O Pilar de Ferrol, en colaboración cos colexios ferroláns Esteiro e Ibáñez Martín. Está dirixido ós alumnos e alumnas dos ciclos inicial, medio e superior de ensino primario e E. X. B. As narracións premiadas no ciclo inicial foron escritas por Lidia Pena e Sonia Rodríguez, as do ciclo medio, por Luz Martínez e Olalla Cortizas e, no ciclo superior, por Mª del Pilar Grandal, Jorge Pedreira e David Gómez. Nos cursos de E. X. B. resultaron gañadores: Emilio Collado, Soraya García, Carlos Rey, Lorenzo Reynoso, Celia Fernández e Pedro Ángel Rodríguez.

Referencias varias:

-I. G., “Los vecinos del barrio del Pilar clausuraron su Semana das Letras Galegas”, *El Ideal Gallego*, 20 maio 1996, p. 18. Informa da entrega dos premios literarios desta asociación veciñal levada a cabo no marco da Semana das Letras Galegas na que tamén houbo unha exposición de traballos manuais.



Xº Certame de Narración Curta organizado pola **Biblioteca Pública do Concello de Arzúa**

O xurado estivo composto por Xosé Neira Vilas, Anisia Miranda, Xosé Ramón Fandiño Veiga, Manuel Moscoso e Ramón Torreiro. O primeiro premio, dotado con 25.000 pesetas, foi para Xoán Carlos Carbón Gesto polo relato *Unha árbore, unha vida*. O segundo premio, dotado con 15.000 pesetas, foi para Iria Torreiro Rodríguez por *Olaia*, e o terceiro, dotado con 10.000 pesetas, para Xoán Carlos López por *Recordos*.



Iº Concurso Escolar **Camilo José Cela**

Convocado pola Fundación “Camilo José Cela”, premia traballos narrativos e pictóricos. Nesta primeira edición presentáronse 253 traballos. Os gañadores foron Beatriz Piñeiro pola súa obra *Sinfonía en mar menor*; Sonia Guerra e Elena Carcelén. Recibiu unha mención especial Javier Gago. Os traballos están inspirados en obras pictóricas.

Referencias varias:

E. C., “Beatriz Piñeiro gaña o I premio Cela de narración”, *O Correo Galego*, 5 xuño 1996, p. 45. Recóllense os distintos motivos que inspiraron as obras premiadas neste concurso. No caso da gañadora foi un cadro de Urbano Lugrís do mesmo título que a súa narración: *Sinfonía en mar menor*.

E. C., “Beatriz Piñeiro, de 14 anos, gaña o I Premio Cela de Narración”, *El Correo Gallego*, 5 xuño 1996, p. 12. Inclúense os comentarios que, sobre a súa propia obra, realiza Beatriz Piñeiro, gañadora doutros cinco concursos literarios.



VIIIº Certame de relato curto e poesía **Celso Emilio Ferreiro**

Convocado polo Instituto de Celanova e destinado a tódolos estudantes galegos de secundaria. Os relatos terán unha extensión máxima de 5 folios e as poesías non poden exceder de 3 composicións. Deberán enviarse antes do 6 de maio ó dito centro. Haberá, para as dúas modalidades, un premio de 25.000 pesetas, diploma e a publicación na revista *Onde o mundo se chama Celanova*.



Iº Concurso de redacción do **Comité de Irmandamento Lesneven** (As Pontes)

Convocado polo Comité de Irmandamento entre a vila galega de As Pontes (A Coruña) e a vila bretona de Lesneven. O premio, fallado o once de maio de 1996, foi compartido por Arancha Gil, alumna do colexio Nebrija, polo seu traballo *Una francesa en casa* e por Marta Sánchez, alumna do centro Monte Caxado, polo seu traballo *Dous pobos irmáns por un mundo mellor*. O premio consiste nunha viaxe de intercambio a Lesneven.



Iº Concurso de Narrativa e Debuxo do **Concello de Dumbría**

Convocado pola Concellería de Cultura e Deportes do concello coruñés de Dumbría e dedicado ó medio ambiente. Inclúe dúas categorías: unha para menores e outra para maiores de dez anos. Na primeira, foi gañadora Estefanía García Túñez e finalistas Lolita Romero Lago e Marcos Graíño Vilar. Na categoría de maiores de dez anos, resultaron gañadores Marcial Díaz Villar e José M. Canosa Barrientos. O xurado fixo mención especial ó poema “Natureza quérote” de Lucía García Díaz e concedeu tamén premios especiais a Ana Lucía Blanco e Belén Otero Ares.

Referencias varias:

-J. M. Ramos, “Concedido o Concurso de Narrativa e Debuxo de Dumbría”, *O Correo Galego*, 2 abril 1996, p. 32. Recóllense os nomes dos gañadores das distintas categorías do premio, ademais doutras mencións especiais.



IVº Premio de Narración curta **Concello de Marín**

Convocado polo Concello de Marín co gallo do Día das Letras Galegas. Os traballos deberán ter entre 5 e 10 folios. O prazo de presentación remata o 29 de abril e o gañador deberá recolle-lo premio o 17 de maio. A contía do premio é de 125.000 pesetas. Contémplase tamén unha modalidade para escolares. Os seus traballos non excederán os 3 folios que competirán en 3 categorías con 6 premios para cada unha delas. Neste caso, o prazo de entrega remata o 13 de maio.

Referencias varias:

-D. P., "Este mes finaliza el plazo de entrega para el Premio 'Concello de Marín'", *Diario de Pontevedra*, 17 abril 1996, p. 12. Recolle as bases da convocatoria de 1996.



Iº Concurso de Narración Curta do **Concello de Nigrán**

Destinado a alumnos e alumnas do Val Miñor. O 1º premio foi para M^a del Carmen Álvarez Valverde por *Lembranzas dun vello*, o 2º para Uxía Acuña Abalde por *Para ti* e o 3º para Susana Acuña Álvarez por *Beatriz*. Os premios foron de 25.000, 15.000 e 10.000 pesetas, respectivamente.



Certame de narración e poesía en galego do **Concello de Noia**

Convocado co gallo do día das Letras Galegas. En poesía recibiu o 1º premio Lorena Carreño Recarey, o 2º Olalla Rivas García e o 3º Vanesa Abeijón Martínez. En narración, o 1º premio foi para Raquel Martínez, o 2º para Margarita de la Fuente Iglesias e o 3º para Jorge Martínez Pais.



Concurso de contos patrocinado polo **Concello de Pontedeume**

Dirixido a estudantes de B. U. P., C. O. U. e F. P. Os participantes poderán mandar un ou máis contos, cunha extensión entre 4 a 6 folios mecanografados, antes do 22 de marzo de 1996 ó Concello de Pontedeume, (r/ Real, 17, 15600, Pontedeume-A Coruña). O concello establece tres premios de 50.000, 20.000 e 15.000 pesetas, respectivamente.



IIIº Concurso “Un conto para o Val do Limia”

Organizado por Aeval (Asociación de Empresarios Val do Limia) e dirixido ós escolares de E. X. B. dos dezaseis concellos do Val do Limia. O tema do conto será libre aínda que se valorará que as historias estean relacionadas co Val do Limia. Con este certame preténdese concienciar ós máis novos sobre a realidade desta zona para incrementa-lo seu interese pola bisbarra.



IIº Certame Compostelán de “**Contos de Nadal**”, convocado polo Club Familiar Senra, Santiago, coa colaboración de *El Correo Gallego/O Correo Galego*, A Cadea Cope e as Librerías Follas Novas e Abraxas

Entre case un centenar de contos presentados, o primeiro premio foi para Paloma Iria Moscoso Brión que recibiu un lote de libros e 10.000 pesetas. O segundo premio foi para Alejandro Fortúnez e o terceiro para Manuel Neira e Marco Antonio Bernal, que recibiron 3.000 pesetas e un lote de libros. Os premios foron entregados o 20 de decembro de 1996.

Referencias varias:

-M. V. Liñares, “Un cuento sobre la Navidad en un país en guerra gana el ‘Premio Senra’”, *El Correo Gallego*, 21 decembro 1996, p. 32. O artigo pon de manifesto a alta participación neste concurso e sintetiza o argumento do relato gañador, que narra a dureza do Nadal para unha nena dun país en guerra.



VIº Concurso Literario de **Dorneda**

Organizado pola Sociedade Dorneda. Premiaranse traballos en prosa de tema libre e cunha extensión máxima de 4 folios. Hai varias categorías: de 8 a 10 anos, de 11 a 13, de 14 a 16 e de 17 a 20, con tres premios cada unha. Os orixinais deberán remitirse, antes do 17 de marzo, á Sociedade C. R. D. Dorneda. (Arillo- Dorneda).



Concurso Escolar de Narrativa, Poesía e Debuxo da Asociación Veciñal

“Estriceres” (Estrivela e Placeres)

Organizado en colaboración coas sucursais de Caixa Galicia, Caixavigo e Caixa Pontevedra. Hai dous niveis de idade e participan alumnos e alumnas dos colexios Sagrado Corazón, Carballeira e Juan Antonio Suances. No primeiro nivel de idade, os premios foron para Antía Muñoz García, no apartado de narrativa e para Carmen González Magdaleno, no de poesía. No segundo nivel, os premios foron para Silvia González Pequeño, no apartado de narrativa e para Begoña Pérez, no de poesía. Os galardóns foron entregados o 25 de maio de 1996 no baixo parroquial da Igrexa de Placeres.

Referencias varias:

-D. P., “Estriceres’ entrega los premios de su Concurso Escolar de Narrativa”, *Diario de Pontevedra*, 25 maio 1996, p. 8. Anúnciase a entrega dos premios e os nomes dos gañadores dos mesmos.



VIIIº Concurso de Contos do Día das Letras Galegas, organizado pola
Asociación Cultural “**Falcatrueiros**” (Monterroso)

Dirixido a escolares de Monterroso dos tres primeiros cursos de primaria. Os contos non excederán dos dous folios, serán de tema libre e entregaranse antes do 14 de maio nos centros educativos do Concello. O fallo emitirase o 20 de maio de 1996. Haberá tres galardóns.

Referencias varias:

-Ramón Penela, “Convocados dos concursos en Monterroso por el ‘Día das Letras’”, *El Progreso*, 17 abril 1996, p. 19. Anúncianse as distintas actividades organizadas para celebra-lo Día das Letras Galegas en Monterroso, entre elas o concurso escolar organizado pola asociación cultural “Falcatrueiros”.



Certame Literario de narrativa e poesía organizado polo Colexio Maior **Fonseca**

Organizado polo Colexio Maior Fonseca (Santiago de Compostela) co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. O xurado estivo composto por José Manuel Díaz de Bustamante, profesor da Facultade de Filoloxía, Juan Blanco Valdés, subdirector do Servizo de Publicacións da Universidade e Roberto López, director do citado Colexio Maior. Os gañadores foron, na modalidade de narrativa, Pablo Rey Tristán e María Castelo Lestón e na de poesía, Diego Ameixeiras Novelle e Carlos Ponte Ocampo.



Iº Concurso de relatos, contos e redaccións do Nadal da **Asociación Cultural**

“Fraicellus” (Ribadavia)

Os premios foron entregados en xaneiro de 1996 e correspondéronlle ós traballos *A historia do Nadal* de Diana Fasero e Graciela Lorenzo, *O Neno está nacendo* de Saúl Boullosa e *¿Que es la Navidad?* de Amanda Rodríguez Martínez.



Premio de poesía e relato curto do I. B. “Francisco Aguiar” de Betanzos

Premio convocado dende o 1990 polo I. B. “Francisco Aguiar” de Betanzos e patrocinado polo Concello de Betanzos, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Política Lingüística) para premiar poesías cunha extensión máxima de 100 versos e relatos curtos que non deberán sobrepasa-los 10 folios. Destínase ó alumnado de Ensino Medio de toda Galicia. Cada apartado está dotado con 60.000 pesetas (primer premio), 25.000 (segundo premio) e 10.000 (accésit). O prazo de entrega remata no mes de marzo e os orixinais deberán enviarse ó instituto convocante, (Avda. da Coruña, s/n, 15300, Betanzos). No 1996 resultaron gañadores Regina Carreira, no apartado de poesía, e Raquel Pensado Turnes, no de relatos. Os finalistas foron Jesús Vázquez Gómez, no apartado de poesía e Iván Mato Fente, no de relato. Presentáronse máis de 200 orixinais.



Iº Premio de narracións da Fundación “**O Grelo**” e o concello de Soutomaior

Ten dúas categorías: unha para escolares entre sete e doce anos (con dous premios de 25.000 e 15.000 pesetas, respectivamente) e outra para escolares entre 13 e 18 anos (con dous premios de 40.000 e 20.000 pesetas, respectivamente). Forman parte do xurado: Diego Bernal, Xavier Rodríguez Barrio, Antón Grande, Xosé Alonso, Luís González Tosar, César Cunqueiro, Anxo Mosqueira e Adelardo Curros. Os orixinais enviaranse antes do 1 de abril de 1997 á sede da Fundación “O Grelo”.



Concurso de Relato Curto e Poesía organizado polos alumnos de **Humanidades e Químicas da Universidade de Vigo**

Convocado para celebra-lo Día das Letras Galegas. As obras de poesía non deberán pasar dos 150 versos e o relato curto terá unha extensión máxima de 10 folios. O prazo de entrega remata o 13 de maio e o fallo farase público o 16. Ámbalas dúas modalidades terán un premio de 15.000 pesetas. O xurado estivo composto por profesores e alumnos das dúas Facultades. Na modalidade de relato resultou gañador Rubén Nogueira con *Onde vas tolo, onde van todos* e na modalidade de poesía, Pilar Fernández Iglesias con *Ó Amencer*.



IVº Concurso Internacional de Teatro Breve **Lauro Olmo**

Concurso de teatro convocado polo Instituto de Bacharelato Martaguisela de O Barco de Valdeorras para alumnos e alumnas do ensino medio. Está destinado a divulgar-lo gusto polo teatro e o coñecemento da figura deste autor barquense que dá nome ó premio. A do 1996 será a cuarta convocatoria. A contía ascende a 100.000 pesetas para o primeiro premio e 25.000 pesetas para o segundo e o terceiro. Os orixinais, en lingua galega ou castelá, deberán remitirse ó Instituto antes do 30 de abril e o fallo coñecerase no mes de xuño. O xurado estará composto por profesores de Lingua Galega e Lingua Castelá do devandito centro. Carlos Manuel Callón Torres gañou o premio na edición de 1996, coa súa obra *Venturas e desventuras dos Ambrosiez*.

Referencias varias:

L. R. V., "El Instituto de O Barco convoca el premio teatral 'Lauro Olmo'", *La Región*, 12 xaneiro 1996,

11. Descrición das bases da convocatoria da cuarta edición deste premio.

L. R. V., "El premio de Teatro Breve 'Lauro Olmo' no concederá estatuilla a los ganadores", *La Región*, 31 xaneiro 1996, p. 9. O director do Instituto convocante agradece a axuda económica dos patrocinadores do premio.



Certame de narración e debuxo infantil **Letras Galegas 1996**

Convocado pola Biblioteca Provincial de Lugo. Inclúe tres categorías nas dúas modalidades: A: ata oito anos; B: de nove a once anos e C: de doce a dezaseis anos. Na categoría A resultaron gañadores Borja Comendeiro López, Tania García Ares e Daniel Río. Na categoría B recibiron premio Ana Roibas, Tomás Teijeiro Campos e Daniel Murias Pérez. Na categoría C foron premiados María Penela Meilán, Bibiana Cabo Rodríguez e Arturo Roca. Os gañadores recibiron os seus premios, consistentes en lotes de libros e figuras de Sargadelos, no transcurso dun acto celebrado o 14 de xuño na Biblioteca Provincial de Lugo.



Premios Literarios Infantís e Xuvenís **Lumieira**

Convocados pola Asociación Cultural Lumieira. Organizado por categorías. A 1ª e 5ª quedaron desertas tanto en poesía coma en narrativa. Na 2ª categoría, o premio de narración foi para Paula Figueras por *A bolboreta caprichosa*, quedando deserto en poesía. Na 3ª categoría, o premio de narración foi para David Piña con *Dog-Man* e o de poesía para Eduardo Pérez por *A alba*. Houbo un accésit para Yéssica Fernández por *A perruquería*. Na 4ª categoría, o premio de narración foi para Silvia Costa Carreira por *Antoninus* e houbo senllos accésit para Eva Rama e Susana Mallo; o premio de poesía foi para Mauro Montero e houbo accésit para Fátima Cerqueiro e Rubén Rodríguez.



Vº Premio Literario **Manolo Lado**

Convocado polo Instituto de Bacharelato Alfredo Brañas de Carballo e destinado a estudantes galegos de secundaria. Ten dúas modalidades: narrativa e poesía. Os orixinais deberán enviarse antes do 22 de marzo e a decisión do xurado, composto por profesores do claustro do dito centro, darase a coñece-lo 16 de maio. Cada modalidade terá tres premios de 25.000, 15.000 e 10.000 pesetas.



Iº Certame Literario **Manuel Lustres Rivas**

Convocado polo Instituto de Ensino Secundario de Frións (Ribeira) e destinado a estudantes de secundaria. Ten cinco modalidades: poesía, relato curto, teatro, cómic e ensaio. Os orixinais enviaranse antes do 20 de maio ó IES Frións (Frións, s/n, 15967, Ribeira). Os gañadores coñeceranse o 25 dese mes.



XVIIº Certame Literario da Asociación de Pais de Alumnos do Colexio **Manuel Peleteiro**

Certame dirixido ós estudantes de 7º e 8º E.X.B. do colexio Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela), con dúas modalidades, poesía e narrativa. Na edición de 1996, polo que atinxe a 7º de E.X.B., resultaron gañadoras na modalidade de prosa: Belén Pérez-Schofield Pereiro por *¿Cando?*, Sandra Romero Castro por *A miña vida en follas de papel* e Elena Álvarez Rodríguez por *Enredos na herba húmida*. Recibiron accésit: Carolina Castro Estévez, Ángeles Naveiro Fernández e Elena Álvarez Rodríguez. Na modalidade de poesía resultaron gañadoras: Blanca Brea Ledo por *¿Lembraste?*, Montserrat Pis Marcos por *Espello* e Clara Nieto Pombar por *Volve*. Na categoría de 8º de E.X.B., resultaron gañadores na modalidade de prosa: Carlos Gómez Rodríguez por *A pedra luminosa*, Andrea Álvarez Pino por *Quero morrer coma ti* e Helena Gallego Martínez por *Vida*. Na modalidade de poesía, os premios foron para: Raquel Gómez Otero por *Do seu recordo*, Natividad Mirás Palacios por *Pecharei o meu corazón* e José Pérez Vieito por *Quero máis*.

Referencias varias:

-Ana Iglesias, "Las niñas 'arrasan' con los premios del certamen literario de Peleteiro", *El Correo Gallego*, 29 maio 1996, p. 31. Salienta o feito de que a case totalidade dos gañadores sexan rapazas e manifesta que este certame se concibe como unha homenaxe á lingua galega.



Concurso Artístico da A. P. A do Colexio **Martínez Otero de Foz**

Ten tres apartados: debuxo, cómic e teatro. No apartado de teatro foron premiados Martín Lorenzo Galdo, Belén García Prieto e Eduardo Carlos Miranda Blanco (sexto A); Claudia Rodríguez Teijeiro, Laura Sousa Palmeiro e María do Mar Rivas Seivane (sexto B); Juan Manuel Escourido Muriel, Javier Freire Salgueiro e Mariña Alonso Méndez (sétimo A); Tamara Miranda Blanco, Alejandro González Díaz e Natalia Iglesia Hernández (sétimo B); María Rivera Arnau, M^a Eugenia Reimunde Taboada e Susana Pereira Borao (sétimo C); Sara Fernández Otero e María Gayol Vizoso (oitavo A); Rocío Paz de la Fuente, Hugo Trigo Fernández e Ángel Méndez Aguiar (oitavo B). Os premios foron fallados en xaneiro de 1996.



Premio Literario XXIV^o Certame Literario Minerva

Certame convocado polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 para escritores noveis pertencentes a ensinanzas medias. Consta de dúas modalidades, narrativa e poesía, nas que se conceden tres premios, dotados con 100.000, 50.000 e 25.000 pesetas, respectivamente, ademais de tódolos accésit que o xurado considere oportunos. A data de presentación finaliza o 18 de marzo e o fallo ten lugar o 25 de abril. Nesta edición presentáronse 247 orixinais, 156 de narración e 91 de poesía. Os premiados no apartado de poesía foron Lucía Novas Garrido por *O desexo que esvara sobre os corpos nus*; Josefa Castro Lago por *Desexando soños, desexando desexos*; Regina Carreira por *Do mito de Pígalión e apocalipse final*. Houbo accésit para Manuel Núñez Armas, Esperanza Calvo Vázquez, Iria Belenguer Castromán, Antonio Bazarra Maneiro e Xosé Luís Gómez Castro. No apartado de narrativa, os premios foron para Xermán Hermida Castro por *Moito que falar*; Noa Pérez González por *Breadouro, eu e o demo*; e Raquel Pensado Turnes por *Dánade dun soño*. Concedéronse neste apartado catro accésit a Martín de la Rosa Llorente, Natalia Blanco Ramos, Miguel Sicart Vila e Laura Diéguez Otero. O xurado estivo composto por Salvador García-Bodaño, Lois Diéguez, Manuel Domínguez Lores, Luís Alonso Girgado, Avelino Abuín de Tembra, Manuel Quintáns Suárez, Teresa González da Silva, Milagros Celeiro Arias e Xavier Ferreiro Lozano. O acto de entrega tivo lugar o 22 de maio no Salón de Actos do Colexio Manuel Peleteiro, en Santiago de Compostela.




Referencias varias:

-S. Reverter, "Germen de la intelectualidad gallega", *Diario 16 de Galicia*, 4 maio 1996, p. 22. Repaso da historia do premio Minerva e dos diferentes gañadores do mesmo, entre os que se encontran algúns dos nomes máis coñecidos do panorama literario galego actual, como Suso de Toro, Darío Xohán Cabana, Alfredo Conde ou Víctor Freixanes.

-Salvador García-Bodaño, "Literatura e xuventude", *El Correo Gallego*, 5 maio 1996, p. 3. Salienta a importancia da XXIVª edición do Certame Literario Minerva, convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago, na que García-Bodaño foi invitado a participar como presidente e Mantedor. Ademais de se referir ó grande número de traballos presentados, 156 en prosa e 91 en verso, fai un percorrido pola historia do certame. Comenta que se trata do máis antigo premio literario para a xuventude galega, que xurdiu a partir dunha iniciativa de Avelino Abuín de Tembra. Remata falando da incorporación da prosa a este premio a partir de 1973, data na que resultou gañador Suso de Toro. A convocatoria interrompeuse ata ser retomada en 1985.

-Ana Iglesias, "El Peleteiro entregó los premios 'Minerva' a estudiantes de toda Galicia", *El Correo Gallego*, 23 maio 1996, p. 31. Recolle as palabras de Salvador García-Bodaño durante a entrega do Premio Minerva. Dá o nome dos membros do xurado así como dos autores gañadores e o título das obras premiadas.

-Lois Diéguez, "Os Minerva", *A Nosa Terra*, nº 730, "Guieiro Cultural", 13 xuño 1996, p. 21. Lois Diéguez lembra que o primeiro premio que gañou foi o Minerva e que lle serviu para comeza-la súa andaina literaria. Agora, elixido como un dos membros do xurado de narrativa, anima ós organizadores do certame a que continúen favorecendo a creación.



Concurso literario organizado polo **Museo de Pontevedra**

Certame literario destinado a escolares, con dúas modalidades, poesía e narrativa. Nesta edición resultaron gañadores Lucía Pérez Díaz, na modalidade de poesía coa composición *O río Navia* e Alberto Gómez Rodicio, na modalidade de narración cun relato titulado *O raposo que foi rei*.

Referencias varias:

-X. Álvarez Calvín, "Dos escolares navegos, ganadores de premios literarios en Pontevedra", *El Progreso*, 8 maio 1996, p. 16. Saliéntase o feito de que os dous gañadores desta edición sexan alumnos da escola Daniel Monje de Navia de Suarna (Lugo).



Vº Certame literario convocado pola revista cultural **A Pipa** (Becerreá)

Premia traballos de temática libre, en prosa ou en verso. Ten dúas categorías: entre 8 e 14 anos (categoría infantil) e entre 14 e 18 (categoría xuvenil), e catro premios para cada unha delas, dous para prosa e dous para poesía, consistentes en esculturas de Sargadelos e lotes de libros. Os orixinais enviaranse á biblioteca de Becerreá ou á revista *A Pipa*, (r/ Ancares, 57, 27640, Becerreá). Os premios entregaranse o 28 de decembro e os traballos galardoados serán publicados pola revista.



IXº Concurso de Contos **Repsol**

Na modalidade de lingua galega, o 1º premio foi para Pablo González Silva con *Un dos vellos dos que non se deben namorar* e o 2º para Manuel Callón Torres por *A morte a todos iguala*. O acto de entrega de premios tivo lugar o 31 de maio.



IXº Premio de Narracións Xuvenís “Rúa Nova”

Premio de creación literaria convocado pola Biblioteca Nova 33 e a Fundación Caixa Galicia. Establecen un primeiro premio e un accésit para traballos presentados en lingua castelá e un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua galega por autores que non cumprisen 18 anos. Estes traballos poden ter unha extensión entre 25 e 125 folios, e deben presentarse baixo plica, por quintuplicado, antes do 1 de marzo, na Biblioteca Nova 33 (Rúa Nova 33-2º, 15.705, Santiago, Apdo. de Correos 637, 15780, Santiago) ou en calquera das oficinas de Obras Sociais de Caixa Galicia. O fallo do xurado darase a coñece-lo día 1 de abril, Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. O primeiro premio está dotado con 250.000 pesetas e a publicación do libro na colección Nova 33. Os accésit prémianse tamén coa publicación. O xurado deste ano estivo composto por Xavier Alcalá, Carlos Vila, Paulino Novo, Javier Crespán e José V. Nogueira. A obra gañadora foi *Neve en abril*, de Inmaculada López. Recibiu un accésit *O grelo mecánico*, de Xoán Fernández García e unha mención especial *Jule* de María Canosa Blanco. A entrega de premios tivo lugar o trece de decembro no Hotel Peregrino, en Santiago de Compostela. En xuño deste ano convocouse a Xª edición deste premio.

Referencias varias:

A. I., “El IX Premio de Narracións ‘Rúa Nova’ ya tiene ganadores”, *El Correo Gallego*, 29 marzo 1996, 32.



Describe as características do premio de narracións “Rúa Nova”, dá o nome dos membros do xurado e fai unha breve historia do mesmo.

-I. G., “Unha joven compostelana, ganadora del Premio de narrativa ‘Rúa Nova’”, *El Ideal Gallego*, 31 marzo 1996, p. 29. Dá a coñece-los datos de participación no premio “Rúa Nova” así como o nome dos gañadores e dos finalistas. Fai un comentario dos aspectos máis valorados polo xurado nas obras galardoadas.

-Ana Iglesias, “Una joven compostelana gana con una narración en gallego el Premio ‘Rúa Nova’”, *El Correo Gallego*, 31 marzo 1996, p. 73. Recolle o comentario que fan os membros do xurado con respecto á calidade das obras presentadas ó premio e ás características e valores dos títulos premiados.

-M. Otero, “«Escribo para quen me queira ler»”, *La Voz de Galicia*, 3 abril 1996, p. 38. Entrevista con Inma López Silva, gañadora do premio “Rúa Nova”, na que a autora comenta os seus inicios no mundo da literatura, describe a súa obra e a temática tratada. Fala da importancia dos premios para incentivar ós autores máis novos e dá conta dos seus gustos e preferencias literarias.

-Quique Chuvieco, “Inma López desgrana en sus páginas el paso del tiempo, la muerte y lo cotidiano”, *El Ideal Gallego*, 5 abril 1996, p. 10. Entrevista coa autora de *Neve en abril*, relato gañador do Premio Rúa Nova. Comenta o argumento do seu relato, os temas que nel aparecen así como os determinantes para o nacemento da súa vocación literaria.



X.8. Premios para escolares

-Ana B. Gómez, "Novelistas adolescentes aunque sobradamente preparados", *El Ideal Gallego*, 9 agosto 1996, p. 10. Presentación da décima edición do premio "Rúa Nova". Destácase o seu carácter de "canteira" para os novos valores literarios e lémbrense algúns dos autores e títulos distinguidos por este certame.



XVº Concurso de Contos en Galego convocado polo Centro de Recursos
Educativos “**Santiago Apóstol**” da O. N. C. E.

Destinado a alumnos e alumnas galegos de tódolos ciclos educativos. Haberá tres categorías: A: para o 1º ciclo de Primaria; B: para o 2º ciclo de Primaria e 1º nivel do 3º ciclo de Primaria; C: para o 2º nivel de 3º ciclo de Primaria e 7º e 8º de E.X.B. Concederanse para cada grupo tres premios: 1º, 25.000 pesetas e diploma; 2º, 15.000 pesetas e diploma; 3º, 10.000 pesetas e diploma. A extensión do premio non deberá sobrepasa-los tres folios. A data de entrega rematará o 20 de abril. A gañadora na 1º categoría foi Ángela Sierra Díaz, de 6 anos, autora de *Brais e o tren máxico*.

Referencias varias:

-A. O., “Unha ourensá de 6 anos gaña un premio literario galego”, *La Región*, 15 maio 1996, p. 6. A nena gañadora do certame conta o argumento do relato.



IIº Certame de Contos **Trapero Pardo**

Convocado polo Padroado de Cultura do Concello de Lugo. Hai tres categorías: de 8 a 11 anos, de 12 a 14 anos e de 15 a 18 anos. Os contos gañadores son publicados polo xornal *El Progreso*. Na edición de 1996 foron premiados: na categoría de 8 a 11 anos, Jahel Piñeiro, Vanesa Álvarez e Carmen Maciñeira; na categoría de 12 a 14 anos, Paulo Martínez, Javier Fraga e Adriana López. Recibiron mencións especiais Manuel Expósito e Alicia González; na categoría de 15 a 18 anos, recibiron premio Ana Rodríguez, Cruz Rodríguez e Ana Belén Pol. Os premios foron entregados o 29 de novembro de 1996 no concello de Lugo.



Iº Premio de Relato Curto **Varela Buxán**

Convocado polo Concello de Lalín e destinado ós alumnos e alumnas do Concello. Ten tres premios: 25.000, 15.000 e 10.000 pesetas. Nesta primeira convocatoria, o xurado estivo composto por mestres da comarca do Deza. Entre as 20 obras presentadas, o 1º premio recibíuno *O último touro da tarde* de Esther Vázquez Blanco, o 2º premio *O feitizo da lúa* de Manuela Carral Diéguez e o 3º *O gardalapis máxico* de Lago Mouriño Román.



IIº Premio escolar 10 de Marzo

Convocado pola Fundación 10 de Marzo e aberto a tódolos escolares de E.X.B., B.U.P. e C.O.U. que se presenten, individualmente ou por equipos. O tema será “O mundo do traballo” e a extensión entre vinte e trinta folios mecanografados a dobre espacio. Enviaranse antes do sete de marzo á Fundación 10 de Marzo (República do Salvador, 15-5º, 15701, Santiago de Compostela). Hai dous premios: 50.000 pesetas para traballos en equipo e 25.000 pesetas para traballos individuais. Os premios, feitos públicos na segunda quincena de marzo, foron outorgados na categoría de traballos en equipo a un grupo de alumnas de 3º de B.U.P.do I.E.S.P. de Santa Comba, que presentaron un traballo titulado *A mina de Varilongo. Historias dun enclave obreiro na Terra de Xallas*. Na categoría de traballos individuais, o premio foi para Ana Pose Romero, alumna de 2º de B.U.P. do Instituto de Pontedeume, polo traballo *O mundo do traballo na Coruña de comezos do século XX*. Houbo accésit para un grupo de 4º da E.S.O. do Instituto de Sar de Santiago de Compostela polo traballo *A muller e o mundo laboral*, para un grupo do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos por *A muller e a sociedade: problemas e perspectivas*, e para outro grupo do Instituto de Mugardos por *A evolución da industria da pesca na Galiza nos séculos XVIII-XX*:



Relación doutros premios escolares

Á parte dos xa citados, por coincidir con outros premios dos glosados anteriormente, sabemos da existencia dos que a continuación relacionamos:

-IVº Concurso de Narrativa “Emilia Pardo Bazán”. Convocado polo C. P. do Chouzo.

-IIIº Concurso de Poesía Juvenil 95 Profesor “Manuel Masdías”. Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana.

-IVº Certame de Poesía “López Abente”. Convocado pola Asociación Cultural Punta da Buitra.

-Premio Manuel Quiroga convocado polo Concello de Pontevedra.

-Certame de redacción convocado pola Organización Española Para el Libro Infantil (Oepli).

-XIIº Concurso Literario Airiños do Xunco convocado pola Asociación Cultural do mesmo nome co gallo do Día das Letras Galegas.

-P. V., “Convocado el duodécimo concurso literario del grupo “Airiños do Xunco”, *El Progreso*, 1 abril 1996, p. 13. Recolle as bases da convocatoria de 1996.



- IIIº Certame de poesía da Asociación Amigos da Poesía Baixo Miño coa colaboración dos concellos pertencentes á comarca do Baixo Miño.

-IIº Certame Poesía na Escola, organizado pola Asociación de Amigos da Poesía do Baixo Miño.

-E. G., "Alumnos de ESO de veinte colegios tomarán parte en el certamen "Poesía na escola", *Faro de Vigo*, 18 outubro 1996, p. 18. Anúnciase que Emilia Rosende, presidenta da Asociación Amigos da Poesía do Baixo Miño, está recorrendo os colexios públicos da bisbarra para informar das bases deste premio.

-Irene Calzado, "El II certamen de 'Poesía na Escola', el domingo en Tui", *Atlántico Diario*, 20 novembro 1996, p. 10. Comunica que se pecha o prazo de presentación de orixinais para o concurso e que se espera un nivel de participación semellante ó da anterior convocatoria, á que se presentaron máis de cen traballos.

-Iº Premio Literario Antón Fraguas convocado polo Instituto de Bacharelato Rosalía de Castro (Santiago de Compostela).

-Antón Canide, "Un premio de nombre Fraguas", *La Voz de Galicia*, 1 marzo 1996, p. 42. Fálase da convocatoria deste premio como unha das moitas homenaxes recibidas por Antón Fraguas e da reacción deste ó coñece-la noticia.



-IIIº Certame de relato curto Antonio Fernández Pérez e Certame de Poesía Xosé Carlos Caneiro Pérez convocados polo Concello de Verín e dirixidos a estudantes da comarca.

-Iº Concurso de Redacción en Galego Área Central.

-XVº Concurso literario infantil e xuvenil de Bergantiños organizado pola Asociación Cultural Lumieira de Carballo.

-VIº Certame estudiantil de Teatro do Concello de Monforte.

-Certame Literario organizado polo Concello de Monforte para festexa-lo Día das Letras Galegas.

-XIIIº Concurso Literario Diadema convocado polo concello de Ribadeo.

-XIVº Concurso literario convocado pola asociación cultural Eirexalba (O Incio).

-Víctor L. Villarabid, "La asociación 'Eirexalba', de O Incio, convoca su premio literario", *El Progreso*, 12 xuño 1996, p. 16. Exposición das bases do concurso e mención ó seu carácter de festa cultural obrigada nas terras do Incio.

-Premio de redacción sobre "Muller e Universidade no século XXI" convocado pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude e dirixido a estudantes de centros de educación en Galicia.



-Certame de Narrativa Xuvenil de Viveiro.

-VIº Concurso de Redacción en Lingua Galega organizado pola Federación de Asociacións de Veciños de Compostela.

-XIIº Concurso Escolar ONCE “Teatro sen límites”.

-Certame “Terra Cha” de literatura e debuxo infantil convocado pola asociación Xermolos de Guitiriz co gallo do Día das Letras Galegas.

-Concurso de redacción “17 de Maio” do Concello de Baiona.

-J. C., “Convocado un concurso de redacción por el 17 de maio”, *Atlántico Diario*, 30 abril 1996, p. 20.
Nota informativa das bases polas que se rexerá a convocatoria deste premio escolar.



XI.1. Monografías e libros colectivos

XI. Publicacións de literatura medieval

XI.1. Monografías e libros colectivos



Alfonso X, *Cantigas de Santa María*, edición Manuel Ferreiro e Carlos Paulo M. Pereiro, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 4, 1996, 240 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-921126-8-9).

Antoloxía de 95 cantigas da nosa lírica relixiosa medieval. Na “Nota preliminar”, os editores sinalan os criterios seguidos: o texto é basicamente o establecido por Walter Mettmann (Castalia, 1986/1988/1989), especialista nas *Cantigas de Santa María*, someténdoo a unha mínima modernización e regularización ortográfica para a maior comprensión do público lector, sen falsear a realidade fonético-fonolóxica medieval. Están representadas tódalas variedades compositivas: cantigas narrativas, de loor e litúrxicas. Acompañan a cada cantiga, á parte do número correlativo da antoloxía, o número na edición de Mettmann, as siglas dos cancioneiros polos que nos veu transmitida e unhas mínimas notas explicativas que axudan á comprensión e non entorpecen a lectura. Inclúe un “Índice de primeiros versos”.



Barreiros, António José, *História da Literatura Portuguesa. Volume I. Séc. XII-XVIII*, Braga, edición do autor, Bezerra Editora [distribuidor], março 1996, 15ª edição, 613 pp. (ISBN: 972-95731-0-7).

Nova edición, a 15ª, desta *História da Literatura Portuguesa*. Advírtense, con respecto ás primeiras edicións, cambios na Introdución (elimináronse apartados estritamente lingüísticos e incluíronse outros máis centrados na Teoría da Literatura). En cambio, a actualización bibliográfica é mínima. En canto á literatura galego-portuguesa, esta ocupa os capítulos I (A poesía dos trobadores) e II (A prosa no período trobadoresco). Os cambios no texto son tamén mínimos.



Bernárdez, Carlos L., *O corpo da amiga*, Lisboa: Edições Tema, febreiro 1996, 19 pp.

En palabras do autor “breve aproximación ao léxico do corpo da cantiga de amigo”. Estudia o forte sentido simbólico, normalmente erótico, que envolve o escasísimo léxico que os nosos trobadores empregaron para describir fisicamente as mozas das cantigas de amigo. Con numerosos exemplos, analiza o simbolismo dos cabelos, case sempre ligados ó momento do baño, dos ollos e do corazón, á vez que explica o significado de expresións como “estar em cabelo” ou “de corazón”. Finalmente, aborda as poucas referencias ó corpo, adxectivoado como “velido” ou “delgado”, e que cos movementos do baile reforza o erotismo e a sensualidade. O léxico da roupa, as camisas, as *delgadas*, o *brial* e o *cendal*, tamén participan deste simbolismo, pois a súa rotura ou a súa entrega está expresando a perda da virxindade.

Recensións:

-M. V. V., “Carlos L. Bernárdez: *O corpo da amiga*”, *Atlántico Diario*, 12 abril 1996. Nota informativa referida a esta aproximación á lírica medieval galego-portuguesa. Indica o crítico, citando palabras textuais do estudio, o valor simbólico que acadan moitas referencias ó aspecto físico da muller das cantigas de amigo e que reflicten un tratamento de sutil erotismo.



Xoán Carlos D. Alberte, "Verbas de amigo", Faro de Vigo, "*Faro das Letras*", nº CXXV, 18 maio 1996,

3. Recensión sobre o traballo presentado nas Xornadas de Teoría e Crítica Literaria organizadas polo Clube Cultural Adiante en Vigo a comezos de ano. Salienta a novidade do estudio centrado nun aspecto descoidado polos críticos: o léxico da descrición física da muller na lírica medieval. Cita outros estudos de Souto Cabo, José Luís Rodríguez ou Vicenç Beltrán dedicados ó mesmo tema. Resalta o valor simbólico de palabras, expresións e situacións que crean unha atmosfera de sutil erotismo.



Brea, Mercedes (coord.), *Lírica profana galego-portuguesa: corpus completo das cantigas medievals*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1996, 1071 pp. (ISBN: 84-453-1838-1).

Edición non crítica do corpus completo da lírica profana galego-portuguesa, realizada por un equipo de investigación formado por Fernando Magán Abelleira, Ignacio Rodiño Caramés, María del Carmen Rodríguez Castaño e Xosé Xabier Ron Fernández. O libro consta dunha pequena e sintética introducción (pp. 13-36) “para a correcta utilización do presente traballo” xa que “é preciso coñece-la maneira en que está estruturado, así como os fundamentos sobre os que se asenta e os conceptos básicos que o sustentan” (p. 13). Destes fundamentos salientarémolo básico, que é seguir para os trobadores e as cantigas a orde (alfabética) establecida por Tavani no seu *Repertorio Metrico della lirica galego-portoghese* (1967). Dánse de cada trobador os trazos esenciais da súa biografía e, en perfecta orde alfabética, seguen as composicións que se lle atribúen, das que se ofrece “a lectura que, en cada caso, foi considerada máis digna de confianza” (p. 13). Salientemos ademais que cada cantiga é acompañada por unha ficha explicativa na que se condensan datos como a súa localización nos manuscritos, a súa tipoloxía xenérica e estrutura métrica, os seus principais recursos formais e unha bibliografía específica, da que se ofrece todo o elenco a seguir da introducción (pp. 39-68). Pechan o libro editado dous apéndices, un que contén os textos dos cancioneros que se consideran alleos á tradición propia



da escola galego-portuguesa e outro no que se realiza unha primeira aproximación de conxunto á literatura perdida da lírica profana galego-portuguesa.



Campos Souto, M^a Begoña e Mar Campos Souto, *Prosa histórica, relixiosa e xurídica medieval. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 6, 1996, 207 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84 89679-11-8).

Selección das obras máis representativas da prosa medieval do período galego-portugués. As xoves editoras achegan fragmentos dos distintos tipos de prosa coñecidos: prosa histórica (*General Estoria*; a tradución galega da *Crónica Xeral* e da *Crónica de Castela*; *Crónica Geral de Espanha de 1344*; a *Crónica de 1404*); prosa legislativa (a *Primeira Partida*, tradución da primeira das *Siete Partidas* que escribiu Alfonso X); prosa tabeliónica (entre os que destacan os textos máis antigos, a *Noticia de Torto* e o *Testamento de don Afonso II*); e, por último, prosa científica ou tratados técnicos, dos que só se conserva o *Tratado de Alveitaria*, sobre o coidado do cabalo.



Corral Díaz, Esther, *As mulleres nas cantigas medievais*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos 1996, col. Galicia Medieval: Estudos, 1996, 367 pp. (ISBN: 84-7492-823-0).

O libro constitúe unha interesante contribución para a mellor comprensión dos textos da lírica trobadoresca galego-portuguesa, tanto profanos coma relixiosos (estudia tamén as *Cantigas de Santa María* de Alfonso X). A autora penetra nas distintas denominacións que recibe a muller na ficción trobadoresca por parte dos seus creadores (perspectiva masculina). Varios son os puntos nos que se estrutura a riqueza terminolóxica que emerxe dese mundo: “Denominacións xenéricas”; “Denominacións referidas á idade”; “Denominacións alusivas ás relacións de parentesco”; “Denominacións relacionadas co estado civil”; “Denominacións que marcan o status social”; “Denominacións relacionadas coa descrición física”; “Denominacións relacionadas co amor”; “Denominacións relacionadas coa virtude”; “Metáforas e comparacións”. Os termos estúdanse dende unha perspectiva etimolóxica e despois dentro do seu contexto literario, poñéndose de relevo as diversas interpretacións que orixinan. Unha das conclusións apuntadas pola súa autora é que “a muller ocupa certamente na lírica medieval galego-portuguesa un papel relevante tanto pola frecuencia de ocorrencias, coma polo protagonismo exercido no cantar e pola diversidade de figuras femininas que participan” (p. 351).



Ferreiro, Manuel e Carlos Paulo Martínez Pereiro, *Cantigas de Amigo*.

Antoloxía, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 1, 1996, 250 pp.

(ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-921126-5-4).

Selección representativa do xénero popularizante da cantiga de amigo. Inclúe 219 cantigas de tódolos cultivadores do xénero, incluídas aquelas que pertencen a distintos subxéneros, como barcarolas, cantigas de romaría, bailadas, ou que son textos híbridos (cantiga de tear, alba...). O texto escollido para cada cantiga foi o establecido por José Joaquim Nunes (*Cantigas d'Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*, Lisboa, Centro do Livro Brasileiro, 1932) pero enriquecido e mellorado coas distintas edicións críticas individuais e co cotexo directo dos manuscritos. Para facilita-la lectura, modernizouse a grafía, respectando a realidade fonético-fonolóxica da lingua medieval, e acompáñase de notas lingüísticas e explicativas. As cantigas están ordenadas por orde alfabética dos trovadores e por orde de aparición nos manuscritos. Indícase, para cada trovador, as datas aproximadas de nacemento e/ou produción seguindo, libremente, os datos de António Resende de Oliveira no seu libro *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV* (Lisboa: Ed. Colibri, 1994). Indícanse, así mesmo, os manuscritos que transmitiron as cantigas. Inclúe un *Índice de primeiros versos*.



Ferreiro, Manuel e Carlos **M. Pereiro**, *Cantigas de Amor. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 3, 1996, 253 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-921126-7-0).

Antoloxía de 210 cantigas de amor de tódolos cultivadores do xénero, feita seguindo os mesmos criterios da selección de cantigas de amigo: mostras dos distintos subxéneros, textos fronteirizos, textos paródicos...; modernización e regularización da grafía; acompañamento de notas explicativas; ordenación alfabética de trovadores; ordenación das cantigas de cada trovador segundo os manuscritos; indicación de datas aproximadas da vida e/ou produción dos trovadores e resolución de problemas de atribución seguindo os estudos de António Resende de Oliveira... Neste caso, o texto seguido foi o de José Joaquim Nunes (*Cantigas d'Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*, Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 1972) pero tamén o clásico de Dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos (*Cancioneiro da Ajuda*, Lisboa: Imprensa Nacional/Casa da Moeda, 1990), así como edicións críticas individuais e consulta dos manuscritos.



Ferreiro, Manuel e Carlos Paulo M. Pereiro, *Cantigas de Escarnho e de maldizer (e outras híbridas e dos xéneros menores)*. Antoloxía, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 2, 1996, 281 pp. (ISBN da colección: 84 921126-4-6; ISBN do volume: 84-921126-6-2).

Dentro da produción trobadoresca satírica ou non amorosa, os autores desta antoloxía distinguen dous grandes grupos: por un lado, as cantigas d'escarnho e de mal dizer propiamente ditas, das que fornecen 180 textos de practicamente tódolos cultivadores do xénero, e que dan conta de tódalas variedades ou modalidades posibles (escarnios persoais, "escarños de amor", sátiras morais, sátiras políticas, sátiras literarias...); por outro lado, aquelas cantigas híbridas ou pertencentes a xéneros menores, das que forman parte 11 tenzóns (incluíndo dúas posibles tenzóns ficticias, unha de amor e outra de amigo), 2 prantos, 1 cantiga de eloxio, 2 lais, 1 descordo e 5 pastorelas. Os criterios editoriais seguidos foron os mesmos que os das seleccións de cantigas de amor e de amigo, pero neste caso, a alusión a feitos referenciais concretos e a ambigüidade de moitas cantigas fixo que os editores proporcionasen un maior número de notas explicativas, que aclaran, sen dúbida, as dificultades de lectura dalgunha desas cantigas. O texto das cantigas foi establecido a partir das edicións de Manuel Rodrigues Lapa (*Cantigas de Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*, Vigo: Galaxia, 1970) á parte das xa citadas de J.J. Nunes e C. Michaëlis, edicións críticas individuais e



manuscritos. A antoloxía iníciase, ademais, cuns fragmentos escollidos da “Arte de Trovar”, poética anónima e incompleta conservada no comezo do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (B).



Freixeiro Mato, Xosé Ramón, *Antoloxía da prosa literaria medieval*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 5, 1996, 276 pp. (ISBN da colección: 84-921126-4-6; ISBN do volume: 84-921126-9-7).

Comeza o editor xustificando a escolla, para esta antoloxía, de obras que poderían parecer eminentemente portuguesas polas grafías ou solucións lingüísticas, afirmando que, como no caso da lírica profana, a prosa literaria medieval pertence “a unha mesma expresión lingüística e a un mesmo ambiente artístico-cultural”. Os textos escollidos agrúpanse en catro grandes bloques: Libros de liñaxes; Ciclo do Graal ou ciclo artúrico, con fragmentos do *Libro de Xosé de Arimatea*, do *Libro de Merlín*, da *Demanda do Santo Graal* e do *Libro de Tristán*; as lendas de Troia ou ciclo clásico, con exemplos da *Crónica Troiana* e da *Historia Troiana*; e, por último, Prosa Xacobeá, que recolle os *Miragres de Santiago* e a *Corónica de Santa María de Iria*. Tódolos textos foron modernizados e regularizados para facilita-lo achegamento a este tipo de textos.



Graña, Bernardino, *Cantigas de Santa María de Alfonso X*, Vigo: Xerais, col. Gran Merlín, 1996, 194 pp. (ISBN: 84-8302-011-4).

Selección de cincuenta *Cantigas de Santa María*, versionadas libremente por Bernardino Graña. A estrutura do libro está presidida pola simboloxía numérica propia da Idade Media e da literatura mariana de Alfonso X. Preséntanse cincuenta cantigas divididas en tres partes: unha primeira, composta por 37 cantigas narrativas ou de milagres; unha segunda de dez cantigas de loor e a última formada por tres cantigas de Festas. Cen son as palabras incluídas no Glosario final e cen tamén as notas que aparecen ó pé das cantigas. Nesta obra, dirixida a un público amplo e non especializado, o autor fai unha versión moi libre das cantigas: reduce os longos versos afonsinos, suprime o refrán, modifica o texto orixinal eliminando estrofas ou secuencias xa narrativas, xa líricas, e introducindo outras novas. Cada cantiga leva unha serie de notas complementarias que nos ofrecen comentarios explicativos, bibliografía adicional, outros tratamentos dos mesmos temas...

Referencias varias:

-Xavier Carro, "Cantigas", *La Voz de Galicia*, 29 decembro 1996, p. 10. Comentario sobre a adaptación realizada por Bernardino Graña das Cantigas de Santa María. Xavier Carro cre que o poeta soubo escolle-los milagres máis fermosos, ademais de introducir notas explicativas no texto para aclarar-la "historia diacrónica de cada milagre".



Lucas Álvarez, Manuel e Pedro **Lucas Domínguez**, *El priorato de San Vicenzo de Pombeiro y su colección diplomática en la Edad Media*, Sada: Edicións do Castro, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, 1996, 390 pp. (ISBN: 84-7492-815-X).

As intencións do presente libro aparecen perfectamente definidas na introducción (pp. 5-9): recupera-la historia medieval de Pombeiro (Ourense), que vai ser analizada segundo tres aspectos: 1. "Historia: abades, priores, *conventus* y vida monástica" (pp. 11-26); 2. "El patrimonio de Pombeiro" (pp. 27-38); 3. "Administración y rentas del patrimonio" (pp. 39-47). Para acada-los seus obxectivos recollen toda a documentación existente sobre o mosteiro da Ribeira Sacra, que se acha dispersa en catro fondos: no Arquivo Histórico Nacional de Madrid (Sección Clero); no Arquivo Histórico Provincial de Ourense (Sección Diplomas); no Arquivo da Catedral de Ourense (Fondo de Mosteiros) e na Biblioteca Nacional de París (Sección Manuscritos Españoles). Os autores ofrecen como complemento do seu estudio unha coidada edición da documentación recollida (son 289 documentos ordenados cronoloxicamente e que abranguen os anos 935-1526) completada cun índice antroponímico e cun índice toponímico que facilitan traballar na rica documentación do mosteiro galego.



Lucas Álvarez, Manuel e Pedro **Lucas Domínguez**, *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: Estudio y documentos*, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Sada: Edicións do Castro, 1996, 910 pp. (ISBN: 84-7492-818-4).

Coa análise de diversos aspectos (histórico-fundacionais; histórico-políticos; socio-económicos; documentais; etc...) os autores ofrécennos un valioso e indispensable estudio sobre o mosteiro de San Clodio do Ribeiro da Avia, que se encontra en terras de Castela, na provincia de Ourense. Interesan ó filólogo os 648 documentos, que abranguen o período cronolóxico que decorre entre o ano 928 e o 1500, non só porque reflicten as peculiaridades lingüísticas e léxicas da nosa lingua documental no medievo, senón tamén pola presenza de non poucos homónimos de trobadores como Fernan Velho, Pedr' Amigo ou Pero Meogo.



Martínez Pereiro, Carlos Paulo, *Natura das animalhas. Bestiario medieval da lírica profana galego-portuguesa*, Vigo: A Nosa Terra, col. Campus, nº 2, 1996, 238 pp. (ISBN: 84-89138-31-1).

Ensaio que combina con rigor o dato científico e o estilo divulgativo no que se estudian tódalas aparicións de animais no cancionero profano da lírica galego-portuguesa. Constitúe o marco do ensaio unha serie de consideracións sobre a esencia poética da nosa escola poética trobadoresca das que cabe salienta-la súa crenza na existencia dunha lírica pre-trobadoresca sobre a que se asentou a decisoria influencia do modelo que triunfaba nas terras *d' oc*. Outros aspectos tratados neste marco preparatorio son a natureza estilística e compositiva das cantigas que permiten establecer unha fronteira entre o cancionero amoroso (no que xoga un papel fundamental a *repetitio* e a *variatio*) e o satírico (que se basea sobre todo na invectiva, no equívoco e na ironía), e a periodización do movemento trobadoresco galego-portugués. No que se refire ó núcleo do ensaio, os animais figuran agrupados segundo a súa tipoloxía: *aéreos (aves)* (pp. 33-99); *aéreos e terrestres (insectos)* (pp. 101-114); *terrestres (équidos)* (pp. 115-162); *mariños (peixes)* (pp. 163-173); *terrestres (cánidos)* (pp. 175-183); *terrestres (cervos e leóns)* (pp. 185-209); *da natura das animalhas* (pp. 211-217); deles coméntase a súa aparición e a(s) interpretación(s) que suscita a súa contextualización. Unha bibliografía actualizada e tres índices (de animais (pp. 225-229); de cantigas (pp. 231-236) e de autores (pp. 237-238)) pechan o ensaio do profesor da Universidade da Coruña.



Referencias varias:

-E. C., "Campus", unha colección á busca do lector curioso", *O Correo Galego*, 22 maio 1996, p.44. Fai referencia á inauguración da colección "Campus" cos títulos: *Diminutivos en galego* de Xosé Ramón Freixeiro Mato e *Natura das animalhas* de Carlos Paulo Martínez. O director da editorial "A Nosa Terra", pretende, sen esquezela especialización destas obras, achegarse a un público cada vez máis numeroso. Manuel Ferreiro comenta no acto de presentación que estes ensaios "amosan o amor dos autores polo que fan".

-Miguel Anxo Fernán-Vello, "O feito diferencial galego", *O Correo Galego*, "A Fenda", 4 xullo 1996, p. 3. Anuncia a celebración dun Congreso anual, organizado polo Museo do Pobo Galego sobre o Feito Diferencial Galego que, en opinión de Fernán-Vello, foi negado e esquecido durante anos. Comenta que o primeiro dos encontros terá lugar en decembro do 1996 e xirará ó redor da Historia. O próximo ano abordarase a "Antropoloxía e a mentalidade popular" e no 98 a Literatura.

-Carme Vidal, "Carlos Paulo Martínez Pereiro: A literatura española apropiouse da lírica galegoportuguesa anulando os elementos diferenciadores", *A Nosa Terra*, nº 749, "Guierio Cultural", 24 outubro 1996, p. 25. Con motivo da publicación de *Natura das animalhas* (1996), Carme Vidal entrevista a Carlos Paulo Martínez Pereiro, quen afirma que o obxectivo desta publicación é abrir un diálogo coa lírica medieval que rompa coas barreiras académicas. Manifesta a súa desconformidade con que se queira reducir ós círculos universitarios o estudo desta parte da nosa literatura: "Hai tendencia a reducir a lírica medieval a eruditos e eu defendo todo o contrario". Denuncia, así mesmo, o feito de que a literatura española, nun afán totalizador e minimizador, se apropiou dela ignorando a súa pertenza a outra cultura. Do proxecto da "A Nosa Literatura", que está a desenvolver Edicións A Nosa Terra, afirma que é moi meritorio por se



lo primeiro proxecto realmente colectivo con contribucións de moitos autores e moitas maneiras de ve-la literatura pero sempre dende unha perspectiva propia. En canto a súa posición con respecto á norma do galego, afirma que é un lusista convencido, a pesar de que este libro estea publicado en normativa oficial coa finalidade de intentar que, renunciando na práctica, se poida confluír nunha solución intermedia. Finalmente, di non comprende-la ausencia da literatura portuguesa do noso ámbito cultural, xa que debера ter máis presenza ó estar á nosa beira e ser por riba fascinante, pero considera que este fenómeno vai unido a unha especie de lusofobia imperante.



Pozo Garza, Luz, *Ondas do mar de Vigo. Erotismo e conciencia mítica nas cantigas de amigo*, A Coruña: Espiral Maior, col. Ensaio, nº 7, abril 1996, 134 pp. (ISBN: 84-88137-78-8).

Ensaio no que a autora, ó longo de nove capítulos, desenvolve a súa visión sobre a esencia poética das cantigas de amigo galego-portuguesas, centrando o seu foco de atención nas sete cantigas do xograr galego Martín Codax. Coa procura de chegar a tal fin, aplicará a teoría das funcións da linguaxe de Bühler e a teoría do *coupling* de Levin ó corpus do xograr galego. Así mesmo, a autora insiste na dobre lectura que se ten que facer á hora de abordar estes textos: unha lectura baseada nun “código actual” e outra lectura que teña en conta un “código virtual”. Este procedemento será quen de lle permitir acceder ó erotismo das cantigas de amigo e á súa simboloxía.

Recensións:

-Manuel Vidal Villaverde, “Erotismo e conciencia mítica nas cantigas de amigo”, *Atlántico Diario*, 21 xuño 1996, p. 40. Comentario que salienta a lucidez do percorrido que a autora de Ribadeo realiza a través das sete cantigas de Martín Codax. O ensaio, dividido en nove capítulos, encétase coas cantigas de donas para adentrarse logo na conciencia mítica, Vigo, en clave erótica. Luz Pozo, apunta Vidal Villaverde, con



delicada intuición poética e amenidade na escrita, intertextualiza símiles e concordancias con outras pezas, conseguindo facer así máis accesibles os poemas para os non iniciados. Libro en definitiva “delicioso, suxerente, digno de figurar nos andeis de tódalas casas”.

-X. Xabier Ron Fernández, “Ondas, símbolo e creación poética en Martin Codax”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 21 xullo 1996, p. 9. Recensión na que o autor salienta a aparición do ensaio de Luz Pozo Garza por ser enriquecedor “e constituír unha fonte de novas observacións persoais sobre o simbolismo da nosa lírica”. Sen embargo, coméntanse certos aspectos que chocan coa postura que ten a autora sobre o ensaio e sobre o fenómeno trobadoresco: a ausencia dunha bibliografía de referencia e a explicación dos procedementos de intertextualidade concernentes ás cantigas *Bailemos agora, por Deus, ai velidas* de Johan Zorro e *Bailemos nós ja todas tres* de Airas Nunez por medio da moderna teoría da Escola de Tartu, cando se pode explicar pola “propia práctica creativa medieval” “consignada na *Arte de Trovar* fragmentaria conservada no Cancioneiro Colocci-Brancutti co nome de *cantiga de seguir*”.

-Rubén Quinte, “En Vigo, no sagrado Baylava Corpo Delgado”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, 17 outubro 1996, p. 23. Comentario sobre o ensaio da poetisa galega, do que se di que é dos “máis suxerentes que teñen saído nos últimos anos aquí”. O autor eloxia a análise efectuada por Luz Pozo Garza do apartado titulado “A simetría da Bolboreta”, no capítulo I, pola súa “lucidez argumental”, onde a autora, que aplica as teorías da linguaxe de Bühler e Jakobson, compara o corpus martiniano “á harmonía da natureza”.

-Vicente Araguas, “Fermosa Miscelánea”, *O Correo Galego*, “Revista de Letras”, nº 132, 7 de novembro 1996, p. 6.



“Cun estilo que bascula entre a pedagogía e a amenidade”, así define Araguas o ensaio de Luz Pozo Garza, *Ondas do mar de Vigo*. O libro céntrase nas sete cantigas de Martín Codax á procura, segundo Araguas, das “súas voltas máis agachadas”, das “súas vertentes máis ocultas, tentando arrincar nestas fermosas cantigas símbolos e claves”. Salienta as diferentes situacións abordadas pola poetisa galega que lle dan pé para unha interpretación erótica das cantigas codianas e para desenvolver unha “tese verbo de que o lirismo e a referencia non teñen por qué se anular”.



Saraiva, António José e Óscar Lopes, *História da Literatura Portuguesa*, Porto: Porto Editora, 17ª edição corrigida e actualizada, 1996, 1216 pp. (ISBN: 972-030170-8).

Nova edición, posta ó día, deste manual portugués de historia literaria. Rexístranse novas incorporacións no equipo redactor (tres novas autoras participarán nas futuras actualizacións) e a baixa de Óscar Lopes, falecido en 1993. Os capítulos II-IV están dedicados á literatura medieval galego-portuguesa: a poesía trobadoresca, os cancioneros, os xéneros... (Cap. II); a historiografía e a épica (Cap. III); e a prosa de ficción (Cap. IV). No apartado bibliográfico que acompaña a cada capítulo advertímo-la súa actualización cos últimos traballos aparecidos.



Vallín, Gema (ed.), *Las cantigas de Pay Soarez de Taveirós*, Alcalá de Henares-Madrid: Universidad de Alcalá de Henares, col. Poetria Nova, nº 1, 1996, 317 pp. (ISBN: 84-8138-130-6).

Edición crítica do cancionero lírico (15 cantigas) do trobador Pai Soarez de Taveirós. O libro estrutúrase en dúas partes claramente diferenciadas: unha primeira (pp. 1-68) na que se defende a orixe galega do trobador cunha rica e rigorosa contribución de referencias documentais, en contra do que viña sostendo a crítica tradicional que, amparada nas teses de Carolina Michaëlis, argumentaba a prol dunha orixe portuguesa. Outro dos aspectos tratados é o de fixar de maneira definitiva o seu cancionero, xa que algunhas das súas cantigas se viran tamén atribuídas a Martin Soarez (nº IX, X, XI, XII da edición) por Valeria Bertolucci, sen embargo, os argumentos codicolóxicos permiten a súa atribución a Pai Soarez. Unha bibliografía detallada dá paso á segunda parte (pp. 86-263), onde varios comentarios, que anteceden (*elementos internos; métrica; contenido; rúbrica*) e seguen (*lecturas divergentes; notas críticas*) ó establecemento da cantiga, apoiada por unha versión moderna en prosa, constitúen o esencial desta edición crítica. Un *rimario* (pp. 265-268), unha *tabla de correspondencias* (p. 269) e un *glosario* (pp. 270-317) convértense nos indispensables instrumentos de traballo cos que Gema Vallín pecha a edición do cancionero do trobador de Taveirós (A Estrada).





XI. Publicacións de literatura medieval

XI.2. Actas



Beltrán, Vicenç, “Tipos y temas trovadorescos. XI. La corte poética de Sancho IV”, *La Literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”*, Alcalá de Henares, 21-24 febreiro 1994, edición ó coidado de Carlos Alvar e José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, 1996, pp. 121-140. (ISBN: 84-8138-103-9 (cartoné); ISBN: 84-8138-980- 3 (rústica)).

Traballo no que se reafirma o importante labor de continuidade cultural da corte de Sancho IV, con respecto á do seu pai, Alfonso X. Insístese, sobre todo, na súa condición de centro receptor de trovadores. O autor baseará o seu estudio en definir cáles son eses trovadores que se poden incluír na corte ou no tempo de Sancho IV “aunque sea a título de hipótesis de trabajo” (p. 123). Para chegar a tal fin ofrece unha ampla serie de referencias documentais, algunhas de indubidable carácter novidoso, que permiten establecer que son 12 os trovadores que se poden situar con toda probabilidade na corte de Sancho IV (Airas Nunez, Airas Paez, Caldeiron, Estevan Perez Froian, Gil Perez Conde, Gomez Garcia, Johan Vasquiz de Talaveira, Men Rodriguez de Briteiros, Men Rodriguez Tenoiro, Pai Gomez Charinho, Per’ Eanes Marinho e Rodrigu’ Eanes Redondo); 7 pódende relacionar dun modo indirecto na documentación coa súa corte (Afonso Fernandez Cebolhilha, Fernan Fernandez Cogominho, Fernan Figueira de Lemos, Fernan



Gonçalvez de Seabra, Fernan Soarez de Quinhones, Men Vasquez de Folhente e Pero Gonçalvez de Portocarreiro); e outros 13 pódense situar a modo de hipótese nos tempos do seu reinado (Afonso ou Alvaro Gomez, Airas Veaz, Fernand' Esquio, Johan Airas, Johan de Cangas, Johan Garcia, Johan Romeu, Lourenço, Nun' Eanes Cêrzo, Pae da Cana, Pero Goterrez e Roi Martiiz).



Benito-Vessels, Carmen, “Palabra frente a palabra: notas para un estudio de la enunciación en la prosa marginal de las *Cantigas de Santa María* del ms. de El Escorial T.I.1”, en *Homenaxe á Profesora Pilar Vázquez Cuesta*, Rosario Álvarez e Ramón Lorenzo (coords.), Santiago de Compostela: Dpto. de Galego, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, pp. 309-316. (ISBN: 84-8121 476-0).

Análise lingüístico-literaria da prosa marxinal das *Cantigas de Santa María*. A autora pon en relación os discursos mariano e diabólico co pensamento e a praxe lingüística de finais da Idade Media. Os personaxes do demo e da Virxe caracterízanse tamén lingüisticamente: no caso do demo, a súa palabra ten un poder diabólico, as súas formulacións lingüísticas son premeditadas, consciente do seu poder, e a súa palabra é validada por “escriptos” e por “cartas”; no caso da Virxe María, os seus discursos remanecen de benevolencia e piedade. Nos catro milagres analizados, a disputa verbal entre o demo e a Virxe ten distintas solucións: en dous deles (o de Teófilo e o do sacristán afogado) conclúese coa superioridade moral de María e coa violencia física contra os demos, é dicir, por elementos extralingüísticos; nos outros dous (o do monxe de San Pedro e o da viúva incestuosa) a palabra divina adquire un poder sobrenatural e a palabra diabólica perde toda a súa forza.



Bertolucci Pizzorusso, Valeria, “La lirica galego-portoghese all’epoca di Sancho IV di Castiglia”, *La Literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”*, Alcalá de Henares, 21-24 febreiro 1994, edición ó coidado de Carlos Alvar e José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, 1996, pp. 25-34. (ISBN: 84-8138-103-9 (cartoné); ISBN: 84-8138-980-3 (rústica)).

A autora centra a súa ponencia na reivindicación cultural da época de Sancho IV (1284-1295) que, ata o de agora, fora considerada como un deserto cultural. Incide en que a pesar de que o interese persoal de Sancho IV foi promover a prosa de tipo moralístico e didáctico, a súa corte serviu de fogar para trovadores tan interesantes como Airas Nunez, Pai Gomez Charinho e Gomez Garcia, abade de Valladolid, dos que a autora fornece as liñas esenciais da súa produción poética.



Betti, M. Pia, *Rimario e lessico in rima delle "Cantigas de Santa María" di Alfonso X di Castiglia*, Presentazione di Valeria Bertolucci Pizzorusso, Pisa: Pacini Editore, 1996.

A partir da edición das *Cantigas de Santa María* feita por Walter Mettmann, a autora elabora un elenco completo das palabras en rima no seu contexto e un léxico lematizado que facilita a busca do investigador. A obra complétase con dous índices: un de rimas e outro de palabras en rima.



Brea, Mercedes, “Pai Gómez Chariño y el mar”, *La Literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”*, Alcalá de Henares, 21-24 febreiro 1994, edición ó coidado de Carlos Alvar e José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, 1996, pp. 141-152. (ISBN: 84-8138-103-9 (cartoné); ISBN: 84-8138-980-3 (rústica)).

A autora analiza de qué maneira a presenza do mar se converte en elemento configurador da lírica profana galego-portuguesa. Comeza por estudar os riscos esenciais da funcionalidade do mar nos tres grandes xéneros: amor, amigo e escarnio. Este paso sévelle para determinar a significación que adquire o mar na poética de Pai Gomez Charinho, verdadeiro núcleo do seu traballo. Unha das conclusións máis interesantes é que a cantiga “De quantas cousas eno mundo son” ten que ser lida cunha certa carga de intencionalidade satírica e non tanto como unha cantiga encomiástica sen máis como o viña facendo a crítica especializada tradicional.



Brittes Lemos, Maria Teresa Toribio, “Notas sobre historia e literatura da Galiza medieval. Uma contribución para o estudo da cultura galega”, *Actas do IV Congreso Internacional da lingua galego-portuguesa*, Ourense, 1996, pp. 283-288.

Fai unha descrición das transformacións sociais, económicas e políticas acontecidas en Galicia na Baixa Idade Media. A partir da mesma, analiza as orixes da lírica galego-portuguesa medieval, atribuíndolle grande importancia á influencia da cultura provenzal, chegada a través do Camiño de Santiago. Finalmente, asocia a decadencia literaria do século XV á progresiva perda de poder político de Galicia en favor de Castela.



Calderón Calderón, Manuel, “Las cantigas de amigo de Pero Gonçalvez de Portocarreiro”, *La Literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”*, Alcalá de Henares, 21-24 febreiro 1994, edición ó coidado de Carlos Alvar e José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, 1996, pp. 323-342. (ISBN: 84 8138-103-9 (cartoné); ISBN: 84-8138-980-3 (rústica)).

Detallado traballo no que se analiza a personalidade histórica e literaria do trovador Pero Gonçalvez de Portocarreiro, activo no último cuarto do século XIII. Estrúctúrase en dúas partes ben diferenciadas: unha primeira na que se dan as claves históricas da familia Portocarreiro por medio das súas relacións de parentesco -ben ilustradas cun cadro xenealóxico (p. 327)-, e dos episodios máis representativos nos que se viu envolta. A segunda parte senta as liñas poéticas caracterizadoras do trovador, autor de catro cantigas de amigo, correctamente editadas por Calderón Calderón neste estudio.



Fidalgo, Elvira, “La literatura gallego-portuguesa en la corte de Sancho IV”, *La Literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”*, Alcalá de Henares, 21-24 febreiro 1994, edición ó coidado de Carlos Alvar e José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, 1996, pp. 549-554. (ISBN: 84-8138-103-9 (cartoné); ISBN: 84-8138-980-3 (rústica)).

Apéndice bibliográfico estruturado en tres apartados (obras de referencia; edicións e estudos de trovadores; estudo de relacións con outros trovadores), no que se ofrece unha bibliografía de primeirísima man, para un público non necesariamente especializado, dos trovadores que é posible situar con seguridade na corte do rei de Castela e León Sancho IV.



García-Sabell, Teresa, “Quelques cas d’allophonie chez les troubadours”,
Estudios de Filología Francesa. Edad Media y siglo XVI, edición ó cuidado de
Luís Gastón Elduayen e Jesús Gascón Marcos, Granada: Servicio de
Publicaciones, pp. 129-143. (ISBN: 84-338-2256-X).

Visión de conxunto sobre o emprego do bilingüismo na lírica trobadoresca. Entre os diversos casos que ofrece para a súa exposición figuran os xa coñecidos de Airas Nunez e Fernan Soarez de Quinhones. Así mesmo, tamén alude ó grande coñecemento que da lírica occitana (e mesmo oitánica) tiñan os trobadores galego-portugueses. Sen embargo, non acerta a explica-las vías de entrada desta influencia na obra de Don Denis.



Gaspar, Ana Blaser, "Santa María de Terena nas *Cantigas* de Alfonso X", *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de Diciembre de 1994)*, Juan M. Carrasco González e Antonio Viudas Camarasa (eds.), Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. 1, 1996, pp. 73-84.

Artigo no que se estudian as doce cantigas do corpus mariano que narran feitos e milagres relacionados co santuario de Santa María de Terena, que se encontra no actual concello de Alandroal, no Alentejo. A autora esforzase en ofrecer unha axeitada contextualización (histórica e miraculística) dos textos motivo do estudo.



Laguía François, Myriam, “La nature dans les chansons de toile et les cantigas de amigo”, *Estudios de Filología Francesa. Edad Media y siglo XVI*, Edición ó coidado de Luís Gastón Elduayen e Jesús Gascón Marcos, Granada: Servicio de Publicaciones, pp. 189-208. (ISBN: 84-338-2256-X).

Visión de conxunto que, sen ser exhaustiva, ofrece, mediante un enfoque comparativo, algúns datos interesantes sobre a presenza da natureza nas cantigas de amigo e na *chanson de toile*. Sen chegar a ningunha conclusión brillante, o traballo incide nunha necesidade nos estudos actuais sobre a lírica galego-portuguesa: establece-los puntos de contacto entre a lírica galego-portuguesa e a lírica en *langue d'oïl*.



Lemaine, Ría, “E se fossem as próprias mulheres que...?”, *Actas do IV Congresso Internacional da língua galego-portuguesa*, Ourense, 1996, pp. 261-282.

Ría Lemaine estrutura este estudio do concepto de “autor” na literatura medieval en nove partes. Réstalle valor á concepción de “autor individual e masculino” na nosa lírica medieval por ser unha herdanza do século XIX e por non coincidir co resto de tradicións líricas medievais. Considera necesario reformular tódalas teorías referidas á autoría das cantigas galego-portuguesas para facerlle nelas un oco ás mulleres. Para a anterior afirmación baséase no “intimismo feminino” característico das cantigas de amigo e que, segundo a autora do artigo, só podería ser expresado por unha muller.



Lorenzo Gradín, Pilar, "Gomez Garcia, abade de Valadolide", *La Literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional "La literatura en la época de Sancho IV"*, Alcalá de Henares, 21-24 febreiro 1994, edición ó coidado de Carlos Alvar e José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, 1996, pp. 213-226. (ISBN: 84-8138-103-9 (cartoné); ISBN: 848138-980-3 (rústica)).

Traballo que ten por obxectivo fixa-los trazos esenciais do trobador Gomez Garcia. A autora efectúa un detallado percorrido polas vicisitudes históricas padecidas por Gomez Garcia no seu importante cargo político de "abade de Valadolide". De seguido, analiza a tradición manuscrita do trobador co gallo de contextualiza-la edición crítica das dúas cantigas que os apógrafos italianos lle atribúen e que constitúe o peche deste interesante traballo.



Martínez Pereiro, Carlos Paulo, “*Trobar d’escarnho e d’amor* contra Deus. (Das difusas fronteiras do “xénero dubidoso” na lírica galego-portuguesa medieval)”,

Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de Diciembre de 1994), Juan M. Carrasco González e Antonio Viudas Camarasa (eds.), Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. 1, 1996.

Artigo no que se estudia un reducido grupo de cantigas onde o eixo temático é constituído polo ton inculpatório do eu lírico que acusa a Deus das súas desgracias amorosas. As peculiaridades dos textos analizados permítenlle ó autor postular que son independentes de todo modelo provenzal e que constitúen un xénero de difícil adscrición xenérica. Os seus cultivadores son Johan de Lobeira, Johan Lopez d’ Ulhoa, Don Pedro, Conde de Barcelos, Vasco Gil, Pero Goterrez, Pero Garcia Burgalês e Gil Perez Conde.



Monteagudo, Henrique, “Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII: ‘Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores’”, en *Homenaxe á Profesora Pilar Vázquez Cuesta*, Rosario Álvarez e Ramón Lorenzo (coords.), Santiago de Compostela: Dpto. de Galego, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, pp. 351-375 (ISBN: 84-8121-476-0).

Comentario lingüístico dun texto en prosa do século XVII. A “Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores” apareceu como Limiar do *Libro da Confraría de Cambeadores de Santiago*, e é un exemplo máis das falsificacións históricas setecentescas. Revísase a historia do texto, os seus principais transmisores (Huerta e Rioboo), e o coñecemento que do texto se tiña nos séculos XVIII e XIX, por parte de autores como Murguía, López Ferreiro... A análise lingüística, detallada e completa, permite data-lo texto no século XVI e desenmascara-lo emprego do galego para conferirlle máis dignidade e autenticidade e, polo tanto, máis valor histórico a un texto feito para enzalza-la familia de *España*.



Mussions, Anna M^a, “Los trovadores en los últimos años del siglo XIII. Ayras Nunez y la romería de Sancho IV”, *La Literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”*, Alcalá de Henares, 21-24 febreiro 1994, edición ó coidado de Carlos Alvar e José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, 1996, pp. 227-233. (ISBN: 84-8138-103-9 (cartoné); ISBN: 84-8138-980-3 (rústica)).

Artigo que parte da cantiga “A Santyago em rromaria ven”, composta polo clérigo-trobador Airas Nunez co gallo da peregrinación de Sancho IV a Santiago de Compostela en 1284 e que pertence á controvertida tipoloxía xenérica das cantigas de romaría. A autora salienta o carácter propagandístico que adquire este tipo lírico. Depois de ofrecer unha síntese dos autores que compoñen cantigas de romaría, céntrase naqueles que toman a Santiago como centro topográfico das súas composicións.



Noia Campos, Camino, “O galego escrito no Portugal do século XV”, en *Homenaxe á Profesora Pilar Vázquez Cuesta*, Rosario Álvarez e Ramón Lorenzo (coords.), Santiago de Compostela: Dpto. de Galego, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, pp. 69-76. (ISBN: 84-8121-476-0).

Estudio das diferencias gráficas, fonéticas e morfolóxicas entre dous textos que recollen o “Sínodo de D. Frei Justo Baldino”, do 21 de setembro de 1486. A autora chega á conclusión de que son dúas copias, unha en galego e outra en portugués, feitas por dous escribáns distintos e que xa no século XV hai unha clara separación entre as dúas linguas. Por outro lado, o texto galego mostra unha maior vacilación ortográfica, próxima á lingua oral, e con algúns castelanismos.



Plavskin, Zacarías I., “Algunas notas sobre las Cantigas de Santa María de Alfonso X”, en *Homenaxe á Profesora Pilar Vázquez Cuesta*, Rosario Álvarez e Ramón Lorenzo (coords.), Santiago de Compostela: Dpto. de Galego, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, pp. 437-441. (ISBN: 84-8121 476-0).

A existencia dun código nacional, é dicir, dun conxunto de trazos propios de cada literatura nacional ó longo dos seus séculos de vida, revélase, na Idade Media, como algo flexible, froito das continuas interaccións e mutuos enriquecementos entre as diferentes literaturas (a castelá, a catalana e a galego-portuguesa, neste caso). Exemplo disto poden se-las *Cantigas de Santa María*, escritas en galego-portugués, koiné da lírica do momento en case toda a península. Analiza o autor algunhas características que fan novidosa a colección de milagres marianos: a participación do propio autor como personaxe dalgunhas narracións, como xa sinalara Alan Deyermond; a louvanza da Virxe como aquelas damas cantadas polos trovadores, chegando a considerarse Alfonso X como o seu *entendedor*; o tratamento popular da relixiosidade, convertendo á Virxe nunha muller simple; o costumismo e detallismo na descrición de personaxes e ambientes... Algún deses trazos formarán parte logo do código nacional da literatura castelá.



Pociña López, Andrés José, “Una cantiga en gallego-portugués con influencias castellanas”, *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de Diciembre de 1994)*, Juan M. Carrasco González e Antonio Viudas Camarasa (eds.), Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. I, 1996, pp. 95-103.

O autor estudia unha composición de Alfonso Álvarez de Villasandino, *Entre Doyro e Miño estando* dende o punto de vista lingüístico e temático. Trátase da cantiga que Villasandino dedicou a Juana de Sosa, amante do rei Enrique II, entre 1377 e 1378. Pociña salienta a contaminación lingüística entre o galego-portugués tardío e o castelán. O diálogo do poeta co reiseñor permítelle poñer en relación o texto coa cansó de Bernart de Ventadorn *Can vei la lauzeta mover*.



Queixas Zas, Mercedes, “A fronteira do *tirar* de ‘os beesteiros daquesta fronteira’”, *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de Diciembre de 1994)*, Juan M. Carrasco González e Antonio Viudas Camarasa (eds.), Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. I, 1996, pp. 85-93.

Estudio semántico e temático das nove cantigas de escarnio onde está presente o termo “fronteira”. Son, por norma, escarnios políticos que xiran ó redor de acontecementos relacionados coa Reconquista. Noutros casos, o termo aparece en relación coa soldadeira María Balteira.



Ron Fernández, Xosé Xabier, “Citar es crear. El arte de la cita en Airas Nunez”, *La Literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”*, Alcalá de Henares, 21-24 febreiro 1994, edición ó coidado de Carlos Alvar e José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, 1996, pp. 487-500. (ISBN: 84-8138-103-9 (cartoné); ISBN: 84-8138-980-3 (rústica)).

O estudio ten por obxectivo a análise da produción poética do clérigo-trobador Airas Nunez, activo na corte de Sancho IV. En concreto, o autor pretende reflecti-los diferentes graos de intertextualidade existentes no corpus poético de Airas Nunez. A conclusión á que chega é que os fenómenos de intertextualidade responden a varias motivacións: diálogo con outros discursos trobadorescos; emprego da técnica da *cantiga de seguir* tal como está codificada na fragmentaria *Arte de Trovar* do Cancioneiro da Biblioteca Nacional; uso da lingua provenzal en tanto que constitúe unha “auctoritas” que lle permite ó trobador apoia-lo seu discurso.



Tato Fontaiña, Laura, “*Paio de maas artes* entre Castela e Portugal”, *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de Diciembre de 1994)*, Juan M. Carrasco González e Antonio Viudas Camarasa (eds.), Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. I, 1996, pp. 65-72.

Novo achegamento á cantiga *Chegou Paio de maas artes*, de Pero Mendiz da Fonseca. Trata a autora de ofrecer novidosos datos históricos que axudan a comprender un texto que sempre suscitou diversas hipóteses sobre a identidade do Paio aludido.



Tato Plaza, Fernando R, “Comentario a unha receita medieval para a preparación da tinta”, en *Homenaxe á Profesora Pilar Vázquez Cuesta*, Rosario Álvarez e Ramón Lorenzo (coords.), Santiago de Compostela: Dpto. de Galego, Universidade de Santiago de Compostela, 1996, pp. 335-350. (ISBN: 84-8121 476-0).

No Libro de notas de Alvaro Peres, notario de Rianxo, da segunda metade do século XV, aparece a única receita coñecida para confecciona-la tinta que os notarios e escribáns empregaban nos documentos. No estudio faise un comentario detallado dos aspectos codicolóxicos, grafemáticos, fonético-fonolóxicos, morfolóxicos e sintácticos. É no léxico onde a receita ofrece informacións máis valiosas ó describir minuciosamente as medidas de capacidade (açu[n]bre e neto), medidas de peso (õca, pûta) e os materiais a empregar (agallas, caparrosa). Inclúe tamén un pequeno estudio técnico sobre os tipos de tintas, materiais empregados...



Vallín, Gema, “Las cantigas del sisón”, *La Literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”*, Alcalá de Henares, 21-24 febreiro 1994, edición ó coidado de Carlos Alvar e José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, 1996, pp. 521-530. (ISBN: 84-8138-103-9 (cartoné); ISBN: 84-8138-980-3 (rústica)).

Estudio no que se analiza a presenza da ave “sisón”, ave zancuda de carne comestible, no cancionero profano da lírica galego-portuguesa. En concreto, aparece en dúas cantigas de Alfonso X, “Non quer’ eu donzela fea” e “Sénher ara ie-us vein querer” -tensó que o rei entabla con Arnaldo (Catalan)-, e nunha tensó entre Martin Soarez e Pai Soarez de Taveirós, “Ay, Paay Soarez, venho-vus rogar”. A autora estudia as implicacións semánticas do sisón e chega á conclusión de que responden ós dous “valores de representación con que se ha distinguido al ave en la lírica gallega: el comportamiento sucio y el vuelo ruidoso” (p. 530).



Víñez, Antonia, “Documentación de trovadores”, *La Literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”*, Alcalá de Henares, 21-24 febreiro 1994, edición ó coidado de Carlos Alvar e José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, 1996, pp. 531-542. (ISBN: 84-8138-103-9 (cartoné); ISBN: 84-8138-980-3 (rústica)).

Despois de revisar unha ampla gama de documentos (libros de repartimentos, nóminas de poboadores, relacións de donadíos e títulos de propiedade emitidos pola chancelería rexia), Antonia Víñez fornécenos novas referencias e novas perspectivas que son imprescindibles na procura de establece-las biografías dos trobadores. Estas referencias documentais falan de “don Afonso Lope de Vayá”, “Arias Peres Buytron”, “Pero Gomes Barroso”, “Johan Lopes de Ulhoo”, “Pedro Amigo, joglar”, “Mend Rodrigues de Tenoyro”, “Estevan Perez Froyan” e de “Gonçal Yvanes d’Ouinal”, entre outros.



XI. Publicacións de literatura medieval

XI.3. Publicacións en revistas



Arias Freixedo, Xosé Bieito e Xosé María **Gómez Clemente**, “Publicacións sobre literatura medieval galego-portuguesa”, *Anuario de estudos literarios galegos 1995*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, 1996, pp. 149-159.

Repaso ás publicacións que saíron ó longo de 1995 sobre a literatura medieval galegoportuguesa. Destacan os autores a cantidade, a calidade e a variedade destas publicacións, feitas todas elas con profundidade e rigor. Despois de recuperar dúas obras que non foran recensionadas no *Anuario* correspondente a 1994, a coidadísima edición facsímilar do *Cancioneiro da Ajuda* e, con certo retraso, o volume VII das *Actas do XIX Congreso de Lingüística e Filoloxía Románicas*, editadas por Ramón Lorenzo, os autores pasan revista ó publicado no ano 1995: as *Actas del V Congreso de Literatura Medieval*, organizado pola Asociación Hispánica de Literatura Medieval, que conteñen traballos de G. Lanciani, A. Correia,

G. Vallín, P. Lorenzo, E. Fidalgo e J.A. Souto, entre moitos outros, e que versan sobre diferentes aspectos da nosa poesía medieval (edicións, estudos retóricos, históricos, temáticos, léxicos...); os tres importantísimos números da colección *Historia Crítica da Literatura Medieval*, da Editorial Xerais: o de V. Beltrán, o de A. Resende de Oliveira, o de G. Lanciani e G. Tavani; a edición non venal de *Las cantigas de Pay Soarez de Taveirós*, de Gema Vallín; e, por último, as reedicións das *Cantigas d'escarnho e maldizer* de Rodrigues Lapa, e das *Cantigas de Pero Meogo*, de Leodegário de Azevedo Filho.



Azevedo Filho, Leodegário A. de, “O poema musical de Codax como narrativa”, *Estudos Galegos*, 1, Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense, 1996, pp. 17-26.

Artigo que resume un máis amplo publicado en *Uma visão brasileira de literatura portuguesa* en 1973. O obxectivo do autor é analiza-las sete cantigas de Martín Codax que, no momento de publicarse a versión ampla, eran as únicas en conservaren a súa notación musical no nomeado Pergamiño Vindel (en 1990, deuse a noticia do achado do Pergamiño Sharrer, con notación musical, aínda que fragmentaria, de seis cantigas de Don Denis). O profesor brasileiro expón que as sete cantigas, tal como veñen dispostas no Pergamiño Vindel (no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e no *Cancioneiro da Vaticana* temos a mesma disposición), se teñen que estudar e ler como se dun grande poema se tratase, onde as cantigas desenvolven unha secuencia narrativa no seo dunha clara estrutura orgánica de enredo. Para reafirma-la súa hipótese contrastará os seus argumentos cos de certos estudiosos (Michaëlis, Nunes, Cunha...), que consideraron as sete cantigas de Codax como se fosen autónomas, sen ligazón entre elas.



Bar Cendón, Mónica, “As cantigas medievais en ruso”, *Festa da Palabra*


Silenciada, nº 12, 1996, p. 101.

Breve comentario celebrando a publicación bilingüe, galego-ruso, dunha antoloxía da poesía trobadoresca galego-portuguesa, *Poesía dos trobadores* (1995). O traballo coordinado por Elena Zernova e realizado polo Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo recolle cantigas de 44 autores nun volume de presentación coidada.



Beltrán, Vicenç, “Itinerario de los tristanes”, *Voz y Letra*, VII (1), 1996, pp. 17-44.

O seu propósito é “calibrar su importancia (a das distintas versións do *Tristan*), para comprender en su justa medida el conjunto de su tradición literaria y dar cuenta cabal de las expectativas del lector moderno deberemos trazar un itinerario de los Tristanes europeos y situar esta reliquia en su cabal perspectiva histórica” (p. 18). A súa pesquisa escomeza escudriñando dende as primeiras testemuñas ata a magna compilación do século XIII: o *Tristan en prose*. Presentado ese elenco de vestixios, pretende resolve-la problemática de poder precisar cál foi a lingua e o punto no que naceu o primeiro relato da historia de Tristán. Adéntrase no estudio dos manuscritos que se empregan para a reconstrucción do relato da magna obra do *Tristan en prose*, do problema da(s) autoría(s) desa versión en prosa, das técnicas empregadas na súa elaboración (pp. 25-33). Dende aquí repasa os temas e motivos, as intencións do(s) creadore(s) do relato (pp. 33-36), a propagación polo resto do mundo Occidental, centrándose sobre todo nas versións das distintas linguas da Península (pp. 36-44).



Bernárdez, Carlos L., “O corpo da amiga”, *A Trabe de Ouro*, “Acoutacións”, nº 25, Tomo I, ano VII, xaneiro-febreiro-marzo 1996, pp. 57-63.

Fronte ó que sucede nas cantigas de amor, nas cantigas de amigo aparece en numerosas ocasións referencia ó aspecto físico. Así, Carlos L. Bernárdez fai neste artigo unha aproximación ó léxico do corpo da amiga sinalando que estas referencias non son unicamente descritivas senón que conlevan un valor simbólico. Comeza o estudioso anotando que a amiga presente nas cantigas debe ser practicamente adolescente, “sendo a fermosura condición sine qua non para disfrutar do amor”. Continúa apuntando que as alusións son sempre sutís, evitando a referencia sexual, pero dunha intensa sensualidade. A seguir, enumera cada un dos termos empregados en relación ó corpo e fai un breve estudio do seu uso: “cabelos”, xunto con “garcetas” (trenzas), normalmente asociados con lavar e coa presenza dos cervos; “ollos”, espello da alma, case sempre unidos ó choro; “corazón” (coas formas “coraçon” ou “cor”), de clara connotación amorosa, frecuentemente ligado á coita; “corpo”, acompañado de adxectivos (velido, delgado, loução) que destacan a fermosura da amiga. Tamén se refire, en relación con este tema, á roupa interior feminina (camisa, delgada, brial e cendal).



Branco, António, “Sobre a sátira medieval”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro de setembro 1996, pp. 195-198.

Recensión do libro publicado en 1993 por Graça Videira Lopes sobre *A sátira nos cancioneiros medievais galego-portugueses* (Lisboa: Estampa). Valora positivamente todo intento de recuperar o interese poético e documental que a poesía satírica ten e que, por cuestións morais, nunca foi realmente valorada. Critica, sen embargo, a premura coa que se fixo o libro e que provocou unha chea de incoherencias e erros bibliográficos, de citas, de sintaxe... Describe detalladamente o contido do libro e destaca as ideas novidosas da autora como o concepto de “maldizer apostro”, cantiga en primeira persoa identificable co personaxe satirizado.



Brea, Mercedes, “La *fin’amor* et les troubadours galiciens-portugais”, *Revue des langues romanes*, 1996, tome C, nº 1, pp. 81-107.

Artigo no que Mercedes Brea efectúa unha visión de conxunto sobre os aspectos esenciais da lírica amorosa galego-portuguesa co fin de contrastala cos da lírica occitana. A autora pon un maior énfase en delimitar cáles son as liñas que máis alonxan a nosa lírica da occitana (salienta o papel xogado pola *coita*, a ausencia do exordio primaveral, etc.); deste xeito, é quen de establecer cáles son os parámetros da personalidade poética do noso cancionero amoroso. Así mesmo, son interesantes as valoracións e chamadas de atención por parte da autora sobre campos que están abandonados pola crítica especializada e que necesitan de investigacións detalladas (por exemplo, chama a atención sobra a necesidade de establece-las débedas literarias entre a lírica dos *trouvères* e a dos nosos *trobadores*).



Casas Rigall, Juan, “El enigma literario del trovador Macías”, *El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia*, nº VI, verano 1996, pp. 11-45.

Algúns dos problemas ó redor da vida e obra do trovador da escola galego-castelá Macías levan ó profesor Rigall a dar unha visión de conxunto e proporcionar unha serie de notas ou propostas para unha posible edición e estudio da obra deste autor a camiño entre dúas tradicións, a trobadoresca e a cancioneril. Das 23 composicións que normalmente se lle atribúen, distingue entre as de autoría segura (5), as de atribución probable (2), as de atribución dubidosa (3), as de atribución moi dubidosa (6) e as de atribución errónea (6), aclarando que un verso dunha desas composicións fora considerado como poema á parte. A análise lingüística dos textos, matizando un importante traballo anterior de Rafael Lapesa, permítelle establece-la diferenciación entre poemas galegos (“Cativo de miña tristura” e “Provei de buscar medida”), poemas probablemente casteláns con presenza de galeguismos e poemas casteláns con galeguismos illados. Tras un breve repaso ós problemas de transmisión textual, abórdanse sumariamente os aspectos da temática, do estilo e da métrica das composicións de Macías para resalta-lo que de tradición e de renovación hai nelas, reflexo da encrucillada literaria na que viviu o noso trovador.



Cohen, Rip, “Dança jurídica. I. A poética da sanha nas cantigas d’amigo. II. 22 cantigas d’amigo de Johan Garcia de Guilhade: vingança de uma sanhuda virtuosa”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro-dezembro 1996, pp. 5-50.

Extenso e interesante traballo dividido en dúas partes ben diferenciadas pero estreitamente ligadas. Na primeira “A poética da sanhuda nas cantigas d’amigo” (pp. 5-27) leva a cabo un pomenorizado estudio do “grupo lexical SANHA”, aplicando criterios lóxico-filosóficos (Wittgenstein, Austin). Analiza tódalas referencias que teñen que ver coa *sanha* da namorada e que aparece empregada por 27 dos 88 poetas que cultivan a cantiga de amigo, nun total de 46 das 500 cantigas que compoñen o xénero de amigo (un 10%). Estudia a súa aparición en lugares fortemente privilexiados da forma estrófica (incipit, refrán, fiinda e verso previo ó refrán), a súa posible antigüidade atendendo ás formas estróficas das cantigas nas que aparece e a súa estreita ligazón coa terminoloxía xurídica (*mentir, jurar, vingarse, seer errado, torto...*). Na segunda parte (“22 cantigas d’amigo...”, pp. 27-36) analiza e organiza como secuencia lóxica a serie de 22 cantigas de amigo de Johan Garcia de Guilhade (incluíndo unha que, ata o de agora, viña sendo considerada como cantiga de amor, *Vi oj’eu donas mui ben parecer*). O autor desentraña non só a autonominatio explícita nalgunhas cantigas (o poeta autocítase por boca da namorada) senón tamén unha autonominatio escondida: os sons finais de catro das cantigas formarían o nome I-OU-A-AN. Apunta tamén, baseándose neste tipo de cábalas e xogos malabares, a posibilidade de que Johan Garcia de Guilhade sexa un xudeu pois as últimas letras



dos vv. 6, 7, 8 e 9, 10, 11 da composición *Fez meu amigo, amigas, seu cantar* compoñen a palabra ZIÃO, nome dunha cidade sagrada para o xudaísmo. Complétase o traballo con dous apéndices sobre o grupo lexical SANHA e sobre “vingar” e “vinga” nas cantigas de amigo.



_____, “Johan Garcia de Guilhade, 22 cantigas d’amigo. Edición crítica”,
Colóquio/Letras, nº 142, outubro-dezembro 1996.

“Extratexto” ou separata que forma parte do nº 142 da revista portuguesa *Colóquio/Letras*. Contén a edición crítica de 22 cantigas de Johan Garcia de Guilhade. Inclúe unha pequena nota introductoria, un incipitario e os 22 textos co seu correspondente aparato crítico (sen comentarios nin notas). A organización e secuenciación dos textos non é casual, nin tampouco a inclusión da cantiga nº 9, *Vi oj’ eu donas mui ben parecer*, catalogada como cantiga de amor por toda a crítica. A explicación podémola atopar no artigo do mesmo autor aparecido na mesma revista (pp. 5-50).



Correia, Ângela, “O outro nome da ama. Uma polémica suscitada pelo trovador Joam Soares Coelho”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro-dezembro 1996, pp. 51-64.

Achegamento á coñecida “polémica das amas e tecedeiras” provocada por unha cantiga de Johan Soares Coelho no que declaraba o seu amor a unha ama de cría, e que foi fortemente contestada e obxecto de burla por parte doutros trobadores. Baseándose nas *Etimologías* de San Isidoro de Sevilla, en glosarios latinos e mesmo en obras clásicas, afirma que “ama” é tamén o nome co que se coñecía ó moucho. E no *Livro de linhagens do Conde D. Pedro* identifica unha muller nobre chamada Urraca Guterres e coñecida co alcume de Moucha, que podería se-la dama cantada por Coelho. Comenta así mesmo a recepción que esta composición tivo e que suscitou o ciclo das amas: apunta a que os trobadores, como por exemplo Fernan Garcia Esgaravunha, seguramente percibiron a alusión á muller nobre e criticaron o fácil recoñecemento da dama, e aproveitaron a permisibilidade do termo “ama” para facer un xogo literario.



_____, “Depois do espectáculo trovadoresco”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro de setembro 1996, pp. 256-257.

Recensión descritiva do libro de António Resende de Oliveira, historiador conimbricense, sobre a formación dos cancioneros peninsulares. As informacións do autor proxectan luz sobre puntos escuros e propoñen hipóteses de traballo sobre a biografía de autores, atribucións de composicións... Descríbese a formación dos cancioneros a partir da súa estrutura, podendo distinguirse unha “zona tripartida”, que recolle autores nobres con textos dispostos en tres seccións (amor, amigo e escarnio) e unha “zona complementar” constituída en tres fases e que recolle as incorporacións posteriores. Detéctanse un cancionero de cabaleiros e unha recolla de trovadores portugueses na primeira zona, e un cancionero de reis e magnates, un cancionero de clérigos e outro de xograres galegos na segunda zona. A autora da recensión pon de relevo tamén a utilidade das fichas incluídas no Apéndice, sobre biografía dos autores e colocación das súas composicións.



Dionísio, João, “A *Demanda do Santo Graal*”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro de setembro 1996, pp. 234-236.

Recensión da edición que Irene Freire Nunes fixo da *Demanda do Santo Graal* (Biblioteca de Autores Portugueses, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1995), xa editada parcialmente con anterioridade por Joseph M. Piel. Céntrase o autor do comentario nas incoherencias detectadas na transcripción do texto e que segue, basicamente, as *Normas* publicadas no *Boletim de Filologia* (XXII, 1964-73, pp. 471-525). En comparación coa edición de Piel, o novo texto presenta algunhas mellorías, pero tamén aspectos mellorables (lecturas, glosario, índices...). Conclúe o autor indicando que é a mellor edición coa que se conta hoxe da *Demanda*.



Esteves, Elisa Nunes, “A dimensión retórica na ‘Crónica Geral de Espanha de 1344’”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro-dezembro 1996, pp. 103-109.

A autora propón deslinda-la *Crónica Geral de Espanha de 1344*, “o texto historiográfico mais importante que a Idade Média portuguesa produziu”, do ámbito da historiografía para achegarse ós valores literarios, estilísticos da obra. Denuncia unha elaboración estilística derivada do gusto e coñecemento das técnicas retóricas, e da manipulación de estratexias discursivas. Escolle para demostralo o episodio das loitas entre os fillos de Fernando I, Sancho, Afonso e García, á súa morte polo dominio de España.



Fernandez, Sonia Inez Gonçalves, “Seqüestro de dona e o seqüestro da voz feminina: um cotejo entre a cantiga de amigo e a poesia modernista”, *Estudos Galegos*, Maria do Amparo Tavares Maleval (org.), Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense, 1996, pp. 17-26.

Artigo que compara a cantiga de Pedr' Amigo de Sevilha, “Dizede, madre, por que me metestes” (B 1218/V 823) coa composición “Coco do major” do poeta modernista brasileiro Mário de Andrade (1927). A preocupación da autora é establecer en qué aspectos as composicións se relacionan e en cáles se diferencian, pero sobre todo ver qué factores sofren unha transformación poética.



Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio, M^a Teresa **González Balasch** e Juan Carlos **De Pablos Ramírez**, “El tumbo de Caaveiro (1^a parte)”, *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios. O mosteiro de San Xoán de Caaveiro*, nº 3, monografía, xullo 1996, pp. 267-437.

Edición do cartulario do mosteiro de San Xoán de Caaveiro, ancorado na fraga eumesa, que leva a cota 1439 B da sección Códices do Arquivo Histórico Nacional. A edición interesa pola súa calidade e organización, amais de permiti-lo acceso ás ricas vivencias históricas do mosteiro eumés. Os estudos que acompañan á edición non deixan de trata-los temas máis salientables: aspectos materiais e formais importantes para a ciencia codicolóxica; aspectos paleográficos ben apoiados con cadros sinópticos; aspectos tipolóxicos que permiten ver como as doazóns, cun 67 % do total de documentos, dominan nesta colección diplomática. Os textos abranguen un amplo período cronolóxico que se estende dende o ano 714 ata o ano 1253. Interesante é o documento nº 139, unha acta notarial de 1240 redixida en galego por Pero Affillado e Fre Barro, clérigos, e por Pero Amigo, “coego”.



Ferreira, Maria do Rosário, “*Do cancionero de amigo*”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro-dezembro 1996, pp. 254-255.

Comentario da terceira edición do libro co-asinado por Stephen Reckert e Helder Macedo, *Do cancionero de amigo* (Lisboa: Assírio & Alvim, 1996). Indícanse os cambios, formais e estruturais, con respecto ás dúas edicións anteriores: escasa actualización bibliográfica, redución dalgunha das partes iniciais, incorporación dalgún capítulo novo... Critícase a posible descontextualización das cantigas á que se pode chegar no intento de demostrala “comunicabilidade”, a potencialidade significativa dos símbolos, a partir de *similia* doutras épocas ou culturas, caendo nun estudio de antropoloxía literaria.



Fidalgo, Elvira, “Loores y milagros”, *Lateral*, xuño 1996, p. 29.

Pequena síntese sobre as *Cantigas de Santa María*, no que se cuestiona o grao de participación do Rei Sabio na súa elaboración. A autora di que “pocas veces debió de ir máis allá de la supervisión, ordenación, selección del material y corrección de resultados”. Ofrécese unha visión de conxunto sobre as características do cancionero marial: tradición manuscrita; procedementos retóricos; disposición formal e métrica; tipoloxía xenérica e clasificación.



_____, “Consideración social de los judíos a través de las *Cantigas de Santa María*”, *Revista de Literatura Medieval*, VIII, 1996, pp. 91-103.

O artigo divídese en dúas partes. Na primeira (pp. 91-96), repasa detalladamente a situación social xudea no Reino Cristián Peninsular medieval, na segunda (pp. 96-103) céntrase no rol do xudeo no *corpus* poético da *Cantiga de Santa María* de Alfonso X. Nesta parte, Elvira Fidalgo divide o *corpus* tomando como referente o papel exercido polo personaxe do xudeo nas cantigas marianas: de mero referente (pp. 96-100) ou de protagonista (pp. 100-102). Todo este percorrido a través das *Cantigas de Santa María* leva a Elvira Fidalgo a concluír que cómpre resaltar “el hecho de que a moros y cristianos se les permita coexistir en las CSM, si bien caricaturizados, ridiculizados, castigados e, incluso, convertidos, respondería seguramente a la realidad social de la época”, aínda que tampouco debemos de esquecer que “el marco en que se inscriben estos relatos, una magna obra cuya intención es el ensalzamiento de la Virgen, (...), y la demostración de la conveniencia de la religión católica ante cualquier otro credo religioso” (p. 103).



Forcadela, Manuel, “A cantiga de amigo á luz da teoría da comunicación”,
A Trabe de Ouro, “Cuestións”, nº 25, Tomo I, ano VII, xaneiro-febreiro-marzo
1996, pp. 37-52.

Manuel Forcadela aplica neste artigo o esquema da comunicación de Roman Jakobson ás cantigas de amigo para demostrar que o proceso de evolución e desenvolvemento das mesmas non só é debido ás variacións nos seus referentes formais (rima, refrán, leixa-prén e paralelismo) senón tamén ó modo de enunciación e, polo tanto, este debería incluírse na definición destas cantigas. A evolución segundo a hipótese de Forcadela tería un primeiro paso das cantigas monologadas ás dialogadas e un segundo paso no que se cambiaría a voz feminina por unha masculina. Da análise dos modos de enunciación o estudioso extrae que a súa variación provén da necesidade de establecer novos temas (así, do soliloquio do amigo ausente pásase ó tema da petición ó introduci-la figura da nai como destinatario interno e conforme aparecen novas figuras aumentan as posibilidades temáticas) que leven á renovación do propio xénero, renovación influída en certo sentido pola cantiga de amor. Conclúe Forcadela cunha breve aproximación ó estudio dos verbos dicendi que, nas súas propias palabras, preludian “o paso desde a cantiga monologada á cantiga dialogada e, neste sentido, permite establecer unha curiosa vía de encontro entre a cantiga de amigo e a pastorela”.



Gracia, Paloma, “El ciclo de la *Post-Vulgata* artúrica y sus versiones hispánicas”,
Voz y Letra, VII (1), 1996, pp. 5-15.

Artigo no que Paloma Gracia se propón presenta-lo estado en que se atopan os estudos sobre o ciclo da *Post-Vulgata*. Sobrancea a cantidade de follas que se compuxeron da materia artúrica ó longo do século XIII e que ía *in crescendo* a medida que se facían modificacións, adicións ou supresións de episodios. Vai percorrendo así todo o proceso evolutivo do ciclo iniciado por Chrétien de Troyes e que proseguen outros poetas do momento ou posteriores. O que máis nos interesa do artigo é a terceira parte, pois trata os textos compostos na Península da *Post-Vulgata*. Nel fálasenos da posible data da primeira traducción, do traductor e do número de textos e o seu estado de conservación, mais só son meras hipóteses ata o de agora, e cómpre polo tanto averiguar eses datos na medida en que se poida e sobre todo interesaría poder “establecer la singularidad del ciclo hispánico y el sentido del mismo, a partir de la confrontación de las distintas versiones” (p. 15) existentes tanto na Península coma alén dela para podermos averiguar cáles foron as fontes das que bebeu a tradición ibérica da *Post-Vulgata*.



Koss, Alexandra, “A poesía medieval galego-portuguesa nas traducións rusas”,
Viceversa, nº 2, 1996, pp. 211-219.

Breve artigo no que se fai un percorrido pola recepción da lírica galego-portuguesa en Rusia. O seu estudio efectúase por medio das traducións que sobre as cantigas se fixeron. Así, se ben é recensionable unha longa época de abandono ou, mellor dito, de falta de curiosidade por esta lírica, en consonancia co que acontecía nos restantes países europeos a partir dos anos sesenta, gracias á grande contribución dos filólogos italianos, comeza en Rusia a ser coñecida esta lírica. Dende os primeiros intentos traductolóxicos de I. Tiniánova (1972) ata a recente escolma bilingüe *Poesía dos Trobadores* (1995) preparada baixo a coordinación de H. Zernova, pasando pola antoloxía unilingüe *Lira Lusitana* (1986) de S. Puskinova. A autora detense nos acertos e desacertos na escolla dos textos antologados en *Poesía dos Trobadores* e en *Lira Lusitana*. Así mesmo, expón algunhas consideracións sobre a calidade da tradución/versión ofrecida.



Lopes, Graça Videira, “*Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval*”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro-dezembro 1996, p. 273.

Noticia da publicación das Actas do Congreso celebrado en Lisboa en outubro de 1991 (publicado en Lisboa: Edições Cosmos, 1993). Céntrase na importancia do descubrimento do investigador norteamericano Harvey L. Sharrer dun fragmento que inclúe sete cantigas de amor de Don Denis musicadas (tres traballos das presentes actas abordan aspectos relativos a este testemuño: Sharrer, António Guerra e Manuel Pedro Ferreira). Destaca tamén o traballo de A. Askins sobre o Cancioneiro de Berkeley (*Cancionero de un grande d’Hespanha*). A penas se comenta nada das restantes 161 comunicacións.



_____, “*Dicionário da literatura medieval galego e portuguesa*”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro-dezembro 1996, pp. 274-275.

A autora destaca a importancia deste novo Dicionario que debe entenderse máis ben como “un espazo de recolha de informacións e de reflexión múltipla que convida, como qualquer libro, à lectura e à descuberta do que dizem as suas páginas”. Non se comentan as diferentes entradas por seren numerosas, pero valórase o feito de que sexan de carácter xeral sen caír no excesivo (p. ex., considera adecuado ter cada trobador unha entrada particular e non unha xeral do tipo “Trobadores e xogares”).



Maleval, Maria do Amparo Tavares, “Hilda Hilst, leitora dos trovadores galego portugueses”, *Estudos Galegos*, 1, Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense, 1996, pp. 77-88.

¿En que maneira as lecturas que a escritora Hilda Hilst fixo do Cancioneiro profano galego-portugués e do *Cancioneiro Geral* de Resende influíron na súa propia produción literaria? Á resposta desta pregunta consagra o seu esforzo a estudiosa brasileira neste artigo. A autora lembra que Hilda Hilst escribiu en 1960 *Trovas de muito amor para un amado senhor*, no que era visible a influencia do *Cancioneiro Geral* de Resende. A re-utilización consciente da lectura do Cancioneiro trobadoresco galego-portugués é a constante na *Trilogia cult-pornô*, de finais dos anos oitenta, e que consta dos libros *O caderno rosa de Lori Lamby*, *Contos de escarnio* e *Cartas de um seductor*. O segundo libro é o que máis conecta co cancionero medieval, polo seu título e pola obscenidade que atopamos nel. Trátase dunha maneira moderna de entende-lo fenómeno trobadoresco. É un neo-trobadorismo, onde é habitual o emprego de lugares comúns e imaxes dos trobadores medievais.



Michon, Patricia, “Palamède dans les romans arthuriens de la péninsule ibérique”, *Travaux de Littérature*, IX, 1996, pp. 7-19.

Artigo que estudia a Palamedes, personaxe do *Tristan en prose*, que compite en armas e rivaliza en amores co heroe Tristán. A autora analiza como a aparición de Palamedes nas *Demandas* peninsulares -a galego-portuguesa e a castelá- supón a introducción de novos datos sobre a súa etopeia (ausentes no *Tristan en prose*) que se deben, segundo a autora, ben a que figuraran no texto orixe, o *Pseudo-Boron* ou *Post-Vulgata*, conservado en estado fragmentario e disperso, ou ben ó enxeño creador (e manipulador) dos propios compiladores e/ou tradutores.



Miranda, José Carlos Ribeiro, “Como o rei Artur e os cavaleiros da sua corte demandaram o reino de Portugal”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro-dezembro 1996, pp. 83-102.

Despois de facer un percorrido pola historia da materia artúrica (orixes, cultivadores, evolución...) e prestar atención á recepción moderna do tema artúrico, analiza o autor a materia en Portugal, na literatura medieval galego-portuguesa: a chegada á Península a través do Infante D. Afonso, fillo de Afonso II, que estivo dezaseis anos en Francia e onde debeu coñecer-lo tema; os exemplos conservados (os lais de Bretaña, algunhas composicións trobadorescas, a *Demanda do Santo Graal* e outras referencias indirectas); a importancia que a literatura artúrica tivo, o que explica por unha “afinidade de intereses, de parâmetros mentais e de comportamentos com esses mesmos meios da aristocracia francesa”.



Mongelli, Lênia Márcia, “Elas por ele, el-rei D. Dinis”, *Estudos Galegos*, 1,
Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense, 1996, pp. 37-42.

A autora inicia o seu traballo cunha rápida visión das cualidades poéticas do rei-trobador Don Denis para, de seguido, adentrarse no mundo das súas cantigas de amigo. Toma como exemplo deste corpus as cantigas “Chegou-mi, amiga, recado” e “Coitada viv’, amigo, porque vus non vejo” para observar como o rei-trobador se adentra na pintura psicolóxica do eu lírico. A autora, despois do seu estudio, pon en relevo a perfecta observación do comportamento feminino que amosa Don Denis.



Montero Cartelle, Emilio, “La interdicción sexual en el gallego medieval: la expresión de los órganos sexuales femeninos”, *Verba. Anuario galego de Filoloxía*, vol. 22 (1995), 1996, pp. 429-447.

Analizando un corpus de obras medievais de carácter xurídico (documentos e foros) e literarios (obras en prosa e verso, relixiosas e profanas), o autor leva a cabo un estudio da linguaxe erótica medieval e da interdicción sexual (a coacción externa ou psicolóxica que orixina o eufemismo). É sobre todo nas cantigas de escarnio (analizadas na edición de Lapa), onde se pode atopar unha maior variedade léxica, non sempre desprovista dunha aberta ambigüidade.



Parga, Luis, “Un mergulho místico na famosa cantiga da passarinha”, *Agália*, nº 45, primavera 1996, pp. 123-125.

Estudio e interpretación, dende unha “aproximación de ordem mística”, da coñecida cantiga de Santa María, a número 103, do monxe absorto durante 300 anos co canto dun paxariño cando quería ve-lo paraíso. Despois dunha poética e literaria descrición do asunto, conclúese que o paraíso é caer nunha duración sen cómputo e que a vivencia paradisiaca é a existencia na que o tempo non pasa.



Picoito, Pedro, “Espaço e poder na épica medieval portuguesa”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro-dezembro 1996, pp. 65-81.

Estudio das relacións existentes entre os espazos xeográficos e o poder que se detectan na *Gesta de Afonso Henriques*, versión en prosa do que puido ter sido un poema épico, un cantar de xesta galego-portugués, e que se conservou na *IV Crónica Breve de Santa Cruz de Coimbra*, a *Crónica de vinte reyes* e o *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro de Barcelos*. O autor concorda coas hipóteses de José António Saraiva acerca da dobre orixe da *Gesta* e na existencia de tres episodios diferentes: o dos combates entre Afonso Henriques e os adversarios na batalla de Ourique, de probable orixe señorial e, polo tanto, dependente dun poder aristocrático e que estaría ambientado nos territorios miñotos; o do Bispo Negro, de orixe diversa e dependente do poder real, ambientado en Coimbra; e, por último, o episodio do desastre de Badaxoz.



Raña, Román, “‘Illa de illas’ (A cantiga de Meendinho e a 86 das *Cantigas de Santa María*)”, *Boletín Galego de Literatura*, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 145-152.

Análise comparativa da cantiga de Mendinho (Sedia-m’ eu na ermida de San Simion) e a cantiga mariana de Alfonso X, a n^o 86 (Como Santa Maria livrou a muller prenne que non morresse no mar e fez-lle aver fillo dentro nas ondas). As dúas composicións teñen como protagonista a unha muller que queda illada trala repentina subida da marea. Sinálanse tamén as diferencias entre as dúas: se na cantiga de Mendinho a donzela acode á illa a unha cita co seu amigo, encontro que non se producirá, na Cantiga de Santa María a muller, embarazada, acode á illa para redimirse dos seus pecados. Nesta última predomina a función narrativa, mentres que na primeira a función lírica. Ofrécese un detallado estudo interpretativo das dúas composicións ofrecendo posibles lecturas simbólicas.



Rodiño Caramés, Ignacio, “Giulia Lanciani/Giuseppe Tavani, *As cantigas de escarnio*”, *Boletín Galego de Literatura*, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 242-244.

Recensión do libro *As cantigas de escarnio* (1995), dos profesores Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani, que forma parte da serie dedicada á Historia Crítica da Literatura Medieval, dentro da colección Xerais Universitaria, da editorial Xerais. Incide o autor en que “a maior parte do presente estudio constitúeno, con máis ou menos revisións e reelaboracións, anteriores achegamentos de ámbolos dous críticos ó xénero escarnino”. Así mesmo, despois de chama-la atención sobre os problemas terminolóxicos que presentan as etiquetas tradicionais de “escarnio” e de “maldizer”, resume as principais conclusións das diferentes partes nas que se estrutura o traballo de Lanciani/Tavani. Delas, remarca que “non se emprega xa a etiqueta *sirventés*, modificada polos especificativos moral, literario e político, que implicaba certa dependencia da poesía provenzal”, pero Rodiño Caramés amosa a súa disconformidade polo emprego duns especificativos que son, en realidade, “modalidades discursivas”. Ademais, o autor expón unha pequena lista de erros cometidos na traducción.



_____, “Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani, *As cantigas de escarnio*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 12, maio 1996, pp. 261-263.

Comentario do libro dos investigadores italianos Lanciani e Tavani centrado sobre o xénero escarnino medieval. Repásase a sutil diferenza entre *cantigas de escarnho* e *cantigas de mal dizer*, o realismo lírico destas cantigas, os distintos tipos de sátira (política, literaria, moral...) e os xéneros dialogados (tensó e partimen).



Rodrigues, Ernesto, “*Poesía de rei: três notas dionisinas*”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro-dezembro 1996, pp. 255-256.

Brevísimo comentario sobre o traballo da profesora portuguesa Elsa Gonçalves, *Poesía de rei: três notas dionisinas* (Lisboa: Edições Cosmos, 1991). Divídese en tres apartados nos que se editan e interpretan varias cantigas de D. Denis: no primeiro deles, édítase unha das cantigas de amor que apareceron musicadas no chamado Fragmento Sharrer, *Non sei como me salv’ a mia senhor*, e do que salienta o autor da recensión algunhas solucións editoriais como o respecto da anisometría dos versos. Noutro dos apartados dase unha novidosa interpretación de tres cantigas de escarnio que satirizan a Joan Bolo e a súa mula.



Rodrigues, Fernando Ozorio, “Vuitoron e a sátira política”, *Estudos Galegos*, 1, Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense, 1996, pp. 43-55.

Artigo no que se fai un estudio comparativo de “duas versións conhecidas” da cantiga B 1477/V 1088, atribuída a Airas Perez Vuitoron polos apógrafos italianos. Estas versións son a de Lapa, que editou a cantiga na súa edición do cancionero satírico en versos longos (“A lealdade da Bezerra pela Beira muito anda”) e a de Nunes, que a editou en versos curtos na súa *Crestomatía arcaica* (“A lealdade de Bezerra”). En concreto, o autor pretende facer “uma reflexão sobre a importância das pesquisas filológicas” (p. 43). Para chegar ó seu obxectivo recolle tamén comentarios sobre o léxico e as reconstrucións efectuadas por Lapa e Nunes.



Rodríguez, José Luís, “Algumas considerações sobre o espaço nas cantigas de escárnio e de mal dizer”, *Revista de Literatura Medieval*, VIII, 1996, pp. 179-200.

Con este traballo, J.L. Rodríguez “pretende efectuar algunhas observacións sobre a dimensión espacial nas catigas satíricas, pouco solicitadas tradicionalmente, polo seu teor conteudístico, para tecer consideracións a respecto da ‘paisagem’. A ‘paisagem’, porta de entrada das reflexións sobre os parâmetros espaciais, mas também temporais, em que se enquadram as *cantigas*” (p. 279). Alude logo a que a paisaxe tradicionalmente foi estudada fundamentalmente polos eruditos nas cantigas de amigo e de amor, e dentro destas, na *pastorela*, pois nos demais modelos pouco ou nada hai. Para levar a bo porto o seu propósito, irá abrangendo cuestións como as cantigas de escarnio e de maldizer onde explica cómo escolleu o *corpus* e os puntos que irá desenvolvendo, os espacios extra-textuais (varios tipos como o xeográfico, o social, o psicológico e o fantástico), e os espacios na configuración do *escarnho*, no que se considera que “a sua incidência na estruturação, na tessitura das CEM, nas quais joga indubitavelmente um papel de muito mais relevo que o tempo” (p. 197).



Rodríguez Castaño, María del Carmen, “Manuel Rodrigues Lapa, *Cantigas d’escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*”, *Boletín Galego de Literatura*, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 245-248.

Detallada recensión da reedición das *Cantigas d’escarnho*, do profesor Lapa. Descríbese o libro no seu aspecto formal, a dúas columnas, a dúas tintas, con miniaturas... que o achegan á estilística dos cancioneiros medievais. Incorporáanse quince láminas que ilustran a vida da época. Faise un brevísimo percorrido por algunhas das composicións incluídas na colectánea escarnina. E indícanse algunhas diferencias con respecto ás edicións anteriores: á parte da presentación formal, destaca a corrección das erratas advertidas. Indícase que a inclusión de bibliografía actualizada non foi posible por se tratar dunha reedición conmemorativa do primeiro centenario do seu nacemento.



Ron Fernández, Xosé Xabier, “Vicente Beltrán, *A cantiga de amor*”, *Boletín Galego de Literatura*, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 199-203.

Recensión do libro *A cantiga de amor* (1995) do profesor Beltrán, especialista en temas de literatura medieval, que inaugura a serie dedicada á Historia Crítica da Literatura Medieval dentro da colección Xerais Universitaria, na que se salienta “a perfecta mistura entre ciencia e didactismo, entre a investigación e a docencia”. O autor fai un detallado percorrido polas catro grandes partes nas que se estrutura o libro: “unha poética do amor” (pp. 17-72), da que di que é, “en certo senso, trazada coma un simple marco preparativo do verdadeiro núcleo do libro (os capítulos II e III)”; “a *dispositio* (I). As formas” (pp. 75-106), da que salienta o estudo comparativo entre a lírica occitana e a galego-portuguesa no que a formas estróficas e métricas se refire; “a *dispositio* (II). Estructura interna” (pp. 109-174), da que afirma é “o máis importante da investigación do profesor Beltrán” por introducir “a noción do conceptismo” á hora de analiza-la estrutura interna das *cantigas de amor*; “a *Elocutio*” (pp. 177-238), onde presta atención “ó estudo das pautas estilísticas” deste tipo xenérico.



_____, “Vicenç Beltrán, *A cantiga de amor*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 12, maio 1996, pp. 255-258.

Saliéntase a mestura de ciencia e didactismo neste interesante estudio sobre a cantiga de amor galego-portuguesa. Faise un breve comentario a cada unha das partes nas que se divide o libro: Unha poética do amor; A *dispositio*. As formas; A *dispositio*. Estructura interna e A *elocutio*. Destácanse así as diferencias entre a lírica galego-portuguesa e a provenzal, as peculiaridades do refrán, pero sobre todo recálcase a novidosa introducción da noción de conceptismo aplicada a esta lírica: a ponderación, o equívoco, a antítese, o paradoxo son os conceptos máis frecuentes na cantiga de amor.



_____, “Lênia Márcia de Medeiros Mongelli, Maria do Amparo Tavares Maleval, Yara Frateschi Vieira, *Vozes do Trovadorismo Galego-Português*”, *Boletín Galego de Literatura*, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 224-227.

O libro recensionado non garda unha homoxeneidade e compensación entre as tres partes nas que se divide, obra de tres autoras diferentes. As dúas primeiras, dedicadas ós trovadores Martin Moxa e Pero da Ponte (da responsabilidade de Tavares Maleval e de Medeiros Mongelli, respectivamente) non acertan, segundo o autor da recensión, na súa lectura interpretativa, manexando datos cronolóxicos incorrectos e bibliografía non actualizada, rexistrando importantes carencias. A terceira parte, dedicada a Johan Soarez Coelho e obra de Yara Frateschi, revélase como a máis traballada e coherente, co emprego da última bibliografía, ofrecendo suxestivas lecturas interpretativas.



Rossell, Antoni, “Las Cantigas en la Edad Caótica”, *Lateral*, xuño 1996, p. 28.

Pequeno artigo no que o filólogo-musicólogo Rossell advirte dos riscos que se corren á hora de realizar lecturas musicais (gravacións) non só das *Cantigas de Santa María*, senón de calquera repertorio melódico medieval sen atender a uns mínimos criterios de obxectividade, ou mellor dito, de fiabilidade. Por iso, define á actualidade de “Edad Caótica”, en cita de Harold Bloom. O autor recomenda unha dobre reflexión epistemolóxica: unha sobre o xénero literario musical; outra sobre a interpretación dos códigos paleográficos da notación dos manuscritos. De facerse así, non se repetirían tópicos como o de identificar cantiga con refrán coa música popular e tradicional, erro que condiciona as gravacións efectuadas.



Sodré, Paulo Roberto, “Um descordo em desacordo: sobre ‘Per quant’ eu vejo’, de Martin Moxa”, *Estudos Galegos*, 1, Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense, 1996, pp. 57-66.

Traballo no que se define a tipoloxía xenérica da cantiga “Per quant’ eu vejo”, atribuída a Martin Moxa. O autor revisará os argumentos dos estudiosos que a catalogaban como *descordo* (Michaëlis, Stegagno Picchio e Tavani), en clara contraposición á postura mantida por Lang, que non a consideraba *descordo*. Para contextualiza-las súas observacións, o autor analizará as cantigas de Raimbaut de Vaqueiras, Elias de Barjols, Alfonso X e Nun’ Eanes Cêrzo, consideradas *descordos* por boa parte da crítica especializada. Despois de efectuar unha análise dos elementos internos da cantiga de Martin Moxa chega á conclusión (xa coñecida) de que non estamos diante dun descordo, senón que a cantiga se ten que considerar como un “sirventés moral”.



Souto Cabo, José António, “Glossário do Testamento de Estevo Peres”, *Agália*, nº 45, primavera 1996, pp. 27-44.

Valioso traballo no que se edita, acompañado dun glosario, o texto galego-portugués máis antigo dos conservados en Galicia: trátase do *Testamento de Estevo Peres*, que data de 1230 e que foi redactado por un notario da vila de Ribadavia. Adiántase, polo tanto, en vinte anos ó período no que se xeneraliza o emprego da lingua romance (1250-1275). Este documento fora editado por Miguel Romaní na súa publicación da *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) 1012-1310*, Compostela, 1989, pero as diferencias detectadas con respecto ó orixinal levaron ó xove investigador a abordar de novo a cuestión, pois o presente estudio complementa outro anterior, que se atopa no prelo, na *Revista de Filología Románica*: “O testamento de Estévaio Peres. Aproximación à primeira escrita galego-portuguesa”. Preséntase o texto minimamente regularizado e modernizado na súa ortografía, cun amplo glosario, e unha reprodución fotográfica do documento.



Vallín, Gema, “Elogio y reproche en la *Cantiga da Guarvaya*”, *Cultura Neolatina*, ano LVI, 1996, fasc. 1-2, pp. 157-175.

Interesante artigo que propón “desenredar el hilo argumental” (p. 157) da cantiga “No mundo non me sei parella”. Esta cantiga só figura no *Cancioneiro da Ajuda* (A 38), cancionero carente de rúbricas atributivas, polo que sempre se dubidou sobre a identidade do seu autor, se ben os estudos máis recentes e cualificados asinten en concederlle a autoría da cantiga a Pai Soarez de Taveirós. A cantiga, que se move entre o eloxio e o desprezo, aproxímase ó *escarnho d’amor*. A autora centra a súa preocupación en estudar as motivacións poéticas do discurso do trovador, chegando a establecer non só antecedentes literarios, senón que dá unha interpretación coherente da cantiga.



Varanda, Maria Angélica, “O ‘Conto de Perom’”, *Colóquio/Letras*, nº 142, outubro-dezembro 1996, pp. 192-195.

Comentario do libro de José Carlos Ribeiro Miranda, *Conto de Perom, o melhor cavaleiro do mundo* (Porto: Casa do Livro, 1994). O *Conto de Perom* é un relato breve incluído no *Livro de José de Arimateia*, traducción galego-portuguesa da *Estoire del Saint Graal*, e que narra as aventuras do heroe Perom, antepasado de Galván, e a súa ascensión social co casamento con Camila. Trátase, pois, do relato da obtención dunha liñaxe. Analiza o concepto de *cortezía* no relato e o tratamento do personaxe de Galván ó longo da tradición artúrica.



Vieira, Yara Frateschi, “Assi moir’ eu: um modelo para Pai Soarez de Taveirós”, *Estudos Galegos*, 1, Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense, 1996, pp. 27-36.

Traballo no que a autora revisa a influencia que a lírica occitana exerceu, a través da *cansó*, na implantación do fenómeno na lírica galego-portuguesa. En concreto, céntrase na figura de Pai Soarez de Taveirós e na súa cantiga “Como morreu quen nunca ben”. A autora observa como esta cantiga foi sempre considerada polos estudiosos (Asensio, Spina...) como un claro exemplo de “adaptación” dos rexistros da *fin’amor* dos trobadores occitanos por parte dos trobadores galego-portugueses. Segundo a estudiosa brasileira, a esencia do eu lírico, o esqueleto sintáctico e estrófico do poema, os personaxes da ficción poética e o ton da cantiga, fan que se poda chegar á conclusión de que “as marcas do modelo provençal ainda são suficientemente visíveis no seu poema” (p. 33).



Vilariño Martínez, Agustín, “A. Resende de Oliveira, *Trobadores e xogrades: contexto histórico*”, *Boletín Galego de Literatura*, n^{os} 15-16, 1^o e 2^o semestres 1996, pp. 242-245.

Recensión na que o autor, Vilariño Martínez, eloxia a iniciativa de Xerais de “deseñar un lugar esencial para a Literatura Medieval Galega”, ó publicar, dentro da súa colección Xerais Universitaria, o traballo de investigación do historiador portugués Resende de Oliveira, *Trobadores e xogrades: contexto histórico* (1995). O autor da recensión salienta os fundamentos básicos da estrutura bipartita da obra: unha primeira parte (pp. 11-94) na que se revisan os aspectos históricos do movemento trobadoresco que o estudioso portugués concretiza en catro fases (“primeiras experiencias”, “implantación”, “presión das cortes rexias”, “refluxo”) e unha segunda (pp. 95-199) na que se ofrece “un elenco constituído polas diferentes fichas biográficas dos trobadores”.



_____, “António Resende de Oliveira, *Trobadores e xograres. Contexto histórico*”,
Revista Galega do Ensino, nº 12, maio 1996, pp. 259-260. (ISSN: 1133-911X).

Descrición do libro, resumo da tese de doutoramento, do historiador portugués Resende de Oliveira. Destaca a sinxeleza e a rigorosidade do estudio de D^a Carolina Michaëlis, de comezos de século, todavía indispensable hoxe en día.





XI.4. Publicacións en xornais: estudos e recensións

XI. Publicacións de literatura medieval

XI.4. Publicacións en xornais: estudos e recensións



Araguas, Vicente, “Deslinguados e obscenos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 98, 7 marzo 1996, p. 6.

Tras unha breve introducción onde trata a escaseza de poesía de escarnio na actualidade aínda que co material da época medieval hai dabondo, comenta o crítico a obra de Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani, traducida por Silvia Gaspar, *As cantigas de escarnio* (1995). Ó longo deste libro, sinala, teñen cabida aspectos formais e temáticos das cantigas e factores ambientais, así como o estudo das diferentes artes poéticas peninsulares. En definitiva, segundo Araguas, resulta un libro que combina amenidade e rigor científico.



_____, “Poesía medieval”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 104,
18 abril 1996, p. 6.

Recensión do libro de Antonio Resende de Oliveira, *Trobadores e xograres* (1995), que se insire dentro da triloxía da serie “Historia Crítica da Literatura Medieval” de Edicións Xerais, e que foi traducida ó galego por Valentín Arias. Ó longo da mesma analízase a estrutura da obra da que se salienta o apartado “Os axentes culturais”, onde aparece a distinción entre a figura do trovador e a do xograr, o apartado dedicado ás soldadeiras e a sección principal que contén as fichas biográficas duns 160 autores.



_____, “A subversión do sistema”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”,
nº 123, 29 agosto 1996, p. 6.

Artigo que resume as liñas esenciais do estudio que o profesor Vicenç Beltrán dedicou á lírica galego-portuguesa, *A cantiga de amor* (1995), e que saíu do prelo de Xerais dentro da serie “Historia Crítica da Literatura Medieval”. Salienta o crítico a análise beltraniana das cantigas que consiste en introduci-la noción do conceptismo, tal como a definía Baltasar Gracián, como chave para comprende-los procedementos compositivos do cancionero amoroso.



Burés Miguéns, María Teresa, “As cantigas de Santa María na Exposición do V Centenario”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 30 de xuño 1996.

Síntese na que se fai un percorrido a través da *Biblioteca Lago*, adquirida pola Universidade de Santiago en 1925 despois de morre-lo seu dono, o arcebispo compostelán Manuel Lago González. A autora salienta que durante a conmemoración do Vº Centenario da universidade compostelá se expuxeran catro dos volumes máis representativos desta Biblioteca, entre os que se encontraba o das *Cantigas de Santa María* de Alfonso X, en edición de 1889 realizada pola Real Academia Española. A autora aproveita a ocasión para dar unhas notas informativas non só da natureza e contido da edición, senón tamén da propia tipoloxía do xénero mariano.



Herrero Massari, José Manuel, “VV.AA, *Estudios galegos en homenaxe ó Profesor Giuseppe Tavani*”, *Revista de Filología Románica*, nº 13, 1996, pp. 427-431.

Recensión dun volume colectivo de artigos dedicado ó romanista Giuseppe Tavani. J.M. Herrero principia louvando a figura do profesor e describindo toda a súa dilatada carreira investigadora (284 publicacións) e de ensino (en varias universidades italianas). Logo desa presentación, o autor analízanos tódolos artigos que aparecen nesa homenaxe e que “mayoritariamente dedicados al lector gallego-portugués medieval” (p. 428). Fai os honores iniciais Mercedes Brea cun artigo sobre as orixes da lírica galego-portuguesa. Segue comentando un a un tódolos artigos de xeito breve que aparecen nesta homenaxe. Amais da profesora Mercedes Brea toman parte nel tamén Francisco Fernández Campo, Elvira Fidalgo, Pilar Lorenzo Gradín, Fernando Magán, X.X. Ron Fernández, Gerardo Pérez Barcala, María del Carmen Rodríguez Castaño, Rosario Álvarez, Henrique Monteagudo, Carmen Pizarro Bedoya, Carmen F. Blanco Valdés, Ana María Domínguez Ferro, Isabel González, Javier Gutiérrez Carou, Gemma Avenoz, José Ignacio Pérez Pascual, Cleofé Tato, José A. Souto Cabo, X.L. Couceiro Pérez, Carlos Paulo Martínez Pereiro e Francisco Fernández del Riego. A homenaxe péchase cunha evocación cordial de Alfredo Conde á prestixiosa figura do profesor G. Tavani.



J. G., “Neotrovadores en Galicia, Brasil y Portugal”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, nº 46, 11 xaneiro 1996, p. 4.

Artigo no que se observa, en palabras de José Luís Rodríguez, a importancia do fenómeno trobadoresco pola superación das fronteiras políticas, por dar unha proxección universal de Galicia e por plasma-la consolidación da primeira lingua literaria peninsular. Indícase así mesmo o nome de moitos trobadores medievais e salientase o feito, tal como afirma José A. Souto Cabo, de que cada vez se coñecen máis datos sobre tal período.



López Carreira, Anselmo, “Edición do *Tumbo Vermello*, valiosa fonte medieval”,
A Nosa Terra, nº 729, “Guieiro Cultural”, 6 xuño 1996, p. 24.

Recensión que dá a coñece-la aparición da edición do *Tumbo Vermello de don Lope de Mendoza*, que serve para relanza-la serie dos Anexos dos *Cadernos de Estudios Gallegos*, realizada por Ángel Rodríguez González. O autor define o texto como fonte moi valiosa, xa que permite reconstruí-lo patrimonio da igrexa de Santiago e así coñecer con máis precisión “a realidade de hai máis de quiñentos anos”.



Nicolás, Ramón, “A cantiga de amor”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”,
nº CXXVI, 25 maio 1996.

Recensión sobre o libro de Vicenç Beltrán, *A cantiga de amor*, publicado a finais de 1995. O crítico sostén que o profesor Beltrán pretende e consegue anova-las análises do xénero amoroso do noso cancionero medieval. Unha lectura menos reduccionista e tópica das cantigas queda aberta, indica o crítico, coas valoracións, interpretacións e análises feitas neste estudio.



Pena, Xosé Ramón, “Trobadores e xograres”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXIX, 23 marzo 1996, p. 2.

Recensión sobre o libro de A. Resende de Oliveira, *Trobadores e xograres* (1996), aparecido ó mesmo tempo que outros dous textos de estudos de literatura medieval. Salienta o crítico a nova perspectiva suxerida polo autor que é a de estudar a tradición manuscrita a partir das informacións que dos trobadores se teñen recollido e da estrutura dos cancioneiros que conteñen a súa obra. Estes conformarían un total de oito, cinco colectivos e un individual, redactados durante os séculos XIII e XIV, ós que habería que engadir as copias italianas posteriores. Tamén fai alusión o crítico a outras cuestións tratadas no libro, como o proceso que vai do canto ó códice, a distinción entre trobador e xograr, os condicionamentos impostos polos mecenatos das cortes rexias ou a revisión bio-bibliográfica de cento sesenta e un trobadores.



_____, “As cantigas de escarnio”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXIII,
4 maio 1996, p. 3.

Recensión sobre o libro aparecido a finais de 1995, *As cantigas de escarnio*, dos prestixiosos investigadores italianos Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani, que sae dentro da serie que a editorial Xerais está dedicando á nosa literatura medieval, “Historia Crítica da Literatura Medieval”, e que foi traducido ó galego por Silvia Gaspar. Indícase que os autores analizan en conxunto o cancionero satírico, pero efectuando en cada caso matizacións pertinentes. Revísase o concepto medieval de “realismo”, a función lírica e narrativa das cantigas e tamén os campos semánticos de tales composicións satíricas. Apunta tamén o crítico a análise realizada dos diferentes xéneros satíricos, dos que se fai unha clasificación, sen descoida-las dimensións socio-culturais do fenómeno trobadoresco.



Raña, Román “As cantigas d’escarnho e mal dizer: unha feliz opera aberta”, *Faro de Vigo*, “*Faro das Letras*”, nº CXXI, 12 abril 1996, p. 2.

Comentario referido á reedición, en 1995, da obra *Cantigas d’ escarnho e maldizer*, de Manuel Rodríguez Lapa, composicións que abraian pola agudeza do insulto e por amosa-la capacidade do home medieval para rirse de todo. Ponse de relevo a importancia destas pezas para a comprensión da vida do home medieval, á vez que se gaba o acerto das lecturas propugnadas polo profesor portugués. Finalmente, Román Raña salienta o sentido oculto que encerran moitas destas composicións, sobre todo as asentadas sobre termos hoxe descoñecidos, comportándose, neste senso, a obra escarnina como unha opera aberta, onde futuras lecturas deitarán luz sobre aspectos aínda ocultos.



Ron Fernández, Xabier, “Unha reedición do xogral Pero Meogo”, *O Correo Galego*, “Edición 7”, 21 abril 1996, p. 6.

Recensión sobre *As cantigas de Pero Meogo* (1995), de Leodegário A. de Azevedo Filho, que celebra o feito de que unha editorial galega se arrisque a publicar un estudio de literatura medieval galego-portuguesa, xa que, sabido é, isto non vai reportar beneficio económico ningún. A seguir críticase o feito de que a pretendida “nova edición crítica, revisada polo propio autor” non pasa de ser máis que unha simple reedición da primeira de 1974; aspecto que se agrava máis ó comprobar que as contribucións do propio Azevedo Filho, realizadas con posterioridade a esa data, non foron incluídas neste, en realidade, xa coñecido traballo.





XI.5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

XI. Publicacións de literatura medieval

XI.5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas



Conde, Alfredo, “Un libro para ser mellor xente do que somos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 marzo 1996, p. 48/p. 4.

Comenta a presentación dos libros *Trobadores e xogares* (1995), de Antonio Rosende de Oliveira, *A Cantiga de Amor* (1995), de Vicenç Beltrán, e *As cantigas de Escarnio* (1995), de Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani. Celebra o autor a posta en marcha, por parte de Xerais e o seu director Manuel Bragado, da idea lanzada por Anxo Tarrío e Víctor Freixanes de crear unha colección de estudos dedicados á Historia Crítica da Literatura Medieval. Resalta o feito de que sexan un catalán, un portugués e dous italianos os que estudien a nosa literatura e afirma que “un non é nunca como é, senón como é sabido polos outros”, e con libros como os destes autores poderemos ser mellor xente da que somos.



_____, “A perfección está sempre no pequeno”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 17 xaneiro 1997, p. 4.

As palabras do escritor Alfredo Conde nacen con motivo da presentación do libro *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, editado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”. En concreto, o autor aproveita a ocasión para eloxiar-la figura do profesor Giuseppe Tavani, un dos encargados de dar a coñece-lo libro (ó que definiu como “monumento á cultura galega”), pola “súa ecuanimidade e rigor intelectuais”.



_____, “Unha aclaración que coido necesaria”, *O Correo Galego*, “Os outros días”, 26 xaneiro 1997.

Proseguindo, en certo senso, o dito no *Correo Galego* do 17 de xaneiro, Alfredo Conde especifica, a modo de rectificación, cáles foron os responsables e os autores do libro *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, editado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”.



Fernández del Riego, Francisco, “A cornamusa de Gómez Chariño”, *La Voz de Galicia*, 9 agosto 1996, p. 8.

Recreación poética da vida do “troveiro-navegante” Pai Gomez Charinho. Referéncianse as dúbidas sobre o lugar do seu nacemento, Rianxo ou Pontevedra, a súa faceta de mariñeiro, o seu nomeamento como Adiantado Maior de Galicia por parte de Sancho el Bravo, e a súa morte a traizón en 1295. Remata coa cita da inscrición do seu sartego na Igrexa de San Francisco, en Pontevedra, e unha breve alusión á súa obra poética.



_____, “Os nosos documentos medievais”, *La Voz de Galicia*, 6 setembro 1996,
p. 8.

Laméntase da escasa atención prestada á publicación de documentos medievais, o que permitiría un coñecemento exacto e non terxiversado da verdadeira historia de Galicia. Propón un sistema de traballo a realizar por paleógrafos que transcriban, coa axuda de microfilmes, colectáneas de documentos seguindo criterios cronolóxicos ou, preferiblemente, xeográficos, dos máis de dous milleiros de textos espallados por Arquivos Históricos, catedrais, concellos... O traballo estaría supervisado e dirixido por un historiador e un romanista.



_____, “O mar na nosa poesía medieval”, *La Voz de Galicia*, 8 novembro 1996,
p. 8.

Breve repaso ó tratamento que recibe o mar nas cantigas de xogares e trovadores como Mendinho, Martín Codax ou Johan Zorro e, sobre todo, Pai Gomez Charinho, auténtico mariño en tempos de D. Sancho IV. Na realidade histórica do momento, a Galicia baixomedieval, combinábase esta concepción poética e heroica do mar, como a do almirante Alfonso Xufre de Tanoyro, cunha visión mercantil e comercial do barco por parte da burguesía que comeza a desenvolverse.



García-Bodaño, Salvador, “Libros no Nadal”, *El Correo Gallego*, 29 decembro 1996, p. 3.

García-Bodaño amosa a súa alegría pola aparición, en tempos do Nadal, de interesantes publicacións, que atinxen a diferentes eidos da literatura galega, entre as que se atopa *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, obra editada polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”.



Seixas Seoane, Miguel Anxo, “Os amigos das cantigas”, *O Correo Galego*,
“A Maltrana”, 18 marzo 1996, p. 3.

Análise do crecemento do interese pola literatura galega por parte dos investigadores das universidades estranxeiras, tal e como demostran os tres volumes que conforman a “Historia crítica da literatura medieval”, publicada por Edicións Xerais de Galicia, a cargo dos profesores Antonio Rosende de Oliveira, Giulia Lanciani, Giuseppe Tavani e Vicenç Beltrán.



Tarrío, Anxo, “¿Quen somos? Quen fomos”, *O Correo Galego*, “Recanto dos cataventos”, 3 marzo 1996, p. 4.

Aceda reflexión acerca do desinterese dos galegos pola nosa realidade cultural. Alude á presentación da colección *Historia Crítica da Literatura Medieval* de Xerais coa presenza dos propios autores e ás Xornadas de Literatura Románica Medieval organizadas polas Universidades de Santiago e Coruña e polo C.I.L.L. “Ramón Piñeiro”, que reuniron a eminentes especialistas na materia, como Carlos Alvar, Valeria Bertolucci, Anna Ferrari, Luciano Formisano, Elsa Gonçalves...



_____, “Entón (parece que) *Gallaecia fulgebat*”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 14 abril 1996, p. 3.

Artigo de opinión no que se dá a coñece-la aparición dunha nova reedición das *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais* do finado profesor portugués Manuel Rodrigues Lapa. Saliéntanse a disposición dos textos, diferente con respecto ás edicións anteriores, que facilita o proceso de lectura, e outros aspectos librescos.



_____, “Lírica profana medieval”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”,
22 decembro 1996, p. 3.

O profesor Tarrío dá conta da publicación dos dous volumes que integran o libro *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, editado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”. Saliéntase da obra a súa importancia porque permite o acceso a toda a lírica profana trobadoresca, espallada en múltiples publicacións de difícil consulta. Outros aspectos postos de relevo son a súa organización interna e o material de apoio á lectura das cantigas.





XI.6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

XI. Publicacións de literatura medieval

XI.6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios



A. G. N., “Xerais presenta hoy ‘A cantiga de amor’ y ‘As cantigas de escarnio’”

Diario de Pontevedra, 28 febreiro 1996, p. 21.

Comentario sobre a presentación dos dous últimos títulos da colección Historia Crítica da Literatura Galega Medieval, de Edicións Xerais de Galicia. Trátase de *As cantigas de escarnio*, unha análise desta modalidade lírica na tradición satírica medieval, da man dos profesores italianos Giulia Lanciano e Giuseppe Tavani e *A cantiga de amor*, unha renovación dos estudos sobre este tipo de composicións, a cargo de Vicent Beltrán.



A. N. E., “Cantigas de Don Dinís e Martín Codax no Gulbenkian”, *O Correo Galego*, 27 agosto 1996, p. 36.

Anuncio das Xornadas Gulbenkian de Música que se celebrarían en outubro e nas que se poderían escoitar, nun concerto especial dedicado á Tradición Trobadoresca na Península Ibérica, as cantigas de amor de Don Denis e as cantigas de amigo de Martín Codax.



Chuvienco, Quique, “El medievalista Vicenç Beltrán presentó una poética trovadoresca”, *El Ideal Gallego*, 1 marzo 1996, p. 8.

Entrevista a Vicenç Beltrán, catedrático de Filoloxía Románica na Universidade de Barcelona, que aproveitou a súa presenza en Compostela para participar nunhas xornadas de Literatura Medieval, organizadas conxuntamente polas Universidades de Santiago e da Coruña e polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro” e para presenta-lo seu libro *A cantiga de amor*, editado por Xerais. Saliéntase do entrevistado a súa faceta de especialista en temas do eido da lírica trovadoresca.



E. C., “O Centro Ramón Piñeiro edita a *Lírica profana galego-portuguesa*”/

“O Centro Ramón Piñeiro publica a *Lírica profana galego-portuguesa*”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 9 xaneiro 1997, p. 41/p. 11.

Nota informativa sobre a presentación do libro *Lírica profana galego-portuguesa*, editado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro” e que tivo lugar no Salón Nobre de Fonseca. Dáse a relación dos encargados do acto de presentación do mesmo, presidido polo conselleiro de Educación, Celso Currás, e polo rector da Universidade de Santiago, Darío Villanueva. Así mesmo, ofrécese a valoración do que se dixo alí e unha referencia ós autores da obra (Fernando Magán Abelleira, Ignacio Rodiño Caramés, María del Carmen Rodríguez Castaño e Xabier Ron Fernández), cualificada como “monumento á cultura galega” e como a “mellor antoloxía da lírica galego-portuguesa” polos profesores Giuseppe Tavani e Carlos Alvar, respectivamente, dous dos encargados de dar a coñece-lo libro.



_____, “Xerais’ edita os máis xenuínos estudos sobre a Galicia Medieval”/“Xerais’ recompila os máis xenuinos estudos da Galicia medieval”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 29 febreiro 1996, p. 45/p. 18.

Noticia que dá conta da presentación, na Galería Sargadelos en Santiago, da nova colección de Xerais Historia Crítica da Literatura Medieval. Ó acto asistiron os autores de dous dos tres primeiros volumes: Vicens Beltrán, autor de *A cantiga de amor*, e Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani, autores de *As cantigas de escarnio*, faltando o profesor da Universidade de Coímbra António Resende de Oliveira, autor de *Trobadores e xograres. Contexto histórico*. O catedrático santiagués Ramón Lorenzo sinalou a importancia da nova colección para unha valoración xusta e adecuada da literatura medieval.



F. L., “Cantigas de Martín Codax nas xornadas Gulbenkian en Lisboa”, *O Correo Galego*, 5 outubro 1996, p. 35.

Anuncio do concerto de Paul Hilier, con pezas de Jaufré Rudel, as sete cantigas de amor do rei Don Denis musicadas e as cantigas de amigo de Martín Codax, no marco das Xornadas Gulbenkian de Música Antiga, en Lisboa.



Gómez, Joel, “El auge de la cultura gallega”, *La Voz de Galicia*, “*Revista de Cultura*”, nº 46, 11 xaneiro 1996, pp. 2-3.

Escrito no que se informa do renovado interese que esperta a literatura medieval galego-portuguesa. Esta circunstancia, que principia na década dos setenta gracias a estudiosos como Méndez Ferrín, José Luís Rodríguez, etc., cobrou un novo impulso nestes últimos anos debido á actividade investigadora de galegos (Mercedes Brea, José Antonio Souto Cabo, Carlos P. Martínez Pereiro, Manuel Ferreiro, etc.) preocupados por estudar a nosa lírica medieval. Saliéntase, ademais, que esta actividade investigadora recibe o apoio das editoriais galegas, co que se manifesta unha etapa de “auge” da lírica galego-portuguesa.



_____, “La herencia de los trovadores”, *La Voz de Galicia*, 26 decembro 1996,
p. 37.

Nota que dá a coñece-la aparición no mercado do libro editado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, titulado *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, do que se salienta que “es la única publicación, en dos tomos de gran calidad, que permite reunir a 156 autores, además de algunas cantigas anónimas, de la etapa literaria en la que Galicia alcanzó mayor representatividad universal”.



Piñeiro, A., “Fontefría de Muíños pide un homenaxe para un trovador medieval”,
La Región, 2 xullo 1996, p. 22.

O colectivo Fontefría de Muíños afirma que o trovador Joam Servando é natural da localidade de Pazos de Barxés, pertencente ó municipio de Muíños. Solicitan que se lle outorgue unha homenaxe, xa que opinan que “un persoeiro de tanta sona non debería pasar desapercibido nin esquecido para o noso pobo”.



Tellechea, X.C., “Cantigas de Alfonso X o Sabio: xograres na era dixital”,
O Correo Galego, 9 de xuño 1996, p. 51.

Nota informativa na que se fai un percorrido histórico-arqueolóxico sobre as *Cantigas de Santa María* de Alfonso X, co gallo da gravación íntegra das 427 cantigas marianas dirixida por Luís Paniagua para a súa comercialización na casa SONY.



XII. Folletos de novidades editoriais



Non tódalas editoriais publican boletíns informativos da súa produción anual. Algunhas encargan a estudiosos pequenas recensións e entrevistas para publicita-las obras editadas no ano por esa editora. Outras, simplemente informan da produción anual por medio de catálogos dos seus fondos editoriais, xeralmente son listados coa ficha catalográfica ou co engadido dun mínimo resumo do contido. Tamén hai librerías que informan dos volumes publicados no ano, ben a través de catálogos do recibido, ben resumindo brevemente o contido das obras chegadas ás mesmas. Un bo exemplo é o *Bendado*, da librería Couceiro, que xa leva moitos anos saíndo á luz, xeralmente tódolos meses, aínda que ás veces contén información de dous ou tres meses nun mesmo exemplar. Non sempre dá noticia do contido da obra. Describiremos, a continuación, cada un dos boletíns dos que tivemos noticia e desglosaremos aquelas recensións que aparezan asinadas.



Editorial Galaxia

Publicou no ano 1996 dous “boletíns”. O número 26, xuño 1996, contén un listado final que inclúe os últimos títulos e as próximas novidades editoriais e un artigo sen asinar, dedicado á revista infantil *O esquío Darío*. O número 27, decembro 1996, inclúe un “Noticieiro” coas novas máis importantes relacionadas coa literatura galega en xeral e coa editorial Galaxia en particular. Tamén inclúe o habitual listado “últimos títulos publicados” e “próximas novidades”. De seguido describímo-las colaboracións asinadas destes dous boletíns:

A. S., “*Obra selecta. Xesús Ferro Couselo*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 2. Síntese do contido desta obra, que se pecha cunhas palabras de lembranza para a figura do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, 1996.

A. S., “*A Xeración Galaxia*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 2. Cualifícase *A Xeración Galaxia*, de Francisco Fernández del Riego, como “un libro necesario” porque posibilita coñecer unha etapa importante da nosa historia cultural. Faise un percorrido pola traxectoria do autor desta obra e salientase a fiabilidade do mesmo por ser protagonista activo da época descrita no libro.

-Cidrás, Luís, “*A Cartuxa de Parma*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 3. Logo de falar da importancia que tivo *A Cartuxa de Parma* no nacemento da novela moderna, fai un resumo do argumento e cualifica a versión galega, feita polo profesor Germán Palacios, de “excelente”.

-Cidrás, Luís, “*Contos*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 4.

Breve percorrido pola biografía de Enrique Labarta Pose centrándose na súa actividade literaria e no seu empeño pola “pervivencia da contística de raigame popular”.

-Cidrás, Luís, “*As certezas do clima*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 4. Considera *As certezas do clima* como o poemario iniciador dunha nova etapa na obra de M.A. Fernán-Vello e caracteriza a mesma. Recolle as opinións do autor do limiar, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, acerca desta obra.

-Cidrás, Luís, “*Os noivos. Vermello e negro*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 6. Presenta a serie “Obras Universais” e inclúe na mesma *Vermello e negro*, de Stendhal e *Os noivos*, de Alessandro Manzoni. Fai un breve comentario do que significou cada unha nas súas respectivas literaturas.



D. V., "Manuel Rivas: As bolboretas da alma", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 1. Entrevista ó Premio Nacional de Literatura precedida dun breve comentario de *¿Que me queres, amor?*. Rivas explica a transición que esta obra supón con respecto a *Un millón de vacas*. Fala da convivencia do xornalismo, a poesía e a narrativa na súa obra. Valora positivamente o estado da nosa literatura na actualidade e declara non pertencer a ningunha xeración.

D. V., "Fina Casalderrey: Literatura sen dogmas", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 1. Entrevista a Fina Casalderrey na que a gañadora do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil declara o que supuxo para ela este galardón. Comenta a tradicional minusvaloración á que é sometida a literatura dedicada á xente máis nova e a situación da mesma no noso país. Fala do realismo das súas obras e describe polo miúdo *¡Prohibido casar, papá!*, primeira obra publicada en Galaxia.

-L. C., "Mascarada", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 4.



Síntese argumental da “novela dialogada” *Mascarada*, considerada por L.C. como “unha das máis brillantes contribucións de Antón Risco á narrativa galega actual”.

-L. C., “*Traxecto final*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 4. Á presentación e inclusión de Manuel de Pedrolo dentro dos subxéneros “policiáco” e “ciencia-ficción”, séguelle un comentario e unha adscrición xenérica de *Traxecto final*.

M. V., “*A brava Sofía*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 6. Breve caracterización da obra literaria do escritor suízo Lukas Hartmann, seguida dunha síntese argumental de *A brava Sofía*.


M. V., “*As ás de Xenoveva*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 7. Valoran positivamente *As ás de Xenoveva* por ser a “ópera prima” de Uxía Casal e por dedicarlle o mesmo esforzo que a un libro para adultos. Salienta que a prosa é “tan sinxela como coidada”.

M. V., “*Historias e algún percance todas ditas en romance*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 7. Á lembranza inicial da actividade literaria de Antón Cortizas séguelle un comentario das características de *Historias e algún percance todas ditas en romance*. Salienta o “aire xoguetón e evocador” do libro e as súas cualidades como obra que induza ós escolares na lectura da poesía.

M. V., “*O Oso Branco. A Bolboreta. A Galiña. O Xibón.*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 2. Cita os obxectivos deste grupo de obras que pechan a colección “O ciclo da vida”. Salienta a calidade das ilustracións e a relación destas obras coa natureza.

M. V. e A. S., “*Mélani Miráculi*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 2. Resumo argumental sentético de *Mélani Miráculi*, segunda novela de Renate Welsh verquida ó galego.





Quiñoy, Xosé, “*Deus sentado nun sillón azul*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 3. Insire a última novela de Carlos Casares dentro da tradición literaria do autor ourensán. Fai unha síntese argumental de *Deus sentado nun sillón azul* e salienta o ritmo e a precisión da escrita de Casares.

Quiñoy, Xosé, “*Antoloxía do conto galego de medo*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 3. Describe o contido xeral da obra de Silvia Gaspar salientando a pluralidade de enfoques que amosa o xénero antologado. Nomea algúns dos autores incluídos e cualifica o libro como “panorámico e clarexador”.

Quiñoy, Xosé, “*As calexas do Cigurat*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 6. Explica as manipulacións sufridas pola primeira edición de *As calexas do Cigurat*, de Xavier Carro, debido á censura franquista. Louva esta reedición por amosar “os rumbos independentes e anovadores tomados pola literatura galega naqueles anos”.

Souto, Alberte, “*Diccionario da Literatura galega. Tomo I: Autores*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 2. Comentario valorativo do *Diccionario da Literatura Galega*, coordinado por Dolores Vilavedra, que incide na importancia da base documental desta obra, e que a insire na tradición da nosa crítica literaria.

Souto, Alberte, “*Parado na tormenta*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 3. Sitúa a obra a medio camiño entre o xornalismo e o ensaio e insíreo dentro do “traballo literario” de Suso de Toro. Cualifica o libro de “valente e interesante” por introducir unha temática que se afasta do habitual.

Viqueira, Manolo, “*A vida de Xesús Ferro Couselo*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 6. Valora positivamente esta obra de David Otero por expoñe-la vida de Ferro Couselo con “claridade e obxectividade” e por fornecer ós escolares cun material biográfico adecuado á súa idade.

Viqueira, Manolo, "*Adelaida, Henrique e demais familia*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 7. Logo de lembra-los títulos de máis éxito de Xabier P. Docampo, céntrase en resumi-lo contido de *Adelaida, Henrique e demais familia*.

Viqueira, Manolo, "*Babe, o porquiño valente*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 2. Fai referencia á repercusión que a publicación de *Babe, o porquiño valente*, de Dick King-Smith, tivo na súa época, e salienta a importancia que ten na mesma a transmisión de valores afectivos.

Viqueira, Manolo, "*O Can dos Baskerville. O regreso de Sherlock Holmes. O val do terror*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 3. Comenta o contido de cada unha destas tres obras integrantes da colección "Biblioteca de Sherlock Holmes". Valora positivamente a traducción feita por Bieito Iglesias e Manuel Vázquez.



X. C., "*Manso*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 27, p. 6. Logo de facer unha síntese da historia editorial da novela *Manso*, de Manuel Lueiro Rey, achéganos unhas notas argumentais e do contido do prólogo.

X. Q., "*Os moradores da nada*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 3. Ás notas iniciais acerca da traxectoria de Xavier Lama na nosa literatura, séguelle unha síntese do contido de *Os moradores da nada*.

X. Q., "*Berra Liberdade*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 26, p. 4. Explica a finalidade da compilación *Berra Liberdade*. Valora a presenza de escritores noveis ó lado de autores consagrados nas nosas letras.



Laiovento

Edicións Laiovento publicou no 1996 o número 6 correspondente á Primavera de 1996. Os comentarios asinados están dedicados e obras ensaísticas de temas variados. No eido da literatura só se fai referencia a *Manifestos das vangardas europeas*, de Xesús González Gómez, nunha breve recensión sen sinatura.



Sotelo Blanco

Neste ano só publicou o “Boletín de información editorial. Novidades” número 4, outono de 1996. Trátase, como se di na cabeceira, de “Impresos de difusión do libro”. Nesta entrega hai referencias sen sinatura ás seguintes obras e publicacións: *Desembarco blablax*, de Milagros Oya; *Nunha praza calquera*, de Cándido Casal; *Manual e Escolma da Literatura Dramática Galega*, de Manuel F. Vieites; *O rectángulo de sol*, de Ricardo Beiras; *Eu é*, de Xurxo Borrazás; *A trabe de ouro* (nº 27); *Lecturas alleas (sobre as relacións con outras literaturas)*, de Antón Figueroa; *Era unha vez un neno...*, de Xosé Ramón García Soto; *A noite nas palabras*, de Román Raña; *Manuel Antonio e a vangarda*, de Xosé Ramón Pena; *O paso do noroeste*, de Xavier Queipo e *Paf Xarope*, de Manuel Darriba. Só aparece asinada a seguinte recensión:

Queipo, Xavier, “Aprender a voar, aprender a vivir”, *Boletín de Información Editorial Sotelo Blanco*, nº 4,

1. Comentario temático e argumental de *Mr. Vértigo*, novela do escritor norteamericano Paul Auster. Xavier Queipo reflexiona sobre as posibles influencias da obra antedita e fai un percorrido pola vida e pola obra de creación do autor nado en New Jersey.



Editorial Tambre

Publicou no 1996 o número 1 desta “Gaceta de novidades. Tambre Libros”, outono 1996. A maioría dos comentarios refírense a obras de carácter didáctico. No eido da literatura hai moitas referencias, sen asinar dedicadas ás seguintes obras: *A primeira fase e outras narracións*, de Mario Couceiro Bescos; *A morte en Venecia*, de Thomas Mann; *Opinións dun pallaso*, de Heinrich Böll; *Galicia desde Londres. Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC (1947-1956)*, de varios autores e coa edición crítica de Antonio Raúl de Toro Santos e *Antoloxía de contos populares de Galicia*, de Manuel Quintáns Suárez.



Xerais

Edicións Xerais de Galicia publicou neste ano tres boletíns de “Novidades”. O nº 25, dedicado á edición das “Letras Galegas 96”; o nº 26 (outono 96), que xira ó redor de dous temas centrais: a celebración da XIIIª edición do Premio Xerais de Novela e a XIª do Premio Merlín de Literatura Infantil ademais da publicación do volume número mil de Xerais: *Unha liña no ceo. 58 narradores galegos (1979-1996)*; e o nº 27 que inclúe artigos, entrevistas e comentarios dedicados á nosa literatura. As colaboracións asinadas son as seguintes:

-Acuña. Xoán, “A velocidade do frío”, *Novidades Xerais*, nº 27, p. 6. Cualifica a obra de Manuel Seixas como “novela incómoda e complexa” que consegue enganchar ó lector. Salienta “a singularidade das propostas temáticas” que trata, a creación de personaxes, o uso da lingua e o humor.

-Alonso, Fran, “En ablativo, absoluto”, *Novidades Xerais*, nº 27, p. 2. Presenta os obxectivos e o consello editorial da colección de poesía “Ablativo Absoluto”. Define a mesma como “independente, orixinal e diferenciada con respecto ó existente”. Salienta que unha das achegas máis novidosas é a presenza de poesía universal contemporánea traducida. Finalmente, presenta os catro primeiros títulos e apunta os proxectos futuros.

-Angueira, Anxo, “Ferros. Vocación renovadora”, *Novidades Xerais*, nº 26, p. 6. Salienta o carácter renovador e humilde da colección “Ferros” de Edicións Xerais de Galicia. Fai un repaso e unha mínima caracterización dos títulos publicados na mesma. Informa de que saíran en breve dúas



traducións. Para rematar, solicita a incorporación de novas voces poéticas, entre elas a feminina, e de xéneros como o ensaístico e o teatral.

-Araguas, Vicente, "*Traballo de campo*", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 2. Cualifica *Traballo de Campo*, de Seamus Heaney como "pérola rara" de difícil clasificación. Nega a consideración dos críticos de incluír esta obra dentro das menores do escritor irlandés. Nomea algúns poemas que cre "definitivos para entender esa illa afastada e verde".

Bragado, Manuel, "A fantasía de Xerais", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 3. O Director Xeral de Xerais lembra a fundación da editorial, os obxectivos iniciais e os títulos máis significativos que publicaron nestes dezasete anos. Salienta o carácter soñador da empresa e a constante dedicación ós intereses do país. Louva o apoio recibido dos lectores e a paciencia dos autores que lles confiaron as súas obras.

Bragado, Manuel, "Estamos a preparar", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 5. O director de Edicións Xerais de Galicia fai un listado das obras que teñen previsto publicar nos primeiros meses de 1997, acompañando cada título dun mínimo comentario.

Cabana, Darío Xohán, "*O demo á orella*", *Novidades Xerais*, nº 25, p. 2. Darío Xohán Cabana cualifica esta obra de "libro logrado" de "contos eruditos". Comenta as características dos personaxes e describe polo miúdo aqueles relatos que máis lle chamaron a atención por introducir feitos e persoas históricas da Idade Media.

Cabana, Darío Xohán, "Estilo de amizade", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 4.



Fai unha comparación entre a situación do libro galego na súa infancia e o momento actual. Salienta o papel renovador e revitalizador xogado por Xerais neste proceso. Destaca a relación que mantén a xente de Xerais cos autores que nela publican.

Cid Cabido, Xosé, "Tres novos Ferros", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 3. Presenta a colección "Ferros" como un proxecto con "vocación de futuro", e dá a coñecer tres novos títulos: *O valo de Manselle*, de Anxo Angueira; *Mundiños*, de Xavier Queipo e *Un cadelo menos*, versión galega dunha obra de Fernando Sabino. Fai unha breve lembranza da actividade literaria de cada un dos autores e sintetiza a temática de cada obra.

Cid Cabido, Xosé, "Non boto de menos séculos pasados, pero hoxe a vida é demasiado rápida, fría, máquina", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 6. Entrevista a Manuel Seixas, gañador do Premio Xerais por *A Velocidade do frío*, na que reflexiona sobre o machismo existente na nosa sociedade e a repercusión disto na súa obra. Critica a cidade actual pola frialdade nas relacións e pola ausencia de sentimentos. Finalmente, nega unha posible adscrición da súa novela dentro do xénero negro.

-Cochón, Iris, "*O asasino estrábico*", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 2. Apuntes sobre a métrica, a estrutura e a temática de *O asasino estrábico*, poemario publicado por Anxo Quintela na colección "Ablativo Absoluto".

Constenla Bergueiro, Gonzalo, "Grandes do noso tempo. Textos fundamentais", *Novidades Xerais*, nº 26,

11. Comenta os obxectivos iniciais da colección "Grandes do noso tempo" e describe a evolución da mesma dende o ano da creación, 1989. Lamenta que se esquezan as linguas minoritarias, e que a grande maioría sexan inglesas, francesas e italianas. Cualifica de destacable a calidade das traducións e anima ós



responsables a seguir coa liña inicial, estendendo o abano de obras para conseguir “a normalidade cultural para o noso país”.

-Cordal, Xavier, “Nínive”, *Novidades Xerais*, nº 27, p. 2. Comentario temático de *Nínive*, cuarto volume de Chus Pato, que pretende inserir este poemario dentro da obra da autora e, ó mesmo tempo, dentro do movemento denominado “literatura da muller”.

-Costas, Conchi, “Fóra de xogo. Lectores encandilados”, *Novidades Xerais*, nº 26, p. 14. Fala da consolidación da colección “Fóra de xogo” e atribúelle certa “personalidade propia”. Comenta a boa acollida, entre o público xuvenil, das obras que a integran. Sinala que as claves do éxito veñen da acertada promoción dos títulos e da combinación dunha serie de trazos cos que se senten identificados os lectores ós que vai dirixida.

-Fernández Paz, Agustín, “Cómics. A narrativa debuxada”, *Novidades Xerais*, nº 26, p. 15. Comenta as dificultades que tivo que supera-lo cómic para integrarse na industria editorial galega. Fai un percorrido descritivo polas series de álbumes xurdidos dende Edicións Xerais. Felicita á editorial viguesa pola mudanza de orientación nos últimos anos, decantándose por unha liña na que primen os autores e ilustradores galegos.

-Forcadela, Manuel, “O sabor da maxia e liberdade”, *Novidades Xerais*, nº 27, p. 4. Recensión de *O espírito de Broustenac*, novela de Alfonso Álvarez Cáccamo. Manuel Forcadela salienta a innovación que supón para a nosa literatura o marco espacial no que se desenvolve a narración, o interior dun mosteiro. Fai una síntese do argumento e analiza a obra dende a perspectiva temporal. Para rematar, louva o final por deixar no lector “o sabor da maxia e da liberdade”.

-Freixanes, Víctor F., “Volver a Vigo”, *Novidades Xerais*, nº 26, p. 2.



Reflexión do Conselleiro Delegado de Xerais acerca da importancia da cidade de Vigo dentro da cultura galega en xeral e de Edicións Xerais de Galicia en particular.

-Fuentes, Moncha, "*O lobo guerrilleiro*", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 8. A autora da tradución da obra de Bento da Cruz reflexiona sobre o que supuxo para ela este traballo: un coñecemento das terras da Raia Seca, das súas xentes e dos anos vinte e trinta do noso século, ademais dun "delicado" estudio lingüístico debido á riqueza léxica da novela do autor portugués. Para rematar, tenta xustificar unha adscrición xenérica da obra acudindo á análise do comportamento dalgúns personaxes.

-González, Helena, "A poesía. Un corruncho pequeneiro", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 6. Revisa o tratamento recibido pola poesía en Edicións Xerais de Galicia ó longo dos seus dezasete anos de existencia. Lembra a historia e os autores máis importantes que publicaron na colección "Ventobranco", a brevidade de "Poesía Completa" e os títulos máis destacados publicados na década dos noventa fóra de colección. Finalmente, fala de "Ablativo Absoluto" como un "propósito de enmenda" que dará moito que falar na nosa literatura.

-González Gómez, Xesús, "Oito razóns e unha coda para ler a poesía de Manolo Rivas", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 9. Xesús González Gómez dá razóns para ler a poesía de Manolo Rivas. Entre elas: permitir unha intercomunicación entre o poeta e o lector, ser un reflexo da vida cotián, atender ós cambios e alteracións da sociedade, recupera-la memoria, ser "un eficaz equilibrio entre efecto de cultura e efecto de banalidade", a ironía e o humor, o sentimento de solidariedade sempre presente, a evolución cara á oralidade e o afastamento das correntes literarias deste século, que tenden a ser "metaforicamente escuras".



-Gutiérrez Izquierdo, Ramón, “*Erros e Tánatos*”, *Novidades Xerais*, nº 25, p. 2. Esta recensión de Ramón Gutiérrez Izquierdo tenta extrae-las características xerais e comúns ós dez relatos que integran a obra *Erros e Tánatos*, de Gonzalo Navaza. Louva a “grande sabedoría literaria” do autor por dosificar adecuadamente a intriga, empregar un “humor sutil” e conseguir un “final redondo” en cada unha das súas narracións.

Iglesias, Mateo, “*A casa de Adara*”, *Novidades Xerais*, nº 25, p. 3. Comenta que a conexión entre os sete contos integrados en *A casa de Adara* é a presenza de diversos “episodios vitais” de Alfredo Conde, mesturados, segundo declaracións do autor, con certas doses de imaxinación. Finalmente, enumera as características xerais da obra de Conde que se poden observar en *A casa de Adara*.

Iglesias, Mateo, “Historia Crítica da Literatura Medieval”, *Novidades Xerais*, nº 25, p. 4. Comentario do contido e da novidade que supoñen dentro da crítica literaria galega as tres primeiras achegas da serie “Historia Crítica da Literatura Medieval”. Trátase de *Trobadores e xogares* de Antón Resende de Oliveira, *A Cantiga de amor*, de Vicenç Beltrán e *As Cantigas de escarnio*, de Giulia Lanciani e Giuseppe Tavani. Fai un estudio individualizado de cada unha e un resumo xeral no que louva a serie por “combinar axeitadamente a rigorosidade investigadora cunha grande capacidade divulgativa”.

Iglesias, Mateo, “Fina Casalderrey: ‘Con *¿Sobrevives?* tentei liberarme de ataduras’”, *Novidades Xerais*, nº 27, p. 11. Á presentación de Fina Casalderrey como unha das autoras máis importantes da nosa Literatura Infantil e Xuvenil, séguelle unha entrevista na que a gañadora do Premio Nacional de Literatura Infantil declara a satisfacción e a responsabilidade que supón este galardón. Comenta as diferencias fundamentais que hai entre a escrita para nenos e a escrita para adolescentes. Fala dos obxectivos que pretendeu acadar ó publicar *¿Sobrevives?* e describe brevemente a temática desta obra.



-Jares, Xesús R., "Un proxecto solidario", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 3. Logo de reflexionar sobre o que significa a paz e o que nos afecta individualmente a cada un de nós, presenta a obra *Construír a paz. Cultura para a paz* como un proxecto conducente a crear unha sociedade comprometida coa mesma.

-Méndez Ferrín, Xosé L., "Boa andanza e saúde", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 5. Describe a grande mudanza que observa nos premios literarios en Galicia. Céntrase no Premio Xerais e valóralo positivamente por "contribuír moi honrada e acertadamente á elevación horizontal da novela en lingua galega". Fala da súa experiencia persoal como secretario destes premios, que lle permitiu coñece-lo estado actual da novela galega.

-Navaza, Gonzalo, "Xabarín. Función capital", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 15. Describe o nacemento da colección Xabarín, en outono de 1981. Fai unha lembranza dos autores de Literatura Infantil e Xuvenil máis recoñecidos internacionalmente e que foron verquidos ó galego para integrar esta colección.

-Nicolás Rodríguez, Ramón, "Biblioteca das Letras Galegas. Entre a crítica e a creación", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 13. Sitúa a primeira entrega da colección "Biblioteca das Letras Galegas", no ano 1988, como o fito que marca un cambio de rumbo na crítica literaria galega. Describe a estrutura xeral dos estudos que acompañan ás edicións destas obras. Felicita a Xerais polo amplo abano de autores e obras dadas a coñecer dende a antedita colección.

-Nogueira, Xosé Victorio, "Merlín. Un futuro aberto", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 14. Comenta o grande impulso da colección "Merlín" nos poucos anos de existencia. Valora o traballo dos responsables da antedita colección por ter acadado os obxectivos iniciais: prioriza-los autores e



ilustradores galegos e facilitarlle a publicación das súas obras. No eido da tradución salienta a colección "Xabarín". Lamenta a escaseza de textos poéticos e a case ausencia de teatro dirixido ós lectores máis novos. Finalmente, fai un repaso polos varios significados que o nome "Merlín" ten no noso mundo cultural.

-Pérez, Helena, "Ós rapaces e rapazas temén lles gusta a poesía, contra o que poidan pensar moitos", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 7. Entrevista a Antonio García Teijeiro, gañador do Premio Merlín na edición de 1996. O autor de *Na fogueira dos versos* declara a admiración que supuxo para el o feito de ser premiado por un poemario e comenta cómo xurdiu a idea de crear esta obra. Reflexiona sobre o significado da poesía e sobre a mellor maneira para transmitila ó lectorado máis novo.

-Ponte Far, Xosé A., "Código morse", *Novidades Xerais*, nº 25, 96, p. 3. Logo dunha síntese argumental da última novela de Xavier Alcalá, fai unha descrición dos protagonistas e da influencia do pazo do Rosario no desenvolvemento da obra. Louva a perfecta ensamblaxe dos diversos subxéneros presentes en *Código Morse* e as adecuadas doses de suspense.

-Queizán, María Xosé, "Somos os nosos textos", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 4. Logo das consideracións iniciais acerca da contribución de Xerais á normalización cultural do país, fai unha serie de críticas á editorial viguesa: a escasa presenza de obras científicas e ensaísticas, a desorde nalgúns coleccións e a aparente ausencia de criterio. Analiza a responsabilidade que supón editar libros en Galicia e solicita a presenza activa de Xerais no "proxecto cultural do país", formando lectores e colaborando con asociacións culturais e veciñais.

-Romero Louro, Anxo, "Un feliz mundo novo", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 8.



Anxo Romero inicia esta recensión cun percorrido pola vida e obra de Aldous Huxley. De seguido, fai un comentario temático de *Un mundo feliz*, versión galega dun libro de Huxley que aparece agora na colección "Grandes do noso tempo". Salienta o espírito crítico da obra e o grao de cumprimento das expectativas do autor inglés.

-Sabarís, Héctor, "Suscribiría o epitafio de William Faulkner: Escribiu libros e morreu", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 9. Entrevista a Manuel Rivas con motivo da publicación da antoloxía *O pobo da noite*. O gañador do Premio Nacional de Literatura reflexiona sobre a necesidade de recapitulación neste momento da súa vida literaria. Fala da súa evolución poética e do traballo de elaboración constante que supón o feito de escribir. Comenta o aspecto novidoso desta obra por ir acompañada dun disco gravado e nega calquera diferenza entre o Rivas narrador e o Rivas poeta.

-Sánchez Ruipérez, Germán, "Dezasete anos de libros", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 1. O Presidente de Edicións Xerais de Galicia fai unha valoración do traballo de normalización social e cultural desenvolvido pola editorial viguesa ó longo dos dezasete anos de vida da mesma. Agradece a actividade de todo o persoal de Xerais e lembra especialmente ós catro directores: Xulián Maure, Luís Mariño, Víctor Freixanes e Manuel Bragado.

-Talconi, Teo, "O espírito de Broustenac: unha novela de misterio. A disección da vida no interior do convento de Oia", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 4. Entrevista a Alfonso Álvarez Cáccamo, autor da novela *O espírito de Broustenac*, na que describe, en ton humorístico, as sensacións que recibe ó escribir, ademais de reflexionar sobre a presenza da nosa literatura no resto do Estado.

-Tarrío, Anxo, "Universitaria. Lingua e Literatura", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 11.



O profesor Anxo Tarrío fai un comentario valorativo da colección "Universitaria" de Edicións Xerais de Galicia. Xustifica a escaseza de títulos publicados na mesma por varias razóns: a precariedade do ámbito editorial galego nos anos iniciais de Xerais, o escaso éxito comercial destas obras e os baixos índices de lectura no noso país. Considera que hai obras merecedoras de estar presentes en "Universitaria" e que foron publicadas noutras coleccións da antedita casa editora.

-Toro, Suso de, "A vida, o mudar continuado", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 4. Inicia o artigo cunha notas acerca da historia do estado e a repercusión que isto tivo na Literatura Galega. Fala da influencia que exerceu a implantación do ensino en lingua galega e da súa experiencia persoal ó publicar *Polaroid* na editorial viguesa. Salienta o bo momento que vive na actualidade a nosa literatura.

-Torres, Xoana, "*Darío a diario*", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 8. Comentario temático do poemario *Darío a diario*, de Xela Arias. Salienta a "atmosfera esencialmente feminina" que se detecta na obra e o posible regreso da poeta á súa infancia. Finalmente, dá unhas notas acerca do vocabulario.

-Torres París, M^a Dolores, "*Morte de Rei* de Darío Xohán Cabana", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 5. Iníciase esta recensión cunha comparación entre o protagonista de *Morte de Rei*, Don García e Prometeo. De seguido, sintetiza o contido da obra de Darío Xohán Cabana e reflexiona sobre a posible identificación do rei medieval coa colectividade do pobo galego. Comenta e razoa a adscrición xenérica desta novela. Louva a calidade da lingua empregada, a axeitada documentación precisa para construí-la obra así como o carácter rebelde que se trasluce en todo momento.

-Torres París, Loles, "A fogueira dos versos", *Novidades Xerais*, nº 27, p. 7.



Louva a obra de Antonio García Teijeiro por “facер poesía e crear lectores”. Valora positivamente a recreación de poetas clásicos feita en *A fogueira dos versos* por permitir coñecer ós nosos grandes poetas e, ó mesmo tempo, xogar coa poesía.

Vieites, Manuel F., “Catro pezas para ler (si, para ler). Os libros do CDG”, *Novidades Xerais*, nº 25, p. 2. Á reflexión inicial acerca das posibilidades imaxinativas que ofrece un texto dramático, séguelle un breve comentario argumental de tres obras da colección “Os libros do Centro Dramático Galego”: *As vodas de Fígaro* de Caron de Beaumarchais, *Commedia*, adaptada por Cándido Pazó sobre textos de Carlo Goldoni e *Lugar* de Raúl Dans.

Vieites, Manuel F., “Centro Dramático Galego. Unha aposta necesaria”, *Novidades Xerais*, nº 26, p. 12. Ás reflexións iniciais acerca da recepción da literatura dramática por parte dos lectores, séguelle unha valoración positiva da colección “Os libros do Centro Dramático Galego” por contribuír a crear un teatro nacional necesario para a “construcción nacional”. Louva a presenza de tres liñas na colección: os grandes clásicos, os mellores autores contemporáneos e os escritores galegos, dos que ofrece un amplo listado.

-Vilavedra, Dolores, “*Lobos nas illas*”, *Novidades Xerais*, nº 25, “Letras Galegas 96”, p. 3. Reflexiona sobre o significado que ten o espacio, Lobeira, no conxunto de *Lobos nas illas*. Valora positivamente a mestura de novidade e tradición na obra de Marilar Aleixandre.

-Villar, Miro, “*Poemas da cidade oculta*”, *Novidades Xerais*, nº 27, p. 2. Análise da estrutura de *Poemas da cidade oculta*, de Estevo Creus, cun breve comentario de cada unha das cinco partes que o integran. Miro Villar salienta a orixinal poética do autor e a sensación de caos e confusión que crea no lector.



X. G. G., "Retorno a Tagen Ata", *Novidades Xerais*, nº 25, "Letras Galegas 96", p. 2. Reflexiona sobre o sentido e a vixencia que ten na actualidade a lectura de *Retorno a Tagen Ata*, de X.L. Méndez Ferrín, vintecinco anos despois da súa publicación. Valora positivamente o estudio introductorio feito por Antón Capelán.

X. G. G., "Narrativa. Unha boa mostra", *Novidades Xerais*, nº 26, p. 6. Fai un percorrido pola traxectoria da colección "Narrativa" de Edicións Xerais de Galicia. Salienta a variedade e a aposta e apoio constante ós novos autores. Presenta esta colección como "abandeirada de xéneros narrativos pouco cultivados ou inéditos" na nosa literatura. Sitúa as traducións como o reto máis importante desta colección. Finalmente, louva a calidade das obras de "Narrativa" e nomea os títulos máis significativos.

